

I.1. Narradores galegos

I. Narrativa

I. 1. Narradores galegos



Angueira, Anxo, *Bágoas de facer illas*, Premio Café Dublín 1996, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 78 pp. (ISBN: 84-8302-086-6).

Nesta primeira incursión no xénero narrativo, Anxo Angueira (Dodro, 1960) ofrécenos unha novela dividida en tres apartados con cadanseu narrador protagonista e con tres espazos ben delimitados. O primeiro apartado, que fora publicado como relato na antoloxía conmemorativa de Xerais baixo o título de “Redondela”, desenvólvese nunha aldea próxima a esta vila pontevedresa, e asistimos á particular visión do mundo rural galego de Nuria, unha moza catalana que busca a evasión fuxindo de Barcelona e do seu ex-noivo. “Borgues Blanques” é o título do segundo apartado, no que un viaxante de Negreira “perdeu o norte” nunha historia de paixón con Nuria no vagón dun tren. Por último, en “Felanixt”, Francesc, ex-noivo de Nuria, deixa gravado na fita dun constestador automático un discurso delirante sobre a realidade virtual. A través do dominio da linguaxe, dun léxico patrimonial cheo de suxestións e de anacos inzados de lirismo, o autor debuxa o descontento e a soidade dos personaxes no marco duns fortes contrastes entre o mundo rural e o urbano.

Recensións:

F. Martínez Bouzas, “¡Unha ‘pasada’!”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 152, 23 marzo 1997, 10.



Martínez Bouzas, cun ton eloxioso, destaca a sensibilidade, o lirismo, a inventiva e o humor de *Bágoas de facer illas* e cre que a obra fai boa a idea de Borges pola cal cabe preguntarse “por qué escribir un libro de 300 páxinas cando se pode dicir o mesmo con 30”. Realiza, tamén, un detallado percorrido polo argumento da obra.

-Dolores Vilavedra, “Anxo Angueira: *Bágoas de facer illas*. Xerais 1997”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 30, Tomo II, Ano VIII, abril-maio-xuño, 1997, pp. 107-109. Considera que as historias deste libro de Anxo Angueira “chegan a pouco” pola calidade e brevidade do mesmo. Valora o dominio do párrafo e da frase rotunda porque entende que revelan a condición de poeta de Angueira. Indica tamén que o libro conta con tres relatos en forma de misivas que son unha especie de descenso ó máis aló dos personaxes. Conclúe dicindo que o libro ten un carácter sensorial e poético, de xeito que por medio dos sentidos se mobilizan os sentimentos e que isto deriva nunha expresividade e densidade verbal notables e que aparece tamén algunha contradicción nos personaxes por causa da pequena extensión da obra.

-F. Martínez Bouzas, “Valos, bágoas, illas (II)”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 156, 24 abril 1997, p. 9. Comeza subliñando o coñecemento da lingua que posúe Anxo Angueira e fai referencia, así mesmo, ó mal uso que fan do fonosimbolismo algúns autores tentando imitar a Uxío Novoneyra. Destaca o bo manexo que Angueira ten da recorrencia e refírese ó pouco emprego que se fai deste recurso, coa excepción de Arcadio López Casanova. Ó longo da recensión analízanse os recursos estilísticos que a nivel morfosintáctico e léxico se atopan en *Bágoas de facer illas*.

-Xosé M. Eiré, “Dous Dublin e tres”, *A Nosa Terra*, nº 780, “Guieiro Cultural”, 29 maio 1997, p. 23.



Recensión conxunta de *Bágoas de facer illas* e da obra de Manuel Lourenzo *Noites de papel*. Repásase a estrutura e o fío argumental da novela de Angueira e sublíñase a falta de verosimilitude nalgúns lances do segundo e terceiro capítulos. Conclúe referíndose á perspectiva despersonalizadora das relacións de parella e á importancia do tempo na “procura da identidade perdida”, tema compartido, segundo o recensionista, con *Noites de papel*.

-Xavier Castro R., “Tres localizacións xeográficas para unha historia”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 1 xuño 1997, p. VI. Realiza un percorrido por cada un dos tres relatos que conforman a novela. Destaca a harmonía, a tenrura e a paixón dun traballo que mestura “fragmentos de prosa poética” e “bo oficio do autor.”



Borrajo, Moncho, *Meu querido padre Ramón*, Vigo: Ir Indo, col. Narrativa, nº 21, 1997, 237 pp. (ISBN:84-7680-264-3).

Moncho Borrajo (Baños de Molgas, 1949) transforma en narración o proceso de maduración persoal e identificación sexual. O protagonista preséntase ó inicio da obra como Manoliño Martínez Román, de sete anos, fillo de María e Xosé e con tres irmás maiores ca el. Ó longo de vinte capítulos o protagonista-editor, dende a madurez, comenta as notas do caderno onde de neno fora escribindo os seus segredos. As reflexións do Manolo adulto mestúranse coas do neno que quería ser “Marisol”, “Sara Montiel”, “Gelu” e que admiraba ó seu párroco, o padre Ramón. Os convencionalismos sociais e relixiosos son algunhas das claves temáticas desenvolvidas polo autor para crear unha novela sobre o descubrimento da homosexualidade e o proceso de aceptación desta.

Referencias varias:

-A. M., “Moncho Borrajo firma hoy ejemplares de su obra”, *Atlántico Diario*, 5 xullo 1997, p. 54. Informa dos actos que se celebrarán dentro das actividades paralelas á Feira do Libro de Vigo. Moncho Borrajo asinará exemplares da súa última obra, *Meu querido padre Ramón*. Farán o mesmo Tomás Ares Güimil e M^a Xesús Vila coa súa obra *Guía de Balneario*; ademais terá lugar unha actuación musical e o sorteo de vales cambiáveis por libros.



-Marta Fdez-Pedreira Estévez, “Mi libro es una pequeña trama para atraer a la gente a la literatura gallega”, *Faro de Vigo*, 6 xullo 1997, p. 55. Nota na que se recollen as declaracións de Moncho Borrajo a respecto do seu libro. Nesta breve entrevista conta o argumento e subliña a importancia na novela das relacións entre Manoliño e Marisol. O autor explica ademais a diferenza entre esta obra e os seus espectáculos cómicos; di dirixirse especialmente á xente nova e considera que o amor á súa terra levouno a escribir en galego aínda que é consciente de que vendería máis se o fixese en castelán.



Caneiro, Xosé Carlos, *Un xogo de apócrifos*, Premio Torrente Ballester 1996, Vigo: Edicións Xerais, col. Narrativa, 1997, 372 pp. (ISBN: 84-8302-129-3). Ž

Esta novela de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) está constituída polos contos ofrecidos por orde alfabética por Herminio Parente, o conductor do autobús que leva á vila a Silesio Braun, un vello escritor teatral fracasado que regresa á súa vila natal e ingresa nun sanatorio psiquiátrico. Este vello escritor reforza os contos e intercala fragmentos do seu transcorrer vital, faino a modo de diario sen datas para saber que existe e que non é o personaxe, como el mesmo afirma. Neles desenvólvese a relación con Sor Berta, a monxa que o atende, e preséntanse continuas referencias a Bach abríndose cada un destes capítulos cunha cita referida á falsidade, o plaxio ou os apócrifos. Presenciamos certas constantes ó longo da novela, como a frecuente confusión entre a fantasía e a realidade, a literatura sentida como refuxio e da que se ofrecen reflexións en todo o texto, tocando diversos aspectos (o mercado, a relación entre literatura e vida, as críticas a certa literatura de consumo, o papel dos intelectuais, etc.); o fracaso, a soidade, a loucura e o desequilibrio como estados permanentes que o personaxe, sen embargo, sempre tentará abandonar; o amor que se desvela como imposible, e, especialmente, o tema da mentira, da falsificación, que lle dá sentido á obra, está presente xa no propio título e constitúe o eixe básico sobre o que se asenta a liña argumental e estrutural da novela.



Recensións:

-Rodri García, “Quero facer literatura, non libros de usar e tirar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 140, 4 novembro 1997, p. 6. Recolle nunha breve entrevista as opinións de Xosé Carlos Caneiro, autor de *Un xogo de apócrifos* nas que compara a súa recente novela coa anterior, *O infortunio da soidade* (1992). Caneiro dá a súa peculiar concepción da escrita, comenta os seus inicios na literatura e opina que as obras que se están a publicar na Literatura Galega actual son as mellores de Europa, só é necesario, segundo el, “abrir as ventás do país dunha vez por todas”.

Xosé Manuel Eiré, “Atrévome a dicir”, *A Nosa Terra*, nº 804, “Guieiro Cultural”, 13 novembro 1997, 23. Comenta diversos aspectos da obra de Xosé Carlos Caneiro. Describe os personaxes e a técnica narrativa, caracterizándoa pola “fortísima carga de pensamento e consciencia social”. Cualifica a obra como novela “coral” por achegar unha panorámica da vida social. Louva a mistura de xéneros e a lingua empregada e relaciona esta novela con *O infortunio da soidade* (1992), con Proust, Dos Passos, Cela e *O Quixote*.

-Dolores Vilavedra, “Un xogo de apócrifos”, *Grial*, nº 136, Tomo XXXV, outubro-novembro-décembro 1997, pp. 667-669. Considera esta obra como unha novela resultado da “ensamblaxe” realizada por Xosé Carlos Caneiro a partir dos contos de Herminio Braun, quen ten unha teima cunha novela inacabada sobre Bach. Segundo Dolores Vilavedra, Caneiro rebélase contra o coutamento que existe actualmente na novelística galega, tanto no eido da lonxitude —case catrocentas páxinas—, que semella “un desafío que o autor se autoimpón” máis ca “unha esixencia da propia estrutura da obra”, coma no contido, ó situarnos “ante a



imposibilidade de distinguir entre realidade e ficción”. As claves temáticas —o amor, o absurdo de vivir, o fracaso, as fronteiras entre independencia e marxinalidade, etc.— xunto con “sutís fíos estilísticos” percorren a obra e fan do libro “unha estrutura coidadísima”. Por outra banda, *Un xogo de apócrifos* propón o xogo, a xeito de “rexouba crítico literaria, de identificar quen podería ser o asinante das citas (...) que encabezan cada capítulo”.

Referencias varias:

-E. P., “Xosé Carlos Caneiro presenta na Coruña ‘Un Xogo de Apócrifos’”, *O Correo Galego*, 18 novembro 1997, p. 37. Nota de prensa que dá conta do acto que se celebrará na cidade herculina para presenta-la obra de Caneiro e entregarlle a este o galardón que lle corresponde como vencedor do premio Torrente Ballester de 1996. Infórmase da presenza de Torrente Ballester, Caneiro, Lendoiro, Xosé Antonio Ponte e un enviado de Xerais, empresa que editou a obra.

-Albino Mallo, “Caneiro: “Á hora de escribir non me guío por criterios de conveniencia”/“Xosé Carlos Caneiro: “A literatura me interesa sobre todo como arte”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 19 novembro 1997, p. 42/p. 13. Infórmase da presentación da novela. Explícase o argumento do libro e cítanse as declaracións do autor en relación á súa concorrència ós premios literarios, o carácter pouco comercial da súa obra, a súa condición de poeta vocacional e o presente da literatura galega. Alén diso faise unha enumeración dalgúns dos moitos premios que Caneiro conseguiu ó longo do seu periplo literario.



-Luis Pousa, "Xosé Carlos Caneiro: "Quizais o meu pecado sexa amar demasiado a literatura", *El Ideal Gallego*, 19 novembro 1997, p. 32. Infórmase da presentación da obra vencedora no ano 1996 no premio Torrente Ballester: *Un xogo de apócrifos*. Recóllense as declaracións do autor, Xosé Carlos Caneiro, a prol da literatura galega e sobre o carácter da súa obra. Anúnciase que este narrador está a preparar unha colección de contos.



Caneiro, Xosé Carlos, *Estado Permanente de Fracaso*, A Coruña: Vía Láctea Editorial, col. Narrativa, nº 25, 1997, 195 pp. (ISBN: 84-89444-38-2).

Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) comeza este volume cun “Prólogo” no que un dos seus personaxes, Nicolás Odín, fala “de si mesmo e deste libro”. Os relatos que recolle pertencen á produción propia do escritor verinés e preséntanse en orde cronolóxica inversa: “A metamorfose de Adelino Prim”, publicado no volume colectivo *Novo do Trínque* (1997); “Cando un blues lambe as lágrimas da noite”, inédito e escrito en 1995, co que conseguiu o Premio Monte da Condesa 1996; “Trinta e sete días sen verte, Laura”, Premio Castela 1996 e publicado no volume colectivo *Unha liña no ceo* (1996); e o inédito, escrito en 1995, “E Polifemo quixo ser poema”. Os restantes contos forman parte dos libros *Historias no fío de Monterrei* (1988) e *Loias, Lucérnulas e outras historias no fío de Monterrei* (1995), nos que se inclúen relatos escritos entre 1983 e 1994: “Bette Davis, por favor”, Premio Breogán 1994; “Onde se conta a increíble historia de Penélope e Ernesto Flores Gándara, o seu primeiro marido” (1987); “O suicidio de Nicanor Rei Dameá e outras consideracións alleas a Elisa e á súa voda co madrileño” (1987); “Eu son o Salvador” (1986); “Bolero dos tristísimos amantes” (1984); “A historia de Ramón Vázquez e Martínez-Medeiros, tamén chamado Caracán” (1984); “A carreira dos sonhos” (1984); “As cartas marcadas de Dolores A Morte” (1984); “A penúltima viaxe de Lupe” (1984); “O sonho dos irmáns Etxebarri” (1984); “Carmela Vijande, miña bolboreta” (1984); “Samuel Peña, historia dun perdedor” (1984); “O home que quixo ser paxaro” (1984); e “O caso de Horacio Solveira, que quería ser neno e non o deixaron” (1983), co que obtivo o Premio Ourense de Contos 1984.



Estamos diante dunha serie de historias variadas, que versan sobre o real e o irreal, xa que moitos dos protagonistas e dos feitos que nelas aparecen raian co mundo dos soños e do imaxinario.



Caride Ogando, Ramón, *Sarou*, IV Premio de Narrativa Curta Café Dublín 1997, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 81 pp. (ISBN: 84-8302 159-5).

Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957) constrúe un relato achegado ó xénero negro que se desenvolve en Sarou, un espacio tinxido de fatalidade e dominado por unha aparencia tranquila trala que se agocha unha vida pechada e sen horizontes nin posibilidade de cambio. A historia transcorre linealmente do 20 ó 22 de xaneiro, dende que Sito sae da cadea ata que conclúe a traxedia con tres mortes. Sito, Karina, Ricardo e Laura, os personaxes centrais do relato, comparten en diferentes medidas a desolación que producen o pasado escuro, o futuro incerto, os intereses enfrontados, a marxinalidade e a degradación persoal do mundo do narcotráfico, as mentiras e as traizóns, feitos cotiáns no espacio no que viven, reflectidos pola voz dun narrador áxil e dos pensamentos máis íntimos dos protagonistas.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, "Un día negro", *A Nosa Terra*, nº 801, "Guieiro Cultural", 23 outubro 1997, p. 23. Comeza cunha reflexión acerca da triple dependencia dunha obra literaria; das influencias do escritor, do contexto no que se produce e da formación e lecturas previas do receptor. De seguido, comenta as dificultades para diferencia-lo xénero negro do policial, por presentaren características comúns. Fai unha



recensión da obra *Sarou*, incluíndoa dentro do “relato negro” por ter como referente o “submundo marxinal” e ser un “exemplo prototípico do proceso de degradación humana”. Louva a novela de Ramón Caride Ogando polo ritmo narrativo e pola expresividade do léxico. Resume o argumento de *Sarou* e describe brevemente os personaxes, o narrador e o marco temporal no que se desenvolve a novela.

-A. C. M., “Ramón Caride na historia íntima do narcotráfico”, *El Mundo*, 30 novembro 1997, p. 7. Considera esta novela unha “traxedia breve, mínima”, na que Caride se limita a inscribir unha historia persoal nunha circunstancia moi concreta. Saliéntase que está escrita cun estilo “curtante, case sincopado, basculando entre correntes de pensamento das distintas voces e unha evocación narrativa de directo negro”.

-Xavier Castro R., “Azougue do espello”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 21 decembro 1997, p. VIII. Comenta que esta entrega de Caride Ogando, pódese inscribir ó lado doutras composicións que atoparon no tema do narcotráfico un motivo clave para presentar subespacios e personaxes nun auténtico e verosímil universo no que xorden paixóns, grandes fortunas e traxedias cotiás. Ofrece un breve resumo da obra e comenta que todo aquel que se aproxime a ela atopará sufrimento e tensións individualizadas que axiña se mesturan entre os diferentes personaxes, e que se dirixen cara a un proceso de dramatismo colectivo.

Referencias varias:

-Carlos Crespo, “Sarou é un libro duro, como o tempo en que está escrito”, *Faro de Vigo*, 10 outubro 1997, p. 48.



Introdúcese esta entrevista a Ramón Caride Ogando coa referencia á variedade e á personalidade da súa obra, tal e como o demostra a consecución de catro premios tan diferentes como o Blanco Amor (1992), o Cidade de Ourense de Poesía (1995), o Merlín (1995) e o Café Dublín (1997). O entrevistado considera que non é un salto ó vacío pasar da literatura infantil ó xénero negro, explica que fai simultaneamente varias cousas e que mesmo ten unha obra de teatro infantil sen publicar. O autor de *Sarou* nega que escribise esta novela para que non o acusasen de “autor blando” tal e como o demostra a publicación do libro *Os ollos da morte* (1991). No tocante a *Sarou* fala da “tea de araña” que vai envolvendo os personaxes e mesmo o lector e considera que é unha novela escrita con técnica de relato breve, refírese tamén á cita que abre o libro e sinala que non ten sentido imaxinar antecedentes nin consecuentes porque para el “ó final o que hai son personaxes”. Conclúe respondendo afirmativamente á pregunta de se os xéneros marxinais contribúen á normalización da narrativa galega.



Casal, Uxía, *Saturno tamén é Deus*, Vigo: Galaxia, col. Descuberta, nº 1, decembro 1997, 103 pp. (ISBN: 84-8288-163-9).

Despois de varias entregas de literatura infantil presenta agora Uxía Casal (Santiago de Compostela, 1957) un libro de relatos “sobre o lado escuro da vida”. O libro, que está composto por trece relatos, presenta unha estrutura circular xa que o último, “¿Por que non queren escoitarme?”, é continuación do primeiro, titulado “Accidente” no que un home cae accidentalmente dun balcón aínda que todos pensan que foi un intento de suicidio. Entre ambos hai contos de medo como “O patio de Carmiña”, “Xogo de nenos”, e “Gaivotas no interior” e outros máis inquedantes que pola indefinición do real e do imaxinario son contos fantásticos, como “O soño de don Froilán”, “E soaron catro badaladas” ou “Ela sempre limpa ben”. En definitiva contos nos que domina a angustia, a morte e o medo.



Castro, Antón, *Vida e morte das baleas*, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 10, xaneiro 1997, 187 pp. (ISBN: 84-89814-02-3).

O escritor Antón Castro (Santa Mariña de Lañas-Arteixo, A Coruña, 1959) reúne neste libro once relatos que comparten un mundo mítico común, Baladouro e o seu mar. Os protagonistas dos relatos teñen relación coa rexión ou co mar e presentan historias, na maioría do seu pasado, sobre os seus amores, a súa familia ou a súa relación co mar. Rexístrase en todos a habilidade narradora do seu autor que contén o oficio da memoria á hora de crea-lo ambiente e os personaxes.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Fabulosamente mar", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 151, 20 marzo 1997, p. 10. Logo de se referir ós mitos fabulosos perdidos polo tempo, ás paisaxes das Terras de Bergantiños e o amor ó Baladouro, que saborentamos nas mellores prosas dos últimos anos de Antón Castro, céntrase no comentario do libro, *Vida e morte das baleas* (1997). Sinala que os relatos que o compoñen guíannos "cara ó grande cadro do mar, personaxe principal e destino derradeiro dos heroes e heroínas destas historias, tocadas polo trebón da traxedia".



Referencias varias:

E. C., “Vida e morte das baleas”: o mar mítico de Antón Castro”, *O Correo Galego*, 21 febreiro 1997,

34. Breves notas sobre os principais núcleos temáticos, os personaxes, os espazos máis característicos e o ambiente en que se desenvolven.

Biqui Cabado, “El mundo ballenero de Caión es símbolo de pérdida”, *El Ideal Gallego*, 27 abril 1997,

13. Entrevista celebrada con motivo da presentación do libro *Vida e morte das baleas* do escritor arteixán, Antón Castro, na que este destaca a importante presenza de mulleres e de animais fantásticos na súa obra. Sinala os seguintes fíos de continuidade entre os distintos relatos: a aparición de varios personaxes e a “atmósfera mítica” de Caión. Por último opina sobre a linguaxe poética da súa obra. Fai referencia ademais ós problemas para publica-lo libro e ó seu novo proxecto literario.

-Xabier Couselo, “Para min o escritor ven a ser un falsificador da realidade”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 26 xullo 1997, p. 64. A presentación de Antón Castro como un escritor sacrificado e un crítico literario destacado, está seguida dunha entrevista na que o autor de Arteixo comenta a súa obra *Vida e morte das baleas*. Declárase fiel lector de Ferrín, Otero e Fole, autores que lle permitiron a volta á infancia. Opina que o conto é un dos xéneros máis gratificantes e un dos máis difíciles para o creador. Finalmente, considera que o escritor debe transforma-la realidade inventando un mundo novo.



Cid Cabido, Xosé, *Oralmente pola boca*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 133 pp. (ISBN: 84-8302-158-7).

Xosé Cid Cabido (Xunqueira de Ambía, 1959) presenta neste volume oito relatos introducidos por un texto titulado “Extenuación”. Todos eles inciden en xeral no vivir cotián e na percepción da realidade e mesturan no seu argumento o humor, a ironía e sobre todo o erotismo reflectido cun sexo violento e transgresor —“Suave pero firme”—, ou un sexo dócil —“Nunca se sabe”—, a fantasía onírica —“Caixa forte”— ou paranormal —“Pataghorobí”— e o labirinto con final sorpresivo —“Bingo clandestino”, “O pai mírase no espello”, “Infinito-1” e “Agardando a Monroi”. Este último supón unha homenaxe explícita a Samuel Beckett, tanto no seu argumento parateatral e absurdo coma nas citas constantes que se utilizan da novela *Molloy*. Por outra banda, “Pataghorobí” xa fora incluído en *Sede Central. Relatos 2* (1990) e en *Unha liña no ceo* (1996).

Recensións:

-Ramón Nicolás Rodríguez, “Xosé Cid Cabido: *Oralmente pola boca*”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 32, Tomo II, Ano VIII, outubro-novembro-décembro, 1997, pp. 105-110. Ramón Nicolás valora a imaxinación e a ironía, a comunicación oral, aparentemente sinxela, pero fondamente traballada, na literatura de Xosé Cid Cabido. Di ademais que nesta obra racha coa narración clásica para achegarse á narrativa oral con moita consciencia e que engancha coa produción anterior do autor por medio da profundización na percepción ambigua da realidade. O sexo nos personaxes, o ton



cinematográfico e as lagoas de indeterminación que cobren os relatos son algunhas das características que salienta nos oito contos que contén o volume.

-F. Martínez Bouzas, “Contos de película”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 182, 23 outubro 1997, p. 9. Martínez Bouzas manifesta a sorpresa que lle causou a lectura de *Oralmente pola boca*, un libro de “historias revolucionarias por seren absolutamente imprevisibles”. Resume o argumento destes oito contos de Xosé Cid Cabido e sinala como trazos comúns o erotismo, o humor, o sarcasmo, a oralidade e a precisión lingüística.

-X. M. Eiré, “A saltos”, *A Nosa Terra*, nº 802, “*Guieiro Cultural*”, 30 outubro 1997, p. 23. Despois de lembrar a grandes autores de relatos da nosa literatura: Cunqueiro, Fole, Otero, Ferrín, Darío Xohán Cabana, etc., afirma que é difícil establecer un criterio integrador na obra de Cid Cabido, a non sela presenza do “sexo oral” e a “importancia da oralidade” nos oito relatos. Resume o argumento e a temática de tódalas narracións, salientando a titulada “Agardando a Monroi” pola súa beleza, o seu carácter insólito e o final aberto. Opina que a obra é irregular en canto a calidade literaria e interese.

-Armando Requeixo, “Cid Cabido, evidentemente”, *Tempos Novos*, nº 6, “*Voces e Culturas. Crítica. Libros*”, novembro 1997, p. 81. Primeiramente recorda algúns dos títulos do autor. Di que *Oralmente pola boca* afonda na mestura do “*reality show* literario e absurdo tremendista que, como subliminal epifánico, acaba materializándose no evidencialismo cibcabidiano”. Da temática dos oito relatos que conforman o volume salientase que se trata dun “cóctel narrativo” de humor, maxia e ironía nos que se percibe a influencia clara do cine e do evidencialismo.



Referencias varias:

-Aníbal Malvar, “Vender libros é unha cousa que debería preocuparnos pouco”, *El Mundo* “Galicia”, 23 novembro 1997, p. 7. Co gallo da saída ó mercado do libro de relatos *Oralmente pola boca*, o seu autor, Xosé Cid Cabido, fala nesta entrevista das relacións desta nova entrega narrativa con respecto á última *Días contados* (1991). Tamén manifesta a súa opinión sobre escritores demasiado prolíficos, quer poetas, quer narradores. Ó final, dado que foi un home que traballou de guionista da televisión, dá a súa opinión sobre os contidos que debe haber na televisión pública e as características da mesma.

-Rafael R. López, “Concibo a literatura como unha exploración”, *Faro de Vigo*, 6 decembro 1997, p. 48. Nesta crónica do acto de presentación de *Oralmente pola boca*, que tivo lugar en Vigo, faise referencia primeiramente ó labor literario de Cid Cabido. Reprodúcese a continuación unha entrevista co autor na que este salienta a importancia da obra dentro da súa traxectoria literaria e menciona entre as súas posibles influencias a Borges e Cortázar. Reflexiona tamén sobre o evidencialismo, tendencia da que é creador, sinalando que “intenta reforzar e potencia-la expresión xogando coas palabras e a sintaxe” e fala da posibilidade de poñer en circulación un novo termo “o realismo discontinuo” co fin de incidir no carácter discontinuo da literatura galega xa que, na súa opinión, “hoxe publícanse obras que parecen máis do século XIX, como se quedasen deberes pendentes”.

-Javier D. Campa, “Xosé Cid Cabido: ‘A literatura que teme o humor é unha literatura adolescente’”, *Atlántico Diario*, 6 decembro 1997, p. 41. Dáse noticia da presentación en Vigo do último traballo de Xosé Cid Cabido. Despois de se referir ó seu labor literario anterior —*Días contados* (1991), *Copenhague* (1992) e *Panificadora* (1994)—, reprodúcese unha entrevista na que Cid Cabido fala das coordenadas que definen os relatos que integran



o libro dos que di que “son totalmente imaxinarios, pero feitos dunha maneira que eu non chamaría realismo fantástico, senón máis ben realismo discontinuo, porque hai momentos de ruptura coa realidade obxectiva. Plantexan situacións que son improbables, pero non imposibles”.

-C. F., “A realidade é discontinua”, *La Voz de Galicia*, 7 decembro 1997, p. 80. Tras recolle-las palabras que Manuel Seixas pronunciou no acto de presentación, en Vigo, de *Oralmente pola boca* e de sinalar que nos relatos que contén “conta a vida coa pretensión de pór en evidencia as cousas que están sen ser vistas”, entrevístase a Cid Cabido. Este declara que non é amigo de etiquetas, que “a realidade é discontinua” e que non pretende teorizar sobre o evidencialismo. Di tamén que na súa obra mestura sexo e humor e finalmente comenta que o título pode causar estrañeza.



Diéguez, Lois, *Henriqueta na galería*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Narrativa, nº 18, 1997, 133 pp. (ISBN: 84-8289-064-6).

Preséntase esta nova entrega narrativa de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) dividida en trece relatos. Trece historias nas que Henriqueta, alternando a voz narrativa de “Eu protagonista” coa de “Eu testemuña”, expón unha panorámica xeral da Devesa, cidade na que vive e que vén ser trasunto de Lugo. A Henriqueta, vella sarcástica e impedida, olla dende a súa galería a vida de moitos dos seus veciños sempre cunha crítica ácida e profunda. Nestes cadros predomina a crítica política, ás veces oculta, ás veces explícita, contra a situación na que se atopa a Devesa e contra os seus gobernantes (“O monstro”). Outras veces critica o crecemento asoballador da cidade (“O retorno”) ou a asfixia que pode causa-lo ambiente reaccionario da cidade para a convivencia dun noivado serodio (“Adriana e Natalia”), ou de homosexuais (“Dous homes”) ou pola dificultade que ten un rapaz para leva-lo pelo a cores (“A Fuxida”). En “Vacac” fai un canto á resistencia dos gandeiros fronte a imposición da cota leiteira e en “A casa escola” defende a recuperación dunha escola veciñal abandonada que uns caciques reclaman para si. Noutros reivindícase a igualación dos homes e mulleres, no (“Películas”) e a defensa radical dos parados (“Olladas”). Con “Apocalipse feliz”, encontro de Henriqueta con tódolos personaxes que aparecen no libro, sabémo-lo desenlace, nuns casos, e o evoluir das súas vidas, noutros.



Fernández Ferreiro, Xosé, *Co medo nas mans*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 149 pp. (ISBN: 84-8302-119-6).

Xosé Fernández Ferreiro (Nogueira de Ramuín, Ourense, 1931) engade este primeiro libro de relatos á súa obra novelística. Trátase de dezaseis contos de marcado carácter oral que semellan remitir, na súa maioría, a supersticións e crenzas populares e que teñen no misterio e na presenza da morte o seu nexo común. Cunha sinxela técnica narrativa o autor dá paso a aparicións, visións, metamorfoses e mesmo á relación amorosa dunha humana cun robot.

Recensións:

-Armando Requeixo, "O alén que nos asexo", *Tempos Novos*, nº 3, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", xullo/agosto, 1997, p. 80. Recordando primeiramente que Xosé Fernández Ferreiro é autor tamén de *Agosto do 36* (Premio Xerais 1991) e de *A cidade das chuvias* (1994). A seguir cita os títulos dos dezaseis relatos que conforman *Co medo nas mans*, "todo un extenso rexistro de argumentos populares" e compara a súa narración coa de Ánxel Fole, co que comparte "o gusto pola materia de procedencia oral e popular". A continuación, analiza os trazos estruturais e temáticos da obra que a converte nun "libro de relatos diferente, mesmo inusual e en contracorrente na actual narrativa galega".



-Xavier Castro R., “Unha serie de textos coa base común do medo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 7 setembro 1997, p. VI. Logo de se referir á dilatada obra de Fernández Ferreiro e ó entusiasmo con que a crítica acolleu algúns títulos, Xavier Castro destaca de *Co medo nas mans* a relación de tódolos contos pola base común do estraño e a procedencia da nosa tradición oral e escrita.

-F. Martínez Bouzas, “O medo, o misterio”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 175, 4 setembro 1997, p. 9. Comeza definindo a Xosé Fernández Ferreiro como “un ensaísta de xéneros e metaxéneros narrativos” en referencia á primeira novela do Oeste en galego, ás tentativas de novela de ficción científica, novela psicolóxica ou *Morrer en Castrelo do Miño* (1978). Martínez Bouzas considera que *Co medo nas mans* sitúa ó autor como “un elo máis da cadea de contadores de historias tradicionais”, comenta os motivos que se dan cita na obra e destaca a singularidade do relato “A estraña historia de Delores”. Refírese ó común procedemento narrativo destes contos e subliña a naturalidade como o maior mérito do narrador. Conclúe destacando a habelencia do autor para mergulla-lo lector no “sámago da vida rural galega”.

-Xosé M. Eiré, “Un medo moi familiar”, *A Nosa Terra*, nº 797, “Guieiro Cultural”, 25 setembro 1997, p. 23. Fai referencia ó medo, á súa sublimación na traxedia e a catarse como motivo do agrado que esta temática sempre provocou no público. Malia isto sinálase que o tema do medo debe ir acompañado dunha certa calidade, do contrario córrese o risco de caer no cómico. No tocante a *Co medo nas mans*, o recensionista opina que se recorre demasiado ó motivo literario tópico (feito que, segundo el, provoca a previsibilidade e a incapacidade de sorprenden), pensa que o estilo frástico se volta descoidado e detecta pouca adecuación entre a lingua e a condición social dos personaxes. Malia estas consideracións, destaca a interesante focalización de “O soldado”, “O aparecido” ou “A vinganza” e



cualifica como os mellores “O peregrino” e “As formigas”; así mesmo, salienta a orixinalidade de “A estraña historia de Delores” ou “A morte de Orlando”.

Referencias varias:

-Alberte Soto Soto “Otras letras”, *Qué leer*, nº 14, “Actualidad”, setembro 1997, pp.26-27. Nesta sección, ademais de referencias á outras literaturas nacionais do Estado, preséntanse como novidades as seguintes obras: *Co medo nas mans* de Xosé Fernández Ferreiro, *Morgado* de Ramón Loureiro, *Escuma de dentro* de Alfonso Armada, *O centro do labirinto* de Agustín Fernández Paz e *Don Gabino* (1996), de Antonio Fernández Pérez. Cada título está seguido dun breve comentario argumental, temático e estilístico.

-Xavier Carro, “Nubosidade variable e libros”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 6 agosto 1997, p. 68. Coméntanse brevemente as obras *Co medo nas mans* (1997), *Os ollos da sentinela* (1997) e *Telúrico* (1996). Na primeira das obras, da autoría de Xosé Fernández Ferreiro, Xavier Carro salienta que o autor pon coidado en mante-la voz dos contadores de historias e refírese ó mantemento das tramas orixinais coa intensidade propia dos relatos populares. No que se refire ós relatos de Xesús M. Valcárcel detecta aspectos de obras anteriores como a habilidade para conduci-lo fío da historia e o clímax anguriente. Comenta tamén a presenza dunha realidade aparentemente normal onde conviven a inocencia, a crueldade e o absurdo, así como a capacidade para deixar deslocado ó lector. Polo que respecta a *Telúrico*, de Tucho Calvo, considera que o autor calibrou moi ben o suspense e destaca a linguaxe precisa, limpa e rápida e pensa no que podería ser un espléndido guión cinematográfico.



Fernández López, Isabel, Juan Ramón **Tallón Salgado**, José Carlos **Cameiro**,
Diego Ameixeiras Novelle, Xosé Manuel **Dopazo Mella**, Ruperto **Cabarcos**
Silveiro, *III Certame Literario Monte da Condesa*, Santiago de Compostela:
 Universidade de Santiago de Compostela, 1997, 97 pp. (D. L: C-385-1997).

Obra colectiva que recolle os traballos premiados no certame literario que lle dá título á publicación nos apartados de narrativa e poesía. Polo que se refire ó primeiro dos xéneros, os relatos que inclúe o libro son os seguintes:

-Isabel Fernández López, “O tempo que vai e vén e vira”, pp. 9-17. Relato estruturado a xeito de diario no que unha moza plasma os seus pensamentos e aquilo que lle acontece ó longo de varios días do mes de marzo, como a súa relación cunha amiga, a vida familiar rodeada de conflitos ou algún episodio relacionado cos estudos, reflectindo as dúbidas e incertezas propias da adolescencia.

-Juan Ramón Tallón Salgado, “Manuel Murguía: Cartas dun loitador”, pp. 19-42. Relato no que se reconstrúe ficticiamente a amizade existente entre Manuel Murguía e Manuel Núñez González, usando para isto fragmentos da correspondencia mantida entre ambos ó longo de 1888 e 1906. Para salientala personalidade de Murguía inclúe episodios vitais como a súa



viaxe a Cataluña e a Madrid, o recordo de Rosalía de Castro, as relacións de Murguía coa política ou as dificultades económicas que atravesou.

-José Carlos Cameiro, “Zapatos de cristal, blues”, pp. 43-70. Un profesor de Historia Moderna retirado por problemas de saúde mental e dedicado a toca-lo saxo pretende compoñe-la peza que compense tódolos seus sacrificios para lle dedicar a Laura, o seu amor ausente, a quen lle escribiu un conto que se integra fragmentariamente no relato, construído este como un monólogo desatado polo excesivo consumo de coñac do personaxe, que rematará tentando o suicidio.



Fernández Naval, Francisco X., *Sombras no labirinto*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa, 1997, 161 pp. (ISBN: 84-7824-310-0).

Carlos Quintela Feixoo, protagonista central da novela de Fernández Naval (Ourense, 1956) repasa un episodio recente na historia da súa vida, que o levou ó cárcere. A través das conversas e das cartas ó avogado vainos situando no momento dende o que el nos conta o sucedido. Recordamos a súa vida previa ó matrimonio, a vida de familia que forxou coa súa noiva Marta e os seus dous fillos, Iria e Agustín. Todo ten para el o sabor acedo da frustración polo que un bo día decide marchar a un lugar onde ninguén o poida encontrar. Dende Ferrol, lugar no que por algúns datos colaterais podemos supór que está situada a novela, marcha ó canón do río Sil onde se interna nun labirinto primixenio, de natureza case intacta, desolado e con personaxes sumidos nunha inconsciencia allea ó tempo. É o caso do Chopete, o cazador de cobras, de Marcelina, a anciá que se abanea ó calor do lume, soa coas súas lembranzas. Cara a este espazo moveranse outras forzas que, no van intento de Carlos por recuperar algo do perdido, acabarán afundíndoo definitivamente.



Freire Pérez, Carlos, *Ferrocarrilana*, Santiago de Compostela: Tórculo Edicións, 1997, 146 pp. (ISBN: 84-89641-78-1).

Carlos Freire Pérez (A Coruña, 1948) estrutura esta novela en once capítulos numerados e un epílogo. Nela relátanse diferentes historias da vida coruñesa dos anos cuarenta, nas que as estampas costumistas enchen moitas páxinas. O fío conductor desas vidas e costumes é Ovidio, o mozo-conserxe do hotel Ferrocarrilana, personaxe moi peculiar que nos leva, cumprindo coas súas múltiples obrigas, polas rúas, estacións, mercados, comercios e estamentos oficiais da cidade herculina.



Gándara, María, *Magog*, Premio Manuel García Barros 1997, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 213 pp. (ISBN: 84-8302-190-0).

María Gándara (M^a Dolores González Lorenzo, Celanova, 1942), ata o de agora autora de textos infantís e xuvenís asinados como Lola González, presenta nesta primeira novela histórica unha mestura de ficción e datos históricos sobre o antigo Reino de Galicia. Nela presenta dúas historias lineais que se desenvolven en capítulos alternos dende os anos finais do século XI ata a primeira década do XII e que están intimamente vencelladas: a da raíña Urraca e a de Xofré de Salvamont. Cóntase así a historia de Urraca, filla de Afonso VI. Unha vez viúva, casa con Afonso de Aragón, feito que a levará a se enfrontar cos intereses do seu propio fillo na coroa de Galicia, ata que consegue que o matrimonio sexa anulado pola Igrexa. As intrigas e intereses da Corte pasan sempre por riba dos desexos e sentimentos de Urraca como muller e como nai, nos que se afonda con insistencia. O outro personaxe central da novela é Xofré de Salvamont que ós vinte anos recibe o encargo de viaxar a Galicia coa delicada misión de coidar dun meniño, o Infante Afonso, e protexer por riba de todo a súa vida. Múltiples acontecementos van poñer en perigo a vida do Infante. Axiña comezan as disputas entre a nobreza galega, dividida en dous bandos enfrontados: o do Conde de Traba, D. Pedro Froilaz, defendendo os dereitos do Infante, e a Irmandade rebelde, pelexando a favor de Afonso de Aragón, daquela aínda home de Urraca. Trala loita e os pactos, nos que se poñen en claro os intereses do bispo Xelmírez, o Infante Afonso é proclamado rei de Galicia con sete anos. Daquela Xofré volve a Cluny, de xeito que a súa historia



ten un desenvolvemento circular, cunha morea de experiencias e aprendizaxes que o axudan a decidi-la orientación da súa vida.

Recensións:

-Valentín García, “Magog, historia e maxia...”, *Tabeirós Terra*, nº 2, novembro 1997, p. 25. Coméntase primeiramente a afluencia de orixinais nesta edición do Premio Manuel García Barros. A seguir sinala que houbo unha novela que sobresaíu por riba das demais: *Magog*, de María Gándara. Fai un breve resumo do seu argumento e dinos que se trata dunha novela localizada temporalmente no século XII, e que se desenvolve en a penas seis anos, narrados linealmente, só alterados por algunhas analepses que axilizan o ritmo narrativo. Con respecto á modalización di que todo está narrado en primeira persoa polo co-protagonista, Xofré, segundo engade “verdadeiro eixe temático”. A continuación salienta a grande variedade de “espacios” en que se centra a novela, que se espallan por toda a Península Ibérica. Remata felicitando á escritora por “toda unha mostra de música para reais fogos de artificio”.



García Mañá, Luís, *O lume de Santo Antón*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia: col. Narrativa, 1997, 156 pp. (ISBN: 84-8302-143-9).

Unha serie de mortes estrañas están acontecendo no verán de 1856 na provincia de Ourense. O poder civil e eclesiástico, a pesar das súas inimizades, están interesados en resolve-lo problema sobre todo por razóns de carácter persoal, polo que se decide entrega-la investigación do caso a Nemesio Castro. Luís García Mañá (Ourense, 1950) narra así ó longo destas páxinas en forma de diario, a historia dos sucesos acontecidos durante o tempo no que se efectúan ditas investigacións, ó mesmo tempo que vai presentado as historias doutros personaxes afíns ó fío do argumento principal. Finalmente gracias á sabedoría de don Xosé María Elices, descubrirose que ditas mortes eran provocadas polo mal chamado “lume de Santo Antón”, que era orixinado polo caruncho, gran que mostraba unha grave enfermidade do centeo. Saberase ademais que o caruncho era vendido por unha das persoas de maior poder da provincia, obnubilado polo seu afán de enriquecemento.

Recensións:

-Antón Grande, “A loita de dous poderes”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 36, 26 xullo 1997, p. III.



Ó primeiro fai un resumo do argumento e das referencias históricas que aparecen na novela. De seguido analiza a estrutura, o espacio e o tempo no que se move o protagonista, Nemesio Castro, no que o autor ve semellanzas co Pepe Carvalho de Vázquez Montalbán.

-Xosé M. Eiré, "Best-seller, Best-seller", *A Nosa Terra*, nº 792, "Guieiro cultural", 21 agosto 1997, pp. 17-18. O exordio do artigo xira sobre o concepto de best-seller, deixando claro que non ten nada que ver coa calidade. Nembargante decátase da importancia que para normaliza-la nosa literatura nacional tería dispor de best-sellers. Tendo en conta que a *O lume de Santo Antón* lle acae ben a definición anterior de best-seller, Eiré pasa a unha análise máis pormenorizada onde observa o acerto que supoñen a creación dos personaxes e a configuración da trama. O recensionista coloca no "debe" o uso dunha lingua excesivamente cha e sinxela, considerando o carácter histórico da novela.

-F. Martínez Bouzas, "Linealidade narrativa", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 178, 25 setembro 1997, p. 9. Destácase o beneficioso que é que un inspector de policía, coñecedor de tantas historias, se adentre no campo da narrativa de ficción. Comeza facendo un pequeno resumo do argumento da novela e sinalando a súa simplicidade estrutural. A seguir, destaca outras características da obra que considera sobresaíntes, mais por ser unha historia afastada das coordenadas temáticas contemporáneas e polo pouco coñecemento do seu autor, parécelle un atrevemento falar dun best-seller.

-Xavier Castro R., "A gangrena seca", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 7 decembro 1997, p. VIII. Breve comentario sobre *O lume de Santo Antón*, no que se di que se trata dunha novela que se inscribe dentro desas narracións que mesturan harmonía, aventura, investigación, historia e paixón por medio duns poucos personaxes claves. Presenta un resumo da súa trama e salienta a súa capacidade para



mante-la atención do lector que ve como ó par dunha historia principal agroman outras secundarias, que no seu conxunto conforman un mural novelado dunha parte do século XIX.

Referencias varias:

M. D., “García Mañá: ‘A orixe do meu narrar son os contos de miña nai’”, *El Progreso*, 9 xullo 1997, 53. Artigo no que se informa da presentación, en Lugo, da primeira novela de Luís Manuel García Mañá, xefe policial de Vigo. Trátase dunha novela de carácter histórico ambientada no ano 1856, momento no que rematou o bienio liberal. A obra, segundo o articulista, ten a súa orixe nun texto publicado en setembro do 1856 no Boletín Oficial de Ourense.

-Lalo Pavón , “El ourensano García Mañá publica su primera novela”, *La Región*, 13 xullo 1997, p. 19. Explica que *O Lume de Santo Antón* é unha “historia basada en un documento real que el autor encontrou en el archivo histórico provincial de Ourense hace diez o doce años y que había guardado para utilizarlo en un artículo de contenido histórico”. Despois de aludir a outras publicacións do autor e á actual colaboración no Instituto de Estudios Vigueses faise referencia ós seus proxectos inmediatos no eido da investigación e da narrativa.

-Antonio Piñeiro, “O lume do Santo Antón segue aceso”, *La Región*, 24 agosto 1997, p. 18. Antonio Piñeiro cita o tema de *O lume de Santo Antón* e repasa o emprazamento xeográfico da súa acción. Destaca a actualidade da narración e lembra a dedicación policial do autor.

-Raquel Feijoo, “O lume de Santo Antón”, *La Región*, 19 novembro 1997, p. 14.



Coméntase cómo García Mañá atopou a idea para o argumento de *O lume de Santo Antón* no Boletín Oficial da Provincia. Recorda que a trama se sitúa durante as disensións eclesiástico-gubernamentais do século XIX. Recóllense as palabras de Jesús de Juana, catedrático de historia en gabanza das “exactas referencias históricas que aporta”.



López Gómez, Belén e Manuel Gago Mariño, 1º Certame de narración curta

Ánxel Fole, ilust. TA.TA.TA..., Lugo: Patronato de Cultura do Concello de Lugo, 1997, 33 pp. (D. L: LU-531/97). □Ž

Recolle os dous relatos en galego premiados no I Certame de Narración Curta Ánxel Fole, premio que convocou o Patronato de Cultura do Concello de Lugo con motivo da celebración do ano de Fole no 1997:

-Belén López Gómez, "Punire", pp. 5-16. Esta narración, gañadora do primeiro premio, cóntanos as angurias polas que pasa un militar que durante a Guerra Civil ten que fusilar a un grupo de prisioneiros. Os remorsos abáfanos durante toda a súa vida e mesmo na vellez, cando se ve imposibilitado.

-Manuel Gago Mariño, "Danae + 3", pp. 19-33. Texto que mereceu o segundo premio. Trátase dun relato con numerosas referencias culturalistas e saltos temporais, que describe en primeira persoa as actividades dun grupo de mercenarios nunha sociedade futurista.



Loureiro, Ramón, *Morgado*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1997, 91 pp.
(ISBN: 84-7492-846-X).

Xira a historia desta novela de Ramón Loureiro (Sillobre, Fene, 1965) ó redor do Morgado, Miguel López Somoza, Marqués de Escandoi. Este home vive entre a realidade presente e a dos seus antepasados, nun mundo de seres reais e actuais, pero tamén de cabaleiros mortos doutros tempos. Combinación de elementos que a través da novela mostra a inconsistencia do presente, fronte á consistencia da historia; ademais da incompreensión allea diante da magnanimidade do individuo. Representada esta última polo Márqués, que vive o momento actual coa disposición dos seus distinguidos devanceiros, e que morrerá como tal, por unha causa nobre.

Referencias varias:

-L. V., "A miña primeira novela tenta crear un universo propio", *La Voz de Galicia*, 19 xuño 1997, p. 81. Entrevista co escritor e xornalista Ramón Loureiro ó publica-la súa primeira novela, titulada *Morgado*, "un disparo de fantasía que busca luz entre as tebras da fin do século". O escritor manifesta que "máis que escritor, sentínome sempre un lector", fala da literatura como xogo, da apropiación de aspectos da realidade para a creación e da relación entre xornalismo e literatura. Finalmente, alúdese ó atletismo, deporte que Loureiro practica, comparándoo coa literatura, e inclúense opinións do escritor sobre a literatura galega de hoxe, nas que cita os autores que prefire.



R. G., “Son hipercrítico coa miña obra”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 130, 26 agosto 1997,

6. Anúnciase a publicación da novela *Morgado*, do xornalista Ramón Loureiro. Isto válelle para citar unhas palabras do autor nas que reflexiona sobre a diferenza entre escritor e xornalista. Recorda o articulista cómo a crítica achou nesta obra influxos de Cunqueiro ou Torrente Ballester.

Alberte Soto Soto “Otras letras”, *Qué leer*, nº 14, “Actualidad”, setembro 1997, pp.26-27.
Fernández Ferreiro, Xosé, *Co medo nas mans*.

A. R., “Nos derregos do real”, *Tempos Novos*, nº 4, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 1997,

85. Nota que anuncia a publicación da primeira mostra da narrativa do xornalista Ramón Loureiro. Destácase que este “exercicio de recreación intemporal” está moi na liña de Álvaro Cunqueiro.



Lourenzo González, M., *Noites de papel*, Premio Café Dublín de Narrativa Curta 1995, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 107 pp. (ISBN: 84 8302-085-8).

Colección de dezanove relatos, case todos independentes entre si, que fai a cuarta dentro das publicadas polo profesor de lingua e literatura Manuel Lourenzo González (Vilaboa-Pontevedra, 1955). O morracense mestura o real, o asombroso e o irreal (sen definir exactamente os lindes entre eles) procurando facer emerxe-las grandes contradicións cotiás da nosa sociedade. Verque, amoreados nos textos, tópicos e pantasmas persoais: a violencia infantil e xuvenil, o erotismo da relixión e dos seus mártires, o machismo, estrañas experiencias que lles suceden a mestres nas aulas, a hipocrisía da alta sociedade, as viaxes no tempo, o destino, a violencia, a rutina, o éxito profesional como fin derradeiro da vida, entre outros temas. Na narración que fecha o volume ofrécenos un *locus amoenus*, cunha descrición colorista e lírica que, en certo modo, contrasta co resto da obra, máis centrada en baixas paixóns e situacións inquedaes.

Recensións:

-Xavier Castro R., "Prosas de vida e paixón", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 25 maio 1997, p. VII. Comentario breve de *Noites de papel*. Cítanse algunhas obras anteriores do autor como *Da esfinxe* (1992) ou *Arqueofaxia* (1995) e describe a que está a recensionar como "un libro feito dende a reflexión



e a narración atinada a partir dalgúns diálogos que nos presentan situacións e personaxes que nalgúns relatos semellan ser paradigmas de asuntos cotiáns”.

-Xosé M. Eiré, “Dous Dublin e tres”, *A Nosa Terra*, nº 780, “Guieiro Cultural”, 29 maio 1997, p. 23.
Ver Anxo Angueira, *Bágoas de facer illas*, neste *Informe*.

F. Martínez Bouzas, “Kant en COU. D”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 160, 22 maio 1997,

9. Achegamento á narrativa de Manuel Lourenzo González a través do estudio e da análise de dúas delas: *As paisaxes compartidas* e *Noites de papel*. A primeira delas é, segundo o articulista “pura fabulación, momentos épicos, lendas ben lendarias (...). Literatura varuda, rexa, esteada en fermosas historias, nun ricaz imaxinario, en témeras ou tráxicas mitoloxías, en prodixios suntuosos, en labirínticos rigores históricos”. A segunda, un conxunto de relatos curtos, non ten nada que ver coa anterior “agás na puxanza e na eficacia da lingua, que é a mesma nos dous casos, e no poderío fabulador que tamén comparte”.



Maceira, Xosé Manuel e Manuel **Portas** (coords.), *Novo do trinque*, prólogo de Xosé Manuel Beiras, Santiago de Compostela: Consello Comarcal do BNG, 1997, 346 pp. (ISBN: 84-605-6355-3).

Volume que contén trinta e cinco relatos inéditos de diferente extensión e fasquía doutros tantos autores por iniciativa do Consello Comarcal do BNG de Santiago para celebra-la inauguración da nova sede comarcal do partido. O libro ábrese cun prólogo de Xosé Manuel Beiras no que se refire brevemente á situación de Galicia e ó nacionalismo galego e cun limiar de Xosé Manuel Maceira e Manuel Portas no que dan conta de cómo naceu este proxecto. Contén os seguintes relatos inéditos:

-Alfonso Álvarez Cáccamo, “O Bandeira”, pp. 11-23. O protagonista deste relato de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) explica por qué matou ó Bandeira cando voltou á súa casa despois da guerra.

-Xosé María Álvarez Cáccamo, “O tempo que nos queda”, pp. 25-31. Relato de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) que mestura o soño e o real con referencias ó escritor José Manuel Caballero Bonald.

-Ricardo Beiras, “Olaia”, pp. 33-40.



Ricardo Beiras (Santiago de Compostela, 1965) cóntano-la historia dunha muller de idade que termina internada nunha residencia.

-Xurxo Borrazás, “Publicidade sen lucro”, pp. 41-48. Nesta historia de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) un asasino profesional conta cómo foi o seu último encargo.

-Lino Braxe, “Sótano clandestino”, pp. 49-53. Narración de Lino Braxe (Mugardos, 1962) na que un sarxento do 1º Reximento de Fusileiros Escoceses recorda a Roxana, a quen coñeceu durante unha intervención na illa de Chipre.

-Xosé Carlos Caneiro, “A metamorfose de Adelino Prim”, pp. 55-62. Nesta historia de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) un deseñador de libros cre terse metamorfoseado nun touro.

-Ramón Caride Ogando, “Foto-shock”, pp. 63-72. O protagonista do relato de Ramón Caride (Cea, 1957), que sempre quixo ser fotoxornalista, conta unha perigosa experiencia vivida en Liberia.

-Fina Casalderrei, “Cita nos xardíns do sur”, pp. 73-82. Conto de Fina Casalderrei (Xeve, 1952) centrado na figura de Henrique Bouzas quen se obsesiona co feito de entregar un mandado á familia do seu tío avó.



-Lois Diéguez, “A casa de Galiaz”, pp. 83-95. Historia de Lois Diéguez (Monforte de Lemos, 1944) ambientada na época dos castros, os guerreiros e druídas.

-Xabier P. Docampo, “Un cuarto para min só”, pp. 97-104. Este relato de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) trata da soidade na vellez. O protagonista do relato, un home de idade, vive un certo tempo na casa de cada un dos seus catro fillos.

-Ramiro Fonte, “Unha sinfonía inacabada”, pp. 105-114. Nesta narración de Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957), un escritor fala da súa relación cun antigo amigo chamado Tono Falcón.

-Manuel Forcadela, “Dúas mortes”, pp. 115-121. Manuel Forcadela (Forcadela, 1958) narra dous asasinatos premeditados.

-Joel Gómez, “Sempre para a frente”, pp. 123-133. Conto de Joel Gómez (Ourense, 1959), escrito en portugués e centrado nun grupo de estudantes no ano 1968.

-Bieito Iglesias, “Corazón de pedra dura”, pp. 135-140. A protagonista do relato de Bieito Iglesias (Quintán, Ourense, 1957) recibe pola noite a visita dun home a quen non coñece.



-María do Carme Kruckenberg, “Anael, o vello deus do Mato Grosso”, pp. 141-154. Neste conto de María do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926), un narrador en primeira persoa conta cómo viviu o Entroido en Río de Xaneiro.

-Margarita Ledo Andión, “Real 161 (interior) Ferrol”, pp. 155-161. Margarita Ledo (Castro de Rei, 1951) recolle distintas estampas da vida dunha muller.

-Inma López Silva, “Olor a menta”, pp. 163-174. Relato de Inma López Silva (Santiago de Compostela, 1979), que narra as últimas horas de Bernal, un galeguista asasinado polos homes de verde.

Manuel Loureiro González, “O relato de Isadora Duncan”, pp. 175-191. Conta a historia do Garrido, quen se enfrontou nos anos 50-60 ó poder opresor e organizou a guerrilla.

Manuel María, “Discurso de ingreso”, pp. 193-203. Relato de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) no que o Cronista Oficioso da histórica vila de Outeiro de Rei da Terra Cha conta a historia do tío Casas.

-Paco Martín, “O Mixi”, pp. 205-210. Paco Martín (Recatelo, Lugo, 1940) preséntanos a Mixia, un tipo de natural mixiriqueiro e sempre protexido pola nai.



Xosé Manuel Martínez Oca, “Reencontro”, pp. 211-218. Historia de Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942) que se centra nun home farto de saudades.

Xosé Miranda, “Demolición”, pp. 219-225. O protagonista do relato de Xosé Miranda (Lugo, 1955), que semella sufrir unha certa amnesia, visita lugares que xa foran derruídos.

Xosé Neira Vilas, “Reloxos”, pp. 227-231. Nesta narración de Xosé Neira Vilas (Gres, Vila de Cruces, 1928), o feito de que tódolos reloxos paren provoca unha situación fóra do seu.

-Daniel Pino, “O sinxelo arrecendo dunha teima”, pp. 233-244. Neste relato de Daniel Pino (Forcadela, 1943) cóntase a historia de Lisardo, inutilmente fusilado.

-Henrique Rabunhal, “De fêmeas e fenas”, pp. 245-251. Conto de Henrique Rabunhal (Pastoriza, 1962) no que unha moza comparte coa súa avoa unha trágica experiencia.

-Román Raña, “O poder do pesadelo”, pp. 253-260. Román Raña (Vigo, 1960) presenta unha historia na que un profesor universitario casado fala da súa relación furtiva con Ana, unha alumna.



Manuel Ribeiro Loureiro, “Como ben se sabe...”, pp. 261-269. O narrador deste conto de Manuel Ribeiro (A Coruña, 1933), en primeira persoa, rememora a súa experiencia na mili ó falar do seu fillo partidario da insubmisión.

Manuel Seixas, “Sede de xustiza”, pp. 271-279. Historia de Manuel Seixas (Vilagarcía, 1961) ambientada en Santiago e centrada nunha familia a piques de quedar na rúa.

-Miguel Suárez Abel, “No día que morreu meu pai”, pp. 281-292. O protagonista da historia de Miguel Suárez Abel (Arzúa, 1952) comenta as súas impresións co gallo da morte e o enterro do seu pai.

-Nacho Taibo, “Pretérito imperfecto”, pp. 293-298. A reaparición de Moncho, terrorista e violador, recórdalle ó narrador deste relato de Nacho Taibo (Madrid, 1949), o seu escuro pasado oculto tras unha vida pública impecable.

-Suso de Toro, “El odio que me corre por las venas”, pp. 299-305. Suso de Toro (Santiago, 1956) presenta as reflexións dunha muller que renega do galego polas cousas tristes vividas de nena por causa da lingua.

-Xulio Valcárcel, “Arar o mar”, pp. 307-319. Relato de Xulio Valcárcel (Lugo, 1953), estruturado en diversos cadros centrados en diferentes asuntos e separados por un espazo en branco.



-Vítor Vaqueiro, "Tarde de fútbol", pp. 321-329. Narración de Vítor Vaqueiro (Vigo, 1948) centrada nun encontro de fútbol que vai ter lugar.

-Luísa Villalta, "A nación das últimas cousas", pp. 331-340. Relato de Luísa Villalta (A Coruña, 1957) que transcorre no local de Gris, onde se reúnen brancos, negros e persoas doutras cores con fin de favorecer-lo diálogo nos asuntos que os involucran a todos.

-Rafa Villar, "Calcomanias", pp. 341-346. Relato de Rafa Villar (Cee, 1968) escrito en ton persoal e dividido en doce partes numeradas.

Referencias varias:

S. C., "Trinta e cinco autores únense no volume 'Novo do trínque'", *O Correo Galego*, 3 xuño 1997, 41. Infórmase da presentación do libro colectivo titulado *Novo do trínque*, que recolle colaboracións de "trinta e cinco narradores residentes na bisbarra compostelá" que "ofreceron un relato" para participar neste volume de relatos curtos co que se pretende celebra-la creación dunha nova sede do B.N.G. en Santiago.

-R. F., "O mellorciño" da narrativa galega actual", *La Región*, 29 xullo 1997, p. 15. Infórmase da presentación do libro *Novo do Trínque* coordinado por Manuel Maceira e Manuel Portas, quen manifesta que "a obra amosa unha panorámica moi interesante da narrativa que se está a facer neste intre". Salientou tamén "a enorme xenerosidade" dos autores e indicou os obxectivos da



publicación, rematando por recomenda-la súa lectura. Alúdese ademais á participación no acto de Xosé Carlos Caneiro e Bieito Iglesias.

-Máximo Redondo, “Exposición Santiago-Al Andalus”, *El Mundo*, “Galicia”, 2 xuño 1997, p. 8. Entre outras novas culturais de Compostela alúdese á presentación do volume *Novo do trinque* Anúnciase a participación no acto de Xosé Manuel Beiras e Manuel Portas.



Manteiga, Xavier, *Manancial*, Premio Xerais 1997, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 211 pp. (ISBN: 84-8302-195-1).

O asasinato de Efrén Alemán por Tomás Obrador é o punto de partida da trama desta novela de Xavier Manteiga (Santiago, 1968). Tras do crime, os personaxes vense envoltos nunha fuxida compulsiva do lugar no que viven, Torland, temendo a vinganza do sanguinario e poderoso pai da vítima, Mateo Alemán. A acción complicase cando a policía descobre os cadáveres de mozas desaparecidas en estrañas circunstancias nos últimos anos, xunto ó corpo do pai dos Obrador. Considéranos culpable e daquela comeza a persecución da policía e dos matóns enviados por Mateo Alemán. As dislocacións temporais, as diferentes focalizacións narrativas configuran un relato de suspense e tensión que afonda na crueldade e nos aspectos máis escuros do comportamento humano. A combinación de elementos dramáticos (o incesto entre Tomás e a súa irmá Flora, a subnormalidade de Ho, o irmán máis pequeno, a permanente inmovilidade física e mental da nai, o peso do pasado...), artellan uns feitos para os que non cabe outra solución que a traxedia final, da que só se salva Ho.

Recensións:

-A. C. M., "A perfección da inmadurez", *El Mundo*, "Biblioteca", 21 decembro 1997, p. 5.



Considera que Xavier Manteiga é un escritor “desarraigado”, e sinala que *Manancial*, novela que o seu autor desmarca de calquera referente xeográfico, é “unha ficción que fala, maiormente, da inocencia, da violencia, dos sentidos máis primarios”.

Referencias varias:

Iván Leis, “Hai moito oportunismo na literatura”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 33, 22 novembro 1997,

8. Recolle declaracións nas que Xavier Manteiga, resume o argumento de *Manancial*, na que reflicte a súa concepción da vida como “traxicomedia”. A continuación comenta as súas influencias literarias e a pegada que na súa narrativa hai do cinema, reforzada por estar a escribir guións para a televisión e para o cine. Confesase un escritor compulsivo e con moita moral despois de gañar este premio que, segundo cre, pódelle abrir moitas portas. Anuncia que traballa na súa próxima novela, un proxecto que tiña adiado, mais que agora retoma concibíndoa como unha “novela matemática”. Remata destacando o alto nivel da literatura galega, incluso superior á do resto do estado, e albisca un novo “século de ouro” de seguir producíndose literatura a tan alto nivel.

-J. B. Salgueiro, “Manteiga: no se escribir sin mostrar las miserias de los hombres”, *Faro de Vigo*, 19 decembro 1997, p. 47. Dá conta da presentación de *Manancial* e recóllense as declaracións de Xavier Manteiga quen manifestou a súa predilección polas personaxes traxicómicas e a súa consideración da violencia e da estupidez como unha parte da condición humana.



-Xabier Couselo, "Interésanme os temas sobre as grandezas e as miserias dos homes" *El Ideal Gallego*, "Entrevista con", 21 decembro 1997, p. 88. Con motivo da presentación do libro *Manancial*, gañador do premio Xerais 97, Xabier Couselo entrevista ó seu autor, Xavier Manteiga, que fala das características do título e a súa relación coa temática da obra. A continuación comenta cómo foi o proceso de elaboración da novela, e o grao de influencia que poidan te-los lectores na construción dunha obra literaria. Finalmente dá a súa opinión sobre a nova xeración de escritores galegos.



Marcos, Xesús Manuel, *Terra Queimada*, VI Premio de narrativa curta “Carvalho Calero” 1995, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 84, abril 1997, 68 pp. (ISBN: 84-87847-91-9). Ž

Volume que se abre co poema “A Fonte de Esperante” e que recolle dez breves relatos nos que Xesús Manuel Marcos (Seoane do Caurel-Lugo, 1967) presenta o espacio narrativo de Esperante, no que transcorren a maioría dos contos. Algúns dos personaxes, como o cura Davide, atopan continuidade presencial en varias das pezas, aínda que a acción de cada unha é independente respecto das demais. Rexístranse na obra elementos que lle outorgan unidade á obra, ben de carácter estilístico, como o predominio de monólogos ou monólogos interiores, que reflicten a soidade á que se enfrontan os protagonistas, ben de carácter temático, entre os que destacan a decadencia do mundo rural, que conduce mesmo a situacións dominadas pola violencia; o tratamento de aspectos cotiáns da vida nunha aldea que esmorece; a presenza, explícita ou implícita, do mundo da emigración como trasfondo de moitas das historias, ou o conflito entre a modernidade e os xeitos tradicionais de vida, nuns ambientes caracterizados pola desesperanza e por un pesimismo resignado que ten na morte a súa consecuencia final.

Recensións:

-X. M. de Castro Erroteta, “No future”, *A Nosa Terra*, nº 783, “Guieiro Cultural”, 19 xuño 1997, p. 24.



Comeza apuntando certa similitude entre o contido de *Terra Queimada* e a consigna punk “No future”. Cre que “a alma esgallada entre o amor á terra súa e o mirar esmorecer unha comunidade” levouno a escribirlas dez historias que compoñen o libro. O recensionista opina que a prosa de Marcos se caracteriza pola mestizaxe de *thriller* e a banda deseñada e considera que “nin tan siquer o Méndez Ferrín máis cru achou un laio de tanta fondaxe e tan mouro”, vendo nisto un dos moitos méritos do libro. Ademais de resalta-la calidade amosa a súa preferencia polo relato “Hispasat” e di que “é do mellorciño que se ten publicado en relato curto nos últimos tempos”.

-F. Martínez Bouzas, “Dereitos dos vermes”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 169, 24 xullo 1997, p. 9. Logo de se reproducir un fragmento de “Meno” faise referencia ó espacio imaxinario de Esperante do que se di que é marco de “espantos, esgrevios; espesos esperpentos e esquizofrénicas boquexadas”. Destácase a mestría narrativa e un estilo “exento de gromalladas vizosas mais á vez forte e intenso” e vencéllanse as “armas” literarias de Xesús Manuel Marcos ás da literatura de terror. A axeitada utilización de elementos desta literatura dá como resultado, segundo F. Martínez Bouzas, “un libro de relatos válidos, algúns deles verdadeiramente engaiolantes”.

-M. Quintáns S., “O Premio de Narrativa Curta Carvalho Calero”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 27 xullo 1997, p. VI. Comeza citando os galardóns que ten no seu haber Xesús Manuel Marcos e cre que o relato “Carteiro” pasou algunha vez polo Premio Modesto Rodríguez Figueiredo do Pedrón de Ouro. Considera que os premios condicionan bastante ós autores polo número de páxinas, temas e mesmo características dos membros dos xurados, que xeralmente favorecen pouco as novas estéticas formais e conceptuais. Malia que aplaude o recurso ós certames, pide un maior esforzo editorial para a promoción de novos valores. No tocante a *Terra Queimada*, sinala a capacidade de suspende-lo ánimo do lector e elevalo a unha



importante tensión en relatos como “Meno” e noutros como “Carteiro”, unha imaxe sublimada da amizade e o amor.

Referencias varias:

-A. R., “Os heroes das marxes”, *Tempos Novos*, nº 4, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 1997, p. 85. Nota na que se destaca o amplo abano de personaxes excéntricos que viven “como heroicos superviventes dunha atordoante sociedade” en *Terra Queimada*.



Mateo, Francisco J. (coord.), *As miñas mans, cautivas hai un tempo*, Premios do XXIV Certame Literario Minerva, limiar de Salvador García Bodaño, Santiago de Compostela: Publicacións do Colexio Manuel Peleteiro-Revista Vamos, 1997, 136 pp. (D. L: C-283-1997).

Volume que recolle os relatos e poemas premiados no Certame Literario Minerva. No limiar Salvador García Bodaño felicita ós gañadores deste premio ó tempo que fai un chamamento ós mozos para a defensa da paz e a liberdade. No propio limiar danse os nomes dos autores, o título das composicións e algunhas notas argumentais e temáticas das mesmas. O libro preséntase dividido nos apartados de poesía (pp. 13-77) e narración (pp. 79-136). Cada traballo está introducido polo nome do seu autor, por un breve comentario sobre o tema e técnica utilizada e mesmo pola concepción que algúns dos autores teñen da literatura. O deseño e a maquetación da obra foi feita por alumnos do Colexio M. Peleteiro. Os relatos e autores premiados no apartado de narración foron os seguintes:

- Xermán Hermida Castro (1º premio), “Moito que falar”, pp. 81-90.
- Noa Pérez González (2º premio), “Breadouro, eu e o demo”, pp. 91-99.
- Raquel Pensado Turnes (3º premio), “Dánade”, pp. 101-105.



Concedéronse, así mesmo, catro accesit:

- Martín Rosa Llorente, “Emerxencia”, pp. 133-136.
- Natalia Blanco Ramos, “Lío”, pp. 117-123.
- Miguel Sicart Vila, “O sorriso arcaico”, pp. 107-116.
- Laura Diéguez Otero, “O Andorgas”, pp. 125-132

A temática destes relatos é variada: a infancia, a inxustiza social, o amor fillo-pai, a natureza, as necesidades fisiolóxicas, etc.



Mateo, Francisco J. (coord.), *Ti durmes coma un anxo na auga*, Premios do XXV Certame Literario Minerva 1997, limiar de Darío Xohán Cabana, Santiago de Compostela: Publicacións do Colexio Manuel Peleteiro-Revista Vamos, 1997, 131 pp.

Volume colectivo que recolle os textos premiados nos apartados de poesía e de narrativa, incluíndo unha breve presentación de cada autor que precede á súa obra e na que se ofrecen datos biográficos e influencias literarias. O libro ábrese coa nómina dos compoñentes do xurado á que lle segue o “Limiar” (pp. 7-11), no que Darío Xohán Cabana comeza lembrando a época en que el mesmo recibiu, en 1969 e 1970, este galardón, e eloxia, ademais, a Álvaro Cunqueiro e a Avelino Abuín de Tembra. Así mesmo, destaca a obra dos premiados dicindo que estes autores “han de brillar con viva luz nas letras de Galicia nestes anos que veñen”, deténdose a comentar, en poesía, os textos de Lucía Novas Garrido e, en prosa, o relato de Manoel Pazos. Remata dándolles algúns consellos ós escritores deste premio escolar. Os traballos premiados no apartado de “Narración” son os seguintes:

-Esperanza Rodríguez García, “Periplo ós corenta”, (1º premio), pp. 65-71. Mediante un monólogo interior e algúns diálogos desenvólvese a valoración que un home de corenta e tres anos fai da súa vida familiar.



-Xabier López Quintáns, “Azul”, (2º premio), pp. 73-84. Presenta, en seis breves capítulos e ton lírico, a intensa historia de amor entre Paco e Ana. Reconstrúense diversos acontecementos (un accidente de tráfico, unha fuxida) que levan finalmente a Paco á morte.

-Pablo Rodríguez Novo, “Terra de ninguén”, (3º premio), pp. 85-96. Relátanse cunha estrutura a xeito de diario as vivencias dun rapaz musulmán coa guerra de Bosnia e a súa traxedia como pano de fondo.

-Manoel Pazos Sánchez, “Coma sempre e máis decote”, (Accésit), pp. 97-105. Unha parella non pode sobrepoñerse á morte do seu fillo e vive instalada nun fastío no que tódolos días son idénticos e no que o home, marcado pola morte do fillo, remata suicidándose.

-Raquel Gómez Otero, “El e máis eu”, (Accésit), pp. 107-113. Narra a relación entre dous amigos e cómo as súas vidas seguiron diferentes camiños. Un deles decide abandona-la muller, o traballo, rouba-lo seu propio banco e fuxir cunha moza a outro país, e comunícallo ó outro. En realidade, todo se trata dun engano organizado por este e pola moza para conseguilo diñeiro e fuxiren xuntos.

-Adelina Basteiro González, “Perdidos na serra”, (Accésit), pp. 115-121. O narrador lembra outros tempos con nostalxia, así como o día en que foi á casa do seu irmán acompañado por el e ámbolos dous se perderon na serra, debido á neve e á néboa.



-Germán Labrador Méndez, “Nos lindes do real”, (Accésit), pp. 123-131. Un grupo de internados nun psiquiátrico leva a cabo un premio de narracións literarias. Os relatos, reproducidos no conto, recollen diversas experiencias coa fantasía como lazo de unión.



Méndez, Xerardo, *As horas que nos quedan*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Medusa, 1997, 121 pp. (ISBN: 84-7824-300-3).

Xerardo Méndez (Colón-Panamá, 1964) divide esta novela policial en doce breves capítulos. A trama xira ó redor de Arsenio, un policía ó que lle interesa máis sabe-la verdade que dar co culpable. Investiga xunto co seu compañeiro a aparición dun home sen memoria a piques de morrer e un cadáver coa cara rebentada e un furado no peito. Na investigación mestúranse os lazos da xustiza e os de amizade que unían a Arsenio co home asasinado.

Recensións:

-Camilo Franco, "Perseo no dilema", *A Trabe de Ouro*, "Publicacións", nº 30, Tomo II, Ano VIII, abril-maio-xuño, 1997, pp. 113-115. Sinálase que a novela conta unha trama policial que se desenvolve na cidade de Ourense e que Xerardo Méndez xoga coas regras da novela policíaca e aposta polo dilema moral do protagonista na súa relación coa sociedade na que se adentra. Aí é onde medra a tensión argumental na novela, na decisión final que terá que toma-lo protagonista.

F. Martínez Bouzas, "Negra con luxos", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 164, 19 xuño 1997, 9.



O autor comeza manifestando a posibilidade de que os seus xuízos sexan inacertados, pasando logo a dicir que a novela pode ser considerada como novela negra, “aínda que sen o seu argumento estar ateigado de pavorosos crimes e labirínticas investigacións”. Na súa análise considera que ten “un aceptable comezo e imprevisto final” e enumera os valores que para el encerra a obra, afirmando que, aínda que obras deste tipo non son estrictamente necesarias, si fan “medrar un corpus literario” e “significan unha aposta a prol da pluralidade na escrita”. Finalmente, apela ó lector para que este escolla segundo os seus intereses.

X. M^a de Castro Erroteta, “Ourense outra vez”, *A Nosa Terra*, nº 788, “Guieiro Cultural”, 24 xullo 1997,

23. Comeza o artigo cunha lembranza para a presenza de Ourense no mundo novelístico galego. A seguir, insire dentro do devandito grupo *As horas que nos quedan*. Resume o argumento e sintetiza a temática da obra de Xerardo Méndez. Con respecto á lingua, afirma que é “un chisquiño forzada”, e os personaxes “non demasiado ben perfilados”.

-Xavier Castro R, “Un relato de pescudas e intrigas”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 2 novembro 1997, p.VII. A presentación de Xerardo Méndez como un novo valor da nosa creación literaria está seguida dunha recensión de *As horas que nos quedan*. Xavier Castro inclúe esta novela dentro do xénero negro con trazos de intriga e policiais. Cualifica a trama de “entretida” e louva os esquemas narrativos empregados.

Referencias varias:

-R. F., “Unha novela negra que fuxe de pautas”, *La Región*, 30 maio 1997, p. 24.



Breve entrevista a Xerardo Méndez con motivo da presentación da súa novela na librería Torga de Ourense. O escritor revela que o centro da trama é unha historia policial que xurdiu a partir dun deseño previo e que está ambientada en Ourense. Di tamén que nela intentou fuxir do esquema da novela negra tradicional e que pretendeu facer unha historia aberta que reflectise certa imaxe da cidade.



Montaña, Estro, *As armas delicadas*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia,
Col. Narrativa, 1997, 145 pp. (ISBN: 84-8302-130-7).

Segunda obra narrativa de Estro Montaña (Betanzos, 1956). Trátase dun conxunto de dez relatos que, agás o derradeiro, “Lévao ti no Masseratti” (incluído na antoloxía *Unha liña no ceo*, 1996), teñen como elemento común a presenza dos maquis. Cos primeiros anos da posguerra como marco ambiental, o autor transcende o tratamento do momento histórico na procura dunha temática universal e ábreille paso a toda unha galería de trazos humanos que van dende a vinganza ó amor, pasando pola traizón, a inocencia ou a dúbida e a contradicción. Cunha escrita áxil e cunhas historias non exentas de tensión, Estro Montaña ensaia diversas técnicas narrativas buscando a orixinalidade no enfoque á hora de retrata-los dous bandos contendentes na Guerra Civil.

Recensións:

-Armando Requeixo, “As guerras outras”, *Tempos Novos*, nº 4, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 1997, p. 85. Destácase dos dez relatos que compoñen o libro que a maioría deles teñen como *leitmotiv* as vivencias dos maquis na posguerra española cunha mensaxe clara: “non todo debeu de ser tan perfectamente antagónico e diametralmente oposto como a historia oficial quere facernos ver”. Deste conxunto sepáranse “O namoramento da tía Pepa” e “Lévao ti no Masseratti”, nas que predomina o humor e o



anecdótico, respectivamente. Sinálase que se trata de relatos ben narrados e de estilo depurado, aínda que nalgúns deles o final semella “unha amputación dun discurso lóxico-argumental inconcluso”.

-F. Martínez Bouzas, “Fiestras ó futuro”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 176, 11 setembro 1997, p. 9. Sublíñase a calidade do galego empregado por Estro Montaña e refírese ás “historias ateigadas de chispa e frescor”. Logo de mencionala orixinalidade da súa anterior novela *Pancarta para Xulia* (1994), coméntase a temática do libro e advírtese no tema da posguerra un pretexto para “penetrar nas minorías e excelencia da nosa humana condición”. Para F. Martínez Bouzas a obra de Estro Montaña revélase como un punto de resistencia contra “a triunfante trivialización de determinadas formas culturais dos nosos días”. Conclúe dicindo que libros como *As armas delicadas* amósanse “como fiestras abertas ó futuro, á continuidade do relato escrito nunha época na que tanto se fala da morte da narrativa”.

-Xosé M. Eyré, “Entre traidores e vinganzas”, *A Nosa Terra*, nº 796, “Guieiro Cultural”, 18 setembro 1997, p. 23. Refírese a Estro Montaña como “un dos prometedores narradores dos noventa con mellores fundamentos” e resalta a sintonía existente entre o título e o contido do libro. Para o recensionista o feito de que o autor non vivise os momentos que relata non invalida a obra nin lle resta credibilidade. Xosé M. Eyré considera que o libro é “un estudo da natureza humana”, destaca a variedade, a procura de puntos de vista orixinais e a amenidade dos relatos. Remata sinalando que atopou “algunhas deficiencias propias dun narrador novo” a pesar do cal considera *As armas delicadas* como “a proposta máis atractiva e singular do actual panorama narrativo”.

-Xavier Castro R., “Armas narrativas de Estro Montaña”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 16 novembro 1997, p. VIII.



Cita os títulos anteriores de Estro Montaña e comenta as diferentes direccións dos dez relatos que conforman o libro aínda que partindo dunha mesma orixe. Refírese ó xogo entre presente e pasado, á perspectiva das persoas, ás cousas e ás diferencias, ó dramatismo e á vinganza, etc. Apunta tamén que a recreación do tempo e espazos da Guerra Civil conforma de xeito directo diversos relatos a partir da visión das dúas partes.

Referencias varias:

-Eduardo Rolland, “Os maquis son a metáfora da traición ós sonos das persoas”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 19, 28 xuño 1997, p. 7. Logo de subliña-la calidade literaria de Estro Montaña e de presentalo como “unha das máis ricas plumas da última narrativa galega”, entrevístase ó autor deste libro. O entrevistado sinala que a temática dos maquis e as relacións entre pais e fillos son os dous fíos conductores do libro. Estro Montaña sitúa a escolla dos maquis como tema nas conversacións de seu pai sobre Foucellas, explica cómo se documentou para prepara-lo libro e cualifica a estes personaxes como “contradictorios” e autores de grandes cousas pero tamén de barbaridades. Refírese ademais á variedade de técnicas e perspectivas así como á depuración á que somete os textos e á tentativa de busca-lo substantivo exacto. Comenta tamén que aínda que a seriedade non estea contraposta co rigor, o que máis lle interesa é a literatura como vida, a súa vertente social e humana. Conclúe declarándose narrador e mostrando a súa preferencia pola novela.

-Alfredo Conde, “Só a luz do mar, ese milagre”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 agosto 1997, p. 64/p. 4.



Ademais de falar de particularidades do verán, Alfredo Conde louva, en relación a *As armas delicadas*, “que se escriban historias dende tódolos lados”; pensa que a literatura debe recoñecer-la vida e considera que xa que “levamos demasiados anos describindo os sentimentos só dende a sinistra banda”, “é hora de que se conten dende a destra”.

-Carina Regueiro, “Os fuxidos volven a Galicia coas súas armas delicadas”/“As historias de fuxidos centran ‘As armas delicadas’, a última obra de Estro Montaña”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 6 agosto 1997, p. 33/p. 18. Fai un percorrido polos principais motivos da obra e refírese á presenza de feitos históricos reais como a matanza do bou Eva en 1937 ou a presenza do mítico Foucellas. Cualifícase a obra como “homenaxe á liberdade e ó ser humano”, elevando á categoría univesal e atemporal vellas historias galegas.

-R. G., “O betanceiro Estro Montaña asina dez historias de amor e guerra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 129, 19 agosto 1997, p. 6. Refírese ós temas fundamentais dos relatos e destaca o feito de que o amor teña cabida no medio de feitos duros e atrocidades. Cita, finalmente, os títulos da obra narrativa e ensaística do escritor de Betanzos.

Albete Soto Soto, “Otras letras”, *Qué leer*, nº 15, “Actualidad”, outubro 1997, p. 35.
Rodríguez Fer, Claudio, *A unha muller descoñecida*.

-Carina Regueiro, “Os maquis toman a palabra a través de Estro Montaña”/“Os maquis galegos toman a palabra a través de Estro Montaña”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 setembro 1997/27 setembro 1997, p. 33/p. 16.



Nota da presentación do libro en Vigo. Saliéntase a predilección que o autor sente polos personaxes en situacións difíciles. Recolle as palabras de Estro Montaña ó destaca-la importancia da memoria aínda que esta sufra ás veces falsificacións. O autor betanceiro referiuse, así mesmo, ó maniqueísmo que imperou nos relatos nos que aparecían os maquis.



Novo, Isidro, *Carne de can*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Positivas, 1997, 236 pp. (ISBN: 84-87783-44-9).

Neste volume Isidro Novo (Lugo, 1951) ofrece oito relatos: “Todo pola patria”, no que o goberno de Calquerlandia propón un referéndum e un sorteo para decidi-los cinco millóns e medio de persoas que darán a súa vida polo país para solucionar-la crise e o desemprego; “A pin-up de Beatiful Street”, que conta a historia de Xacobe, quen abandonado pola súa muller se introduce nunha nova rúa da cidade onde vive unhas estrañas e suxestivas experiencias; “Primeira plana”, narra cómo os redactores de *O reflexo do norte* deciden crear eles mesmos as noticias nunha cidade onde non pasa nada ante o descenso nas vendas; “Nana”, relata a historia dun homosexual namorado doutro home,; “O odiante zancado” que conta como o anano Ernest Hunt participa no deporte de máis éxito do século XXI, lanza-lo anano; “O Merlo”, no que un home escoita a historia do que antes habitou a casa que vén de mercar; “O sur do arrabalde” é o relato da trágica fin do Rabenado e da súa querida Zumezuga; “O areal dos ollomaos” no que un home hospitalizado polas súas depresións soña con Tania e evoca a súa vida en común.



Recensións:

F. Martínez Bouzas, "Chimpar o anano", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 179, 2 outubro 1997,

9. O recensionista sorpréndese pola capacidade de fabulación que se atopa en *Carne de can*. Decátase do influxo cativador dos relatos de Isidro Novo no lector. Para rematar comenta algúns dos contos, onde percibe influencias kafkianas, destacando aspectos sórdidos.

Referencias varias:

-Alberte Soto Soto, "Otras letras", *Qué leer*, nº 16, "Actualidad", novembro 1997, p. 37. *Imaxe do mundo en Eduardo Blanco Amor*, de Pilar Rus Gascón, *Eventuais*, de Xavier Franco, *Carne de can*, de Isidro Novo, e *Muller e emigración*, de Pilar Cagiao son as obras que comenta Alberte Soto nesta sección dedicada a dar a coñecer los títulos que viron a luz máis recentemente no noso mundo editorial.



Núñez Singala, Manuel, *Mar de fondo*, Vigo: Galaxia, col. Descuberta, nº 2, decembro 1997, 230 pp. (ISBN: 84-8288-167-1).

En *Mar de fondo* Manuel Núñez Singala (Lugo, 1963), preséntano-la historia dun asasinato estival nunha vila da costa galega, da que non di o nome. Dividida en dezaioito capítulos, alterna a narración omnisciente, en terceira persoa, que por veces se troca en segunda para dirixirse a algúns personaxes, coa dos propios personaxes, mediante a perspectiva narrativa do “eu protagonista”. Estas voces narrativas van desmiuzando os sucesos acontecidos co asasinato dunha anciá ata que se descubren os verdadeiros asasinos. Toda a narración vese enredada por un equívoco, o de Nicolás, que paseaba, no momento dos disparos, preto do lugar e ó sentir que o acusan foxe nadando ó outro lado da ría. Alí coñece a Ana Pazo, sobriña da asasinada, que, ignorando o ocorrido, pasa uns días con Estrela e Domingos, os verdadeiros asasinos da vella, e que se namorará do fuxitivo e inocente Nicolás, ó que tras varios días de busca acaba matando a policía. Entre eles o xornalista Antón Ferreiro, interesado en que o caso perdurase o máis posible para seguir facendo crónicas para o xornal no que traballaba.



Pena, Xosé Ramón, *A era de Acuario*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 157 pp. (ISBN: 84-8302-175-7).

Xosé Ramón Pena (Betanzos, 1956) preséntanos en *A era de Acuario* unha historia de aprendizaxe sentimental elaborada dende a visión dun narrador adulto que retrocede cara ós seus dezaseis anos para recupera-los dous episodios que marcaron a súa evolución da adolescencia á madurez: a aparición do pai descoñecido e a traizón a un amigo. Paco está a vivir unha etapa de cambios na que aparecen as primeiras experiencias amorosas, a descuberta do sexo, a incertidume do futuro, a rebeldía, todo acentuado por unha difícil situación familiar: a nai mantén unha relación co seu cuñado viúvo empeñado en ocupa-lo posto de pai. A amizade con Federico, obsesionado pola ética castrense, a sede de gloria, as armas e a concepción das mulleres como obxecto, provoca certos conflitos na personalidade de Paco. Todo muda cando de súpeto aparece na súa vida un home descoñecido que resulta se-lo seu pai, á vez que descobre o sexo precisamente coa rapaza que máis lle gusta a Federico. Este súmese nunha crise que o levará a unha reacción violenta e que ocasionará o fin da amizade. Os dous feitos marcan o cambio de personalidade de Paco e permanecen na súa memoria mesmo cando con trinta anos volve de Australia onde marchara a vivir cos seus pais unha vez restablecida a situación familiar.



Referencias varias:

-Francisco J. Gil, “Los primeros años setenta fueron un tiempo triste y gris”, *Faro de Vigo*, 28 novembro 1997, p. 49. Co gallo da presentación da novela *A era de Acuario*, o seu autor, Xosé Ramón Pena, resposta nesta pequena entrevista a algunhas cuestións relativas a esta obra: a súa composición, o feito de que sexan historias reais, a presenza da música na obra, etc. Asemade, o feito de a novela estar ambientada nos anos 70 fai que o autor reflexione sobre a relevancia daquela década na súa xeración e nel mesmo.



Quintiá, Xerardo, *Finísimo pó nas ás*, Vigo: Galaxia, col. Descuberta, nº 3, decembro 1997, 119 pp. (ISBN: 84-8288-166-3).

Finísimo po nas ás, a primeira novela do lucense Xerardo Quintiá (Friol, 1970) preséntanos unha panorámica dunha familia labrega nos anos 70 vista por un neno. Estructurada en nove capítulos, con cadanseu título, vai achegando ó lector a vivencias cruciais na vida desta familia labrega, descritos en primeira persoa por Suso, o fillo máis vello. Comeza cun “Limiar” no que un narrador en terceira persoa fai unha descrición da casa, dos apeiros da labranza, dos membros da familia, etc. A seguir, o Suso mostra as tensións familiares no momento dunha treboada (“O cuarto escuro”), cando a morre a avoa (“A avoa foise”), ou o medo ás discusións dos pais (“A fuxida”). Noutros capítulos sentímo-lo latexar vital do Suso ó ir á feira (“A roupa nova”); as primeiras sensacións amorosas (“O que son as cousas”), ou a traumática separación da aldea e da familia por ir estudar á cidade (“O seminarista”), onde tamén aparece o tema da emigración. Ó final, o último capítulo, “Ceo Azul. Azul e Infindo” quere ser unha especie de mímese da natureza do contorno familiar e o neno rebulideiro e audaz.



Riveiro Coello, Antón, *A historia de Chicho Antela*, Accésit IX Premio de Novela García Barros, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, 1997, 156 pp. (ISBN: 84 89814-33-3).

Nova entrega narrativa de Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964). Desta volta trátase dunha novela negra dividida en vinteseite capítulos nos que se narra a historia de Chicho Antela. Pouco e pouco articulanse dous relatos paralelos, un que protagoniza Alfredo Antela, e outro, Boris un matón que ten unha aparición casual mais determinante no decurso da diéxese. En ambas aparecen as cartas de Chicho Antela, que levan ó lector á Cuba prerrevolucionaria á vez que dá pistas ata descubri-lo motivo da súa morte cando se dispuña a voltar a Galicia.



Santos Cabanas, Xosé Luís, *Conto para ler chovendo*, Noia: Editorial

Toxosoutos, col. Nume, 1997, 118 pp. (ISBN: 84-89129-26-6).

Comeza esta narración de Xosé Luís Santos Cabanas (Santiago de Compostela, 1952) cunha pequena introducción na que se relata a súa xénese. Está estruturada en dezasete capítulos. Cada un deles ofrece un pequeno resumo do que imos ler, narra a viaxe iniciática do protagonista á procura do saber dende a súa aldea ata novas terras nas que vai descubrir outras maneiras de vivir, de xeito que cando volte á súa terra xa non será o mesmo rapaz que a deixou.

Referencias varias:

S. C., "Santos Cabana saca á luz 'Contos para ler chovendo'", *O Correo Galego*, 21 maio 1997, p. 50. Anúnciase a presentación do libro na Galería Sargadelos de Santiago e a nómina dos participantes no acto: o escritor Xosé Agrelo Herme e o profesor Manuel Quintáns. Menciónase que o libro desenvolve a viaxe do protagonista por un mundo imaxinario europeo e salientase que o dominio da lingua e a suavidade da narración valeulle a este escritor o segundo premio da XIX edición do Modesto R. Figueiredo e o segundo premio do I Certame de Poesía da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellá 1997.

S. C., "Santos Cabana presentou 'Conto para ler chovendo'", *O Correo Galego*, 23 maio 1997, p. 34.



Crónica do acto de presentación de *Conto para ler chovendo*. Saliéntase que o escritor Santos Cabana describiu a súa traxectoria literaria e que o coordinador da editorial Toxosoutos, Xosé Agrelo Hermo, referiuse ó rexurdimento da Colección Nume de poesía. Ademais estivo presente neste acto o profesor Manuel Quintáns que cualificou o libro de “literatura sinxela, cun galego vivo, un galego falado elevado á categoría de literario”.



Silva, Xosé Antonio, *Marusía*, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 20, 1997, 166 pp. (ISBN: 84-7680-245-5).

Por medio dun narrador omnisciente, Xosé Antonio Silva (Santiago de Compostela, 1938-Bertamiráns, 1997), desvélanos nesta novela a crúa e difícil vida das xentes da ficticia vida mariñeira de Porto Louro. Xentes, que na súa meirande parte se ven na obriga de enfrontarse ás inclemencias do mar para poder subsistir, e que agora se ven afectadas por un novo mal, a droga. Serafín Liste, un mozo mariñeiro drogadicto, rachará unha das lanchas de salvamento do barco de Aurelio Liaño coa finalidade de obte-la morfina que saciaría a súa adicción. Ó pouco tempo no medio dunha marusía o dono da embarcación non podería facer uso desa lancha para salva-la súa vida, polo que unha persoa próxima decide darlle morte ó drogadicto, xurando o pai deste, Fuco Liste, vinganza contra toda a vila. O encargado de revolver este crime será o cabo Moscoso, que pouco a pouco irá descubriendo a actividade doutras persoas da vila no mundo da droga e noutros negocios ilícitos. Todos eles pagarán polo mal feito, exceptuando a persoa que asasinou a Serafín, xa que ó cabo levado polos seus ideais, culpou da súa autoría a alguén polo que xa non había nada que facer.

Recensións:

-Xavier Castro R., "Crónica de xentes do mar", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 10 agosto 1997, p. VII.



Aporta diversos comentarios sobre esta novela de Xosé Antonio Silva. Sinala que o mundo do mar, motivo básico e recorrente, e a vida na terra neses espacios conforman as liñas dunha obra, onde a marusía reaparece en cada momento cunha especial carga sentimental e poética.

Referencias varias:

-Antón Mascato, “Marusía’/’Marusía’, a derradeira novela de Xosé Antonio Silva”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 24 maio 1997, p. 45/p. 61. Breve comentario sobre a derradeira novela do piloto e xornalista compostelán Xosé Antonio Silva. *Marusía* é, segundo Antonio Mascato, “a forza do mar desatada, as ondas sublevadas, o arrebatado da maré entolecida; as gaivotas en terra e os homes no mar, que ninguén paga por patelas sen peixe”. Trátase, en palabras do articulista, dunha novela na que a acción está localizada nunha vila marítima de Galicia e comeza “cun naufraxio no que perden a vida moitos dos tripulantes do barco”.

-Anxo Tarrío Varela, “José Antonio Siva”, 26 maio 1997, p. 3. O articulista utiliza un ton marcadamente elexíaco para se dirixir ó autor José Antonio Silva, recentemente falecido. En medio da expresión da tristeza Anxo Tarrío alude a *Marusía* como a novela na que o escritor deixou “eternizada” “a ría que máis quixeches”.



Souto, Xurxo, *Fumareu*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ferros, nº 12, 1997, 129 pp. (ISBN: 84-8302-079-3).

Esta obra de Xurxo Souto (Lugo, 1966) encabézase cun “Manifesto urxente” e vai seguida de 13 “Estalos” a xeito de capítulos. No manifesto dise que “hai que vivir con orgullo porque o orgullo e a dignidade son o único navío para zafar vogando neste inmenso fumareu”. No cuarto estalo: “Porque o bravú é iso, unha escusa para armar historias poderosas nestes días tristes de novos caciques”. E no noveno: “O bravú é sobre todo unha escusa para contar historias poderosas”. Así o proclama o seu principal proverbio: “vivimos no cu do mundo pero temos bravura para tronzar o universo todo”. Afirmacións sobre a literatura bravú que enlazan historias entre a reportaxe e o relato curto, case todas con persoas vistas como personaxes épicos. É o caso de Tomás das Quingostas, o ladrón da Raia, azoute de poderosos, curas e caciques. O dos galegos de Celanova que fixeron unha colonia nas minas de carbón de Virxinia Oeste, etc. Hai varias historias sobre o reino do mar, como a de Porkupine, a montaña no mar, e o mariñeiro Serafín Mourelle.



Recensións:

Xosé M. Eiré, “Para sermos nós mesmos”, *A Nosa Terra*, nº 790, “Guieiro cultural”, 7 agosto 1997, 24. Comeza loando a colección “Ferros” polo seu elevado propósito de ser espazo reservado ás novas voces e os seus contidos e formas. Refírese, ademais, á política cultural da Xunta en termos de “terrorismo cultural”, “caciquismo de parvulario” e di que Xurxo Souto xa berrara contra toda esta “repugnancia” dende *A tralla e a arrouxada* (1995), obra da que repasa algúns aspectos temáticos e estilísticos. No tocante a *Fumareu*, sinala un certo carácter continuísta respecto ó anterior volume. Resalta a importancia da oralidade e da expresión lúdica que o contraponía ós homes de Nós e fai fincapé na estética bravú que preside os procesos de elección léxica. Finalmente, refírese ó feito de que tanto a Galicia mariñeira coma a interior sexan atendidas en *Fumareu*.

Referencias varias:

-B. M., “As épicas mariñeiras apaixóanme”, *La Voz de Galicia*, 26 xuño 1997, p. 36. Con motivo da presentación da obra *Fumareu*, o seu propio autor, Xurxo Souto, conta algunhas historias das que aparecen nela, que define como “historias reais”, recollidas nas diferentes viaxes co seu grupo de música, Os diplomáticos de Monte Alto. De seguido comenta cal é a súa intención nesta obra e os autores ós que admira.



Taibo, Nacho, *A ponliña irlandesa*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa, abril 1997, 427 pp. (ISBN: 84-7492-840-0). 

Esta novela de Nacho Taibo (Madrid, 1949) segue a estrutura dun caderno de navegación dividido en once apartados que inclúen no seu interior varios capítulos. O autor propón ó comezo da obra nove posibles títulos alternativos ó escollido. Mediante a narración en primeira persoa cóntase a historia do Barco Arroaz, que pretende converterse no restaurante máis caro do mundo. O capitán do barco viaxa polo mundo tras dun manuscrito duns poemas de Douglas Hyde, primeiro presidente da República de Irlanda no ano 1926, e sobre todo tras de Columba, unha relixiosa a quen lle foi dedicado o libro deste irlandés. A historia desenvólvese en diferentes escenarios e descríbese o contraste entre as diferentes culturas das que o referente será sempre Galicia, como teima e como destino último.



Toro, Suso de, *Calzados Lola (O dano e a absolución)*, Premio Blanco Amor de Novela 1997, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1977, 327 pp. (ISBN: 84-8302-175-7).

Presentada pola editorial como unha “novela atlántica”, o tema de fondo das historias entrecruzadas de *Calzados Lola* é a familia. Na novela, os personaxes descubren quen son cando coñecen a historia das súas familias e este descubrimento permítelles afrontar as súas vidas cunha serenidade que non tiñan ata o momento. Temas do fondo da novela son o amor-odio á terra natal, a oposición aldea-cidade que transcorre paralela á de periferia-centro, o poder dos cartos, a ingobernabilidade dos sentimentos ou o poder curativo do amor. Detrás da historia dunha pequena saga familiar Suso de Toro (Santiago, 1956) ofrece unha reflexión sobre o ser galego, extensible tamén ó ser humano en xeral.

Recensións:

-A. C. M., “A magnitude da traxedia cotiá”, *El Mundo*, “Biblioteca”, 14 decembro 1997, p. 7. Fai o articulista varias referencias ás obras de Suso de Toro, centrándose na súa última entrega, *Calzados Lola*, coa que acadou o Premio “Blanco-Amor” de narrativa. Afirmar que se trata dunha novela de intriga escrita con precisión e minuciosidade algo “farragosa”, pero que amosa unha vez máis, o innegable talento do autor para dotar de dimensións de traxedia clásica o cotián.



Xosé M. Eiré, “Dous pasos atrás, tamén”, *A Nosa Terra*, nº 809, “Guieiro Cultural”, 18 decembro 1997,

41. Refírese nun principio a certas diferencias ou semellanzas que ten *Calzados Lola* con outras das súas obras, pasando logo a comentar todos aqueles elementos que lle chaman a atención da novela recentemente publicada. Considera o articulista que nela a dosificación do suspense e logo o mantemento da gradación climática están moi ben logrados, aínda que se lle nota que nun principio foi concebida como un proxecto de guión cinematográfico. Salienta ademais, que as voces narrativas están ben ensambladas pero que a lectura é dificultosa pola torpeza estilística, que moitas veces torna incomprensible o texto.

-F. Martínez Bouzas, “As aforas de Calzados Lola”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 190, 18 decembro 1997, p. 6. Comenta diversos aspectos da actitude de Suso de Toro nos últimos anos e o seu comportamento respecto ós concursos literarios, tras recibir dun modo “encabuxado” o Premio Blanco-Amor por *Calzados Lola*. Trátase dunha “excelente novela longa” que conta unha historia chea de “gordura” pero que, en opinión de Martínez Bouzas, non é capaz de facer esquecer aquela literatura experimental e fragmentaria do anterior Suso de Toro.

Referencias varias:

-C. R., “Calzados Lola’, la primera novela de personajes y sentimientos de Suso de Toro”/“Suso de Toro escribe a súa primeira novela de personaxes e sentimentos”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 28 novembro 1997, p. 15/p. 35.



Segundo o propio autor “a diferenza das anteriores ocasións traballei os personaxes, a súa psicoloxía e evolución ó longo da novela centrándome na súa historia persoal”. Compara esta novela con obras anteriores de Suso de Toro como *Ambulancia* ou *Land Rover* e céntrase nas orixes de *Calzados Lola*, obra que “naceu como guión para unha película”. A continuación, o articulista comenta brevemente o argumento da obra e remata o artigo cunha alusión ó xurado do premio Blanco Amor que tivo en conta “a complexa e profunda estruturación da psicoloxía dos personaxes, a dosificación da intriga e ensamblaxe das secuencias e por último o áxil tratamento do diálogo e da voz narrativa”.

-J. B. Salgueiro, “Suso de Toro: ‘Tengo muy claro que los lectores defenderán mi novela’”, *Faro de Vigo*, 28 novembro 1997, p. 48. Ofrecese un breve esquema argumental da obra e afírmase que se trata dunha “novela extensa de tramas cruzadas, donde la acción y el suspense se combina con la búsqueda hacia la reconstrucción de la identidad personal”. Por último, faise unha breve historia do premio Blanco Amor, creado no ano 1981, e cítanse algunhas das publicacións anteriores do autor: *Polaroid* (1986), *Land Rover* (1988), *Caixón desastre* (1991), *Tic-tac* (1993), *A sombra cazadora* (1994) e *Unha rosa é unha rosa* (1996).



VV. AA., *Treze*, I Concurso de relatos da Costa da Morte, prólogo de Manuel Rivas, ilust. Francisco Souto, Costa da Morte: Institutos de Baio, Cee, Ponteceso e Vimianzo, 1997, 73 pp. (D. L: C-722-1997). Ž

Monllo de relatos presentados ó premio convocado polos catro institutos da Costa da Morte: Agra de Raíces, de Cee, Vimianzo, Ponteceso e Maximino Romero de Lema, de Baio, co que estas institucións pretenden contribuír, apoiando os novos valores, á particular eclosión literaria que se está a vivir hogano nesa área xeográfica. Neste senso a vencedora xa conseguiu edita-lo seu primeiro poemario na colección “Letras de cal”, editada pola A. C. Amaía. O volume conta cun limiar de Manuel Rivas, onde agradece a iniciativa dos catro centros educativos, que dispuxeron da colaboración económica de Nerie e dunha decena de concellos da zona e de Caixa Galicia. As narracións, que van precedidas de cadanseu parágrafo introductorio, son as seguintes:

-María Lado Lariño (1º premio), “Café e cigarros”, pp. 9-11. Fai unha serie de reflexións vitais tomando como pretexto o café o os cigarros.

-Soledad Vidal (2º premio), “O xograr namorado”, pp. 13-17. Conta a historia dun psicópata asasino que se cre xograr e que está internado nun psiquiátrico.

-David Iglesias González (3º premio), “A derradeira partida”, pp. 19-26.



Conta a historia dun rapaz, que levaba unha existencia gris e que consegue preservala felicidade dunha familia ó salvarlle a vida a un dos fillos malia morrer el a cambio.

Accésits:

-Begoña Álvarez Calo, “Antía”, pp. 29-35. Antía tira do mundo das drogas a un compañeiro de clase do que estaba namorada.

-Marcelino Cambeiro Trillo, “Biografía dun real”, pp. 37-39. Radiografía da Galicia de posguerra dende a perspectiva dunha moeda.

Rocío Leiro Castro, “Canción de amor”, pp. 41-43.
Narración intimista dunha ruptura sentimental.

Rocío Leiro Castro, “Chuvia de abril”, pp. 45-49. Conto que xira ó redor da soidade e miseria dun vagabundo.

-Martina Pereira Ameijeiras, pp. 51-52. Ofrecenos unha das visións crueis e dolorosas do mar: a morte nos naufraxios.

-Berta Rojo, “Suicidio”, p. 55. Reflexións sobre o suicidio sen ningún tipo de condicionamentos morais.



-María Romero Valiña, “Orfos da terra”, pp. 57-60. Relátase a historia dun emigrante que está pasando unha tempada en Galicia. Recibe unha carta da Xunta que o conmina a voltar á Arxentina mais el non quere retornar.

Mónica Touriñán Pena, “Unha confusión de palabras por unha confusión de rapaza”, pp. 63-66. Describe as sensacións producidas pola música, a borracheira, un abrazo...

Mónica Touriñán Pena, “O jrito”, p. 69. Mónica Touriñán medita sobre o alienante das actuais diversións nocturnas de masas.

Mónica Touriñán Pena, “Encende o meu lume”, pp. 71-72. Trata do amor cortado pola morte.



VV. AA., *Premio de relato e poesía da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións

Xerais de Galicia, inverno 1997, 131 pp. (ISBN: 84-8302-199-4).

Neste volume recóllense premios de relato e poesía da Universidade de Vigo no 1997. Os correspondentes á modalidade de narrativa son os seguintes:

-César A. López Cisneros (1º premio de relato curto), “Tirant”, pp. 11-26. Baseado na materia de Bretaña, está protagonizado por Titant le noir que anda á busca de aventuras cun servidor, que é o que narra a historia. Por outra banda preséntase de xeito dislocado por canto este cabaleiro actúa e concibe o mundo coma na Idade Media mais desenvólvese na actualidade, cos adiantos técnicos e cos cambios culturais de hoxe en día.

-Xosé M. Mera Iglesia, (1º accésit de relato curto), “Polígono”, pp. 29-41. Reprodúcense varias escenas ocorridas en distintas estancias dun edificio. Pequenas anécdotas dunha marcada temática crítica: a emigración, as diferencias de clase, as repetidas conversas do elevador e ata a forma máis conveniente de mata-lo porco.

-Anxo Conde (2º accésit de relato curto), “Os encarapuchados”, pp. 45-53. Andrés, un rico empresario, nárralle os delirios que sofre ó seu psicólogo: conta cómo un grupo de encarapuchados o secuestran e lle rouban tódolos cartos e despois celébrano na súa propia vivenda. Ó final o psicólogo recoméndalle rebaixa-las doses de cocaína pois estas sumadas ás



tensións sofridas polos sucesivas peticións de melloras laborais dos seus traballadores, vano acabar toleándoo.

-Bernardo Alonso Álvarez (mención especial relato curto), “Xa está”, pp. 57-64. Monólogo interior en que un home machista e sen escrúpulos lamentase da súa sorte pois está no cárcere por asasinar a un seu amigo que se deitaba coa súa muller.

-Virxilio Rodríguez Vázquez (mención especial relato curto), “Labirinto”, pp. 65-77. Neste relato o narrador-protagonista presenta a cidade como un caos, como un labirinto no que é difícil chegar a onde se quere.

-Mónica Paula Abal Pérez (mención especial relato curto), “Os beizos de xudas”, pp. 81-91. Un narrador omnisciente en terceira persoa conta a historia de dous amigos, Tadeo e Arturo. O primeiro escribe un relato para presentarse a un premio, mais tras amosarllo ó seu amigo desaparecéelle e por iso non o pode enviar. Ó final descobre, que o seu relato sae gañador e que consta como autor o seu “amigo” Arturo Silva.



VV. AA., *Premios Pedrón de Ouro. Certame Nacional Galego de Narracións breves “Modesto R. Figueiredo” Fundación do Pedrón de Ouro. Certames XX (1994) e XXI (1995)*, prólogo de Gustavo Santiago Valencia, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Narrativa, 1997, 157 pp. (ISBN: 84-7492-845-1).

Ábrese esta edición cunha presentación titulada “A modo de pórtico” na que Gustavo Santiago Valencia presenta o volume que recolle os relatos galardoados nos certames de 1994 e 1995. De seguido, aparecen os autores premiados no vixésimo certame destes premios, celebrado en 1994: Manoel Riveiro Loureiro, Xoán Ignacio Taibo Arias e Xesús Manuel Marcos López. Correspondentes a esta edición do certame, recóllense tamén nesta primeira parte do volume a homilía pronunciada por Alfonso Blanco Torrado (pp. 61-63) na entrega dos premios, o discurso de entrega, a cargo de Salvador García-Bodaño (pp. 65-71) e a resposta de agradecemento do receptor do “Pedrón de Ouro”, o poeta Manuel María (pp. 73-74). O “Pedrón de Honra” nesta edición recaeu no profesor británico, Catedrático de Estudos Galegos da Universidade de Birmingham, David Mackenzie.

-Manoel Riveiro Loureiro, “O Coxo da Gamboa”, pp. 11-21. Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933) constrúe un diálogo no que só escoitámo-la voz do coxo, que conta as súas lembranzas da Guerra da Independencia e, en concreto, da figura do Abade do Couto, Mauricio Troncoso.



-Xoán Ignacio Taibo Arias, “Don Ninguén”, pp. 23-53. Longo relato dividido en sete apartados que inclúe ó final unha pequena bibliografía. Nel, Xoán Ignacio Taibo (Madrid, 1949) coloca unha voz feminina en primeira persoa que recorda os feitos que viviu, no que vén sendo unha nova fabulación da Odissea homérica. Odisseís ou “Don Ninguén” é o extraviado da súa patria que chega ás costas onde vive a voz protagonista.

-Xesús Manuel Marcos, “Aliados Solitarios”, pp. 55-59. Xesús Manuel Marcos (Seoane do Courel, 1967) recrea o funeral pola morte dunha muller, Amalia, na que un personaxe chamado Braulio pasea a súa ollada polo seu amigo Alexandre e polos recordos que garda del xunto a Amalia a través das distintas estacións do ano.

Na vixésimo primeira edición dos premios, celebrada no 1995, os autores galardoados foron Antón Riveiro Coello, Inmaculada López Silva e Francisco Vidal Blanco. O volume remata co discurso “Na beira do grande mar” (pp. 149-157), no que X. A. Gómez Segade, despois de varios agradecementos, fai unha descrición das obras premiadas.

Antón Riveiro Coello, “Bruca Manigua”, pp. 79-86. Antón Riveiro Coello (Xinzo de Limia, 1964) presenta o relato do diluvio no que afogan en terras americanas Camagüita e Oswaldo, abrazados, felices e resignados, cantando mentres as augas os van cubrindo.

Antón Riveiro Coello, “A morte esquencida”, pp. 87-106.



Historia de Pedro, un home ó que lle falla todo na vida e decide contratar a unha persoa que o mate.

-Inmaculada López Silva, “Fondo gris sobre galo negro”, pp. 107-132. Inmaculada López (Santiago de Compostela, 1979) presenta un cadro existencialista, dubitativo, entre soño e realidade, de dous personaxes, Caren e Frank Lang.

-Francisco Vidal Blanco, “As voces da conciencia”, pp. 133-148. Neste relato de Francisco Vidal (Palmeira, 1957), Rosaura, muller nova de mariñeiro, debe soporta-lo ambiente de murmuración que se crea ó seu redor cando o home está no mar.



VV. AA., *Colexio Maior Fonseca, Premios de poesía e narrativa 1995 e 1996*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1997, 66 pp. (D. L: C-227-1997).

Volume que recolle as composicións premiadas nos certames organizados polo Colexio Maior Fonseca, correspondentes ós anos 1995 e 1996. No apartado de narrativa inclúense os seguintes relatos:

-Xosé Luis González Sende (Sechu Sende) (1º premio, 1995), “Confesión de Ignacio Negro ou a epidemia de silencio”, pp. 21-29. Confesión dun químico e investigador, aqueixado dunha enfermidade que o priva da fala. Nela explica como cometeu unha chea de asasinatos cun experimento destinado a cura-lo seu cerebro. No final da confesión informa da súa decisión de suicidarse.

-María Caamaño Rojo (2º premio, 1995), “Lixo branco”, pp. 31-35. Un personaxe feminino reflexiona no cárcere sobre os motivos da súa condena e recorda con angustia o asasinato do seu propio fillo. O seu recordo remata co propio aforcamento.

-Pablo Rey Tristán (1º premio, 1996), “Néboa”, pp. 49-53. O conductor dun autobús que transporta a trinta rapaces en excursión de fin de curso sofre un accidente motivado pola néboa e pola misteriosa aparición da imaxe dunha virxe reflectida no



cristal. Ó hospital onde xace, como único sobrevivinte da traxedia, acode unha xornalista que o fire coas súas preguntas. A nai, que o acompaña en todo momento, nun acto de rabia e de dor acaba asasinándoa.

-María Castelo Lestón (2º premio, 1996), “¿Chove María?”, pp. 55-66. Relato formado por pequenas secuencias independentes entre si. “Verbas adoecidas” narra a convulsiva morte dun mozo; “¿Chove María?” preséntanos un monólogo que acaba co suicidio; “Botas vaqueiras” narra o relato dunha trepidante xornada de traballo dunha xornalista; “Lembro” describe os recordos da infancia dunha personaxe feminina; “Impresionista” inclúe tres semblanzas fugaces: a dunha aula momentos antes da clase, a da chegada da primavera na cidade de Santiago e unha escena dunha nai co seu fillo no parque; finalmente, “Eva xa ten vinte anos” narra a historia dunha moza que pretende que o seu aniversario pase desapercibido.



Valadé del Río, Emilio, *A pedra Bezoar*, A Coruña: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 93, agosto 1997, 160 pp. (ISBN: 84-89896-04-6).

Trátase dunha historia de Emilio Valadé del Río (Alozaina, Málaga, 1941) ubicada no Lugo de 1998. Ademais da cidade amurallada, os feitos desenvólvense no utópico lugar de Xestal do Río Miño. Alí, Fina e Sindo, personaxes principais, rompen a súa relación de noivos guindando ó Miño un anel no que vai engastada unha pedra bezoar. Como consecuencia disto, pero sen que ninguén o advirta, secará o río. O relato técese coa historia de todo o que acontecerá a partir de aquí, contada a Sindo, estudante en Santiago, por un amigo de Lugo. As ambicións do alcalde de Xestal para promocionarse, as especulacións duns e os disparates doutros, etc. Polas páxinas de *A pedra Bezoar* desfilan entidades, personaxes, etc., ás veces claramente identificables na realidade, satirizados sen compaixón. Situacións e actitudes que remiten directamente á identidade política e cultural de Galicia.



Valcárcel, Xesús Manuel, *Os ollos da sentinela*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, nº 147, 1997, 180 pp. (ISBN: 84-8288-110-8).

Nos catorce relatos que conforman o libro, Xesús Manuel Valcárcel (Lugo, 1955) incide na interioridade humana para configurar un mostrario de paixóns e sentimentos encamiñados de xeitos diversos. A crueldade, a inocencia, o amor ou odio danse cita arredor dunha serie de elementos recorrentes como son os anxeios de vinganza ou a presenza da infancia manifestada xa sexa na súa evocación, xa na curta idade da maioría dos protagonistas. Co mundo rural como espacio predominante e fundamentalmente narrados dende a primeira persoa (protagonista ou testemuña), abundan os relatos de clímax impactante, nalgúns dos cales non falta o humor, o lirismo ou a compoñente máxica.

Recensións:

-Luis Pousa, "Xesús Valcárcel regresa á narración curta en "Os ollos da sentinela", *El Ideal Gallego*, 11 xuño 1997, p. 36. Logo de seren repasados os títulos de Xesús Manuel Valcárcel, sinálase que *Os ollos da sentinela* segue a ser fiel ó estilo das obras anteriores e destácase a presenza dun forte contraste entre o mundo rural e o urbano, dicotomía que segundo se afirma "non acaba de ser resolta e segue a marca-la literatura desta década como o fixo na anterior". Conclúe referíndose á lucidez dunha escrita sinxela na que se



intercalan toques de humorismo con remates sorprendentes e considerando que esta obra é un novo indicio da boa saúde da narración curta en galego.

-Dolores Vilavedra, “Relatos implacables, para o desacougo”, *Tempos Novos*, nº 3, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo/agosto, 1997, p. 83. Salienta as principais claves temáticas dos relatos que conforman o volume: o onirismo adobiado de pinceladas costumistas e o lirismo matizado con “pingas de fantasía e areas de humor”. Refírese despois ós personaxes que habitan os relatos, “seres desnortados que habitan paisaxes venteadas, ermos, areais, montes desolados”. Sinala tamén que o autor demostra o dominio no xénero breve e mantén unha ollada “implacable. Como a vida mesma”.

-F. Martínez Bouzas, “Libro das vinganzas”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 172, 14 agosto 1997, p. 9. Considera a Xesús M. Valcárcel como “un verdadeiro mestre”, posuidor dunha escrita que resoa ós clásicos. Apréciase en *Os ollos da sentinela* máis sutilidade e agudeza que nas anteriores obras do autor, refírese á atmosfera superrealista de tres dos relatos e, polo tratamento das paixóns, define esta obra como “o gran libro galego das vinganzas”. Conclúe referíndose ó dominio da lingua e ó clímax que sobrevén mentres que a penas acontece nada.

-Susana Fernández de Gabriel, “*Os ollos da sentinela*, de Xesús Manuel Valcárcel”, *Galicien Magazin*, nº 4, outubro 1997, pp. 30-31. Saliéntase que a través dos catorce relatos que conforman este libro convídase ó lector a facer un percorrido por distintas paraxes do mundo interior da mente humana, dos instintos máis primarios e algúns conflitos sociais. A sociedade rural pechada contra o influxo exterior tamén ten cabida nalgúns dos relatos, así como o mundo literario das lendas e os contos fantásticos. En definitiva, trátase,



segundo a recensionista, dunha colección de relatos á altura dos anteriores publicados polo mesmo autor.

-Xavier Castro R., “As paixóns do ser humano”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 2 novembro 1997, p. VII. Cita algúns trazos definitorios da obra de Xesús Manuel Valcárcel (incursión no individuo, dimensión cara á negatividade, actitudes primarias dos personaxes, etc.), e destaca o dominio da linguaxe. No tocante a *Os ollos da sentinela*, subliña a recreación dun mundo rural que implica espazos cómplices das tristuras, horrores e lembranzas. Conclúe sinalando como claves máis significativas a recreación de elementos rescatados da tradición universal, a vontade dun estilo cativador e a procura das marcas de identidade do ser humano.

Referencias varias:

-AGN, “Xesús Manuel Valcárcel presentó en Santiago su último libro “Os ollos da sentinela”, *Diario de Pontevedra*, 28 maio 1997, p. 24. Crónica do acto de presentación deste libro de relatos ó que asistiron, entre outros, Carlos Casares e Damián Villalaín. Apúntase que nos catorce relatos que compoñen o libro se mestura o tema da ignorancia e da crueldade xunto á fantasía e ó humor.

-C. Castromil, “Valcárcel volve á narrativa tras dous anos de paréntese cos relatos de ‘Os ollos da sentinela’/“Xesús M. Valcárcel regresa á narrativa cos relatos de ‘Os ollos da sentinela”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 maio 1997, p. 43/p. 14. Infórmase da presentación deste libro de relatos. O autor sinalou que a súa pretensión foi entreter ó lector con estas narracións, unidas polo fío común do humor, o imaxinario galego e a fantasía.



Equiparounos cos de Ánxel Fole ou E. A. Poe pola presenza da compoñente fantástica e destacou que se a poesía lle parece “a arte máis atractiva” aínda que se sente tamén cómodo na narrativa, “un lugar ideal para compartir e divertir”.

-L. V., “Escribo para divertir e compartir”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 121, 24 xuño 1997, p. 6. Recolle a opinión do autor acerca da súa preferencia polo conto fronte á novela, a súa intención de escribir para “divertir e compartir” e o seu gusto polas narracións de aventuras, suspense, misterio e terror. Xesús Manuel Valcárcel define a obra como “un libro de relatos de humor e de terror”, unha mestura orixinal. Finalmente, refírese ó sentimentalismo, tema da triloxía da que forman parte *Animal Sentimental* (1997) e *Dialéctica Sentimental* (1997).

-Xavier Carro, “Nubosidade variable e libros”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 6 agosto 1997, p. 68. Ver Xosé Fernández Ferreiro, *Co medo nas mans*, nestas páxinas.



Varela, Xosé Manuel e Rafa **Villar** (coords.), *Rumbo ás illas. Escritores da Costa da Morte nas Sisargas*, prólogo de Paco Souto, Ponteceso-A Coruña: Asociación Cultural Monte Branco, maio 1997, 86 pp. (D. L: C-873-97).

Volume que recolle cincuenta e dous textos narrativos e poéticos e que se abre cun breve prólogo no que Paco Souto reflexiona sobre a natureza da palabra. Os relatos incluídos no libro glósanse a seguir:

-Marilar Aleixandre, "Nunha noite así", p. 13. Neste relato de Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) varias persoas desprázanse a diversos lugares para ver, dende diferentes perspectivas, un cometa. Ó final alguén prende lume no monte, formándose unha nube de fume que impide a visión. Cobra así sentido a advertencia da narradora: "desconfiade das noites claras. Gardádevos de abril".

-Xurxo Borrazás, "Graceland", pp. 21-23. Realízase nesta narración de Xurxo Borrazás (Carballo, 1963) un retrato de Francisco Cabreiro, un mozo vigués que, namorado de Brigitte Bardot, e sen demasiadas expectativas reais, soña con ser unha estrela do *rock'n'roll*.

-José Alberte Corral Iglesias, "César", pp. 32-33.



Neste relato de José Alberte Corral (A Coruña, 1946), o narrador relata cómo xunto cun amigo foi apañar cogomelos e se lles abriu unha mámoa da que saíu un home loiro de longa cabeleira e gran barba. Logo de os ameazar con convertelos en carballeira, desiste cando o amigo vence nunha partida de xadrez.

-Francisco Xabier Varela, “Tdi (fragmento)”, pp. 82-83. Reprodúcese o diálogo entre un cliente e un vendedor de coches, que en desacordo co prezo, lévaos a regatear.

-Digna Río Abelenda, “O Solitario”, p. 71. Lembranza do “Solitario”, un home que a causa dun amor non correspondido “foi morrendo por entregas ata atopar a súa vocación de solitario”.

-Teresa Seara, “Cartografía”, pp. 73-75. Evoca a narradora a súa infancia na Costa da Morte, as casas nas que viviu, así como o mar, noutrora salvaxe, e que a separou para sempre do seu pai, mar que hoxe é sereno na cidade na que vive.

-Milucho Suárez Jiménez, “As personaxes preferidas”, pp. 77-78. Relato que ten como protagonista a Lois, un “antiheroe” rebelde que di falar con Deus e mesmo chegou a facerlle unha substitución por vacacións, inda que acabou dimitindo ante a dureza de tal cometido.



-César C. Morán, “De costas ao río”, pp. 52-54. O protagonista deste relato de César C. Morán (Toral de los Vados, León, 1954) sae a correr ó longo do río e mentres realiza este percorrido reflexiona sobre o deterioro dos recursos naturais dun país que, di, vive “de costas á súa propia riqueza natural, de costas a si mesmo”.

-José Antonio Pet Posse, “O muíño da Saímia”, pp. 60-63. Evocación dende a distancia da paisaxe do río Anllóns e concretamente do muíño da Saímia, do que se di que acolleu non hai moito intensas partidas de cartas. José Antonio Pet Posse (Ponteceso, 1941) relata así o enfrontamento entre dous xogadores.

-Susana Pose Porto, “A espera”, pp. 66-67. Relátase a conversa entre tres homes nos momentos previos ó asalto a un banco.



Vidal, Francisco Antonio, *Ollos de anxo da morte*, Premio de Novela “Concello de Vilalba”, ilust. Eduardo Martínez “Chelín”, Noia: Editorial Toxosoutos, col. Nume, 1997, 135 pp. (ISBN: 84-89129-34-7).

Nesta obra Francisco Antonio Vidal (Palmeira, Ribeira, 1957) recrea, en vinteito capítulos breves, a historia da construción dunha central hidroeléctrica en Santa Comba do Tumia, unha vila da Baixa Limia. Un bo día, coñécese a noticia de que van facer unha “fábrica de luz” e os veciños manifestan as súas posturas a favor ou en contra do citado acontecemento. A maioría deles opóñense á construción da central e organizan reunións clandestinas na barbería de don Sixto. Sen embargo e a pesar das continuas presións dos habitantes da vila, a obra chega ó seu término despois de tres anos de duras negociacións e expropiacións. Ó final da obra, os veciños comprobán cómo despois de abri-la presa as augas fan desaparecer-las rúas e as casas da súa antiga vila. Na súa opinión, as flores de Ollos de Anxo da Morte, que apareceron de súpeto e a destempo, eran un presaxio dalgunha desgracia inmediata para os habitantes da vila.



Villalta, Luísa, *Teoría de xogos*, A Coruña: Laiovento, col. Narrativa, nº 99, 1997, 99 pp. (ISBN: 84-89896-14-3).

Despois de publicar en 1991 *Silencio, ensaiamos* (1991) retorna Luísa Villalta (A Coruña, 1957) cunha nova entrega narrativa, *Teoría de xogos*. Divídese o libro en tres partes: “A teoría”, “Os xogadores” e “O xogo”. Na primeira delas expón de forma abstracta cáles son os camiños polos que se van move-los personaxes da novela, que van ser presentados na segunda parte. Na última prodúcese a acción, tal como se fose unha obra de teatro, os personaxes comezan a actuar. Cóntasenos en primeira persoa por unha das protagonistas a historia dun desengano sufrido no pasado nunha historia na que se tenta mostra-la verdade da vida, a vida como xogo, no que se participa inexorablemente, movendo ficha cando toca, atendendo á fortuna e con trampas e traizóns, como un simple xogo de cartas.





I.2. Reedicións comentadas e facsímiles

I. Narrativa

I. 2. Reedicións comentadas e facsímiles



Carvalho Calero, Ricardo, *A gente da Barreira*, edición de María Pilar García Negro, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 50, 1997, 204 pp. (ISBN: 84-89679-55-X). •

O presente volume inclúe a reedición da obra de Ricardo Carvalho Calero (1910-1990) *A gente da Barreira* (1949), unha novela histórica que abrangue o período que vai dende a guerra contra os franceses ata fins do século XIX e comezos do XX. Por medio dunha ampla síntese informativa, relata en 19 capítulos a historia da Casa da Barreira como metáfora da historia do país: a agonía da fidalguía, a entrada do capitalismo, a desamortización e toda unha serie de arquetipos da sociedade galega da época. A seguir, recolle unha antoloxía teatral de Jenaro Marínhas del Valle. Pilar García Negro aclara na “Presentación” que a edición tenta responder á última vontade dos autores, cualificando a primeira obra como un traballo de autodisciplina e esperanza no futuro de recuperación da literatura galega e o teatro de Marínhas del Valle como un medio eficaz de propaganda e dignificación do idioma.



Carvalho Calero, Ricardo, *Scórpio*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 33, 1997, 333 pp. (ISBN: 84-89679-38-X). Ž

A colección “A Nosa Literatura” acolle esta novela de Ricardo Carvalho Calero (Ferrol, 1910-Santiago de Compostela, 1990) publicada por primeira vez en 1987. Trátase da historia de Rafael Martínez Pinheiro personaxe central da novela. Non fala nunca pola súa voz, nin nos cincuenta e sete capítulos da primeira parte, nin nos corenta e nove da segunda. É modulado sempre dende varias perspectivas. Dende o ambiente familiar de Ferrol, pasando polo estudiantil de Santiago e Salamanca, a Guerra en Madrid, Andalucía e Barcelona, etc. Sempre é visto cos ollos doutro personaxe. A través del pasan tamén pola novela a época do Seminario de Estudos Galegos, os tempos angustiosos da Guerra, etc.



González González, Manuel e María González González (eds.), Xesús

Rodríguez López. A cruz de salgueiro e outros relatos, limiar de Benito Varela

Jácome, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Centro de Investigacións

Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, col. Narrativa Recuperada, 1997, 320 pp.

(ISBN: 84-453-1769-5).

A presente edición ábrese cun limiar no que o profesor Benito Varela Jácome ademais de falar brevemente da narrativa en galego a finais do século XIX, fai unha análise da novela centrada no compromiso humanitario do autor, nos propósitos da obra, nas estratexias narrativas, na estrutura multiaxencial, no remate efectista, na modalización narrativa e nos contextos xeosociais. Os autores da edición explican os criterios establecidos e inclúen o brevísimos prólogo escrito por Xesús Rodríguez López no que fala dos propósitos da obra, do fin moral que deben ter as novelas e de cómo era consciente do que costaba ler en galego. A seguir inclúese a novela *A cruz de salgueiro* publicada por Xesús Rodríguez López (Lugo, 1859-1917) en 1893 na que o xogo da atracción natural entre homes e mulleres ó chocar contra a regulación social das relacións sexuais dá orixe a abundantes situacións e calamidades moi próximas ó folletín. A maior parte do relato desenvólvese fóra de Galicia, especialmente en Madrid, e presenta os amores de diferentes personaxes deténdose de cando en cando no estudio dun deles. Ademais de *A cruz de*



salgueiro, o volume engade seis breves relatos do mesmo autor agrupados baixo o epígrafe “Contos e tradicións”: “As papas”, que narra o que lle aconteceu a Farruco e ó seu tío Perucho a noite que pasaron na casa da moza coa que quería casar; “Os arangaños”, que conta os males de Agueda tratada por un curandeiro ata que foi curada por un médico de Santiago; “O Castelo do Picato”, que trata do encanto no que cría a tía Mingas; “Orballadas 1”, combate a crenza dos labregos no orballo maligno de certos animais; “Orballadas 2”, que trata dos orballos nos que se esfachica toda a sabedoría dos curandeiros; “A billarda”, onde se explica o xogo que leva este nome; “Os Bailes” e “Os Bailes no Casino”, que falan dos bailes nos que as rapazas atrapan ós rapaces; e por ultimo, “O Resucitado”, un conto sobre a historia do matrimonio formado por Estevo e Madalena e a mala vida que esta lle daba que mesmo o levou á morte.

Recensións:

-Xavier Castro R., “A cruz de salgueiro”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 25 maio 1997, p. VII. Coméntase brevemente o contido da obra e as características da colección na que se publica a mesma.

Referencias varias:

-D. P., “Manuel Regueiro presenta novas publicacións do Instituto Ramón Piñeiro”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 1997, p. 26. Infórmase sobre o acto de presentación desta edición e das *Actas do simposio de lexicografía actual: elaboración de diccionarios*, editadas pola R.A.G., que foron presentadas polo Director Xeral de Política



Lingüística, Manuel Regueiro, no Clube Internacional de Prensa de Compostela. A continuación ofrécense algúns datos sobre a colección “Narrativa recuperada”, coordinada por Modesto Hermida, que ten como obxectivo “aproximar los primeiros textos narrativos do século XIX, dispersos nas revistas da época, ó lector especializado na Historia da Literatura Galega”. Sinálase que este primeiro título recupera a novela *A cruz de salgueiro* xunto a outros textos de Rodríguez López dispersos en revistas e que conta cunha introducción de Benito Varela Jácome e cunha análise lingüística de Manuel González e María González.

-E. C., “O Centro “Ramón Piñeiro” recupera a literatura galega do século XIX”/“A cruz de salgueiro” estrea a colección de “Narrativa Recuperada”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 24 abril 1997, p. 14. Coméntase a presentación deste primeiro título da colección “Narrativa Recuperada” do Centro Ramón Piñeiro e dirixida por Modesto Hermida. No acto de presentación estiveron presentes, entre outros, o Director Xeral de Política Lingüística, Manuel Regueiro e o coordinador científico do Centro, Constantino García. Recóllense a continuación algúns comentarios valorativos sobre a obra, da que se salienta a súa riqueza léxica, “especialmente en refráns”. Finalmente, faise mención á presentación das actas do “Simposio de Lexicografía Actual: Elaboración de Dictionarios” publicadas na revista *Cadernos de Lingua*.



Valenzuela, Ramón de, *Era tempo de apandar*, limiar de Fernando Valenzuela Villaverde, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. O fardel da memoria, nº 4, 1997, 150 pp. (ISBN: 84-89138-85-0).

Reedición desta crónica biográfica de Ramón de Valenzuela Otero (Silleda, 1914-Sanxenxo, 1980), publicada por vez primeira en 1980 na editorial Akal. Nesta nova edición conta cun limiar do fillo do escritor, Fernando Valenzuela Villaverde no que recupera algunhas anécdotas do seu pai e dos amigos do seu círculo como Laxeiro, Castelao, Dieste, Arturo Cuadrado, etc, os seus faladoiros e inquedanzas comúns a prol de facer todo o necesario “para que houbera Galiza onde podía habela”. Conta tamén o proceso de redacción deste relato, que seu pai sentiu como unha lenta ledicia de irse descargando do peso da memoria, contando e recontando o que pasou, repasándoo todo para que amose o seu sentido. O relato, dividido en sete capítulos que transcorren dun xeito lineal, conta as experiencias vividas no cárcere de Ávila a raíz da guerra civil ata que chega a liberdade e a necesidade de se gañar de novo a vida entre a escaseza, a persecución, o estraperlo e o wolfram, alternando as colaboracións coa guerrilla agochada nos montes.



Recensións:

-Xan Carballa, “Ramón de Valenzuela, a historia dun sobrevivinte do campo de concentración de Silleda”, *A Nosa Terra*, nº 786, 10 xullo 1997, p. 32. Fálase de Ramón de Valenzuela, que neste relato autobiográfico percorre “un dos momentos máis importantes da resistencia antifranquista cando os alemáns de Hitler o entregan ás autoridades de Franco, e Valenzuela resiste nun campo de traballo, nas minas de wolfram de Silleda”. Refírese tamén a outro libro do autor, *Non agardei por ninguén*, obra que xunto coa anterior dan unha idea do percorrido de persecución e exilio que sufriu, dende que deserta do exército sublevado de Franco e se suma ós republicanos. Comenta tamén o “prólogo” da edición no que o fillo de Ramón Valenzuela fala da vida de seu pai durante eses anos. Finalmente, salientase o compromiso galeguista que Ramón Valenzuela mantivo coa militancia do Partido Comunista, do cal forma parte nas candidaturas de 1977. Desta etapa da súa vida tamén fala o seu fillo, Fernando Valenzuela Villaverde.

Referencias varias:

- AGN, “A Nosa Terra acaba de publicar *Era tempo de apandar* de Ramón Valenzuela”, *Diario de Pontevedra*, 25 xullo 1997, p. 27. Dáse noticia da publicación deste libro autobiográfico de Ramón Valenzuela. Infórmase tamén da recente publicación de *Imaxe do mundo en Blanco-Amor*, de Pilar Rus Gascón
- C. E., “Os tempos nos que había que apandar”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 170, 31 xullo 1997, p. 5.



Faise unha síntese do argumento da obra, das experiencias do autor en distintos cárceres durante a Guerra Civil e reproducense algúns fragmentos.

Ramón Valenzuela, “Era tempo de apandar”, *A Nosa Terra*, nº 787, “Guieiro Cultural”, 17 xullo 1997,

36. Adianto da novela autobiográfica de Ramón Valenzuela, *Era tempo de apandar*, na que se describe a estancia deste galeguista e comunista na prisión de Ávila.

-M. Blanco Rivas, “Crónica dende os cárceres franquistas”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 26, 4 outubro 1997, p. 5. Achéganos algúns datos biográficos e literarios de Ramón de Valenzuela e describe o contido do libro.





I.3. Narradores traducidos ou versionados

I. Narrativa

I. 3. Narradores traducidos ou versionados



Blixen, Karen, *Ehregard*, (*Ehregard*, 1967), trad. Xesús Araújo Arias, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Medusa, 1997, 105 pp. (ISBN: 84-7824-307 0). Ž

Karen Blixen (Rungsted, Dinamarca, 1885-1962) fainos prestar ouvidos ó que presenta como unha antiga historia contada por unha vella dama. Segundo se fai constar na introducción, os feitos narrados aconteceron hai cento vinte anos nun pequeno principado de Alemaña. A narración, ou como a denomina a autora, a “pequena sonata”, está dividida en tres partes cualificadas como “movementos”: un “preludio”, unha “pastoral” e un “rondó”. No preludio, titulado “O príncipe Lothar”, o célebre pintor e seductor Her Cazotte é requerido pola Gran Duquesa de Babenhausen para aleccionar ó príncipe Lothar na tarefa de atopar unha muller adecuada á súa posición. Unha vez anunciado o casamento, a duquesa e o pintor vense obrigados a ocultar ó pobo que a parella principesca espera un fillo previo á unión. Entramos así na “pastoral” e no período de espera da chegada do neno, Her Cazotte vai sentindo un crecente desexo de seducción pola dama de honra da princesa, Ehregard. O lector, ou ouvinte, coñece os sentimentos e inclinacións do pintor a través da relación epistolar do mesmo coa condesa Von Gasser . No “rondó” o segredo gardado corre perigo de ser revelado, sendo Ehregard quen salve a situación. O epílogo revela a feliz culminación do asunto.



Recensións:

-Elisa Lamelas, “Unha viaxe a outra beira da literatura”, *O Salnés*, nº 80, 22 decembro 1997, p. 39. Logo de nos achegar algúns datos biográficos de Karen Blixen e de apunta-lo argumento de *Ehrengard*, apunta a presenza dos temas preferidos da autora: o do “entrecruzamento da vida e a arte”, e “o intento de reconstruí-la realidade partindo dunha idea preconcebida”. Ademais refírese á estrutura de caixas chinesas e relato epistolar e ó logro de que o lector acabe transformando as liñas escritas por outro na súa propia narración.



Boothby, Guy, Robert **Barr**, Richard **Dowling**, Robert Edward **Francillon**, E. e H. **Heron**, Sir Gilbert **Campbell**, Headon **Hill** e Sir Arthur Conan **Doyle**, *Contos de detectives. Os rivais de Sherlock Holmes*, limiar de Jaureguizar, selección e traducción Equipo TrisTram, Lugo: Editorial TrisTram, col. Relatos, nº 7, 1997, 180 pp. (ISBN: 84-89377-12-X). Ž

No limiar, co título de “Sherlocklónicos”, Jaureguizar comeza referíndose á gran sona do detective Sherlock Holmes e comenta a posibilidade de situa-la súa orixe en Edgar Allan Poe e no novelista francés Gaboriau. Describe, así mesmo, a época na que agroman os relatos do xénero negro ou policial do presente libro e apunta que todos eles supeditan tódolos elementos literarios á proposta e resolución dun crime. Ademais de falar da lóxica exercida por “unha intelixencia solitaria e individualista”, sinala que, malia a irregularidade técnica, estes sete “imitadores de Conan Doyle” saben administra-la intriga e segui-las ensinanzas do seu “mestre”. Cítanse así mesmo o nome das publicacións nas que viron a luz por primeira vez cada un dos oitos relatos. Estes relatos son: “Os diamantes da duquesa de Wiltshire”, de Guy Boothby; “A pista das culleres de prata”, de Robert Barr; “A saída de Alessandro Pozzone”, de Richard Dowling; “Un crebacabezas circunstancial”, de Robert Edward Francillon; “A historia de “The Spaniards”, Hammersmith”, de E. e H. Heron; “O misterio das escaleiras de Essex”, de Sir Gilbert Campbell; “O mono intelixente”, de Headon Hill e “O tren especial perdido”, de Sir Arthur Conan Doyle.



Conrad, Joseph, *Corazón da escuridade* (*Heart of darkness*, 1902), trad. Manuel Outeiriño, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, febreiro 1997, 138 pp. (ISBN: 84-87783-42-2).

Nesta obra Joseph Conrad (Berdyczew, Ucrania, 1857-Canterbury, 1924), servíndose da súa propia experiencia de navegante no río Congo, como traballador da Sociedade Anónima do Comercio, ofrece unha visión descarnada do colonialismo europeo do século XIX e dos afáns civilizadores do comercio imperialista.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Perforar a escuridade", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 167, 10 xullo 1997, p. 9. Fai un resumo argumental desta tradución e reflexiona acerca do tratamento da aventura. Salienta a transcendencia deste título por "mergullarse nas zonas máis profundas e tenebrosas da condición humana". Louva a sensibilidade lingüística do traballo traductor de M. Outeiriño e valora positivamente a interpretación que ofrece do conxunto da obra conradiana.



Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “A escuridade do corazón”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 9 xuño 1997, p. 3. Comeza dando conta da traducción de poemas do catalán Gabriel Ferrater a cargo de Manuel Outeiriño no número 29 da revista *A Trabe de Ouro* e comenta as colaboracións anteriores de Outeiriño nesta publicación. A seguir, céntrase na versión galega do relato *Corazón da escuridade*, de Joseph Conrad, unha obra na que o traductor “achéganos coas súas palabras a ese mar de sombras (...) dos que navegan”. Resume o argumento da obra e salienta que está verquida ó galego directamente do orixinal inglés de 1902.



Doyle, Sir Artur Conan, *O mundo perdido* (*The Lost World*, 1912), trad. Luis Iglesias Rábade, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Narrativas, decembro 1997, 287 pp. (ISBN: 84-87783-47-3). Ž

Esta versión galega da novela de Artur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowbrough, Sussex, 1930) está acompañada dun apéndice, asinado por Luis Iglesias Rábade, que inclúe notas biobibliográficas do escritor escocés, unha caracterización temática da súa obra e un comentario analítico de *O mundo perdido* no que insire a novela no contexto social e científico da época. Estructurada en dezaseis capítulos titulados, esta novela de aventuras cóntanos dende o punto de vista de E. D. Malone, xornalista do *Daily Gazette*, as aventuras e incidencias que lle ocorren á expedición que el mesmo realiza, na compañía de Lord Roxton e dos profesores George E. Challenger e Summerlee, pola selva amazónica para verifica-los postulados de Challenger, maniático biólogo que afirmaba ter observado seres vivos pertencentes ó período xurásico, e que convulsionarán á comunidade científica internacional.



Frías Conde, Xavier, *As esperanzas de Abu el-Hol* (*Les esperances d'Abu el-Hol*, 1993), trad. F. Xavier Frías Conde, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 9, xaneiro 1997, 93 pp. (ISBN: 84-898114-01-5).

Céntrase este relato do escritor asturiano Xavier Frías Conde (Navia, 1955) na historia dun neno chamado Musa, fillo dun florecente comerciante do Alto Exipto. Por mor da doenza da poliomelite levaba unha vida retraída, sen coñecer a penas nada do que había alén das portas da súa casa. Mais coa chegada dunha cadeira de rodas, a súa vida dá un enorme cambio e chega así a realizar unha viaxe ó Cairo cuns amigos, onde ve as esfinxes. Alí, diante da de Abu el-Hol, déixase levar polo tempo e situáse no momento da construción das pirámides. Fala co seu arquitecto e visítala por dentro. Ó abrir os ollos, fai un xuramento, ser un digno fillo desa terra.

Referencias varias:

-F. Martínez Bouzas, "Tolerancia en Fikreia", *O Correo Galego, Revista das Letras*, nº 163, 12 xuño 1997, p. 9. Fai un resumo argumental de *As esperanzas de Abu-el-Hol* e céntrase en describi-lo ambiente e os personaxes. Salienta a "clara lectura" desta novela, así como a presentación de diversas culturas na mesma e valora negativamente o final da obra.



Genlis, Madame de, *Inés de Castro* (*Inès de Castro*, 1826), trad. François Davó e Dulce María Fernández Graña, A Coruña: Espiral Maior, col. Narrativa, nº 12, decembro 1997, 110 pp. (ISBN. 84-89814-35-X). Ž

Madame de Genlis (Stephanie Felicité Ducrest de Saint-Aubin, Autun 1746-1830) recrea nesta novela a historia de amor e morte protagonizada por Inés de Castro. Trata da súa infancia e xuventude a cargo da súa avoa Melinda e o seu titor Alonso e do seu amor con Pedro I de Portugal con quen casa en segredo e do que ten un fillo. As intrigas de Pacheco, un cortesán, rematarán co envelenamento de Inés. A súa morte provocou unha terrible vinganza de Pedro I que a coroou reina despois de morta.



Hawthorne, Nathaniel, Francis **Bret Harte**, Mark **Twain**, Stephen **Crane**, Ambrose **Bierce** e **O Henry**, selección e traducción Equipo TrisTram, prólogo de Isidro Novo, *Contos do Oeste*, Lugo: Editorial TrisTram, col. Relatos, nº 5, 1997, 208 pp. (ISBN: 84-89377-10-3). Ž

Volume que inclúe trece relatos dos autores americanos máis representativos do xénero do Oeste do século XIX. Vai precedido dun prólogo de Isidro Novo no que se fai unha pequena homenaxe dende a memoria ó cine e literatura deste xénero e se analiza brevemente o estilo e a temática que caracterizan estes contos como a análise psicolóxica dos personaxes, o gusto polo descritivismo e o colorismo e o emprego de tópicos como a palabra “forasteiro”. A continuación vén unha “Nota a edición” onde se dan datos biobibliográficos dos autores escolmados. Os contos seleccionados son: *O enterramento de Roger Malvin* (publicado en *Mosses from an Old Manse*, 1846), de Nathaniel Hawthorne (1804-1864), autor da novela *A letra escarlata*; *A Sorte de Roaring Camp*, *Os desterrados de Poker Flat* —pertencentes a *The Luck of Roaring Camp and other sketches*, 1870)— e *O socio de Tennessee*, de Francis Bret Harte (1854-1871), ó que se considera o inventor da ficción tipicamente americana xunto ó seu discípulo e amigo Mark Twain, e o creador do xénero *western*; *A célebre ra saltarina de Calaveras County*, de Mark Twain (1835-1910), publicado en varios xornais; *A noiva chega a Yellow Sky* e *O hotel azul*, de Stephen Crane (1871-1900) centrados na vida que transcorre na fronteira; *Un incidente na ponte*



de *Owl Creek* e *Un xinete no ceo*, de Ambrose Bierce (1842-1914?) e *Asalto a un tren*, *Un secuestro en broma*, *O derradeiro trovador* e *Un erro técnico*, de O Henry (1862-1912), o “máis xenuíno autor norteamericano de relatos breves”.



Irving, Washington, Jeremiah N. **Reynolds**, Henry **James**, Francis Bret Harte, Stephen **Crane**, Joseph **Conrad**, Jack **London** e Richard **Middleton**, *Contos do mar*, trad. Equipo TrisTram e Teresa Sanmartín, Lugo: Editorial TrisTram, col. Relatos, nº 10, 1997, 189 pp. (ISBN: 84-89377-15-4). Ž

Os oito relatos, ordenados pola data de publicación, están precedidos por un prólogo no que son comentados un por un, e no que o mar e o barco son recoñecidos como espazos recorrentes na literatura. “A travesía”, de Washington Irving retrotráenos a unha época en que viaxar de América a Europa constituía unha verdadeira aventura e a oportunidade de coñecer culturas netamente diferentes; en “Mocha Dick”, de Jeremiah N. Reynolds, emprégase a técnica do manuscrito achado para narrar epicamente a captura dunha enorme balea branca; en “Unha traxedia por error”, de Henry James o mar é identificado coa separación pois unha dama francesa que mantén relacións extramaritais argalla o asasinato do home ó voltar este, tras anos de ausencia, de ultramar; “Marea alta”, de Francis Bret Harte conta como unha casa é alagada por un rebordamento fluvial. “O bote”, de Stephen Crane describe a estraña irmandade que une un cociñeiro, un engraxador, un reporteiro e o capitán dun buque que vén de naufragar ó compartiren o reducido espacio dun pequeno bote no medio dunhas augas sumamente desapraticables; “O dobre secreto”, de Joseph Conrad, o relato de maior extensión, amósanos un capitán que non dubida en pór en cuestión a seguridade da súa tripulación para axudar a evadirse a un oficial homicida co que establece unha singular relación. “Rumbo oeste”, de Jack London rescata o tema



do paso dun dos cabos míticos na historia da navegación: o de Fornos. Marca un contrapunto con “O bote” ó presentar un contexto en que a vida e a morte dependen exclusivamente do antollo dun capitán despiadado e cruel; “O barco fantasma”, de Richard Middleton é a irónica historia dunha pequena vila inglesa chantada a cincuenta millas da costa que, tras unha fortísima treboada, encóntrase coa presenza dun buque poboado por pantasma no medio dun prado.



Koss, Alexandra (coord.), *O Conto ruso do XIX (De Puxquin a Tolstoi)*, Vigo: Ir Indo, col. Narrativa, nº 24, 1997, 179 pp. (ISBN: 84-7680-249). Ž

Baixo o título de “Seis autores á procura dunha realidade” Alexandra Koss traza unha panorámica social da realidade decimonónica rusa. Achéganos asemade un perfil biográfico e literario de cada un dos autores así como un comentario dos seis relatos escolmados. Precedendo a cada un dos contos preséntanos tamén unhas notas da produción literaria de cada autor. Os relatos escollidos son : “O fabricante de cadaleitos”, de Alexander Seruievich Puxquin (traducción de Nuria Bernárdez Araújo e Celia Méndez Rodríguez), “O nariz”, de Nicolai Vasílevich Gógol (traducción de Alexandra Koss); “Tamañ”, de Mijaíl Júrievich Lérmontov (traducción de Manoel Riveiro Loureiro); “O prado Biézhin”, de Ivan Serguéievich Turguénev (traducción de Irina Gorbátikova); “Un nadal e unha voda”, de Fiódor Mijáilovich Dostoievski (traducción de Irina Gorbátikova) e “Despois dun baile”, de Lev Nikoláievich Tolstoi (traducción de Ana María Fernández Santos).



Ledo, Bieito (ed.), *O relato policial. De Poe a Conan Doyle*, intr. Bieito Iglesias, trad. Carme Millán e María González, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 19, 1997, 157 pp. (ISBN: 84-7680-229-3).

Antoloxía de narracións do xénero negro ou policial, realizada por Bieito Ledo, que coincide co auxe nos últimos anos da novela negra galega. As historias van precedidas dunha introducción de Bieito Iglesias onde se ve este xénero como continuación da epopea, facendo paralelismos entre heroe e detective, e onde sinala a importancia do determinismo científico. Para a súa análise teórica acode a François Fonseca, Austen Freeman e Van Dine. Comenta brevemente a obra de Poe, Emile Gaboriau, Conan Doyle, Maurice Leblanc, Gilbert Keith Chesterton, Agatha Christie, Georges Simenon, Dashiell Hammet e aínda outros máis actuais. Os relatos, que suceden a unha breve biobibliografía de cada autor, son os seguintes: “A carta substraída”, de Edgar Allan Poe; “Unha ilusión vermella e branca”, de Stephen Crane; “O rescate do xefe vermello”, de William Sidney Porter O’Henry; “Unha cama terriblemente estraña”, de William Wilkie Collins; “A man”, de Guy de Maupassant e “O clube dos rubios”, de Arthur Conan Doyle.



Moncada, Jesús, *Camión de sirga* (*Camí de Sirga*, 1988), trad. Xavier Rodríguez Baixeras, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Narrativa, 1997, 271 pp. (ISBN: 84-8302-120-X). Ž

Novela na que o escritor Jesús Moncada (Maquinensa, Zaragoza, 1941) nos achega ás terras do Alto Ebro para reconstruír, a partir das continuas retrospeccións dos personaxes, a vida nunha vila que foi asolagada pola construción dos encoros de Riba-roja e Flix. O período do tempo que abrangue vai dende os anos dez ata a consumación do asolagamento a principios da década do 70 e ó longo da historia recóllense o esplendor e a decadencia dunhas terras que viven dos xacementos mineiros do carbón. O conflito entre clases sociais, a amargura ou o humor e a ironía, envoltas pola riqueza da linguaxe, teñen lugar nun escenario perfectamente marcado por datos históricos reais como a dictadura de Primo de Rivera, a proclamación da República, a guerra civil e mundial, etc. Malia ser predominante o punto de vista dalgúns personaxes como a burguesa Carlota Torres ou o navegante Nelsson, as distintas secuencias danlle paso a un amplo número de homes e mulleres que conforman esta historia.



Musil, Robert, *A confusión do interno Torless*, trad. Rocío Montero Fornos, Vigo: Ir Indo Edicións, col. Narrativa, nº 23, 1997, 207 pp. (ISBN: 84-7680-247-1).

Nun internado situado trala liña do ferrocarril que vai a Rusia, o interno Törless débátese nas súas incertezas e angustias vitais. O internado é unha institución aristocrática na que Törless ve o mundo da regulamentación burguesa, da moral disciplinaria. Fóra del hai outro, como o da casa de citas, o das visitas á prostituta Bozena. Beineberg e Reiting son os seus compañeiros nestas viaxes. Basini é o transgresor das regras, pero tamén o motor que fai salta-la componente da homosexualidade. No medio dun ambiente de violencia, non sempre expresa, nun mundo dividido entre vítimas e verdugos, Törless repasa unha e outra vez nun longo diálogo interior a dor que nace da incapacidade do home para distinguir, en moitas ocasións, entre o día e a noite, o ben e o mal.



Porter, William Sidney (O Henry), *Contos de Nova York*, trad. Equipo TrisTram, limiar de Antón Reixa, Lugo: TrisTam, col. Relatos, nº 8, 1997, 127 pp. (ISBN: 84-89377-13-8). Ž

Preséntase esta obra cun “Limiar” asinado por Antón Reixa, no que analiza a influencia de Nova York na cultura moderna e describe a presenza desta cidade nos contos de O Henry. A “Nota á edición” achéganos unha síntese biográfica de William Sidney Porter (Carolina do Norte, 1862-Nova York, 1910) e informa que os relatos traducidos proceden de: *Catro millóns* (1906), *A lámpara marabillosa* (1907), *A voz da cidade* (1908), *Un asunto estrictamente profesional* (1910), *Seis e sete* (1911) e *Cantos rodados* (1912). Os once contos desta compilación están vencellados polo marco espacial no que se desenvolve a acción, a cidade de Nova York. Os neoiorquinos de principios de século son os protagonistas dos *Contos de Nova York*; uns personaxes desbordados pola inmensidade desta urbe, pola progresiva emerxencia do capitalismo e pola loita entre unha sociedade tradicional e outra rupturista e innovadora. O traballo, a familia, a violencia, o sexismo, o mundo do teatro e o monetarismo son temas tratados por O Henry.



Poe, Edgar Allan, Charles **Baudelaire**, Joseph **Sheridan Le Fanu**, Barry **Pain**, Honoré **de Balzac**, E.T.A. **Hoffmann** e **O Henry**, *Contos de pintura*, selección e prólogo Equipo TrisTram, traducción Equipo TrisTram, Marcos Ares Fontela e M^a Xesús Lama López; Lugo: Editorial TrisTram, col. Relatos, nº 9, 1997, 143 pp. (ISBN: 84-89377-14-6). Ž

Selección de sete contos que comparten como nexo común a presenza do mundo da pintura en calquera das súas manifestacións. O volume vai precedido dun prólogo asinado polo Equipo TrisTram no que se sinala nalgún caso a procedencia dos relatos e se incide na relación entre a literatura e a pintura. A seguir inclúense os seguintes relatos: “O retrato oval”, de Edgar Allan Poe (Boston, 1809-Baltimore, 1849), publicado no *Broadway Journal* en 1845; “Schalken, o pintor” (1851), de Joseph Sheridan LeFanu (Dublín, 1814-1873); “Rose Rose”, de Barry Pain, pseudónimo do escritor Eric Odell; “A igrexa dos xesuítas de G.”, de E.T.A. Hoffmann (Königsberg, 1776-Berlín, 1822); “A obra mestra descoñecida”, de Honoré de Balzac (Tours, 1799-París, 1850), publicado por vez primeira na revista *L’Artiste* en 1831; “O xove feiticeiro” (1846), de Charles Baudelaire (París, 1821-1867); e “Por amor á arte”, de O Henry (Greensboro, Carolina do Norte, 1862-Nova York, 1910). En case todos eles predomina a temática fantástica e a reflexión estética.



Yourcenar, Marguerite, *Conto azul* (*Conte Bleu*, 1993), limiar e trad. María Xosé Queizán, A Coruña: Edicións Laiovento, col. Narrativa, nº 92, xullo 1997, 62 pp. (ISBN: 84-89896-03-8).

Ábrese cun limiar de M^a Xosé Queizán no que esta ofrece unhas breves referencias biográficas sobre a autora e sobre os tres contos que se inclúen baixo o título xenérico de *Conto azul*. Segue un “Prefacio” asinado por Joysane Savigneau, no que se fala doutras obras de Marguerite Yourcenar (1903-1987), deténdose especialmente nas circunstancias da escrita nas características dos contos, achega opinións da autora sobre eles e as súas propias conclusións ó respecto. A seguir inclúense tres contos que “compoñen un tríptico de xuventude sobre a credulidade” e que foron escritos entre 1927 e 1930: “Conto azul”, un relato fantástico no que se critica a avaricia e se demostra a súa inutilidade; “Maleficio” é un conto de superstición no que unha moza descobre os seus poderes como meiga; e “A primeira noite”, que presenta unha valoración da virxindade da muller por parte dun home o día da súa voda.


Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “A mocidade de Yourcenar”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 183, 30 outubro 1997, p. 9.



Comeza cun achegamento ó significado e á importancia deste título dentro da produción literaria de Marguerite Yourcenar. Sintetiza o argumento e achéganos unhas notas acerca da temática dos tres relatos que integran *Conto azul*. Finalmente, manifesta o seu desacordo coas editoras galegas por traduciren obras menores dos grandes autores, deixando esquencidos os grandes clásicos da literatura universal.





I. Narrativa

I. 4. Antoloxías



Camba Sanmartín, Xabier, *A nova narrativa. Antoloxía*, Vigo A Nosa Terra/

AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 41, 1997, 230 pp. (ISBN: 84-89679-51-7). •

Escolma de textos da Nova Narrativa Galega e da obra de Xosé Neira Vilas. Indícase na nota preliminar que o criterio primordial é o de escoller textos completos, pero inclúense fragmentos de novelas no caso de que o autor ou autora escribise unicamente novela no eido da narrativa, caso de María Xosé Queizán e Lois Diéguez. Así mesmo, explícase como homenaxe a inclusión de dous capítulos de *Memorias dun neno labrego* (1961), de Xosé Neira Vilas. As obras das que se inclúen fragmentos son as seguintes: *O camiño de abaixo*, (1970) de Xohan Casal; *Memoria de Tains* (1956), de Gonzalo Rodríguez Mourullo; *A orella no buraco* (1965), de María Xosé Queizán; *Lonxe de nós e dentro e outras páxinas* (1961), de Camilo González Suárez Llanos; *Vento ferido* (1967), de Carlos Casares; *A torre de Babel* (1968), de Lois Diéguez; *Xente no rodicio* (1965), *Historias de emigrantes* (1968), *A muller de ferro* (1969), *Cartas a Lelo* (1971), *Lar* (1973), *Nai* (1980), *Pan* (1986) e *Tempo Novo* (1987), de Xosé Neira Vilas.



Díaz Pérez, Evaristo e Xosé Lois Bouzas Millán (eds.), *As novelas de Céltega e Lar*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 21, 1997, 230 pp. (ISBN: 84-89679-26-6). Ž

Antoloxía que selecciona oito textos publicados nas revistas *Céltega* e *Lar* e que se basea na edición facsimilar de Edicións Edivar (1989). Os textos pertencentes a *Céltega* son os seguintes: *Almas mortas* (1922), de Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936), trata dos males que a emigración a América ocasiona a Galicia xa que a consecuencia dela a nosa terra perde a forza e a ilusión xuvenil que a poderían sacar da situación de atraso e, ó mesmo tempo, condena as situacións infrahumanas e as graves inxustizas que os galegos sofren en terras americanas; *Axúdate...* e *O menciñeiro* (1922) de Eugenio Charlón (Narón, 1889-Ferrol, 1930) e Manuel Sánchez Hermida (Ferrol, 1888-1940): o primeiro recolle a conversa entre dous veciños que se atopan no servizo militar, mentres que o segundo relata unha serie de trampas que fai un menciñeiro para engana-los seus clientes e poder gañarse a vida; *O vello mariñeiro toma o sol e outros contos* (1922), de Eugenio Montes (Vigo, 1897-Madrid, 1982): “O vello mariñeiro toma o sol” narra a vida dun cego que ten que recorrer ós demais para que lle conten o que se ve; os outros contos son “O aníño da debesa”, a historia dunha nena cega e pobre que tras pasar unha temporada na vila desexa voltar á aldea e “Como na parábola de Peter Breughel”, onde se conta a historia dun cego que perde nun monte; de *Luar (Contos galaicos)* (1923), de Evaristo Correa Calderón (Neira de Xusá, 1899-Pobra de Trives, 1986), recóllense “Romaxe”, a historia dunha



vinganza entre os mozos dunha aldea por causa do amor dunha rapaza e “A perdida”, onde se relata o perdón dun pai a unha filla deshonrada. Os textos seleccionados da revista *Lar* son: *A miña muller*, de Wenceslao Fernández Flórez (A Coruña, 1885-Madrid, 1964), que conta a relación amorosa de dúas pantasma: a pantasma da muller do protagonista e a pantasma dun home asasinado por este; *O karma de Farruco Filgueira*, de Ánxel Romero Cerdeiriña (Riós, 1901), que conta a historia dun mozo barudo e lanzal con moito éxito entre as mulleres que ó final serán a causa da súa morte; *O xardín do Castelo de Vidre*, de Álvaro María de las Casas, un diálogo entre as árbores dun xardín que presinten a morte dunha persoa e, finalmente, *Cabalgadas en Salnés* (1925), de Fermín Bouza-Brei (Ponteareas, 1901-Santiago, 1973), relato do encontro entre un personaxe e o bandido Xan Quinto.



Eyré, Xosé M. (ed.), *Antoloxía do narrativa actual (I) (Mostra de xéneros)*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 47, 1997, 259 pp. (ISBN: 84-89679-52-5). •

Segundo consta na nota preliminar este volume estaba reservado para recoller unha antoloxía da obra narrativa de Xosé L. Méndez Ferrín “previamente pactada con el e a súa editorial. A posterior negativa das dúas partes non permitiu que nada da súa obra figurase na colección”. Nesta mesma nota indícase o xénero que representan cada un dos fragmentos de novela ou relatos seleccionados, como mostra representativa dos imaxinarios que configuran o horizonte de expectativas do lector galego. As obras e os xéneros representados por cada unha delas, segundo o criterio do editor, son os seguintes:

- Xosé Fernández Ferreiro, *A morte de Frank González* (1975). (Western).
- Darío Xoán Cabana, *Vidas senlleiras* (1992). (Escrita cunqueirista).
- Xosé Manuel Martínez Oca, *As florestas do Mañuema* (1982). (Narrativa de aventuras).
- Víctor Fernández Freixanes, *O enxoval da noiva* (1988). (Novela histórica).
- Claudio Rodríguez Fer, “Tres”. (Narrativa erótica).
- Arturo Lezcano, *Os dados de Deus* (1994). (Narrativa fantástica).



- Xavier López Rodríguez, *Días de desterro* (1996). (Literatura infantil-xuvenil).
- João Guisam Seixas, *A origem certa do farol de Alexandria* (1980). (Literatura infantil-xuvenil).
- Aníbal C. Malvar, *Un home que xaceu aquí* (1993). (Novela negra).
- Xosé Alvilares, *Memorial de agravios* (1992). (Memorias).
- M^a Victoria Moreno, *Anagnórise*, (1988). (Literatura infantil-xuvenil).
- Marilar Aleixandre, *Lobos nas illas* (1996). (Narrativa feminina).
- Margarita Ledo Andión, *Porta blindada* (1990). (Narrativa feminina).
- Marica Campo, *Confusión e morte de María Balteira* (1996). (Narrativa feminina).
- Xosé Cid Cabido, "Impasse". (Narrativa conmemorativa).
- Xosé Luís Martínez Pereiro, *Amálgama de desquiciados* (1992). (Xénero humorístico).
- Paco Martín, *Tres historias para ler á noite* (1992). (Xénero de medo).
- Valentín Carrera, *Riosil* (1990). (Crónica). Xavier Alcalá, *A nosa cinza* (1980). (Relato sociolóxico).
- Antón Risco, *As metamorfoses de Proteo* (1989). (Relato sociolóxico).

Eyré, Xosé M. (ed.), *Antoloxía da narrativa actual (II) (Tendencias innovadoras)*,
Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 49, 1997, 286 pp. (ISBN:
84-921126-4-6). •

Xosé Manuel Eyré recolle unha mostra variada das novas tendencias da narrativa galega actual. O libro contén unha “Nota preliminar” e vinte exemplos da prosa de diferentes autores. Na nota, o editor do libro sinala que a selección mostra “escritas moi peculiares, persoais, novas, experimentais, e outras que renovan eficazmente o clasicismo”. Tamén se destaca o respecto que se tivo co deseño editorial e coas variantes lingüísticas empregadas. Os textos seleccionados son as seguintes:

- Camilo Gonsar, *Cara a Times Square* (1980).
- Alfonso Pexegueiro, *Relatos para salferir* (1981).
- Xoán Ignacio Taibo, “L’immortale sul canale”, relato incluído no libro *Medusa. Relatos* (1984).
- Suso de Toro, *Caixón desastre*, obra que acadou o Premio Galicia da Universidade de Compostela en 1983.
- Xosé Carlos Caneiro, *Historias no fío de Monterrei* (1988).
- Xaquín del Valle-Inclán, *Historia da cidade do deserto* (1988).



- Anxo Adolfo Rei Ballesteros, *Dos anxos e dos mortos* (1977).
- Xosé Ramón Pena, *Black is Black (Nouveau roman)*.
- J. A. M. e Anxo L. Baranga, *O ollo pecho e outras historias desagradables* (1985).
- Xelís de Toro, *Non hai misericordia*, Premio de Narrativa Cidade de Lugo en 1990.
- Xavier Queipo, *Mundiños* (1995)
- Gonzalo Navaza, *Erros e Tánatos* (1996).
- Estro Montaña, *As armas delicadas* (1997).
- Manuel Rivas, *Os comedores de patacas*, (1991).
- Xurxo Borrazás, *Criminal* (1994).
- Miguel Anxo Murado, *Memoria de derribos* (1993).
- Santiago Jaureguizar, *Fridom spik* (1995).
- Xurxo Souto, *Fumareu* (1997).
- Carmen Panero, *Diario do mimo* (1989).
- Rafa Villar, "Calcomanías".



Fernández Pérez-Sanjulián, Carme (ed.), *O mesón dos ermos. Contos.*

Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 23, 1997, 166 pp.

(ISBN: 84-89679-28-2). Ž

Este volume inclúe a versión íntegra da novela *O mesón dos ermos* e os contos: “A sirena”, “Medicina legal”, “Dona Xohana e Don Guindo” e “O Maroutallo”, todos eles escritos por Ramón Otero Pedrayo. Carme Fernández Pérez-Sanjulián parte da primeira edición de cada texto; no caso de *O mesón dos ermos* é a de 1936 na Editorial Nós, para “O maroutallo” emprega o publicado en 1974 na colección “O Moucho”, os outros tres relatos teñen como base os textos do volume *Contos do camiño e da rúa*, publicado no 1932 na editorial Nós. Na “Nota preliminar” que precede a esta antoloxía, a responsable da edición denuncia as “numerosas alteracións”, tanto gráficas coma léxicas, ás que foron tradicionalmente sometidas as obras do autor ourensán e que, ó seu ver, perxudican a singularidade da lingua de Otero. Carme Fernández anuncia a súa aposta pola fidelidade ó texto orixinal e explicita os “criterios de edición” seguidos.



Leis Ferreira, Xosé A., *Antoloxía. Eduardo Blanco Amor*, Vigo: A Nosa

Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 37, 1997, 201 pp. (ISBN: 84-89679-42-8). Ž

Recóllese nesta antoloxía unha serie de textos da autoría de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979): o artigo “Verbas nunha efemérides”; o “*Poema en catro tempos —a un pescador galego—*”; a “Xustificación” ó poemario “*Cancioneiro*”; os fragmentos claves de cada un dos capítulos que estruturan *A Esmorga*, incluíndo a “Documentación” inicial; os relatos curtos titulados “O encalatro”, “Primeira Comunión” e “Bartomeu i os biosbardos”, que están compilados en *Os biosbardos*; o “Prólogo útil” de *Xente ao lonxe*, ademais da narración dos sucesos de Ursaira, da festa obreira do 1º de maio e a reprodución da carta que aparecen neste romance; a “Xustificación” a *Teatro para a xente*; e a peza teatral, *Proceso en Jacobusland (Fantasía xudicial en Ningures)*. Ábrese este volume coa presentación do obxectivo dos editores, ofrecer “unha lectura que percorra todos os xéneros textuais practicados polo eximio escritor auriense”, e a indicación dos criterios de edicións e das fontes tomadas para facer esta “apurada” escolma.



Maceira Fernández, Xosé M. (ed.), *Literatura na diáspora bonaerense.*

Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 32, 1997, 325 pp.

(ISBN: 84-89679-37-1). Ž

Libro que ten como obxectivo presentar unha mostra da “calidade, magnitude e transcendencia da literatura galega na diáspora bonaerense”, a partir da escolma de cinco autores de diferentes xéneros: Lorenzo Varela, Luís Seoane, Eduardo Blanco Amor, Emilio Pita e Ramón Suárez Picallo. Nunha nota preliminar, o responsable da edición deixa constancia das modificacións — exclusivamente ortográficas— ás que procedeu no seu labor, así como das edicións utilizadas na escolma. A obra divídese en catro apartados, seguindo un criterio xenérico: poesía, relato curto, teatro e ensaio. No apartado correspondente a relato curto inclúense os seguintes: “Ao pasar polo ceo”, de Ramón Suárez Picallo (Sada, 1894-Buenos Aires, 1964), publicado en *Céltiga* en 1926; “Un cristo da montaña”, de Luís Seoane (Buenos Aires, 1910-A Coruña, 1979), publicado en *Galicia Emigrante* en 1954 e “Do paisaxe galego” e “Ágoa Galega”, publicados en *Céltiga* en 1925, de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979).



Millán Otero, Xosé M. (ed.), *Prosa escollida. Antoloxía*. Vicente Risco, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 24, 1997, 255 pp. (ISBN: 84 921126-4-6). Ž

Ábrese esta escolma de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963) cunha “Nota preliminar” na que o editor presenta esta *Prosa escollida* como un contribución ó coñecemento e divulgación da obra do ourensán. Xosé M. Millán Otero afirma que seguiu uns criterios de selección que facilitasen a comprensión da obra de Risco na súa globalidade, tal e como o autor de *O porco de pé* a concibiu. Dá conta das edicións empregadas para cada texto e explicita os criterios de adaptación gráfica seguidos. No apartado de “Narrativa” inclúe os seguintes relatos breves: “Do caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros”, “A trabe de ouro e a trabe de alquitrán”, “Os europeos en Abrantes (Epopéia en prosa)”, “Dédalus en Compostela”, “Meixelas de rosa”, “O señor feudal”, “Contos da idade do celuloide”, ademais das prosas publicadas en *Galicia*: “A xemma”, “O xardín”, “O espello”, “A xoroba”, “A bruxa”, “O vixía” e “O ídolo”. De *Mitteleuropa* reproducense os capítulos “Praga” e “Viena”. No terreo da “Prosa Ensaística” saen á luz “Atlántida”, “O sentimento da terra na raza galega”, “A interpretación da historia e o valor do noso tempo (Encol das ideas do conde Keyserling)”, “Unha volta por Portugal” e “Nós, os inadaptados”.



Recensións:

C. P. Martínez Pereiro, “Mergullarse en Risco”, *A Nosa Terra*, nº 780, “Guieiro Cultural”, 29 maio 1997,

24. Comeza cualificando como “sólido e plural referente crítico” a *Historia da Literatura Galega* que elabora por entregas a AS-PG, “de maneira teimosamente tranquila e inexplicablemente silenciosa”. A continuación comenta o fascículo que contén o ensaio “Grupo Nós: Vicente Rico” e o volume antolóxico *Prosa escollida*, ámbolos dous a cargo de Xose M. Millán Otero, e segundo o recensionista participantes das “virtudes” do conxunto da obra no que se insiren. No referente ó ensaio concorda con Millán Otero na continuidade e coherencia ideolóxica dos homes do cenáculo ourensán así como na análise do devir ideolóxico de Risco, aínda que bota en falta o tratamento dalgunhas contradicións risquianas. Considera acertado na *Antoloxía* tanto o criterio textual, que segue a primeira versión publicada, coma o globalizador que fai prima-la perspectiva literaria como unificadora de toda a prosa “hibridizante” do autor. Logo de describi-la estrutura do libro e subliña-lo carácter modélico desta entrega, conclúe chamando ós lectores para que consulten esta obra contra o “misterioso silenciamento”.



Nogueira, María Xesús (ed.), *Narrativa curta. Antoloxía. Álvaro Cunqueiro*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 36, 1997, 244 pp. (ISBN: 84 89679-42-8). Ž

Selección de textos dos tres libros de narrativa curta que Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) escribiu en lingua galega: *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e de acolá* e *Os outros feirantes*. Segundo a responsable da edición explicita nunha nota preliminar, os textos respectan ó máximo a lingua do autor, pois só se levou a cabo unha regularización ortográfica seguindo o estándar actual e respectando, polo demais, as escollas léxicas e morfosintácticas. Na introducción atopamos tamén unha lectura da narrativa curta cunqueiriana como un proxecto narrativo unitario.



Rei Romeu, Manuel (ed.), *A narrativa de Castelao*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 22, 1997, 127 pp. (ISBN: 84-89679-27-4). Ž

Nesta antoloxía da obra narrativa de Castelao (Rianxo, 1886-Buenos Aires, 1950) ofrécense os seguintes textos: a versión completa de *Un ollo de vidro*. *Memorias dun esqueleto* e unha escolma de *Cousas* e *Retrincos*. Na “Nota preliminar” o editor dá conta dos textos manexados para a realización desta escolma, comenta as modificacións lingüísticas realizadas, fai unha referencia á lingua de Castelao, concretamente á que aparece en edicións anteriores, e alude á decisión de presenta-los textos escolmados con título, tal e como aparecen nos dous primeiros volumes, para axudar así a “singularizar os textos, a popularizalos e mesmo a coñecelos mellor”.



Rei Romeu, Manuel (ed.), *Sempre en Galiza. Antoloxía*, Vigo: A Nosa

Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 31, 1997, 203 pp. (ISBN: 84-89679-36-3). Ž

Escolma das pasaxes máis significativas da obra na que Alfonso Daniel Rodríguez Castelao mellor expón a súa teoría política. O editor escolle os textos de máis ricaz fondo ideolóxico e os que acadan un maior valor estético. Toma como base a segunda edición (Buenos Aires, 1961) xa que é a primeira que lle permite ter en conta o libro IV, isto é, os inicios do que o insigne rianxeiro pretendía fose a segunda parte do seu testamento político e que ficou inconcluso. Rei Romeu só efectúa unhas mínimas adaptacións ortográficas, tendentes a facer máis doada a lectura.



Sanmartín, Goretti, *Prosa didáctica (1916-1936)*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 26, 1997, 226 pp. (ISBN: 84-89679-31-2). Ž

Esta miscelánea de artigos (ós que se lle actualizou a ortografía), publicados en *A Nosa Terra* e en *Nós* na súa práctica totalidade, amósanno-lo particular momento de efervescencia cultural que se deu na Galicia de preguerra. É a época en que os homes da xeración “Nós”, os do Seminario de Estudos Galegos e algúns que proviñan de tempos pretéritos, como Cabanillas, crearon un movemento e unha conciencia galeguistas que o alzamento veu tronzar no seu promisorio xermolar. Toda unha pléiade de intelectuais comprometidos inzan as páxinas deste volume. Entre eles podemos sinalar, sen ánimo de exhaustividade, a Florentino Cuevillas, os irmáns Villar Ponte, Lois Tobío, José Lesta Meis, Risco, Castelao, Paz Andrade, Leandro Carré Alvarellos ou Corona González. Despois de medio século case tódolos problemas tratados conservan plena actualidade (pois este era un dos criterios da escolma): reivindicación da lingua como cerne da nación, necesidade dun xornal en galego, ataques á castrapización da toponimia e dos apelidos, a unificación ortográfica, o estándar léxico, críticas á Universidade santiaguesa por vivir de costas ó país, o efecto alienador do fútbol, a lingua na escola, o uso espurio da memoria dos galeguistas de outrora, a discriminación da muller, etnografía, entomoloxía... Evidentemente Sanmartín Rei tamén escolleu artigos sobre esta literatura da época Nós.





II.1. Poetas galegos

II. Poesía

II. 1. Poetas galegos



Alcalde de Sobrán, Salvador, *Anacos de luz interna ou lóstregos sobranceiros*, limiar do autor, Málaga: Grafiter, col. Biblioteca Española y Americana, serie Poesía, xullo 1997, 73 pp. (ISBN: 84-921389-1-2).

Salvador Alcalde de Sobrán (Vilaxoán, 1948) abre este breve poemario, cunha dedicatoria ós seus conveciños de Vilaxoán ou San Martiño de Sobrán, que o viron medrar na necesidade e na miseria. No limiar refírese á inxustiza que comportan os comentarios dos críticos, que ás veces non son xustos e outras son produto da súa ineptitude ou do descoñecemento que teñen da materia. Para o autor nun libro de poemas non ten por qué haber unidade e considera que cada poema é diferente dos demais e presenta xa unidade de por si. A continuación, céntrase nas súas ideas sobre o idioma galego e a súa normativización criticando ós que se encargaron de redactar a Normativa do galego porque, na súa opinión, “son castelán-falantes de toda a vida” Manifesta, pola contra, a súa preferencia polo galego do pobo traballador e emprégao nos seus poemas. O libro compóñeno un conxunto de corenta e dúas composicións breves, tituladas e, na maioría dos casos, dedicadas a amigos e coñecidos. Trátase dunha pequena homenaxe ós grupos marxinais, á clase obreira, ós valores morais e á súa xente de Vilaxoán.



Álvarez Cáccamo, Xosé María, *A escrita das Aves de marzo*, Lisboa: Edições Tema, marzo 1997, 20 pp. (sen ISBN nin D. L.).

Edições Tema, que xa publicara outros libros de poesía galega, ofrécenos esta colección de quince poemas sen rima, da autoría de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950), nos que predomina o motivo do amor, adubado con grandes doses de erotismo. A amada é vista como un absoluto positivo e o seu nome, Beatriz (de claras reminiscencias dantescas), non se nos revela ata o derradeiro verso do libro. Tamén hai, contra o final do volume, composicións dedicadas ó fillo que xorde da relación entre Beatriz e o eu lírico, envolveitas en grandes doses de tenrura e cariño. Hai unha presenza reiterativa do mes de marzo, principio da primavera (descrita en termos de luminosidade e claridade), como época proclive ó amor. As aves de marzo son un sinal desa volta á época propiciatoria para as relacións afectivas, dentro dunha concepción cíclica da vida. En definitiva, vese o amor como eixo constructivo dunha vida feliz. Ademais son recorrentes as alusións á Natureza e ó mar. Finalmente inclúese unha bibliografía do autor que dá conta tanto da súa obra lírica coma da narrativa e da crítica.

Referencias varias:

O. N., “As aves de marzo”, *Tempos Novos*, nº 7, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 1997, 75.





II.1. Poetas galegos

Nota na que se salienta a escrita cifrada dos poemas que contén este volume, baseado “nun voo que trae as novas da dor e da loucura, do amor que permanece, do estilo líquido e táctil” e da “memoria e celebración dun nome no corpo da muller amada”.



Álvarez Cáccamo, Xosé María, *Calendario perpetuo*, limiar de Arturo Casas, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 63, novembro 1997, 109 pp. (ISBN: 84-89814-25-2). Ž

Libro de Xosé María Álvarez Cáccamo (Vigo, 1950) precedido dun limiar no que Arturo Casas presenta, ademais dunha introducción ó libro, algunhas consideracións sobre o poema en prosa. A obra está constituída por un conxunto de setenta poemas en prosa que conforman un todo orgánico. Nela trátase fundamentalmente o tema da infancia, a través da recreación dunha serie de recordos da vida dun neno que nos chegan dende diferentes puntos de vista. O medo, a miseria, os personaxes marxinais, a casa, a morte e, en xeral, a vida cotiá teñen tamén a súa presenza nunha obra que remata coa tematización do recordo: “Podo vivir cen anos sentindo nacre e luz sobre a pel dos meus dedos”.



Álvarez Torneiro, Manuel, *Habitante único*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 62, xullo 1997, 96 pp. (ISBN: 84-89814-23-6).

Poemario constituído por corenta e tres textos distribuídos en tres seccións tituladas “Baixo tan alto ceo”, “Óxido de sombra” e “Días, figuras, nomes”, que Manuel Álvarez Torneiro (A Coruña, 1932) escribiu entre setembro de 1995 e xuño de 1996 na súa cidade natal. Os poemas caracterízanse formalmente pola súa extensión e polo emprego de frecuentes recursos anafóricos como elemento estrutural. Moitos son os temas e motivos ós que alude a voz poética, dende a vida —como eixe central— e as palabras, ata a evocación de figuras-tipo, como o soñador, o constante e os ausentes. Recorrente é tamén o motivo da luz e da súa procura, que se torna unha procura da plenitude, enfrontada ó tema da perda, así mesmo repetido. A condición efémera da realidade tradúcese na sensación da vida como carencia e na certeza de que o tempo conduce á morte, sendo a poesía o testemuño dese carácter efémero da vida, o que dá como resultado a presenza do tópico do *tempus fugit* nalgúns textos. Ademais, particularmente na segunda parte, asistimos á reminiscencia da infancia, ó regreso ós lugares do pasado (a casa, o mundo da emigración vivido na nenez, a escola na posguerra) e da adolescencia, tempo marcado pola tristeza, o comezo da formulación de preguntas e a postura de resistencia ante as adversidades. Outros textos son homenaxes, retratos ou lembranzas de amigos (Avilés, Urbano Lugrís, Pepe Hierro), así como poemas que constatan a dificultade de obte-la felicidade, a confusión desta fin de século e o verdadeiro don do eu lírico: a memoria.



Recensións:

-Olga Novo, "Pechar definitivamente as cicatrices", *Tempos Novos*, nº 5, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", outubro 1997, p. 83. A recensionista percorre cada unha das seccións do libro analizando a súa temática. Sinala que na primeira, "Baixo tan alto ceo", perviven a memoria e a luz da resistencia e nela descóbrese a visión rimbaudiana do poeta visionario; na segunda, "Óxido de sombra", opónse a luz fronte á escuridade "dun tempo de *mestres de mentira*"; e na terceira, "Días, figuras, nomes", a influencia da arte de Lugrís e Chagall constrúe "universos de rebelión surrealista".

-Xosé Luis García, "Habitante Único", *O Correo Galego*, "Ecos da Berenguela", 25 novembro 1997, p. 3. Con motivo da publicación deste libro, coméntanse algúns aspectos da obra destacando a súa poesía "liberta e exenta de hipocrisías e formalismos estéticos", realizada cunha arquitectura sólida e sensible e que nos ofrece unha combinación de imaxes, sentimentos e ideas para adentrarnos no universo galego.

-Vicente Araguas, "Vellos días tan claros", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 187, 27 novembro 1997, p. 6. Saliéntase o feito de que Álvarez Torneiro se estea a amosar prolífico nos últimos anos malia ser un autor que principiou realmente tarde a vehiculiza-la súa lírica na lingua de Pondal. Coida o autor da recensión que o seu nivel poético consegue manterse relativamente uniforme. Sinala a humanidade e a métrica clásica como os compoñentes fundamentais da "poesía vivencialista" de Álvarez Torneiro. Gárdalle un espazo significativo dentro da súa xeración, a das Festas Minervais, e xulga necesario o seu coñecemento para a cabal comprensión da obra. Remata explicando os aspectos sobranceiros das tres seccións de *Habitante único*: "Baixo tan alto ceo", "Óxido de sombra" e "Días, figuras, nomes".



Amenedo, Cristina, *Ledicia. Conto. Unha loita contra o desánimo. A esperanza nunca desfeita*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1997, 129 pp. (ISBN: 84 7492-864-8).

Esta obra de Cristina Amenedo (San Martín de Porto-Cabanas-Pontedeume, 1925) está precedida dun limiar en castelán no que José Manuel Domínguez propón unha lectura do libro como unha viaxe poética da dor á alegría. Segue unha introducción da propia autora, “Mergullada na terra”, onde expón a súa independencia estética e a identificación coa terra galega. O poemario, de carácter intimista, recrea unha temática universal: a dor, a alegría, a natureza, o tempo, etc. Dende o punto de vista formal, destaca a propensión ó metro clásico, que se evidencia na práctica do soneto. Os títulos das seis partes nas que se estrutura a obra resumen, en boa medida, o seu contido: “Alma dolorida”, “Un alto no camiño: En Compostela”, “Íntima loita”, “Rubindo pola dor á ledicia”, “Ledicia” e “Un canto á ledicia”.



Angueira Viturro, Anxo, *Libro da vertixe*, Premio Xosé María Díaz Castro de Poesía, presentación de Jesús Busto Peteiro, Lugo: Servicio Publicacións Deputación Provincial, 1997, 39 pp. (ISBN: 84-8192-094-0).

Poemario de Anxo Angueira Viturro (Dodro, 1961), precedido dunha breve presentación de Jesús Busto Peteiro. O libro está formado por unha serie de poemas nos que o tema do amor se mestura coa paisaxe, retratada a través de imaxes do mundo rural e mariño. A toponimia e a perspectiva antropolóxica, materializada fundamentalmente na vertente léxica, teñen unha importante presenza na obra. O poemario estrutúrase en dúas partes e o seu título vén dado por dous poemas incluídos na parte segunda: “Vertixe caseira do areal” e “Vertixe do cabalo”. Nestes textos e, en xeral, na segunda parte, a voz lírica leva a cabo unha maior experimentación sintáctica.



Armada, Alfonso, *Escuma dos dentros (Poesía 1975-1983)*, Santiago de

Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Leliadoura, nº 35, 168 pp. (ISBN: 84 7824-298-8).

Primeiro poemario en galego de Alfonso Armada (Vigo, 1958) que se divide en oito seccións conformando un total de sesenta e cinco textos. As partes de que consta son as seguintes: “Lonxos dos dentros (Escepticismo creba metempsicose)”; “Ciclismo case profesional”; “A chuvia é un tempo inexistente. Por eso tememos (Saloucos)”; “Deus non existe aínda que chova”; “O expreso de Florencia”; “Partiron as illas (Fragmentos contra da erosión do tempo)”; “Morrer non é posíbel (Da morte e outros relembrs)”, e “O tren de Inglaterra (Cudas nada máis)”. O libro, no que destaca a liberdade sintáctica, combina poemas curtos con outros de considerable extensión, predominando estes últimos. Trata unha serie de elementos temáticos de maneira recorrente, obtendo unha unidade que supera as divisións marcadas por cada sección. Algúns destes aspectos son o tema da infancia, que se relaciona con Vigo e coa avoa; a memoria —enfrentada ó progreso— que recupera un pasado xa fuxido; o amor, sempre lembrado na súa ausencia, que se evoca dende a actualidade dominada por unha soidade total da que Deus non redime, ou reflexións sobre o tempo e a morte no marco da natureza ou dun mundo urbano asociado coa noite. Un motivo que percorre o libro son as referencias á viaxe e a elementos ligados a ela (trens, navíos, portos e, en especial, tranvías, vistos tamén como emblema da nostalxia do pasado), co cal o poemario presenta numerosas referencias xeográficas ancoradas no



transcorrer vital do eu poético, tanto en Galicia (Vigo, Compostela, Fisterra, A Pobra) coma fóra (Italia, Tánxer, Portugal, Holanda, Inglaterra, etc.), así como múltiples ecos literarios a xeito de alusións ou comentarios (Rosalía, Joyce, Shakespeare) integrados no propio clima dos poemas.

Recensións:

Vicente Araguas, “Tranvías e criaturas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 168, 17 xullo 1997,

10. Comenta as obras *Escuma dos dentros*, de Alfonso Armada e *A rutina é o deber de todas as criaturas*, de Manuel Cortés. Felicita a Alfonso Armada polo seu primeiro poemario en galego, ó cal cualifica de “complexo, mesto e longo” salientando o emprego do “recurso anafórico”. Inclúe a obra dentro dos libros de viaxes, pero sinala que agocha outras intencións. De *A rutina é un deber de todas as criaturas* destaca a afouteza e a categoría, aínda que se laia de que non achegue nada novo. Finalmente, describe o contido e a temática.

-Miguel Lamelas Pla, “Escuma dos dentros e Beira Norte”, *O Salnés*, nº 67, 9 xuño 1997, p. 28. Comenta *Escuma dos dentros*, de Alfonso Armada e *Beira Norte* (1997), de Xavier Rodríguez Baixeras, volumes cos que remata a colección Leliadoura. Do poemario de Alfonso Armada di que rescata momentos do pasado distante dende un presente no que o exercicio literario é tamén a maneira que ten o poeta de acceder e comprende-la infancia e a adolescencia. Para o recensionista, *Escuma dos dentros* é “balance e conclusións” pero “tamén é inicio e promesa dun mundo lírico” que agora se abre. No que respecta a *Beira Norte* defíneo como un itinerario sentimental no que a voz da experiencia “expresa a través da esgazadura expresionista, botando man do narrativismo e descritivismo para chegar mesmo



ata a introducción do prosaico". Miguel Lamelas alude ademais á organización ó redor do espazo deste libro "aparentemente heteroxéneo" e considera que o poemario é "unha viaxe polos "momentos constitutivos dunha mitoloxía privada que é a dun dos poetas máis destacados da actual literatura galega".

Referencias varias:

Alberte Soto Soto "Otras letras", *Qué leer*, nº 14, "Actualidad", setembro 1997, pp.26-27.
Fernández Ferreiro, Xosé, *Co medo nas mans*.



Armada, Alfonso, Antón Reixa e Antón Patiño, *Laboratorio de sombras*, Madrid:
 May Moré Galería de Arte, outubro-decembro 1997, 39 pp. (ISBN: 84-89082
 14-6).

Conxunto de cincuenta e seis pinturas da viguesa Menchu Lamas que aparecen precedidos por tres textos poéticos de marcado carácter vangardista nas súas versións galega e castelá. Estas composicións son “¿Cantos son os buracos do corpo?”, de Alfonso Armada (Vigo, 1958); “Radiografía de néboas”, de Antón Reixa (Vigo, 1957) e “Emblemas xiratorios”, de Antón Patiño (Monforte de Lemos, 1957).

Referencias varias:

-A. E., “*Laboratorio de formas*: Menchu Lamas en viva pel”, *O Correo galego*, 16 novembro 1997. p.54. Noticia do libro *Laboratorio de formas*, que recolle 56 debuxos orixinais de Menchu Lamas, publica unha serie de poemas sobre a artista e a súa obra realizados por Alfonso Armada, Antón Reixa e Antón Patiño. Sinálase que estes poemas foron lidos polos autores durante a presentación do libro.

Francisco Chacón, “Menchu Lamas vista desde la poesía y el dibujo”, *El Mundo*, 16 novembro 1997,
 60.



II.1. Poetas galegos

Fai referencia á presentación do libro na galería May Moré de Madrid e á intervención na mesma do crítico de arte Juan Manuel Bonet que lembrou a primeira exposición de Menchu Lamas en Madrid no ano 1982. Sinálase ademais que *Laboratorio de sombras* é a segunda interrelación entre imaxe e palabra editada por May Moré e a pintora viguesa.



Blanco, Ana (coord. e dir.), *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once escritoras galegas. Cincuentenario da Fundación Rosalía de Castro*, prólogo de Carmen Blanco, Santiago de Compostela: Patronato Rosalía de Castro, 1997, 55 pp. (D. L: C-1622-1997). Ž

Libro homenaxe a Rosalía Castro con motivo do cincuenta aniversario do Patronato que leva o seu nome. Precedida por un prólogo de Carmen Blanco, "Penélope pensadora", a obra recolle once poemas dedicados á escritora asinados por mulleres de diferentes xeracións. Trátase de Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, María do Carme Kruckenberg, Xohana Torres, María Xosé Queizán, Helena Villar, Chus Pato, Pilar Pallarés, Xela Arias, Ana Romaní e Yolanda Castaño. O libro inclúe un C.D. con poemas recitados polas propias autoras, temas instrumentais compostos e interpretados por Rodrigo Romaní, e unha ducia de fotografías de María Esteirán.

Referencias varias:

-C. R., "Once poetisas identifícanse con Rosalía en 'Daquelas que cantan.....'"/"Daquelas que cantan...", a homenaxe de once poetisas galegas a Rosalía de Castro", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 13 novembro 1997, p. 45/p. 14.



Dáse noticia da homenaxe realizada a Rosalía de Castro da man da Fundación Rosalía co gallo dos 50 anos da creación da devandita entidade. Cítanse as autoras que participan no proxecto e menciónanse os motivos da elección destas poetisas, recollendo as palabras de Ana María Blanco, padroeira da fundación: “porque teñen como paradigma a poetisa do Sar e porque se recoñecen nela”.

-AGN, “El Patronato de Rosalía de Castro celebra su 50 aniversario con un disco”, *Diario de Pontevedra*, 13 novembro 1997, p. 28. Coméntase a celebración do cincuenta aniversario da Fundación Rosalía de Castro. Con este motivo réndeselle homenaxe á autora coa edición dun disco e dun libro no que participan diferentes poetisas. Cítanse, entre outras, Pura Vázquez, Luz Pozo, Xohana Torres ou María do Carme Kruckenberg, así como as palabras de Ana María Blanco, cando afirma que se trata dun ambicioso proxecto da xente que traballa “para renova-la palabra pódica de Galicia de fin de século”.

-S. C., “Cinco décadas de memoria viva no Patronato Rosalía de Castro”, *El Correo Gallego*, 15 novembro 1997, p. 15. Refírese á creación da Fundación Rosalía de Castro, que preside na actualidade Agustín Sixto Seco, e alude ás súas bases: “recupera-la obra e a memoria de Rosalía”. Sinálase que o Patronato Rosalía de Castro foi legalizado no ano 1947, trala adquisición da Casa da Matanza, vivenda padronesa da escritora, por parte de Xosé Villar e Xosé Mosquera. Coméntanse tamén as actividades organizadas pola Fundación e o proxecto de crear canto antes un Centro de Estudios Rosalianos. Céntrase despois nos actos da celebración do cincuentenario do Patronato entre os que salienta a presentación do disco-libro *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once escritoras galegas*.

-Helena Villar Janeiro, “Daquelas que cantan...”, *El Correo Gallego*, 20 novembro 1997, p. 3.



Reflexión a partir da presentación do libro *Daquelas que cantan*, que a Fundación Rosalía de Castro publicou para conmemora-las vodas de ouro da Institución. Informa que o contido deste volume é unha mostra de once poetisas que teñen a Rosalía como referencia. Acompañao un CD co recitado dos poemas por parte das autoras e con música de Rodrigo Romaní. Da parte fotográfica, realizada por M^a Esteirán, afirma que plasma “o físico e case o espírito das poetisas”. De seguido, centra o artigo na súa débeda persoal con Rosalía de Castro e salienta algunhas características desta autora que tanto deu á literatura galega.

-X. Calviño, “Las once de Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Faro domingo”, 23 novembro 1997, p. 12. Infórmase da saída desta publicación. Recóllense as opinións de Carme Kruckenberg, Iolanda Castaño, Xela Arias e Luz Pozo Garza acerca do significado que para elas e para a literatura galega ten Rosalía. Todas elas destacan fundamentalmente a súa dimensión humana, a súa ruptura co papel tradicional da muller e a manipulación á que foi sometida. Por último reproducése o poema que Kruckenberg dedica a Rosalía no volume.

-Dora Vázquez, “Daquelas que cantan’...”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 22 novembro 1997, p. 3. Cita o acto de celebración do cincuenta aniversario da creación do Patronato Rosalía de Castro e recolle cadanseu fragmento dos once poemas que conforman o libro *Daquelas que cantan*.

-Manuel Vidal Villaverde, “Daquelas que cantan...”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 25 novembro 1997, p. 26. Dá conta da aparición da publicación, recolle un fragmento de cada un dos poemas e felicita o traballo. Aínda así sorpréndese e láíase de que entre estas poetisas non aparezan Luísa Villalta, Anxos Romeo, Olga Novo e Ánxeles Pena.



Braxe, Lino, *Árdora*, Accésit do XVI Premio Esquío, introducción de Xavier Seoane, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío, nº LXVII b, febreiro 1997, 81 pp. (ISBN: 84-86046-83-1). Ž

Poemario de Lino Braxe (Mugardos, 1962) que conta cunha introducción de Xavier Seoane na que nos achega brevemente ós universos poéticos do escritor. O libro está composto por catro seccións: “Os días de Apulia” —á súa vez, dividida en catro partes—, “Palabras desde Creta”, “Kart-Hadtha” e “Epílogo”. Trátase dun conxunto de composicións nas que un eu lírico ficcionalizado nos mergulla na tradición grecolatina mediante a recreación de mitos, personaxes históricos e de ficción e referencias autobiográficas. O libro, de grande riqueza sensorial, reflexiona sobre temas como o amor, a amizade, a derrota ou a morte.

Recensións:

-R. G., “Versos gregos dun autor polifacético”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 131, 4 setembro 1997, p. 6. Alúdese a este poemario de Lino Braxe sinalando que se trata dunha serie de poemas rematada en terras gregas, que chama a atención polos cambios de ánimo que reflicten. Presenta ademais unha serie de notas da vida, obra e actividades varias realizadas polo autor.



Cacheiro Varela, Maximino, *O tremor do amor*, ilustr: Antolín Cacheiro Varela.

Vigo: Editorial SuaveR, col. Poesía, 1997, 88 pp. (ISBN: 84-88446-29-2).

Neste segundo poemario, Maximino Cacheiro Varela (A Coruña, 1943) sinala ó principio da obra que “estes poemas son unha homenaxe ós delirios barthianos de amor”. Consta de sesenta e dúas composicións en verso libre e de curta extensión, nas que o poeta reflexiona e teoriza sobre o amor nalgún dos seus diferentes aspectos (os celos, a espera, o reencontro dos namorados, os fetiches, etc). O carácter universal da temática e o seu tratamento provocan a presenza dunha linguaxe sobria e sentenciosa e o agromo de símiles e metáforas que, en numerosas ocasións, teñen o seu referente na mitoloxía clásica e en diversas notas culturalistas.

Recensións:

Rubén Quinte, “Travesía polo *Tremor do amor*”, *A Nosa Terra*, nº 775, “Guieiro Cultural”, 24 abril 1997,

24. Sublíñase a “emoción” fronte á “aparente frialdade” nos versos de Cacheiro Varela así como a presenza do verso curto e “implacable”. Suxire reminiscencias de Luis Cernuda, a quen o autor estudiara na súa tese de doutoramento, e refírese ó clarificadora que resulta a “recreación no pensamento case heurístico de Roland Barthes”.



Referencias varias:

-Manuel Vidal Villaverde, “O tremor do amor”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 4 marzo 1997, p. 28. Artigo en ton poético no medio do cal Manuel Villaverde felicita ó autor e menciona a “desmitificación da neve, do obxecto, do desexo”, neste “fermoso” poemario de Cacheiro Varela.

-Alex Mene e Buxán Bran, “Maximino Cacheiro: o pracer do texto”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 169, “Latexos”, 24 xullo 1997, p. 12. Despois de seren sinalados algúns datos da traxectoria biográfica, académica e crítica de Cacheiro Varela, é o propio autor nesta entrevista quen fala dos seus poemarios *Memorial do exilio* (1994) e *O tremor do amor*. Do primeiro destaca o seu carácter existencial e no tocante a *O tremor do amor* afirma que parte do discurso amoroso de Barthes segue a estar presente na súa obra, así o poeta refírese ó amor na liña de Barthes, quen falaba de “pluralidade amorosa”, termo preferido polo autor ó de “amorpaixón”.



Caneiro, Xosé Carlos, *A valga do triste amor*, 1º Premio de Poesía Johan

Carballeira, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 56, 1997, 81 pp. (ISBN: 84 89814-10-4). Ž

Poemario de Xosé Carlos Caneiro (Verín, 1963) no que o amor constitúe o eixo temático fundamental. Trátase dun conxunto de composicións nas que a voz lírica se dirixe a un ti. Nelas lemos unha reflexión sobre o amor como centro da existencia. No libro podemos atopar tamén unha reflexión sobre o propio acto de escritura da poesía amorosa.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Cando digo que te amo”, *El Correo Gallego*, “*Revista das letras*”, nº 170, 31 xullo 1997, p. 10. Comentario sobre este poemario no que se destaca a “feitura clásica” da obra e o feito de que por veces caia en “tópicos moi comúns”. Tamén se salienta o seu bucolismo e a presenza de frases feitas. Conclúe considerándoo un libro “correcto”, mais que “non descobre a pólvora”.



Referencias varias:

-Álvaro Agulla, "Cultura presenta hoy el libro de poesía "A valga do triste amor", *Diario de Potevedra*, 25 abril 1997, p. 22. Anuncia a presentación do libro en Bueu e a participación no acto do autor, de responsables da editorial e do concelleiro de cultura, así como de asociacións do municipio. Sinálase tamén o propósito do concello de repartir exemplares nas bibliotecas e centros escolares do Concello. Conclúe citando os premios que leva recibido Xosé Carlos Caneiro.

-R. F., "Quero facer o meu propio lector", *La Región*, 14 xuño 1997, p. 20. Artigo no que se fala da presentación deste poemario e no que se inclúen manifestacións do propio autor da obra, escrita en paralelo "á realización de dúas novelas longas". O autor do artigo destaca a temática amorosa, o desencanto, a soidade e a morte como motivos fundamentais da obra de Caneiro, ós que este engade "o compromiso co meu país". Faise, ademais, un perfil da traxectoria e personalidade do escritor de Verín.



Casas, Arturo, *Momentum. Circungrafía*, Santiago de Compostela: Sotelo

Blanco, col. Leliadoura, nº 38, 1997, 131 pp. (ISBN: 84-7824-308-7).

Libro co que Arturo Casas (A Coruña, 1958) “clausura un ciclo, tal vez un xeito de concibir a lírica e o propio exercicio persoal da escrita”. Estructurado en tres partes, “A mirada escrita”, “Paralipómenos” e “Epílogo”, o poemario é un exercicio de reflexión metaliteraria sobre a memoria, a creación, a escritura e os espacios poéticos. Esta práctica lévase a cabo mediante a recreación dunha serie de símbolos e a meditación sobre o espacio e o tempo no acto da creación.



Conde, Isidro, *Viaxe cara á morte*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Poesía, setembro 1997, 53 pp. (ISBN: 84-7492-852-4).

Volume no que se recolle unha selección de poemas (maioritariamente en galego, aínda que inclúe algunha composición en castelán) de Isidro Conde (A Coruña, 1911). O libro está precedido por unha “Carta ós meus amigos”, un perfil do escritor asinado por X. Carro e un limiar, “Linguas irmás”, que é un soneto do autor versionado ó castelán e ó portugués. O poemario presenta composicións nas que se mestura a evocación de determinadas voces poéticas coa reflexión sobre temas universais como a saudade e a morte.

Referencias varias:

-Xesús Alonso Montero, “As nenias de Isidro Conde”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 7 novembro 1997, p. 13. Refírese á abundancia de poetas que traballan como profesores de Literatura, o que o articulista considera mellor que traballar nunha oficina ou nun banco, como o poeta Isidro Conde, a obra de quen é coñecida polos amigos ou as “persoas que se esforzan en recoñecer-lo talento dos poetas que non están no centro dos escenarios literarios”. Comenta a primeira obra en galego deste autor (“escrita sempre –ou case sempre- en castelán”), titulada *Viaxe cara á morte* e formada basicamente por nenias, “ese xénero literario no que os poetas antigos cantaban ós seus mortos”. Alude tamén a Aquilino Iglesia Alvariño e analiza algún dos poemas de Conde, incluíndo o que pecha o libro, un soneto final a xeito de epílogo que amosa “a excelencia literaria” do autor, tamén presente noutros textos do volume.



Cordal Fustes, Xabier, *Afásia*, A Coruña: Bahía Edicións, col. Bahía Branca

Poesía, nº 5, 1997, 119 pp. (ISBN: 84-89803-03-X).

Poemario de Xabier Cordal (A Coruña, 1965) caracterizado pola ruptura da unidade sintáctica —e por veces lóxica— do texto e por un particular exercicio de intertextualidade (Cunqueiro, Pessoa, Celan), que ten a súa principal manifestación no sincretismo e na subversión dos mitos. O libro reutiliza determinadas fórmulas discursivas e combina diferentes linguaxes específicas (a metaliteraria, a tecnolóxica, a dos medios de comunicación, etc.), cunha intencionalidade, as máis das veces paródica. A mitoloxía, a literatura, a modernidade e a procura da identidade son os motivos que serven de eixe ó poemario que presenta por veces unha dimensión social, conseguida mediante o recurso da ironía e o humor.

Recensións:

-Olga Novo, “Chantar estadullos na linguaxe”, *Tempos Novos*, nº 6, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 1997, p. 80. A recensionista pon de manifesto a presenza neste poemario dun discurso rupturista que mestura referencias literarias e culturais con tecnicismos ou xiros coloquiais, xunto a unha linguaxe críptica con carga irracional e de escrita automática. Destaca que este proceso se acentúa na cuarta parte do volume, titulada “Transmisión” e percibe no libro unha busca de identidade “que se artella nun complexo xogo de espellos ou nun cambio de máscaras”, así como unha presenza do telúrico e das vivencias familiares.



Corral Iglesias, José Alberte, *Palavra e Memória*, A Coruña: AGAL (Associação Galega da Língua), col. Criação, 1997, 156 pp. (ISBN: 84-87305-3).

Extenso poemario dividido en dúas seccións e que conclúe cun epílogo sen asinar titulado “*Palavra e memória para un tempo de galeguidade lusofónica*”, no que o autor afirma que a obra está inscrita no discurso da modernidade, continúa falando de cuestións lingüísticas e da súa relación co poder político, así como dalgunhas actividades do autor do poemario, José Alberte Corral Iglesias (A Coruña, 1946). Finaliza coa análise da obra destacando como elementos relevantes a negatividade e a ironía/ambigüidade, e indicando algúns elementos temáticos recorrentes (motivos belicosos, asuntos socio-políticos) e a súa preferencia polos poemas breves. O libro presenta unha expresión marcada pola claridade sintáctica e pola brevidade e, ó longo das dúas partes do mesmo (“Tempo II” e “Tempo I”), desenvolve unha serie de aspectos como a tendencia ó recordo e á nostalxia, a fuxida dunha realidade social coa que a voz poética non concorda e que critica, a referencia constante á palabra e á mentira, así como ós soños, entendidos como ámbito da liberdade, da esperanza e da inocencia, relacionada esta tamén, nalgún poema, cos nenos ou co mundo da infancia. Ademais é de salienta-la presenza do discurso sobre o amor, evidente ben na louvanza do ser amado ben na expresión da súa procura ou no lamento debido á súa ausencia.



Recensións:

-A. M. Suárez e D. G. Ces, "Epigramas de José Alberte Corral Iglesias", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 160, 22 maio 1997, p. 6. Analízanse con detalle as características de *Palavra e memória*, libro que describe como un conxunto de textos breves nos que o autor emprega o verso libre e unha grande liberdade formal. Segundo o articulista, a obra está artellada fundamentalmente "arredor de tres eixes temáticos, a poesía cívico social, o lirismo intimista persoal e a poesía amorosa".

-M. Cacheiro Varela, "Palavra poética", *A Nosa Terra*, "Guieiro Cultural", nº 782, 12 xuño 1997, p. 24. Presenta a José Alberte Corral Iglesias como un autor vencellado dende sempre ó noso país e, ó mesmo tempo, solidarizado cos pobos oprimidos de Latinoamérica. De seguido, tenta inseri-la súa última obra, *Palavra e memória*, na liña marcada inicialmente. Describe a temática do poemario salientando que xira ó redor do pesimismo, a saudade e a reivindicación dos que loitaron pola democracia e están actualmente esquecidos.

-Dores Valcárcel Guitiám, "Palavra e memória", *Agália*, "Recensons", nº 50, verán 1997, pp. 251-254. Comézase relacionando a capa do libro, que reproduce un pasquín da comuna de París, co título e co seu contido. A seguir, describe as dúas partes que integran a obra: "Tempo I", composto hai vinte anos e no que son frecuentes as evocacións ó pasado; e "Tempo II", cunha poética que se achega á realidade concreta e que "permite invocar velhas ideas de liberação e de revolução". Comenta a temática da obra salientando a preocupación do poeta polos problemas sociais.



Referencias varias:

-J. Trillo, "Alberte Corral: 'O pouco espacio de liberdade custou moito sufrimento'", *O Correo Galego*, 3 abril 1997, p. 43. O escritor José Alberte Corral Iglesias nesta breve entrevista explica cómo naceron as súas inquedañas literarias e cómo xurdiu o seu último libro *Palavra e memoria* que acaba de publicar e cal é o propósito deste.



Cortés, Manuel, *A rutina é o deber de todas as criaturas*, Santiago de Compostela: Edicións Positivas, col. Di-versos, 1997, 73 pp. (ISBN: 84-87783 43-0).

Poemario de Manuel Cortés (Vilardevós, 1966) que presenta unha fasquía iconoclasta no que atinxe á disposición gráfica, pois combina textos de diferente lonxitude, en prosa e verso, con outras formas que se aproximan ó tipograma. A voz lírica leva a cabo unha mestura de rexistros (da música, da publicidade, do cine, etc.), desautomatizando algunhas formas discursivas e ofrecendo unha visión irónica e por veces paródica da realidade máis inmediata.

Recensións:

Vicente Araguas, “Tranvías e criaturas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 168, 17 xullo 1997,

10. Comentario que inclúe esta obra xunto con outra de Alfonso Armada. V. Armada, Alfonso, *Escuma dos dentros*, nestas páxinas.



Referencias varias:

-A. I., “Manuel Cortés presenta en la ‘Noite Alternativa’ de la NASA su poemario”, *El Correo Gallego*, 22 maio 1997, p. 12. Anúnciase o programa da Sala NASA “Noite Alternativa dos Xoves” no que está prevista a presentación deste poemario, ademais da actuación do grupo Chévere e dun recital do poeta Rafa Janeiro.

-R. F., “Pena de morte’ para o alento poético”, *La Región*, 12 xuño 1997, p. 20. Infórmase da presentación do poemario de Manuel Cortés, quen foi compoñente do grupo poético “Ronseltz”. Coméntase que a obra está estruturada a xeito de bestiario no que, como di o seu autor, “cada un dos poemas refírese a un animal distinto facendo alusión ós comportamentos rutinarios”. Fálase, ademais, do proceso de escritura dos poemas e da concepción que Cortés ten da poesía.



Couceiro, Emma, *Humidosas*, V Premio de Poesía Espiral Maior, limiar de Xosé Ma^a Álvarez Cáccamo, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 61, 1997, 50 pp. (ISBN: 84-89814-22-8).

Este poemario está precedido dun limiar a cargo de Xosé María Álvarez Cáccamo, membro do xurado do Premio Espiral Maior, que salienta a singularidade da obra de Emma Couceiro (Cospeito, Lugo, 1977) ademais de facer unha descrición da temática de *Humidosas* e unha enumeración dos trazos estilísticos máis importantes. A autora lucense agrupa os vintedous poemas que forman a obra en catro apartados titulados e un epílogo. A variedade métrica e estrófica é unha constante en *Humidosas*; atopamos un predominio de versos longos en “Cerradoras e agarradores” e “Saudando setembro”, mentres que en “Os caracois só arrastran humidade” e “A aquelas fotos” abundan os versos curtos. Na temática vense reflectidas as dúbidas que sente todo adolescente; a dor e a nostalxia polo abandono da infancia e a incerteza cara ó futuro.

Recensións:

-Teresa Seara, “Lectura da auga”, *A Nosa Terra*, nº 793, “Guieiro Cultural”, 28 agosto 1997, p. 18.



Caracteriza o eu poético neste poemario de Emma Couceiro como “un ser desvalido”, obrigado a sobrevivir en condicións adversas. Describe os diversos significados simbólicos que ten a auga nesta obra. Teresa Seara inclúe varios fragmentos da obra cos que pretende ratifica-los seus comentarios.

Olga Novo, “Emma Couceiro, unha nova voz poética”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 31 agosto 1997,

VII. Comentario no que se analiza o estilo e a temática do poemario. Caracteriza a poesía desta xove coruñesa como “limpa” estilisticamente e marcada pola “dor”. Finalmente, sinala que o ton pesimista xeral rómpese no “Epílogo” coa composición “máis bela e vital” do poemario.

-Vicente Araguas, “Moromos e humidosas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 189, 11 decembro 1997, p. 6. Comenta as tres forzas que residen en Emma Couceiro: a primeira delas baséase no seu deseño dun mundo novo e propio; a segunda, na naturalidade con que se manexa no mundo da poesía; e a terceira, na inmensa radicalidade que reside nesa procurada naturalidade. A continuación refírese a outros aspectos da nova poetisa, centrándose na análise do volume que, segundo Araguas, presenta algunhas semellanzas coa obra de certas autoras galegas.

-Teresa Seara, “Buscando as ás”, *A Xanela*, nº 4, outono 1997, p. 8. Logo de citar algúns dos gañadores anteriores do Premio Espiral Maior, faise referencia á unidade temática e tonal en *Humidosas*. Teresa Seara apunta a recreación dun mundo opresivo e caótico. Parafrasea ademais algúns fragmentos do libro, para comenta-lo peso desmesurado que exerce a figura da nena sobre a muller actual, e a loita do eu poético, contra os intentos das “encerradoras de inocularlle o virus da eterna infancia (...)”.



Referencias varias:

-O. N., “A que agarda”, *Tempos Novos*, nº 5, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, outubro 1997, p. 83. Nota na que se indica que esta é a primeira obra poética de Emma Couceiro e tamén o “seu primeiro xesto de rebelión”. Menciónase o estilo depurado e a ruptura sintáctica dos poemas nos que a voz poética “regresa ós corredores da infancia para emprender o descenso ós infernos”.

-Rodri García, “Hai unha incorporación da muller á poesía dun xeito moi decisivo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 138, 21 outubro 1997, p. 6. Recolle palabras de Emma Couceiro, gañadora do Premio Espiral Maior con *Humidosas*. Afirmar que na poesía galega actual hai novos temas e novas perspectivas, que non rompen sen embargo coa tradición anterior. De *Humidosas* afirma que é un libro parido con rapidez e que o título se refire ó simbolismo da humidade no paso do tempo. Di tamén que se trata dunha pescuda persoal que se confunde coa ensoñación. O artigo inclúe o poema “Só os caracois arrastran humidade”.



Creus Andrade, Estevo, *Areados*, ilustr. Manuel Facal, Premio de Poesía Miguel González Garcés 1996, A Coruña: Deputación Provincial, col. Poesía, nº 11, 1997, 96 pp. (ISBN: 84-89652-23-6).

Estevo Creus Andrade (Cee, 1971) mestura prosa e verso neste seu segundo poemario. A voz lírica vai contando a historia da decadencia dunha relación de parella, que remata co asasinato da rapaza. O erotismo mantén unha presenza regular cunha serie de mencións específicas. A continua presenza simbólica do tigre fai de nexo entre as sucesivas composicións. O outro grande elemento omnipresente é o mar, con repetidas alusións á cor azul, á area e ata á fauna mariña: gaivotas e caranguexos fundamentalmente.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Fálase de Estevo Creus", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 165, 26 xuño 1997, p. 10. Coméntanse os poemarios *Poemas da cidade oculta* e *Areados*, de Estevo Creus. Araguas comeza destacando a ligazón do poeta coa súa terra, a Costa da Morte, e afirma que "algo diferente está a pasar na poesía galega". Entra a seguir na análise das obras, das que salienta o seu sentido unitario e a narratividade. Sobre *Poemas da cidade oculta* afirma que "é un libro debedor do surrealismo", valorando as súas "transgresións sintácticas", e sobre *Areados* di que se trata dunha obra que demostra "a vontade inconformista de Creus".



Darriba, Manuel, *Calor*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 26,
30 outubro 1997, 54 pp. (ISBN: 84-89814-24-4).

Libro no que Manuel Darriba (Sarria, 1973) leva a cabo un percorrido poético polas pegadas que o verán deixou no eu lírico. O poemario é un canto xubiloso á luz e á calor, ó tempo que a evocación dunha historia de amor transcorrida no estío. Segundo avanzamos na lectura, o libro cobra un ton nostáxico, marcado polo paso do tempo e o cambio das estacións, para rematar coa simbolización do olvido e do baleiro: “e sucedeu entón que se agrandou o esquezo / fíxose grande, desmesurado / e nin así collía todo”.



Devesa, Xosé, *Aquela luz*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 60, xullo 1997, 76 pp. (ISBN: 84-89814-21-X).

Quinta entrega do poeta coruñés José Monterroso Devesa Juega (A Coruña, 1944), elaborada entre 1970 e 1991 e dedicada ós nenos e vellos de África central. O libro está escrito en galego reintegracionista e consta de cinco partes, aparentemente independentes, nas que se conxugan poemas titulados e sen título. “Cidade do vento”, a primeira parte, ofrécenos unha visión da cidade da Coruña, por veces plástica e acolledora, por veces crítica, na que canta visións do pasado nun ton elexíaco e nostálxico. En “Espelho de Eros” asistimos á recreación de momentos de amor cunha muller e á reflexión sobre o proceso desa historia. Na terceira parte, “Home acarom da vida”, o poeta repasa o tempo, a soidade, o silencio, reflectidos ás veces en momentos de vida urbana, en recordos, etc. “Perfís” son loanzas de persoas, máis que perfís ou debuxos, poemas que levan no título o nome dalgún artista ou personaxe, case todos galegos e vinculados á Coruña. “Aquela luz”, derradeira parte, que pecha e dá título ó poemario, é o tempo que regresa á memoria fragmentado en recordos da inocencia, da ledicia e da liberdade de ser todo aínda puro.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Paixón adolescente”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 184, 6 novembro 1997, p. 10.





II.1. Poetas galegos

Cualifícase esta obra de “auténtica” e dise que ten un claro obxectivo comunicativo. Descríbese o tratamento do marco espacial no poemario: as cidades da Coruña e Montevideo. Finalmente, coméntase a pluralidade temática.



Dobao, X. Antón L., *O tempo entre murallas*, prólogo de Darío Xohán Cabana, epílogo de X. L. Méndez Ferrín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 1997, 118 pp. (ISBN: 84-8302-097-1).

Terceiro poemario de X. Antón L. Dobao (Lugo, 1963) que vai precedido dun prólogo de Darío Xohán Cabana no que explica cómo coñeceu o poeta e recoméndalle ó lector que faga unha lectura lenta do libro, pronunciando “internamente as palabras que aquí están”, opoñendo a obra a outras tendencias da poesía. Pecha a obra un “Epílogo pra Antón”, de X. L. Méndez Ferrín, que fai alusión ó compromiso do libro e ó emprego que nel se realiza do idioma, afirmando que nel “endemais, está a miseria, a nación a ermo, o planeta dominado”. A obra, constituída por cincuenta textos, divídese en tres seccións, tituladas “Acordes de Brétema”, “Copa de lenta figura” e “A tribo dos vencidos”. A afirmación da terra, a reflexión sobre a lingua, a expresión dunha dor existencial e dun sentimento de derrota son os motivos fundamentais que dan coherencia ó libro.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Poemas de esperanza na tribo dos vencidos”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 17, 14 xuño 1997, p. 5.



Afirmase que se trata dun libro “para ler a modo” e destácase a súa rebeldía e o feito de que evite artificios inútiles. Indícase tamén a súa estruturación en tres partes e recóllense palabras de Darío Xohán Cabana e Xosé Luís Méndez Ferrín acerca do mesmo. A seguir trázase unha breve traxectoria de Dobao e conclúese que “para o autor a poesía é a única linguaxe capaz de expresar sentimentos con autenticidade”.

-Vicente Araguas, “Lírica Nacional”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 167, 10 xullo 1997, p. 10. Comeza este artigo cunha valoración positiva das afirmacións feitas no prólogo de Darío Xohán Cabana. No comentario ó libro salienta a ponderación coa que son tratados moitos dos temas que o conforman: “o amor, o desamor, a nostalxia, a carraxe, o canto nacional non resultan descompensados”. Lóuvase o tratamento que da política se fai na obra por estende-los seus contidos máis alá de Galicia. Á hora de destacar algúns poemas, quédase con “I like sundays” e cos incluídos na sección “Acordes de brétema”.

-Miro Villar, “X. Antón L. Dobao: *O tempo entre murallas*”, *A Trabe de Ouro*, nº 31, “Publicacións”, Tomo III, Ano VIII, xullo-agosto-setembro 1997, pp. 121-124. Destácase o valor da poesía de Dobao, segundo Miro Villar, infravalorado nos oitenta e descoñecido para as novas xeracións. Considera que o autor do poemario non pertence á poesía erudita e culturalista e que neste último libro, moitos dos textos artéllanse sobre dúas palabras clave: “tempo” e “lingua”. Na primeira e na segunda parte do poemario o recensionista cre ver que “ese tempo entre murallas fai referencia ao presente do eu poético, madurado xaora, que contempla o *temps perdu* da adolescencia, facendo reconto, e agarda o futuro da senectude”. Na terceira parte, “A tribo dos vencidos”, sinala que predomina a temática patriótica sobre Galicia e que ademais hai poemas de exaltación á rebelión.



Referencias varias:

-S. G., “Tierra, soledad y amor inspiran los nuevos poemas de Antón Dobao”, *La Voz de Galicia*, 22 novembro 1997, p. 49. Infórmase da presentación deste poemario. Recóllense os comentarios do autor a cada unha das tres partes do libro e cítanse tamén as gabanzas que Darío Xohán Cabana dedicou á obra durante o acto.

X. L. Méndez Ferrín, “O tempo entre murallas”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 28 novembro 1997,

2. Achega Méndez Ferrín diversos comentarios ó redor de *O tempo entre murallas*. Salienta o feito de que se trate dun diálogo con poetas galegos contemporáneos, con toda a tradición literaria galega e mais coa tradición e contemporaneidade de varias literaturas europeas “frecuentadas en versión orixinal”. Afirmar ademais que Dobao é un poeta que se edifica a si mesmo sobre a lingua realmente falada no mundo cotián.



Fernández López, Isabel, Juan Ramón **Tallón Salgado**, José Carlos **Cameiro**,
 Diego **Ameixeiras Novelle**, Xosé Manuel **Dopazo Mella**, Ruperto **Cabarcos**
Silveiro, *III Certame Literario Monte da Condesa*, Santiago de Compostela:
 Universidade de Santiago de Compostela, 1997, 97 pp. (DL: C-385-1997).

Obra colectiva que recolle os traballos premiados no certame literario que lle dá título á publicación nos apartados de narrativa e poesía. Os premiados no apartado de poesía son:

-Diego Ameixeiras Novelle, "As rosas do desexo", pp. 73-79. Serie de poemas breves nos que destaca tematicamente o desexo, o amor e o erotismo.

-Xosé Manuel Dopazo Mella, "A viciosa reiteración do círculo", pp. 81-91. Poemas marcados polo amor e a consciencia do fracaso.

-Ruperto Cabarcos Silveiro, "Habitación azul", pp. 93-97. Describe un cuarto e os obxectos que o compoñen, mesturando elementos da realidade con outros aspectos dun mundo fantástico.



Fernández Sanmartín, Celso, *Propiamente son captivo*, Santiago de

Compostela: Asociación Cultural Amaía, col. Letras de Cal, abril 1997, 53 pp.

(ISBN: 84-922620-0-1).

Poemario de Celso Fernández Sanmartín (Lalín, 1969), que presenta un conxunto de máis de vinte composicións moi diverxentes entre si no que respecta ó seu aspecto formal. Ó longo de todas elas vai describindo diferentes “estampas” que reflicten certas situacións escenificadas por algúns dos seres, animados ou inanimados, pertencentes a certos medios naturais, como é o selvático, ó que lle presta grande atención. Así, na maioría dos poemas aparecen osos, cebras ou xirafas, tratados polo eu lírico con simpatía e delicadeza. Polo contrario, este non ve con bos ollos todo aquel elemento que os prexudique, como pode ser un cazador.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, “Arre-sentelha”: “Bravura máis alá”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 787, 17 xullo 1997, p. 24. Comenta conxuntamente *Propiamente son captivo* e *A primeira visión*, de María Lado. Da obra de Celso Fernández Sanmartín valórase a solidez e a eficacia dos recursos poéticos empregados, así como a perfección no ritmo. Do poemario de María Lado salientase a “fondura de análise sociolóxica” que nos achega, ademais do dominio dos recursos que emprega. Louva as iniciativas promovidas pola A. C.



Amaía e polo Batallón Literario da Costa da Morte por acoller no seu seo e facilita-lo traballo dos creadores máis novos. Opina que os traballos destes xoves autores “van máis alá da arroutada da leña verde” e que son o froito dunha profunda análise da realidade social e literaria que os rodea.

-Jaime Varela Sieiro, “Unha nova editorial creada por poetas”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 28 setembro 1997, p. VI. Faise eco da aparición da colección “Letras de Cal” e sinala que este nome alude a un manifesto poético de Rafa Villar titulado *A poesía: impresións dixitais* lido no Encontro de Escritores/as Novos/as (decembro 1996) e publicado no número 23 de *Dorna*. Refírese, así mesmo, ó carácter iniciático do libro de María Lado, tanto por se-lo seu primeiro libro como por ofrece-la súa visión do mundo, concibida como unha escena feita polas pegadas dos homes. Explica que cada unha destas pegadas constitúe o eixe temático de cada poema e resalta a forza, decisión e vigor da voz da autora. No tocante a Celso Fernández Sanmartín cita os seus títulos anteriores, apunta a presenza dunha linguaxe límpida e chea de lirismo primixenio así como a presenza dun mundo primitivo entendido como estado de harmonía que se creba nos poemas interiores para buscalo na selva.

Vicente Araguas, “Letras de Cal”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 186, 20 novembro 1997,

6. Reflexiona sobre *A primeira visión*, de María Lado e *Propiamente son captivo*, de Celso Fernández Sanmartín. Da obra de María Lado salienta a espontaneidade, a orixinalidade e o afán rupturista. Búscalle os antecedentes na poesía de Xela Arias e Luísa Castro e pídelle que non entre en procesos miméticos que lle ocorren a outras mulleres poetas. No libro de Celso Fernández Sanmartín, Vicente Araguas observa unha tentativa de renovación con respecto á obra anterior, unha “dureza épico-lírica” que o aproxima a Estevo Creus.



Referencias varias:

-A. I., “Celso Fernández y María Lado inauguran la colección de Poemas ‘Letras de Cal’”, *El Correo Gallego*, 28 maio 1997, p. 11. Refírese á presentación da colección de poesía “Letras de Cal” a cargo dos integrantes da Asociación Cultural Amaía, cos seus dous primeiros títulos *A primeira visión*, de María Lado e *Propiamente son captivo*, de Celso Fernández Sanmartín. Os responsables da asociación sinalaron que pretenden dar saída ós novos poetas “a los que no se les posibilita la publicación en grandes editoriales”. Infórmase tamén de que a selección de títulos para publicar realízase por votación dos membros da asociación e que pretenden editar oito títulos ó ano.

-S. C., “Letras de Cal’: poesía enérxica a prezos populares”, *O Correo Galego*, 28 maio 1997, p. 45. Recóllese un extracto das palabras de presentación dos primeiros títulos desta colección de poesía. María Lado, autora de *A primeira visión*, sinalou que o seu poemario xurdiu a partir “dunha introspección, de recordos das cousas que viviu e doutras que non”. Pola súa parte, Celso Fernández Sanmartín, autor de *Propiamente son captivo*, declarou que a orixe do seu libro está nunha noticia dun xornal. Recóllese tamén a afirmación de que a colección “Letras de Cal” pretende dar saída a poetas novos e achegar ós lectores “obras manexables e que sexan lidas, que non queden nos andeis das librerías”.

-Miguel A. Seixas, “Letras de tal e cal”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 16 xuño 1997, p. 3. Dá conta da posta en marcha da colección “Letras de Cal”. Cita os títulos das anteriores obras de Celso Sanmartín e María Lado e sinala que “entrambos están a escribir no encerado da historia cos seus xices logo de borralo xa escrito anteriormente, pero a súa lectura volve a ser palimpsesto ata que outras e outros tenten outra volta varrer ese po e escribir de novo”. Reproduce fragmentos de ámbalas dúas obras e comenta que o poemario de Celso Sanmartín “parece un cartafol de postais enviada dende a selva” e



mesmo “parece caderno ou álbum de ciencias naturais esborrachado por unha nena ou un neno”. De *A primeira visión* di que “dáno-las imaxes pintadas no seu interior e exterior”.

-E. P., “Letras de Cal’ preséntase hoxe en Vigo co fin de lanzar novos títulos”, *O Correo Galego*, 2 xullo 1997, p. 34. Presentación en Vigo da colección “Letras da Cal” por parte da Asociación Cultural Amaía, coa que se pretende dar saída á obra dos autores máis novos e ofrecerlles unha canle de publicación para os seus escritos. Infórmase da asistencia ó acto de membros de Amaía e dos autores das dúas primeiras obras que abriron a colección.

O. N., “Os versos do aviador”, *Tempos Novos*, nº 5, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, outubro 1997,

83. Nota que anuncia a publicación de *Propiamente son captivo*, segunda entrega poética do autor de *Sen título* (1995), no que a recensionista percibe un “labirinto de tenrura permanente” e unha poética de orixinal excentricidade que algo ten de “percorrido tolo”.



Fonte, Ramiro, *O cazador de libros*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Leliadoura, nº 37, 1997, 114 pp. (ISBN: 84-7824-309-7).

Poemario no que Ramiro Fonte (Pontedeume, 1957) se decanta polo emprego do verso longo e, con frecuencia, da rima asonante. O libro recrea temas como a cidade, a literatura, o paso do tempo ou a nostalxia, combinando un ton decadentista cunha marcada tendencia á narratividade. Outras veces, recorre a un ton reflexivo para tratar cuestións como a función do poeta na sociedade finisecular. O libro, polo que desfilan personaxes románticos, misteriosos e marxinais (o cazador de libros, o xogador, o conspirador) rende tamén unha homenaxe ós poetas mestres da tradición, tanto galega coma universal.



Fortes, Antom, *Figuras masculinas de meio-corpo*, limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo, Vigo: Espiral Maior, col. Illa Verde, nº 22, febreiro 1997, 55 pp. (ISBN: 84-89814-04-X).

Libro de poemas de Antom Fortes (Sarria, 1957) precedido dun breve limiar, “O epicentro poético de Antom Fortes”, asinado por Xosé M^a Álvarez Cáccamo, no que se presenta a obra como “un dos retábulos humanos máis seductores —estética e carnalmente falando— de cantos a vontade criativa da nosa literatura ten dado nos últimos tempos”. Trátase dun poemario de fasquía culturalista, no que un personaxe central, A., que a miúdo se fai dono da primeira persoa, lembra con nostalgia os seus amantes doutroa. O libro está estruturado en catro partes, de desigual extensión: “I”; “II. Tempo de Láins”; “III. Tempo de Compostela”; “IV” e “V. Final”. O símbolo da “casa pardieira” onde A. “se safa / efébico / do medo/ das sombras, / do sonhos e do tempo” crea un marco que dá coherencia ó conxunto.

Recensións:

-Alex Mene e Buxán Bran, “Antom Fortes Torres nos ceos de Galicia”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 159, “Latexos”, 15 maio 1997, p. 12. Sublíñase a condición de *rara avis* deste poemario nas letras galegas, por tratarse dunha obra encadrada nunha tradición clásica de amor entre homes. Sinálase así mesmo a estruturación “a xeito de percorrido



vital e namorado do eu poético, dun home á procura doutros homes (...). Coméntase ademais o paso dun tempo dionisiaco á traxedia do efémero.

-Teresa Seara, "Devalando entre dúas augas", *A Nosa Terra*, "Guieiro Cultural", nº 782, 12 xuño 1997, pp. 23-24. Comentario conxunto das obras *Rotación violeta* (1996), de Vázquez Pintor e *Figuras masculinas de meio-corpo*, de A. Fortes Torres, vencelladas segundo a articulista "pola reflexión e a vivencia do erotismo". Do primeiro poemario descríbese a estrutura e o tratamento do intimismo. De *Figuras masculinas de meio-corpo* estúdanse as diversas manifestacións do "eu poético". Nos dous casos utilízanse numerosas citas das obras para xustifica-las súas afirmacións.

Vicente Araguas, "A casa, os corpos", *O Correo Galego*, "Revistas das letras", nº 164, 19 xuño 1997,

10. Reflexiona conxuntamente sobre o último libro de Manuel María e *Figuras masculinas de meio corpo*, de Antom Fortes. Araguas considera que *Sonetos á casa das hortas* ocupa xa un lugar sobranceiro na obra do chairego e cre que, pola súa natureza autobiográfica, suple momentaneamente as necesarias memorias do autor. Destácase o talante humano do poemario e a desigual calidade dos sonetos. No tocante á obra de A. Fortes lamenta que tardase tanto en se publicar, define o seu autor como "aínda novidoso", e á súa poesía como "boa e libre" no "concepto e na forma", feito que, segundo o recensionista, demostra que a colección "Illa Verde" "complementa pero non é subsidiaria da súa irmá maior".



-Manuel Darriba, "Tempo, corpos, derrota", *El Progreso*, "Táboa Redonda", Segunda Época, nº 42, 6 setembro 1997, p. III. Sinala primeiramente que non é casualidade que o primeiro e o derradeiro poema do libro comecen igual, dado que a obra é un "ir e vir", "un devalar impúdico da marea da propia vida". Segundo o recensionista, os poemarios "valen polo ritmo na forma e pola sinceridade no fondo". Así, para el, *Figuras masculinas de meio-corpo* ten a cadencia precisa no fluír do verso libre e "unha destemida sinceridade á hora de tender ó sol as sabas húmidas da memoria". Manuel Darriba aprecia un ton de amargura e conciencia que lembra ó Ferrín de *Con pólvora e magnolias*.



Fraga, Modesto, *Do amor salgado*, Premio de Poesía O Grelo-Amigos de Galicia, presentación de Xesús Busto Peteiro, prólogo de Miro Villar, Lugo: Fundación O Grelo-Amigos de Galicia, 1997, 49 pp. (D. L: VG-742/97). Ž

Ábrese este poemario de Modesto Fraga (Fisterra, 1974) cunha “Presentación” na que o presidente de “O Grelo-Amigos de Galicia” dá conta do cuarto premio literario convocado por esta entidade, refírese á persoa homenaxeada (M^a Rexina Míguez Noval), á composición do xurado e ó seu veredicto. Segue un “Prólogo” no que Miro Villar conta a súa relación co autor, describe a traxectoria poética deste e caracteriza temática e estilisticamente a obra, vencellando ó autor fisterrán a Umberto Saba e a Xavier Rodríguez Baixeras. O poemario está constituído por un conxunto de composicións estruturadas en tres partes. Na primeira delas, “Eramos luz ambarina”, predomina a temática amorosa. Na segunda, “Ninguén soubo que marcharas”, constituída por sonetos, introdúcese o motivo da ausencia. Na terceira, “Cedo volvín á realidade” atopamos igualmente o amor como tema central. Ó longo do libro, a voz lírica recrea ademais o motivo do paso do tempo.



Fraga Iglesias, Xosé, *Longa noite de ferro*, limiar de Puri e Xan, Pontevedra:

Edicións da Arcela, Poesía, nº 1, setembro 1997, 83 pp. (ISBN: 84-923019-0-2).

Recompilación de poemas de Xosé Fraga Iglesias (Campo Lameiro-Pontevedra, 1915) que comeza cun “Limiar” no que Puri e Xan comentan a relación que os une co autor e reflexionan sobre as distintas “fragas” que podemos atopar en Galicia. O libro recolle un conxunto de composicións nas que predomina o ton popular e unha temática de circunstancias: a reiterada defensa da carballeira de San Xusto, a defensa de certos valores autóctonos, a denuncia da inxustiza e a evocación de determinadas figuras da vida cultural.

Recensións:

-Vicente Araguas, “A prol de Víctor Campio”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 188, 4 decembro 1997, p. 6. Céntrase no comentario de tres poetas e da súa correspondente obra. O primeiro deles é Víctor Campio, autor de *O ar que nos leva* (1987), do que destaca as súas magníficas dotes, conceptuais e temáticas e lamenta que non tivese o recoñecemento merecido. Coméntase a entrada deste escritor no *Diccionario de escritores en lingua galega*, de Edicións do Castro e nota a súa ausencia no de Galaxia. A continuación refírese a Dora Vázquez, que vén de publicar *Madeixas debandando*, que en realidade é unha tradución ó galego do libro *Recuerdos*, xa recollido na obra *A xeito de antoloxía*. Finalmente alude á Xosé Fraga Iglesias do que resalta a súa “voz reivindicativa” e o seu libro *Longa noite de ferro*.



Gómez Alfaro, X. C., *Alba plena do alén*, A Coruña: Espiral Maior, col Poesía, nº 55, xaneiro 1997, 56 pp. (ISBN: 84-89814-00-7).

Poemario de Xosé Carlos Gómez Alfaro (As Chabolas, Ribadavia, 1949) dividido en catro apartados: "Introito", "Eras", "Os laios da memoria" e "Alén". O silencio, o amor, a lembranza do amor que se foi, o mar e os recordos son algunhas das claves temáticas deste libro, no que atopamos ademais unha "Pregaría a Santa Tegra" e unha "Invocación a Ourense".

Recensións:

Vicente Araguas, "Elixías e comezos", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 163, 12 xuño 1997, 10. Artigo sobre a publicación dos poemarios *Alba plena de alén*, de X. C. Gómez Alfaro, e *De mar e vento*, dun grupo de poetas da Costa da Morte. Acerca do primeiro, Araguas afirma que ten claras débedas con Miguel Hernández, polo seu evidente ton elexíaco, e con Juan Ramón Jiménez, aínda que di que se trata dun "libro vigoroso que se defende por si só". O segundo dos libros é unha "escolma poética de cinco escritores fisterráns": Alexandre Nerium, Fraga Moure, Moure Insua, Roberto X. Traba Velay e Mónica Góñez. Araguas fala de cada un deles, destacando o clasicismo dos dous primeiros, o primitivismo/impresionismo de Moure Insua e a poesía amorosa e descritiva de Traba Velay, deixando para o final a Mónica Góñez de quen di que "para min que está no bo camiño".



Referencias varias:

R. R. Vicente, “El poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro publica “Alba plena do alén”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 28 marzo 1997, p. XIII. Á presentación da colección de poesía da editorial Espiral Maior, na que se inclúe *Alba plena do Alén*, séguelle un percorrido pola obra literaria do autor salientando os galardóns recibidos. Describe a estrutura, a métrica e a temática do poemario antedito. Asócio a *As labaradas da lembranza* (1996) e *Os ciclóns do sino* (1997) como integrante dunha triloxía que se artella arredor da morte dun fillo do poeta. Afirmo que a poesía de Gómez Alfaro é “tremendamente sentida” e “marcadamente intimista”, con predominio dun ton elexíaco e reflexivo sobre a vida e a morte.

R. R. V., “Presentación de ‘Alba Plena do Alen”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 27 xuño 1997, p. X. Noticia da presentación do libro na Guarda nun acto que contou coa presenza de Miguel Anxo Fernán-Vello e Xosé María Álvarez Cáccamo. Menciónase o carácter intimista e elexíaco con metros clásicos (especialmente sonetos) e sublíñase o “aplomo e mestría” do poeta que é quen de converte-la dor pola perda do fillo nunha oda á vida.



Gómez Alfaro, X C., *Matria da néboa*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1997, 60 pp. (ISBN: 84-7492-832-X).

Poemario formado por vinteito composicións que veñen antecedidas dun prólogo no que Xesús Alonso Montero conta como descubriu a poesía de Gómez Alfaro (As Chabolas, Ribadavia, 1949) e refírese á obra *As labaradas da lembranza* (1996), da que subliña por unha parte a presenza das terras do Ribeiro e pola outra a morte do fillo do poeta. O prologuista comenta que hai quen considera a este autor como un “poeta de Xogos Florais”, o que segundo el, non implica falta de sinceridade nin de calidade. Ademais sinala a variedade temática e formal e saúda a publicación deste “poeta de bo oficio”. Os poemas distribúense en cinco seccións, caracterizadas as tres primeiras —“Antífonas dunha terra” (1970), “Índice de tebras” (1973) e “Réquiem” (1975)— por un trasfondo sombrío determinado pola morte, o medo, a soidade ou o silencio, e nos que latexa a denuncia pola dor da terra. Así mesmo, as devanditas seccións están marcadas por unha variedade métrica na que destaca a presenza notable de rimas asonantes. En “Matrias” (1987-1992), onde se rexistra un predominio do soneto, o poeta gaba, a través de invocacións, e cunha estrutura marcada pola aposición, as terras do Ribeiro e A Guarda, así como a vila de Betanzos. Por último en “Varia” recóllense catro poemas, presentando tres deles o soneto como forma estrófica e nos que a temática lle corresponde á noite de San Xoán, ó cabalo, a cereixa e a camelia.



Referencias varias:

-Alonso, "Oda a Galicia por un arquitecto del soneto", *La Región*, 13 maio 1997, p. 18. Informa da presentación do poemario ó tempo que cita dúas das obras deste autor: *As labaradas da lembranza* (1996) e *Alba Plena do Alén* (1997). Recóllense as declaracións do profesor Alonso Montero, quen afirmou na súa intervención que *Matria da néboa* é "unha oda a Galicia, un canto a la tierra y una loubanza a las matrias desde un punto de vista sagradamente respetuoso de alguien que es arquitecto de la métrica y del soneto, con talante combativo, pero siempre enamorado como lo es Gómez Alfaro".

-R. R. V., "Alonso Montero presentó "Matria da néboa" y "Os ciclóns do Sino", *Faro de Vigo*, "Faro", 26 setembro 1997, p. X. Noticia da presentación de *Matria da néboa* e *Os ciclóns do sino* na Guarda. Céntrase na intervención de Xesús Alonso Montero quen, citando a primeira das obras, se referiu ó autor como unha das "máis fermosas voces que ten hoxe a poesía en Galicia" e salientou a orixinalidade así como a tenrura e a fermosura da voz do que considerou "o poeta do Ribeiro". No tocante a *Os ciclóns do sino* sinalou a presenza no mesmo non só do Ribeiro senón tamén da Guarda.



Gómez Alfaro, X. C., *Os ciclóns do sino*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1997, 72 pp. (ISBN: 84-87575-49-8).

Poemario de X. C. Gómez Alfaro (As Chabolas, Ribadavia, 1949) estruturado en tres partes — “Ciclóns”, “Nai ó garete” e “Sino”— nas que se tratan fundamentalmente os temas do amor e a morte. É, segundo palabras do autor, un “poemario [que] xira ó redor da amada, contemplada como esposa e coma nai”. Ensaia o escritor varias formas métricas entre as que destacan o soneto e as formas paralelísticas de fasquía neotrobadoresca.

Referencias varias:

-R. R. V., “Alonso Montero presentó “Matria da néboa” y “Os ciclóns do Sino”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 26 setembro 1997, p. X. Ver Gómez Alfaro, X. C., *Matria da néboa*, nestas páxinas.

-Vicente R. R., “El poeta Xosé Carlos Gómez Alfaro publica “Alba plena do alén”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 28 marzo 1997, p. XIII. Ver Gómez Alfaro, X. C., *Alba plena do alén*, nestas páxinas.

-R. R. V., “Gómez Alfaro presentou “Os ciclóns do sino”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 30 maio 1997, p. XIII.



II.1. Poetas galegos

Noticia que recolle información sobre a presentación do poemario *Os ciclóns do sino*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro, no que “predominan as formas clásicas, especialmente sonetos”. A seguir faise unha descrición da obra e reproducése parte do limiar da mesma.



González Ananín, Eduardo, *Rol de Cantárida*, limiar de Víctor Campio Pereira, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Poesía, 1997, 98 pp. (ISBN: 84-7492 828-1).

Primeiro poemario en galego de González Ananín (Pereiro de Aguiar, Ourense, 1926). Conta cun limiar de Víctor Campio Pereira no que se subliña que o cambio de lingua non provocou un cambio de actitude ante a poesía. Campio Pereira destaca a conxunción do local e o universal na poesía deste autor e unha visión da humanidade “á beira dun abismo que nos pode engulir” e, xa que logo, necesitada de poetas que ergan “a súa voz testemuñal”. A obra consta de trinta e sete poemas en verso libre (agás un soneto) cunha voz que critica con dureza a inxustiza, a insolidariedade, a falta de liberdade e a dor dos máis débiles ó tempo que denuncia e se magoa da opresión que sofre Galicia. A visión aceda da realidade a través dunha linguaxe densamente metafórica non impide a presenza de exclamacións apelando á rebeldía. Dous poemas elexíacos, un dedicado á figura de Blanco-Amor e outro á de Xosé Conde, pechan a obra.

Referencias varias:

-Xosé Lois García, “O cántico das solemnidades”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 18 marzo 1997, p. 3.



Alusión á recente estrea do poemario de Eduardo González Ananín, *Rol de Cantárida*, primeiro libro en lingua galega do autor. Apunta certas notas biobibliográficas de Ananín, definíndoo como un “buscador de abrentes”, que “propicia unha versificación cálida e aferrada á solución de problemas”.

-R. F., “A “cantárida” dun poeta comprometido”, *La Región*, 3 maio 1997, p. 17. Infórmase da aparición do libro. Cítanse os títulos dos poemarios en castelán do autor e reproducése o fragmento do prólogo no que Víctor Campio se refire ó compromiso do autor. A nova recolle as palabras do poeta, que sinalou a perdurabilidade da poesía, o talante de protesta do libro e o título deste, explicando que este poemario é como o aguillón do insecto chamado cantárida, que cando pica fai ferida. Conclúe referíndose á impunidade dun mundo “inxusto” e “brutal”.

-Xosé Lois Rúa, “Eduardo González Ananín: non me puiden desenganchar da dor do mundo”, *Faro de Vigo*, “Edición de Ourense”, 18 maio 1997, p. 4. Entrevista con Eduardo González Ananín ó tirar do prelo o seu último libro *Rol de Cantárida*, que recolle poemas da súa autoría dos últimos 25 anos. Fala das características deste poemario, así como doutros que publicou en lingua española durante a súa estancia na emigración arxentina.



Graña, Bernardino, *Luz de novembro*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 64, novembro 1997, 50 pp. (ISBN: 84-89814-36-8).

Libro no que Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) reúne, segundo aclara na “Nota do autor” que precede ó volume, “algúns versos vellos (en parte retocados) con outros recentes, todos inéditos en libro”. As composicións renden unha homenaxe a persoas (poetas, amigos) próximas ó escritor. O poemario estrutúrase en dúas partes: “Quintana de mortos” (poema na morte do Xeneral Franco, e lembranzas-homenaxe a Miguel Hernández, González Garcés, Avilés de Taramancos, Laxeiro e Fiz Vergara); e “Quintana de vivos” (M. Coia, Manuel María, Ferrín, “Canto a Palestina”, “Canto ó fillo”, “Á compañeira”). Trátase, xa que logo, dunha poesía de circunstancias, na que a miúdo o eu lírico formaliza as súas preocupacións sociais. O título vén dado pola primeira das composicións, “Luz de novembro (Na morte do Xeneral Franco)”, poema combativo datado no ano 1975.



Kruckenberg, María del Carmen, *XXI poemas nun grido de luz*, Pontevedra:

Iniciativas Gutenberg, 1997, 49 pp. (D. L.: PO-139-1997).

Poemario de M^a do Carmen Kruckenber

g (Vigo, 1926) composto por vinteún poemas de curta extensión e construídos en verso libre. As dez primeiras composicións, con destacada presenza de simboloxía mariña, constitúen unha postura reflexiva diante da vida e dos seus enigmas e callan na nostalxia, así como na lembranza do tempo pasado. Na metade do poemario xorde a voz dun eu lírico que lle dá paso ó erotismo, á soidade ou ó desacougo. Os últimos poemas retoman o ton meditativo pero o estilo vóltase máis sobrio e parco en imaxes, devindo máis conceptualista.

Kruckenberg, M^a do Carme, *Meditacións á beira da noite*, Marín: Edición da autora, xullo 1997, 49 pp. (D. L.: PO-258/97).

Edición non venal deste poemario de M^a do Carme Kruckenberg (Vigo, 1926). Trátase de vinteúña composicións breves e en verso libre nas que a poeta expresa a súa melancolía diante do paso do tempo, proxectado nunha paisaxe fortemente connotativa. A medida que se suceden os poemas o desasosego vital vaille dando paso á meditación diante da natureza e ó misterio da vida así como ós anxeios de eternidade e de beleza. O ton meditativo e a curta extensión dos poemas con predominio da nominalidade dotan boa parte da obra dun ton próximo á sentenza.



Lado, María, *A primeira visión*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Amaía, col. Letras de Cal, abril 1997, 27 pp. (ISBN: 84-922620-1-X).

Primeiro poemario de María Lado (Cee, 1979) membra do Batallón Literario da Costa da Morte. A escritora, que principia solicitando “piedade para nós, os que exploramos a fronteira do irreal” cunha cita de Apollinaire, vai pasando revista paseniña polos problemas e situacións que se dan cita na vida de todo mozo. A última páxina é un resumo de tódolos aspectos tratados no corpo da obra, que configuran así esta “primeira visión” que nos ofrece a escritora coruñesa.

Recensións:

-Xosé M. Eyré, “Arre-sentelha”: “Bravura máis alá”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 787, 17 xullo 1997, p. 24. Ver Fernández Sanmartín, Celso, *Propiamente son captivo*, nestas páxinas.

Vicente Araguas, “Letras de cal”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 186, 20 novembro 1997,

6. Ver Fernández Sanmartín, Celso, *Propiamente son captivo*, nestas páxinas.



Referencias varias:

-A. I., “Celso Fernández y María Lado inauguran la colección de Poemas ‘Letras de Cal’”, *El Correo Gallego*, 28 maio 1997, p. 11. Ver Fernández Sanmartín, Celso, *Propiamente son captivo*, nestas páxinas.

-S. C., “Letras de Cal’: poesía enérxica a prezos populares”, *O Correo Galego*, 28 maio 1997, p. 45. Ver Fernández Sanmartín, Celso, *Propiamente son captivo*, nestas páxinas.

-Miguel A. Seixas, “Letras de tal e cal”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 16 xuño 1997, p.3. Ver Fernández Sanmartín, Celso, *Propiamente son captivo*, nestas páxinas.

O. N., “Re-crear o mundo”, *Tempos Novos*, nº 3, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo/agosto 1997,

80. Dá noticia da primeira obra poética de María Lado, *A primeira visión*, coa que se estrea ademais a colección “Letras de Cal”. Destácase, entre outras cousas, a nova versión da realidade que ofrece “para combatir a morte con amor e con sexo”.



Lomarti, *Coroas de mercurio*, prólogo de Xulio L. Valcárcel, Lugo: Editorial

TrisTram, 1997, 141 pp. (ISBN: 84-89377-16-2).

Poemario da autoría de Lomarti (Lugo, 1957) constituído por sesenta e catro textos e que se abre cun prólogo titulado “Inocente e pecador”, de Xulio L. Valcárcel. Nel comeza aludindo ás relacións de afinidade entre a poesía, a pintura e a música, poñendo exemplos de artistas que cultivaron simultaneamente estas facetas. Indica ademais algúns trazos do carácter do autor do libro dicindo que o poemario non se afasta moito deses parámetros, como a rebeldía e a transgresión, a intención de impactar a través da contundencia, non condicionada polos gustos establecidos do sistema dominante, ou a autenticidade, intensidade e emoción que desprende. Sen embargo, afirma que, en ocasións, a obra é formalmente imperfecta, con referencias e recursos tópicos ou inxenuos, pero con credibilidade. Destaca como eixes temáticos a denuncia da deshumanización, da primacía dos valores materiais, o que se enfronta á inocencia e á liberdade, a postura de resistencia ante as inxustizas, a soidade e o profundo sentimento de culpa que envolve ó eu lírico en moitos poemas. A salvación do ser humano é contemplada nunha dobre dimensión — individual e colectiva—, chegando a primeira mediante o amor e a segunda gracias á solidariedade, nunha obra caracterizada pola presenza de abundantes elementos oníricos e visionarios e pola ambientación urbana de gran parte dos poemas que a conforman.



Lugrís, Igor, *Quen nos defende a nos dos idiotas?*, Santiago de Compostela:
Asociación Cultural Amaía, col. Letras de Cal, outubro 1997, 39 pp. (ISBN: 84
922620-2-8).

Poemario de Igor Lugrís (Melide, 1971) de claro contido social, dirixido, segundo lemos na lapela, contra os “muit@s idiotas [que] andan facendo das suas pola nosa terra...”. O libro inclúe poemas de temática amorosa e social (a resistencia, a loita), achegando tamén outros motivos como a comunicación ou a propia creación literaria. A miúdo podemos atopar xogos intertextuais, así como a utilización de determinados campos semánticos (o relixioso ou o militar) cunha función subversiva ou paródica.

Referencias varias:

F. C. W., “A colección “Letras de Cal” confírmase como a canle da nova poesía galega”/“Letras de Cal” confírmase como canle da nova poesía galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 novembro 1997,

44/p. 12. Dá noticia da presentación de dous novos títulos de poesía: *Quen nos defende a nós dos idiotas?*, de Igor Lugrís e *Ruído de motos*, de Kiko Neves, da colección “Letras de Cal”, iniciativa da Asociación Cultural Amaía, constituída por dezaioito escritores novos que naceu no mes de maio e que pretende dar a coñece-la nova poesía galega. Os responsables confían en dar á luz novos títulos proximamente. Rafa



Villar, portavoz da asociación, felicítouse polo éxito obtido coa publicación dos dous primeiros números: *A primeira visión*, de María Lado e *Propiamente son captivo*, de Celso Fernández Sanmartín e considerou que parte do éxito puido estar na forma de distribución: cincuenta por cento en librerías e cincuenta por cento en pubs, bares, man a man, etc. Finalízase esta noticia cunhas breves consideracións críticas sobre os dous libros que se presentan. Do primeiro, *Quen nos defende a nós dos idiotas?*, dise que é un libro de “reflexión política” e do segundo di o seu propio autor, Kiko Neves, que intentou verquer nel a súa experiencia vital de “loita a través dunha revolución anarcoindividualista contra unha cidade sen identidade como Ponteareas”.



Manuel María, *Sonetos á Casa das Hortas*, Vigo: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 23, febreiro 1997, 62 pp. (ISBN: 84-89814-05-8).

Poemario constituído por cincuenta sonetos no que o poeta chairego Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) pretende “facer un retrato (...) da nosa casa natal”, como explica no limiar que leva o título de “Aviso cecais innecesario ou cecais non” e no que expón os motivos que o levaron a escribi-la obra e a escolle-la forma estrófica do soneto para a mesma; así mesmo, manifesta como foron concibidos os poemas dando tamén algunhas claves das súas pretensións ó escribilo libro. A obra xira arredor do espacio da casa, na que o poeta viviu a súa infancia e adolescencia, e que é lembrada como un lugar grato, enfrontado a un presente non sempre sentido feliz. Aínda que non está dividido en seccións, o poemario vai percorrendo a casa en tódalas súas facetas e establecendo pequenos grupos de poemas con temática común, sempre coa casa como trasfondo. Comeza cunha descrición externa na que figuran poemas dedicados ó curral, á aira ou á horta e as súas árbores (sempre identificadas cun pasado agradable), así como ó pozo, ó muíño, ó lar ou ó forno. Outra serie de poemas trata da vida na casa, e nela fai retratos familiares dos habitantes da mesma (avós, pai e nai, irmáns, tíos, esposa, criados, persoas que a visitaron), e das súas estancias (comedor, corredor, bufarda, etc.) e das festas vividas na casa. Deste xeito, desenvolve unha visión global da súa casa natal, sempre asociada con recordos positivos, e ignorando o futuro, aínda que a conclusión do poemario é optimista, como verifica o verso final: “A luz é poderosa. A tebra, escasa”.



Recensións:

Vicente Araguas, "A casa, os corpos", *O Correo Galego*, "Revistas das letras", nº 164, 19 xuño 1997,

10. Ver Fortes, Antom, *Figuras masculinas de meio-corpo*, nestas páxinas.

-Moncho Paz, "Mellor ata sempre que adeus", *El Progreso*, "Táboa Redonda", Segunda Época, nº 31, 7 xuño 1997, p. III. Recolle a nova da decisión de Manuel María de abandona-lo mundo da poesía. Comenta o derradeiro poemario do autor chairego, *Sonetos á Casa de Hortas*, describindo a temática, a métrica e os espazos descritos. Moncho Paz remata o artigo louvando o traballo poético do vate de Outeiro de Rei e convidándoo a que a súa decisión non sexa definitiva.

Referencias varias:

-A. R. López, "Manuel María considera que xa concluíu o seu propio ciclo poético"/"Manuel María dá por concluído o seu ciclo poético cos "Sonetos á casa das hortas", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 19 abril 1997, p. 14/p. 35. Artigo no que se di que o poeta Manuel María dá por concluído o seu ciclo poético trala publicación de *Sonetos á Casa de Hortas*, unha obra na que evoca a súa casa natal na Terra Cha. O poeta, que se sente orteguiano, fala dun salto no baleiro e da crise que el vive con "moita desorientación e dúbidas" e que se estenden á súa poesía. Afirmo que se prepara para saber envellecer con dignidade, algo que aprendeu de Otero Pedrayo.



-Xosé Lois García, “A casa dos sonetos”, *O Correo Galego*, “Ecos da berenguela”, 22 abril 1997, p. 3. Comenta o poemario de Manuel María, *Sonetos á Casa de Hortas*, dedicado á súa casa natal. Refírese á casa non como ente físico senón como globalidade de cousas, de prácticas, de vivencias e de “costumario íntimo das persoas que a institucionalizaron e sacralizaron”. Considera que se trata dun dos “libros máis solemnes que nace dos sentimentos máis puros que o poeta chairego ten dado”.

-Diego Bernal, “Manuel María y los sonetos á Casa das Hortas”, *El Correo Gallego*, 28 abril 1997, p. 64. O cronista fai un eloxio da figura de Manuel María con motivo da publicación do seu último, anunciado como o derradeiro, libro de poemas. Afirma que seguimos necesitando a súa voz e a súa palabra xa que os poetas non envellecen. Recorda a etapa do poeta chairego en Compostela, con Novoneyra e Otero entre outros. Lembra, así mesmo, a outra parte, a ligada coa xeografía luguesa. Sinala, ó remate, unha vez máis, que a palabra de Manuel María segue viva.



Mateo, Francisco J. (coord.), *As miñas mans, cautivas hai un tempo*, limiar de Salvador García Bodaño, Premios do XXIV Certame Literario Minerva. Santiago de Compostela: Publicacións do Colexio Manuel Peleteiro-Revista Vamos, 1997, 136 pp. (D. L C-283-1997).

Volume que recolle os traballos premiados no Certame Literario Minerva. Ábrese cun “Limiar” de Salvador García Bodaño (pp. 7-11), quen felicita ós gañadores ó tempo que fai un chamamento ós mozos para a defensa da paz e a liberdade. No propio limiar danse os nomes dos autores, o título das composicións e algunhas notas argumentais e temáticas das mesmas. No apartado de poesía, con tres poemas cada un, resultaron gañadores:

- Lucía Novás Garrido (1º premio), “O desexo que esvara sobre os corpos nus”, pp. 15-21.
- Josefa Castro Lago (2º premio), “Desexando soños, soñando desexos”, pp. 23-29.
- Regina Carreira López (3º premio), “Do mito de Pígalión e apocalipse final”, pp. 31-37.

Seis autores mereceron un accesit:

- Manuel Núñez Armas, “Tres estadios”, pp. 39-45.
- Antonio Bazarra Maneiro, “A morte ou tres bágoas do meu bico”, pp. 47-54.



- Esperanza Calvo Vázquez, “Tres reflexos no meu espello”, pp. 55-62.
- Iria Belenguer Castromán, “¿Do intre? ¿Da paisaxe?”, pp. 63-69.
- Xosé Luis González Castro, “Arelas e soidades”, pp. 71-77.

Tódolos poemas están construídos en verso libre e, ó igual ca no apartado de narrativa, destaca a variedade de temas (o amor, o paso do tempo, a melancolía, a bandeira,...) e as diferentes formas de encamiñalos: dende o erotismo ata a imaxe surrealista pasando pola recreación de mitos clásicos ou o xogo coa disposición gráfica dos versos.



Mateo, Francisco J. (coord.), *Ti durmes coma un anxo na auga*, Premios do XXV Certame Literario Minerva 1997, limiar de Darío Xohán Cabana, Santiago de Compostela: Publicacións do Colexio Manuel Peleteiro, 1997, 131 pp.

Volume colectivo que recolle os textos premiados nos apartados de poesía e de narrativa, incluíndo unha breve presentación de cada autor que precede á súa obra e na que se ofrecen datos biográficos e influencias literarias. O libro ábrese coa nómina dos compoñentes do xurado á que lle segue o “Limiar” (pp. 7-11), no que Darío Xohán Cabana destaca a obra dos premiados, deténdose a comentar, en poesía, os textos de Lucía Novas Garrido e, en prosa, o relato de Manoel Pazos. Remata dándolles algúns consellos ós escritores deste premio escolar. Os textos premiados de poesía son os seguintes:

-Lucía Novas Garrido (1º premio), “Paseniñamente espallouse no ar”, pp. 15-21.
Serie de tres poemas de temática amorosa.

-Sergio Domínguez Represas (2º premio), “Solitude longa, amor brevis”, pp. 23-29.
Trata o desamor, a soidade e a morte expresados en imaxes surrealistas.

-Óliver Escobar Rodríguez (3º premio), “Sonetos da primeira vellez”, pp. 31-37.
Poemas marcados pola vellez, a morte e a decadencia.



-M^a do Carme González Rebolledo (Accésit), “Aos ollos da noite”, pp. 39-45.

Presentan unha ambientación mariña na que se evocan o amor e o regreso ás orixes.

-José R. Castro Arias (Accésit), “O meu mundo”, pp. 47-53. Aparece tamén o tema amoroso e estrofas tradicionais, como un soneto dedicado a Xesús Ferro Couselo.

-Iria Belenguer Castromán (Accésit), “O eterno retorno en tres actos”, pp. 55-61. Emprega as figuras de Penélope e de Ulises nuns poemas que tratan do amor e da espera, con continuas referencias ó mar.



Méndez Queizán, Cristal, *Amizade con Mowgli*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 65, 1997, 49 pp. (ISBN: 84-89814-32-5).

Libro no que Cristal Méndez Queizán (Vigo, 1964) experimenta unha mestura de rexistros baseada fundamentalmente na incorporación de linguaxes xergais (ecos da música, voces urbanas coloquiais, etc). O poemario recrea espazos urbanos e temas como a amizade, a orixe ou a morte. Por outra banda, podemos rastrexar nel unha procura de signos de identidade cunha dobre orientación: a reivindicación da cultura popular e a constitución dunha mitoloxía moderna.



Miranda, Xosé, *Carozo azul*, Accésit do Premio de Poesía Miguel González

Garcés 1996, A Coruña: Deputación Provincial, 1997, 63 pp. (ISBN: 84-89652 22-8).

Libro de poemas de Xosé Miranda (Lugo, 1955) estruturado en tres partes que comparten, como tema central, o amor. As tres unidades están introducidas por unha secuencia longa, de carácter descritivo-narrativo, que resume, en boa medida, o seu contido. A primeira leva o título de “Ante a proximidade do inverno o poeta compórtase como unha árbore e as follas caídas conforman un humus na memoria”, e inclúe poesía amorosa dirixida a un ti e construída sobre símbolos tirados da natureza. A segunda, “Nas cidades solagadas escóitanse sinos coma latexos, e un mar descoñecido e subconsciente afoga esas rexións ignotas cun horizonte no que as illas son nubes, e os habitantes ven con ollos de anguía como chegan os náufragos” concede un maior espazo ó tema do paso do tempo. Na terceira, “Hai unha xeoloxía de lembranzas e xelos. O poeta silúrico cre que a vida fuxiu, e agora, apreixado entre os sedimentos, é un fósil raro, que só conserva o nome e a nostalgia”, atopamos unha maior presenza de elementos xeolóxicos e minerais. Cómpre destaca-lo xogo intertextual levado a cabo polo eu lírico, especialmente coa poesía de Cunqueiro.



Recensións:

Bernardino Graña, "Os versos de Xosé Miranda", *A Nosa Terra*, nº 777, "Guieiro Cultural", 8 maio 1997,

23. Refírese a catro das obras de Xosé Miranda: *Amantes e viaxeiros* (1996), *Sonetosfera* (1996), *Carozo azul* e *Permiso para o curso*. Das tres primeiras subliña a utilización do hendecasílabo, a presenza dos "mares interiores", a humildade, a claridade e a sinceridade. Salienta, a seguir, o dominio do soneto e destaca a condición de grandes sonetistas que concorre en autores de Lugo como Díaz Castro, Fiz Vergara ou Darío X. Cabana. Sobre *Permiso para o curso* comenta Bernardino Graña que coincide coa nota da lapela do libro na que se indica que "se trata dunha especie de novela íntima". Afírmase que en Xosé Miranda hai "moita vida" e "moita mestría" así como moita formación literaria e o influxo de Camões, Dubelais, Ronsard, Garcilaso e tamén o de Ferrín, dos sonetistas de Lugo e de Álvaro Cunqueiro. Conclúe sinalando "o afán de perfección, harmonía e palabra limpa e verdadeira".

-Vicente Araguas, "Maiores argumentos", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 172, 14 agosto 1997, p. 10. Alude ás dúas últimas entregas de Xosé Miranda: *Carozo Azul* e *Permiso para o curso*. Comenta o tipo de versificación dos dous poemarios e a lingua poética do autor lugués e destaca a súa concreción léxica. Trátase de dous libros que poden considerarse "complementarios", pois versan da vida e dos seus estragos, pero tamén de cómo combatelos, presentándose en cada un deles unha estratexia diferente.



Miranda, Xosé, *Permiso para o curso*, XVI Premio Esquío de Poesía, Ferrol:

Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Esquío, nº LXVI b, febreiro 1997, 67 pp.

(ISBN: 84-86046-81-5).

Libro de sonetos de Xosé Miranda (Lugo, 1955) artellado en tres partes que seguen a estrutura dunha viaxe mariña: “Na que o grumete se fai ó mar”, “Onde se decata que non hai porto” e “Do regreso”. O libro harmoniza o motivo da viaxe cunha temática autobiográfica, desenvolvida por un eu lírico de raigame culturalista que reflexiona sobre a súa traxectoria vital e sobre o seu tempo.

Recensións:

Bernardino Graña, “Os versos de Xosé Miranda”, *A Nosa Terra*, nº 777, “Guieiro Cultural”, 8 maio 1997,

23. Ver Xosé Miranda, *Carozo azul*, nestas páxinas.

-Vicente Araguas, “Permiso para o lóstrego”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 171, 7 agosto 1997, p. 10. Comenta distintos aspectos deste poemario: a súa estrutura en tres partes, a influencia doutros poetas, a forte presenza de humanismo e o sentimentalismo, o grande traballo coa palabra, etc., destacando sobre todo o feito de que os cincuenta e un poemas que compoñen o libro sexan sonetos.



Referencias varias:

-Xavier Lombardero, "Renunciar á lingua sería renunciar a nós mesmos", *La Voz de Galicia*, 28 maio 1997, p. 81. Entrevista con Xosé Miranda, gañador do Premio Esquío polo libro *Permiso de corso*. O escritor maniféstase partidario da versificación clásica porque permite aprender a controla-la acentuación, as cadencias e o ritmo na propia lingua e porque supón unha aprendizaxe para crear en versos libres. Sinala que non deixará de escribir en galego e que compaxina con facilidade as súas clases de bioloxía e a literatura. A respecto da súa obra declárase admirador de Ánxel Fole, que foi unha das súas primeiras lecturas e sinala que a súa narrativa esíxelle maior traballo e organización cá poesía.



Mouriño, Miguel Anxo, *E segues a tirarme das entrañas*, limiar de Avelino Abuín de Tembra, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Poesía, 1997, 64 pp. (ISBN: 84-7492-844-3).

Poemario que conta cun limiar no que Avelino Abuín de Tembra nos achega algúns datos biográficos de Miguel Anxo Mouriño, e subliña como logros deste libro a comunicación, o intimismo e a sinceridade. Ademais detense en aspectos métricos e salienta tanto a substantividade coma a riqueza da adxectivación. O libro está estruturado a xeito de diario dirixido por un eu lírico a un ti. Mediante o emprego de diferentes fórmulas métricas, a obra trata fundamentalmente unha temática amorosa, recorrendo, a xeito de *leit-motiv*, ó símbolo polivalente da camariña.



Neves, Kiko, *Ruído de motos*, Santiago de Compostela: Asociación Cultural Amaía, col. Letras de Cal, outubro 1997, 26 pp. (ISBN: 84-922620-3-6).

Poemario de Kiko Neves (Ponteareas, 1969) que nos achega unha visión palpitante e deshumanizada da cidade, simbolizada mediante a violencia, a incomunicación, a incompreensión, a soidade e a rutina. A voz lírica, que asume un certo malditismo, reflicte tamén no libro unha visión crítica das institucións (a igrexa, a escola, o traballo, a universidade). O resultado é unha reivindicación do silencio a través desta visión urbana, representada polo “ruído das motos”.

Referencias varias:

F. C. W., “A colección “Letras de Cal” confírmase como a canle da nova poesía galega”/“Letras de Cal” confírmase como canle da nova poesía galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 novembro 1997,

44/p. 12. Ver Igor Lugrís, *Quen nos defende a nos dos idiotas*, nestas páxinas.



Novo, Isidro, *Dende unha nada núa*, Premio Eusebio Lorenzo de Poesía 1996, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Eusebio Lorenzo Baleirón, 1997, 73 pp. (ISBN: 84-7492-853-2).

Libro de poemas de Isidro Novo (Lugo, 1951) no que a voz lírica formaliza no texto unha experiencia íntima de desolación, nihilismo e perda da identidade, nunha viaxe a través das cinco partes nas que se divide o poemario: “Caída”, “Crise”, “Renacencia”, “Desde unha perspectiva allea” e “Lábaro”. Deste xeito, créanse temas como a nada, a desolación, o baleiro, a soidade ou a morte.



Novo, Olga, *Nós Nus*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 6, verán 1997, 90 pp. (ISBN: 84-8302-126-9).

Nós Nus é a segunda obra poética de Olga Novo (Vilarmao-Pobra do Brollón, 1975), na que a autora reivindica a figura de Joyce Mansour. O poemario organízase en tres partes. Dous poemas introducidos respectivamente polos títulos “Entrada ó lugar dos cabalos” e “Noenia” abren e pechan o conxunto. A primeira parte consta de quince poemas dos que o último dá título ó grupo, “Partir dentro das aves”. A segunda, “As desertoras”, fórmana oito composicións. De novo a terceira parte, configurada por nove poemas, leva o título do derradeiro, “Nós Nus”, que é á súa vez o da obra. Nesta os versos e composicións flúen en liberdade, non coutados polo emprego de maiúsculas e estrofas tradicionais. O predominio da imaxe crea un tecido simbólico que se espalla ó longo dos poemas, nos que fai converxer na natureza, nunha sorte de panteísmo telúrico, entre outros temas, a creación poética, o íntimo, o amor e o erotismo.

Recensións:

-Xosé M. Eiré, “Pasen e vexan”, *A Nosa Terra*, nº 789, “Guieiro Cultural”, 31 xullo 1997, p. 23. Comentario conxunto de *Muller Ceiba*, de Sandra Cisneros e de *Nós Nus*, de Olga Novo. Comézase por loa-la colección Ablativo Absoluto e o acerto na elección de *Traballo de campo* (1996), de Seamus Heany; *Nínive* (1996), de Chus Pato, *Poemas da cidade oculta* (1996), de Estevo Creus e *O asasino estrábico* (1996), de Anxo Quintela. A continuación faise referencia a Sandra Cisneros como “víctima do



desprestíxio fronteirizo da poesía” e propónse simultanea-la lectura de *Muller Ceiba* con calquera poeta galego dos noventa como exercicio interesante. En relación coa obra de Olga Novo destaca a importante presenza do sexo, parafrasea algúns elementos presentes nel e considera obvia a “importancia da linguaxe corporal e todo aquilo que á terra nos une”. Explica ademais que naqueles poemas con clímax máis intenso nótase a condición de libro iniciático. Refírese á presenza dalgúns textos tan significativos como carentes de orixinalidade e afirma que o ton é o dunha escrita baseada esteticamente no símbolo e na metáfora, “mesmo en exceso”. O recensionista advirte da necesidade dunha lectura “demorada e sumatoria” para acceder á mensaxe final e detecta ecos de Ferrín, Chus Pato e Manuel Antonio. Unha vez analizado o libro e cunha lectura á par de *Muller Ceiba* conclúe sinalando que no referente ós poetas novos “non temos nada que envexar” ós estranxeiros.

-Vicente Araguas, “Olga novo verticalidade”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 183, 30 outubro 1997, p. 10. Relaciona este poemario de Olga Novo coa obra *A teta sobre o sol*, tamén desta xove autora. Sinala a influencia de Rodríguez Fer e de Méndez Ferrín. Louva a poesía “de loita” que están a produci-los novos autores do noso país, a cal toma o relevo, na súa opinión, da lírica combativa doutros tempos. Caracteriza a produción de Olga Novo por vencella-la natureza e o sexo.

-Teresa Seara, “A mica e o musgo”, *A Nosa Terra*, nº 803, “Guieiro Cutural”, 6 novembro 1997, p. 23. Recensión de *Nós nus* que se apoia en numerosos fragmentos da obra para o comentario. Afirma que Olga Novo volve trata-lo tema do erotismo, abordado xa en *A teta sobre o sol* (1996). Analiza o tratamento do amor e a evolución do “eu poético”, moi relacionado, conforme Teresa Seara, con “esas mulleres que se afastaron conscientemente dos patróns establecidos polo poder masculino”.



-Carmen Blanco, "O vesubio poético de Olga Novo", *La Voz de Galicia*, "Cultura", ano II, nº 141, 11 novembro 1997, p. 6. Carmen Blanco analiza a dimensión erótica da obra de Olga Novo, compáraa con *A teta sobre o sol* e opina que ten débedas co nacionalismo de Castelao e Otero e co vangardismo de Manuel Antonio. Cualifica a poética de Olga Novo de "explosiva e excesiva".

Referencias varias:

-D. P., "Muller Ceiba" y "Nós nós" poesía de mujeres para la colección de Edicións Xerais", *Diario de Pontevedra*, 20 agosto 1997, p. 21. Coméntanse as novidades da colección "Ablativo absoluto", da autoría de Sandra Cisneros e Olga Novo. Resáltase o feito de que é a primeira traducción da obra de Cisneros, orixinalmente en inglés. A segunda obra da autora da Pobra de Brollón considérase a súa consolidación dentro do ámbito da nova poesía galega.

-R. G., "Concibo o erotismo como unha rebelión da muller", *La Voz de Galicia*, "Cultura", ano II, nº 132, 9 setembro 1997, p. 6. Sublíñase a importancia do erotismo en *Nós nus* e recóllense declaracións da autora nas que comenta a súa poesía e recoñece as influencias literarias de André Breton, Sergio Lima ou Monique Wittig. Finaliza informando da actividade cultural da poetisa en revistas como *Ólissbos*, *Animal* ou *Unión Libre*.

-AGN, "Presentación de los poemarios editados por Xerais, 'Muller ceiba' y 'Nós nus', *Diario de Pontevedra*, 4 outubro 1997, p. 27.



Comentario conxunto das dúas novas publicacións da colección “Ablativo absoluto”: *Muller ceiba*, de Sandra Cisneros e *Nós nus*, de Olga Novo. Da americana destácase o carácter provocador e o feito de que esta sexa a primeira vez que se traduce a súa obra. A autora galega é inscrita dentro da nova xeración de poetisas que están a xurdir no noso país e esta nova obra é considerada como a súa consolidación.

-D. Janeiro, “Olga Novo: chuvia e tormentas”, *O Correo Galego*, 4 outubro 1997, p. 19. Dá conta da presentación do libro en Santiago de Compostela e ábrese coas palabras da poeta que afirma que, aínda que tarde e influída por ideas de fóra, a poesía vive un momento feminista e aclara que isto non se opón ó masculino. Olga Novo recoñece semellanzas coas correntes actuais da poesía feminina pero di non sentirse conscientemente membro dunha nova xeración oposta a outra anterior. Refírese, ademais, ó agochamento que sufriu durante tempo abondo a sexualidade feminina. Infórmase a continuación da presentación, por Marilar Aleixandre, de *Muller Ceiba*, de Sandra Cisneros, recitando versos desta autora Xela Arias, Lupe Gómez, Mónica Góñez, Yolanda Castaño, Marta Dacosta, María Lado e Chus Pato. Ademais desta noticia faise referencia a Ablativo Absoluto e ó seu responsable Fran Alonso, quen explica a denominación da colección. Alúdese así mesmo ós proxectos desta colección de Xerais.



Novoneyra, Uxío, *Poema dos caneiros*, presentación de Olga Patiño Nogueira, limiar de Xulio Cuns, comentario de Isidoro Millán González-Pardo e de Miguel González Garcés, gravados de Jesús Núñez, Betanzos: Excmo. Concello da Cidade de Betanzos, 1997, [74 pp.⊠ (D. L: C-413/97).

Precedido de cadansúa presentación a cargo de Manuel Lagares Pérez e de Olga Patiño Nogueira publícase este volume que recolle o “Poema dos Caneiros” escrito por Uxío Novoneyra (Parada de Moreda, O Courel, 1930) en 1955. Xulio Cuns analízao temática e estilisticamente no “Limiar” e comenta as relacións xerais entre a pintura e a literatura ó longo da historia. Isidoro Millán describe as “claves simbólicas” do texto e Miguel González Garcés dá a súa visión do antedito texto. A parte central do libro inclúe o texto caligráfico do “Poema dos Caneiros” acompañado de gravados de Jesús Núñez. Péchase a obra cunha bibliografía do autor do Courel a cargo de Xosé Manuel Varela Varela, ademais dunha cronoloxía de Jesús Núñez.



Pato, Claudio, *O almoço do pintor de iconos Andrei Rublev*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 8, 1997, 64 pp. (ISBN: 84-8302 171-4).

Poemario de Claudio Pato (Ourense, 1960). Estructurado en dúas partes, “As rodas dos eléctricos” e “Petróleo”, a obra, de marcado carácter culturalista, achega temas como a violencia, a morte, a gastronomía ou a linguaxe, ó tempo que recrea unha simboloxía da modernidade. Dende o punto de vista formal destaca o fragmentarismo e a vontade de destrución que afecta á textualidade e ás convencións gráficas.



Pereiro, Lois, *Poemas para unha loia*, limiar Manuel Rivas, xustificación de Manuel María, A Coruña, Espiral Maior: col. Poesía, agosto 1997, 58 pp. (ISBN: 84-89814-30-9). Ž

Pretende ser esta edición unha homenaxe ó xa desaparecido Lois Pereiro (Monforte de Lemos, 1958-A Coruña, 1996). Está precedida por un escrito de Manuel Rivas, “O viaxeiro que non se detivo na derradeira estación”, no que subliña certos aspectos da obra e vida do escritor monfortino, e por unha “Xustificación” de Manuel María na que comenta o por qué do título que encabeza este volume. A continuación reproducense os poemas escritos por Lois Pereiro na “súa última adolescencia” e que publicara nos catro números editados da revista galegomadrileña *Loia* (1975-1978). Son estas composicións reflexo da súa capacidade innovadora e dos seus grandes coñecementos culturais. Nelas, segundo Manuel María, aflora “a gracia, o asombro, a liberdade e a fermosura do canto da loia nos días da primavera cando a terra é luz e promesa”. Finalmente tamén se ofrece o ensaio, *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infancia*, que vira a luz no nº 27 da revista *Luces de Galicia* (1996) e que constitúe a última publicación en vida do autor.



Recensións:

-Vicente Araguas, "Loia que ben canta", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 185, 13 novembro 1997, p. 10. Comentario sobre a aparición de *Poemas para unha loia*, edición que recolle os primeiros poemas de Lois Pereiro aparecidos na efémera revista galego-madrileña *Loia*. Logo de presentar certas consideracións sobre a mencionada revista, fala do Pereiro que circulaba polo Madrid da transición e dos seus primeiros poemas, que constitúen un reflexo da súa "radicalidade anovadora" e nos que, ademais de aflorar referencias culturais, latén tamén dúbidas e vacilacións.

Referencias varias:

-E. F., "Espiral Maior recupera e reedita 26 poemas de Lois Pereiro", *O Correo Galego*, 29 setembro 1997, p. 32. Informa da publicación de *Poemas para unha Loia*, obra que recolle 26 poemas de Lois Pereiro, publicados antes na revista *Loia*, ademais dun artigo aparecido en *Luzes de Galiza*. Comenta a homenaxe que se celebra na Casa da Cultura de Monforte por iniciativa de Manuel María, autor do prólogo do libro. Finalmente, achéganos unhas notas da vida e da obra de Lois Pereiro.

-O. N., "Poemas para unha loia", *Tempos Novos*, nº 7, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", decembro 1997, p. 75. Nota que anuncia a publicación de *Poemas para unha Loia*, de Lois Pereiro, volume que inclúe as composicións publicadas na revista *Loia*, "textos adolescentes, de feitura culturalista", ademais dun ensaio "que é un percorrido pola historia persoal na que se entretecen coordenadas filosóficas, literarias e ideolóxicas".



Raña, Román, *Ningún camiño*, VI Premio Martín Códax de Poesía, Vigo: Galaxia, col. Dombate, nº 29, novembro 1997, 70 pp. (ISBN: 84-8288-153-1).

Libro de Román Raña (Vigo, 1960) no que o eu lírico trata unha serie de motivos que xiran arredor do paso do tempo, tema que constitúe o eixe do poemario: a desolación, a nostalxia da infancia, etc. Na obra predomina o ton reflexivo e son frecuentes as referencias intertextuais.

Referencias varias:

-Carmen Parada, "Mediocridad en Galicia hay sólo la justa y necesaria", *La Voz de Galicia*, 28 xuño 1997, p. 80. Entrevista co escritor Román Raña Lama con ocasión da concesión do Premio de Poesía Martín Códax á súa obra *Ningún camiño*. Primeiramente ofrécese un percorrido polas súas obras publicadas e os premios que acadou, e logo o autor afirma que estes son un estímulo para o traballo. Opina tamén o entrevistado que mellorou o mundo da poesía en galego respecto a algún tempo atrás e que a obra galardoada é un conxunto de poemas que recollen momentos de tristeza e de pracer. Fala tamén do mundo literario galego e di os libros que está a ler.

-Carmen Parada, "La métrica tradicional es como una cárcel de oro", *La Voz de Galicia*, 9 decembro 1997, p. 68. O escritor Román Raña foi gañador do premio de poesía Martín Codax coa obra *Ningún camiño* sobre a que fala nesta entrevista. Ademais opina sobre o significado da poesía na actualidade e do seu xeito de compola.



Rodríguez Baixeras, Xavier, *Beira Norte*, limiar de Pilar Pallarés, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Lediadoura, nº 36, 162 pp. (ISBN: 84 7824-299-6).

No limiar, Pilar Pallarés dá conta do significado da obra de Rodríguez Baixeras (Tarragona, 1945). Defínea como “itinerario sentimental, de viaxe polos momentos dunha mitoloxía privada”. O poemario, dividido en catro partes (“Inverno arriba”, “Cidade do sul”, “Distancias”, “O corazón do inverno”), parece organizado ó redor da categoría do espacio. As seccións que abren e pechan o libro teñen como eixe Beira Norte, vila da súa infancia. As outras dúas tratan doutros lugares e circunstancias do pasado.

Recensións:

-Miguel Lamelas Pla, “Escuma dos dentros e Beira Norte”, *O Salnés*, nº 67, 9 xuño 1997, p. 28.
Ver Armada, Alfonso, *Escuma dos dentros*.

-Carlos L. Bernárdez, “A fronte desolada da memoria”, *A Nosa Terra*, nº 787, “Guieiro Cultural”, 17 xullo 1997, p. 23. Compara *Beira Norte*, de Xavier Rodríguez Baixeras co primeiro poemario en galego deste autor, *Fentos no mar*. Segundo Carlos L. Bernárdez, as dúas obras están relacionadas por ter como marco espacial a



Mariña lucense e por reflectir un certo autobiografismo. Describe a estrutura do libro e comenta independentemente cada unha das catro partes nas que está dividido. Opina que esta división vén motivada polo espazo no que se encadra cada parte. Considera que *Beira Norte* supón unha ruptura coa tendencia clasicista e de “elaboración formal” que presidiu as súas obras anteriores.

Vicente Araguas, “Alento para seguir”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 169, 24 xullo 1997,

10. Separa a Baixeras dos seus compañeiros de xeración dos oitenta, por se arredar da liña culturalista prevalecente no momento. Cualifícao de poeta integral e gaba a súa altura lírica. Resalta a xenerosa extensión de *Beira Norte*, obra na que é quen de mante-lo nivel poético a pesar de tratar, nalgúns casos, termos prosaicos e repetitivos. Enumera os motivos máis frecuentes neste volume e remata emprazando a *Nadador* como obra de necesaria lectura para a eficaz comprensión de Baixeras.

-Xavier Castro R., “As paisaxes do poeta”, *El Correo Gallego*, “*Edición 7*”, 24 agosto 1997, p. VII. Coméntanse algúns aspectos de *Beira Norte*, subliñando o feito de que o poeta torne sobre certos motivos xa coñecidos, agora dende a sensación do cambio. Considera que se trata dun exercicio de mestría poética na que nos fai cómplices de diferentes paisaxes, itinerarios e tempos noutroa vividos.

-Olga Novo, “Vivir na fin do mar”, *Tempos Novos*, nº 4, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, setembro 1997, p. 84. Comentario no que se salienta que o poeta volve con insistencia ós lugares da infancia a través do recordo e que inicia “unha viaxe interior e un periplo sentimental”. Analízase a estrutura do libro, artellada en tres seccións que afondan nun proceso de esculca e reconstrucción do pasado. Destácase así mesmo a “heteroxeneidade formal que agocha unha profunda trabazón temático-estructural”, o “intenso lirismo”, un “tímido fluxo surrealista” e o estilo coloquial.



Rodríguez Fer, Claudio, *A unha muller descoñecida*, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Esquíu de Poesía, nº 65, febreiro 1997, 100 pp. (ISBN: 84-86046-84-X).

Da autoría de Claudio Rodríguez Fer (Lugo, 1956), este poemario foi “vivido e escrito fóra de Galicia”, sendo a primeira parte do mesmo, “Manhattan”, concibido en Nova York en 1992 e a segunda, “Brigitte Rimbaud”, entre Bretaña, Normandía e París en 1995. O libro inclúe ademais algúns textos posteriores. A primeira sección está dominada, dende o punto de vista formal, por unha tendencia á narratividade, tendo esta como resultado os poemas próximos á prosa que a conforman. Preséntase un mundo urbano (Nova York) que se mestura con elementos da natureza referidos a un tempo primixenio ou ás escasas presencias do mundo natural na cidade (os parques, o río). Por estes escenarios deambulan diversas presencias femininas, a miúdo en simbiose coa natureza, polo que mesmo se asocian, en ocasións, con animais (mapache, lince, etc.). Ofrécese, xa que logo, unha confrontación entre a terra natural das orixes e un tempo caótico, o da actualidade. A segunda parte, “Brigitte Rimbaud”, é máis heteroxénea, e presenta maior diversidade formal nos textos que a constitúen, que forman varias partes caracterizadas, tematicamente, polo amor e o erotismo, expresado en poemas breves (“Traza de muller”, “Inscripcións”) ou máis extensos (“Balada dos amantes nómades”, “Novela dos fuxitivos”).



Recensións:

-Olga Novo, “Descoñecidas damas”, *A Nosa Terra*, nº 794, “Guieiro Cultural”, 4 setembro 1997, p. 24. Lémbranse os títulos anteriores de Claudio Rodríguez Fer e sinálase que de todos eles se alimenta “esta descoñecida dama”. Así, dá como coñecido o “enigma” permanente que supón a muller, a procura do “máis alá” bretoniano, a plenitude voraz e o nomadismo. Olga Novo parafrasea algúns fragmentos do poemario de entre os cales sinala a viaxe no corpo e no espacio, como forma de coñecemento nunha primeira parte de versículos longos que reconstrúe e afianza unha cosmovisión para abordar “Brigitte Rimbaud”.

-Vicente Araguas, “As cebras, as froitas”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 173, 21 agosto 1997, p. 10. Considera a Claudio Rodríguez Fer como un deses artistas que crean unha atmosfera e logo volven ó cerne da cuestión sen que se repitan nunca, como sucede con George Brassens, Simenon ou Erich Rommer. Para o recensionista a poesía de Rodríguez Fer non é egoísta nin egotista senón un “canto whitmaniano de autocelebración compartida” porque o autor, como Octavio Paz, cre que “amar es combatir”. Di ademais que o libro é dobremente cosmopolita polo “canto de celebración cun ser axiomático que resulta ser varios ó fin” e pola presenza de Estados Unidos, Francia ou Galicia. Vicente Araguas explica que para conseguila circularidade adopta formas que van dende a prosa poética ó aforismo pasando polo verso curto ou polo recurso epistolar apoiado na musicalidade.

-Olga Novo, “Todo o que será a través do desexo”, *Tempos Novos*, nº 7, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 1997, p. 75. Saliéntase da poética de Claudio Rodríguez Fer o feito de habitar nos lugares da “procura do coñecemento, da pulsión vital, do erotismo e da máis absoluta independencia, da integración da arte e da



vida". Destácase tamén a presenza da muller como enigma e da fuxida a través do amor, presente sobre todo na segunda sección deste poemario, titulada "Brigitte Rimbaud".

Referencias varias:

-S. C., "Amor e identidade chocan no novo poemario de Fer", *O Correo Galego*, 5 outubro 1997, p. 56. Dá conta da publicación do poemario e explica que se divide en dúas partes, "Manhattan" e "Brigitte Rimbaud". En palabras do propio autor explícase que o nome da primeira corresponde á tribo indíxena que lle deu nome á illa de Manhattan e consiste "en sete cantos referidos a outras tantas personaxes femininas enmarcadas nun contexto multicultural e libertario". No tocante á segunda apúntase que se ofrece unha nova visión da cuestión celta e das identidades en xeral sempre en conflito co amor. Sinálase que o título dos versos procede da personaxe que aparece nos relatos "A raposa boreal" (publicado en *Unha liña no ceo. 58 narradores galegos*, 1996) e "A puta filosófica" (en *Contos de Cine*, 1996), compostos durante 1995. Así mesmo, coméntase que o libro asume o espírito rupturista de toda a poesía amorosa do autor e supón unha apertura ó "universalismo integral". Conclúe cunhas notas da traxectoria docente, crítica e literaria de Claudio Rodríguez Fer.

-Alberte Soto Soto, "Otras letras", *Qué leer*, nº 15, "Actualidad", outubro 1997, p. 35. Nesta sección de novidades, inclúense breves notas referidas ás seguintes obras literarias ou críticas tiradas do prelo na nosa lingua: *Entre dous. Entre ouro e olvido* (1996), de Victoria Salgado e Paulino Pereira, *A unha muller descoñecida* de Claudio Rodríguez Fer, *As armas delicadas* de Estro Montaña, e *Teatro galego: 1915-1931* de Laura Tato Fontaíña.



Rodríguez Ferrer, José, *Amencidas de Valdeorras*, prólogo de M^a del Carmen

Gago Florenti, Málaga: Oriente Ediciones, col. Poesía, xaneiro 1995, 123 pp.

(ISBN: 84-920408-0-7).

Primeiro poemario de José Rodríguez Ferrer (Vilamartín de Valdeorras, 1946), no que se inclúe un breve prólogo de M^a del Carmen Gago Florenti, que ademais de da-la benvida ó libro e ó autor, céntrase na descrición do contido e a estrutura do volume ademais de facer unha breve análise valorativa dalgúns dos poemas que o integran dos que di que están “cheos dunha infinda tenrura e delicadeza que non poden deixar indiferente a ningún lector cun mínimo de sensibilidade”. Trátase dunha obra estruturada en dúas partes. A primeira ábrese cunha composición dedicada ó emigrante á que lle seguen outros poemas de liña costumista, nos que están presentes Galicia, “Galicia nai”, e lugares concretos da terra de Valdeorras, como “O mosteiro de Xagoaza”, “A campá de Petín”, “Capeliña de San Roque”, e así ata trinta poemas. En todos eles explíciase a influencia destes lugares sobre os sentimentos do eu lírico. A segunda parte: “A cor do vento”, está composta de dezaioito poemas. Os primeiros están dedicados ó clima da zona: “A cor do vento”, “A chuvia”, ou “A néboa”. Outros poemas como “O can de palleiro”, ou “O burriño de Fornelos”, están inspirados en seres que habitan na súa comarca. Nos últimos, de carácter social, expresa o poeta o seu malestar pola inxustiza humana: “Longo camiño de ferro”, “O paro”, e sobre todo “Cambia-lo mundo”, no que fai unha alusión directa á avaricia.



Simón, Antonio, *Eroстана*, prólogo de Lino Braxe, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1997, 37 pp. (ISBN: 84-7492-866-4).

O poemario ábrese cun prólogo de Lino Braxe no que, baixo o título de “O rapto da princesa de Basora polo vello mariñeiro”, comeza explicando a procedencia do nome do personaxe que lle dá título á obra. Ademais, presenta a Antonio Simón (A Coruña, 1949) como “un home multidisciplinar”, indicando algunhas das súas actividades e o seu temperán interese pola poesía. Seguidamente ofrece comentarios sobre os poemas incluídos no libro e sobre o coidado posto polo autor á hora de entrega-los seus textos, salientando o emprego da linguaxe cinematográfica e “dun léxico rebelde e atrevido”, e desexándolle por fin “unha feliz travesía”. A obra está composta por vinte e catro poemas nos que destacan como eixes temáticos o amor (moitas veces lembrado na súa ausencia) e a súa procura, o desexo e o erotismo, a amizade e a reflexión sobre a morte e a dor, tendo estes temas como trasfondo recorrente o mundo da noite e dos sonhos. Nos primeiros poemas do libro destaca a presenza da figura de Eroстана, que aparece sempre como froito da evocación amorosa. Isto, xunto a outros elementos, como as frecuentes referencias á natureza outórgalle unidade ó poemario.



VV. AA., IX^o e X^o Encontro de Poetas Valdeorreses, limiares de M^a del Carmen Gago Florenti e M^a del Carmen Arias González, O Barco: Instituto de Estudios Valdeorreses, “Cuaderno Monográfico 22”, 1997, 286 pp. (ISBN: 84-921366-5-0)

Recóllense composicións de poetas participantes no IX^o e X^o Encontros de poetas valdeorreses que tiveron lugar na Rúa en xuño de 1995 e 1996. A parte correspondente ó IX^o Encontro atópase precedida por un limiar no que M^a del Carmen Gago Florenti reflexiona sobre a natureza da poesía. Os poemas que están escritos en galego son da autoría de:

- Xurxo López
- Ramón Sandoval
- Sixto Álvarez Vieytes
- José Rodríguez Ferrer
- José Rodríguez

Rodríguez.

Polo que respecta ó X Encontro, o prólogo de M^a del Carmen Florenti consiste nunha evocación de Elena Quiroga, e M^a del Carmen Arias González. Recóllense poemas de:

- Lidia Costa Dávila
- José Antonio Laje Martiñán



- Isabel Rodríguez Mate
- Diana Álvarez Blanco
- Manuel Sieiro Taboada
- Hermesinda Vieytes Alonso.

Os poemas galegos céntranse nas lembranzas da infancia, nas tradicións e crenzas rurais, na evocación da natureza, traballos, e neles a voz poética láíase da infelicidade e soidade do presente en contraposición co venturoso pasado.



VV. AA., *Nós*, Corcubión: Concello de Corcubión/Batallón Literario da Costa da Morte, 23 xuño 1997, 75 pp. (D. L: C-1018-1997).

Libro colectivo que inclúe textos, na súa maioría en verso, dos membros do Batallón Literario da Costa da Morte:

- Marilar Aleixandre
- Suso Baamonde
- Pilar Beiro
- Concha Blanco
- Moncho Bouzas Tobío
- Fernando Cabeza Quiles
- Sesé Canitrot
- Ana Canosa Blanco
- María Canosa Blanco
- Xosé María Casais
- David Creus
- Estevo Creus
- Modesto Fraga Moure
- Gus García
- Rafa García



- Víctor Manuel Gómez Traba
- Mónica Góñez Silva
- Serxio Iglesias
- María Lado
- Tomás Lijó
- Xosé Luís Louzán
- Abel Méndes
- Xoán Alberte Moure Insua
- Paulina Mouzo
- Alexandre Nerium
- Helena Pérez García
- Xavier Rodrigues Fidalgo
- Marcos Seoane
- Francisco Souto
- Eva de la Torre
- María Xesús de la Torre
- Xaime Trillo
- Miro Villar
- Rafa Villar



Recensións:

Vicente Araguas, “Batallón Literario (I)”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 177, 18 setembro 1997, p. 10. Comeza referíndose á revitalización pola que está pasando a nosa poesía gracias a iniciativas que a intentan achegar ó pobo, como é o caso dos recitais poéticos a cargo do Batallón Literario da Costa da Morte. Con motivo da publicación do libro *Nós*, reflexiona sobre a desconsideración coa que o público en xeral acolle os espectáculos de balde. Afirmar que os culpables da situación que vive a poesía, en canto á súa recepción, son os propios autores, “burócratas (...) que non dan acreditado no que fan”. Finalmente, relaciona o labor literario do Batallón da Costa da Morte coa das Misiós Pedagóxicas e coa tradición oral. Araguas reflexiona sobre o labor destes xoves poetas que recollen vellas concepcións orais da poesía e rachan co concepto de poesía de “cadeira e pantufla” intentando que a expresión poética chegue á rúa.

Vicente Araguas, “Batallón Literario (2)”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 178, 25 setembro 1997, p. 10. Con motivo da publicación de *Nós*, coméntanse algúns dos seus aspectos máis destacados como a foto da portada, pertencente a Sebastião Salgado. A seguir caracterízase a obra pola súa “firme vontade rompedora” e pola súa intención de “aportar unha mostra variada de actitudes poéticas”. Saliéntase a importancia da difusión da poesía emprendida polos membros do Batallón Literario da Costa da Morte a través de recitais poéticos e, por último, cítanse algunhas mostras de Marilar Aleixandre, Rafa Villar, Estevo Creus, Francisco Souto, Miro Villar, Modesto Fraga e Alexandre Nerium, reparando nos poemas de Mónica Gómez, Suso Baamonde, Rafa García, Abel Mendes, Xavier Rodríguez Fidalgo, Eva de la Torre e Concha Blanco.



VV. AA., *Vis à vis. Trinta e seis poemas e unha idea*, limiar Xosé Chao Rego, ilustr. Sebas Anxo e Saúl Otero, Santiago de Compostela: Grupo de Apoio a Elías e Ramiro, decembro 1997, 92 pp. (D. L: C-1978-1997).

Libro colectivo en solidariedade con tódalas “persoas privadas da liberdade por causa da súa consciencia antimilitarista”. A obra está precedida dun limiar, “A bota que pisa con estrépito”, no que Xosé Chao Rego glosa diversos textos poéticos galegos de temática antimilitarista. Os poemas que se inclúen no libro están asinados por:

- S. Alcalde de Sobrán
- Fran Alonso
- Xosé María Álvarez Cáccamo
- Anxo Angueira
- Darío Xohán Cabana
- Cándido Duro
- Luz Fandiño
- Modesto Fraga
- Xosé García Lapido
- Antonio García Teijeiro
- X. Lois Gil Magariños



- Reyes González González
- Mónica Góñez Silva
- Emílio Xosé Ínsua
- Manuel Lage Touriño
- Igor Lugrís
- X. M. Lupi Bébedo
- Alexandre Nerium
- Manuel María
- Uxío Novoneyra
- Pilar Pallarés
- Chus Pato
- Manolo Pipas
- Anxo Quintela
- Manuel Rivas
- Ana Romaní
- Cesáreo Sánchez Iglesias
- Xosé Luís Santos Cabanas
- Manuel Seixas
- Domingo M. Tabuyo
- Xosé Vázquez Pintor
- Rafa Villar.



Os textos teñen, en xeral, unha temática social, e tratan temas como a insubmisión, a liberdade, o cárcere ou o antimilitarismo.



VV. AA., *Premio de relato e poesía da Universidade de Vigo*, Vigo: Edicións

Xerais de Galicia, inverno 1997, 131 pp. (ISBN: 84-8302-199-4).

Neste volume recóllense os premios de relato e poesía da Universidade de Vigo no 1997. Os correspondentes á modalidade de poesía son os seguintes:

-Ángela Eva Rey González (1º premio de poesía), “Dez poemas de amor verdadeiro”. Poemas de amor a persoas, a cidades ou a países.

-Carlos Pérez Seara (1º accésit de poesía), “Arco da vella”. Leva a cabo un xogo coas cores do arco da vella de tal xeito que cada cor produce un sentimento, un estado de ánimo, que se plasma no poema.

-Paulo González Rodríguez (2º accésit de poesía), “Nadosendulho”. Combina varios elementos da natureza para evocar sentimentos ou sensacións diferentes.



VV. AA., *Colexio Maior Fonseca, Premios de poesía e narrativa 1995 e 1996*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1997, 66 pp. (D. L: C-227-1997).

Volume que recolle as composicións premiadas nos certames organizados polo Colexio Maior Fonseca, correspondentes ós anos 1995 e 1996. No apartado de poesía recóllense os seguintes textos:

- Marco Antonio Figueroa Rodríguez (1º premio, 1995), “De min e Sabela, cando xa non está”.
- Diego Ameixeiras Novelle (2º premio, 1995), “Decorado de insomnio”.
- Carlos Diez Ocampo (1º premio, 1996), “Requescañon”.
- Diego Ameixeiras Novelle (2º premio, 1996), “Himno a cuí”.



Valcárcel, Xulio L., *El volumen de la ausencia*, prólogo e selección de Luciano Rodríguez, Zaragoza: Olifante, decembro 1997, 111 pp. (ISBN: 84-8324-019-X)

Edición bilingüe dunha selección de poemas de Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953) pertencentes ós cinco poemarios que conforman a súa obra poética. No prólogo, Luciano Rodríguez, alude ós poetas máis significativos dos oitenta e refírese ó proceso de depuración constante ó que Valcárcel somete os seus textos. Segundo Luciano Rodríguez “su poesía nace con deseo de permanencia: hacer memoria con la fragilidad de la palabra”. A continuación realiza en clave interpretativa un percorrido pola temática de cada un dos cinco libros: *Véspera do día* (1979), *Alba de auga sonámbula* (1983), *Solaina da ausencia* (1987), *O sol entre os dedos* (1993) e *Memoria de agosto* (1993). O prologuista sinala finalmente que para as versións contou co traballo de Luz Pozo Garza, Marta Pía, Xavier Seoane, Teresa Seara e Xesús Pensado.



Varela, Xosé Manuel e Rafa **Villar** (coords.), *Rumbo ás illas. Escritores da Costa da Morte nas Sisargas*, prólogo de Paco Souto, Ponteceso-A Coruña: Asociación Cultural Monte Branco, maio 1997, 86 pp. (DL: C/873/97).

Volume que recolle cincuenta e dous textos narrativos e poéticos e que se abre cun breve prólogo no que Paco Souto reflexiona sobre a natureza da palabra. No tocante á poesía recóllense composicións de:

- Asunción Antelo Suárez
- Xohán Babarro González
- Suso Bahamonde
- Pilar Beiro
- Concha Blanco
- Fernando Cabeza Quiles
- Sesé Canitrot
- Ana Canosa Blanco
- Xosé María Casais
- Estevo Creus
- María Xesús de la Torre
- Modesto Fraga



- Gus Garcia
- Rafa García
- Víctor Manuel Gómez Traba
- Mónica Góñez Silva
- Miguel Anxo Hermida
- Serxio Iglesias
- María Lado
- Rafael Lema
- Tomás Lijó
- Xosé Luís Louzán
- Miguel Mato
- Abel Mendes Bujeiro
- Xoán A. Moure
- Alexandre Nerium
- Víctor Pérez Castiñeira
- Elena Pérez García
- Marina Piña Abelenda
- Héctor Pose
- Xavier Rodrigues Fidalgo
- Paco Souto
- Paco de
- Tomasno azul dos idoiros
- Xaime Trillo



- Martín Veiga
- Miro Villar
- Rafa Villar.

Caracterízanse tematicamente pola variedade, aínda que como trazo común a moitos poemas, obsérvase a presenza dos elementos da natureza, unhas veces mainos e suaves e outros rexos e desapacibles, pero sempre cunha fonda influencia na expresión poética. O referente ós textos narrativos recóllese no apartado correspondente deste informe.



Vázquez, Dora, *Madeixas debanando. Poemas galegos*, Arteixo: Concello de Arteixo, 1997, 97 pp. (D. L: C-1406-97).

Recompilación de poemas de Dora Vázquez (Ourense, 1913). Segundo podemos ler nunha nota da autora, trátase dun conxunto de textos que “foron traducidos do castelán *Recuerdos*, inédito e recollido na obra *A xeito de antoloxía* (1992). O libro presenta unha mirada intimista e reflexiva da paisaxe. A natureza, os recordos e a fe constitúen os eixos temáticos fundamentais da obra.

Recensións:

-Vicente Araguas, “A prol de Víctor Campio”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 188, 4 decembro 1997, p. 6. Ver Xosé Fraga, *Longa noite de ferro*, nestas páxinas.



Vázquez, Pura, *Desmemoriado río*, limiar de Alfonso Álvarez Cáccamo,

A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 58, abril 1997, 86 pp. (ISBN: 84-89814 18-X).

Este décimo poemario en galego de Pura Vázquez (Ourense, 1918) está precedido por un limiar de Alfonso Álvarez Cáccamo no que se cataloga a obra como “sabía lección de Música e Imaxe”. Tralo prefacio aparecen uns versos de Carmen Blanco, Luz Pozo Garza, Xohana Torres e a súa irmá Dora Vázquez, a quen, xunto con Pilar Vázquez Cuesta, se dedica o libro. As composicións de *Desmemoriado río*, carentes de rima, divídense en seis seccións: “O reino da poesía”, “O tempo da elexía”, “A alma e as paisaxes”, “Soñar nas contraluces”, “Desmemoriado río” e “O tempo e as espadas”. Os motivos máis recorrentes son o amor, a saudade e a paisaxe, centro de constante admiración. A autora chega a senti-la dor da terra baixo as gadoupas do lume provocado. As vellas obras humanas, como cruceiros ou casas, son vistas como onnipresente testemuña do pasado.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Rollo klave”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 174, 28 agosto 1997, p. 10. Alusión ó nº 3 da revista *Rollo klave*, que edita unha “corporación semiótica galega, con sede en Pontecesures” coa pretensión de leva-la poesía á rúa e que, segundo o articulista, ten unha excelente



feitura e uns contidos moi ben compensados entre a escrita e as ilustracións. Destaca a participación de certos autores como Domingo Tabuyo ou Xosé Vázquez Pintor, e a de moitos dos seus ilustradores. Refírese ademais á figura de Pura Vázquez e ofrece certos comentarios sobre a súa obra, deténdose na súa nova tentativa poética, *Desmemoriado río*, da que resalta o seu poema “Muller decrépita”.

Referencias varias:

-O. N., “As augas da memoria”, *Tempos Novos*, nº 3, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo/agosto 1997, p. 81. Anuncia a última entrega poética de Pura Vázquez, da que salienta os eixes temáticos fundamentais como son os paraísos remotos, as ausencias, o tempo do amor e dos soños e as hedras da memoria.

-Alvarado, “Los poetas desmemoriados”, *La Región*, “Buenos Días”, 10 outubro 1997, p. 2. Afírmase que neste poemario, Pura Vázquez retorna a sentimentos perdidos, o cal provoca que chegue a unha “metáfora íntima”. Tamén se destaca a introspección do libro e a enerxía da autora. O artigo inclúe fragmentos de versos da obra da que se fala.

-Aurora Marco, “Desmemoriado río”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 14 outubro 1997, p. 90. Percorrido pola obra de Pura Vázquez, en especial polo libro *Desmemoriado río*. Aurora Marco sostén que Vázquez “é unha das grandes voces líricas da poesía galega actual”. Lembra os seus inicios, a obra en castelán e a obra narrativa e crítica en galego. Salienta que en *Desmemoriado río* nos desvela “a alma e as paisaxes, o vello lar, as infindas soidades e o amor”.



Antón Fraguas Fraguas, “Un novo libro de Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 26 outubro 1997,

XXIV. Comenta este poemario de Pura Vázquez salientando o prólogo de Xosé M^a Álvarez Cáccamo, do que transcribe un parágrafo moi laudatorio para a poeta, e que el asume, e tamén o feito de que Pura Vázquez lembre no seu poemario a Carmen Blanco, Luz Pozo Garza, Xohana Torres e á súa irmá Dora, de quen recolle “a súa sentenza”. Reproduce varios versos nos que están “contados os pesares” e outros que nos levan a Compostela e ó seu Ourense natal.

-X. Costa Clavell, “Desmemoriado río”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 28 novembro 1997, p.4. Abráíase de que Pura Vázquez fose esquecida nas décadas dos 70 e dos 80. Coida que os temas sobranceiros desta nova achega lírica son a nostalxia, a elexía, o amor pola vida, o cariño polos seres queridos, a alma e a paisaxe. Ilustra os catro primeiros con fragmentos de poemas de *Desmemoriado río*. Gaba o prólogo de Álvarez Cáccamo, do cal recolle unha pasaxe laudatoria.



Villar, Miro, *Abecedario da desolación*, A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 25, outubro 1997, 54 pp. (ISBN: 84-89814-12-0).

Libro ó que o seu autor, Miro Villar (Cee, 1965) dota dunha estrutura unitaria que vén dada xa polo propio título, ó se-la desolación, motivada pola perda da amada, o tema central do poemario. A voz lírica recrea unha serie de motivos que entroncan co tema central do desamor: a tristeza, a soidade, o recordo, a poesía e o poeta. A unidade da obra está marcada ademais por aspectos formais, pois toda ela está escrita en metro alexandrino. Trátase de composicións formadas por cinco estrofas de cinco versos, precedidos todos eles por unha cita literaria —de procedencia diversa— intertextualizada mediante distintos procedementos no poema. A disposición dos textos está determinada pola orde alfabética dos autores das citas, conformando deste xeito un *abecedario da desolación*.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Desolación dos corpos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 190, 18 decembro 1997, p. 6. Analiza a figura de Miro Villar, poeta ó que define como “decididamente cartesián”, pois a súa poética vai sempre acompañada dunha estrutura clásica e os seus poemas, dunha orde case “monográfica”. A continuación centra o seu comentario na súa última entrega *Abecedario da desolación*, que xa non presenta a rima axustada dos seus primeiros volumes e que se caracteriza como un libro “potentísimo no que as vellas obsesións líricas de Miro Villar, o eu, o mar, o bardismos atopan cumprida mostra comunicativa”.



Villar, Rafa, *O tributo da tarde*, ilustr. Moncho Pinheiro, Noia: Editorial

Toxosoutos, col. Nume, 1997, 57 pp. (ISBN: 84-89129-25-8).

Poemario formado por corenta e cinco textos numerados nos que Rafa Villar (Cee, 1968) se expresa con sinxeleza, nuns poemas caracterizados pola súa brevidade e claridade sintáctica. A primeira persoa de singular ("eu") está presente no primeiro e no último dos poemas, en tanto nos demais a persoa empregada é a primeira de plural ("nós"), o que lle outorga á obra coherencia e unidade. Certos motivos son omnipresentes no libro, como a presenza do mar e de paisaxes mariñas nas que o eu poético lembra diversos aspectos dun tempo pasado: o da infancia e adolescencia. Así, o mar enténdese como ámbito da liberdade, e ó longo dos poemas trátanse elementos como o espacio da casa, o río, os camiños, onde transcorren os primeiros xogos ("aventuras") en compañía dos amigos, polo que a lembranza é necesariamente colectiva. Todo este mundo é recuperado, con nostalxia, polo eu poético nunha tarde chuviosa na que recorda as súas tardes da infancia e adolescencia, tempo de aprendizaxes e descubrimentos, de ilusións e soños estragados, de renuncias, pero que deixan o pouso da experiencia. Co paso da tarde esváense tamén os recordos do pasado, tornando a voz poética ó presente, dende o que dirixe as súas palabras ás persoas que quedaron atrás.



Recensións:

-M. Quintáns S., "A lembranza do pasado en poemas de Rafa Villar", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 17 agosto 1997, p. VII. Comeza destacando a fondura da expresión poética en Rafa Villar e intercalando algúns versos cos seus comentarios. Refírese á nostalxia, ó paso das estacións, á conquista da inocencia e á fuxida da soidade. Finalmente dá conta da obra do poeta de Cee así como dos premios que leva recibido.

-Teresa Seara, "Totalidade do corpo", *A Nosa Terra*, nº 797, "Guieiro Cultural", 25 setembro 1997, p. 24. Compara a obra poética de Rafa Villar cun corpo que con esta quinta entrega alcanza a totalidade. *Liques da memoria* (1993), con claros contidos metaliterarios, representa a cabeza; *O devalo do mar* (1994) e *No mesmo espacio* (1995) conforman un corazón ateigado de erotismo; e *A sotavento dunha singradura* (1995) evoca os brazos dentro dunha perspectiva máis social tendente á redención da terra. Este ciclo pecharíase co último volume, *O tributo da tarde*, onde Teresa Seara ve as pernas retraendo e conxugando, nunha andaina retrospectiva, os recordos doutroa.

Referencias varias:

-S. C., "O tributo poético de Rafa Villar", *O Correo Galego*, 21 maio 1997, p. 52. Nota que anuncia a publicación deste novo poemario de Rafa Villar. Menciónase que contén debuxos de Moncho Pinheiro, acompañando cada un dos poemas, e que estes teñen como tema central os sucesos que ocorren nunha tarde de chuvia nunha vila galega. Conclúese cun repaso dos títulos publicados ata o de agora polo poeta de Cee.



Rosa M. Folgar, “O mar é a metáfora da infancia, da nostalxia e do abandono”, *El Ideal Gallego*, 10 xuño 1997, p. 6. Con ocasión da publicación do poemario *O tributo da tarde*, fáiselle unha entrevista ó seu autor, Rafa Villar, que define esta obra como “bastante intimista e moi baseada na experiencia persoal” e fala do proceso de creación do libro. Ademais, explica qué é o Batallón Literario da Costa da Morte, reflexiona sobre o papel do poeta na sociedade actual e sobre as súas experiencias coa narrativa.

Rosa Rodríguez, “A poesía ten moito de busca, de indagación”, *O Correo Galego*, “Pegadas de hoxe”, 12 xuño 1997, p. 56. Entrevista a Rafa Villar por mor da publicación do seu quinto libro, titulado *O tributo da tarde*, na que explica que esta obra “é unha reflexión sobre o tempo da infancia e da adolescencia” e polo tanto trátase dun “libro nostálxico”. Ademais, fala da situación da poesía en Galicia, da súa preferencia porque a cultura non entre no mercado ou da inexistencia de diferencias de raza nin de xénero dentro da literatura, entre outras cuestións.



Villar, Rafa, *Casa ou sombra*, Premio de Poesía Concello de Vilagarcía de Arousa “Cómaros Verdes” 1997, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Ablativo Absoluto, nº 9, outono 1997, 137 pp. (ISBN: 84-8302-198-6).

Libro no que Rafa Villar (Cee, 1968) constrúe un poemario arredor do motivo central da casa. A obra consta dun conxunto de composicións moi breves, de expresión minimalista e léxico cotián. Nelas, o autor reflexiona sobre unha temática de carácter intimista e universal na que o paso do tempo, a identidade e a soidade son os motivos fundamentais.

Recensións:

-Xavier Carro, “Poesía do silencio”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 10 novembro 1997, p. 74. Crítica ó poemario *Casa ou sombra*, de Rafa Villar. Considera que esta obra está chea de fondura e madurez, caracterizada por “unha poesía depurada, exente de elementos superfluos”. Afirmar que o poeta é un home con voz propia e cun universo de seu.

-Clara Sánchez, “El agua “mana” por las creaciones poéticas de escritores gallegos”, *El Ideal Gallego*, 8 agosto 1997, p. 10. Informa da presentación conxunta na Feira do Libro da Coruña de tres libros da editorial Toxosoutos: *Historia de la antigua traída de aguas de San Pedro de Visma*, de Fernando Cabanas; *Conto para ler*



chovendo (1997), de Xosé Luis Santos e *O tributo da tarde* (1997), de Rafa Villar. Defínese a este último como “unha das voces máis enigmáticas do panorama poético galego” e apúntanse o amor, a vida cotiá e o paso do tempo como temas recorrentes na súa obra. Sobre *Conto para ler chovendo* sublíñase a súa variedade e os influxos épicos gregos, o mito de Ulises, os emigrantes, a vida de nómades e os influxos teatrais de Bertold Brecht.





II.2. Reedicións comentadas e facsímiles

II. Poesía

II. 2. Reedicións comentadas e facsímiles



Bouza-Brey, Fermín, *Nao senlleira*, ed. Teresa López, Vigo: A Nosa

Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 29, 1997, 60 pp. (ISBN: 84-89679-34-7). Ž

Nova edición desta obra de Fermín Bouza-Brey (Ponteareas, 1901-Santiago de Compostela, 1973) que segue á primeira, publicada por Nós en 1933, a única publicada en vida do autor. Explícase a fidelidade ó texto orixinal e o respecto á disposición tipográfica dos poemas así como a modificación dalgúns criterios ortográficos afastados da norma lingüística actual. Inclúese ademais un glosario co que se pretende facilita-la lectura da obra.



Calvo López, Manuel (ed.), *Cousas das mulleres. Poema de Xesús Rodríguez López. Edición de 1895*, prólogo de Xesús Alonso Montero, Lugo: Servicio Publicacións Deputación Provincial Lugo, 1997, 334 pp. (ISBN: 84-8192-091-6).

Edición facsímile desta obra poética de Xesús Rodríguez López (Lugo, 1859-1917). Preséntase precedida polo prólogo no que Xesús Alonso Montero sitúa ó responsable desta edición como pioneiro no elenco de estudiosos da obra de Rodríguez López. Manuel Calvo López fala na correspondente introducción da necesidade de rescata-las obras literarias independentemente da calidade. Logo de realizar unha semblanza do escritor lugués e de se deter nas súas ideas lingüísticas céntrase no poema *Cousas das mulleres* e nas sucesivas entregas desta obra no xornal *O Tío Marcos da Portela*. Refírese, así, mesmo algúns aspectos da primeira edición, de 1890, para pasar logo a comenta-lo prólogo de Leopoldo Pedreira na de 1895. Tomando como base esta segunda edición, Manuel Calvo López fai un percorrido pola recepción da obra e completa este estudio introductorio cunha achega á métrica e a algunhas cuestións relativas á lingua do autor. Remata cun repaso da antroponimia e toponimia presente no texto.

Referencias varias:

-Aurora Marco, "Cousa de mulleres", *La Voz de Galicia*, "A pé de páxina", 30 setembro 1997, p. 90.



Saúda a reedición de *Cousas das mulleres*, novela en verso de Xesús Rodríguez López. Gaba a introducción realizada por Manuel Calvo López e comenta outras achegas deste estudioso á obra do autor de *A cruz de salgueiro* (1893). Finalmente fai unha panorámica sobre a obra deste literato e chama ó estudio doutros escritores decimonónicos.



Fernán-Vello, Miguel Anxo, *Poemas da lenta nudez*, limiar de Teresa Seara,
A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, 1997, 73 pp. (ISBN: 84-89814-34-1).

Reedición do poemario de Miguel Anxo Fernán-Vello (Cospeito, Lugo, 1958), publicado por vez primeira en 1994. Neste caso, o libro inclúe un limiar de Teresa Seara titulado “Un país para padecer a soedade: Unha aproximación aos *Poemas da lenta nudez*”. Nel achega un breve estudio e unha interpretación da obra como un poemario no que atopamos “un eu poético masculino situado nun estado de tristeza e soedade máis fondo que o acadado noutros poemarios”.



Ferreiro, Celso Emilio, *Longa noite de pedra*, ed. Anxos Sanmartín Rei, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 38, 1997, 139 pp. (ISBN: 84 89679-43-6). Ž

Esta reedición de *Longa noite de pedra*, de Celso Emilio Ferreiro (Celanova, 1912-Vigo, 1979) conta cunha nota preliminar na que se indica o seguimento da edición de 1975 publicada en Edicións Castrelos e que o poeta considerou o texto definitivo. Ademais alúdese ó claro referente da loita política nacionalista e antifranquista desta obra publicada por primeira vez en 1962. Explícanse, así mesmo, os criterios de edición, procurando a máxima fidelidade á lingua empregada polo autor, coa actualización da lingua no seu aspecto gráfico.



Pexegueiro, Alfonso, *Seraogna*, edición de Luciano Fernández Martínez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras Galegas, nº 43, 1997, 143 pp. (ISBN: 84-8302-189-7).

Reedición do poemario *Searogna*, de Alfonso Pexegueiro (Angoares, Pontearreas, 1948), publicado inicialmente no ano 1976, e presentado agora con algunhas revisións do autor e cun proceso de actualización lingüística con respecto ó estándar. A obra está precedida por unha introducción na que se achegan datos sobre o perfil bio-bibliográfico do escritor, o seu contexto histórico e o panorama literario do momento. Polo que respecta á obra poética de Pexegueiro, achéganse datos sobre a súa evolución poética, así como un estudio acerca da obra reeditada. O volume complétase aínda cuns apéndices nos que se inclúen textos do autor relativos ó poemario.



Polín, Ricardo e Luz María Durán (eds.), *José Crecente Vega: A poesía de Codeseira (Edición crítica e estudio)*, Premio Ánxel Fole 1997, Lugo: Fundación Caixa Galicia, 1997, 238 pp. (ISBN: 84-89231-51-6).

Neste libro faise unha edición crítica e un estudio da obra poética de José Crecente Vega (Castro de Rei, 1896-Segovia, 1948), formada polo poemario *Codeseira*, publicado en 1933. Preséntase dividida en varias partes: comezan os autores cun “Exordio” no que comentan a orixe chairega e o berce intelectual do que saíu o poeta estudado, o seminario de Mondoñedo. A seguir trazan un percorrido pola historia editorial de *Codeseira*, e máis adiante pola biografía de José Crecente Vega. O groso do volume está centrado na edición crítica do poemario *Codeseira*, que tal como o dispuxo o seu autor, está dividido en cinco partes: “*Tenuis mihi campus aratur*”, “Cando as cousas falan”, “Na flor do carreiro”, “Pingotas” e “Oración”. Cada un dos poemas vai acompañado de múltiples notas na que os autores do estudio crítico explican a temática, as referencias extratextuais, o léxico (dialectal) máis complexo e, así mesmo, fan un minucioso comentario das figuras estilísticas, das interrelacións temáticas con outros autores e do asunto tratado no poema. Péchase o libro cunha “Bibliografía Crecentina” e catro apéndices dos xiros populares, toponimia, flora e fauna do poeta chairego.



Sanjurjo, Victoria (ed.), *Pura Vázquez. A saudade e outros poemas*.

O desacougo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Biblioteca das Letras

Galegas, nº 42, 1997, 191 pp. (ISBN: 84-8302-165-X).

Reedición dos dous poemarios de Pura Vázquez (Ourense, 1918), reunidos nun volume, anotados e sometidos a un proceso de regularización ortográfica de acordo coa norma vixente. A edición está precedida dunha introducción na que se ofrece un perfil biográfico e un achegamento á obra literaria da escritora.





II.3. Traduccións ou versións

II. Poesía

II. 3. Traduccións ou versións



Cisneros, Sandra, *Muller Ceiba* (*Loose Woman*, 1994), trad. Marilar Aleixandre, Vigo: Edicións Xerais, col. Ablativo Absoluto, nº 5, verán 1997, 198 pp. (ISBN: 84-8302-128-5).

Este poemario de Sandra Cisneros (Chicago, 1954) está precedido por un limiar de Marilar Aleixandre titulado “Escándalo, espiral”. Nel, en ton lírico, expón algúns dos trazos da poética da escritora. Fai alusión ás dúas tradicións culturais nas que vive esta escritora de ascendencia latina: a norteamericana e a mexicana. O poemario está integrado por tres partes tituladas “Meu corazón, pallasíño”, “O corazón fai unha roda dos sospeitosos habituais” e “Corazón, meu fermoso vagabundo”, constituíndo un total de cincuenta e sete textos de variada extensión. Neles, constátanse referencias recorrentes a México, á súa cultura, historia e costumes (integrando moitas veces palabras ou expresións en castelán) que mostran a dualidade, o choque cultural entre este mundo e o anglonorteamericano. Ás veces consegue esta idea situando o mundo mexicano no exterior, ben en Norteamérica ben en Europa, e asumindo o seu propio conflito persoal. Figuran ó longo de toda a obra, dándolle coherencia temática, poemas nos que prevalece o sexo e o erotismo, o amor e a paixón, sempre dende o punto de vista da muller, e outros nos que o eu lírico reflexiona humoristicamente sobre a súa condición feminina. Destaca ademais a presenza da cotidianidade e do mundo próximo á autora, a familia e os amigos, así como a súa aparente fortaleza no ámbito das relacións e a súa independencia.



Recensións:

-Xosé M. Eiré, “Pasen e vexan”, *A Nosa Terra*, nº 789, “Guieiro Cultural”, 31 xullo 1997, p. 23. Ver Novo, Olga, *Nós Nus*, nestas páxinas.

-Vicente Araguas, “Amorcito corazón”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 176, 11 setembro 1997, p. 10. Comeza felicitando a Xerais por publicar obras estranxeiras que non se traduciron aínda a outros idiomas (neste caso é unha obra en inglés dunha autora chicana). Como traductor sinala que concorda con esta versión fornecida por Marilar Aleixandre, malia discrepar nalgúns aspectos puntuais. Fíxase en que non se sitúa no seu contexto norteamericano senón que se insire na cultura mexicana dos seus devanceiros. Destaca o carácter feminista de *Muller ceiba* e compáraa con Olga Novo, Xela Arias e Lupe Gómez e cualifica esta colección de versos como altamente irregular.

Referencias varias:

-D. P., “Muller Ceiba” y “Nós nós” poesía de mujeres para la colección de Edicións Xerais”, *Diario de Pontevedra*, 20 agosto 1997, p. 21. Ver Novo, Olga, *Nós Nus*, nestas páxinas.

-AGN, “Presentación de los poemarios editados por Xerais, ‘Muller ceiba’ y ‘Nós nus’”, *Diario de Pontevedra*, 4 outubro 1997, p. 27. Ver Novo, Olga, *Nós Nus*, nestas páxinas.



Davó, François, *O inmóbil impaciente* (*L'Immobile impatient*, 1986-1989), trad.

Dulce María Fernández Graña, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 59, 1997, 90 pp. (ISBN: 84-89814-20-1).

Libro de poemas de François Davó (Le Mans, 1966). Os textos, escritos orixinariamente en lingua francesa, aparecen agora en edición bilingüe. Trátase de textos inéditos na súa lingua orixinaria, e só ocasionalmente aparecidos en lingua galega nalgunha publicación periódica. A obra presenta un certo carácter fragmentario, pois está formada por un conxunto de poemas que aparecen baixo os títulos: “O inmóbil impaciente”, “O absoluto lento”, “As máscaras (Escritos da cidade)”, “Enigmas” e “Luces (fragmentos)”. No libro de Davó atopamos unha reflexión sobre a condición humana, a morte e o recordo, chea por veces de paradoxos e referencias ó mundo das artes. O autor ensaia por veces o poema en prosa.

Recensións:

-Vicente Araguas, “Sombra dunha dúbida”, *O Correo Galego*, “*Revistas das Letras*”, nº 181, 16 outubro 1997, p. 10. Comeza coa afirmación de que a lectura desta obra produce “certa sensación de desacougo”. Seguidamente fala da traxectoria e influencias do autor e analiza outra obra *Diario de la lluvia*, poemario que está moi emparentado co que se reseña, sendo “rigorosamente complementarios”. Inclúe



comentarios sobre algúns dos poemas de *O inmóbil impaciente* e afirma que se trata dun “libro máis inaccesible”. Destaca finalmente a temática pictórica da obra.



Díaz Castro, Xosé María, *Nimbes* (*Nimbos*, 1961), trad. Vicent Berenguer, Païporta-Valencia: Editorial Denes, col. Poesía Edicións de la Guerra, nº 34, 1997, 105 pp. (ISBN: 84-88578-38-5). Ž

Edición bilingüe galego-catalana do poemario de Xosé María Díaz Castro (Parga, Guitiriz, 1914-Lugo, 1990), *Nimbos*. Consta de mil exemplares e acompáñase de fotografías do autor. Nunha das lapelas faise unha síntese biográfica do poeta de Guitiriz, caracterízase a súa obra polo amor á paisaxe e ó home, pola riqueza e precisión da linguaxe, ademais de salienta-lo poder evocador de *Nimbos*.



Eluard, Paul, *Capital da dor* (*Capitale de la douleur*, 1926), ed. bilingüe, trad.

Helena González e Laurence Brault, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 57, 136 pp. (ISBN: 84-84-89814-08-2). Ž

Ábrese esta edición bilingüe, en galego e francés, cun “Limiar” de Laurence Brault e Helena González no que se ofrecen certas notas biobibliográficas sobre Paul Eluard (Saint-Denis, 1895-Charenton, 1952), e máis concretamente, sobre *Capital da dor* e as traducións ó galego deste autor francés. Recupéranse nesta obra unha serie de textos publicados anteriormente por Paul Eluard en pequenas tiradas ou que apareceran en varias revistas, ademais dun monllo de poemas inéditos. Aparece dividido en catro partes (“Repeticións”, “Morrer de non morrer”, “Os pequenos xustos” e “Novos Poemas”), nas que late por veces unha voz poética magoada, quizais pola non aceptación desa muller á que tantas veces fai referencia, e nas que aparecen certos poemas que pretenden ser unha homenaxe ós seus coetáneos.

Recensións:

- Laurence Brault e Helena González Fernández, “*Capital da dor*: traducir é facer do lector un cómplice”, *Viceversa*, nº 3, “Traduccións xustificadas”, 1997, pp. 113-118. Comezan explicando cómo naceu a idea de traducir a Eluard. A seguir expoñen as causas polas que o resultado do seu labor vai ter poucos lectores. Cren coñece-las características do lector-tipo dunha obra



como esta e, pensando nel, foi cómo decidiron a clase de traducción: o máis fiel posible ó orixinal, sen intentar dar explicacións. Comparan a súa versión coa catalana e coa española. Rematan comentando algúns xogos de palabras que lles deron problemas. O artigo está dedicado á memoria do finado Camilo Flores, profesor e traductor.

-Ana Luna Alonso, “*Capital da dor*”, *Viceversa*, nº 3, “Críticas e recensións”, 1997, pp. 147-151. Comenta a versión galega de *Capital da dor*, de Paul Eluard, publicada setenta anos despois da aparición do orixinal francés. Sitúa este libro dentro da época máis pesimista do poeta. A seguir, explica a estrutura da obra, a cal se divide en catro partes (“Repeticións”, “Morrer de non morrer”, “Os pequenos xustos” e “Novos poemas”) das que sinala as liñas fundamentais. Dáse conta de que a obra está dedicada a Gala (Helena Diankova, esposa do autor) e moitos dos seus poemas a outras figuras senlleiras como Picasso, Braque ou Masson. Ana Luna agradece o feito de que a edición sexa bilingüe e empraza a Eluard entre os clásicos da literatura francesa. Lémbranos tamén que no libro se informa doutras traducións deste autor ó galego. Aproveita para falar da dificultade intrínseca de verquer poesía a outra lingua e tamén para gaba-lo traballo realizado polas tradutoras: Helena González e Laurence Brault.

-Xavier Castro R., “Capital da lírica e da dor”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 16 novembro 1997, p. VIII. Comeza salientando o inmenso labor que está levando a cabo Espiral Maior na súa colección “Poesía”, baixo a dirección de Miguel Anxo Fernán-Vello, para ofrece-las mellores achegas líricas tanto de dentro coma de fóra de Galicia. Presenta a continuación unha serie de comentarios sobre Paul Eluard e a súa obra, *Capital da dor* e sinala que se trata dun libro composto por unha serie de poemas publicados en tiradas moi pequenas e, que entre outros fins, pretendían ser unha homenaxe cara a un tempo, cara ós seus contemporáneos.



Novalis, *Himnos á noite*, trad. Jaime Santoro de Membiela, A Coruña: Espiral
 Maior, col. A Illa Verde, nº 27, outubro 1997, 53 pp. (ISBN: 84-89814-11-2).

Este poemario *Himnos á noite* (*Hymnen an die nacht*) de Novalis (Mansfeld, Alemaña, 1772-Treiberg, 1801), está precedido dun limiar de Jaime Santoro. Nel expóñense datos relativos ó contexto no que transcorre a vida do escritor, información biobibliográfica acerca do mesmo e unha achega ó seu pensamento. O libro, publicado por vez primeira no ano 1880, está composto por un total de seis composicións. Trátase de seis *himnos* que recrean o tema da noite e a súa relación co eu lírico, a través de motivos como os seus misterios, o sono, a relación coa amada e a morte. No volume inclúense ademais o texto orixinal e varias notas do traductor.





II.4. Antoloxías

II. Poesía

II. 4. Antoloxías



Alonso Montero, Xesús, *Os poetas galegos e Franco*, Madrid: Akal Ediciones, col. España sin espejo, 1997, 222 pp. (ISBN: 84-460-0839-4).

Volume de poesía e política que recolle poemas francófilos e francófobos. Ábrese cunha “nota preliminar indispensable” na que o antólogo dá conta do feito de que Edicións Xerais rexeitase publicar esta obra. Segue unha introducción na que o antólogo manifesta o seu antifranquismo e declara que compuxo unha crestomatía, non sobre Franco senón sobre autores galegos ou autores que viviron en Galicia e escribiron sobre el. Inclúe un estudio político-literario do corpus poético dedicado a Franco dividido en tres partes: na primeira trata os anos da Guerra Civil e o predominio da francofilia; na segunda fala da francofobia nos anos 1940-1970 e na terceira ocúpase dos poemas sobre a morte do “tirano”. O volume remata co corpus de poemas recollidos por Xesús Alonso Montero. En galego atópanse composicións pertencentes a:

- Antonio Noriega Varela
- Celestino Cabarcos Suárez
- Florentino Barreira García
- Florencio Delgado Gurriarán
- Ramón Rey Baltar
- Eduardo Blanco-Amor
- Teolindo Cortina Toural
- Manuel María



-Darío Xohán Cabana
 -Luís Bouza-Brey Trillo
 -A. Isla de la Escalera
 -Xesús Rábade Paredes
 -Xosé Luís Franco Grande
 -Bernardino Graña.

Recensións:

-Miro Villar, “Os poetas galegos e Franco”, *Grial*, nº 135, Tomo XXXV, xullo-agosto-setembro 1997, pp. 439-442. Miro Villar volve os seus ollos sobre este libro, alertado pola “virulencia” das primeiras recensións críticas. Algunhas das invectivas son obxecto de reflexión por parte do autor, sobre todo a publicada sen sinatura en *A Nosa Terra* (“Enganado por un catedrático, 10 xullo 1997, p. 24). Así, a pretensión de “infiltrar (...) na literatura galega nomes como Isaac Pastrana, Braulio Martínez, Leocadio López, César Abellás ou Juana Teresa Juega”, o cuestionamento do interese do tratamento do papel xogado pola francofobia e a francofilia na nosa literatura, o feito de que Alonso Montero pretenda conmemora-lo vixésimo cabodano da morte de Franco ou que non perdoe o franquismo padecido na nenez e si o tardofranquismo, a publicación na editorial madrileña Akal por un rexeitamento das editoriais galegas e o suposto chamamento por parte do autor ó Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro “como parceiro na tarefa de reeditar o volume”. A orixe das devanditas críticas xorde, segundo Miro Villar, da inclusión na obra dun soneto francófilo de Darío Xohán Cabana, un texto por outra parte xa “abondo coñecido” e ó que acompañan palabras “exculpatorias” do autor. Este lamenta que “unha



polémica absurda” poida escurece-lo traballo de Xesús Alonso Montero, caracterizado polo “afán didáctico e o rigor na análise”. Miro Villar engade unha coda na que recolle unha crítica ó aspecto externo que adoitan presenta-los volumes publicados pola editorial Akal.

Vicente Araguas, “Polo túnel do tempo”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 166, 3 xullo 1997,

10. Fai referencia a este libro de Alonso Montero, que cualifica de “rigoroso, didáctico, irónico, chufón”. Considera que a maior parte dos poemas a favor do ferrolán, como os de Francisca Herrera Garrido ou Marina Cascallar, son unha “chafullada”, salientando sen embargo os de Celso Emilio ou Blanco Amor, creadores de varias “*execratios*” máis ou menos ben argalladas. Finalmente comenta un poema de Darío Xohán Cabana publicado daquela baixo o pseudónimo de Xohán Soldado.

Referencias varias:

-M. Moreno, “Alonso Montero: Flores e puñais á sombra de Franco”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 160, 22 maio 1997, p. 8. Entrevista con X. Alonso Montero na que fala da antoloxía *Os poetas galegos e Franco*, na que o profesor recolle as opinións de máis de setenta poetas sobre a figura de Francisco Franco. Afirmo que o libro entra dentro das súas “preocupacións como investigador: a Guerra Civil e a literatura galega”.

-Juan Soto, “Musas”, *El Progreso*, “De re varia”, 28 maio 1997, p. 72. Opina sobre a publicación do libro de Alonso Montero, referíndose ás circunstancias da súa edición, asumida finalmente por unha editorial madrileña xa que a editorial galega que ía se-la encargada da publicación declinou a súa responsabilidade “porque un poema de alta enxundia Francófila lleva la firma de



un pajarito amigo". Sinala que este feito lle parece en certa medida a volta da censura e continúa dicindo que "lo más absurdo de este episodio (...) es que el profesor Alonso Montero exculpa en su libro la travesura apologética del chico".

-Rodri García, "Quizais eu tamén loaría a Franco", *La Voz de Galicia*, 1 xuño 1997, p. 90. Entrevista con Xesús Alonso Montero por mor da publicación da súa obra *Os poetas galegos e Franco. Estudio e antoloxía*, que recolle textos escritos por poetas galegos "a favor e en contra do xeneral". O autor responde a cuestións sobre o interese que o libro pode espertar, sobre os poetas actuais ou a inclusión no volume de escritores como Celso Emilio Ferreiro ou Darío Xohán Cabana. Achéganos, ademais, unha mostra de versos de distintos autores que enxalzan a figura de Franco ou a ridiculizan e insultan; para rematar, Alonso Montero fala da situación política actual en Galicia.

-Francisco J. Gil, "Moitos poetas galegos cantaron a Franco para salva-la vida", *Faro de Vigo*, 29 xuño 1997, p. 56. Conversa co escritor, académico e catedrático de literatura Xesús Alonso Montero con ocasión da publicación do libro titulado *Os poetas galegos e Franco*, na que o escritor comeza falando de cuestións editoriais respecto a esta obra para logo comentar aspectos diversos do contido da mesma, exemplificando con poetas concretos que escribiron poemas a favor ou en contra do dictador. A seguir, fala nesta entrevista da renovación da presidencia da Real Academia Galega, das súas malas condicións económicas, a posibilidade de que o escritor sexa candidato á presidencia, que el nega, e o perfil do candidato ideal, que sería "un home de entidade cultural e unha biografía de compromiso sensata e seria co idioma de Galicia".

-D. V., "Franco e os poetas", *Tempos Novos*, nº 3, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", xullo/agosto, 1997, p. 83.



Anuncia a saída do prelo deste libro e recomenda a súa lectura a “conversos e amnésicos”.

-Alberte Soto Soto, “Otras letras”, *Qué leer*, nº 13, “Actualidad”, xullo-agosto 1997, p. 33. Coméntanse as tres novidades editoriais seguintes: *Os poetas galegos e Franco. Estudo e antoloxía*, de Xesús Alonso Montero; *As horas que nos quedan* (1997), de Xerardo Méndez; e *Gárgola*, de Carlos Vila Sexto. Refírese ós motivos da polémica xurdida ó redor da compilación poética auspiciada por Alonso Montero. Caracteriza as anteditas novelas cunhas notas temáticas e argumentais de carácter xeral.



Alonso Montero, Xesús (ed.), *Os poetas galegos coa “Xente do traballo”*.

(*De Rosalía de Castro a 1972*), Vigo: Comisións Obreiras de Vigo, 1997, 40 pp.

(D. L: VG-704/1997). Ž

A Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo edita este volume de poesía e política con motivo do vintecinco aniversario das mobilizacións reivindicativas da clase obreira galega. Ábrese cun prólogo no que Xesús Alonso Montero destaca o papel de CC. OO. nas accións de 1972, sinala que o entrecomiñado “Xente do traballo” remite ás palabras de Rosalía de Castro no prólogo de *Follas Novas* e pon de relevo que moita xente que “non empuñaba a fouce nin o martelo” estaba cos obreiros. Comenta ademais que “as valerosas accións de 1972 non son alleas, nalgunha medida, ó discurso literario de décadas anteriores”. Indica, así mesmo, o carácter social e contestatario dos textos que conforman a escolma e a súa orde cronolóxica na edición. Inclúense, ademais de dezasete cantigas populares, os seguintes poemas:

- Rosalía de Castro, “Tecín soa a miña tea” (1888).
- Manuel Curros Enríquez, “O Maio” (1880).
- Manuel Leiras Pulpeiro, “Lume no pazo” (1915).
- Rafael Cabanillas, “Danse ó pé dos toxos bravos...” (1904).
- Xo Crecente Vega, “*O fortunate nimium*” (1933).
- Federico García Lorca, “Cantiga do neno da tenda” (1935).



- Lorenzo Varela, "A Ruy Xordo" (1944).
- Luís Seoane, "A ponte de Brooklyn. Derradeiro terzo do século XIX" (1952).
- Manuel Blanco Mariño, "As cuncas" (1929).
- Celso Emilio Ferreiro, "Irmaus" (1962).
- Avelino Díaz, "Nenino labrego" (1962).
- Manuel Álvarez Torneiro, "Co pan de cada día" (1964).
- Farruco Sesto Novás, "Por estes vieiros. Canzón" (1967).
- Xesús Rábade Paredes, "Carta de urxencia" (1969).
- Heriberto Bens (X. L. Méndez Ferrín), "Na memoria de Ponte" (1972).
- Xohan Esteiro López (Manuel María), "Poema urxencia para dous asasinatos" (1972).
- Uxío Novoneyra, "A Amador Rei Rodríguez e Daniel Niebla Rodríguez" (1930).



Alonso Montero, Xesús (ed.), *Poemas ó vagalume*, Vigo: Galaxia, col. Os minilibros de Galaxia, 1997, 128 pp. (ISBN: 84-8288-159-0).

Esta obra de pequeno formato recolle máis de vinte poemas dedicados ó vagalume. Entre os escritores antologados, atopámo-los nomes de Antonio Noriega Varela, José María Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño, Manuel Cuña Novás, Gonzalo López Abente, Fiz Vergara, etc. Ademais da escolma, o volume presenta un prólogo no que o profesor Xesús Alonso Montero explica as razóns que o levaron a compilar estas poesías, achéganos unhas notas entomolóxicas referidas ó devandito insecto, fai un percorrido polos diferentes nomes que recibe o vagalume e comenta as diversas actitudes dos nosos vates “ante este faroliño da noite”. Péchase a obra cun “Apéndice” no que se inclúe a versión galega dunha composición do grego Yorguís Kótsiras e as “notas ós poemas”.



Álvarez Cáccamo, X. M^a (ed.), *Obra poética. Antoloxía. Antón Avilés de Taramancos*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 46, 1997, 193 pp. (ISBN: 84-89679-51-7). •

Escolma da obra poética de Antón Avilés de Taramancos (Taramancos Noia, 1935-1992) que aparece precedida por unha nota preliminar do editor. Nela indica que a escolma quere constituír unha mostra o máis representativa posible dos ciclos da poesía do autor, ó tempo que explica que hai catro conxuntos de poemas recollidos en *O tempo no espello* (1982) que teñen entidade como poemarios individualizados, e por iso nos poemas procedentes destes cítanse os libros dos que proceden ademais da súa inclusión en *O tempo no espello*. Son estes *Poemas a Fina Barrios*, *Pequeno canto*, *Poemas soltos a Maricarmen Pereira*, *Os poemas da ausencia* e *Nova crónica de Ulises*. Ademais de composicións pertencentes ás obras publicadas inclúe a antoloxía unha mostra de poemas dispersos en publicacións periódicas.



Blanco, Carme (ed.), *Antoloxía poética. Uxío Novoneyra*, Vigo A Nosa

Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 40, 1997, 206 pp. (ISBN: 84-89679-45-2). Ž

Escolma de textos poéticos da autoría de Uxío Novoneyra (Parada de Moreda, O Courel, 1930) que vén antecedita dunha “Nota Preliminar” na que Carmen Blanco explica a escolla dende o punto de vista ecdótico tendo en conta, en primeiro lugar, a versión última dos poemas e en segundo lugar o desexo de presenta-lo discorrer poético do autor na súa evolución cronolóxica, criterios, segundo sinala, que non sempre lle foron compatibles. Os poemas aparecen organizados, tal e como se nos indica nesta nota, por ciclos temáticos, seguindo a orde de aparición nas publicacións do autor e coas denominacións escollidas por el mesmo nas respectivas recompilacións. Así os sete apartados presentes nesta antoloxía son “Os Eidos”, “Os Eidos 2”, “Tempo de Elexía”, “Poemas caligráficos”, “Muller pra lonxe”, “Do Caurel a Compostela” e “Poemas da doada certeza”.



Forcadela, M. (ed.), *Poesía de posguerra. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 34, 1997, 176 pp. (ISBN: 84-89679-39-8). Ž

Antoloxía da poesía galega de posguerra que inclúe unha mostra dos seguintes autores:

- Luís Pimentel
- Aquilino Iglesia Alvariño
- Álvaro Cunqueiro
- Xosé María Díaz Castro
- Ricardo Carballo Calero
- Manuel Cuña Novás
- Eduardo Moreiras
- Miguel González Garcés
- Faustino Rey Romero
- Luz Pozo Garza
- Pura Vázquez.

O responsable da escolma mantén “absoluta fidelidade textual” coas edicións que emprega no seu labor.



Gómez Torres, Camilo (ed.), *Antoloxía poética. Manuel María*, Vigo: A Nosa

Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 39, 1997, 294 pp. (ISBN: 84-89679-43-6). Ž

Escolma que acolle douscentos vinteún textos poéticos de Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) e que, segundo se expresa na correspondente nota preliminar, pretende recoller mostras da diversidade que ofrece a obra do poeta chairego. No tocante ó tratamento lingüístico respéctanse os trazos morfosintácticos propios da súa lingua literaria e unifícanse a acentuación e os pares b/v. Tamén se explica que se mantén a ortografía nos poemas pertencentes ós poemarios publicados en galego reintegrado.



Maceira Fernández, Xosé M. (ed.), *Literatura na diáspora bonaerense.*

Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 32, 1997, 325 pp.

(ISBN: 84-89679-37-1). Ž

Volume que recolle mostras representativas da literatura no exilio, compostas na diáspora bonaerense, que se presentan en catro apartados: poesía, relato curto, teatro e ensaio. No apartado de poesía recóllense de:

-Lorenzo Varela (A Habana, 1917-Madrid, 1978) *Catro poemas pra catro gravados* —publicados inicialmente no álbum de Luís Seoane *María Pita e tres retratos medievales* (1944)— e *Lonxe* (1954).

-Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979) *Fardel de eisilado* (1952).

-Emilio Pita (A Coruña, 1909-Bos Aires, 1981) *Os relembrós-As cantigas* (1959).



Manuel María, e Anxo **Gómez Sánchez** (eds.), *Poetas entre a tradición e a modernidade*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 28, 1997, 178 pp. (ISBN: 84-89679-33-9). Ž

Nunha nota preliminar dáse conta dos criterios de selección desta antoloxía. É a primeira escolma de poesía de preguerra dende os anos vinte ata 1936. Escólmase a obra de:

- Luís Amado Carballo, como cabeceira do movemento poético deses anos.
- Teodoro Morgade, en menor cantidade.
- Xosé María Brea Segade
- E. Montes Domínguez
- Evaristo Correa Calderón
- Roberto Blanco Torres
- Xulio Sigüenza
- Manuel Luís Acuña
- Xoán Vidal Martínez.

Considéranse como poetas de posguerra, e polo tanto non se escolman, aqueles que nun primeiro momento foron seguidores de Amado Carballo e, trala contenda, mudaron o seu rumbo.



II.4. Antoloxías

Só se inclúen, ademais, poetas con obra en galego rematada antes da guerra civil. Os textos seguen as edicións orixinais, só con adaptación gráfica á normativa actual.



Mato Fondo, Miguel (ed.), *A poesía contemporánea a partir de 1975. Antoloxía*, Vigo A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 48, 1997, 193 pp. (ISBN: 84-89679-53-3). •

Ábrese cunha nota preliminar na que o antólogo comenta que non se pode explica-lo cambio poético a partir de 1975 só en virtude de consideracións políticas, e si estéticas, xa que o esteticismo e o culturalismo substituían o discurso social ou camiñaban de xeito paralelo. Ademais, refírese á subxectividade que comporta o feito de antologar, acentuada neste caso pola contemporaneidade. “Convencido con Borges de que o mellor antólogo é o tempo” márcase o propósito de ofrecer unha extensa nómina de poetas e de textos para lograr unha visión panorámica do que foi a poesía nos últimos anos. Explica, finalmente, que preferiu darlles protagonismo ós textos antes cóos autores polo que estes non aparecen dispostos por orde cronolóxica senón por afinidades estéticas, xeracionais ou de tendencia de grupo. Indica, asemade, que, pese a estaren previstos, non figuran textos de X. L. Méndez Ferrín por expresa vontade do escritor. Os textos escolmados pertencen ós seguintes corenta e tres autores: Bernardino Graña, Salvador García Bodaño, Arcadio López Casanova, Alfonso Pexegueiro, Vicente Araguas, Darío Xohán Cabana, Xabier Rodríguez Barrio, Xohana Torres, Luz Pozo Garza, Manuel Álvarez Torneiro, Xesús Valcárcel, Xulio L. Valcárcel, Fiz Vergara Vilariño, Manuel Vilanova, Vitor Vaqueiro, Claudio Rodríguez Fer, Cesáreo Sánchez Iglesias, Xavier Rodríguez

Baixeras, Xosé María Álvarez Cáccamo, Ramiro Fonte, Xavier Seoane, Pilar Pallarés, Manuel Rivas, Lois Pereiro, Miguel Anxo Fernán Vello, Manuel Forcadela, Eusebio Lorenzo Baleirón, Román Raña, Paulino Vázquez, Francisco Salinas, Lino Braxe, Pilar Cebreiro, Henrique Rabunhal, Luisa Villalta, Chus Pato, Ana Romaní, Manuel Xosé Neira, Miro Villar, Marta Dacosta, Isolda Santiago, Martín Veiga, Yolanda Castaño e Emma Couceiro.



Rodríguez, Luciano e Teresa Seara, *Para saír do século. Nova proposta*

poética, Vigo: Edicións Xerais de Galicia: col. Antoloxías, nº 2, 1997, 146 pp.

(ISBN: 84-8302-150-1).

Escolma da poesía na fin de milenio elaborada co obxectivo de “presentar colectivamente aos autores galegos máis novos que han deixar, ao noso ver, unha impronta nesta fin de século”, establecendo o criterio que define ós “novos” no ano 1986. A antoloxía está precedida dunha breve introducción que, ademais de xustificala, achega algúns datos acerca dos factores determinantes no florecemento poético da década, así como os trazos que individualizan ós poetas dos 90 fronte ós seus predecesores inmediatos. Os autores antologados son:

- Ana Romaní
- X. Antón L. Dobao
- Manuel Xosé Neira
- Xosé M. Millán Otero
- Miro Villar
- Marta Dacosta
- Martín Veiga
- Yolanda Castaño.



Preceden á escolma de cada autor unha breve nota biobibliográfica, un resumo da súa traxectoria poética, un cuestionario (sobre a existencia dunha nova xeración e as súas características, as influencias e o propio desenvolvemento) e unha poética.

Recensións:

Xosé M Eiré, “Diário da renovación?”, *A Nosa Terra*, nº 811 “Guieiro Cultural”, 31 decembro 1997, 18. Comeza lembrando a publicación, nos anos oitenta, da antoloxía *Desde a palabra, doce voces*, que recollía a obra doutros tantos poetas “e é, sobre todo hoxe, obra imprescindible para o estudo da evolución poética após *Con Pólvora e Magnolias*”, e comparándoa coa antoloxía que comenta. Seguidamente, e aproveitando as cuestións ás que os poetas responden na obra, vaise establecendo unha panorámica da poesía destes, contraponéndoa sempre coa promoción de poetas dos oitenta. Fálase, entre outras cousas, do nacemento de novas editoriais, do incremento de nomes femininos como “outra novidade do discurso poético de hoxe”, da influencia das artes plásticas e da música, e lamentase que non se inclúan máis nomes, pois “o panorama é suficientemente rico e esperanzador”. Finalmente os responsables refírense ás características do libro dicindo que diminuíu o seu formato e que desexaría unha introducción máis ampla.



Rodríguez Cañada, Basilio (ed.), *Poesía Ultimísima, 35 voces para abrir un milenio*, Madrid: Ediciones Libertarias/Prodhufi, col. SIAL, nº 1, maio 1997, 254 pp. (ISBN: 84-7954-374-4).

Volume que contén poemas de trinta e cinco autores novos do estado español e que se inicia coa inclusión dunha nota de presentación de cada un dos poetas. Nesta nota indícase o seu lugar de nacemento, obras publicadas, fragmentos das súas poéticas e comentarios sobre elas levados a cabo polo responsable da edición, quen, nun breve limiar, informa das pretensións da obra, das colaboracións e axudas recibidas e do feito de que nunha próxima entrega o volume incorporará tamén a poesía na fin de milenio doutros ámbitos lingüísticos ademais do castelán. Sen embargo, polo que respecta á literatura galega, aparecen representados:

-Anxos Romeo (A Estrada, 1965), con poemas do seu libro *A estatua* (1996) e cun poema inédito.

-Martín Veiga (Noia, 1970), do que se ofrecen poemas pertencentes á obra titulada *As últimas ruínas* (1994).

Os textos de ámbolos dous autores devanditos figuran en versión bilingüe galego-castelá.



Rodríguez Hervada, Arturo (ed.), *Eladio Rodríguez González. Antoloxía Poética*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Poesía, 1997, 251 pp. (ISBN: 84-7492 859-1).

Antoloxía de Eladio Rodríguez González (Ponte de San Clodio, Leiro, 1864-A Coruña, 1949), preparada polo seu neto, autor tamén dun prólogo que se achega á figura do escritor, reivindicando a súa condición de “poeta inxustamente olvidado, un poeta que por largos anos permaneceu nun inmerecido e inxustificado esquecemento”. A escolma inclúe textos dos seus tres libros de poesía escritos en galego: *Folerpas* (1894), *Raza e Terra* (1922) e *Oracións campesiñas* (1927). Trátase dun conxunto de composicións nas que destaca a temática costumista (a paisaxe ribeirana, o folclore, os oficios) e unha preocupación social que se manifesta fundamentalmente na tematización da pobreza (a desigualdade, o caciquismo, a emigración) e no patriotismo.



Sánchez Iglesias, Cesáreo, *Escrita do silencio. (Antoloxía persoal)*, prólogo de Manuel María, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Esquíu de Poesía, nº LXVIII, outubro 1997, 185 pp. (ISBN: 84-86046-86-6).

Escolma da obra poética de Cesáreo Sánchez Iglesias (Dadín, Irio, 1951), precedida dun prólogo no que Manuel María lembra a unidade desta poesía e a súa habitual clasificación en tres ciclos: silencio, auga e luz. Seguindo este criterio temático, a antoloxía estrutúrase en tres partes. “A escrita do olvido”, “A escrita da auga” e “A escrita da luz”, percorrendo deste xeito os oito libros que o escritor leva publicados ata o de agora. O conxunto de textos escolmados de cada poemario van precedidos de breves notas críticas, asinadas por Fidel Vidal, Xavier Seoane, Xulio López Valcárcel, Basilio Losada, Carlos Paulo Martínez Pereiro, Gustavo Luca de Tena, Bernardino Graña e Pilar Pallarés.

Referencias varias:

-Rodri García, “O fio da miña obra é o amor como forma de coñecemento”, *La Voz de Galicia*, 20 decembro 1997, p. 81. Con motivo da publicación desta antoloxía poética de Cesáreo Sánchez Iglesias, o seu propio autor explica cales foron os motivos que o levaron a xuntar toda a súa obra nun volume. De seguido comenta o



papel que xoga a poesía na súa vida, así como cales son as súas influencias literarias. Por último, opina sobre a nova xeración de poetas galegos.



Sanmartín Rei, Anxos (ed.), *A vangarda. De Catro a Catro. Manuel Antonio.*

Antoloxía. Manuel Antonio. Álvaro Cunqueiro, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 27, 1997, 143 pp. (ISBN: 84-89679-32-0). Ž

Este volume pretende ser unha mostra do máis sobranceiro das vangardas poéticas na literatura galega. Con tal fin rescátase o máis significativo dos nosos poetas con esa tendencia: Manuel Antonio. Así Anxos Sanmartín ofréceno-los versos de *De catro a catro* e textos en prosa como o manifesto *¡Máis alá!*, “Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribeu”, “Un poeta da nosa terra” e “Fatiguémonos”, así como retallos da súa correspondencia privada con persoeiros como Castelao, Risco, Dieste ou Antón Villar Ponte. A editora toma como base, na medida do posible, textos aparecidos en vida do ilustre rianxeiro. A escolma complétase con poesías doutro autor que seguiu por veces dictados vangardistas: Álvaro Cunqueiro. Estas foron extraídas de *Mar ao norde* e de *Poemas do sí e non*. Neste caso tomouse como base *Obra completa en galego. Poesía e teatro I* (Vigo, 1980), que Galaxia publicou coas correccións do mindoniense. Anxos Sanmartín levou a cabo unha actualización gráfica conforme á normativa oficial.



VV. AA., *Tudo o que a água consigo leva*, Lisboa: Edições Tema, outubro 1997, 66 pp. (sen ISBN nin D. L.).

Libro que recolle algunhas “respostas poética à arte musical de Carlos Paredes”. Entre os textos reunidos no volume figuran composicións de:

- Arturo Casas, “O leme-Diálogo lembrado”.
- Luísa Villalta, “Modulación de Orfeu”.
- Xosé María Álvarez Cáccamo, “Memoria dunha rúa de Porto que me chegou na música de Carlos Paredes”.
- Xulio L. Valcárcel, “Descubrimento da Música”.



VV. AA., *Muestra de la joven poesía gallega, La flama en el espejo*, introd. de Yolanda Castaño, ilust. Cristo Aleister, nº 3, México D.F.: Editorial Praxis, decembro 1997, 64 pp.

Antoloxía que reúne poemas, en versión bilingüe galego-castelá, dos seguintes autores:

- Estevo Creus
- Lupe Gómez
- Rafa Villar
- Celso Fernández Sanmartín
- Olga Novo
- Marta Dacosta Alonso
- Eduardo Estévez
- Martín Veiga
- Yolanda Castaño
- Sechu Sende
- Francisco Souto
- Emma Couceiro
- Mónica Góñez Silva.



Ábrese cunha introducción de Yolanda Castaño, tamén encargada da selección dos textos, titulada “Muestra de la joven poesía gallega” e na que proporciona datos sobre a situación da lingua e da literatura en Galicia remontándose ó final da dictadura franquista e ata a actualidade, é dicir, da literatura dende 1975 á fin de milenio. Alude a medidas como a aprobación da Lei de Normalización Lingüística e a extensión de uso da lingua, así como ós problemas existentes para a fixación dunha norma escrita para o galego “aceptada por todos”. A seguir fala da literatura feita polos máis novos hoxe, particularmente da poesía na fin de milenio, afirmando que hai unha enorme variedade de estilos e unha pluralidade de correntes estéticas, e ofrecendo características e trazos comúns á poesía dos últimos anos. Tamén reflexiona sobre o mundo editorial, a existencia de colectivos poéticos ou a difusión da poesía mediante recitais. Remata comentando brevemente a poética e o estilo de cada un dos autores incluídos no volume. Péchase o libro cunhas notas biobibliográficas dos colaboradores da obra.



Villar, Rafa (ed.), *De Mar e Vento. Cinco poetas de Fisterra (Escolma poética)*, A Coruña: Espiral Maior, col. Poesía, nº 54, xaneiro 1997, 80 pp. (ISBN: 8488137-99-0). Ž

Poemario subvencionado polo concello de Fisterra que se abre cun prólogo de Rafa Villar e que se pecha cunha biografía de cada autor escolmado, tamén fornecida polo editor da obra. Selecciónanse cinco poetas locais nados entre 1960 e 1977:

-Alexandre Nerium (Manuel Martínez, Fisterra, 1960) que presenta composicións que teñen o mar como tema recorrente.

-Modesto Fraga Moure (Fisterra, 1974) que se centra nos seus poemas no tema do desamor.

-Mónica Góñez Silva (Fisterra, 1977) que presenta unha obra que xira ó redor do erotismo.

-Xoán Alberte Moure Ínsua, quen contribúe cuns poemas que tratan do desamor decorado cunhas breves pinceladas de erotismo.

-Roberto X. Traba Velay (Fisterra, 1961) con versos nos que flúe o mar, a creación poética, a soidade e a sensualidade.



Recensións:

-E. C., “Os poetas cantánlle á Costa da Morte”/”*De mar e vento*, unha escolma dos novos cantos poéticos á Costa da Morte”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 7 marzo 1997, p. 53/p. 14. Nota da presentación do volume colectivo *De mar e vento*, que reúne a catro poetas do Batallón Literario da Costa da Morte e a Traba Velay. O acto celebrouse na Galería Sargadelos de Santiago e contou coa presenza de Rafa Villar, do alcalde de Fisterra e do editor de Espiral Maior.

-Rodri García, “Guerreiros da cultura”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 107, 16 marzo 1997, p. 6. Dá noticia da aparición deste libro e indica que se trata dunha escolma poética realizada por cinco membros do Batallón Literario da Costa da Morte, a maioría deles “autodidactas”, cousa que segundo Rafa Villar, é positiva porque “non están maleados polo academismo”.

Vicente Araguas, “Elixías e comezos”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 163, 12 xuño 1997,

10. Ver X. C. Gómez Alfaro, *Alba plena do alén*, nestas páxinas.

-Teresa Seara, “Na pel da area”, *A Nosa Terra*, nº 785, “Guieiro Cultural”, 3 xullo 1997, p. 24. Comenta o volume colectivo *De mar e vento (Cinco poetas de Fisterra)*. Sinala que os autores, ademais do seu espacio natal (Fisterra) e unha forza poética misteriosa procedente do vento e do sal, comparten a militancia poética directa e as ilusións dun presente distinto, artellado arredor do Batallón Literario da Costa da Morte. Incorpora tamén unhas palabras do prólogo elaborado por Rafa Villar e conclúe presentando unha serie de referencias sobre as diversas propostas poéticas, formas e ecos que nos ofrece cada un destes poetas.



Villares Mouteira, Félix, *Os poetas do seminario de Mondoñedo. Notas biográficas e escolma*, limiar de Xesús Alonso Montero, Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, 1997, 335 pp. (ISBN: 84-8192-100-2).

Escolma dos autores pertencentes ó que se denominou Escola do Seminario de Mondoñedo, isto é, os poetas que pasaron polas aulas deste centro. A obra aparece presentada por unha introducción de Xesús Alonso Montero, na que lembra o perfil do responsable da antoloxía. Segue unha “Breve noticia do Seminario de Mondoñedo” e unhas consideracións sobre as características comúns ós escritores escolmados: a formación humanista, a influencia dos clásicos, a preocupación pola fala, o costumismo, o gusto polas cousas sinxelas, o descritivismo e a relixiosidade. Os escritores incluídos na antoloxía son:

- Antón María de Castro e Neira
- Luís Corral Rodríguez
- Xacinto Romualdo López
- Nicomedes Pastor Díaz e Corbelle
- Xosé María Chao Ledo
- Manuel Leiras Pulpeiro
- Antón María Noriega Varela
- Celestino Cabarcos Suárez



- Daniel Pernas Nieto
- Ricardo Bodenlle Corral
- Manuel Pérez e Pérez
- Xosé Crecente
- Vega
- Enrique Cea Trappia
- Xosé Noriega Pardo
- Aquilino Iglesia Alvariño
- Xosé María Díaz Castro
- Ricardo Timiraos Castro.

Recensións:

-Victorino Pérez Prieto, “*Os poetas galegos do Seminario de Mondoñedo. Notas biográficas e escolma*”, *Encrucillada*, nº 104, “Recensións”, setembro-outubro 1997, pp. 441-442 e 129-130. Recensión da obra de Félix Villares Mouteira. Cita algúns dos poetas que pasaron polo Seminario de Santa Catalina de Mondoñedo: Antón Castro e Neira, Xosé M^a Chao Ledo, Celestino Cabarcos, Daniel Pernas Varela, Xosé Crecente Vega, Antón Noriega Varela, Aquilino Iglesia Alvariño ou Xosé M^a Díaz Castro, entre outros. Segundo o articulista, o autor da obra ofrécenos “unha magnífica e bastante significativa escolma da riqueza poética desta escola en 300 das 335 páxinas de que consta o libro”. Remata a recensión cun listado doutros dos escritores que pasaron polas aulas do citado seminario como Ramón Villares Paz, Xosé Manuel Carballo ou Camilo Valdeorras.



Referencias varias:

-Manuel María, “Os poetas do Seminario de Mondoñedo”, *O Correo Galego*, 15 xullo 1997, p. 3. Comeza sinalando que a obra de Villares Mouteira “enche un valeiro escandaloso na bibliografía galega”. Manuel María di que non obxecta o termo “Escola Poética do Seminario de Mondoñedo” e sinala como trazo común destes poetas a formación clásica, o coñecemento completo da poesía latina, un fondo amor pola natureza, o dominio do idioma e a relixiosidade, así como certo costumismo nos poetas menores. Finalmente lembra que tres destes poetas son chairegos —Crecente Vega, Iglesia Alvariño e Díaz Castro—, confesa a emoción que lle produce te-lo libro nas mans e agradécelle a Villares Mouteira este traballo “tan útil, necesario, fermoso e acertado”.



Zernova, Helena (ed.), *Voces Novas. Antoloxía da literatura galega*, Tomo III, limiar de Anxo Tarrío Varela, San Petersburgo: Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo, 1997, 272 pp. (ISBN: 5-89091-020-5).

Terceira entrega antolóxica da poesía galega elaborada no Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo baixo o coidado de Helena Zernova e Helena Golubeva. Vai precedida dun limiar do profesor Anxo Tarrío Varela no que se perfila unha panorámica da situación da poesía na época franquista, dende o final da guerra civil española ata a restauración da democracia, poñendo de manifesto o sincretismo xeracional deste período no que conflúen a Xeración do 36, a denominada Promoción de Enlace e a Xeración dos 50. Refírese tamén ás principais tendencias temáticas dos poetas e menciona iniciativas relevantes como a colección de poesía “Benito Soto”, a creación da Editorial Monterrey, a presenza de revistas como *Posío*, *Alba* e *Aturuxo* e a fundación da editorial Galaxia e da revista *Grial*. Os poetas antologados no volume, que aparecen coa súa correspondente traducción ó ruso son os seguintes:

- Aquilino Iglesia Alvariño
- Luís Seoane
- Ricardo Carballo Calero
- Xosé Díaz Jácome
- Álvaro Cunqueiro



- Celso Emilio Ferreiro
- Xosé M^a Díaz Castro
- Eduardo Moreiras
- Miguel González Garcés
- María Mariño
- Pura Vázquez
- Antón Tovar
- Luz Pozo Garza
- Uxío Novoneyra
- Manuel María
- Xohana Torres
- Bernardino Graña
- Antón Avilés de Taramancos
- Salvador García-Bodaño
- Xosé Luís Franco
- Grande
- Arcadio López Cabana
- Xosé Luís Méndez Ferrín
- Alfredo Conde
- Helena Villar
- Xesús Rábade
- Darío Xohán Cabana.



Referencias varias:

-L. B., “Presentada en San Petersburgo una antología bilingüe de poesía gallega en ruso”, *La Voz de Galicia*, 28 maio 1997, p. 82. Nota de prensa sobre a presentación da edición ruso-galega da *Antoloxía de poesía galega en lingua rusa* e do libro *Galicia, la inefable*, de Sofía Casanova, no Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo. Infórmase de que Manuel Fraga fixo na súa intervención no acto un percorrido pola historia da literatura galega e que varios alumnos universitarios recitaron poesías en galego e en ruso. Dise tamén que a antoloxía está estruturada en tres volumes: *Poesía dos trovadores*, *Entre dous silencios* e *Voces Novas*.





III.1. Dramaturgos galegos

III. Teatro

III.1. Dramaturgos galegos



Cortezón, Daniel, *Castelao ou a paixón de Galiza. IV. O pudor e a angustia*,

Madrid: A-Z Ediciones, col. Teatro, febreiro 1997, 222 pp. (ISBN: 84-86575-68-0).

O pudor e a angustia é o cuarto título da tetraloxía dramática de Daniel Cortezón (Ribadeo, 1927) titulada *Castelao ou a paixón de Galiza* —composta ademais por *O animador de ilusións* (1986), *As árbores e os xuncos* (1989) e *Intermezzo bufo* (1996)—, que aborda a figura de Castelao dende o punto de vista da súa personalidade e psicoloxía desvelando o interior do home que se defende co humorismo e a entrega total á causa da liberdade do seu pobo. O texto vai precedido dun “Introito” do autor no que trata cunha “actitude brosmia e acusatoria”, como el mesmo recoñece, as cuestións políticas da vida de Castelao e do seu contorno, ademais da “resposta que o pobo galego deu ás súas máis fondas esperanzas e conviccións”. Ademais explica cómo naceron as obras que compoñen este proxecto de teatro histórico e as pretensións de cada unha delas. O volume, persoal homenaxe do autor a Castelao, inclúe unha carta que este dirixiu a Santiago Pol e oito cartas cruzadas entre Daniel Cortezón e Ramón Piñeiro nas que se trata da tetraloxía e da figura de Castelao. *O pudor e a angustia*, intento de levar a figura de Castelao ó teatro, abarca os últimos anos da súa vida. A acción comeza en agosto do 46 cando o rianxeiro está en París como ministro sen carteira e remata coa súa morte en xaneiro de 1950. Aparece Castelao como un home angustiado, enfermo e entregado á causa de Galicia, acompañado por Virxinia, a súa muller, recibe continuas visitas e cartas de personaxes como Irujo, Otero Pedrayo, Giral, Blanco Amor, Núñez Búa, ou Abreira.



Referencias varias:

-Pablo Villapol, "Castelao acabou por perder o contacto con a realidade galega", *El Progreso*, "Gente", nº 98, 1 xuño 1997, pp. 8-9. Entrevista co escritor Daniel Cortezón por mor da publicación deste libro sobre Castelao. Destaca as contradicións existentes na obra de Castelao e a falta de memoria histórica do pobo galego. Ademais, matiza a súa visión do nacionalismo e afirma que Castelao chegou a idealiza-la concepción de Galicia, perdendo contacto coa realidade.



Guisan Seixas, João, *Teatro para se comer*, A Coruña: Edicións Laiovento, col. Teatro, nº 87, maio 1997, 227 pp. (ISBN: 84-87847-94-3).

Reúnense nesta obra de João Guisan Seixas (A Coruña, 1957) pezas teatrais precedidas dun “Prólogo para se ler”. Nel presenta a estrutura do libro e reflexiona sobre as propostas estéticas de Reimundo Patiño e a súa concepción persoal da escrita destas obras que constitúen, na súa opinión, “un género literario novo. Teatro, nom para se representar, nem sequer para se ler. Porque um livro que se abre e se fecha é a cousa do mundo de mais parecido como uma dentadura, e passar as folhas com ingerir alimento”. A seguir, preséntanse, seguindo a orde dun menú tradicional, o primeiro prato, o segundo e a sobremesa, tres pezas tituladas *Sopa de Legumes com Ciúmes*, *Dous Corações em Molho de Lua (... E outras Delicias à Carta)*, e *Frutas doutro Tempo*. Nelas afóndase nas relacións entre o teatro e a gastronomía. O volume péchase cun apéndice titulado “Aperitivos e Entremeses” no que ofrece en ton humorístico unhas pautas para unha posible posta en escena destinadas ó espectador.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “O alento que anima e move as linguas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 xuño 1997, p. 56/p. 4.



Alfredo Conde fala da necesidade de ler sen ter en conta a ortografía e loa a calidade de *Teatro para se comer*. Sobre a cuestión de se a obra de João Guisán Seixas é ou non literatura galega considera que si e refírese a “algo que flúe por embaixo das linguas e que non é outra cousa que o alento, que a ánima que as move”. Para A. Conde “a boa literatura chouta por riba doutras e máis ruíns continxencias, tamén se esvae por embaixo delas”. Conclúe didindo que hai literatura que aburre e outra que é gloriosa, o mesmo dá que se axuste ou non ás normas.

-D. Janeiro, “Joao Seixas presenta en Santiago su libro ‘Teatro para se comer’/“O teatro aerotransportable”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 27 novembro 1997, p. 16/p. 43. Informa da presentación dun libro de João Seixas titulado *Teatro para se comer*, publicado por Edicións Laiovento. Trátase de tres pezas teatrais “cun nexo común, a comida, e unha intención, a boa dixestión”. As tres pezas, *Sopa de Legumes con Cíumes*, *Dous Corações em Molho de Lua (...e Outras Delícias à Carta)* e *Sobremesa: Frutas doutro Tempo* relacionan o teatro coa comida e constitúen, segundo o autor, “a miña protesta, unha rebelión contra o establecido, contra ese baleiro mental do teatro galego”. Remata o artigo coa reprodución dun fragmento do prólogo do libro.



Quintanilla, Xaime, *Donosiña*, introducción, edición e notas de Laura Tato, A Coruña: Departamento de Filoloxías Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña, Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor, nº 1, 1997, 139 pp. (ISBN: 84-89694-40-0).

Edición da peza inédita *Donosiña. Drama en tres autos e un prólogo*, de Xaime Quintanilla (A Coruña, 1898-Ferrol, 1936), estreada en 1920. A obra desenvolve un triángulo amoroso entre Andrés, Madanela e Euxenio. A parella de feito fórmana Madanela e Euxenio. Sen embargo, Madanela casa con Andrés e dende ese momento comezan os conflitos: vinganzas, extorsións, etc. Laura Tato ofrécenos, previamente, unha introducción ó autor, á época teatral e á obra. Entre outros apartados, destacan os titulados “*Donosiña* no teatro galego” e “O modelo de lingua na época das Irmandades (1916-1923)”. Fálase do extraordinario movemento teatral daqueles anos en Galicia, ó redor do Conservatorio Nacional de Arte Galega, e da escolla da lingua escrita, respectivamente.

Referencias varias:

-C. Escrigas, “‘Donosiña’ ou a derruba da pacatería”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 181, 16 outubro 1997, p. 8.



Coméntase a edición desta obra referíndose en primeiro lugar á renovación lingüística, temática e estética que se procuraba no teatro na época das Irmandades da Fala. Explícase seguidamente o papel renovador que xogou *A man da santiña*, de Ramón Cabanillas, estreada no Conservatorio Nacional de Arte Galega e que lograría dividi-la crítica. De *Donosiña* sinálase que o anuncio dos ensaios tivo lugar en 1919 e que non chegou a se representar posiblemente por reticencias do sector máis reaccionario das Irmandades ó considerala “indecorosa” e non aleccionadora. Faise referencia tamén á estrea no Teatro Xofre de Ferrol en 1920, cítase o elenco de actores e fálase da repercusión que tivo ata o punto de inspirar a Otero Pedrayo en *A lagarada*. Antes de explica-lo argumento sublíñase a presenza da paixón xunto co sobrenatural e o humorístico. Finalmente dise que se dá na obra unha mestura de subxéneros literarios que, segundo afirma Laura Tato na introducción do libro, Quintanilla non abordaría de xeito tan explícito no resto da súa obra.

-C. Carballeira, “Numeroso público asistió a la presentación de la obra ‘Donosiña’ en el vicerrectorado de Esteiro”, *El Ideal Gallego*, 27 novembro 1997, p. 16. Informa da presentación da obra de Xaime Quintanilla, *Donosiña*. No mesmo acto, Isaac Díaz Pardo entregoulle á directora da colección T da Universidade, Laura Tato, un exemplar de *Alén*, comedia que Xaime Quintanilla dedicou ó seu pai. Así mesmo, gaba o traballo de análise que Laura Tato levou a cabo sobre a citada obra *Donosiña*.

-Antía Naceiro, “Teatro de preguerra”, *Tempos Novos*, nº 7, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, decembro 1997, p. 77. Indícase que se trata do primeiro libro dunha nova colección de literatura dramática editada polo Departamento de Filoloxía Francesa e Galego-Portuguesa da Universidade da Coruña en colaboración coa Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor. Destácase a importancia desta peza inédita que supuxo “o primeiro intento de dignificar a lingua a través do teatro, e de facer un teatro galego de maior



III.1. Dramaturgos galegos

nivel dentro do proxecto de renovación teatral ó que aspiraba un certo sector das Irmandades da Fala liderado por Antón Villar Ponte”. Fálase tamén da introducción do volume, na que Laura Tato presenta o contexto histórico no que xurdiu a obra.



Risco, Vicente, *O Bufón de El Rei*, Santiago de Compostela: IGAEM/Xunta de Galicia, col. Centro Dramático Galego, nº 15, outubro 1997, 181 pp. (ISBN: 84 453-1905-1).

Publicación que inclúe, ademais do texto orixinal de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963), a reflexión dos encargados de cada un dos departamentos do equipo artístico do Centro Dramático Galego, Manuel Guede Oliva, Iago Seara, Mónica Runde, Belén Naverán e Francisco Veiga, sobre o seu traballo e un estudio introductorio á época e ó autor de Damián Villalaín, no que destaca o interese do ourensán polo teatro, á marxe do Bufón, e a énfase na reivindicación do simbolismo e a figura de Wagner fronte ó positivismo burgués de fin de século. As presentacións do volume corren a cargo de Manuel Fraga Iribarne, Presidente da Xunta de Galicia e Jesús Pérez Varela, Conselleiro de Cultura e Comunicación Social. Acompáñase neste volume o texto modificado sobre o orixinal, que lle serviu de guía ó director Manuel Guede Oliva para a representación da obra do Centro Dramático Galego. *O Bufón de El Rei*, drama de carácter trágico e lendario apoiado nunha estética inspirada por diversas experiencias do teatro simbolista, segundo se afirma no prólogo, que achega unha visión cristiá e trágica do mundo no personaxe dun bufón. Nacido nobre e primoxénito, pero deforme, o bufón de Risco vende ó seu irmán, fermoso e afouto cabaleiro, a uns titiriteiros para que o rei non lle conceda o trono. Ó ser descuberto, é desherdado e expulsado, tendo que exercer de bufón doutro rei. Este, que descoñece os amores da súa raíña cun cabaleiro da corte, é informado polo bufón e xuntos



enseñan como sorprendelos. O cabaleiro é arrestado e condenado a morte. Finalmente, e pola sabedoría da vella criada da raíña, enteirámonos de que tal cabaleiro non é máis ca aquel mozo que fora vendido ós titiriteiros, o irmán do bufón. Ámbolos dous acaban morrendo. Péchase o libro con fotografías dos ensaios xerais da peza.

Referencias varias:

V. Postas en escena, Centro Dramático Galego: *O bufón de El Rei*.



Toro, Suso de, *Unha rosa é unha rosa. Unha comedia de medo*, Vigo: Xerais, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 23, 1997, 111 pp. (ISBN: 84-8302 099-8). Ž

Suso de Toro (Santiago, 1956) nesta peza teatral estreada o 3 de abril de 1997 en Santiago, relata en catro actos a historia de tres xeracións dunha mesma familia que representan o paso dunha sociedade galega rural a unha urbana cun profundo cambio no sistema de valores. Nela mestúranse elementos realistas e fantásticos con humor, ironía e, por veces, misterio e sorpresa.

Recensións:

M. Blanco Rivas, “Unha comedia con moito humor”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 15, 31 maio 1997,

5. Descríbese o argumento e destácase a mestría de Suso de Toro para escribir unha comedia de medo que amosa de xeito cómico un mundo de desesperanza baleiro de contido. Defínese a obra como “unha comedia de humor negro cun argumento de actualidade que semella sacado da páxina de sucesos dun xornal”.

-Xosé M. Eiré, “Rosa Rosarum”, *A Nosa Terra*, nº 784, “Guieiro Cultural”, 26 xuño 1997, p. 23.



Logo de se referir a unha etapa precaria do teatro galego por falta de espazos para representar e, xa que logo, con textos que xa non ousaban nin querían ser representados, o recensionista considera xusto valorar na súa medida “aquel teatro para ler” onde a acción era máis psicolóxica que representable. Seguidamente comenta *Unha rosa é unha rosa* resumíndoa coa palabra “acerto” e destaca unha escrita libre de mediatizacións que a poidan voltar complexa. Segundo X. M. Eiré consérvase a visión aceda das sociedade que caracteriza a narrativa de Suso de Toro. Analízase ademais a indefinición xenérica que supón o subtítulo “Unha comedia de medo”. Préstaselle atención a continuación á recorrencia da televisión cunha dimensión espacial capital, ó manexo da lingua e remata cun recoñecemento do esforzo e sacrificio que conleva a edición de pezas teatrais no noso país.

-M. Quintáns S., “Suso de Toro déixase agarimar pola musa Talía”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 24 agosto 1997, p. VI. Con motivo da publicación da primeira obra de teatro de Suso de Toro *Unha rosa é unha rosa*, o xornalista comenta algúns dos seus aspectos máis interesantes: a sinxeleza da anécdota, o enfrontamento xeracional, a estrutura clásica en catro actos, a axilidade rítmica da acción, o dominio das posibilidades provocativas da lingua, etc., destacando sobre todo, o forte ton humorístico e o fundamento irónico que busca provocar ó lector.



Pazó, Noemí e Dolores **Vilavedra** (eds.), *Antón Villar Ponte. A festa da malla*, estudio introductorio de Manuel F. Vieites, Vigo: Xerais, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 21, 1997, 75 pp. (ISBN: 84-453-1922-1).

Edición desta peza dramática inédita de Antón Villar Ponte (Viveiro, 1881-A Coruña, 1936) a partir dun manuscrito que permanecía no arquivo da Real Academia Galega. Trátase dunha edición que respecta a lingua do texto orixinal e que só engade algunhas notas a pé de páxina. O volume inclúe unha nota das editoras na que explican os seus criterios de edición. A continuación Manuel F. Vieites estudia a vida e a obra de Villar Ponte inseríndoa dentro da literatura dramática galega, explica a evolución do teatro galego, reflexiona sobre as orixes e as características principais da festa da malla en Galicia, ofrece unha breve análise desta obra do autor lugués, inclúe unhas referencias bibliográficas e reproduce dous textos de Villar Ponte nos que fai referencia á data de composición da obra, á colaboración do mestre Fernández Amor na parte musical e á dedicatoria da obra ó coro de Ferrol Toxos e Froles e ó seu amigo Lois Amor Soto. Finalmente reproducése o texto da peza.





III.2. Reedicións comentadas e facsímiles

III. Teatro

III.2. Reedicións comentadas e facsímiles



Lama, Xavier, *O peregrino errante que cansou ó demo*, Santiago de Compostela:
IGAEM/Xunta de Galicia, col. Centro Dramático Galego, nº 14, abril 1997,
261 pp. (ISBN: 84-453-1906-X).

Reedición da peza teatral de Xavier Lama (Santa Euxea, Lugo, 1962) publicada inicialmente no volume *Primeiro Concurso de Obras Teatrais Inéditas, Camiño de Santiago. Apartado A: Obra de Teatro Profesional* (1994), certame convocado pola Xunta de Galicia, e que vén de ser representada polo CDG, baixo a dirección de Andrés Pazos. Contén esta nova edición unha parte introductoria na que se ofrecen dúas presentacións da obra, unha referencia de Manuel Guede ó labor feito polo CDG e o nome dos integrantes do reparto. Ofrece tamén uns textos de Xavier Lama, Andrés Pazos e Juan Carlos Moretti sobre a montaxe e unha mostra dos signos musicais e icónicos desta obra, ademais dun estudio de Manuel Quintáns. Nel sitúa a Xavier Lama no contexto do teatro galego actual, presentando un achegamento ó seu labor como autor dramático e unha explicación do proceso de dramatización en *O peregrino errante*, para rematar facendo unha síntese na que pon de relevo o carácter e significado desta obra dramática. Péchase esta edición cunhas fotografías dos ensaios xerais, logo de seren reproducidos o texto orixinal e o da representación. Nárrase a historia dun home, que arrepentido do seu crime, bótase ó Camiño na procura do perdón do Apóstolo Santiago, pasa grandes penalidades, e ó final resólvese toda a trama finalmente.



Referencias varias:

-C. R., “A versión castelán de 'O peregrino' de Xabier Lama cruzará o Atlántico”, *El Correo Gallego*, 12 abril 1997, p. 14. Informa da difusión por Latinoamérica de *O peregrino errante que cansou ó demo* co obxectivo de facilita-lo acceso ás nosas obras fóra de Galicia. Tamén se dá conta da próxima publicación dun ensaio sobre a literatura dramática galega, realizado por Manuel Vieites.

Xabier Couselo, “Os dramaturgos do pasado eran os grandes coñecedores da alma”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 16 agosto 1997, p. 56. Despois de facer unha breve síntese profesional de Xavier Lama, recóllense nesta entrevista as explicacións que este autor teatral dá con respecto á xénese da súa peza *O peregrino errante que cansou ó demo* que arrinca da tradición oral pero ó mesmo tempo abre unha porta cara a opcións máis rupturistas. O escritor destaca a importante presenza que a figura do demo ten no teatro galego e mostra un certo escepticismo con respecto ás liñas de investigación que teñen como máxima a ruptura de códigos e linguaxes.

Postas en escena, Centro Dramático Galego: *O peregrino errante que cansou ó demo*.



Tato Fontaíña, Laura (ed.), *O bufón d'El Rei. Vicente Risco/A Lagarada*.

R. Otero Pedrayo, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 25, 1997, 91 pp. (ISBN: 84-89679-30-4). Ž

Edición de Laura Tato, das obras teatrais *O Bufón d'El Rei. Drama en catro pasos* (1928), de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963) e *A Lagarada. Farsada escrita pra ler* (1928), de Ramón Otero Pedrayo (Ourense, 1888-Trasalba, 1976). Baséase na primeira edición de ámbalas dúas pezas, mantendo a maior fidelidade posible ós textos orixinais. Aínda que tamén tivo en conta edicións anteriores, prestando só certas modificacións para facilita-la lectura. Na peza de Risco relátase como un malvado bufón alcanza un funesto final, tras descubrilhe ó rei, os amores ilícitos da súa muller co capitán Gindamor, que resultaría ser irmán do mesmo bufón. Na de R. Otero Pedrayo desenvólvese o argumento no tempo da colleita, onde se produce a morte do patrón don Vences por causas estrañas. Falecemento, que tanto os seus fillos coma a súa amante desexaban, para gozar dos seus bens. Trátase dunha traxedia ritual cunha función liberadora e chea de advertencias sobre a perda dos valores, e onde o amor e o viño serven como detonante tráxico.





III.3. Traduccions ou versións

III. Teatro

III.3. Traduccions ou versións



Alonso, Eduardo e Manuel Guede Oliva, *William Shakespeare. As alegres casadas*, (*The merry wives of Windsor*), Vigo: Edicións Xerais, col. Os libros do Centro Dramático Galego, nº 22, 155 pp. (ISBN: 84-8302-098-X). Ž

Versión da obra de Shakespeare *As alegres casadas de Windsor* para a realización da cal o texto orixinal foi complementado co emprego doutras obras do autor (*Romeo e Xulieta*, *A doma da fera*, *Moito traballo para nada*, a primeira e a segunda parte de *O rei Enrique IV*) e cunha ópera de Verdi (*Falstaff*). O volume ábrese cun texto introductorio titulado “Unha dramaturxia para Shakespeare”, de Eduardo Alonso, no que comenta que o argumento foi inventado polo autor e non baseado “noutras comedias antigas, contos ou tradicións”, e que a obra está máis próxima ás comedias italianas ou francesas que ó resto da súa produción. Comenta ademais cómo está tratado o tema do amor na peza e analiza os personaxes e as modificacións feitas sobre o texto orixinal, explicando os motivos que levaron á inclusión de elementos doutras obras. Seguidamente vén outro texto, “A peor das infidelidades”, de Manuel Guede Oliva, que fala da tradución e das súas dificultades e problemas, indicando que a tradución é “a comprobación dunha soberanía lingüística”. O argumento da peza está inzado de relacións amorosas cruzadas (provocadas por cartas ou mensaxes establecendo encontros galantes); de enredos e equívocos; da pretensión de levar a cabo matrimonios concertados e de conveniencia; de duelos polo honor, ou celos infundados. Todo isto provoca un clima de confusión no que os personaxes son frecuentemente enganados, son vítima de trampas tendidas por outros personaxes ou déixanse levar polos celos



suscitando así hilaridade e escenas de gran comicidade. Finalmente triunfa o amor e o desenlace é feliz e festivo.



Guede Oliva, Manuel e Eduardo **Alonso**, *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*, Santiago de Compostela: IGAEM/Xunta de Galicia, col. Centro Dramático Galego, nº 13, xaneiro 1997, 251 pp. (ISBN: 84-453-1873-X).

Recóllese a versión de Manuel Guede Oliva e Eduardo Alonso realizada a partir dos textos de Aristófanes *Lisístrata* e *Asemblea de mulleres*, cunha trama na que as mulleres pretenden rematar coa guerra rebelándose e negándolle-lo sexo ós homes. Enmárcase esta historia nunha conferencia organizada por militares e á súa vez no psicodrama dun psiquiátrico. Entre as presentacións do volume, á parte das institucionais, é de salienta-la de Manuel Guede Oliva quen desexa que a montaxe de *Lisístrata* sexa unha homenaxe ás mulleres e ós homes “que soñaron antes ca nós cun teatro galego no que a grandeza dos poetas viñese determinada polo oficio de ser útiles á tribo”. Logo de recolle-lo nome dos integrantes do Equipo Artístico e do Reparto, Manuel Guede Oliva reflexiona sobre os clásicos, sobre as adaptacións e sobre *Lisístrata* en tanto que Eduardo Alonso detense na adaptación para o Centro Dramático Galego, comenta qué partes se tomaron de cada unha das dúas obras clásicas e apunta a lectura antibelicista e o conflito entre o masculino e o feminino; así mesmo, explica a estrutura de “Círculos Concéntricos” e describe cada unha das escenas e dos personaxes. Logo de seren reproducidas algunhas fotos da escenografía e debuxos dos signos icónicos, Xosé Antonio López Silva emprende un estudio crítico no que nos achega ó contexto da democracia en Atenas, á comedia grega e Aristófanes así como a versión de Manuel Guede e Eduardo Alonso, da que analiza a



estructura, salientando o distanciamento que evita a “empatía” do público cara ás teses da obra. Séguenlle a este estudio o texto da representación e algunhas fotografías dos ensaios xerais.

Recensións:

-M. Quintáns S., “Unha obra de Aristófanes representada en galego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 31 agosto 1997, p. VII. Descríbese o contido do libro e sublíñase o dominio da lingua e recursos propios da literatura dramática. Ademais de comentar que a adaptación conta con moitos méritos, Quintáns considera “unha redundancia inxustificable” xustifica-la oportunidade de representar un clásico atendendo á actualidade da súa mensaxe. Para o recensionista esta versión de Aristófanes é “claramente desconfiada na eficacia actual do autor grego” e resulta abondo difícil de entender que o resultado respecte o sentido antifeminista da obra de Aristófanes ou, no caso da “fantasía brechtiana” que a xente que aplauda ó xeneral Toromelo Bandeiras estea recluída nun manicomio.

Referencias varias:

-Aníbal C. Malvar, “O que me critican os supostos entendidos é a falta de pedantería”, *El Mundo*, “Galicia”, 28 xaneiro 1997, p. 7. Eduardo Alonso responde nesta entrevista a preguntas relacionadas coa obra *Lisístrata*, e afirma que os clásicos son sempre actuais. Destaca o carácter antibelicista e uns valores, como o amor ou a solidariedade “para resolve-los conflictos máis asociados ó feminismo”. Ante as cuestións sobre a súa



criticada falta de rigor á hora de tratar os clásicos, Eduardo Alonso reivindica o subxectivismo e a necesidade de “dicir o que me dea a gana a través dos mecanismos que me dea a gana”, e ante as críticas cara ás súas montaxes, responde que en comparación con outros centros dramáticos as deste son máis baratas. A continuación fala do importante papel do público, necesario para a comunicación teatral, e do labor que está a desenvolver-lo actual director do CDG, louvando a creación dunha compañía estable.

-V. Postas en escena, Centro Dramático Galego: *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*.



Goethe, J. W., *Fausto* (*Faust. Der Tragödie erster Teil*, 1832), nota introductoria de Das Ewig-Weibliche, trad. Lois Tobío, Santiago de Compostela: Edicións Laiovento, col. Teatro, nº 82, febreiro 1997, 512 pp. (ISBN: 84-87847 89-7).

Traxedia escrita case totalmente en verso, o cal se conserva nesta tradución, que está precedida dunha “Nota Introductoria” asinada por Das Ewig-Wibliche na que dá a coñece-la relación de Goethe co mito de Fausto. Comenta tamén o proceso de creación da obra, a temática e o papel que nela xoga a muller. O número de personaxes é inmenso mais moitos teñen aparicións marxinais e brevísimas. Predomina a presenza ricaz da mitoloxía de múltiples culturas, especialmente da grega, así como de *aquellarres*, aparicións e outros fenómenos paranormais. A obra divídese en dúas partes que conteñen cadanseu namoramento do heroe: Margarita (Gretchen) e Helena de Troia, respectivamente. O argumento parte da antiga lenda medieval en que un sabio asina un pacto co demo. Este, que chama a atención polo escaso poder de que fai gala, cruza, xa no segundo prólogo, unha aposta con Deus conforme será capaz de arrastrar a Fausto polo mal camiño. Mefistófeles, o diaño, levará o protagonista de viaxe por tódalas instancias do humano, dende o mundo da bruxería e outros espazos marxinais ata o pazo imperial. Finalmente a alma do sabio será salvada gracias á súa bondade intrínseca por un grupo de anxos. Johann Wolfgang von Goethe (Frankfurt do Main, 1749-Weimar, 1832) saca á



superficie moitos temas universais: o simplismo e a animalidade do pobo baixo, as paixóns humanas, a temporalidade do mundo, a moral das aparencias ou a febleza da carne.

Recensións:

Manuel Quintáns S., “Unha obra de Goethe en galego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 25 maio 1997,

VII. Breve comentario sobre a obra, que segundo afirma o seu traductor “ven ser, en certa maneira (...), unha autobiografía espiritual na que o autor expón as súas reflexións sobre a condición humana ao longo dos seus sesenta anos que, con intermitencias, durou a súa elaboración”.

-Francisco J. Gil, “Fausto chega a Galicia”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 1, 6 setembro 1997, p. 5. O recensionista cre que a publicación desta obra supón un enriquecemento para o galego. Gaba a calidade da peza teatral e a traballosa traducción de Lois Tobío, pois xa pasaron máis de setenta anos dende que este decidise emprender esta empresa. Sobrancea o feito de que Laiovento respecte tódalas opcións ortográficas, o cal lle custou neste caso a perda da subvención da Dirección Xeral de Política Lingüística.





III.4. Antoloxías

III. Teatro

III.4. Antoloxías



Lourenzo, Manuel, Euloxio R. **Ruibal** e Roberto **Vidal Bolaño**, *O circo da medianoite/Maremia/As actas escuras*, Vigo A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 45, 1997, 234 pp. (ISBN: 84-89679-50-9). •

Volume que recolle tres obras como mostra representativa do teatro galego actual. A continuación referímonos a cada unha delas separadamente.

-Manuel Lourenzo, *O circo da medianoite*, pp. 7-72.

Peza composta por vinteúnha secuencias, nas que Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) sitúa esta historia nunha sala de hospital, fundamentalmente coa presenza de personaxes do mundo helénico. Así, neste marco danse cita dez personaxes designados con números do un ó dez, que ademais do persoal médico correspóndenlle a Clitemnestra, Existo, Orestes, Electra, Pílates, Bernhad e Valentín. O texto, carente de acoutacións, cunha trama marcada polo estatismo achéganos a un escenario mítico de traxedia grega contradecido pola enfermidade e a miseria do ser humano. Esta circunstancia enmárcase nun transfondo de crítica demoledora da que non se libran políticos, médicos, arquitectos, etc.

-Euloxio R. Ruibal, *Maremia*, pp. 72-128.



Obra de Euloxio R. Ruibal (Ordes, 1945) que fora publicada en versión bilingüe no número 262 da revista *Primer Acto* (xaneiro-febreiro 1996). Estructurada en catro partes, a acción transcorre nun marco costeiro que ve interrompida a súa vida cotiá por mor dun accidente que fai que a flota pesqueira teña que ser amarrada. Especialmente relevante vai se-la desinformación sobre o obxecto que a raíz do accidente se afundeu no mar. Ós poucos vai habendo noticias dos efectos da traxedia, partindo dun neno deforme ata o illamento e a dexeneración física e moral que culminan cunha bestialización da vida humana.

-Roberto Vidal Bolaño, *As actas escuras*, pp. 129-234.

Publícase por primeira vez esta peza teatral coa que Roberto Vidal Bolaño (Santiago de Compostela, 1950) gañou o Premio Xacobeo en 1992 e que, segundo se expresa na contraportada do libro, nunca foi estreada “por presións oficiais”. A acción abre e pecha en 1884 coa confirmación do Papa León XIII recoñecendo a pertenza ó Apóstolo Santiago duns restos humanos atopados nunhas excavación feitas na cripta da Catedral. Un longo flash-back condúcenos ata a época das excavacións e a examinación dos restos da man do crego don Mauro e do seu sobriño Casiano, entendido en arqueoloxía. Fronte á precaución e a visión científica deste último atópase o conservadurismo eclesiástico do Cardenal Payá e Rico así como a de López Ferreiro e das xerarquías eclesiásticas. Deste xeito, trascéndese o tema dos restos do apóstolo para asistir ó debate entre fe e ciencia, krausismo e escolástica ou ás loitas entre diversas correntes no seo da Igrexa Católica.



Maceira Fernández, Xosé M. (ed.), *Literatura na diáspora bonaerense.*

Antoloxía, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 32, 1997, 325 pp.

(ISBN: 84-89679-37-1). Ž

Volume que recolle mostras representativas da literatura galega compostas na diáspora boanaerense, que se presentan en catro apartados: poesía, relato curto, teatro e ensaio. No apartado de tetrao publícase a peza teatral *A soldadeira*, de Luís Seoane (Bos Aires, 1910-A Coruña, 1979), que parte da edición feita por Xosé Luís Axeitos en Ediciós do Castro (1996) por considerala máis fiel o texto orixinal.





III.5. Postas en escena

III. Teatro

III.5. Postas en escena



Agrupación de Teatro O Grove: *O señor feudal*, de Francisco Franco Calvete e *Tres Sombreiro de Copa*.

-Laura Caneda, "A Agrupación de Teatro O Grove acadou un gran éxito coa obra 'Tres Sombreiro de Copa", *O Salnés*, nº 64, 28 abril 1997, p. 21. Sinálase a satisfacción do director do grupo e o divertimento do público na representación desta peza.



Agrupación Valacar: *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela.

Dirección: Arturo López. Interpretación: José Ramón Barreiro, Manuel Naveira, José Luís Rodríguez.

-Carlota Montes, “El teatro: una luz en la particular oscuridad de los invidentes coruñeses”, *El Ideal Gallego*, 16 febreiro 1997, p. 47. Céntrase nas circunstancias que rodean a esta representación a cargo da agrupación teatral Valacar, que depende da ONCE. Explícase cómo transcorren os ensaios e as dificultades que conleva a falta de visión á hora de representa-lo texto. Os actores aclaran que os aplausos do público compensan o seu sacrificio.



Áncora Produccións (1): *Ladraremos, comedia de amor e medo*, de Gustavo Pernas Cora.

Dirección: Gustavo Pernas. Axudante de dirección: Mon Santiso. Interpretación: Ánxela Abalo, Gustavo Pernas. Escenografía, atrezzo e cartel: Suso Montero. Iluminación: Paco D' Pink. Producción: Áncora Produccións.

-S. C., "Fábula": Áncora mostra en Santiago as paranoias na nosa sociedade", *O Correo Galego*, 7 outubro 1997, p. 30. Refírese á actuación de Áncora Produccións no Teatro Principal de Santiago con *Fábula*, obra que forma parte dunha triloxía que se completa con *Ladraremos* e coa próxima estrea de *Anatomía dun hipocondríaco*. Coméntase, así mesmo, o propósito da compañía de "chegar ó público cunha linguaxe fresca, áxil e actual. Divertindo ó tempo que fai reflexionar". Explícase, a continuación, a trama da obra e cóntase a traxectoria da compañía. Conclúe coas palabras de Alfredo Rodríguez. "Fábula é un espectáculo moderno que nos amosa como por debaixo da modernidade o home e a muller seguen a ser coma sempre: incorrixibles".



- V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.
- V. Outono de Teatro de Carballo.



Áncora Producións (2): *Fábula, comedia nun só acto... sexual*, de Gustavo Pernas Cora.

Dirección: Gustavo Pernas Cora. Interpretación: Gustavo Pernas Cora, Conchita Leira, Fermín Abril e Ánxela G. Abalo.

-Javier D. Campa, "Fábula", una comedia sobre la intimidad y el sexo convertidos en espectáculo", *Atlántico Diario*, 18 abril 1997, p. 44. Refírese ó acto de presentación da peza en Vigo polos actores protagonistas. Segundo Gustavo Pernas, a obra trata da paranoia sexual dun home que quere gozar da súa intimidade e atópase formando parte dun espectáculo. Opina que a intención da peza é criticar determinados aspectos da sociedade dende a diversión. Saliéntase que *Fábula* forma parte dunha triloxía integrada por outras dúas pezas: *Ladraremos* e *Anatomía dun hipocondríaco*.

-Fernando Franco, "Comedia en un solo acto..., sexual", *Faro de Vigo*, 18 abril 1997, p. 12. Crónica da estrea en Vigo desta peza. Sinálase que se trata dunha mestura de sexo e sátira social co obxectivo de reflecti-las paranoias do individuo na sociedade moderna.

-R. F., "Unha comedia "chea de recursos dramáticos", *La Región*, 21 maio 1997, p. 15. Alúdese á presentación en Ourense desta obra e destácase que a compañía foi fundada en 1989 e que está formada por dous actores: Ánxela G. Abalo e Gustavo Pernas. Ademais, indícase que *Fábula* é a



segunda parte dunha triloxía que comezou con *Ladraremos*, a anterior montaxe do grupo, e que rematará con *Anatomía dun hipocondríaco*, coa intención de parodiar tres obsesións da sociedade moderna: a soidade e a incomunicación que ocasiona a televisión, os roles sexuais da parella e as enfermidades que ameazan dende os medios de comunicación.

-Manuel F. Vieites, "A fábula de cada día", *Revista Galega de Teatro*, "Opiniós desde a butaca", nº15, xullo 1997, p. 86. Comentario crítico de *Fábula* de Gustavo Pernas Cora, levada a escena por Ancora Produccións. Considera que ó igual que *Ladraremos* enfronta ó espectador coas miserias cotiás de cada día. Salienta ademais o uso da técnica do dobre, a lectura crítica das relacións de poder entre un home e unha muller, a traxicomedia que potencia o movemento escénico e a clave cómica e paródica.

-B. M., "Los Circuitos de Teatro de Moaña presentan mañana 'Fábula', de Ancora Produccións", *O Correo Galego*, 31 outubro 1997, p. 17. Informa da actuación de Ancora Produccións no Cine Veiga de Moaña dentro dos Circuitos Culturais da Xunta. Inclúese unha nota argumental.

V. XVª Mostra Internacional de "Teatro Cómic e Festivo de Cangas".

V. Vª Feira do Teatro de Galicia.

V. IIº FESTEIXO.



Aneis, *Os cravos de prata*, de Nicolás Bela.

-S. M., "Un grupo teatral de Xinzo actúa hoy en Santiago", *La Región*, 14 setembro 1997, p. 20. Anuncia a representación da obra de Simón Bela, *Os cravos de prata*, no Centro Cultural de Conxo en Santiago polo grupo teatral "Aneis", o único existente na comarca da Limia. Sinala que é unha obra cómica con elementos de humor negro e con toques de vodevil, e inclúe un breve historial de actividades deste grupo de carácter afeccionado. Ademais o integrante do grupo, X. M. Martínez Quintás pide o apoio das institucións e do público.

-L. R., "O Centro Social estrea novo local cunha festa e unha obra teatral", *La Región*, 21 decembro 1997, p. 46. Refírese ós actos que vai celebra-lo Centro Social de Xinzo de Limia co gallo da inauguración dun novo local. Entre eles cítase a actuación do grupo local Aneis coa posta en escena de *Os cravos de prata*.



Arre Producións: *A historia/histeria de Lilí Brown*, de Carlos Blanco.

Dirección e interpretación: Alfredo Conde Mariñas, Carlos Blanco
Vila. Vestiario: Xis de Lis. Montaxe musical: Nacho Besteiro.
Iluminación: Paco A. Santos. Atrezzo: Anabel Alonso.

-Luís Blanco Vila, “A historia de Lili Brown”, *O Correo Galego*, 22 agosto 1997, p. 2. O autor deste artigo aproveita a representación na vila de Boiro da obra *A historia de Lili Brown* polo grupo Arre Producións para comenta-lo travestismo dos políticos en xeral, e dos políticos que aparecen na obra (Fraga, Aznar, etc.) ademais doutros personaxes como Camilo José Cela e a súa muller.

-V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Asubío: *O Tartufo*, de Molière.

R. F., “Dibujando al hipócrita”, *La Región*, 11 xuño 1997, p. 17. Noticia que anuncia a representación da obra de Molière no Teatro Principal de Pontevedra. Coméntase que se trata do texto quizais máis importante do dramaturgo francés e que nel se debuxa con tal perfección a figura do hipócrita, que chegou a converterse nun arquetipo literario. Apoiándose nas palabras de Elena Seijo, de Sarabela, explícanse as especiais circunstancias que supón traballar con actores de 65 a 75 anos.

R. F., “Por riba de etiquetas”, *La Región*, 29 novembro 1997, p. 18. Anúnciase a representación de *O Tartufo* en Betanzos. A directora do grupo, Sabela Gago, explica que escolleron esta obra porque lles pareceu moi interesante e moi adaptada á idade dos actores. Sabela Gago conta a dureza de traballar con actores da terceira idade e di que se trata dunha alternativa de ocio e dun xeito de formar un grupo de amigos. Finalmente comenta que os personaxes gañan cando están adecuados á súa idade e anuncia que a vindeira obra na que traballan é *Viva el duque, nuestro dueño*, de José Luis Alonso en versión libre de Fernando Dacosta.



Aula de Teatro, Campus de Lugo: *A nosa vila*, de Thorton Wilder, traducción e adaptación de Tareixa Campo.

Dirección: Tareixa Campo. Interpretación: Quique Rey, Viki Pérez, Eva Cabo, Susana Cruz, Francisco Rey, Beatriz Prieto, Emilio Suárez, Marta Ballón, Marga Portomeñe, Lara Méndez, Manuel Polo, Luís Abades, Sonia Gómez, Marcos González, Rocío Bello, Almudena Varela, Érika Esmorís, Guillermo Redondo, Esmeralda Quiroga, Cristina Rubio, Raquel López, Neli Novo e Lorena Suárez. Escenografía, Vestuario, Atrezzo, iluminación e Son: Taller de Tecnoloxía. Coordinación do taller de tecnoloxía: Poli Vecino e Mani Vergaz. Preparación do coro: Fernando Gómez. Cartel e Programa: Xosé Blázquez. Producción: Vicerrectorado de extensión cultural da USC-Lugo.

D. P., "El Aula de Teatro de Lugo pone en escena la obra "A nosa vila", *Diario de Pontevedra*, 24 maio 1997, p. 11. Nota de prensa da posta en escena da obra *A nosa vila*, de Thorton Wilter da man da Aula de Teatro de Lugo. A representación está encadrada na IV Mostra de Teatro Universitario Galego.

D. P., "El Aula de Teatro de Lugo, con la obra 'A nosa Vila', abre la Mostra", *Diario de Pontevedra*, 23 maio 1997, p. 11.



Noticia da presentación da Mostra, no transcurso da cal o director da ATUP, Xoán Couto, sinalou o propósito de promove-la comunicación e o intercambio entre os grupos universitarios de Galicia e de contribuír á creación dun circuío estable feito por universitarios galegos. Anúnciase tamén a primeira representación a cargo da Aula de Teatro de Lugo con *A nosa Vila*. Apúntanse finalmente datos da compañía luguesa e das montaxes que realizaron ata o momento.

V. IVª Mostra de Teatro Universitario Galego. Pontevedra.

V. IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario da Universidade Sur.

V. IIIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

V. Iº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña.



Aula de Teatro, Campus de Ourense: *Hamlet*, de William Shakespeare.

Banda sonora, Dramaturxia e Dirección: Fernando Dacosta. Interpretación: Pablo Silva, Anxo Blanco, Iñaki Lema, Óscar Ortega, Toño Iglesia, Juanjo Rodicio, Elisa Anta, Laura González, Lidia Gómez, Venancio Rodríguez, Ana Montero, Serxio Zerraeta, Mónica González, Rut Díaz, Eva Aguilera, Eva Fernández, Sonia Ferro, Paz Grande, Txus Lence, Maite Gómez, Ánxeles Cabada, Helena Seijo. Maquillaxe: Rut Díaz. Iluminación: Suso Díaz. Escenografía, Atrezzo, Cartel e Programa: Pablo Otero. Vestiario: Mónica González.

-R. F., “A primeira impresión foi de alegría. Despois sentimos pánico de afrontar a Shakespeare”, *La Región*, 24 abril 1997, p. 19. Nova sobre a posta en escena no Teatro Principal da obra *Hamlet* polos membros da Aula de teatro Universitario de Ourense dentro da Mostra Iberoamericana de teatro Universitario. Saliéntase a axilidade do texto e a estilización na linguaxe.

-D. P., “El ATO representará esta tarde “Hamlet”, de William Shakespeare”, *Diario de Pontevedra*, 25 maio 1997, p. 12. Sinálase a presenza de considerable número de público e o grande interese mostrado durante a actuación da Aula de Teatro de Lugo con *A nosa vila*. Faise referencia, así mesmo, á orixe do grupo e



destácase como actividade central a formación de actores. Conclúe co anuncio da posta en escena de *Hamlet* por parte da Aula de Teatro de Ourense ós inicios da cal se fai referencia.

- V. IVª Mostra de Teatro Universitario. Pontevedra.
- V. Iº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña.
- V. Mostra Internacional de Aulas de Teatro Universitario.
- V. Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario da Universidade Sur.



Aula de Teatro, Campus de Pontevedra (1): *Calvino ou se unha noite un viaxeiro*, baseada en textos de Italo Calvino.

Dramaturxia e Dirección: Manuela Rodríguez e Xoán Couto. Interpretación: Xurxo Cortázar, Álvaro Pintos, Andrea Bayer, Manuel Solla, Alicia Suárez, Saturnino Segade, Goretti Basallo, Luis Martínez, Ismael Calvo, Raquel Méndez, Astrid Prado, Xulia Miranda, Estela Mariño, Tareixa Alonso, Xacobe Rodríguez, Dolores Hermida, Sonia Ferradás. Banda sonora orixinal: Helena Paz, Xosé Liz, Xoán Rivas. Escenografía e utilería: Eduardo Calzado e José Antonio Lijó. Vestiario: Tareixa Alonso e Dolores Hermida. Cartel e programa: José Antonio Lijó. Fotografía: Maite Janeiro. Iluminación: Alfonso Palmeiro. Producción executiva: M^a Xesús Rial.

-D. P., "El Aula de Teatro de Pontevedra prepara las obras del escritor Italo Calvino", *Diario de Pontevedra*, 29 xaneiro 1997, p. 15. Anúnciase o comezo dos ensaios preparatorios da Aula de Teatro de Pontevedra para a representación dun espectáculo baseado na triloxía do escritor Italo Calvino: *O barón rampante*, *O cabaleiro inexistente*



e *El vizconde demedido*. Infórmase de que os ensaios se desenvolven ó redor do curso “Creación e montaxe dun espectáculo teatral”.

-D. P., “El ATUP del Campus de Pontevedra, debuta hoy en la ciudad herculina”, *Diario de Pontevedra*, 16 abril 1997, p. 14. Anúnciase a representación de *Calvino, ou se unha noite un viaxeiro* no ciclo de teatro universitario da Coruña. Explícase que o espectáculo baséase na triloxía “Os nosos antergos”

-Zaida Iglesias, “El teatro y la educación bajo el halo de lo fantástico”, *La Región*, 20 abril 1997, p. 21. Refírese á actuación do grupo de teatro da Aula Universitaria de Pontevedra no marco da IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario, coa peza *Calvino, ou se unha noite un viaxeiro*, baseada en textos de Italo Calvino. Lémbrese a traxectoria deste grupo, que naceu en 1986, os espectáculos que teñen representado ata o de agora e salientase que a súa finalidade é traballar con autores que utilizan o conto como unha expresión do fantástico.

-J. C. Agrelo, “El Aula de Teatro sale a escena”, *Diario de Pontevedra*, “Diario Universidade”, 12 febreiro 1997, p. II. Comeza sinalando que a “axenda” da Aula de Teatro do Campus de Pontevedra revela que vive un dos mellores momentos. Explica que á organización de programas de formación dramática, cursos con validez académica e conferencias hai que lle engadi-la preparación de *Calvino ou se unha noite un viaxeiro...* e a organización da Mostra Internacional de Teatro Universitario e a IVª Mostra de Teatro Universitario Galego. Comenta, así mesmo, que a compañía naceu na Escola de Formación do Profesorado con inquietude de leva-lo teatro ó ámbito da educación e tivo como precedentes a Katakrok e Kalandraka. Nomea como promotores a Gerino Calvo, Antón Lama Pereira, Manuel Viéitez e Xoán Couto e salientase



o amor polo teatro e pola arte como bases deste colectivo que dá os seus froitos como o demostra o apoio que veñen recibindo da Universidade de Vigo.

-C. V., “El Aula de Teatro Universitario de Pontevedra pone hoy el broche de oro”, *Diario de Pontevedra*, 1 xuño 1997, p. 10. Anúnciase o final da Mostra coa actuación da Aula de Teatro Universitario de Pontevedra e valórase positivamente o evento destacando a veteranía do equipo coordinado por Xoán Couto. Logo de comentala actuación da Aula de Teatro Universitario de Santiago faise referencia á xénese da compañía pontevedresa, ás actividades que desenvolve e ás obras que leva representadas. Conclúe coa sinopse de *Calvino, ou se unha noite un viaxeiro*.

-D. P., “El Aula de Teatro de Pontevedra puso el punto final con una obra de Calvino”, *Diario de Pontevedra*, 2 xuño 1997, p. 8. Coméntase o final da Mostra de Teatro Universitario Galego coa posta en escena de *Calvino, ou se unha noite un viaxeiro* por parte da Aula de Teatro de Pontevedra. Logo da referencia ós inicios da compañía explícase que a obra está baseada na triloxía “Os nosos antergos”, de Italo Calvino e ten en conta outras obras así como a súa biografía. Sublíñase que con isto tentan poñer de relevo a figura do escritor.

V. IVª Mostra de Teatro Universitario. Pontevedra.

V. IIª Mostra Internacional de Teatro Universitario.

V. Iº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña.

V. IIIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela.

V. IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario da Universidade Sur.



Aula de Teatro, Universidade de Santiago: *Ubú Rei*, de Alfred Jarry, traducida por Roberto Salgueiro.

Dirección e dramaturxia: Roberto Salgueiro. Interpretación: Miguel Anxo Martínez, Begoña Chouciño, Xulio Abonjo, Iolanda Colmenero, Cecilia Carballido, Martín Parga, Alexandre Aludoíño, Ramón Chamadoira, Denís López, Cristina Carro, Mónica Camaño e Xosé Manuel Esperante. Producción: Vicerrectorado de extensión cultural da USC. Vestiario: Belén Naverán e María Gaitier. Atrezzo: Roberto Roel. Maquillaxe: Purificación Pereira. Banda sonora orixinal: Pablo Sampedro. Programa e cartel: Xerardo Fuentes. Técnico de luz: Manuel Romaniega. Asistencia técnica: Kachet.

-Quique Chuvieco, “Ubú rey” se estrenará el 22 de enero”, *El Ideal Gallego*, 4 xaneiro 1997, p. 9. Preséntase á compañía e ó autor que representan e faise un esbozo da obra de Jarry, do que se afirma que é un precursor do teatro do absurdo e que rexeita as convencións. Ademais dáse conta do primeiro evento destas características nunha universidade española.



-Manuel F. Vieites, "De mulleres e actrices", *Faro de Vigo*, 13 xaneiro 1997, p. 57. Recolle a opinión do director e adaptador do texto de Jarry, Roberto Salgueiro, acerca do significado da obra que, segundo el supón unha reflexión sobre o poder e a violencia. Coméntanse ademais diversos aspectos relacionados coa montaxe, a condición estudiantil dos actores, a escenografía, as funcións previstas, etc.

-Quique Chuvieco, "El Aula de Teatro Universitario levantará el telón principal con su obra 'Ubú rey' ", *El Ideal Gallego*, 22 xaneiro 1997, p. 9. Caracterízase *Ubú Rei* como unha reflexión sobre o poder e a violencia na sociedade actual. Saliéntase a coincidencia temporal entre a representación desta obra e a estancia do President Pujol en Compostela. Finalmente descríbese o contido da obra, os ensaios e a traxectoria literaria de Alfred Jarry.

-Carlos C. Vizcaíno, "Ubú Rey cumplió cien años", *El Ideal Gallego*, 26 xaneiro 1997, p. 51. Logo de falar detalladamente da obra *Ubú Rei*, con ocasión do seu centenario, informa, con brevidade, de que na Aula de Teatro da Universidade de Santiago levouse a cabo a representación dunha versión desta obra.

-R. F., "Unha crítica á sociedade dende o absurdo", *La Región*, 19 abril 1997, p. 15. Recolle as opinións dalgúns actores desta montaxe sobre o texto de Alfred Jarry. Para Xulio Abonjo a obra "fai unha profunda crítica á sociedade co humor como forma". Os actores da Aula de Santiago afirman que escolleron esta obra por se-lo centenario do autor e pola reflexión que fai sobre a irracionalidade do poder, aínda vixente. A representación encádrase dentro da Mostra Ibérica de Teatro Universitario -MITEU-.



-D. P., “El Aula de Teatro de Santiago pondrá en escena ‘Ubú, rei’ ”, en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, 31 maio 1997, p. 12. Coméntase a orixe do Club de Teatro da Coruña e anúnciase a actuación da Aula de Teatro Universitario de Santiago coa obra *Ubú, rei*. Ademais de comenta-la temática, de facer referencia á reflexión sobre o concepto de autoridade, apúntase o traslado da acción a Serbia, no canto da ambientación polaca do texto orixinal.

V. IVª Mostra de Teatro Universitario. Pontevedra.

V. Iº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña.

V. IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario da Universidade Sur.



Bacharel Teatro: *O por qué das cousas*, de Quim Monzó.

Dirección e adaptación: Ánxo Lourido.

Producción: Irene Lourido e Manuel

Albariño.

D. P., “El grupo ‘Bacharel Teatro’ actúa en Cee”, *Diario de Pontevedra*, 27 agosto 1997, p. 10. Repásase a historia do grupo Bacharel Teatro, ó tempo que se informa da posta en escena da súa última obra na vila de Cee no marco da “Xª Mostra de Teatro de Cee”.

D. P., “Bacharel representará la obra de Quim Monzó “O porqué das cousas”, *Diario de Pontevedra*, 24 setembro 1997, p. 12. Anuncia a representación de *O porqué das cousas* dentro das VI^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra o que segundo a noticia supón un cambio con respecto a obras como *Doce sen piedade*, *Cemiterio de automóbiles* ou *Wonderball Circus* onde Bacharel trataba temáticas de crítica social con grande escenografía e amplos repartos. Así, explícase que *O porqué das cousas* é unha aproximación a un teatro máis pobre visualmente pero non por iso menos interesante e atractivo. Coméntase que a posta en escena é sincera e limpa, cun espazo escénico dividido en dúas partes. Finalmente faise referencia á temática das relacións de parella en clave humorística.

-Vª. Mostra de Teatro de Cee.

-V. VIIª Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra.



Badius: *Eu non fun*, a partir de textos de Alfonso Paso.

Dirección: Ricardo Gil.

-J. M. R., “El grupo teatral Badius de Baio estrenará su nueva obra en Muxía”, *El Correo Gallego*, 25 xullo 1997, p. 21. Anuncia a estrea de *Eu non fun* en Muxía, obra que é definida como “comedia de entretemento na liña das obras anteriores do grupo baiés”. Informa, así mesmo, de que o elenco de actores é o mesmo có de *Cargar o morto* coa incorporación dalgúns mozos. Conclúe subliñando que o grupo ten contratadas doce actuacións.

Teo V. IVº Mes de teatro da Asociación Cultural “A Mámoa” de

V. IIº Encontro de Teatro de Camariñas.



Balea Branca Produccións: *Danny e Roberta*, de John Patrick Shanley,
traducida por Xosé Carlos Caneiro.

Dirección: Rodrigo Roel. Interpretación: Damián
C. Otero e Matilde Blanco.

-Raquel Feijoo, "A obra é absolutamente brutal", *La Región*, 23 xaneiro 1997, p. 15. Con motivo da estrea de *Danny e Roberta*, fáiselle unha entrevista ó director do grupo e protagonista nesta representación Damián C. Otero, quen declara que os personaxes desta obra están marcados pola reacción agresiva contra a afectividade. Ademais sinala que esta peza "é un punto de análise para que a xente se conciencie de que hai algo máis que a nosa felicidade e satisfacción persoal".

-Albino Mallo, "O difícil parto dunha representación teatral", *O Correo Galego*, 21 abril 1997, p. 48. Reportaxe sobre a obra de Shanley na que se valora o esforzo das compañías privadas do teatro galego. A obra narra a progresión de dúas personaxes castigadas pola vida que superan os momentos dramáticos e se converten ó amor. Entra tamén nos problemas de planificación destas obras. Adoitan ser representacións con poucos personaxes, debido ó problema económico. A temporada de representacións tampouco ten a continuidade necesaria.



A. I., “Balea Branca leva ó Principal de Santiago a obra de teatro ‘Dany e Rebeca’/“Balea Branca traerá al Principal la historia de ‘Dany e Rebeca”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 6 decembro 1997, 34/p. 8. Dá conta da chegada a Santiago da compañía Balea Branca para actuar no Teatro Principal. A noticia recolle as palabras de Rodrigo Roel, quen presenta a obra como “unha historia de amor entre dous personaxes marxinais” e destaca o contraste entre o romanticismo da historia e o carácter dos seus protagonistas. Dami C. Oreiro, pola súa parte, apunta que “os personaxes sobreviven a golpes” e “o amor supera momentaneamente as tramas de angustia e violencia”. Logo de se sinala-lo esforzo que supón actuar despois dunha xira con grandes interrupcións, Matilde Branco refírese ó ton realista da obra e cualifica a montaxe de “visceral e directa”.

-V. IIIª Mostra de Teatro na Pedreira.



Centro Dramático Galego (1): *Como en Irlanda*, de Antón Vilar Ponte e John Millington.

Dirección: Quico Cadaval. Axudante de Dirección: Xepe Casanova. Interpretación: Laura Ponte, Susana Dans, Josefa Barreiro, Patricia Vázquez, María Barcala, Xan Casas, Xosé Manuel Olveira (Pico), Salvador del Río, Xabier Estévez, Andrés Pazos, Lino Braxe, Marcos Viéitez, Luisa Martínez, Rebeca Montero, Rosa Álvarez. Escenografía e iluminación: Rodrigo Roel. Música: Bernardo Martínez. Grafismo: Permuy Asociados. Maquillaxe: Dolores Centeno. Producción: CDG.

-Máximo Redondo, "25 años dedicados al desarrollo industrial", *El Mundo Galicia*, 23 xuño 1997, p. 8. Entre outras noticias anúnciase o anuncio da representación de *Como en Irlanda* a partir de dúas pezas orixinais do galego Antón Vilar Ponte e do irlandés John Millington Sygne: *Nocturnio de medo e morte* e *Xinetes para o mar*. Explícase que ámbalas dúas pezas se suceden por medio dunha transición escénica para a que se utiliza unha versátil escenografía e a música como vehículo.



Centro Dramático Galego (2): *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*, de Aristófanes. Versión de Eduardo Alonso.

Dirección: Eduardo Alonso. Auxiliar Dirección: Arnejo. Axudante Dirección: Míguez. Meritorios de dirección: Ignacio Villar e Mara Rodríguez. Interpretación: Laura Ponte, María Barcala, Andrés Pazos, Susana Dans, Xosé M. Olveira "Pico", Rosa Álvarez, Luísa Martínez, Rebeca Montero, Patricia Vázquez, Xosefa Barreiro, Marcos Viéitez, Xabier Estévez, Lino Braxe, Salvador Del Río e Xan Casas. Adaptación: Eduardo Alonso e Manuel Guede. Vestuario e escenografía: Paco Conesa. Iluminación: Eduardo Alonso. Selección Musical: Fernando Alonso. Estudio crítico: Xosé Antonio López Silva. Maquillaxe: Dolores Centeno. Producción: Francisco Oti.

-P. S., "El Centro Dramático Galego estrena la comedia 'Lisístrata' ", *El Correo Gallego*, 21 xaneiro 1997, p. 16. Fálase da estrea da comedia *Lisístrata*, das obras en que se basea e do seu director. Cualifícase como unha comedia antibelicista con protagonismo feminino e ambientada na Grecia Clásica.



-E. C., “As mulleres “reviradas”, fanse donas do teatro Rosalía da Coruña”, *O Correo Galego*, 23 xaneiro 1997, p. 41. O xornalista dá noticia da próxima estrea na Coruña da obra *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron* a cargo do CDG. Recóllense declaracións do dramaturgo Eduardo Alonso acerca da actualidade da obra e faise a continuación un resumo do seu argumento. Por último dáse a coñece-la xira da compañía por toda a xeografía galega.

C. M., “Lisístrata”, última obra del CDG se estrena hoy en A Coruña”, *Faro de Vigo*, 24 xaneiro 1997,

52. Anuncia a posta en escena no teatro Rosalía de Castro de A Coruña de *Lisístrata* polo CDG. Recolle unhas palabras do seu director, Manuel Guede, e o argumento desta peza clásica de Aristófanes.

-Sonia Mella, “El CDG estrena su última obra”, *Diario 16 Galicia*, 24 xaneiro 1997, p. 8. Informa da representación na Coruña da obra, da dirección a cargo de Eduardo Alonso e da versión do texto de Aristófanes por Manuel Guede. Afirmar que é un traballo innovador porque afonda no carácter pacifista da obra clásica. Comenta, ademais, a unión de dous textos de Aristófanes, *Lisístrata* e *Asamblea de mulleres*, por medio de varios personaxes, feito que fai a montaxe moi actual.

-Albino Mallo, “Cando Lisístrata de Aristófanes viste con roupa de hoxe en día”, *O Correo Galego*, 28 xaneiro 1997, p. 48. Albino Mallo fai un resumo do argumento de *Lisístrata* e de *A asemblea das mulleres*, textos dramáticos que Eduardo Alonso e Manuel Guede mesturaron nesta adaptación. Fai fincapé na actualidade das obras clásicas e remata loando tódolos aspectos da montaxe, especialmente o papel de Laura Ponte.



D. P., "Lisístrata", de Aristófanes, se estrena mañana en el Principal", *Diario de Pontevedra*, 1 febreiro 1997, p. 10. Informa do acto de presentación na Delegación de Cultura de Pontevedra da montaxe de *Lisístrata*. Nela, a Concelleira de Cultura de Pontevedra agradécelle ó CDG o esforzo que fai ano tras ano por adaptarse ás limitacións do Teatro Principal da cidade. Manuel Guede e Eduardo Alonso agradécenlle ós medios informativos da capital do Lérez a cobertura que lles dan ás súas representacións. Guede cualifica o espectáculo de "non apto para hipócritas"

D. P., "Mañana última representación de 'Lisístrata' ", a cargo del Centro Dramático Galego", *Diario de Pontevedra*, 3 febreiro 1997, p. 7. Á parte de incluí-la ficha técnica da montaxe e o elenco de actores, ofrece información sobre a representación da obra en Pontevedra. Sinala que *Lisístrata* é unha versión nova dos textos de Aristófanes, unha adaptación moderna que recolle os valores pacifistas e os problemas das mulleres.

-Curro Volta, "Lisístrata", *Diario de Pontevedra*, 4 febreiro 1997, p. 10. Valoración desta obra con motivo da súa única representación en Pontevedra. Curro Volta comenta que se trata "de una magnífica puesta en escena de una obra que es capaz de mantener al público durante los 150 minutos que dura (...) pegado a sus butacas (...) disfrutando con las distintas situaciones que se van sucediendo a las que todos los artistas del elenco que la representan dan una vida extraordinaria (...) rayando a gran altura, todos ellos, como auténticas primeras figuras (...)". Destaca a interpretación de Laura Ponte e Andrés Pazos e louva a boa adaptación da peza e o deseño do escenario.

-A. C., "Falta de luces", *El Correo Gallego*, 7 febreiro 1997, p. 30. Entre outras novas da cidade de Lugo anúnciase a actuación do Centro Dramático Galego con *Lisístrata* no Auditorio Gustavo Freire de Lugo.



-J. B. Salgueiro, "CDG 97, la compañía de todos", *Faro de Vigo*, "El Sábado", nº 1, 8 febreiro 1997, p. 8. Informa do estreno de *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*, segunda produción da temporada 96/97 do Centro Dramático Galego. Recorda que se trata dunha obra do grego Aristófanes, dun "clásico vestido con los ojos de nuestro tiempo en clave de humor", dirixida por Eduardo Alonso; que a representación desta obra alterna coa de *Como en Irlanda*, dirixida por Quico Cadaval obra que abriu a temporada da compañía. Anuncia tamén o inicio dos ensaios da terceira produción, *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xabier Lama e que será dirixida por Andrés Pazos. Reproduce diversos comentarios do director da compañía, Manuel Guede sobre cuestións económicas e as obras a representar.

Fernando Franco, "De lo que pasa cuando las mujeres les niegan el sexo a los hombres", *Faro de Vigo*, 26 febreiro 1997, p. 13. Infórmase da representación en Vigo da obra *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*. Recóllense distintas declaracións de Manuel Guede, director do CDG, sobre a adaptación do texto de Aristófanes, o humor da obra, a utilización do idioma galego e o seu carácter feminista.

Fernando Franco, "Lisístrata", una comedia para el goce y las alturas de la inteligencia", *Faro de Vigo*, 27 febreiro 1997, p. 12. Dá conta da postas en escena de *Lisístrata* do CDG ó tempo que recolle as palabras de Manuel Guede nas que salienta a importancia da adaptación en lingua galega pola ruralidade da comedia. Ó final dúas actrices do grupo din que non se lle debe buscar unha lectura feminista á obra, en todo caso antimachista.

-Javier D. Campa, "Manuel Guede: 'Lisístrata' llega con la misma energía e intensidad que cuando fue escrita", *Atlántico Diario*, 27 febreiro 1997, p. 43.



Informa do acto de presentación da obra en Vigo. Recolle, sobre todo, as palabras de Manuel Guede, quen salienta que a obra é “unha comedia rigurosa e robusta, pero que vai ás zonas máis intelixentes do espectador”. Sinala así mesmo que é a primeira vez que se adapta á lingua galega con toda a súa carga de ruralidade e que “nos anos sesenta esta peza pasaba por ser un paradigma feminista, pero eu non o atopo, en todo caso é antimachista”.

-Fernando Franco, “El CDG ofreció una ‘Lisístrata’ de bajo presupuesto y altos vuelos teatrales”, *Faro de Vigo*, 28 febreiro 1997, p. 10. O xornalista comenta os aspectos máis destacados da representación por parte do CDG da obra *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*. Entre estes aspectos fala do público que asistiu á representación, da adaptación do texto, da posta en escena e do traballo dos actores. Coméntase a función dun personaxe engadido ó texto de Aristófanes e, por último, destácase a inmediatez e actualidade da adaptación e a súa calidade ó non caer en “tics fáciles” de rendibilidade segura.

-E. C., “Rematan en Compostela as actuacións do CDG con ‘Lisístrata’”, *O Correo Galego*, 1 marzo 1997, p. 33. Anuncia a chegada ó Teatro Principal de Santiago de *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*, obra que o CDG está a compatibilizar cos ensaios de *O Peregrino errante que cansou ó demo*.

-AGN, “El CDG y su ‘Lisístrata’ finalizan su gira en el Teatro Principal de Santiago”, *Diario de Pontevedra*, 5 marzo 1997, p. 24. Informa da chegada a Santiago de *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*, tralo éxito alcanzado durante dous meses en toda Galicia. A noticia recolle os comentarios do director do CDG, Manuel Guede e de Eduardo Alonso, para logo resumi-lo argumento e contrapoñelo ós dous textos orixinais (*Lisístrata* e *Asamblea de mulleres*) que deron lugar á obra.



-L. C., "Avalada por el éxito de público, el Principal estrena hoy "Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron", *El Correo Gallego*, 5 marzo 1997, p. 13. Refírese á chegada desta montaxe teatral do Centro Dramático Galego ó Teatro Principal de Santiago, tras levar dous meses de exhibición e de éxito por diferentes escenarios de Galicia. O autor do artigo conta cómo naceu esta obra das mans de Manuel Guede e Eduardo Alonso como unha adaptación libre realizada a partir de dous textos. Resúmese finalmente o argumento desta "comedia fresca".

-G. Luca, "Lisístrata era outra guerra", *A Nosa Terra*, nº 768, "Guieiro Cultural", 6 marzo 1997, pp. 24-25. Crítica desta montaxe do CDG na que se pon de relevo o fracaso na introducción do léxico sexual, o feito de presenta-los personaxes coma caricaturas e a inadecuación dunha interpretación feminista. Xulga negativamente as opinións de Fraga Iribarne e Pérez Varela sobre a representación. Achega tamén un resumo do argumento e mailo cadro técnico.

Ana Platas Tasende, "Mulleres reviradas na Lisístrata", *O Correo Galego*, "Clásicos", 9 marzo 1997,

3. Ana Platas fai unha análise da obra e loa a integración de dous textos de Aristófanes con engadidos actuais. Celebra tamén o acertado da adaptación do léxico sexual, a hilarante comicidade, a escenografía e a dirección.

-Alfredo Conde, "Esa fe que lle dará luz ó que está na escuridade", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 19 marzo 1997, p. 56/p. 4. Manifesta que gozou vendo a adaptación de *Lisístrata* feita polo Centro Dramático Galego, subliñando a coda final e gabando a representación de, entre outros, os actores "Pico" e Andrés Castro. A continuación lembra unha frase que un político dixerá días atrás: "un pobo que non ten mitos non avanza",



e cita persoeiros galegos afincados en Madrid, onde son recoñecidos, lamentando que isto poida supoñer unha perda para o país pola falta de recoñecemento, de prestixio e de fe por parte dos de aquí.

- Manuel F. Vieites, "Lisístrata, por Guede e Alonso", *Tempos Novos*, nº 0, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", abril 1997, p. 86. Reflexión sobre a nova proposta dramatúrxica levada a escena por Eduardo Alonso e Manuel Guede, *Lisístrata*. Establécense unha serie de paralelismos entre ámbolos dous textos e critícanse algunhas cuestións da adaptación actual da que se di que transforma "a loita pola paz nunha simple loita de sexos", así como o proceso de mediación entre a conferencia do xeneral Bandeiras e o simulacro da revolta. Finalmente menciónanse a escenografía de Paco Conesa e o elenco de actores que ó seu xuízo realizan un traballo organizado.

-Raquel Feijoo, "É agradable ter boa resposta do público", *La Región*, 22 decembro 1997, p. 18. Entrevista coa actriz do Centro Dramático Galego, Rebeca Montero, con motivo da representación da obra *Lisístrata ou de cando as mulleres reviraron*. A actriz ourensá fala de cómo comezaron os ensaios e as dificultades que lles foron xurdindo ata acada-lo produto final. Conclúe comentando o que significa para ela cada representación teatral.



Centro Dramático Galego (3): *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama.

Dirección. Andrés Pazos. Asistente de dirección: Juan Carlos Moretti. Interpretación: Susana Dans, María Barcala, Rebeca Montero, Laura Ponte, Rosa Álvarez, Luisa Martínez, Josefa Barreiro, Patricia Vázquez, Xosé M. Oliveira "Pico", Lino Braxe, Marcos Viéitez, Xavier Estévez, Xan Casas e Salvador del Río. Iluminación: Juan Carlos Moretti.

-Dolores Vilavedra, "Unha peregrinaxe un tanto errática", *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio-xuño, 1997, pp. 293-296. Reflexiona sobre a estrea de *O peregrino errante que cansou ó demo*. Glósase a "lectura persoal e arriscada" pola que optou o director, quen, "ó tentar seducir ós espectadores, gañalos para a causa do teatro, achaiándolles os camiños (...) fanou un proxecto (...) que peca de pouco radical". Salienta as interpretacións femininas, en concreto as de Laura Ponte e María Barcala e o non terse conseguido o personaxe do demo. Con todo, a autora manifesta a "utilidade das montaxes de textos de autores contemporáneos", vía á que se achega o Centro Dramático Galego e que Dolores Vilavedra invita a percorrer. A análise péchase cunha relación de datos sobre a posta en escena.



-L. B., "El CDG recupera la obra de Xavier Lama premiada por la Xunta en el Xacobeo 93", *La Voz de Galicia*, 1 abril 1997, p. 39. O xornalista dá conta do próxima estrea por parte do CDG da obra gañadora do premio "Camiño de Santiago", *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama. Recóllense as declaracións de Andrés Pazos, encargado da dirección escénica, sobre o significado de dita obra e dáse a coñece-lo elenco de actores que compoñen o reparto.

Lois Blanco, "Teatro de autor", *La Voz de Galicia*, "Cultura", nº 110, 6 abril 1997, pp. 4-5.
Teatro do Noroeste: *Unha rosa é unha rosa*.

-J. B. Salgueiro, "Peregrino entre bastidores", *Faro de Vigo*, "Faro del ocio", 18 abril 1997, p. 3. Infórmase da estrea da terceira produción do CDG desta temporada, *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama. Recóllense as opinións de Manuel Guede que sinalou que a programación deste ano estivo ben compensada, pois o CDG levou á escena unha obra histórica (*Como en Irlanda*), unha comedia clásica (*Lisístrata*) e unha obra dun autor contemporáneo. Apúntase tamén a traxectoria literaria de Xavier Lama e a estrutura da obra e conclúese sinalando que a peza pasará por Lugo, Ourense, A Coruña, Sitges, Alacante e Madrid.

-Xesús Ares, "El estreno errante", *El Mundo Galicia*, "Hoy será noticia", 22 abril 1997, p. 8. Dá a noticia da estrea no Teatro Principal de Santiago de *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama. Comenta o premio recibido pola obra así como a súa recente tradución ó castelán. Informa das vilas e cidades galegas nas que será representada e fai unha síntese do argumento. Salienta o traballo de asistencia técnica do uruguaio Juan Carlos Moretti.



-E. C., “O refolglo máxico do Camiño”/“O CDG estrea “O peregrino errante que cansou ó demo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 22 abril 1997, p. 14/p. 35. Informa da estrea en Santiago de *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama, representada polo Centro Dramático Galego. Fai un resumo do argumento da obra e recolle as palabras do autor nas que declara as influencias que recibiu, ademais de cualificar de “brechtiana” a representación por simplificar ó máximo a escenografía. Tamén dá noticia do tempo que permanecerá no Principal e das cidades polas que pasará. Salienta o traballo de Juan Carlos Moretti como encargado da iluminación.

-Marta Becerra, “Éxitos teatrales”, *El Progreso*, “El despertador”, 24 abril 1997, p. 2. Alude á estrea en Santiago de Compostela da obra de Xavier Lama polo Centro Dramático Galego. Recomenda asistir á xira da compañía para ver esta montaxe.

Ana Platas Tasende, “O peregrino errante”, *O Correo Galego*, 25 abril 1997, p. 36. Crítica da montaxe de *O peregrino errante*. Considera que a adaptación do director, Andrés Pazos, non prexudica o texto e eloxia a resolución que tivo nos saltos espaciais e temporais ó longo da representación. Loía tamén a esixencia desta obra á hora de escolle-lo elenco de actores, a madurez de toda a compañía que escenificou a obra. Respecto do texto de Xavier Lama, gaba a súa calidade literaria e fala da débeda que ten, ó seu ver, con Valle-Inclán. Refírese, neste último punto ás acoutacións, sobre todo ós xogos de luces, das que se encarga para a escenificación Juan Carlos Moretti, é á escenografía e vestuario, que correu pola conta de Carlos Alonso.

Ana Platas Tasende, “O peregrino errante no Teatro Principal”, *El Correo Gallego*, “Tribuna libre”, 25 abril 1997, p. 12.



Comentario sobre a representación da obra *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama no Teatro Principal de Santiago. Céntrase no texto e nas súas reformas referíndose ó escenario, á historia, ás luces e ás débedas con Valle-Inclán por unha obra que se move “dentro dos ritmos cómico-tráxicos do esperpento”.

-Lois Fernández, “El arte gallego mira a Oporto”, *La Voz de Galicia*, 4 abril 1997, p. 56. Anuncia a representación da obra de Xavier Lama por parte do CDG dentro do Festival Internacional de Expresión Ibérica de Porto.

-R. F., “O retablo barroco da Galicia rural”, *La Región*, 15 maio 1997, p. 18. Anúncianse as representacións da última montaxe do CDG no Teatro Principal de Ourense. Ponse de relevo que a obra se desenvolve nun escenario barroco da Galicia rural onde o personaxe principal vai atopando diferentes situacións que compoñen intrigas envolventes. Recóllese así mesmo a opinión de Andrés Pazos, director escénico da peza, que destaca que o texto de Xavier Lama está “aberto a interpretacións distintas” e que supón “un retrato dunha Galicia supostamente desaparecida, e amosa unha galería de personaxes descritos con moita precisión”. Salienta tamén Andrés Pazos o gran traballo dos actores e a liña de apertura cara a autores contemporáneos que demostra o CDG asumindo a representación desta obra.

-Manuel F. Vieites, “Apolo contra Dionisio”, *Tempos Novos*, nº 2, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xuño 1997, p. 86. Analiza a posta en escena da obra. Céntrase nas claves do espectáculo e salienta as deficiencias que afectan “á concepción, mundos recreados, á construción das personaxes, ó ambiente, ó ritmo e tamén á interpretación”. Malia todo iso remata felicitando o traballo de Xavier Lama e a liña de traballo de Manuel Guede.



-AGN, "O peregrino errante..." representa al teatro español en un festival en Porto", *El Progreso*, 3 xuño 1997, p. 58. Sinálase que o CDG foi escollido para participar no FITEI de Porto xunto a Els Comediants e La Fura dels Baus como representantes do teatro que se fai en España. Indícase o éxito anterior de *O peregrino errante que cansou o demo* e apúntase que os responsables escolleron a obra de Xavier Lama pola súa calidade e polos puntos de encontro que ten coa cultura portuguesa. Conclúe cunha referencia ó argumento da obra.

-A. S., "O peregrino errante que cansou ó demo": una visión crítica de los tópicos", *Faro de Vigo*, 6 xuño 1997, p. 10. Recolle as intervencións de Xavier Lama e Manuel Guede no transcurso da presentación da obra en Vigo. O autor falou do propósito de divertir, da mestura de elementos fantásticos e reais e considerou interesante e particular a adaptación de Andrés Pazos así como o seu respecto polo texto orixinal. No referente ás palabras do director do CDG destácase que expresou a dificultade de adaptar tantos personaxes a quince actores, referiuse á visión sarcástica e transgresora da obra e afirmou "que está condenada a converterse nun clásico". Manuel Guede, subliñou tamén o bo momento da literatura e do teatro galegos ilustrando esta afirmación co éxito que a súa compañía tivo no FITEI de Porto.

-Rosé Carrera, "O CDG despide en Vigo a súa produción "O peregrino errante que cansou ó demo", *Atlántico Diario*, 6 xuño 1997, p. 38. Infórmase da presentación en Vigo na que se fai referencia ás palabras de Xavier Lama, quen manifestou a presenza do tema xacobeo como pretexto e salientou a adaptación feita por Andrés Pazos. Noméanse, tamén, os actores que compoñen o reparto. Polo que respecta á intervención de Manuel Guede, salientanse as referencias ó bo momento da literatura galega e á definición da obra coas palabras dun



membro do xurado do Premio “Camiño de Santiago” de teatro: “é coma se Valle-Inclán se reencarnase”. Coméntase ademais que o director do CDG. apuntou tamén o influxo de Pasolini, da tradición oral medieval e mesmo de Brecht.

Lois Fernández, “El CDG experimenta la reposición”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 18 xuño 1997,

56. Informa da experiencia que leva a cabo o Centro Dramático Galego, baixo a dirección de Manuel Guede, que consiste na reposición de tódolos espectáculos producidos ó longo da temporada, permitíndolle á xente que non presenciase estas representacións poder facelo en Santiago de Compostela. A primeira destas reposicións será a da obra *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama.

-Xavier Lama, “O peregrino paradoxal”, *Escaramuza*, nº 2, agosto-setembro 1997, pp. 11-12. Comenta a posta en escena da súa obra *O peregrino errante que cansou o demo* que realizou o Centro Dramático Galego. Sinala que as súas dúbidas iniciais foron esclarecidas polo labor desenvolvido por Andrés Pazos. Ademais di sentir que esta obra é “un nostálgico sabor alimentado de paradoxos, intimamente enriquecedor e tan ambiguo como iluminador”. Remata indicando que esta peza é a primeira dunha triloxía sobre o imaxinario mítico e tradicional de Galicia.

-G. R., “Xavier Lama e o CDG levarán Galicia á Mostra de Teatro Español”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 11 setembro 1997, p. 43/p. 16. Achéganos información de carácter xeral sobre a Vª Mostra de Teatro Español de Autores Contemporáneos a celebrar en Albacete entre o 15 e o 22 de novembro. Sinala que a participación galega virá da man de Xavier Lama, coa peza *O peregrino errante que cansou ó demo*, producida polo Centro Dramático Galego.



-AGN, “El Centro Dramático Galego inicia unha gira por España y Portugal”, *Atlántico Diario*, 19 novembro 1997, p. 49. Informa da xira que vai levar ó CDG a actuar en Alacante, Viana do Castelo e Madrid co obxectivo de fomenta-lo teatro galego fóra de Galicia. Destácase a representación de *O peregrino errante que cansou ó demo* dentro da Mostra de Teatro de Autor Contemporáneo, cidade na que ademais se presentarán as coleccións “Libros do Centro Dramático” e “Libros do Espectáculo” e na que Manuel Guede impartirá unha conferencia sobre a situación do teatro galego. Coméntase tamén a posta en escena de *O Bufón de El Rei* en Ferrol e na clausura do Festeixo de Viana do Castelo.



Centro Dramático Galego (4): *O bufón de El Rei*, de Vicente Risco.

Dirección: Manuel Guede. Interpretación: Rosa Álvarez, Xosé M. Olveira "Pico", Andrés Pazos, María Barcala e Marcos Viéitez. Escenografía: Iago Seara. Coreografía: Mónica Runde. Iluminación: Francisco Veiga. Estudio crítico: Damián Villalaín.

-G. Luca de Tena, "O Centro Dramático busca novos horizontes no teatro do Barroco", *A Nosa Terra*, nº 783, "Guieiro Cultural", 19 xuño 1997, p. 25. Considera que *O peregrino errante* é "un auto calderoniano que asume todas as imposicións formais polas que o poder obrigaba a pasar ó teatro cando vía neste xénero, con fundada razón, un reactivo político temíbel". Sinala ademais que, se a Emilia Pardo Bazán o costumismo bárbaro lle servía de piar ó estilo e se Valle-Inclán pasou un "diamante tallado" pola Galicia salvaxe para que comprendesémo-la inxustiza e o atraso dende unha perspectiva non costumista nin paternalista, o CDG "reinventa o costumismo pardo da alta Restauración no que o autor relata o primitivismo dos galegos do rural para reafirmar ao espectador urbano na súa superioridade". Para G. Luca de Tena a visión de *O Peregrino* non chega nin ó escepticismo de Pardo Bazán, "é anterior, no sentido prehistórico do termo...". Destaca a dialéctica entre pecado e virtude "tal e como a concibira Calderón en defensa da ortodoxia". Discrepa finalmente da opinión de M. Guede que di que a obra "vai camiño de converterse nun clá isico" e di que



“ou é que arriou a veda de contar andrómenas ou é queren traernos o tomismo de Fraga ao teatro” e comenta que o espectáculo está avalado por Sixto Seco.

-P. A., “O Bufón do rei de Risco chega á escena profesional”, *O Correo Galego*, 24 agosto 1997, p. 52. Informa da próxima posta en escena da obra *O bufón de El Rei* polo Centro Dramático Galego. Engade tamén breves notas sobre esta peza de teatro e fala da colaboración da bailarina Mónica Runde no ensino dos movementos corporais que levará a cabo un coro formado por actores do grupo.

-M. C., “La importancia del movimiento”, *La Voz de Galicia*, 29 agosto 1997, p. 44. Destaca a participación da bailarina Mónica Runde nos ensaios da obra *O bufón de El Rei* que está a prepara-lo Centro Dramático Galego para afondar na aprendizaxe de movementos corporais do coro que actuará nesta posta en escena.

-S. C., “O CDG recupera a única peza dramática de Risco”, *O Correo Galego*, 4 setembro 1997, p. 42. Anuncia a posta en escena da obra *O bufón de El Rei* o día 10 de Outubro na cidade de Ourense, baixo a dirección de Manuel Guede. Tamén destaca a innovadora escenografía que ten preparado o grupo.

-Pancho R. Tristán, “Avances”, *Tempos Novos*, nº 5, “Cataventos”, outubro 1997, pp. 102-103. Anúncianse as estreias teatrais previstas para o mes de outubro: *Magnetismo*, de Uvegá Teatro en Carballo, *O bufón de El Rei*, do Centro Dramático Galego en Ourense e *12 rounds*, de Matarile Teatro en Compostela. A propósito de *Magnetismo* anúnciase que pasará por Carballo, Ferrol, Betanzos, Ordes, Ribeira, Coruña e Compostela. Sobre a nova proposta do CDG salientase a adaptación libre realizada por Manuel Guede que incluíu quince personaxes e textos de Vicente Risco que foran publicados en *La Centuria*. En canto á peza de Matarile sinálase que o seu tema fundamental é o xogo como “metáfora do mundo” e que nela prima a linguaxe corporal sobre a verbal.



-M. B., “O CDG estrea en Ourense ‘O Bufón de El Rei’, a única peza de teatro de Risco”, *La Voz de Galicia*, 8 outubro 1997, p. 91. Comenta as innovacións técnicas desta montaxe: un plano inclinado no escenario e un coro de dez membros que fai interpretacións xestuais. Informa de que Manuel Guede mesturou o texto co *Preludio a toda estética futura*, tamén de Risco, e que ata incluíu unha cita de William Shakespeare. Non esquece dar conta do periplo que levará a cabo a obra por diferentes escenarios galegos.

-AGN, “El CDG estrena en Ourense “O Bufón do Rei”, con dirección de Manuel Guede”, *Diario de Pontevedra*, 10 outubro 1997, p. 32. Anúnciase a representación en Ourense desta peza, a cal agardou setenta anos pola posta en escena. Coméntase como o espacio escénico se divide en dous planos: un para os actores e outro para un coro que executará movementos corporais como vía de expresión de sentimentos. Alén diso dáse conta do itinerario que seguirá a obra polos teatros de Galicia.

R. F., “Compartindo soños cun bufón feo e resentido”, *La Región*, 10 outubro 1997, p. 17. Informa sobre a presentación en Ourense e explica que a acción está centrada nos anos máis decadentes da Idade Media e, como afirmou o seu director, o feito de que a estrea absoluta sexa en Ourense “supón un recoñecemento á cidade natal de Risco”. Recóllense tamén aspectos da escenografía e do argumento, que “presenta a relación entre a deformidade física e a depravación moral”, cunha acción desenvolvida por cinco actores e por outros dez que compoñen un coro físico con interpretación non verbal coordinada pola coreógrafa Mónica Runde quen, segundo Guede, “traballou con moito respecto e humildade acadando uns resultados magníficos”.

R. F., “Camiñando por unha ‘espiral onírica”, *La Región*, 11 outubro 1997, p. 17.



Informa da estrea na cidade de Ourense. Recóllense aspectos argumentais e de posta en escena, así como unha entrevista ó seu director na que valora a proposta e a maneira en que afrontou as dificultades que o texto presentaba. Inclúense algunhas das personalidades que asistiron á representación e declaracións do académico ourensán Xulio Francisco Ogando Vázquez, quen afirmou que Guede harmonizou “a audacia precisa coa responsabilidade habitual xa acreditada noutras aventuras”.

-Alvarado, “Un espectáculo de acción, luz y sonido”, *La Región*, 12 outubro 1997, p. 17. Comeza facendo unha análise da obra e establecendo os problemas que esta ofrece á hora de poñela en escena. Seguidamente comenta o desenvolvemento da representación, que define como “un notable esfuerzo de imaginación y de aplicación de técnicas teatrales” para rematar referíndose á dificultade para entende-los actores e recomendando a mellora na dicción, que é aínda “problema en el teatro gallego”.

-Camilo Franco, “Demasiada estética”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 13 outubro 1997, p. 91. Analízase a montaxe da obra *O bufón de El Rei*, de Vicente Risco, que levou a cabo o Centro Dramático Galego, atopando que esperaba “máis humanidade” e indicando as diferencias entre o bufón da obra de Risco e o de *Ricardo III*, de Shakespeare, pois mentres “Ricardo era un político ambicioso, un miserable, o bufón risquiano é un namorado”. Afírmase que a representación está revestida de moita frialdade e de demasiada estética “para a proposta directa que Risco fai na obra”, e que se ocultan as emocións. Remata dicindo que “no fondo, estas cousas acontecen porque hai moito medo a deixar ó espectador só ante as palabras”.

-Anxo Tarrío Varela, “A metáfora do bufón”, *El Correo Gallego*, 13 outubro 1997, p. 3. Faise eco da estrea da obra *O bufón de El Rei*, peza coa que Vicente Risco gañara o premio Festa da Lingua Galega de Santiago no ano 1924, aínda que non se imprimara ata o 1928. Sinala que Manuel Guede tivo que salvar varias dificultades xa que se enfrontou a un texto “que parecía non dar moito de si”



e que o mesmo Risco nunca quixo levar a escena e que, por outra parte, se enfrontaba a un autor que é unha “intelixencia moi cultivada e activa, inqueda e preocupada por todo o que atinxe á ciencia e á cultura, moi informada de todo canto se producía no mundo”. Segundo Tarrío, Guede salvou as dificultades, facendo unha collage, pois entrelazou o texto con fragmentos do drama *Ricardo III*, de Shakespeare, con declaracións teóricas que Risco emitira no seu ensaio “Preludio a toda estática futura” (1917) e con compoñentes cubistas e propostas da escola Bauhaus. Todo isto “incardinado nunha estrutura de múltiples planos fugados sen centralidade que serven para conforma-la ausencia de lugar teorizada magnificamente por Iago Seara”. Remata falando dun futuro esperanzado para o teatro e referíndose ó bufón-metáfora resultante, moi a considerar na política galega.

-R. F., “Trabajar con actores es apasionante”, *La Región*, 14 outubro 1997, p. 18. Primeiramente fai unha introducción á obra que vai representa-lo Centro Dramático Galego na cidade de Ourense, *O bufón de El Rei*, de Vicente Risco, baixo a dirección de Manuel Guede. A seguir a coreógrafa Mónica Runde resposta a preguntas de R. Feijoo sobre as relacións do teatro coa danza, o traballo con actores, de como levou a cabo a coreografía desta obra e se está de acordo co resultado final.

-Xabier Couselo, “O público non vai ó teatro porque ás veces botámolo nós”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 16 outubro 1997, p. 64. Entrevista a Xosé Manuel Olveira “Pico” logo de se referir ó seu papel de bufón en *O Bufón de El Rei*. Explica ademais que este “veterano” actor traballa como profesional dende que en 1972 o chamara o director Xulio Lago. O entrevistado comenta a proposta de representar clásicos galegos dende que Manuel Guede asumiu o mando do CDG, fala da necesidade dunha escola de teatro e no tocante ás subvencións cre que en lugar de “empresas pequeniñas”, habería que asentir seis ou sete compañías fortes porque o contrario é “pan para hoxe e fame para mañán”. No que respecta ó teatro que se está a facer, recoñece a variedade de público e as preferencias deste pola comedia. Conclúe subliñando o



prestixio dos actores galegos fóra de Galicia pero considera que para exporta-los nosos produtos “temos que crelo” e “dar cauces para que iso pase”.

R. F., “Sin ornamentos innecesarios”, *La Región*, 17 outubro 1997, p. 16. Noticia da representación de *O bufón de El Rei* en Ourense. Inclúense algúns aspectos argumentais da obra e detalladas declaracións do arquitecto Iago Seara, deseñador da escenografía, que este definiu como “minimalista” e con pouca ornamentación, procurando non restar protagonismo ós actores.

R. F., “Non hai entradas”, *La Región*, 18 outubro 1997, p. 15. Nota que informa sobre o éxito que tivo a obra *O bufón de El Rei*, representada polo Centro Dramático Galego no Teatro Principal de Ourense. Inclúese o número de asistentes á función durante os oito días que se representou esta obra, a “única peza dramática escrita por Vicente Risco”.

Arturo Lezcano, “O Bufón d’ El Rei” segundo Guede, *La Voz de Galicia*, “O Chisco”, 20 outubro 1997,

9. Anuncia á chegada á Coruña do Centro Dramático Galego coa obra *O bufón de El-Rei*, tralo seu paso por Ourense. Gaba a dramaturxia de Manuel Guede Oliva, especialmente no tocante ás influencias de Shakespeare e da *Commedia dell’Arte*. Tamén resalta o simbolismo, a ambigüidade, os disfraces e a unión dos contrarios.

-AGN, “El Centro Dramático Galego representará en seis cidades “O bufón de El Rei”, *Diario de Pontevedra*, 21 outubro 1997, p. 23. Informa das cidades e das datas nas que se representará *O bufón de El Rei*. A obra foi publicada en 1928 e ata este momento non fora representada “por ningún grupo de teatro profesional”. O CDG compatibilizará estas representacións coa reposición da súa anterior montaxe *O peregrino errante que*



cansou ó demo. Remata a noticia cuns comentarios sobre o argumento e con declaracións de Manuel Guede sobre a obra.

-Fernando Franco, “El Centro Dramático Galego estrena en el Centro Cultural “O Bufón de El Rey”, *Faro de Vigo*, 30 outubro 1997, p. 9. Recóllense declaracións de Manuel Guede nas que afirma que deixa a obra aberta pois confía nun público intelixente, nun “espectador maduro, mentalmente adulto” que reconstrúa o que non se ofrece na montaxe. Explícase o sentido esencial da obra que é coherente, afirma Guede, “con ese afán simbolista” que procuraba Risco e que tenta conectar coa parte irracional do espectador ofrecendo unha visión moderna desta fin de século. Destácase finalmente o éxito que a peza tivo entre a xuventude, pois está na liña da cultura visual.

-Javier D. Campa, “Manuel Guede: ‘He tratado de cambiar la línea estética del Centro Dramático Galego”, *Atlántico Diario*, 30 outubro 1997, p. 50. Informa acerca da representación no Centro Cultural Caixavigo de *O bufón de El Rei*. Dá conta de que no acto de presentación ante a prensa participaron o director e dous dos actores. Di que Guede se declarou coautor da peza porque introduciu nesta fragmentos doutro texto do autor, *Preludio a toda estética futura*, e tamén de *Ricardo III*, de William Shakespeare. Fala tamén da “escenografía de plano inclinado”, do éxito da obra e da modernidade de Risco.

-F. F., “O Bufón del Rey’, el triunfo de la plástica en una gran representación”, *Faro de Vigo*, 31 outubro 1997, p. 11. Informa sobre o éxito que obtivo o Centro Dramático Galego coa representación da obra de Vicente Risco. Inclúense comentarios sobre o vestiario, a escenografía e os actores, destacando a modernidade do espectáculo.



-S. M. R., “Amor, vinganza e perdón”, *Eco*, nº 78, “Cultura”, novembro 1997, pp. 70-71. Comézase dicindo que *O Bufón de El Rei* foi publicada en 1928 e foi premiada dous anos antes na Festa da Lingua Galega de Santiago de Compostela. A pesar disto nunca fora representada ata agora coa adaptación simbolista de Manuel Guede que estableceu “unha relación entre a deformidade física e a depravación moral, xa que ambas aparecen xuntas nun personaxe resentido pola súa aparencia externa”. Fálase do argumento da peza, do equipo técnico e do elenco de actores. Finalmente recóllense as opinións de Manuel Guede que advirte do carácter simbólico da peza “falando do pasado no presente que demuda en futuro para ser reformulado outra volta” e que se aprecia unha atmosfera que vai de Víctor Hugo a Maeterlinck e na que aparecen influencias de Schiller e Oscar Wilde.

-Xan Vázquez, “O Coro: Preludio a toda estética futura”, *Redacción Xove*, nº 8, novembro 1997, p. 13. Primeiramente apunta a presenza do *Ricardo III* de Shakeaspeare xunto ó Bufón como “un guiño ós espectadores e ó propio Risco”. Alude ademais ás ideas de Risco sobre ó teatro de “Preludio a toda estética futura”. A continuación céntrase no papel do carcereiro que “adquire na adaptación de Guede a fasquía dun personaxe colectivo mais sumamente despersonalizado”. Así, ademais de trata-la conversión do carcereiro en coro comenta a “inerxia fatal do costume”.

-Xosé C. Morrell, “O Bufón de El-Rei”: Vicente Risco volve rencarnarse en Vigo”, *Redacción Xove*, nº 8, novembro 1997, p. 12. Ademais de aludir á estrea da obra en Vigo, coméntase que no tempo das Irmandades da Fala se estaba a producir un debate sobre a fasquía e misión que debía ter un teatro nacional. Así, descríbese a postura “populista” e a dun teatro para a pequena burguesía urbana. Saliéntase a preferencia de Risco pola primeira aínda que a súa obra dramática se aproxime máis á segunda. Refírese, así, á alternativa da universalización do teatro propugnada polos nacionalistas que albiscaron na universalización do teatro galego a súa alternativa.



-Manuel F. Vieites, “¿Camiño de algures?”, *Tempos Novos*, nº 6, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, novembro 1997, p. 88. Segundo o crítico esta peza que leva a escena o CDG é “unha metáfora a respecto das orientacións do noso teatro nos anos por vir”. Considera que a adaptación deste texto de Vicente Risco aposta polo teatro contemporáneo e o cambio de rexistro estético para a compañía que “sempre fluctuou (...) entre o naturalismo, o esperpento e a febre expresionista”. A seguir, reflexiona sobre a falta de tradición en Galicia deste tipo de representacións e das necesidades en canto á modernización da interpretación, iluminación e comunicación escénica que se requiren. Destaca o traballo de Iago Seara, na creación do espazo escénico, de Mónica Runde, na coreografía, e de Francisco Veiga, na iluminación. Conclúe sinalando que “este espectáculo é, máis que ningunha outra cousa, unha ponte cara a un futuro desexado e desexable”.

AGN, “El Centro Dramático Galego inicia unha gira por España y Portugal”, *Atlántico Diario*, 19 novembro 1997, p. 49.

Centro Dramático Galego: *O peregrino errante que cansou ó demo*.

Cristina R. Calvo, “El Centro Dramático Galego trae a la ciudad de Ferrol una nueva obra”, *El Ideal Gallego*, 18 novembro 1997, p. 9. Anuncia a representación de *O Bufón de El Rei* dentro dos “Xoves Teatrais” de Ferrol. Sinálase que a obra é “un drama en catro actos, de carácter simbolista que relaciona a deformidade física coa depravación moral nun ambiente entre Víctor Hugo e Maeterlinck” con ecos de *Os bandidos*, de Shiller. Nomea, así mesmo, os actores, o director e o equipo técnico.

Cristina R. Calvo, “La obra “O Buffón de El Rei”, un drama simbolista en una Corte Real”, *El Ideal Gallego*, 23 novembro 1997, p. 9.



Noticia da representación de *O bufón de El Rei* no Teatro Jofre de Ferrol dentro dos “Xoves Teatrais”. Comeza relatando a trama da obra, que se representa por primeira vez e sinálase que o tema é a relación entre a deformidade física e a depravación moral e desenvólvese nun ambiente entre Víctor Hugo e Maeterlinck con influxos de Schiller e Oscar Wilde. Menciónanse as influencias de Schiller e Oscar Wilde, a escenografía ideada por Iago Seara da cal se explica a presenza dun cadro escénico en plano inclinado, a perspectiva cara ós laterais e a sinxeleza das formas para que primen palabras e xestos.

V. IIª Mostra de Teatro para Adultos de Lugo.

V. IIº FESTEIXO.



Chévere (1): *Annus Horribilis*, de Pepe Sendón e Fran Pérez.

Dirección: Pepe Sendón. Interpretación: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, Manuel Cortés, Pepe Sendón, Fran Pérez. Música: Fran Pérez e Suso Alonso.

-Xesús Xares, “El ‘Annus horribilis’ a escena”, *El Mundo*, “Galicia”, 20 maio 1997, p. 8. Dá conta da posta en escena da peza teatral *Annus horribilis*, do grupo Chévere, dous anos despois da súa estrea. Di ademais que esta obra acadou un grande éxito de público e de crítica incluso fóra de Galicia. Crítica que esta obra non recibise ningunha subvención das institucións galegas e si do Ministerio de Cultura.



Chévere (2): *Orbita Mutante O. M. Hotchpotch*, orixinal do grupo Chévere.

Interpretación: Miguel de Lira, Patricia de Lorenzo, X. Ron, John Eastham, Fran Pérez, Manuel Cortés, Pepe Sendón, Suso Alonso, Carlos Santiago, Xavier Olite e Rafa Xaneiro. Dirección técnica: Antonio Vázquez. Dirección artística: Chévere. Dirección musical: banda da NASA. Posta en escena: Chévere. Vídeo: Rafa Xaneiro. Deseño gráfico: Fausto Isorna. Producción executiva: Miguel García, X. Ron.

-R. R., "Zapping teatral en directo", *La Región*, 7 setembro 1997, p. 23. Destácase a frescura, espontaneidade e improvisación como trazos que identifican o último espectáculo do grupo teatral Chévere, *Orbita mutante*. Este grupo abre o Festival do Carballiño, no que tamén participan Teatro do Morcego, Teatro do Adro, Teatro do Aquí, Compañía Marías, Orballo Teatro e Nove-Dous.

-A. I., "Chévere inaugura el ciclo de teatro al aire libre con su original 'Órbita Mutante'", *El Correo Gallego*, 22 xullo 1997, p. 15. Anuncia a presentación do espectáculo *Órbita muntante* da compañía teatral Chévere, co que se inaugura o ciclo de 'Teatro de calle' do programa de Festas do Apóstol 97. Trátase segundo os seus



creadores dun “escenario camaleónico donde las cosas cambian a cada instante”, destacan ademais do apartado musical números de cabaret ou cancións mexicanas, e no teatral, a variedade de sketches.

-Ana Iglesias, “Los incondicionales de Chévere se rindieron a su divertida ‘Órbita Mutante’”, *El Correo Gallego*, 23 xullo 1997, p. 33. Referencia ó último espectáculo da compañía compostelá Chévere, *Órbita Mutante*, no seu décimo ano de vida. Espectáculo no que segundo o articulista, a compañía puxo de manifesto o dominio dun amplo abano de disciplinas artísticas co que conquistar a centos de espectadores. Destaca o apartado musical e o teatral, no que non faltaron sketches basados en textos clásicos, cheos de humor, e incluso un recital de poetas. Anuncia ademais que dito espectáculo se levará por Galicia nunha xira.

-M. C., “Chévere reinventa y lleva a la calle su espectáculo “Órbita Mutante”, *La Voz de Galicia*, 22 xullo 1997, p. 41. Informa da actuación do grupo Chévere coa súa obra *Órbita mutante* na praza do Irmán Gómez en Santiago, onde hai 10 anos se estreaba no mundo teatral. Presenta os comentarios dun dos integrantes da compañía, Miguel de Lira, que manifesta que nun “escenario camaleónico onde as cousas cambian de cor e de sabor a cada instante” mostran ó publico un conxunto de pezas musicais e “esqueches”, produto dun ano de traballo.

-Susó Piñeiro, “*Órbita mutante* (Chévere): un cóctel molotov na feira do Teatro”, *Revista Galego de Teatro*, “Opiniós desde a butaca”, nº 16, novembro 1997, p. 79. Sublíñase que se trata dun espectáculo multiforme que mestura música, teatro e vídeo, aínda que ás veces non afortunado, pola preponderancia do musical. Coméntase tamén que nas breves escenas predomina a clave paródica e salientáanse algúns dos sketches.



- V. XIIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.
- V. Festival de Teatro Galego do Carballiño.
- V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.
- V. Ciclo de Outono de Teatro de Cangas.



Ciclo de Outono de Teatro de Cangas

Organizado pola Concellalía de Cultura de Cangas en colaboración co IGAEM. As representacións tiveron lugar na casa da cultura de Cangas durante o mes de decembro. Participaron: Mofa e Befá co espectáculo *Para ser exactos*, Ollomoltranvía con *Escola de bufóns*, Teatro do Noroeste, Chévere e os madrileños Pin y Pon.



IIIº Ciclo de Teatro Universitario, da Universidade de Santiago de Compostela

Organizado pola Universidade de Santiago e o Instituto de Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Celebrouse entre os días 14 de abril e 9 de maio no Teatro Principal e nas salas Nasa e Galán de Santiago. Participaron dezaseis grupos universitarios, pertencentes ás universidades galegas, Murcia, Cádiz, Alacante, Cantabria, Cuba, Brasil, Arxentina e Portugal. No tocante á participación galega, a Aula de Teatro de Lugo representou *A nosa vila*; a Aula de Teatro de Pontevedra, *Calvino ou se unha noite un viaxeiro...*; Os Paposi, *Paralelos*; Eis, *A visita da vella dama*; Captatio Benevolentiae, *Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima*; Mari Castaña, *Hamlet*; Club de Teatro da Universidade da Coruña, *A enchenta*.

-E. C., “Ciclo de Teatro Universitario en Compostela”, *O Correo Galego*, 11 abril 1997, p. 36. Informa da presentación do IIIº Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago de Compostela a cargo de Xosé Manuel Rivera Otero e de Roberto Salgueiro. Dá a relación das compañías participantes, as datas de inicio e clausura, o lugar das representacións e a obra inaugural.

-Sabela Corbelle, “Quince agrupaciones de teatro actuarán en Lugo hasta el día 30”, *El Progreso*, 12 abril 1997, p. 8.



Informa da celebración en Lugo dun ciclo de teatro organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, que forma parte do proxecto "Lugo Cultural". Dá o horario e o lugar das representacións ademais da lista completa de tódalas obras e os nomes das compañías que as representarán.



Club de Xubilados de Caixa Galicia: *A voda de Esganarello*, de Molière.

-Serxio González, “Molière llega a los sesenta”, *La Voz de Galicia*, 12 xuño 1997, p. 56. Salienta o lado máis humano deste grupo que se despediu da tempada representando ó dramaturgo francés. Comentan os fallos ocasionais de memoria, o divertimento e o nerviosismo.



Clube Teatro Coruña: *A sonada e proveitosa enchenta do marqués Ruchestinto no derradeiro século da súa vida*, de Euloxio Ruibal.

Dirección: Miguel Pérez Romero. Interpretación: Carlos Fernández, Eva Castro, María Torres, Fernando Pérez, Ramón Posada e Sara Valencia. Escenografía e produción: Henrique Guitián. Iluminación: Octavio Más. Coordinación e rexedoría: Alexandre Piñeiro. Asistencia na dirección: Sara Valencia.

A. I., "O Principal acolle a estrea da obra 'A Enchenta' de Ruibal", *O Correo Galego*, 24 maio 1997, 34. Anúnciase a representación de *A Enchenta* no Teatro Principal de Santiago. O director, Miguel Pérez Romero, móstrase satisfeito por poder estrea-la peza posto que non puidera facelo en 1974 ó se desfaze-lo grupo que a preparaba. Tamén comenta que se trata dunha proposta vangardista cun texto difícil. Recóllese tamén o comentario do director do Club de Teatro que sinala que se trata dunha metáfora contra os tiranos e, malia que foi concibida como alusión a Franco, é exportable a outros países e épocas.



-D. P., “El Clube de Teatro de A Coruña, en el Auditorio de Caixa Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Teatro Universitario”, 30 maio 1997, p. 12. Refírese á actuación de Captatio Benevolentiae coa obra *Juergas, andanzas, ocaseo y una farsa anónima* e ó obxectivo do grupo de facer teatro en lingua castelá. Logo dunha sinopse desta obra pásase a falar do Clube de Teatro da Coruña, da súa fundación e da obra *A enchenta*.

-Manuel F. Vieites, “A enchenta como rito de paso”, *Revista Galega de Teatro*, “Opiniós desde a butaca”, nº 15, xullo 1997, p. 85. Comentario sobre a estrea de *A sonada e proveitosa enchenta do marqués Ruchestinto no derradeiro século da súa vida*, de Euloxio Ruibal. Destaca a sinxeleza e a sabia adecuación dos recursos ós obxectivos na posta en escena de Miguel Pérez Romero.

V. IVª Mostra de Teatro Universitario. Pontevedra.

V. IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario da Universidade

Sur.

V. IIIº Ciclo de Teatro Universitario da U.S.C.

V. Iº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña.

V. Mostra Internacional de Aulas de Teatro Universitario.



Clube Teatro Ferrol: *A sensación de Camelot*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Xoán Carlos Mejuto. Interpretación: Edita Álvarez, Xesús Losada, Ibán Novo, Patricia González, Anxo Tenreiro e Tareixa Casares. Escenografía, vestuario e producción: Henrique Guitián. Iluminación: Octavio Más. Dirección: Xoán Carlos Mejuto.

-D. P., “ La sensación de Camelot’, será puesta en escena por el Clube Teatro Ferrol”, *Diario de Pontevedra*, 27 maio 1997, p. 10. Informa da actuación de Eis con *A visita da vella dama* e do Clube de Teatro Ferrol con *A sensación de Camelot*, obra da cal se comenta o argumento.

V. IVª Mostra de Teatro Universitario. Pontevedra.

V. Iº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña.



Compañía de Teatro Afeccionado Amistad: *Unha sogra perigosa*, adaptación de Manuel Basoa.

Interpretación: Sole Reinoso, Marité Fernández, José María Cabanas, Checha Serantes, Vicente Rivas, Belén Barreiro e Mar Niebla.

-Cristina R. Calvo, “Amistad” representa esta tarde “Unha sogra perigosa”, *El Ideal Gallego*, 6 outubro 1997, p. 9. Refírese á próxima representación de *Unha sogra perigosa* no Auditorio do Centro Cultural Municipal de Ferrol, obra que servirá de clausura ó II Mes de Teatro da Asociación de Mulleres Amistad de Santa Mariña. Explicase que a obra supón un cambio de estilo coas pezas anteriores, apúntase o argumento e cítanse os actores que conforman a nómina. Finalmente sinálase que o grupo “Amistad” é xunto con Luzada (*Lembrando a Chejov*) case os únicos representantes de compañías afeccionadas.



Compañía Marías: *A voda dos moinantes*, de John Millington Synge, versión de Xepe Casanova.

Dirección: Quico Cadaval. Axudante de dirección: Xepe Casanova. Interpretación: María Bouzas, Xoán Cejudo, Pilar Pereira, Manuel Millán, Bernardo Martínez e Olga Fernández. Escenografía e vestuario: Ivan Thompson. Caracterización: Carmela Montero. Iluminación: Antón Ferreiro. Música: Bernardo Martínez. Grafismo: 1 MEDIA. Fotografía: Virxinia Barros. Realización: Kachet.

-Quique Chuvieco, “La compañía Marías escenifica esta noche “*A voda dos moinantes*”, *El Ideal Gallego*, 30 xaneiro 1997, p. 11. Informa sobre a representación no Teatro Principal de Santiago. Os integrantes da compañía aducen varias razóns para a posta en escena desta obra, sobre todo razóns ideolóxicas.



Cristina R. Calvo, "Compañía Marías trae a Ortigueira su obra "A voda dos moinantes", *El Ideal Gallego*, 21 outubro 1997, p. 9. Noticia que informa da representación da obra de John Millington Synge que a Compañía Marías vai levar a cabo en Ortigueira, dentro do ciclo de "Viernes Culturales" desta vila. Inclúese a nómina de actores e declaracións dos integrantes da compañía acerca dos motivos polos que a escolleron, nas que manifestan que o magnetismo que Irlanda "exerceu sempre sobre os galegos convértese nunha paixón irresistible ante o teatro de Synge". Fálase tamén das relacións entre o teatro galego e o irlandés, que se remontan á época da Xeración Nós, e cóntase o argumento da obra, destacando que a música en directo e a presenza dun can sobre o escenario achegan máis os espectadores ós personaxes da obra. Finaliza a noticia facendo unha traxectoria da Compañía Marías dende que esta nacera en 1992, da man de María Pujalte e María Bouzas.

Cristina R. Calvo, "Compañía de Marías lleva a As Pontes la obra "A voda dos moinantes", *El Ideal Gallego*, 10 decembro 1997, p. 9. Logo de cita-lo reparto sinálase, con palabras da compañía, o magnetismo que Irlanda sempre exerceu sobre os galegos, o que se converte en "paixón irresistible ante o teatro de J.M. Synge". Faise, así mesmo, un breve seguimento da obra do dramaturgo irlandés, coméntase o argumento de *A voda dos moinantes* e móstrase o curriculum de Compañía Marías.

-Camilo Franco, "Convicción", *La Voz de Galicia*, 5 xuño 1997, p. 81. Comentario conxunto de *A voda dos moinantes* e *Afección*. En relación coa peza interpretada por Compañía Marías sublíñase que é un exercicio de vitalidade sen eludi-lo preciosismo. En relación ó grupo Sarabela e á súa obra *Afección* sinálase que o grupo ourensán busca unha reflexión teatral que evidencie a implicación entre a vida e a escena. Coméntase que Sarabela acumula materiais teatrais para conduci-los espectadores a unha historia contemporánea.



- V. Festival de Teatro Galego do Carballiño.
- V. XIIIª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia.
- V. Vª Feira do Teatro de Galicia.
- V. IIº FESTEIXO.
- V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Ditea, Teatro de Cámara : *Terra baixa*, de Ángel Guimerá.

Dirección: Agustín Magán.

A. I., “Teatro Ditea estrea en Santiago ‘Terra Baixa’, de Guimerá”/“Ditea estrenará la próxima semana la agenda de dicicembre en el Principal”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 novembro 1997, 46/p.10. Noticia que anuncia a representación desta obra no Teatro Principal de Santiago. Céntrase nas palabras de Agustín Magán quen relata o argumento da obra e destaca que “conserva hoxe a forza e potencia humana dos seus personaxes, así como a conxénita e natural poesía dos mesmos”.

-V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Dobre Xiro: Laradas, sobre textos poéticos de Rosalía de Castro.

Dirección: Cristiane Martínez Boullosa. Interpretación: María Goyanes e María Caamaño. Danza: Xandra Beiras, Lourdes Bouzón, Olga Cameselle e Mercé Pérez. Voz musical: Uxía Pedreira.

-AGN, “La compañía de danza contemporánea “Dobre Xiro” en Santiago”, *Diario de Pontevedra*, 12 xuño 1997, p. 28. Noticia da presentación do espectáculo *Laradas* en Santiago. Coméntase a pretensión desta proposta escénica de revitalizar e actualiza-la poética de rosaliana máis alá dos tópicos, levando a un maior número de espacios e público a historia das mulleres galegas contada dun xeito ameno e variado. As integrantes de Dobre Xiro quéixanse, segundo a información, da falta de canles en Galicia para lle dar saída a espectáculos de danza e sobre todo de danza contemporánea.

-A. I., “Puesta de largo de la compañía Dobre Xiro con su espectáculo “Laradas”, *El Correo Gallego*, 12 xuño 1997, p. 13. Refírese á presentación da montaxe na sala Galán de Santiago de Compostela. Explícase que se trata dun espectáculo que conxuga a danza o teatro e a música con contidos e valores que xiran ó redor da obra de Rosalía de Castro, centrándose na súa personalidade, obra poética e momento histórico. Indícase a estruturación en tres cadros centrados respectivamente nos costumes das mulleres galegas, o amor, a emigración e a soidade.



-F. F., “Laradas”, espectáculo de danza, teatro y música con el grupo “Dobre Xiro”, *Faro de Vigo*, 18 xuño 1997, p. 13. Refírese á representación en Vigo deste traballo que descansa en tres linguaxes artísticas (danza, teatro e música) e que tanto os textos do guión coma as letras das cancións foron construídas a partir da obra poética de Rosalía de Castro. Ademais de se referir á estrutura do espectáculo alúdese ó nacemento de Dobre Xiro en 1996 para difundir a danza contemporánea en Vigo.



Eis: *A visita da vella dama*, de Friedrich Dürrenmatt.

Asistencia na dirección: Nate Borrajo. Interpretación: Diógenes Costa, María Villaverde, Camila Bossa, María Barreiro, Xosé Manuel Cortegoso, A. Barreiro “Warren”, María Xosé Ogando, Abel Sánchez, Ana Bande, Sante Cortegoso, Aurora Alvariño, Susana Nóvoa, Santi García, R. Budiño “Weber”, Maite García, Cristina Lecum, Brais Fernández, Beatriz. Técnico de sonido e iluminación: Iolanda Ogando. Banda Sonora: Eis. Traducción: Xabier Cid.

-R. F., “Unha obra aliñada con diversión e crítica”, *La Región*, 28 abril 1997, p. 10. Dáse conta da representación de *A visita da vella dama*, polo Grupo Eis, no marco da IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario. Indícase que esta compañía foi creada en 1988 e está formada por dezanove actores baixo a dirección de Iolanda Ogando. Coméntase tamén que a filosofía do grupo é facer teatro comprometido e crítico.

-D. P., “El grupo Eis actúa hoy en el Auditorio de Caixa Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, “Teatro Universitario”, 25 maio 1997, p. 12. Logo de cita-la actuación da Aula de Teatro de Ourense, coñecida tamén como “Maricastaña”, anuncia a actuación de Eis. Referente a este grupo coméntase a data da súa creación, a súa especialidade en teatro crítico e contemporáneo así como unha sinopse de *A visita da vella dama*.



- V. IVª Mostra de Teatro Universitario. Pontevedra.
- V. IIIº Ciclo de Teatro Universitario da USC.
- V. IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario da Universidade Sur.



Elsinor Teatro: *O regreso*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación:

Manuel Lourenzo e Pablo Rodríguez.

Escenografía: Rodrigo Roel. Iluminación: Manuel

Lourenzo. Producción: Montserrat Mória.

-Francisco P. Lorenzo, "Teatro galego no alén do Douro", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 181, 16 outubro 1997, p.7. Dá conta da presenza de Elsinor Teatro e Teatro Bruto na Mostra de Teatro Galego Contemporáneo da Sociedade Guilherme Cossoul de Lisboa conmemorando os seus cento doce anos de existencia. Sinala

o achegamento de Galicia ó Portugal de máis alá do Douro e reitera o éxito das dúas compañías galegas.

Explica que *Unha noite en Elsinor* consiste nun percorrido pola realidade hamletiana que Lourenzo fundamenta en Shakespeare, Cunqueiro e Heiner Müller e comenta que a crítica portuguesa destacou a súa habilidade, coherencia e "o mérito de amosar un dramaturgo precursor, Cunqueiro e a súa capital glosa do Hamlet". No tocante a *Cachorros sen domesticar*, representada por Teatro Bruto, indícase que cumpriu en Lisboa a súa función número vinte, e coméntase que se pode situar no eido do cabaré poético-satírico. Logo de apunta-la incorrección política nesta peza, Manuel Pillado reproduce unha crítica do xornal *Público* na que se cualifica a Xavier Picallo de "neo-surrealista" e sublíñase o dominio do *nonsense*, a presenza da sabedoría popular galega e os coñecementos da Literatura do Mal e das artes escénicas. A valoración do xornal portugués ten como colofón a afirmación de que "non hai en Portugal



ningúen capaz de crear un obxecto coa coherencia e a beleza perversa de *Cachorros sen domesticar*". Sinálase, ademais, a opinión de Pablo Rodríguez, segundo o cal a lingua non foi obstáculo e reitérase que a acollida lisboeta foi excepcional. Por último danse algunhas claves da peza *Detritus Corazón* que prepara Teatro Bruto.

-V. XIVª Mostra de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.



IIº Encontro de Teatro de Camariñas

Organizado pola concellalía de Cultura do Concello de Camariñas en colaboración coa Deputación da Coruña. Celebrouse dende o 12 ó 21 de decembro coa participación de seis compañías: Teatro Galileo (*Pauto do demo*), Talía Teatro (*Retén*), Trécola (*Nº 8 da Rúa dos contos*), Dantea Teatro (*O Principiño*), O que ti queiras (*Historias íntimas no paraíso*) e Badius (*Eu non fun*).



Encuadre Produccións: *Ministros pola cara*, de Ernesto Caballero, traducción de Lino Braxe e Flor Maceiras.

Dirección e espacio escénico: Antonio Simón.
 Axudante de dirección: María Armesto. Banda sonora:
 Estudios Cumios. Interpretación: Ernesto Chao e
 Antonio Durán "Morris". Vestiario, cartel e programa:
 Encuadre.

C. F., "Matarile xoga ó teatro e Chao e Morris estrean a Ernesto Caballero", *La Voz de Galicia*, 22 outubro 1997, p. 82.

Matarile Teatro: *12 Rounds*.

-Ana Iglesias, "Ernesto Chao e Morris fanse ministros 'pola cara' no teatro", *O Correo Galego*, 23 outubro 1997, p. 44. Fai referencia á posta en marcha de Encuadre Produccións coa obra *Ministros pola cara*, á súa estrea en Ribadavia e á próxima actuación en Santiago. Explícase, con palabras dos actores, que non só tratan de divertir senón tamén de reflexionar. Apúntanse temas como o deterioro e a falta de escrúpulos da maior parte da clase política pasados polo filtro do humor e da ironía, nun texto que se representa por primeira vez.



-S. R. P., "Morris y Chao se meten a ministros", *Faro de Vigo*, "Faro del Ocio", 24 outubro 1997, p. 2. Recóllense as palabras dos compoñentes do grupo nas que comentan que unha das fontes de inspiración de *Ministros pola cara* está "no deterioro e a falla de escrúpulos da maior parte da clase política, a manipulación á que someten á sociedade civil e o secuestro da *verdadeira verdade* por parte dos medios de comunicación en favor dos intereses que mandan". Saliéntase que o director, Antonio Simón, é actualidade pola estrea desta obra e da película *La novia de medianoche*. Coméntase, finalmente, a importante traxectoria do autor do texto e dos dous autores.

-Fernando Franco, "Chao y Morris estrenan en Vigo 'Ministros por la cara': manual de supervivencia en los bajos fondos", *Faro de Vigo*, 7 novembro 1997, p. 46. Sublíñase que Ernesto Caballero escribiu a obra pensando en Chao e Morris e coméntase que semellante equipo supón calidade. Sinálase que malia tratarse dunha comedia hai sensacións fortes e destácase que case non hai escenografía e que os actores non saen da escena.

-Javier D. Campa, "Ernesto Chao y Morris llevan la calle a escena en la obra 'Ministros pola cara'", *Atlántico Diario*, 7 novembro 1997, p. 56. Anuncia a representación no teatro do Centro Cultural CaixaVigo. Destácase a afirmación dos actores de que se trata "dunha comedia moi ácida e crítica na que o espectador pasa da caraxada a quedarse pegado na butaca" e de que están presentes problemas de hoxe en día. Ernesto Chao explica cómo coñeceu a Ernesto Caballero, cómo naceu o texto e anuncia o propósito de percorre-lo resto do estado coa versión castelá. Pola súa parte Morris refírese á busca que fixeron dun texto con pouca escenografía e subliña a presenza da linguaxe da rúa. Conclúe a noticia cunha referencia ó argumento.

-Xosé Lois Carrión, "Unha boa 'tunda' de humor para a política", *La Región*, 24 outubro 1997, p. 17.



Co gallo da representación de *Ministros pola cara* na Casa da Cultura de Ribadavia, Antonio Durán "Morris" fala do seu personaxe e como "un tipo de rúa que se dedica a facer de mimo para vivir e a partir de aí suceden unha chea de aventuras nas que se mezcla outro chamado Janfrei". Pola súa parte Ernesto Chao explica a responsabilidade que entraña estrear en Ribadavia posto que o público desta vila está afeito a ver teatro. Segundo a noticia os actores cualifican a obra de "texto moderno e actual" que reflicte o "que certo tipo de políticos fan para que a sociedade civil estea secuestrada, pola súa propia maneira de levar a política ou polas formas pouco claras de utilizar o poder". Conclúen explicando, en ton de broma, as causas polas que non quixeron face-la estrea da obra durante a campaña electoral galega.

-Manuel F. Vieites, "Un exercicio de intelixencia", *Tempos Novos*, nº 7, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", decembro 1997, p. 80. Comeza destacando desta peza que se trata "antes que calquera outra cousa, dun exercicio de intelixencia". De seguido, faise unha sinopse argumental e sinálase que a resolución do conflito "semella tópica de máis" e contribúe a "diluír a tensión dramática". Conclúe valorando o traballo de Antonio Simón na dirección de actores e o traballo de interpretación de Antonio Durán "Morris" e Ernesto Chao, que destacan "polo seu rigor e seriedade" neste traballo.

-Xabier Couselo, "Como pasa na vida, o dramático convértese en algo cómico", *El Ideal Gallego*, "Entrevista con", 2 decembro 1997, p. 72. O actor Ernesto Chao comenta nesta entrevista con Xabier Couselo algúns aspectos da obra que está a representar en compañía de A. Durán "Morris": *Ministros pola cara*. De seguido reflexiona acerca do seu traballo, tanto na televisión coma no teatro e da súa formación en ambos campos.



-S. S., “Ernesto Chao y Morris representan en Caldas ‘Ministros pola cara’”, *El Correo Gallego*, 20 decembro 1997, p. 22. Anúnciase a representación teatral de *Ministros pola cara* en Caldas de Reis baixo a organización do Ateneo Caldense. Cítanse os nomes do autor, director e actores e reproducése o comentario de Encuadre Produccións, segundo o cal a obra baséase no “deterioro e falta de escrúpulos da maior parte da clase política e as súas relacións cos medios de comunicación”.



Espello Cóncavo (1): *Bailando en verán*, de Brian Friel, traducción de Miguel Pérez Romero.

Dirección: Arturo López. Interpretación: Xavier Pan, Mercedes Castro, Flor Maceiras, Belén Constenla, Mónica García, Teresa Horro, Xosé Vilarelle e Luís Castro. Escenografía e vestuario: Marcelino de Santiago, "Kukas". Iluminación: Arturo López. Música: Nani García. Maquillaxe: Carmela Montero.

-D. P., "Espello Cóncavo representará en el Principal, "Bailando en verán", *Diario de Pontevedra*, 27 xaneiro 1997, p. 8. Dá a noticia da posta en escena de *Bailando en verán* a cargo da compañía Espello Cóncavo no Teatro Principal. Fai unha sinopse biográfica de Brian Friel, autor da obra, e unha síntese da súa obra dramática. Para rematar, resume o argumento de *Bailando en verán*.

-Quique Chuvieco, "Bailando en verán" es una obra que aborda las convulsiones familiares", *El Ideal Gallego*, 6 febreiro 1997, p. 10. Sintetiza o argumento de *Bailando en verán*, de Brian Friel e representado no Teatro Principal pola compañía Espello Cóncavo. O director da obra, Arturo López, salienta a variedade de rexistros presentes



na obra e no autor irlandés. Quique Chuvieco comenta a especial preferencia de Espello Cóncavo por representar obras cun marcado protagonismo feminino. Para rematar, destaca o éxito conseguido con esta obra, ademais da identificación do público coa representación.

-María Varela, “Bailando en verán”, una obra nostálgica con música y danza”, *El Correo Gallego*, 6 febreiro 1997, p. 10. Informa da representación no Teatro Principal de *Bailando en verán* a cargo da compañía Espello Cóncavo. Recolle as palabras do director nas que afirma que a obra é unha combinación de diversos elementos teatrais. Arturo López salienta a emotividade e a nostalxia da historia que se narra. Tamén se fai alusión á importancia que xoga na obra o mundo da muller.

-AGN, “Espello Cóncavo representa en Santiago la obra “Bailando en verán”, *Diario de Pontevedra*, 6 febreiro 1997, p. 23. Breve noticia que cita a calidade do texto e a presenza de cinco mulleres en escena como notas máis destacadas. Segundo o seu director a obra tivo boa acollida na Coruña e noutras localidades malia a súa duración de dúas horas.

-Miguel Olarte, “Espello Cóncavo” traerá a Lugo los días 18 y 19 “Bailando en verán”, *El Progreso*, 15 febreiro 1997, p. 69. Informa da representación en Lugo de *Bailando en verán* a cargo da compañía Espello Cóncavo. Recolle as declaracións do director, Arturo López, nas que considera esta obra como a mellor da última década e ó seu autor, Brian Friel, o mellor dramaturgo actual en lingua inglesa. O director e dúas das actrices, Teresa Horro e Flor Maceiras, coinciden en salienta-la identificación coa realidade galega que se percibe en *Bailando en verán*.



- V. Noites de Teatro de Cariño.
- V. Vª Feira do Teatro de Galicia.
- V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Espello Cóncavo (2): *As troianas*, baseada en textos de Eurípides.

Dirección: Arturo López. Interpretación: Teresa Horro, Xavier Pan, Mónica García, Flor Maceiras, Xosé Vilarelle e Belén Constela.

-C. R., “Espello Cóncavo” estrena en Narón su nueva obra dramática “As Troianas”, *El Ideal Gallego*, 24 outubro 1997, p. 9. Noticia que informa da representación da peza no Auditorio de Narón. Afírmase que é a principal obra de Eurípides e supón un dos alegatos máis feroces contra a guerra. Inclúese tamén o argumento da obra e os seus intérpretes, así como información sobre a elaboración dunha unidade didáctica sobre esta obra para achega-los estudantes ó campo da dramatización, e anúncianse as próximas representacións que terán lugar en Narón.



Factoría Teatro: *Para o leste do Gantry*, de Edward Thomas.

Dirección: Cristina Domínguez. Interpretación: Alfredo Rodríguez, Mercedes Castro e César Martínez. Traducción e versión: Xepe Casanova.

-AGN, “La programación del Principal tendrá un fuerte recorte en el presupuesto”, *Diario de Pontevedra*, 5 febreiro 1997, p. 23. Ademais de informar da posibilidade de que o Teatro Principal de Santiago sufra un recorte de presupostos, cítase a Factoría Teatro con *Para o leste do Gantry* entre a programación de febreiro e faise referencia, así mesmo, á posta en marcha dun curso de estratexias dramatúrxicas e de posta en escena de teatro contemporáneo organizado polo Centro Dramático Galego.

-Fernando Franco, “Para o leste de Gantry”: una apuesta de Factoría Teatro por la palabra”, *Faro de Vigo*, 8 outubro 1997, p. 13. Fernando Franco lembra o labor anovador que sempre foi a bandeira de Factoría Teatro. Nesta montaxe, na que participan tres actores, o grupo optou por darlle un protagonismo máximo á palabra, adubada con humor negro.

-Cristina R. Calvo, “El grupo “Factoría Teatro” actúa esta tarde en el cine Alvoi de As Pontes”, *El Ideal Gallego*, 30 outubro 1997, p. 8.



Noticia sobre a representación da obra *Para o leste de Gantry*, a cargo da compañía Factoría Teatro. Inclúense declaracións dos compoñentes do grupo nas que afirman que é unha reflexión dura sobre a necesidade do ser humano de reconstruír ó seu arredor unha realidade propia na busca da identidade. Recóllese o argumento da peza, que trata dun matrimonio da xeración actual na procura das súas raíces, os actores que a representan e a súa directora, así como o traductor e adaptador. Finalmente, faise un percorrido pola traxectoria do grupo Factoría Teatro, creado en 1992, e polos espectáculos que puxeron en escena, indicando ademais que realizan cursos de dramatización, didáctica, escritura e animación á lectura.

D. P., “A Factoría Teatro representará la obra “Para o leste do Gantry”, *Diario de Pontevedra*, 19 novembro 1997, p. 12. Informa da actuación de A Factoría Teatro durante dous días no Teatro Principal de Pontevedra. Segundo a noticia os membros da compañía cualifican *Para o leste do Gantry* como “unha reflexión dura, visceral e cun negro sentido do humor, sobre a necesidade do ser humano de reconstruír ó seu redor unha realidade propia”. Sinálanse tamén aspectos como a construción dunha identidade común coa presenza dunha xeración marcada polo desarraigo e a universalidade dos medios de comunicación e a cultura.

D. P., “Os Gordibolas y Teatro Akatro en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, 17 novembro 1997, p. 8. Dá conta da próxima actuación de Teatro Akatro e Factoría Teatro no Teatro Principal de Pontevedra. De Akatro achégasenos unha relación de festivais nos que teñen actuado e no tocante a A Factoría Teatro explícase que *Para o leste do Gantry* é unha reflexión dura e cun negro sentido do humor sobre a necesidade do ser humano de reconstruír ó seu redor unha realidade propia. Sinálase, así mesmo, que pretenden profundar na construción dunha identidade común.

V. Vª Feira do Teatro de Galicia.

V. Sala Galán.



Vª Feira do Teatro de Galicia

Logo de tres anos sen se convocar recuperouse dentro do programa “Galicia, Terra Única”. O evento tivo lugar entre os días 31 de maio e 4 de xuño en Santiago con trece horas diarias de representación. Escenificáronse as obras no Teatro Principal, na Aula de Cultura de Caixa Galicia e nas salas Galán e Nasa. Participaron un total de vinteseis compañías entre as que se encontraban as máis destacadas das galegas e os grupos “Fuegos Fatuos” de Castela-A Mancha e “Producciones Cachivache Teatro Íntimo” de Castela-León. Os grupos galegos participantes foron: A Factoría Teatro (*Para o leste do Gantry*), Áncora Produccións (*Fábula*), Chévere (*Órbita Mutante*), Compañía Marías (*A voda dos moinantes*), Espello Cóncavo (*Bailando en verán*), Matarile Teatro (*Negro é Negro*), Monicreques de Kukas (*Adubíos*), Nove/Dous (*Sobre o dano que fai o tabaco*), Ollomoltranvía (*Escola de Bufóns*), Os Quinquilláns (*As voces do mar*), Pífano Teatro (*Acto imprevisto*), Produccións Teatrais do Sur (*Sempre Ubú*), Salamántiga Teatro (*Hai que desfacer a casa*), Sarabela Teatro (*Afección*), Talía Teatro (*A secreta obscenidade de cada día*), Teatro Bruto (*Cachorros sen domesticar*), Teatro do Adro (*Nano*), Teatro do Aquí (*Anxeliños*), Teatro do Atlántico (*A noite das tríbades*), Teatro do Noroeste (*Unha rosa é unha rosa*), Teatro Galileo (*Nenerías*), Títeres Cachirulo (*Catro Contos da China*), Uvegá Teatro (*Pá*), Xalgarete (*Don Guieiro Caramelleiro*).

-E. F., “A Feira do Teatro reúne vintecatro compañías galegas”, *O Correo Galego*, 14 maio 1997, p. 42.



Anúncianse as datas de celebración desta Feira así como os nomes das vinteseis compañías que participan, das cales vintecatro son galegas. Sinálanse tamén os lugares e horarios das representacións que terán lugar no Teatro Principal, na Sala Galán e no Auditorio de Caixa Galicia en Santiago de Compostela.

-E. F., “Borrachera en buenas compañías”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 14, 24 maio 1997, p. 6. Informa do contido da Feira de Galicia-97 que reunirá en Santiago a vinteseis compañías de teatro. Anuncia que a Feira está organizada pola Consellería de Cultura e Comunicación Social a través do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM) e que contará coa presenza de vintecatro compañías galegas. Remata o artigo cun listado das compañías teatrais e as obras que representaron: Os Quinquilláns con *As voces do mal*, Xalgarete con *O Guieiro caramelleiro*, Teatro Galileo con *Nenerías*, A Factoría Teatro con *Para o leste de Gantry* ou Sarabela con *Afección*, entre outros.

-S. C., “Vª Feira do Teatro’, escaparate para a promoción de 26 grupos galegos”/“A ‘Vª Feira do Teatro’ promocionará a 26 grupos galegos en 65 horas de escena”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 maio 1997, p. 42/p. 14. Infórmase da presentación do programa da quinta edición da Feira do Teatro de Galicia despois de tres anos sen se celebrar. Nela anunciáronse as datas de celebración e o número de compañías participantes ata un total de vinteseis, entre as que están: Os Quinquilláns, A Factoría Teatro, Áncora, Teatro do Aquí, Chévere, Nove/Dous, Xalgarete, Uvegá, Espello Cóncavo e Matarile.

-Carmiña Castromil, “Compostela, capital de la farándula”, *O Correo Galego*, 31 maio 1997, p. 32. Recolle as palabras de Roberto Vidal Bolaño sinalando que hai vinte anos ninguén podería soñar cunha feira do teatro con vinteseis compañías. Faise referencia, ademais, á paralización deste evento durante tres anos e ós obxectivos de populariza-la arte dramática e promociona-lo teatro galego fóra de Galicia.



Coméntase finalmente a selección de entre cincuenta solicitudes e o propósito de que a Feira lles sirva de “trampolín” a actores e dramaturgos dada a presenza de sesenta e catro programadores procedentes fundamentalmente doutras comunidades autónomas.

-Carmiña Castromil, “Sóbese o pano entre cántaros de auga”/“Comezou en Santiago a Feira do Teatro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1 xuño 1997, p. 55/p. 16. Sublíñase a boa resposta do público no primeiro día e infórmase do aprazamento da actuación de Os Quinquilláns por mor da chuvia. Recóllese, así mesmo, o programa da xornada cun pequeno comentario argumental das obras *Don Guieiro Carameleiro*, *Pá, Negro é Negro* e *A dubíos*.

-Serafín Lorenzo, “Más de treinta programadores foráneos calibran propostas e interpretaciones”, *La Voz de Galicia*, 2 xuño 1997, p. 83. Faise referencia á presenza de sesenta e cinco programadores de dentro e fóra de Galicia para presenciaren esta “radiografía do teatro galego” e, con palabras de Rubén García, coméntase a importancia da Feira para que os grupos poidan saír de Galicia. Marcelino de Santiago, “Kukas”, defende a valía das compañías independentes e confirma a das profesionais ó tempo que bota en falta máis espectáculos de monicreques. Rubén García, pola súa parte, refírese á importancia das axudas do IGAEM.

-J. B. Salgueiro, “Seis representaciones en la penúltima jornada de la Feria del Teatro de Galicia”, *Faro de Vigo*, 3 xuño 1997, p. 49. Comenta o argumento de *Catro Contos da China*, *La leyenda del Sata Bebedor*, *Unha rosa é unha rosa*, *A voda dos moinantes* e *A secreta obscenidade de cada día*. Refírese tamén á participación do CDG no Festival Internacional de Teatro de Expresión Ibérica de Porto con *O peregrino errante que cansou ó demo*.



D. Janeiro, "Arredor das rosas e de 200 francos", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 3 xuño 1997,

43/p. 16. Membros de Cachirulo, Os Quinquilláns, Teatro do Noroeste, Talía Teatro e Compañía Marías, relatan brevemente o argumento das obras que representan.

-AGN, "La "Vª Feira do Teatro de Galicia" baja hoy el telón en Compostela", *Diario de Pontevedra*, 4 xuño 1997, p. 27. Anuncia o final da Feira da que se sinala que houbo unha media de cento cincuenta espectadores por función. Coméntase, así mesmo, o argumento das obras representadas por Teatro Galileo, Producións Teatrais do Sur, Sarabela e Salamántiga.

D. Janeiro, "Un Ubú encadeado no peche da mostra", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 4 xuño 1997,

45/p. 16. Comeza salientando o papel renovador que xogou no seu día o *Ubú*, de Alfred Jarry. Sinálanse algunhas notas argumentais das representacións de Producións Teatrais do Sur, Salamántiga, Sarabela e Teatro Íntimo. Conclúe coa valoración positiva feita polos grupos participantes. Recóllense as opinións de Pedro Rubín, que considera que o éxito sería total se os programadores contratasen ás compañías que participaron. Por último, e con palabras de Celso Parada, reivindicase unha maior difusión para este tipo de eventos ó tempo que se demanda por parte de Cachivache un maior intercambio con grupos de fóra.

-J. B. Salgueiro, "La Feria del Teatro llega a su fin con un amplio cartel y escaso público", *Faro de Vigo*, 4 xuño 1997, p. 49. Nota na que, ademais de reflecti-la programación da última xornada, destácase a pouca presenza de público e indícase que puido deberse a que moitas das obras xa foran representadas en Santiago.



Sublíñase, malia isto, o papel de “escaparate” que xogou este evento para a promoción das compañías galegas.

-Serafín Lorenzo, “Los empresarios sugieren la implicación eficaz de Galicia en redes de intercambio”, *La Voz de Galicia*, 4 xuño 1997, p. 82. Sublíñase a opinión dos programadores de fóra de Galicia demandando unha apertura ó exterior do teatro galego. Así, Emilio Recio, de Castela-A Mancha, falou da conveniencia de que as compañías galegas traduzan os textos para saíren de Galicia e demandou unha maior presenza de programadores galegos nas mostras do resto de España. Destácase tamén a coincidencia dos promotores ó salienta-la actuación de Ollomoltranvía.

S. C., “Rubén García: “Cumpríronse tódalas expectativas previstas”/“Expectativas cumpridas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 5 xuño 1997, p. 43/p. 16. Noticia centrada na valoración feita ó remata-la Feira por parte de Rubén García, coordinador da mesma. Considera, así, cumpridas as expectativas xa que os promotores puideron contempla-lo teatro que se fai en Galicia. Mostra tamén a importancia de que a Feira continúe dado o grande avance do proxecto. Salienta a progresión na calidade das compañías galegas e lembra a relevancia do proxecto “Galicia, Terra Única” para consolida-lo teatro galego e achegalo a todo o mundo dentro e fóra de Galicia. Recóllese, finalmente, a lista dos grupos participantes e das obras representadas, o desexo de que servise de homenaxe a María Casares e a opinión de Pedro Rubín, director de Teatro Galileo, mostrándose expectante de cómo se comportarán agora os programadores.

S. C., “A Vª Feira do Teatro reuniu a máis de catro mil persoas”/“Máis de catro mil persoas viron as 26 obras da Vª Feira do Teatro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 6 xuño 1997, p. 52/p. 16.



Fai referencia á valoración positiva que fixo a Consellería de Cultura e Comunicación Social pola presenza de preto de setenta programadores e catro mil trescentos espectadores que conseguiron esgota-las localidades no caso de *Órbita Mutante*, *Nano*, *A voda dos moinantes* e *Hai que desfacer a casa*.

-AGN, “Exito de asistencia en la “Vª Feira do Teatro de Galicia”/“Mas de 4.000 personas asistieron en Santiago a la “Vª Feira do Teatro”, *Diario de Pontevedra/Atlántico Diario*, 6 xuño 1997, p. 23/p. 39. Sinala a cifra de 4.300 espectadores cunha media de 165 espectadores por función. Recolle, así mesmo, a valoración positiva que lles mereceu o evento ós responsables, ós promotores e ós profesionais do teatro. Sublíñase finalmente a afluencia de público na xornada inaugural e na do 2 e 3 de xuño, así como o esgotamento de entradas nalgunhas das actuacións.

-M. F. V., “A feira, un escaparate teatral”, *Tempos Novos*, nº 3, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xullo/agosto 1997, p. 91. Refírese á Feira de Teatro que se celebrou en Compostela e ás Mostras que a complementaron dende xuño ata setembro e denuncia “que estas actuacións se enmarquen en programas que lonxe de estar dirixidos a favorecer o desenvolvemento cultural e sociocomunitario, estean deseñados e organizados cunha clara finalidade claramente crematística cando non electoralista”. Continúa reivindicando outras medidas e outros programas de actuación así como máis esforzos, persoal cualificado na organización e maiores investimentos. Con todo felicita á Feira por ser un vehículo de análise da situación teatral galega e remata citando algunhas postas en escena que “nos obrigan a ser optimistas”, como *A noite das tríbades*, de Teatro do Atlántico; *Escola de bufóns*, de Ollomoltranvía; *¡Anxeliños!*, de Teatro do Aquí; *Fábula*, de Áncora Produccións; *Bailando en verán*, de Espello Cóncavo; *Nano*, de Teatro do Adro e *A secreta obscenidade de cada día*, de Talía Teatro.



-A. Yllanes Alfeirón, "Compostela 97. A Feira do Teatro Galego", *Revista Galega de Teatro*, "Opiniós desde a butaca", nº 16, novembro 1997, pp. 75-76. Sinálase que esta feira constitúe un acontecemento que serve para analiza-lo estado do noso teatro e a súa recepción e valoración por parte do público e dos medios de comunicación, ademais de ser unha mostra representativa do que se está a facer nesta arte. Destaca as diferentes liñas de traballo seguidas polas compañías teatrais: unha que procura introducir propostas tiradas doutras comunidades e con afán de renovación, e outra que pon maior coidado na relación entre a forma e o fondo. Saliéntase a boa acollida das comedias e faise un percorrido polas obras e compañías que se representaron na mostra que se considera cun resultado positivo.

-C. R., "Solicitan que a de Teatro se celebre cada ano", *El Correo Gallego*, 22 novembro 1997, p. 15. Coméntase que nun coloquio que tivo lugar na Sala Galán formuláronse propostas como que a Feira se celebre anualmente e se programe con meses de antelación. Recóllese, así mesmo, o testemuño de tres persoas do mundo do teatro. Gustavo Pernas, director de Áncora, denuncia que os espectáculos ofrecidos na última edición foron "os máis vendibles ós programadores, co conseguinte agravio comparativo para outras compañías". Pola súa parte Luciano Fernández, programador cultural de Narón critica o excesivo número de espectáculos e propón a creación dunha comisión na que estean presentes programadores e compañías. Conclúe coa opinión de Rubén García, responsable da Feira e da Mostra de Ribadavia, que sinala a necesidade do evento para que os programadores galegos vexan os espectáculos, "algo que non ocorre habitualmente".



IIº FESTEIXO, Festival de Teatro do Eixo Atlántico

Patrocinado polo Eixo Atlántico, o Ministerio de Cultura de Portugal e a Fundación Gulbenkian, entre outras institucións, o evento xuntou en Viana do Castelao a autores, directores e actores de Galicia e Portugal durante os días 14, 15 e 16 do mes de novembro. As compañías galegas participantes foron: Teatro do Aquí, Teatro do Atlántico, Ollomoltranvía, Teatro do Noroeste, Chévere, Compañía Marías, Áncora Produccións, Teatro do Adro e o Centro Dramático Galego.

D. Janeiro, "O Atlántico sobe o pano", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 6 novembro 1997, 42/p. 15. Informa da próxima celebración do encontro TEATRAgal os días 14, 15 e 16 de novembro en Viana. Anúnciase unha mesa redonda para debater sobre as perspectivas do noso teatro a partir das raíces históricas coa participación de Xosé Manuel Pazos, Dolores Vilavedra, Antonio Reis, Gustavo Pernas, Cándido Pazó, Eduardo Alonso, Roberto Vidal Bolaño ou Christine Zurbach. Recóllense os nomes das compañías galegas participantes no FESTEIXO e reproducense tamén as palabras de Manuel Vieites sobre a idoneidade de fomenta-las relacións co norte de Portugal e fálase dalgúns proxectos futuros entre Teatro do Noroeste de Galicia e a súa homónima de Portugal. Finalmente faise referencia á necesidade de campañas de animación teatral e dunha escola de teatro así como dun centro de documentación ou da colaboración da Televisión de Galicia.

-Cristina R. Calvo, "Mesa redonda en el Ateneo Ferrolán sobre el teatro en el "Eixo Atlántico", *El Ideal Gallego*, 21 novembro 1997, p. 8.



Informa da celebración dunha mesa redonda no Ateneo Ferrolán co TEATRAgal IIº e co Festeixo como tema e que terá como poñentes a Xosé Manuel Pazos e a Manuel F. Vieites. Segundo a noticia os dous poñentes ofrecerán un informe das actividades teatrais promovidas no ámbito do Eixo Atlántico, iniciativas das que Cristina R. Calvo apunta algúns detalles.



Festival de Teatro Galego do Carballiño

Tivo lugar entre os 6 e o 13 de setembro do 97. Celébrase no Carballiño dende hai trece anos. Nel participaron as compañías galegas Chévere (*Orbita mutante*), Teatro do Morcego (*A increíble vida de Héctor Loureiro*), Teatro do Aquí (*Anxeliños*), Compañía Marías (*A voda dos moinantes*), Orballo Teatro (*Parella aberta*), Nove-Dous (*Sobre o dano que fai o tabaco*) e Teatro do Adro (*Nano*).

-Raquel Feijoo, "Un telón con fío de humor, son e luz", *La Región*, 4 setembro 1997, p. 17. Informa sobre o Festival de Teatro Galego no Carballiño dos días 6 ó 13 de setembro. O cuarteto "Golden Apple Quartet" é o grupo invitado na xornada prólogo do festival no que participarán as compañías: Chévere, Teatro do Morcego, Teatro do Adro, Teatro do Aquí, a Compañía Marías, Orballo Teatro e Nove-Dous. Conta coa colaboración da Deputación Provincial de Ourense, do Concello do Carballiño e da Consellería de Cultura.

-E. P., "Golden Apple Quartet abrirá o Festival de Teatro", *O Correo Galego*, 5 setembro 1997, p. 48. Dá conta da celebración do Festival de Teatro Galego no Carballiño entre o 6 e o 13 de setembro. Informa de que a apertura corre a cargo de Golden Apple Quartet, un espectáculo de luces e mímica, e seguirá coas compañías Chévere, Teatro do Morcego, Teatro do Aquí, Orballo Teatro, Teatro do Adro e Nove-Dous.

-Ángeles Rodríguez, "Una llamada a las emociones", *La Región*, 11 setembro 1997, p. 19.



Informa das compañías que participan no Festival de Teatro do Carballiño e detense no cadro de actores de *A voda dos moinantes*, de Compañía Marías, obra da que se alude ó seu argumento. Fai referencia, así mesmo, á Mostra de Teatro do Barco, desenvolvida dentro do programa “Galicia, Terra Única”, á que lle puxo punto e final Sarabela Teatro con *Afección*, da que se relata a trama.



IIIº Festival de Teatro “Los Sauces”

Festival organizado polo colexio “Los Sauces” en Pontevedra, os centros educativos deste grupo en Vigo, Pontevedra e Madrid, quen representaron as seguintes obras: *Xogo de damas*, de Anxo R. Ballesteros por “Los Sauces” de Vigo; *Los ladrones somos gente honrada*, de Jardiel Poncela por “Los Sauces” de Madrid; *Un día más* e *Fablilla del secreto bien guardado* por “Los Sauces” de Pontevedra.



Iº Festival Internacional de Teatro Universitario da Coruña

Organizado polo Clube de Teatro da Universidade da Coruña. Tivo lugar entre os días 14 e 19 de abril e contou coa participación de doce grupos procedentes de Galicia, Arxentina e Cuba que fixeron as súas representacións no Teatro Rosalía de Castro e no Forum Metropolitano da Coruña. As compañías galegas que participaron foron: Aula de Teatro da Universidade de Santiago (*Ubú Rey*), A Balteira (*Unha Traxedia asnal*), Club de Teatro do Campus de Ferrol (*A sensación de Camelot*), Aula de Teatro do Campus de Pontevedra (*Calvino ou se unha noite un viaxeiro...*), Club de Teatro da Universidade da Coruña (*A enchenta*), Aula de Teatro de Lugo (*A Nosa Vila*), e Aula de Teatro do Campus de Ourense (*Hamlet*). Paralelamente ó Festival tiveron lugar unhas xornadas nas que se celebraron debates, mesas redondas e conferencias sobre temas relacionados co teatro actual.

-Pepe Dopico, "Capital del teatro universitario", *El Correo Gallego*, "El ojo de cristal", 6 abril 1997, p. 25. Infórmase da celebración na Coruña da primeira edición do Festival Internacional de Teatro Universitario e das VIIIªs Xornadas de Teatro Universitario Galego. Dá conta tamén das Xornadas sobre Teatro e Sociedade da Universidade da Coruña e da presentación da revista *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e Norte de Portugal* e da Fundación Cultura para el Progreso.

-E. P., "Primeiro Festival de Teatro Universitario da Coruña", *O Correo Galego*, 8 abril 1997, p. 34.



Nota sobre a celebración na Coruña do Iº Festival Internacional de Teatro Universitario do 14 ó 19 de abril que acolle tamén unhas xornadas sobre teatro, cultura e sociedade. Anuncia a presenza de tres estreos entre as obras representadas: *Mañana será otro día*, de Calderón, *A Enchenta*, de Euloxio Ruibal e *Unha traxedia asnal*, de Francisco Nodar e baseado nun poema de Curros.

-María Rodríguez, "Teatro en los "campus", *El Mundo Galicia*, 14 abril 1997, p. 8. Anuncia o comezo do Iº Festival Internacional de Teatro Universitario e as VII^{as} Xornadas de Teatro Universitario Galego polo Club de Teatro da Universidade de A Coruña. Sinala ademais as obras representadas e salienta a celebración de conferencias e debates sobre o teatro.

-P. G., "O CDG debería adicarse a amosa-las obras dos autores galegos", *La Voz de Galicia*, 16 abril 1997, p. 6. Entrevista ó dramaturgo Euloxio R. Ruibal co gallo da estrea da súa obra *A enchenta* no Teatro Rosalía de Castro de A Coruña, vintecatro anos despois de ser escrita, dentro dun ciclo de teatro universitario. Euloxio R. comenta que *A enchenta* é unha obra atípica, difícil de escenificar. Considera que existen dificultades para que o CDG represente as obras dalgúns autores galegos incluído el mesmo. Afirmar que a súa meta é chegar ós lectores e ós espectadores galegos e que aínda non viu a montaxe porque a súa presenza nos ensaios condicionaría a súa posta en marcha.

-S. M. R., "Teatro en las Aulas", *Eco*, nº 72, "Sociedad", maio 1997, p. 68. Infórmase da celebración deste festival, coordinado por José María Paz Gago, que tivo lugar no Teatro Rosalía de Castro, no Forum Metropolitano, na Facultade de Dereito e no paraninfo do Rectorado da Coruña. Sinálase que nesta edición participaron doce grupos de Galicia, Arxentina e Cuba e que o máis destacado foi a estrea de *Mañana será otro día*, de Calderón de la Barca e de *Unha traxedia asnal*, de Francisco Nodar, director do grupo A Balteira. Ademais infórmase da estrea de *A sonada e proveitosa*



enchenta do marqués Ruchestinto no derradeiro século da súa vida, de Euloxio Ruibal polo Club de Teatro da Universidade da Coruña.



Fontevella: *As árbores morren de pé*, de Alejandro Casona.

Dirección: Chelo Pampillón. Interpretación: Marina Tellado, Elena Blanco, Marcelino Rodríguez Santiago, Jesús Álvarez, Amparo Tellado, Carmiña Fernández, Aníbal, Laureano, Herminia Vázquez, Flor Torres, Francalina Ramiro.

-José Costas, "Fontevella pone en escena en Nigrán 'Os vellos non deben de namorarse'", *Atlántico Diario*, 26 outubro 1997, p. 14. Anuncia a actuación da compañía Fontevella, formada na súa totalidade por persoas maiores. Sinala que a representación vai dirixida ós cento cincuenta emigrantes galegos que participan no programa "Reencontros" da Secretaría Xeral de Cultura.

-A. C., "Teatro, corales, baile y la Cabalgata de Reyes", *Atlántico Diario*, 20 decembro 1997, p. 19. Cita a representación de *As árbores morren de pé* por Fontevella e *Madrugada* por Tempo dentro dos actos de celebración do Nadal na vila de Salvaterra.



Fulano, Mengano e Citano: *Cheiro de estrelas*, de Manuel A. Botana e Xosé M. Conde.

Dirección: Xosé M. Conde e M. A. Botana.
Interpretación: Manuel A. Botana e Xosé M. Conde. Escenografía: Manuel A. Botana.
Vestuario: Alberto Moldes. Música: Günter Breitenbach. Iluminación: Manoel López.

-Ana Iglesias, "La Compañía Fulano, Mengano e Citano 'graba' en el Principal el magazine 'Cheiro de estrelas", *El Correo Gallego*, 29 maio 1997, p. 12. Anuncia a representación no Teatro Principal de Santiago. Os actores explican cómo foron variando a obra dende hai ano e medio. Sinala tamén o éxito que están a ter en Galicia e o comezo da súa xira por toda España.





III.5. Postas en escena

Grupo de Teatro Afeccionado da Asociación Cultural A Serna de Rois: *A tía Lambida*, de Eduardo Blaco Amor e *A voda de Esganarello*, de Molière.

-A. R. D., “El teatro completa el panorama cultural”, *La Voz de Galicia*, 16 agosto 1997, p. 42. Refírese á actuación do grupo de teatro afeccionado da Asociación Cultural A Serna de Rois, no transcurso das festas de Urdilde, na que representarán as obras *A tía Lambida*, de Eduardo Blanco-Amor e *A voda de Esganarello*, de Molière. Indícase ademais que o grupo foi creado en 1993 e recóllense declaracións da presidenta da asociación, Adriana Vázquez, do director do grupo Artur Trillo, quen explica a súa traxectoria. Varios integrantes do mesmo opinan sobre as súas sensacións no escenario e sobre os seus obxectivos.

-V. Semana Cultural de Dodro.



Grupo de Teatro “Trasnada” do funcionariado do Concello de Vigo: *Non se chora*, de Roberto Cossa, versión de Dolores Vilavedra.

Dirección: Froíña García. Interpretación: Concha R. Garrido, Yolanda Lago, Enrique R. Rey, Alfonso Rodríguez, Antonio Barreira e Marita Vázquez de la Cruz.

-Marita Vázquez de la Cruz, “El teatro, el Concello y *Atlántico Diario*”, *Atlántico Diario*, 6 xuño 1997, p. 27. A articulista gaba o labor do grupo Trasnada de funcionarios do Concello de Vigo, refírese ó esforzo que tiveron que facer e salienta o mérito de Froíña García ó selecciona-la obra. Resume o argumento e nomea os actores participantes.

-Carlos Garrido, “Hoxe, domingo, representación teatral no Castelo de Soutomaior”, *Diario de Pontevedra*, 3 agosto 1997, p. 17. Anuncia a actuación de Trasnada con *Non se chora* no castelo de Soutomaior. Sinálase que o título da obra ten para os galegos un sentido non só individual senón tamén colectivo, pois “remite a unha historia, a unha memoria atormentada”.



Librescena: *O Barbeiro de Sevilla*, de Beaumarchais, adaptación de Francisco Pillado.

Dirección: Xosé Manuel Rabón. Producción: Librescena. Vestiario: Isabel Vázquez Botana. Interpretación: Tuto Vázquez, Amalia Gómez, Josito Porto, Agustín Vega, Concha Parga e Miguel Pernas. Música: Paulino Pereiro. Escenografía: Xosé Méndez.

-Ramiro Cartelle, "Atráeme reconstruir a un autor desde dentro", *El Ideal Gallego*, 2 marzo 1997, p. 10. Entrevista con Paulino Pereiro, autor dos números musicais de *O Barbeiro de Sevilla*, que explica o proceso de elaboración da música, dá a súa visión de Rosini e fala dos seus proxectos futuros.

Antón Lopo, "Librescena' homenaxea os míticos buscadores de amor"/"Librescena cruzará o milenio cunha triloxía sobre os buscadores de amor", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 setembro 1997,

17/p. 8. Comeza explicando que os motivos polos cales Librescena se dispón a representa-la peza non son só encher un máis dos baleiros que padece a cultura galega senón tamén asumi-lo risco dun traballo creativo "que desbote tódolos referentes que están a condiciona-la posta en escena dunha peza representada de



mil diferentes maneiras, no seu dobre carácter de teatro dramático e lírico". Fai ademais un breve repaso pola historia do teatro de Beaumarchais e cita os nomes que conforman o cadro de actores.

-Luis Pousa, "O barbeiro de Sevilla' inicia unha triloxía sobre as grandes lendas do amor", *El Ideal Gallego*, 13 xullo 1997, p. 60. Comeza recollendo a afirmación de Xosé Manuel Rabón que comenta que "non se trata de innovar. As lendas universais permanecen e son válidas tanto hoxe como no século XVIII". Con palabras de Miguel Pernas explica que non se trata dun atrevemento senón de recupera-lo espírito orixinal de Beaumarchais; Xosé Manuel Rabón, pola súa parte, anuncia que a estética das obras vai ser moi semellante en toda a triloxía da que forma parte esta representación "empregando a técnica dos libros despregables dos nenos e os propios actores serán os que movan os panos como se facía na comedia francesa". Luis Pousa informa tamén da estrea o día 14 no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, reproduce a ficha técnica e achéganos algúns datos de Paulino Pereiro, autor das dez pezas musicais. Finalmente noméanse Almagro, Mérida e Portugal como posibles lugares de actuación fóra de Galicia.

-Camilo Franco, "Equilibrios do pícaro", *La Voz de Galicia*, "Culturas", ano I, nº 2, 25 novembro 1997, p. 2. Logo de facer referencia ó éxito dos pícaros e dos esperlidos na literatura dramática e de sinalar que atravesan a literatura para se instalaren "nas estancias do imaxinario colectivo", Camilo Franco comenta a posta en escena do *Barbeiro de Sevilla* por Librescena. Destaca o equilibrio do reparto, a eliminación do accesorio e sinala que o protagonismo do decorado non neutraliza o xogo dos actores senón que o acompaña nos seus matices. Refírese ademais á aplicación de argumentos interpretativos diferentes para cada personaxe e considera que Librescena "aproveita a retórica brillante do autor e decide recrearse nela, poñendo os acentos de cada situación". Con respecto a isto cre que se sacrifica a axilidade agardable na comedia e que se "ralentiza un ritmo que se anuncia rápido na xestualidade de Fígaro".



Luces de Bohemia: *O merlo branco*.

Dirección: Cándido Pazos. Interpretación: Ana Vallejo, Rebeca González, Sheila Estévez, Esther Menduiña, Beatriz Vallejo e Andrés Dacosta.

Ramón Rivas, “Representación da obra de teatro ‘O Merlo Branco’ de Luces de Bohemia”, *Diario de Pontevedra*, 4 maio 1997, p. 22. Informa da representación na Casa do Pobo de Samieira na que se citan os nomes dos actores, saliéntase o propósito de denuncia contra o racismo e a intolerancia e anuncia as próximas actuacións programadas do grupo.

Ramón Rivas, “Luces de Bohemia representará la obra ‘O Merlo Branco’ mañana en Campelo”, *Diario de Pontevedra*, 7 xullo 1997, p. 22. Anuncia a representación en Campelo e en Combarro, noméanse os actores que compoñen o reparto e faise referencia ó argumento. Indícase, así mesmo, que os integrantes de Luces de Bohemia pretenden facer unha denuncia contra a intolerancia e o racismo e desexan dedicárle-la obra a aqueles “que por seren distintos teñen unha loita diaria cos seus problemas físicos, psíquicos e de tipo racial”.



Luzada: *Lembrando a Chejov*, baseados en *Petición de man e Sobre os males que provoca o tabaco*, de Anton Chejov, traducción de Francisco Pillado Mayor.

Interpretación: Xulio Cuns, Manuel Basoa e Olga Patiño.

-Cristina R. Calvo, "Luzada" representará mañana su obra "Lembrando a Chejov", *El Ideal Gallego*, 18 decembro 1997, p. 9. Informa da representación en Ferrol, sinala que a orixe do texto na fusión de *Petición de man e Sobre os males que provoca o tabaco*, de Anton Chejov. Coméntanse ademais o argumento da obra e os nomes dos actores.



A Mámoa: *Non lle busques tres pernas ó alcalde*, de Pedro Mario Herrero.

Interpretación: Carmen Pazos, Alfonso Lavandeira, Anxo Blanco, Amadeo Rey, Carlos Lueiro, Anabel Estévez, Alcira Angueira, Fernando Gallego e Lucía Mosquera.

-Álvaro Parajó, "El grupo A Mámoa clausura el sexto Mes do Teatro en Luou con éxito de público", *La Voz de Galicia*, 2 decembro 1997, p. 45. Destácase a grande afluencia de público na derradeira xornada do VIº Mes de Luou. Por esta razón os organizadores anuncian a repetición da actuación de A Mámoa. Sinálase que a compañía de Luou tardou sete meses en prepara-los actores dos cales se dá o nome e que agora teñen previsto actuar en O Seixo (Mugardos) e en Cabanas (A Baña). Conclúe informando de que o "Mes" foi un éxito ó pasaren polo local social dúas mil persoas que asistiron ás catro obras representadas.

-C. G., "Enorme éxito de público en la jornada de clausura del mes de teatro de Luou", *El Correo Gallego*, 2 decembro 1997, p. 24. Salienta a cifra de catrocentas persoas na xornada de clausura do VIº Mes de Teatro de Luou. Anúnciase a repetición da representación de *Non lle busques tres pernas ó alcalde* ante o éxito que tivo a obra, e informa das próximas actuacións de A Mámoa en Mugardos, A Baña, Padrón, Carcacia e Santa Cruz de Ribadulla.

-J. M., "A Mámoa' clausura el mes de teatro de Luou", *El Correo Gallego*, 28 novembro 1997, p. 14.



Anuncia o final do VIº Mes de Teatro de Luou coa actuación de A Mámoa con *Non lle busques tres pernas ó alcalde*. Noméanse os actores que conforman o reparto.

-V. IVº Mes de teatro da Asociación Cultural “A Mámoa” de Teo.



Matarile Teatro (1): *Negro é negro*, de Ana Vallés sobre textos de J. M. Alejandro.

Dirección e Guión: Ana Vallés. Axudante de dirección: Baltasar Patiño.
 Interpretación: Gena Baamonde, Olalla Salgado, Pasky Marvel e Ana Vallés. Música: Juan Carlos Martínez Fontana. Fotografía: María Esteirán.
 Deseño gráfico: Ninfa e Riveiro Deseño de produción: Eugenia Iglesias e Baltasar Patiño. Iluminación: Baltasar Patiño. Técnicos de escena: Javier M. Oro e Baltasar Patiño. Vestiario: Matarile Teatro.

-Camilo Franco, "A claridade do negro", *La Voz de Galicia*, "Entreacto", 2 xuño 1997, p. 83. Refírese á eficacia narrativa no teatro centrándose na representación de *Negro é Negro*, feita por Matarile, da que destaca que a citada eficacia non está "na brevidade pulcra dos textos elixidos, senón na proposta visual", que ocupa un lugar predominante e "pasa de ser un elemento adxectivo, a ser un elemento substantivo".

V. Vª Feira do Teatro de
 Galicia.
 V. Sala Galán.



Matarile Teatro (2): Zeppelin nº 7, de Ana Vallés.

Guión e dirección: Ana Vallés. Interpretación: Gena Baamonde, Leonardo F. Campos, Minke Lap e Pasky Marvel. Deseño de iluminación e espacio escénico: Baltasar Patiño. Vestuario: Matarile Teatro.

-A. S., “Zeppelin nº 7”: el anhelo del hombre por volar, por alcanzar los sueños, *Faro de Vigo*, 3 outubro 1997, p. 14. Constátase que nesta obra -que trata da ansia por voar- non hai personaxes propiamente ditos, polo que require unha grande atención do espectador. Cualifícase a obra como “espectáculo arriesgado, donde predominan lenguajes ambiguos”.



Matarile Teatro (3): *12 Rounds*, sobre textos de Javier Martínez Alejandro.

Guión e Dirección: Baltasar Patiño e Ana Vallés.

Interpretación: Eugenia Iglesias, Gena Baamonde e Ana

Vallés. Producción Executiva: Gena Baamonde.

Pancho R. Tristán, "Avances", *Tempos Novos*, nº 5, "Cataventos", outubro 1997, pp. 102-103.
Centro Dramático Galego: *O bufón de El Rei*.

-Lidia I. Candal, "Ana Vallés: "O teatro actual é simplemente ver e sentir", *O Correo Galego*, 23 outubro 1997, p. 44. Recóllense as palabras de Ana Vallés con motivo da estrea da peza nas que se afirma que se produce unha comparación da vida co xogo e resáltase que a orixinalidade reside en que o grupo preparou a obra sen ningún contido e que só a posteriori tiveron en conta textos non dramáticos de Javier Martínez Alejandro. Sublíñase a única presenza dunha mesa no decorado e unha concepción do espacio como elemento aberto que pode recrear outros así como a apertura de portas ó público nos ensaios, feito que considera moi positivo. Malia o aumento de público dende 1993 na Sala Galán, da que se louva o atractivo, Ana Vallés cre que o panorama do teatro contemporáneo en Galicia é "durísimo" e reivindica un espacio diferente ó institucional.

-C. F., "Matarile xoga ó teatro e Chao e Morris estean a Ernesto Caballero", *La Voz de Galicia*, 22 outubro 1997, p. 82.



Faise eco da representación de *12 Rounds* por Matarile Teatro e *Ministros pola cara*, por Encuadre Produccións. No referente á primeira sinálase que Ana Vallés e Baltasar Patiño “apelan a unha comunicación directa, anímica, contraria á reflexión e á racionalización da comunicación verbal”. Os directores afirman que “os espectadores terán moita semellanza cos que asisten a unha partida tomando partido por un ou outro xogador”. Dise, así mesmo, que este “xogo” pretende ser “metáfora da vida e tamén metáfora do xogo do teatro”. No tocante a *Ministros pola cara* destácase o reencontro no escenario de Ernesto Chao e Morris e explícase, con palabras de Chao, que a obra iníciase en clave de comedia pero progresa cara a outros rexistros. Conclúe a noticia dando conta da aparición da revista *Teatro do Noroeste*, que neste número analiza a situación do sector.

-Xabier Couselo, “Queremos que el espectador se involucre y juegue con nosotros”, *El Ideal Gallego*, 24 outubro 1997, p. 64. Logo de sinalar que *12 Rounds* xira ó redor do xogo pero como “metáfora do xogo do teatro”, Xabier Couselo entrevista á directora da obra, Ana Vallés, que explica que na peza empregan a metáfora da vida e do teatro como xogo. Así, a entrevistada explica que pretende propoñer xogos e facer trampas para rompelos. Finalmente considera que as propostas de Matarile non son pechadas e buscan que o espectador se involucre.

-Manuel F. Vieites, “É tempo de estreas”, *Tempos Novos*, nº 7, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, decembro 1997, p. 81. Refírese a dúas novas estreas teatrais: a primeira, *12 rounds* a cargo de Matarile Teatro segue, na súa opinión, a liña dos espectáculos anteriores desta compañía en canto á fragmentación do cotián e á fugacidade do instante; que segue situándonos na recorrencia de xestos, movementos, imaxes, analoxías e mesmo sensacións. Con respecto á segunda estrea, *O inimigo do pobo*, a cargo do Teatro do Noroeste de Viana do Castelo, o crítico salienta a participación nesta posta en escena de Xulio Lago,



do Teatro do Atlántico, como director e de Casilda García, de Teatro de Ningures, como axudante de dirección. Sinala tamén que este espectáculo hai que inscribilo no marco dun teatro de repertorio para consolidar públicos.



IVº Mes de Teatro da Asociación Cultural “A Mámoa” de Teo

Celebrouse no local social desta Asociación durante os domingos do mes de novembro. Os grupos participantes, non profesionais, foron: o grupo de teatro Badius, que puxo en escena *Eu non fun*, Luzada, de Betanzos, que representou *O testamento do tío Lele*; A Berenguela, da Baña, e A Mámoa, de Teo que levaron ó escenario *Viaxe a ningures* e *Non lle busques tres pernas ó alcalde*, respectivamente.



Mes do Teatro de Negreira

Por quinto ano consecutivo e organizado polo colectivo cultural nicrariense Afonso Eanes, presidido por Xaquín Caamaño, celébrase este acto que ten como obxectivo dar a coñece-los grupos de teatro comarcais. Participaron o grupo de teatro Berenguela da Baña (*Viaxe a ningures*), e o grupo de Teatro de Agrón (*A taberna sen dono*).

-Eva Suárez, “Afonso Eanes inicia su Mes do Teatro en la Casa de Cultura de Negreira”, *La Voz de Galicia*, 14 novembro 1997, p. 54. Anuncia a actuación do grupo Berenguela con *A taberna sen dono* e comenta que o presidente do colectivo Afonso Eanes explica os obxectivos do evento: achega-lo teatro ó público e atopar actores en toda a comarca.

-C. B., “Viaxe a Ningures’ del grupo Berenguela iniciará el mes do teatro nicrariense”, *El Correo Gallego*, 8 novembro 1997, p. 14. Dá conta do inicio do Mes de Teatro de Negreira coa actuación do Grupo de Teatro da Baña. Tamén anuncia a representación de *A taberna sen dono* por parte do Grupo de Teatro de Agrón.



Minerva: *O que tal nos fixo Adán*, de Sergi Belbel, Josep Benet e Francesc Pereira.

Dirección: Roberto Leal. Interpretación: Esteban Folgar, Teté Rocamonde, Montse Blanco, Fefa Noia, Beatriz Bravo, Carmen Montero.

-AGN, "El grupo 'Minerva', presenta 'O que tal nos fixo Adán' la semana que viene en Santiago", *El Ideal Gallego*, 6 abril 1997, p. 22. Informa da posta en escena na sala Galán da obra *O que tal nos fixo Adán* escrita por Sergi Belbel, Josep Benet e Francesc Pereira. Resume o argumento e salienta a visión "marcadamente feminina" da obra. Fai un percorrido pola traxectoria teatral do grupo "Minerva", dende os seus inicios na Aula de teatro do Colexio M. Peleteiro ata a actualidade. Finalmente, comenta as actividades previstas para a o mes de abril na sala Galán de Santiago.

-Teresa Rubio, "Siempre hace falta ensayar más", *La Voz de Galicia*, 10 abril 1997, p. 40. Precedida dun pequeno resumo do argumento da obra *La caja negra*, de Eugenio Granell que Roberto Leal, director do grupo de teatro Minerva está a dirixir, reproducése unha entrevista con este director que opina sobre obras anteriores, entre elas, *O que tal nos fixo Adán*, que se vai representar na Sala Galán da capital galega.



-Teté Rocamonde Iglesias, "Minerva, teatro de colegio en auge", *El Correo Gallego*, 16 abril 1997, p. 12. Á información acerca da última representación en Santiago de *O que tal nos fixo Adán*, un espectáculo noxentamente feminista, séguelle un percorrido pola historia e a traxectoria teatral do grupo Minerva. Comenta os traballos máis exitosos de Minerva e o seu vencelleamento ó colexio Peleteiro. Exemplifica con varios actores que comezaron neste grupo e conseguiron da-lo salto ó cine e á televisión.



Mofa e Befá (1): *Para ser exactos*, de Doctor Koch.

Dirección: Doctor Koch. Interpretación: Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo.

Ángeles Rodríguez, “El humor de Mofa e Befá en ‘Para ser exactos’”, *La Región*, 7 setembro 1997, 23. Anuncia a posta en escena da obra de Mofa e Befá *Para ser exactos* e fai un breve comentario sobre ela, destacando a organización en “skeches” e a variedade de técnicas empregadas polos actores como transformismo, carterismo, escapismo e o cómic.

-B. M., “Cangas cierra hoy su ciclo de teatro con el dúo Mofa e Befá”, *Diario de Pontevedra*, 5 decembro 1997, p. 19. Anúnciase o final do ciclo Teatro de Outono de Cangas coa representación de *Para ser exactos* de Mofa e Befá. Explícase que este espectáculo foi presentado na Sala Nasa en xuño de 1994 e recompila catro ‘sketches’ do dúo (‘Primeiro amor’, ‘Fazañas bélicas’, ‘Unha estrela de Galicia’ e ‘Cociña económica’), con divertidas técnicas dende o *clown* ó escapismo.

V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.

V. Ciclo de Outono de Teatro de Cangas.



Mofa e Befá (2): *Manifesto por un teatro perralleiro*.

Interpretación: Víctor Mosqueira e Evaristo Calvo.

-M. B., “Mofa e Befá salen de viaxe”, *La Voz de Galicia*, 27 agosto 1997, p. 41. Coméntase que a nova obra de Mofa e Befá, *Manifesto por un teatro perralleiro* é unha crítica a determinadas maneiras de entende-lo feito teatral. Refírese a que o dúo busca a orixinalidade cos mínimos medios posibles e anúnciase a saída co seu espectáculo ó denominado “Misery Tour”, nunha xira por Euskadi, Madrid e Portugal.

V. Mostra de Teatro de Cee.

V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



IIª Mostra de Teatro para Adultos de Lugo

Celebrouse entre os días 12 de novembro e 2 de decembro no auditorio Gustavo Freire. Organizada polo Concello e co asesoramento do clube sociocultural Valle-Inclán e o grupo Achádego na selección das obras. Participaron cinco compañías entre as que se encontraba o Centro Dramático Galego coa posta en escena de *O bufón de El Rei*. As restantes actuacións correspondéronlle á compañía extremeña Al Suroeste Producciones, a asturiana Teatro del Norte e as andaluzas Atalaya e Territorio de nuevos tiempos.



Iª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo

Celebrouse tódolos domingos entre os días 18 de maio e 29 de xuño no Edificio de Usos Múltiples da Cofradía de Pescadores de Portonovo e na Escola de Teatro do Centro Cultural de Nantes. Levouse a cabo baixo a organización da Asociación para la Prevención y Lucha contra la Droga y de Ayuda a los drogodependientes “Avante” de Portonovo coa colaboración da Dirección Xeral de Política Lingüística e o Concello de Sanxenxo. Participaron os seguintes grupos: Os desnucabúfalos de Sanxenxo, coa obra *Amilito y sus amijos*; O Pintillón, de Dorrón, con *Telexornal Ningunha Edición*; o Grupo de Teatro do Colexio “Abrente de Portonovo” con *As Asamblearias ou se as mulleres mandasen*, de Aristófanes; a Escola de Teatro do Centro Cultural de Nantes coa obra *A Marquesiña encantada... e outros contos*; Teatro do Mar, do Instituto de Enseñanza Secundaria e Profesional de Vilalonga que representou *A voda do esgranelo*; o Grupo de Teatro do Clube de Xubilados de Portonovo con *Cantar dos cantares* e o Grupo de Teatro da Asociación Avante de Portonovo, coas pezas: *¿Pista ou peste ?* e *Vía Crucis en cinco estacións*.

-José Manuel Moldes, “Hoy se inicia la “I Mostra de Teatro Afeccionado de Sanxenxo”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1997, p. 24. Noticia na que se recolle o programa de actuacións.



Mostra de Teatro de Cee

Organizada anualmente pola Asociación Cultural Domingo A. de Andrade. Celebrouse do 21 ó 29 de agosto no salón de actos da Fundación Fernando Blanco e no salón de actos do Concello de Cee. Participaron os grupos galegos Bacharel (*O por qué das cousas*), Elsinor (*Unha noite en Elsinor*), Mofa e Befá (*Manifiesto por un teatro perralleiro*), Pífano (*Acto imprevisto*), Berrobambán, Ditea, Talía Teatro, Teatro do Adro, Traslús (*Flores de papel*) e Monicreques de Kukas (*Adubíos*).

J. Trillo, "Moito público na Mostra de Teatro de Cee", *O Correo Galego*, 23 agosto 1997, p. 34. Breve nota que dá conta das compañías e obras representadas na Mostra de Teatro de Cee

J. T., "Gran éxito de público en la 'Mostra de Teatro' de la villa ceense", *El Correo Gallego*, 28 agosto 1997, p. 14. Cita os grupos que participaron na mostra e as queixas do responsable Artur Trillo Cendón sobre a posibilidade de desaparición "xa que non contamos con ningún apoio económico da administración autonómica".



Vª Mostra de Teatro dos Institutos de Pontevedra

Desenvolveuse en Pontevedra no mes de abril. Partiparon os seguintes grupos: Compañía Madialeva con *As vodas de Fígaro* e o Grupo "Fiuncho" con *O mozo que chegou de lonxe*.

-D. P., "Quinta edición de la Mostra de Teatro dos Institutos de Pontevedra", *Diario de Pontevedra*, 26 abril 1997, p. 16. Informa da clausura da Mostra de Teatro dos Institutos de Pontevedra coas representacións de: *O mozo que chegou de lonxe*, de J. M. Synge polo grupo Fiuncho e *As vodas de Fígaro*, de Beaumarchais a cargo da compañía Madialeva. Saliéntase o grande valor educativo desta actividade por favorece-la expresión oral e a coordinación de movementos. Para rematar, dá noticia da entrega durante esta Mostra dos Premios "Ben veñas maio" de Narrativa Breve e Banda Deseñada.



IIIª Mostra de Teatro na Pedreira

Organizada pola Área Comercial Zona Monumental de Pontevedra, e financiada polo Concello, a Deputación Provincial e a Consellería de Cultura, celebrouse entre os días 26 e 29 de xullo na praza da Pedreira. As compañías participantes foron: Balea Branca (*Danny e Roberta*), Teatro de Ningures (*Tic-Tac*), Producións Teatrais do Sur (*Sempre Ubú*) e Teatro do Morcego (*A increíble vida de Héctor Loureiro*).

-Xosé Pereira, La “Terceira Mostra de Teatro na Pedreira” comienza este fin de semana”, *Diario de Pontevedra*, 24 xullo 1997, p. 14. Fai referencia ó acto de presentación da Mostra, sinálase a opinión do alcalde, Juan Luís Pedrosa, e a do presidente da entidade organizadora, Ernesto Filgueira, que subliñaron o papel revitalizador destas actividades. Infórmase de que o coordinador, Miro Magariños, realizou un comentario sobre cada unha das obras a representar e Amado Rincón reflexionou sobre o teatro e a súa importancia.

D. P., “Danny e Roberta “abre esta noche la Mostra de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, 26 xullo 1997,

10. Informa do comezo da Mostra e salienta a importancia que a organización lle atribúe ó evento como elemento revitalizador da Zona Monumental. Sinala tamén a variedade de espectáculos teatrais que concorren a este acontecemento.

D. P., “Éxito na primeira obra de “Teatro na Pedreira”, *Diario de Pontevedra*, 27 xullo 1997, p. 7.



Destaca o éxito de público na primeira xornada a cargo de Balea Branca. Anuncia a representación de *Tic-Tac* e fai referencia ó argumento de *Danny e Roberta*.

D. P., “Sempre Ubú” esta noite en la IIIª Mostra de Teatro na Pedreira”, *Diario de Pontevedra*, 28 xullo 1997, p. 7. Dá conta da actuación do penúltimo día da Mostra coa representación de *Sempre Ubú* por parte de Producións Teatrais do Sur e fai referencia á temática do poder.

D. P., “Coa “Incríble vida de Héctor Loureiro” remata o “Teatro na Pedreira”, *Diario de Pontevedra*, 29 xullo 1997, p. 12. Anuncia o remate da Mostra coa representación de *A increíble vida de Héctor Loureiro* que Miro Magariños cualifica como “moi psicoanalítica”. A noticia refírese ós problemas técnicos que nos dous primeiros días retrasaron o inicio das representacións. Sublíñase tamén a gran afluencia de público, a variedade de estilos dos grupos participantes e a espectacularidade da montaxe de *Sempre Ubú*.



VIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada

Celebrouse dos días 18 ó 22 de agosto organizada pola Asociación Cultural Faro Miño e patrocinada pola Delegación de Cultura do Concello. Participaron seis agrupacións teatrais: O Carballo, de Taboada con *O achádego do castro*; Monte Oribio, de Sarria con *Asemblea de mulleres*; Samoeiro, de Pobra do Brollón con *O fotógrafo* e *A barbería*; Sarabela Teatro, de Ourense con *Afección*, o Centro Dramático Vilalbés con *Tres na corda floxa* e Faro Miño con *Case todo...pola patria*.



IVª Mostra de Teatro Universitario Galego. Pontevedra

Un total de nove grupos participaron entre os días 24 de maio e 1 de xuño nesta Mostra que tivo lugar no Teatro Principal de Pontevedra e no auditorio de Caixa Pontevedra baixo a organización da Aula de Teatro Universitaria de Pontevedra e da Universidade de Vigo. Os grupos participantes foron: Aula de Teatro de Lugo con *A nosa vila*, Aula de Teatro de Ourense con *Hamlet*, Eis con *A visita da vella dama*, Clube Teatro Ferrol con *A sensación de Camelot*, Os Paposi con *Paralelos*, Captatio Benevolentiae con *Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima*, Clube Teatro Coruña con *A enchenta*, Aula de Teatro de Santiago con *Ubú rei* e Aula de Teatro de Pontevedra con *Calvino ou se unha noite un viaxeiro...*

D. P., “La ATP ultima la programación de la IVª Mostra de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, 19 maio 1997,

8. Informa dos preparativos da IVª Mostra de Teatro Universitario Galego. Cita os nomes dos grupos participantes e sinala que, ademais do Concello, a Deputación, a Universidade de Vigo e a Aula de Teatro Universitario de Pontevedra (organizadores do evento), cóntase co apoio de Caixa Pontevedra.

D. P., “Presentada la Segunda Mostra Internacional de Teatro Universitario”, *Diario de Pontevedra*, 25 abril 1997, p. 17. Dá conta do programa da Mostra por parte de Xoán Couto, director da Aula de Teatro do Campus de Pontevedra; Gerino Calvo, director dos cursos complementarios, e Blanca Rodríguez, en representación



do Concello de Pontevedra. Infórmase de que a mostra terá lugar no mes de maio e que nela participan once grupos universitarios españois, portugueses e iberoamericanos.



IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario da Universidade Sur, MITEU

Organizada pola Aula de Teatro Universitario de Ourense co patrocinio do IGAEM e do Concello de Ourense. Tivo lugar no Teatro Principal de Ourense entre os días 17 e 30 de abril e contou con grupos procedentes de universidades de Santiago de Compostela, Vigo, Ourense, Pontevedra, A Coruña, Lleida, La Habana, Buenos Aires, Lisboa, Cáceres, Londina (Brasil). No tocante á presenza galega na Mostra a Aula de Teatro da Universidade de Santiago representou *Ubú Rei*, a Aula de Teatro Universitario de Pontevedra levou a escena *Calvino ou se unha noite un viaxeiro...*, os vigueses da Aula de Teatro Universitario de Vigo con *Prohibido suicidarse en primavera*, o grupo compostelán Eis con *A visita da vella dama*, Aula de Teatro Universitario de Ourense con *Hamlet*, o Clube de Teatro da Universidade da Coruña con *A enchenta* e a Aula de Teatro de Lugo con *A nosa vila*.

-R. F., “O mundo da escea en mans de 300 universitarios”, *La Región*, 12 abril 1997, p. 19. Informa da IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario (MITEU) que tivo lugar en Ourense do 17 ó 30 de abril na que participan grupos procedentes de dez universidades de España, Portugal e Iberoamérica . Saliéntase que o certame costeadado pola Universidade Sur e polo concello de Ourense conta co apoio de IGAEM.



-R. F., “Mañá temos moita responsabilidade”, *La Región*, 18 abril 1997, p. 20. Dáse noticia da representación no Teatro Principal de Ourense da obra *Comèia sem título* de García Lorca por parte do grupo Aula de Teatro da Universidade de Beira Interior de Covilhá (Portugal) con motivo da inauguración da IIª Mostra Ibérica de Teatro Universitario. A coordinadora da mostra explica cáles foron as razóns polas que se escolleu a este grupo portugués como inaugurador.

-Roque Soto, “Universitario rima con escenario”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 18 abril 1997, p. 8. Informa da segunda edición da Mostra Iberoamericana organizada pola Aula de Teatro Universitaria de Ourense. Anuncia os grupos e obras do programa que abriu con *Comèia sem título*, de Federico García Lorca. A mostra, que tamén levará á rúa o espectáculo teatral, busca o coloquio co público tralas escenificacións.



Mostra Internacional de Aulas de Teatro Universitario

Tivo lugar entre os días 26 de abril e 7 de maio en Vigo, patrocinada pola Universidade de Vigo e o IGAEM e organizada por Vagalume. Déronse cita grupos procedentes de Brasil, Arxentina, Portugal, Cuba, Alacante e polo que respecta ós galegos: a Aula de Teatro de Ourense puxo en escena *Hamlet* mentres que a Aula da Universidade de Vigo representou *Prohibido suicidarse en primavera* e o Clube de Teatro Coruña representou *A enchenta*.



XIVª Mostra Internacional de “Teatro Cómico e Festivo de Cangas”

Celebrouse entre os días 7 e 14 de setembro de 1997. A súa programación incluía representacións de grupos procedentes de Cuba, Gran Bretaña e Portugal, ademais doutros de Madrid, Estremadura e Andalucía. Participaron os grupos galegos Áncora Producións (*Fábula*), Teatro Anónimo (cun espectáculo de rúa realizado por Mónica Camaño), Teatro do Morcego (*A increíble vida de Héctor Loureiro*) e Elsinor Teatro (*O regreso*).

-B. M., “Cangas será con su Mostra la capital gallega del teatro durante esta semana”, *Diario de Pontevedra*, 7 setembro 1997, p. 17. Anuncia os grupos e obras que se representarán na Mostra Internacional de “Teatro Cómico e Festivo de Cangas”. As actrices Casilda García e Sonia Rúa serán as encargadas de le-lo pregón.

-Cristina González, “Esto es Cuba, caballeros”, *Faro de Vigo*, 7 setembro 1997, p. 14. Informa do comezo da XVª Mostra de Teatro de Cangas que se abre cun espectáculo cubano de rúa e ofrece trece actuacións que teñen lugar nunha carpa. Ademais dá conta das obras representadas e recolle as palabras da directora da Mostra comentando o programa.

-B. M., “Los gallegos Teatro Anónimo y Áncora Producións actúan hoy en la Mostra”, *Diario de Pontevedra*, 9 setembro 1997, p. 17. Breve referencia á actuación das compañías Teatro Anónimo e Áncora Producións na terceira xornada da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo de Cangas.



-B. M., “La Mostra ofrece hoy el clásico de Valle Inclán, ‘Las galas del difunto’”, *Diario de Pontevedra*, 11 setembro 1997, p. 17. Informa da presentación de *Las galas del difunto*, de Valle-Inclán pola compañía estremeña La quimera de plástico, na Mostra Internacional de “Teatro Cómico e Festivo de Cangas”, que ademais ofrece o espectáculo do mago Antón, *Insólito por antonomasia*.

Cristina González, “Noches de escena en Cangas”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 12 setembro 1997,

1. O artigo destaca o éxito da XIVª Mostra de Teatro Cómico e Festivo e informa dos grupos e obras que participaron nela: tres compañías internacionais de Cuba, Inglaterra e Portugal; as galegas Teatro Anónimo, Áncora Produccións, o mago Antón, Teatro do Morcego, Elsinor Teatro; a compañía madrileña Incorrectos, a estremeña Uroc Teatro, a castelá La Quimera, a andaluza Titirimundi, a portuguesa Folia Teatro e a mimo Nola Rae.



XIIIª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia

Tivo lugar entre os días 17 e 26 de xullo baixo a organización do Concello de Ribadavia en colaboración coa Concellería de Cultura. Participaron grupos procedentes de Galicia, Castela-A Mancha, Cataluña, Estremadura, Madrid, Francia, Bélxica, Cuba, Arxentina, Estados Unidos, Suíza e Colombia. As compañías galegas participantes foron Compañía Marías (*A voda dos moinantes*), Teatro do Morcego (*A increíble vida de Héctor Loureiro*) e Chévere (*Órbita Mutante*). Como preámbulo á Mostra actuou Teatro do Vilar (*O achado do castro*). Así mesmo cómpre sinalalo pregón que correu a cargo do profesor Basilio Losada e a actuación do Mago Antón.

-Pancho R. Tristán, "Avances", *Tempos Novos*, nº 3, "Cataventos", xullo/agosto 1997, pp. 101-103. Anúnciase a XIIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia que terá lugar entre os días 18 e 26 de xullo e que contará coa presenza de compañías estranxeiras. Informa das obras galegas que van ser representadas: *A increíble vida de Héctor Loureiro*, de Teatro do Morcego; *A voda dos moinantes*, da Compañía de María; *Órbita mutante*, de Chévere; e *Maxia de cerca* do Mago Antón. Dá conta doutras mostras que se celebran no ámbito galego durante o mes de xullo na Fonsagrada, na Estrada, en Boiro e en Ortigueira. Por outra banda, anuncia as Ferias do Libro que se organizan no verán en distintas vilas galegas.

-Xosé Lois Carrión, "A Mostra de Ribadavia levanta o telón o 18", *La Región*, 6 xullo 1997, p. 17. Informa do acto de presentación da Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia na que participaron, entre outros, o alcalde desta localidade e mailo programador do evento, Rubén García, que destacaron a



internacionalidade da mostra deste ano xa que nove dos dezasete grupos participantes son estranxeiros, e só catro son galegos. Asemade recolle as declaracións do organizador nas que salienta a importancia da Mostra para a economía da vila.

-S. C., “Charli Encor’ abre hoxe a XIIIª Mostra de Teatro de Ribadavia”/“A compañía francesa ‘Charli Encor’ abre hoxe a XIIIª Mostra de Teatro de Rivadabia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 xullo 1997, p. 45/p. 23. Anuncia o comezo da Mostra coa actuación da compañía francesa e refírese ás actuacións máis destacadas.

-Marta Fdez.-Pedrera Estévez, “Ribadavia levanta esta tarde el telón de su XIIIª Mostra Internacional de Teatro”, *Faro de Vigo*, “Verano del 97”, 17 xullo 1997, p. V. Fai referencia ó inicio da Mostra e recolle o programa de actuacións.

-Xosé Lois Carrión, “O pregón de Basilio Losada abre a Mostra de Teatro de Ribadavia”, *La Región*, 18 xullo 1997, p. 18. Anuncia a lectura do pregón por parte de Basilio Losada e a inauguración da exposición fotográfica MIT

96. A noticia recolle tamén as palabras do alcalde de Ribadavia e de Rubén García que cualificou a presente edición da Mostra como “a máis internacional de todas” coa presenza de nove grupos estranxeiros entre os dezasete participantes.

-Xosé Lois Carrión, “Basilio Losada alzou o telón en Ribadavia”, *La Región*, 19 xullo 1997, p. 15. Informa do acto de inauguración da Mostra no que se destaca o pregón pronunciado por Basilio Losada. Recolle, así mesmo, o programa de actos do día.



-Xosé Lois Carrión, "As representacións na rúa gustan a todos", *La Región*, 20 xullo 1997, p. 20. Salienta a atención que suscita no público o teatro de rúa e comenta os actos previstos para o día.

-M. O., "El Mago Antón ofrece hoy el espectáculo de calle en La Mostra de Teatro", *Faro de Vigo*, 20 xullo 1997, p. 22. Anuncia a actuación do mago galego e as demais postas en escena da xornada.

-Xosé Lois Carrión, "Roubadas as bandeiras dos países participantes", *La Región*, 21 xullo 1997, p. 10. Informa do roubo das bandeiras dos países participantes na mostra e recolle as palabras do director da Mostra, que se magoa e denuncia o feito.

-E. P., "Unha Mostra Internacional sen bandeiras", *O Correo Galego*, 21 xullo 1997, p. 38. Refírese ó roubo das bandeiras e ó numeroso público que acode ás representacións.

-Xosé Lois Carrión, "Máis de 2.000 espectadores nas obras", *La Región*, 22 xullo 1997, p. 14. Infórmase da recadación, número provisional de espectadores e coméntase a presentación do número 15 da *Revista Galega de Teatro*.

-Raquel Feijoo, "¿Que lle aporta a MIT a Ribadavia? ¡Vida!", *La Región*, 24 xullo 1997, p. 19. Entrevista con Rubén García, director da Mostra, na que fai unha valoración dos primeiros oito días. Comenta as dificultades de organización, a aposta polo teatro de rúa e o propósito de que a vindeira edición se planifique dun xeito máis decidido.

-Xosé Lois Carrión, "Un millón de pesetas en entradas", *La Región*, 25 xullo 1997, p. 15.



Repásanse as cifras provisionais de espectadores e a recadación e sinálase a insistencia de Rubén García á hora de destaca-la xustificación do cualificativo “internacional” e ó resalta-lo prestixio que adquire o evento coa presenza de Jango Edwards.

-Xosé Lois Carrión, “O telón báixase deica o vindeiro ano”, *La Región*, 26 xullo 1997, p. 15. Dá conta da presentación de *A increíble vida de Héctor Loureiro* e recolle as palabras de Celso Parada, director de Teatro do Morcego, quen definiu a Mostra como “emblemática do teatro galego” e a súa programación como “ambiciosa”, ó tempo que suxeriu a posibilidade de traer máis teatro galego ou de que a Mostra produza algún espectáculo. Pola súa parte Rubén García comentou que ten en mente dende hai anos a posibilidade de coproducir algún espectáculo portugués. Relátase, finalmente, o argumento da obra representada por Teatro do Morcego.

-Zaida Iglesias, “MIT: diez días de variado programa teatral”, *La Región*, 27 xullo 1997, p. 17. Faise balance dos dez días de Mostra e sinálase que o presuposto de 11 millóns é o máis baixo de tódalas mostras españolas. Na nota, que cualifica de éxito a Mostra, sublíñase a especial aceptación que tiveron o teatro de rúa, a actuación do grupo suízo Teatro Sunil e o estadounidense Jango Edwards. Reprodúcense, finalmente, as palabras do director da Mostra, que indicou que este foi un ano de transición e anunciou o esforzo para superarse no vindeiro ano.

-Camilo Franco, “A Mostra mírase nos escenarios do exterior”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, nº 126, 29 xullo 1997, pp. 4-5. Tomando como marco a Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia, comeza referíndose á confirmación de certos feitos como son as diferencias de perspectiva entre o teatro europeo e o americano ou a demanda de comedia por parte do público, o que provoca que se boten de menos “espectáculos que non utilicen a comedia como linguaxe e deixen claro cal é a tensión do drama”. Camilo Franco comparte a



idea exposta por Basilio Losada no pregón ó destaca-la importancia do teatro de rúa e a implicación que provoca do espectador na obra. O autor salienta tamén a importante presenza do humor na Mostra e refírese á evolución que este evento teatral experimentou dende os seus inicios.

-Camilo Franco, “Os outros escenarios”, *Revista Galega de Teatro*, “Opiniós desde a butaca”, nº 16, novembro 1997, pp. 72-74. Artigo sobre a Mostra de Teatro de Ribadavia na que aparecen difusos os límites dos estrados e que acepta con humildade os dictados da rúa. Salienta as representacións das compañías Chévere, Matacandela de I. Piau, Compañía de Marías, Teatro Sunil e Teatro do Morcego.



IIª Mostra Internacional de Teatro Universitario

Tendo como escenario o Teatro Principal de Pontevedra celebrouse esta Mostra, organizada pola Aula de Teatro Universitario da Universidade de Vigo no campus de Pontevedra e polo Vicerrectorado de Relacións Exteriores da Universidade de Vigo entre os días 1 e 11 de maio de 1997. Participaron grupos procedentes de Estremadura, La Laguna, Madrid, Zaragoza, Arxentina, Portugal, Cuba e Brasil así como a propia Aula de Teatro de Pontevedra, que levou ás taboas *Calvino, ou se unha noite un viaxeiro..*

- Jesús G. Maestro, "Teatro universitario: ser o no ser", *Faro de Vigo*, 9 maio 1997, p. 30. Dá conta da celebración da IIª Mostra Internacional de Teatro Universitario na cidade de Pontevedra e que, organizada pola Aula de Teatro da Universidade de Vigo, no campus de Pontevedra, contou coa presenza de numerosos grupos de teatro universitarios que representaron obras de autores como Valle-Inclán, Ionesco, T. Bernhard, John Ford, Italo Calvino, etc. Polo demais comenta que están dirixidas a todo tipo de público, mais nomeadamente ó público estudiantil, ó tempo que afirma que este tipo de representacións universitarias fano sentir moi próximo á experiencia teatral.



Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”

O programa de Mostras de Teatro incluído no proxecto da Consellería de Cultura e Comunicación Social “Galicia, Terra Única”, organizou máis de 40 funcións en varias vilas galegas do 7 ó 22 de setembro: Lalín, Carballo, Monforte de Lemos, Xinzo de Limia, Porriño, Fonsagrada, A Estrada, Ortigueira, Carballiño, O Barco de Valdeorras, Boiro e Burela. Esta actividade está organizada pola Consellería de Cultura e Comunicación Social en colaboración co IGAEM e mailos concellos participantes e nela participan 33 compañías galegas. En Carballo, entre os días 9 e 13 de xuño, participaron Producións Teatrais do Sur con *Sempre Ubú*, Pífano Teatro con *Acto Imprevisto*, Ollomoltranvía con *Escola de Bufóns*, Talía Teatro con *A secreta obscenidade de cada día* e Espello Cóncavo con *Bailando en Verán*. En Monforte de Lemos, entre os días 17 e 21 de xuño, déronse cita Sarabela Teatro con *Afección*, Teatro do Aquí con *Oé, oé, oé*, Ollomoltranvía con *Escola de Bufóns* e Viravolta Títeres con *O candil marabilloso*. En Xinzo de Limia, 24 e 28 de xuño, participaron Teatro Galileo con *Pauto do Demo*, Teatro do Noroeste con *Unha rosa é unha rosa*, Compañía Marías con *A voda dos moinantes*. No Barco de Valdeorras participaron Áncora Producións con *Ladraremos*, Mofa e Befá con *Para ser exactos*, Teatro do Aquí con *Anxeliños*, Teatro do Morcego con *A increíble vida de Héctor Loureiro* e Sarabela Teatro con *Afección*. No Porriño, entre os días 30 de xuño e 4 de xullo, participaron Teatro do Atlántico con *A noite das tríades* e Ollomoltranvía con *Escola de Bufóns*. Na Fonsagrada, entre os días 8 e 12 de xullo, tiveron lugar as seguintes representacións: Rúa Viva con *Pasiño a Pasiño*; Casa da Bola con *Sala de espera*; Escoitade con *O Romance de Micomicón e Adhelada*; Aveláña con *Cantar da*



mamória; Teatro de Cámara Ditea con *Terra Baixa*; Grupo Múxicas, da Asociación Cultural Lembranzas de Portonovo, *Cousas de tódolos días* e Grupo de Teatro do Colexio Público “Espiñeiro” de Portonovo, *Cousas de tódolos días*. Na Estrada, entre os días 15 e 19 de xullo, actuaron Ditea con *Terra Baixa*, o Centro Dramático Vilalbés con *Tres na corda frouxa*, A Serna con *Petición de man*, Achádego con *A sogra* e Teatro do Vilar con *María, a mosca*. No Carballiño actuaron entre os días 7 e 11 de setembro Chévere, Teatro do Adro, Teatro do Morcego, Teatro do Aquí e Compañía Marías. Entre o 6 e o 10 no Barco de Valdeorras representaron os grupos Ollomoltranvía, Mofa e Befá, Áncora Produccións, Teatro do Morcego e Sarabela. En Boiro, entre os días 19 e 23 de agosto actuaron Arre Produccións con *A historia/histeria de Lilí Brown*, Chévere con *Órbita Mutante*, Órbita Teatro, Os Quinquilláns, Sarabela Teatro con *Afección* e Trécola con *Nª 8 da Rúa dos contos*.

-Suso Souto, “Cinco compañías participan en la ‘Mostra de Teatro’ de A Estrada”, *El Correo Gallego*, 15 xullo 1997, p. 23. Informa da presentación da Mostra, no transcurso da cal o xerente da do IGAEM, Aníbal Otero, sinalou que co proxecto “Galicia, Terra Única” sáldase unha débeda pendente co teatro afeccionado, “base do teatro profesional”. Salientou a colaboración do Banco Gallego.

Ángeles Rodríguez, “Cinco compañías gallegas en el oriente ourensano”, *La Región*, 6 setembro 1997,

15. Informa da presentación da Xª Mostra de Teatro de O Barco polo delegado provincial da Consellería de Cultura en Ourense. Dá conta das compañías participantes e das obras representadas.



-Ángeles Rodríguez, 'La obra Afección' cierra con éxito la 'Xª Mostra de Teatro do Barco', *La Región*, 13 setembro 1997, p. 43. Coméntase brevemente as obras representadas por diferentes compañías dentro da Xª Mostra de Teatro de O Barco: *Afección* de Sarabela Teatro, *Ladraremos* de Ancora Producións, *Para ser exactos* de Mofa e Befá, *Anxeliños*, de Teatro do Aquí e *A increíble vida de Hector Loureiro*, de Teatro do Morcego.



Noites de Teatro de Cariño

Xornadas organizadas polo Concello de Cariño e financiadas polo IGAEM, a Consellería de Cultura e a Deputación Provincial da Coruña. Tiveron lugar entre o 16 e o 21 de agosto de 1997. Cinco compañías participan neste programa: Espello Cóncavo coa peza *Bailando en verán*; Teatro do Atlántico con *A noite das trébades*, Ollomoltranvía con *Commedia, un xoguete para Goldoni*, Teatro do Noroeste con *Unha rosa é unha rosa* e Sarabela Teatro con *Afección*.



Nove/Dous: *Sobre o dano que fai o tabaco*, de Anton Chejov.

Dirección: Xesús Ron. Interpretación:
 Jouse García. Dramaturxia: Xesús
 Ron, Jouse García. Escenografía e
 vestiario: Ángel Nimo.

L. R., “Nove-Dous” o la aventura de hacer teatro desde Carballiño”, *La Región*, 14 setembro 1997,
 56. Refírese á compañía Nove/Dous S.L. que clausurou o Festival de Teatro Galego de O
 Carballiño coa obra *Sobre o dano que fai o tabaco*. Anuncia que a compañía xa prepara a seguinte
 montaxe sobre textos de Max Aub. Informa ademais da creación da escola de teatro Nove-Dous.

V. Vª Feira do Teatro de Galicia.
 V. Festival de Teatro Galego do
 Carballiño.



Ollomoltranvía: *Escola de bufóns*, de Michel de Ghelderode, traducción:

Cándido Pazó.

Dirección: Fabio Mangolini. Interpretación: Avelino González, Víctor L. Mosqueira, César Martínez, Marcos Orsi, Cándido Pazó, Santiago Prego, Nuria Sanz e Luis Tosar. Escenografía e vestuario: Suso Montero. Iluminación: Fabio Mangolini e Antón Vázquez. Maquillaxe: Carme Varela. Música: Fernando Reyes.

-Xabier Couselo, "Estase usando máis que nunca a cultura como propaganda", *El Ideal Gallego*, "Entrevista con", 8 marzo 1997, p. 72. Cándido Pazó, membro da compañía teatral Ollomoltranvía, comenta nesta entrevista a obra *Escola de bufóns* resaltando o fondo crítico. Pazó acusa ó poder de empregar-la cultura como se fose propaganda. Singulariza os seus ataques na uniformidade política do estado español e no conselleiro de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia.

-S. M., "Ollomol tranvía' presenta su versión de "Escola de Bufóns", *Diario 16*, 6 marzo 1997, p. 22.



Informa sobre a presentación na Coruña da obra *Escola de Bufóns*, escrita por Michel de Ghelderode e dirixida polo italiano Fabio Mangolini. A continuación resume o argumento da obra e remata apuntando outras localidades onde actuará a compañía.

-R. F., "Traxedia de oito bufóns que escaparon ó XVI", *La Región*, 5 abril 1997, p. 19. Comeza cun breve resumo do argumento da obra *Escola de bufóns* que a compañía Ollomoltranvía representou en Ourense. Segue cunha pequena entrevista a Santiago Prego, actor principal, que fala do significado da obra, dos problemas da representación e dos elementos máis destacados desta.

-F. F., "Ollomoltranvía estrena hoy 'Escola de Bufóns'", *Faro de Vigo*, 10 abril 1997, p. 15. Gábase a compañía Ollomoltranvía e cóntase o argumento da obra que se puxo en escena.

-Ana Iglesias, "Ollomoltranvía trae al Principal una obra ácida sobre los bufones", *El Correo Gallego*, 15 maio 1997, p. 11. Anúnciase a representación no Teatro Principal de Compostela da peza teatral *Escola de bufóns*, estreada en Narón en outubro de 1996. Ademais de menciona-los nomes dos intérpretes, sinálase que a obra transcorre no século XVI nun convento desconsagrado e que o principal protagonista é Folia, o bufón maior de Felipe II, que se encarga de converter en bufóns os fillos malogrados da alta aristocracia. Indícase tamén que esta peza recibiu dous premios María Casares, un á maquillaxe de Carme Varela e outro ó vestuario de Suso Montero, e que a compañía pensa presentala por toda España e Portugal.

-B. M., "Ollomoltranvía presenta hoy en Moaña la obra 'Escola de Bufóns'", *Diario de Pontevedra*, 15 novembro 1997, p. 19. Menciona a representación de *Escola de Bufóns* dentro do ciclo Teatro de Outono de Cangas.



- V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.
 - V. Ciclo de Outono de Teatro de Cangas.
 - V. Vª Feira do Teatro de Galicia.
 - V. IIº FESTEIXO.



Oquetiqueiras, *Historias íntimas do paraíso*, de Jaime Salom.

Dirección: Luis González Ramos. Interpretación: Natalia Yáñez, José M. Delgado, Charo Bañobre, Silvia de Bieito e Susana Mauriz.

-Cristina R. Calvo, “El grupo de teatro Bazán estrenará esta tarde su nuevo montaje”, *El Ideal Gallego*, 3 decembro 1997, p. 9. Infórmase da representación de *Historias íntimas do paraíso* que realizará o grupo O que ti queiras no Colexio Lestonacc. Faise referencia ó nacemento deste grupo nun taller de teatro da sociedade Bazán e ó seu proceso de consolidación no que destaca o terceiro premio de teatro galego “Xuventude 97” con *Maribel*, obra que tamén representan en versión castelá. No referente a *Historias íntimas do paraíso* explícase que ten como base “as lendas hebreas que falan dunha muller anterior a Adán”, noméanse os compoñentes do grupo e anúnciase a próxima actuación en Valdoviño, A Picota e Narón. Refírese finalmente a que grupo prepara a estrea de *Quen quere te quere* e *Sólo para homes*.

-V. IIº Encontro de Teatro de Camariñas.



VIº Outono de Teatro de Carballo

Celebrouse entre os días 27 e 31 de outubro. Participaron cinco compañías: Lavi e Bel con *Paradisi*, Ángel Ruíz e Mariano Martín con *Canciones animadas*, Leo Bassi con *Instintos ocultos* e Yllana con *Glub, Glub*. Ademais da galega Áncora Produccións, que puxo en escena *Ladraremos*. Organizado pola asociación escénica “Telón e Aparte” co patrocinio do Concello de Carballo e unha serie de entidades privadas. Tivo como marco o cine Rega

-M. Negreira, “El “Outono de Teatro” de Carballo reunirá a grupos de todo el mundo”, *El Ideal Gallego* 19 outubro 1997, p. 15. Fai referencia á presentación do Outono de Teatro 97 de Carballo. Informa dos prezos das entradas e da posibilidade de retirar bonos e destaca o “caché” do cartel. Comenta que con este evento Carballo está a facerse un oco no panorama do teatro galego. Neste sentido o alcalde destacou a categoría internacional e o alto nivel do ciclo. Pola súa parte, Alberto Sueiro, presidente de “Telón e Aparte” afirmou que tralo Festival Internacional da Coruña e a Mostra de Ribadavia, o de Carballo sitúase entre as creacións máis importantes de Galicia e dixo que buscaron un cartel ameno, diferente e innovador.

-J. Nogareda, “Éxito de la compañía Yllana en el ‘Outono de Teatro’ de Carballo”, *El Correo Gallego*, 2 novembro 1997, p. 21. Sublíñase o éxito desta compañía na derradeira xornada do ciclo e o agradecemento dos organizadores ó público pola súa participación continuada e polas “excelentes críticas” que se recibiron pola calidade e diversidade nesta VIª edición.



Os Paposi, *Paralelos*, creación colectiva do grupo.

Dirección: Lucho Penabade. Interpretación: Andrés Pámpano, Helena Armesto, Xabier Turnes, Fernando González, Francisco Montoto, Xurxo Vázquez, Belén Lage, Idoia Jarabo, Viki Mateo, Ana Justo, Laura Fernández, Ana M^a Ponte, Patricia Couto, Macarena Blanco, Paula García, Raquel Prego, Mónica Fernández, Ana Serrano e Montserrat Gómez. Escenografía: Pepe Penabade. Deseño de iluminación: Nazaré da Vila. Sonido: Paco Nogueiras. Vestiario: Os Paposi.

-D. P., "Os Paposi", de la Facultad de Filosofía de Santiago, pone en escena "Paralelos", *Diario de Pontevedra*, 28 maio 1997, p. 10. Refírese á actuación do Clube de Teatro ferrolán na cuarta xornada da Mostra de Teatro Universitario Galego con *A sensación de Camelot*. Indícase a orixe deste grupo e a súa vocación como canalizador das iniciativas dos estudantes. No referente a Os Paposi, da Facultade de Filosofía da Universidade de Santiago sitúase a orixe da compañía nun curso de iniciación ó teatro en 1996 e realízase unha sinopse da obra *Paralelos*.

V. IV^a Mostra de Teatro Universitario. Pontevedra.

V. III^o Ciclo de Teatro Universitario da Universidade de Santiago.



Pífono Teatro: *Acto imprevisto*, de Miguel Gallego.

Director: Xosé M. Olveira "Pico". Axudante de dirección: Susana Dans. Interpretación: Mela Casal, Gloria Ferreiro e Xavier Picallo. Música: Santi Pintos. Vestuario e maquillaxe: Carmela Montero. Esenografía e iluminación: Kukas.

A. Iglesias, "Teatro Pífono se despide del Principal con 'Acto imprevisto'", *El Correo Gallego*, 22 outubro 1997, p. 13. Informa sobre a representación da obra *Acto imprevisto* por parte da compañía Teatro Pífono, creada en 1992. Comenta que se retrata a relación establecida entre dúas mulleres da limpeza e un técnico de luces dunha compañía teatral, na que se tratan temas de actualidade tentando "crear un mundo en el que la realidad sea satirizada y colocada en otro contexto". Destaca a boa acollida que a montaxe tivo entre o público que asistiu ó Teatro Principal de Santiago na primeira representación da obra.

A. Hevia, "El grupo Teatro Pífono representará esta noche la obra 'Acto Imprevisto' ", *El Correo Gallego*, 31 outubro 1997, p. 28. Informa da representación en Boiro e inclúe o nome dos actores protagonistas e o argumento da obra, que xira arredor de cuestións da vida cotiá e da actualidade.



-C. B., “Títeres, teatro y música componen el ‘Mes do Nadal’ nicrariense”, *El Correo Gallego*, 10 decembro 1997, p. 16. Cítanse toda unha serie de actos culturais no Mes de Nadal de Negreira entre os que se encontra a actuación de Títeres Falcatrúa e de Teatro Pífano con *Acto imprevisto*.

V. Vª Feira do Teatro de
Galicia.

V. Mostra de Teatro de Cee.



Pilar Pereira: *Ofelia ou a virtudd do pudor*.

-Cristina R. Calvo, “Los recuerdos de toda una vida en la pieza teatral ‘Ofelia ou a virtudd do pudor’”, *El Ideal Gallego*, 15 outubro 1997, p. 9. Infórmase da actuación de Pilar Pereira dentro dos “Xoves Teatrais”. Coméntase que a obra naceu con motivo da IIIª Semana do Teatro Galego do Instituto Otero Pedrayo en 1996. Logo de se reproducir-lo argumento apúntase o ritmo trepidante da peza, o final inagardado así como a presenza dunha única actriz representando diferentes personaxes que consegue mante-la atención. Segundo a nota “a historia de Ofelia podería se-la de calquera muller cunha adolescencia inocente que descobre novas experiencias que quedan para sempre gravadas na súa memoria”.



Produccións Teatrais do Sur: *Sempre Ubú*, de Alfred Jarry, traducción de Celso Parada.

Dirección: Etelvino Vázquez. Interpretación: Celso Parada, Eduardo R. Cunha, Mundo Villalustre, Miro Magariños, Casilda García e Sonia Rúa. Escenografía: Pablo Giráldez, E. Vázquez. Música: Mike Cohen. Iluminación: Etelvino Vázquez.

-A. G. C., “¡Sempre Ubú! oito anos despois”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, 23 novembro 1997, p. 3. Informa da próxima representación de *Sempre Ubú* no Teatro Principal de Pontevedra por Produccións Teatrais do Sur, formado da unión das compañías canguesas Teatro do Morcego, Tanxarina e Teatro de Ningures. Destácase que a obra está a ter éxito por alá onde vai o director Etelvino Vázquez apunta que é outro Ubú diferente ó de hai oito anos, cun equipo variado, un texto distinto aínda que o director sexa o mesmo. Segundo este o dinamismo da primeira versión derivou nunha “acidez máis pousada, o humor máis directo e xuvenil en madura retranca”. Confesa, así mesmo, que o que o animou a decidirse “unha vez máis” foi a opción do “teatro gamberro” en momentos dun aumento das tendencias dun teatro clásico.



D. P., "Producciones Teatrais do Sur, pondrá en escena la obra "Sempre Ubú", *Diario de Pontevedra*, 23 novembro 1997, p. 14. Con motivo da actuación de Producións Teatrais do Sur no Teatro Principal de Pontevedra coméntase que *Sempre Ubú* é unha farsa que pretende chegar a tódolos públicos e especialmente ós mozos. Saliéntase que os membros da compañía considéranla interesante por ser unha comedia áxil e divertida e explican que se inspiran na situación política do momento en España e na familia de Ceaucescu. Finaliza informando de que a obra conta cun presuposto de dous millóns e medio de pesetas.

D. P., "La compañía de Cangas representará la obra de Alfred Jarry 'Sempre Ubú', *Diario de Pontevedra*, 24 novembro 1997, p. 10. Repítese a información da noticia anterior.

D. P., "Ultimo día de "Sempre Ubú" de Jarry en el Principal", *Diario de Pontevedra*, 26 novembro 1997,

10. Anuncia a última actuación de Producións Teatrais do Sur no Teatro Principal de Pontevedra coa obra *Sempre Ubú*, que, segundo a información, está inspirada na situación política de España e na familia Ceaucescu.

-A. A., "Caixa Galicia patrocina una sesión de teatro en el Instituto", *Diario de Pontevedra*, 30 novembro 1997, p. 16. Infórmase de que a Fundación Caixa Galicia, na súa sección de obras sociais, patrocina e organiza diversas sesións de teatro para estudantes en localidades de Pontevedra. Anúnciase así a representación de *Sempre Ubú* no Johan Carballeira de Bueu. Sinálase que a obra xa foi representada en Forcarei e pronto chegará a Tomiño.



- V. Feira do Teatro de Galicia.
- V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.
- V. IIIª Mostra de Teatro na Pedreira.



Os Rompeosos: *Eugenio Granell, feiticeiro*.

-A. I., "Os rompeosos 'tomaron' Bendaña con una obra de teatro sobre Granell", *El Correo Gallego*, 30 maio 1997, p. 11. Informa da estrea de *Eugenio Granell, feiticeiro* no Pazo de Bendaña. Explica que a obra é unha viaxe do "mestre" surrealista e aborda a maxia de Granell, do soño, a poesía e a liberdade.



Rúa Viva: O rabo do Diaño.

- L. R., "El grupo Rúa Viva escenifica la obra 'O Rabo do Diaño'", *La Región*, 28 xuño 1997, p. 32.
Anuncia a actuación do grupo como "prato forte" das festas de San Pedro de Moreiras.



Sala Galán

Sala independente de Santiago de Compostela que forma parte do circuío de salas alternativas españolas e na que se organizan actividades teatrais, debates e cursos sobre o teatro. A encargada da programación, Ana Vallés e directora do grupo Matarile Teatro é quen sustenta a sala. O local tamén acolle danza, recitais, exposicións, etc. No primeiro trimestre do ano 1997 tiveron lugar as seguintes representacións: *Para o Leste de Gantry* e *Cantos contos contos*, de Factoría Teatro; *Nano*, de Teatro do Adro; *Nenerías*, de Teatro Galileo; *Negro é negro*, de Matarile e *Cachorros sen domesticar*, de Teatro Bruto. Ademais impartíronse un curso de iluminación por Roberto Vidal Bolaño e un curso de voz por Etelvino Vázquez. Ademais celebrouse unha campaña de teatro para escolares, unha mesa redonda coordinada por Manuel Vieites e un Taller de Danza impartido por Mónica Valenciano. No mes de marzo levouse a cabo a terceira edición do espectáculo de rúa *En pé de pedra*, no que participaron compañías españolas e europeas. A finais de abril tivo lugar a quinta edición dos curtos de teatro e en novembro o ciclo denominado Teatro de operacións, que vai destinado a artistas non vencellados directamente co teatro.

-Ana Iglesias, "La Galán centra su programación trimestral en las producciones teatrales gallegas", *El Correo Gallego*, 11 xaneiro 1997, p. 9. Refírese á presentación do programa trimestral da Sala.



-Quique Chuvieco, "La Sala Galán coproducirá espectáculos con varias compañías gallegas", *El Ideal Gallego*, 11 xaneiro 1997, p. 10. Presentación do programa previsto pola Sala Galán para o primeiro trimestre do ano. Ademais de nomear tódalas actividades, salientase que a Sala pretende promociona-lo teatro galego, realizar cursos de voz e iluminación e coproducir espectáculos con compañías compostelás como Factoría Teatro e Teatro Bruto.

-M. L., "La Galán traerá a Compostela en junio teatro y danza europea para la edición 'En pé de pedra'", *El Correo Gallego*, 19 marzo 1997, p. 10. Informa da presentación da programación, por parte dos responsables da Sala Galán (Ana Vallés e Baltasar Patiño), da terceira edición de *En pé de pedra*, "evento callejero", que este ano engadirá representacións teatrais ó xa tradicional espectáculo de danza contemporánea. Lémbrese o éxito das edicións pasadas e di que nesta ocasión, ademais das españolas, contarase con seis compañías de diferentes cidades europeas. Sublíñase, a seguir, a idea de trasladalo espectáculo *En pé de pedra* a outras cidades que "han mostrado su interés para hacer intercambios", e o desexo de ampliar fronteiras por parte da sala presentando dous proxectos ó programa europeo. Por outra banda apúntase a presentación a cargo dos responsables da Galán dunha publicación especial "que recoge la programación de los tres primeros años de vida" onde se "refleja el elenco de artistas que desde abril del 1993 han pasado por esta sala".

-Ana Iglesias, "Grandes nombres del teatro llevan a la Sala Galán sus "Curtos" más personales", *El Correo Gallego*, 29 abril 1997, p. 8. Dá conta do inicio da quinta edición dos curtos de teatro que achegarán ó público oito propostas teatrais. Segundo algúns dos participantes destas pezas son proxectos breves que saen do comercial co obxectivo de que o público o pase ben.



-P. C., “*Sala Galán*, cultura alternativa en loita pola supervivencia”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 777, 8 maio 1997, p. 27. Explícase a apertura da Sala Galán da man de Teatro Matarile en 1993 como alternativa ós circuítos e salas dependentes da Xunta ou dos Concellos e como canle de espectáculos contemporáneos e non convencionais. Faise referencia á variedade de propostas culturais que van dende danza a música pasando polos Curtos de Teatro Galego ou cursos relacionados coas artes escénicas. Resáltanse ademais os problemas económicos xa que as axudas limítanse ó convenio co Concello de Santiago, os apoios “simbólicos” do IGAEM e do Ministerio de Cultura así como a axuda da Universidade. Finalmente recóllense as palabras de Ana Vallés de Matarile Teatro quen considera que sen subvencións a cultura está hipotecada porque se ve abocada á comercialización en detrimento da creatividade.

-D. J., “Unha viaxe ó Paraíso”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 28 novembro 1997, p. 36/p. 11. Infórmase das representacións teatrais e culturais de distinta temática e en distinto soporte que teñen lugar na Sala Galán: *Búsqueda de identificación co entorno*, video de Serafín Marcos baseado no paso do tempo e na solidariedade dos veciños con José “O portujés”, “quen cargou cunha pedra de oitenta quilos durante seis horas”. María Ruído, Chus Pato e María Esteirán servíronse do conto *A sireniña* para reflexionar sobre as “automutilacións que nos poñemos a nós mesmos por amor”; Ana Romaní, Antón Lopo e Zoé Noia realizan un recital en *O outro extremo do paraíso* baseándose en textos da obra *Om*, de Antonio Rodríguez e conseguen segundo Antón Lopo “unha experiencia moi novidosa polo contacto directo”, e finalmente, o Grupo Matarile escenifica *Dipuito di blu*, que supón a “transformación do espacio”. Realízanse todas estas actividades no marco da terceira edición do “Teatro de operacións” que vai dirixido a artistas non vinculados co teatro. Recórdanse as *performances* que se realizaron nas edicións anteriores.



Carmen Vidal, “Poesía e arte á escena”, *A Nosa Terra*, nº 807, “Guieiro Cultural”, 4 decembro 1997,

24. Informa que por terceira vez a Sala Galán achega en “Teatro de operacións” espectáculos que combinan quefaceres artísticos cunha boa dose de dramaturxia. Recorda que no sábado 28 de novembro Serafín Marcos escenificou o transporte por estrada e a pé dun morto na exposición *Acción* (video); que Chus Pato, María Esteirán e María Ruído fixeron un “crúo alegato contra a dominación das mulleres” valéndose do conto *A serea* de Andersen; Ana Romaní e Zoé Noia a montaxe “O outro lado do paraíso” sobre a base de textos de *Om*, de Antón R.López. Para rematar, o grupo anfitrión sorprendeu con *Dipuito di blu*, comezando cunha composición minimalista.



Samoeiro: *Catro Contos*.

-J. A. Parga, "Brollón se une a las 'Letras Galegas' con un festival folklórico este fin de semana", *El Progreso*, 21 maio 1997, p. 21. Anuncia a actuación do grupo na Pobra do Brollón xunto con Faro-Miño dentro dos actos da Asociación Cultural Samoeiro co gallo do Día das Letras Galegas.



Sarabela Teatro (1): *Afección*, de Ánxeles Cuña Bóveda, Begoña Muñoz Saa, Carlos Couceiro e Fernando Dacosta.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Interpretación: Fernando Dacosta, Fina Calleja, Suso Díaz, Pablo Rivero, Serxio Pazos. Dirección da montaxe: Ánxeles Cuña. Música: Arturo González. Vestiario: Carmela Montero.

-Alvarado, "Puesta en escena del humor, del amor, de la emoción y la simpatía", *La Región*, 5 marzo 1997, p. 19. Refírese á obra teatral *Afección*, aplaudindo o seu paso polos escenarios e cualificándoa como "teatro de vanguardia" polas técnicas e polo contexto teatral no que se insire. A seguir opina que o teatro debe nacer da imaxinación e da creatividade, "no de las traducciones o los refritos", e obxecta a pésima pronuncia do idioma, "víctima de una prosodia ignorada o a menudo despreciada". Comenta o aburrimiento que provoca no público o feito de se ter que converter nun crítico "ante los hechos que el teatro ofrece, incluido el hecho humano", por iso saúda a presenza da finura na creación de Sarabela Teatro.

-Raquel Feijoo, "Un salto ó vacío", *La Región*, 10 marzo 1997, p. 10. Conversa con Ánxeles Cuña, directora da obra *Afección*, que está a representar Sarabela. Fai un repaso pola creación do texto e da montaxe. Comenta o vestiario, a música, a escenografía, o argumento e as



dificultades para leva-lo texto á escena. Cuña remata falando dos actores, dos espectadores e do significado de *Afección*.

D. P., “Sarabela Teatro, pondrá en escena en el Principal la obra ‘Afección’”, *Diario de Pontevedra*, 16 marzo 1997, p. 10. Dá conta da representación da última montaxe do grupo Sarabela Teatro na cidade de Pontevedra á vez que nomea as persoas que forman parte deste grupo.

D. P., “Mañana Sarabela pondrá en escena ‘Afección’”, *Diario de Pontevedra*, 17 marzo 1997, p. 8. Anúnciase a representación a cargo de Sarabela Teatro da obra *Afección*, de Begoña Muñoz Saa, Carlos Couceiro, Ánxeles Cuña Bóveda e Fernando Dacosta. Inclúese tamén a composición do reparto.

-Bambalina, “Afección”, una obra que le hará reír, emocionarse, reflexionar...”, *Diario de Pontevedra*, 18 marzo 1997, p. 12. Anuncio da posta en escena no Principal de Pontevedra da obra *Afección*, dirixida por Ánxeles Cuña Bóveda. Fai ademais un breve comentario de carácter argumental e nomea os integrantes da dramaturxia e do reparto.

-S. C., “O grupo Sarabela continúa con ‘Afección’”, *O Correo Galego*, 24 maio 1997, p. 34. Informa do éxito alcanzado pola Compañía de teatro Sarabela coa representación da obra *Afección*. Segundo o articulista, a obra “intenta conxugar cine e teatro”. Remata o artigo cunha sucinta alusión ó argumento.

-Manuel F. Vieites, “Fragmentos de apocalipse(s)”, *Tempos Novos*, nº 4, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, setembro 1997, p. 90.



Resúmese o argumento desta peza, salientando que nace a partir da sida que sofre un actor e que a enfermidade vai ser compartida por un grupo de amigos que fan do teatro a razón da súa existencia. Segundo o crítico, combínanse deste xeito escenas de paixón teatral coa progresión da doenza. Considera que se trata dun núcleo temático de actualidade que parte dunha peripecia singular pero que carece do desenvolvemento necesario. Opina que *Afección* é un “exercicio de estilo, unha mostra básica de exercicios elementais”, unha proposta “sinxela de máis para unha compañía que goza dun recoñemento institucional”.

V. VIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

-V.Vª Feira do Teatro de Cariño.

-V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Sarabela Teatro (2): *A Esmorga*, de Eduardo Blanco Amor, adaptación de Begoña Muñoz e Carlos Couceiro.

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda. Axudante de dirección: Quico Cadaval. Interpretación: Fernando Dacosta, Elena Seijo, Suso Díaz, Serxio Pazos, Pilar Pereira, Fina Calleja, Sabela Gago. Escenografía e máscaras: Xesús Costa. Iluminación: Antón Rodríguez, Suso Díaz. Vestiario: Carmela Montero. Música: Arturo González.

-R. F., "De 'esmorga' con Blanco Amor", *Diario de Pontevedra*, 28 outubro 1997, p. 16. Informa da representación da obra *A esmorga* por parte da compañía Sarabela no Teatro Principal de Ourense. Comenta que está baseada na novela de Eduardo Blanco Amor, a quen "se quere rendir homenaxe con motivo do centenario do seu nacemento". Destaca que os adaptadores, Ánxeles Muñoz e Carlos Couceiro, dixeron que a obra "trata problemas universais" Inclúense os nomes dos actores e os horarios das representacións.

-Raquel Feijoo, "A Esmorga' xa é unha obra viva", *La Región*, 29 outubro 1997, p. 14.



Entrevista con Ánxeles Cuña, directora de Sarabela Teatro, na que explica as dificultades da posta en escena de *A Esmorga* e a súa representación en Ourense a onde voltan logo de cincuenta representacións. A entrevistada considera que hai un antes e un despois de *A Esmorga* nesta compañía e di que a obra está viva, circunstancia pola que se amosa satisfeita. Afirmar, así mesmo, que a pesar de tantas representacións a obra “non perde forza” e cre que o segredo para enganchar ó espectador é a veracidade. Finalmente, maniféstase ilusionada pola representación que van facer na Mostra de Teatro das Comunidades en Madrid e agarda que a obra se manteña en escena moito tempo ademais de se referir a *Tics*, próxima montaxe desta compañía.



Semana Cultural de Dodro

Organizada polo Concello de Dodro, desenvolveuse entre o 15 e o 20 de decembro. Concluíu coa entrega do Xº Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón. Entre outras actividades tiveron lugar varias representacións: Grupo Teatral A Serna de Rois con *O Oso* e *A petición de man*; Grupo Porta do Camiño de Santiago con *A tía Lambida* e *Galicia en festas* e o Mago Antón con *Insólito por antonomasia*.

-Uxía López, “El Concello de Dodro concluirá su Semana Cultural con la entrega del premio Baleirón”, *La Voz de Galicia*, 10 decembro 1997, p. 49. Anúnciase o programa da Semana Cultural de Dodro organizada polo Concello entre o 15 e o 20 de decembro. Dáse conta das representacións teatrais que terán lugar e do resto de actividades. Sinálase que concluirá coa entrega do Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón o día 28.



XVIª Semana de Teatro de Rianxo

Celebrouse no mes de agosto. Participou o grupo teatral Risoterapia Inversores e Teatro do Adro coa peza *Nano*.



Talía Teatro: *A secreta obscenidade de cada día*, baseada nun texto de Marco Antonio de la Parra.

Director: Cándido Pazó. Interpretación:
Francisco Lestón e Artur Trillo. Escenografía
e vestuario: Carlos Alonso. Música: Fernando
Fraga. Maquillaxe: Martina Cambeiro.

-María Varela Liñares, “La compañía Talía descubre “la secreta obscenidad de cada día”, *El Correo Gallego*, 25 febreiro 1997, p. 11. Informa sobre a representación na sala Galán de Santiago da obra *A secreta obscenidade de cada día* baseada nun texto do escritor chileno Marco Antonio de la Parra. Salienta que a recadación é para os Comités de Solidariedade de América Latina. O comentarista manifesta a súa especial atracción polos escritores latinoamericanos.

-A. H., “Teatro en la Casa de Cultura de Boiro”, *El Correo Gallego*, 14 febreiro 1997, p. 20. Anuncia a actuación en Boiro de Migallas con *O cantante e as mulleres* e de Talía Teatro con *A secreta obscenidade de cada día*. Comenta o argumento da obra representada por Migallas e sinala que o grupo foi creado en 1992, coa finalidade de fomenta-la práctica teatral e musical. Destaca a ampla experiencia dos membros do grupo na arte dramática e como monitores de teatro.



V. Vª Feira do Teatro de Galicia.

V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Teatro Barato (I.E.S.P. Vilanova de Arousa): *Mulleres e Homes... e viceversa*, de Sergi Belbel.

-M. C., "A Compañía 'Teatro Barato' de Vilanova representan Mulleres e Homes... e viceversa", *O Salnés*, nº 61, 10 marzo 1997, p. 1. Informa da representación na Casa da Cultura da Illa. Salienta o contido feminista da peza e a sinxeleza da posta en escena.



Teatro Bruto: *Cachorros sen domesticar*, de Xavier Picallo.

Dirección: Xavier Picallo. Interpretación: Xavier Picallo,
 Gloria Rico e Pablo Rodríguez. Deseño: Gerardo Fuentes.
 Escenografía, vestuario e selección musical: Teatro Bruto.
 Iluminación: Xabier M. Oro. Fotografía: Robert Bass.

-L. B., “La nueva compañía de Picallo busca “al público virxe” que no suele ir al teatro”, *La Voz de Galicia*, 15 xaneiro 1997, p. 41. Saúdase a aparición no panorama teatral compostelán e galego dunha nova compañía: Teatro Bruto, que vai estrear en Santiago a súa ópera prima: *Cachorros sen domesticar*. Explícase que esta agrupación pretende moverse no “terreo da investigación e do teatro vangardista”. Aproveitando este xurdimento constátase a posición referencial que ocupa Compostela dentro do ámbito dramático galego e faise unha lista dos numerosos grupos asentados na capital do noso país.

-Quique Chuvieco, “Teatro Bruto se presenta en Santiago con “Cachorros sen domesticar”, *El Ideal Gallego*, 16 xaneiro 1997, p. 11. Informa da presentación en Santiago de Teatro Bruto, compañía teatral creada en 1996 e que se estrea coa obra *Cachorros sen domesticar*, baseada nun poemario de Xabier Picallo. Os membros do grupo declaran que a súa intención é “abrir espacios de investigación e experimentación, garantir que ninguén



quedará indiferente ás súas obras". Finalmente, dá a noticia dun curso de voz impartido por Etelvino Vázquez na sala Galán.

-A. I., "Teatro Bruto presenta hoy en Área Central su último montaje poético", *El Correo Gallego*, 10 maio 1997, p. 10. Breve referencia á posta en escena da obra *Cachorros sin domesticar*, a cargo de Teatro Bruto.

-Francisco P. Lorenzo, "Teatro galego no alén do Douro", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 181, 16 outubro 1997, p.7.

V. Elsinor Teatro: *O regreso*.

V. Vª Feira do Teatro de Galicia.

V. Sala Galán.



Teatro da Lúa (1): *Entre Bastidores*, de Dorotea Bárcena.

Dirección: Dorotea Bárcena e Ovidio L. Blanco. Interpretación: Cristina Domínguez Dapena, Beatriz Graña, Alfredo Rodríguez e Dorotea Bárcena. Deseño de escenografía e vestuario: Ovidio L. Blanco. Escenografía e atrezzo: Teatro de la Medianoche S.L. Iluminación: Manuel Núñez Romaniega. Grafismo: María Esteirán, Juliana González, Berta Álvarez Cáccamo. Producción: Teatro da Lúa S.L.

-Fernando Franco, "Entre bastidores", *Faro de Vigo*, 31 xaneiro 1997, p. 14. Anúnciase a representación en Vigo desta obra escrita, dirixida e interpretada por Dorotea Bárcena. O artigo recolle as súas palabras e as das actrices Cristina Domínguez e Beatriz Graña nas que comentan a obra e os esforzos que require unha montaxe.

-Javier D. Campa, "Dorotea Bárcena: "La situación del teatro es dramática por falta de voluntad política", *Atlántico Diario*, 31 xaneiro 1997, p. 40. Informa da presentación da obra *Entre bastidores*, da que é autora e recolle as palabras de Dorotea Bárcena, quen fai uns comentarios sobre o argumento e os obxectivos do espectáculo, centrado na Guerra Civil española por entender que se trata dun tema que aínda deixa pegada na xente. Afirmar a autora que é unha reflexión sobre a guerra, a liberdade e o tipo de sociedade actual, e que non pretende



presentar unha obra moi complexa. Remata falando sobre a situación do teatro en Galicia, que considera “dramática” por falta de interese e vontade política.

-Carlos C. Vizcaíno, “Os cómicos do ano 36”, *El Ideal Gallego*, 2 febreiro 1997, p. 51. Informa da presentación en Vigo da obra *Entre Bastidores*, de Dorotea Bárcena, que amosa a súa preocupación por procurar temáticas e discursos novos e pola erosión que sofre a programación do teatro. Solicita, así mesmo, a creación dos estudos superiores de Arte Dramático.



Teatro da Lúa (2): *As troianas. Botín de guerra*, baseada en textos de Eurípides.

Dirección: Dorotea Bárcena e Gina Piccirille. Interpretación: Dorotea Bárcena, Alfredo Domínguez, Cristina Domínguez Dapena e Beatriz Graña Barcía. Producción: Teatro da Lúa.

-Camilo Franco, “Rexistros da traxedia”, *La Voz de Galicia*, ano I, nº 3, 2 decembro 1997, p. 2. Comentario de *As Troianas* no que Camilo Franco salienta a falta de ambición de Teatro da Lúa “para sacar ó espectador da súa reticencia a contemplar a dor” e considera que malia que os argumentos son os mesmos ca hai dous mil anos, os rexistros cambiaron moito máis do que se deixa ver nesta representación.



Teatro da Salamántiga: *Hai que desfacer a casa*, de Sebastián Junyent.

Dirección: Manuel Areoso. Axudante de
Dirección. Luisa Merelas. Deseño e
iluminación: Antonio Simón. Interpretación:
Amalia Gómez e Elina Luaces.

-Albino Mallo, “Dúas grandes actrices preparadas para desface-la casa”, *O Correo Galego*, 11 febreiro 1997, p. 48. Logo de lembrar que o teatro galego se caracteriza por montar obras con poucos actores dados os baixos orzamentos, o autor pon *Hai que desfacer a casa* como exemplo de obra importante con poucos actores. Albino Mallo céntrase na representación que tivo lugar en Santa Cruz de Oleiros e destaca a gran categoría das dúas actrices que permanecen no escenario durante dúas horas. Afirmo que o argumento “está escrito expresamente para grandes divas” e vese revalorizado pola interpretación. Refírese tamén á posibilidade de que agora consigan contratacións polo que pide que se volva a organiza-la Feira do Teatro.



Teatro para Lis, *Tatechepo*.

Interpretación: Lois Soaxe Piñeiro y Ricardo Soaxe.

-R. F., “Una original propuesta escénica”, *La Región*, 31 decembro 1997, p. 16. Anuncia a actuación do grupo na Agrupación Cultural Auriense e coméntase a combinación da narración oral, música e malabares. Os propios actores sinalan que se trata dunha “divertida e arriscada posta en escena” e explican que dada a procedencia celta da maioría dos contos galegos decidíronse a seleccionar cinco contos celtas (bretóns e irlandeses) titulados: “Os pezuños da vaca encantados”, “Xaneiro e febreiro”, “Mac Cormagh no país da maxia”, “O gaitero e o trasno” e “Os trasnos de Fiulledo”.

-U. F., “Teatro de Lis’ vuelve a escena con cuentos celtas y juegos malabares”, *Faro de Vigo*, 5 xuño 1997, p. 12. Anuncia a estrea da obra no Café Teatro Odeón, o que supón a volta do grupo tras un período de inactividade. Explica que *Tatechepo* consiste nun espectáculo creado a partir de contos celtas nos que se combinan xogos malabares e música en directo. Fai referencia, tamén, á dramatización dos contos, ó propósito de recuperar historias “do máis fondo do noso subconsciente cultural” e á perda de costume por escoitar.



Teatro do Adro: *Nano*, adaptación sobre a obra *Tic-Tac* de Suso de Toro por de Carlos Blanco, X. A. Porto e Cándido Pazó.

Dirección: Cándido Pazó.

Interpretación: Xosé A. Porto, Josito.

-Quique Chuvieco, "Nano' o la soledad de un trágico que sufre inmovilismo e incomunicación", *El Ideal Gallego*, 24 xaneiro 1997, p. 11. Con motivo da posta en escena da obra *Nano*, recóllense as opinións do seu director Cándido Pazó que define a obra como un triángulo amoroso entre actor, palabra e espectador. Xosé Antón Porto "Josito" encargado de dar vida ó protagonista, analiza o seu personaxe do que afirma que se dedica a pensar e a non vivir. Por último recolle algunhas reflexións de Cándido Pazó acerca das dificultades no proceso de adaptación e as perspectivas doutras representacións.

-Lupe Gómez, "A vida aberta co bisturí", *A Nosa Terra*, nº 763, "Guieiro Cultural", 30 xaneiro 1997, p. 24. Comentario da posta en escena de *Nano* no que se sinala a presenza dun discurso dobre: o literario, caracterizado pola súa autonomía e o teatral que non é secundario nin fillo do anterior. Lupe Gómez analiza os movementos do protagonista, apunta que o discurso de *Nano* vai polos carreiros da filosofía e refírese ó conflito do amor e do sexo, da traxedia e da covardía. Sublíñase, ademais, o carácter aberto do personaxe, o papel do silencio e a austeridade da escenografía. Conclúe centrándose na combinación da imaxinación e a loucura e no enriquecedores que resultan os personaxes cando son complexos.



-R. F., “*Nano*, una obra tierna y cruel”, *La Región*, 24 abril 1997, p. 19. Informa da representación no Mosteiro de Xagaza da obra *Nano* por Teatro do Adro, dirixida por Cándido Pazó e interpretada por Xosé A. Porto “Josito”. Comenta que o actor desenvolve un monólogo extraído da novela *Tic-Tac* de Suso de Toro que divirte ó público e que se converte nunha filosofía da vida .

-A. Hevia, “La obra de teatro ‘Nano’, de Suso de Toro, se estrena hoy en Boiro”, *El Correo Gallego*, 7 novembro 1997, p. 17. Informa da representación de *Nano* e *Soños dun seductor* (Teatro do Imprevisto) na Casa da Cultura de Boiro. Cítanse os nomes dos responsables da montaxe e sublíñase o recoñecemento da crítica que está a ter *Nano*. No tocante a Teatro do Adro, sinálase a vocación deste grupo de montar espectáculos “de pequeno formato que se poidan exhibir en todo tipo de espacios teatrais”.

-B. M., “El Ciclo de Teatro de Moaña incluye hoy la obra ‘Nano’ en el cine Veiga”, *Diario de Pontevedra*, 25 outubro 1997, p. 17. Dá conta da actuación de Teatro do Adro representando *Nano* dentro dos Circuitos Culturais da Xunta de Galicia. Saliéntase o recoñecemento da crítica e sinálase que o grupo naceu en 1994 coa vocación de montar espectáculos de pequeno formato en todo tipo de espacios teatrais.

-Camilo Franco, “Parodia e vinganza”, *La Voz de Galicia*, “Entreacto”, 3 xuño 1997, p. 73. Comeza referíndose á dificultade de discernir qué parte da burla é realidade e qué porcentaxe da ironía non e realismo. Comenta ademais que a parodia é “un campo sutil que xoga con texto e contexto” e nese sentido considera que Teatro do Adro, en *Nano*, ten calculada a distancia. No tocante ó humor de *Escola de Bufóns* salienta a presenza da dor.

-V. Festival de Teatro Galego do Carballiño.



- V. Sala Galán.
- V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.
- V. Vª Feira do Teatro de Galicia.
- V. IIº FESTEIXO.
- V. Mostra de Teatro de Cee.
- XVIª Semana de Teatro de Rianxo.



Teatro do Aquí (1): *Anxeliños. Comedia satánica*, de Roberto Vidal Bolaño.

Dirección: Roberto Vidal Bolaño. Intérpretes: Roberto Vidal Bolaño, Xoán Carlos Mejuto, Evaristo Calvo, Ursia Gago e Anabel Gago. Producción: Belén Quintana.

G. Luca de Tena, "Que demos de anxos", *A Nosa Terra*, nº 767, "Guieiro Cultural", 24 febreiro 1997,

24. Coméntase a montaxe *Anxeliños. Comedia Satánica*, de Teatro do Aquí, escrita e dirixida por Roberto Vidal Bolaño. Resúmese o argumento destacando dous personaxes: Charli Ramos (profesional da estafa) e Damián Ramos (un asasino). Saliéntase a Roberto Vidal como "o primeiro escritor dramático que ten o país".

-R. F., "Se hoxe o demo quixera pactar con nós sairía tranquilo", *La Región*, 21 marzo 1997, p. 20. Co motivo da representación no Teatro Principal da obra *Anxeliños*, "comedia de ritmo cinematográfico que presenta unha revisión do mito de Fausto", R. F. entrevista a Roberto Vidal Bolaño, actor, director e escritor da mesma obra. Ó longo da entrevista comenta o seu interese por aborda-lo mito de Fausto, a diferenza existente entre *Anxeliños* e outras obras escritas para o Teatro do Aquí, e certos aspectos referidos á obra e á súa intervención.



-Camilo Franco, "A sombra burlesca", *Revista Galega de Teatro*, "Opini3ns desde a butaca", n3 15, xullo 1997, pp. 87-88. Com3ntase *Anxeli3nos*, obra de Roberto Vidal Bola3o, escenificada por Teatro do Aqu3. Ind3case que nela

o autor revisa de novo os x3neros, dunha forma humor3stica, xuntando a burla e a linguaxe pouco preocupada da urbanidade cun punt3o de sentimentalismo. Comenta o argumento, m3is ou menos par3dico, e salienta a presenza da televisi3o reinterpretada no teatro.

-Manuel F. Vieites, "A farsa como alternativa", *Tempos Novos*, n3 3, "Voces e Culturas. Cr3tica. Teatro", xullo/agosto 1997, p. 90. Despois de destaca-la necesidade de reivindicaci3o por parte dos grupos galegos da comedia, da farsa e do *vodevil*, fai referencia 3 3ltima obra de Roberto Vidal Boda3o titulada *Anxeli3nos*, que se sit3a nunha especie de neorrealismo cr3tico e inaugura unha li3a creativa baseada na "est3tica da desgracia". D3 conta da estrutura e dos personaxes e consid3raa unha mostra "de como se pode facer teatro para t3dolos p3blicos desde a intelixencia e sen renunciar nin 3 compromiso cr3tico nin a dignidade art3stica".

-Ana Iglesias, "Cientos de ni3os aplaudieron a los 'Anxeli3nos' de Teatro do Aqu3", *El Correo Gallego*, 1 novembro 1997, p. 13. Informa acerca da representaci3o especial para nenos que a compa33a Teatro do Aqu3, encabezada por Roberto Vidal Bola3o, levou a cabo en Santiago coa obra *Anxeli3nos*. Recolle o equipo de actores que a protagonizan, resume o argumento da obra e fai un percorrido polas 3ltimas montaxes da compa33a, as3 como sobre os patrocinadores para a producci3o da obra.

V. V3 Feira do Teatro de Galicia.

V. II3 FESTEIXO.

V. X3 Mostras de Teatro no programa "Galicia, Terra 3nica".



Teatro do Aquí (2): Oé, oé, oé, de Maxi Rodríguez.

Dirección, adaptación e iluminación: Roberto Vidal Bolaño.

Interpretación: Rubén Ruibal, Xoán Carlos Mejuto e Roberto Vidal

Bolaño. Escenografía e vestuario: Julia Brens.

-Emilio Forján, “Brión inicia mañana su circuito cultural con una obra de Teatro do Aquí”, *La Voz de Galicia*, 8 maio 1997, p. 54. Anúnciase o comezo do circuíto cultural de Brión con Oé Oé Oé. Segundo a noticia cóntase cun orzamento de setecentas cincuenta mil pesetas e actuarán ademais da compañía dirixida por Vidal Bolaño as compañías Teatro Pífano, O Mago Antón e o espectáculo María por narizes.

-Javier D. Campa, “¡Oé, oé, oé!”, una farsa futbolera, una rica parodia del “pan y circo”, *Faro de Vigo*, 16 outubro 1997, p. 13. Informa da representación en Vigo desta obra. Dise que se trata dunha sátira sobre o mundo do fútbol que ofrece unha visión crítica deste, “un espectáculo circense” que garante os risos do público.

-Alex Mene e Buxán Bran, “Un oé, oé a R. Vidal Bolaño”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 185, 13 novembro 1997, p. 12. Relátase polo miúdo o argumento da obra e sinálase que Xoán Carlos Mejuto está “por intres afectado de máis na súa interpretación” e Roberto Vidal Bolaño interpreta o seu papel de xeito “soberbio”. Conclúen comentando a dificultade de representar esta historia con unidade espacio-temporal e destacan o



dinamismo da peza, a perfección dos diálogos e a credibilidade das interpretacións para “pivotar unha fonda crítica da sociedade actual”.

V. Festival de Teatro Galego do Carballiño.

V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Teatro do Atlántico: *A noite das tríbades*, de Per Olov Enquist, traducción e versión de Inés Ruibal.

Dirección: Xúlio Lago. Axudante de dirección: María Armesto. Interpretación: Casilda García, Gonzalo M. Uriarte, César Cambeiro e Sonia Rúa. Iluminación e dirección escénica: Xulio Lago. Música: Nani García. Espacio escénico e figurinos: Antonio Simón. Fotografía: Tino Viz. Realización escenográfica e atrezzo: Tojete. Unidade didáctica: Alexandrina Fernández Otero e José Eugenio Mateo Rodríguez.

-Fernando Franco, "Llega el teatro en el teatro", *Faro de Vigo*, 7 xaneiro 1997, p. 12. Recomenda vivamente a obra para os lectores e cualifícaa como un canto ó teatro e unha reflexión sobre a vida, un espello que non perde co paso do tempo. Fai referencia ó autor, Per Olov Enquist, e ó protagonista da historia, Joan August Strindberg. Incide moi especialmente en sinalar que os personaxes e as situacións foron reais no século XIX.

-D. P., "Mañana se presenta la obra "A noite das tríbades" de Per Olov Enquist", *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1997, p. 12.



Anúnciase a representación desta peza no Teatro Principal de Pontevedra e a continuación destácanse os catro premios María Casares que recibiu: ó mellor espectáculo, á mellor dirección, á mellor interpretación feminina e á mellor interpretación masculina. Conclúe o artigo cunha síntese argumental e coa enumeración dos temas fundamentais da obra: a tolerancia, o desprezo social polos creadores e o enfrontamento entre as concepcións “machista” e “feminista”.

-Chema Paz Gago, “Teatro do Atlántico. *A noite das tríbades*”, *Revista Galega de Teatro*, “Opiniós desde a butaca” nº 15, xullo 1997, pp. 89-90. Salienta as anteriores postas en escena realizadas por Xulio Lago e Teatro do Atlántico sobre obras imprescindibles do teatro contemporáneo que serven para formar ó noso público. Afirmar que *A noite das tríbades*, de Per Olov Enquist, é un drama social no que a tensión dramática non afrouxa en ningún momento e que é o mellor espectáculo ofrecido por eles. Destaca a profesionalidade dos actores, sobre todo das actrices Casilda García e Sonia Rúa, a posta en escena realista e con corrección exquisita e o coidado deseño escenográfico; aínda que considera que a duración do espectáculo pode resultar excesiva.

-B. M., “Teatro do Atlántico estará hoy en Moaña con ‘A noite das Tríbades’”, *Diario de Pontevedra*, 8 novembro 1997, p. 19. Anuncia a representación no Cine Veiga de Moaña e cita os nomes que conforman o reparto.

-Chema Paz Gago, “A noite de Tríbades”, *Primer acto*, “Galicia”, nº 267, Tomo I, Segunda Época, Xaneiro-Febrero 1997, pp. 130-131. Sinala que o Teatro do Atlántico, seguindo coa liña “ascendente” de montaxes coidadas sobre clásicos contemporáneos, vén de pór en escena *A noite das Tríbades*, de Per Olov Enquist. Comenta certos aspectos desta representación salientando que o director da compañía acode á dramaturxia nórdica para



recuperar debates suscitados a comezos de século e que seguen vixentes. Conclúe con comentarios sobre a obra escenificada e considerando excesiva a duración do espectáculo.

Aurora Marco, “Reflexións sobre o teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cartas Compostelanas”, 5 marzo 1997,

8. Louva a representación da peza *A noite das Tríbades*, de Per Olov Enquist, a cargo da compañía Teatro do Atlántico e baixo a dirección de Xulio Lago, e mostra a súa satisfacción pola gran comparecencia de público. Resume os temas que inspira a obra, a estrutura e os recursos desta. Lémbrales ademais ós profesionais do ensino a existencia dunha unidade didáctica editada pola compañía que produciu a peza.

V. Noites de Teatro de Cariño.

V. Vª Festa do Teatro de Galicia.

V. IIº FESTEIXO.

V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Teatro do Imprevisto: *Soños dun seductor*, de Woody Allen.

Dirección: Artur Trillo.

-A. Hevia, "Teatro do Imprevisto presenta en A Cachada 'Soños dun seductor'", *El Correo Gallego*, 8 novembro 1997, p. 17. Informa da representación en Boiro de *Soños dun seductor*, orixinal de Woody Allen, a cargo de Teatro do Imprevisto. Sintetiza o argumento desta obra e resume a traxectoria da antedita compañía teatral.



Teatro do Morcego (1): *Os patios da memoria*, de Ever Martin Blanchet.

Dirección: Bernardo Galli.

Interpretación: Celso Parada.

-R. R., "Teatro do Morcego representa a obra "Os patios da memoria", *Diario de Pontevedra*, 7 novembro 1997, p. 16. Anuncia a súa representación no Cine Veiga de Moaña e cítanse os nomes do director e actores.

-María Ornedo, "Teatro do Morcego cierra hoy la XIIIª Mostra Internacional de Ribadavia", *Faro de Vigo*, 26 xullo 1997, p. 17. Informa sobre a clausura da XIIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia coa representación da obra *A increíble vida de Héctor Loureiro*, a cargo de Teatro do Morcego. Recóllense declaracións de Celso Parada, director da obra e actor na mesma, sobre o seu papel e sobre a obra. Destaca a numerosa asistencia de público ás distintas representacións que se levaron a cabo en Ribadavia e indica que en moitas delas os escenarios foron as rúas e as prazas da vila.



Teatro do Morcego (2): *A increíble vida de Héctor Loureiro*, sobre textos de Rosalía, Curros, Camões, R. Bartis, A. Reixa e outros, adaptación de Celso Parada.

Dirección: Celso Parada. Axudante Dirección: Miro Magariños. Interpretación: Celso Parada, Casilda García e Miguel Lustres. Escenografía: "O Pastor". Música Orixinal: Miguel Lustres. Vestiario: Bernarda. Deseño e iluminación: Celso Parada. Técnico de Luz: Miro Magariños. Cartel e Programa: "O Pastor". Fotografía: Pilar Pérez.

-Manuel F. Vieites, "Ubú-poeta, ubudadá", *Tempos Novos*, nº 5, "Voces e Culturas. Crítica. Teatro", outubro 1997, p. 88. Comézase lembrando algunhas experiencias de vangarda dos primeiros anos do século XX como as de Hugo Ball, Marinetti, Luigi Rusolo e Firmin Gémier. A seguir, sinálase que Galicia se incorpora á vangarda en 1922 con Manuel Antonio e Álvaro Cebreiro e o manifesto *¡Máis alá!*, aínda que no eido da literatura



dramática só houbo experiencias illadas como as pezas *O drama do cabalo de axedrez*, de Rafael Dieste ou *Rúa 12, diálogo limiar*, de Álvaro Cunqueiro. Menciónanse tamén as propostas escénicas do grupo Rompente nos anos 1975 e 1978, aínda que “ningunha delas chegaría a manifestar a vontade rupturista, o espírito lúdico, a fonda ironía ou o marcado sarcasmo que posuían os textos literarios” deste grupo. Tras destas precisións, sitúa *A increíble vida de Héctor Loureiro* neste contexto vangardista, xa que representa “un xogo hiperbólico e primitivo, onde as máscaras e os estereotipos substitúen aquela condición humana que quixo simbolizar a burguesía ilustrada”. Louva o espazo escénico, a música e o exercicio interpretativo. Conclúe dicindo que se trata dun “espectáculo “rompente” xenuinamente teatral, anque realizado vinte anos despois, quizais demasiado tarde”.

-R. R., “La compañía de Teatro do Morcego actuará el 24 en el instituto”, *Diario de Pontevedra*, 13 outubro 1997, p.16. Informa da representación de *A increíble vida de Héctor Loureiro* a cargo da compañía canguesa Teatro do Morcego. Comunica que o público estará composto por escolares de Poio, vila que acollerá a posta en escena. Alén diso inclúe o reparto e o argumento da obra.

-Ramón Rivas, “Teatro do Morcego entusiasmó a los alumnos del Instituto Fontenla”, *Diario de Pontevedra*, 8 novembro 1997, p. 20. Destácase a satisfacción do público na representación que tivo lugar no Mosteiro de Poio. Logo de relata-lo argumento faise referencia á “forte dose de humor e lirismo” e ó amplo historial da compañía canguesa.



-Cristina R. Calvo, "Teatro do Morcego" actúa esta tarde en el auditorio de Narón", *El Ideal Gallego*, 29 novembro 1997, p. 9. Infórmase da próxima representación, dentro dos Sábados Teatrais, de *A increíble vida de Héctor Loureiro* a cargo de Teatro do Morcego no auditorio municipal de Narón. Explícase que é unha versión libre sobre textos de R. Bartís, Antón Reixa, e outros con breves referencias a Rosalía de Castro, Curros Enríquez e Camões entre outros. Apúntanse algúns temas como a "busca de identidade a través da literatura, a morte e a resurrección da nai do protagonista, o descubrimento do plaxio, etc."

D. P., "A increíble vida de Héctor Loureiro en el Teatro Principal", *Diario de Pontevedra*, 8 decembro 1997, p. 12. Anuncia dúas representacións no Teatro Principal de Pontevedra.

D. P., "A increíble vida de Héctor Loureiro" en el Principal", *Diario de Pontevedra*, 9 de decembro 1997,

12. Informa da última representación da compañía en Pontevedra e fai referencia a Celso Parada e a súa adaptación de textos de R. Bartís, Antón Reixa con "breves referencias literarias" de Rosalía de Castro, Curros e Camões.

D. P., "Última actuación en el Principal de "Teatro do Morcego", *Diario de Pontevedra*, 10 decembro 1997, p. 12. Anuncia a representación no Teatro Principal de Pontevedra e na que recolle a ficha técnica da posta en escena.

-B. M., "A increíble vida de Héctor Loureiro' abre hoy el ciclo de teatro de Moaña", *Diario de Pontevedra*, 18 outubro 1997, p. 17.



Noticia da apertura do programa de teatro profesional de Moaña con *A increíble vida de Héctor Loureiro*. Sinálase a ambientación na Compostela do 2099 no primeiro Xacobeo despois da guerra atómica. Infórmase de que o programa está subvencionado nun 60% pola Xunta e inclúe os espectáculos de Teatro do Adro, Áncora Produccións, Teatro do Atlántico, Ollomoltranvía, Teatro de Aquí e Balea Branca.

- V. XIIIª Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia.
- V. Mostra de Teatro de Cangas.
- V. Festival de Teatro Galego de Carballiño.
- V. XVª Mostra Internacional de “Teatro Cómico e Festivo de Cangas”.
- V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.
- V. IIIª Mostra de Teatro na Pedreira.



Teatro do Noroeste: *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro.

Director: Eduardo Alonso. Interpretación: Luma Gómez, Xosé A. Porto “Josito”, Belén Constenla, Xosé Vilarelle, Diego Varela e Inma António. Música: Emilio Cao. Escenografía e vestuario: Paco Conesa. Iluminación: Eduardo Alonso. Maquillaxe: Carmela Montero. Fotografía: Margen S. L. Elaboración unidade didáctica: Mercedes González.

-Lois Blanco, “Teatro de autor”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, nº 110, 6 abril 1997, pp. 4-5. Ademais de referirse á posta en escena de *La cámara negra*, de Eugenio Granell, peza descuberta por Javier Narro e representada polo Grupo Minerva baixo a dirección de Roberto Leal, coméntanse as pezas *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro e *O peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama representadas respectivamente por Teatro do Noroeste e polo Centro Dramático Galego. A propósito da obra de Suso de Toro, o autor no artigo detense no xénero da peza e no elenco de actores e aproveita para lembrar ó personaxe de Nano pertencente a *Tic-Tac*, do mesmo autor, peza estreada en xaneiro en Compostela. Sobre a obra do lucense Xavier Lama, lembra que mereceu un premio do Concurso Teatral Camiño de Santiago 1993 e enumera os actores que se fan cargo da representación.



Conclúe cunhas palabras de Andrés Pazos, director da obra, quen asegura “que os actores están a punto, así que cando o 22 de abril se estree no Principal, o que saia mal será culpa do director”.

-Manuel F. Vieites, “A vinganza da tía Rosa”, *Tempos Novos*, nº 1, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, maio 1997, p. 88. Despois de lembra-la facilidade de Suso de Toro para o modo dramático da que dá conta citando o relato “Así foi, doutor” e a adaptación de *Tic-Tac*, a súa participación grupo teatral Pepa Loba nos anos 60, céntrase na posta en escena de *Unha rosa é unha rosa*. Analiza os presupostos cómicos dos que parte, as situacións e os personaxes “que retratan ese mundo paifoco e mediocre que agora reivindicán faladoiros, revistas do corazón e seriais televisivos”. Di que bota en falla un maior desenvolvemento da trama e do medo, sinalando ademais que a peza presenta algúns problemas interpretativos. Remata salientando a “oportunidade e necesidade da aposta” e recomendándoa ó público lector.

-Fernando Franco, “Unha rosa é unha rosa”: comedia negra, de comicidad moderna y con estética “cómic”, *Faro de Vigo*, 10 maio 1997, p. 12. Refírese á estrea da peza no Centro Cultural Caixavigo. Recóllense as declaracións dos actores que integran a compañía nas que destacaron que a obra encerra o espírito da novela negra e evoca o mundo do cómic. Apórtase unha breve síntese argumental da peza e salientase sobre todo a presenza do humor negro e do absurdo da sociedade actual. Ademais resúmese a traxectoria da compañía, nacida en 1987, incidindo nas súas dúas liñas de actuación: a representación de textos clásicos e a posta en escena de pezas de autores alleos á literatura dramática como é o caso de Suso de Toro, autor de *Unha rosa é unha rosa*, unha obra escrita por encargo de Teatro do Noroeste coa única condición de que “fuera una comedia y no obligara a un gran elenco”.



-B. M., "Teatro do Noroeste abre esta noite en Cangas el Ciclo de Outono", *Diario de Pontevedra*, 10 outubro 1997, p. 21. Anuncia a actuación en Cangas de Teatro do Noroeste e noméanse os actores.

-Chema Paz Gago, "Una rosa es una (comedia) rosa", *Primer acto*, "Galicia", nº 269, Tomo III, Segunda Época, Maio-Xullo 1997, p. 133. Refírese á representación feita polo Teatro do Noroeste da obra de Suso de Toro, *Unha rosa é unha rosa*. Trátase dunha "comedia efectista" na que o escritor compostelán teatraliza as súas parodias da sociedade actual, obtendo un espectáculo entretido para o espectador esixente. Sinala o emprego que fai dunha nova fórmula: "el telefilme dentro del teatro" e dá conta do nome de certos integrantes do reparto, ademais dos papeis que representan cada un deles. Conclúe opinando que o menos bo da comedia son os seus "chistes fáciles".

V. Noites de Teatro de Cariño

V. Ciclo de Outono de Teatro de Cangas.

V. Vª Feira do Teatro de Galicia.

V. IIº FESTEIXO.

V. Mostras de Teatro no programa "Galicia, Terra

Única".



Teatro Galileo: *Pauto do demo*, de Ánxel Fole, adaptación de Fefa Noya.

Dirección: Pedro Rubín Garrido. Interpretación: Ramón Chamadoira, Libertad Culebras, Fefa Noya, Pablo Rodríguez, Xosé Esperante, Socorro Veda e Mónica Camaño. Espacio escénico e iluminación: Pedro Rubín Garrido. Vestiario: Fefa Noya. Fotografía: M^a Jesús Martínez. Producción: Teatro Galileo.

-P. C., "Teatro Galileo leva ao cenário o "Pauto do demo de Fole", *A Nosa Terra*, nº 776, "Guieiro Cultural", 1 maio 1997, p. 40. Gaba o traballo de Teatro Galileo para representa-la obra de Fole malia as dificultades para conseguiren axudas. Refírese tamén ó proceso de adaptación do texto orixinal coas explicacións de Pedro Rubín. O director de Teatro Galileo lamenta que só vaian facer unha representación nos Circuitos Culturais da Xunta e quéixase da falta de información e da carencia de rigor mesmo á hora de elabora-la listaxe de compañías. Pola contra cualifica de "sério" o circuito da Deputación da Coruña e sinala que gracias ós circuitos non dependentes da Xunta poderán representa-la obra ademais de en Lugo, en Ordes e Vilagarcía.

-Pilar García Cheda: "A única obra teatral de Ánxel Fole será representada mañá en Lugo", *El Progreso*, 1 maio 1997, p. 69.



Noticia da representación en Lugo e na que Pedro Rubín considera que *Pauto do Demo* está á altura do resto da obra literaria de Fole. Cóntase o argumento e o director da compañía sinala que representar un texto de Fole non supón aproveitarse da situación e afirma que “ás veces bótase en falla o bilingüísmo” no teatro que se fai en Galicia.

V. IIº Encontro de Teatro de Camariñas.

V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Teatro Impar: *Vida e amores do libertino Voldemar*, de Javier Veiga.

Dirección: Javier Veiga Rubiosa

-E. L., "Gran éxito de la obra 'Vida e Amores do libertino Vodemar', de Javier Veiga", *O Salnés*, nº 70, 21 xullo 1997, p. 19. Achéganse algúns datos da traxectoria dramática de Javier Veiga e faise referencia ó desexo deste director de contar cunha compañía cun espacio e cuns medios propios técnicos.



Teatro Xenio (1): *A parella*, de Jaime de Armiñán.

-D. P., “Teatro Xenio pone el broche de oro representando “A parella”, *Diario de Pontevedra*, 29 setembro 1997, p. 10. Dá conta da actuación de Teatro Xenio dentro das VI^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado e faise referencia á traxectoria do grupo así como ó argumento de *A parella*.

-V. VI^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra.



Teatro Xenio (2): *Pares e nines*, de Alonso de Santos.

Dirección: Manuel Solla. Interpretación: Roberto Cortázar, Carlos Soalla e Nines. Montaxe: Teatro Xenio. Iluminación e son: José María Solla.

-D. P., "Asociaciones de vecinos y culturales celebran hoy el "Día das Letras Galegas", *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1997, p. 12. Informa da actuación de Teatro Xenio dentro dos actos celebrados pola Asociación de veciños de Salcedo "Héroes do campo da Porta", de Pontevedra.



Tempo, Aula Municipal de Teatro de Ponteareas: *A Madrugada*, de Antonio Buero Vallejo.

Dirección: Chelo Pampillón. Interpretación: Consuelo Lemos, Marina Tellado, Guillermo Sendín, Hortensia Bautista, Juan Martínez, Lorena Vilas, Ángel Domínguez e Esperanza Giráldez.

-S. C., “A Aula de Teatro de Ponteareas debuta con Buero Vallejo”, *O Correo Galego*, 23 setembro 1997, p. 35. Anuncia o aprazamento do debut desta compañía ata o 11 de outubro e resalta a consolidación do grupo posto en marcha polo Concello o ano pasado.

-G. P., “La nueva compañía de teatro Tempo escenificará mañana en Pontevedra la obra “A Madrugada”, *Faro de Vigo*, 10 outubro 1997, p. 15. Informa do acto de presentación desta compañía municipal, que contou coa presenza do alcalde ponteareán quen afirmou que con esta representación cúmprese o primeiro obxectivo do grupo. Dá os nomes dos intérpretes e da directora e recolle o tema da obra. Destácase, así mesmo a boa acollida desta iniciativa teatral na vila de Ponteareas.

- Anxo Boente, “El Aula de Teatro de Ponteareas amplía sus actividades”, *Atlántico Diario*, 8 decembro 1997, p. 35. Informa da apertura do prazo de matrícula na Aula Municipal de Teatro de Ponteareas, así como dos prezos da matrícula e os prezos mensuais, tanto para adultos coma para nenos.



Uvegá Teatro (1): *Pá*, de Vicente Montoto.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Vicente Montoto, Francisco Lestón, Mónica Camaño e Xesús Balboa. Axudante de dirección: Pablo Rodríguez. Escenografía e atrezzo: Rodrigo Roel. Grafismo: Jacobo Remuñán, Arturo López, P.A. Estévez. Producción: Uvegá Teatro.

Quique Chuvieco, “El grupo Uvega recuerda a Ibán Toxeiro”, *El Ideal Gallego*, 19 xaneiro 1997, p. 10. Informa de que Uvega celebra o seu décimo aniversario cunha exposición no Pavillón de Galicia e a representación da montaxe *Pá* no Teatro Principal de Santiago. Recóllense as declaracións de Vicente Montoto nas que culpa ós responsables gubernativos da degradación teatral. No artigo enuméranse ademais as diferentes montaxes da compañía, incluída a última.

Quique Chuvieco, “Vicente Montoto: “El Teatro Principal es el más importante de Galicia”, *El Ideal Gallego*, 25 xaneiro 1997, p. 10. Informa sobre a representación da obra *Pa*, de Vicente Montoto no Teatro Principal de Santiago. Recolle os nomes dos actores que a representan, que actuarán baixo a dirección de Manuel Lourenzo, e o argumento da obra, definida como unha traxicomedia. Finalmente, Montoto e Lourenzo reflexionan acerca dos problemas principais do teatro en Galicia.



-AGN, “Uvegá Teatro” regresa al Teatro Principal de Santiago con “Pa”, *Diario de Pontevedra*, 25 xaneiro 1997, p. 21. Anuncia a posta en escena de *Pá* pola compañía Uvegá Teatro e afírmase que a obra é unha homenaxe ó actor Ibán Toxeiro.

-V. Vª Feira do Teatro de Galicia.



Uvegá Teatro (2): *Magnetismo*, de Manuel Lourenzo.

Dirección: Manuel Lourenzo. Axudante de dirección:
Xosé Pablo Rodríguez. Interpretación: Xesús Balboa e
Paco Rodríguez Campos. Escenografía: Carlos Alonso.
Iluminación: Octavio Más.

-S. C., “Uvegá cumpre dez anos coa estrea da obra ‘Magnetismo’”, *O Correo Galego*, 11 setembro 1997, p. 43. Anuncia a estrea da obra *Magnetismo* pola compañía Uvegá Teatro coincidindo co seu décimo aniversario. A obra escrita e dirixida por Manuel Lourenzo, recibiu en 1996 o Iº Premio de teatro Rafael Dieste.

-A. I., “El dramaturgo Manuel Lourenzo trae a la Sala Galán su ‘Magnetismo’”, *El Correo Gallego*, 28 setembro 1997, p. 12. Breve noticia sobre a representación da obra *Magnetismo* en Ordes. Coméntase que esta obra foi Premio Rafael Dieste e está escrita e dirixida por Manuel Lourenzo. Afírmase que é a undécima produción da compañía, que este ano celebra o seu décimo aniversario. Indícanse outras datas e outros lugares de representación da obra.

Pancho R. Tristán, “Avances”, *Tempos Novos*, nº 5, “Cataventos”, outubro 1997, pp. 102-103.
Centro Dramático Galego: *O bufón de El Rei*.



-M. C., "Teatro con "Magnetismo", *La Voz de Galicia*, 17 outubro 1997, p. 44. Informa sobre a representación desta obra, na compostelá Sala Galán. Inclúense comentarios do autor en relación ó argumento da obra, afirmando que é apta para tódolos públicos, e definíndoa como "unha comedia contemporánea interesante" na que se pretendeu facer máis teatro que literatura, primando a acción sobre a palabra.

-Camilo Franco, "Dinámica do imán", *La Voz de Galicia*, "Culturas", ano I, nº 4, 9 decembro 1997, p. 2. Comentario de *Magnetismo* no que se subliña a aproximación e distanciamento que experimentan os personaxes. Refírese á ausencia de artificio e sinala que a obra podería acepta-lo adxectivo de "sentimental". Considera que "padece arritmia, non se sabe por demasiado verídico ou por falta de decisión no uso das tesouras". Camilo Franco aprecia "unha fina veladura de nostalgia autoral nesta obra de Manuel Lourenzo, unha veladura no subtexto para recuperar un teatro que non semella andar á moda e que prefire ofrecer ós personaxes a unha distancia mínima das butacas".

-F. Franco, "Uvegá Teatro presenta su undécima obra en su décimo aniversario: "Magnetismo", *Faro de Vigo*, 4 setembro 1997, p. 10. Anuncia a representación de *Magnetismo* no auditorio Caixa Vigo. Destácase que vén precedida da publicación *Vivir para o teatro* (1997), de Pablo Rodríguez. Coméntase a tentativa do grupo de "aliar espírito independente, calidade e aplauso do público" e a dificultade de conxugar estes tres factores en momentos de "penuria económica e competencia" nos que viven os grupos galegos. Conclúe cos títulos das obras representadas pola compañía.

-A. I., "Uvegá Teatro presentará la próxima semana su próximo montaje 'Magnetismo", *El Correo Gallego*, 25 outubro 1997, p. 8.



Anuncia a representación de *Magnetismo* na Sala Galán de Santiago. Recóllense as palabras de Manuel Lourenzo, que fala da convivencia en punto crítico entre os dous protagonistas e de cómo a despedida non resolve o problema de fondo.



I^{as} Xornadas Teatrais de Beade

Celebrouse a primeira edición durante os días 1, 2 e 3 de agosto baixo a organización do Centro Social e Cultural e da Asociación de Veciños. No Auditorio do Centro Social déronse cita os grupos O Moucho, de Matamá, que representou *O Despertar* e *Petición de man*; Máscara Producións coa obra *É perigoso asomarse ó interior* e Avento, que puxo en escena *¿Quen matou a Mari Lauri?*.



VI^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra

Baixo a organización da Concellalía de Cultura do Concello pontevedrés, celebráronse entre os días 23 e 27 de setembro de 1997 no Teatro Principal de Pontevedra. Participaron os grupos Expresión coa peza *Deus*, Madrigal con *Líos de familia*, Arume con *Amor en blanco y negro*, Teatro Xenio con *A parella* e Bacharel Teatro con *O porqué das cousas*.

D. P., “El día 23 comienzan las “VI^{as} Xornadas de Teatro Aficionado” en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, 16 setembro 1997, p. 10. Noticia que anuncia as VI^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra. Dá conta do argumento de *Amor en blanco y negro*, así como do reparto e da traxectoria do grupo Arume.

D. P., “Teatro Cultural Madrigal ofrece hoy la obra “Líos de Familia”, *Diario de Pontevedra*, 26 xuño 1997, p. 10. Anuncia a actuación de Teatro Madrigal con *Líos de Familia* dentro das VI^{as} Xornadas de Teatro Afeccionado.

-C. V., “Arume pondrá en escena “Amor en blanco y negro” de Mathias”, *Diario de Pontevedra*, 25 setembro 1997, p. 10. Anuncia a actuación deste grupo nas Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra e cítanse algúns títulos, tanto en galego coma en castelán, das obras que se levan representado.



Outras representacións

Damos noticia daqueloutras postas en escena das que só temos referencia do título ou dalgún dato da ficha técnica ou ben da participación do grupo teatral en festivais ou mostras.

-Achádego: *A sogra*, de Publio Terencio, adaptada e traducida por Apolinar Vecino.

Dirección: Apolinar Vecino. Interpretación: Antón Sampaio, Berta Barcia, Jesús Illán, Marco Abeledo, Suso Meilán, Tareixa Campo, Esther Pedrouzo.

-V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.

-Arume: *Amor en blanco e negro*.

-V. VIª Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

-Asociación Carballeira de Brión: *Eu dous e ti un* e *A tía lambida* de Eduardo Blanco Amor.

-Aula de Teatro, Campus de Pontevedra: *Andersen, ou o conto da “súa” vida*, baseado en textos de Hans Christian Andersen.

Dirección: Manuela Alonso e Xoán Couto. Interpretación: Xacobe Rodríguez, Luís Martínez, Tareixa Alonso, Dolores Hermida, Xurxo Cortázar, Andrea Bayer, Olga Rodríguez, Cecilia Jiménez, Raquel Méndez, Luís Anxo Gómez, Ismael Calvo, Xosé Ballesteros, Manuel Solla, María Campos, Alicia Suárez e Mar Tejero.



Escenografía: Ana Payo, Xulia Miranda, Alfonso Palmeiro e Eduardo Calzado. Vestuario: Ana Payo e Xulia Miranda. Música: Xosé Liz, Elena Paz e Rosa Gayoso. Vídeo: Ana Payo. Luminotecnia: Alfonso Palmeiro.

-Aula de Teatro Universitario de Vigo: *Prohibido suicidarse en primavera*.

-V. IIª Mostra Iberoamericana de Teatro Universitario da Universidade Sur.

-Aveláña: *Cantar de mamória*.

-V. Mostras de Teatro no programa "Galicia, Terra Única".

-Avento: *¿Quen matou a Mari Lauri?*, de Xoán Abreu.

Dirección: Xoán Abreu. Interpretación: Marcos Alonso, Benito A. Correa, Carlos R. Roca, Xoán Abreu e Juancho Ferrón. Escenografía, iluminación e vestuario: Teatro Avento.

-V. I^{as} Xornadas Teatrais de Beade.

-Axóuxere Teatro (1): *En pecado bancario*, de Xosé Manuel Pazos.

Dirección: Xosé Manuel Pazos. Interpretación: Pilar G. Gracia, Antón Lamapereira, Xosé F. Dalama, María Mallo, Mundo Villalustre e Elvira Comesaña.



-Axóuxere Teatro (2): *A nai pasota*, de Darío Fo.

Dirección: Antón Lamapereira.

Interpretación: Elvira G. Comesaña.

-Balea Branca Producións: *O auténtico oeste*, de Sam Shepard, traducida por Damián C. Orero e Paco Campos.

Dirección: Manuel Lourenzo. Axudante de dirección: Matilde Blanco.

Interpretación: Damián C. Orero, Paco Campos, Tucho Lagares e Feli

Manzano. Escenografía e vestuario: Balea Branca. Música: Pedro Díaz.

Maquillaxe: Raquel Fidalgo.

-A Balteira: *Unha traxedia asnal*.

-V. Iº Festival de Teatro Universitario da Coruña.

-Berenguela: *Viaxe a ningures*, de Manuel Lourenzo.

-IVº Mes de teatro da Asociación Cultural “A Mámoa” de Teo.

-V. Mes do Teatro de Negreira.

-Berrobambán

-V. Mostra de Teatro de Cee.



-Bruto & Pífano: *Desputa veciñal e Clase de Taichí*.

-Captatio Benevolentiae: *Troulas, andainas, solpores e unha farsa anónima*, de Paula Carballeira.

Dirección: Paula Carballeira e Rosa Iglesias. Interpretación: Carlos Caneda, Paula Carballeira, Miguel Anxo Riveiro, Leonardo Fernández, Anabel Gago, Ursía Gago, Raquel García, Xosé Gómez, Rosa Iglesias, Fernando Marta, Xela Marx, Chiqui Pereira e Tareixa Rodríguez.

Escenografía: Captatio Benevolentiae. Deseño de vestiario: Xerardo Castro e Martín Castro.

Realización de Vestiario: Mercedes Torres "Isi". Iluminación: Mónica Gago e Chiqui Pereira.

Banda sonora e sonido: Raúl Al-Menara. Ilustración: Raquel García. Coordinación: Mónica Gago e Gloria Rico.

V. IVª Mostra de Teatro Universitario. Pontevedra.

V. IIIº Ciclo de Teatro Universitario da U.S.C.

-Casa da Bola: *Sala de espera*, de Xosé Vázquez Pintor.

Dirección: Xosé Vázquez Pintor. Interpretación: Avelina Fandiño, Xosefa Sotelo, Agustina Mariño, Carmen Álvarez, Antonio Pena, Elena Corbacho, Xosé Santos.



-V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.

-Castelo, O: *Pedro Madruga*, de Daniel Cortezón.

Dirección: Roberto Casteleiro

Interpretación: 60 actores afeccionados.

-V. Xornadas de Teatro en Galego

-Centro Dramático Vilalbés: *Tres na corda floxa*, de Luigi Lunari.

Dirección: María Xosé Lamas. Interpretación: Emilio

Castro, Paulo Naseiro, e Toni Orosa.

V. VIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.

-Centro Los Sauces: *Xogo de damas*, de Anxo R. Ballesteros.

Dirección: Óscar Vilarelle. Interpretación: Carla María Pérez, Ana María Bouzo, María Dolores Pérez Rodríguez, Ana Luisa Prichard, Cristina Gallego Fernández, Davinia Quesada Matilde, Patricia Valverde Esteiro, Lucía Valverde Esteiro, María Antonia Tautón Gaitán, Melca Feijoo Covelo. Música, iluminación, escenografía e maquillaxe: Vanesa Cabaleiro.

-V. IIIª Festival de Teatro “Los Sauces”.



-Chévere: *No cabo do mundo.*

Compañía de Teatro Comunitario de Piñeiros: O testamento.
Compañía Madialeva: As vodas de Fígaro de Beaumarchais.

-V. Vª Mostra de Teatro dos Institutos de Pontevedra.

-Dantea Teatro: *O Principiño.*

V. IIº FESTEIXO.

V. IIº Encontro de Teatro de

Camariñas.

V. Vª Feira do Teatro de Galicia.

-Os Desnucabúfalos: *Amilito y sus amijos.*

-V. Iª Mostra de Teatro Galego Afeccionado de Sanxenxo.

-Ditea, Teatro de Cámara : *Beiramar*, de Armando Cotarelo Valledor.

Dirección e Adaptación: Xan Casas. Interpretación: Lucrecia Carril, Alberte Álvarez, Melania Gómez, Fernando Arcay, Francisco G. Grela, Urbano Briones, Raúl Girardo e María Estévez.



-Elsinor Teatro: *Unha noite en Elsinor ou Hamlet no camarín*, baseada en textos de Álvaro Cunqueiro, Shakespeare e Müller.

Dirección: Manuel Lourenzo. Interpretación: Pablo Rodríguez e Manuel Lourenzo. Espacio Escénico: Elsinor. Fotografía: Robert Bass.

-V. Mostra de Teatro de Cee.

-Emeigual Teatro: *Canas ó aire*.

-Escoitade: *O Romance de Micomicón e Adhelada*.

-V. Mostras de Teatro no programa "Galicia, Terra Única".

-Escola de Teatro do Centro Cultural de Nantes: *A marquesiña encantada...e outros contos*, de Euloxio Ruibal.

-Expresión: *Deus*.

-V. VIª Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

-Factoría Teatro: *Cantos contos contos*, de Xavier Picallo.

Dirección: Alfredo Rodríguez. Interpretación: Alfredo Rodríguez, Cristina Domínguez e César Martínez. Producción: Factoría Teatro.



Escenografía, atrezzo e vestiario: Factoría Teatro.

-Faro Miño: *Un refaixo para Celestina e Case todo...pola patria.*

-V. VIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

-Grupo de Teatro Afeccionado da Asociación Cultural A Serna de Rois: *O Oso e Petición de man.*

-V. Semana Cultural de Dodro.

-Grupo de Teatro da Asociación Avante de Portonovo: *¿Pista ou peste?*, de Varela Buxán e *Vía Crucis en cinco estacións.*

-V. Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

-Grupo de Teatro da Asociación de Mulleres Rurais “Emilia Pardo Bazán” de Sanxenxo: *A tía lámbida*, de Eduardo Blanco Amor.

-Grupo de Teatro de Agrón: *A taberna sen dono*, de Varela Buxán.

-V. Mes do Teatro de Negreira.

-Grupo de Teatro do Colectivo Castelo de Moeche: *Pedro Madruga, señor de Camiña*, de Daniel Cortezón.

Dirección: Roberto Casteleiro.



-Grupo de Teatro do Club de Xubilados de Portonovo: *Cantar dos cantares*, de Eduardo Blanco Amor.

-Grupo de Teatro do Colexio “Abrente de Portonovo”: *As Asamblearias ou se as mulleres mandasen*, de Aristófanes, adaptación de Agustín Magán.

-Grupo de Teatro do Colexio Público “Espíñeiro” de Portonovo: *Cousas de tódolos días*.
-V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.

-Grupo “Fiuncho”: *O mozo que chegou de lonxe* de J.M. Synge.
-V. Vª Mostra de Teatro dos Institutos de Pontevedra.

-Luzada: *O testamento do tío Lelo*, de Roger Martin du Gard, traducción e adaptación de Xulio Cuns.

Dirección: Colectivo Luzada. Axudante de dirección:
Pilar Candamio. Interpretación: Olga Patiño, Manuel
Basoa, Xulio Cuns. Escenografía e vestiario:
Colectivo Luzada. Iluminación: Francisco Teixeiro.
Maquillaxe: Loli Martínez.

-V. IVº Mes de teatro da Asociación Cultural “A Mámoa” de Teo.



-Madrigal: Líos de familia

-V. VIIª Xornadas de Teatro Afeccionado de Pontevedra.

-Máscara Produccións (1): *É perigoso asomarse ó interior*, versión de *Clacson, Trombette e Pernachi*, de Darío Fo, traducción de Antón Casal.

Dirección: Xerome Calero e Antón Casal. Interpretación: Ricardo A. Indio, María López, Xerome Calero, Antón Casal, Ana Quintarios, Juan Goberna e Pablo Puga. Escenografía e vestuario: Carlos Alonso. Iluminación: Xerome Calero.

-V. Iª Xornadas Teatrais de Beade.

-Máscara Produccións (2): *Máis se perdeu en Cuba*.**-Metátase: *Edmundo*, de David Manet.****-Minerva (1): *Alicia no país de carballido*, baseada en textos de Roberto Leal, Lewis Carroll, Mike Porcel, Alberto Avendaño, Borges, Lorca, Sallinger, Wilde, Tin Rice, Oliverio Girondo ou Serrat, entre outros.**

Dirección: Roberto Leal.



-Minerva (2): *Entreacto*.

-Grupo “Múxicas”, da Asociación Cultural Lembranzas de Portonovo: *Cousas de tódolos días*. -V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.

-Grupo teatral “O Carballo” de Taboada: *As alegres casadas e O achádego do Castro*.

-V. VIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

-Grupo teatral “Monte Oribio” de Sarria: *Asamblea de mulleres*, de Aristófanes.

Dirección e Adaptación: Eduardo Rey Moure. -V.

VIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

-Mari Castaña: *Hamlet*.

-V. IIIº Ciclo de Teatro Universitario da USC.

-Máscara-17: *Labio Leporino*.

Interpretación: Xerome Calero e Ricardo A. Indio.

-O Moucho de Matamá: *O Despertar e Petición de man*.

-V. Iª Xornadas Teatrais de Beade.

-Ollomoltranvía: *Commedia, un xoguete para Goldoni*, de Cándido Pazó.



Dirección: Cándido Pazó. Axudante de dirección: Mela Casal Interpretación: Víctor L. Mosqueira, Nuria Sanz, Santiago Prego, Marcos Orsi, Avelino González e Evaristo Calvo. Música orixinal: Fernando Reyes. Textos, dramaturxia e traducción: Cándido Pazó. Escenografía, atrezzo, vestuario e máscaras: Suso Montero. Deseño de iluminación: Alfredo Laforet. Fotografía: Xulio Gil. Deseño gráfico: Suso Montero. Realización escenografía: Moucho Clerk. Realización de máscaras e vestuario: Isaura e Soco Seoane. Gravación musical: Grupo Resonne. Técnico de iluminación: Alfredo Laforet. Técnico de son: Alberto Pazó. Xefe de produción: Andrés Pazos.

-V. Noites de Teatro de Cariño.

-Orballo Teatro: *Parella aberta*, de Darío Fo.

Dirección: Jose García. Interpretación: Josi Lage, Manuel Valcárcel.

-V. Festival de Teatro Galego do Carballiño.



-Órbita Teatro

-V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.

-O Pintillón: *Telexornal Ningunha Edición*, de Socorro Tajes.

-V. Iª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

-Porta do Camiño: *A tía lambida e Galicia en festas*.

-V. Semana Cultural de Dodro.

-Risoterapia Inversores.

-V. XVIª Semana do Teatro de Rianxo.

-Rúa Viva: *Pasiño a Pasiño*.

-V. Mostra de Teatro da Fonsagrada.

-Salamántiga Teatro: *Hai que desfacer a casa*

-V. Vª Feira do Teatro de Galicia.

-Samoeiro: *O fotógrafo e A barbería*.

-V. VIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada.

-Talía Teatro: *Retén*, de Ernesto Caballero.

Dirección: Fernando Dacosta.



Interpretación: Toño Casais, Roberto Blanco e Evaristo Calvo.

-V. IIº Encontro de Teatro de Camariñas.

-Teatro Anónimo: espectáculo de rúa

Interpretación: Mónica Camaño.

-V. Mostra Internacional de “Teatro Cómico e Festivo de Cangas”.

-Teatro Bruto&Pífano S.L.: *Interruptus 1*, teatro de rúa creación destes grupos.

Interpretación: Mela Casal, Gloria Rico, Xavier Picallo, Teresa Horro, Denis Galocha, Ana Dono, Pablo Rodríguez, Robert Bass, Miguel Varela. Maquillaxe e caracterización: Carmela Montero.

-Teatro de Ningures: *Tic-Tac*, de Suso de Toro.

Dirección: Etelvino Vázquez. Interpretación: Salvador del Río, Casilda García, Xosefa Barreiro. Dramaturxia: Etelvino Vázquez, Xosé M. Pazos. Escenografía: Antonio Graña. Vestiario: Sonia Rúa. Música: Mike Cohen. Iluminación: Jesús Pérez, E. Vázquez. Producción: Teatro de Ningures-Produccións teatrais do Sur.

-V. IIIª Mostra de Teatro na Pedreira.



Teatro do Aquí: *Fausto*.

Teatro do Curro (1): *A sombra do Tenorio*, de José Luis Alonso de Santos, traducción e adaptación de Víctor Vez Villar.

Dirección: Teresa Rodríguez

Interpretación: Víctor Vez Villar

-Teatro do Curro (2): *A medosa Blandina* e *A Porta*.

-Teatro do Mar do instituto de Ensinanza Secundaria e Profesional de Vilalonga: *A voda do esgranelo*.

-V. 1ª Mostra de Teatro Afeccionado Galego de Sanxenxo.

-Teatro do Noroeste: *Noite de Reis*, de William Shakespeare, traducción e adaptación de Eduardo Alonso e Inma António.

Dirección: Eduardo Alonso. Interpretación: Belén Constenla, Xavier Estévez, Ernesto Chao, Luma Gómez, Xosé Vilarelle, Inma António e Diego Varela. Selección musical: Fernando Alonso. Escenografía, vestuario e atrezzo: Paco Conesa. Realización vestuario: Celsa Brouzón. Iluminación: Eduardo Alonso. Fotografía: Tino Viz.



Técnicos de escena: Miguel López Soto, Francisco Gómez Pena e Roberto García.

-Teatro do Vilar (1): *O achado do Castro*, de Manuel Núñez Singala.

Dirección: Rubén García.

-V. XIIIª Mostra Internacional de Teatro. Ribadavia.

-Teatro do Vilar (2): *María, a mosca*, de Miguel Sierra.

Dirección: Rubén García. Interpretación: Aurelio Touza, Rosa Andrade, Viruca, Merchi Rodríguez, Manuela Estévez, Beatriz Cendón e Víctor Corral, Elvira García. Iluminación: Carlos Jurchick.

-V. Mostras de Teatro no programa "Galicia, Terra Única".

-Teatro Galileo: *Nenerías*, de Fefa Noya.

Dirección. Pedro Rubín Garrido. Interpretación: Fefa Noya, Roberto Leal, Libertad Culebras e Socorro Vedo e Oscar Durán. Vestuario: Teatro Galileo. Fotografía: Mª Eugenia Martínez. Deseño e realización escenografía: Pedro Rubín. Deseño de iluminación: Pedro Rubín Garrido. Producción: Teatro Galileo.

V. Vª Feira do Teatro de
Galicia.

V. Sala Galán.



-Tócallo o nabo

-V. VIIª Mostra de Teatro Popular de Chantada

-Traslús Teatro: *Flores de papel*, de Egon Wolff, traducción de Amparo Cereixo e Artur Trillo.

Dirección: Artur Trillo. Axudante de dirección e maquillaxe: Marina Cambeiro. Interpretación: Ana Santos e César Cambeiro. Escenografía: Traslús Teatro. Vestiario a atrezzo: Carlos Alonso. Iluminación: Víctor Trillo. Deseño gráfico: Luis Teijeiro e Alejandro Piñeiro.

-V. Mostra de Teatro de Cee.





IV.1. Creación: Reedicións

IV. Día das Letras Galegas: Ánxel Fole

IV. 1. Creación: Reedicións



Casares, Carlos, Ánxel Fole. *Escolma de textos*, A Coruña: Publicacións da Real Academia Galega 1997, maio 1997, 105 pp. (ISBN: 84-87987-07-9).

Volume dividido en dous bloques — “Relatos” e “Artigos”— precedidos dunha breve introducción na que Carlos Casares fai unha semblanza vital e literaria de Ánxel Fole (Lugo, 1903-1986) na que realiza un percorrido polos principais acontecementos da biobibliografía do escritor. O primeiro bloque consiste nun compendio de relatos pertencentes ás obras máis significativas do autor lugués. De *Á lus do candil* recolle “Terra do Caurel”, “A caixa de morto” e “O documento”; de *Terra Brava*, “O arreguizo” e “Cara de lúa”; de *Contos da néboa*, “O galo” e “De como me atopei co demo en Vigo”, e de *Historias que ninguén cre*, “Tracatrá, tracatrá, tracatrá”. O segundo bloque reúne un total de once artigos, publicados entre 1932 e 1982, que mostran a súa faceta como xornalista. Segundo se indica, tódolos textos desta *Escolma* proceden da edición das *Obras completas* do escritor preparada por Claudio Rodríguez Fer e Armando Requeixo, editada por Galaxia.



Fole, Ánxel, *Contos*, prólogo de Carlos Casares, Vigo: Galaxia, maio 1997, 92 pp. (ISBN: 84-8288-125-6).

Volume editado coa colaboración da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Federación de Libreiros de Galicia co gallo do Día das Letras Galegas de 1997. Trátase dun agasallo para os lectores que a Consellería pon en circulación neste día. Nesta ocasión, trátase dunha escolma de contos de Ánxel Fole cunha presentación previa do conselleiro Celso Currás e un prólogo de Carlos Casares. Os textos seleccionados proceden da edición das *Obras Completas* editadas por Galaxia. Son os contos “Os lobos”, “Antón de Cidrán” e “As meigas atinan sempre” de *Á lus do candil* (1953); “A Fotografía” e “De cómo o xastre Bieito volveu pró inferno” de *Contos da néboa* (1973); e “O medo” e “O galo de Monforte” de *Historias que ninguén cre* (1981).



Fole, Ánxel, *A lus do candil. Contos a carón do lume*, Vigo: Galaxia, col. Literaria, maio 1997, 159 pp. (ISBN: 84-8288-088-8).

Décimo quinta edición deste libro de relatos publicado por vez primeira en 1953 nesta mesma editorial e que agora ve a luz nesta renovada colección Literaria de Galaxia. Reprodúcese o limiar de Salvador Lorenzana e como novidade preséntase ó final un vocabulario que recolle o significado dalgúns termos empregados por Fole.



Manuel María e Anxo Gómez Sánchez (eds.), *Antoloxía. Ánxel Fole*, Vigo:

A Nosa Terra/AS-PG, col. A nosa literatura, nº 35, 1997, 190 pp. (ISBN:84 89679-40-1). Ž

Ábrese este libro cunha “Nota preliminar” na que os editores expresan a súa intención de dar unha visión o máis completa posible da narrativa foleana e declaran as súas limitacións ó non poderen incluír máis textos de *Á lus do candil* e *Terra Brava* “debido ás condicións impostas por quen detenta os dereitos de autor”. No tocante ós criterios de edición, sinalan a fidelidade ó texto e ás intencións do autor, polo que só modernizan a ortografía. A escolma achegáno-los relatos “¡Viña do alén!” “Os lobos” “¡Aleluia!” “O documento”, “Os defuntos falaban castelao” e “O tesouro”, de *Contos á lus do candil* (1952). De *Terra Brava* (1955) os contos escollidos son “O arreguizo”, “Por us pelos”, “O corpo do delito” e “A estrada i o Urco”. Da obra *Contos da néboa* (1973) reproducense “A fotografía”, “A néboa pare pantasma”, “De como o xastre Bieito volveu pró inferno” e “O ateo da vila”. Inclúense de *Historias que ninguén cre* “Lobos te coman”, “A macabra chanza do Grilo”, “Un queixo de San Simón” e “O Galo de Monforte”. Complétase o volume cunha mostra xornalística que inclúe os artigos “Recanto. Lois Pimentel, home da vila”, “A nosa terra. Alto en Lugo”, “Carlos Maside García” e “Lembranza de Xesús Corredoira”.



Rodríguez Fer, Claudio e Armando **Requeixo** (eds.), *Ánxel Fole. Obra completa galega*, 2 vols., Vigo: Galaxia, 1997, vol. I, 426 pp.; vol. II, 541 pp. (ISBN: 84 8288-098-5).

Edición da obra galega de Fole que trata de reunir non só a súa produción libresca senón tamén a múltiple obra dispersa por xornais, revistas e volumes colectivos. No primeiro volume inclúense por orde cronolóxica: *Á Lús do Candil* (1953), *Terra Brava* (1955) e *Pauto do demo* (1958). No segundo figuran os seus últimos libros de relatos, tamén cronoloxicamente: *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981), así como a súa obra dispersa en diferentes medios, que aparece subdividida en “Artigos e discursos” e “Contos e semblanzas”. Para a organización destas pezas séguense criterios temático e cronolóxico. Ademais inclúese como apéndice o apartado “Poemas e outros textos”. Na introducción de Claudio Rodríguez Fer perfílase a traxectoria literaria do autor, dando conta das súas publicacións. Ademais, expóñense os criterios seguidos na organización da produción e ofrécese unha relación do título orixinal completo e da procedencia dos textos compilados.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “O universo literario do autor de “Terra Brava”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, 19 abril 1997, p. 5.



Dáse noticia desta publicación da Editorial Galaxia, que reúne por primeira vez en dous volumes toda a produción en galego de Ánxel Fole publicada en libro e tamén a obra dispersa que nunca fora recompilada. Blanco Rivas comenta o contido dos volumes, que contaron coa supervisión de Armando Requeixo Cuba.

-Olga Novo, “Verba toda de Anxel Fole”, *Tempos Novos*, n.º1, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 1997, p. 81. Fai referencia á publicación da *Obra galega completa* ó coidado de Claudio Rodríguez Fer e revisada lingüisticamente por Armando Requeixo. Destaca o segundo volume por recoller textos inéditos, atopados en revistas e xornais como é o caso de tres relatos en galego publicados en 1935 na revista *Nós* e no xornal *El Pueblo Gallego*, únicas mostras conservadas de *Auga lizgaira*. Estas obras completas, remata Olga Novo, “son o testemuño dun incansable labor de recuperación da nosa tradición literaria”.

-Francisco M. Bouzas, “Universos foleanos”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, n.º 159, 15 maio 1997, p. 9. Manifesta primeiramente a súa disconformidade co agromo de “determinados productos editoriais calamitosos e oportunistas” ó redor do Día das Letras Galegas. Gaba, malia isto, o proxecto anual da Editorial Galaxia, que publica a obra completa do autor homenaxeado, aínda que considera pouco acertada a escolma de Ferro Couselo do ano 1996. Da *Obra completa* de Fole destaca o rigor científico e o coidado na compilación, introducción e edición por parte de Claudio Rodríguez Fer. Salienta tamén a manexabilidade dos dous volumes e a fidelidade á vontade estilística do autor.

-Xosé M. Eiré, “Obras incompletas”, *A Nosa Terra*, n.º 798, “Guieiro Cultural”, 2 outubro 1997, p. 23.



Principia cunhas consideracións xerais sobre o mundo das edicións de “Obras completas”. Descubre a importancia do comprador por motivos ornamentais. Eiré critica a introducción, claramente incompleta, de Claudio Rodríguez Fer por non prestar atención ó importantísimo mundo dos pseudónimos de Fole.

Referencias varias:

-S. C., “Galaxia e Cultura coeditan a obra literaria completa de Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, 25 abril 1997, p. 35. Descríbese o contido de cada un dos dous volumes e o decreto da Xunta polo que o ano 1997 está dedicado a Ánxel Fole e á divulgación do seu legado.

- S. C., “A cidade de Lugo acolle a presentación da obra completa de Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, 29 abril 1997, p. 35. Breve nota sobre a presentación na galería Sargadelos de Lugo dos dous volumes que conforman a obra completa de Ánxel Fole, publicada por Galaxia en colaboración coa Xunta. No acto participaron Concha Fole, sobriña do escritor, Claudio Rodríguez Fer e Damián Villalaín, subdirector da editorial.

-Pilar García Cheda, “Rodríguez Fer presentou unha compilación de textos de Fole”, *El Progreso*, 30 abril 1997, p. 77. Informa da presentación da compilación da obra en galego de Ánxel Fole, publicada por Galaxia, e recolle as palabras de Rodríguez Fer, encargado de reuni-los textos, e do representante da editorial, Damián Villalaín, sobre o escritor lucense e a compilación.





V.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel Fole

IV. Día das Letras Galegas: Ánxel Fole

IV. 2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel Fole



Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel Fole



Alonso Girgado, Luís e Armando Requeixo, Ánxel Fole e *Á Lús do Candil*,

Vigo: Ed. Nigra, col. Ensaio, nº 4, 1997, 144 pp. (ISBN: 84-87709-52-4). Ž

Ábrese o volume cun limiar no que os autores destacan a presenza dos sinais de identidade de toda a prosa foleana posterior a *Á lús do candil* e deciden non entrar na cuestión de se é máis lograda esta obra ca *Terra Brava*, pola que o seu autor mostrara as súas preferencias. Un percorrido biobibliográfico polas distintas etapas da súa vida (os primeiros anos, Valladolid e Madrid, Compostela, O Caurel, etc.) e “unha posible etopea” conforman o primeiro apartado titulado “Vida e obra de Ánxel Fole”. No segundo, analízase literariamente *Á lús do candil*. Primeiramente, contextualizan a obra na produción de Fole antes do 36, refírense ó contexto literario galego dos anos 50 e ás reaccións que na crítica ten suscitado a obra. Despois fálase da temática, da estrutura, modalización e temporalización, deténdose en cuestións terminolóxicas que rodean ó cualificativo “fantástico” e repasando a narrativa desta índole anterior a Fole. Préstaselle atención, así mesmo, ó “interdialectalismo foleano”, cunha lectura que tenta revisar algúns lugares comúns que teñen que ver coa lingua empregada polo escritor lugués. Acompañan ó estudio dous apéndices: unha bibliografía seleccionada sobre Ánxel Fole e *Á lús do candil* e unha antoloxía de textos críticos no que se recollen textos de Pedro Llano, Luís Rei Núñez, Xosé de Cora, Basilio Losada, Camilo Gonsar, César Antonio Molina e Luís Suñén, Miguel-Anxo Murado, Juan Soto, Francisco Fernández del Riego, Luís Alonso Girgado, Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo, M^a Luisa López-Vidriero, Domingo García-Sabell, Tareixa Campo, Ricardo Carballo Calero, Álvaro Cunqueiro, Gonzalo Rodríguez Mourullo e Xosé Luís Franco Grande.



Recensións:

Xavier Castro Rodríguez, "Ánxel Fole e *Á Lus do candil*", *Revista Galega do Ensino*, nº 16, maio 1997, pp. 317-318. Adiántase a estruturación do libro, dividido en dous grandes bloques. Da primeira parte, relativa á noticia biográfica, salientase como "interesante novidade" a ordenación do percorrido vital do autor en base á toponimia ligada ó mesmo. Sinálase ademais que a segunda parte está centrada na análise da obra *Á Lus do Candil* e que na parte final se ofrecen dous apéndices nos que se recollen diferentes textos críticos, así como unha bibliografía seleccionada.

Xavier Castro R., "Aproximación a Ánxel Fole", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 18 maio 1997, p. IX. Preséntase o volume *Ánxel fole e Á lus do candil* e coméntase a súa estruturación en dous bloques que atenden á vida e á obra de Ánxel Fole e á análise do libro de relatos *Á lus do candil*. Valórase especialmente a inclusión de dous apéndices nos que se achega unha antoloxía de textos e unha bibliografía seleccionada dos diferentes estudiosos de Ánxel Fole.

-M. Quintáns S., "Vida e obra de Ánxel Fole", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 6 xullo 1997, p VII. Destaca o difícil logro dos autores de realizar un traballo rigoroso e completo e que, ó tempo, teña proxección escolar e sexa útil para o lector que desexe coñecer-la vida e a obra de Fole. Describe a estrutura do traballo e sinala que este debe ser "un agasallo" para os "devotos" de Fole e unha ferramenta de traballo para quen se achegue ó lugués con vontade de aprender.



Referencias varias:

-Pilar García Cheda, "Alonso Girgado e Requeixo diseccionan 'Á Lus do Candil'", *El Progreso*, 22 marzo 1997, p. 77. Informa da presentación en Lugo do libro *Ánxel Fole e Á lus do candil* por parte dos seus autores, sinalando as catro partes nas que se divide o libro, de entre as que os autores destacaron a sección dedicada á escolma de artigos críticos sobre os textos de Fole pola súa amplitude. Da biografía, Luís Alonso anunciou que pretende "corrixir os posibles datos inexactos que ata o momento se puideron difundir sobre este escritor", e Armando Requeixo comentou a análise innovadora "focalizando o estudio no elemento fantástico que determina a cosmovisión do libro".

O. N., "Relendo á lús do candil", *Tempos Novos*, nº 1, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", maio 1997,

81. Nota que fai referencia á obra *Ánxel Fole e Á lús do candil* sinalando que Luís Alonso Girgado e Armando Requeixo fan unha análise literaria e lingüística e "desentrañan (...) a complexa prehistoria deste primeiro libro de relatos do autor lugués".



Alonso Montero, Xesús (ed.), *Ánxel Fole. Día das Letras Galegas 1997*, Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1997, 118 pp. (ISBN: 84-8121-626-7).

Volume que se presenta acompañado dunha reprodución facsimilar do nº 6 de *Yunque*, revista que o propio autor de *Terra brava* cofundou e dirixiu, coa que o departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela homenaxea a Ánxel Fole Sánchez co gallo do Día das Letras Galegas a el dedicado. Esta obra ábrese cunha presentación do editor na que agradece a axuda prestada por Dolores Vilavedra e explica a estrutura do libro, salientando de maneira especial os apéndices. Segue unha cronoloxía, a reprodución de dez cartas inéditas remitidas por Fole a D. Ramón Otero Pedrayo entre 1955 e 1973 (pp. 21-35), e tres estudos sobre Fole. Péchase coas impresións de Xosé Fernández Ferreiro, Francisco Fernández del Riego, Basilio Losada, Manuel María, Luz Pozo Garza e Pura Vázquez sobre a narrativa foleana, incluídas no apartado “Os lectores contemporáneos opinan. Inquérito e respostas”. Complétase cunha cronoloxía e tres estudos que a seguir comentamos:

-Moisés Barreiro Comedeiro e Iolanda Ogando González, “Cronoloxía de Ánxel Fole”, pp. 9-20. Crónica que se fixa especialmente nas mostras de recoñecemento que Fole recibiu tralo franquismo, nas edicións en vida das súas obras, no contexto da súa infancia e xuventude e na súa relación co galeguismo e cos galeguistas.



-Xesús Alonso Montero, "Ánxel Fole, García Lorca e os *Seis poemas galegos*", pp. 39-80. Comenta os contactos entre Fole e Lorca e cómo se xestou a versión tetralingüe da obra galega do granadino. Percorre as recensións que foron dadas ó prelo antes da guerra, que corresponden a Álvaro Cunqueiro, A. Villar Ponte, Ánxel Fole, Luís Manteiga e Augusto María Casas. Ademais incorpora tres apéndices: a reprodución facsimilar do romance foleano "Responso a Pepe Benito"; unha carta de José López Cabanillas ó editor onde se tratan diversos aspectos da visita de Lorca a Galicia en 1932; e o texto das devanditas recensións, incluída a de Ánxel Fole.

-Xosé Gregorio Ferreiro Fente, "Ánxel Fole e Lorenzo Varela. Lembranzas dun tempo de ilusión", pp. 81-88. Narra a amizade de Fole, Ramón Piñeiro e Lorenzo Varela (que logo se exiliaría na América) e o posterior distanciamento entre eles, todo adubado con referencias á situación política.

-Antón Palacio Sánchez, "Ánxel Fole, traductor", pp. 89-103. Glosa a totalidade da obra de tradución do lugués e extrae as bases da súa técnica.

Referencias varias:

-Xoán C. Vidal, "Alonso Montero e Darío Villanueva louban en Lugo ó Ánxel Fole poeta", *El Progreso*, 17 maio 1997, p. 77. Informa da presentación deste libro e salienta que contén textos inéditos de Fole e vai acompañado da edición facsimilar da revista *Yunque*. Explica a intervención no acto dos catedráticos Alonso Montero e





IV.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel

ole



IV.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel

ole

Villanueva, que reivindicaron a faceta poética do lugués. Aproveítase para dar conta da presentación da revista cultural *Moenia*, dirixida na parte literaria por Rodríguez Fer.



Álvarez Riveiro, Alfonso (ed.), *Fole e o xornalismo*, Lugo: Concello de Lugo, 1997, 206 pp. (D.L.: LU-116/1997).

Colectánea de trinta e oito artigos xornalísticos de Ánxel Fole ós que antecede un limiar de Alfonso Álvarez Riveiro. O editor emprende un percorrido pola traxectoria xornalística do autor lugués partindo da consideración de que non foi Ánxel Fole xornalista, se por tal se entende difusor de noticias. Sublíñase, así, o peso da vontade de estilo por riba da transmisión de noticias e lémbrenos que o propio Fole recoñeceu en varias ocasións que se sentía máis escritor que xornalista. Repásase, xa que logo, a súa presenza na prensa, que arrinca co primeiro traballo o 17 de xaneiro de 1928 ata a derradeira etapa da súa vida, pasando polo compromiso na época da República e da reaparición tralos difíciles momentos da Guerra Civil. A edición dos traballos de prensa, dos cales dous son de divulgación radiofónica (na BBC e en Radio Monforte) realízase atendendo á cronoloxía dos medios nos que o escritor colaborou: *La provincia*, *Yunque*, *Ser*, *La Noche*, BBC, etc.





IV.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel Fole

Referencias varias:

-A. C., “Recopilación de artículos de Fole”, *El Correo Gallego*, 12 abril 1997, p. 29. Breve noticia que dá conta da presentación en Lugo deste libro, que recolle corenta artigos de Fole mostrando a evolución do escritor e recompilando artigos dos temas máis diversos.

-Rocío Fondevila Crespo, “Fole e o xornalismo”, *Lucensia*, nº 15, vol VII, 1997, p. 395. Describe o contido do libro e resalta a súa relevancia para os interesados na faceta xornalística de Ánxel Fole.



Baleirón, Rosario, Darío **Janeiro**, Mónica **Martínez**, Enrique **Neira**, Carina

Regueiro, Miguel **Seoane**, Andrés **Tarrío**, *Dezasete x Dezasete*, Santiago de

Compostela: *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1997, 94 pp. (D.L.: C-733-97).

Obra multidisciplinar que, baixo a forma dunha guía de Galicia estruturada en cinco grandes bloques, ofrece “exemplos da súa cultura, tradicións e historia, co gallo da celebración do Día das Letras Galegas”. De cada bloque figuran dezasete aspectos, que fan referencia ó día da devandita celebración. Así, a primeira parte do volume leva o título de “A Cultura”, e nela atópase un resumo da vida e da obra dos dezasete autores homenaxeados nos últimos anos, un apartado específico sobre Ánxel Fole, que recolle as datas fundamentais da súa vida, así como referencias a obras literarias de tódolos tempos con relevancia especial e ás obras arquitectónicas máis salientables de Galicia. A seguir vén o bloque titulado “A Historia”, que inclúe os feitos históricos máis destacados, as vilas e cidades máis representativas e breves biografías de dezasete personaxes fundamentais da historia de Galicia. A terceira sección leva o título de “O País”, e nel figuran exemplos de animais e plantas, gastronomía, paisaxes, minerais e rochas, e ríos e rías. Seguidamente vén “A Tradición”, apartado que recolle exemplos das adiviñas, ditos e refráns, lendas, e festas e romaxes, máis importantes. O bloque final leva o nome de “O Futuro”, e está constituído por unha selección das páxinas de Internet que gardan relación con Galicia. Como afirman os autores no “Limiar”, “cada un ve Galicia dun xeito distinto pero, aínda así, coidamos que acertamos coas preferencias dun bo número de persoas”.



Cora, Xosé de, *Diccionario de Fole (Guía para navegar pola vida e as obras de don Ánxel)*, prólogo de Domingo García-Sabell, A Coruña/Lugo: Fundación Pedro Barrié de la Maza, Conde de Fenosa/*El Progreso*, col. Galicia viva, maio 1997, 438 pp. (ISBN: 84-89748-12-8).

Libro organizado a xeito de diccionario no que cada entrada se ocupa de persoas, personaxes de ficción, lugares, publicacións, etc., relacionados coa vida e a obra de Ánxel Fole; ademais inclúe abundante material fotográfico e varias ilustracións. O autor, Xosé de Cora, explica nun texto previo o método seguido para a súa organización, comentando que a anécdota e o sentimento se antepoñen ó rigor científico; fala tamén das influencias literarias de Fole e da súa coherencia, e reconece as eivas do diccionario dicindo que o autor lugués “foi máis do que aquí vén, pero tamén foi, dun xeito ou doutro, todo o que aquí vén”. No prólogo indícase que se trata dun “censo de admiradores, de amigos, de devotos do escritor lugués”, e que era un libro necesario, pasando a facer unha semblanza da vida de Fole e unha análise da súa obra, referindo anécdotas e episodios persoais. Finalmente, afírmase que é un “libro nacido da admiración, o respecto e o amor”.





IV.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel Fole

Referencias varias:

-Pilar García Cheda, "Xosé de Cora define a Fole como exemplo ético e estético de home", *El Progreso*, 15 maio 1997, p. 73. Crónica da presentación, no Círculo das Artes de Lugo, do volume *Diccionario de Fole*. Noméanse os asistentes ó acto, entre os que se atopaban Domingo García-Sabell, Joaquín Arias, Joaquín García Díez e Blanca García Montenegro. Dáse conta tamén da presentación da publicación *Fala Fole*, realizada por Xosé de Cora coa colaboración de Mercedes Díaz e editada polo xornal *El Progreso*.

-Rocío Fondevila Crespo, "Diccionario de Fole", *Lucensia*, nº 15, vol VII, 1997, p. 394. Describe o contido do diccionario sinalando que o autor realiza un percorrido pola vida do escritor e tamén polo seu mundo de ficción.



Cora, José de e Mercedes **Díaz**, *Fala Fole. (Cinco horas con don Ánxel)*, Lugo: *El Progreso*, col. Biblioteca El Progreso, nº 7, maio 1997, 94 pp. (D. L.: LU-120 1997).

Transcrición do diálogo que Xosé de Cora e Ánxel Fole mantiveron en Lugo en 1983 con motivo dunha colección de conversas (bautizada como “Testemuños”) que a editora olívica Sept pretendía poñer na rúa por esas datas. A conversa xermolou nun libro titulado *Homes de Fole*, que valeu para abri-la devandita colección. En cinco horas Fole repasa toda a súa vida: as súas estadias en Lugo, Madrid, Valladolid, Santiago e Vigo; o paso pola política; o encontro con Lorca; a guerra; a transición; o franquismo. Decórao todo con anécdotas das que fai protagonistas a Cunqueiro, Ortega y Gasset, Suárez Picallo e outros personaxes de sona ou descoñecidos. O texto foi acomodado ás normas ILG/RAG.

Referencias varias:

Pilar García Cheda, “Xosé de Cora define a Fole como exemplo ético e estético de home”, *El Progreso*, 15 maio 1997, p. 73.

Xosé de Cora, *Diccionario de Fole*, nestas páxinas.



Forcadela, Manuel, *Á lus do candil, de Ánxel Fole*, Vigo: Edicións do Cumio, col. Guías de lectura, 1997, 125 pp. (ISBN: 84-8289-051-4).

Manuel Forcadela fai unha análise de *Á lus do candil* estruturada en dez puntos. No primeiro realiza un breve percorrido pola biografía do autor e no segundo ocúpase da súa produción literaria. Os seguintes capítulos dedícaos ó estudio da obra. Despois de comentar un por un os catorce contos que integran o libro, refírese ó espacio, ós usos e costumes, ás voces, ós personaxes e á estrutura dos relatos. Inclúe ademais un comentario do conto “A cabana do carboeiro” e unha bibliografía sobre Ánxel Fole e a súa obra.



Gay Parga, Tonina, *Ánxel Fole. ¡Si señor!*, Lugo: Citania Publicacións, 1997, 79 pp. (ISBN: 84-8231-027-5).

Estoxo que inclúe dúas casetes dunha serie de vintedous microespacios emitidos pola Cadena Ser de Galicia que recollen gravacións nas que distintos estudiosos galegos da obra de Ánxel Fole falan do escritor, acompañadas das súas respectivas transcripcións. Recolle opinións de Carlos Casares, que sinala os méritos que a Real Academia Galega veu en Fole para lle dedica-lo Día das Letras Galegas e, ó mesmo tempo, fai un retrato persoal do escritor e destaca a súa relación con Galaxia; Claudio Rodríguez Fer, que fala da presenza do cine na súa obra; Manuel María, que se centra no estudio da procedencia familiar de Fole e das súas inquedanzas; Isabel Gómez Rivas, que lembra os primeiros artigos e a admiración do escritor por Góngora e a Xeración do 27; Alonso Montero, que fala da relación de Fole coa revista *Yunque*; Xosé de Cora, que se refire á súa etapa en *El Progreso*; Paco Martín, que se centra nos personaxes da narrativa de Fole, no retrato da paisaxe e na súa temática preferida; Lois Diéguez, que fala tamén da impostancia da paisaxe foleana; Carme Blanco, que reflexiona sobre a relación do escritor lugués co feminismo; Luís Alonso Girgado, que destaca o labor narrativo de Fole; María Lopo, que apunta a presenza do celtismo na obra foleana; Armando Requeixo, que salienta a actitude do escritor ante a problemática da lingua galega; Juan Soto, que lembra a obra inédita e a presenza do escritor na prensa galega; Fernández del Riego, que dá unha serie de claves para o achegamento a Fole e salienta as características da súa obra narrativa; Xosé Ramón Díaz, que





IV.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel

ole



IV.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel

ole

narra un conto de Fole, “O Lordanas”, e, por último Emilio Fole Otero, que achega unha visión familiar de seu tío.



López Arias, Xaime Félix, *Fole en Sarria*, Sarria: Asociación Cultural ARCAS, xuño 1997, 24 pp. (Sen ISBN nin D. L.).

Ábrese este volume cunha presentación do mesmo por parte de Xaime Félix López Arias, na que fai referencia á figura de Ánxel Fole e reproduce algúns dos seus comentarios sobre Galicia. Ofrécense a continuación unha serie de traballos da autoría de Fole que foron publicados nos Libros-Programa das festas de San Xoán de Sarria: “As fogueiras de San Xohán”, “O Incio”, “¡O teu comendante!”, “As bebedeiras de Moncho do Grilo”, “O medo”, “Paisaje y Paisanaje”, “Sarria a la luz indecisa” e “Villas y pequeñas ciudades”. Finalmente, Víctor López Villarabid fai unha caracterización do escritor lugués, que chega a definir como “anaco de pan”, e do que destaca a súa grande colaboración sempre que era requirida polo pobo de Sarria.



Neira Cruz, Xosé A., *Ánxel Fole*, ilustr. Lázaro Enríquez, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Así viviu, nº 4, maio 1997, 139 pp. (ISBN: 84-8302-122-6).

Nesta obra dirixida ó lectorado máis novo, Xosé Antonio Neira Cruz conta como Amaro Mendiño, enxeñeiro e experto en alteracións dos parámetros xeo-temporais, e o seu ordenador Chiño retroceden no tempo co encargo de recuperar para Rosa Quiroga unha copia dun madrigal amoroso que o seu primo Ánxel Fole lle escribira de mozo. O autor válese deste motivo para afondar na vida do escritor lugués. Repítense na obra as constantes da colección “Así viviu”, con características propias da literatura infantil e xuvenil: os personaxes, os cambios na grafía, a reprodución de fragmentos de textos do autor, notas a pé de páxina, ilustracións e un apéndice coa bibliografía consultada.

Recensións:

Xavier Castro R., “Recreación no tempo con Fole”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 10 agosto 1997, VII. Tras reclamar para Xosé Antonio Neira Cruz un lugar importante no eido do labor literario dirixido ó público máis novo e facer un percorrido pola súa produción literaria, comenta o seu traballo nunha nova iniciativa encadrada na Editorial Xerais, baixo o título, “Así viviu”. Sinala que este ano coincidindo coa homenaxe que se lle fai ó autor lugués, presenta o seu cuarto volume titulado *Así viviu Ánxel Fole*.



Parga Valiña, Miruca, *Homenaxe a Ánxel Fole. Día das Letras Galegas 1997. Escolma de entrevistas realizadas por Margarita Ledo, Carlos Casares e Claudio Rodríguez Fer*, transcripción de Miruca Parga Valiña, presentación de Alfonso Vázquez-Monxardín, Santiago de Compostela: Arquivo Sonoro de Galicia (Consello da Cultura Galega/Xunta de Galicia), col. As nosas voces, nº 13, 1997, 48 pp. (ISBN: 84-87172-17-2).

Libro que acolle a transcripción da gravación en casete que o acompaña. Ábrese cunhas palabras de presentación de Alfonso Vázquez-Monxardín Fernández, director do programa Arquivo Sonoro de Galicia do Consello da Cultura Galega. Sinala así o respecto na transcripción de Miruca Parga Valiña das escollas dialectais e do que serían transgresións segundo o falar de hoxe. Os textos seleccionados corresponden a unha escolma sobre catro documentos: o primeiro unha entrevista feita por Margarita Ledo Andián e publicada no número 293 de *A Nosa Terra*; o segundo corresponde ás entrevistas realizadas por Carlos Casares en *Conversas con Ánxel Fole*; o terceiro é un documento gravado por Claudio Rodríguez Fer mentres que o cuarto provén da homenaxe que se lle rendiu a Fole no Círculo das Artes de Lugo co gallo da publicación do *Cartafolio de Lugo*. O autor lugués fala das súas orixes, da súa estancia en Valladolid e dos bares de Lugo, surtíndonos de toda unha serie de anécdotas que revelan o seu apego polas



cousas misteriosas. Relata tamén cómo foron os seus primeiros contactos co galeguismo, detense na figura de Basilio Álvarez e refírese á intuición con que agoirara a chegada dun desastre como o da Guerra Civil. Narra así mesmo a penuria económica trala contenda e lembra a reunión da que xurdiu a Editorial Galaxia. No tocante ó idioma detecta avances e perda de vergonza á hora de falar galego pero acha falta de calidade na lingua actual aínda que conclúe a imposibilidade de que o galego se descompoña. A última parte do texto céntrase na súa obra. Fole considérase autor “pouco metódico”, non se sente atraído pola literatura “de protesta”, aínda que recoñece o seu arraigo na realidade. Fala tamén da anécdota que sitúa a Fellini como debedor seu polo relato “O documento” e tamén ten palabras referentes á versión cinematográfica de “O Cadaleito”.



Pombo, Ernesto S., Francisco **Martín**, Claudio **Rodríguez Fernández**, Tareixa **de Castro Rodríguez** e Armando **Requeijo Cuba**, *Ánxel Fole*, Santiago: Xunta de Galicia, col. Día das Letras Galegas, abril 1997, 118 pp. (ISBN: 84-453 1298-0).

Volume estruturado en dúas grandes partes, separadas por unha bibliografía do autor de *Terra brava*. A segunda é unha escolma de dez textos de Fole: cinco artigos sobre a morte de Castelao, a Cova Céltiga, a paisaxe... e cinco contos. A primeira parte contén cinco achegas á obra foleana, realizadas por outros tantos ensaístas, que a seguir imos comentar:

-Ernesto S. Pombo, "Un home bo", pp. 11-17. Biografía centrada na época de preguerra.

-Paco Martín, "¿E por que non outra anécdota?", pp. 19-24. Nárrase un suceso acaecido en Bretaña cando, por medio do propio Paco Martín, Fole e Antón Fraguas tiveron que facer de contacontos ó pé da lareira para un programa da televisión francesa.

-Claudio Rodríguez Fer, "Un narrador para un pobo", pp. 25-32.



Céntrase en cómo a súa obra reflicte a realidade da vida campesiña na montaña luguesa. Tamén recorda o maxistral e popular modo de contar do autor de *Pauto do demo*.

-Tareixa Castro, "O trasmundo galego de Ánxel Fole", pp. 33-60. É un resumo de *O trasmundo de Ánxel Fole*, publicado en 1987 e que recibiu o primeiro premio literario "Ánxel Fole". Faise un percorrido polas meigas, maleficios, aparicións, lendas, premonicións... da obra do autor homenaxeado.

-Armando Requeixo, "Ánxel Fole e a lingua galega", pp. 61-73. Contén notas sociolingüísticas mais concéntrase en demostra-la interdialectalidade da lingua das súas obras en prosa.

Referencias varias:

-AGN, "Un libro de la Xunta recoge la vida y la obra de Ánxel Fole", *La Región*, 1 maio 1997, p. 64. Dáse noticia da publicación deste libro co gallo da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a Ánxel Fole, no que se recollen os aspectos máis relevantes da vida e da obra do escritor lucense. O libro pretende ser un instrumento de traballo útil e práctico.

-S. C., "A Xunta edita un volume de homenaxe a Ánxel Fole", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1 maio 1997, p. 48/p. 14.





IV.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel

ole

Nota sobre o volume dedicado a Ánxel Fole publicado polas consellerías de Administración Pública, Educación e Cultura. Noméanse os autores: Ernesto Pombo, Paco Martín, Claudio Rodríguez Fer, Tareixa de Castro e Armando Requeixo.



Rodríguez Fer, Claudio, *Ánxel Fole. Vida e obra*, Vigo: Xerais, col. Letras Galegas, 1997, 108 pp. (ISBN: 84-8302-084-X).

Inicia este traballo o autor cunha introducción na que comenta a súa relación con Ánxel Fole e relata cómo se foi iniciando nos estudos foleanos. O libro divídese en tres bloques fundamentais, no primeiro dos cales se aborda a “traxectoria biográfica” do escritor, deténdose nos distintos tramos da súa vida e apoiándose en numerosas fotografías, cabeceiras de xornais, etc. En “Traxectoria Bibliográfica” descríbense por orde cronolóxica cada un dos títulos da autoría do lugués para pasar a tratar “A obra Galega de Ánxel Fole”. Así, Claudio Rodríguez Fer analiza a obra literaria partindo da dobre perspectiva, material e inmaterial, coa que Fole presenta Galicia, e resalta así toda unha serie de elementos como a paisaxe, a dimensión etnográfica, o aspecto psicolóxico e parapsicolóxico, o trasmundo tradicional do pobo galego, etc. Ademais préstalle atención a aspectos técnicos como a oralidade do conto foleano, a novela marco ou a narración en espiral. Os últimos apartados do libro teñen como núcleo a lingua e as súas variedades dialectais, as deturpacións, o castrapo e a diglosia. Pecha o volume unha “Bibliografía básica”.

Recensións:

-Armando Requeixo, “Memoria foleana: a mirada lúcida de Rodríguez Fer”, *Tempos Novos*, nº 1, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 1997, p. 80.



Di desta obra que se trata dunha ampla revisión de *A Galicia misteriosa de Ánxel Fole* (1981). Céntrase na súa estrutura, dividida en catro apartados que tratan respectivamente a traxectoria biográfica, a traxectoria bibliográfica, a obra galega de Fole e a bibliografía básica. Deles salienta sobre todo o primeiro por se-lo que “maior novidade ofrece no seu conxunto”. Inclúe os contidos de cada apartado e remata facendo unha breve valoración da obra da que salienta “o seu rigor científico e amenidade expositiva”, considerando que se trata dun labor imprescindible dentro dos estudos foleanos.

-F. Martínez Bouzas, “¿Ollada crítica?”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 101, 29 maio 1997, p. 9. Sublíñase o papel relevante de Claudio Rodríguez Fer no ano dedicado a Ánxel Fole. Ó falar do volume *Ánxel Fole. Vida e obra* valora moi positivamente a introducción biobibliográfica, que ofrece moitos datos e sobre todo unha boa catalogación bibliográfica de cada unha das obras de Fole. O recensionista considera menos orixinais as achegas de Rodríguez Fer á temática narrativa e bota en falta “un verdadeiro balanço crítico da figura literaria do autor, capaz de situalo nas coordenadas da nosa literatura”. Conclúe reivindicando unha valoración do significado literario de Fole “sen bater en tópicos e endeusamentos”.

-X. M^a de Castro Erroteta, “Para se achegar a Ánxel Fole”, *A Nosa Terra*, nº 774, “*Guieiro Cultural*”, 17 abril 1997, p. 23. Coméntase conxuntamente *Conversas con Ánxel Fole* (1984), de Carlos Casares, *Ánxel Fole. Vida e obra*, de Claudio Rodríguez Fer, e *Cartafolio galego* (1996) de Ánxel Fole. Afirmar que todos eles contribúen a ampliar e enriquece-lo coñecemento do autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. Valora positivamente a obra de Casares por achegarnos ó Fole vivo dun xeito “próximo e coloquial”. Da bibliografía escrita por Claudio Rodríguez Fer salienta a rigorosidade e o fondo coñecemento que o profesor lucense amosa sobre a vida e a obra foleana. De Castro Erroteta louva o *Cartafolio Galego* por deixar ver as opinións, valoracións e informacións de Fole directamente, “sen intermediarios”.



IV.2. Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel Fole

Referencias varias:

-Pilar García Cheda, "Rodríguez Fer retoma la figura de Fole en dos nuevas publicaciones", *El Progreso*, 19 marzo 1997, p. 61. Informa sobre a presentación en Lugo de dous libros que tratan a figura de Fole: *Cartafolio Galego* e *Ánxel Fole. Vida e obra*, ámbolos dous a cargo de Claudio Rodríguez Fer, quen afirma que son "o resumo dos aspectos investigados ó longo dos últimos anos sobre a vida e obra de Ánxel Fole", engadindo que non os publica co fin de tirar partido do Día das Letras Galegas. Sinala tamén o escritor dous aspectos novidosos: por unha banda, o feito de que en *Cartafolio Galego* se recollen por vez primeira os moi poucos traballos xornalísticos de Fole feitos en galego; por outra, un trazo apuntado por Rodríguez Fer: o de tratarse do "único estudio integral" pois estudia conxuntamente vida e obra. Remata cun comentario do autor dos libros acerca da ligazón entre as experiencias da vida e a literatura.



Rodríguez Fer, Claudio, *Ánxel Fole 1903 1986. Unha fotobiografía*, Vigo: Xerais, 1997, 172 pp. (ISBN: 84-8302-116-1).

Ofrécese unha cronoloxía da vida e da obra de Ánxel Fole, na que ano a ano se subliñan os acontecementos persoais e literarios máis importantes na vida do escritor. O libro recolle fotografías e reproducións de documentos e de manuscritos relacionados con Fole. Este material divídese en cinco partes: “1903-1927. Arredor da muralla”, “1927-1936. O tempo de todo”, “1936-1952. O tempo de nada”, “1950-1970. A volta á creación”, “1970-1986. A era da táboa redonda”. Acompañan a este percorrido as seguintes colaboracións:

-Francisco Fernández del Riego, “A narrativa e a paisaxe compañeiras de Fole”, pp. 9-23. Ofrece unha serie de datos biográficos referentes á figura de Ánxel Fole, destacando aqueles relacionados coas súas orixes familiares e os seus estudos, que se viron abocados ó fracaso a causa da súa dedicación á literatura. Fala da súa produción xornalista e comenta cómo elaborou as súas dúas obras de carácter narrativo *Á lus do candil* (1953) e *Terra brava* (1955), que sobrancean respectivamente polo misterio e a inventiva. Subliña que na obra literaria de Fole destacan abondosos traballos de tema paisaxístico e relata con detalle as numerosas “andaduras” que realizou por terras luguesas e galegas. Amosa finalmente novos datos sobre a andaina vital deste lugués que, como recoñecemento pola súa traxectoria como escritor, foi elixido membro da Real Academia Galega.



-Xosé de Cora, "Fole xornalista seis décadas do século XX", pp. 141-147. Percorrido a través do labor xornalístico de Ánxel Fole que abrangue case por completo seis décadas comprendidas entre 1928, data na que publicou o seu primeiro artigo no xornal *La Provincia* e o 19 de marzo de 1986, cando saíu á luz a súa última colaboración en *El Progreso*. Dá conta así do grande número de revistas e xornais nos que participou como é o caso de *¡Ahora!*, *Ser*, *El Pueblo Gallego*, *La Noche* e *Yunque*, a cal chegou a dirixir. Destaca sobre todo o seu traballo realizado en *El Progreso*, onde comentaría certos temas literarios, filolóxicos e seccións como foron "Parlamento de las Letras Gallegas", *Hoja del Lunes de Lugo* ou "Táboa Redonda".

-Luís Alonso Girgado, "Contexto e sentido da obra de Ánxel Fole, pp. 149-181. Repasa as distintas etapas vitais de Fole, facendo referencia en cada unha delas a certos aspectos de carácter persoal e da obra do lugués. Considera que a maior fecundidade creativa é a que transcorre entre 1940 e 1953, posto que é cando escribe os dous libros que cimentan a súa produción narrativa: *Á lus do candil* (1953) e *Terra brava* (1955). Sinala que co paso do tempo aumentará o respecto pola súa obra que se verá acrecentada por dúas novas compilacións de relatos, *Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981), e a súa única peza teatral, *Pauto do demo* (1958). Dá conta ademais do contexto cultural, xeracional e idiomático en que se inseriu a obra deste lugués, carente de continuidade.

-Amando Requeixo, "Ánxel Fole narrador e dramaturgo", pp. 183-172. Logo de dar conta da produción foleana en lingua galega e castelá, detense na análise da súa tetraloxía contística formada por *Á lus do candil* (1953), *Terra brava* (1955), *Contos da néboa*

 **Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel Fole**



(1973) e *Historias que ninguén cre* (1981). Achega así certos comentarios sobre o realismo e o fantástico dos seus contos, ademais de referirse á estrutura, focalización, localización e temática dos mesmos. Para rematar presenta unha serie de consideracións sobre *Pauto do demo* (1958), peza teatral que “xurdiría da sinceridade observada por Fole de crer un teatro verdadeiramente popular e, sobre todo, doadamente representable”.

Referencias varias:

-J. L. e S. C., “Lugo acollerá desde o xoves unhas xornadas sobre Fole”, *O Correo Galego*, 20 maio 1997, p. 40. Céntrase na presentación desta fotobiografía e das *Obras Completas* de Ánxel Fole. Neste mesmo acto presentouse un vídeo e un CD-Rom do autor lucense. Así mesmo noméanse os estudiosos que tomarán parte nas xornadas dedicadas a Fole. Aproveítase aínda para dar a coñecer outros actos que se van celebrar, co motivo do Día das Letras, en Santiago de Compostela.



Rodríguez Fer, Claudio (ed.), *O mundo lucense de Ánxel Fole*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1997, 155 pp. (ISBN: 84-605-6280-8).

Ábrese cun limiar de Claudio Rodríguez no que presenta o volume como unha homenaxe da cidade de Lugo a Ánxel Fole. Ademais agradece a colaboración prestada por Armando Requeixo e Isabel Gómez Rivas na redacción do libro e declara que os materiais utilizados foron extraídos fundamentalmente do artigo "Historia do "Cartafolio de Lugo" publicado en *El Progreso* o 12 de outubro de 1996 e do libro *Ánxel Fole. Vida e Obra* (1997). A seguir preséntanse en orde alfabética unha selección de entradas que desenvolven aspectos da vida e da obra de Fole relacionados con Lugo, tales como pautas xerais e específicas da biografía, lugares e acontecementos de Lugo que aparecen na súa obra e personaxes relacionados coa vida de Fole.

Referencias varias:

-P. P. G., "Rodríguez Fer centra su libro en el aspecto más personal de Fole", *El Progreso*, 17 outubro 1997, p. 73. Infórmase da presentación na galería Sargadelos de *O mundo lucense de Ánxel Fole*, realizado en equipo por Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo e Isabel Gómez Rivas, que pretende describi-las relacións entre Fole e Lugo cunha perspectiva fundamentalmente humana.



Sánchez Iglesias, Cesáreo (coord.), *Ánxel Fole. Á luz da fala*, Vigo: A Nosa Terra, col. A nosa cultura, nº 17, abril 1997, 72 pp. (ISBN: 0213-3105).

Volume monográfico dedicado ó escritor lugués que conta con dezaseis colaboracións doutros tantos autores e autoras galegos sobre a vida e a obra de Fole. A continuación ofrecemos unha pequena descrición recensión de cada un deles:

-Manuel Veiga, “Unha vida truncada polo franquismo”, pp. 4-8. Veiga considera que na literatura galega non houbo unha incidencia da crítica no tema da Guerra Civil no que respecta a Ánxel Fole. Achega algúns testemuños de autores que pensan que feitos como os fusilamentos e as mortes de amigos do escritor, a ruína económica ó triunfa-lo levantamento, etc., trazaron un corte radical na vida de Fole. Cre que a represión posterior obrigou ó escritor a modifica-los seus códigos e que, á hora de valoralo, hai que facer un esforzo interpretativo máis aló do propio texto. Proseguindo na mesma liña argumentativa, Veiga trata de defini-lo estilo literario de Fole dende presupostos realistas, non-fantásticos. Está convencido de que o trasmundo misterioso e sobrenatural de que tanto se ten falado a propósito de Ánxel Fole non é máis que un instrumento para crear tensión narrativa. A arte de Fole está, para Veiga, na paisaxe social, con tódalas súas contradiccións, que soubo crear, no seu estilo, ó que cualifica de “moderno”, fronte á opinión doutros autores que o tildaron de “simple”.

-Isabel Gómez Rivas, “Os primeiros escritos periodísticos”, pp. 9-12.



Coméntanse neste traballo seis artigos xornalísticos de Ánxel Fole, publicados entre 1928 e 1932 en *La Provincia* e *El Progreso*. Trátase, segundo a autora, dos primeiros que deu á prensa e mostran, sobre todo, as súas inquedanzas literarias. Son estes: “Del panorama literario. Reflexiones en torno al centenario de Góngora”, “Aspectos. Los molinos de La Mancha” e “La joven poesía española. Una lectura poética de Alberti”, aparecidos en *La Provincia*; “Aspectos. El amor al libro”, “Pensamiento y acción. Regreso a un filósofo” e “Las veinticuatro horas de Mabilie de Poncheville”, publicados en *El Progreso*.

-Armando Requeixo, “Xornalista en *El Pueblo Gallego*”, pp. 13-16. Armando Requeixo repasa neste traballo a obra de Fole en *El Pueblo Gallego* entre 1933 e 1936. Faino en tres apartados: “Contorno: o xornalismo prebélico de Fole”, “Dintorno: *El Pueblo Gallego*, trabe mestra do periodismo foleano de preguerra” e “Balance: *El Pueblo Gallego* ou a síntese fundacional do periodismo foleano”. Afirmar Requeixo que “semella existir un consenso xeneralizado na consideración unánime de Ánxel Fole como un dos máis destacados xornalistas do seu tempo”. Nestes artigos de *El Pueblo Gallego* “está a verdadeira medida do Fole xornalista daqueles anos”. Di tamén que nestas colaboracións xa se pode descubri-lo xermolo do futuro grande narrador que sería Fole.

-Ramón Nicolás Rodríguez, “Entrevistas dispersas a Fole”, pp. 17-22. Artigo que recolle unha escolma de nove entrevistas realizadas a Ánxel Fole e que non foron incluídas nos libros de conversas que hai publicados. Trátase de nove entrevistas recollidas entre os anos 1957 e 1986 por Salvador Lorenzana, Basilio Rogado, Perfecto Conde Muruais, Francisco Rivera Cela, C. A. Molina e L. Suñén, Margarita Ledo, F. Salgado, M. González Vigo e



R. Torres Mulas. Nelas atopamos reflexións sobre diferentes campos da vida e da cultura (a literatura, o cine, a historia, etc.) e ilustran, polo tanto, unha boa parte do “universo foleano que se nos legou, que queda na letra impresa, nas páxinas dos xornais e das revistas”.

-Olga Novo, “Os outros mundos á luz do candil”, pp. 23-27. Olga Novo trata neste artigo sobre os mundos ensoñados ou fantásticos que creou Fole e que lle deron a fama de autor de misterio. Nel aparecen opinións de Fole sobre o “sexto sentido”, derivadas das teorías do fisiólogo francés Robert Richet, co que dende un segundo corpo non visible, apreixámo-lo mundo do alén. Analízanse ademais neste artigo relatos nos que Fole se centra no mundo onírico-visionario, especialmente nas telepatías, os sonhos premonitorios, as visións, as aparicións, a vida de ultratumba e as alucinacións. Olga Novo refírese á narrativa foleana como un “misterio de misterios que transgrede a realidade empírica e a supera para ir máis alá”.

-Luís Alonso Girgado, “Na dramaturxia: achegamento a *Pauto do demo*”, pp. 28-31. Achegamento a esta peza teatral de Fole. No artigo expóñense as consideracións da crítica arredor da obra dramática foleana e de *Pauto do demo* en concreto. O autor comenta que, a estas alturas, a citada obra segue a ser unha referencia case insignificante, por moito que medre a figura de Fole co Día das Letras Galegas. O traballo estudia tamén a relación do escritor lugués co xénero dramático, informando de que, ademais desta peza, deixou outra incompleta, *A liorta*. Pese a algunhas contradicións que sinala Girgado, nas súas opinións Fole deixou claro que o seu sería un teatro galego e popular, protagonizado por afeccionados que representasen nos pobos pequenos. A propósito de *Pauto do demo*, afirma Girgado, que se trata dun “conto

colectivos sobre Ánxel Fole

Monografías, biografías e libros



escénico”, polo que ó lado de elementos dramáticos hai elementos propios do relato. O estudioso apóiase en varias ocasións nas teorías de Carballo Calero, que confirman a narratividade da peza.

-María Xesús Nogueira, “O didactismo na obra de Fole”, pp. 32-37. Neste traballo expónse unha lectura da obra de Fole baseada no seu didactismo e na vontade do escritor de facer un percorrido etnográfico pola cultura das terras nas que viviu. María Xesús Nogueira sinala que tanto “Terras do Caurel” en *Á lus do candil* como “Solaina” en *Terra brava* e “Soleira. Terra de Quiroga” en *Pauto do demo*, funcionan como marcos contextuais das obras que encabezan e presentan descrições paisaxísticas ou humanas. A autora puntualiza que o didactismo non está só presente nos textos de temática rural, senón que abrangue toda a obra, de xeito que “nunha boa parte das páxinas de Fole, asistimos a unha reconstrucción antropolóxica da realidade galega, baseada nun descritivismo minucioso e por veces sistemático”, onde percibímola vontade do autor por divulgar un mundo que está en vías de desaparición. No artigo repárase tamén na atención que o escritor dedicou á lingua e á literatura popular. A autora conclúe poñendo en relación as estratexias narrativas de Fole cos denominados *operadores realistas*.

-M^a Fe González Fernández, “Ecos da literatura en lingua inglesa”, pp. 38-39. Artigo que nos presenta a Fole como un lector asiduo de literatura en lingua inglesa, xa que na súa obra poden localizarse numerosas referencias de escritores ingleses e norteamericanos. A autora cita autores como Charles Dickens, Arthur Conan Doyle e Edgar Allan Poe, que puideron ter para Fole unha importancia capital, rastrexando as súas pegadas na súa obra.



-María Lopo, "Testemuña do celtismo", pp. 41-44. Dá testemuño dunha serie de artigos asinados por Fole e publicados en *Hoja del Lunes de Lugo* e *El Progreso* entre 1964 e 1979 sobre a cuestión do celtismo. Por unha banda, destaca o interese que o escritor amosou polo *mundo céltigo* e a súa adhesión ás teorías celtistas do XIX e ó atlantismo de *Nós*, salientando que a paisaxe e o sentimento da saudade se conforman para el como claves da sensibilidade dos países celtas e dos seus literatos. A autora refírese tamén ós elementos comúns que para Fole comparten galegos e bretóns, pobo celta que máis interese suscitou en Galicia: un mesmo carácter e unha cultura popular común. No epígrafe final a autora refírese á importancia que Fole concede á tradución ó galego de textos das literaturas celtas.

-Carmen Blanco, "Mulleres e feminismo nos artigos de Fole", pp. 46-52. Artigo no que Carmen Blanco se refire a unha serie de artigos de Ánxel Fole sobre temática feminina, distribuíndo a súa información en cinco apartados: "Feminismo", "As mulleres e as armas", "As escritoras", "As pintoras" e "As cantantes". Informa acerca do debate de Fole sobre o feminismo en dous artigos, nos que lembra os progresos das mulleres na primeira metade do século, ou figuras como a de Alexandra Kollontai. A autora rastrexo a presenza da temática feminina no xornalismo de Fole, identificando motivos como as mulleres e a loita armada, as mulleres e o terrorismo, as escritoras Rosalía de Castro, María Mariño, Ana de Noailles ou Sofía Casanova, a pintora Julia Minguión ou a cupletista Raquel Meller,.

-Xosé de Cora, "Parolada con don Ánxel ó xeito de Fole", pp. 53-55. Texto en clave de diálogo de ficción entre Xosé de Cora e o propio escritor, situado no ceo, na compañía de personaxes históricos e outros cos que compartira conversas e faladoiros. Xosé de

colectivos sobre Ánxel Fole

Monografías, biografías e libros



Cora trae ó texto o tempo inmediatamente anterior ó 36 (Época Nós), con datos do que entón aconteceu en Lugo, nomeadamente no seu círculo de amizades: Pimentel, Piñeiro, etc. Destaca o humor das anécdotas que Xosé de Cora pon en boca de Fole. Nelas convoca ó alcalde republicano de Mondoñedo que lle levara flores á tumba a Leiras Pulpeiro, ó alcalde de Lugo que confundía Guipúzcoa e San Sebastián, ó concelleiro que quixo atalla-lo problema das mexadas nas rúas, etc.

-Paco Martín, “Lembranza e admiración de don Ánxel”, pp. 56-57. Lembranza de Ánxel Fole na que Paco Martín recoñece a súa admiración e o maxisterio literario que o narrador exerceu. Gaba a sensación de realidade que producen os seus contos, así como a súa devoción polo idioma. Compara o relato “O Documento”, de *Á lus do candil*, con *Amarcord* de Fellini, reparando no feito de que nos dous casos aparezan personaxes semellantes, afectados por un amor louco.

-Lois Diéguez, “Fole e os templários”, pp. 58-60. Lois Diéguez deixa constancia do interese de Fole polas xenealoxías, en concreto pola dos seus devanceiros, que el sitúa na Orde dos Templarios, lembrando unhas declaracións nas que o escritor explica, a respecto do seu apelido, que da casa francesa de Anjou procedía, o apelido Folck, que foi o que chegou á Península. Nunha visita a un parente do Incio, el mesmo comproba como a igrexa románica de Hospital pode gardar vestixios dun antigo asentamento templario. O autor do artigo sinala a recreación que o escritor leva a cabo deste mundo no relato “O Tesouro”, no que un tal Henri de Folch aparece nas terras do Incio fuxindo da persecución contra os templarios, salientando a relación deste tema co trasmundo da obra de Fole.



-Margarita Ledo Andiñón, “Coma Fole falou”, p. 61. Recordos da vida en Lugo de Ánxel Fole. Del dise que “mantivo un comportamento disciplinadamente ás marxés”. Fálase da súa “sagacidade de todo o ollar, de todo o escoitar, para todo o contar”. A continuación, Margarita Ledo constrúe unha pequena historia de ficción sobre historias que lle tiña contado Fole. “A contraseña” é unha historia escrita, segundo a autora, “á maneira foliá”. Nela nárrese o achádego no cemiterio antigo de Lugo dun morto, con varios sinais de bala, un atravesándolle a palma da man. Ó día seguinte aparece en Lugo outro cadáver coa palma da man perforada tamén por proxectil. Aquilo parecía se-la contraseña das incautacións, peches de locais e todo o que viría despois co comezo do Movemento Nacional.

-M. V., “Manuel María: Fole tiña dúas fixacións: a guerra e os nazis”, pp. 63-64. Entrevista a Manuel María onde se repasa o coñecemento que este tiña da persoa de Ánxel Fole. O texto ofrece algúns datos e opinións moi interesantes. Respecto á guerra civil, por exemplo, Manuel María afirma que “a guerra impresionouno moito. Eu creo que o desequilibrou”. Di que Fole se definía como socialista, con simpatía polo marxismo, e que o nazismo era para el unha obsesión: “do nazismo –contesta Manuel María- sabíao todo”. Conta, ademais, acerca das crises que padeceu o escritor, das que Manuel María recorda tres. Considera que algunhas das experiencias parapsicológicas de Fole poden ter orixe en sucesos que lles aconteceron a amigos ou familiares. Manuel María cita como seguro o caso de “Aleluia!”, relato integrado en *Á lus do candil* (1953), e que el lle oíu contar ó pintor Maside como un pesadelo propio.

-Claudio Rodríguez Fer, “O itinerario cronolóxico de Ánxel Fole”, pp. 66-72.

Monografías, biografías e libros colectivos sobre Ánxel Fole



Percorrido cronolóxico pola vida e obra de Ánxel Fole. Nun primeiro apartado titulado “O itinerario da vida”, Rodríguez Fer aborda, en epígrafes menores, as distintas etapas da biografía foleana: “Lugo no albor do século XX”, “O 27 e a Universidade”, “Republicanismo, esquerdismo e galeguismo”, “1936 e a represión franquista”, “O retiro ao campo”, “Volta a Lugo e ao xornalismo” e “Do recoñecemento á morte”. O segundo apartado deste artigo, “O itinerario da obra”, recolle a traxectoria literaria e xornalística do escritor nos seguintes apartados: “Epígono do 27 e escritor contestatario”, “Preocupación galeguista e uso do galego”, “Guerra e inmediata postguerra”, “O compromiso coa restauración cultural”, “Xornalismo e teatro postbélicos”, “Da sección fixa á páxina literaria”, “Poligrafía na transición” e “O derradeiro sexenio”.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Un achegamento polo miúdo á obra de Fole”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 13, 10 maio 1997, p. 5. Comentario sobre a obra *Á luz da fala*, formado por “un conxunto de traballos que constitúen unha interesante aportación sobre aspectos non suficientemente estudados da traxectoria literaria do autor lugués”. Infórmase da colaboración de M^a Xesús Nogueira, Carmen Blanco, Claudio Rodríguez Fer, Ramón Nicolás, Isabel González, Luís Alonso Girgado ou Olga Novo, entre outros.



VV. AA., *Congreso Ánxel Fole*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Difusión Cultural, nº 6, setembro 1997, 265 pp. (ISBN: 84-453-2024-6).

Con motivo da dedicación do Día das Letras Galegas a Ánxel Fole, celebrouse en Lugo un congreso sobre a figura do escritor que contou coa presenza de numerosos estudiosos da súa obra. Neste volume recóllense as actas das intervencións de ditos estudiosos. Recóllese ademais o texto dunha mesa redonda acerca da personalidade de Fole na que participan Benxamín Casal, Agustín Sixto Seco, Manuel María e Raimundo García Domínguez. Os traballos recollidos son os seguintes:

-Claudio Rodríguez Fer, “Aproximación á vida e á obra de Ánxel Fole”, pp. 11-28. Ofrece unha serie de notas sobre a vida e a obra de Ánxel Fole. Refírese así a tódalas súas colaboracións en diferentes xornais como foron *El Progreso* ou *La Provincia*, sempre de temática cultural e frecuentemente literaria. Con respecto á súa produción literaria, sinala que comeza en 1935 coa publicación de tres textos pertencentes ó que debería se-lo seu primeiro libro, *Auga lizgaira*, e que logo continuaría con *Á lús do candil* (1953), *Terra brava* (1955), e a peza teatral *Pauto do demo* (1958). Indica que máis tarde tamén se mergullaría no ciclo de vilas e cidades de Galicia que ambientaría os seus últimos libros —*Contos da néboa* (1973) e *Historias que ninguén cre* (1981)—, espaxando ademais pola prensa e algún libro colectivo, numerosos contos en galego e castelán non recollidos ata a recente edición da súa *Obra completa* (1997).



Presenta ademais unha serie de comentarios sobre a súa obra, da que a súa máxima espectacularidade “provén do reflexo da dimensión parapsicolóxica do pobo galego”.

-Armando Requeixo, “Sobre a lingua de Ánxel Fole”, pp. 29-37. Achega diferentes “trazos contextuais e intratextuais” que definen as particularidades lingüísticas encerradas na obra de Fole. Mostra o decidido posicionamento sociolingüístico do autor lugués e o bilingüismo xenérico levado a cabo por este á hora da creación, xa que empregou alternativamente o galego ou o castelán na súa obra periodística e lírica, reservando o uso do galego para a narrativa e o teatro. Remata coa presentación dalgún dos trazos gramaticais e dialectais existentes en *Á lús do candil* (1953) e *Terra brava* (1955).

-Xosé Manuel Dasilva, “Traducir a Fole como desafío”, pp. 39-58. Comeza anunciando o propósito do seu traballo: demostra-las posibilidades da obra de Fole para a traducción e o valor que os seus libros poden ter en medios non galegos. Despois de lembrar numerosos exemplos de autores non só contemporáneos senón clásicos que viron a súa obra publicada, chama a atención sobre o feito de que antes do ano 1986 a penas hai nada traducido da obra de Fole. A continuación presenta as hipóteses para entende-las razóns que levaron a Fole a non traducir a súa obra entre as que destaca o seu desinterese por ser coñecido alén do noso país, a creación dun mundo narrativo no que o principal receptor é galego, a falta de rigor editorial que levou a controla-lo proceso de publicación a algúns amigos do autor ou o carácter cultural e idiomático das súas obras. Finalmente reflexiona sobre o paradoxal feito do traballo de Fole como traductor de obras doutros autores para o galego e remata facendo unha análise das pautas que cumpriría ter en conta para levar adiante a tarefa de traducir a Fole.



-Xulio Xiz, "Mesa redonda: "Fole comunicador", pp. 61-65. Realiza a presentación da primeira mesa redonda a celebrar dentro do Congreso, facendo diferentes referencias á figura de Ánxel Fole e a certas actividades celebradas ó redor da súa persoa. Dá a coñecer ademais ós participantes da mesa redonda (Ángel Martínez Fernández de Vega, Xosé de Cora Paradela, Ernesto Sánchez Pombo e Vicente Quiroga Rodríguez) e o tema que van a tratar cada un deles e que se describe a seguir:

-Ángel Martínez Fernández de la Vega, "Mesa redonda: "Fole comunicador", pp. 67-68. O xornalista Ángel de la Vega, que foi director de "Hoja del Lunes de Lugo" e redactor xefe de *El Progreso*, estivo en contacto con Fole durante os seus trinta últimos anos ó longo dos que chegaría a coñecer-la forma de ser e o mundo cotián do escritor lucense. Relata así, na súa intervención, unha serie de anécdotas vividas xunto a Fole, por medio das que se reflicte o seu humor, a súa retransa e ironía.

-Xosé de Cora, "Mesa redonda: "Fole comunicador", pp. 69-76. Fai Xosé de Cora ó longo da súa intervención un percorrido a través do labor xornalístico de Fole, iniciado no ano 1928 en *La Provincia* e concluído coa súa derradeira colaboración en marzo de 1986 en *El Progreso*. Nomea así tódalas revistas e xornais nos que participou, e que incluso tamén chegaría a dirixir como é o caso de *Yunque*, indicando ademais o que achegou a cada unha delas. Relata por último algunha das anécdotas que o lugués protagonizou na redacción de *El Progreso*.

-Ernesto S. Pombo, "Mesa redonda: "Fole comunicador", pp. 77-83.



M? it io



Comeza sinalando que a tradición oral é un dos aspectos sobre os que se asenta a vida e a obra de Fole, para a continuación dar conta de todos aqueles faladoiros nos que participou dende a súa etapa de estudante en Santiago, indicando ademais o nome dos seus interlocutores e os temas sobre os que conversaron. Remata afirmando que faladoiros tamén o son moitas das súas colaboracións xornalísticas e algunha das súas obras como é o caso de *Á luz do candil* (1953) e *Terra Brava* (1955).

-Vicente Quiroga Rodríguez, “Mesa redonda: “Fole comunicador”, pp. 85-87. Relata Vicente Quiroga a etapa vivida por Fole dende o ano 1946 na casa da Veiguiña en Quiroga con el e xunto cos seus pais. Lembra que foi o seu mestre, compañeiro de xogos e iniciador á lectura. Considera que alí viviría feliz, e que sería nesas terras, de onde xurdirían na súa imaxinación as páxinas máis importantes da súa narrativa.

-Carmen Blanco, “Contemplando a paisaxe e testemuñando a historia: A muller nos artigos de Fole”, pp. 89-118. Logo de facer referencia a unha serie de estudos realizados sobre as mulleres na obra de Fole, céntrase Carmen Blanco en parte dos seus artigos xornalísticos en lingua galega, para introducirnos no mundo das mulleres que nos legou este lugués. Amósanos así a súa visión da “paisaxe muller, das mulleres na paisaxe e das mulleres na historia”, afirmando finalmente que os escritos de carácter periodístico deste autor teñen un interese especial para coñecer con maior precisión o seu pensamento político e as súas actitudes ideolóxicas.

-María Lopo, “Fole e o celtismo”, pp. 119-133.



Achega María Lopo a grande preocupación de Fole por todo o relacionado co celtismo, ofrecendo toda unha serie de notas que reflicten entre outros aspectos o que é o celta para el, a importancia que lle conferiu á celebración de certas reunións para a pervivencia desta comunidade cultural e a relación que viu entre literatura galega e o celtismo. Apunta ademais que o celtismo como fonte de inspiración e o celta como modelo na reconstitución dunha cultura nacional, alíanse na obra do autor de *Á lús do candil*, ó seu rol de contador e de transmisor do popular perfectamente integrado na tradición atlántica.

-Isabel Gómez Rivas, "Os 48 Lugos de Ánxel Fole", pp. 135-150. Estudio de Isabel Gómez Rivas sobre a presenza temática de Lugo na produción xornalística de Fole, e en especial da serie "Cartafolio de Lugo". Presenta inicialmente unha breve historia deste "Cartafolio" que aparecería a maioría das veces nas páxinas de *El Progreso* e onde o escritor lugués plasmaría os pequenos e grandes fitos da historia local. A continuación, mostra varios escenarios, tempos e persoas significativas para facer unha aproximación ó Lugo do "Cartafolio", para rematar afirmando que os escritos que recolle son reportaxes retrospectivos en tanto que "debedoras de André Mabilie de Poncheville e Salvador Castro S. Freire; e son crónicas de viaxes, nas que se percibe certa influencia de Raymond Cartier e Josep Pla".

-Antón Risco, "Ánxel Fole e a literatura fantástica", pp. 151-163. Comeza expondo a súa opinión sobre a literatura de fantasía en xeral e mostrando a diferenza existente entre a literatura marabillosa e a fantástica, para logo comenta-los catro "mellores" contos que compuxo Fole na maneira fantástica: "O espello" e "O tesouro" de *Á lús do candil* (1953) e "A caixa de habanos" e "Por ús pelos" de *Terra Brava* (1955).



-Xosé M. Salgado, "Os relatos pacegos de Ánxel Fole", pp. 165-182. Abre este relatorio cunha panorámica da institución pacega galega e referíndose ó eco que provocou na nosa literatura, para de seguido adentrarse na análise dos relatos pacegos do escritor lugués, que caracteriza como un narrador da "experiencia" non vinculado a unha estética concreta. Analiza así "O espello" e "O tesouro" de *Á lús do candil* (1953) e as "Tres historias do pazo de Lucencia" de *Terra brava* (1955), relatos onde o mundo pacego xoga un papel fundamental no desenvolvemento da anécdota narrativa. Afirmo que nel atoparía Fole a satisfacción de ancora-la súa vida á realidade inamovible dunha paisaxe humanizada para fuxir deste modo, cara a un refuxio onde as feridas do mundo moderno non fosen tan evidentes.

-Paco Martín, "Fole contador", pp. 183-194. Fai unha serie de consideracións sobre a figura de Fole, que chega a definir como un "extraordinario escritor", centrando a súa intervención na oralidade e tradición de moita da súa obra. Nomea así aqueles trazos máis característicos do contador tradicional —a capacidade para a invención de palabras, a elección de escenario axeitado ou o modo de reflecti-la fala propia dos personaxes—, indicando os escritos e o modo en que o escritor lugués as plasmou.

-Xesús Alonso Montero: "O primeiro Fole: Poesía e ideoloxía", pp. 195-203. Resumo en tres breves capítulos da conferencia "dita" en Lugo por Xesús Alonso Montero. No primeiro deles titulado "Ánxel Fole, poeta do Primeiro de Maio" centra o seu comentario en dous romances do escritor lugués publicados o primeiro deles en *Guión* o 1 de maio de 1931, e o segundo en *Yunque* o 1 de maio de 1932. No segundo dos capítulos, "Fole e os tres números de Yunque: do marxismo radical ó galeguismo cultural", describe os contidos e a liñas de evolución

colectivos sobre Ánxel Fole

Monografías, biografías e libros

[?it.io](#)



dos tres números coñecidos desta revista: o do 1 de maio, o do Día de Galicia e “otoño” de 1932. Finalmente baixo o título de “Máis sobre o “extremismo” de Ánxel Fole”, sinala o abandono das premisas marxistas polo escritor lugués.

-Darío Xohán Cabana, “Fole no café”, pp. 205-209. Lembra certas anécdotas de carácter persoal tidas con Ánxel Fole e trata a ardua cuestión de delimitar xeracións no rexurdir literario da posguerra. Así caracteriza ó autor de *Terra Brava* (1955) como un escritor “senlleiro”, do que ata o momento non se pode mencionar ningún escritor que se encadre de pleno dereito no seuonsel. Remata contestando a cuestión que se lle formulou no congreso sobre a intervención editorial feita no orixinal de *Contos da néboa* (1973) nas Edicións Castrelos.

-Ángel Basanta, “Á lus do candil: tradición e modernidade”, pp. 211-220. Céntrase no comentario da tradición e modernidade existente en *Á lus do candil* (1953). Afirmar que a tradición aparece reflectida tanto no marco estrutural desta obra coma en moitos procedementos e recursos que caracterizan a súa arte narrativa. Xustifica estas consideracións mediante a análise que fai de “O tesouro”, o derradeiro dos textos da obra sinalada e que posúe ademais o carácter de resumo e peche final. Opina que nel o escritor lugués fai unha longa exhibición de recursos tradicionais que vai nomeando, e reflicte a súa modernidade narrativa por medio de certas manifestacións de natureza metanarrativa e autocrítica.

-Francisco Fernández del Riego, “Semblanza do home”, pp. 221-232.



Realiza Francisco Fernández del Riego nesta disertación un deseño da figura de Fole nas súas diversas medidas. Percorre así as súas diferentes etapas vitais como foron as vividas en Santiago como estudante ou en Quiroga nos tempos da guerra, para mostrárno-las liñas máis salientables da súa actividade vital, e polo tanto tamén, dos calcos que deixou reflectidos en libros e artigos da súa autoría.

-Carlos Casares, “As miñas conversas con Fole”, pp. 233-240. Recorda o momento en que coñeceu a Fole na casa de Ramón Piñeiro e fai certos comentarios sobre a elaboración do libro de conversas que fixo con el. Sinala que algún dos temas que o obsesionaban eran o da súa xenealoxía fantástica e o da Guerra Civil, ademais de facer tamén alusión a algunha das súas paixóns, como foron a música e a literatura. Afirmar finalmente que nese libro tratou de pór todo aquilo que Fole dixo de substancial.

-Benxamín Casal, “Mesa redonda: A personalidade de Fole”, pp. 243-245. Refírese ó significado de Lugo na personalidade de Fole. Lembra a importancia que para o autor tiñan as rúas, as árbores, os longos faladoiros nos cafés da cidade e os seus amigos. Lembra tamén a súa afección polo cine e o seu labor xornalístico sobre a evolución da vida en Lugo, de onde xurdiu a creación do personaxe Fabulón Ferreiro Caneiro, o alter ego de Fole, elemento que lle servía “para expresar o seu humorismo na crónica xornalística”. Finalmente dá paso ós tres invitados presentes na mesa redonda: Agustín Sixto Seco, Manuel María e Raimundo García Domínguez, intervencións que a seguir se describen:

-Agustín Sixto Seco, “Mesa redonda: A personalidade de Fole”, pp. 247-250.



Destaca a importancia da paisaxe en Fole, elemento fundamental na súa literatura. Salienta que esta fascinación pola paisaxe o levou a manifestar nunha ocasión a Fernández del Riego que “máis que unha fascinación parecía unha teima”. A continuación lembra a súa defensa aberta do noso idioma e finalmente destaca algunhas características da súa personalidade como a súa inestabilidade psicopatolóxica e a inxusta cualificación que sufriu de “raro” ou “tolo” polo seu persoal modo de vida.

-Manuel María, “Mesa redonda: A personalidade de Fole”, pp. 251-252. Lembra a amizade que o uniu a Fole e os diversos encontros que os foron vencellando ó longo da súa vida: o faladoiro do café Méndez Núñez, no Lugo Bar, as visitas á casa natal de Manuel María, e as de Fole a Monforte de Lemos. Pecha a intervención subliñando a importancia da obra foleana e destacando a súa grande achega de vocabulario, así como a pouca utilización de Fole no ensino por escribir na normativa oficial.

-Raimundo García Domínguez, “Mesa redonda: A personalidade de Fole”, pp. 253-261. Despois de lamenta-la escasa relación que tivo co autor, contextualiza a Fole no seo da xeración de intelectuais á que pertenceu. Comeza lembrando a casa de La Rosaleda de García-Sabell e ás diferentes persoas que se daban cita alí, destacando os xeniais monólogos de Otero Pedrayo. A continuación fai semblanza da creación da Federación Universitaria Escolar, dirixida en Santiago por intelectuais como García Sabell ou Carballo Calero, e refírese tamén ás exequias literarias que ofreceu a revista *Grial* ós grandes homes de Galaxia. Destaca a seguir os faladoiros do Café Español, e remata, despois de facer un percorrido polos diferentes autores, propoñendo dar un nome a esa xeración á que el xa bautizara como xeración dos Álvares, e que agora se debería chamar Xeración dos Álvares, os Loises e os Ánxeles.





IV.3. Publicacións en revistas

IV. Día das Letras Galegas: Ánxel Fole

IV. 3. Publicacións en revistas



Barreiro Comedeiro, Moisés e Iolanda Ogando González, “A obra literaria de Ánxel Fole”, *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio-xuño1997, pp. 281-282.

Descrición da obra de Armando Requeixo *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego* (1996) na que se comenta a súa estrutura. Nela infórmase de que, tras dun prólogo de Claudio Rodríguez Fer, e unha introducción do autor, onde se sinala como obxectivo central “descubrir novos motivos na obra foleana”, dáse paso ós seguintes apartados: “Apuntamento para un perfil bibliográfico de Ánxel Fole”, “Problemática Xeracional”, “O estado da cuestión nos estudos foleanos”, “A narrativa galega de Ánxel Fole. Caracterización xeral” e “Universos temáticos na tetraloxía contística de Ánxel Fole”. Os autores conclúen salientando a rigorosidade da análise, o seu carácter innovador e a atención prestada á narrativa foleana non recollida nos seus volumes contísticos.



Couxil Vázquez, Xulio, “Notas para unha aproximación biográfica de Ánxel Fole”,
Lúa, nº 2, IIº trimestre 1997, pp. 13-15.

Achéganse uns apuntamentos biográficos sobre a figura de Ánxel Fole. Fálase do seu nacemento en Lugo o 11 de agosto de 1903, da súa procedencia fidalga por parte paterna e do feito de que se considerase descendente dos Templarios. Lémbrense tamén os seus estudos, primeiro en Lugo e posteriormente en Valladolid, Madrid e Santiago, onde coincide con Álvaro Cunqueiro e outros mozos galeguistas como Dieste, Suárez Picallo, Arturo Cuadrado, Patiño Díaz, Maside, Seoane, Colmeiro, Fernández del Riego ou Ramón Piñeiro. Recupéranse ademais outros acontecementos importantes da vida de Fole como a creación da revista *Yunque*; as súas colaboracións en *El Pueblo Gallego*, *Faro de Vigo*, *La Noche*, *Hoja del Lunes* (de Lugo), ou *El Progreso*; a súa militancia no Partido Galeguista; os anos da guerra civil; a súa participación na fundación da Editorial Galaxia e a publicación das súas obras.



Diéguez, Lois, “O meu retrato de Ánxel Fole”, *A Xanela*, nº 3, primavera 1997, p. 21.

O autor relata cómo se iniciou na lectura en galego gracias a Manuel María e cómo o chairego o levou a coñecer a Ánxel Fole. Lois Diéguez louva a humanidade e a tenrura de Fole e subliña cómo o marcou a Guerra Civil. No relativo á faceta literaria céntrase no compromiso coa lingua e considera que “ler os seus libros será a verdadeira homenaxe, zugar do seu coñecemento da arte”.



Gómez Rivas, Isabel, “Caleidoscópico Fole”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 48-49.

Analiza a obra de Fole e a visión que esta ofrece de Galicia, definida en dous mundos: o material ou real e o inmaterial ou fantástico. Refírese tamén á importancia que a oralidade ten na súa obra, da que afirma que se trata dunha “recreación de tradicións populares que, de este modo, han quedado incorporadas a la tradición literaria”. Así mesmo destácase que Fole escribiu nuns tempos “especialmente difíciles para la lengua gallega”, e alúdese á súa faceta xornalística. Recóllense detallados comentarios ás obras de investigación e estudos sobre a obra foleana aparecidos ó longo do ano, e remata referíndose ó esquecemento no que caeu a súa obra como xornalista en castelán, a parte máis extensa do conxunto, avogando por recuperala, por ter esta “un similar impulso narrativo” ó dos contos.



González Gómez, Xesús, “Ánxel Fole como pretexto”, *Lúa. Revista de Cultura e Pensamento*, nº 2, IIº Trimestre 1997, pp. 6-12.

Percorrido pola obra narrativa de Ánxel Fole que comeza situándoo na xeración dos novecentistas e lembrando as primeiras colaboracións en castelán publicadas en *El Progreso*, a fundación da revista *Yunque* e as colaboracións en *Nós* e *El Pueblo Gallego*. De seguido, refírese á publicación de *Á lus do candil* (1952) e sinálase que sería interesante investigar quen convence a Fole de que faga un libro de contos en galego. Coméntase tamén *Terra brava* (1955), *Contos da néboa* (1973), do que se di que os críticos o recibiron “con campás de gloria, cando o certo é que o libro anunciaba a decadencia dun escritor”, e *Historias que ninguén cre* (1985). Finalmente, reproducense unhas cartas entre Xesús González Gómez e Ánxel Fole, escritas cando se creou o suplemento “Táboa Redonda” de *El Progreso*.



Manuel María, “Cousas” de Ánxel Fole”, *A Xanela*, nº 3, primavera 1997, pp. 15.

Manuel María relata unha serie de anécdotas do escritor lugués e refírese ó Lugo-Bar como “o cuartel xeral ou a súa segunda casa”. Define a Fole como “ser anxélico, inocente e sabio. E, sobor de todo, un extraordinario escritor”.



Neira Cruz, Xosé A., “Retorno a Terra Brava”, *Tempos Novos*, nº 1, “Voces e Culturas. Fole”, maio 1997, pp. 66-74.

Fai un percorrido polas diferentes vilas e habitantes que ambientaron a obra de Fole dende a casa dos Quiroga, onde o autor do artigo entrevista a Juan Quiroga; Campos de Vila onde fala con Arsenio Losada, “un vello tallado en madeira de buxo” que fai lembranza dun Fole mozo; O Incio, onde se atopa outra casa literaria de Fole, na que entrevista a Manuel do Zoqueiro, e Sarria, onde entrevista a Antonio Rodríguez Cabarcos. O texto introduce, ademais, fragmentos da obra do autor.



Pozo Garza, Luz, “Ánxel Fole: dúas propostas estéticas”, *Ferrol Análisis*, nº 11, 1997, pp. 139-141

A autora lembra a boa acollida que tivera o seu libro *Ánfora* entre xente como Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega ou Lázaro Montero. Ademais comenta que Ánxel Fole enxalzara deste poemario o paganismo e di que daquela se confirmou na idea de que “se conseguimos algún acerto nas artes débese, fundamentalmente a un fenómeno de inspiración como imaxe mítica de validez apriorística”. A continuación, comenta Luz Pozo Garza o intimismo e delicadeza de Fole no poema titulado “Canción” e refírese así mesmo ó bucolismo da prosa poética “(Apuntes de un poeta). Visión deleitable” no que se aprecia a presenza das terras quiroguesas cun ton lírico e bucólico. A autora repara no diferente tratamento das descrições do mundo rural en *Á lus do candil* e *Terra Brava*, onde Fole xa non presenta concesións ó lirismo doutroa. Logo de se deter no tratamento que Ánxel Fole fixo da fala e das xentes do Caurel, alude á menor difusión da obra foleana anterior ós anos cincuenta para finalmente reproducir-la prosa poética arriba mencionada.



Requeixo, Armando, “Ánxel Fole e o relato fantástico”, *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio-xuño 1997, pp. 253-262.

Tras recoñecer a Ánxel Fole como un autor “polixenérico e bilingüe” e afirma-la produción contística foleana como “a máis lograda formal, estilística e tematicamente” das creacións do autor lugués, Armando Requeixo revisa neste artigo os conceptos de fantasía e realidade na narrativa breve de Fole. A análise organízase en tres apartados: “A singularidade de Fole no *continuum* fantástico-literario galego”, “O fantástico visionario na tetraloxía narrativa de Fole” e “Narracións fantásticas e operadores realistas”. O estudio remata cun apartado de conclusións onde Armando Requeixo salienta o papel de Ánxel Fole na narrativa galega e, principalmente os relatos fantásticos do autor nos que “tería acadado un grao de perfección estilístico-estructural e temático-lingüística maior”.



_____, “A compoñente relixiosa na vida e na obra de Ánxel Fole”, *Encrucillada*, nº 102, “Letras Galegas 1997”, marzo-abril 1997, pp. 118/6-126/14.

Analízanse as diferentes manifestacións relixiosas que existen na vida e na obra de Ánxel Fole, dende unha dobre perspectiva. Por unha banda achégase ó perfil humano do autor lucense e, a continuación, céntrase na compoñente relixiosa que aparece na súa obra. Fálase do seu bautismo na fe católica e da súa infancia marcada por unha atmosfera relixiosa. Cita, así mesmo, os estudos que realizou nos Padres Maristas e no Seminario Menor de Lugo e remata este apartado cunha referencia ó seu posterior anticlericalismo. Por último, realiza unha análise das imaxes e presencias relixiosas que atopa na obra foleana, tendo en conta que, en palabras do articulista, “non deben facernos caer na tentación de equiparar, simplistamente, o que de relixioso hai na obra de Fole co pensamento íntimo do autor a este respecto”. Entre outros, cita a temática relixiosa que aparece nalgúns dos seus contos, os personaxes relixiosos que protagonizan algunhas das súas obras e as “alusións ou referencias ó coñecemento de certos feitos históricos de carácter relixioso, ou a outras sobre o Evanxeo, sobre diferentes lugares sacros, etcétera”.



_____, “Bibliografía básica de Ánxel Fole”, *Encrucillada*, nº 102, “Letras Galegas 1997”, marzo-abril 1997, pp. 127/15-130/18.

Presenta unha bibliografía básica sobre Ánxel Fole, dividida en dous apartados. O primeiro inclúe libros e folletos da obra de Ánxel Fole e o segundo, libros e folletos, prólogos e introduccións, artigos e recensións e monográficos en revistas e xornais sobre a obra do autor lucense.



Rodríguez Fer, Claudio, “Ánxel Fole: panorama e rusofilia”, *Revista Galega do Ensino*, nº 16, maio 1997, pp. 13-29.

Claudio Rodríguez Fer achéganos á figura de Ánxel Fole profundando nun aspecto pouco tratado da vida e obra do autor: “a súa rusofilia lectora, temática e aínda ideolóxica”. O artigo estrutúrase en dous apartados. No primeiro analiza as traxectorias biográfica, poética, periodística, narrativa e teatral do autor. O segundo constitúe unha “aproximación á rusofilia de Fole”: o “descubrimento de Rusia” a través da lectura de Tolstoi, Dostoievski, Chejov e Gorki; “o impacto da revolución bolxevique”; a influencia da poesía futurista do escritor ruso Vladimir Maiakovski nos himnos de loita proletaria de Fole; “a xenialidade de Dostoievsky”; a pegada de “Chejov, Gorki, Andreiev e Bunin”; o interese por “Esenin e os escritores suicidas”; “a música popular e Igor Stravinsky”; a atención prestada a temas históricos que van dende a Rusia dos Tsares á Rusia bolxevique e, por último, o proceso do stalinismo á desestalinización. En palabras de Rodríguez Fer, “Fole encontrou no mundo ruso un motivo de fascinación (...), pero tamén un encontro de insospeitadas analoxías entre Rusia e Galicia que quedou presente na súa narrativa”.



_____, “O Fole que ninguén leu”, *Tempos Novos*, nº 1, “Voces e Culturas. Fole”, maio 1997, pp. 60-65.

Con motivo da homenaxe que lle rende este ano o Día das Letras Galegas, recóllense retallos inéditos do pensamento e da opinión de Ánxel Fole espallados por gravacións magnetofónicas que pasarán a formar parte do Arquivo Fonolóxico de Galicia. Nelas recóllense referencias e anécdotas relatadas por Fole sobre persoeiros e amigos como García-Sabell “intelectual de última hora”, Ramón Piñeiro “agudo e profundo”, “o mestre” Carlos Maside, o “pintoresco” Eiroa, Otero Pedrayo, Ramón Gómez de la Serna e Ramón Suárez Picallo, Luís Seoane e Rafael Dieste.



_____, “Biografía vivida de Ánxel Fole”, *Ferrol Análisis*, nº 11, 1997,
pp. 136-139.

Coméntanse algúns aspectos da relación persoal de Rodríguez Fer con Ánxel Fole para pasar a dar conta dos datos biográficos máis significativos do autor lugués. Así dende a xuventude en Lugo ata a data da súa morte en 1986, achéganos á vida do autor de *Á lus do candil* a través de tres apartados: “Infancia luguesa e xuventude universitaria”, “Política Republicana e retiro Posbélico” e “Restauración galeguista e dedicación xornalística”. Conclúe dicindo que pouco antes de morrer Fole deixara dito que lle gustaría ser lembrado como unha boa persoa, afirmando Rodríguez Fer que ninguén que o coñecese podería lembralo doutro xeito.



Salceda, Pura, “Letras Galegas 1997: Homenaxe a Ánxel Fole”, *Lúa Nova*, nº 35, xullo 1997, pp. 9-10.

Achega á biografía de Ánxel Fole na que se tratan as súas orixes familiares, os seus estudos, o seu compromiso con Galicia, os anos previos á guerra civil, a posguerra e os seus últimos anos. Con respecto á súa obra esbózanse brevemente algunhas notas sobre a temática dos seus contos, inspirada pola tradición galega, a técnica, tomada da literatura oral, e a variedade dialectal que empregaba.



Soto Soto, Alberte, "Lecturas de viaje y consulta", *Qué leer*, nº 11, maio 1997, pp. 26-27.

Informa da celebración do Día das Letras Galegas en homenaxe a Ánxel Fole, e caracterízao polo seu achegamento á linguaxe coloquial. Dá conta da publicación de *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego*, de Armando Requeixo Cuba, e das reedicións dos títulos foleanos: *Á lus do candil*, *Historias que ninguén cre* e *Pauto do demo*. Por outra banda, comenta o contido de *Hospital das letras*, obra da autoría de Carlos Paulo Martínez Pereiro, e *Paf Xarope*, asinada por Manuel Darriba.



Torres, Xesús, “Ánxel Fole”, *A Xanela*, nº 3, primavera 1997, pp. 16-17.

Percorrido polos momentos máis relevantes da vida e obra de Ánxel Fole referíndose á súa vida sinxela e concluíndo que mesmo aqueles que lle apuñan o “sambenito” do ruralismo para desvaloriza-la súa obra recoñéceno hoxe como un mestre no relato curto de tradición oral.





IV.4. Publicacións en xornais: estudos e recensións

IV. Día das Letras Galegas: Ánxel Fole

IV. 4. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Blanco Rivas, M., “Os artigos en galego de Ánxel Fole”, *Faro de Vigo*,
“*El Sábado*”, nº 7, 22 marzo 1997, p. 5.

O articulista dános noticia da aparición de *Cartafolio galego* (1996), volume que recolle a prosa non ficcional do autor lugués. Sinálase que a case totalidade deses artigos están en castelán, o cal parece entrar en contradicción co título desta colaboración. Faise un percorrido polos xornais e revistas nos que Fole escribiu e, para rematar, tracéxase a estruturación xeral da compilación de Rodríguez Fer.



Caño, X. M. del, “Ánxel Fole, os misteriosos segredos da Galicia rural”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 1, 8 febreiro 1997, pp. 2-3.

Percorrido biobibliográfico ó redor da figura de Ánxel Fole, no que se salientan o seu nacemento en Lugo no ano 1903, a orfandade de pai, a realización de estudos inconclusos en diversas universidades españolas, feito que o pon en contacto con membros da Xeración do 27 e con Ortega y Gasset, escritor e filósofo que segundo Rodríguez Fer, sería o modelo do xornalismo literario que admiraba Fole. De seguido, refírese á súa produción periodística que se inicia no ano 1928, labor que seguiu a realizar ó longo da súa vida, colaborando en diversas publicacións (*El Progreso*, *Faro de Vigo*, etc.). Dise que politicamente desenvolveu unha actividade importante antes da República, véndose paralizada coa chegada da guerra civil, un acontecemento que lle puxo en perigo a vida, quedándolle secuelas psíquicas, e que fixo que se retirase a Quiroga e ó Incio. Alí contactaría co mundo rural e coa tradición oral, sobre a que construíría a maior parte da súa obra, como reflicten *Á lus do candil* (1953) e *Terra Brava* (1955). Fálase tamén de que finou en 1986, sendo considerado “un vello intelectual e entrañable”.



Castro, Xavier R., “Relatos extraordinarios da terra”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 19 xaneiro 1997, p. IX.

Anuncia a reedición de *Á lus do candil* (1996), de Ánxel Fole na editorial Galaxia. Segundo o recensionista, trátase dun conxunto de contos que están fortemente vinculados á tradición popular e oral, servindo de modelo para aqueles autores que intentan “desenvolver e harmonizar popularismo con prosa culta”. Destácase o personalísimo e vivo rexistro lingüístico e a recreación que da Galicia rural aparece nestes contos que sorprenden polo misterio, a escuridade, etc.



García, Xosé Lois, “Lembrando a Don Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 159, 15 maio 1997, pp. 2-3.

Retrato da personalidade de Ánxel Fole realizado por un dos seus compañeiros “de andanzas e conversas” no Lugo dos anos setenta. O autor do artigo relata cómo coñeceu a Fole no Lugo Bar e cómo o animou a escribi-la súa primeira colaboración para o suplemento “Táboa Redonda”. Sinala que co paso do tempo descubriu “un home integrado na Terra, coñecedor e pescudador dela, e que estaba atento a toda emotividade que ela producía”. Conta ademais que Fole evitaba falar de política e que, sabedor de que Xosé Lois García participaba en xuntanzas clandestinas, preocupábase de lle presentar a xente que el consideraba de confianza como Celestino Fernández de la Vega. Refírese tamén á súa precaria situación económica e á súa xenerosidade e relata o encontro polas rúas de Lugo cun mozo estudante a quen Fole intuía como unha grande promesa: Claudio Rodríguez Fer. Conclúe salientando a faceta de comunicador de Ánxel Fole, a súa valía como ser humano e o seu vencellamento coa cidade de Lugo.



Malvar, Aníbal C. (coord.), *Ánxel Fole*, *El Mundo*, 7 maio 1997, pp. 1-4.

Suplemento especial que inclúe unha cronoloxía de Ánxel Fole na que se recollen os feitos máis destacados da súa vida, unha selección de libros acerca do autor lugués e varias fotografías do mesmo, así como os seguintes estudos:

-Claudio Rodríguez Fer, “Gracias e desgracias”, p. II. Biografía de Ánxel Fole na que se comeza aludindo á temperá morte dos seus pais e á atención que dedicaba, xa no tempo inmediatamente anterior á República, “aos costumes populares pintorescos e aos usos lingüísticos vulgares”, pasando logo a comenta-los seus inicios, polos anos trinta, na actividade política de signo antimonárquico, e no xornalismo. A represión posterior á guerra tivo graves consecuencias en Fole, que sufriu un trauma “duradeiro e terrible”, rematando por retirarse ó campo, onde se forxou “a temática, a técnica e a lingua da súa narrativa”, pois alí aprendeu o galego popular da súa obra e rexistrou o castelán vulgar e o castrapo. Inclúense exemplos do emprego deste castrapo na obra de Fole para finalizar dicindo que o autor regresou a Lugo nos anos cincuenta e só nos últimos anos da súa vida atopou recoñecemento público.

-Vicente Araguas, “O tempo, favorable”, p. III. Manifesta que había anos que non lía a Fole e, trala súa relectura, afirma que é “un clásico” que conta como recursos fundamentais co “medo, o humor, a anticipación, o costumismo, a, non sempre, pero case sempre, oralidade”, procurando reproducir na escrita o galego falado. Indica



que Fole tería un grande número de lectores nunha literatura que carecese deles e salienta a elaboración dunha atmosfera propia levada a cabo polo autor, así como as relacións con Georges Simenon ou Edgar Allan Poe, de quen sufriu unha “máis que evidente influencia”, demostrada no gusto polo grotesco ou polo “arabesco como recurso ornamental” que se manifesta no uso da elipse como técnica narrativa. Finalmente, analiza a presenza do humor na obra foleana e di que “resulta tan clásico como dificilmente clasificable”. Remata por recomendarla tradución, que o leve “por fóra das nosas fronteiras”.

-Xurxo Borrazás, “Un eco que atrona”, p. IV. Comeza afirmando que “o máis importante de Ánxel Fole non é o texto dos seus contos, senón o rastro que eles deixan” e que non pretendía ser un literato e si integrarse na tradición, aínda que non puido evitar selo debido á escrita e á lectura. Continúa falando das consecuencias que en Fole tiveron o estancamento político e cultural, que o levaron a optar pola escolla da narrativa oral tras da que se advirte “a distancia do intelectual”. Afirma que “el escribeteu, fóra de tempo, uns clásicos que nos faltaban” e remata facendo un retrato do autor lugués.

-Francisco Alonso, “Entre os autobuses e as verzas”, p. IV. O articulista propón un cartel publicitario coa imaxe de Fole e coas palabras “Adéntrese nos misterios da lectura”, afirmando que “nunha cultura normalizada, nunha Galicia monolingüe, Fole podería ser un escritor de fonda tradición popular” e que sería certamente un dos máis lidos. Finalmente, manifesta que se trata dun “ben dotado contador de historias, directo e tradicional, que soubo afondar nas paraxes máis íntimas e arraigadas da mitoloxía galega, aproveitando as fontes máis ricas da oralidade”.



Narra a explicación feita ó seu irmán pequeno, cando este lle preguntou quen era o autor a quen lle dedicaban o Día das Letras Galegas. Reproduce as claves principais da obra de Fole, salientando que conxugou varios aspectos como a realidade galega, a complexidade psicolóxica do home galego e unha dimensión misteriosa e imaxinativa, dando lugar a unha obra que tamén incorpora a oralidade, o humor e o realismo. A seguir, fala da situación actual en relación ó conto e das diferencias respecto da época de Fole rematando por lembrar a Manuel María, “que sería capaz de falarlle sobre o amigo Fole durante días, retratando a faceta máis humana del e de tantos outros que son personalidades históricas”.



Martínez Bouzas, “Contar a Fole”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 153, 3 abril 1997, p. 10.

Despois de se referir á personalidade de Ánxel Fole, o articulista fai un pequeno percorrido polas obras recentemente publicadas por Galaxia sobre o escritor lugués: *Historias que ninguén cre* (1996), *Pauto do demo* (1996) e *A vida de Ánxel Fole* (1996), de Carlos Casares. Valora positivamente a “monografía erudita” de Armando Requeixo, *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego* (1996).



Otero Cebal, X. L., “A tradición, punto de referencia na obra literaria de Ánxel Fole”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 27, 10 maio 1997, p. II.

Estudio sobre a obra literaria de Ánxel Fole. En palabras do articulista, “cada relato amosa unha situación propia, con detalles de seu, de autenticidade real. Amparándose sempre o narrador nun ambiente do máis humano e natural”. Trátase, fundamentalmente, de relatos de ambiente rural, nos que predomina o enxebre, o autóctono e o natural. Remata o artigo cunha breve alusión á estrutura típica dos relatos foleanos que, na maioría dos casos, “obedecen ás clásicas referencias das que todos facemos alusión: presentación, nó, desenlace”.



Quintáns, M. S., “Armando Requeixo e a narrativa de Ánxel Fole”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 13 xullo 1997, p. VI.

Quintáns une as súas verbas ás de Claudio Rodríguez Fer para encomiar a achega á obra foleana que nos subministra Armando Requeixo coa obra *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego* (1996). O articulista gaba tanto a biobibliografía canto o estudio formal e temático, mais valora especialmente o esforzo realizado polo crítico mindoniense para emprazar correctamente a Fole no seu contexto literario. Remata criticando a normativización á que os nosos clásicos son sometidos xeralmente.



Rolo, Xoán, “Quiroga, terra ‘musa’ de Fole”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 30, 31 maio 1997, pp. IV-V.

Parte da data de 1941 cando Fole inicia o contacto coa paisaxe, cos paisanos e os seus costumes, para nos achegar ós espazos e ás xentes que inspiraron os mellores relatos do autor lugués. Comenta, así mesmo, anécdotas da súa amizade co autor de *Terra Brava*, refírese ó seu interese pola toponimia e lembra a primeira vez que oíu unha misa en galego o 21 de maio de 1972, día no que Fole lle entregou un primeiro exemplar de *¿E decímolo ou non o dicimos?*



VV. AA., “Á lus de Fole”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1997, pp. 1-8.

Suplemento especial que *Faro de Vigo* dedicou ó autor homenaxeado no ano 1997 no Día das Letras Galegas e ó longo de todo ano. Recóllense diversos aspectos da súa vida e obra por parte de distintos autores. Inclúense fundamentalmente estudos e recensións aínda que tamén entrevistas, notas e escritos varios:

-X. M. del Caño, “Un neno grande e bo chamado Ánxel Fole”, p. 2. Perfil biográfico de Fole que se inicia co seu nacemento en Lugo, con comentarios sobre os seus pais, os estudos nos Maristas onde aprendeu ben o francés, “idioma no que leu libros, revistas e xornais ata última hora” e as súas primeiras lecturas, como os novelistas rusos, os poetas románticos, Rosalía e Antonio Machado. Á morte dos pais viviu cos irmáns e a súa casa foi “centro de tertulias e de troulas da xuventude luguesa” onde procurou coñecementos en diversas materias. A seguir fálase do servizo militar e do seu paso polas Universidades de Valladolid, Madrid e Santiago, así como do comezo da súa conciencia galeguista propiciado pola amizade con Castelao, Suárez Picallo, Maside e Colmeiro. Ofrécese información da súa actividade política e do medo que sufriu nos primeiros anos do franquismo “ó ver como eran asasinados moitos dos seus amigos e coñecidos”, e tamén do recoñecemento co que contou nos últimos anos da súa vida.

-M. Blanco Rivas, “Unha vocación temperán polo mundo do xornalismo”, p. 3.



Trata da produción xornalística de Fole, moito maior cá literaria, ofrecendo títulos de volumes compilatorios dos seus artigos e facendo un percorrido polas súas colaboracións en diversos xornais dende que en 1928 publicara o seu primeiro artigo. Destaca a súa participación en *El Pueblo Gallego*, onde comezou a empregar-lo pseudónimo “Neumandro”, en *El Progreso* e en *Faro de Vigo*, e comenta as numerosas seccións que levou a cabo nestes xornais. Remata o artigo coa afirmación de que Fole “foi ante todo un fervente defensor da nosa cultura e da nosa lingua tanto na súa obra narrativa como xornalística”.

-María Lopo, “Ánxel dos Lobos e Xan das Marabillas”, p. 4. Comeza cunha reflexión sobre a recitación de historias e poemas que se levaba a cabo, por parte dos bardos, na sociedade celta tradicional procurando a conservación de “todo o que era preciso saber sobre as orixes, a historia e a organización da súa civilización”. Ó extinguirse este mundo, este patrimonio perdurou gracias ós recitadores ambulantes e con eles as historias transformáronse. A articulista integra a Ánxel Fole nesta tradición, pois os seus contos “gardan trazas inconfundibles do seu primitivo carácter oral” e compárao co seu contemporáneo bretón Per-Jakez Hélias, co que ten puntos en común que son comentados, como “a clásica narración en espiral”, o interese pola fala e a representación mítica e realista dos seus mundos, así como a preocupación etnográfica mesturada “coa presenza do elemento máxico ou marabilloso”. Remata salientando a atracción que Fole sentía polo mundo celta.

-M. Blanco Rivas, “Novidades editoriais no ano de Fole”, p. 5. Artigo que recolle pormenorizadamente as reedicións de toda a obra de Fole por mor da celebración do Día das Letras Galegas. Ademais inclúese unha extensa serie de títulos de



traballos sobre a figura de Fole recentemente saídos á luz en diversas editoriais, con comentarios sobre os seus contidos e autores. Trátase dunha bibliografía comentada de e sobre Ánxel Fole.

-María Xesús Nogueira, "O herdo da palabra", p. 6. Analiza a obra de Fole a partir da idea de recuperación da nosa identidade presente na literatura galega, comezando por afirma-la importancia dunha "rica tradición literaria transmitida de boca en boca", oralidade na que beberon os nosos escritores ata a actualidade. A seguir indica que "a crítica coincidiu en salientar a figura de Ánxel Fole como creador dunha poética do medo, a maxia e o misterio, que atopa as súas raíces na cultura popular" mais non queda só no ámbito temático senón que se ve reflectida nas técnicas narrativas e ás veces mesmo é elevada "ao nivel estrutural, como acontece en *Á lus do candil*". Continúa falando do xeito en que a oralidade se integrou na obra foleana, superando a mera transcrición e conseguindo "un novo produto, instalado na literatura escrita" que tenta leva-la literatura popular galega de transmisión oral, "da periferia ao centro do sistema literario".

-Armando Requeixo, "O universo escénico", p. 7. Dá conta da produción teatral de Fole, reducida a *Pauto do demo*, da que se recollen as diferentes edicións que coñeceu. Afírmase tamén que escribiu outra obra non rematada e hoxe perdida chamada *A liorta*. Inclúese o argumento de *Pauto do demo* e analízanse os seus personaxes, a súa técnica, que "participa dunha mestura xenérica e de linguaxes artísticas", achegándose á narrativa e á creación cinematográfica. Finalmente, manifesta que esta vertente cinematográfica está presente tamén na obra contística de Fole e demóstrao citando os títulos



levados á imaxe ó longo do tempo e destacando a “pulsión escénica e natureza visual” da súa obra.

-Salvador Rodríguez, “Ánxel Fole non deixou herdeiros literarios”, p. 8. Entrevista con Claudio Rodríguez Fer arredor da figura de Ánxel Fole na que comeza sinalando cómo principiou o seu interese por Fole, producido a través da súa obra xornalística, da que salienta a variedade temática. Continúa comentando a relación de Fole con algúns escritores da Xeración do 27 e falando das conviccións políticas do escritor lugués, próximas ó galeguismo, así como das consecuencias que o franquismo tivo na práctica do xornalismo por parte de Fole. Analiza a seguir o feito de que non escribise nunca unha novela, xa que o seu carácter tendente á espontaneidade llo impediría, e di que se “non acadou o prestixio literario que se mereceu foi en parte debido á súa falta de ambición”. Remata apuntando algunhas influencias e subliñando o feito de que “non tivo na miña opinión herdeiros porque era un home antiexemplar”, aínda que observa ecos da súa obra en Xosé Neira Vilas.

-Claudio Rodríguez Fer, “Químicamente puro”, p. 8. Comeza falando do discurso de ingreso na Real Academia Galega de Ánxel Fole, en 1963, que tratou sobre Castelao “a quen consideraba un mestre da galeguidade”. Continúa expoñendo a idea de que Fole debe ser lembrado como unha boa persoa, pois el así o quería. Afirmar que o escritor lugués foi, en efecto, “tan bo escritor como boa persoa” e que o máis importante é o segundo, o que o articulista considera como a última lección que aprendeu del, como membro dunha xeración que, debido á guerra e á dictadura, chegou a perdelo todo “menos a dignidade”.



VV. AA., “Un escritor. Un home bo. Ánxel Fole. Especial Día das Letras Galegas”, *El Ideal Gallego*, 17 maio 1997, pp. 1-16.

El Ideal Gallego homenaxea a Ánxel Fole con este suplemento de dezaseis páxinas nas que se poden le-los seguintes estudos, entrevistas, notas e escritos varios:

Luís Pousa, “A obra á luz dun candil. Bibliografía en galego”, p. 2. Cítanse as edicións existentes en galego e castelán da obra de Ánxel Fole.

Luís Pousa, “Fole é maxistral na descripción da paisaxe do Incio”, pp. 4-5. Entrevista con Carlos Casares na que se desmarca da opinión daqueles que o ven como herdeiro da tradición do relato oral cultivado por Fole. O escritor e presidente do Consello da Cultura Galega pon de relevo a importancia do mundo rural na obra de Fole aínda que non esquece a vertente urbana presente no *Cartafolio*. Refírese, así mesmo, á tradición hispana que vincula os escritores ó xornalismo e lembra o carácter minoritario que tivera a primeira celebración do Día das Letras Galegas. Carlos Casares considera positivo o traballo desenvolvido ó redor do día 17 de maio, móstrase expectante e cauto ante o futuro do galego e refírese ó bo momento que vive a literatura galega.

-Olga Osorio, “Encantáballe que lle gastaran bromas”, p. 6.



Entrevista a Alfredo Sánchez Carro, amigo e compañeiro de Fole na redacción de *El Progreso*, quen relata toda unha serie de anécdotas do autor de *Terra Brava* que revelan, segundo o entrevistado, o humor, o egocentrismo, o amor pola paisaxe ou a afección polas árbores xeneaolóxicas.

-Luis Pousa, "Fole marcou a miña vida", p. 7. Recolle as palabras de Claudio Rodríguez Fer, quen relata cómo se forxou a súa amizade con Fole e refírese ó carácter introvertido do autor homenaxeado, á súa aversión polo protagonismo nos actos públicos e a súa xenerosidade. Conclúe subliñando a vontade realista da obra de Fole ó buscar sempre unha explicación natural para os sucesos máxicos e ó tratar de capta-la realidade espiritual e psíquica "dende unha perspectiva racionalista e científica".

-Olga Osorio, "Ródase", pp. 8-9. Reproduce as palabras de Enrique R. Baixeras que conta as incidencias que aconteceron na rodaxe das curtametraxes *O documento* e *O Cadaleito* nos anos setenta, que formaban parte dun proxecto de triloxía cinematográfica sobre a obra de Fole. O director lamenta o mal estado actual da cinta por mor do secuestro que sufrira e denuncia a falta de interese existente por recuperalo. No tocante a *O documento* salienta a colaboración na rodaxe de Fernando Trueba.

-Luis Pousa, "A renovación da narrativa", p. 10. Francisco Fernández del Riego fala da súa amizade con Fole, refírese ás lecturas preferidas do lugués e subliña o papel relevante de *Terra Brava* e *Á lus do candil* na renovación do relato curto. Destaca, así mesmo, a súa faceta de paisaxista, a fusión do mundo real e imaxinario e fai



referencia á perda de significación da literatura oral. Conclúe expresando a súa nostalxia polo xornalismo literario e comentando a importancia do Día das Letras Galegas para dar a coñece-la figura do autor homenaxeado.

Olga Osorio, “Unha continua anécdota erudita”, p. 11. Recolle as palabras do director do diario *El Progreso*, Xosé de Cora, que comenta a dificultade que presentou a empresa de realizalo *Diccionario de Fole* (1997) e refírese ó autor de *Terra Brava* como unha persoa que soubo mante-la súa ética e a súa estética. Sinala, así mesmo, o acerto que supón dedicarlle o Día das Letras Galegas a Fole e lembra a simpatía e a erudición dos seus faladoiros. Conclúe incidindo no medo e na marca que lle supuxeron ó lugués a Guerra Civil e os anos posteriores.

Olga Osorio, “Os despistes do escritor”, pp 12-13. Reproduce comentarios da sobriña do escritor lugués, Concha Fole, sobre algúns aspectos do carácter e da vida máis cotiá do seu tío como o seu gusto por viaxar, a súa relación cos nenos ou

o seu descoido cos cartos e coa vestimenta fronte ó seu esmero pola escrita, destacando en todo momento a súa timidez.

-Gabriel Arias, “En torno ó ano de Fole pululan os aproveitados”, pp. 14-15. Recolle comentarios do amigo de Fole e cronista oficial da provincia de Lugo, Juan Soto, quen dá nesta entrevista o seu parecer sobre o autor homenaxeado e considera que xunto a voces autorizadas que falan de Fole, xorden “moitos aproveitados”. Cre tamén que hai unha parte importante do autor que non está contada, refírese ó seu compromiso político e á obra inédita e



confesa que el posúe relatos e poemas que non viron a luz e que non ten intención de publicalos por agora. O entrevistado denuncia que “Fole estase a quedar en mera anécdota” aínda que encontra aspectos positivos no Día das Letras Galegas, incide na procedencia oral dos relatos foleanos e subliña a faceta xornalística do lugués. Conclúe definindo a Fole no aspecto humano como “unha persoa machadianamente boa”.



VV. AA., “Especial Día das Letras Galegas”, *La Región*, 17 maio 1997, pp. 39-49.

Suplemento homenaxe ó autor obxecto de estudio no Día das Letras Galegas e no ano 1997. Contén os seguintes estudos, entrevistas e notas:

-Xosé Fernández Fernández, “O lucense Ánxel Fole, un tratado etnográfico do mundo rural galego”, p. 40. Realiza un percorrido pola vida do autor lugués e destaca a conxunción dunha realidade material e outra inmaterial na súa obra. Refírese tamén á temática misteriosa, comenta o xeito de engarzalos relatos en *Á lus do candil* e cita os temas desta obra e de *Terra Brava*. Conclúe reproducindo un anaco da entrevista realizada por Perfecto C. Murais en 1970, no que Fole pon de relevo a importancia da lingua como trazo da personalidade colectiva dun pobo.

-L. R., “Unha vida marcada polo amor a súa terra e pola Guerra Civil”, p. 41. Comenta algúns datos biográficos de Fole incidindo nas primeiras lecturas que o marcaron (Espronceda, Bécquer, Juan Ramón, Baroja, Azorín, Rosalía, etc.). Prosegue facendo referencia á Guerra Civil como punto de inflexión na súa vida, así como a súa non inclusión das listas do Partido Galeguista, feito que o liberou de posibles represalias. Conclúe citando as homenaxes e recoñecementos que tivo en vida: membro da RAG, membro de Honra da Asociación de Prensa de Lugo, fillo predilecto de Lugo, Medalla Castelao, proposta para premio Nobel en 1983, etc.



IV.4. Publicacións en xornais: estudos e recensións

Pedro Pérez Rodríguez, “Unha anécdota significativa na rememoración da presenza de Fole”,

42. Comeza referíndose á súa amizade con Fole e á fascinación que lle produciu ó escritor lugués unha viaxe que fixeron xuntos a Santalla de Petín (Lugo) en 1979. O articulista Destaca a bonhomía, o carácter conversador e meditabundo do escritor e lembra o seu vestir descoidado xunto co seu porte elegante. Remata citando o labor xornalístico e literario de Fole.

L. R., “As vilas da provincia conmemoran a data con cine, teatro e canto oral”, p. 44. Comenta os actos que se celebran co gallo do Día das Letras Galegas nas vilas de Xinzo de Limia, Verín, Ribadavia, A Rúa e O Barco e que van dende a música á danza, pasando polo cine ou conferencias sobre o autor homenaxeado.

L. R., “Música, contos, rutas e unha feira do libro, actos para hoxe na capital”, p. 45. Recolle o programa de actos do Día das Letras Galegas en Ourense.

L. R., “Unha obra que retrata a Galicia Material e máxica”, p. 46. Saliéntase a confluencia de dous eixos temáticos na obra de Fole (a realidade material e inmaterial), destácanse tamén o misterio e o humor como elementos configuradores da obra foleana. O artigo refírese á fascinación de Fole polo mundo celta, á imposibilidade de facer encaixa-la totalidade da súa obra baixo ningunha etiqueta.

L. R., “O día das Letras está permitindo unha normalización cada día maior”, p. 47.

Recóllese a opinión do conselleiro de Educación, Celso Currás, sobre a importancia do Día das Letras Galegas no fomento da lingua, a literatura e a figura do autor homenaxeado. Celso Currás anima á lectura de Fole e dá o seu parecer sobre a actual situación lingüística de Galicia.

-L. R., “Ánxel Fole transformaba en literatura culta a arte sinxela das historias populares”, p. 49. Entrevista a Carlos Casares, na que este explica por qué biografou a Fole e considera un acerto a homenaxe ó lugués no Día das Letras Galegas. Destaca a habilidade de converter en literatura culta a arte sinxela dos contadores de contos e fala da temática de *Á lus do candil* e *Terra Brava*. Conclúe con algunhas anécdotas contadas a petición do entrevistador.



VV. AA., “Día das letras galegas. Ánxel Fole”, *La Voz de Galicia*, 17 maio 1997, pp. 1-12.

Reúnense neste suplemento, ademais dos artigos, notas, recensións, etc. que a seguir comentamos, unha cronoloxía da súa vida e unha antoloxía de anécdotas e recordos sobre Fole, pronunciados con motivo do faladoiro organizado por *La Voz de Galicia* na galería Sargadelos de Lugo. Recóllense os nomes dos participantes: Ernesto Sánchez Pombo, Ángel de la Vega, Concha Fole, Vicente Quiroga, Jesús Pérez Regueiro e Antonio Figueroa, e explícase a súa relación co autor hogano homenaxeado.

-Olga Novo, “Escribir sobre Fole”, pp. 2-3. Tracexa as liñas básicas das obras máis salientables que teñen como obxectivo o estudio da vida e/ou obra de Ánxel Fole. Entre os autores desa bibliografía atopamos a Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo Cuba, Tareixa Castro ou Manuel Forcadela. Tamén se comentan diversas compilacións da produción foleana: *Cartafolio galego* (A Nosa Terra, 1996) e *Obra galega completa* (Galaxia, 1997). Informa finalmente da publicación dunha *Fotobiografía* (Xerais, 1997) que se ofrece acompañada dun CD-ROM.

-X. L. Axeitos, “O escritor na galaxia editorial”, p. 4. Explica a arela de dignificación editorial que tiñan Fole e os seus contemporáneos para a lingua e a literatura galegas. Esclarece as novas técnicas de artes gráficas que se usaron na impresión de



revistas como *Yunque* ou *Resol*. Recoñece o papel do autor de *Pauto do demo* na creación de Galaxia e percorre a historia do deseño editorial das obras de Fole. Destácase o labor ilustrador de Maside e Xohán Ledo e críticase que nas edicións máis modernas se prescindise dos seus traballos.

-Ánxel Fole, “Galeguismo, antes e despois”, p. 5. Fole declara a Rodríguez Fer a súa convicción de que o galeguismo de principios dos 80 está atomizado e enfrontado entre si. Contrapón esta situación co clima de unidade que existía en etapas pretéritas.

-Fernández Albor, “Neno grande”, p. 5. Lembranza dunha excursión con Fole ó faro de Corrubedo.

-Siro, “A caricatura de Fole”, p. 8. Xira sobre as caricaturas que o articulista fixo de Fole. Tamén se comentan as realizadas por Maside e por Tino Grandío. Dáse conta das opinións do propio retratado sobre elas.

-García Sabell, “Dobre historia”, p. 9. Comentario sobre a expedición ó Cebreiro realizada por Ánxel Fole, Celestino Fernández de la Vega, Américo Castro, Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro.

-Miguel Sande, “Marabilloso ós 82 anos, ¡si señor!”, p. 9. Entrevista na que se interroga a Fole sobre a súa vida cotiá nos anos de vellez.





IV.4. Publicacións en xornais: estudos e recensións

-Carmen Blanco, “Falando de Fole con Claudio Rodríguez Fer”, p. 10. Entrevista de Carmen Blanco ó seu home, Claudio Rodríguez Fer, sobre a relación deste con Ánxel Fole. A conversa céntrase nas ideas éticas, sociais e políticas do autor de *Historias que ninguén cre*.

-Natalia Regueiro, “As últimas cartas”, p. 11. Infórmase da existencia, no poder da familia de Fole, dun conxunto de misivas enviadas a este por Antonio Suárez, Antonio Xesús Bal y Gay, Ramón Piñeiro, Fernández Albor, Dionisio Gamallo Fierros, Costa Clavell, Manuel Rodríguez López e Xosé González Gómez.

-Fernández del Riego, “Homenaxe ó narrador”, p. 11. Recordo do xantar ofrecido a Fole con motivo da publicación de *Terra brava*. Acompañaron o lugués Álvarez Blázquez, Piñeiro, Cunqueiro, García-Sabell, Del Riego e Otero Pedrayo. Algúns deles pronunciaron alocucións sobre diversos aspectos da vida ou obra do homenaxeado.

-Carlos Casares, “Lembranza de Ánxel Fole”, p. 12. Casares lembra o día en que coñeceu a Fole na casa de Ramón Piñeiro e a gravación que lle efectuou en 1983, que cristalizaría nun libro de conversas publicado en 1984.



Publicacións en xornais:
estudios e recensións



Veiga, M., “A entrevista de Casares con Fole”, *A Nosa Terra*, nº 762, “Guieiro Cultural”, 23 xaneiro 1997, p. 24.

Refírese ó libro *Conversas con Ánxel Fole* (1984), de Carlos Casares. Trátase dun repaso de certos episodios da vida de Fole, pero que non conforman unha “biografía máis”. Sinala certas semellanzas entre Fole e Casares, destacando o traballo deste último na reelaboración das conversas, posto que parece que é o mesmo Fole quen se expresa. Afirmar que esta “obriña” e as propias de Fole, son a mellor maneira de homenaxealo e valora-lo seu mundo literario.



Vilabril, José María e Manuel **Darriba**, (coords.), “Ánxel Fole, patrimonio de Galicia”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 28, 17 maio 1997, 20 pp.

Suplemento dedicado a Ánxel Fole no que se inclúen fotografías con diversas personalidades da súa época, un repaso polas súas obras publicadas, a caracterización da súa lingua, as súas ideas políticas, un repaso das publicacións que apareceron ó longo de 1997 e unha cronoloxía. Os artigos recensións, notas, entrevistas, etc. asinados son os seguintes:

-Alfonso Riveiro, “¿Escritor ou xornalista?”, pp. IV-V. Á pregunta expresada no título, Alfonso Riveiro responde que Fole non era xornalista se se entende como reporteiro. Divide o seu labor xornalístico en catro etapas. Na primeira, ligada a *La Provincia*, trata sobre todo problemas literarios. Durante a IIª República milita no Partido Republicano Radical Socialista e no Partido Galeguista e trata temas máis comprometidos “sen demasiado entusiasmo”. Tras unha etapa de silencio, coincidente coa Guerra Civil, colabora con multitude de publicacións e pon a andar, con Juan Soto, o suplemento “*Táboa redonda*”. Xa contra o final da vida voltará á temática literaria.

-Manuel López Castro, “O Ánxel Fole que eu coñecín”, p. VII.



Describe a convivencia con Fole no ámbito da redacción de *El Progreso*. Salienta o seu humorismo, a súa vaidade e a eterna desorde que o caracterizaba.

-Antón Grande, “Fole, xornalista e escritor”, pp. VIII-IX. Debátese sobre o seu carácter ben de xornalista ben de escritor. Conclúese que é un escritor en xornais, por ser este o medio que tiña máis á man para publica-las súas verbas. Defínese “Táboa redonda”, suplemento que el creou con Juan Soto, como unha conxunción entre literatura e xornalismo. Catalógase o *Cartafolio de Lugo* como unha escolma dos seus mellores artigos, cualificados de histórico-costumistas.

-Rafael Torres Mulas, “Parece que sopla un vento de morte”, pp. XII-XIII. Recóllese a derradeira entrevista concedida por Fole cinco días antes do seu pasamento e publicada un ano despois. Nela o autor de *Pauto do demo* fala da vellez, da súa estirpe, da súa posición na literatura galega, de Lorca, de Castelao, de Celestino Fernández de la Vega, da Guerra Civil, da república e da súa errónea decisión de lle concede-lo voto á muller que naquel momento “non tiña conciencia política, e baixo esa presión votou en masa á dereita”.

-Claudio Rodríguez Fer, “Fole coa República e na guerra civil”, p. XIV Artigo centrado na participación política de Fole, iniciada en 1931 e rematada coa chegada da guerra civil. Lémbrese o seu paso polo Partido Republicano Radical Socialista e polo Partido Galeguista, citándose os postos de responsabilidade que ocupou.

-Xosé de Cora, “Parolada con don Ánxel Fole”, pp. XVI-XVII.



Xosé de Cora inventa unha entrevista cun Fole xa morto que vive no ceo. Cóntanse varias anécdotas e recórdanse os tempos da guerra e da república.

-F. Fernández del Riego, "O escritor paisaxista", p. XIX Fragmentos do artigo "Ánxel Fole, escritor paisaxista", publicado na revista *Mencer* do Seminario de Mondoñedo. Incídese na beleza intrínseca de calquera paisaxe e na fermosura do lume no lar en contraposición cos modernos sistemas de calefacción.





IV.5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

IV. Día das Letras Galegas: Ánxel Fole

IV. 5. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Adrio, José Luis, “El Concello se “olvidó” del Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, “Día a día”, 20 maio 1997, p. 13.

O autor do artigo pregúntase cal foi a razón de que o concello pontevedrés ignorase totalmente a celebración do Día das Letras Galegas e non organizase ningún acto oficial ou evento cultural con tal motivo.



Alonso Montero, Xesús, “Fole e a revista Yunque”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 marzo 1997, p. 11.

O autor demándalles ós estudiosos de Ánxel Fole o recoñecemento á revista *Yunque*, que o lugués dirixiu, e da que o articulista só ten constancia, dende hai dezasete anos de tres números do ano 1932; pregúntase pola existencia dos números anteriores e declara o seu convencemento de que nunca os houbo debido “ó desleixo de Fole ou, quizais, a unha picaresca”. A continuación, fala da publicación na devandita revista do primeiro poema galego de Lorca e destaca o seu contido; transcribe un romance de Fole, indicando a admiración deste polo *Romancero Gitano* de Lorca, e engade a referencia doutros romances do autor de *Terra Brava*. Remata o artigo animando a outros investigadores na busca dos números dos que non ten constancia e salientando a “ importancia literaria, plástica e política” dos tres exemplares coñecidos, o que deu pé a unha próxima edición facsimilar das páxinas máis representativas por parte do Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago.



_____, “Compañeiros de Fole”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 17 maio 1997, p. 80.

Destácase neste artigo a atracción que Ánxel Fole sentiu pola poesía a pesar de que pasou á historia da nosa literatura como narrador. Lémbrense os poemas nos que canta ó proletariado durante a súa etapa filo-marxista, na que influíron sobre todo Luís Seoane e Santiago Montero Díaz.



_____, “O Primeiro Fole: ideoloxía e poesía”, *El Progreso*, 25 maio 1997, p. 71.

Refírese á presenza de Fole en importantes actividades literarias como as da revista *Resol* e *Yunque* antes da publicación do seu primeiro libro. O articulista considera que *Yunque* “é quizais a publicación literaria máis filomarxista, antes da Guerra Civil, feita por intelectuais que non militan formalmente en partidos de clase obreira (Montero Díaz, Luís Seoane, Luís Manteiga...)”. Alonso Montero comenta a presenza do poema en castelán de Fole “Diana”, que definiría ben o espírito do grupo e da revista. Sinala tamén a data de 1932, ano no que en *Yunque* reciben o “Madrigal á cibdá de Santiago”, de Federico García Lorca, publicado no número 6. Subliña, así mesmo, o ingreso de Fole no Partido Galeguista da man de Ramón Piñeiro e destaca como, de 1932 a 1935, o autor lugués “vai gañando en galeguismo a medida que vai perdendo en radicalismo social”. Conclúe coa referencia á entrada na imprenta de *Auga lizgaira* en 1936, obra que non chegaría a publicarse por mor do estoupido da Guerra Civil.



Álvarez, Eduardo, “Letras Galegas en A Coruña”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1997, p. 25.

Dáse conta dunha mesa redonda celebrada no Salón As Trébedes de El Corte Inglés da Coruña ó redor da figura de Ánxel Fole, na que participaron Carlos Casares, Xavier Alcalá, Xosé de Cora e Ramón Pernas. O articulista valora as contribucións destes estudiosos sobre a vida e a obra do homenaxeado, que relataron os seus respectivos encontros e vivencias con Fole. Ademais, achégase información sobre a exposición “A Galicia de Ánxel Fole” instalada no Arquivo de Galicia, que conta con dúas seccións: “A Galicia rural” —dedicada á lingua galega vista dende algúns documentos— e “Temas de Fole” —sobre a obra do escritor lucense.



Becerra, Marta, “Problemas de agenda”, *El Progreso*, “El despertador”, 18 maio 1997, p. 80.

Noticia da sesión especial da Real Academia Galega, celebrada en Lugo co gallo do Día Das Letras Galegas. Conta a anécdota protagonizada por Xesús Alonso Montero co Comisario Xefe da Policía. Ó achegárselle este para saudalo, o profesor confesoulle que hai vinte anos só se lle achegaban os comisarios para detelo.



_____, “¿Han oído hablar de Fole?”, *El Progreso*, “El despertador”, 13 xuño 1997, p. 72.

Refírese a periodista luguesa no título ó esquecemento no que caerá Fole unha vez pasadas as Letras Galegas de 1997. Lembra algunhas actividades celebradas en Lugo con motivo deste día, como a exposición no instituto que leva o nome do escritor. Recorda tamén a Pepe Álvarez, colega de *El Progreso* que foi quen máis fotografou a Fole en vida, aínda que moitas das súas fotos aparecen aquí e acolá sen firmar. Por exemplo, nalgunha editorial para a que Claudio Rodríguez Fer escribiu sobre Ánxel Fole.



Bernal, Diego, “Fole fue dos veces ángel, dijo Álvaro Cunqueiro”, *El Correo Gallego*, “Relicario de bordóns”, 12 maio 1997, p. 64.

Diego Bernal reflexiona sobre a vida e a obra de Ánxel Fole, homenaxeado este ano no Día das Letras Galegas. Salienta a súa “desbordante humanidade” e a súa habelencia como escritor “que contó, como nadie, la emoción de la vida y el paisaje de la alta montaña luguesa”. Cita as súas facetas de escritor, xornalista na redacción de *El Progreso*, amante da cidade de Lugo e defensor da lingua galega. A súa obra é, segundo Diego Bernal, “un orgullo legítimo de la mejor Galicia y su vida ha sido la de un hombre esencialmente bueno, en el sentido machadiano del término. Antonio Machado fue uno de sus ideales. Contaba que leía permanentemente la obra del poeta y que cuando conoció la noticia de su muerte lloró con amargura toda la noche”.



_____, “Ánxel Fole, o irmao da flor”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1997, p. 26.

Artigo no que se fai unha caracterización xeral da obra e da persoa de Ánxel Fole. Saliéntase a “fonda autenticidade” da súa narrativa, a “sinxeleza de expresión”. Lóase a súa capacidade de ser fiel á realidade e de contador de historias. O título do artigo procede dun verso de Manuel María sobre Fole: “o dono do misterio. O irmao da flor”.



Caseiro Nogueiras, Delfín, “Tempos de primacía da oralidade”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Ourense”, “Especial”, 16 maio 1997, p. 4.

Trátase neste artigo sobre a oralidade da obra de Ánxel Fole e das querencias do autor lucense polos contos que lle contaban as xentes coas que trataba. Asemade, considera que na literatura de Fole, literatura marcada polo popular e polo oral, está presente “a Galiza máxica, primixenia” sexan contos “ouvidos ou recreados ou inventados por Fole”.



Castro, Luísa, “Ánxel Fole”, *El Progreso/Diario de Pontevedra/La Región/Atlántico Diario*, 7 maio 1997, p. 13/p. 14/p. 23/p. 25.

A autora fai fincapé no universalismo de Ánxel Fole e denuncia que as Institucións están ocupadas en “encumiar escritores novos que ninguén sabe a onde chegarán” esquecéndose de que un país se constrúe sobre as bases do pasado. Luisa Castro destaca a transcendencia do traballo de escritor e considera que a obra de Fole é un “regalo exemplar” para os nosos descendentes, ó tempo que opina que os esforzos que as institucións dedican “a traer e levar xentiña do mundo literario de aquí para aló” habería que repartilos en difundir polo mundo enteiro a obra de homes como Fole, porque “son eles os que nos permiten medirnos con outros pobos” e “os que dan a cara por nós”.



Celeiro, Lois, “As Letras Galegas, sempre”, *O Correo Galego*, 23 maio 1997, p. 3.

Breve referencia ó Día das Letras Galegas que, para o articulista, “ten un significado importante, de realce da galeguidade e de recoñecemento dos homes das letras e da literatura nosa”. Continúa cunha alusión ó autor homenaxeado nesta ocasión e achégase á súa obra a través dun comentario de carácter meramente temático e argumental. Remata o artigo cunha mención das diferentes homenaxes que tiveron lugar en Galicia e coa esperanza de que “cada día, os falantes e usuarios da lingua teñan presente as letras galegas”.



Cervelo, “Fole”, *El Progreso*, “Underwood”, 3 maio 1997, p. 11.

Crítica irónicamente ós que agora se acordan de Fole cando non lle prestaban atención mentres viviu. Tamén fai nota-la ausencia dunha voz moi autorizada sobre o autor lugués: Juan Soto.



Conde, Alfredo, “Moitos días prás Letras Galegas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 maio 1997, p. 56/p. 4.

O articulista lembra o entusiasmo pola celebración do primeiro Día das Letras Galegas no que, segundo el, estaba ausente calquera estratexia comercial e no que había “o quefacer ilusionado dunha xente que respondeu unánime á iniciativa de Fernández del Riego”. Alfredo Conde cre que considerar festivo ese día foi unha iniciativa tendente a dignificar esta data “pero que ó mellor serviu para restarlle outra forza igualmente necesaria”. Considera, así mesmo, que o 17 de maio non ten nada que ver coa morte, “segundo algúns pretenden” e afirma que o seu afán é que a nosa lingua teña moitos días.



_____, “A honestidade intelectual posible”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 20 maio 1997, p. 56/p. 4.

O escritor galego opina que a obra do escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas, Ánxel Fole, non é unha obra excelsa a pesar de que toda a crítica, dominada por un totalitarismo intelectual e un maniqueísmo suicida, tenda a pensa-lo contrario. Sinala que isto sucede ano tras ano con tódolos autores ós que se lles dedica o Día das Letras Galegas. Acaba pedindo unha “pinga de honestidade intelectual”.



Costa Clavell, Xavier, “Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 23 febreiro 1997, p. 3.

Co gallo da dedicatoria do Día das Letras Galegas a Ánxel Fole, o articulista gaba a figura e a obra narrativa do escritor lugués, con quen compartiu moitas sobremesas nun pequeno café de Lugo.



_____, “Arredor de Fole”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 28 maio 1997, p. 2.

Saliéntase de Ánxel Fole a súa xenerosidade e o sentido do humor e a respecto da súa obra narrativa menciónase que xira arredor do popular, da fantasía, do misterio e da oralidade. Costa Clavell refírese tamén ás precisións anotadas por Rodríguez Fer: os valores cinematográficos presentes no seu labor xornalístico e a influencia de Bécquer nas súas lendas. Conclúe destacando a Fole como un dos escritores galegos máis representativos da segunda metade do século XX, xunto a Cunqueiro e Blanco-Amor.



Diéguez, Lois, “Fole e a paisaxe”, *A Nosa Terra*, nº 770, “Guieiro Cultural”,
20 marzo 1997, p. 21.

Reflexiónase sobre a importancia da paisaxe en Fole e a estreita relación desta coa cultura do pobo. Tamén se fala da súa arribada ó galeguismo despois de varias experiencias en partidos españois de esquerda.



_____, “O tesouro que se foi”, *A Nosa Terra*, nº 778, “Guieiro Cultural”, 15 maio 1997, p. 21.

Refírese á filmación do conto *O Tesouro*, de Ánxel Fole por parte da TVG. Lois Diéguez declara o seu rexeitamento ó escenario elixido para a rodaxe, o castelo de Soutomaior, pois considera que este relato e toda a obra foleana manteñen unha relación importante coas paraxes lucenses nas que se sitúan. Lamenta que a televisión non soubese respectar a Fole neste aspecto.



E. P., “Literatura e cine para os centros escolares de Pontevedra”, *O Correo Galego*, 1 novembro 1997, p. 34.

Anuncio da celebración en Pontevedra da campaña itinerante “Ánxel Fole: da literatura ó cine”. Apúntase como un dos obxectivos o estudio das relacións entre cinema e literatura, con especial atención á adaptación cinematográfica do conto “A caixa de morto”, realizada por Enrique Baixeras.



García, Xosé Lois, “Chantada, na obra de Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 13 maio 1997, p. 3.

O autor fai un percorrido polos lazos que uniron a Fole coa vila luguesa, dende experiencias vitais como a de se-lo escenario dun mitin a prol do Estatuto, ata as referencias en *Terra Brava*, *Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre*, pasando polos “eidos” de Chantada.



García Bodaño, Salvador, “Fole e “O Pedrón de Ouro”, *El Correo Gallego*,
18 maio 1997, p. 3.

Repaso á xornada do Día das Letras para este académico, no que tamén se lembra dos recordos de Ánxel Fole en Lugo. A mesa que tiña en *El Progreso*, o café onde lía a prensa. Sen embargo, para Bodaño, o recordo máis entrañable é a entrega do Pedrón de Ouro de 1978 a Fole, o premio de prestixio máis antigo de Galicia, polo que o escritor lugués se sentiu moi feliz.



Hortas, Daniel, “Axudar ó morto”, *O Correo Galego*, “Sinxelamente”, 17 maio 1997, p. 4.

Critica o autor o feito de que durante parte da súa vida Ánxel Fole pasou verdadeiros apuros económicos e que ningún dos que agora se chaman seus amigos por se-lo protagonista das Letras Galegas, se acordaron del neses momentos de estreiteces.



Liñares Giraut, X. Amancio, “Ánxel Fole”, *O Norte*, nº 64, “Nas veas da diáspora”, do 10 ó 17 maio 1997, p. 2.

Comeza reproducindo un fragmento do relato “A caixa de morto” (de *Á lus do candil*) no que se fai referencia á condición de emigrante do personaxe Don Froilán. A continuación, comenta que malia non se-lo tema da emigración un eixo central na obra de Ánxel Fole, non obstante “no mundo labrego que narra e describe, a emigración é elemento subxacente”. Apoiándose en traballos de Claudio Rodríguez Fer, Carlos Casares e Armando Requeixo, X. Amancio Liñares comenta algúns datos biográficos do autor lugués e conclúe reproducindo outro relato, esta vez de “Solaina” (*Terra Brava*), coa temática da emigración de fondo.



Mallo, Albino, “Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, “Visións”, 8 maio 1997, p. 3.

Pon de relevo a importancia da dedicatoria do Día das Letras Galegas de cara á divulgación e volta á actualidade do escritor homenaxeado. Refírese, así, á biografía de Fole, de Claudio Rodríguez Fer, traballo que percorre a vida do autor nunha análise que lle parece imprescindible para captar axeitadamente o que o escritor quixo dicir. Conclúe dándolle a benvinda a este traballo e ós que se realicen como preámbulo para entrar na obra do lugués.



Manuel María, “A tradición liberal na familia de Ánxel Fole”, *El Correo Gallego*,
4 marzo 1997, p. 3.

Achega unha serie de datos sobre Juan María Quiroga e Ánxel Fole, bisavó e avó, respectivamente do escritor lugués Ánxel Fole. Son todos eles datos “importantes” e “demostrativos” de que pola banda paterna da familia de Fole había unha fonda tradición liberal, á que tanto el coma os seus irmáns sempre lle foron fieles.



_____, “O ano das Letras Galegas para Crecente Vega”, *El Correo Gallego*,
1 xullo 1997, p. 3.

Comeza o artigo dicindo que dende o ano 1989, en que o Día das Letras Galegas foi dedicado a Celso Emilio Ferreiro pola presión popular, a Real Academia Galega nomea á persoa homenaxeada no próximo ano “antes que ninguén se lle adiante”. O autor considera que a cultura galega “pertence a tódolos galegos” e polo tanto propón que a conmemoración das Letras Galegas en 1998 sexa dedicada a Xosé Crecente Vega. A seguir inclúe os motivos que o levan a solicitar publicamente este nomeamento, como a súa “grande calidade poética” ou a coincidencia co “cincuentenario do falecemento do poeta”. Ademais fala do proxecto de trasladar os restos do poeta “para a súa Chaira nativa”, xa que estes se atopan en Segovia. Finalmente fala da súa obra e da conveniencia de publicala súa obra poética completa. Remata eloxiando a súa poesía e propón que “para o ano 1999 se lle adique a conmemoración das Letras Galegas a Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez”.



Méndez Ferrín, Xosé Luis, “Cómo lembrar a Fole sen bater no tópico”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 28 abril 1997, p. 2.

Lembra un artigo seu dedicado a Ánxel Fole do ano 1955 publicado en *La Noche*. Manifesta a súa sorpresa porque, na actualidade segue a mante-la opinión crítica sobre *Terra brava* con respecto á presenza do ruralismo que sostiña Fole, á simplicidade técnica nas narracións e á ausencia de solidariedade sentimental co “pobre da terra”. Tamén naquela ocasión salientaba a aparición dunha nova lingua galega que recollía a oralidade dialectal e celebraba o paisaxismo de Fole. Compara as súas reservas con respecto á narrativa de Fole coas expresadas por Gonzalo R. Mourullo, tamén en *La Noche*, a respecto de Manuel Antonio e o seu modernismo e explica que este distanciamento obedecía a que a partir de 1955 existían tres propostas diferentes na narrativa galega cos seus defensores e detractores: Cunqueiro, Fole e a Nova Narrativa.



Neira, Manuel, “Ánxel Fole: o paradigma”, *O Correo Galego*, “Lecer”, “Cristal de rocha”, 7 setembro 1997, p. XII.

Comeza o artigo cunha crítica á “cultura oficial” por tentar “envolver, plastificar e domesticar na parafernalia administrativa” a Ánxel Fole no Día das Letras Galegas. Comenta a evolución do escritor lucense ó longo da súa vida, os gustos literarios e pictóricos e o seu interese polo cinema galego. Cualifica a obra foleana de “realista” e “mitolóxica”. Afirmar que a consideración do autor de *Terra Brava* como un escritor menos interesante que Cunqueiro ou Blanco-Amor está motivada polo “descoidado estilo e a anarquía formal”, factores que, segundo Manuel Neira, non coinciden coas tendencias literarias modernas en Europa.



_____, “Un soño con Fole”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 1 novembro 1997, p. 4.

Artigo costumista no que Manuel Neira rememora unha noite en que soñou con Fole.



Neira Cruz, Xosé A., “San Fole”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 18 maio 1997, p. 60.

Reflexións sobre a hipocresía que supón o ritualizado Día das Letras, que considera como unha simple operación de imaxe na que a maioría dos que a festexan non cren.



Penedo, José Luis, “La paradoja del Día das Letras”, *El Correo Gallego*, 16 maio 1997, p. 2.

O paradoxo ó que se refire Penedo consiste en que a RAG non homenaxease aínda ó seu impulsor, o filántropo ferrolán Fontenla Leal, a pesar de que non teña obra escrita en galego. José Fontenla Leal animara, ademais, a Pondal e Veiga a crea-lo himno galego. Despois de facer un breve percorrido pola orixe do Día das Letras e da historia da RAG, o periodista reclama este pequeno detalle cun personaxe que aínda permanece no anonimato para moitos galegos.



Piñeiro, A., “¡Viva a Galicia morta!”, *La Región*, 19 maio 1997, p. 56.

O autor deste artigo comenta o seu parecer sobre os criterios que se seguen para elixi-lo homenaxeado cada ano o Día das Letras Galegas. Lembra que, entre outras razóns, este ha levar dez anos “no caldeiro”. Continúa reflexionando sobre este feito e di que “o galego só vale para homenaxear ós que o falaron noutroa”. Remata salientando que “se este idioma hipocritamente loubado, non fora unha anécdota o resto do ano, entón non habería celebracións”.



Pontón, Eugenio, “Fole, admirable Fole”, *Diario de Pontevedra*, “Mirador”,
25 maio 1997, p. 32.

Reflexión sobre as características da obra foleana. Afirmar que ler a Fole “es recrear la Galicia rural de una gran parte de nuestro siglo. Leer a Fole es sumergirse en un vocabulario gallego inaccesible y sincero, sin academicismos” xa que o autor lugués nunca se preocupou polo academicamente correcto senón que intentou reflectir a lingua do pobo. Remata o artigo cunha felicitación para os editores das obras de Fole por respectar a súa grafía.



Ramos, Fernando, “O que prefiro de Fole”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 9 abril 1997, p. 2.

Fernando Ramos amosa as súas preferencias pola faceta de articulista de Fole, polas historias contadas de viva voz e polo *Cartafolio de Lugo*. Comenta que a obra de Fole é dispersa e “ás veces, malfadada” (en alusión á novela *Auga lizgaira*); lembra as “malas pasadas” que a memoria lle ía xogando co paso dos anos e refírese ás “veladas” nas que o autor lugués contaba historias e acontecementos da súa cidade. Conclúe reproducindo unhas palabras do escritor en clave poética sobre Lugo.



_____, “Cousas do formidable Fole”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 27 abril 1997, p. 2.

Lembranza dalgunhas anécdotas que o autor do artigo recorda de Fole cando este vivía en Lugo. Destácase a importancia da escolma de artigos *Cartafolio de Lugo*.



_____, “Falando de Fole en Vigo”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 14 maio 1997,
p. 2.

Manifesta o seu desacordo con “algúns críticos inmisericordes” que “culpan a Fole de que levou o seu desaliño machadiano á súa propia literatura”. Sinala que en toda a súa obra están presentes os personaxes que poboaban o Lugo do seu tempo que el sabía retratar cunha gracia especial. Declara que era un “estupendo tipo humano, deses que abundan tan pouco e dos que un estará toda a súa vida contento e orgulloso de ter coñecido”.



_____, “O Lugo de Fole”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 18 maio 1997, p. 2.

Comeza cunhas palabras de Fole nas que este manifestaba a importancia que tiña Lugo na súa vida e refírese ó sentimento colectivo de tódolos lucenses que se senten dalgún xeito cidadáns da “capital da Galicia romana”. Reitera —como xa fixera no artigo anterior— a gracia especial que imprimía Fole ós sucesos que vía ou escoitaba nas rúas e conclúe destacando que “un percibe da súa man a prodixiosa e forte personalidade daquela cidade provinciana (...) que ocultaba tantas picardías debaixo do manto da respetabilidade social”.



_____, “Outras cousas de Fole”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 19 maio 1997,
p. 2.

Breve artigo no que se lembra a figura de Fole centrándose no seu lado máis humano. Del destaca a súa intelixencia e falta de vaidade, a súa imaxe pouco coidada e as súas dotes de gran conversador. O artigo remata cunha mirada ó pasado na que lembra a cidade que foi e xa non é, o Lugo de Ánxel Fole.



Rivas Villanueva, Luís, “Letras Galegas”, *La Región*, “Y por tanto, Orense”,
17 maio 1997, p. 14.

Compara a saudable situación do galego (tanto oral coma escrito) dende os primeiros anos oitenta e a paupérrima da década anterior. Nembargantes criticase o ILG e a RAG por permitiren que o máximo responsable da Academia compatibilizase tal cargo co de delegado do goberno en Galicia.



Soto, Juan, “Disculpas”, *El Progreso*, “De re varia”, 4 xuño 1997, p. 64.

Denúnciase que os representantes do grupo de goberno do Concello de Lugo non estivesen presentes nos actos dedicados a Ánxel Fole o Día das Letras Galegas, feito que o articulista cualifica de “boicoteo”. A Juan Soto non lle serven as explicacións do alcalde que considera que a “sabotaxe” foi responsabilidade da Consellería de Cultura e considera que non se pode desculpar esta ausencia na homenaxe a un Fillo Predilecto da cidade.



Suárez Abel, Miguel, “Contos de lareira”, *La Voz de Galicia*, 24 maio 1997, p. 75.

Breve reflexión sobre a vida na aldea durante as noites de inverno. Afirmo que el naceu a finais de 1952, ano no que Ánxel Fole publicou *Á lus do candil*. A continuación, lembra a súa infancia á carón do pote do caldo nas lareiras cheas de fume e cita os contos como un dos elementos imprescindibles nas noites de inverno.



Tarrío Varela, Anxo, “Fole enteiro, si señor”, *El Correo Gallego*, 9 febreiro 1997, p. 3.

Comeza falando das características da crítica literaria do século XIX e afirmando que esta lle concedía demasiada importancia á biografía dos autores, mentres que os métodos científicos do século XX “favorecen en exceso a atención ó produto final do proceso artístico: a obra en si, deixando en penumbra a biografía do autor”. A seguir indica que agora se tende cara a un eclecticismo no que se teñen en conta os dous aspectos, e que hoxe a literatura coñece un novo medio para ser considerada, como é a “facturación”, en termos de mercado. Esta reflexión vén dada pola publicación da obra *A vida de Ánxel Fole* (1996), de Carlos Casares, en edición dirixida “fundamentalmente, cara á adolescencia”, e na que o autor elabora un perfil de Fole a partir de conversas que mantivera con el, tocando múltiples facetas da súa personalidade e do seu quefacer literario. Afirmar que é unha obra de agradable lectura que ofrece un retrato axeitado do escritor lugués “sen grandes requilorios teóricos nin esforzados”.



Valcárcel, Marcos, “Ánxel Fole e o engado da oralidade”, *O Correo Galego*,
“Pé das Burgas”, 4 abril 1997, p. 3.

Repasa dúas publicacións sobre Fole. *Cartafolio Galego* (1996), preparado por Rodríguez Fer da que di que se trata dunha compilación da obra xornalística do escritor lugués, na que destacan os "Recantos", evocacións recollidas en *El Progreso* e *Ánxel Fole e Á lus do candil* (1997) de Luís Alonso Girgado e Armando Requeixo no que destaca a inclusión da obra foleana dentro do xénero do “fantástico visionario”. Destaca Valcárcel a contribución de Fole como narrador da oralidade, o que garante a súa pervivencia no tempo.



_____, “De Cambados ás terras de Valdeorras”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 16 maio 1997, p. 3.

Loa a creación do Día das Letras Galegas e sinala que se trata dunha cita para recoñecermonos galegos e unha chamada ó orgullo e á identificación cun idioma e unha cultura de seu. Refírese tamén a outras homenaxes que se desenvolven nestes días á vez que os actos dedicados a Ánxel Fole. Así, cita o recoñecemento a Isaac Díaz Pardo por parte da Fundación Premios da Crítica, a homenaxe a Manuel María organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, a Antón Risco pola iniciativa do Clube Alexandre Bóveda e a Fundación Vicente Risco e as lembranzas dedicadas a Florencio Delgado Gurriarán e Plácido Domínguez Castro por parte da Asociación Cultural Vía Nova de Valdeorras e polos veciños de Cambados, respectivamente.



_____, “Ánxel Fole e o sentimento da paisaxe”, *O Correo Galego*, “Pé das burgas”, 31 outubro 1997, p. 3.

Dá conta da celebración dunhas xornadas en Ourense sobre Ánxel Fole nas que actuaron como relatores Marcos Valcárcel, Claudio Rodríguez Fer, Delfín Caseiro, Carlos Casares e Francisco Fernández del Riego. Valcárcel recorda como na súa alocución salientou a importancia da paisaxe en Fole e a súa íntima relación coa fala.



Vázquez Pintor, Xosé, “Un selo para Fole”, *La Voz de Galicia*, 12 maio 1997,
p. 6.

Comeza referíndose ó selo deseñado para homenaxear a Ánxel Fole no Día das Letras Galegas 1997 no que, na súa opinión, aparece “agraciado” e “máis composto que de costume”. O autor do artigo recupera a imaxe de Fole como “colleitor dos medos e dos sonhos dos vellos máis velliños do Incio, do Courel e de Quiroga” e imaxínoa exercendo a “resistencia oral” nas Murallas de Lugo ou sentado no Lugo Bar, o punto de encontro habitual.



Veiga, Manuel, “Bravura, misterio e galeguidade”, *A Nosa Terra*, nº 778, “Guieiro Cultural”, 15 maio 1997, p. 27.

Identifica os paisanos e as tabernas de Quiroga e do Incio como referentes do mundo literario de Ánxel Fole e sinala que a súa obra constitúe un afondamento no imaxinario colectivo galego do seu tempo na busca das súas claves definitorias. Dende esta perspectiva considera que a obra de Fole é realista —aínda que a nós se nos presente como fantástica—, pois constitúe a transcripción literaria “dun xornalista á beira do camiño”. Refírese tamén á modernidade da súa prosa, apta para a adaptación cinematográfica, e ó seu esforzo co idioma ó escolle-la lingua galega como vehículo da súa obra.



Vidal Villaverde, Manuel, “Terra brava”, *Atlántico Diario*, “Mar de Fóra”, 3 abril 1997, p. 26.

Recordos da persoa de Ánxel Fole e Lugo entre versos de Machado, unha das lecturas de Fole. O escritor lugués aparece na súa faceta de xornalista. Aparecen as súas lecturas narrativas preferidas. Hai anécdotas sobre outros personaxes, caso de Pimentel ou Suárez Picallo.





V.6. Publicacións en xornais: entrevistas

IV. Día das Letras Galegas: Ánxel Fole

IV. 6. Publicacións en xornais: entrevistas



Publicacións en xornais: entrevistas



Carballa, Xan, “Fole escribía consciente de formar parte dun proxecto colectivo”,
A Nosa Terra, nº 778, “Guieiro Cultural”, 15 maio 1997, p. 21.

Entrevista a Claudio Rodríguez Fer na que se cualifica de “motor principal das publicacións e encontros que reivindicán a figura do autor de *Terra Brava*”. Fala do carácter discreto, solitario e retraído de Fole, pouco dado a homenaxes e oportunismos. Refírese ó corte vital e creativo que supuxo a chegada da guerra civil, xa que desapareceron os seus lugares habituais de traballo, foi perseguido por ser secretario do Partido Galeguista e se interrompeu a publicación de *Auga lizgaira*. Sinala que a súa reaparición en 1953 con *Á lus do candil* “ten unha orientación clara: o sentido político de restaurar a cultura galega nos difíceis anos da posguerra, cunha visión humanista, galeguista e con valores democráticos de esquerda”. Valora así mesmo aspectos como o seu compromiso intelectual e lingüístico, as influencias do cine e a presenza de Lugo na súa obra.





IV.7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

IV. Día das Letras Galegas: Ánxel Fole

IV. 7. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. C., “Cinco horas con Fole”, *El Correo Gallego*, “De guardia en el fielato”,
16 maio 1997, p. 30.

Dáse noticia dun acto que tivo lugar na librería Alonso, na véspera do Día das Letras Galegas, no que durante cinco horas se fixo unha lectura pública de textos de Ánxel Fole, asiduo interlocutor desa librería. Neste acto participaron, entre outros, a sobriña do escritor, Aurora Pérez Carro y Fole, Darío Xohán Cabana, Paco Martín e Uxío Novoneyra.



AGN, “El Congreso sobre Ánxel Fole contará con especialistas de su obra”,
Diario de Pontevedra, 17 abril 1997, p. 37.

O xornalista resume os actos e conferencias que terán lugar no Congreso Ánxel Fole que se celebrará na Biblioteca Pública de Lugo entre os días 22 e 24 de maio. Entre os expertos na obra foleana que intervirán destácase a presenza de Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo, Xosé Manuel Dasilva, Carme Blanco, Xosé Manuel Salgado, Xesús Alonso Montero, Darío Xohán Cabana, Ángel Basanta Fernández del Riego etc.



_____, “Manuel Regueiro e Paco Martín disertaron sobre Ánxel Fole”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1997, p. 27.

Infórmase das actividades que tiveron lugar no marco da Semana das Letras Galegas 1997 organizada polo Lectorado de Estudos Galegos da Facultade de Filoloxía e Xeografía e Historia da Universidade do País Vasco, do 12 ó 16 de maio. Nesta Semana contouse coa presenza de Manuel Regueiro, que disertou sobre a historia do Día das Letras, e Paco Martín, que centrou a súa intervención na figura literaria de Fole. Ademais, organizouse unha exposición de gravadores galegos, unha charla sobre o Camiño de Santiago no País Vasco, un recital poético, proxectouse a película *Sempre Xonxa* e entregáronse os premios do I Certame Literario Galicia en Euskadi.



_____, “Educación envía material sobre Ánxel Fole a tódolos centros educativos de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1997, p. 28.

Refírese ós materiais didácticos que editou a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre Ánxel Fole para enviar a tódolos centros de ensino primario e secundario de Galicia. Sinálase o contido destes materiais facendo especial mención ó das unidades didácticas, presentadas como unha escolma de textos xunto con notas biográficas do autor, as cales propoñen actividades sobre o vídeo “Os lobos”.



_____, “Darío Villanueva e Alonso Montero reivindicán en Lugo a faceta poética de Ánxel Fole”, *Diario de Pontevedra*, 17 maio 1997, p. 28.

Infórmase do acto conmemorativo organizado pola Universidade de Santiago para homenaxear a Ánxel Fole. Saliéntanse a presentación da revista de lingüística e literatura *Moenia*, editada polo departamento de Filoloxía da Universidade compostelá no Campus de Lugo e a intervención de Alonso Montero, que reivindicou a faceta poética do escritor, así como a súa ideoloxía radical e marxista dalgúns escritos durante a Segunda República. Seguidamente faise referencia á intervención de Darío Villanueva, que ademais de facer fincapé na súa contribución poética, resaltou tamén a súa personalidade máis humana.



_____, “Pérez Varela presentó el ‘Congreso Ánxel Fole’ que comienza el jueves en Lugo”/“Pérez Varela presentó el congreso que se dedicará en Lugo a Fole”, *Diario de Pontevedra/El Progreso*, 20 maio 1997, p. 23/p. 73.

Infórmase da presentación das xornadas dedicadas a Fole en Lugo e de novas publicacións relacionadas con este autor, nun acto celebrado en Santiago.



_____, “Cerca de 300 personas participan en el congreso dedicado a Fole”,
Atlántico Diario, 22 maio 1997, p. 56.

Avance da programación do Congreso dedicado a Ánxel Fole con motivo do Día das Letras Galegas. Cítanse os nomes dalgúns dos participantes entre os que se atopan Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo, Xosé Manuel Dasilva, Xosé de Cora, Ernesto S. Pombo, Ángel Martínez de la Vega, Vicente Quiroga, Xulio Xiz, Carmen Blanco, María González Lopo e Isabel Gómez Rivas. Dise tamén que está programada unha excursión ás paisaxes e itinerarios lucenses máis relacionados co escritor.



_____, “Carlos Casares disertó sobre las virtudes literarias y periodísticas de Ánxel Fole”, *Diario de Pontevedra*, 22 maio 1997, p. 20.

Infórmase dos contidos da conferencia pronunciada na sede da EGAPE en Compostela a cargo de Carlos Casares e Antón Grande. Infórmase de que este último destacou o labor xornalístico de Fole comparándoo con Francisco Umbral e lamentou a falta de traducións das súas obras a outras linguas. Sinalou tamén que xa en vida o escritor lucense gozou dunha grande popularidade e prestixio. Infórmase tamén neste artigo do comezo do Congreso dedicado a Fole que se celebrará na Biblioteca Pública de Lugo.



_____, “La obra de Ánxel Fole *A lus do candil* fue el libro en lengua gallega más vendido durante el año pasado”/“*Á lus do candil*, el libro en gallego más vendido en 1996”/“El libro en gallego más vendido en Galicia en el 96 fue *Á lus do candil*”, *Atlántico Diario/La Región/El Progreso*, 20 xuño 1997, p. 51/p. 53/p. 72.

Infórmase do liderato de *Á lus do candil* na lista de vendas do 96, no tránsito do cal acadou catorce edicións. Recóllese o número de títulos editados nese ano e percíbese unha caída respecto ó exercicio anterior. Sinálase que a media de libros publicados por editorial é de dez, cantidade xulgada como baixa. Neste reconto téñense en conta as edicións de autor, de fundacións e de asociacións e institucións).



A. R., “Os rapaces de Ames renderon homenaxe a Ánxel Fole”, *O Norte*, nº 65, do 17 ó 24 maio 1997, p. 13.

Dá conta dos actos celebrados nos colexios do concello coruñés de Ames con motivo do Día das Letras Galegas e entre os que se citan recitais, proxección de vídeos, exposicións de traballos realizados polos alumnos.



_____, “Os colexios celebraron o Día das Letras Galegas”, *O Norte*, nº 65, do 17 ó 24 maio 1997, p. 21.

Informa das actividades que tiveron lugar nos colexios padroneses durante a celebración do Día das Letras Galegas en particular no Colexio Público Rosalía de Castro que convocou un concurso de contos en galego.



A. V., “Galicia toda lembra a figura de Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, 18 maio 1997, p. 51.

Coméntase a ofrenda floral na tumba de Fole e a sesión extraordinaria da RAG, coa intervención de García Sabell e de Carlos Casares, que constituíron os actos centrais do Día das Letras.



A. X., “Os concellos poñen en marcha a súa particular celebración”, *O Correo Galego*, 16 maio 1997, p. 34.

Coméntase o inicio das emisións do programa radiofónico “O trabalingua”, espacio sobre a lingua que xorde da colaboración entre o concello de Santiago de Compostela e RNE. Tamén se informa doutros actos promovidos polos concellos de Ourense e Oleiros con motivo do Día das Letras Galegas deste ano.



Agulla, Álvaro, “Intensa actividad en los colegios con motivo de las ‘Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1997, p. 18.

Coméntanse os actos que se celebrarán nos diversos colexios de Marín con motivo do Día das Letras Galegas. Estes irán dende recitais, análises de textos foleanos e concursos de poesía ata actuacións de orquestras e coros ou maratóns.



_____, “Hoy se entrega la distinción de las ‘Letras Galegas’ al Colegio A Pedra”,
Diario de Pontevedra, 15 maio 1997, p. 20.

Dáse conta do acto con que o Concello de Bueu pretende amosa-lo seu recoñecemento cara ó traballo a prol da lingua e da cultura galegas que vén desenvolvendo o colexio “A Pedra”. Sinálase a Arturo Sánchez Cidrás como alma máter deste labor.



_____, “O Colexio “A Pedra”, recibiu a “Mención Honorífica das Letras Galegas”,
Diario de Pontevedra, 17 maio 1997, p. 22.

Informa da concesión da “Mención Honorífica das Letras Galegas” ó Colexio Público “A Pedra” de Bueu pola publicación do *Cartafol de Poesía* (1996), que contén composicións de Johan Carballeira. Recóllense, así mesmo, as palabras do alcalde bueuense sinalando que a “Mención” creouse para resalta-las institucións, entidades ou persoas que ó longo do ano teñen destacado pola promoción das Letras Galegas.



Albo, F., “Recordos de Ánxel Fole en terras do Incio”, *La Voz de Galicia*,
(Edición Terras de Lemos), “A Festa do Idioma”, 17 maio 1997, p. 39.

Recóllense neste artigo palabras de Xosé da Pedreira e Xosé do Pedregal, ambos veciños do Hospital do Incio, onde vivía durante algunhas tempadas o escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas 1997, Ánxel Fole. Lembran estes veciños e amigos de Fole a personalidade desta senlleira figura, o seu carácter reservado pero afable, o seu bo humor e as historias diversas que contaba. Neste sentido ambos coinciden en recorda-la sabedoría do escritor lucense en calquera tema dos que trataba, agás da guerra, temática da que fuxía rapidamente.



Álvarez, Raúl, “El Día de las Letras Galegas repartirá cuentos de Ánxel Fole en las librerías”, *El Ideal Gallego*, 16 maio 1997, p. 36.

Ábrese coa noticia relativa á iniciativa da Federación de Libreiros de Galicia e da Xunta de Galicia de obsequiar cun libro de contos de Ánxel Fole a todos aqueles que merquen un libro en calquera das librerías adscritas á Asociación. Faise referencia tamén ó feito de que este sexa o segundo ano que permanecen abertas as librerías o Día das Letras Galegas aínda que é festivo dende o ano 91. Seguidamente alúdese á intervención do director de Política Lingüística, Manuel Regueiro, quen comentou a importancia que acadou esta celebración nestes últimos anos, pois nalgúns institutos xa están a ter unha programación de “Semana da Letras Galegas”.



Arnáiz, Ángel, “Dedicatoria a Fole en Quiroga”, *El Correo Gallego*, “Desde San Vicente del Pino”, 16 febreiro 1997, p. 35.

Informa da iniciativa do Concello de Quiroga de lle poñer-lo nome de Ánxel Fole ó salón de actos da Casa da Cultura e Xuventude e menciónase a vinculación do autor de *Á lus do candil* con esta vila.



_____, “Pantón y Fole”, *El Correo Galego*, “Desde San Vicente del Pino”,
17 abril 1997, p. 28.

Fai referencia á iniciativa do Concello de Pantón de dedicarlle unha rúa a Ánxel Fole. Infórmase tamén de que o poeta Manuel María falará das orixes pantonesas de Fole no transcurso das Xornadas do Románico de Pantón. Finalmente, refírese a outras iniciativas que se van levar a cabo no Concello de Quiroga co gallo do Día das Letras Galegas.



_____, “Fole en Monforte”, *El Correo Gallego*, “Desde San Vicente del Pino”,
7 maio 1997, p. 31.

Refírese á mesa redonda que tivo lugar nesa vila e na que Manuel María, José de Cora e Claudio Rodríguez Fer departiron sobre a figura do escritor lugués. Destácase a intervención de Manuel María, quen lembrou as visitas do escritor lugués á vila monfortina e a súa relación co concellal do BNG, Lois Cortés. Anuncia que o Concello de Pantón, onde ten Fole as súas orixes familiares, dedicaralle unha rúa ó escritor.



_____, “El colegio ‘Monte Baliño’ de Pantón, con Fole”, *El Correo Gallego*,
“Desde San Vicente del Pino”, 15 maio 1997, p. 31.

Comunícase a próxima representación do conto “O documento”, a cargo dos alumnos do colexio “Monte Baliño” de Ferreira de Pantón. Así mesmo dáse conta do traballo efectuado polos profesores do centro no que se investigan os antecedentes familiares de Fole na parroquia de Eiré. Anúnciase tamén que Manuel María disertará sobre este tema o día 30.



Baamonde, Suso, “A Nosa Galiza de Ginebra celebra diversos actos culturais y un ciclo de cocina gallega”, *Galicia en el Mundo*, nº 216, 20-26 maio 1997, p. 10.

Coméntase a conferencia impartida por Claudio Rodríguez Fer nos locais de ‘A nosa Galiza’ sobre a vida de Ánxel Fole. Sublíñase na súa intervención a estima, autoridade, amenidade e precisión ante un público de medio cento de persoas, cifra que foi considerada baixa para a calidade do acto. Faise referencia á celebración no mesmo marco dun ciclo de cociña galega.



Barrera, Héctor, “Catalunya celebró el ‘Día das Letras Galegas’ con varios actos culturales”, *El Correo Gallego*, 21 maio 1997, p. 59.

Crónica dos actos organizados por tódolos centros e sociedades galegas de Barcelona para celebra-lo Día das Letras Galegas. Cítase o acto académico en honra de Fole que tivo lugar o 16 de maio no Concello de Barcelona e que contou coa participación de Basilio Losada, quen pronunciou unha conferencia na que analizou a narrativa do escritor e a súa significación na literatura galega. Así mesmo, sinálase que o día 17 tivo lugar unha cea de homenaxe ós galegos e á cultura galega á que asistiron diversas personalidades da sociedade catalana.



Bocelo, “La capital lucense fue un magnífico estuche para la humanidad de Ánxel Fole”, *El Ideal Gallego*, “Medio siglo de periodismo”, 7 decembro 1997, p. 42.

Identifícase a Fole coa cidade de Lugo e recórdanse os momentos que o lugués e Bocelo compartiron na redacción de *El Progreso*, sempre destacando a tremenda humanidade do autor homenaxeado.



C. B., “La celebración del “Día das Letras Galegas” contará con un periódico infantil”, *El Correo Gallego*, 19 abril 1997, p. 14.

Informa de que co gallo da celebración do Día das Letras Galegas, os alumnos do colexio público de Negreira confeccionan un periódico de carácter didáctico que fará unha especial mención a Ánxel Fole.



C. C., “A galeguidade “quimicamente pura” de Fole regresa con Fer”, *O Correo Galego*, 19 abril 1997, p.14.

Informa dunha conferencia de Claudio Rodríguez Fer sobre a figura de Ánxel Fole no marco das VII^{as} xornadas de lingua e literatura que se están a celebrar na cidade de Santiago de Compostela. Segundo di o escritor e crítico lucense centrouse en aspectos da biografía de Fole ademais de comenta-la concepción do mundo e a visión que tiña dos galegos o escritor homenaxeado polo día das letras deste ano 1997.



Carballedo, Abelardo, “Maratón infantil das ‘Letras galegas’ en Castroverde”,
El Progreso, 15 maio 1997, p. 28.

Anúnciase a celebración dun maratón infantil para festexa-lo Día das Letras Galegas organizado pola asociación “Espalladoira”. Sobrancéase o feito de que os premios consistan en libros.



Carrión, Xosé Lois, “Pablo Oitabén “baila” con oito lobos no vídeo que espalla a obra de Fole entre os escolares”, *La Región*, 8 maio 1997, p. 4.

Nota na que Pablo Rodríguez “Oitabén ” relata as incidencias da rodaxe da curtametraxe “Os lobos”, baseado no relato de Ánxel Fole e que, realizado polos centros de recursos de Lugo e de Ourense, se espalla polos centros non universitarios de Galicia xunto cunha unidade didáctica.



Castromil, Carmiña, Darío **Janeiro**, Henrique **Neira** e Carina **Regueiro**

(coords.), “Fole. Homenaxe de *O Correo Galego* e *El Correo Gallego* no Día das Letras Galegas 1997”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 maio 1997, 32/24 pp.

Trátase dun suplemento dos xornais *El Correo Gallego* e *O Correo Galego* publicado como homenaxe ó autor ó que este ano se lle dedica o Día das Letras Galegas. Consta dos seguintes estudos, recensións, entrevistas e escritos varios:

-Ánxel Fole, “Perdón polo meu galego”, p. 1/p. 1. Reprodúcense unhas manifestacións de Fole exaltando o galego falado enxebre e considerando que unha das funcións da literatura é a recuperación do galego puro.

-Uxío Novoneyra, “Ánxel Fole e o seu entrañamento cos vals e os costumes coureláns”, p. 21/p. 16. Novoneyra recorda cómo Fole recibiu a influencia do Courel e das súas xentes. Gaba a expresividade e a mestría na arte de contar que posúe o lugués. Apunta o cinema, que tanto gustara ó autor homenaxeado, como unha influencia a ter en conta na análise da súa técnica narrativa.



-Charo Baleirón, Chus Gómez, Celia Rozas, Miguel Seoane e Andrés Tarrío, “A verba máxica”, pp. 22-23/pp. 12-13. Tras gabaren a extraordinaria riqueza léxica da obra foleana, ofrécennos un pequeno vocabulario —que recolle o termo e a definición en galego— escollido arbitrariamente entre os seus libros de creación e composto por vinteseite palabras de escasa circulación no estándar.

-María Xosé Queizán, “Bando do día das letras galegas 1997”, p. 25/p. 21. Bando publicado con motivo do 17 de maio polo alcalde de Vigo (Manuel Pérez) e encargado á escritora María Xosé Queizán. Fai fincapé nunha visión da literatura como soporte das ideas de cultura e nación galegas. Alén diso solicita da muller e da xuventude a súa participación no engrandecemento de Galicia. Finaliza aconsellando un aumento dos niveis de lectura para a cidade olívica.

-Carmen Blanco, “O cabaleiro Bakurín”, p. 26/p. 17. Recordo evocador do Fole diferente e, en certo modo, excéntrico que permanecerá para sempre unido á cidade de Lugo.

-F. Fernández del Riego, “Ánxel Fole paisaxista”, p. 26/p. 17. Destaca a faceta paisaxista de Fole. Lembra cómo visitaba e observaba con cariño non só a paisaxe montañesa senón tamén as vilas mariñeiras.

-Pura Vázquez, “Algo sobre o Fole que non coñecín”, p. 27/p. 18.

Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



Comeza cunha exaltación da celebración do Día das Letras. Laméntase de non te-la oportunidade de coñecer a Fole e cualifícao de grande conversador e de perfeccionador do idioma. Coida que constitúe unha das figuras senlleiras da renacemento galega.

X. Alonso Montero, “Ánxel Fole, editor do primeiro poema galego de García Lorca”, p. 28/p. 19. Céntrase nas circunstancias que rodearon a composición do “Madrigal a la ciudad de Santiago”, que viu a luz no nº 6 de *Yunque*, revista luguesa baixo a dirección de Fole.

X. Neira Vilas, “En Lugo, con Fole, hai 25 anos”, p. 29/p. 20. Recrea o momento en que tivo a oportunidade de coñecer a Fole certo día de 1972 en que coincidiron na casa do catedrático D. Xesús Alonso Montero.

Ánxel Fole, “Da república á guerra”, p. 29/p. 20. Reprodúcese un traballo no que Fole lembra os días do “Glorioso alzamento” e as negativas repercusións que tivo sobre a súa situación persoal.

Ánxel Fole, “Da prehistoria de Galaxia”, p. 29/p. 20. Dáse a coñecer un artigo no que Fole rememora cómo nunha xuntanza en casa de Fernández del Riego en 1945 foi tomada a decisión de crea-la editorial Galaxia e a revista *Grial*. Rescata os nomes dalgúns dos que participaron daquela empresa como Piñeiro, García-Sabell, Dónega Rozas ou Gómez Román.

-Pomar de la Iglesia, “Un perfil do gran fabulador”, p. 30/p. 22.



Albisca o mérito que Fole ten ó acha-la universalidade da tradición. Considera como trazos fundamentais da súa obra a sinxeleza e a veracidade. Todo o anterior válelle para compara-lo noso autor con outro grande das letras que se ocupou dos ambientes montañoses e rurais do sur da antiga Gallaecia: Miguel Torga.

-Plácido Lizancos S., “Están a asasina-lo galego”, p. 31/p. 23. Lizancos advirte da grande mentira coa que nos autoenganamos no Día das Letras. A situación real do galego é crítica e os medios que deberían potencialo (TVG, equipos de normalización, asesores lingüísticos, radios locais...) son incapaces de producir avance ningún ou incluso resultan francamente contraproducentes. A teor disto lembra un sabio consello de Machado: “el hacer las cosas bien importa más que el hacerlas”.

-Cristina Amenedo, “Ánxel Fole na fiestra”, p. 32/p. 24. Cristina Amenedo cóntanos unha historia onde se pode percibi-la presenza inmorredoiira de Ánxel Fole nas terras do Courel.



Conde, Jaime, “Redondela espera que Correos admita el proyecto de sello del “Día das Letras”, *Faro de Vigo*, 16 abril 1997, p. 16.

Breve artigo no que se dá conta da presentación do selo dedicado a Ánxel Fole realizado por Maica Villar. O Concello de Redondela avalado polo Consello de Cultura e a RAG propuxo a Correos e Telégrafos editar un selo do Día das Letras Galegas.



Corbelle, Sabela, “Fole xa está en Correos”, *El Progreso*, 3 xuño 1997, p. 6.

Infórmase da emisión de dous millóns de selos que levan impresa a caricatura de Ánxel Fole. Ademais, invítase ós lectores a visita-la exposición do selo na Xefectura Provincial de Correos en Lugo.



D. P., “El colegio Paio Gómez celebra la festividad de las Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 7 maio 1997, p. 7.

Dáse conta dos actos organizados co gallo da homenaxe a Fole no colexio “Paio Gómez Chariño” de Monteporreiro (Pontevedra) e que incluírán unha conferencia dictada por Víctor Fernández Freixanes, un festival e un día de animación á lectura.



_____, “El colegio Riomaior celebra la IIª Semana Cultural Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 13 maio 1997, p. 12.

Adiántanse as actividades que terán lugar no colexio “Riomaior” de Cobres (Vilaboa) no ámbito da semana cultural programada en coincidencia co Día das Letras Galegas.



_____, “El sábado se pone en circulación un sello dedicado al escritor Ánxel Fole”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1997, p. 13.

Nota de prensa que informa de que o 17 de maio se porá en circulación un selo de correos coa imaxe de Ánxel Fole, que reproduce unha caricatura realizada por Siro López adaptada por Miguel Ángel Escobar. Ademais ofrécese un perfil biográfico e literario de Fole.



_____, “Eduardo Castro López disertó en el Casino sobre las ‘Letras Galegas”,
Diario de Pontevedra, 18 maio 1997, p. 19.

Coméntanse os actos programados polo Linceo Casino de Marín co gallo do Día das Letras. Destácase a conferencia ofrecida por Eduardo Castro López, que foi seguida dun recital poético e dun breve concerto folclórico.



Díaz Fernández, Antonio, “As asociacións culturais en Cataluña adornaron con múltiples actos o ‘Día das Letras Galegas’”, *Galicia en el Mundo*, nº 217, 3-9 xuño 1997, p. 11.

Informa dos actos celebrados en Barcelona con motivo da celebración do Día das Letras Galegas e que constaron de diferentes actividades como baile, música, etc. e que tiveron como acto central a conferencia impartida polo profesor Basilio Losada baixo o título de “Ánxel Fole: unha visión de Galicia”.



Dourado, L., “Literatura y etnografía centran la intensa actividad cultural del colegio ‘Brea Segade”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 13 maio 1997, p. 20.

Resáltase como o máis importante das celebracións do Día das Letras Galegas no colexio “Brea Segade” de Taragoña (Rianxo) unha mostra de libros de autores homenaxeados neste día en anos anteriores e os traballos etnográficos *O trasmundo do noso pobo* e *O home e o lobo, ¿quén é a vítima?*, ámbolos dous realizados polo alumnado da devandita escola.



E. C., “Fole, o narrador que dialogou co misterio”/“Ánxel Fole foi un dos escritores galegos que mellor tratou o misterio”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 xaneiro 1997, p. 43/p. 15.

Noticia sobre a presentación na Galería Sargadelos de Santiago do estudio de Armando Requeixo, *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego* (1996) presentado por Alonso Montero quen definiu a Fole como “home bo”, destacou a presenza de elementos novidosos na súa narrativa e referiuse á conxunción do folclórico etnográfico co universal na obra do autor lucense, subliñou o compromiso de Fole ó publicar na “dictadura” e finalmente resaltou o amor do escritor pola etimoloxía. Coméntase que o traballo recolle datos dunhas vinte narracións de Fole non incluídas nos seus libros. Destácase que Fole foi un dos escritores galegos que mellor soubo falar do misterio e o estraño e resalta a importancia das tríadas paisaxe, música e fala e literatura, muller, amor, afirmando que Ánxel Fole foi un dos mellores narradores paisaxísticos da literatura galega.



_____, “Os artigos de Fole, xuntos en “Cartafolio Galego”, *O Correo Galego*,
4 abril 1997, p. 55.

Informa da presentación do *Cartafolio Galego* (1996), de Ánxel Fole compilado por Claudio Rodríguez Fer. Recolle as declaracións de Lois Diéguez nas que salienta a importancia deste traballo por dar a coñece-lo autor lucense. Comenta o contido da correspondencia de Fole, deténdose especialmente nas ideas que tiña o autor de *Á lus do candil* acerca da lingua galega.



_____ “Un congreso en Santiago analizará en maio a vida e obra de Ánxel Fole”,
O Correo Galego, 17 abril 1997, p. 43.

Presentación dos especialistas na obra de Fole que intervirán no congreso que se celebrará en Lugo e entre os que destacan Carme Blanco, Xesús Alonso Montero, Antón Risco, Fernández del Riego, Manuel María etc.



_____, “Os estudantes galegos poderán participar na campaña sobre Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, 18 abril 1997, p. 37.

Co afán de dar a coñecer a Ánxel Fole entre os escolares galegos e de aproximalos á linguaxe cinematográfica, tense previsto celebrar unha actividade pedagóxico-cultural nas cidades galegas que estudiará o conto “A caixa do morto”, de Fole e “O Cadaleito”, filme de Enrique R. Baixeras.



_____, “Fer define a Ánxel Fole como un dos grandes do relato curto galego nas xornadas da AS-PG”, *El Correo Gallego*, 19 abril 1997, p. 13.

Resumo da conferencia de Claudio Rodríguez Fer sobre Ánxel Fole que abriu as VII^{as} Xornadas de Lingua e Literatura na Facultade de Santiago organizadas pola CIG e pola ASPG. Rodríguez Fer fixo un repaso biográfico e narrativo do autor lucense.



E. P., “A figura de Fole presidirá as Xornadas de Lingua e Literatura”, *O Correo Galego*, 3 abril 1997, p. 41.

Nota que anuncia a celebración da VIIª edición das Xornadas de Lingua e Literatura organizadas pola CIG e pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega (AS-PG). Infórmase de que a inauguración, na que se presenta o monográfico de *A Nosa Terra* dedicado a Ánxel Fole, correrá a cargo de Claudio Rodríguez Fer. Dise tamén que ó longo dos tres días que duran as xornadas haberá seminarios, conferencias, actividades lúdicas e un debate que contará con Pilar Pallarés e Xosé Manuel Millán, Alfonso Álvarez Cáccamo e Xurxo Borrazás.



_____, “Regueiro sinala que o Día das Letras é positivo para Galicia”, *O Correo Galego*, 15 maio 1997, p. 44.

Resumo do contido da conferencia pronunciada por Manuel Regueiro na Facultade de Filoloxía e Xeografía e Historia do País Vasco, con motivo da Semana das Letras Galegas 1997 que se celebrou nesa Universidade. Saliéntase que Regueiro destacou o significado institucional do 17 de maio que foi instituído por Francisco Fernández del Riego en 1963. Infórmase tamén da presenza de Paco Martín que falou da importancia literaria de Ánxel Fole.



_____, “O selo conmemorativo desta data propagará a imaxe do autor lugués”, *El Correo Gallego*, 18 maio 1997, p. 11.

Informa da edición conmemorativa do selo de Fole. Recóllense as palabras de Siro López, autor da caricatura que amosa o selo.



_____, “Varios especialistas analizarán en Lugo as aportacións creativas do escritor Ánxel Fole”, *El Correo Gallego*, 19 maio 1997, p. 10.

Breve nota sobre a celebración en Lugo, entre o 22 e o 24 de maio, dun congreso en homenaxe a Fole.



_____, “A figura e a obra de Fole, a estudio desde hoxe nun congreso en Lugo”/“Expertos na obra de Fole analizan en Lugo a aportación creativa do autor”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 22 maio 1997, p. 51/p. 14.

Informa do contido do Congreso que se celebrou na Biblioteca Pública de Lugo, con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. O articulista cita algunhas das intervencións que tiveron lugar ó longo do Congreso dedicado, nesta ocasión, a Ánxel Fole: Claudio Rodríguez Fer inaugurou o evento cunha análise da obra *Á lus do candil*, Antón Risco falou sobre Ánxel Fole e a literatura fantástica e Francisco Fernández del Riego clausurou o Congreso cunha semblanza do escritor. Así mesmo, un grupo de mulleres especialistas na obra foleana interviñeron nunha conferencia titulada “A muller nos artigos de Fole”. Finalmente, o articulista menciona outros aspectos sobre os que versaron algunhas das conferencias: a relación de Fole co celtismo ou a presenza de Lugo na súa obra xornalística.



Estévez, Arantxa, “O Fole guionista de cine”, *A Nosa Terra*, nº 778, “Guieiro Cultural”, 15 maio 1997, p. 26.

Sinala a facilidade para a adaptación cinematográfica dos contos de Fole. Fai un comentario sobre as adaptacións xa efectuadas: “O cadaleito” e “O documento”, realizados por Enrique Rodríguez Baixeras nos anos 70; “¿E decímolo ou non o decimos?”, rodado en 1985 por Manuel Yáñez e “O tesouro”, que Xaime Fandiño estaba a gravar na data de publicación do artigo.



_____, “Ánxel Fole, o escritor que resistiu o franquismo cun poderoso mundo narrativo”, *A Nosa Terra*, nº 761, “Guieiro cultural”, 16 xaneiro 1997, p. 21.

Refírese ó gusto foleano pola narrativa breve, recolle palabras en que Rodríguez Fer sobrancea a súa capacidade de conexión co pobo, e de Armando Requeixo cando opina que algunhas achegas á súa obra pecan de insuficiencia globalizadora e resalta, con Francisco Fernández del Riego, o seu vencello coa editorial Galaxia. Na segunda parte do artigo faise fincapé na defensa dos valores galeguistas de que Fole sempre fixo gala malia a oposición das autoridades dictatoriais.



Estévez, J., “Monte Porreiro celebra con concursos y teatro el ‘Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1997, p. 9.

Infórmase das actividades organizadas pola asociación veciñal “O Mirador” de Monteporreiro (Pontevedra) co gallo da festividade do 17 de maio. Entre elas haberá un concurso escolar de poesía en galego e unha representación teatral.



_____, “Los escolares fueron los principales protagonistas del “Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1997, p. 4.

Informa dos actos promovidos por distintas asociacións veciñais e culturais das parroquias de Lárez, Salcedo e Campañó, pertencentes o municipio pontevedrés para conmemora-lo Día das Letras Galegas.



F. F., “Alumnos de la Escuela Obradoiro tarlatana “encuadernan a Fole”, *Faro de Vigo*, 21 maio 1997, p. 13.

Dá conta dunha iniciativa da Escola Obradoiro de Vigo Tarlatana. Trátase dunha empresa de encadernación que decidiu, para inaugura-lo seu traballo, empasta-las distintas obras de Ánxel Fole, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas este ano.



Feijoo, Raquel, “Fole xornalista e a didáctica dos seus contos”, *La Región*, 30 outubro 1997, p. 16.

Coméntase a derradeira das xornadas que o Liceo ourensán dedica a homenaxear a figura de Fole. Recóllense os aspectos fundamentais dos dous relatorios. Do de Marcos Valcárcel destácase a clasificación temática (diferencia artigos sobre lingua galega, escritores, temas culturais e paisaxe), a caracterización estilística da súa obra non ficcional e o seguimento das súas colaboracións xornalísticas. De Delfín Caseiro sobrancease a perspectiva didáctica da alocución.



Fernández Pazos, Xosé María, “As Letras Galegas no mundo”, *O Correo Galego*, “O Correo da Galeguidade”, 11 maio 1997, p. 14.

Dáse conta das actividades que con motivo do Día das Letras se van celebrar en Cataluña, Suíza e Brasil. Remátase con diversas noticias sobre os centros galegos de Valencia e Caracas, en Venezuela.



_____, “Ánxel Fole, na diáspora galega”, *O Correo Galego*, “O Correo da Galeguidade”, 18 maio 1997, p. 15.

Continuación do artigo anterior sobre os actos do Día das Letras na diáspora. Coméntanse nesta ocasión os programados en Göteborg, Uruguay, Las Palmas de Gran Canaria, Cataluña e Eibar. Destácase que a pequena Irmandade Galega de Göteborg fose a primeira sociedade do mundo con páxina propia en Internet.



Foces, Ujué, “O Club Faro rinde homenaxe ó escritor Ánxel Fole co gallo do Día das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, 13 maio 1997, p. 46.

Informa dunha homenaxe do Clube Faro de Vigo á persoa e á obra de Ánxel Fole. Nela participaron os seus amigos Isaac Díaz Pardo e Francisco Fernández del Riego así como Claudio Rodríguez Fer, especialista na súa obra. Os dous primeiros lembraron diversos episodios das súas vidas que compartiron con Fole, ofreceron un detallado perfil biográfico do escritor e salientaron a súa dimensión humana. Rodríguez Fer, pola súa banda, destacou o labor de Fole despois da guerra e afirmou que “a súa obra asenta nunha tendencia a reflexionar na Galicia oculta, con gran ironía”.



G. B., “El ayuntamiento será escenario de la entrega de libros en A Pobra”,
El Correo Gallego, “Área de Compostela”, 15 maio 1997, p. 17.

Anúnciase o acto en que as autoridades municipais da Pobra do Caramiñal doarán ós centros educativos e asociacións culturais da vila libros de e sobre Fole.



García Cheda, Pilar, “Requeixo considera que os tópicos inundan os libros de Ánxel Fole”, *El Progreso*, 20 febreiro 1997, p. 77.

Recolle palabras de A. Requeixo no acto de presentación do seu libro *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa en galego* (1996), nas que manifesta que quere romper cos tópicos que se atopan na maioría das obras sobre Fole. Ademais engade que este crítico está a traballar en novas obras sobre Fole nas que se fai fincapé na vertente humorística e como pintor de paisaxes que ata o de agora foron pouco estudiadas.



_____, “A primeira das xornadas foleanas incidiu na retranscrición e o bo humor”,
El Progreso, 23 maio 1997, p. 73.

Artigo no que se alude á xornada inaugural do Congreso sobre Ánxel Fole, celebrado na Biblioteca Pública de Lugo. Nela tiveron lugar unha conferencia, cinco relatorios e dúas mesas redondas. O congreso foi inaugurado polo Director Xeral de Promoción Cultural Homero Pérez Quintana e contou coa participación de Claudio Rodríguez Fer, Manuel Dasilva, Carmen Blanco, Darío Xohán Cabana, María González Lopo, Ángel Basanta, entre outros.



_____, “Dezaseis escritores rendiron onte homenaxe a Ánxel Fole en Lugo”,
El Progreso, 23 decembro 1997, p. 73.

Infórmase da celebración en Lugo dun recital poético en homenaxe a Ánxel Fole organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Nel, dezaseis autores, que aparecen citados, leron un poema precedido de cadanseu pequeno discurso en que daban conta dos aspectos que consideraban máis significativos do autor de *Á lus do candil*.



Gaspar, Silvia, “A semana das letras galegas”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 12 maio 1997, p. 52.

Dá conta, brevemente, do perfil biográfico de Ánxel Fole, autor homenaxeado no Día das Letras Galegas. A articulista inicia a súa traxectoria co nacemento do escritor en Lugo, o 11 de agosto de 1903, cita algunhas das súas obras como *Á lus do candil* (1952), *Terra brava* (1955) ou *Contos da néboa* (1973). Salienta a súa faceta de defensor do galeguismo dende a mocidade, cita o seu ingreso na Real Academia Galega no ano 1962 e remata cunha sucinta análise do conxunto de contos publicados co título *de Á lus do candil*.



Gil, Francisco J., “Galicia celebra el Día das Letras de Ánxel Fole con el mayor despliegue de medios de su historia”, *Faro de Vigo*, 16 maio 1997, p. 47.

Resáltase a maior dotación de medios para a conmemoración do Día das Letras Galegas xa que, ademais da tradicional achega de libros biobibliográficos, este ano súmanse novas contribucións informáticas e transmisión de datos. Así, infórmase da existencia de tres páxinas Web dedicadas a Fole na rede Internet ou da publicación dun CD-ROM. Menciónase tamén a primeira película realizada e producida pola TVG, baseada nun conto de Fole que leva o título de “O tesouro”. Conclúese facendo referencia á celebración da cea de gala e á entrega do Premio das Letras e das Artes de Galicia neste mesmo día.



H. B., “Federico Pomar pronunció varias conferencias por el “Día das Letras Galegas” en Cuba”, *El Correo Gallego*, 14 maio 1997, p. 59.

Anúncianse as conferencias pronunciadas por Federico Pomar de la Iglesia, Xefe da Unidade de Apoio da Secretaría Xeral para as Relacións coas Comunidades Galegas, en varias sociedades galegas da Habana co tema común da figura literaria de Ánxel Fole.



J. C., “Correos descarta el sello presentado por Redondela para conmemorar a Fole”, *Faro de Vigo*, 15 maio 1997, p. 14.

Sínálase que o selo proposto por iniciativa do Concello de Redondela en homenaxe a Ánxel Fole, deseñado por Maica Villar, foi desbotado en Madrid e no seu lugar foi elixido o deseño de Siro López proposto pola Xunta de Galicia.



J. L., “El Congreso sobre Ánxel Fole reunirá en Lugo a nuestros más destacados críticos”, *El Correo Gallego*, 20 maio 1997, p. 13.

Infórmase das novidades editoriais sobre Fole. Coméntanse as declaracións de Diego Bernal, amigo do autor homenaxeado. Finalmente dáse conta dos relatores que intervirán durante as diferentes conferencias e mesas redondas do Congreso.



J. R. S., “Lugo acollerá en maio un congreso sobre Ánxel Fole”, *O Correo Galego*, 28 xaneiro 1997, p. 36.

Información sobre a celebración dun congreso sobre o autor homenaxeado co Día das Letras Galegas: Ánxel Fole, promovido pola Consellería de Cultura e Comunicación Social no que participan estudiosos da obra de Fole e personalidades da cultura galega. Finalízase a nova cun breve percorrido biográfico do autor homenaxeado.



J. T., “Encuentros literarios en Cee con Neira Cruz y Marilar Aleixandre”,
El Correo Gallego, 4 maio 1997, p. 21.

Informa dos actos que a delegación de Educación, Cultura e Deportes do Concello de Cee ten previsto organizar con motivo da celebración do Día das Letras Galegas. Describe as distintas actividades, salientando os encontros literarios de Xosé Antón Neira Cruz e Marilar Aleixandre cos escolares da vila. Para rematar, nomea as entidades e asociacións colaboradoras.



L. B., “Un libro presenta a Fole como “ponte da tradición narrativa”, *La Voz de Galicia*, 29 xaneiro 1997, p. 7.

Informa da presentación do primeiro libro que sae sobre Ánxel Fole, escritor homenaxeado no Día das Letras Galegas, *Ánxel Fole. Aproximación temática á súa obra narrativa* (1996), de Armando Requeixo. Recóllense as declaracións do seu autor, que considera a Fole a ponte de unión entre a narrativa de preguerra e a Nova Narrativa e destaca na súa obra o fiel reflexo da cosmovisión da xente do rural.



L. R., “La Universidad conmemora en Orense las “Letras Galegas”, *La Región*,
8 maio 1997, p. 4.

Cita os actos que celebrará a Universidade Sur co gallo do Día das Letras Galegas entre os que destacan unha conferencia de Fina Casalderrey (baixo o título “Lingua e literatura abrindo camiño”) e a entrega dos premios de poesía e de relato curto.



Lombardero, Xavier, “A Real Academia Galega celebrou en Lugo unha xunta en homenaxe a Fole”, *La Voz de Galicia*, 18 maio 1997, p. 89.

Fálase da reunión en Lugo da RAG, no ámbito da cal Alonso Montero, Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego e García Sabell pronunciaron cadansúa conferencia. Destácase o desplante do goberno municipal ó non asistir ós actos por estar nunha inauguración con Fraga Iribarne.



López, A. R., “Chineses”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 2 maio 1997, 24 pp.

O suplemento mensual de cultura, *Chineses*, detense nesta volta na reflexión do Día das Letras Galegas e o que representa como culto ou homenaxe ós mortos. Recóllense ó longo destas páxinas reflexións diversas realizadas neste sentido por A. R. López, Marcial Gondar, Alfredo Conde, Ralph Mattus, Ana Romaní, Suso de Toro, Margarita Fernández, Carlos Casares e Agustín Sixto Seco. Intercalados con estas opinións aparecen poemas de Lois Pereiro, Uxío Novoneyra e María Mariño.



López, Uxía, “El colegio Dices celebra el Día das Letras Galegas”, *La Voz de Galicia*, 10 maio 1997, p. 52.

Infórmase dos actos a celebrar neste grupo escolar de Rois: proxeccións, estudos sobre Fole, exposicións, actuacións, obras de teatro, etc. Saliéntase a limitación de medios con que conta o colexio.



M. R., “El concello de Cangas premia a tres colectivos en el Día das Letras Galegas”, *Diario de Pontevedra*, 15 maio 1997, p. 23.

Coméntase a tríada de premios que o concello da capital do Morrazo concederá coincidindo co Día das Letras Galegas. Tamén se dá conta da imposición do nome de Alexandre Cribeiro a unha das rúas do municipio.



Novoneyra, Uxío, “O medio século de Lugo”, *O Correo Galego*, 31 maio 1997, p. 34.

Reprodúcese un texto lido polo poeta Uxío Novoneyra na librería Alonso de Lugo, como remate ás lecturas da obra de Ánxel Fole celebradas nesa cidade para homenaxear-lo escritor ó que este ano se lle dedica o día das letras galegas. Novoneyra manifesta neste texto que quere render un tributo ó escritor lucense como un símbolo da cidade e para iso reproduce poemas seus e doutros escritores que lle axudan a evocar a figura de Fole, ó tempo que rememora anécdotas ocorridas na súa vida relacionadas con Lugo ou coa librería onde leu estas palabras.



P. S., “O Consello da Cultura edita unha cinta coa voz do escritor lucense”,
El Correo Gallego, 16 maio 1997, p. 13.

Fálase da publicación dunha cinta de calidade irregular, motivo polo cal vai acompañada dunha transcripción, coa voz de Fole. Correspóndese case integramente a unha serie de entrevistas realizadas por Margarita Ledo, Claudio Rodríguez Fer e Carlos Casares.



_____, “Galicia enteira homenaxea hoxe a Ánxel Fole co gallo do Día das Letras Galegas”, *El Correo Gallego*, 17 maio 1997, p. 13.

Dáse conta da celebración dos diferentes actos programados pola Xunta co gallo do Día das Letras Galegas entre os que destaca a inauguración oficial do proxecto “Galicia, Terra Única”. Así mesmo, menciónase tamén a celebración, por terceiro ano consecutivo do Premio das Letras e das Artes en Galicia. Por outra banda, destácase a participación doutras entidades que se suman á homenaxe como a TVG e a Radio Galega. Conclúese salientando a posibilidade de consultar aspectos da vida e obra do escritor a través de Internet, iniciativa promovida pola Consellería de Cultura e Comunicación Social.



Pestana, Paco, “San Fole y los apagafuegos”, *El Progreso*, “Gente”, “Los sueños de la comadreja”, 25 maio 1997, p. 16.

Paco Pestana critica o “uso” e “abuso” que se producido ó redor de Ánxel Fole a través do seu enxalzamento no ano dedicado á súa figura. Loaa, pola contra, a postura de Juan Soto, que se mantén distante e discreto malia “coñece-la vida e milagros de San Fole”.



Q. C., “Ánxel Fole, centro de atención en Lugo”/“Rodríguez Fer define a Fole como un maestro de nuestra narrativa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 23 maio 1997, p. 35/p.13.

Coméntase, brevemente, a intervención de Claudio Rodríguez Fer no Congreso sobre Ánxel Fole celebrado en Lugo. O escritor centrou a súa conferencia na personalidade do autor lucense e no seu labor creativo como poeta, xornalista e comediógrafo. Afirmou, por último, que Fole é un “dos grandes mestres da narrativa galega”.



_____, “Un curso sobre Fole e o cine comeza hoxe en Caixavigo”, *O Correo Galego*, 31 maio 1997, p. 35.

Breve noticia que informa do comezo do curso *Ánxel Fole, da literatura ó cine*, que “ten como obxectivo achegarlle ó ámbito do ensino a figura do autor”, así como de “promove-lo coñecemento da linguaxe cinematográfica e a súa relación coa literatura”. Afírmase que se prevé a análise das obras *Á lus do candil* e “A caixa de morto”, conto de Fole que foi levado ó cine baixo o título de *O cadaleito*.



R. F., “360 e cinco días das Letras Galegas”, *La Región*, 10 maio 1997, p. 21.

Anúncianse os actos que se celebraron en Ourense con motivo da sexta edición dos “360 e cinco días das Letras Galegas”, organizados pola Agrupación Cultural Auriense: a proxección do vídeo “Ánxel Fole. A voz dun conto”, a lectura de contos do escritor homenaxeado, un recital poético de Xosé Carlos Caneiro, o fallo do IIIº Certame de Poesía Xuvenil Ramón Cabanillas, a celebración do Iº Encontro Internacional de Contadores de Contos, unha mesa redonda sobre “O teatro de onte a hoxe” e a representación da peza *A Berenguela*, de Manuel María a cargo do grupo Laxas de Seixo.



_____, “Vida e conversas con Ánxel Fole”, *La Región*, 29 outubro 1997, p. 15.

Crónica de dúas conferencias que tiveron lugar no marco das Xornadas sobre Ánxel Fole celebradas no Liceo de Ourense. A primeira intervención correu a cargo de Francisco Fernández del Riego que se referiu ás dúas etapas vitais do escritor: dende 1932 ata o remate da guerra civil na que Fole “era un home coidadoso no vestir e de fala vivaz”, e a posguerra cando se volveu “un home descoidado”. Relatou varias anécdotas de Fole e desvelou a súa admiración por Carlos Maside e Gabriel Miró. A segunda conferencia correu a cargo de Carlos Casares que se centrou no seu método de traballo para realiza-lo libro *Conversas con Ánxel Fole*, co que pretendeu recupera-las súa personalidade humana. Referiuse ademais ás tres grandes afeccións do escritor: a música, a literatura e o cine.



R. R., “Ánxel Fole, narrador da Galicia labrega”, *El Correo Gallego*, 16 maio 1997, p. 13.

Infórmase dos actos celebrados que teñen na maioría dos lugares da nosa comunidade o Día das Letras Galegas, este ano dedicado a Ánxel Fole. A continuación, dáse noticia da iniciativa promovida pola Consellería de Educación pola cal se entrega un conto a todos aqueles que merquen un libro o día Das Letras Galegas. Céntrase despois na figura de Ánxel Fole e fai unha síntese dos aspectos máis destacados da súa vida e a súa obra.



R. R. V., “Homenaje a Luis Troncoso Alonso”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 30 maio 1997, p. XII.

Informa dos actos celebrados pola Agrupación Cultural Guardesa ó redor do Día das Letras Galegas, homenaxeando a Ánxel Fole cunha conferencia e actuacións musicais. Así mesmo, comenta a homenaxe que Ángel Luis Troncoso Alonso, xornalista e escritor da Guarda, recibiu seguindo a tradición de honrar, o 17 de maio de cada ano, a un autor da comarca do Baixo Miño.



Robledo Muíña, Carme, e Francisco **Rodríguez Fontarigo**, “Tradición popular na montaña”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Ourense”, “Especial”, 16 maio 1997, p. 9.

Os autores deste artigo achéganse á alta montaña ourensá (Laza, Vilariño de Conso) para recolleren algunhas das historias que contan os vellos sobre o lobo da xente, o refraneiro, etc. Deste xeito fanse unha idea sobre as historias que enfeitizaban a Ánxel Fole.



Rodríguez, Eva, “A vida de Ánxel Fole”, *Redacción Xove*, nº 4, marzo 1997,
p. 11. Descríbese o contido do libro de Carlos Casares *A vida de Ánxel Fole*
(1996).



Rodríguez Fer, C., “Ánxel Fole, fin de festa”, *El Progreso*, “Lugo, del 97 al 98”, 31 decembro 1997, p. LXXIII.

Rodríguez Fer afirma que o ano de Fole produciu moita información, actos e publicacións pero catalógaos en grande medida como superficiais e oportunistas. Isto non obsta para que valore positivamente parte da produción que este ano xerou. Seméllalle que a atención a este escritor só pode ser xulgada como excesiva por quen non está verdadeiramente interesado na súa obra. Opina que, trala efeméride, continuarán a estudialo os mesmos poucos que o facían antes da festividade promovida pola RAG.



Rolo, Xoán, “Quiroga, terra ‘musa’ de Fole”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 30, 31 maio 1997, pp. IV-V.

Parte da data de 1941 cando Fole inicia o contacto coa paisaxe, os paisanos, e e os seus costumes, para nos achegar ós espazos e ás xentes que inspiraron os mellores relatos do autor lugués. Xoán Rolo comenta, así mesmo, anécdotas da súa amizade co autor de *Terra Brava*, refírese ó seu interese pola toponimia e lembra a primeira vez que oíu unha misa en galego o 21 de maio de 1972, día no que Fole lle entregou un primeiro exemplar de *¿E decímolo ou non o dicimos?*.



S. C., “A vida e obra de Fole, dispoñible en Internet”, *O Correo Galego*, 5 maio 1997, p.15.

Informa da páxina de Internet que a Consellería de Cultura e que presenta datos relativos á vida e obra de Ánxel Fole. Inclúe, así mesmo, o conto *Os lobos* con ambientación sonora e anacos de voz do autor falando da súa literatura e do galeguismo, así como semblanzas de Fole visto por outras persoas como o presidente da Xunta ou Paco Martín. Indícase o enderezo (<http://www.xunta.es/conscile/cultura/fole/index.htm>) e a posibilidade de enlace dende a páxina central da Xunta.



Souto, Suso, “Las aulas del colegio público de Figueroa recibirán nombres de escritores gallegos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 maio 1997, p. 17.

Sitúase o colexio de Figueroa como o máis activo da Estrada en relación co Día das Letras. Coméntase a iniciativa de bautiza-las aulas con nomes de literatos galegos. Tamén se informa dos actos en homenaxe do finado poeta local Xoseme Mosquera.



U. N. N., “O Medio Século de Lugo”, *O Correo Galego*, 31 maio 1997, p. 34.

Uxío Novoneyra reproduce o texto da súa intervención na clausura do acto que, organizado pola librería Alonso de Lugo, consistiu na lectura continuada de narracións de Fole na rúa durante cinco horas. Neste texto o poeta do Caurel aborda lembranzas do ambiente cultural do Lugo dos anos cincuenta. Intercalando versos, refírese a homes como Fole, Luís Pimentel, Celestino Fernández de la Vega, Álvaro Cunqueiro, Ramón Piñeiro, María Estela Alonso.



V. L. V., “Xosé de Cora e Vicente Quiroga lembraron a Fole na ‘Terra brava’ do Incio”, *El Progreso*, 21 maio 1997, p. 23.

Dáse conta dun acto de homenaxe a Ánxel Fole celebrado no Colexio Público Ricardo Gasset de Santa Cruz do Incio ó que acudiron o xornalista Xosé de Cora e o ex alcalde de Lugo Vicente Quiroga. No transcurso da homenaxe relatáronse diversas anécdotas protagonizadas por Fole e, ó final, entregáronse os premios dun certame escolar de cómic celebrado co gallo do Día das Letras Galegas ó redor do escritor lucense.



Vellón, Andrés, “A Universidade Sur rende homenaxe a Ánxel Fole na conmemoración das Letras Galegas”; *La Región*, 17 maio 1997, p. 8.

Refírese á conmemoración do Día das Letras Galegas organizada pola Universidade Sur no campus de Ourense. Céntrase na intervención de Fina Casalderrey, quen leu a conferencia central da cerimonia e sinalou, entre outras cousas, “a necesidade de normaliza-la nosa lingua e lograr unha consolidación da literatura galega”. Así mesmo, referiuse a Ánxel Fole como un “relator do seu entorno”. Resáltase tamén a colaboración do Centro Penitenciario de Pereiro de Aguiar, que quixo sumarse ó acto conmemorativo e realizou diferentes actos culturais dedicados á figura de Fole.



Vidal Villaverde, Manuel, “Ánxel Fole na néboa da memoria”, *Atlántico Diario*, “Día das Letras Galegas”, 17 maio 1997, p. 44.

Realízase unha evocación da figura de Ánxel Fole que comeza lembrando o verán de 1974, cando Manuel Vidal Villaverde visitou a igrexa de San Xulián de Lovia e falou de Fole co mestre xubilado Honorato Dourdado. Fala tamén do labor xornalístico do autor e das súas colaboracións en *El Progreso* co pseudónimo de Neumandro. A seguir, afirma que “Fole era un escritor preguizoso” pois non é ata 1953, con cincuenta anos, cando publica *Á lus do candil*, aínda que xa escribira anteriormente “dous relatos ó xeito modernista” — “Eu i-o meu corazón” e “Idilio na insua”—, que constitúen “unha aproximación pouco afortunada (...) a Gabriel Miró, por quen sempre sentiu unha fonda devoción”. Destaca fundamentalmente a contribución de Fole ó galego dialectal, “vivo, tanto nas terras do Incio coma no Courel, canto menos o vocabulario que se inspira nel, incluíndo palabras típicas da súa xeografía real e literaria”. Remata falando da presenza de Fole no Lugo Bar, das vivencias persoais presentes nos seus contos, da súa estreitez económica e da súa morte en 1986.



Villarabid, Víctor, “Mesa redonda y edición especial de una obra de Ánxel Fole”,
El Progreso, 28 abril 1997, p. 13.

Dáse conta da celebración dunha mesa redonda o día 20 de maio de 1997 no colexio público O Incio, dentro dos actos de homenaxe ó escritor Ánxel Fole. Neste acto estiveron presentes José de Cora, director de *El Progreso* e Vicente Quiroga, ex alcalde de Lugo.



_____, “TvG. despliega sus equipos en Romariz para recordar a Fole”, *El Progreso*, 15 maio 1997, p. 30.

Refírese á rodaxe dun especial sobre Ánxel Fole para o programa da TVG “Galicia enteira” que pretende reflectir-la vida do escritor nas terras do Incio.



_____, “O veciño don Ánxel”, *El Progreso*, 18 maio 1997, p. 18.

Infórmase da emisión na TVG do programa “Galicia enteira”, onde se falará de Fole dende unha perspectiva orixinal: a dos seus veciños do Incio.



_____, “Niños de Lóuzara se vuelcan en el ‘Festival das Letras”, *El Progreso*,
24 maio 1997, p. 16.

Dá conta do festival celebrado no Colexio Público Fiz Vergara Vilariño de Lóuzara (Samos) celebrado con motivo do Días das Letras Galegas e que constou de actuacións musicais e teatrais. Destácase a ausencia por motivos de enfermidade de Fiz Vergara Vilariño. Informa de que ó final do acto tres alumnos do centro acudiron á casa do escritor para lle facer entrega dun obsequio relacionado co mundo do libro.



_____, “Intelectuales gallegos aparecen el ‘corto’ que se rueda en O Incio”,
El Progreso, 29 setembro 1997, p. 13.

Destácase a boa acollida que as xentes do Incio están a dispensarlle ó equipo que roda nestas terras a curtametraxe “O Documento”, baseado neste conto de Fole. Ademais anúnciase a presenza de Francisco Fernández del Riego e Carlos Casares no final da cinta.



_____, “Un corto basado en ‘O Documento’, de Fole, se rodará la próxima semana”, *El Progreso*, 20 setembro 1997, p. 64.

Anúnciase a rodaxe da curtametraxe “O Documento” a partir do relato de Ánxel Fole, do que xa se fixera outra curta nos anos 70. Informa da duración da cinta en branco e negro que realizará a productora Leite de Pato.



_____, “Cinema (no) paradiso”, *A Nosa Terra*, nº 798, 2 outubro 1997, p. 32.

Realízase unha reportaxe sobre a rodaxe da curtametraxe baseada no relato foleano “O Documento”, levada a cabo pola productora Leite de Pato, que, cunha subvención da Xunta de Galicia, aborda este proxecto que pretende incluír tamén un libro de fotos, o guión da curta, o libro da rodaxe e un documental biográfico. Alúdese ó actor Denis Galocha, a Carmela Carpintero e ó director guionista Manuel Hermida así como ó axudante de dirección Chema Gagino e ó alcalde do Incio.



X. V., “Xerais y Cultura editan una aplicación multimedia sobre la figura de Ánxel Fole”, *La Voz de Galicia*, 20 maio 1997, p. 74.


Resáltase a publicación, entre outras novidades, do CD-Rom *E falando con Fole*, feito este que supón a entrada da literatura galega na era dixital. Sobrancéase o feito de que esta realización multimedia para computadores persoais fose realizada integramente por unha empresa galega.



Zarrido, Chao de, “Recordando a don Ánxel Fole”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 32, 14 xuño 1997, p. II.

O autor do artigo lembra a Fole e conta diversas anécdotas que o teñen como protagonista, tanto en visitas ás oficinas do diario *El Progreso* coma en saídas para xantar, destacando sempre a simpatía e o bo carácter do escritor lugués.





V.1. Monografías e libros colectivos

V. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

V. 1. Monografías e libros colectivos



Agra Romero, María Xosé (coord.), *Corpo de muller. Discurso, poder, cultura*, A Coruña: Edicións Laiovento, xaneiro 1997, 249 pp. (ISBN: 84-87847-87-0).

Volume que recolle colaboracións de profesoras e investigadoras de diferentes ámbitos, pertencentes ó proxecto de investigación *Mulleres: discurso, poder, cultura. Aportacións recentes da teoría feminista á Filosofía e á Teoría Social* que vén funcionando dende o ano 1989. No que atinxe á literatura contén o seguinte artigo:

-Beatriz Fernández Herrero, “Fadas e bruxas como arquetipos femininos dos contos”, pp. 215-247. Comeza cunha introducción xeral na que lembra a etimoloxía da palabra “conto” ata chegar ó seu valor actual, salientando o seu carácter pedagóxico, repasando as súas fontes e deténdose nos contos de fadas clásicos, dos que salienta os arquetipos dos personaxes que encarnan o ben e o mal. Céntrase despois na evolución dos contos marabillosos, onde a muller xoga un papel fundamental, e analiza os arquetipos de bruxas e fadas durante as tres etapas de formación da literatura infantil marabillosa: etapa anterior ó patriarcado, etapa feudal e actualidade. Ademais, faise referencia ós distintos tipos de bruxas e de fadas presentes neste corpus contístico incidindo nas súas variantes e funcións no relato e achegando exemplos de muller na literatura, de tódolos tempos.



Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "Interpelacións de mulleres", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 154, 10 abril 1997, p. 10. Considera que o agromar dos libros de reflexión teórica sobre a muller é debido ás desigualdades sociais á moda "de certo bambeo, externalidade ou fundamentalismo que acompaña a algúns feminismos". Martínez Bouzas destaca dous grandes eixes de ideas nos textos deste libro: o primeiro céntrase na explotación da muller polos homes, con diferentes temas; o segundo céntrase no esforzo das autoras por faceren visible que se pode pensar doutra maneira, "lonxe dos calcos do pensamento patriarcal". Conclúe a recensión coa pregunta de se lograrán as ideas cambia-lo mundo ou se serán as "masas de mulleres explotadas, asoballadas e rebeldes" as que o consigan.

-Carme Corbalán, "Feminismo e pensamento crítico", *Andaina*, nº , 1997, pp. 16-17. Cualifícase como unha boa nova a aparición do volume coordinado por María Xosé Agra por contribuír á reflexión e por permitir toma-lo pulso dos debates feministas de máis interese nos últimos tempos. Realiza Carme Corbalán un comentario descriptivo dalgúns dos textos que conforman o volume.

Referencias varias:

-M. Otero, "No feminismo hai pluralidade", *La Voz de Galicia*, 20 abril 1997, p. 51. Entrevista con María Xosé Agra Romero, coordinadora do estudio *Corpo de muller, discurso, poder, cultura*. Comenta que neste traballo se analiza a produción intelectual das mulleres e os seus xeitos de pensar. Céntrase na filosofía política e na teoría feminista. Di que é precisa unha nova redefinición científica do suxeito, no que as mulleres teñen algo definitivo que achegar. Respecto da teoría feminista, afirmase que o principal problema na actualidade é saber ata que punto o corpo, a bioloxía, nos determina.



Alonso Montero, Xesús (ed.), *Vinteseite escritores de fóra falan de Rosalía de Castro. De Menéndez Pelayo (1876) a María Zambrano (1985)*, A Coruña: Fundación Rosalía de Castro, 1997, 199 pp. (ISBN: 84-87668-09-7).

Publicación conmemorativa do IV Encontro de Casas-Museo e Fundación de Literatos organizado pola Fundación Rosalía de Castro entre o 30 de setembro e o 1 de outubro de 1997. Ábrese cunhas palabras de Xesús Alonso Montero nas que salienta a importancia desta publicación por recoller algúns textos nunca ata o de agora incluídos nun volume e saídos da pluma de lectores de Rosalía que ofrecen a súa visión da poetisa. A seguir reproducése a colectánea de textos de creación e opinións persoais nas que os seguintes autores e intelectuais non galegos falan de Rosalía: Menéndez Pelayo, Gumersindo Laverde, Juan Ramón Jiménez, Miguel de Unamuno, Antonio Machado, Juan Margall, Azorín, Teixeira de Pascoaes, García Lorca, Juan Chabás, Rafael Alberti, Miguel Hernández, Antonio Oliver, Gerardo Diego, Luis Cernuda, José María de Cossío, Ernestina de Champourcin, Pedro Salinas, Melchor Fernández Almagro, Giménez Caballero, Dámaso Alonso, Juan Gil-Albert, Max Aub, Guillermo de Torre, Carmen Conde, Concha Méndez e María Zambrano.



Alvarellos, Quique, *Territorio auroral: 36 memorias vivas de Compostela*,

Santiago de Compostela: Consorcio de Santiago de Compostela, 1997, 271 pp.

(ISBN: 84-921371-7-7).

Volume editado polo Consorcio de Santiago no que o xornalista Quique Alvarellos (Lugo, 1968) recolle as lembranzas de trinta e seis coñecidos composteláns que van conformando a historia de Compostela no século XX. Ábrese cun limiar de Xerardo Estévez, o alcalde da cidade, quen sinala que esta miscelánea de biografías mostra o amor do xornalista por Santiago. A continuación inclúese unha presentación de Quique Alvarellos na que fala do que é o libro e do que se evoca nel. Recóllense a seguir as lembranzas de infancia de Fernando Acuña Castroviejo, catedrático de Arqueoloxía; Xosé Luis Alvite, xornalista; Xosé Antonio Arán Trillo, xinecólogo; Rafael Baltar Tojo, arquitecto; Luís Emilio Batallán ("O Bati"), cantautor e médico; Manuel Beiras García, político galeguista e comerciante; Diego Bernal López, xornalista; Xosé Luis Bernal López ("Farruco"), humorista e empresario, Fermín Bouza Alvarez, catedrático de Socioloxía; Xosé María Caneda Antelo, empresario e presidente da S. D. Compostela; Xosé Carro Otero, doutor en Medicina e antropólogo; Alfonso Castro Beiras, cardiólogo; Ramón Castromil Ventureira, músico e empresario; Isaac Díaz Pardo, intelectual, administrador de cerámicas do Castro e Sargadelos; Xosé Ramón Fandiño Veiga, filólogo e director da *Gran Enciclopedia Gallega*; Xerardo Fernández Albor, médico e eurodeputado; Antonio Fraguas Fraguas, Cronista Oficial de Galicia; María dos Ánxeles de la Gándara Barrio ("Chocha Bescansa"), Presidenta da Cruz Vermella en Santiago; Fernando García Blanco, escultor;



Salvador García-Bodaño Zunzunegui, escritor; Xosé Manuel García Iglesias, catedrático da Historia da Arte; Domingo García Sabell, médico e antropólogo; Manuel González González, fundador da Librería González; Xosé Guerra Campos, prelado; Luís Mariño Pampín, intelectual e xornalista; Xoán Xosé Moralejo Alvarez, catedrático de Grego; Tareixa Navaza González, xornalista; David Otero Fernández, profesor e escritor; Santiago Pemán García, meteorólogo e home do tempo da Televisión de Galicia; Xosé Luís Puente Domínguez, médico cirurxián; Xosé Antonio Silva do Porto, piloto, escritor e xornalista; Anxo Tarrío Varela, catedrático de Literatura galega e escritor; Gustavo Varela y Gutiérrez de Caviedes, profesor xubilado de Ciencias Naturais; Roberto Vidal Bolaño, escenógrafo e actor teatral; Xosefina Vilas Raña, restauradora, propietaria da Casa Vilas; Ramón Yzquierdo Perrín, doutor en Historia da Arte. O libro remata cun apéndice que inclúe unha “Cronoloxía Doméstica de Compostela (1908-1971)”, un “Índice onomástico” e unha bibliografía.

Referencias varias:

-Ana Iglesias, “Trinta e seis vidas ilustres”/“Quique Alvarellos recoge en un libro la niñez de 36 santiagueses ilustres”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 31 outubro 1997, p. 37/pp. 10-11. Coméntase que o alcalde de Santiago, Xerardo Estévez e o catedrático Xosé Manuel García Iglesias presentaron en Santiago o libro de Quique Alvarellos *Territorio auroral: 36 memorias vivas de Compostela*. Informa de que se trata de cadanseu relato das infancias de 36 personalidades desta cidade dende principios de século ata finais dos setenta. Afirmo que a obra contribúe a construír unha historia da Compostela do século XX, máis concretamente durante a Guerra Civil, dende puntos de vista diferentes en cada un dos personaxes tratados.



-Lois Fernández, “El alma de Compostela”, *La Voz de Galicia*, 24 outubro 1997, p. 56. Anuncia a presentación do libro de Quique Alvarellos do que se di que conxuga o literario e o xornalístico. Cita algunhas das personalidades tratadas polo autor.

-José Luis Alvite, “Quique”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 1 novembro 1997, p. 52. Con motivo da presentación de *Territorio auroral*, de Quique Alvarellos, José Luis Alvite caracteriza ó autor dende un punto de vista humano, resaltando a súa bonhomía e a amizade que comparten.



Álvarez, Santiago, *Memorias VI. Largos años de lucha por la libertad* (1962 1983), Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, Serie Documentos, nº 132, 1997, 469 pp. (ISBN: 84-7492-837-0).

O valdeorrés Santiago Álvarez (Valdeorras, 1913), comisario político na Guerra Civil e exiliado en 1939, relata e comenta neste volume os feitos políticos e sociais máis importantes acontecidos entre 1962 e 1983 que abriron un novo camiño cara á liberdade e a democracia en Galicia e España. Presta especial atención as actividades do P.C.E no exilio, as folgas dos primeiros anos 60, as mobilizacións estudiantís e a outros acontecementos internacionais que repercutiron na vida política española.

Recensións:

-Xabier Castro, "Memorias dun comunista cabal", *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio-xuño, 1997, pp. 284-288. Con motivo da recente celebración no Palacio de Fonseca de Santiago de Compostela dunha exposición dedicada ó dirixente de esquerdas ourensán Santiago Alvarez e da publicación das súas *Memorias* por Ediciós do Castro, Xabier Castro chama a atención do lector sobre a vida e os feitos do mesmo, "proveitosos" para o coñecemento da historia política do noso tempo. Tras referir-la historia que veu desenvolvendo a editorial que promove as devanditas memorias, o autor fai un repaso das mesmas, salientando no eido da literatura, a presenza de anécdotas e documentos referidos ó mundo intelectual e artístico do momento.



-Xesús Alonso Montero, "Santiago Álvarez", *La Voz de Galicia*, "Beatus Qui Legit", 20 febreiro 1997, p. 9. Lembra a homenaxe tributada en Compostela a Santiago Álvarez, de quen salienta a súa constante loita contra o fascismo elaborando un detallado perfil das súas actividades a prol da liberdade. Finaliza informando de que Santiago Álvarez vén de remata-lo sexto volume das súas *Memorias*.



Ansedo Estraviz, Alberte, e Cesáreo **Sánchez Iglesias** (dir.), *Historia da Literatura Galega*, vol. III e IV, Vigo: AS-PG, 1997, pp. 643-960/pp. 961-1280. (ISBN dos Fascículos: 84-89679-01-0; ISBN da Obra Completa: 84-89679-00-2; ISBN do Volume III: 84-89679-04-5; ISBN do Volume IV: 84-89679-05-3). Ž

Completáronse neste ano o terceiro e cuarto volumes da *Historia da Literatura Galega*, compostos por dez fascículos cada un, realizados polos seguintes autores:

-Xosé Lois Bouzas Millán, “A popularización da novela curta: as coleccións *Céltiga e Lar*”, pp. 643-672. Antes de analiza-la narrativa na *Época Nós*, dáse unha visión panorámica do contexto cultural entre os anos 1916 e 1931, centrándose no ensino, na prensa e no mundo editorial. Así, apúntase a falta dunha “infraestructura escolar mínima” e ponse de relevo a contribución dos emigrantes e as preocupacións pedagóxicas dende a fundación das Irmandades da Fala, centrándose no “Plan Pedagógico pr’a galeguización d’as escolas”, publicado por Risco na revista *Nós*. No tocante á prensa, salienta o autor o papel desenvolvido por xornais como *Galicia*, *El Pueblo Gallego* e *A Nosa Terra*. A continuación detense na obra de Rafael Dieste, que viu a luz maioritariamente nos xornais e comenta a confluencia da tradición popular e as innovacións no campo da literatura narrativa en *Dos arquivos do trasno*. Logo de se referir á situación editorial na Galicia do momento, salientase o papel iniciador da colección “Terra a Nosa” no tocante á novela curta e alúdese ademais a outras como “Alborada” e “Libredón”. No



que se refire ás coleccións “Céltiga” e “Lar” salientáanse os anxeios de normalización lingüística das Irmandades, dando a continuación unha visión de conxunto de cada unha destas coleccións. A última parte do traballo ocúpase de comentar algunhas obras de cada unha das coleccións. No achegamento a “Céltiga”, sublíñase a división entre escritores “vellos” e escritores “novos” e detense nas obras *Almas Mortas*, de Antón Villar Ponte; *Axúdate*, de Euxenio Chacón; *O Menciñeiro*, de Manuel S. Hermida, así como nos relatos de Euxenio Montes e de Evaristo Correa Calderón. Logo de apunta-la menor carga ideolóxica das obras de “Lar” respecto das de “Céltiga”, detense nas obras de “Lar”: *A miña muller*, de Wenceslao Fernández Flórez; *O karma de Farruco Filgueira*, de Ánxel Romero; *O xardín do castelo de Vidre*, de Álvaro M^a de las Casas e, fundamentalmente, en *Cabalgadas en Salnés*, coa que se pon de manifesto a importante contribución de Fermín Bouza Brey.

-Manuel Rei Romeu, “A narrativa de Castelao”, pp. 673-704. Comeza cunha contextualización da situación económica e política de Galicia no século XX, marcada pola continuidade no subdesenvolvemento e na marxinalidade por mor dunha serie de obstáculos que empecen o avance dos sectores agrícola e pesqueiro. A continuación, achégase ó proceso de conformación ideolóxica e artística de Castelao, centrándose no seu inicio artisticamente “inofensivo”, nos primeiros contactos coa política a carón do Partido Conservador de Antonio Maura, na asunción da lingua galega e na definición ideolóxica como nacionalista coa fundación das Irmandades da Fala e na evolución cara a unha arte socialmente comprometida. Sublíñase, ademais, o seu polifacetismo no labor a prol da cultura galega, a consolidación nos anos vinte do seu pensamento humanista e o achegamento á política, apuntando como constantes do seu pensamento posterior a loita pola liberación nacional de Galicia e contra a opresión das clases populares. Na análise da narrativa de Castelao ponse de relevo a



participación nos “primeiros intentos serios de fundación da narrativa galega”, o seu papel de pioneiro na contribución á innovación e a combinación dunha temática comprometida e dunha estética elaborada. Prosegue co estudio das súas obras narrativas, comezando con *Un ollo de vidro. Memorias dun esqueleto*, obra da que comenta a súa modalización narrativa, situando a innovación no dinamismo do ritmo, na ambientación urbana e na presentación en forma de “collage”, así como o contido de cada un dos quince episodios e a proposta de lectura simbólica ou alegórica. No que respecta a *Cousas*, sitúa a súa xénese nos debuxos con pé e subliña o equilibrio, a combinación de enfoques tradicionais e innovadores, así como o hibridismo, para pasar a comenta-las distintas actitudes do narrador segundo as temáticas. A continuación refírese ó autobiografismo de *Retrincos* e á súa estrutura clásica, salientando a súa unidade formal. Logo de comentar cada un dos cinco relatos que o compoñen, abórdase un percorrido comentado polo argumento de *Os dous de sempre* e faise nota-la evolución dos personaxes, así como a presenza de numerosos determinismos que actúan sobre eles. Conclúe cunha valoración da recepción e da vixencia da narrativa do rianxeiro, na que se indica a necesidade de non trata-las facetas de Castelao como compartimentos estancos. Ademais coméntanse aspectos de recepción relativos a cada unha das obras por separado.

-Carme Fernández Pérez-San Julián, “Grupo Nós: Ramón Otero Pedrayo”, pp. 705-736. A referencia á relación entre o sindicalismo e o agrarismo e á perda de poder da igrexa serven de preámbulo para o percorrido comentado que a autora realiza a través da vida e da obra de Otero Pedrayo. No referente a *Os camiños da vida*, fala da necesidade de subsana-lo “prexuízo” asentado entre a crítica consistente na dicotomía realismo/romanticismo, e apunta a lectura desta novela como discurso ideolóxico. En relación a *Arredor de si* comenta que “non se debe caer na trampa da crítica excesivamente biografista” porque impediría aprehende-la



complexidade da obra. Ademais, comenta a difícil distinción entre xéneros na obra oteriana, refírese á proximidade de *A romeiría de Xelmírez* coa novela histórica e ó carácter anovador no fragmentarismo de *Devalar*. Rematado o repaso pola totalidade biobibliográfica emprende un estudio de *O Mesón dos Ermos*, que, segundo a autora, pecha a etapa creativa máis interesante da obra de Otero e salienta a atención prestada polo escritor á estruturación das súas novelas e o modelo lingüístico. Analízase tanto este aspecto coma o tema e a estrutura desta obra, xunto coa evocación do mundo perdido do Antigo Réxime. Logo de se referir ó carácter innovador de *Contos do camiño e da rúa*, analiza un a un os relatos “A sirena”, “Medicina legal”, “Dona Xohana e Don Guido”. Antes de emprender aspectos relativos á recepción e vixencia da obra de Otero Pedrayo, achégano-la autora á obra *O Maroutallo*, que revela a continuidade dos trazos fundamentais das obras anteriores ó tempo que nos permite “evitar caermos no tópico de centrar a análise da obra deste autor nos seus fidalgos crepusculares”.

-Xosé M. Millán Otero, “Grupo Nós: Vicente Risco”, pp. 737-768. Abórdase primeiramente a actividade e o pensamento desenvolvidos por Risco, Otero Pedrayo, Primitivo R. Sanjurjo, Arturo Noguero, etc., subliñándose a equivocación que supón atribuírle a *La Centuria* silencio e xordeira con respecto ós conflitos da época. Ademais, o autor explica que non comparte a opinión que sitúa a Risco de costas ó galeguismo nalgún tempo. A continuación coméntase con detalle o perfil ideolóxico do ourensán referíndose ó seu sistema de crenzas fundado nos piares do individualismo e elitismo intelectual, o irracionalismo, o historicismo e culturalismo, o espiritualismo e a relixiosidade e o misticismo, logo de explica-lo distanciamento das teses do Partido Galeguista. A achega á obra literaria de Risco comeza coa mención dos influxos do simbolismo e da vangarda, así como á actualización da tradición oral galega. Baixo o título de “O Remol do Modernismo” analízase “Do caso que lle aconteceu ó Dr.



Alveiros” e co de “Narración, Tradición e Ideoloxía” trátanse unha serie de contos anteriores a 1926 que representan segundo Millán Otero a etapa afirmativa e optimista do galeguismo risquiano. *O porco de pé* coméntase en “Os síntomas da desilusión”, tras referirse ó paso cara a unha narrativa polémica e feridora. No último apartado, ocúpase de *Dedalus en Compostela* e de *Mitteleuropa*, referíndose ó ton agónico que adopta a obra de Risco.

-Manuel Lourenzo e Laura Tato Fontaíña, “Grupo Nós: o teatro”, pp. 769-800. Para estudia-lo teatro na Época Nós faise referencia primeiramente á necesidade de evitar encaixa-la obra dos homes do Grupo Nós baixo termos xeneralizadores do tipo “Teatro Nós”. Coméntase tamén a falta de explicacións que se teñen dado a respecto da escaseza da produción dramática de Castelao ou de Risco. A continuación explícanse as dificultades que se viñeron engadir no teatro galego coa política de Primo de Rivera, así como a súa reactivación coa consolidación do Partido Galeguista e con iniciativas como o proxecto de Castelao, do que se reproduce un fragmento. Remata esta introducción coa conclusión da vontade de crear un teatro nacional. A continuación realízase unha achega ós títulos do teatro de Otero Pedrayo, prestándosele especial atención ó *Teatro de Máscaras*, do que se sinala a súa actualidade dende a perspectiva do teatro contemporáneo. Complétase este apartado con cadansúa referencia comentada de *O desengano do prioiro*, *Rosalía*, *Traxicomedia de Noite dos Santos* e *O fidalgo e a noite*. Prosegue o estudio co tratamento de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao, e cun percorrido pola obra de Rafael Dieste. En senllos apartados os autores aproxímannos á estrutura e á temática de *O Bufón d’el Rei*, de Vicente Risco, e a *A lagarada*, de Ramón Otero Pedrayo. Remata este capítulo co apartado “Vixencia deste teatro”, onde se pon de relevo a imposibilidade de falar con propiedade de “teatro clásico galego” e se subliña a



tensión nas obras de Castelao e de Otero entre a Galicia rural e a emerxente. Saliéntase, así mesmo, o maxisterio exercido polo teatro de Otero Pedrayo.

-Goretti Sanmartín Rei, “A prosa didáctica (1916-1936)”, pp. 801-832. Destácase o importante labor cultural e político desenvolvido neste período polas editoriais e polas publicacións periódicas, deténdose na relevancia de *A Nosa Terra* e de *Nós*, revista esta última na que se diferencia entre os contidos presentes nos primeiros dezoito números e nos restantes. Fálase tamén da contribución doutros xornais como *El Pueblo Gallego* ou *Galicia*, así como doutras publicacións “menores”. Preséntase logo unha panorámica da actividade do Seminario de Estudos Galegos e afóndase no desenvolvemento da prosa na *Época Nós*, volvendo incidir na importancia dos xornais. Do mesmo xeito ponse de relevo a vocación pedagóxica dos autores deste tempo e o mérito de teren iniciado o cultivo do ensaio con “clara vocación de continuidade”, concluíndo que son estes homes os creadores da moderna prosa galega. Alúdese á problemática dos xéneros a propósito do hibridismo e da condición literaria ou non de determinados textos, pasando despois a mencionalo labor ensaístico de Florentino López Cuevillas, Vicente Risco e Ramón Otero Pedrayo. No apartado correspondente, recóllense unha serie de ideas que aparecen nos textos da época como a identificación da lingua coa alma do pobo, a condición de lingua e non de dialecto, a validez do galego para tódolos ámbitos, o galego como idioma propio de Galicia, a identidade entre galego e portugués, o afastamento ortográfico co español, etc. Saliéntase neste eido a consecución por parte do galego dunha madurez que puidese consolidala como lingua de expresión científica e literaria. A autora ocúpase ademais das iniciativas encamiñadas á galeguización do ensino e da escasa presenza feminina entre os colaboradores das Irmandades, de *Nós*, do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista e detense nas figuras de Corona González, Xosefa Iglesias e



Pura Lorenzana. Baixo o epígrafe “Por unha literatura normalizada” enuméranse unha serie de iniciativas desta época, como a diversidade de xéneros, a potenciación de pequenas publicacións e a superación do folklorismo, tendentes a corrixi-la anormalidade literaria galega do momento. Finalmente, descríbense aspectos que demostran o esforzo feito para lograr unha visión do mundo en galego e a apertura do idioma á sociedade .

-Anxos Sanmartín Rei: “O vangardismo: Manuel Antonio e Álvaro Cunqueiro”, pp. 833-864. Refírese primeiramente a algúns aspectos destacados do contexto histórico e cultural do primeiro tercio do século XX e da aparición das correntes vangardistas. Coméntanse, así, aspectos do *Manifesto do futurismo*, de Marinetti, centrándose na súa difusión por Rusia e faise referencia á vangarda portuguesa e catalana, ó dadaísmo, surrealismo, cubismo, para rematar coa alusión ó teatro expresionista alemán. Baixo o título de “A aparición da vangarda en Galicia e os seus principais cultivadores”, salientase o papel de Vicente Risco como coñecedor das novas correntes estéticas e refírese a introducción da vangarda en publicacións do momento como *A Nosa Terra*, *Nós*, *Alfar* ou *Ronsel*, etc. Apúntase a imposibilidade de falar dunha vangarda galega ó estilo das vangardas europeas e considérase máis axeitado afirma-la presenza dalgunhas características vangardistas “dunha maneira moderada” no hilozoismo e no neotrobadorismo, engadíndose algúns matices proporcionados por X. Ramón Pena. Logo de seren encadrados *Mar ao Norde* (1932) e *Poemas do si e non* (1933), de Cunqueiro na estética de vangarda comeza o achegamento á figura de Manuel Antonio, salientándose a súa rebeldía, a inmensa formación cultural e o seu nacionalismo. En “Manuel Antonio e a vangarda” coméntase o contido do manifesto *¡Máis alá!* e o doutros textos como “Un poeta da nosa terra”, “Prólogo dun libro de poemas que ninguén escribiu” e “Fatiguémonos”, que revelan información sobre a súa poética. Despois de se referir ós títulos que conforman a obra do rianxeiro, céntrase



a autora en *De catro a catro* e alude ós influxos das distintas correntes da vangarda que lle foron atribuídos ó poemario. A continuación ofrécenos-la visión do poemario que sosteñen Arcadio López-Casanova e Elvira Souto, para rematar subliñando que haberá que agardar a 1972 para ver-los primeiros seguidores de Manuel Antonio como o Grupo Rompente, Xosé Luís Méndez Ferrín, Alfonso Pexegueiro e A. López-Casanova.

-Manuel María, “Poetas entre a tradición e a modernidade. Luís Amado Carballo e a súa escola poética”, pp. 865-896. Comeza o autor aludindo ás consecuencias que na poesía galega do “vinte e tantos” tiveron o influxo do modernismo, do creacionismo, do ultraísmo, do saudosismo, etc. Ademais dalgúns datos do contexto histórico, menciónanse como direccións das vangardas en Galicia o neotrobadorismo de Bouza Brey, o creacionismo de Manuel Antonio, o hilozoísmo de Amado Carballo e a dirección surrealista de *Poemas do si e non* (1933), de Álvaro Cunqueiro. Logo de achega-las características xerais destes poetas, inicia Manuel María un percorrido biobibliográfico da figura de Luís Amado Carballo. Céntrase despois na análise de *Proel*, e enumera as características que Xosé María Álvarez Blázquez vira na poesía do pontevedrés. No tocante á súa recepción refírese a algúns comentarios feitos por Carballo Calero, Augusto María Casas e Antonio Couceiro Freijomil e ó espacio dedicado por *A Nosa Terra* e *Nós* ó seu pasamento. Finalmente, e baixo o título de “Escola poética de Amado Carballo” achéganos, separadamente, algúns trazos da obra de Teodoro Morgade Varela, Xosé María Brea Segade, Roberto Blanco Torres, Xulio Sigüenza Raimúndez, Manuel Luís Acuña Sarmiento e Xoán Vidal Martínez.

-Teresa López, “O neotrobadorismo. Fermín Bouza-Brey”, pp. 897-928.



En primeiro lugar coméntase que é máis axeitado falar de xeración do 25 que do Seminario de Estudos Galegos para se referir a autores nados co século, como Manuel Antonio, Amado Carballo, Euxenio Montes, Augusto M^a Casas, Rafael Dieste ou Xosé Filgueira Valverde. Logo de apuntar que Fermín Bouza-Brey é un bo exemplo do “espírito de cooperación interxeracional”, ofrécenos unha achega ó funcionamento e ó traballo realizado polo Seminario de Estudos Galegos. A continuación, detense no proceso de difusión e recepción da lírica medieval e refírese ó termo “neotrobadorismo”, sinalando tamén a dificultade que supón realizar unha caracterización aplicable a un amplo conxunto de textos que vai dende os anos dez ata a actualidade. Establécense tres etapas coas súas respectivas características: a primeira sería a da apropiación da lírica medieval; a segunda a da posguerra, na que funcionan como modelos non só os textos medievais senón tamén os neotrobadoristas; e a terceira a dos poetas de xeracións posteriores que puntualmente volven á tradición medieval. No apartado “Orixes do Neotrobadorismo”, descártase a presenza da lírica galego-portuguesa no poema “Canto do Vigía de Eduardo Pondal” e sitúanse como primeiros poemas neotrobadorescos o “Poemetto de vida”, de Johán Vicente Viqueira e os “Cantares d’amigo”, de Carles Riba, aludindo tamén ó poema “A Galiza. A modo de velho cantar”, de Afonso Lopes Vieira. Prosegue o estudio coa análise de *Nao senlleira*, na que ademais de se sinalaren os elementos relacionados cos cancioneros medievais nos poemas neotrobadorescos, afóndase na significación do poemario. Pecha o volume o epígrafe “Recepción Crítica”, no que se incide na valoración que a poesía de Bouza-Brey tivo nos anos vinte e trinta dende dúas perspectivas diferentes: unha que ponderaba a súa modernidade e outra que a negaba.

-Manuel Vilar Álvarez, “Teóricos da arte”, pp. 929-960.



Malia a falta de acordos en canto ás datas, o autor comeza por situar ó redor do movemento das Irmandades da Fala o renacer das artes plásticas en Galicia. Esbózase así unha visión panorámica da situación anterior, marcada pola falta de institucións axeitadas para a aprendizaxe e o vencellamento ó centralismo de Madrid. No apartado “Vangardas ou identidade” Manuel Vilar Álvarez reflexiona sobre as causas polas que non callaron en Galicia as vangardas, entre as que cita a necesidade de potencia-lo valor do propio e de crear unha identidade colectiva. En “A Arte Galega: da anécdota ó compromiso” explícase cómo a presenza de elementos tirados da realidade galega na arte do século XIX foi dexenerando ata se converter nunha manchea de tópicos que, en calquera caso, serviron como punto de partida para Castelao e outros artistas. A continuación dedícanse cadanseu apartado ás ideas sobre a arte de Castelao, de Vicente Risco e de Luís Seoane.

-Manuel Rei Romeu, “A guerra civil. Literatura do exilio (I)”, pp. 961-993. Capítulo centrado na faceta política de Castelao e no que Manuel Rei Romeu considera que o rianxeiro “foi sempre e por riba de todo un político”, malia ter insistido na difusión dunha imaxe escorada cara ó lado artístico. Sinala tamén a necesidade de non establecer compartimentos estancos nas diferentes facetas. Divídese o traballo en dúas grandes partes. A primeira está dedicada ó repaso da evolución ideolóxica de Castelao, dende os primeiros contactos co conservadurismo maurista ata a actividade no exilio, pasando pola súa fidelidade á República e á esquerda. Ademais, analízase polo miúdo *Sempre en Galiza* abondando na súa xénese, estrutura e ideario, poñendo de relevo a súa variedade temática, a pluralidade nos rexistros, etc., así como a responsabilidade de Castelao á hora de asumir a difusión do pensamento de Alexandre Bóveda e doutros homes do seu tempo cos que compartía ideas.



-Xosé M. Maceira Fernández, *Literatura do exilio (II). O activismo cultural na diáspora bonaerense*, pp. 993-1024. Iníciase cunha síntese histórica do activismo a prol de Galicia e da súa cultura na diáspora, dende a constitución do primeiro centro galego, en 1879, ata o Primeiro Congreso da Emigración, en xullo de 1956. Prosegue cunha achega biobibliográfica ós autores que neste contexto tiveron un especial protagonismo literario, como é o caso de Luís Seoane, Lorenzo Varela, Emilio Pita, Ramón Suárez Picallo e Eduardo Blanco Amor. Achéganos, así mesmo, ó contido e á estrutura dalgúns libros representativos destes escritores. Así, en poesía comenta *Catro poemas pra catro gravados* (1944) e *Lonxe* (1954), de Lorenzo Varela; *Fardel de eisilado* (1952), de Luís Seoane; e *Os relembrós-As cantigas*, de Emilio Pita. No tocante ó relato curto trata “Ao pasar polo ceo” (1926), de Suárez Picallo; “Un cristo da montaña” (1954), de Luís Seoane, e “Ágoa Galega”, de Eduardo Blanco Amor. Logo de se deter, tamén, na peza teatral *A Soldadeira* (1956), de Luís Seoane, o autor comenta, baixo o epígrafe do ensaio, o libro de Blanco-Amor *Castelao escritor* (1950), subliñando ademais o seu artigo “Nós” e a intervención na homenaxe a Pardo de Cela. Neste mesmo apartado refírese a algúns artigos de Ramón Suárez Picallo e Emilio Pita. Conclúe poñendo de relevo a preocupación dos cinco autores tratados pola reconstrución nacional e a revitalización da cultura galega e salientando a falta de recoñecemento que tiveron ata hai pouco.

-Sindo Villamayor, “O silencio interior, (1940-1950)”, pp. 1026-1056. Capítulo que ten como tema central a figura de Ricardo Carvalho Calero e que comeza cunha visión panorámica da literatura na posguerra, produción editorial e da situación cultural de despois da Guerra Civil tratada en tres tramos: “O murmurio do silencio (1940-1946)”, “Os precedentes da recuperación cultural (1947-1950)” e “A lenta recuperación (1951-1955)”. O



achegamento ó escritor ferrolán consiste nun repaso da súa traxectoria biográfica e literaria, así como do seu papel no proceso de normativización da lingua galega. Preséntase este percorrido dividido en tres grandes etapas: “Ricardo Carvalho Calero na Galiza Prebélica” (1910-1936), “A Resistencia Cultural” (1948-1975) e “Compromiso e Ostracismo” (1975-1990). Apúntanse dúas variantes na produción narrativa de Carvalho Calero antes de 1984 en función dos espazos priorizados e da actitude do autor. A última parte do traballo céntrase en *Scórpido* (1987). Analízase a estrutura, modalización, realismo e compoñente ficticia e conclúese coa referencia a vixencia desta obra, partindo da “marxinación” e peche de portas que, en opinión do autor, lle supuxo ó escritor a súa posición verbo da norma ortográfica. Alúdese á opinión que esta obra, Premio da Crítica española en 1988, suscitou nos críticos Montero Santalha, Kathleen March e Martínez Pereiro.

-Manuel Forcadela, “A poesía de posguerra”, pp. 1057-1088. Logo de se referir ás dificultades da literatura galega e da difusión das obras trala Guerra Civil, o autor comenta as tendencias da literatura na posguerra galega. Alude á diferenza entre o discurso comprometido dos poetas do exilio e unha liña máis esteticista no interior, enumerando as seguintes liñas: Neotrobadorismo, Imaxinismo e Paixasismo, como continuadoras da preguerra; Escola da Tebra, Grupo Brais Pinto e outros como expoñentes dunha poesía da angustia e preocupación existencial; intimismo e preocupación e clasicismo e culturalismo. Comenta ademais a importancia da colección “Benito Soto” e “Xistral”, así como as revistas *Alba*, *Mensaxes de Poesía* e *Aturuxo*. A continuación realízase un repaso dos títulos e das características máis salientables da obra poética de Aquilino Iglesia Alvariño, Xosé María Álvarez Blázquez, Luís Pimentel, Álvaro Cunqueiro, Xosé María Díaz Castro e María Mariño, así como da Escola da Tebra, da que se subliñan como títulos máis emblemáticos *Fabulario Novo*,



de Manuel Cuña Novás, *Muiñeiro de brétemas* e, en xeral, a obra de Xosé Luís Franco Grande. O volume péchase co epígrafe “Outros autores deste período”, con referencias á obra de Ricardo Carballo Calero, Faustino Rey Romero, Pura Vázquez, Dora Vázquez, Eduardo Moreiras, Luz Pozo Garza, Xosé Díaz Xácome, Manuel Casado Nieto, Miguel González Garcés, Ernesto Guerra da Cal, Juan Pérez Creus, aludindo ademais á aparición dun novo modelo estético baseado no social-realismo, do que se citan algúns libros.

-Manuel María, “A recuperación da narrativa en galego: Ánxel Fole”, pp. 1089-1120. Capítulo que se centra na figura do autor de *Á lus do candil*. Primeiramente sinálase o seu compromiso do escritor co galeguismo, así como a simpatía polo esquerdismo radical nos seus anos mozos, como queda patente nalgúns poemas anteriores de 1936. Faise referencia tamén ó seu gusto pola literatura francesa e americana e polos autores da xeración do 98. Manuel María comenta a dificultade de encadrar a Fole nun grupo xeracional e considera axeitado situalo dentro da narrativa de posguerra. Prosegue con achegamentos á vida do escritor lugués. No tocante á obra, ademais de enumera-los títulos, menciona unha serie de traballos de temática foleana, cualificando a Claudio Rodríguez Fer como “o grande estudioso da obra de Ánxel Fole”. O autor, apoiándose en fragmentos de Pilar Vázquez Cuesta, Claudio Rodríguez Fer, Armando Requeixo e Luís Alonso Girgado, analiza algúns aspectos dos temas e da estrutura de *Á lus do candil*, *Terra Brava*, *Contos da néboa* e *Historias que ninguén cre*. Complétase o estudio cunha referencia á peza teatral *Pauto do demo* e *Cartafolio de Lugo*. No que respecta á recepción e valoración da obra, sinálase o bo recibimento que tivo a obra foleana no seu tempo, salientándose trazos como a expresión estética, léxica e literaria, o tratamento da paisaxe e a sensibilidade coa fala.



-María Xesús Nogueira, “A recuperación da narrativa en galego: Álvaro Cunqueiro”, pp. 1121-1152. Unha visión xeral da situación socio-política entre os anos 1956-1975 serve como preámbulo a esta aproximación á vida e á obra de Álvaro Cunqueiro. Así mesmo, a autora refírese ó importante labor realizado por Galaxia no contexto no que escribe Cunqueiro e sitúa ó escritor mindoniense, que se caracterizaría pola súa individualidade (ó igual que Fole, Blanco Amor ou Neira Vilas), á marxe da literatura “de circunstancias” e da “Nova Narrativa Galega”. Despois de presentárnola vida e a obra do escritor, trátase a temática da narrativa cunqueiriana, a presenza de trazos de oralidade e a conxunción do real e do marabilloso. Prosegue a análise individualizada de *Merlín e familia*, *As crónicas do sochantre* e *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. Considera, no tocante a *Escola de menciñeiros*, *Xente de aquí e acolá* e *Os outros feirantes*, que deben ser estudados conxuntamente “como un proxecto narrativo” no que Cunqueiro “intentou dar unha imaxe de home galego, dirixido (...) a un lector tamén galego”. No último apartado, que trata sobre a recepción, refírese a autora ós preconceptos extraliterarios que eclipsaron a calidade narrativa de Cunqueiro e expón, como elementos que condicionaron a recepción, a cuestión ideolóxica, o compromiso, a cuestión idiomática, o realismo e cuestións relativas ó xénero. Pon de relevo tamén a atención menor que segue a recibila súa narrativa curta e a existencia, fóra das nosas fronteiras, dunha serie de tópicos arredor da obra do mindoniense. Neste mesmo sentido apunta a utilización de versións castelás ignorando mesmo o fiato de seren traducións do galego.

-Xosé Antonio Leis Ferreira, “A narrativa de Eduardo Blanco Amor: o descubrimento dun mundo conflictivo”, pp. 1153-1184.



Un repaso das principais etapas na vida de Blanco-Amor antecede ó estudio da súa obra narrativa. O autor refírese ó espazo narrativo de Auria, apuntando ademais algúns temas recorrentes, como a presenza da primeira persoa e o carácter coral das súas novelas. En cadanseu apartado detense en *La catedral y el niño* (1948), *A esmorga* (1959), *Os biosbardos* (1962), *Los miedos* (1963) e *Xente ao lonxe* (1972), ademais de realizar un breve percorrido pola súa produción teatral. No último apartadoponse de relevo a actualidade da obra de Blanco-Amor e a necesidade de difundila por España e por Portugal. Incídese, así mesmo, na dimensión universal, na humanidade dos seus conflitos e na alta calidade literaria.

-Anxos Sanmartín Rei, “Un momento crucial: *Longa noite de pedra* de Celso Emilio Ferreiro”, pp. 1185-1216. Introdúcese o estudio cunha contextualización histórica e cultural da posguerra, na que se pon de relevo a actividade cultural no exilio, unha nova concepción do nacionalismo co nacemento do PSG e da UPG e o dominio da URSS e Estados Unidos tralo triunfo na Segunda Guerra Mundial; refírese tamén á actividade editorial na Galicia do momento. Antes de se centrar na obra de Celso Emilio Ferreiro, a autora ofrece unha síntese da poesía social realista subliñando as primeiras mostras no exilio e incidindo no impacto que supuxo a publicación de *Longa noite de pedra*. Comenta, así mesmo, a concepción da poesía como manifestación do compromiso, a realidade e a innovación na linguaxe cun galego fiel á lingua popular. Ademais refírese ós continuadores desta tendencia poética citando a Manuel María, Uxío Novoneyra e Méndez Ferrín, entre outros. Despois de percorre-la obra de Celso Emilio, céntrase na análise de *Longa noite de pedra*, comentando a presenza de imaxes de base irracional que non concordan cos postulados do socialrealismo e a dicotomía opresión-liberdade. Finalmente alude á inxustiza que supuxo o esquecemento dos poemas intimistas presentes no libro.



-Camilo Gómez Torres, "Manuel María e o seu tempo", pp. 1217-1248. Fascículo dedicado integramente ó escritor Manuel María Fernández Teixeiro. O autor detense primeiramente na traxectoria biográfica do escritor chairego, para pasar a referirse ó seu corpus narrativo e teatral. Céntrase, a continuación, na obra poética, que se aborda atendendo distintos períodos temporais: "De 1949 a 1952: do Existencialismo á Rebeldía", "1953: *Terra Cha*: tempo de rupturas"; "De 1954 a 1963: de afirmación nacionalista"; "De 1964 a 1967: a nobre tarefa de construír unha Patria"; "De 1978 a 1980: de transicións e tránsitos" e "De 1981 a 1995: das viaxes e regresos". O estudio complétase co apartado referente á recepción, no que contrasta a admiración do catalán Salvador Espriu por Manuel María co "silencio" de Blanca-Ana Roig Rechou nun artigo sobre literatura infantil galega na revista *Colóquio/Letras*. Denúnciase, neste sentido, a minusvaloración e desprestixio da súa obra, así como unha serie de tópicos que lle atribúen ó autor dependencias e calcos que os feitos negan. Esta idea ilústrase con comentarios de Méndez Ferrín, Román Raña e o *Diccionario da Literatura Galega* (1995). Xunto a isto, ponse de relevo que o feito de se-lo poeta líder en vendas e expóñense algunhas claves que explican o interese dos lectores por este escritor.

-Carmen Blanco: "Uxío Novoneyra: poesía, terra e compromiso", pp. 1250-1280. Logo de se deter nos momentos máis significativos da vida de Uxío Novoneyra, a autora aborda a análise da súa obra poética baixo o título "A poesía: o son escuro e o soño luminoso". Neste apartado salientase a unidade temático-estilística da súa obra e a posibilidade de observar unha certa pegada da evolución poética galega sobre a poesía do courelán. Detense, así mesmo, na súa poética, na conexión coa poesía popular e no carácter ritual que atinxe o acto creativo. A continuación préstaselle atención á presenza do silencio como técnica e como temática e á elementalidade esencial. Destácase, ademais, a dimensión fónica da poesía novoneyriana. No



referente á temática a análise realízase dende tres direccións conceptuais: a telúrica, a existencial e a política.

Referencias varias:

-P. G., “A colección “Historia da literatura galega” cumpre un ano”, *La Voz de Galicia*, 7 xuño 1997, p. 73. Anúnciase a publicación do tomo 25 da *Historia da literatura galega* da Asociación Socio-Pedagóxica Galega e A Nosa Terra. Resáltase como un dos maiores atractivos da colección o feito de poder achega-la historia da literatura a todo tipo de lectores, sen necesidade de coñecementos previos. A continuación, lémbrense as palabras de Cesáreo Sanchez, presidente de edicións A Nosa Terra, quen fixo un balance positivo do primeiro ano de existencia da colección e destacou que os obxectivos básicos xa foran superados.

-Luis Pousa, “A “Historia da literatura galega” conmemora o seu paso de Ecuador”, *El Ideal Gallego*, 7 xuño 1997, p. 37. Con motivo da publicación do volume número 25 da colección *Historia da literatura galega*, lémbrese o nacemento deste proxecto que publica edicións A Nosa Terra e coordina a Asociación Socio-Pedagóxica Galega. O presidente da AS-PG, Alberte Ansedo, salientou no acto de presentación desta entrega, a seriedade e a ambición deste traballo, así como a extraordinaria recepción que está a ter entre o público. Recóllense tamén as opinións de Laura Tato e Xosé Ramón Freixeiro que se referiron ó obxectivo deste proxecto: achega-la literatura a tódolos públicos incluíndo temas novidosos como por exemplo a literatura feminina no século XIX.



Ansedo Estraviz, Alberte e Cesáreo **Sánchez Iglesias** (dir.), *Historia da Literatura Galega*, vol. V, Vigo: AS-PG, 1997, pp. 1283-1600 (ISBN dos Fascículos: 84-89679-01-0; ISBN da Obra Completa: 84-89679-00-2; ISBN do Volume V: 84-89679-06-1). •

En 1998, aínda que con data de 1997, veuse completada a *Historia da Literatura Galega*, co quinto e derradeiro volume composto por nove fascículos (41-49). O fascículo número 50 ocúpase dos Índices, e configúranos un índice onomástico, un índice de obras, unha biografía xeral así como unha ficha coa fotografía, data de nacemento e formación de cada un dos autores desta obra. A seguir referímonos a cada un dos fascículos coa excepción do número 43, “O ensaio histórico e económico”, de Bieito Alonso Fernández, Luis Obelleiro Piñón e M^a do Carme García Negro e o número 44, “O ensaio sociolingüístico”, de Gonzalo Constenla Bergueiro.

-Xavier Camba Sanmartín, “A nova narrativa”, pp. 1283-1312. Céntrase na Nova Narrativa Galega establecendo como pilar deste grupo o carácter renovador da prosa nun contexto no que dominaban a continuación da prosa cultivada anteriormente pola “Xeración Nós”, exemplificado en *Xente na barreira*, de Carballo Calero e as traxectorias individuais de Álvaro Cunqueiro, Eduardo Blanco Amor e Xosé Neira Vilas. Saliéntase o influxo do

“Nouveau Roman” e apúntanse algunhas características deste movemento francés. A continuación, establécense tres eixes paralelos ó redor dos cales xiraría este movemento máis ou menos homoxéneo dentro da prosa galega: en primeiro lugar, a vontade colectiva de normalización do galego na escrita; en segundo lugar a participación nalgúns proxectos colectivos como as Festas Minervais, o xornal *La Noche* ou a colección “Illa Nova” e, por último, o afán renovador nos temas e formas narrativas tratando de romper vínculos co tipo de prosa cultivado polo Grupo Nós. Neste último punto póñense de relevo, entre outras características, a vontade iconoclasta, a aproximación á realidade urbana, a utilización de técnicas obxectalistas, o intimismo e a introspección, o afán distorsionador da lingua, etc. A continuación, abórdanse os aspectos máis significativos das contribucións de seis autores a este movemento renovador: Xohán Casal con *O camiño de abaixo*, conxunto de relatos dominados pola temática da soidade e a morte e publicado con carácter póstumo en 1970; Gonzalo Rodríguez Mourullo con *Nasce un árbore* (1954) e *Memoria de Tains* (1956); e María Xosé Queizán con *A orella no buraco* (1965), á que se sitúa como un dos exemplos máis paradigmáticos da relación da “Nova Narrativa co Nouveau Roman”. De Camilo Suárez-Llanos descríbese *Lonxe de nós e dentro* (1961), conxunto de relatos con características que afastan lixeiramente a este escritor da maioría dos autores da xeración. Este percorrido continua con *Vento Ferido* (1967) e *Cambio en tres* (1969), de Carlos Casares e *A Torre de Babel* (1968), de Lois Diéguez para concluír coa referencia a algunhas das reaccións que ten suscitado a Nova Narrativa. A última parte deste capítulo céntrase na traxectoria individual de Xosé Neira Vilas cun percorrido pola obra narrativa, ensaística e poética do escritor de Gres así como pola súa recepción.



-Xoán Carlos Couceiro Garrido, “O pensamento galeguista (o ensaio filosófico de posguerra)”, pp. 1313-1344. Principia cunha panorámica do desenvolvemento e distintas evolucións do galeguismo despois da Guerra Civil e pon o acento nas diferencias teóricas entre os galeguistas do interior, partidarios dunha liña e capitaneados por Ramón Piñeiro, e os exiliados, presididos por Castelao ata 1950 e despois cos continuadores do Consello de Galiza. Así describíense as diverxencias existentes no plano cultural e político, no recoñecemento ou non do Consello de Galiza, nos feitos e persoeiros que é preciso lembrar, diferentes puntos de vista que se resumen na acción política reivindicada dende o exterior fronte á actuación dentro das marxes de manobra que permitía o réxime franquista, sostida polos galeguistas do interior. A continuación, detense no pensamento dalgunhas das figuras máis relevantes do pensamento galeguista. Comeza cun repaso da traxectoria biográfica, política e cultural de Ramón Piñeiro e prosegue coa descrición do seu pensamento sustentado, fundamentalmente, no concepto de Saudade como definidor da identidade galega, ó que se opón ó pensamento de Castelao para quen a Saudade é un sentimento a superar e nunca un patrimonio a conservar. Logo de seguir incidindo no choque das posturas de Piñeiro co ideario do rianxeiro e dos galeguistas exiliados, dálle paso ó pensamento de Celestino Fernández de la Vega e ó seu reto de demostra-lo carácter europeo e moderno do humorismo, sentimento da paisaxe e saudade como as tres peculiaridades do ser galego co acento posto nos trazos históricos e temporais dos fenómenos estudados. No tocante a Rof Carballo refírese ó estudio da psicoloxía do pobo galego así como á evolución que experimenta na súa teorización a Saudade e o carácter psicanalítico das súas propostas. Na achega ó ideario



de García-Sabell faise referencia á necesidade de non só detecta-la “lesión” de Galicia senón de comprende-lo significado desta. No último apartadoponse de relevo a transcendencia que para estes pensadores ten Rosalía de Castro como metáfora de Galicia e apúntase o cuestionamento destes postulados co exemplo de Francisco Rodríguez e Marcial Gondar. Finalmente, valórase a relevancia do Piñeirismo en base á súa viabilidade no réxime franquista e, neste sentido, faise unha breve referencia a Manuel García Barros como exemplificador “dun proceso de selección negativa de xeito que o pensamento que non encaixaba, ou era disfuncional, quedaba proscrito”.

-Laura Tato Fontaíña, “O teatro actual”, pp. 1409-1440. Ofrecenos unha panorámica do teatro galego actual que parte dun repaso ó contexto da ditadura franquista, de nefastas consecuencias para a literatura dramática e que conformou un proceso de degradación do teatro galego, circunstancia que non evitou a preocupación dos intelectuais polo xénero tal e como o demostra unha relación de obras publicadas neste tempo. A continuación, descríbese o comezo da andaina do Teatro Independente Galego con Teatro Circo, Teatro de Cámara Ditea e as Jornadas de Teatro Independente de Pontevedra ou as mostras de Ribadavia. Antes de se achegar ás publicacións e certames de temática teatral, frustradas na súa maioría e que revelan a desidia das institucións, céntrase nos primeiros pasos do teatro profesional coa progresiva presenza de salas e teatros en cidades e vilas e coa creación do Centro Dramático Galego. A segunda parte do fascículo está dedicada ós autores eponse de relevo a variedade así como a dificultade de agrupar e clasificar autores vivos, facendo referencia ás propostas clasificatorias de Dolores Vilavedra e Chema Paz así como á de Manuel F. Vieites.

Segue cunha análise das traxectorias literarias de Manuel Lourenzo, Euloxio R. Ruibal e Roberto Vidal Bolaño como puntos de referencia indiscutibles da literatura dramática actual. Atende, así, ó mito greco-latino e galego na obra de Manuel Lourenzo, así como a aqueloutros bloques no que o teatro é tema ou nas que se procuran novas formas de expresión. Na produción de Euloxio R. Ruibal, apóiase nas dúas etapas apuntadas por Damián Villalaín, a primeira entre 1973 e 1975, caracterizada pola conxunción das tendencias de vangarda e a tradición dramática galega, e a segunda, a partir de 1988, co abandono dos temas recorrentes que dan paso a un mundo lúdico. Complétase o estudio co percorrido pola obra de Vidal Bolaño, subliñando a súa complexidade e profundidade e facendo fincapé na atención á realidade socio-política e cultural do momento e no asentamento no pasado teatral e histórico de Galicia, dotando a obra de validez e cualidades universais. Remata este fascículo cunha breve valoración na que se recoñece a configuración dun corpus de cualidade e solidez nunca coñecidas ó tempo que se critica a política seguida ó longo dos anos polo Centro Dramático Galego.

- Xosé M^a Álvarez Cáccamo, “A obra literaria de Antón Avilés de Taramancos”, pp. 1441-1472. Achega á vida e obra de Antón Avilés de Taramancos que bota a andar cun pormenorizado perfil biobibliográfico. Prosegue cun preámbulo á análise da obra poética no que se sitúa o autor como un dos máis importantes poetas da segunda metade do século XX. Ademais, apúntase que a diversidade dos contidos en relación coas experiencias de cada etapa vital, así como os diferentes trazos de estilo dunhas obras a outras, aconsellan a ordenación e o estudio da poesía de Avilés en tres ciclos. Así, emprende un percorrido interpretativo comezando polo “Ciclo

coruñés” (década dos 50), definido como “traballo maduro e limiar preparatorio que desde os anos colombianos vai ofrecer Antón Avilés” con *As moradias do vento* (1955), *A frauta y-o garmelo* (1959), *Pequeno canto* (inédito de 1959 publicado en 1982), *Poemas soltos a Maricarmen Pereira* (1961), centrándose no estudio temático e formal da primeira e último dos poemarios citados. Do “Ciclo Colombiano” (década dos 60 e 70) céntrase en *Os poemas da ausencia* (1963), facendo fincapé na singular cosmovisión material e terrestre en que os labores da labranza atinxen un valor transcendente. O ciclo noiés (década dos 80) defíneo Álvarez Cáccamo como representante da normalización do diálogo co lector a través de *O tempo no espello* (1982), *Cantos caucanos* (1985), *As torres no ar* (1989) e *Última fuxida a Harar* (1992), ocupándose fundamentalmente destas dúas últimas e situando *As torres no ar* como o máis sólido de todos na súa construción. Péchase o fascículo cun seguimento da recepción da obra poética do poeta noiés, que se veu condicionada especialmente polo acontecer biográfico e que cobrou pulo a partir de 1971 co artigo de Salvador García-Bodaño “Noticia de Avilés de Taramancos”, publicado na revista *Grial* en 1971.

-Manuel Amor Couto, “A obra de Xosé Luís Méndez Ferrín”, pp. 1473-1504. Capítulo protagonizado integramente pola obra de Xosé Luís Méndez Ferrín. Iníciase cunha achega biobibliográfica e prosegue cun percorrido centrado exclusivamente na obra, facendo fincapé primeiramente no seu carácter unitario, a pesar de que fala de varias etapas. Neste sentido, sitúa a primeira delas coas obras *Percival e outras historias*, *O crepúsculo e as formigas* e *Arrabaldo do Norte*, caracterizadas por uns moldes estéticos determinados e que

tamén poden atoparse en autores contemporáneos como Xohán Casal, Rodríguez Mourullo ou María Xosé Queizán. Amor Couto aprecia un cambio de orientación a partir de *Retorno a Tagen Ata* (1971), coa presenza do relato de significación política en *Elipsis e outras sombras*, *Antón e os inocentes* e *Crónica de Nós*. Prosegue coa referencia a *Amor de Artur* e o afastamento da temática política e a volta a Tagen Ata en *Arnoia*, *Arnoia* e *Bretaña*, *Esmeraldina*. Logo da correspondente referencia a *Arraianos*, céntrase na independencia de Ferrín respecto do realismo co tratamento do fantástico e o onírico, na reflexión sobre a creación artística coa visión do escritor como demiurgo, no mundo como texto escrito, así como na caracterización dos personaxes diferenciando entre a alienación, o absurdo e a incomunicación das tres primeiras obras e a tipoloxía que se desvela a partir de *Retorno a Tagen Ata*. Ofrécese unha cuádruple tipoloxía conformada polo “Heroi revolucionario”, “O traidor”, “A procura do heroi” e “O adolescente”. Dende outro punto de vista, ponse de manifesto o carácter problemático dos personaxes ferrinianos cunha identidade dificultada por procesos de escisión, de fusión ou de metamorfose. A parte final deste traballo constitúea unha pormenorizada caracterización do espacio, concibido como un dos factores que contribúen a formulación global da obra do autor. Así abórdanse os seguintes apartados: “A cidade anónima”, “Tagen Ata”, “Terra Ancha”, “A Nosa Terra”, “A raia”, “Galiza”, “O cárcere como espazo expiatorio”, “Os espazos claustrofóbicos e isolados”, “O bosque, a fraga, a montaña” para rematar cos “Espazos liminares: portas, cancelas, xanelas, espellos”.

-Miguel Mato Fondo, “A poesía contemporánea a partir de 1975”, pp. 1505-1536.



Iníciase cunha contextualización política e cultural a partir de 1976 que, neste segundo aspecto, é caracterizada polo agromar de ideas e tendencias activas subliñando o debate entre a tradición e modernidade e a tentativa de facer en Galicia cine, arquitectura, etc., converténdose o artista nun aventureiro. Trázanse así cadansúa panorámica relativa á música, o cinema e as artes plásticas e a arquitectura a partir dos anos setenta, para entrar de cheo na poesía contemporánea a partir de 1976. Así, logo dun breve repaso ás tendencias poéticas anteriores, sublíñase a presenza dun marcado esteticismo dende fins dos setenta que parece progresar cara á reflexión existencial e social nos noventa. Mato Fondo aborda a renovación poética a partir dos setenta apoiándose na reflexión de distintos críticos que apuntan, segundo os casos, como obras esenciais no cambio: *Con pólvora e magnolias* (1976), de Méndez Ferrín e *Onde o mundo se chama Celanova* (1975), de Celso Emilio Ferreiro. Alude á dinamización coa aparición de novas revistas e premios literarios cunha renovación a finais dos anos noventa logo dun esmorecemento na publicación de libros a partir de 1986. Atende seguidamente ós grupos poéticos citando o tránsito da poesía confesional da “Escola da Tebra” ó compromiso social e refírese ós “Novísimos”, Alén, Cravo Fondo e Rompente, o único no que aprecia vontade grupal, entre outros. No outro apartado faise fincapé na complexidade temática e estilística da poesía contemporánea e emprende un percorrido polos temas máis recorrentes nalgúns autores. Así achégase á temática da terra que fan autores como Bernardino Graña, Xohana Torres, García Bodaño ou Cesáreo Sánchez Iglesias. Para a referencia á renovación da expresión lírica amorosa ou erótica, céntrase en Claudio Rodríguez Fer e Miguel Anxo Fernán Vello e a meditación sobre a morte con Xoana Torres, Pilar Pallarés ou Román Raña, entre outros. Refírese a continuación ó intimismo e



esteticismo nos poetas máis novos así como á súa formación literaria, a presenza do símbolo ou o culturalismo un tanto abandonado nos últimos anos, en beneficio do poema máis vivencial. Conclúe coa avaliación da recepción da obra cunha crítica que valorou o descubrimento da poesía como fenómeno esencialmente verbal, o culturalismo e o desexo de harmoniza-lo afán de ruptura e a continuación dunha tradición poética.

-Xosé M. Eyré, "A narrativa actual", pp. 1538-1568. Parte dos aires modernizadores que rodearon a narrativa galega a partir da metade dos anos setenta con diferentes conatos modernizadores ata que en 1980 se demostra a capacidade para asumir os discursos máis estraños. Logo dun repaso ó contexto político e cultural, faise un seguimento das obras publicadas ano por ano entre 1975 e 1979, no que o autor cualifica como "Fase embrionaria". A seguir, céntrase na crucialidade do ano 1980 salientando *Cara a Times Square*, de Camilo Suárez-Llanos, *Ilustrísima*, de Carlos Casares, *Crónica de nós*, de Méndez Ferrín e *A origem certa do farol de Alexandria*, de João Guisam Seixas. Baixo o epígrafe "Narrativa de Evasión", faise referencia ó desexo da época de atopar un espazo editorial popular; cítanse os nomes dalgunhas coleccións que funcionaron neste sentido e comeza unha panorámica da produción narrativa agrupada en tendencias narrativas como o Wester, a Ficción Científica, a Novela Sentimental, o xénero de Terror, Narrativa Humorística, Relato Erótico e Novela de Aventuras. Logo de atender con detalle á produción policiaca e negra, detense na novela histórica actual partindo do discurso alegórico-simbólico de *O triángulo inscrito na circunferencia* (1982), de Víctor F. Freixanes ata a narrativa artúrica ou os discursos relativos á

Guerra Civil, pasando por obras como *¡Ouveade, naves de Tarsish!* (1983) e *As sombras do Barroco* (1994), de Xesús Rábade Paredes. No apartado correspondente ó realismo narrativo, ponse de relevo a ausencia nas obras dos acontecementos sociais que transformaron a vida dos galegos e anótanse algunhas tendencias como a novela-crónica, autobiografía ou relato sociolóxico. Abórdase, de seguido, a continuación do legado de Cunqueiro para rachar coa realidade citando entre outros nomes a Paco Martín e Darío Xohán Cabana. A literatura infantil trátase noutro apartado no que salienta as principais liñas narrativas e as contribucións que esta literatura lle traslada á narrativa moderna galega como a dinamización ou a asimilación de técnicas pouco exploradas. O último epígrafe céntrase nos “novísimos”, e malia a individualidade, detéctanse trazos comúns como o rupturismo, a busca da marxinalidade ou o fragmentarismo. Entre os nomes ós que se lle presta atención atópanse Anxo Rei Ballesteros, X. L. Taibo, Suso de Toro, Xaquín del Valle-Inclán, Manuel Rivas ou Miguel Anxo Murado.

Arca Caldas, Olimpio, *Waldo Álvarez Ínsua. Estradense, emigrante, escritor*, limiar de José Ramón Durán, A Estrada-Pontevedra: Asociación “Fillos e Amigos de A Estrada”, 1997, 137 pp. (C-844-1997). Ž

Olimpio Arca bosquexa neste libro patrocinado pola Xunta de Galicia, a vida de Waldo Álvarez Ínsua (A Estrada 1856-1938) como home, político, xornalista, escritor e mecenas. Ábrese cun limiar de José Ramón Durán, quen destaca a figura de Olimpio e Waldo Álvarez dentro da cultura estradense e comenta brevemente o contido da obra. Ademais de facer un percorrido pola biografía e pola traxectoria política e literaria deste persoeiro estradense, o libro inclúe unha carta que lle enviou Rosalía de Castro, agradecéndolle o chamamento ós galegos de Cuba para contribuír ó alivio das penurias da escritora, unha escolma de artigos e textos seus e a fotocopia de tres documentos: a acta de bautismo, o expediente académico e algunhas das cabeceiras de xornais que fan referencia a Waldo Álvarez.



Baamonde, Antón, *A rosa sen por qué*, Vigo: Galaxia, col. Ensaio, nº 2, abril 1997, 132 pp. (ISBN: 84-8288-118-3).

Volume que se presenta dividido en dous grandes bloques, “A rosa sen por qué” e “Abrindo mundos”, que á súa vez se ramifican en catorce e nove capítulos, respectivamente. Dende unha actitude fráxil ante un mundo sempre irreductible á súa apreensión pola Idea, Antón Baamonde propón nestes ensaios un itinerario pola filosofía, o amor, a literatura, a linguaxe e o seu máis forte adversario, o tempo. O libro artéllase dende varias reflexións e disertacións do autor que se apoian nunha serie de citas e consideracións de literatos e filósofos.

Recensións:

-Alfredo Iglesias Diéguez, “Unha rosa fóra do tempo”, *Tempos Novos*, nº 3, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo/agosto 1997, p. 84. Reflexiona sobre o último traballo de Antón Baamonde titulado *A rosa sen por qué* no que o autor introduce pequenos ensaios nos que o eixe argumental xira arredor do tempo. O recensionista expón algunhas das preguntas que se formula o autor do ensaio dende a tradición xudeo-cristiá ó redor do tempo, da necesidade da literatura e da salvación a través dun Deus e sinala que ten a impresión de que Baamonde “propón unha salvación suxeita a unha tradición filosófica e ideolóxica como é a nosa”.

-Xosé M. Eiré, “Por qué espiña a rosa”, *A Nosa Terra*, nº 791, “Guero Cultural”, 14 agosto 1997, p. 24. Recensión na que se comenta a estrutura da obra e se sinala que proporciona un “río de reflexións”, nas que un tenue fío conduce dunha cousa a outra a través de aspectos varios do mesmo tema. Destaca a



riqueza e tino lingüístico deste ensaio, dando conta de todo o que del extrae. Conclúe referíndose ás distintas opinións que sobre literatura ofrece o libro facendo fincapé en que se trata dunha fonte imprescindible de citas que encerran pensamentos orixinais ou orixinalmente plasmados.

-R. G., “O amor é un milagre ante o que hai que renderse”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 117, 27 maio 1997, p. 6. Breve recensión sobre a obra de Antón Baamonde García *A rosa sen por qué*, na que se di que se trata dun ensaio no que o filósofo vilalbés reflexiona sobre o amor, o tempo e a literatura. Na súa opinión, o libro é un ensaio “máis literario, está máis cerca do lector, é máis accesible e menos teórico” aínda que “ten un trasfondo importante”.

Referencias varias:

-R. Suevia, e Adrian F., “Antón Baamonde, autor de *A rosa sen por qué*: “Non creo nesa idea que a xente ten da ciencia”, *Redacción Xove*, nº 4, marzo 1997, p. 13. O escritor Antón Baamonde defínese como ensaísta nesta entrevista posto que afirma non crer na “alta filosofía”, así, di que por filosofía entende o ensaio, nunha tentativa de coñecemento menos glocal. Preguntado sobre se se considera continuador dunha tradición filosófica galega responde que o seu universo mental non son basicamente os antecesores galegos e declárase admirador de Otero Pedrayo e Rof Carballo. Así mesmo, di non crer na ciencia tal e como mantén a idea popular e explica que *A rosa sen por qué* trata do amor e a literatura.

-Francisco J. Gil, “El mundo se nos escapa de las manos más de lo que creemos”, *Faro de Vigo*, 22 maio 1997, p. 48.



Entrevista con Antón Baamonde cando sae do prelo o seu libro de ensaios, *A rosa sen por qué*, do que comenta a orixe do título e os principais temas que trata. Asemade opina que o ensaio en Galicia ten hoxe poucos cultivadores, pese a que houbo ensaístas da talla de Rof Carballo, García-Sabell, G. de la Vega e outros.

- Luis Pousa, "Despois do soño de Kant e Hegel, o pensamento é hoxe unha encrucillada de filosofía e literatura", *El Ideal Gallego*, 29 maio 1997, p. 35. Comenta nesta entrevista Antón Baamonde algúns dos temas tratados no seu último libro *A rosa sen por qué*, que presenta estes días en Santiago de Compostela. Segundo di un tema que o preocupa moito é o amor, co que ten de erotismo e recreación, mais tamén por explorar nas propias orixes do amor. Asemade manifesta a súa intención de escribir para un público amplo, non só para os especialistas.

C. Castromil, "Manuel Rivas e Casares presentan hoxe en Compostela 'A rosa sen por qué' de Antón Baamonde"/"A rosa sen por qué': suxestións sobre as ideas obsesivas dunha vida", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 maio 1997, p. 32/p. 15. Fai referencia á presentación do libro na Galería Sargadelos de Santiago e ós seis anos que o autor levaba sen publicar. Sinálase a participación no acto de Carlos Casares e Manuel Rivas, quen define a obra como "o libro que todo escritor debера ler".

C. Castromil/C.C., "A rosa sen por qué': suxestións sobre as ideas obsesivas dunha vida"/"Antón Baamonde relata as ideas obsesivas en 'A rosa sen por qué'", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 30 maio 1997, p. 32/p. 16. Noticia acerca do acto de presentación da obra de Antón Baamonde, a cargo de Carlos Casares, Manuel Rivas e Darío Villanueva, no que estes destacaron "o misticismo, a perfecta harmonía entre filosofía e literatura e o suxerente, nunca concluínte, ton co que están escritos estes pensamentos-ensaios sobre a



vida”, así como a grande capacidade do autor “para facer intelixibles cuestións como o amor, o tempo, a morte, a literatura ou a filosofía”.

-Sonia Pose, “Antón Baamonde presentó en La Coruña “A rosa sen porqué”, *La Voz de Galicia*, 2 agosto 1997, p. 22. Alúdese á presentación de *A rosa sen porqué* dentro dunha mesa redonda sobre a literatura e a filosofía, encravada na programación da Feira do Libro da Coruña. Nela interviron varios intelectuais como Manuel Rivas, Andrés Torres e Domingo García Sabell que trataron da obra en cuestión; ademais do seu propio autor que falou da “relevancia del amor y de los pequeños detalles”, temas centrais da súa última obra.



Cabanelas Rodríguez, Juan Carlos (coord. e dir.), *Campus Universitario de Ourense. Arredor do noso futuro*, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1997, 97 pp. (ISBN: 84-87575-56-0).

Con este volume preténdese homenaxear ós membros do Grupo Nós. Infórmase nel acerca das características dun monumento dedicado a estes intelectuais ourensáns, integrado dentro do proxecto global do Campus Universitario de Ourense. Reprodúcense literalmente fragmentos das seguintes obras: *Prosas Gallegas*, de Florentino López Cuevillas; *Lería*, de Vicente Risco; *Contos de santos e nadal*, de Ramón Otero Pedrayo; e “A terra fala” de Losada Diéguez. Os debuxos que acompañan ós textos foron publicados por Conde Corbal en *Ourense perdurable* e están complementados con textos de Risco. O Presidente da Xunta de Galicia, O Rector da Universidade de Vigo, o Conselleiro de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e o Presidente da Deputación Porvincial de Ourense asinan cadanseu saúdo ó proxecto inaugurado e salientan a importancia do Grupo Nós na expansión e universalización da cultura galega.



Cagiao, Pilar, *Muller e emigración*, Santiago: Xunta de Galicia, col. A nosa diáspora. Da emigración á galeguidade, 1997, 202 pp. (ISBN: 84-453-1991-4).

Volume que se abre cunha presentación do presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne. Na Introdución a autora insiste na escaseza de estudos específicos sobre a muller e a emigración e ademais refírese ós variados camiños que se poden propoñer para a análise do papel da muller en relación ó fenómeno migratorio. No seu estudio, que conta ademais con testemuños orais, Pilar Cagiao realiza primeiramente un percorrido ó longo do período cronolóxico en que tivo lugar a emigración e destaca nel a presenza da muller. A literatura galega está presente neste volume como fonte que apoia os distintos comentarios da autora relacionando muller na literatura. Deste xeito cobra especial protagonismo, por exemplo, o poema de Rosalía de Castro “Castellanos de Castilla” no referente á emigración á Meseta ou a composición que comeza cos versos “Este vaise y aquel vaise” no que se apunta o problema da soidade da muller cos fillos e os anciáns. A referencia ás composicións de Rosalía de Castro e Ramón Cabanillas está presente ó trata-lo tema das “viúvas de vivos” e a muller abandonada. Estes dous autores, xunto con Celso Emilio Ferreiro, vólvense retomar cando se aborda a emigración dos fillos e a conseguinte repetición do ciclo. No apartado correspondente ó exilio trata a autora o papel que nel desenvolveron mulleres como Ángeles Tobío Fernández, M^a Luísa Landa, María Bouzas Pérez de Fernández, en México, ou María Victoria Valenzuela, Isabel Ríos, María Miramontes, Amparo Alvar, Maruja Mallo ou mesmo María Casares. Adquiren relevancia deste mesmo xeito as obras de Rafael Dieste e Neira Vilas das que a autora bota man ó longo dos correspondentes apartados.



Recensións:

-Elixio Villaverde García, “Pilar Cagiao analiza a emigración desde a óptica das mulleres”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 134, 23 setembro 1997, p. 6. Sublíñanse como méritos deste estudio a capacidade de síntese, a claridade expositiva e a amenidade, “sen eiva algunha do seu valor científico”, “cun uso moi profesionalizado da fonte oral”. Elixio Villaverde García pon de relevo, ademais, o bo coñecemento da literatura galega por parte da autora. Describe finalmente a estrutura do volume.

Referencias varias:

-Alberte Soto Soto, “Otras letras”, *Qué leer*, nº 16, “Actualidad”, novembro 1997, p. 37.
Ver Novo, Isidro, *Carne de can* no apartado correspondente deste *Informe*.



Calvo, Tucho, *O legado xornalístico de Valentín Paz-Andrade*, presentación de Santiago Rey Fernández-Latorre, A Coruña: La Voz de Galicia S. A., col. Biblioteca Gallega, 1997, 144 pp. (ISBN: 84-88254-53-9). Ž

Comeza esta obra cunha “Presentación” a cargo de Santiago Rey Fernández-Latorre na que salienta a visión galeguista que lle achegou Paz-Andrade a tódalas súas actividades. A seguir, Tucho Calvo (La Guaira-Venezuela, 1954) estudia a relación do pontevedrés co mundo xornalístico en “Por vocación, xornalista”, dando conta dos xornais nos que colaborou e dos asuntos e temas que tratou nos seus artigos. A “Escolma de artigos publicados en *La Voz de Galicia*” recolle nove colaboracións de Paz-Andrade no xornal coruñés entre 1960 e 1982. No seguinte apartado, “Catro apuntes sobre a figura de Valentín Paz-Andrade”, inclúense as colaboracións que seguen: “Paz Andrade no mundo das letras”, unha aproximación á obra de creación e ensaística do xornalista vigués a cargo de Francisco Fernández del Riego; “Valentín Paz Andrade e a marxinação de Galiza”, de Isaac Díaz Pardo, “Senda aberta al futuro” de Jordi Pujol e “Un home pouco común” de Alfonso Paz-Andrade. Péchase o libro cunha “Cronoloxía biográfico-xornalística” e cun “Índice onomástico”. Acompañan as diversas partes numerosas fotografías do xornalista, empresario e avogado homenaxeado.



Calvo Domínguez, Marcelina (coord.), *Galicia renace. Santiago de Compostela*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Galicia, Terra Única, 1997, 447 pp. (ISBN: 84-453-1940-X).

Obra colectiva integrada no programa de exposicións e actividades culturais “Galicia, Terra Única” na que, en diversos apartados trátanse aspectos sobre a Galicia dos séculos XVI ó XVIII, dende a arquitectura e as artes plásticas á música, así como ó culto mariano, á sociedade e xeitos de vida da época, ou a distintas expresións da devoción. No que respecta á literatura, inclúe os seguintes traballos:

-Xosé Ramón Fandiño Veiga, “Séculos Escuros”, pp. 62-71. Para o estudio da literatura nos séculos escuros divide o traballo en seccións, sendo a primeira “A amplitude renacentista”, que comeza coa presentación do contexto histórico da época, marcado polos mecenados e pola desgaleguización da nobreza, e inclúe os nomes de personaxes galegos da cultura, entre os que están Jerónimo Bermúdez de Castro, Bartolomé Sagrario de Molina ou Francisco Sánchez. A segunda sección, “Festas Minervais e declive da lingua galega”, recolle a historia destes certames literarios dándolle relevancia especial á edición de 1697, pois nela os traballos foron recollidos nunha antoloxía, considerada como “a mellor manifestación poética da época barroca en lingua galega”, e integrada por textos de Xoán Antonio Torrado, Xosé Gil Taboada ou Fabián Pardiñas e Villardefrancos. Deles achéganse fragmentos das composicións comentadas polo autor. Ademais alude a outras obras desta época, como o “Soneto de Monterrei”, o “Soneto con falda”, de Gómez Tonel, as décimas de



Martín Torrado ou o *Entremés famoso sobre da pesca do río Miño*, de Gabriel Feixóo de Araújo, indicando a escaseza de produción literaria no período e o avance do castelán. Na sección “Solpor barroco” destácase a efervescencia artística en Galicia no século XVIII e a actividade intelectual de Feixóo e de Sarmiento, dos que se ofrecen datos biográficos e relativos á súa actividade literaria. Cítanse ademais como outros autores como Cornide Saavedra, autor do soneto “A Filida” ou frei Xoán Sobreira Salgado. Remata o texto falando de Diego Antonio Cernadas e Castro, o Cura de Fruíme, e de María Francisca Isla e Losada, dos que se detallan as actividades literarias.

-Xosé Ramón Fandiño Veiga, “A voz das letras”, pp. 90-93. Escolma os seguintes textos da literatura nos séculos escuros: “Primera Junta”, de Pedro Fernández de Castro, VII conde de Lemos, incluído na obra *El búho gallego*; o “Soneto de Monterrei”; o “Soneto de la Señora Doña Isabel de Castro y Andrade, a Don Alonso de Ercilla”; o “Soneto con falda”, de Xoán Gómez Tonel; as “Décimas ao Apostol Santiago”, de Martín Torrado; o “Romance galego”, de Fr. Xosé Gil Taboada; “Sobre el origen de la lengua gallega”, de Fr. J. Sobreira; as “Cantigas dos freigueses ao Cura de Fruíme”, de Diego Antonio de Cernadas e Castro, Cura de Fruíme, e o “Romance ao señor abade de Fruíme”, de María Francisca de Isla e Losada.



Referencias varias:

Antón Fraguas Fraguas “Santiago no tomo de Terra Única”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 outubro 1997,

XXIV. Comentario descriptivo do tomo *Galicia. Terra Única. Santiago*. Cita a tódolos que participan cos seus traballos sobre historia, arte e arquitectura. Dise que o traballo literario “Os séculos escuros” foi realizado por Xosé Ramón Fandiño Veiga.



Calvo Domínguez, Marcelina (coord), *O século XIX. Pontevedra*, Santiago: Xunta de Galicia, col. Galicia, Terra Única, 1997, 374 pp. (ISBN: 84-453-1940-X).

Volume bilingüe dedicado ó século XIX que complementa a exposición que sobre esta centuria se celebrou na capital do Lérez, no marco do proxecto “Galicia, Terra Única”. Ademais da relación completa dos membros do comité de honra e da comisión organizadora, da ficha técnica da exposición, e de cadansúa presentación a cargo do Presidente da Xunta e do Conselleiro de Cultura e Comunicación Social, inclúe os seguintes artigos relacionados coa literatura galega:

Xosé Ramón Fandiño Veiga, “Tempo de Romanticismo”, pp. 37-47. Fai notar que moitos dos personaxes vencellados, total ou parcialmente, ó Rexurdimento escribían en castelán. Analiza este grupo en relación ó movemento romántico e diferencia tres xeracións, seguindo a proposta de José Luis Varela. Salia que o compromiso coa realidade galega e coa súa lingua será crecente. Empraza na primeira xeración a Nicomedes Pastor Díaz, Antolín Faraldo, Benito Vicetto, Neira de Mosquera...; na segunda, a Murguía, Rosalía, Aurelio Aguirre e Pondal; e, na terceira a Curros, Vesteiro Torres, Añón, os irmáns Muruais... Tamén destaca, neste agromar da cultura galega, o papel das institucións e sociedades como a Academia Literaria de Santiago, o Liceo de la Juventud ou Galicia Literaria.

Xosé Ramón Fandiño Veiga, “As letras dos vellos cartapacios”, pp. 48-60. Repaso dos primeiros cultivadores das letras galegas na era moderna: prerrexurdimento e rexurdimento. Atende a tódolos xéneros: literatura panfletaria (*Proclama na Guerra da*



Independencia, por un labrador que foi sarxento aos soldados do novo alistamento, Proezas de Galicia...), poesía (Antonio Benito Fandiño, Arias Teixeira, Nicomedes Pastor Díaz), teatro (Antonio Benito Fandiño) ou novela (Marcial Valladares). Tras comenta-lo *Álbum de la Caridad* e *A gaita gallega* ocúpase máis detidamente das tres grandes figuras do XIX: Rosalía, Curros e Pondal.

-Xosé Ramón Fandiño Veiga. “A voz das letras”, pp. 96-103. Escolma de poesía no prerrexurdimento e de poesía no rexurdimento. Inclúe textos de Nicomedes Pastor Díaz (“Alborada”), Pintos (fragmento de *A Gaita Gallega*), Añón (“A Galicia”), Rosalía (“O desconsolo”), Pondal (“Ponteceso”) e Curros (“Na chegada a Ourense da primeira locomotora”). Tamén se inclúen textos en español de Nicomedes Pastor Díaz, Jacinto de Salas y Quiroga, Antolín Faraldo, Neira de Mosquera, Benito Vicetto, Aurelio Aguirre, Rosalía, Murguía e Curros.

-Anxo Tarrío Varela, “O Rexurdimento”, pp. 309-316. Repasa as diferentes divisións cronolóxicas que se deron para o Rexurdimento. Propón limitalo entre os anos 1860 e 1890, non sen albisca-la maior forza do fenómeno na década dos 80. Alén diso, describe un Prerrexurdimento que nacería en 1841 coa fundación da Academia Literaria de Santiago. Completa o artigo atendendo a todos aqueles sucesos, publicacións e notas da época que resultaron significativas na evolución da literatura galega.

-Marcos Valcárcel, “A prensa galega no século XIX”, pp. 339-347. Comeza cunha introducción na que se sitúa o nacemento do xornalismo galego no 1801 con *El Catón Compostelano*. A seguir, estrutura o seu estudio sobre a prensa do XIX en cinco



apartados: o primeiro é unha reflexión acerca do carácter empresarial da prensa; no segundo ocúpase dos grandes xornais do XIX, algún dos cales aínda seguen vivos na actualidade; no terceiro trata a prensa de carácter cultural e a escrita na nosa lingua, o penúltimo apartado céntrase na “prensa temática”, agrupándoa en “revistas pedagóxicas”, “xornais satíricos” e “prensa de mulleres”. Péchase este percorrido pola historia dos xornais e revistas no XIX cun comentario acerca da prosa local e daquela xurdida na emigración americana.

-José Ignacio Cabano Vázquez, “As imprentas”, pp. 348-359. Percorrido pola historia da imprenta no XIX. Comeza cunha introducción na que comenta globalmente a distribución da poboación galega na anterior centuria, así como o vencellamento do prelo á cidade de Santiago durante os séculos XVII e XVIII. Salienta a dependencia que ten a imprenta con respecto ó poder político. Describe os adiantos tecnolóxicos, a renovación dos sistemas de estampación e a chegada da litografía ó noso país. A seguir, achega unha visión panorámica da imprenta nas cidades galegas. Na síntese final caracteriza o prelo galego no XIX e apunta as causas do aumento da produción e da aparición de novas imprentas.



Calvo Domínguez, Marcelina (coord.), *A Galicia exterior*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Galicia, Terra Única, xullo 1997, 382 pp. (ISBN: 84-453-1940-X).

Obra integrada no programa de exposicións e actividades culturais “Galicia, Terra Única” que se desenvolveron en Vigo. En diversos apartados, trátanse aspectos xerais da Galicia exterior no século XX como a emigración a América, as artes, a creación literaria en castelán, a música, a mestizaxe e o cine, dedicando atención especial en senllos capítulos propios á obra de Laxeiro e de Eugenio F. Granell. No tocante á literatura galega inclúense as seguintes colaboracións:

-Anxo Tarrío Varela, “A literatura galega na Galicia exterior”, pp. 44-66. Inventario dos feitos máis salientables na literatura da emigración e do exilio, é dicir da literatura escrita fóra de Galicia por mor da emigración de fins do XIX e do exilio a partir de 1936. Refírese á existencia, desde fins do século XIX, ó abeiro das sociedades de emigrados en Cuba, de xornais de vida efémera, como *El Avisador Galaico*, *El Eco de Galicia*, *Follas Novas* ou *A gaita gallega* e á publicación, dende 1900 ata 1930, da revista *Galicia*. Alude tamén á aparición de novelas como *A campaña da Caprecórneca* (1889), *¡A besta!* (1899) e *O idioma dos animás* (1937), dos primeiros poemarios de Florencio Vaamonde, Manuel Lugo Freire, Ramón Amado Teixeiro e Ramón Cabanillas e á fundación, en 1906, en Cuba da Real Academia Gallega gracias a Curros Enríquez. Cita outros escritores galegos que pasaron por Cuba como Antón Villar Ponte, fundador de *Alma Gallega* e Roberto Blanco Torres, que publicou *La Alborada* e *La Tierra Gallega*. Cita outras publicacións editadas na Arxentina por estas datas: *El Gallego*, *La*



Revista Galaica, *El Eco de Galicia* e, a máis importante e duradeira, o *Almanaque Gallego*, na que apareceron textos de importantes escritores galegos e obras de moitos artistas gráficos. Fala tamén da relevancia, ata 1926, da Casa de Galicia, que editaba a revista *Acción Gallega*, e de publicacións que foron importantes para a literatura galega, polo elenco de nomes que nelas participaron, como *Terra*, *Céltiga*, e *A Fouce*. En canto ós libros, salienta os *Romances galegos* (1928) e o *Poema en catro tempos* (1931), de Blanco-Amor, e antoloxías de Pondal e Rosalía. No período da guerra, co exilio de moitos intelectuais e literatos galegos, principalmente á Arxentina, e co traslado de moitas editoriais españolas, viuse algo favorecida a posibilidade de publicar para os galegos. Refírese á estrea, en 1941, en Bos Aires de *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao e á publicación de *Sempre en Galiza* (1944); ás publicacións de Ediciones Galicia do Centro Gallego de Buenos Aires; á saída de *A Esmorga*, de Blanco-Amor en 1959; ó labor de Luís Seoane na fundación das Editoriais Nova, Botella al Mar e Citania e da revista *Galicia Emigrante* (1954). Cita outras empresas editoriais máis modestas debidas á iniciativa de galegos, como a Editorial Follas Novas, na que apareceu en 1961 *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. En canto á actividade de Montevideo, destaca o labor do Patronato da Cultura Galega, que, dende 1964, publicou a autores como Méndez Ferrín ou Neira Vilas; o labor de Manuel Meilán, que á marxe doutros proxectos, botou a anda-lo programa de radio *Sempre en Galicia*, dende 1950 ata os nosos días. En México salienta, entre outras publicacións periódicas e de entidades galeguistas, a revista *Saudade e Vieiros* (1959-1969). doutros países que rexistraron a emigración ou o exilio dos galegos, destaca as figuras de Ernesto Guerra da Cal e Xosé Rubia Barcia nos Estados Unidos e cita, ademais, a emisión en Londres do *Galician programme*, que durante nove anos fixo que se oíse galego na BBC, con colaboracións dos escritores máis importantes que estaban en Galicia.



-Luís Pérez Rodríguez, “O teatro na Galicia exterior”, pp. 74-80. Céntrase no teatro da emigración e do exilio, é dicir no teatro galego producido fóra das nosas fronteiras abordando, en primeiro lugar, as súas orientacións nacionalistas e a súa misión de conciencia-lo emigrante da súa identidade galega. Fálase despois da extensión americana do teatro rexionalista e das Irmandades da Fala e sinálanse algunhas datas puntuais e algúns nomes representativos na historia do teatro emigrante da época, como a creación en 1925 da Agrupación Escénica Galega, a chegada a Buenos Aires en 1929 do actor Fernando Iglesias “Tacholas” e o seu éxito posterior interpretando obras de Varela Buxán e a representación en 1941 de *Os vellos non deben namorarse*. A continuación analiza os feitos máis destacados na década dos cincuenta, á que se cualifica de moi fructífera para o teatro galego, destacando a creación do Teatro Popular Galego en 1957 por parte de “Tacholas” e Blanco Amor e as publicacións emprendidas por Luís Seoane na Editorial Citania e o seu continuador Ramón Valenzuela nos anos sesenta.

-Xesús Alonso Montero, “O libro galego en Bos Aires. Dúas décadas prodixiosas (1939-1959)”, pp. 116-119. Refírese ás actividades culturais desenvolvidas en Buenos Aires por un grupo de “transterrados”, uns exiliados e outros emigrantes, pero cunha ideoloxía común caracterizada polo antifranquismo. Alude ós libros editados na emigración e exilio, destacando que *Sempre en Galiza* (1944), de Castelao, fora escrito neste contexto e valorando o papel de Seoane como editor que sacou adiante libros importantes para Galicia e gracias ó cal “hai discurso literario en galego de 1939 a 1945 (...) e mesmo hai discurso crítico de 1949 a 1959”. Seguidamente ofrece unha cronoloxía na que inclúe unha escolma de vinte obras publicadas neste período, con comentarios sobre cada unha delas e sobre as circunstancias da súa produción. Entre as obras



citadas destácase a reedición de *Aires da miña terra*, *Queixumes dos pinos* ou *De catro a catro*, e as primeiras edicións de *O libro dos amigos* (1953), de Otero Pedrayo ou *A Esmorga* (1959), de Blanco Amor. Remata afirmando que dedica “este esquema de traballo” a Luís Seoane, “peza fundamental para a causa do libro nos difícilísimos anos da nosa posguerra”.

-X. M. Dobarro, “Unha débeda cultural impagable”, pp. 125-128. Comézase afirmando que a historia da lingua e literatura galegas sería outra sen a contribución das actividades na emigración e exilio, indicando que os centros fundamentais de actividade foron La Habana, Buenos Aires e Montevideo. Póñense exemplos de obras publicadas neste contexto dende finais do século XIX ata o presente e coméntanse algúns acontecementos culturais como os pasos dados para a constitución da Academia Galega, o xurdimento de Cabanillas como poeta galego en Cuba e o aumento da actividade editorial en Galicia cando as Irmandades da Fala colleron “forza organizativa en tódalas ordes”. A seguir, céntrase en Buenos Aires, destacando o intenso labor levado a cabo alí polos exiliados galegos, incluíndo algunhas mostras desta actividades e salientando o papel relevante das publicacións periódicas e doutras organizacións. Remata referíndose ó traballo editorial e de defensa da nosa lingua e literatura por parte do Patronato da Cultura Galega de Montevideo.

-Bernardo Castelo Álvarez, “1914-1945: as artes galegas no período das guerras”, pp. 168-195. Sinálanse tres coordenadas básicas para delimita-lo estudio das artes galegas no exterior no período de entreguerras: a análise do traballo dos artistas emigrados exilados, a situación socio-política en Europa e América fronte á mesma situación en Galicia e o testamento por separado do feito da emigración e exilio. Ademais, ofrécese un repaso pola evolución das artes plásticas e da arquitectura no tempo das vangardas e pola produción en España, Europa e América. A



seguir, inclúese un cadro sinóptico titulado “Algúns acontecementos culturais en Galicia entre 1914 e 1945” no que se dá conta do máis destacado da vida cultural galega deste período. No que respecta á literatura cítanse a publicación do manifesto nacionalista de Villar Ponte en 1916; *Da terra asoballada* (1917), de Ramón Cabanillas; *Teoría do nacionalismo galego* (1920), de Vicente Risco; o manifesto *¡Máis alá!* (1922); as revistas *Ronsel* e *Alfar* en 1924; *Cousas* (1926), de Castelao; *A fiesta valdeira* (1927), de Rafael Dieste; *De catro a catro* (1928), *O porco de pé* (1928) e *A lagarada*, de Manuel Antonio, Vicente Risco e Otero Pedrayo, respectivamente; a estrea de *O Mariscal* en 1929, de Cabanillas e Villar Ponte; *Poemas do si e do non* (1933), de Álvaro Cunqueiro; *Nao senlleira* (1933), de Bouza Brey; e *Galicia mártir* e *Atila en Galicia*, en 1937, de Castelao.



Calvo Domínguez, Marcelina (coord.), *Galicia, 1900-1990. Ferrol*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Galicia, Terra Única, 1997, 418 pp. (ISBN: 84 453-1940-X).

Obra colectiva integrada no programa de exposicións e actividades culturais. Este volume bilingüe céntrase nas exposicións celebradas en Ferrol entre o 24 de xuño e outubro de 1997 enmarcadas dentro do proxecto "Galicia, Terra Única". No eido da Literatura Galega, inclúe no capítulo introductorio os seguintes estudos e artigos:

-Anxo Tarrío Varela, "A literatura galega entre 1900 e 1990", pp. 37-59. Percorrido diacrónico lineal no que se recollen os acontecementos máis significativos que viviu a literatura galega ó longo das nove primeiras décadas do século actual. O profesor Anxo Tarrío Varela estrutura o seu estudio en catro etapas. A primeira, entre os comezos do século e o ano 1916, caracterízase como unha "etapa de depresión" despois do esplendor do Rexurdimento. Salienta a creación da R.A.G. e de Solidaridad Gallega nos albores da centuria e a aparición de Ramón Cabanillas como indiscutible cumio poético deste período. A segunda etapa, denominada "Época Nós" por Tarrío, sitúase entre 1916 e 1936, corresponde cun segundo rexurdir das nosas letras e iníciase coa creación das Irmandades da Fala. Renacen ou xorden nestes anos publicacións de contido cultural e unha marcada liña galeguista que nos achegan ás liñas vangardistas da arte europea. A Guerra Civil, coa que comeza o terceiro período, supón segundo o autor "non só unha fenda profundísima na vida cultural senón tamén un elemento destructor de todo canto ata entón se conseguira respecto do desenvolvemento e lenta



normalización do país”. Salienta a importante tarefa cultural desenvolvida polo galeguismo do exilio en contraste co silencio que se percibía no país nos primeiros anos da dictadura. Comenta os primeiros indicios de mudanza que se detectan na década dos 50 coa creación da editorial Galaxia e dos *Cadernos Grial*. No terreo da poesía, fala de dúas xeracións: a “Promoción de enlace” e a “Xeración do 36”, e describe a poesía social-realista, da que Celso-Emilio Ferreiro é figura sobranceira. En canto á narrativa, centra o comentario en dar a coñecer a transcendencia da “Nova Narrativa” na Literatura Galega. A última parte do artigo está dedicada a caracterizar a etapa que vai da morte do dictador no 1975 ata o 1990. Saliéntanse como feitos importantes a chegada da lingua e a literatura galegas a tódolos niveis do ensino, a normativización do idioma, o aumento da produción editorial e do número de publicacións de toda índole. No terreo da creación, sinala como trazos definitorios a pluralidade de tendencias, o nacemento de liñas rupturistas e a consolidación de numerosos títulos ó abeiro dos principais premios que existen no país. Trátase en definitiva dunha panorámica da literatura no século XX.

-Roberto Vidal Bolaño, “O teatro (1900-1990)”, pp. 150-163. Comeza este estudio do teatro no século XX cunha reflexión acerca do abandono ó que habitualmente estivo sometido polos historiadores e críticos da arte. Vidal Bolaño estrutura este percorrido pola historia das nosas artes escénicas en seis apartados que se corresponden con outros tantos períodos ben diferenciados. Logo de contextualiza-la situación do teatro nos albores do XX, describe a creación, actividade e esmorecemento da Escola Rexional de Declamación e dos Coros Populares. Atribúelle unha importancia vital á constitución do “Conservatorio Nazonal de Arte Galega”, nacido ó abeiro das Irmandades da Fala no 1919 e baixo a dirección de Fernando Osorio do Campo. De seguido, ocúpase da Escola Dramática Galega baixo a dirección de Leandro Carré Alvarellos. O autor considera que os homes da



Xeración Nós orixinaron “unha auténtica revolución temática e formal”, salientando as pezas de Castelao, Vicente Risco e Otero. Baixo o epígrafe “O teatro no exilio ou na emigración”, Vidal Bolaño analiza as condicións nas que se mantivo a actividade dramática na Galicia da diáspora gracias ó esforzo de intelectuais galegos exiliados como: Castelao, Blanco Amor, Varela Buxán e Seoane, entre outros. Desta etapa, salienta a creación das primeiras compañías profesionais de teatro galego: a “Compañía Gallega Maruja Villanueva” e o “Teatro Popular Galego”. En “O outro Rexurdimento”, caracteriza as condicións nas que xorde o Teatro Independente a finais dos sesenta en relación coas condicións nas que se produce a actividade teatral noutras comunidades. Finalmente, salienta o fito que supuxo a creación no 1984 do Centro Dramático Galego. En cada etapa das citadas achéganos amplas nóminas de autores, actores e obras representadas.

-Xosé Ramón Fandiño Veiga, “A voz das letras”, pp. 184-185. Reproduce os seguintes fragmentos: “O galo de portugal” publicado por Álvaro Cunqueiro en *Merlín e familia* (1955) e “O outono en Galicia”, recollido de *Prosas Galegas* (1962), da autoría de Florentino L. Cuevillas.

-Ramiro Fonte, “Case un século de boas letras”, pp. 186-188. Comeza reflexionando acerca do concepto de “tradición literaria”, da variación da mesma e da fixación dos textos que se debeu incluír dentro deste termo no futuro. Achéganos a continuación un amplo listado de títulos que el considera tradicionais dentro da literatura galega. Finalmente, comenta a importancia dos lectores para manter viva a literatura. Segundo o articulista, son eles os encargados de decidir que o “espacio literario galego sexa unha cidade aberta ou unha leira fechada”.



-Alfredo Conde, "Sucinta incursión en nove décadas de literatura patria e unha intuición que a penas di nada, anque o pretenda", pp. 189-192. Establece unha comparación entre o traballo dos profesores e dos escritores, salientando que estes últimos están guiados pola intuición. Como resultado da antedita intuición, opina que tódalas artes, incluída a literatura, florecen e dan os seus mellores froitos en épocas de liberdade e en "tempos de bonanza económica e progreso dos países". Tenta demostra-la hipótese anterior acudindo ás diferentes etapas polas que pasou a nosa literatura neste século e á relación que tiveron coa situación socioeconómica do país.

-Gonzalo Bouza-Brey Villar, "Notas persoais sobre un século das nosas letras: 1900-1990", pp. 193-198. O autor achéganos un feixe das súas lembranzas persoais dos vellos galeguistas da posguerra. Valora positivamente o traballo destes persoeiros que loitaron por acadar un lugar digno para a nosa cultura "exercendo o seu maxisterio, pregoando a súa galeguidade, vivindo en irmandade e acadando a merecida universalidade". Cada un dos trazos anteriores está asociado a cadansúa anécdota da que son protagonistas: Otero Pedrayo, Ben-Cho-Shey, Ramón Martínez López e Luís Bouza-Brey.

-Kathleen N. March, "Aspiracións da literatura galega neste século", pp. 200-203. Percorrido pola produción literaria galega deste século co que a autora intenta demostrar que o obxectivo central que perseguiron os nosos autores foi "a constitución dunha literatura nacional". Deste xeito, afirma que non participaron plenamente dos diferentes movementos de renovación estética que viviron as literaturas mundiais durante a última centuria. Remata o artigo



comentando os cambios que se observan na literatura dende 1975 á fin de milenio, e que supoñen unha transformación na liña marcada anteriormente.

Referencias varias:

-Antón Fraguas Fraguas, “Galicia 1900-1990 Ferrol”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 13 xullo 1997, p. XXIV. Antón Fraguas describe o volume *Galicia 1990-1990 Ferrol*. A propósito do apartado de literatura galega elaborado por Anxo Tarrío. O articulista refírese á humildade que caracterizou o principio de século a pesar dos títulos de Ramón Cabanillas e cita e subliña as palabras do autor no referente ó peche da biblioteca de Martínez Salazar.



Calvo Domínguez, Marcelina (coord.), *Galicia hoxe. A Coruña*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, col. Galicia, Terra Única, 1997, 418 pp. (ISBN: 84 453-1940-X).

Este volume bilingüe galego-castelán céntrase nas exposicións celebradas na Coruña enmarcadas dentro do proxecto “Galicia, Terra Única”. No eido da Literatura Galega inclúe nas seccións “Introducción” e “A voz das letras” os seguintes artigos:

-Anxo Tarrío Varela, “A literatura galega entre 1990 e 1997”, pp. 31-49. Tras dunha introducción na que se menciona a falta de perspectiva histórica sobre este período de estudio, aínda en “plena fervenza”, e de destaca-los avances lingüísticos do galego dende a década dos oitenta, ofrécese unha panorámica xeral sobre a literatura na fin de milenio, facendo fincapé nas novidades máis salientables. No eido da narrativa destácase en primeiro lugar o achegamento á literatura de persoas que posuían algunha relevancia na vida pública e menciónase entre outros a Carlos Mella, Adolfo Domínguez ou José Antonio Silva; así como ós nomes novos “que despegan con luz propia” como Marilar Aleixandre, Xavier Lama, Miguel Suárez Abel, Xabier Manteiga ou Xurxo Sierra Veloso. Destácase a aparición de novas coleccións dirixidas a captar lectores xuvenís como “Fóra de Xogo” de Xerais, “DocexVintedous”, de Sotelo Blanco, “Costa Oeste”, de Galaxia e “Gaivota” de do Cumio. Fálase tamén dos poetas que comezaron nestes anos a escribir narrativa e da consolidación do xénero negro. No eido da poesía poñense de relevo as graves dificultades dos novos poetas para ofrecer propostas orixinais trala eclosión dos anos oitenta e faise referencia ás dificultades que aínda persisten á



hora de publicar aínda que se observa certa tendencia á mellora da disposición editorial e do público. Menciónase ós poetas desaparecidos nesta década, as voces que fixeron a súa primeira incursión na poesía nestes anos e cita entre os máis novos a creadores como Miro Villar, Anxos Romeo, Ricardo Beiras, Marta Dacosta, Iolanda Aldrei, Angelo Brea, Rafa Villar, Ana Baliñas, Xosé Pablo Bayo e Estevo Creus. E por último, entre a novísima xeración, para a que propón a denominación de “Xeración de Fin de Milenio”, cita a Mª Xosé Canitrot, Martín Veiga, Olga Novo, Iolanda Castaño, Celso Fernández Sanmartín, Lupe Gómez, Emilio Xosé Insua, Carlos Santiago, Isidro Novo e o colectivo Batallón Literario da Costa da Morte. Finalmente refírese ás publicacións periódicas dedicadas á literatura xurdidas nesta década como o *Boletín Galego de Literatura*, *Grial*, *A Trabe de Ouro*, *Anuario de Estudios Literarios Galegos*, *Clave Orión*, *Unión Libre*, *Viceversa*, *Contemporánea* e *Informe de Literatura* e destaca a importancia do xornal *O Correo Galego*, da aparición de páxinas web e da creación do Centro de Investigación Ramón Piñeiro.

-Manuel F. Vieites, “O teatro galego na fin do segundo milenio. Descrición dunha paisaxe incompleta”, pp. 132-145. Panorámica do teatro na fin de milenio. Coméntase o amplo número de compañías e a diversidade de propostas escénicas existentes, que configuran un balance de resultados artísticos esperanzador. Saliéntase a importancia de cinco espectáculos que poden configurar un canon posible: *Copenhague*, de Uvegá Teatro, dirixido por Manuel Lourenzo; *Commedia*, de Ollomoltranvía, dirixido por Cándido Pazó; *Nau de amores*, do C. D. G.; *Casa de bonecas* e *Noite das tríbades*, de Teatro do Atlántico, dirixidos por Xulio Lago. Fálase da progresiva profesionalización do teatro, da necesidade de desenvolver-lo teatro escolar e universitario, da vitalidade do teatro de títeres e marionetas, da actividade das tres Aulas de Teatro das



universidades galegas, da diversificación da carteleira, da consolidación dun novo público, da recuperación de obras clásicas da literatura galega e da existencia de mostras e festivais. Ademais destácase a traxectoria do Centro Dramático Galego e divídese o conxunto de compañías existentes en tres grupos diferenciados: as asentadas e cunha ampla traxectoria, as de estrutura estable dedicadas ó teatro de creación e as compañías de teatro alternativo. Para rematar insístese na necesidade de crear compañías residentes, na formación dunha verdadeira crítica teatral, dunha Escola Superior de Arte Dramática e dunha Facultade de Estudos Teatrais cun Centro de Documentación axeitado.

-Vicente Araguas, "Setenio", pp. 161-164. Percorrido polas obras de narrativa e poesía que son, segundo o autor, as máis representativas da literatura na fin de milenio, dos anos que van de 1990 a 1997. Comeza destacando a traxectoria de Manuel Rivas dende a publicación de *Un millón de vacas* (1990), que marcou a súa vocación narrativa, ata *¿Que me queres, amor?* (1996), que supuxo a definitiva ratificación neste terreo. Destaca tamén os novos rumbos que marcou Suso de Toro con *Tic-Tac* (1993) e compara a estes dous escritores porque "ambos os dous no seu obxectivo común de modernidade baseada na tradición, marcaron novos derroteiros con importante acollida lectora pero tamén crítica". Destaca ademais *Arraianos* (1991), de Méndez Ferrín por se tratar dunha obra "forte e coherente"; *Deus sentado nun sillón azul* (1996), de Carlos Casares pois proba a "madurez deste escritor"; e louva o bo oficio de *Sempre me matan* (1995), de Alfredo Conde, *A cidade dos Césares* (1993), de Víctor F. Freixanes, a traxectoria de Xavier Alcalá e de Darío X. Cabana e cita tamén a Cid Cabido e *Días contados* (1991) e Xurxo Borrazás por *Cabeza de chorlito* (1991) e *Criminal* (1994). No eido da poesía destaca títulos como *Estirpe* (1994), de Méndez Ferrín; *Himno verde* (1992), de Bernardino Graña; *Tempo de ría* (1992), de Xohana



Torres e *Rigorosamente humano* (1994), de Álvarez Torneiro. Cita finalmente unha nómina de antoloxías —*Poesía Gallega de Hoy* (1990), *Fin de un milenio* (1991) e *50 anos de Poesía Gallega* (1994)— onde se poden atopar as claves que definen a xeración destes anos: “culturalista, silandeira, comprometida, deshumanizada, revolucionario segundo os casos”.

-Fina Casallerrey, “Tensión compartida”, pp. 165-167. Ofrece a súa visión persoal da literatura infantil e xuvenil na fin de milenio, na que percibe a desaparición dos prexuízos no tratamento de certos temas. Destaca a pluralidade en canto á oferta e salienta a tímida aparición da poesía e do cómic xuvenil fronte á falta de atención cara ó teatro. Entre as características que definen a produción menciona a oralidade, a linguaxe fresca e crible, a eliminación da carga moralizante, a apertura en favor do multiculturalismo e a necesidade de preservar as peculiaridades propias. Valora especialmente a obtención de premios fóra do noso territorio, o que conleva á tradución de textos a outras linguas e destaca que a consolidación da literatura infantil e xuvenil galega está unida ós avances do proceso normalizador. Conclúe dicindo que este eido vive unha eclosión importante e “goza hoxe dunha excelente saúde, xa que a todos nos move unha tensión compartida”.

-Alfonso Mato, “Quizá o raro é ser lector”, pp. 168-172. Ofrecese unha visión, dende o punto de vista do lector, da literatura galega dos noventa. Comézase por denuncia-la indiferencia que profesan os medios de comunicación a respecto da literatura. A seguir refírese á pluralidade que define a produción galega actual e sinalase que a calidade é variable a pesar do gran número de escritores, sobre todo poetas. Reflexiónase tamén sobre a falta de normalización lingüística “que afecta seriamente á literatura galega e que lle impide facerse cun público fiel” e sobre a figura do escritor como “lector activo”.



-Susos de Toro, "Na hora da verdade", pp. 173-176. Reflexiona sobre a situación da literatura galega dende a posguerra ata os anos setenta nos que houbo un desequilibrio entre a produción en castelán, que comezaba a se modernizar, e a produción en galego, carente de lectores e de alternativas estéticas e industriais. Sinala que foi na metade da década dos oitenta cando cuñou "o termo de *horror presenti* para designar esa síndrome da nosa literatura que a levaba a refuxiarse no pasado para escapar dun presente conflictivo e desconcertante". Así, continúa, o immobilismo fixo que só houbera tímidos esforzos de modernización acollidos por un mínimo de lectores. Na década dos noventa comeza a se producir unha ampliación de lectores potenciada en parte, na súa opinión, polo eco que conseguiron os escritores galegos no resto do territorio español. Conclúe sinalando que na actualidade "perviven os fantasmas de medos ideolóxicos como algo marxinal, a literatura galega é moi diversa e coexisten nela varias xeracións de autores (...) é hoxe unha literatura viva e aberta ás novidades e ás sorpresas (...) iso vai te-lo sei froito, están tendo (...) agora non hai disculpa, xa hai lectores a agardar polos libros, é a hora da verdade para os escritores".

-Dolores Vilavedra, "Baixo o signo da pluralidade", pp. 177-179. Avalíase a década dos noventa no que respecta á literatura galega co concepto de pluralidade. Refírese ó gran número de premios, que cómpre empregar "con sabencia, sen mercantilizalos" e de editoriais, mesmo ás veces dominadas pola dispersión de criterios. Fálase tamén da proliferación de coleccións, dos escritores que ensaian xéneros que nunca intentaran, do aumento do número de poetas e da convivencia de xeracións, da tradución dos nosos textos a outras linguas e dos premios conseguidos polos escritores galegos. A análise conclúe poñendo de manifesto o feito de que estean postos os alicerces dunha estrutura para a "construción dunha literatura galega para o ano dous mil".



Caño, X. M. del, *Literaria*, Vigo: Limbo Editorial, col. Novo Curso, 1997, 137 pp.
(ISBN: 84-85457-09-9).

Miscelánea de vinte traballos publicados por Xosé Manuel del Caño (Celanova, 1955) no *Faro de Vigo*, do cal é redactor na cidade de Ourense, entre 1992 e 1996. Todos eles tratan sobre diversos aspectos da literatura galega. Destaca pola súa extensión o dedicado á novela (28 páxinas). Outros temas son o xénero negro, o erotismo, a paisaxe e a teoría literaria. Tamén se tratan as figuras de Manuel María, Uxío Novoneyra, Eduardo Blanco Amor, Rafael Dieste, Xesús Ferro Couselo, Manuel Curros Enríquez, Celso Emilio Ferreiro, os homes da xeración “Nós”, Ben-Cho-Shey, Ricardo Carballo Calero, os literatos ourensáns en conxunto, Antón Avilés de Taramancos, Manuel Cuña Novás e o colectivo Voces Ceibes, por citar só os que reciben maior atención nesta colección de artigos. Para tratar algúns deles Del Caño recorre á entrevista. Así interroga a Manuel Guede, María Teresa Delgado Piñar, Antón Tovar Bobillo, María Victoria Carballo Calero e Marcos Valcárcel para referirse a Dieste, Ferro Couselo, a xeración “Nós”, Carballo Calero e os escritores ourensáns en xeral, respectivamente.

Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, “Achegamento á literatura dende o xornalismo”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 20, 5 xullo 1997, p. 5. Sinala que neste libro o autor recolle “todo un mundo de indicios e insinuacións sobre a literatura galega que invitan ó lector a coñecer-las obras ás que se fai referencia nas súas páxinas”. Refírese ó dinamismo da estrutura, ós seus contidos principais e cita os títulos da produción de X. M. del Caño.



Casado Blanco, Clotilde, M^a Rosa Enríquez Salido e M^a Isabel Véliz Carril

(coords.), *Instituto Xelmírez. Pasado e presente. Xelmírez (1845-1995)*, A Coruña:

Deputación Provincial da Coruña, 1997, 251 pp. (ISBN: 84-89652-25-2).

Volume conmemorativo do 130 aniversario do Instituto Xelmírez de Santiago de Compostela. Iníciase cun prólogo no que as coordinadoras se refiren a esta efeméride e ós actos desenvolvidos arredor dela. Divídese o libro en dúas grandes partes: na primeira, Raúl Souto Castelo é o encargado de escribir sobre a historia do centro, en tanto que José María Díaz Fernández faíno sobre o fondo bibliográfico e Manuel R. Bermejo sobre o patrimonio científico. Complétase esta parte cun apéndice documental preparado polas coordinadoras e no que se inclúe unha relación de alumnos destacados do instituto, dos que se dan algúns datos biográficos e entre os que se atopan Manuel Murguía, Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal, Antonio López Ferreiro, Valle-Inclán, Castelao, etc. Na segunda parte, titulada “A proxección cultural do Instituto”, recóllese un traballo de Ramón Varela F. que baixo o título “O galeguismo a través das aulas” fai un repaso polo galeguismo dende o Rexionalismo ata o Nacionalismo, subliñando os nomes daqueles que foron alumnos do instituto. Ademais, José Sánchez Reboredo, baixo o título de “Escritores en las aulas del Xelmírez”, detense nalgúns literatos que pasaron polas aulas do centro como Eduardo Pondal, Valle-Inclán, Manuel García Barros, Manuel Antonio, Castelao, etc. Xosé Manuel B. López Vázquez fai o propio en “Pintores e escultores vencellados ao Xelmírez”. A última parte dedícaselle á lembranza que fan do instituto alumnos como Lois Tobío, Domingo García-Sabell, Diego Bernal, Suso de Toro e Salvador García Bodaño.



Casares, Carlos, *Ramón Piñeiro*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, 1997, 95 pp. (ISBN: 84 453-1866-7).

Libro que se presenta acompañado dun vídeo e no que Carlos Casares (Xinzo de Limia, 1941) elabora unha semblanza da vida e das actividades culturais e políticas desenvolvidas por Ramón Piñeiro. Comeza referíndose á timidez e ó gusto pola soidade de Piñeiro durante a súa infancia, o que propiciaba a meditación, así como ó interese temperán pola escritura e a lectura. Seguidamente pasa á adolescencia, marcada polo inicio da formulación de problemas de tipo intelectual e o xurdimento de preocupacións relixiosas; tamén se dan nesta época manifestacións da súa atracción pola política. No epígrafe “Os anos da guerra” son expostas as dificultades que Piñeiro atravesou a partir do estalido da Guerra Civil, tanto na retagarda coma na fronte. No titulado “Os anos clandestinos”, inclúense as actividades levadas a cabo ó rematala guerra. O epígrafe final leva por título “A volta á democracia”, inclúe comentarios sobre as polémicas xurdidas entre os galeguistas do interior e os que se atopaban en Buenos Aires, e trata a continua participación na política de Piñeiro. Segue unha valoración e análise da obra ensaística do autor, referencias ó seu paso pola docencia e á súa elección como presidente do primeiro Consello da Cultura Galega, que dirixiu ata a morte, acontecida en 1990.



Referencias varias:

AGN, "Currás presentará "A figura do galeguista Ramón Piñeiro", *Diario de Pontevedra*, 3 xuño 1997,

27. Nota breve na que se informa da presentación do vídeo-libro *Ramón Piñeiro*, que terá lugar no Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro" e da inauguración da exposición "Centro de Investigación Ramón Piñeiro: 1994-1997".

AGN, "Celso Currás presidió los actos en el "Centro Ramón Piñeiro de Humanidades", *Diario de Pontevedra*, 6 xuño 1997, p. 23. Comeza subliñando a cifra de vintecatro títulos publicados polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. A noticia dá conta dos actos celebrados ó redor do terceiro aniversario do centro, a presenza de Celso Currás nunha reunión da comisión rectora na que se acordou a modificación do nome a "Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades", por ser máis acorde coas actividades do centro. A continuación fai referencia á presentación do vídeo-libro *Ramón Piñeiro* do cal se describe o seu contido.

-F. C. W., "Casares rescata en un libro la bondad y la inteligencia de Ramón Piñeiro", *El Correo Gallego*, 6 xuño 1997, p. 14. Refírese ás intervencións de Carlos Casares durante o acto de presentación do vídeo-libro *Ramón Piñeiro*, ó que asistiron os membros da comisión rectora do centro e os irmáns de Ramón Piñeiro. O autor do libro explicou que non se trata dunha biografía no sentido académico senón case unha autobiografía. Referiuse, así mesmo, á imposibilidade de Ramón Piñeiro para escribir unhas memorias por falta de tempo. Finalmente alude á intervención do investigador Xesús Ferro Ruibal, quen apuntou as palabras "exhaustividade e informática" como definitorias do centro.



Casares, Carlos, Arturo **Lezcano** e Antón **Risco**, *Para ler a Vicente Risco*, Vigo: Galaxia, xullo 1997, 211 pp. (ISBN Galaxia: 84-8288-133-7/ISBN da Xunta de Galicia: 84-453-1983-3).

Volume que se presenta como complemento á edicións das *Obras Completas*, publicadas por esta mesma editorial. Ábrese cun prólogo do Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga, onde se salienta o papel estelar de Vicente Risco na recente historia de Galicia e se recoñece o valor do seu pensamento e a súa entidade como ensaísta, etnógrafo, historiador, poeta e narrador. Seguidamente preséntase o texto “Vida e obra de Vicente Risco”, de Carlos Casares, unha biografía escrita en 1981. Despois inclúese no volume a entrevista realizada por Arturo Lezcano a Antón Risco, que leva por título “Risco segundo Risco”. Con ela preténdese, segundo afirma Carlos Casares no prólogo que a precede, aclarar-la biografía intelectual do ourensán co testemuño da persoa que viviu os feitos dende a intimidade do fogar e que ademais pode ofrecer en canto intelectual, unha interpretación da vida de Vicente Risco dende unha perspectiva culta. Pecha o libro unha bibliografía de e sobre Vicente Risco.

Recensións:

-X. M. de Castro Erroteta, “Reler a Risco”, *A Nosa Terra*, nº 789, “Guieiro Cultural”, 31 xullo 1997, p. 24. Comeza o artigo cunha crítica e con varias puntualizacións referidas ó prólogo de *Para ler a Vicente Risco*, asinado polo Presidente da Xunta de Galicia. Faise un percorrido descritivo polo contido de cada parte da



obra. Da biografía feita por Casares salientase a precisión e o rigor. Da entrevista realizada por Arturo Lezcano a Antón Risco destácase o feito de que a través de preguntas sinxelas chegue a coñecer datos inéditos sobre o autor de *O porco de pé* en voz do seu propio fillo. Finalmente, cualifica a obra de “libro documento que dá gosto ler e amais resulta imprescindible para quen teña interese polo noso”.

-Xavier Castro R., “Un complemento sobre a obra de Vicente Risco”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 14 setembro 1997, p. VI. Despois de se referir ó proxecto que xa hai anos puxo en marcha a Editorial Galaxia para publica-la obra completa de Vicente Risco, proxecto que xa se foi cumprindo coa publicación da obra completa en galego e castelán do autor, pasa a analizar *Para ler a Vicente Risco*, un libro complemento dos anteriores que considera dividido en tres bloques: unha achega á vida e obra; unha entrevista do xornalista Arturo Lezcano a Antón Risco e unha bibliografía.

-Rodri García, “Risco está plenamente vixente e mesmo se adiantou ó seu tempo”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 139, 28 outubro 1997, p. 6. Reproduce consideracións de Arturo Lezcano con motivo da publicación do libro *Para ler a Vicente Risco*. Lezcano refírese ó seu coñecemento de Vicente Risco dende a infancia. Ó comenta-la novela *Deus sentado nun sillón azul*, afirma que, se Casares di que non é Risco o protagonista, debe ser certo, pois o autor de *O porco de pé* non “pensou nada do que perpetra o protagonista”. En relación coa conversa entre Antón Risco e Lezcano afirma que recolle datos xerais. Considera que este libro é un guieiro para ler a Risco e rematar con certos apriorismos, como o suposto fascismo do ourensán. Fala da plena vixencia do fundador de *La Centuria* e salienta que se adiantou ó seu tempo. Baixo o epígrafe “Unha fundación viva para facer cousas no campo das ideas”, dáse noticia da Fundación Vicente Risco e dos seus obxectivos.



Cochón, Iris, *Con pólvora e magnolias de X. L. Méndez Ferrín*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Unha lectura de..., 1997, 68 pp. (ISBN: 84-8302-127-7).

Análise do poemario de Xosé Luís Méndez Ferrín *Con pólvora e magnolias* dividido en catro apartados básicos. No primeiro, titulado “Tradición, convención e (auto)biografía”, desvela as claves que seguirá ó longo do seu estudio, entre as que destaca a tradición; sitúa a obra no seu contexto ideolóxico e estético e detense, brevemente, na análise da súa recepción. A continuación, en “Con pólvora e cristais liberados: o texto en si”, céntrase na relevancia que ten o paratexto do libro salientando o seu deseño gráfico “pouco convencional”, o que achega a obra “ás vangardas artísticas e ás materias cotiás”. Detense na análise das diferentes voces narrativas que aparecen no texto: o eu lírico, Stephen e o auditorio; no contido do poemario e nos temas que se tratan, nos recursos estilísticos empregados e nos modelos compositivos. Completa este apartado coas definicións dalgúns termos literarios. No terceiro apartado reproduce algúns fragmentos que poderían ser, na opinión da autora, complementarias para a comprensión do poemario: o prólogo á obra de Alfonso Pexegueiro; *Poésie et verité* (1942), de Paul Eluard; o poema “Os Batracios”, publicado por Méndez Ferrín no nº 2 da revista *Vieiros* en 1962 e o poema “Depoimento” do mesmo autor, publicado na *Antología da poesía galega*, de Yara Frateschi Vieira no ano 1966. Para rematar, Iris Cochón ofrece unha bibliografía básica sobre o poemario obxecto da súa análise.



Díaz Pardo, Isaac, e **Portela**, Charo (ed.), *Valentín Paz Andrade. Epistolario*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Documentos, maio 1997, 305 pp. (ISBN: 84-7492-841-9).

Ábrese este epistolario cun “Limiar” no que ademais de se ofrecer información sobre a vida e ocupacións de Valentín Paz-Andrade, se comentan os criterios seguidos á hora de facer esta selección de cartas, coa que se pretende “documentar o que significou e segue significando para Galicia”, cando se cumpre o décimo aniversario da súa morte. Baixo o epígrafe de “Cronoloxía” faise un percorrido pola súa vida, apuntándose o máis salientable con respecto á súa persoa. A continuación, nun novo apartado, dáse conta da súa produción e de todo o que sobre el se ten escrito. No “Epistolario” propiamente dito reproducense 135 cartas pertencentes ó seu arquivo de Samil coa finalidade de dar a coñecer as súas diferentes etapas vitais e as súas tarefas de carácter social, político e económico, nas que se reflicte inmenso fervor de traballar por Galicia. Aparecen, ademais, unha serie de “Notas ao Epistolario” e un “Apéndice” onde se mostran 27 cartas dirixidas á personalidade olívica. Péchase cuns “Índices” onde se rexistran os nomes dos destinatarios das súas misivas e a cronoloxía destas.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Valentín Paz-Andrade: unha vida ao servizo de Galicia”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 14, 24 maio 1997, p. 5.



Comentario no que se afirma que o libro constitúe unha homenaxe ó avogado, economista, poeta e xornalista Valentín Paz-Andrade e que inclúe “unha escolma das máis de 600 cartas, manuscritas ou mecanografadas (...) que se conservan no seu arquivo de Samil”.

-Francisco P. Lorenzo, “Cartas que son memoria ou este país como tarefa”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 163, 12 xuño 1997, pp. 1-3. Faise referencia á estrutura da obra e afírmase que se trata “dun documento de inestimable valor” que recupera parte da nosa memoria e amosa “unha traxectoria vital intensa” de compromiso co país. Inclúese un detallado perfil biográfico de Paz Andrade, elaborado a partir das cartas máis representativas que figuran no *Epistolario*.

Referencias varias:

-Xaime Calviño: “Edicións do Castro presenta en Vigo dos libros sobre Paz Andrade”, *Faro de Vigo*, 12 marzo 1997, p. 48. Anuncia a publicación do libro xunto a outro constituído por unha entrevista realizada por Tucho Calvo a Valentín Paz Andrade.

-Xosé L. Méndez Ferrín, “Cousas de Valentín”, *Tempos Novos*, nº 2, “Opinión”, xuño 1997, pp. 8-9. Texto creado por Méndez Ferrín para a lectura da presentación do libro *Epistolario de Valentín Paz Andrade*. Recóllense referencias á personalidade e ás ideas de Paz Andrade e salientase a súa importancia dentro do ámbito da cultura galega, o seu pensamento político e a súa perspectiva progresista para o país. Finalmente destaca dous poemas de Paz Andrade que se incluíron na *Escolma da Poesía Galega. Os contemporáneos*, de Fernández del Riego, un sobre sobre o regreso dos restos de Castelao e outro sobre as mulleres dos mariñeiros.



-Carmen Parada, "Intelectuales gallegos presentan en Vigo el "Epistolario" de Paz-Andrade", *La Voz de Galicia*, 21 maio 1997, p. 81. Recóllense as palabras de presentación deste volume nun acto que tivo lugar no Centro Cultural Caixavigo. Sinálase que Fernández del Riego falou da faceta de orador de Valentín Paz-Andrade, Borobó pediu a edición dos orixinais de Camilo Barciela que Paz Andrade conservou na súa biblioteca persoal e Méndez Ferrín definiuno como un progresista nacionalista e como referencia galeguista no mundo empresarial.

-Charo Portela, "O arquivo da "Pousa Nova do Mar", *La Voz de Galicia*, "Un polifacético do Século XX", 19 maio 1997, p. 90. Salienta algúns dos nomes que aparecen na correspondencia de Valentín Paz-Andrade no arquivo de Pousa Nova do Mar en Madrid. Sinala a importancia do seu *Epistolario* recentemente publicado coincidindo co décimo cabodano do seu pasamento, e considérao documento do que "significou e segue significando aínda para Galiza".

-Antonio Viana Conde, "Valentín, abogado", *Faro de Vigo*, 21 maio 1997, p. 29. Informa da preparación do de Isaac Díaz Pardo e Charo Portela e no que recollerán, en varios tomos, todo o epistolario de Valentín Paz Andrade, centrado na súa faceta de avogado e defensor, dende tódolos ámbitos, de Galicia e da súa cultura. A continuación relata algunhas anécdotas relacionadas co seu labor cultural e co seu traballo como xornalista.



Feijoo Barreiro, Pedro, *Cousas de Galicia por Castelao*, presentación de Manuel de la Fuente, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 1997, 169 pp. (ISBN: 84-7492-847-8).

Volume que se centra no papel desenvolvido por Castelao no xornal *Galicia* e que conta cunha presentación de Manuel de la Fuente, quen ademais de cualifica-lo libro como “cautivante”, “rigoroso” e “en pulcra consonancia cos parámetros en que se moven quen antepoñen o análise á divulgación”, lembra momentos da súa relación con Valentín Paz-Andrade, director do xornal. Pedro Feijoo Barreiro pon de relevo o abandono ó que teñen sometido os estudiosos da nosa cultura o *Galicia* e refírese ó importante papel xogado por esta publicación malia non te-la mesma tirada e atención que *Faro de Vigo* ou *La Voz de Galicia*. O estudio divídese en dous “Bloques”, o primeiro dos cales acolle un repaso da historia do xornal e o segundo aborda a presenza de Castelao no xornal e os traballos realizados na sección “Cousas da vida”. Ademais, non obvia o autor o labor literario e como deseñador do rianxeiro e conclúe reflexionando sobre qué gañou Castelao dende o xornal e qué gañou o xornal dende Castelao. Completan o traballo senllos apéndices, gráfico e documental, consistentes na reprodución de páxinas do xornal, editoriais e colaboracións de Antón Vilar Ponte, Francisco Luís Bernárdez, Xohán Vicente Viqueira, etc.



Referencias varias:

-R. G., “Unha pequena xoia chamada Galicia”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 135, 30 setembro 1997, p. 6. Nota sobre a presentación do libro. Destácase que o xornal vigués *Galicia* supuxo “o nacemento dun novo estilo de información en Galicia” e que nel se conxugan tres cualidades: galeguismo, información cultural e espallamento. Coméntanse distintas anécdotas acerca da aparición do devandito xornal e dáse a coñecelo nome dos seus máis importantes colaboradores.

-Javier D. Campa, “Pedro Feijoo: ‘El ‘Galicia’ fue el periódico de su época que más conectó con el pueblo”, *Atlántico Diario*, 2 decembro 1997, p. 43 Comeza o artigo cunha presentación de Pedro Feijoo Barreiro e cunha descrición do proceso de creación da sección “Co0usas de Galicia, por Castelao”, na que se salienta a decisiva influencia do xornalista Manuel de la Fuente, de Xesús Alonso Montero e de Isaac Díaz Pardo. Faise unha síntese da historia do *Galicia* e recóllense as declaracións de Pedro Feijoo acerca da influencia posterior deste xornal, das súas características e do pouco estudiado que estivo ata o momento, malia contar entre os seus colaboradores con sobranceiras figuras da nosa literatura.



Fernández Salgado, Benigno (ed.), *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos. Universidade de Oxford, 26-28 setembro 1994*, Oxford: Centro de Estudos Galegos, vol. II. Literatura e Historia, 1997, 625 pp. (ISBN: 190-1393 03-8). Ž

Preséntanse neste volume as actas do Congreso Internacional de Estudos Galegos celebrado na Universidade de Oxford entre o 26 e o 28 de setembro de 1994. Na nota introductoria o editor sinala o propósito de dedicarllos á memoria de Emilio González López pola súa dedicación ó estudio da nosa historia. Deste xeito inclúese ó final do volume a biografía do homenaxeado elaborada por Ramón Piñeiro para a *Gran Enciclopedia Galega*. As colaboracións deste congreso relacionadas coa literatura galega son as seguintes:

Volume II:

-Colin Smith, “El mito en la obra de Álvaro Cunqueiro”, pp. 21-32. Fai unha serie de referencias sobre a obra de Álvaro Cunqueiro e as adaptacións que realizou dos grandes mitos. Repasa así os mitos que formula na súa produción literaria como é o caso de Hamlet, Edipo ou os pertencentes ó mundo clásico e sinala, ademais, que obras como o *Merlín*, o *Sochantre* e quizais tamén o *Simbad* deben agruparse á parte, posto que nelas o que pretende é infundir nova vida á clásica arte do conto breve dentro dun marco. Afirmar que a clave da arte narrativa deste escritor está na creación, sen artificio aparente, de mundos nos que se



fusionan elementos de diversas épocas e terras. Finalmente alúdese a unha serie de posibles composicións que puido chegar a crear.

-María Xesús Lama López, “O natural e sobrenatural na poesía galega de Rosalía de Castro”, pp. 105-116. Estudia as relacións do natural e do sobrenatural na obra de Rosalía de Castro determinando a diferenza entre ambos conceptos. Conclúe que na sociedade tradicional galega, como na medieval, o sobrenatural é visto como unha continuación do natural e así se manifesta na obra rosaliana. Segundo di, no decurso da obra en galego de Rosalía, cómpre diferenciar *Cantares Gallegos* da súa obra posterior, porque na obra inicial do Rexurdimento literario a natureza galega, a Galicia propiamente dita, é expresada como un mundo alternativo ó dominante, a sociedade galega mantiña unha relación “harmónica entre o home e a natureza”. Pola contra, fai referencia a un período posterior no que “o fracaso dos seus ideais e a contemplación do sufrimento do pobo” faría virar a súa poética cara unha crítica directa, na que opón a cambiante e frondosa paisaxe de Galicia coa árida paisaxe de Castela para “esperta-la conciencia das xentes ante a amarga realidade”.

-Joanna Courteau, “A significação da poesia de Rosalia em castelhano e em galaico”, pp. 117-128. Demostra como o uso do galego e do castelán por parte de Rosalía de Castro obedece a un programa lóxico e coherente. Apunta que a escritora padronesa escolleu intencionadamente a lingua castelá “como fim subversivo de nela gravar para sempre a tradição vibrante da cultura galaica”, afirmando, a continuación, que tal lectura pode ser encadrada no esquema teórico do desenvolvemento da conciencia nacional. Xustifica esta afirmación ofrecendo un cadro teórico e



un panorama do mencionado desenvolvemento, indicando o modo no que se levou este a cabo en Galicia, e en concreto, na obra de Rosalía de Castro. Remata dicindo que o carácter subversivo da súa poesía en lingua galega é máis forte, aínda que máis sutil, posto que nela ofrécese unha dupla defensa contra a aniquilación total da cultura galega.

-Luis Lorenzo-Rivero, “Dor e visión social de Galicia na poesía de Curros Enríquez”, pp. 129-141. Inicialmente faise un síntese biográfica de Curros Enríquez á que segue un comentario xeral dos principais argumentos temáticos desenvolvidos na súa obra e que son exemplificados con textos do escritor. Déstacase a súa actitude de defensa de Galicia en tódolos sentidos. O autor comeza rescatando aqueles poemas onde di que o sometemento de Galicia se iniciou cos Reis Católicos para, de seguido, centrarse naquela parte da súa obra na que a defensa do campesiñado, que era a clase máis maltratada polo poder político central é a protagonista. Asemade comenta como Curros se mostrou sempre como un defensor das liberdades, da república e como atacou ferozmente cun ton ácido os grandes gobernantes que marxinaban Galicia. Por último comenta que o poeta celanovés cría que Galicia “rexurdiría das súas cinzas” coa vitalidade dos seus homes de letras e co “axuntamento de tódolos galegos”.

-Xosé María Castro Erroteta, “Natureza e Xeración Nós”, pp. 153-161. Amosa a concepción que sobre a natureza posuía a Xeración Nós, grupo de intelectuais galegos que, segundo, Xosé María Castro Erroteta, foi o primeiro en tomar conciencia dos males que arreo afectaban o equilibrio medio ambiental. Mostra para o caso, unha selección de textos dos persoeiros máis salientables desta Xeración, como Florentino López Cuevillas, Otero Pedrayo e



Castelao. Reproduce, ademais, unha pequena escolma de textos de Risco que versan sobre o problema da relación do home co medio, e EN especial, co medio urbano.

-Joaquim Ventura, "Cidade e alteridade en *O porco de pé* de Vicente Risco", pp. 163-182. Artigo que pretende estudar-lo xeito de amosa-la cidade ó lector e ver cómo Risco opón os grupos humanos do Ourense de principios de século. Expóñense, deste xeito, a procedencia, formación e aspiracións desta figura senlleira da xeración "Nós". Ventura continúa descubriendo as opinións de Risco sobre estes temas nas súas primeiras obras, dedicando especial atención a *Os europeos en Abrantes*. Entre elas, destaca a súa oposición ós novos costumes traídos por comerciantes estranxeiros, ó capitalismo, ó socialismo e ó caciquismo. O autor observa o feito de que estas cuestións se repiten máis acentuadamente en *O porco de pé*, onde o autor dá unha visión negativa dos elementos alleos que corrompen a orde telúrica do país. Coméntase tamén que a descrición da cidade efectúase a través dos seus colectivos e individuos, sen presentar información sobre a súa constitución física. Remata Ventura resumindo o cerne da obra como unha loita entre un idealismo en decadencia e un materialismo que ameaza con arrombalo definitivamente.

-Xoán González-Millán, "Castelao e as contradicións dunha lectura galeguista de Valle-Inclán", pp. 193-196. Propón un estudio das relacións "moitas veces contradictorias" entre o nacionalismo galego e a figura de Valle-Inclán. González-Millán analiza a recepción e a interpretación en clave galeguista, especialmente por parte de Castelao, da obra literaria do autor de *Divinas palabras* (1920). Explica, citando artigos da prensa da época e fragmentos de conferencias pronunciadas polos propios galeguistas, as dificultades que supoñía para eles o intento de crear un sistema literario



normalizado en galego, así como a consideración da obra valleinclanesca como galega, seguindo exclusivamente un criterio biográfico. Analiza os motivos que levarón ó autor ourensán a escribir en castelán e resume as diferentes actitudes adoptadas polos literatos galegos ante este feito. Finalmente, propón estudar a obra de Valle producida directamente en galego ou verquida á nosa lingua.

-Teresa López Fernández, “Aproximacións á vangarda poética de preguerra”, pp. 197-209. Comeza este estudio das vangardas poéticas cunha caracterización do panorama literario da Época Nós. Considérase nel que a modernización no ámbito literario provocará unha loita entre os defensores do enxebrismo e os partidarios de tendencias innovadoras. Recóllense da prensa da época as opinións manifestadas ó respecto polos máis destacados representantes das nosas letras, achegando un resumo dos principais textos de contido rupturista, que inciden na polémica xurdida entre os vellos e os novos autores. Remata o artigo cun detallado tratamento, caracterización temática e estilística da obra dos autores vangardistas menos coñecidos: Xesús Bal y Gay, Denys Fernández, Emilio Mosteiro, Xohán Carballeira e Xosé Otero Espasandín.

-Antón Risco, “O neno suicida”, conto fantástico de Rafael Dieste”, pp. 211-217. Despois de ofrecer unha serie de notas sobre o conto de Rafael Dieste “O neno suicida”, fai un resumo e unha análise detallada deste. Afirmar que se trata dun relato pertencente á cateogría do fantástico na súa modalidade máis pura, o que lexitima que nel aparezan certas incongruencias. Antón Risco refírese ademais ó seu conto, “Un sueño”, que parece coincidir co do rianxeiro en certos trazos básicos, aludindo, finalmente, a unha serie de puntos por medio dos que pretende pescudar as posibles implicacións alegóricas do texto diesteano analizado nesta ocasión.



-Xosé Gregorio Ferreiro Fente, "Luis Seoane, acicate literario: o caso de Lorenzo Varela", pp. 229-236. Comeza poñendo de manifesto o labor de Luís Seoane como editor, escritor e incentivador de escritores novos. Así, despois de comenta-la vocación prematura aínda que allea á tradición literaria galega, do poeta Lorenzo Varela, Xosé Gregorio Ferreiro Fente detense nalgúns testemuños escritos que apoian a idea de que Luís Seoane actuou como "acicate" e inductor á creación literaria en galego deste autor.

-Estelle Irizarry, "Space and place in Rafael Dieste: geopiety and Galicia", pp. 239-248. Análise do tratamento do espacio na obra narrativa de Rafael Dieste, na que se establecen diferentes categorías, ilustradas con exemplos concretos da súa obra. Deste xeito, recórrese a conceptos como "Xeopiedade", "estado" ou lugar de orixe, lugar de movemento, espacio social e vital "tema incognitae", "Xeografías imaxinadas", "Genius loci", etc. O artigo conclúe salientando a importancia da concepción do espacio na obra do rianxeiro e reparando no feito de que o autor achegue ese espacio xeográfico e místico que é Galicia.

-Consuelo García Devesa, "Viños e comidas como comunicante semántico na narrativa de Álvaro Cunqueiro", pp. 249-260. Artigo que rastrea a presenza da gastronomía na obra de Cunqueiro. O estudo lévase a cabo sobre o corpus recompilado no libro *El pasajero en Galicia*, no que se recollen artigos que foran publicados en *Finisterre*, *Faro de Vigo* e *La Voz de Galicia*. A autora completa a súa análise do tratamento que recibe a gastronomía na obra do mindoniense con outros textos xornalísticos.



-Simona Geroldi, "La duodécima mujer: pesquisa entre las figuras femeninas en la obra de Álvaro Cunqueiro a partir de la *Balada de las damas del tiempo pasado*", pp. 261-273. Artigo que comeza cunhas observacións acerca da recreación cunqueiriana do texto de François Villon na *Balada de las damas del tiempo pasado*. A autora repara no feito de que, mentres que no prólogo se anuncia a historia de doce personaxes, no texto só aparecen once. Simona Geroldi toma como pretexto esta duodécima muller para rastrexar os personaxes femininos na obra de Cunqueiro, interpretando algúns deles como unha manifestación dos seus apetitos sexuais ou o seu papel no amor, e achegándose algunhas figuras prototípicas como Inés de Valverde ou Gerda.

-David Mackenzie, "Cibrán asasino", pp. 275-283. Comeza analizando as semellanzas entre o narrador-protagonista de *A esmorga* e o do *Lazarillo de Tormes*, a partir da lectura de dous artigos, un de Robert Archer, publicado en 1985, e outro de George Shipley, publicado en 1986. A seguir propón unha teoría coa que trata de demostrar a culpabilidade e implicación de Cibrán nos delitos dos seus compañeiros. Alude de seguido á modalidade de narrador/compilador para finalmente deterse no tema da homosexualidade, encarnado polo Milhomes, e analiza a simboloxía da boneca do Pazo dos Andrada e Socorrito como elementos representativos do papel da muller no mundo literario de Blanco-Amor.

-Manuel Outeiriño, "Some versions of Empson: on Blanco Amor's novels", pp. 285-294. Comeza indicando que as novelas galegas de Eduardo Blanco Amor foron estudadas tradicionalmente dende os presupostos da literatura realista, tal vez por inducción do propio autor. Seguidamente céntrase nos límites xenéricos de *A Esmorga* (1959), analiza a linguaxe dos personaxes e indica que o feito de que as ideas complexas se expresen en palabras rudas



constitúe o atributo principal do subxénero pastoral, modelo non asociado só a literaturas antigas senón presente en moitas obras contemporáneas. Explica algúns aspectos da obra de Blanco Amor baseándose nos conceptos sobre literatura pastoral por William Empson. Considera, xa que logo, a estrutura trágica de *A Esmorga* propondo unha lectura da obra baixo os preceptos da traxedia clásica. Afirmar que a novela de Blanco Amor se axusta ó modelo definido por Empson como “pastoral realista”, aquela que presenta elementos burlescos e serve “para expresa-la inxustiza social”.

-Luísa Blanco, “Os dous griffóns de Alfredo Conde”, pp. 295-306. Análise dos personaxes principais de *Xa vai o griffon no vento* que comeza aclarando o termo grifo. A seguir comenta as coincidencias que se dexergan entre o profesor-visitante na Universidade de Aix-en-Provence do século XX e o visitador-inquisidor do século XVI. Declara que este segundo personaxe está baseado na figura do barón de Montigny, que foi executado por orde de Felipe II. O corpo do artigo vai revisando a cantidade de similitudes que se dan entre visitante e visitador: orixe, idioma (do cal se fai unha reivindicación), aspecto físico, carácter, infancia, primeiro contacto coa morte, nome, estadía en Aix, presenza recorrente do griffón e parecido físico con este, bibliofilia, etc. Conclúe sinalando que tanta semellanza non pode ser senón intencionada e que os dous personaxes son realmente un.

-Daniel Asorey Vidal, “Algúns aspectos da actual novela histórica galega: da muller á apocalipse. Comparación e delimitación do xénero”, pp. 307-322. Estúdanse algunhas das características presentes en tres novelas históricas galegas contemporáneas: *O enxoval da noiva* (1988), de Víctor Fernández Freixanes, *Ouveade naves de Tarsish* (1983), de X. Bernárdez Vilar e *Xa vai o griffón no vento* (1984), de Alfredo Conde.



Comézase por ofrecer unha aproximación á delimitación do xénero achegando a tipoloxía establecida polo crítico. A seguir, céntrase a atención nalgúns aspectos concretos e comúns que presenta a produción de novelas históricas contemporáneas: o papel da muller, a importancia da relixión, o tratamento do poder, a presenza da cuestión nacional e o elemento apocalíptico, facendo fincapé na presenza destes trazos recorrentes nas tres novelas galegas obxecto de análise.

-Xosé María Moreno Villar, "O campo e a cidade na literatura e pensamento galegos", pp. 323-332. Estudia a importancia do binomio campo/cidade como referente espacial no marco da literatura galega. Afirmar que existen dúas tendencias opostas que xurdiron no seo do que se deu en chamar "conciencia galeguista": os enxebristas, defensores da aldea fronte ós ruralistas, partidarios do progreso da cidade. A continuación, recolle as opinións de varios pensadores pertencentes a diferentes etapas da historia de Galicia, entre outros: Otero Pedrayo, Leandro Carré, Castelao ou Álvarez de Nóvoa. O autor do artigo considera que "o mundo galego definíade por describir lugares e costumes xa daquela anacrónicos, ou para servir de voz ó proceso nacionalista xa en marcha. O predominio do campo sobre o mundo da cidade é manifesto". Sen embargo, di que os homes da Xeración Nós e das Irmandades da Fala viron necesaria a busca dunha nova identidade para a literatura galega que pasa por unha apertura ó universalismo. Deste xeito, Rafael Dieste, Vicente Risco, Ramón Piñeiro e tantos outros loitaron por redefini-lo que se entendía por identidade galega mediante a elaboración dunha serie de textos científicos e literarios que servisen de referencia "a tódolos galegos como individuos pertencentes a unha comunidade determinada". Para completa-lo seu estudio, Moreno Villar fai referencia á teoría e ós traballos de Itamar Even-Zohar sobre a elaboración, a través dos textos



literarios, da conciencia nacional dun determinado país. A continuación alude ás obras de escritores como Suso de Toro ou Manuel Rivas que, na súa opinión, son os que “con máis acerto están a crear a máis recente narrativa en galego”. Remata o artigo cunhas breves referencia bibliográficas.

-Burghard Baltrusch, “Estéticas en combate. Apuntamentos acerca dun cambio cultural e buscas de identidade na literatura galega contemporánea”, pp. 333-345. Estrúcturase este estudio en tres partes ben diferenciadas. A primeira xira ó redor do concepto de “estética”. En “Estética e literatura na actualidade galega” céntrase na aplicación dos conceptos anteriores á realidade cultural do noso país. Salienta a presenza simultánea e a loita entre dúas estéticas diferenciadas: a galeguista e a estatalista, caracterizada esta por te-lo poder político e por tentar apropiarse dos elementos manexados tradicionalmente pola primeira. No terceiro apartado, “Exemplos de estéticas literarias na actualidade galega”, analiza os trazos estéticos que definen a obra de tres autores galegos contemporáneos: Darío Xohán Cabana, Suso de Toro e Antón Reixa. Ó primeiro sitúao nunha liña ecléctica-tradicional, ó segundo nunha estética rupturista-sintética e ó terceiro caracterízao pola posmodernidade.

-Xavier Lama, “Literatura galega e prensa en Galicia na actualidade. Unha relación de permanente anormalidade”, pp. 347-354. Analízase a literatura no ámbito da prensa galega. O autor comeza este traballo sobre prensa e literatura valorando a pouca relevancia e a falta de rigor que ten nos medios de comunicación a información cultural e salienta, entre outras cuestións, a escaseza de suplementos culturais nos xornais galegos ou incluso a ausencia total no “principal xornal galego”, *La Voz de Galicia*. A continuación, céntrase na falta de crítica obxectiva e independente, e lembra as palabras de



Anxo Tarrío, cando afirma que “se debería poder criticar un libro sen por eso te que inimigarte coa persoa que o escribiu, pero sabemos que non é así: eso sería unha utopía”. Finalmente lamenta a ausencia da figura do crítico profesional como creador e incitador da cultura e considera que a tradición crítica galega ten sido “limitada, pouco científica e fundamentalmente de carácter impresionista ou ideolóxica”. Conclúe achegando unha tipoloxía dos críticos literarios existentes no ámbito da prensa galega.

-María Paz Bertólez Cue, “Literatura infantil e xuvenil en Galicia: de 1979 á actualidade”, pp. 355-364. Comeza cunha breve introducción na que salienta a proliferación de libros para rapaces escritos en galego nos últimos anos. A seguir alude ás dúas obras literarias máis significativas no ámbito da literatura infantil anteriores ó ano 1979: data da publicación do Decreto de Bilingüismo e ano internacional do neno: *Memoria dun neno galego*, de Xosé Neira Vilas e *A galiña azul* de Carlos Casares. Céntrase fundamentalmente na obra de Casares, e detense nas posibles influencias do teatro europeo na súa obra. Seguidamente realiza un percorrido polo panorama actual na literatura infantil e xuvenil dende 1979, citando gran cantidade de obras que serven como exemplo. Finalmente establece unha serie de conclusións e reflexións persoais valorativas, como o feito da inexistencia dunha prensa infantil en galego ou a escasa produción galega para xoves-adultos.

-Antonio Raúl de Toro Santos, “Reflections on the Literary Translation of Texts in English in Galicia since the Nineteenth Century”, pp. 365-381. Céntrase nas traducións de textos ingleses ó galego, aínda que alude constantemente ás traducións ó castelán como puntos de referencia. Pretende ofrecer un listado das obras



literarias traducidas do inglés ó galego dende o último tercio do século XIX ata a década dos sesenta. Inicia o percorrido coa mención da obra de Juana de Vega, condesa de Espoz y Mina, *El olvido de las injurias* (que apareceu publicada en *Galicia. Revista universal de este reino*). A continuación comenta diversos textos que viron a luz en revistas como *Boletín de la Real Academia Gallega*, *La Centuria*, *Revista Gallega*, *Nós* ou en xornais como *A Nosa Terra*, *Alba e Galicia Emigrante*, entre outros. Remata o artigo cunha breve alusión á colección Grial da editorial Galaxia, unha iniciativa que ofrece a traducción ó galego de diferentes clásicos ingleses e americanos.

-Katheleen March, “A política da traducción”, pp. 383-395. Analízanse os criterios que rexen o proceso de traducción de obras literarias do galego ó inglés e do inglés ó galego, así como o papel do tradutor. Sinálanse as necesidades fundamentais dunha axeitada política de traducción que comeza pola escolla do material que pode ter interese para un novo público e pola necesidade de coñecer-lo contexto da cultura á que a traducción se dirixe e que configura un “texto lateral ou subxacente”. Analízanse algúns casos de obras traducidas ó inglés como a antoloxía *Así vai o conto* (1991) realizada por K. March ou o volume de poesía de Miguel Anxo Murado *A Bestiary of Discontent* (1993), en traducción de C. Evans-Corrales. Indícanse tamén algúns problemas que xorden da traducción ó inglés de obras en castelán de autores galegos e as diferencias que presenta o proceso de traducción do inglés ó galego, dominado por unha política consciente de traducción.

-Pilar Vilaboi Freire, “As diversas tendencias nas traducións en Galicia no ano 1993”, pp. 397-410.



A autora enumera a nómina de editoriais que publicaron traducións ó galego en 1993 e comenta, ademais, unha serie de cuestións que teñen que ver coa calidade das obras orixinais, poñendo de manifesto a relevancia dos intereses económicos e ideolóxicos. Sublíñase no artigo o carácter innovador de Edicións Positivas e de Edicións do Cumio na súa colección Cómplice e resáltase o feito de que non tódalas editoriais traduzan ó galego dende a lingua orixinal. O estudio complétase con outros aspectos como a dificultade para saber quén é o traductor ou qué prezo teñen os libros. Logo dun apartado dedicado ás traducións que teñen como lingua de orixe o galego, inclúese un cadro que recolle, por xéneros, o número de traducións publicado por cada unha das editoriais.



Freire Lestón, Xosé Vincenzo, *A actividade editorial en Galicia (1850-1936)*.

Apuntamentos para unha historia do libro galego, limiar de Xavier Senín, Vigo:

Edicións do Cumio, 1997, 125 pp. (ISBN: 84-8289-066-2). Ž

Logo do limiar de Xavier Senín, no que se debuxa unha panorámica da historia das artes gráficas en Galicia, o autor comeza cunhas consideracións preliminares nas que apunta como problemas á hora de describi-la actividade editorial en Galicia: a non separación en moitos casos da actividade de editor e de impresor, cuestións e o feito de ter que prescindir no estudio da análise da produción editorial na emigración. No primerio apartado “O xurdimento do editor. Apuntamentos históricos” refírese someramente á figura do editor en xeral e en España en particular. En “A cultura galega no século XIX” dá conta do labor editorial de Nicasio Taxonera e Francisco Suárez, Juan Compañel, Manuel Soto Freire, Aureliano Pereira e os editores coruñeses Andrés Martínez Salazar e Uxío Carré Aldao así como a do xornal *La Voz de Galicia*. Así mesmo fai unha valoración global do traballo de cada un destes editores. Co mesmo procedemento aborda o apartado “O mundo editorial galego no primeiro tercio do século XX” Pechan o volume unha “Bibliografía Sumaria” e trinta e nove apéndices nos que se reproducen portadas de obras publicadas durante o período estudado.



García Domínguez, Raimundo, *O reiseñor de Trasalba. Papeles de Borobó*, Trasalba-Ourense: Publicacións da Fundación Otero Pedrayo, 22 xuño 1997, 250 pp. (ISBN: 84-920781-1-1).

A Fundación Otero Pedrayo, con motivo da concesión do Premio Trasalba a Borobó (Pontecesures, 1916), publica neste libro unha serie de textos do autor publicados na prensa galega e que teñen como fio conductor a figura de Otero Pedrayo. Paralelamente fálannos da “historia dun tempo no que o polígrafo foi singular protagonista”. Un apartado de “dedicatorias” de Otero Pedrayo a Borobó dá paso ós textos propiamente ditos, distribuídos en quince apartados titulados respectivamente: “Otero Pedrayo en *La Noche*”, “Inventario de Don Ramón e outros nomes”, “Viaxeiro maior da galeguidade”, “O reiseñor de Trasalba”, “Os amigos de Lousada”, “A parentela de Don Marcelo”, “Os amigos de Nós e os seus epígonos”, “Intercesión atlántica de Castelao”, “Con Otero en Rianxo”, “O cine dos patriarcas”, “O diálogo poético entre Otero Pedrayo e Iglesia Alvariño”, “O coro ilustre da papatoria”, “Voces de xesta”, “Motivos pedrayescos” e “Don Ramón rexurde das súas cinzas”.

Recensións:

M. Blanco Rivas., “Borobó retrata a Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 18, 21 xuño 1997, 5.



Indícase que este libro recolle artigos publicados na prensa, ó longo de varios anos, arredor da figura de Otero Pedrayo, que contribúen, a través de “evocacións e vivencias”, a un mellor coñecemento do autor de Trasalba. Sinálase que o libro divídese “en quinze grandes apartados temáticos” que rexistran facetas diversas da vida de Otero, dende a súa biografía ou a súa actividade política ata a relación mantida con outras figuras da cultura galega.

-Xavier Castro R., “Otero Pedrayo e Borobó”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 10 agosto 1997, p. VII. Subliña o vencellamento de Borobó con Galicia e de xeito especial con *La Noche*, xa co seu traballo cotián nas seccións “Lacón con Grelos” ou “Anacos”, xa coa axuda prestada ós que se iniciaban no xornalismo. Explica que en *O Reixeñor de Trasalba* recóllense artigos que teñen a Otero Pedrayo como denominador común. Xavier Castro comenta que se trata de prosas entre a reflexión, o ensaio e o pensamento que ademais da figura de Otero teñen como elemento esencial outras personalidades do momento.



Garrido Couceiro, X. C. e Xosé M. Sánchez Rei (eds.), *O pensamento galeguista de posguerra. Antoloxía*, Vigo: A Nosa Terra/AS-PG, col. A Nosa Literatura, nº 42, 1997, 206 pp. (ISBN: 84-89679-47-9). •

Antoloxía que recolle cinco textos cos que, segundo consta na nota preliminar, se pretende ofrecer unha mostra o máis representativa posible do que foi a intelectualidade en Galicia nos anos que sucederon á Guerra Civil. Nesta mesma nota explícanse os criterios de edición, que parten do “estricto” respecto á lingua empregada nos ensaios seleccionados e que unicamente foron modificados no tocante á acentuación, regularización de puntuación e de aspectos de diversa índole cando se trataba de erros. Os textos escollidos son “Significado metafísico da Saudade. Notas para unha filosofía galaico-portuguesa”, de Ramón Piñeiro (Láncara, 1915-Santiago de Compostela, 1990); “Abrente e solpor da paisaxe”, de Celestino Fernández de la Vega (Friol, 1914-1986); “Mito e realidade da terra nai”, de Xoán Rof Carballo (Lugo, 1905-Madrid, 1994); e “Análise existencial do home galego enfermo”, de Domingo García-Sabell (Santiago, 1909). Como apéndice recóllese “Divagacións sobre o discutíbel e o indiscutíbel”, inédito de Manuel García Barros (1876-1972), asinado co pseudónimo Fulgencio Tizón.



Gaspar, Silvia, *Ilustrísima de Carlos Casares*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Unha lectura de..., 1997, 45 pp. (ISBN: 84-8302-134-X).

Comeza centrándose na época previa á data na que foi publicada a novela obxecto de estudio Remóntase, pois, á inmediata posguerra, reparando en acontecementos como a creación da editorial Galaxia ou o xurdimento da Nova Narrativa Galega, da que ofrece obras, autores e características fundamentais. Conclúe este primeiro achegamento contextual coa narrativa dos anos setenta e oitenta. No apartado “Casares, narrador”, faise un percorrido detallado pola biografía do autor e unha análise do conxunto da súa obra. Seguidamente o autor entra no estudio de *Ilustrísima* (1980), examinando o lugar ocupa no conxunto da obra de Casares, e deténdose, por unha banda, en aspectos da historia (diéxese, personaxes, tempo e espacio ou estrutura narrativa), e pola outra, en procedementos discursivos (narrador, modo ou tempo do discurso). Ademais, ten en conta as estratexias narrativas empregadas polo autor, o seu realismo e a idea, presente na súa obra, de recupera-lo tempo e a Historia. Finalmente, ofrécese unha selección de textos que inclúe dous artigos de Casares e catro críticas sobre a novela, así como unha bibliografía sobre tódolos elementos arredor dos que xira o estudio.



González Fernández, Helena, *Códice Calixtino de Luz Pozo Garza*, Vigo: Xerais, col. Unha lectura de..., 1997, 36 pp. (ISBN: 84-8302-108-0).

Guía de lectura que se presenta estruturada en dez apartados. Antes de centrarse na análise da obra, Helena Fernández ocúpase do concepto de poesía e da semiótica, deténdose tamén na natureza do simbolismo e as estruturas simbólicas. Refírese tamén á tradición poética feminina, ó modelo rosaliano e ó seu peso na literatura de muller e traza unha breve traxectoria biográfica e literaria de Luz Pozo Garza. O estudio didáctico de *Códice Calixtino* céntrase nas súas liñas temáticas, na estrutura, na intertextualidade, no espacio, na integración doutras artes, da voz poética e do ritmo e as recorrencias. Incluí tamén unhas lecturas complementarias e unha pequena bibliografía.



Laiño Lorenzo, Carlos, *Eduardo Blanco Amor “Morte de mi Padre”*. Bases para o estudio e recuperación dun manuscrito inédito, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, nº 11, 11 marzo 1997, 87 pp. (ISBN: 84-89814-09-0).

Carlos Laiño (Vilardevós, 1952) describe os manuscritos, ata o momento depositados nunha carpeta na Biblioteca de Ourense. Amosa, servíndose de citas xornalísticas, como Blanco Amor pretendeu rematar unha obra moi importante en galego que quedou en proxecto e que quizais estes folios fosen o seu inicio. O editor explica a súa reconstrucción con varias notas filolóxicas. Alén diso Laiño lamentase do esquecemento que sofre a obra en castelán do autor de Auria. O manuscrito (do que se ofrece a versión creada polo editor) narra a historia dun rapaz marcado polo feito de ser fillo dun garda civil maragato e apelidado Expósito (por razóns obvias). O pai é trasladado de Ponte Barxa a Algeciras. Cando este fina, a nai (ourensá) retorna co fillo a Galicia.

Referencias varias:

-L. V., “Unha novela de Blanco-Amor perdida no camiño”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 122, 1 xullo 1997, p. 6. Céntrase nas palabras de Carlos Laiño Lorenzo, que considera que Galicia “maltratou” a Eduardo Blanco-Amor. O autor comenta as dificultades para reconstruí-la obra e pon de relevo a importancia de *Morte de mi padre*, así como e da conveniencia de realizar unha edición facsimilar. Finalmente salienta o feito de



que se perdese unha obra fundamental para as letras galegas porque non soubemos darlle ó seu autor “o que necesitaba para escribila”.



Liñares Giraut, X. Amancio (ed.), *O centenario de Castelao na lembranza, 1986. 1986 ano de Castelao*, Santiago de Compostela: Fundación Castelao, outubro 1997, 121 pp. (ISBN: 84-922417-1-3).

O volume está dividido en seis partes precedidas dunha “Cousa” manuscrita na que Avelino Pousa Antelo saúda a súa aparición e un “Retrinco” que o propio editor, como secretario da Fundación Castelao, traza os obxectivos do traballo e adianta proxectos futuros. As dúas primeiras son unha exhaustiva compilación de titulares sobre os aniversarios do nacemento e da morte de Castelao. Tamén se recollen algúns relativos ó alborear da fundación. Os xornais e revistas consultados limítanse case exclusivamente ó ámbito do estado español. A terceira parte trata sobre o Congreso Castelao de 1986. Reprodúcese a introducción de Justo G. Beramendi e Ramón Villares e o índice das actas tras apunta-lo valor referencial destes dous tomos para ulteriores investigacións. Tamén se inclúe unha escolma dos textos correspondentes ó estudio biográfico e á sesión inaugural. A cuarta sección subministra información sobre exposicións centradas, total ou parcialmente, na figura do autor de *Sempre en Galiza* e, respecto á organizada polo Ministerio de Cultura, transcríbese o catálogo e o prólogo de Javier Solana. Ademais, inclúe unha cronoloxía de Castelao. O quinto apartado recolle os libros e revistas que en 1986 trataron a figura deste escritor e unha copia dos poemas escritos nese ano aparecidos en *Coroa poética para Castelao* (1988), homenaxe ó coidado de Alonso Montero, e en *Castelao e Bóveda. Irmáns!* (1986). No derradeiro capítulo elabórase unha breve historia da fundación, ofrécese un listado dos seus compoñentes (explicitando os membros fundadores e a primeira



xunta rectora) e trázase unha panorámica vital de Ramón Martínez López e Avelino Pousa Antelo (os dous presidentes ata hoxe). Finalmente faíase referencia ás obras de David Otero e Henrique Monteagudo publicadas pola fundación, *Castelao corenta anos despois* (1991) e *De viva voz. Castelao: Conferencias e Discursos* (1997), respectivamente.

Recensións:

-Antón Fraguas Fraguas, “Aquel Castelao amigo”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 7 decembro 1997, p. XXIV. Fai referencia á publicación de *O centenario de Castelao na lembranza 1986*, onde se recollen tódalas actas do Congreso celebrado en 1986 ó redor da figura de Castelao. Presenta certos comentarios dalgunhas das persoas vinculadas a esta publicación, da que se espera que sexa punto de referencia nun dobre senso: como liña de chegada na que conflúan contribucións diversas sobre a vida e obra do rianxeiro e como forza que faga xermolar futuras investigacións ou achegar información que anoe ideas ata o de agora espaxadas ou agochadas. Tamén informa de que o libro de Liñares recolle estampas de calendario expostas en diferentes lugares e remata ofrecendo varias notas sobre Castelao, “unha das grandes personalidades” que produciu Galicia no século XX.



López, Teresa, *O neotrobadorismo*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Campus, nº 4, marzo 1997, 220 pp. (ISBN: 84-89138-72-9).

O estudio ábrese cunha introducción na que a autora manifesta o seu propósito de estudia-lo Neotrobadorismo “como unha proposta que recolle e actualiza, no plano da creación literaria a tradición lírica galego-portuguesa” e a súa vontade de cingirse ó estudio do Neotrobadorismo anterior a 1936, aínda que non obvia a produción literaria que os autores estudados desenvolveron despois desta data. No apartado “Panorama Crítico do Neotrobadorismo”, Teresa López realiza un percorrido pola produción crítica que o Neotrobadorismo ten suscitado e prestálle atención a cuestións cronolóxicas, terminolóxicas, e relativas á nómina de textos e autores. Baixo o epígrafe “Coordenadas do Neotrobadorismo” profúndase na relevancia do proceso difusor dos Cancioneiros e na súa importancia para a teorización nacionalista, e en “Neotrobadorismo e renovación poética” repárase na recepción crítica da obra de Bouza Brey dentro da controversia da época entre o auctóctono e o foráneo. Teresa López analiza os “Cantares d’ amigo”, de Carles Riba e o “Poemetto de vida”, de Johan Vicente Viqueira como os primeiros textos desta tendencia segundo un criterio cronolóxico, e detense na obra poética do portugués Afonso Lopes Vieira e na posibilidade de que actuase como modelo para o desenvolvemento dun Neotrobadorismo Galego. Logo de abordar con detalle a obra neotrobadorista de Fermín Bouza Brey e Álvaro Cunqueiro, analiza de xeito máis breve a de Juan Armada y Losada, Marqués de Figueroa; Eduardo Blanco Amor; Ricardo Carvalho Calero e Xosé Díaz Jácome. Conclúe cunha bibliografía dividida en textos literarios e textos críticos.



Referencias varias:

A. R., “Trobadores deste século”, *Tempos Novos*, nº 2, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 1997,

77. Nota que anuncia a publicación de *O Neotrobadorismo* (1997), froito da Tese de Doutoramento da profesora Teresa López, da que se di que recolle os autores máis destacados dentro da corrente poética iniciada a principios de século como C. Riba, J. Vicente Viqueira, Bouza Brey, Cunqueiro, J. Armada y Losada, Blanco-Amor, Carballo Calero ou Díaz Jácome.

-Carme Vidal, “Asistimos a unha revisión da nosa historia literaria na que aínda hai moitos valeiros”, *A Nosa Terra*, nº 785, “Guieiro Cultural”, 3 xullo 1997, p. 26. Con motivo da publicación de *O neotrobadorismo* a súa autora, Teresa López, fala nesta entrevista do movemento poético estudado no libro. Comenta entre outros aspectos a súa orixe, a súa recepción, a impropiedade de falar de poetas neotrobadorescos e os estudos feitos sobre esta corrente. Salienta a importancia da prensa para os estudos literarios e conclúe afirmando que os cancioneros están abertos a múltiples interpretacións en clave poética.



Maceira Fernández, Xosé M. (ed.), *Literatura na diáspora bonaerense. Antoloxía*, Vigo: AS-PG, col. A nosa literatura, nº 32, 1997, 325 pp. (ISBN: 84-89679-37-1). Ž

Volume que recolle mostras representativas da literatura na emigración e no exilio bonaerense, que se presentan en catro apartados: poesía, relato curto, teatro e ensaio. No apartado de ensaio recóllense: *Castelao escritor* (1950), “Nós”, publicado en *Terra* en 1923, e “Verbas nunha efemérides”, publicado en *Galicia* en 1932, de Eduardo Blanco Amor (Ourense, 1897-Vigo, 1979); “Política galega” e “As posibilidades do noso Estatuto despois da guerra”, de Ramón Suárez Picallo (Sada, 1894-Bos Aires, 1964) e “Primeiro Galiza” e “Verbas á mocidade galega”, de Emilio Pita (A Coruña, 1909-Bos Aires, 1981).



Martínez Pereiro, Carlos Paulo, *Hospital das letras. In(ter)vencións e ensaios literarios*, A Coruña: Espiral Maior, col. Ensaio, nº 10, febreiro 1997, 122 pp. (ISBN: 84-89814-07-4).

Neste traballo reúnen-se seis estudos de Carlos Paulo Martínez Pereiro, publicados ó longo do período 1985-1994, que atinxen tanto á literatura galega —cinco deles— coma á portuguesa —un. Catro destes traballos apareceron nos Extras da colección “A Nosa Cultura” da editorial A Nosa Terra: “Xente ao lonxe ou como ver o deserto nuns grans de area”, publicado en *Poema actual a Blanco Amor*; “Viaxe ao centro da Terra (Unha maneira de ler Otero)”, que apareceu en *A sombra imensa de Otero Pedrayo*; “Scórpido ou a moi intelixente caza-cruzada dun fantasma”, publicado en *Ricardo Carvalho Calero. A razón da esperanza*, e “Satanás. *História do diabo* ou a atracción das ambigüidades satánicas”, que apareceu en *Vicente Risco. Arredor de nós*. O quinto dos traballos reunidos neste volume, titulado “Predicción e proxección da narrativa actual” (formulado primeiramente como conferencia), pretende, partindo da produción literaria galega dos últimos vinte anos, ofrecer unha análise dos principais problemas cos que se enfronta a narrativa galega dos últimos anos.

Recensións:

-M^a Teresa Araújo García, “Carlos Paulo Martínez Pereiro, Hospital das letras: In(ter)vencións e ensaios literarios”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, nº 18, 2º semestre de 1997, pp. 166-168.



Comenta o volume *Hospital das letras: In(ter)vencións e ensaios literarios*, deténdose na estrutura do libro, no que se recollen seis estudos publicados entre 1985 e 1994 e nos contidos de cada un deles.

Referencias varias:

A. R., "Vieiros para a (re)visión", *Tempos Novos*, nº 0, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", abril 1997,

79. Nota que fai referencia á publicación de *Hospital das letras* que, segundo o autor, vén ser unha "revisión analítico-literaria" de escritores como Blanco-Amor, Otero Pedrayo ou Risco que "consegue atrapar ó lector coa súa rupturista e provocativa lectura do porvir narrativo galego".



Portela, Xesús, Johan Carballeira. Poeta, xornalista, político. O valedor dos homes do mar, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na historia, nº 9, 1997, 65 pp. (ISBN: 84-7680-250-1).

O redactor xefe do *Faro de Vigo* fornécenos da biografía dun persoeiro representativo da Galicia de preguerra: José Gómez de la Cueva. Resalta o feito de que empregase varios pseudónimos, como Xan da Ramorta ou Johan Carballeira, polo que foi xeralmente coñecido e que estreou en xullo do 27 nas páxinas de *El Pueblo Gallego*. Xesús Portela aborda brevemente a infancia e xuventude deste personaxe, nado en 1902, e centráse no período creativo. Comenta os seus comezos poéticos nas páxinas do *Faro de Vigo*, labor que continuará en revistas como *Resol*, *Cristal*, *Ronsel*, *Erte*, *Nós*, a bonaerense *Céltiga* e xornais como *Galicia* e *El Pueblo Gallego*. Tamén atende Portela á súa faceta xornalística, onde destacou como entrevistador e pola denuncia das penurias en que vivían as clases baixas. Aborda tamén o seu labor como político e as circunstancias que conduciron ó seu fusilamento en abril de 1937. Portela repasa as numerosas iniciativas con que diversos colectivos bueuenses, nomeadamente os vencellados ó nacionalismo de esquerdas, tentan, nos últimos anos, honra-la memoria deste insigne veciño. A obra, que se fecha cunha cronoloxía da vida de Carballeira, conta con máis de cincuenta fotografías, entre outras ilustracións.



Recensións:

-Salvador Rodríguez, “Reivindicación dun tempo esquecido”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 29, 25 outubro 1997, p. 7. Recolle as declaracións de Xesús Portela, autor da obra, nas que manifesta os motivos que o levaron a estudar a Carballeira. Achéganos datos biográficos fundamentais deste alcalde galeguista de Bueu, fusilado durante a Guerra Civil, así como as innovacións que trouxo á prensa da época.

-M. Blanco Rivas, “Un xornalista comprometido co seu tempo”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 33, 22 novembro 1997, p. 5. Despois de se referir a que Johan Carballeira é o heterónimo de José Gómez de la Cueva, e de salienta-la súa faceta xornalística e política ata o seu fusilamento no 1936, explícase cómo nos últimos anos se foi recuperando a súa memoria a base de diferentes actos: deuse o seu nome a un Instituto e a unha rúa, creouse unha asociación, etc. Finaliza referíndose á biografía que recolle o xornalista Xesús Portela neste libro e fai un pequeno percorrido pola vida de J. Carballeira.

-X. Mª de Castro Erroteta, “Memoria e soños”, *A Nosa Terra*, nº 807, “Guieiro Cultural”, 4 decembro 1997, p. 23. Comentario conxunto sobre as obras *Johan Carballeira. Poeta, xornalista, político. Valedor dos homes do mar* e *Iria e a lúa*, confeccionadas por dous autores do Morrazo, Xesús Portela e Oli, respectivamente. Informa de que o primeiro deles é unha biografía sobre o militante galeguista e alcalde de Bueu, José F. Gómez de la Cueva, que pasaría á historia da nosa literatura co heterónimo de Johan Carballeira. Destaca os dous apartados finais, que lle produciron “arrepío” e as ilustracións contidas, que axudan a contextualiza-lo texto no Bueu dos anos 20 e 30. Recomenda finalmente que en próximas edicións debería aparecer unha pequena escolma do traballo poético, narrativo e periodístico de Johan Carballeira. Sobre o segundo libro, *Iria e a lúa*, presenta o seu argumento e opina que o conto ten imaxinación, bo gusto e moito lirismo. Resalta as súa posible rendabilidade nas aulas e o orixinal traballo ilustrativo de Fino Lorenzo.



Referencias varias:

-T. C., “Amigos de Johan Carballeira” presentará este viernes el libro de Jesús Portela”, *Faro de Vigo*, 4 novembro 1997, p. 19. Noticia sobre a presentación do libro *Johan Carballeira*, que celebrará a asociación Amigos de Johan Carballeira na Casa de Cultura de Bueu. Indícanse as persoas que van participar no acto; alúdese tamén á pretensión de instalar no porto un monumento ó escritor e de organizar un concurso de poesía e debuxo e unha exposición sobre Bueu nos anos trinta, conmemorando o sesenta aniversario do fusilamento de Carballeira.

Álvaro Agulla, “El viernes se presenta en la Casa de Cultura el libro biográfico de Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 4 novembro 1997, p. 16. Noticia que informa da presentación da obra *Johan Carballeira. Poeta, xornalista, político. Valedor dos homes do mar*. Destácase o feito de que se tratase dunha biografía do escritor que chegou a ser alcalde de Bueu e morreu fusilado durante a Guerra Civil. Incídese no feito de que no libro se relata a vida de Carballeira chegando á súa repercusión actual e recóllense as palabras do presidente da asociación Amigos de Carballeira, que participou na presentación.

Álvaro Agulla, “La Casa de Cultura acoge la presentación del libro biográfico de Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 7 novembro 1997, p. 14. Anúnciase o acto de presentación do libro de Jesús Portela sobre a figura de Johan Carballeira, que contará coa presenza de Manuel Fazáns, Antón Mascato e do propio Portela. Comunícase que coa compra deste volume se contribuirá á campaña a prol do monumento dedicado a este ex-alcalde galeguista de Bueu.



-Álvaro Agulla, "Xesús Portela lamentó el "olvido" al que se sometió a la figura de Carballeira", *Diario de Pontevedra*, 9 novembro 1997, p. 16. Coméntase o acto de presentación da obra que Ir Indo vén de publicar co título *Johan Carballeira. Poeta, xornalista e político. Valedor dos homes do mar*. Recóllense as palabras do autor nas que resalta o feito de que este volume vai axudar a coñecer-la obra e figura deste galeguista. Tamén se citan os agradecementos de Portela a tódolos que lle axudaron na confección do libro e ós que traballan na dignificación da memoria de José Gómez de la Cueva, nome real do homenaxeado.

-José Ruiz Guirado, "Pincelada sobre Johan Carballeira", *Diario de Pontevedra*, "Recalada", 9 novembro 1997, p. 16. Neste comentario Ruíz Guirado considera que *Johan Carballeira. Poeta, xornalista, político, valedor dos homes do mar*, de Xesús Portela, contribuirá á recuperación da memoria colectiva.

-Álvaro Agulla, "La figura y obra de Carballeira es una de las que merece la pena recuperar", *Diario de Pontevedra*, 14 novembro 1997, p. 20. Con motivo de presentación do libro *Johan Carballeira. Poeta, xornalista e político. Valedor dos homes do mar*, entrevístase ó seu autor, Xesús Portela, quen fala do proceso de elaboración do libro, das fontes ás que acudiu e das intencións que busca coa súa publicación. Polo demais, realiza unha semblanza humana, política e xornalística de Johan Carballeira.



Rábade Paredes, Xesús, *Os outros feirantes de Álvaro Cunqueiro*, Vigo: Xerais, col. Unha lectura de...., 1997, 43 pp. (ISBN: 84-8302-107-2).

Análise de *Os outros feirantes* que se estrutura en cinco apartados. A “Noticia biobibliográfica” do inicio achéganos unha detallada biografía de Álvaro Cunqueiro, ademais dun listado das súas obras en castelán e das publicacións periódicas nas que colaborou. En “O autor e a súa obra”, Xesús Rábade Paredes céntrase na obra galega do mindoniense e describe as características da lírica, da narrativa e do teatro cunqueiriano. O terceiro apartado, “Cunqueiro na tradición contística galega”, é un percorrido pola historia e a evolución do noso relato breve, tentando situar ó autor no privilexiado lugar que lle corresponde dentro deste eido. De seguido, Rábade estudia polo miúdo *Os outros feirantes*, comenta as características estilísticas, a estrutura da obra, a modalidade narrativa, as coordenadas espacio-temporais, o “mundo representado” e as “estratexias equilibradoras” empregadas por Cunqueiro. O estudio péchase con doce textos xa publicados con anterioridade, de críticos literarios galegos e estranxeiros, referidos a diversos aspectos da obra do autor de Mondoñedo. Esta monografía preséntase con amplas marxes que facilitan a inclusión nas mesmas de documentación gráfica referida á vida e á obra de Álvaro Cunqueiro, ademais de definicións de conceptos teóricos empregados no texto.



Real Academia Galega, *Diálogos con Rosalía. Discurso da académica electa*
Ilma. Sra. Dona Luz Pozo Garza lido no acto da súa recepción pública o día 29 de
novembro de 1996. E resposta do Ilmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero, A Coruña:
 Deputación Provincial da Coruña, 1997, 146 pp. (ISBN: 84-89652-30-9). Ž

Comeza co apartado “Exordio e Lembranza” no que Luz Pozo se dirixe ós académicos e refírese á súa condición de muller, feito que na Real Academia Galega conta co precedente único de Olga Gallego. Ten palabras de lembranza tamén para Xosé Trapero Pardo, a quen ela substitúe e de quen realiza unha breve semblanza. Logo do apartado “Pórtico”, cun poema intimista no que insiste no paso do tempo, a académica comeza un percorrido por algúns aspectos da vida e obra de Rosalía de Castro, intercalando o discurso con poemas da súa propia autoría. Así, en “Falando a Rosalía”, apunta cara ó misterio e as incertezas sobre a condición humana. Os apartados “Verbas a Rosalía”, “O diálogo coa nai” e “Confidencias a Rosalía” teñen como centro a conexión íntima entre a poeta ribadense e Rosalía. En “A fábula da vida” sublíñase que “a escrita rosaliana e a propia sustancia vital transmutada en palabras” e en “Negra Sombra” reflexiona sobre o desacougo e á obsesión da “Negra Sombra” con algunhas das interpretacións das que ten sido obxecto. Así mesmo, nos seus respectivos apartados afonda sobre a noite (onde sinala semellanzas con Baudelaire), a nostalxia do pazo e o mar (coa referencia concreta á vila de Carril). Na correspondente resposta do profesor Xesús Alonso Montero destácase o ingreso dun literato e lémbrese a vinculación especial da Real Academia coa lingua. Fai referencia tamén ó primeiro libro da académica electa, *O paxaro na boca*, e considera que non



se lle fixo a debida xustiza; detense nas vinculacións de Luz Pozo coa poeta padronesa e cita a aqueles que leron igualmente o seu discurso de ingreso sobre Rosalía. Destaca, así mesmo, a singularidade que supón un discurso con máis de mil versos e pon de relevo a idoneidade da interpretación dos textos por parte doutros poetas.



Ríos, Xulio, Plácido Castro. *Humanista, liberal, cosmopolita: símbolo da universalidade do nacionalismo galego*, Vigo: Ir Indo, col. Galegos na Historia, nº 8, 1997, 64 pp. (84-7680-248-X).

Biografía do nacionalista Plácido Castro na que destaca a súa faceta de traductor de poesía en lingua inglesa sobre todo de Christina Rossetti, Yeats e Masfield entre outros. Tamén traduciu, en colaboración cos irmáns Villar Ponte, dous dramas de W. B. Yeats, *A catuxa de Houlihan* e *O país da saudade*. Ademais, son numerosos os seus artigos sobre a lingua, a arte, e, maiormente, cuestións nacionais, nos que compara a situación de Galicia coa de Irlanda. Pouco antes do seu pasamento publica na revista *Grial*, no número 8, a tradución galega de *Os Rubáiyát* de Omar Khayyám, poeta persa do século XI, a partir dunha versión inglesa de Edward Fitzgerald, que estaba moi de moda na Gran Bretaña e que foi moi loada naquela altura en Galicia.

Referencias varias:

-C. Escrigas, "Plácido Castro: a voz que non calou", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 178, 25 setembro 1997, p. 8. Apoiándose no estudio de Xulio Ríos, realízase un percorrido pola biografía de Plácido R. Castro, abordando a súa anglofilia e o seu compromiso galeguista con postos de responsabilidade no Partido Galeguista, ó que representou no IX Congreso de nacionalidades europeas de Berna en 1933. Refírese



tamén ó truncamento do seu traballo por mor da Guerra Civil e á súa condición de locutor da BBC nas súas emisións en galego.

-Miguel Anxo Martínez, “Cambados acolle a presentación do libro biográfico de Plácido Castro del Río”, *Faro de Vigo*, 19 xullo 1997, p. 24. Anuncia a presentación do libro de Xulio Ríos, quen se referiu á brevidade da obra e ó triple compromiso do biografado con Galicia, a democracia e a liberdade e a concepción humanista e universalista do mundo. Ademais recóllense as palabras do editor Antonio Mascato referíndose á necesidade de que os concellos lideren un movemento de recuperación histórica dos persoeiros da nosa cultura; de Antonio Raúl de Toro, que sinalou o papel das colaboracións xornalísticas de Castro del Río como ponte entre a cultura británica e o celtismo; de Fernández del Riego, que apuntou que o cambadés tiña un concepto claro do nacionalismo e de Susi Castro, que lembrou a paciencia e sinceridade de seu pai.



Rodríguez, Pablo, Manuel Lourenzo. *Vivir para o teatro*, prólogo de Laura Tato, Santiago de Compostela: Uvegá Teatro, col. “10 anos de teatro”, 1997, 135 pp. (D. L.: C-1525-1997).

Esta obra pretende ser unha homenaxe do mundo do teatro a Manuel Lourenzo. No prólogo, Laura Tato fai unha breve semblanza da importancia desta figura para as nosas artes escénicas, caracteriza tematicamente as súas pezas teatrais e repasa as diversas influencias recibidas polo autor de Ferreira do Valadouro. Pablo Rodríguez (Entrimo, 1969) presenta este traballo como “unha primeira incursión na traxectoria artística da obra dun dos máis significativos dramaturgos e directores do teatro galego contemporáneo”. A seguir, comeza unha detallada “Cronoloxía da súa obra (1943-1997)” na que se fai un seguimento detallado da súa actividade artística e creadora, complementado con abondoso material gráfico recollido do seu arquivo persoal. “Debuxos e deseños” é un achegamento á obra plástica de Lourenzo que inclúe deseños escenográficos e de figurinos, ademais dunha serie de dezasete debuxos. Na escolma de textos reproducense fragmentos das seguintes obras, xa publicadas con anterioridade: *Traxicomedia do vento de Tebas* *namorado dunha forza (auto para políticos e músicas)* (1981), *Todos os fillos de Galaad* (1981), *Defensa de Helena* (1987), *Xoana* (1991), *Forno de Teatro Fantástico. O soño das cidades* (1991), *Teatro mínimo* (1992), *Electra* (1979), *O perfil do crepúsculo* (1995), *A sensación de Camelot* (1995), *A Lexión sonámbula* (1995), e *Veladas indecentes* (1996). Finalmente, ven a luz por primeira vez o conto “Lux in tenebris” co que gañou o Premio de



Narrativa Pub Combo no 1992, e a peza teatral *A estratéxía do narco*, estreada en Cervo (Lugo) o 7 de agosto de 1996, ata o de agora inédita.

Referencias varias:

-S. C., “Un libro resume os trinta anos de paixón teatal de Manuel Lourenzo”, *O Correo Galego*, 26 novembro 1997, p. 44. Comentario sobre a presentación na Galería Sargadelos de Santiago do libro *Manuel Lourenzo, un home de teatro*, realizado por Pablo Rodríguez, coa colaboración de Vicente Montoto. Recóllense declaracións de Pablo Rodríguez quen considera a obra “punto de partida da investigación da literatura dramática”, “resumen de 30 anos do teatro galego” e comenta que a obra “se centra na traxectoria vital de Lourenzo que abrangue tódalas facetas relacionadas co feito dramático, dende a dirección, ata o propio deseño de escenas ou vestiarios”. Tamén se recollen os comentarios de Vicente Montoto centrados nas motivacións que fixeron xurdi-lo texto que recolle o traballo de Manuel Lourenzo. Finaliza o escrito coas declaracións de Manuel Lourenzo que amosan a súa satisfacción polo traballo realizado sobre a súa obra.



Rodríguez Vega, Rexina, *Álvaro Cunqueiro: Unha poética da recreación*,

VI Premio de Investigación Ricardo Carvalho Calero 1995, A Coruña: Edicións

Laiovento, col. Ensaio, nº 85, abril 1997, 103 pp. (ISBN: 84-87847-92-7).

O estudio pretende “trazar un panorama dos diferentes niveis de complexidade e implicación que a absorción da palabra allea plantexa na novela de Álvaro Cunqueiro” (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981). Ábrese cunha introducción que comenta o propósito do libro, profundar na dimensión intertextual da novela cunqueirana, e precisa a definición dalgúns dos conceptos da terminoloxía genettiana que emprega Rexina Rodríguez na súa análise. O estudio divídese en tres partes. A primeira, “A cita e a alusión”, dá conta das diversas formas da representación do discurso alleo dentro do detalle, e das posibles funcións que cumpren na estratexia narrativa do escritor mindoniense; a segunda, “A imitación dos xéneros”, céntrase nos hipertextos, na transformación de textos mediante a operación mimética; a terceira parte, “A transformación de textos singulares”, fala da parodia e dos procedementos paródicos que aparecen na súa narrativa. Segue unha breve conclusión que recolle todo o anterior e sinala o xogo de intertextualidade que caracteriza a poética de Álvaro Cunqueiro. O libro péchase cunha bibliografía sobre o autor.

Recensións:

-A. R., “A metaliteratura cunqueirana”, *Tempos Novos*, nº 2, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 1997, p. 77.



Dá noticia da publicación de *Álvaro Cunqueiro. Unha poética da recreación*, de Rexina Rodríguez Vega, especialista na obra do autor que aborda nesta ocasión “o complexo universo metaliterario do escritor mindoniense” a través da análise da cita e da alusión e da revisión da imitación dos xéneros. Menciona tamén que esta obra mereceu o Premio de Investigación Ricardo Carballo Calero 1995.

-María Xesús Nogueira, “O hipertexto cunqueiriano”, *Grial*, nº 136, Tomo XXXV, outubro-novembro-diciembre, 1997, 671-673. M^a Xesús Nogueira achéganos á obra de Rexina Rodríguez Vega *Álvaro Cunqueiro: Unha poética da recreación*. Sinala que no marco teórico proposto por Gérard Genette, Rexina Rodríguez analiza a “poética de recreación” cunqueiriana profundando na dimensión intertextual da súa novelística. En palabras da autora, Rexina Rodríguez Vega realizou un traballo “necesario” onde “combina o rigor e a claridade expositiva” e achega “interesantes” lecturas e interpretacións. Lamenta algunha “ausencia notable na bibliografía recente” e manifesta a súa “sorpresa” pola limitación do estudio ó campo da novela, deixando fóra a narrativa curta



Roig Rechou, Blanca-Ana (coord.), *Informe de literatura 96*, Santiago de Compostela: Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias “Ramón Piñeiro”, 1997, 675 pp. (ISBN: 84-453-2083-1).

Nova entrega do *Informe de Literatura* elaborado por bolseiros e colaboradores externos do Centro para a Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro, que supón a continuación do proxecto que naceu no ano 1996 co propósito de facilitar unha bibliografía comentada da produción literaria anual e un material de consulta e documentación á comunidade investigadora e ó público interesado na literatura galega en xeral. Ábrese o *Informe de 1996* cunhas palabras do Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria e cunha presentación do Director Técnico de Literatura do Centro Ramón Piñeiro, Anxo Tarrío, nas que se refire ós obxectivos perseguidos e á metodoloxía empregada. Segue unha “Nota Previa” da coordinadora na que se explica a estrutura do volume. Inclúense tamén nas páxinas iniciais uns gráficos estatísticos da produción nos distintos apartados, que pretenden constata-lo número de publicacións nos diferentes xéneros e a atención prestada polos xornais e revistas ó feito literario de expresión galega. O volume consta dos seguintes apartados xerais: “Narrativa”, “Poesía”, “Teatro”, “Día das Letras Galegas”, “Ensaio. Teoría Xeral. Crítica”, “A literatura infantil e xuvenil”, “Literatura de transmisión oral”, “Revistas”, “Premios” e “Literatura Medieval”, cos engadidos, en relación co *Informe do 95*, dos apartados “Clásicos greco-latinos traducidos”, “Folletos de Novidades Editoriais” e “Apéndice Libros 1995”. Pechan o libro un “Índice Onomástico” e un “Índice Temático”.



Referencias varias:

-AGN, "Currás presentó el 'Informe de Literatura 1996' del Centro Ramón Piñeiro", *Diario de Pontevedra*, 5 de decembro, p. 27. Información da presentación da obra. Cítanse os participantes, dáse unha biografía da publicación, da súa estrutura e salientase o feito de que en termos absolutos fose o ensaio o que rexistrou máis incremento. Destácase o incremento de títulos literarios e anúnciase a súa próxima aparición en soporte informático. Neste mesmo artigo inclúese unha información relativa á Real Academia Galega que se refire á decisión da súa directiva de realizar un estudio sobre a situación financeira da institución, ademais da intención do Presidente desta entidade de solicitar da Xunta unha partida económica permanente

-S. C., "O 'Informe de Literatura 1996' confirma a especial sensibilidade de 'O Correo e 'El Correo' co sector"/"O 'Informe de Literatura 1996' confirma o liderato de 'O Correo' e de 'El Correo'", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 5 decembro 1997, p. 53/p. 15. Dá noticia da presentación do *Informe de Literatura 1996*, realizado polos bolseiros e colaboradores externos do Centro de Investigación Ramón Piñeiro e coordinado por Blanca-Ana Roig, que tivo lugar no Clube Internacional de Prensa de Compostela. Despois de mencionar brevemente os contidos do libro, salientase que *O Correo Galego* e *El Correo Gallego* son os dous xornais con máis publicacións en recensións e estudos, así como en noticias referentes á literatura. Remata enumerando a algúns dos asistentes ó acto.

-C. d. U., "Escáner' da creación literaria", *O Correo Galego*, "O Correo da Universidade", 10 decembro 1997, p. 9. Dáse noticia dos contidos do *Informe de Literatura Galega 1996*. Faise unha síntese sobre a estrutura do libro e destácase o feito de que o ensaio e a novela sexan xéneros predominantes no panorama literario galego. Recóllense tamén as declaracións de Anxo Tarrío, Director Técnico de Literatura do Centro, que



comentou que o Informe “cobre de xeito pioneiro as necesidades da metodoloxía do estudio da literatura” e anúnciase a publicación do próximo volume en soporte informático.

-Raúl Álvarez, “El ‘Informe de Literatura 1996’ se distribuirá por Galicia como material de consulta”, *ABC Galicia*, 5 decembro 1997, p. 56. Dáse noticia sobre a presentación do *Informe de Literatura 1996*, que tivo lugar no Clube Internacional de Prensa en Santiago. En primeiro lugar ofrécese a relación de asistentes ó acto, entre os que se encontraban Manuel Regueiro, Director Xeral de Política Lingüística e Anxo Tarrío, Director Técnico de Literatura no Centro de Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro. A continuación faise uha síntese da estruturación e contidos do libro, destacando os obxectivos do mesmo, como o de “facilitar un material de consulta e de documentación á comunidade investigadora e ó público en xeral”.

-Xoán Álvarez, “El ensayo y la narrativa centraron la creación literaria gallega durante 1996”, *El Ideal Gallego*, 5 decembro 1997, p. 34. Faise eco da presentación do *Informe de Literatura 1996*. Salienta o crecemento do ensaio, describe a composición do volume, enumera os presentadores e sintetiza o contido das súas intervencións.

-AGN, “Las publicaciones de narrativa infantil disminuyeron en Galicia el año pasado”, *Atlántico Diario*, 9 decembro 1997, p. 32. Faise unha descrición cuantitativa da produción literaria galega destinada a un receptor infantil, baseándose nos datos que achega o *Informe de Literatura 1996*. Compárase o número de obras publicadas en 1996 en cada un dos xéneros coas que saíron do prelo en 1995. Saliéntase o forte pulo que experimentou a literatura foránea versionada á nosa lingua, así como o grande desequilibrio que se detecta entre a narrativa e os outros dous xéneros canónicos, poesía e teatro, en canto ó número de novos títulos.



Rosales, Manuel, *A narrativa de Castelao. Xénese e desenvolvemento*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Estudos e investigacións, 1997, 274 pp. (ISBN: 84-7824-297-X). Ž

O libro é a adaptación da tese de doutoramento que Manuel Rosales presentou en 1992 na Universidade de Santiago baixo o título *Xénese e desenvolvemento da narrativa de Castelao (1909-1934)*. Segundo afirma na introducción pretendeu estudia-la obra narrativa de Castelao dende dúas perspectivas de análise: a xénese e o desenvolvemento, que atenden respectivamente ás coordenadas ideolóxicas e sociais que subxacen nos seus textos e a literariedade dos mesmos, para así situar ó escritor rianxeiro como figura clave na transición do conto decimonónico ó moderno e na constitución da prosa narrativa galega. Pon de manifesto a súa intención de buscar un sentido novo á obra de Castelao entendéndoa como produto histórico na que está presenta a tradición, as estruturas básicas da narración e a “verificación dun especial estilo narrativo”. O libro divídese en dúas partes. Na primeira delas sitúase a Castelao no nacionalismo culturalista daquela época dando conta do seu compromiso, analízase a relación arte-literatura e resáltase o modelo estrutural e compositivo da narrativa xunto á interacción da traxectoria vital na xénese da súa obra. A segunda parte analiza os aspectos máis destacados da súa narrativa, tales como a estruturación, o humorismo, a narrativa breve e a narrativa longa. Péchase o estudio cun apartado de conclusións e unha bibliografía que recolle unha escolma da obra de Castelao así como dos estudos a el dedicados.



Recensións:

-Xavier Castro R., "A narrativa de Castelao", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 20 xullo 1997, p. VII. Con motivo da publicación de *A narrativa de Castelao*, de Manuel Rosales, sinálanse esta obra que supón un punto de reflexión para o estudioso e afirmase que o auxe do xornalismo e as revistas gráficas supuxeron un apoio moi importante para a difusión do conto e da novela. Por último coméntase a estrutura en dous grandes bloques que presenta a obra: a xénese onde se afronta o texto como produto dunha creación-actuación social e o "desenvolvemento" onde o que interesa é a súa "literariedade".



Ruíz Ojeda, Victoria, *A Esmorga de Eduardo Blanco-Amor*, Vigo: Xerais, col. Unha lectura de..., 1997, 51 pp. (ISBN: 84-8302-106-4).

O estudio ábrese cunha introducción de Victoria Ruíz Ojeda na que xustifica a aparición desta “Guía de Lectura”. Na primeira parte, “Contexto histórico e cultural”, analízanse as graves consecuencias que tivo a Guerra Civil para a nosa cultura. Céntrase no exilio, do que nos achega un listado de persoeiros galegos na diáspora e dos países que os acolleron. Distingue tres etapas no exilio: 1939-1950, 1950-1962 e 1962-1975, que se corresponden con diferentes períodos do réxime franquista. A seguir, inclúese unha biobibliografía do autor ourensán que remata cunha contextualización da súa obra narrativa dentro da literatura galega do momento. A terceira parte, “Guía de lectura”, é un estudio de *A Esmorga* (1959) no que se aborda a historia das diversas edicións dende a súa aparición no 1959, descríbese o argumento e a temática, a modalización narrativa, as coordenadas espaciais e temporais, caracterízanse os personaxes e apúntanse algúns trazos da lingua e do estilo do autor de *Xente ao lonxe* (1972). Péchase esta monografía con sete textos recollidos de obras publicadas por varios críticos literarios galegos nos que se poden le-las súas opinións sobre esta novela. Nas marxes deste traballo inclúese abundante documentación gráfica referida a Eduardo Blanco Amor, así como o tratamento de diversos aspectos e personaxes complementarios para entender mellor a obra.



Rus Gascón, Pilar, *Imaxe do mundo en Eduardo Blanco Amor. A muller, o conflito social e os marxinados*, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. Campus, nº 5, xullo 1997, 399 pp. (ISBN: 84-89138-86-9).

Volume estruturado en catro apartados nos que a autora fai unha análise sociolóxica sobre catro obras de Blanco Amor: *La Catedral y el niño* (1948), *Los Miedos* (1963), *A Esmorga* (1959) e *Xente ao lonxe* (1972). O libro pretende ser “unha aproximación social da narrativa de Blanco Amor poñendo especial interese no feminismo dalgúns personaxes”. En cada un dos apartados analízase a realidade persoal e social dos personaxes protagonistas das diferentes novelas que teñen en común estar situadas na Galicia da época da Restauración. O universo blancoamoriano destes relatos é estudiado dende unha perspectiva feminista e dáselle especial relevancia “ao feminismo admirábel do autor, sen que haxa que pensar que este sexa resultado da súa homosexualidade”.

Recensións:

-Carlos Casares, “Anotacións persoais a un libro sobre Eduardo Blanco Amor”, *Grial*, nº 133, Tomo XXXV, xullo-agosto-setembro, 1997, pp. 429-434. Carlos Casares responde as acusacións feitas por Pilar Rus Gascón na súa obra, onde o define como “un dos terxiversadores da personalidade e a literatura blancoamoriana”. Para o autor “resulta inaceptable” que nunha obra inscrita no ámbito dos estudos universitarios, “só se acepten como certas e xustas as



palabras favorables, descualificando as outras cunha furia acusatoria que parece máis propia dun libelo ou dun panfleto que dunha obra de investigación”.

-Rodri García, “Os que criticaron a Blanco Amor viven das súas obras”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 133, 16 setembro 1997, p. 6. Rodri García informa da publicación de *Imaxe do mundo en Eduardo Blanco Amor*, de Pilar Rus Gascón (profesora da Universidade de San Diego). Esta critica a Álvarez Blázquez, Carlos Casares, Fernández Freixanes e Méndez Ferrín polos seus ataques contra Blanco Amor, agora esquecidos e dos que xa non fan gala. Tamén lamenta o silencio no que se manteñen ou ó que están sometidos os que o apoiaron, como Francisco Rodríguez, Pilar Vázquez Cuesta ou Manuel María. O recordo das bulras que Blanco Amor sufriu a causa da súa opción sexual e a mención á axuda incondicional de Paz-Andrade completan o artigo.

-F. P. Lorenzo e M. Moreno, “A esmorga das conciencias”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 184, 6 novembro 1997, pp. 4-5. Os autores do artigo critican o esquecemento no que está sumida a figura de Blanco Amor no centenario do seu nacemento. Comentan que as causas deste premeditado olvido están na oposición do autor ourensán á cultura oficial así como na ausencia de prexuízos durante a súa vida. Recensionan as publicacións que pretenden cubrir en parte “o ermo deste ignorado centenario”: *Imaxe do mundo en Eduardo Blanco Amor. A muller, o conflito social e os marxidados*, de Pilar Rus Gascón e *Morte de mi padre. Bases para o estudio e recuperación dun manuscrito inédito*, de Carlos Laíño Lorenzo. Achéganos un resumo do contido destas obras.



Referencias varias:

-Alberte Soto Soto, "Otras letras", *Qué leer*, nº 16, "Actualidad", novembro 1997, p. 37.
Ver Novo, Isidro, *Carne de can* no apartado correspondente deste *Informe*.



Tarrío Varela, Anxo, *Escrito en Compostela*, limiar de Xosé Manuel Rey Nóvoa, Santiago: El Correo Gallego/Consortio de Santiago, abril 1997, 158 pp. (ISBN: 84-8064-064-2).

Selección de cento trinta e nove artigos que viron a luz en *El Correo Gallego* e en *O Correo Galego* entre os anos 1989 e 1995. O director do xornal compostelán, Xosé Manuel Rey Nóvoa, sinala que o autor escribe con paixón e obxectividade e destaca a presenza dos valores da persoa e da dignidade como centro do universo literario do profesor compostelán. Refírese, ademais, á súa xenerosidade e cordialidade, cita algúns dos méritos da súa traxectoria investigadora e considera que *Escrito en Compostela* dá fe “da intelectualidade, da preparación e do talento dun dos valores máis sólidos da nosa cultura nos albores dun novo milenio”. Os artigos aparecen agrupados en sete apartados: “Sempre en Santiago”, “Unha pinga de cor e un suspiro de música”, “Arredor da política”, “De letras”, “Arredor da lingua”, “De Melancolía”, “Profundando”, “Relatos literarios ou algo parecido” e “E, por fin... *O Correo Galego*”.

Referencias varias:

-S. C., “Escrito en Compostela’: o devalar da Galicia posible”/“Anxo Tarrío recupera páxinas para a historia de Galicia nun novo libro, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 13 maio 1997, p. 34/p. 11. Informa da presentación do volume *Escrito en Compostela*, de Anxo Tarrío, no Pazo de Bendaña. A continuación, describe os contidos do libro, dividido en varios apartados, segundo os temas dos artigos.



Remata cunha breve alusión ós apartados “Galicia posible” e “Como diciamos onte”, nos que se inclúen as opinións do catedrático e escritor Anxo Tarrío sobre *O Correo Galego*.

-S. C., “Tarrío reinventa a cidade en ‘Escrito en Compostela’/“Anxo Tarrío amosa o seu amor pola cidade en ‘Escrito en Compostela”, *O Correo Galego/El Correo Galego*, 15 maio 1997, p. 43/p. 14. Informa da presentación, no Pazo de Bendaña, do libro do profesor Anxo Tarrío titulado *Escrito en Compostela*. Trátase, segundo o articulista, dun volume que recolle os artigos publicados polo autor entre 1990 e 1995 tanto en *El Correo Gallego* coma en *O Correo Galego*.

-Alfredo Conde, “A ollada do lector que se entrega ó seu placer”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 19 maio 1997, p. 48/p. 4. Refírese á lectura, durante o acto de presentación do libro, do relato escrito co gallo da morte de Audrey Hepburn e pono como exemplo de beleza espida que se pode atopar nos artigos literarios fermosos.



Tato Fontaiña, Laura, *Teatro galego 1915-1931*, Santiago de Compostela:

Edicións Laiovento, col. Ensaio, nº 89, xuño 1997, 291 pp. (ISBN: 84-87847 96-X).

Este libro é un extracto da Tese de Doutoramento de Laura Tato, titulada “O teatro galego e os coros populares (1915-1931)”. Preséntase co propósito de recompoñer-la accidentada historia do teatro na Época Nós. O estudio comeza por analiza-lo labor dos continuadores da “Escola Rexional” durante os anos 1915 e 1918 salientando que se trata do momento no que se recuperan as actividades dramáticas seguindo a ideoloxía rexionalista que subxace nun sector da sociedade. Céntrase logo na época das Irmandades da Fala (1919-1923), coas que se abre unha nova etapa no teatro galego na que sobrancean a creación do Conservatorio Nacional da Arte Galega e a aparición do Cadro Universitario dirixido por Armando Cotarelo. Finalmente refírese á dictadura de Primo de Rivera (1923-1931), momento que supón un retraemento nas actividades teatrais que se estaban a desenvolver. Dedícase tamén un capítulo a salienta-la importancia do dueto profesional Malvar-Vidal, formado polo pontevedrés Ricardo Vidal Vázquez e a arxentina Obdulia Gómez Rodríguez, que comezaron a súa andaina polos escenarios de Galicia nos anos 20. No apartado “Teorizacións e polémicas” recóllense as diferentes propostas sobre as necesidades do teatro galego verquidas do seu tempo por Leandro Carré Alvarelos, Xosé G. Posada Curros, Galo Salinas ou Álvaro de las Casas, así como a enquisa levada a cabo pola publicación viguesa *Vida Gallega*, co título “¿Que opina usted acerca del teatro gallego?”, na que participaron coa súa opinión Avelino Rodríguez Elías, Manuel Lustres Rivas, Manuel



Lugrís Freire, Xesús San Luís Romero, entre outros. Por último inclúe un capítulo de conclusións, unha relación das obras representadas nos anos que abrangue o estudio, unha bibliografía e un índice onomástico.

Recensións:

-M. Quintáns S., “Os camiños do teatro galego de 1915 a 1931”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 31 agosto 1997, p. VI. Insire a obra de Laura Tato dentro do grupo de libros que saen do prelo como froito da reelaboración dunha tese de doutoramento, salientando a minuciosidade dos datos que presenta. Describe a estrutura deste ensaio e indica que a metodoloxía é “descriptivo-expositiva”. Finalmente, cualifica o traballo de “imprescindible” para quen se achegue á historia do noso teatro.

Referencias varias:

35. Alberte Soto Soto, “Otras letras”, *Qué leer*, nº 15, “Actualidad”, outubro 1997, p.
Rodríguez Fer, Claudio, *A unha muller descoñecida*.



VV. AA., *O Padre Sarmiento e o seu tempo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura/Universidade de Santiago de Compostela, 2 vols., 1997, 485 pp e 464 pp. (ISBN obra completa: 84-8121-623-2; ISBN Tomo I: 84-8121-624-0; ISBN Tomo II: 84-8121-625-9).

Recóllense nestes volumes as actas do Congreso Internacional do Tricentenario do Fr. Martín Sarmiento (1695-1995) que se celebrou en Santiago entre os días 29 de maio e e 3 de xuño de 1995. O volume I contén relatorios e comunicacións sobre a “Historia e Ciencias Sociais” e o II sobre “Lingua, Folclore e Educación” e “Ciencias naturais e Medicina”. Os artigos relacionados coa literatura son os seguintes:

-Xesús Alonso Montero, “O padre Sarmiento, primeiro estudioso da poesía medieval galega, daquela sen exhumar”, pp. 67-73. Comenta a sorpresa que debeu leva-lo padre Sarmiento ó le-lo *Prohemio* e carta do Marqués de Santillana e saber que a lingua galega tivo un cultivo lírico profuso na Idade Media, unha época en que non se sabía do uso escrito da lingua galega. Engade, ademais, que anos antes de le-la carta do Marqués de Santillana, Sarmiento leu un manuscrito das *Cantigas de Santa María*, segundo afirma nas memorias, que o deixou perplexo porque non acreditaba no que estaba a ler. Por iso, Alonso Montero conclúe considerando a Martín Sarmiento o primeiro lector moderno das Cantigas de Santa María.



-Domingo Blanco, “O Padre Sarmiento e a literatura popular”, pp. 195-206. Sinala a importancia de Sarmiento como colector de composicións populares recollidas en varias das súas obras, sobre todo na *Colección de voces y frases gallegas*, no *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega* e no *Colloquio e 24 gallegos rúsicos*. Considera que Sarmiento fixo isto pola curiosidade filolóxica, pola novidade que representaba a lingua galega e polo intento de fuxir dun ambiente oficial no que se sentía incómodo. Opina, finalmente, que Sarmiento con esta compilación de literatura popular estaba sendo o pioneiro dunha arte que tivo despois abundantes seguidores.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Sarmiento e o seu tempo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 7 decembro 1997, p. VIII. Faise eco da publicación da obra e destaca as palabras de Darío Villanueva sinalando que Sarmiento “non foi universitario no senso escolar do termo, pero encarnou as mellores virtudes do espírito universitario” nun momento no que a institución en España non estaba á altura das circunstancias. Sinala cada unha das partes en que se divide o libro e comenta os estudos multidisciplinares que realizou este clérigo galego no século das luces.



VV. AA., *Xornadas Eduardo Blanco Amor*, Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, novembro 1997, 210 pp. (ISBN: 84-453-2092).

Neste libro recóllense as ponencias e relatorios presentados nas “Xornadas Eduardo Blanco Amor”, que se celebraron os días 18 e 19 de setembro de 1997 na cidade de Ourense para conmemoralo centenario do seu nacemento. En primeiro lugar aparecen unha serie de relatorios que se centran en aspectos diversos da obra do escritor ourensán e despois recóllense as intervencións de varias persoas pronunciadas en dúas mesas redondas tituladas “Falando de Blanco Amor”, “O teatro de Blanco Amor” e “Blanco Amor xornalista”.

-Antonio Carreño, “Antropoloxía dun espazo cultural: A *Esmorga* de Eduardo Blanco Amor”, pp. 11-26. Observa este en *A esmorga* o reflexo da Galicia de posguerra, política, cultural e socialmente degradada. Analiza, ademais, as características que definen a enunciación narrativa, os niveis lingüísticos, a creación dun espazo referencial e dunha temporalización múltiple, a alegoría como desprazamento dos sentidos, os temas máis recorrentes e as características da súa lingua.

-Xesús Alonso Montero, “Blanco-Amor e García Lorca”, pp. 27-40. Fala da relación entre Blanco Amor e García Lorca, achegando en primeiro lugar a bibliografía que trata o tema. Retoma a continuación o momento no que ámbolos dous escritores se coñeceron, en 1933, e cualifícao de “deslumbramento” de Blanco Amor pola personalidade de Lorca. Comenta logo a creación dos *Seis poemas galegos* (1935) e a posible intervención e



axuda de Blanco Amor na redacción. Refírese tamén á reacción de Blanco Amor unha vez coñecido o asasinato de Lorca e reproduce algúns poemas dedicados ó seu amigo Federico.

-Xulio Francisco Ogando Vázquez, “Fantasía e realidade en *La Catedral y el niño*”, pp. 41-58. Análise da primeira obra narrativa de Blanco-Amor, *La Catedral y el niño* (1948) que, para Ogando Vázquez, “representa a consagración do escritor como gran narrador”. Céntrase no deslinde da realidade (os contidos autobiográficos que Blanco Amor plasmou na novela) e a visión real do ámbito urbano que serve de espacio á novela, e a ficción propiamente dita, facendo referencia á arquitectura da novela ó seu contido temático e á “envoltura estilística”.

-Andrés Pociña, “Para un achegamento á poesía galega de Blanco Amor”, pp. 59-84. Análise da poesía galega de Blanco Amor que comeza facendo referencia á publicación de *Romances galegos* (1928) e á coincidencia de interese por este xénero con García Lorca, que meses antes publicara *Romancero gitano*. A seguir analízase a estrutura do volume e as liñas temáticas máis recorrentes. Refírese tamén ós volumes *Poema en catro tempos* (1931) e *Cancioneiro* (1956), dos que sinalan as características principais.

-Vicente Araguas, “Eduardo Blanco Amor: unha perspectiva”, pp. 85-94. Centra o autor ourensán no marco da literatura española e comenta a recepción da súa obra en castelán. Ademais pon de manifesto a categoría de clásico que adquiriu Blanco Amor pola escrita de *A Esmorga* e comenta algunhas semellanzas do proceso de escrita desta novela e do *Quixote*, así como da vida dos dous autores “nos rumbos picarescos que ambas ás veces tomaron”. Toca tamén aspectos como a presenza de Auria e o tratamento literario desta cidade na obra doutros escritores, a escrita en castelán de *La catedral y el niño* e *Los miedos* e o seu



escaso eco na literatura española, a súa linguaxe literaria, o emprego da contextualización e da anécdota en pequenas doses.

-Manuel Forcadela, “Unha visión psicoanalítica de *A Esmorga*”, pp. 95-118. Analízase o “trasfondo onírico” de *A Esmorga* tendo en conta o mundo no que se moven os personaxes dende o que se vén denominando paradigma psicoloxista da crítica literaria. Sinálase que o propio autor reivindicou para si e para a súa obra este método de análise, indicándoo nalgunha ocasión, como o que máis luz podería achegar á súa xénese. Afirmo que Blanco Amor parece ser consciente de que a forza motriz da súa creatividade é saldar vellas contas co seu propio pasado, aspecto que Forcadela percibe en *La catedral y el niño* (1948). Di tamén que no proceso de composición de *A Esmorga*, escrita entre maio e xuño de 1956, a psicanálise era unha actividade próxima ó novelista, o cal confire á novela “unha tupida rede de conexións e referencias”.

-Luísa Blanco, “Ourense ó fondo de *Xente ao lonxe*”, pp. 119-131. Pescuda a presenza de Ourense nesta novela de Blanco Amor, centrándose na lingua ourensán e comentando algúns ourensanismos. A seguir refírese ós personaxes, entre os que distingue os comerciantes e cregos “que semellan encarnar o inmovilismo e a intolerancia” e os traballadores “solidarios, conscientes da súa condición e loitadores esforzados”.

-Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, “*A esmorga*: unha reflexión e unha proposta”, “Mesa redonda: Falando de Blanco Amor”, pp. 133-138.



Reflexiona sobre a “viaxe” como recurso narrativo en *A Esmorga* e propón a creación dun “Día de *A esmorga*” no que se percorra a súa ruta, isto é, os lugares polos que pasan os protagonistas desta obra.

-Nemésio Barxa, “Eduardo na lembranza: Foise pola noite... meu amigo”, “Mesa redonda: Falando de Blanco Amor”, pp. 139-144. Ofrece unha perspectiva humana de Blanco Amor, amigo e confesor do conferenciante, desvelando algunhas claves para coñecer-la súa personalidade.

-X. M. Salgado, “Dúas apostillas á narrativa de Blanco Amor”, “Mesa redonda: Falando de Blanco Amor”, pp. 145-152. Dá dúas notas sobre a obra narrativa de Blanco Amor: a presenza de Ourense como “unha poética da memoria” e o feito de ser *Xente ao lonxe* onde aparece por primeira vez o proletariado.

-Carlos Laiño, “A figura de Eduardo Blanco Amor”, “Mesa redonda: Falando de Blanco Amor”, pp. 153-162. Crítica o feito de que a Editorial Galaxia non teña aínda publicadas nuns casos, ou reeditado edicións esgotadas noutros, as obras de autor ourensán dende que asinou os dereitos cos herdeiros en maio de 1993.

-Segundo Alvarado Feixoo-Montenegro, “O teatro de Blanco Amor e os grupos ourensáns”, “Mesa redonda: O teatro de Blanco Amor”, pp. 163-166.



Ofrece unha nómina das representacións de obras teatrais do escritor de Auria, levadas a cabo na cidade e na provincia de Ourense a partir do ano 1980.

-Maximino Keyzán, “Blanco Amor a escena”, “Mesa redonda: O teatro de Blanco Amor”, pp. 167-170. A partir das súas propias experiencias como director de obras de Blanco Amor, comenta as relacións que mantivo o escritor co mundo do teatro, tanto no que se refire ó ámbito da produción coma ó da representación. Destaca que era “un home de teatro, coñecedor da problemática escénica, demostrado no seu labor como director” e non “un escritor ocasional de teatro”.

-Laura Tato, “A obra dramática de Blanco Amor”, “Mesa redonda: O teatro de Blanco Amor”, pp. 171-178. Repasa a escrita dramática do escritor ourensán ó tempo que informa dalgunha das primeiras escenificacións das mesmas. Analiza as súas farsas, que insire na renovación teatral da República, e os autos, na procura de novas formas dramáticas.

-Euloxio R. Ruibal, “As facianas de Eros no teatro de Blanco Amor”, “Mesa redonda: O teatro de Blanco Amor”, pp. 179-187. Comenta como aparece tratado o sentimento amoroso na obra do escritor de Auria: o amor idealizado de *Romance de Micomicón e Adhelala*; o amor como sexualidade de *Amor e crimes de Juan el Pantera*, *Falsa morte e certa morte de Estoraque o indiano* e *Un refaixo para Celestina*; e o amor puro de *O Cantar dos cantares*.



-Marcos Valcárcel, “Tres apontamentos sobre o xornalismo de Eduardo Blanco Amor”, “Mesa redonda: Blanco Amor xornalista”, pp. 187-200. Traza unha panorámica histórica do labor xornalístico do escritor ourensán comezando polas súas colaboracións nos xornais e revistas da emigración entre 1920 ata 1965. A seguir divide a produción en catro subxéneros: crónicas de viaxes, artigos biográficos, semblanzas literarias e artigos políticos e ofrece algúns datos sobre os motivos que o levaron a escribir algúns artigos. Remata cunha ampla nómina de publicacións nas que se poden atopar colaboracións de Blanco Amor.

-Ángel Basanta, “Textos xornalísticos de Eduardo Blanco Amor en *La Voz de Galicia*”, “Mesa redonda: Blanco Amor xornalista”, pp. 201-208. Céntrase no estudio das colaboracións xornalísticas de Eduardo Blanco Amor dende 1965, ano no que regresou a Galicia dende Arxentina, ata 1979 no que morreu. A propósito dos artigos publicados en *La Voz de Galicia* sinala que moitos deles supoñen a recreación da súa biografía persoal e literaria, reflexións sobre temas de actualidade que mostran a súa faceta de “escritor comprometido con Galicia e intelectual atento a todo e firme nalgunhas conviccións”. Repasa os seus principais contidos utilizando a súa distribución na recolleita publicada por Luís Álvarez Pousa en *A contrapelo. Eduardo Blanco-Amor* (1993).



Vázquez, Dora, *Galicia. Cousas e Xentes*, A Coruña: Deputación Provincial da Coruña, 1997, 127 pp. (ISBN: 84-89652-42-2).

Compilación de artigos de Dora Vázquez publicados en castelán e traducidos agora pola autora ó galego, nos seguintes medios: *El Ideal Gallego*, *La Noche*, *Lugo*, *Vida Gallega*, *Memoria*, *La Región*, *El Universal*, *Faro de Vigo*, *Correo de Galicia*, *El Correo Gallego*, *La Voz de Galicia*, *Ánfora*, *O Correo Galego* dende o ano 1956 ata o ano 1997. Engádense, ó final do libro, dous epígrafes que enumeran as obras escritas e os premios que recibiu a poetisa ourensá.



Vázquez Carreira, Marina, *A tépeda luz dos días (Aproximación á obra poética de Xulio L. Valcárcel)*, Ferrol: Sociedad de Cultura Valle-Inclán, col. Ensaio, 1997, 147 pp. (ISBN: 84-86046-85-8).

O presente estudio aborda a análise da obra poética de Xulio L. Valcárcel (Lugo, 1953). Estrutúrase en oito apartados; no primeiro deles ofrécese unha síntese panorámica da época na que o poeta comeza a súa andaina na poesía xunto a un grupo de escritores pertencentes á denominada “Xeración dos 80” e ó grupo “Cravo Fondo”, cos que participa nos volumes colectivos *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985). A seguir dedícase un capítulo a cada un dos libros publicados por Xulio L. Valcárcel: *Víspera do día* (1979), primeiro poemario individual co que mereceu o Premio do Certame Poético Celso Emilio Ferreiro de Santiago e foi finalista do Premio da Crítica Galega; *Alba de auga sonámbula* (1983), finalista de novo do Premio da Crítica Galega; *Solaina da ausencia* (1987); *O sol entre os dedos* (1993); *Memoria de agosto* (1993), Premio de Poesía Miguel González Garcés e Premio da Crítica Española en 1994. En cada un destes capítulos dáse conta da recepción crítica que obtiveron no momento da súa publicación e das súas características formais e temáticas. Finalmente aténdese á antoloxía *En voz baixa* (1995), elaborada por Luciano Rodríguez, onde se recollen mostras dos seus quince anos de produción lírica. Como conclusión sinálanse o constante traballo do escritor coa palabra e co silencio, a presenza de temas recorrentes e o esforzo por definir unha poética propia. Pecha o volume unha bibliografía na que, ademais de cita-los títulos



que conforman a obra de Xulio L. Valcárcel, se recollen as antoloxías e obras colectivas nas que participou e as referencias críticas relativas á súa obra.

Recensións:

-Antón Grande, "A poesía de Xulio Valcárcel", *El Progreso*, "Táboa Redonda", Segunda Época, nº 38, 9 agosto 1997, p. 3. Coméntase desta obra que no prólogo a autora sitúa ó poeta dende os seus comezos, establecendo a súa evolución e a relación con outros escritores cos que integrou colectivos poéticos. Afírmase tamén que mostra un traballo "de grande profundidade" centrado na obra poética en galego de Valcárcel e é definido como un traballo "de grande interese para coñecer as claves poéticas" do escritor lugués.

Vicente Araguas, "A poesía de Xulio L. Valcárcel", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 179, 2 outubro 1997, p. 10. Araguas toma o libro de Marina Vázquez Carreira *A tépeda luz dos días* (*Aproximación á obra poética de Xulio L. Valcárcel*) como pretexto para falar do autor indicado no título. Sinala o acordo da crítica en valorar positivamente a obra deste poeta. Fillosa sobre as boas persoas que dan malos poetas e sobre as malas persoas que realizan composicións de mérito. Promete prestar máis atención ó novo libro de Vázquez Carreira na seguinte entrega.

Vicente Araguas, "A poesía de X. Valcárcel (2)", *O Correo Galego*, "Revistas das Letras", nº 180, 9 outubro 1997, p. 10. Comentario do libro no que o autor comeza destacando a importancia das escritoras galegas novas no campo do ensaio sobre temas poéticos e analiza o sistema de traballo desta autora. A continuación afirma para logo constatar que a obra do escritor lugués recibiu sempre críticas positivas, emitindo el a súa



opinión sobre a poesía de Valcárcel. Finalmente, o autor discrepa de Marina Vázquez “nun par de cousas”, pois considera que a obra *Mesteres* si influíu na poesía galega e que o estudio da obra valcarciana presenta “un exceso de referencias críticas”, aínda que remata dicindo que é “un libro digno de loanza”.

Referencias varias:

-Alfredo Conde, “Non tódalas verdades van a misa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 agosto 1997, p.48/p. 4. Reflexiona sobre a estendida opinión de que o xénero narrativo e maila pintura son artes “propias da madurez” e que se van mellorando co tempo. Afirmo que na narrativa é máis doado detecta-la inmadurez a a falta de oficio dun escritor que na poesía. Comenta dúas obras que ratifican os seus argumentos: *Un antropólogo en Marte*, de Oliver Sacks e *A tépeda luz dos días* (1997), de Marina Vázquez Carreira.



Vieites, Manuel F.(coord.), *Teoría e Técnica Teatral*, Santiago de Compostela: Laiovento, col. Ensaio, nº 97, outubro 1997, 379 pp. (ISBN: 84-89896-11-9).

Volume que consta dunha “Introducción”, tres partes: “Sobre Teoría”, “Sobre a formación” e “Sobre a realización” e dous “Anexos”. Na “Introducción”, Manuel F. Vieites refírese ás dúas actitudes principais das persoas vencelladas á creación e/ou á pedagogía da expresión dramática. Fronte á primeira que renuncia á busca dun discurso propio e insiste en que teorización é cousa dos críticos, Vieites propón a necesidade de reflexión e teorización e lembra que as artes posúen unha dimensión teórica e outra tecnolóxica. Fronte á segunda actitude, que leva a deixar que sexan outros os que investiguen, sinala a necesidade de combinar coñecemento e experiencia. Remata co agradecemento a tódalas persoas e entidades que colaboraron no presente volume. No resto do libro inclúense os seguintes traballos:

-Manuel F. Vieites, “Fundamentos para unha Teoría Xeral do Teatro”, pp.17-50. Divide o artigo en tres partes: na primeira refírese ó “concepto de teatro” como espazo onde se celebra a representación, como representación que supón un tempo, como xénero literario e como tipoloxía conductual baseada no desempeño de roles. Afirmar que é necesario establecer con claridade as diferencias existentes entre todos estes ámbitos da realidade teatral, sobre todo na distinción entre realidade literaria e realidade escénica. Baseándose nas opinións de distintos estudiosos do feito teatral, defende o termo “literatura dramática” para referirse ós produtos literarios (texto dramático) e o termo “teatro” para falar dos escénicos (a representación teatral). Na segunda parte, “O teatro como obxecto de coñecemento”, propón a construción dunha



Teoría Xeral do Teatro que estudie todos aqueles procesos de expresión e comunicación nos que se establece unha relación entre un actor e un espectador; e sinala os aspectos máis importantes a considerar que deben ser descritos seguindo o método científico. Lamenta ademais a Orde do 1 de Agosto de 1992 na que se aproba o currículo de Arte Dramática e defende a creación das especialidades en Estudos Teatrais e en Pedagogía Teatral. Na terceira parte do artigo, “¿Ciencias do teatro ou ciencia teatral?”, comenta as tres correntes de pensamento das que provén basicamente o coñecemento do teatro: a marxinal, a de estudos teatrais e a autónoma.

-Ricard Salvat i Ferrer, “Sobre estética e teoría teatral”, pp. 51-80. Nun proceso de reflexión sobre a estética teatral, o autor fai un breve percorrido histórico pola moderna teoría da arte e do teatro que ten como pai, segundo el, a Lessing. Destaca tamén a Diderot, inxustamente esquecido e incomprendido polo teatro burgués francés, e, sobre todo, a Zola e André Antoine, nos que se fundamenta todo o teatro moderno contemporáneo baseado na procura da verdade. Por último, considera as aportacións de Fischer, de Garaudy, de Heidegger e de Übersfeld, para rematar suxerindo que, tal vez, a estética do vindeiro século terá que pasar pola síntese de diferentes estéticas.

-Antón Lamapereira, “Para un teatro (posible) no século XXI”, pp. 81-85. Antón Lamapereira fai unha serie de consideracións sobre o teatro que, ó seu modo de ver, están enraizadas nunha praxe teatral moi diversa. Comeza definindo o teatro polos seus ingredientes necesarios e coas súas características descritivas e segue cunha reflexión sobre se o teatro está ou non en crise. El pensa máis ben nunha crise de crecemento e de cambio, e fala do Teatro da Crise na que estamos mergullados. No apartado “Manifesto, en contradanza, para



un teatro do futuro” afirma que o noso tempo precisa ter un teatro inoportuno, de contratempo e de contracorrente. Reflexiona ademais sobre o conflictivo encontro do teatro das linguaxes audiovisuais e aposta por un Teatro Nacional Popular Galego (TNPG). Conclúe destacando tres puntos que favorecerían unha intervención positiva no desenvolvemento do teatro galego: a creación dun Centro de Ensino de Arte Dramática de titularidade pública, o fomento do cooperativismo entre as compañías de teatro, e a creación de “un e mil escenarios”.

-Xosé Manuel Pazos Varela, “O teatro afeccionado. Situación e perspectivas”, pp. 96-103. O autor comeza intentando determinar a qué se lle chama teatro afeccionado, para pasar posteriormente a presentar unha breve panorámica da orixe e evolución desta actividade en Galicia. Destaca as principais funcións deste teatro: a xeración de “actividade teatral” paralela á produción de espectáculos e á formación do público no lugar de orixe do grupo, a de leva-lo teatro a aqueles núcleos de poboación onde o teatro profesional non chega, e a de servir de canteira de actores a grupos profesionais. Analiza a situación e os problemas que na actualidade atopa este teatro en Galicia: a carencia de circuítos, o abandono das institucións oficiais, a inexistencia de festivais, etc. Por último sinala como solucións posibles a esa situación a necesidade de crear un organismo dependente da Consellería de Cultura que se ocupe do teatro afeccionado e, ó mesmo tempo, reclama que os concellos lle presten maior atención a esta actividade.

-Manuel F. Vieites, “O ensino teatral en Galiza. Unha proposta de normativización e normalización”, pp. 107-161. O autor comeza advertindo que o ensino teatral non se circunscribe ós estudos que conducen á obtención do título de actor, director ou escenógrafo. Despois, fala das tipoloxías do ensino



teatral, diferenciando entre prácticas educativas encadradas no ensino formal e outras que entran no ámbito dos procesos educativos non formais. Deste xeito, no apartado seguinte, Vieites comenta a situación do ensino teatral nas ensinanzas non universitarias. En canto á Formación Profesional, considera necesario o deseño dunha familia profesional chamada “Artes do espectáculo”, que integraría diversas titulacións. O autor fala despois dos estudos de Arte Dramática, considerados pola LOXSE como de réxime especial, e reivindica a creación, por parte da Consellería de Educación, dunha Escola Superior de Teatro. A continuación, presenta unha proposta de integración do ensino teatral nos planos de estudos das Escolas de Formación do Profesorado. Por último, para o ensino universitario, propón a creación de Facultades de Teatro, que incluírían, ademais das titulacións en Arte Dramática, “masters”, e estudos de Terceiro Ciclo, dúas novas titulacións: Pedagogía Teatral e Estudos Teatrais. A xeito de epílogo, sinala dez medidas urxentes para a regularización e normalización do ensino teatral en Galicia.

-Etelvino Vázquez, “A formación inicial do actor”, pp. 162-181. Expón, en primeiro lugar, a evolución da aprendizaxe do actor, dende a “meritoriaxe”, que se inicia no século XVI e chega ó século XX, ata a aparición das Escolas Oficiais de Arte Dramática, das que se estudia a súa evolución. Fala dos “laboratorios de teatro”, ou ensino “de aprendizaxe sen reloxo”, que se basea no binomio mestre-alumno, e sen relación coa Institución Académica, nin, moitas veces, cun programa establecido de antemán. Despois fala doutras formas de aprendizaxe, como o autodidactismo ou o estudo dunha das artes tradicionais do teatro nalgún país de Oriente. O apartado seguinte trata das diferentes escolas teatrais do século XX, e nel o autor indica que en Madrid tivo unha grande influencia “o método de Stanislawski”, mentres que en Barcelona prima máis un teatro corporal. A continuación,



coméntanse as vías de acceso á aprendizaxe teatral: a aprendizaxe non profesional céntrase no teatro de afeccionados, adscrito a centros de ensino ou Asociacións Culturais ou Veciñais. A aprendizaxe profesional está representada polos estudos de Arte Dramática, equivalentes a unha licenciatura. Vázquez expón as diferentes opcións de que constan os estudos, e os lugares onde se ubican as Escolas Oficiais ou privadas. Tamén se citan outras formas de aprendizaxe profesional; aquelas que se realizan no estranxeiro ó lado de grandes mestres ou en grandes institucións teatrais. A conclusión final recollo citas de diferentes expertos que tratan de responder á pregunta de se é mellor unha “escola ó aire libre” ou “baixo teito”.

-Ánxeles Cuña Bóveda, “A formación permanente”, pp. 182-208. Comeza a autora advertindo a necesidade da formación permanente para os traballadores do teatro. Reflexiona logo sobre os elementos nos que se fundamenta o proceso de aprendizaxe nunha posta en escena: os libros, a historia do xénero, os modelos e, sobre todo, a práctica. A continuación, céntrase na formación dos membros da compañía, que se pode levar a cabo na propia compañía, fóra dela, ou desde ela pero para outros colectivos. Despois enumera e comenta diferentes modalidades de formación, as motivacións que guían ós profesionais do teatro, a importancia de ter unha ideoloxía na que apoiarse, e os problemas principais cos que se atopa o teatro en Galicia. No último apartado do artigo expón algunhas ideas sobre o xeito de crear un método formativo propio.

-Manuel Guede, “A nómina teatral”, pp. 211-221. O autor enumera primeiramente tódolos nomes da “república teatral”: o actor, o lugar, o texto, o director, o decorado, o vestiario e o público. Despois de comentar algúns aspectos relacionados



con cada un destes elementos, remata remitindo ó lector ó libro de Alain Badiou *Rapsodia polo teatro*, sobre o que Guede elaborou este artigo.

-Eduardo Alonso, “A posta en escena. Aspectos esenciais”, pp. 222-261. Comeza explicando que o texto que se pon en escena pode pertencer a un destes tres tipos: literatura dramática, literatura non dramática, ou pre-textos non literarios, sendo o caso máis xenérico o primeiro. Centrándose neste, Alonso sinala que o proceso, que conducirá á posta en escena, se inicia cunha aproximación ó texto, en varias fases: a análise da obra (liñas argumentais e interconexións entre elas, tipos de personaxes...), a análise da época en que o autor escribiu a peza, das demais obras do dramaturgo, e das escritas por autores coetáneos. Vén despois a elaboración do “texto da representación”, no que xa se expresan as modificacións decididas polo director. Un momento crucial na preparación do espectáculo é a selección do reparto, polo que Alonso presenta unha serie de reflexións sobre esta cuestión e sobre a relación entre actor/actriz e personaxe. Os dous apartados seguintes están dedicados ó espacio escénico: escenografía, mobiliario, “atrezzo”, vestuario, complementos e iluminación. Cando xa temos todo isto, pódese traballa-lo movemento escénico, do que se fala a continuación. Pola súa parte, o ritmo da acción hai que marcalo por medio da iluminación e do “espacio sonoro”. O artigo remata nomeando os diferentes colaboradores do director de escena, e resumindo as principais etapas da montaxe da obra, que conclúen co inicio dos ensaios xerais.

-Alberto Bocos, “A fundación da Dirección Escénica”, pp. 262-297. Comeza o artigo cun breve resumo sobre a orixe do concepto de dirección escénica como arte autónoma, que xorde no século XIX, aínda que en España non haxa mostras del ata principios do XX. Sen embargo é obvio que, na práctica, existiu en tódalas épocas da Historia unha



especie de “director” que regulaba o espectáculo. Por iso, Bocos fai un rápido percorrido polas distintas etapas da historia teatral, centrando a atención na cuestión mencionada. Fala así do teatro grego, o romano, o medieval, o do Renacemento italiano, o isabelino, o Século de Ouro, o clasicismo francés, co que se chega ó momento da primeira aparición do termo “dirección de escena” na linguaxe da crítica, e, posteriormente, ó xurdimento dos pioneiros neste campo. O nacemento do concepto vincúlase cos cambios que se produciron entre o século XIX e o XX en canto concepción do decorado, da iluminación, das comunicacións (que posibilitan que as montaxes “viaxen”), do repertorio e o público, e da arte da representación teatral.

-Manuel Lourenzo, “Sobre a orixe e función da dirección escénica e outros esquemas”, pp.298-303. Reflexión sobre a concepción que Manuel Lourenzo ten da dirección escénica. Para o autor, o director perfecto será “o máis perfecto intermediario entre o poeta orixinal e o público contemporáneo”, traducindo a obra a unha nova linguaxe que xa non é literaria, e todo iso a pesar de problemas tan importantes como a mínima liberdade de elección cando o director é un asalariado, o sistema de subvencións ou de contratos coa Administración, a escaseza de infraestrutura teatral, ou a dispersión do hábitat.

-Francisco Oti Ríos, “Principios de Producción Teatral”, pp. 304-325. Primeiramente, o autor define o concepto de produción teatral, e sinala dous ámbitos de desenvolvemento do traballo do produtor: o artístico e o técnico. A continuación, expón os principais elementos que interveñen no proceso de produción: a preproducción, a compañía, a planificación xeral, os permisos de autor, os orzamentos, e as subvencións. Segue unha análise das funcións de cada un dos integrantes da compañía, funcións que xa comezan no período de



preproducción. Logo fálase dos ensaios e da súa planificación, da publicidade do espectáculo, da estrea e da xira. Por último indica que, en canto ó orzamento, para calculalo debemos ter en conta os desprazamentos da compañía, a xestión, a publicidade, a montaxe e transporte de materiais, a amortización da produción, os salarios e as dietas.

-Antonio Simón, “O continente cúbico do drama”, pp. 326-338. O artigo centra a súa atención na escenografía, comezando por distinguila do mero decorado e do espazo escénico. Sinala despois a interrelación entre o espazo textual, o interpretativo e o escénico, para deterse a continuación nos pasos a seguir para o deseño dunha escenografía: lecturas do texto (varias), o estudio dos distintos lugares ós que se terá que adaptar, o deseño e construción (deseños sobre papel ou cartón, maquetas, materiais de construción), as cores e a iluminación.

-Xesús A. Fernández Barreiro, “Tecnoloxía Teatral. Aspectos básicos”, pp. 339-349. O autor comeza sinalando que a técnica teatral existe case dende que existe o teatro, e remonta as súas orixes á antiga Grecia. Diferencia logo tres áreas: a da tremoia, a do son e a da luminotecnia, e detense brevemente na descrición de cada unha. A preparación de toda esta aparataxe presenta problemas a miúdo. Os locais municipais galegos dedicados a mostrar espectáculos teatrais presentan unha serie de carencias que Fernández Barreiro atribúe á “falta de vontade de facer as cousas ben”, máis que á falta de cartos.

O libro complétase con dous anexos. O primeiro está dedicado á presentación de dúas propostas de desenvolvemento curricular: a de “Expresión Teatral”, orientada á ESO, e a de



“Teoría e Práctica do Teatro”, enfocada a Bacharelato. O segundo anexo é un índice de colaboradores.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “A necesaria normalización do teatro galego”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, 6 decembro 1997, p. 5. Sinálase a necesidade de elementos de debate e análise na arte teatral para acadala normalización da activade escénica en Galicia. Por isto saúda o traballo da editorial Laiovento, que coa publicación de *Teoría e técnica teatral*, coordinado por Manuel F. Vieites, vén cubrir uns obxectivos dos que antes propuña. Recoñece como moi meritoria a heteroxeneidade dos temas escollidos e a pluralidade dos críticos participantes. Ó final realiza unha breve descrición dos contidos de cada un dos catro capítulos que compoñen a obra.



Vilar Álvarez, Manuel (ed.), *Teóricos da arte. Antoloxía*, Vigo: AS-PG, col. A nosa literatura, nº 30, 1997, 182 pp. (ISBN: 84-89679-35-5). Ž

Volume precedido dunha nota preliminar na que Manuel Vilar Álvarez informa do contido do mesmo. Trátase dunha antoloxía na que se inclúen unha serie de textos teóricos que o editor considera fundamentais ou significativos para a comprensión do desenvolvemento da arte na Galicia do século XX. En canto ós criterios da edición, Manuel Vilar Álvarez afirma que procurou manter, na medida do posible, a fidelidade ós documentos orixinais, sen introducir ningunha modificación que afecte ós planos morfosintáctico e léxico. Na antoloxía inclúense os seguintes textos: de Castelao “Humorismo, dibuxo humorístico, caricatura”, publicado en *A Nosa Terra*, (31-3-1920); “Cubismo”, en *Nós*, nº 11, (26-6-1922) e nº 12, (25-8-1922); “O galeguismo no arte”, en *Nós*, nº 80, (15-8-1930); “Prólogo ao Álbum *Nós*”, publicado no ano 1931 e “Tres cartas de Castelao ao poeta Manuel Antonio”, recolleitas por García-Sabell en *Manuel Antonio: Correspondencia* (1979). De Vicente Risco recolle “Da normalización galega. Cosmopolitismo e universalismo”, *A Nosa Terra*, nº 98, (25-8-1919); “Arte Nova”, *A Nosa Terra*, nº 144, (20-3-1920); “Do futurismo e mais do Karma”, *Nós*, nº 34, (15-10-1926); “O artista. O home”, *La Zarpa*, (7-1-1922); “Do ‘Mais alá’ e mais do ‘Foulard’”, *La Zarpa*, (15-7-1922); “A roda de esqueletes”, *La Zarpa*, (22-9-1922); “Ocidentalismo e orientalismo”, *La Zarpa*, (25-11-1922); “O que é unha nación”, *A Nosa Terra*, nº 155, (15-1-1922) e “Carta de Vicente Risco a Manuel Antonio”, recolleita por García-Sabell en *Manuel Antonio: Correspondencia* (1979). Reproduce o artigo de Xoán Vicente Viqueira titulado “Divagacions engebristas”, *A Nosa Terra*, nº 117, (10-4-1920) e os de Luís Seoane titulados “Un arte da terra”, *Alento. Boletín de Estudos Politécos*, nº 3, setembro



1934; “Do arte galego”, *Comunicacións Mesturadas* (1973); “Encol do arte galego”, *Caderno nº 1 do Laboratorio de Formas de Galicia* (1970); “A pintura de Carlos Maside”, en *Maside un pintor para unha terra* (1979) e “Arte galega”, en *Textos encol do arte Galego* (1979).



Vilavedra, Dolores (coord.), *Diccionario da literatura galega*, vol II Publicacións periódicas, Vigo: Galaxia, 8 xullo 1997, 596 pp. (ISBN: 84-8288-137-X). Ž

Segunda entrega deste proxecto iniciado en 1995 coa publicación do volume de autores, e que pretende ser continuado con outros dicionarios. Está precedida por un prólogo no que se presenta a obra como un complemento do volume I, analízase o forte vencellamento da nosa literatura ó mundo xornalístico en diversas etapas da súa historia e salientase que as principais dificultades coas que se atopa un investigador ó achegarse a un traballo destas características son a ausencia dunha hemeroteca nacional galega, o espallamento dos fondos conservadas e a presenza de coleccións en mans privadas pouco dadas á colaboración. Tamén no prólogo, describen o contido deste dicionario e explicitan os criterios de selección das voces. A obra inclúe máis de 800 entradas e foi realizada por equipo coordinado pola profesora de Literatura Galega da USC Dolores Vilavedra Fernández e integrado por: Ana Belén Fortes, Helena González, Susana Mayo, Henrique Monteagudo , Noemí Pazó, Marcos Valcárcel, Dolores Vilavedra e Arximiro Villar. Pretende recoller aquelas publicacións ou coleccións que foron periódicas e que inclúsen “textos literarios en galego, ou comentarios e estudos sobre literatura galega”, ademais doutras que, sen cumprir o criterio anterior, teñan unha certa relevancia en acontecementos ou movementos literarios posteriores, deixando fóra a prensa escolar. De cada voz faise unha síntese da súa historia, descríbense os contidos da mesma atendendo especialmente ás relacións prensa e literatura, e achéganse amplas nóminas de colaboradores e de autores dos que se reproducen textos nas publicacións citadas. Nalgúns casos, as entradas



están acompañadas de bibliografía específica. Péchase este *Diccionario da Literatura Galega* cun índice onomástico de máis de 70 páxinas.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, “Galaxia publica o segundo volume do seu “Diccionario da Literatura Galega”, *Faro de Vigo*, 31 decembro 1997, p. 44. Descríbese o contido do traballo e sublíñase que entre os artigos máis longos atópase o dedicado a *A Nosa Terra* (1916-1932). Coméntase que, en definitiva, o volume é unha historia do xornalismo galego dende a perspectiva literaria. Finalmente explícase, a presenza dun índice onomástico e anúnciase para 1998 un volume dedicado a obras.





V.2. Reedicións comentadas

V. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

V. 2. Reedicións comentadas



Ferreiro, Manuel, *De Breogán aos pinos. O texto do himno galego*, prólogo de María Pilar García Negro, A Coruña: Laiovento, col. Breviarios, nº 1, 1997, 72 pp. (ISBN: 84-87847-97-8).

Logo dunha primeira edición non venal por parte de Edicións Laiovento (1996), o traballo de Manuel Ferreiro publícase na colección “Breviarios” da mesma editorial. Desta volta conta cun prólogo de María Pilar García Negro no que alude á alteración da textualidade de obras de Rosalía, Curros e Pondal entre outros, sinalando que tampouco o Himno Galego escapou a esta manipulación textual. Ademais subliña a paciencia e rigor neste traballo por parte do autor e pon de relevo a súa traxectoria bibliográfica. A continuación Manuel Ferreiro aborda a historia do texto pondaliano “Os Pinos” como Himno Galego así como o seu proceso de creación para con posterioridade realiza-la súa edición crítica, concluíndo cun anexo no que se confronta o texto oficial co real.

Recensións:

-Rodri García, “¿Que di o noso himno?”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 127, 5 agosto 1997, p. 6. Informa de que no libro de Manuel Ferreiro explícanse os cambios que se foron realizando nos versos de *Queixumes dos pinos* de Eduardo Pondal. Comenta outros aspectos relacionados co tema, ademais de mostra-lo “Texto oficial” e o “Texto real” do himno galego.



-F. P. Lorenzo, "Cantos 'Himnóticos' de pinos e granadeiros", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 182, 23 outubro 1997, p. 8. Referencia ó libro de Manuel Ferreiro na que se subliña a deturpación que padeceu o corpus lírico pondaliano, á que non escapou este texto. Indícase que o Himno Galego, segundo afirma Ferreiro no seu estudio, responde á necesidade presente nos grupos federalistas e rexionalistas da época de "fornecer un símbolo musical para a patria galega". Recóllense tamén palabras de Manuel Rivas que considera o himno un canto de afán hamletiano, existencialista, nunca un cántico de sangue. Incídese, finalmente, na importancia do estudio de Ferreiro porque a súa "coidada " exhaustiva investigación" permite observa-las mudanzas da composición.



Otero Pedrayo, Ramón, *O libro dos amigos*, edición de Marcos Varcárcel, Vigo: Galaxia, col. Literaria, Obras de Otero Pedrayo, nº 11, xuño 1997, 235 pp. (ISBN: 84-8288-132-9).

Reedición na colección Literaria de *O libro dos amigos* publicada en 1953 en Buenos Aires en Edicións Galicia do Centro Galego. Marcos Valcárcel, encargado da edición, fai na introducción da obra un breve percorrido polas repercusións do 36 na vida de Otero Pedrayo e o seu contorno e a actuación galeguista ata a publicación que nos ocupa. A seguir, preséntanos a obra como froito da madurez intelectual e da memoria, como “unha galería de galegos egrexios” e amigos que só teñen en común o feito de estar todos xa mortos. Marcos Valcárcel establece catro núcleos temáticos na súa análise das figuras tratadas: imaxes ligadas ós seus días de estudante en Madrid, profesores de Otero Pedrayo e compañeiros de docencia, ourensáns anónimos e personaxes populares e persoas relacionadas co galeguismo. A edición asumiu certos cambios lingüísticos en base á facilitación da lectura, cambios recollidos no apartado “Nota sobre a versión lingüística”. O prólogo de Otero Pedrayo, asinado en Trasalba o 1 de outono de 1945, preséntanos unha “nova empresa literaria”, “un anxeio do corazón” no que se abren as “cancelas da lembranza” e as “fiestas do recordo” dos amigos mortos que se achegan “sen perspectiva nin ordenación histórica”. Neste prólogo o autor fainos chega-la primeira lembranza, a do “mellor dos amigos”, o seu pai. A continuación inclúense trinta e nove semblanzas. Os retratos do seu profesor Eduardo Moreno López e de Castelao son, respectivamente, o inicio e o final do volume.



Recensións:

-Xosé M. Eiré, "Amigos, irmáns", *A Nosa Terra*, nº 800, "Guieiro Cultural", 16 outubro 1997, p. 23. Reflexiona sobre a ética e a estética e afirma que esta obra foi escrita como "un libro sobre o amor á Galiza de tal maneira que os represores pensaran que só eran unha manchea de lembranzas". A seguir cítanse os nomes das persoas retratadas na obra e fálase sobre a súa consideración como obra menor, aínda que "capta o interese do lector desde a primeira liña desenvolvendo lembranzas a modo de conto". Tamén se inclúen opinións acerca da conveniencia de altera-la puntuación de Otero, chegando á conclusión de que "sería mudarlle a forma e xa non sería Otero Pedrayo". Finalmente descríbense as características do libro e recoméndase a lectura do mesmo.

-F. Martínez Bouzas, "Fermoso panfleto", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 184, 6 novembro 1997, p. 9. Martínez Bouzas insire a publicación de *O libro dos amigos*, de Ramón Otero Pedrayo, dentro do proxecto da editorial Galaxia para dar a coñecer cada ano algunha obra do autor ourensán. Comenta o contido da obra e achéganos unha ampla nómina dos personaxes evocados por Otero. Salienta este traballo porque permite recupera-la memoria de moitas figuras esquecidas da nosa historia. Cualifica o prólogo de Marcos Valcárcel de "longo e instructivo", criticándolle a edición lingüística por modificar certos trazos característicos do autor de *Os camiños da vida*.

Referencias varias:

-Marcos Valcárcel, "O libro dos amigos de don Ramón", *O Correo Galego*, "Pé das Burgas", 27 xuño 1997, p. 3.



Refírese a *O libros dos amigos* como “unha obra que só poderá ser publicada lonxe, no exilio bonaerense, e que correrá unha sorte case clandestina”, e na que Otero deixa constancia do pesar que lle produce a barbarie da guerra e a morte de moitos amigos e compañeiros. O autor lembra a represión daqueles tempos e cita algúns dos afectados por ela, presentes na obra de Otero, relacionándoa con *Sempre en Galiza*, de Castelao, xa que, se esta conserva a memoria do pensamento político do vello Partido Galeguista, *O libro dos amigos* testemuña “ante xeracións futuras o selo de irmandade dos vellos compañeiros do galeguismo”. Remata o artigo falando de Borobó, que recibiu homenaxe en Trasalba e presentou o seu libro *O reiseñor de Trasalba*, “que recolle artigos de tema oteriano”.

-José Manuel García Iglesias, “Otero Pedrayo hoxe e sempre”, *El Correo Gallego*, 3 xullo 1997, p. 3. Logo de loa-la a exemplaridade da figura de Otero Pedrayo refírese á publicación de *O libros dos amigos* destacando que se trata dun libro escrito dende un plano moi persoal e debuxando verdadeiras páxinas da biografía dos homes alí presentes. Alude tamén ó libro de Otero Pedrayo *Temas ourensáns* publicado por Caixa Galicia e a Aula de Cultura de Ourense en colaboración coa Fundación Otero Pedrayo en edición coordinado por V. Monxardín e Xoán Carlos Rivas. Incide así mesmo na grandeza do ourensán da que queda constancia na Cátedra de Xeografía da Universidade e conclúe sinalando que Río Barja é coñecedor de anécdotas que revelan “xigantesca humanidade de quen tivo na bondade, na grandeza de espírito, e en Galicia, o norte de toda unha vida”.

-Xesús Alonso Montero, “O libro dos amigos”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 4 xullo 1997, p. 15. Con motivo da reedición “co decoro intelectual debido” por parte de Galaxia do *Liber amicorum*, de Otero Pedrayo, o articulista fai unha serie de consideracións sobre o libro sinalando que recolle 39 “etopeias conmovidas” de amigos xa mortos, escritas en ton elexíaco ó longo de sete anos, de 1945 a 1952. Menciona os nomes de Noviega Varela, Antón Villar, persoas do común como Matías Vilanova ou o señor Tinacio e persoas cunha morte magoante para o ourensán como Roberto Blanco Torres ou Alexandre Bóveda, fusilados nos primeiros meses da guerra civil. Sinala que conforma o libro un “exercicio de



consolación”, especialmente nas páxinas dedicadas a estes infortunados camaradas, posible de publicar no franquismo, gracias ó prestixio de Otero Pedrayo.

-Alfredo Conde, “A inutilidade de ter que escoller”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 7 setembro 1997, p. 64/p. 4. Comenta os dous libros que leu choutando dun a outro, *Os galegos anarquistas na Arxentina*, de Carlos Penelas en Espiral Maior e *O libro dos amigos* (1997), de Ramón Otero Pedrayo con prólogo de Marcos Valcárcel en Galaxia. Fala dos personaxes que habitan eses libros e remata cunha reflexión na que afirma que “calquera viaxe do espírito que nos permita soñar neste país debe partir sempre do corazón”.

- Luis Rivas Villanueva, “Otero Pedrayo y sus amigos”, *La Región*, “Y por tanto, Ourense”, 13 setembro 1997, p. 12. Afirma que Ramón Otero Pedrayo conta en Ourense con un montón de xente que o adorou en vida e destaca entre eles a Marcos Valcárcel que vén de prologar *O libro dos amigos*, obra de Otero Pedrayo que contén trinta e nove retratos literarios sobre persoas amigas. O articulista felecita a Galaxia e a Marcos Valcárcel pola idea feliz deste libro.



Valcárcel, Marcos (ed.), *Vicente Risco. Obras completas*, Tomo 5, Vigo: Galaxia, setembro 1997, 795 pp. (ISBN: 84-7154-930-1).

Apareceu no 1997 o quinto dos tomos dedicados a recolle-la obra completa de Vicente Risco (Ourense, 1884-1963). Nesta ocasión e ó coidado de Marcos Valcárcel recompílase a obra xornalística do escritor. O volume vai precedido dunha “Presentación” na que se retoman os comezos de Vicente Risco en 1910 no xornal *El Miño*, no que asina as súas primeiras colaboracións ben co seu nome ben cos pseudónimos Rujú Sahid e Polichinela. Nestes primeiros artigos, ata o de agora inéditos, sorprende, segundo Valcárcel, “a pluralidade de temas e as inquedanzas literarias e artísticas do primeiro Vicente Risco”. De seguido cítanse outros xornais e revistas nos que participou e que demostran polo seu amplo número a concepción da prensa como vehículo de transmisión de ideas da que Risco e outros membros da súa xeración se sentían partícipes. Complétase esta presentación cun listado dos principais xornais, revistas e boletíns animados por Vicente Risco ou que contaron coas súas colaboracións. A seguir inclúense as reproducións das recompilacións de traballos tituladas *Lería* e *Libro de las horas* e os artigos publicados en *El Miño*, *La Centuria*, *A Nosa Terra*, *La Zarpa*, *Céltiga*, *La Región* (*Hoja del Lunes*) e, finalmente, unha sección titulada *Varia*.

Referencias varias:

- M. Blanco Rivas, “Obra completa do autor de ‘O porco de pé’”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, 25 outubro 1997, p. 5.



Despois de dá-la benvida a este tomo das *Obras Completas* de Vicente Risco, dirixidas por Carlos Casares, fálanos da importancia de Vicente Risco na literatura e na historia da cultura galega, infórmanos de que os cinco volumes que conforman este proxecto editorial reúnen tanto as obras en galego de Risco coma as escritas en castelán e que con elas, salienta, podemos achegarnos ó pensamento literario, político e cultural dun dos representantes máis notables das Irmandades da Fala.

-Antón Fraguas Fraguas, “Das obras completas de Vicente Risco”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 novembro 1997, p. XXIV. Despois de se referir a que coa publicación deste quinto tomo rematan as *Obras completas* de Risco, fai un repaso da vida do escritor, salienta a creación pola súa parte das revistas *Centuria* e *Nós*, nas que participou con outros intelectuais do momento, repasa o contido dos tomos anteriores e recorda que neste tomo quinto se recolle ó Risco periodista. Transcribe versos de Rosalía, de Luís Brey, de Teixeira de Pascoães e Noriega Varela nos que se louva a terra galega e as súas xentes, no mesmo sentido que o fai Risco en moitos dos seus escritos.

-F. R., “O estilo de Vicente Risco é inimitable”, *La Región*, 12 novembro 1997, p. 17. Por mor da publicación do tomo quinto das *Obras Completas* de Vicente Risco, o seu autor, Marcos Valcárcel sinala nesta entrevista as características da prosa risquiana á vez que se refire ós artigos de Xosé Fernández Ferreiro dos anos 60 en *La Región* e ós actuais de Carlos Casares en *La Voz de Galicia*, como seguidores de semellante tipo de xornalismo.





V.3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

V. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

V. 3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas



Blanco, Carmen, *El contradi curso de las mujeres*, trad. Olga Novo, Vigo: Nigra, 1997, 320 pp. (ISBN: 84-87709-53-2).

Traducción ó castelán de *O contradi curso das mulleres*, publicado en galego no 1995. Trátase dunha historia na que se analiza o concepto do *feminismo*, glósanse as etapas do seu desenvolvemento e analízanse os avances do movemento en varios países, con especial atención a Galicia. Dedicase así mesmo un capítulo as características da crítica literaria feminista e as súas liñas de investigación.



Casas, Arturo, *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, col. Lalia Maior, nº 8, 1997, 702 pp. (ISBN: 84-8121-659-3).

Nesta obra aborda Arturo Casas as distintas etapas do pensamento de Rafael Dieste. Faino ó longo de seis epígrafes nos que debulla, entre outras, as claves teóricas na evolución estética do escritor nacido en Rianxo. En “Marcos de referencia” fai unha introducción ós principais problemas da obra de Dieste e á súa primeira etapa, a de aprendizaxe. No segundo capítulo, “Consolidación intelectual e debates” fala da actividade periodística, relacionada co pensamento liberal de Dieste e do proceso de formación e influencias na súa teoría estética. No terceiro, “De la tragedia a la hermenéutica”, Casas percorre os inicios teatrais e a sedimentación dunha teoría dramática particular. O cuarto epígrafe é “Guerra Civil: compromiso e independencia”. Nel repasa as actividades de Rafael Dieste nesta época a través diferentes textos. No quinto, “Destierro: destiempo” presenta a época do exilio americano de Dieste e reflexións sobre a súa teoría literaria a propósito de obras como *Historias e invenciones de Félix Muriel* (1943), *El alma y el espejo* (1981), ou *Tablas de un naufragio* (1985). O penúltimo epígrafe é o titulado “El regreso: la memoria”. Hai un derradeiro no que se ofrece unha ampla bibliografía activa e pasiva do escritor galego. O libro vai encabezado por un prefacio do autor no que nos advirte, a respecto das teorizacións de Dieste de que “estamos ante una sólida y coherente construcción teórica, de las más ricas entre las que conforman la mal conocida peripecia del pensamiento literario hispánico contemporáneo”. Advírtenos Casas, tamén, de que non pretendeu facer un



V.3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

estudio da obra literaria de Dieste, senón un distinto de teoría literaria, estendida a un diálogo aberto con outras disciplinas humanísticas.

Referencias varias:

-S. C., “Arturo Casas recupera o pensamento filosófico de Rafael Dieste”/“Arturo Casas recupera nun libro o pensamento filosófico de Rafael Dieste”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 outubro 1997, 44/p. 12. Noticia da publicación desta obra froito da colección da USC e da Deputación da Coruña. Considera que se trata dun “libro que pretende recupera-la obra literaria e o pensamento filosófico e estético de Rafael Dieste”. É unha publicación que arrinca da tese de Doutoramento defendida por A. Casas no 1996 na Facultade de Filoloxía. Saliéntase que o autor insiste en que esta obra non ten a intención de “estudia-la obra literaria” de Rafael Dieste. Nela séguense as “fases de produción teórica de Dieste” e está estruturada en sete partes na que se tocan temas como a situación das literaturas galega e española contemporáneas, entre outras; “Consideración intelectual y debates”, “De la tragedia a la hermenéutica”, “Guerra Civil”, compromiso e independencia, etc.



Figueroa, Antón e Xan González-Millán, *Communication Littéraire et Culture en Galice*, París: L' Harmattan, marzo 1997, 188 pp. (ISBN: 2-7384-5286-8).

A primeira parte deste estudio, a cargo de Antón Figueroa, anúnciase como unha revisión de *Diglosia e Texto* (1988) con pasaxes de *Lecturas alleas* (1996), mentres que a segunda, responsabilidade de Xesús González-Millán, é a traducción de tres traballos publicados orixinalmente en galego. Na introducción, expónse como principal obxectivo dar conta da especificidade cultural galega e da súa evolución, enfocada dende o dominio da comunicación literaria. En “O funcionamento dos textos en diglosia”, analízase fundamentalmente a incidencia da situación diglósica sobre o texto estético partindo dunha dobre perspectiva: a literatura como fenómeno de comunicación e a literatura como fenómeno social e histórico. Céntrase así nos modos de constitución da ficción e do texto e nas modalidades de lectura, deseñando as particularidades que caracterizan o funcionamento do sistema en situación diglósica e as relacións con outros sistemas, facendo fincapé no caso de Philéas Lebesgue como intermediario do coñecemento dos escritores galegos en Francia. Na segunda parte, “A posición do sistema literario galego”, pártese do ano 1975, coa chegada da democracia, para analiza-la transformación do espazo literario galego no momento da súa consolidación como campo especializado cun discurso propio e con institucións específicas, poñendo de relevo a importancia de factores como a recepción crítica, as condicións de lectura, a formación escolar, o mundo editorial, os metadiscursos literarios, os diferentes axentes sociais e o estatuto e imaxe social do escritor. Finalmente, analízanse os diferentes discursos que interveñen na articulación dunha literatura nacional. Pechan o volume unhas conclusións, a bibliografía empregada e uns



V.3. Monografías e libros colectivos traducidos ou noutras linguas

anexos nos que se inclúen gráficas sobre a situación lingüística en Galicia en canto a uso, coñecemento e actitudes fronte ó galego.

Referencias varias:

-Serafín Lorenzo, "Houbo unha transición do nacionalismo literario á literatura nacional", *La Voz de Galicia*, "Cultura", ano II, nº 123, 8 xullo 1997, p. 5. Entrevista con Antón Figuerola con motivo da publicación de *Communication littéraire et Culture en Galice*. O coautor do estudio explica que na primeira parte do libro (elaborada por el) téntase mostra-los problemas dunha literatura que convive cunha lingua que non é a súa mentres que na segunda (feita por González Millán) trátase de demostrar como malia "ese lastre" o sistema foi evolucionando e o feito literario comeza a configurarse como autónomo. Así mesmo, refírese á presenza dun nivel de reflexión importante como feito que levou á literatura a evolucionar e comenta que o influxo da situación diglósica distrae a mensaxe. Finaliza coa referencia á maior "percepción pública do estándar galego" e opina que o galego "precisa dun esforzo nos medios de comunicación".



Mackenzie, Ann L. (ed.), *Spain and its Literature. Essays in Memory of E. Allison Peers*, Liverpool: Liverpool University Press, Hispanic Studies TRAC (Textual Research and Criticism), 1997, 379 pp. (ISBN: 085323-488-4/085323-660-7).

Volume que reúne dezoito artigos elaborados por sinalados hispanistas de Gran Bretaña, España e Estados Unidos para homenaxar a Edgar Allison Peers (1891-1952), fundador do *Bulletin of Hispanic Studies* e catedrático de Español da Universidade de Liverpool durante trinta anos. Os estudos incluídos neste libro consideran diferentes aspectos relacionados coa literatura española dende a Idade Media ata o século XX. A literatura galega aparece representada no artigo “Álvaro Cunqueiro, Britain and Ireland”, a cargo de Colin Smith. Neste artigo afírmase que a inspiración literaria de Cunqueiro non se reduce á súa experiencia vital en Galicia e sinálase a influencia que exerceron sobre el algúns escritores ingleses e irlandeses, como Edward John Plunkett, á hora de construír mundos de fantasía. Así mesmo, Smith comenta a radical reescritura de *Hamlet* que supuxo *O incerto señor Don Hamlet, príncipe de Dinamarca* (1958), xa que a incorporación do complexo de Edipo transforma a obra de Shakespeare noutra totalmente diferente e novidosa.



Porrúa, M^a del Carmen, *De la Restauración al Exilio (estudios literarios)*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Ensaio/Filoloxía, 1997, 335 pp. (ISBN: 84-7492 842-7).

O volume recolle ensaios sobre literatura centrados en tres grandes apartados temáticos: o primeiro dedicado a diversos aspectos da obra de Emilia Pardo Bazán, o segundo referido a Valle-Inclán e o terceiro á literatura no exilio, refírese a escritores galegos exiliados en Sudamérica baixo o título de “Los exiliados”. Nesta terceira parte, que comeza co capítulo “El exilio en la Argentina”, a autora reflexiona sobre o termo “exilio” e expón algunhas actividades dos artistas e intelectuais exiliados en editoriais ou na creación de revistas. En “Lecturas de Rafael Dieste”, céntrase no autor rianxeiro e comeza citando algúns dos labores que levou a cabo no seu exilio arxentino. Continúa coa análise da súa obra escollendo “obras representativas de diferentes épocas” para procura-los seus referentes e a ideoloxía implícita nelas, exceptuando da escolla o teatro e a poesía. En “Prosa realista y prosa maravillosa en el exilio” a autora explica algúns motivos que favoreceron a emigración ou o exilio a Arxentina, afirmando que a permanencia prolongada noutro país, ó que se engade o desexo constante de regresar, condicionou a produción de escritores como Blanco Amor, Seoane ou Dieste. Segue “Periodismo político”, no que comenta varias crónicas publicadas por Luís Seoane no diario *Crítica*, que marcan “una secuencia ascendente en el horror” do fascismo. En “Aproximación a la poesía del exilio” móstrase a relación existente entre os intelectuais galegos no exilio arxentino non só pola coincidencia nos seus intereses senón tamén pola confluencia de tópicos comúns a



varios escritores, poñendo como exemplo a poesía de Seoane e de Lorenzo Varela. Noutro capítulo, “Descripción de la revista ‘Galicia emigrante’”, a autora refírese a esta publicación fundada por Luís Seoane en 1954, que apareceu en 1959. Establece a nómina de colaboradores e indica as seccións fixas coas que contaba. Afirmar que o carácter da revista era “enciclopédico” e escolle ó chou un número da mesma para explica-los seus contidos. Remata o volume co capítulo “Castelao y la Argentina. Dos momentos”, que sitúa a Castelao en Arxentina. Ademais, comenta a presenza do tema da emigración nas obras *Retrincos* (1934), *Os dous de sempre* (1934) e *Cousas* (edición conxunta, 1934), e analiza este aspecto, ben na súa dimensión americana, ben dende Galicia. Seguidamente, refírese ó posterior exilio de Castelao. Refírese tamén ó humorismo, presente nos dous períodos (emigración e exilio), recóllese unha definición do humorismo feita polo autor e válida tanto para a produción escrita coma para a gráfica e a utilización da sátira. Remata o capítulo cun “Apéndice” que inclúe fragmentos de *Sempre en Galiza* (1944) nos que se trata o tema da emigración e do exilio.



Rilke, Rainer Maria, *Cartas a un poeta novo (Briefe an einen jungen Dichter*, 1929), trad. Jaime Santoro Membiela. A Coruña: Espiral Maior, col. A Illa Verde, nº 24, febreiro 1997, 56 pp. (ISBN: 84-89814-11-2).

Este libro de Rainer Maria Rilke (Praga, 1875-Montreux, Suíza, 1956) está precedido dunha breve nota de Franz Xaver Kappus, datada en Berlín, en xuño de 1929. A obra recolle dez cartas, enviadas polo escritor ó xove poeta Franz Xaver entre os anos 1903 e 1908. Nelas trátanse fundamentalmente temas de raigame literaria, pois a súa función é a de dar consellos ó seu destinatario sobre a aprendizaxe poética. Así, as cartas tratan temas relativos ó oficio do escritor, á crítica ou a diferentes lecturas. Noutras ocasións, o autor aborda cuestións que atinxen ó ser humano en xeral, como a soidade ou o amor.

Recensións:

-Vicente Araguas, "Aquí hai todo un home", *O Correo Galego*, "*Revista das Letras*", nº 175, 4 setembro 1997, p. 10. Con motivo da publicación en galego desta obra, coméntase o olvido da figura de Rilke, un dos grandes poetas do século XX. Ó mesmo tempo destácanse varios aspectos da obra: a quen van dirixidas as cartas, o sitio dende o que foron escritas e, en canto ó seu contido salienta o afondamento que se fai en principios estéticos, relixiosos e humanos.



Rubia Barcia, José, *Palabras al viento. Selección testimonial sobre la vida y obra fuera de España de un transterrado iberogalaico*, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, 1997, 302 pp. (ISBN: 84-7492-829-X).

Presenta unha ampla visión da vida e obra de José Rubia Barcia. Está dividido en tres partes, pertencentes cada unha delas ás etapas vitais de maior relevancia deste ferrolán: a primeira corresponde á súa estancia na Habana (1939-1943), a segunda á súa permanencia accidental nos EEUU (1943-1953) e a terceira, ó seu establecemento definitivo nese país. Ofrece de cada unha desas etapas unha selección de diversos textos —cartas, artigos e escritos varios— que documentan o intenso labor de Rubia Barcia e salientan o seu quefacer como docente e escritor. Infórmase de que a meirande parte da súa obra apareceu en lingua castelá e inglesa, publicando só un poemario bilingüe, galego-castelá, titulado *Cantigas de bendizer*. Da súa relación con Galicia sublíñanse os actos ós que asistiu na nosa terra, á axuda que prestou á xente interesada na cultura galega e as publicacións que se fixeron ó redor da súa figura.

Recensións:

-Rodri García, “Lonxe da terriña, lonxe do meu lar”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 112, 20 abril 1997, p. 6. Recolle primeiramente un fragmento do limiar e subliña a coincidencia do día da morte de Rubia Barcia e do remate da rodaxe de *A novia de medianoite* da que o intelectual fora guionista xunto a Buñuel. Finalmente describe o contido do libro.





V.4. Publicacións en revistas

V. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

V. 4. Publicacións en revistas



Aleixandre, Marilar, “Un fillo como un poema”, *Grial*, nº 136, Tomo XXXV, outubro-novembro-décembro, 1997, pp. 669-670.

O feito de que o embarazo e a maternidade non teñan sido tradicionalmente materia literaria e poética, é subliñado por Marilar Aleixandre ó darnos a coñecer-la obra de Xela Arias, *Darío a diario* (1996). A autora “pon palabras novas a estas relacións humanas nai-fillo” engadindo “orixinalidade a outros valores intrínsecos do libro”.



Allegue, Gonzalo, “Encuentro con Blanco Amor”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 46-47.

Evoca cómo coñeceu a Eduardo Blanco Amor, cando lle pediu unhas fotografías para a I Exposición Gráfica de Artistas Escritores, aínda que o seu primeiro encontro tivo lugar algo despois, no aeroporto de Madrid. Reproduce conversa que mantiveron e na que trataron da morte e se contaron diversas anécdotas de Valle-Inclán ou Otero Pedrayo.



Alonso, Eduardo, “Producción e distribución: situación, perspectivas e alternativas”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Produção e distribuição”, nº 1, primavera 1997.

Artigo no que se fan consideracións sobre o teatro: reflexións e problemática actual. Primeiramente pásase revista a unha serie de principios básicos sobre o feito teatral, analízanse os elementos que interveñen no proceso de produción do teatro, isto é, os recursos económicos, os humanos e os técnicos. Respecto dos económicos, aqueles que financian o espectáculo, constátase o feito xa sabido de que en Galicia todo o teatro se alimenta das subvencións públicas. Non se nega a validez destas, pero unha vez reformadas e dotadas de novas intencións e obxectivos. Destácase a case nula participación no feito teatral do “financiamento semipúblico”, ou sexa, das fundacións, padroados e caixas de aforros e vese necesario, aínda que laborioso, o labor de captación de financiamento privado que invista en teatro. Para isto apúntase a posibilidade de establecer leis de mecenado ou de porcentaxes e proponse a creación de créditos brandos para as empresas de produción teatral, xa que non existe practicamente ningunha que dispoña dunha marxe de capitalización unha vez rematada a distribución dun espectáculo. En canto ós recursos humanos, sinálase o feito de remunera-los ensaios cun salario normal, o que encarece os orzamentos das productoras. Con todo, considérase máis urxente a necesaria creación das institucións axeitadas para formar actores, técnicos e xestores para o teatro. Por recursos técnicos entende Eduardo Alonso traballos como o atrezzo e a escenografía que, na súa opinión, deberían ser postos en mans de empresas



auxiliares capacitadas. Nisto ve grandes posibilidades de colaboración co norte de Portugal. Non cre que sexa tan importante como o problema da falta de público o da itinerancia ou estabilidade para os espectáculos, aínda que pensa que a elección dun ou doutro modelo varía o proceso de produción. O espectador de teatro é hoxe un “cliente reacio a facer a compra do produto” e polo tanto imponse unha actuación agresiva de captación de público. Así, considera tres actuacións fundamentais: unha información clara, opcións nos prezos e horarios e o establecemento de canles de opinión para o espectador.



_____, “Teatro e sociedade en Galicia”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Teatro e sociedade”, nº 1, primavera 1997.

En función da categorización do teatro como servizo público, Eduardo Alonso pensa que o espectador, o receptor dese espectáculo debe cumprir tres requisitos: ser válido como interlocutor, isto é, que a obra estea deseñada para posibilita-la súa interpretación, quedar satisfeito co servizo, non cambiándoo por ningún outro e ser maioritario, é dicir, poder ter acceso a ese servizo independentemente do nivel económico, da condición física e da preparación intelectual. Tras desta introducción de principios, pasa a analiza-la situación actual de comunicación entre teatro e sociedade galegos. Ofrece datos numéricos e acaba, en resumo, poñendo en claro que o tanto por cento da poboación galega que hoxe asiste ó seu teatro non é nin a elite, nin sequera a maior parte desa poboación con estudos superiores. Isto lévao a pensar que é necesario establecer canles de comunicación coa sociedade para saber cáles son as súas preferencias teatrais, sen medo a ningún tipo de respostas.



_____, “Un premio para todos”, *Tempos Novos*, nº 6, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, novembro 1997, p. 87.

Lembra os seus diferentes encontros co autor galardoado co Premio Nobel de Teatro, Darío Fo. Despois de se referir ó ambiente do teatro independente dos anos setenta en Madrid, conta como nos oitenta Fo representou a peza *Misterio bufo* no Teatro Rosalía da Coruña, onde tivo a oportunidade de coñecelo persoalmente. No 1989 dirixiu con Teatro Xalgarete *De par en par*, adaptación de *Parella aberta*, de Darío Fo en traducción de Cándido Pazó, coa escenografía de Xerardo del Río, música de Emilio Cao e interpretación de Pepe Soto e Mercedes González. Outros encontros co autor premiado foron a representación de *Misterio cómico* con Teatro do Morcego e *Monólogos para unha actriz*. Conclúe afirmando que este premio corresponde ó teatro en xeral.



_____, “La cuadratura del círculo”, *ADE*, nº 58-59, p. 54.

Coméntase a experiencia teatral dunha pequena compañía de provincias que levou a cabo a posta en escena dunha obra, utilizando un espacio circular no que o público rodeaba ós actores de tal forma que cada espectador tiña unha visión distinta do que estaba acontecendo no escenario.



_____, “El efecto acordeón”, *ADE*, nº 58-59, pp. 80-81.

Fala das montaxes teatrais de provincias que deben estar dotadas do que Alonso chama o “efecto acordeón” para se adaptar a calquera espacio ou circunstancia, pois as características escénicas dos teatros galegos son moi variadas.



Alonso Montero, Xesús, “O meu Fiz, o noso Fiz”, *Guieiros*, nº 4, pp. 27-29.

Recolle nestas páxinas a lembranza de Fiz Vergara dende os anos en que fora alumno seu no Instituto Masculino de Lugo ata os derradeiros da vida do poeta. Céntrase na dor que sentía Fiz ó verse impedido pola súa doenza e, en certo xeito, arredado do mundo, e di que algunha forza útil, recordando unha carta de Machado a J. R. Jiménez, debía haber nel para axudarlle a seguir. Como poeta, cualifícao de autobiográfico, cantor da súa terra, Lóuzara Xabreira, por excelencia.



Alonso Pintos, Serafín, “Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta”, *Grial*, nº 136, Tomo XXXV, outubro-novembro-décembro, 1997, pp. 674-675.

Descríbese o volume *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, coordinado por Ramón Lorenzo e Rosario Álvarez e publicado pola Universidade de Santiago de Compostela en 1996. O autor salienta as colaboracións realizadas polos compañeiros e compañeiras da Facultade de Filoloxía de Santiago, onde Pilar Vázquez Cuesta ocupou a Cátedra de Portugués entre os anos 1989-1991, así como as estadías en Macau ou Budapest. O artigo remata cunha breve semblanza dunha muller que, “desde a lusofilia” iría achegándose “lenta pero cordialmente á colaboración co galeguismo”.



Álvarez Ruiz de Ojeda, Victoria, “Un importante documento para a biografía de Rosalía de Castro”, *Grial*, nº 136, Tomo XXXV, outubro-novembro-décembro, 1997, pp. 479-501.

Dá a coñecer un documento que atinxe á biografía de Rosalía de Castro, concretamente á época da súa primeira infancia. O artigo está dividido en seis apartados. No primeiro, “Estado da cuestión”, a autora fai un repaso crítico dos datos ofrecidos polo *Diccionario da Literatura Galega* e analiza o coñecido ata agora sobre os primeiros anos da autora. A continuación, baixo o título “Un padrón de habitantes de 1842”, dá noticia dun documento procedente do Concello de Padrón onde figuran censadas Teresa de Castro, Rosalía de Castro e María Fernández e que constitúe o “único testemuño documental de carácter oficial” que acredita a convivencia de Rosalía e da súa nai en Padrón. Nos seguintes apartados, “Da casa na que viviu Rosalía e doutras precisións cronolóxicas” e “José Martínez Viojo, Teresa de Castro e Rosalía en Padrón”, afonda na cuestión. O quinto apartado, “Padrón en 1842”, analiza unha serie de datos sobre a vila obtidos de dito documento: a poboación, o servizo militar, a emigración, os oficios, o comercio, a crise do sector téxtil, etc. O artigo finaliza cun punto final onde se gaba a adecuada política de arquivos seguida polo concello de Padrón que permitiu e permitirá a actuación dos investigadores. En dous apéndices finais reproduce os documentos de que se serviu a investigación.



Andrade, Marisa, “A luz dos desnortados”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Crítica”, 1997, pp. 106-107.

Destácase de *A luz dos desnortados* (1996), de Xosé María Álvarez Cáccamo, a oposición que se establece entre luz e sombra, presente en toda a obra do escritor, que configura neste caso “un libro desacougante, sorprendente, no que o autor fai unha aposta por un estilo de relato totalmente novidoso tanto no que atinxe ao fondo como á forma”. Continúa referíndose á presenza de “retazos da memoria” e ós relatos significativos que enmarcan o libro, “Falcón” e “Anser, Anser” xunto a “Banda verde” e “Hotel Península”, nos que se presenta ós desnortados e á súa luz e, por outra banda, “Noticia”, “Chesterfield” e “O arrecendo”, nos que se elabora unha recreación do pasado e se crean ambientes opresivos. Destácanse algunhas constantes como a ruptura da temporalidade, a procura do paraíso perdido, a mestura da realidade e da fantasía e a presenza de finais abertos para logra-la complicidade do lector. Finalmente, cualifícase o libro de “sorprendente pola estrutura e sobre todo polo léxico e a utilización da linguaxe, e desacougante porque consegue adentrarse por espazos recónditos do sentimento humano e situarnos fóra de calquera espazo, nun tempo sempre cheo de inquedanzas e preguntas que en cada época preocupan ao ser humano”.



Angueira, Anxo, “Unha nova canle poética”, *Grial*, nº 133, Tomo XXXV, xaneiro febreiro-marzo 1997, pp. 112-114.

Refírese á nova colección de poesía de Edicións Xerais, Ablativo Absoluto que quere ser “unha nova canle poética” para ese “corenta por cento” de títulos de poesía no eido das publicacións literarias galegas. Cítase o seu xove Consello Editorial —formado por Iris Cochón, Xabier Cordal, Helena González, Antón R. López, Miro Villar e Fran Alonso—, e salientase a súa sensibilidade e vocación “renovadoras” e a calidade como criterio de selección. Finalmente dáse dos catro primeiros títulos publicados: *Traballo de campo*, de Seamus Heaney, traducido por Vicente Araugas, *Nínive*, de Chus Pato, *Poemas da cidade oculta*, de Estevo Creus e *O asasino estrábico*, de Anxo Quintela.



_____, “Helena de Carlos: *Alta casa*”, *A Trabe de Ouro*, nº 29, Tomo I, xaneiro febreiro-marzo 1997, pp. 101-102.

Comentario crítico da opera prima de Helena de Carlos, *Alta Casa* (1996). Destácase a ausencia de rigor formal nos poemas, a franqueza e a naturalidade dos mesmos e considérase que o tempo, en diversas perspectivas e con moitos remitentes en obras xa clásicas, é o que forxa o libro, xunto ó sentimento da saudade que o enche todo. Finalmente menciónase que hai un espacio tamén para o alento comunal, colectivo e conmovedor.



_____, “Darío Xohán Cabana: *Morte de rei*”, *A Trabe de Ouro*, nº 29, Tomo I, xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 77-80.

Encadra o crítico a novela de Darío Xohán Cabana *Morte de rei* (1996) dentro da preocupación recente sobre o período histórico de formación da identidade nacional de Galicia anterior ó século XV: a época sueva e o tempo de Prisciliano. Di que é un “afán de pensar a nosa historia desde puntos de vista propios”. Sobre a novela afirma que é “unha formidábel recreación, cargada de humorismo, dunha Galiza independente”. Salienta sobre todo, o seu rigor documental, os ambientes que desprega e a lingua, da que di que é “un caso asombroso de recreación”.



Araguas, Vicente, “*Traballo de campo* de Seamus Heaney”, *Viceversa*, nº 3, “Traducións xustificadas”, 1997, pp. 109-111.

Crítica sobre a tradución ó galego de *Traballo de campo* (1996), de Seamus Heaney, da que comenta que non é do máis destacado do autor aínda que tódalas súas obras son de grande calidade. Araguas, como traductor deste libro, quéixase de non dispor doutras traducións (alomenos en linguas románicas) coas que compara-lo seu labor pero critica a quen se apoia excesivamente nelas e admite que contou coa axuda de amigos británicos como Brian Hughes. Finalmente expón algunhas das dificultades que achou para realiza-la versión encargada por Fran Alonso para abri-la colección “Ablativo Absoluto”.



_____, “Carlos Casares: Dios está a la derecha”, *Leer*, nº 87, febreiro-marzo 1997, pp. 44-46.

Entrevista co escritor Carlos Casares con motivo da publicación en castelán da súa novela *Deus sentado nun sillón azul*. O escritor comenta o tema fundamental da obra e dá a coñecer as súas opinións sobre distintas cuestións literarias: o realismo, o seu labor como autor de contos, a súa opinión sobre Torrente Ballester e o futuro do mundo do libro. Comenta a presenza da guerra civil, o realismo e o erotismo na novela e fala tamén da relación editor-autor, da práctica da autotradución e da pervivencia futura do libro, malia a competencia dos novos soportes.



_____, “Hora de poesía”, *Leer*, “Literaturas nacionales”, nº 87, febreiro-marzo 1997, p. 76-78.

Panorámica da poesía na fin de milenio na que se sinalan explicitamente as xeracións que nela conviven e a polémica suscitada polos poetas máis novos que esixen un sitio propio na lírica galega finisecular. Coméntanse algunhas obras que se consideran máis sobresaíntes da lírica galega actual: *Contra saudade* (1996), de Xosé Manuel Vélez e *As certezas do clima* (1996), de Miguel Anxo Fernán-Vello como as creacións máis conseguidas; *Cinsa do vento* (1996), de Emilio Araújo do que se destaca o seu pouso popular e *Tortillas para os obreiros* (1996), de Fran Alonso que, segundo se di, posúe a maioría das características das máis novas xeracións poéticas.



_____, “Unha revisión histórica”, *Leer*, “Literaturas nacionales”, nº 89, p. 92.

Comenta brevemente o argumento do libro de Darío Xohan Cabana *Morte de Rei* (1996). Salienta a publicación de *Unha liña no ceo* (1996), que recolle un conxunto de composicións de distintos autores galegos cos que Xerais pretende conmemora-la publicación dos seus primeiros mil libros. Por último destaca a reedición do libro de Xavier Carro *As calexas de cigurat* (1996), do que comenta o dominio que o autor ten dos resortes do relato, e a publicación do libro de Olga Novo *Por un vocabulario galego do sexo* (1996).



_____, “Razón de violencia”, *Revista de libros*, nº 5, “Literatura Española”, maio 1997, p. 40.

Recensión da versión castelán de *Deus sentado nun sillón azul*. Comeza esta análise cunha síntese da temática da novela de Casares, na que se salienta o realismo e o afán moralizante. Caracterízase a obra pola presenza da “violencia ambiental” e dun “cuadro esperpéntico en el que la sombra de la guerra (...) hace de las suyas”. No tocante á temporalización, loúvase a inclusión de numerosos *flash-backs* de elevada perfección. En canto ós personaxes, Araguas opina que o autor ourensán tentou resumir no protagonista a tódolos intelectuais da preguerra que se alinearon co réxime franquista unha vez rematada a sublevación militar. Para rematar, refírese á calidade da traducción e expresa o seu desexo de que autores coma Méndez Ferrín atopen o seu oco no mercado editorial español.



_____, “Poesía de hoy: foto de grupos”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”,
nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 102-105.

Análise panorámica da poesía dende 1975 á fin de milenio, é dicir da produción poética posterior á morte de Franco. Coméntase que a partir dese momento a poesía abandona a tendencia “política o social o beligerante”, que provocara o esquecemento de autores como Fermín Bouza-Brey, Álvaro Cunqueiro ou Ricardo Carvalho Calero e, entre os que comezaban a publicar, Xosé Luís Franco Grande, Xohana Torres, Bernardino Graña ou Salvador García-Bodaño, dos que se apunta algún trazo das súas poéticas. Indícase como necesario para aquel momento a apertura a novos temas e a preocupación pola linguaxe, e sinálanse dous libros como fundamentais: *Mesteres*, de Arcadio López Casanova e *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín, sen esquecer *Herba aquí e acolá*, de Cunqueiro. A seguir coméntanse as actividades de Antón Reixa, en Vigo, e dos poetas que publicaron en Madrid a revista *Loía*, para chegar ós anos oitenta, cun grupo de poetas dos que se inclúen os nomes e as liñas básicas da súa obra, como o culturalismo ou o barroquismo, que convivían con outras direccións opostas. Séguese coa actividade editorial arredor da poesía, salientase a importancia que algúns premios literarios tiveron por ofrece-la posibilidade de publicar e coméntanse algúns dos poemarios premiados. Sublíñanse tamén os nomes doutros poetas dos oitenta dos que se considera que “no se habla de ellos como se debiera”, para se centrar finalmente na poesía dos noventa, incluíndo aspectos característicos como o uso do “verso libérrimo”, a narratividade e a crecente presenza de mulleres poetas, “lo que rompe definitivamente con el enfoque patriarcal de nuestra poesía”, e





V.4. Publicacións en revistas

dicindo que o que poden chegar a ser estes poetas no futuro aínda está por ver, pero “tienen mucho que ganar”.



_____, “Manuel Rivas. *O pobo da noite/El pueblo de la noche*”, *Revista de libros*, “Poesía”, n.º 7-8, xullo-agosto 1997, p. 60.

O inicial percorrido pola traxectoria poética de Manuel Rivas, dende os seus comezos na revista *Loia* no 1977, está seguido dunha recensión de *O pobo da noite* (1996). Caracteriza a poesía do gañador do Nacional de Literatura pola súa espontaneidade, que o levou a ser unha das voces máis anovadoras do mapa poético dos oitenta. Salienta a combinación de naturalidade e culturalismo, o “desprecio” pola métrica, e a relación coas anteriores obras do autor.



Araújo García, M^a Teresa, “Manuel Antonio e a vangarda”, *Revista Galega do Ensino*, nº 14, febreiro 1997, pp. 229-231.

Análise da obra de Xosé Ramón Pena, *Manuel Antonio e a vangarda* (1996), obra que tería como base o traballo do autor *A poesía de Manuel Antonio nas literaturas galegas de vangarda* (1979) e a súa tese de doutoramento, *Literaturas galegas de vangarda*. Destácanse os dous eixes temáticos da obra: o estudo do “proceso de desenvolvemento das chamadas vangardas literarias na literatura galega”, “peneirado polo ideario estético do galeguismo e guiado (...) principalmente por Antón Villar Ponte e por Vicente Risco”, e “o papel desempeñado polo poeta Manuel Antonio”. Segundo a recensionista, a análise do ideario manuelantoniano permítelle a Xosé Ramón Pena probar como o poeta rianxeiro foi quen de “romper cos dictados estéticos do galeguismo para conseguir unha obra literaria que, partindo do máis estricto nacionalismo, logrased a universalidade”.



Axeitos, Xosé Luís, “O celtismo, utopía trascendente na literatura galega”, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 2, 1997, pp. 79-86.

Rastréxase a presenza do mito celta na literatura galega, reflexionando sobre a súa transcendencia, as súas formulacións e a súa función. Considérase que “o celtismo forma parte da árbore xenealóxica da nosa cultura e ocupa, ó lado de Santiago como espacio mítico, un lugar importante como panca universalizadora e diferenciadora da nosa literatura”.



Baamonde, A., “¿Que Academia demanda a sociedade?”, *Tempos Novos*, nº 6, “Voces e Culturas. Debate”, novembro 1997, pp. 70-78.

Transcrición dun debate, coordinado por Antón Baamonde, no que se recolle un intercambio de opinións sobre a Real Academia Galega. Neste debate participaron Xesús Alonso Montero, Carlos Casares, Xesús Ferro Ruibal, Pilar García Negro e Bieito Iglesias, que reflexionan sobre a situación da institución nos anos do franquismo e sobre a ideoloxía política dos académicos daquel momento. Sinalan fundamentalmente a falta de compromiso rigoroso a prol da lingua, o afastamento da institución da sociedade galega, a presidencia de García Sabell e a institucionalización progresiva da cultura galega. Ademais debaten algún dos contidos dunha carta difundida nos xornais por Manuel Rivas, Méndez Ferrín e Suso de Toro tales como a necesidade de proxecta-la cultura galega no exterior, as funcións da Academia na actualidade e a necesidade de que faga pronunciamentos sobre aspectos concretos de normalización lingüística.



Bar Cendón, Mónica, “Antoloxía de María Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, 1997, pp. 22-27.

Trátase dunha escolma de poemas de María Mariño pertencentes a *Palabra no tempo* (1963) e *Verba que comeza* (1990).



Barralla, María, Eva Sandino, “Este es un país inculto”, *GAM*, nº 53, novembro 1997, pp. 63-65.

Entrevista na que Suso de Toro comenta que decidiu deixa-lo ensino para se dedicar á escritura en exclusiva e as diferencias que encontrou entre ámbolos dous traballos. De seguido reflexiona sobre a relación da literatura coa televisión, co cinema e co xornalismo. Finalmente fala da súa vocación infantil de ser escritor e do personaxe con gafas de sol que interpreta perante os medios.



Beiró, Masito, “Rosalía de Castro. Súa fundación cara ó fin de século”, *Lúa*, nº 2, IIº Trimestre 1997, pp. 16-17.

Dáse conta da transformación do Patronato Rosalía de Castro en Fundación, co que se pretende unha remodelación da institución e o comezo de novas iniciativas como a exposición “Rosalía de Castro na fin de século”, coordinada por Manuel Suárez. Fálase das orixes da institución, creada no Nadal de 1947, e da presidencia de Luís Iglesias Iglesias, José Mosquera, Octavio Sanmartín e Agustín Sixto Seco. Anúnciase a próxima edición dunha memoria dos cincuenta anos da institución e a reedición da Ruta Rosaliana, entre outros proxectos.



Bernárdez, Carlos L., “A literatura dramática como espello da nosa realidade cultural”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Libros”, nº 1, primavera 1997.

Crítica do libro *Manual e escolma da literatura dramática galega* (1996), de Manuel F. Vieites, no que se fai un percorrido sobre o teatro: panorámica xeral. Fálase da estrutura do libro, que está dividido en dous apartados: un primeiro historiográfico que repasa os períodos de creación, basicamente no século XX, e afronta as lagoas, da Idade Media ó XIX, propoñendo hipóteses, e un segundo que ofrece unha selección de textos que chega ata a época máis actual. Sinálase que a maior pexa vén da ausencia, por mor da non cesión dos dereitos de autor, de nomes como Otero, Risco, Castelao, Dieste ou Seoane.



Blanco, Carmen, “Pereiro último”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 23, 1997, pp. 117-118.

Lembranza e homenaxe ó poeta Lois Pereiro con motivo do seu falecemento, na que se evoca a incitación á vida que debemos ler no seu “Epitafio” incluído en *Poesía última de amor e enfermidade*. Recórdase tamén a experiencia compartida co escritor nas páxinas do número 4 da revista *Anima+I*, ó tempo que se maldí “a miseria e a usura que te levou á tumba”.



_____, “A lingua poética de María Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Monográfico”, 1997, pp. 7-11.

Preténdese explica-la poética rupturista de María Mariño poñendo de manifesto algunhas características da súa expresión. Deste xeito salientase que a súa voz poética “é a da nena que fala” no medio da natureza e na soidade do bosque, aínda que recolla ecos distantes que configuran unha “poética do máis alá ou do lonxe” onde tamén están os murmurios do mar e os rumores da terra, as constantes referencias á “vella voz” da tradición e a “luz-verba” que, a través dunha vía mística, o ensina todo. Conclúese dicindo que se trata dunha lingua estraña, chea de “contradiccións plurisignificativas”, baseada na ruptura semántica e sintáctica, con xogos fónicos e de rexistro coloquial.



_____, “A teta sobre o sol: o explosivo vitalismo de Olga Novo”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Crítica”, 1997, pp. 102-103.

Coméntase en primeiro lugar de *A teta sobre o sol* (1996), de Olga Novo, o coidado deseño da cada exemplar, como vén sendo habitual en Edicións do Dragón. A seguir, sitúase á autora dentro da poesía galega actual, na que conviven varias xeracións, algunhas delas moi novas, e na que destaca dende a década dos noventa a significativa presenza da poesía escrita por mulleres. A propósito do poemario de Olga Nova incídese fundamentalmente na súa “liña poética radicalmente vitalista” e no “desexo frenético de vivir e de facelo coa maior intensidade posible”, dúas constantes que configuran unha escrita materialista e sensual.



_____, “Mulleres na utopía celta de Pondal”, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 2, 1997, pp. 101-118.

Analízanse os perfís femininos que aparecen na poesía de Eduardo Pondal, sinalando que se trata dun constructo que representa unha das materializacións do mito celta e atlántico e do soño diferencialista (a “utopía celta”) na cultura galega. Logo da identificación do papel da muller no corpus analizado (a muller forzada, a fada Celtia, a muller obxecto de desexo, as cantoras, as adiviñas, as cazadoras e guerreiras, as fadas das augas), conclúese que “Pondal fai unha construción mítica claramente androcéntrica, pero nela encontramos brillos procedentes do resplandor dunha potente muller solar con todas as súas plenitudes”.



_____, “Escribir en la casa de la madre”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 84-87.

Faise un paralelismo, en ton lírico, entre unha casa e a literatura galega, representada por Rosalía de Castro, sinalando que a nosa literatura é “un recinto materno que tiene a una mujer como figura canónica máxima”. Seguidamente coméntanse as súas obras e as características fundamentais da súa poética, como a denuncia da marxinação, a interrogación metafísica ante a dor e a morte e a “eterna búsqueda de lo que no hay”. Estes elementos e outros son aludidos nos comentarios de poemas como “Estranxeira na súa patria”, “¡Soia!”, “A xustiza pola man” ou “Negra Sombra”, a propósito do cal se desenvolve unha teoría sobre a cor negra na poesía rosaliana. Remátase falando das pegadas de Rosalía na literatura galega, lembrando os casos de Luís Pimentel, Otero Pedrayo, Manuel Antonio, Xohana Torres, Ana Romaní ou Luz Pozo Garza, entre outros nomes.



Blanco, Emilio, “Cuando llegues al norte, no preguntes”, *Qué leer*, nº 12, “Biblioteca das letras”, xuño 1997, p. 88.

Comeza esta recensión da antoloxía *Poesía gallega contemporánea* (1996) cunha reflexión acerca da “alma poética” galega. Cualifica este traballo de Luciano Rodríguez e Antonio Jiménez Millán como unha dobre “tentación”, tanto visual, pola súa presentación, coma auditiva, pola súa musicalidade. Informa do contido desta antoloxía, salientando a presenza dalgúns poemas inéditos e doutros verquidos ó castelán polos propios autores.



_____, “Alrededor del libro”, *Qué leer*, nº 15, “Biblioteca de letras”, outubro 1997, p. 82.

Comeza o artigo cun comentario do contido da colección “Bibliofilia de Galicia”, publicada pola Xunta de Galicia. A seguir, achéganos unha recensión de *Arredor do libro. Artigos de Bibliofilia* (1996), publicada por Xosé F. Filgueira Valverde na devandita colección.



Bouza, Fermín, “Chove sobre mollado”, *Luzes de Galiza*, nº 28, “Lois Pereiro”, Primavera 1997, p. 5.

Lembra o autor unha viaxe en coche ata Santander, acompañado pola súa muller e por Lois Pereiro, para participar nunha “festa galega” titulada *Galicia: chove sobre mollado*. No transcurso da viaxe xurdiu unha boa amizade entre o articulista e Pereiro, “sendo el e sendo eu dúas persoas máis ben prudentes, ou tímidos”, e conta algúns acontecementos dela, como o feito de que cantaron, falaron de poesía e recitaron poemas, co cal “a viaxe converteuse nun pracer para sempre”. Elabora, deste xeito indirecto, un retrato de Lois Pereiro rematando por dicirlle: “Meu benquerido Lois, hemos de nos ver aínda. Máis alá”.



Braxe, Lino, “Nós e o teatro: Premios María Casares”, *Escaramuza*, nº 0, xaneiro 1997, pp. 9-10.

Fai unha breve síntese biográfica e profesional da actriz exiliada en Francia María Casares, á vez que comenta o que tería representado no teatro galego de non haber a guerra civil e a ditadura. Por este motivo a xente do teatro galego, segundo afirma, quere-lle render homenaxe instituindo os premios anuais do teatro galego co seu nome, que consistirán na entrega dun busto realizado por Isaac Díaz Pardo.



C. F., “Virtudes da resistencia”, *Tempos Novos*, nº 7, “Voces e Culturas. Entrevista”, decembro 1997, p. 68.

Recoñécese en Manuel Lourenzo a virtude da resistencia ó longo dos moitos anos dedicados ó teatro. Destácase da súa traxectoria a procura constante de alternativas e sinálase que a sociedade é a culpable de que Lourenzo non atopase entre nós un espacio digno para a súa obra.



C. de R., O., "Follas de Resistencia Poética", *A Trabe de Ouro*, "Textos", nº 32, Tomo IV, Ano VIII, outubro-novembro-décembro, 1997, pp. 91-104.

Recóllense tres dos catro números das *Follas de Resistencia Poética*, editadas entre 1975 e 1977, nas que se atopan poemas asinados por Ramón Paseiro, Fuco Carral, Manoel Quenzo e Bárbaro Tomé. Dáse conta dos contidos destas entregas sinalando que no número 1 aparecera o poema "Reclamo a liberdade pró meu pobo", que máis tarde asinaría Méndez Ferrín e que o número catro leva o selo do grupo Rompente.



Caamaño, Carlos, “Non sei se saberei falar de ti, amigo”, *Guieiros*, nº 4, 1997, p. 19.

Recordo das vivencias compartidas ó lado do poeta Fiz Vergara. Lóuvase a través de diversas anécdotas a súa humildade e bondade como persoa e a súa grandeza como poeta. Fálase tamén dos gustos literarios de Fiz e das súas preferencias por autores latinoamericanos como García Márquez ou Isabel Allende.



Campo, Pepe do, “O teatro de Fiz Vergara Vilariño”. Do espertar de Lóuzara ó teatro de Fiz Vergara Vilariño”, *Guieiros*, nº 4, pp. 75-76.

Relata as súas vivencias de home de teatro ó lado de Fiz Vergara. Cita as obras que Fiz, en ocasións, fixera case por encargo, para a xente afeccionada ó teatro na súa terra: *As pulgas nunca dormen* (1979), *O muíño vello nunca morrerá* (1994), *Traxicomedia dos peidos do demo* (1995) e *Cando a morte baixa a Milrosas* (1996). Alude tamés a xente dos lugares que se sumaron a estas pezas como actores e como público entusiasta. Para Pepe do Campo, “coas obras de Fiz apréndese moito”.



Casado Velarde, Manuel, “Lingua, literatura e valores”, *Revista Galega do Ensino*, nº 15, abril 1997, pp. 297-309.

Con motivo da publicación deste número especial da *Revista Galega do Ensino* sobre os valores, Manuel Casado Velarde reflexiona sobre os valores nos eidos da lingua e a literatura. O autor parte da análise das disposicións legais existentes sobre a transmisión dos mesmos. A esta séguelle unha reflexión sobre os valores e os contravalores, así como a incorporación progresiva dos mesmos no home. No que se refire á lingua o autor salienta o “amplo surtido de voces e expresións cheas de contido valorativo”. Para este, mesmo os textos non literarios terían “valores ocultos”. Sen embargo, serían principalmente os textos literarios os que ofrecerían posibilidades para o “enriquecemento das vidas dos lectores”, de forma que “a través destes textos a aproximación ós valores é máis intuitiva ca racional (...), máis acorde (...) coa nosa natureza sensible”. Por último invítase a unha reflexión sobre o papel decisivo que o docente de lingua e literatura ten entre mans.



Casas, Arturo, “De impurezas, epitafios e balbordos. Lectura non só sistémica de *Fascinio*, de Chus Pato, nas coordenadas líricas dos 90”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 129-148.

Tras dunha introducción na que se menciona a falta de dialéctica das voces poéticas da xeración dos 80, percibida por un sector da crítica, e o cambio que se produciu en canto a dinamismo e pluralidade coa irrupción da xeración dos 90 e co *boom* da lírica escrita por mulleres, reflexiónase sobre estes feitos dende a particular concepción do sistema literario galego. Cuestiónase tamén a periodización baseada en xeracións definidas polo factor *idade* que, segundo Arturo Casas, habería que desprazar cara “a un segundo ou enésimo termo; potenciando a cambio unha lectura sociolóxico-formal e sistémica”. Neste sentido e con respecto a Chus Pato, sinala que a pesar de que naceu en 1955 habería que asociala ó marco xeracional dos 90 xunto a autores como Gonzalo Navaza, Ricardo Martínez-Conde, Manuel Outeiriño ou Luisa Villalta. Considera que a obra de Pato debería ubicarse en dous “espacios espistémicos”: “o da literatura escrita por mulleres militantes no feminismo” e “o núcleo de poetas próximos ós presupostos culturais, estéticos, literarios, ideolóxicos e raciovitais de Méndez Ferrín”, que funcionan como *unidades xeracionais*. Apunta que a proposta poética desta escritora representa “unha das aventuras de maior riqueza e intensidade da etapa aberta en 1976, e un dos acontecementos máis singulares



entre todos os vividos pola lírica galega ó longo deste século". Cre que o seu programa baséase fundamentalmente no xuízo á realidade histórica das cousas, do eu e do mundo, denunciando a desposesión e inanimidade dende o protagonismo absoluto da linguaxe. Analízase a súa obra poñendo de manifesto as múltiples conexións que presenta cos integrantes do movemento norteamericano *Language Poetry*, activo nos anos 70 e 80, así como a presenza da multiplicación de voces nos distintos niveis da enunciación lírica ou o papel colaborador que se lle ofrece ó lector nalgúns poemas.



Castro, Francisco, “Xa non hai lectores (agás en Alemaña)”, *Tempos Novos*, nº 5, “Espacio aberto. Opinión”, outubro 1997, p. 14.

Reflexión irónica sobre o descenso do número de lectores, feito que o autor do artigo atribúe á influencia da televisión, a pesar de que constituía un tópico ó que todos recorremos. Sobre o perigo da desaparición do libro coa chegada de novos soportes, considera que non constitúe ningunha ameaza para “os amantes do libro”. Na súa opinión o que si é preocupante é que non se creen lectores entre os máis novos, debido ós planos de estudio “insufribles, tediosos” en vez de “pracenteiros”. Relata unha experiencia levada a cabo na Fundación Bertelsmann (Alemaña) onde se decidiu poñer en marcha un plano de traballo que consistiu en xestiona-las bibliotecas empregando criterios de mercadotecnia e o resultado foi “baixón de calidade dos libros manexados; subidón do índice de lectura”. Conclúe sinalando a necesidade de facer campañas de lectura con novos deseños e obxectivos.



Castro, Luisa, “Escribir a dos bandas”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, p. 95.

Luisa Castro explica, en clave biográfica, os motivos que a levaron a escribir en castelán a partir da súa inicial escrita en galego, referindo tódolos pasos que foi dando ata que “ya trabajaba mirando a Madrid” e o seu posterior asentamento na literatura en lingua castelá (a pesar do seu poemario *Baleas*), aínda que alberga o soño de ser profesora de galego e de “publicar mi gran obra en gallego”.



Castro, Xabier, “Memorias dun comunista cabal”, *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio-xuño, 1997, pp. 284-288.

Con motivo da recente celebración no Palacio de Fonseca de Santiago de Compostela dunha exposición dedicada ó dirixente de esquerdas ourensán Santiago Álvarez e da publicación das súas *Memorias* (1997) por Edicións do Castro, Xabier Castro chama a atención do lector sobre a vida e os feitos do mesmo, “proveitosos” para o coñecemento da historia política do noso tempo. Tras referir-la historia que veu desenvolvendo a editorial que promove ditas memorias, o autor fai un repaso das mesmas, salientando no eido da literatura, a presenza de anécdotas e documentos referidos ó mundo intelectual e artístico do momento.



Cid, Xabier e Pancho **Tristán**, “Cangas, tempo para o debate”, *Tempos Novos*, nº 5, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, outubro 1997, p. 89.

Recóllense algúns dos temas tratados na segunda edición de Teatragal, Encontro de Teatro de Galicia e Portugal, que tivo lugar na Casa da Cultura de Cangas entre os días 12 e 14 de setembro. Infórmase da participación nestas xornadas de relatores galegos e portugueses, xentes do teatro e estudiosos e críticos destes dous países, co obxectivo de discutir cuestións como a situación das sesenta compañías de teatro profesionais que existen en Galicia, as relacións coas institucións, as subvencións, a falta de espazos para o teatro afeccionado, etc. En definitiva un conxunto de traballos sobre o teatro: reflexións e problemática actual. Recóllense as ideas expostas por Cándido Pazó, quen cualificou a situación do teatro galego como desacougante; Fernando Dacosta, quen se referiu ós problemas económicos dos actores; e Manuel Guede, quen propuxo a creación dun Teatro Nacional e dunha Escola Dramática.



Cid Fernández, Xavier e Iolanda Ogando González, “A última literatura dramática”, *Tempos Novos*, nº 3, “Opinión”, xullo/agosto 1997, p. 16.

Refírese á publicación de tres títulos ó longo de 1997, dentro da colección de textos teatrais “Os libros do Centro Dramático Galego”: *A festa da malla*, de Antón Villar Ponte, *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro e *As alegres casadas*, de W. Shakespeare. Coméntase brevemente cada unha das obras e destácase en primeiro lugar a de Villar Ponte por se tratar dunha obra inédita datada en 1935 que nunca foi representada. Faise alusión ó estudio introductorio de Manuel Vieites e criticase o feito de que non aparezan publicadas as composicións musicais que Manuel Fernández Amor realizou para a obra. De *Unha rosa é unha rosa* salientase “o feito estraño de que sexa contemporáneo e orixinalmente galego” e valórase que a través de obras deste estilo aparezan novos públicos para o noso teatro. Finalmente de *As alegres casadas* destácase “a falta de criterios na publicación desta versión” xa que non se reproduce o texto de Shakespeare senón a adaptación e refundición de seis obras deste autor e unha de Verdi, realizada por Eduardo Alonso e Manuel Guede para a representación do Centro Dramático Galego. Conclúese criticando o feito de que a pesar de non se publicar máis dunha ducia de textos teatrais ó ano “considérase prioritario editar *As casadas* de Alonso e Guede e non as de Shakespeare, que aínda non están en galego. E considérase prioritario cubrir a única praza de autor galego vivo cunha obra en cartel dun autor como Suso de Toro, con tan poucos problemas para publicar”.



Conde, Alfredo, “Palabras pró guieiro adicado ó poeta Fiz Vergara Vilariño”,
Guieiros, nº 4, 1997, p. 99.

Recorda o seu encontro e a súa breve relación co poeta Fiz Vergara Vilariño. Lémbrese da figura do home e da enfermidade que o tolleu para a vida. Tamén do poeta, ó que enxalza en comparación coa lírica galega actual. Non lle faltan palabras acedas para algunha editorial, que non nomea, pero á que acusa de non tratar como debería ó poeta morto. Afirmo que sempre haberá quen lea a Fiz Vergara.



Constenla Bergueiro, Gonzalo, “Traduccións, 1996”, *Viceversa*, nº 3, “Informacións”, 1997, pp. 167-172.

Constátase o retroceso que están a sufrir as traducións en Galicia e culpa deste estado de cousas á administración, poñendo en boca desta que “non hai que pasar da raia” coa normalización da lingua e cultura galegas. Observa tamén o enorme peso que ten a literatura infantil e xuvenil neste sector e queixase do escaso número de linguas de orixe, sinalando que o inglés, o francés, o español e o catalán copan case todo o conxunto. Gaba a actitude positiva e o apoio que están a subministrar Galaxia, Xerais, TrisTram, Laiovento ou, na literatura para os máis novos, Obradoiro, Sálvora, Edelvives e Everest-Galicia. Ofrece tamén unha lista das oitenta e oito traducións ó galego aparecidas en 1996 divididas nos seguintes apartados: “Narrativa”, “Poesía”, “Dramática”, “Ensaio”, “Infantil e xuvenil” e “Traducción non literaria”.



_____, “Traducción literaria ó galego durante o ano 1996: un panorama esmorecente”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 211-219.

Panorámica sobre o estado das traducións ó longo do ano 1996, na que se sinala que se confirma o esmorecemento observable nos últimos anos. Refírese a dúas tendencias primordiais: a maioritaria presenza da narrativa infantil e xuvenil e o reducido abano das linguas orixinais das que se traduce, inglés, castelán, catalán e francés. No apartado de narrativa para adultos salientase a incorporación de obras canónicas das diferentes literaturas nacionais publicadas por Galaxia, como *Os noivos*, de Manzoni; *Vermello e negro*, de Stendhal; *Diario íntimo*, de George Sand e *A illa dos pingüins*, de Anatole France. Da colección “Grandes do noso tempo” de Xerais, cítase *Un feliz mundo novo*, de Aldous Huxley e destácase o traballo da editorial TrisTram que quere especializarse no campo da traducción con títulos como *Contos de Hoffman*, *Contos celtas* e *Contos de fantasmas*. Ademais fálase da aparición de *Mr. Vértigo*, do estadounidense Paul Auster; *O lobo guerrilleiro*, de Bento da Cruz; *Nocturno hindú*, de Antonio Tabucchi e *Rosalía non estaba alí*, de Teresa Pàmies. No eido da poesía cítanse os tres títulos do ano: *Traballo de campo*, de Seamus Heaney, na colección “Ablativo Absoluto”; *Terra, mar e lume. Poesía de Bosnia-Herzegovina, Bulgaria, Croacia, Eslovenia, Macedonia, Montenegro e Serbia*, en traducción de Úrsula Heinze e *As Rubáiyat de Omar Khayyám*, en versión ó galego de Plácido R. Castro. No apartado dedicado ó teatro fálase da traducción de dúas pezas de W. B. Yeats e de



Koltés, ademais do *Henrique IV*, de Pirandello. En canto ó ensaio cítanse as *Cartas*, de Cicerón; *O entusiasmo reflexivo*, de Vicenç Llorca; *Ética para o meu fillo*, de Fernando Savater e *Mouro, o eterno rebelde*, de Paquita Armas. No apartado da narrativa infantil e xuvenil fálase da traducción de autores clásicos como Andersen, os irmáns Grimm e Disney, así como dos novos títulos da “Biblioteca Sherlock Holmes” e dos autores galardoados con diferentes distincións, dispoñibles agora en versión galega como M^a Angels Anglada, Xoán Farias, Carmen Gómez, Andreu Martín e Jaume Ribera, Alice Vieira ou Renate Welsh.



Cordal, Xavier, “Ermo está mogor: mándalle un cambio de aceite”, *Anima+I*, nº 5, xaneiro 1997, pp.16-18.

Reflexión sobre algunhas cuestións relativas á poesía na fin de milenio que se inicia falando de “fracaso da nosa poesía nacional”. Comézase por desmitificar dicotomías como compromiso/intimismo, cidade/natureza ou elitismo/popularidade, considerando que “a nós, desgraciadamente non nos atinxen moitas delas porque a nosa crise dista do principio criativo e habita máis na carencia de Estado (...)”. Alúdese á tardanza en chegaren a Galicia as vangardas, indicando que dende as xeracións do 36 e das Festas Minervais “o primeiro colectivo en executar ese programa chama-se Rompente”. Cítase o grupo denominado “poetas de Vigo e da Coruña” nomeando a Ramiro Fonte, Manuel Forcadela, Álvarez Cáccamo, Román Raña, Fernán-Vello ou Salinas Portugal para comenta-la posibilidade de seleccionar tres características comúns: o afán culturalista, a recreación mítica e o intimismo e o erotismo. Sobre o primeiro dos trazos apúntase un maior influxo de *Herba aquí e acolá*, de Álvaro Cunqueiro que o que se lle ten atribuído a *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín. Segundo o articulista “as consecuencias desta viaxe por Eire, por Ci pango, polas Congostras do Rei Artur con almorrás” derivou na procura da beleza pola beleza, que el entende como “esteticismo light adobiado con mortes”; unha fuxida individual non da política senón da cidade e na debilidade semántica. Considérase que en Galicia “publicouse moito e mal” e que na nosa literatura “a distancia mais curta entre dous amigos é un prólogo, e despois gaudeamus-igitur e a agardar o contra-ataque da soberbia”. Conclúese demandando que





V.4. Publicacións en revistas

“cesen os vicios da literatura endogámica”, “os epigonatos e os coros políticos” e apelando á necesidade de que se produza menos e mellor.



Couto Palmeiro, Xoán, “As Aulas de Teatro na Universidade Galega”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “O tema”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 36-40.

Fai un percorrido polo labor levado a cabo nas diferentes Aulas de Teatro na fin de milenio que existen en Galicia. En canto á Universidade de Santiago cita dous grupos: Captatio Benevolentiae, que xurdiu no ano 1986, dirixido por Ursia Gago, e o grupo Eis, que naceu no 1988, e está dirixido por Iolanda Ogando. Así mesmo, cita as actividades da Aula de Teatro de Santiago (ATUSC) dirixida por Roberto Salgueiro: un curso de arte dramática con seminarios sobre interpretación, teoría e aspectos técnicos, a convocatoria de probas de selección de actores e actrices, a coordinación do traballo das diferentes agrupacións teatrais universitarias ou a celebración de ciclos de teatro universitario. A continuación refírese ó labor do denominado Clube de Teatro Universitario da Coruña, que conta coa colaboración de tres grupos teatrais: Balteira, Hipógrifo e Tea. Na Universidade de Vigo salienta o labor das tres Aulas de Teatro Universitario, situadas en Ourense, Vigo e Pontevedra.



Cozinha, Maria do Carmo, “Realidade e fantasía no universo narrativo de Marica Campo”, *Agália*, “Estudos”, nº 50, verán 1997, pp. 177-204.

Estudio centrado en Marica Campo no que se achegan en primeiro lugar unhas notas biobibliográficas da autora. A seguir analízanse cada un dos doce contos *Confusión e morte de María Balteira*, comentando a modalización narrativa, a estrutura, a temática, os personaxes, a espacialización e a temporalización. Finalmente, caracterízase a obra da autora luguesa polo realismo máxico, polo pannaturalismo e por tentar dignifica-lo mundo feminino. Describe tamén o tratamento do espacio, do tempo, a temática e a lingua e o estilo de Marica Campo.



Cuña Bóveda, Ánxeles, “Teatro e sociedade”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Teatro e sociedade”, nº 1, primavera 1997.

Ánxeles Cuña analiza en catro puntos os aspectos que considera máis interesantes no debate entre teatro e sociedade, un conxunto de aspectos que afectan ó teatro: reflexións e problemática actual. No primeiro pregúntase se é unha necesidade social e se a eterna crise do teatro non será máis ben unha crise da sociedade. No segundo analiza algunhas variables da incidencia do teatro na sociedade, sobre todo aquelas centradas no espectador, na súa frecuencia de asistencia, nas súas motivacións e na recepción que fai das obras. No terceiro pregúntase: “¿ten diferentes funcións o teatro nos diversos tipos de sociedade?”, centrándose na función do teatro baixo distintos reximes políticos. No cuarto esténdese en reflexións sobre a independencia do teatro dende o punto de vista dunha profesión subsidiaria e reivindica a política de subvencións, xa que esta axuda tamén a que o espectador teña máis facilidades para ir ó teatro.



Dacosta Alonso, Marta, “Livro das devoracións, Pilar Pallarés”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Crítica”, 1997, pp. 100-101.

A recensionista comenta que trala lectura de *Livro das devoracións* (1996), de Pilar Pallarés, experimentou unha grande dor e a percepción de tódolos sentimentos que o crearan en cada un dos seus versos. Sinala que, na súa opinión, se trata dunha das mellores obras poéticas do ano 96 e quizais de toda a década. Destaca aspectos como o coidado da linguaxe, a abundancia de figuras do plano semántico, o culturalismo e a presenza de dous temas fundamentais: o paso do tempo e o amor, que se plasman na utilización do tópico do *carpe diem*, do símbolo da rosa, na busca dunha calma redentora na lectura e no fogar e na invocación á quietude e á observación.



Dasilva, José Manuel, “Aquilino Iglesia Alvariño e Ramón Cabanillas, tradutores clásicos, desde Portugal”, *Agália*, “Estudos”, nº 47, outono 1996, pp. 275-297.

Comeza o artigo cunha panorámica xeral da traducción de obras clásicas ó galego e cunha análise das causas da eiva do noso sistema literario neste terreo. De seguido, céntrase na actividade traductora de Aquilino Iglesia Alvariño e de Ramón Cabanillas. Do primeiro salienta a versión galega dos *Carmina* horacianos, describe as características da lingua empregada por Iglesia Alvariño e recolle as recensións críticas que lle chegaron, tanto dende Galicia coma dende Portugal. Do autor cambadés comenta a obra *Versos de alleas terras e de tempos idos*. Atende tamén á lingua que empregou Cabanillas e fai un percorrido polos comentarios críticos que suscitou na época. O artigo complétase con 43 notas aclaratorias a pé de páxina e cunha bibliografía final sobre a traducción en Galicia.



_____, “Em volta de uma versão galega de Camões”, *Agália*, “Notas”, nº 48, inverno 1996, pp. 451-462.

Comeza coa referencia a un comentario publicado en *A Fouce* en 1936, no que unha voz anónima amosaba o seu desasosego por ter noticias dunha traducción de parte da obra de Camões ó galego. De seguido, centra o seu comentario noutra versión galega do autor de *Os Lusíadas* publicada con anterioridade en Portugal polo poeta ourensán Alberto García Ferreiro, o poema “A Bárbara Escrava”. Repasa os problemas que ten esta composición no referente á súa fixación textual e comenta o éxito e novidade que supuxo na época por trata-lo tema dos amores interracialais. Describe os principais cambios que introduciu García Ferreiro na súa versión galega e analiza con detalle as causas dos mesmos, chegando á conclusión de que os prexuízos morais son o principal motivo dos desvíos na traducción. Para rematar, achega as versións española e italiana desta composición camoniana.



Davies, Catherine, “O retorno á nai catedral, unha estranxeira en terra de ninguén: Rosalía de Castro a través de Julia Kristeva”, *Grial*, nº 136, Tomo XXXV, outubro-novembro-décembro, 1997, pp. 503-525.

Ofrece unha nova proposta sobre a poesía relixiosa de Rosalía de Castro vencellada á liña teórica da psicanalista Julia Kristeva. Baséase no estudio dos poemas “Na catedral”, “Amigos vellos” e “Estranxeira na súa patria”, de *Follas Novas* e “Santa Escolástica” e “Sedientas las arenas”, de *En las orillas del Sar*. Pon de manifesto algúns dos conceptos relevantes na poesía rosaliana como a transgresión da femineidade, a identificación materna e o rexeitamento. Ademais sinala en “Na catedral” a volta á nai e ó interior de si mesmo, idea tamén presente en “Amigos vellos” onde Rosalía reproduce “unha representación metonímica da súa propia mortalidade proxectada”. No poema “Santa Escolástica” alude á “posibilidade de recuperar e de expresar o sentimento maternal por medio da poesía, da relixión e da arte, contribúe á plenitude e á exultación”, en “Sedientas arenas” sinala que se “expresa contención, un desexo controlado e reprimido” e en “Estranxeira na súa patria” pon de manifesto que Rosalía é “estranxeira (...) nun mundo de mortos vivintes, ó que ela mesma cre pertencer”. Finalmente alude á importancia da vida de Rosalía na interpretación dos poemas citados.



Delgado Corral, Concepción, “Literatura, historia e mito”, *Anuario Brigantino*, nº 19, 1997, pp. 307-317.

Antes de se centrar no soneto de Manuel Murguía sobre a figura do Mariscal Pardo de Cela, refírese á faceta poética de Manuel Murguía e tilda de esaxeración o comentario de José García Acuña cando afirmaba que Murguía “era poeta sobre todo”. No tocante ó mencionado soneto detense no feito de que Murguía se arrepentiu de escribilo porque o enxalzamento do Mariscal supuña ir en contra da verdade histórica e segundo García Acuña polo que tiña de desfiguración da historia de Galicia. Apunta tamén que no tratamento histórico da postura do Mariscal déronse dúas posturas: por unha parte a de crítica, que ve este personaxe como un represor de labregos e un tirano, e pola outra, a imaxe de heroe salvador pola que se decantou o tratamento poético. Así, refírese á presenza desta figura en cantigas populares ata que se recolle no “Pranto da Frouseira” e alude tamén ós poemas patrióticos de Lamas Carvajal, Florencio Vaamonde Lores e Leiras Pulpeiro. Detense no tipo de heroísmo que se lle atribúe a Pardo de Cela, coa presenza de certo mesianismo relixioso e, así mesmo, fala de certo paralelismo no proceso de mitificación do nobre galego co do Rei Artur. Na última parte do traballo faise referencia á asunción por parte da “Xeración Nós” desta concepción e sinálase que, no fondo, “do que se trata é da nosa identidade, da nosa imaxe en canto produto da nosa existencia”. Conclúe explicando que o cambio de actitude do escritor con respecto ó Mariscal puido deberse a “unha demostración máis en contra do temperamento apaixonado e exaltado de Vicetto”.



Díaz, Lorenzo, “Manuel Rivas, Premio Nacional de Crítica”, *Sobremesa*, nº 145, marzo 1997, pp. 54-57.

Conversa con Manuel Rivas que se inicia cun breve percorrido pola súa creación literaria. A seguir o escritor fala do Atlántico ó que considera o territorio da cultura creadora. Sobre as súas intencións como escritor afirma que pretende, coa súa literatura, buscarlle sentido e coherencia á vida e que se considera un “campesino de las palabras” pertencente a unha cultura viva nas librerías e nas tabernas. Declara que lle interesa a fantasía de Cunqueiro e a escrita da experiencia e opina que “hoy la filosofía del pensamiento está en la creación literaria”. Entre as súas preferencias literarias di sentir paixón por Torrente Ballester e gozar tamén con Sánchez Ferlosio e Eduardo Mendoza.



Durán, Carlos, “Merlin and company”, *Galician Review*, nº 1, 1997, pp. 106-107.

Recensión da traducción de *Merlín e familia*, de Álvaro Cunqueiro, realizada por Colin Smith e publicada en Inglaterra en 1996. Afirmo o articulista que a traducción tenta ofrece-lo sabor preciso do orixinal galego, coa súa mestura peculiar de realidade e fantasía e coa súa ironía. Proporciona algunhas claves argumentais, como que os relatos, contados por Felipe de Amancia, están centrados en Miranda, a onde chegan diversos personaxes para consultar a Merlín por mor de feitizos e problemas de saúde, e inclúe na recensión varios personaxes e elementos pertencentes á obra. Explica a relevancia do texto nestes tempos e que o lector sentirá a presenza dos devanditos personaxes, así como a súa sutil ausencia se tenta abandonalos, o que proba a súa “verdade”. Finalmente, sitúa a Cunqueiro como precedente do “realismo máxico” latinoamericano e inclúe breves fragmentos da obra.



Durão, Carlos, “Contos do outono”, *Agália*, “Recensons”, nº 47, outono 1996, p. 390.

Recensión de *Contos do Outono* (1996), de Moncho de Fidalgo, na que se resume o argumento de cada un dos cinco relatos dos que consta a obra. Coméntase o “velho resaibo de lar pátrio” que se detecta no aspecto lingüístico e louva a obra polo que ten de desafío e de compromiso coa lingua dos nosos antepasados.



_____, “Silêncio ergueito”, *Agália*, “Recensons”, nº 47, outono 1996,
pp. 391-393.

Comeza cunha síntese do contido de *Silêncio Ergueito* (1996) para de seguido achegarnos unha recensión na que se amosa gabancioso ó se referir á valentía con que Antón Gil Hernández afrontou a antedita obra. Segundo o articulista, as opinións do profesor da Coruña seguen estando de actualidade malia seren recollidas de traballos publicados con anterioridade. Compara a situación lingüística do noso país coa doutras comunidades lingüísticas europeas. Conclúe referíndose á influencia da actuación política no estado polo que está a pasa-la nosa lingua.



Fernández Castro, Xosé M., “Cuestións históricas e teóricas en *O Mariscal* de R. Cabanillas e A. Villar Ponte”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Estudios”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 11-39.

Comeza contextualizando a figura histórica do Mariscal Pedro Pardo de Cela, que dende a oralidade vai penetrando na literatura escrita e logra un valor simbólico na periodización da historia da literatura galega, xa que a partir da súa decapitación en 1483 comezan os Séculos Escuros. O valor simbólico será aproveitado dende a ideoloxía nacionalista que o converte en arma escénica dentro do marco das Irmandades da Fala. Considérase que as cuestións históricas e teóricas que converxen na obra configuran unha unidade do conxunto. Deste xeito analízanse aspectos como a penetración da materia dende a literatura popular, a xénese da escrita de *O Mariscal*, de Ramón Cabanillas e Antón Villar Ponte, a corrente do teatro histórico da época, que contaba con pezas de Galo Salinas e Xoán Cuveiro ou a toma de conciencia das posibilidades do teatro como arma ideolóxica. Dende o punto de vista teórico abórdanse claves como a análise das *dramatis personae*, a presentación editorial da peza, as dificultades para a súa representación, as coordenadas espacio-temporais, a importancia da Raza, o ingrediente mesiánico e a forza concedida á muller como esposa e nai, entre outros aspectos.



Fernández del Riego, Francisco, “Álvaro Cunqueiro en el espejo”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 42-45.

Comeza aludindo á importancia que Mondoñedo tivo en Álvaro Cunqueiro, ó seu paso por Lugo e por Santiago, na época en que publicou os seus primeiros poemarios, xa que a súa chegada á narrativa iniciouse na madurez, aínda que en castelán. Seguidamente fala da súa relación co autor mindoniense e de cómo o animou a escribir un libro de relatos en galego, falando despois do contido e argumento dalgúns dos seus libros como *Merlín e familia*, *As Crónicas do Sochantre* e *Si o vello Sinbad volvese ás illas*. A continuación refírese ó teatro cunqueiriano e di que, como na narración, no teatro fixo unha “literatura culta” integrando a realidade na fantasía e empregando os mitos ó seu xeito. Ademais fala da súa erudición e cita algúns dos libros que máis leu, afirmando que relativizaba a historia manexándoa en favor do interese estético “o del valor humano de sus episodios”. Remata aludindo ó amor por Galicia e pola lingua galega que sentía Cunqueiro, quen afirmou que “lo mejor que tuvo Galicia en los últimos siglos fue la conservación de su lengua”, e dicindo que a poesía estaba realmente presente en tódolos xéneros que cultivou.



Ferreiro, Alfredo, “Reflexões sobre uma literatura funambulista”, *Anto*, nº 2, outono 1997, pp. 92-97.

Realiza primeiramente un percorrido pola situación da literatura galega dende a Idade Media ata o remate da dictadura de Franco, un traballo de historia literaria: panorámica xeral. A partir de aquí o autor pon o acento nas dúas posicións esenciais en canto á lingua que el describe opoñendo a postura dos escritores que “assumem a grafia castelhana como algo já instalado na língua (...)”, fronte a dos que “defendem uma reintegração no tronco lingüístico galego-português”. Considera que o escritor galego asume unha tradición literaria en castelán á que quere opoñer un sistema literario propio que cre que está a crear e pensa que esta oposición resulta incoherente dado que a tradición literaria é a castelá e en castelán se len os autores estranxeiros. Por todo isto entende que un compromiso artístico “real e não viciado de início” coa literatura galega pasa por un rexistro culto que pode atopar na lingua e na literatura portuguesa. Segundo a súa interpretación, se isto é obviado débese a dúas razóns: a falta de compromiso sincero dos escritores e a que “uma literatura se pode construir politicamente, acontecendo então que as discussões sobre a traição, sobre os fundamentos culturais e o jeito de os aproveitar ou mudar resultam tempo perdido”. Conclúe avogando pola inclinación da literatura galega cara ó lado galego-portugués.



Ferreiro Salgueiro, Manuel, “Manuel António e a ‘suprema lei da estética”,
Ólisbos. Os amantes da palabra, nº 19, setembro 1997, pp. 71-73.

Elabórase unha radiografía ideolóxica da burguesía e preséntase a situación do ideario anarquista na época de Manuel Antonio. Opínase que o seu nacionalismo non é senón unha forma rara do anarquismo que tiña como cerne ideolóxico. Nese sentido inténtase demostra-los paralelismos entre esta ideoloxía libertaria e a creación manuelantoniana, aproveitando para critica-la ausencia de enfoques que teñan en conta esta opción política nos estudos encol da obra do rianxeiro.



Filgueira Valverde, Xosé, “A traducción dos clásicos no rexurdimento galego”,
Viceversa, nº 3, “Teoría e historia da traducción”, 1997, pp. 25-32.

Coa publicación desta conferencia do finado profesor, *Viceversa* quérese sumar á homenaxe que dende distintos sectores se lle vén tributando. Nela Filgueira expón como para o establecemento dunha norma culta adecuada para unha lingua son tan necesarias as traducións coma as obras orixinais. Nota como ámbalas dúas cesaron durante os denominados Séculos Escuros e estráñase de que tantos galeguistas formados no seminario non verquesen textos á nosa lingua. Tras facer un percorrido polos galegos que fixeron traducións ó castelán dende as linguas clásicas, enumera aqueles autores que, dende o Rexurdimento, traduciron estas obras ó galego. Cita a Xosé García Mosquera, Florencio Vaamonde Lores, Antonio Rey Soto, Francisco Xavier Sánchez Cantón (do cal se resalta o seu carácter de animador), Cabanillas, Iglesia Alvareño, Gómez Ledo, Evaristo González Fernández, Felipe Martínez Marzoa, Moralejo Álvarez e Fermín Bouza Brey. Coméntanse as versións que cada un realizou. Remata dicindo que o futuro desta actividade está nas mans do Departamento de Filoloxía Clásica da Universidade de Santiago de Compostela.



Flitter, Derek, “A poesía de Eduardo Pondal”, *Galician Review*, nº 1, 1997, pp. 109-111.

Recensión sobre a obra *A poesía de Eduardo Pondal* (1995), de Manuel Forcadela, que se inicia coa afirmación de que o autor é un recoñecido especialista na súa obra, polo que as expectativas son elevadas. Destácase que Forcadela sitúa a Pondal, evitando marcos convencionais, nunha perspectiva europea máis ampla, comentando o seu traballo crítico, que recolle o esencial e llo ofrece ó lector non especialista. Aínda que manifesta que as expectativas non se ven defraudadas, si apunta algunhas reservas sobre a organización e a presentación dos contidos, dicindo ademais que, a pesar de que a análise feita polo autor vai dirixida a estudantes, presenta múltiples referencias europeas de xeito lacónico, o que implica dificultades para un lector sen coñecementos substanciais. Critica a seguir aspectos estruturais referentes ó estudio de apartados como o tema, o simbolismo, etc., que coida podían ser secuenciados máis coherentemente, poñendo exemplos, así como outros aspectos de organización intelectual. Tamén manifesta que debía aludir á función íntima de moitas imaxes e escenarios poéticos, e reformula-la débeda de Pondal coa estética romántica. Remata falando da relación, establecida polo autor entre a obra pondaliana e a de Rosalía Castro e criticando cómo se analizan as fontes para os elementos metafísicos da poesía, dicindo por fin que non é tan satisfactorio nas súas pretensións como se promete na introducción e que serve como unha guía xeral ben documentada.



Fondevila Crespo, Rocío, “Poética da novela de autoafirmación.

O bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico”, *Lucensia*, nº 14, vol. VII, 1997, p. 197.

Pon de relevo o interese e o rigor científico na obra de M^a de los Ángeles Fontela *Poética da novela de autoafirmación. O Bildungsroman galego no contexto narrativo hispánico* (1996). Describe a estrutura do libro e remata expresando o seu recoñecemento e felicitación ó Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro por publicar este manual sobre a novela de autoformación.



Fonte, Ramiro, “O ensaio”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia: maio 1997, pp. 165-169.

Visión panorámica do publicado no 1996 no eido do ensaio. Saliéntase a aparición de tres “verdadeiros libros de ensaio”: *Os gromos do pensamento*, de Domingo García-Sabell, *A Xeración Galaxia*, de Francisco Fernández del Riego e *Parado na tormenta*, de Suso de Toro. A respecto do primeiro considera que se trata dun conxunto de artigos marcados pola súa claridade e unidos polo fío argumental de “como pensar as humanidades despois da creba ou, cando menos, da crise do humanismo”. Refírese á presenza do diálogo con autores da tradición europea como Nietzsche, Schopenhauer, Hegel, Heidegger, Jünger, Unamuno, Ortega, Céline, Camus, Wordsworth ou Hölderlin e cre que un dos maiores méritos do libro e do autor é a súa habilidade “como un extraordinario cazador de citas, que espilen o lector, obrigándoo a reencontrarse con magníficos pensadores e poetas”. A propósito de *A Xeración Galaxia* sinálase que pretende ofrecer unha visión testemuñal pola vía da memoria e con este propósito enumera as angueiras do grupo de escritores e intelectuais que fan a súa aparición nos anos cincuenta como Ramón Piñeiro, Xaime Isla Couto, Domingo García-Sabell, Celestino Fernández de la Vega, Ricardo Carballo Calero e o mesmo Fernández del Riego. A respecto de *Parado na tormenta* coméntase que se trata dun libro que pon de manifesto o gusto do seu autor pola polémica e que “obedece máis que a unha necesidade de reflexión a unha necesidade de intervención”. Considérase que o seu mundo referencial é “moi improvisado”, que se trata dun libro “que non pide unha relectura” e que “certos conceptos están collidos polo rabo”. Conclúese dicindo que





V.4. Publicacións en revistas

nestes tres libros é posible enxergar unha continuidade que leve a pensar na posibilidade de que este xénero de pensamento “siga habitando entre nós”.



_____, “Dereitos e deberes da miña nostalxia”, *Guieiros*, nº 4, pp. 47-51.

Evocación de Ramiro Fonte dos seus inicios como poeta, entre Ferrolterra e Santiago. Sinala que estes comezos están moi vencellados á figura de Fiz Vergara Vilariño, poeta co que compartiu cartel no grupo Cravo Fondo e ó que coñeceu na presentación do volume deste colectivo en Lugo. Alí foi a primeira e a derradeira vez na que conversou con Fiz, a quen xa coñecía de ler como poeta. Evoca tamén a calidade humana e poética que nel deixou o poeta de Lóuzara.



Franco, António Cândido, “Hedral”, *Anto*, nº 2, Outono 1997, pp. 98-100.

Refírese ó grupo poético “Hedral”, colectivo xuvenil da Asociación Cultural “O Facho” creado en 1982. Logo de cita-los compoñentes do grupo comenta a súa desaparición e alude á creación da colección de poesía “Os cadernos de Azertuyiop”.



Franco, Camilo, “Breviario”, *A Trabe de Ouro*, nº 31, “Acoutacións”, Tomo III, Ano VIII, xullo-agosto-setembro, 1997, pp. 393-397.

Pequeno repaso á historia do relato curto, na que se intenta deixar a un lado, só como pousos destacables, ós autores que o rigor historicista consagrou: Bocaccio, Chaucer, Andersen, Maupassant, etc. Parte de Poe e Cortázar, da época da revolución industrial e da aparición da angustia no home moderno, citando *Casa tomada*, de Cortázar ou *Ó nacer o día*, de Calvino. Eloxia tamén a Henry James en *Os papeis de Aspern*, a Carver, Monterroso e London, xunto ós que pon a Castelao, Capote, Cunqueiro, Aldecoa, Ferrín ou Bioy Casares. Finalmente cita a Conrad en *O corazón das tebras* e a Valente en *No amanece el cantor*, a pesar de que este último título sexa de poesía.



Franco, Camilo e Pancho R. **Tristán**, “Manuel Lourenzo. Palabra das táboas”,
Tempos Novos, nº 7, “Voces e Culturas. Entrevista”, decembro 1997, pp. 66-71.

Entrevista a Manuel Lourenzo na que este comeza aludindo ás súas principais referencias literarias: Cunqueiro e Otero Pedrayo e a súa teima pola elaboración da linguaxe. Declara que escribe condicionado pola comunicación co espectador e que neste momento estase a descubrir como actor. Sinala que se ten achegado á narrativa pero que a finalidade deste xénero é diferente a do teatro e que por iso recoñece que se lle resisten os relatos. Fala despois da evolución do teatro galego no que recoñece dúas etapas diferentes: o teatro independente e o paso á profesionalización. Declárase pesimista por natureza pero no sentido “da inquietude de non estar cómodo nos eventos e de sentir a obriga de facer as preguntas en voz alta”. Opina ademais sobre a falta de espectadores nos teatros e sobre a necesidade de buscar espazos alternativos para as postas en escena que propicien a comunicación cunha linguaxe menos retórica. Sobre a relevancia que concede ó Premio Nacional de Literatura Dramática sinala que lle serviu para sentirse menos illado e participar en iniciativas e debates, xa que na súa opinión “os premios operan sempre como rompedores, porque te poñen na actualidade e atraen a atención dos medios e a dos públicos sobre a túa obra”. Destaca que o seu premio máis importante segue a se-lo Abrente que recibiu en Ribadavia, “porque significaba unha aceptación nun tempo e nun espazo moi concreto”.



García, Rubén, “1998: 25 anos da 1ª Mostra de Teatro Galego Abrente de Ribadavia” *Escaramuza*, nº 3, outubro-novembro-décembro 1997, pp. 13-14.

Pon de relevo a importancia das Mostras de Teatro Galego Abrente para o nacemento do teatro na fin de milenio. Dá conta de moitos dos críticos teatrais que teñen participado na mostra de teatro, así como dos monográficos dedicados en revistas a este evento. Asemade sinala que Ribadavia coa celebración da Mostra Internacional de Teatro, logo de finir Abrente, é o símbolo do teatro galego e coa celebración desta feira de teatro estase a incentiva-lo turismo da zona.



García, Xosé Lois, “Portugal: no ideario de Castelao”, *Anto*, nº 2, outono 1997, pp. 92-97.

Comeza comentando que *Sempre en Galiza* convida ós galego-portugueses a reflexionar sobre a historia común. Considera que neste libro preséntase unha idea superadora dos procesos anteriores (provincialismo e rexionalismo) para abrir novas canles nacionalistas. Analiza primeiramente o percorrido que Castelao fai polas fontes históricas para realizar “toda unha lectura sobre a composición da nacionalidade e tamén, sobre o contencioso entre Castela e Portugal”. Refírese así mesmo á unión dos galegos e portugueses e “que Castelao sintetizara nunha reivindicación histórica, cando apela a unha nova reconquista neste caso da memoria común que nos asiste e, neste atributo, si que Castelao reitera, enfaticamente ese pragmatismo que deben manter galegos e portugueses”. Ocúpase a continuación no sustento que supón a lingua na unidade reivindicada así como a importancia dos Cancioneiros Galego-Portugueses. A última parte do artigo dedícaa ó que considera “quizais a aportación máis moderna de Castelao e con menos arrouto de paixón galega”, a federación ibérica. Así detense na cautela do rianxeiro nas súas propostas federalistas e nas distintas consideracións que realizou en torno a esta idea.



_____, “Poemas á Lóuzara xabreira e bretemosa”, *Guieiros*, nº 4, pp. 61-63.

Reflexión en torno ó poemario *Nos eidos da bremanza* (1990), de Fiz Vergara Vilariño. Afírmase que diante das descubertas que o poeta fai ó mira-la súa paisaxe semella entrarmos nunha nova fase poética. No apartado titulado “Revelar e testemuñar”, dise que Fiz Vergara non canta a natureza por cantala, senón que rescata o sentido oculto das cousas. En “Patetismo” reflexiónase sobre o emotivo da paisaxe e do amor en Fiz Vergara, comparando o amor idealizado de Fiz co de Dante e destacando que se trata dun amor que non é só galante, senón que está atravesado dun fondo desexo.



García Soto, Xosé Luís, “A saudade commo mensagem”, *Anto*, nº 2, outono 1997, pp. 119-133.

Logo de se referir á historia do texto de Eduardo Pondal “A campana d’Anllóns” e de describi-la súa composición, realiza un percorrido comentado ó longo do poema. Leva a cabo, así, unha lectura daquelas pasaxes que segundo el revelan que o asunto do poema é a Saudade así como a orixinalidade na perspectiva. Informa tamén de que un primeiro resumo do poema e a conclusión do “canto” permiten albisca-la presenza medular da Saudade, apoiándose tamén no contido do poema titulado “Campanas de Bastavales” do cal se di que “A Campana d’Anllóns” é unha reescritura.



Gaspar, Silvia, "Xavier Queipo e as trampas da realidade", *A Trabe de Ouro*, nº 29, Tomo I, xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 119-122.

Refírese á obra de Xavier Queipo, á que se cualifica de "literatura experimental" ata a publicación de *O paso do Noroeste* (1996). Esta novela inclúese no xénero de aventuras e nela salientase os trazos de realidade e verosimilitude que se reflicten no trazado de personaxes, nos sentimentos e nos coñecemento que o autor posúe do mar. Neste sentido, relaciónase esta novela co primeiro traballo do autor, *Ártico* (1990). Finalmente, refírese ó enfrontamento na novela de dous mundos saídos da Revolución Francesa, do home a si mesmo na busca do paraíso, que é a aventura que se nos conta, e da captación da realidade, distinta según o ollo e a mente que a miran.



_____, “Xavier Lorenzo Tomé. *O paxaro que canta un nome*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 234-235.

Recensión da novela merecedora no 1996 do Premio Blanco Amor, *O paxaro que canta un nome*, de Xavier Lorenzo Tomé, que segundo se afirma constitúe unha “narración orientada na perspectiva da memoria” e centrada na busca do pasado. Identifícanse como aspectos salientables a constante provocación do narrador, a destreza con que se tece a narración e o laborioso tratamento do tempo. Fálase tamén do distanciado lirismo do narrador e da aparición dunha renovada proposta sobre o xénero da memoria infantil. Destácase o carácter novel do autor e a calidade da novela, que fai concibir esperanzas na “futuraidade dun Lorenzo narrador”.



_____, “Primavera en Compostela (1955-1980)”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, n.º 158-159, maio-xuño 1997, pp. 66-68.

Refírese ó despertar que se deu, especialmente no mundo universitario, na Compostela dos anos cincuenta, trala primeira posguerra, e que atopou representación tanto na poesía —coas voces de grupos poéticos como o chamado “Escola da Tebra”, das que cita a Manuel María e a Uxío Novoneyra, ou do grupo “Brais Pinto”, do que alude entre outros a Bernardino Graña e X. L. Méndez Ferrín—, coma na narrativa, co que se deu en chamar Nova Narrativa Galega, da que comeza salientando a Ferrín, Carlos Casares e a Gonzalo Rodríguez Mourullo. Sinala os trazos fundamentais deste movemento, citando tamén a María Xosé Queizán, Xosé Fernández Ferreiro e Xosé Neira Vilas, “que recupera y canoniza para la modernidad el ruralismo de antaño”. Indica logo a traxectoria de Ferrín e de Casares ata os nosos días e remata referíndose á década dos setenta, na que aparecen novos autores para a narrativa e, especialmente, na poesía, os colectivos “Cravo Fondo” e “Rompente”, xunto a nomes “que pronto tendrían un lugar destacado en el panorama de la lírica”.



_____, “Paseo positivista e fugaz pola literatura fantástica galega”, *Grial*, nº 135, Tomo XXXV, xullo-agosto-setembro, 1997, pp. 311-321.

Cuestiona, dende unha óptica positivista, cal é o impulso que alenta a “recorrenza á ensoñación dos nosos autores”, referíndose ó relato fantástico na súa acepción máis xenérica. Tras dunha breve introducción, organiza o artigo en catro apartados. No primeiro, “Asalto á palabra”, reflexiona sobre a relación entre o xornalismo e a literatura fantástica, o papel outorgado polos escritores galegos ó lirismo e á fantasía e o carácter subversivo deste tipo de literatura, vencellado a nacións en proceso de afirmación e comunidades minorizadas politicamente. Neste último punto afonda en “Construcción da comunidade soñada”, centrado no eido galego. O rol da fantasía a partir dos anos cincuenta é obxecto de análise no terceiro apartado, “Soñar na noite de pedra”. Finalmente, en “Acordar de día nunha rúa”, Silvia Gaspar advirte con respecto ós últimos anos, do “masivo abandono das filas do imaxinativo (...) a prol das novas experiencias emparentadas coa fantasía literaria, pero que obedecen a outras formulacións”.



Gómez, Luma e Eduardo Alonso, “Subvencións ó teatro”, *Tempos Novos*, nº 2, “Opinión”, xuño 1997, p. 14.

Despois de facer referencia ó labor profesional e á longa traxectoria do Teatro do Noroeste, alude a un novo proxecto presentado xunto con outras compañías de Portugal na convocatoria de Convenios de Producción de Espectáculos Teatrais 97/98 do IGAEM e denuncia a redución de subvención a que se veu sometida á compañía, o cal fixo inabordable o proxecto e a sitúa, ademais, ó bordo da desaparición. Traballo centrado na temática teatro: reflexións e problemática actual.



Gómez Clemente, Xosé M^a, “*Them and other stories*”, *Viceversa*, nº 3, “Críticas e recensións”, 1997, pp. 153-154.

Principia constatando que as traducións do galego a outras linguas son moi poucas, bardante o caso do castelán, no cal a situación é algo mellor. Neste contexto, alédase de que a editorial galesa Planet se aventurase a lanzar en 1996 *Them and other stories*, unha colección de textos de Xosé Luís Méndez Ferrín traducidos ó inglés por John Rutherford, Xelís de Toro e Benigno Fernández Salgado. Xulga positivamente a introducción composta por De Toro e enumera tanto os relatos que compoñen o volume coma as obras orixinais ás que pertencían.



Gómez Rivas, Isabel, “Da resistencia do Medulio á loita contra o fascismo:

O mito da orixe celta dos galegos en dúas publicacións comunistas da guerra civil española”, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*, nº 2, 1997, pp. 119-122.

Rastrexa a presenza do mito de orixe celta en dúas publicacións periódicas, de signo comunista e intención propagandística, editadas durante a guerra civil española: *El Miliciano Gallego* e *Nueva Galicia*. O estudio achega datos sobre a utilización deste mito na prensa comunista e galega durante a guerra.



_____, “Alfonso R. Castelao, un membro de la Generación del 14”, *Anuario Brigantino*, nº 19, 1997, pp. 279-305.

Repárase nalgúns aspectos que poñen de relevo certas disimilitudes entre a traxectoria biográfica e polifacética de Castelao con respecto á Xeración Nós, dado o distinto talante dos seus membros e as diferencias ideolóxicas. Considérase, pola contra, que determinados aspectos da obra do rianxeiro revelan “certa sintonía vital” coa xeración de ámbito estatal coetánea a Nós, a xeración do 14. Logo de repasa-la inoperatividade e a escaseza de significación que se lle ten achacado ó concepto de “xeración”, abórdanse os paralelismos que permiten falar de “unidade de estilo vital” de Castelao e os membros da Xeración do 14, como o abandono dunha “carreira ortodoxa”, a vinculación co xornalismo para o logro duns fins políticos, a presenza nos mesmos escenarios da prensa madrileña e a participación nun “coro de voces de oposición al poder que desde posturas políticas heterogéneas, se alzó en las primeras décadas de este siglo” e que tivo Madrid por escenario, sen esquece-lo papel de Castelao dende Galicia. Afóndase a continuación na encrucillada biográfica entre a vocación artística e a política, no empeño pedagóxico no marco da República e na concepción da política como actividade con implicacións pedagóxicas. Compárase a idea de Europa (“referente ineludible da Xeración do 14”) que sostiña Castelao, coa defendida por Eugenio d’ Ors e a consonancia con Ortega y Gasset ó compaxina-la idea nacional coa europea. Fálase tamén doutros puntos de encontro coa Xeración do 14 como a sensibilidade ante a paisaxe e o optimismo e a confianza no futuro, matizado este último aspecto no caso de Castelao.



_____, “Filosofía e Literatura nos primeiros artigos de Celestino Fernández de la Vega”, *Boletín Galego de Literatura*, “Notas”, nº 18, 2º semestre de 1997, pp. 111-118.

Coméntanse os primeiros artigos publicados por Celestino Fernández de la Vega no xornal *El Progreso*, entre xuño de 1934 e marzo de 1936. Indícase que estas primeiras colaboracións revelan a un mozo e impertinente lector interesado en diferentes eidos culturais: literatura, filosofía, historia, pintura ou música. Atópanse nestes traballos ademais dalgúns dos “problemas” que reaparecerán nos seus ensaios posteriores, unha nidia vontade de estilo non exenta, ás veces, de toques de humorismo.



Gómez Torres, Camilo, “A poesía de Fiz Vergara Vilariño nos anos setenta”,
Guieiros, nº 4, pp. 31-37.

Percorrido pola produción poética galega dende os anos 50 ata os 80. Comeza repasando os criterios e as solucións adoptadas a este respecto na historiografía literaria en Galicia. Manexando períodos de doce anos na distribución, identifica unha Xeración de 1965 e outra de 1980 onde encadra-los poetas cos que Fiz Vergara compartiu a súa traxectoria. Fiz está presente cos máis vellos da Xeración do 65, o que sería a 1ª Promoción, na antoloxía *Os novísimos da poesía galega* (1973). Nos derradeiros cinco anos da década dos setenta, Fiz aparece cos máis novos no Colectivo “Cravo fondo”. Do socialrealismo inicial ó internamento espiritual, nun cambio progresivo que fará muda-la poesía galega nos anos oitenta, Fiz Vergara é, pois, en palabras do articulista, “testemuño dos avatares da poesía galega nos anos setenta”.



González Fernández, Anxo, “Ideas para sentar a Deus nun sillón azul”, *Revista Galega do Ensino*, nº 16, maio 1997, pp. 91-108.

Afonda na obra de Carlos Casares, *Deus sentado nun sillón azul* (1996), centrándose na análise dunha serie de “ideas para sentar a Deus nun sillón azul”. Para isto, ademais de “coherencia” e “necesidade” narrativa “é necesaria unha infraestrutura conceptual na que (...) se faga posible o achegamento categorial da realidade divina ó plano do ser mundano, o do usual e o cotián”. Segundo o autor, “ámbalas dúas condicións (...) se cumpren na novela de Casares”. Co obxectivo de proba-la existencia desa “infraestrutura conceptual”, analiza as seguintes “ideas”: o absoluto —traslado do plano da eternidade ó da temporalidade—, o dualismo, o paso da “plenitude óptica á existencial”, o contrarracionalismo, a emoción estética, a divindade ou a natureza e, por último, o ben e o mal. Interrelaciona a obra de Carlos Casares coa dos homes da Xeración Nós sinalando os puntos de achegamento e afastamento sobre os supostos conceptuais citados.



_____, “Antropoloxía da saudade”, *Adaxe*, nº 13, 1997, pp. 117-131.

Estudio das diversas manifestacións da saudade presentes nas obras de Castelao: *Cousas*, *Os dous de sempre* e *Sempre en Galiza*. Compara a visión da saudade no rianxeiro coas ideas de Vicente Risco, Ramón Piñeiro e Teixeira de Pascoaes sobre este tema. Caracteriza a saudade de Castelao pola “simplificación” e pola presenza de dúas forzas: unha “simpática” que permite o avance, e outra “frénica” que provoca un achegamento á terra.



González Fernández, Helena, “Da poesía no ano da morte de Lois Pereiro”,
Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, maio
 1997, pp. 193-199.

Panorámica sobre a poesía na fin de milenio (ano 1996) que comeza destacando que o ano transcorreu “ateigado de polémicas e discusións de carácter xeracional” e cunha diversidade de modelos: compromiso, narratividade, oralidade, espazos simbólicos, provocación e experimentación coa lingua. Así obsérvase en primeiro lugar a presenza do simbolismo en *Poemas da cidade oculta*, de Estevo Creus; a ruptura de xéneros de *A ponte das poldras* e *Nínive*, de Chus Pato; a estratexia do estrañamento do suxeito poético presente en *Tortillas para os obreiros*, de Fran Alonso e *O asasino estrábico*, de Anxo Quintela. No apartado dedicado ós premios sinálase que “os xurados seguen amosándose conservadores”. Menciona a Miguel Anxo Fernán-Vello, Premio Martín Codax con *As certezas do clima*; Xavier Seoane, Premio Esquíu con *Umbral de vida*; Xosé Miranda, accésit do Premio Esquíu con *Sonetosfera* e Premio Lorenzo Baleirón con *Amantes e viaxeiros*; Cristina Cabada, Premio Espiral Maior con *Sombra acesa* e Anxos Romeo, accésit deste mesmo galardón con *A estatua*. A seguir refírese á liña intimista que domina os poemarios escritos por mulleres como *Livro das devoracións*, de Pilar Pallarés; *Alta casa*, de Helena de Carlos e *Darío a diario*, de Xela Arias. Coméntanse tamén algunhas das características de *Entre ruínas*, de Lino Braxe; *Om* e *O libro dos amados*, de Antonio R. López; *A teta sobre o sol*, de Olga Novo; *Extrema Europa*, de Claudio Rodríguez Fer; *Metalurxia*, de Carlos



Santiago e *Canto custa instalarse no amor*, de Xosé Leira López. Saliéntanse as reaparacións de Xavier Seoane (*Umbral de vida*), Pura Vázquez (*Maturidade*), Manuel María (*O Miño, canle de luz e néboa*) e Xosé Alexandre Criebeiro (co volume póstumo *A señardade no puño*). En canto ás reedicións cítanse as *Cantigas de alén*, de José Ángel Valente e *Aurum*, de Xesús L. Valcárcel. No eido das antoloxías destácase que foi “un ano abondoso” e cita *Desde mil novecentos trinta e seis. Homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade, Coroa poética para un mártir*, escolma elaborada por Xesús Alonso Montero, entre outras. Destaca especialmente *O pobo da noite*, de Manuel Rivas por se tratar “dunha antoloxía persoal que fornece moitas claves que complementan o seu universo literario”. Remata referíndose á morte no ano 96 do poeta Lois Pereiro.



_____, “Dos leóns e das baleas que forman o batallón”, *Grial*, nº 134,
Tomo XXXV, abril-maio-xuño, 1997, pp. 275-277.

Dá conta neste artigo dos poemarios fisterráns: *Poemas da cidade oculta* (1996), de Estevo Creus; *Propiamente son captivo* (1997), de Celso Fernández Sanmartín; *A primeira visión* (1997), de María Lado; e *De mar e vento. Cinco poetas de Fisterra* (1997), escolma poética dos autores Alexandre Nerium, Modesto Fraga Moure, Mónica Góñez Silva, Xoan Alberte Moure Insua e Roberto Traba Velay. Comenta que son, todas elas, obras nadas da “mancomunidade e a oralidade”, postulados que remiten ó grupo poético, Batallón Literario de Fisterra. Recoñece ademais nos poetas máis novos unha “tendencia a fuxir da soidade” e “unha especial teima (...) na recuperación da oralidade como canle comunicativa privilexiada entre o poeta e o lector (agora oínte)”.



_____, “Géneros literarios: legitimación, modernidad y compromiso”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, n.º 158-159, maio-xuño 1997, pp. 99-101.

Reflexión sobre a evolución dos xéneros literarios na literatura galega. Afirmar que a poesía é o xénero máis consolidado da nosa historia literaria, mentres que a prosa só atopou o seu lugar a partir dos anos vinte coa Xeración Nós. Continúa indicando as citas literarias das que a nosa lingua estivo ausente e inicia a súa análise dos xéneros coa poesía, o xénero “de la libertad y de la ruptura”, polo que é o preferido para as obras inaugurais, aínda que agora non sexa o xénero por antonomasia. Segue co nacemento da novela e do ensaio aludindo a algúns nomes fundamentais dentro destes xéneros ata que chega á actualidade, da que destaca como elementos máis importantes a reescritura da nosa historia para “legitimar la propia identidad histórica”, a eclosión da poesía de muller forxando un “imaginario inédito desde la otredad” e a procura da destrución das fronteiras interxenéricas. Remata cunha reflexión sobre o concepto de xénero, o seu sentido e a súa función.



González-Millán, Xoán, “Antón Figueroa. *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras culturas*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 223-227.

Comentario sobre o ensaio *Lecturas alleas. Sobre das relacións con outras culturas* (1996), de Antón Figueroa, que comeza sinalando que continúa e expande a liña iniciada polo autor en *Diglosia e texto* (1988) e que contribúe á renovación da reflexión sobre a literatura comparada dende o estudio da recepción entre sistemas literarios “débiles” e “fortes”. A seguir indícase que o libro está estruturado en dous niveis: no primeiro ofrécese a reflexión teórica sobre os procesos de recepción, abordándoa dende o novo comparatismo e dende o modelo teórico de Kalheiz Stierle, e no segundo exemplifícanse estes procesos sinalando a recepción da literatura galega na revista *Mercure de France* e o corpus de correspondencia persoal entre Risco, Noriega Varela, Herrera Garrido e Amado Carballo, entre outros, e o escritor e crítico francés Philéas Lebesgue. González Millán estima que estudos como o de Antón Figueroa abren unha “vía especialmente útil para estudar a literatura galega dende o comparatismo” e valora a súa contribución ós estudos sobre a recepción.



_____, "Publishing and selling Galician literature", *Galician Review*, nº 1, 1997, pp. 83-97.

Análise da industria editorial en Galicia que comeza por aludir ás súas deficiencias e desafíos, para o cal se remonta ós anos vinte e trinta. Continúa referíndose ó corte producido polo réxime de Franco e á recuperación trala morte do dictador, exceptuando a contribución de Galaxia (1950) ou Edicións do Castro (1963), entre outras, na posguerra. Establece a seguir diferentes etapas na evolución da industria editorial galega posterior á Guerra Civil, poñendo exemplos de cada unha e as súas actividades e intereses específicos. Ademais, indica que a promoción dun produto literario novo resultou como consecuencia directa do desexo de normaliza-la imaxe social do libro, e que nos anos oitenta se produciu a maior transformación na imaxe pública do libro galego como un produto de consumo, o que mesmo provocou interferencias no proceso de produción do texto, e recolle manifestacións que amosan o posicionamento de diversos editores ante o mercado. Salia tamén a importancia da publicación de libros de texto, e comenta detalladamente a actividade editorial de Xerais, como exemplo do primeiro paso nun novo proceso que atinxe á especialización comercial do libro galego. Establece unha diferenza entre os conceptos de éxito comercial e de capital simbólico e afirmando que mudaron os criterios dos actuais consumidores de libros galegos, agora menos condicionados polas premisas do nacionalismo literario, e os catálogos adáptanse así ás necesidades dun novo público lector, incorporando autores demandados polos lectores. Relaciona a expansión do mercado galego coa consolidación da narrativa como xénero líder ocorrida nos anos oitenta, o que acontecera máis dun século antes noutros espazos socioculturais europeos. Remata indicando que a industria



editorial constitúe unha área de investigación dos distintos campos nos que a cultura se produce e se representa. Finalmente formula algunhas cuestións sobre a canonicidade dos produtos culturais galegos nun tempo crítico para a sociedade galega, como a identificación do “centro”, contexto no que teñen lugar as actividades máis significativas e influíntes do sistema, as que acabarán conformando o prototipo canónico.



González Reboredo, Xosé Manuel, “Notas dunha conversa con Antonio Fraguas”, *Revista Galega do Ensino*, nº 17, novembro 1997, pp. 13-34.

Recolle unha conversa con Antonio Fraguas, de quen foi alumno e ó que cualifica como “un auténtico profesor”. O artigo está organizado en seis apartados. No primeiro, a “Introducción”, o autor fai un breve semblanza biográfica do profesor e presenta o plan do artigo. Os seguintes apartados, “Os primeiros anos”, “O bacharelato en Pontevedra”, “A Universidade. O Seminario de Estudos Galegos. As primeiras aventuras docentes”, “Unha longa e problemática posguerra”, achégannos ós anos de formación, ós inicios na docencia e á posguerra na vida de Antonio Fraguas. No derradeiro apartado, “A xeito de remate”, agrádese ó profesor a súa contribución á construción dunha “identidade galega” e lamenta que o recoñecemento do seu labor non tivese chegado anteriormente.



Guede Oliva, Manuel, “Teatro e sociedade”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Teatro e sociedade”, nº 1, primavera 1997.

Afirma que o teatro está vencellado á esencia mesma da identidade nacional: “só cando unha comunidade toma conciencia de si mesma sente a necesidade do teatro”. Relaciona isto coa situación actual do teatro catalán, que el ve dinámico e con vigor abondo. Logo, entra en consideracións sobre a situación actual e remata coa conclusión de que é imposible somete-lo teatro á dinámica das leis do mercado, xa que non é capaz de responder a elas en sociedades coma a nosa. Na crise moral e intelectual de fin de século, o teatro pode bailar ó son da dinámica do mercado, pero entón, di Guede, xa estamos a falar doutro feito distinto. O artigo remata cunha convocatoria do autor ás xentes da súa xeración para recupera-la escasa memoria teatral legada polos devanceiros e revelala ós demais. Un traballo sobre a temática teatro: reflexións e problemática actual.



H. G. F., “Antología mínima de la poesía de posguerra”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 106-111.

Escolma da poesía na posguerra que vai acompañada dunha breve nota desculpatoria debido ó reducido número de textos que presenta. De cada poeta figura un poema en galego acompañado dunha versión castelá. Son os seguintes: Álvaro Cunqueiro, “Na outra banda dixéronme”; Celso Emilio Ferreiro, “Longa noite de pedra”; Xosé María Díaz Castro, “Penélope”; Luz Pozo Garza, “Illas Cíes”; Xohana Torres, “Penélope”; Xosé Luís Méndez Ferrín, “Posturas pra copular en homenaxe”; Arcadio López Casanova, “Liturxia do corpo. *Himno*”; Fermín Bouza, “madurecen teus ollos coas primeiras chuvias”; Xosé maría Álvarez Cáccamo, “Sempre agosto”; Luís Tosar, “Chauen, ou o primeiro gozo”; Chus Pato, “De como Edipo se converteu no rei dos mares...”; Claudio Rodríguez Fer, “Novela dos fuxitivos”; Ramiro Fonte, “Antes de que ti foses viaxeiro”; Pilar Pallarés, “Fascínio de non ser”; Antón Reixa, “Poema sobre a cota do leite”; Lois Pereiro, “Mala sorte”; Fran Alonso, “Secuencia A”; Estevo Creus, “Irei sen ti”; Olga Novo, “Coa miña pel podes facer enxertos nas mazairas”; Yolanda Castaño, “Beber leite”.



Harrington, Thomas S., “Literatura e nación”, *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril maio-xuño, 1997, pp. 239-252.

Presenta unha análise da relación entre nacionalismo e literatura así como da elaboración literaria dos conceptos da identidade nacional na Península Ibérica durante a Restauración borbónica, centrándose no papel pedagóxico dos ensaios *La nacionalitat catalana* (1906), de Enric Prat de la Riba, *Arte de ser portugués* (1915), de Teixeira de Pascoaes, *Teoría do nacionalismo galego* (1920), de Vicente Risco e *España invertebrada* (1921), de José Ortega y Gasset. Segundo o autor, en períodos de transtorno social nos que as estruturas fundamentais das sociedades se poñen en cuestión, como aconteceu durante a Restauración Borbónica, aumenta a produción de textos destinados a xustifica-las nacionalidades. Dende esta óptica, estudia os discursos nacionalistas dos autores e obras citadas. Con respecto a Vicente Risco, Harrington salienta “o forte ton de relixiosidade” e o “importante papel pedagóxico” de *Teoría do nacionalismo galego*, obra que acadaría “rapidamente a condición de documento trascendente” no galeguismo. Tras revisa-las catro obras, o autor chega a dúas conclusións: a vinculación dos textos de Enric Prat de la Riba, Vicente Risco e Teixeira de Pascoaes á reacción romántica e decimonónica contra o concepto moderno de progreso e a racionalidade no proceso de elaboración da identidade nacional. O artigo culmina cunha serie de interrogantes sobre os conceptos de literatura e nación.



Hermida, Xermán, “Ollo, espárese-la poesía”, *A Xanela*, nº 4, outono 1997, p. 14.

Refírese ó proceso de creación do Grupo Poético Olo, composto por “oito membros máis ou menos” coa pretensión de abrir novos camiños á poesía así como sacar á luz as súas creacións. Sitúase a orixe do grupo nunha reunión convocada por Roberto Rodríguez Tasende no Burgo das Nacións de Santiago e nunha serie de recitais que se foron celebrando cada martes. Anúnciase, así mesmo, o propósito de sacar unha revista, organizar recitais en institutos, librerías, residencias, etc. Cita como promotores desta iniciativa a Xavier Vázquez, Roberto Rodríguez Tasende, Maxi Rey, Emilio Pallarés, Mara Espiñeira e o propio autor do artigo.



Hernández Hernández, Pedro, “Carlos Casares. *Deus sentado nun sillón azul*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 236-240.

Coméntase a última entrega narrativa de Carlos Casares, *Deus sentado nun sillón azul* (1996), que significa un “salto adiante na súa traxectoria narrativa e a confirmación da madurez creadora” do escritor. Percíbese a continuidade a respecto de obras anteriores pola presenza de temas recorrentes como a intolerancia, o fanatismo, a radicalización ideolóxica ou o autoritarismo, entre outros, e enúncianse as diferentes liñas que se entrecruzan —amor e desamor, crónica histórica, filosofía e ideoloxía—, que configuran unha gran densidade temática. Abórdanse ademais aspectos técnicos como a complexidade compositiva, a variedade de espazos, o encaixe entre o presente e o pasado, a influencia da montaxe cinematográfica e a configuración dos distintos personaxes. Finalmente, sinálase que *Deus sentado nun sillón azul* se inscribe na liña realista das últimas novelas de Casares e que se trata dunha “narrativa da memoria, de indagación no pasado” na que están presentes tamén as vivencias do mundo persoal do autor.



Hidalgo Gómez, Francisco, “Lorca e o folclore”, *Lúa Nova*, nº 35, xullo 1997, pp. 17-18.

Con motivo da celebración do centenario do nacemento de Lorca en 1998, esbózase o seu interese polo folclore popular e o seu profundo coñecemento da plural realidade española. Faise fincapé en que Lorca era consciente do gran valor da literatura popular como “expresión da memoria colectiva” e “historia viva da sensibilidade”. A respecto do seu coñecemento da tradición galega achéganse citas que demostran o seu interese no tema como proba a publicación dos *Seis poemas galegos*.



Ínsula, “Encuesta al mundo del teatro”, *Ínsula*, nº 601-602, xaneiro-febreiro 1997, pp. 17-18 e 23-24.

Enquisa na que se preguntan catro cuestións sobre o teatro actual (a liña predominante, os seus valores e limitacións, os seus máximos representantes, cara onde camiña a arte teatral) a personalidades relevantes do mundo do teatro no ámbito do estado español. Por parte galega escolleron ó dramaturgo, director e actor Manuel Lourenzo que se mostra escéptico perante a situación actual do teatro e reclama unha volta ás orixes (Eurípides, Shakespeare....) e a partir de aí tirar cara adiante. Polo demais opina que lle gustaría que o teatro fose unha táboa de salvación “para las fiebres del animal humano” fronte á súa inutilidade ata o momento actual. Traballo sobre a temática teatro: reflexións e problemática actual.



Katabek, Johannes, “Galicische Studien an der Universität Paderborn”, *Galicien Magazin*, nº 3, marzo 1997, pp. 12-13.

Céntrase nos diferentes estudos levados a cabo na Universidade de Paderborn. Entre eles salientáanse no eido literario as contribucións de Sonsoles Cerviño coa tradución ó galego da obra *O parable ascenso de Arturo Ui* (1998), de Bertold Brecht, e tamén a levada a cabo por J. Santoro de Mebiela coa tradución á nosa lingua de *Himnos á noite* (1997) de Novalis.



Kortazar, Jon, “Apuesta y equilibrio”, *Revista de libros*, nº 9, “Literatura española/portuguesa”, setembro 1997, p. 46.

Preséntase a colección “Alianza Minibolsillo” como unha recuperación do iberismo e como un proxecto moi vencellado a outras coleccións de Alianza Editorial. Dá conta da variedade de autores que participan na mesma, entre eles X. L. Méndez Ferrín coa tradución ó castelán *Percival en su bosque*. Valórase a prosa do ourensán por empregar “los trucos de la narrativa moderna”, por saber adapta-la temática artúrica á contemporaneidade e por incluír trazos fantásticos e sátiras políticas nas súas obras.



Labraña Barrero, Sabela e Ignacio **Vázquez Diéguez**, “Escribir en una lengua que escuchamos robada”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio xuño 1997, pp. 91-94.

Céntrase na problemática que atravesou a nosa lingua ó longo da historia da literatura e comeza destacando o importante papel dos escritores do século XIX na tentativa de poñerlle freo á progresiva implantación do castelán, cunha misión clara, que era “la denuncia y afirmación social de Galicia”. Salienta ademais a importancia da creación das Irmandades da Fala, da actividade do Grupo Nós e, trala Guerra Civil, o labor dos exiliados e dos fundadores da Editorial Galaxia. Finalmente, o artigo analiza a evolución do proceso de busca dunha normativa lingüística e os conflitos que isto produciu, e indica que é fundamental o posicionamento dos escritores, xa que a obra literaria, nunha situación que non está normalizada, “se ve obligada a realizar unas funciones añadidas que en culturas normalizadas no le sería necesario cumplir”, rematando coa afirmación de que a literatura galega, a pesar das súas contradicións e riscos, goza “de un gran dinamismo”. Traballo centrado na temática literatura: reflexións e problemática xeral.



Lago, Xulio, “Algunhas reflexións para un tempo de milagres”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Teatro e sociedade”, nº 1, primavera 1997.

Recolle as reflexións que propuxo no marco de Teatragal 96, entre outras, a importancia do público na revelación teatral, a colonización lingüística e o odio polo propio e os xestores culturais son os apartados desta reflexión. No primeiro, tomado do título do discurso co que Xenaro Mariñas del Valle ingresou na RAG en 1978, pregúntase se existe unha conexión real entre o que propoñen as xentes do teatro galego e o que o espectador demanda. A seguir aborda algunhas cuestións que considera claves no desencontro entre público e cómicos, sobre todo no afastamento dos teatros galegos da xente maior de 25 anos. Considera que a pouca duración na carteleira das representacións provoca unha falta de comunicación á sociedade da mensaxe que queren espalla-las obras. En “Teatro galego/Teatro de ningures” volve outra vez sobre a necesidade de confluencia entre sociedade e teatro, poñendo exemplos da súa experiencia, negativa a este respecto, polas vilas de Galicia adiante. Despois enmarca os problemas do teatro galego dentro do sentimento do autoodio e da colonización e fainos depender do problema lingüístico. Exemplifica isto co veto que durante anos tivo o teatro galego en espazos tradicionais, de prestixio, como o teatro Rosalía de Castro na Coruña, o Jofre en Ferrol, o Principal en Santiago. Remata concluíndo que todos estes males proveñen da mala xestión cultural, e son os propios xestores, públicos e privados, os que ningunean o teatro e o aparcan a un lado. Traballo centrado na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “As naves do teatro”, *Teatro do Noroeste*, 2º cuadrimestre 1997, pp.1-6.

Recóllese a ponencia presentada polo director teatral Xulio Lago sobre a problemática xeral do teatro actual, no marco das xornadas de debate organizadas polo P.S. de G/PSOE baixo o enunciado “Os espacios da cultura”. Expresa o autor a súa sorpresa porque o “barco de papel” que é o teatro galego non afundiú aínda malia as longas viaxes. Considera que esto non tardará en ocorrer se axiña non se transforma a “flota” teatral adecuándoa ó tamaño do país. Para Xulio Lago faise preciso propiciar unha relación coherente entre sociedade e teatro. Incide, deste xeito, na necesidade de leva-lo teatro ás escolas e de convertelo en punto de encontro para a cidadanía. Fronte á itinerancia fala da conveniencia de residir e insiste na necesidade dun compromiso institucional e na creación de referentes escénicos principais. Traballo centrado na temática teatro: reflexións e problemática actual.



Lama, María Xesús, “E. T. A. Hoffmann: visionario, teórico e documentado. (Apuntamentos sobre unha traducción)”, *Viceversa*, nº 3, “Traduccións xustificadas”, 1997, pp. 129-137.

Describe cómo ela e Marta Ares Fontenla decidiron traducir los textos de *Contos de Hoffmann* (1996), cómo os seleccionaron e de qué xeito a luguesa TrisTram se revelou como a editora que ía leva-lo proxecto adiante. Así mesmo xustifica o feito de elimina-lo diálogo que servía de marco no volume orixinal da maioría dos relatos. Tamén explica as mudanzas obradas na puntuación e as solucións dadas ás innúmeras repeticións e ó complexo sistema das formas de tratamento. Finalmente, dá conta dos problemas fraseolóxicos e léxicos, nomeadamente o dos arcaísmos como trazos caracterizadores, cos que ela e a súa colaboradora se atoparon nesta traducción.



_____, “Os sonhos, sonhos son”, *Grial*, nº 133, Tomo XXXV, xaneiro-febreiro marzo 1997, pp. 109-111.

Dá noticia da novela de Darío Xohán Cabana, *Morte de rei* (1996). Salienta que a obra recupera a “memoria histórica” do noso medievo levando á literatura, nunha mestura de “historia” e “mito”, o episodio da “usurpación do reino de Galicia polo rei de León e Castela cara á fin do século XI despois de capturar a traición a quen era seu irmán e lexítimo herdeiro daquel reino, don García”. Recréase na temática da obra para, a continuación, acomete-lo comentario crítico da mesma, da que salienta o “erudito e minucioso labor de documentación” á par do da creación literaria — configuración dos personaxes, relacións, acción, análise. Di que o “fermoso sonho de pracentaria e estimulante lectura” ten un “punto frouxo no final da historia”, momento en que a “densa traxedia” se resolve “cun xiro máis propio de culebrón televisivo”.



_____, “Francisco Fernández del Riego. *A Xeración Galaxia*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 228-230.

A propósito de *A Xeración Galaxia* (1996), de Francisco Fernández del Riego, coméntase en primeiro lugar que se trata dun texto de difícil clasificación, en tanto fluctúa entre a creación, o tratado de historia político-cultural e a historia da produción literaria, xa que o seu autor presenta a historia dende unha perspectiva interna que alterna a visión de testemuña e de protagonista. A continuación salientase que o enfoque se concentra nun fragmento das memorias de Fernández del Riego para explicar cómo se forxou nos anos da ditadura unha recuperación cultural co obxectivo de transmitir os ideais galeguistas ás xeracións máis novas. Ponse tamén de manifesto a utilización do concepto de xeración, entendido segundo a concepción orteguiana e conclúese agradecendo ó autor o libro polo que supón de difusión de informacións expostas nun ton neutro de informe impersoal e metódico.



_____, “Los exilios gallegos”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, n.º 158-159, maio-xuño 1997, pp. 50-54.

Iníciase destacando a existencia de dous tipos de exilios, un metáforico, que é aquel que ten que experimenta-lo escritor distanciándose da sociedade na que vive para levar a cabo a súa actividade literaria, e o outro real, o que sufriron os escritores galegos, especialmente en Arxentina, debido á Guerra Civil e se manifesta na literatura no exilio como unha temática xurdida xa no século XIX. Comenta seguidamente autores que trataron na súa obra deste tema, como Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Ramón Cabanillas ou Manuel Antonio, e o feito de que algúns exiliados políticos en Bos Aires “habían vivido previamente la experiencia de la emigración”, como Luís Seoane, de quen fai un perfil biográfico e das súas actividades. Comenta tamén os casos de Lorenzo Varela e de Castelao, así como o de Rafael Dieste, os cales transparentan nas súas obras unha experiencia vital directa da emigración e do exilio. Refire tamén a incansable loita dos exiliados por desenvolver un labor cultural intenso e a escolla entre galego ou castelán dalgúns dos autores citados no transcurso dos seus anos de exilio. Repasa algunhas editoriais e publicacións periódicas xurdidas na posguerra en Arxentina, que aseguran a supervivencia da cultura galega, “amenazada en su propio territorio”, que é onde se padece o exilio máis duro. Fala finalmente das primeiras mostras de recuperación cultural arredor de 1950, coa aparición de suplementos culturais, coleccións de poesía, revistas ou editoriais, como Galaxia, que recupera “las voces de los viejos maestros” e de escritores máis novos, mentres que só os escritores desterrados tratan o tema da guerra civil. Conclúe dicindo que autores importantes como Blanco Amor, Neira Vilas ou Seoane publican as súas obras fundamentais en





V.4. Publicacións en revistas

Bos Aires e só posteriormente serán editadas en Galicia, demostrando que se na década dos corenta os exiliados mantiveron viva a produción literaria en galego, nos cincuenta proporcionaron “obras esenciais para a historia literaria gallega”.



Lamapereira, Antón e Pedro P. **Riobó**, “Contextos e particularidades da E.A.T.P. de Teatro”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “O tema”, xaneiro febreiro-marzo 1997, pp. 22-24.

Breve comentario sobre as dimensións educativas do ensino teatral. Afirmo que a E.A.T-P. de Teatro é a única materia de carácter teatral que se imparte nalgúns institutos de Galicia e opina que a educación dramática é “especialmente transcendental para os adolescentes e contribúe á súa maduración”. Traballo centrado na temática teatro no ensino.



Ledo Andiñón, Margarita, “Valga-La Habana”, *Treboada*, nº 1, Outono 1997,
p. 19.

Establécese un paralelismo entre a inauguración dun espacio común en Valga a través da publicación da revista *A Treboada* e a primeira emisión radiofónica en Galicia en 1933, que tivo como primeiras palabras emitidas uns versos de Fermín Bouza Brey na voz de Angón Fraguas. Refírese ademais á importancia dunha publicación local para o intercambio de realidades comúns.



_____, “Cando saín do campo de concentración...”, *Guieiros*, nº 4, 1997, p. 104.

Margarita Ledo lembra con estima a Fiz Vergara. Faino, ademais de cómo poeta, como persoa sinxela, fondamente humana e ancorada na realidade.



López, Xosé, “Libros de periodistas fronte a libros de xornalismo”, *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio-xuño, 1997, pp. 291-292.

A moda dos “xornalistas-escritores/escritores xornalistas” na fin do milenio leva a Xosé López a distinguir dous tipos de creación neste eido, a dos libros de coñecidos periodistas que aproveitan o seu éxito para crear libros destinados ó gran público e a dos libros resultado dun proceso de investigación, “ben escritos, en linguaxe sinxela e sen abandonar o rigor”. Destes últimos o autor cita obras do periodismo español e do galego, como é o caso dos textos realizados sobre Ánxel Fole, os traballos sobre Víctor Casas feitos por *A Nosa Terra*, a novela-reportaxe de Carlos G. Reigosa *A guerra do tabaco*, o libro *Comunicación na periferia atlántica*, da Universidade de Santiago en edición de Margarita Ledo e o traballo *A prensa de mulleres en Galicia 1841-1994*, de Xosé Vincenzo Freire Lestón. Céntrase na temática que podemos denominar prensa e literatura.



López Arias, Xaime F., “Magnolias en flor, desde Sarria”, *Guieiros*, nº 4, pp. 21-23.

Fala dos seus recordos de Fiz Vergara Vilariño en Sarria, de estudantes, e máis tarde en Santalla de Lóuzara, patria do poeta. De Lugo lembra as primeiras actividades de iniciación no galego literario e a publicación do primeiro libro de Fiz. Di que nesta etapa o poeta aínda era para el o amigo Félix mentres que en Lóuzara xa é Fiz e alcanza xa unha personalidade de seu e todo o seu peso como escritor.



López Fernández, Ángel, “Antón Risco: pantasma, excético, subversivo, teórico e mestureiro”, *Grial*, nº 135, Tomo XXXV, xullo-agosto-setembro, 1997, pp. 409-417.

Refírese á obra de Antón Risco, *Viaxes a América Latina á procura da literatura fantástica* (1987), ó tempo que debuxa un retrato do autor no que presenta a un Antón Risco que se recoñece como unha “pantasma” pertencente a “unha etnia de pantasmas”, “escéptico e subversivo”, que “todo o asomete á regra da áurea galega do “asegún”. Adéntrase pouco a pouco nas “fábulo-teorías risquianas”, baseadas nun continuo someter todo “á proba da dúbida para sacar e esclarecer as súas propias consecuencias e os seus propios principios”. Salienta certos conceptos básicos do sistema teórico risquiano: partir da propia experiencia persoal de lector, a reflexión sobre a literatura realista e irrealista, as distinción entre literatura fantástica e literatura marabillosa, categorías e límites cronolóxicos das mesmas e os modos literarios básicos — realismo, expresionismo, simbolismo e a literatura fantástica e marabillosa.



López Pérez, Ramón, “Rosalía de Castro: a súa xuventude”, *Lúa Nova*, nº 35, xullo 1997, pp. 25-27.

Relátase a chegada de Rosalía de Castro a Padrón no 1850 e o encontro coa súa nai e o coñecemento da súa condición de “filla sacrílega”. Indícase que este feito influíu na súa personalidade, condicionada pola sociedade pechada na que vivía. Lémbrese a seguir a súa estadía en Santiago a partir do ano 1853, o “ano da fame” e apúntase a posibilidade de que observando o seu contorno nacesse nela a poetisa social, como proba a virulencia das súas denuncias poéticas da inxustiza. Ademais refírese ó seu traslado a Madrid en 1856, motivado, segundo as diferentes opinións da crítica, quizais pola busca do recoñecemento como poeta, quizais pola fuxida do ambiente asfixiante de Santiago ou quizais buscando o amor de Murguía ó que tal vez coñeceu en Santiago.



López Rodríguez, Teresa, “Análise poética”, *Guieiros*, nº 4, pp. 53-58.

Breve estudio da poesía de Fiz Vergara Vilariño, onde se fai un percorrido polos libros publicados ata a súa morte. Comézase con *Para vós* (1971), no que se percibe a mestura dos poemas íntimos, ás persoas e cousas queridas, e os poemas sobre costumes, personaxes ou paisaxe. No segundo libro, *Encontro cos tiburós* (1973), distínguese un canto de desilusión fondo, un desexo de morrer. En *Orfo de ti en terra adentro* (1976), valórase a presenza da poesía de amor e social, un amor sempre intuído, soñado, nunca real, aínda que a forza deste sexa a mesma que se fose de carne e óso. En *Poeta muiñeiro á deriva* (1982), salientase o simbolismo do amor a Lóuzara Xabreira e o debate nun amor desesperanzado, no que non dá atopado á amiga soñada. Con respecto a *Nos eidos da bremanza* (1991) coméntase á súa temática amorosa e ó desexo, obsérvase unha evolución do poeta nas súas constantes vitais para gañarlle a batalla á enfermidade. A mesma evolución percíbese en *Pastora de Sorrisos* (1993). Conclúese dicindo que na obra de Fiz Vergara “a forma clave (...) é a busca, a través da palabra, dun mundo onde non impera a contradicción e o sinsentido que se materializa no seu corpo”.



Lorenzo Modia, María Jesús, “Stephen Dedalus into Spanish and back into English: genesis of the translations”, *Galician Review*, nº 1, 1997, pp. 52-61.

Analiza a traducción non como unha actividade neutral e inocente senón dende un punto de vista no que a través da interpretación do contexto de, alomenos, dúas culturas se chega a unha interacción co mundo creando unha nova realidade. A seguir estudia o texto “Dedalus en Compostela. (Pseudoparáfrase) (1929)”, de Vicente Risco, dende este marco de referencia, como contribución á popularización da literatura de James Joyce. Explica primeiramente o contido da obra abundando nas relacións entre Galicia e Irlanda, en especial as xurdidas no século XIX, e comentando a relevancia do texto por se-lo primeiro escrito na Península Ibérica en que un personaxe joyceano aparece como protagonista dunha historia de ficción. Ademais conta a técnica narrativa empregada e o efecto conseguido dicindo que o texto é unha profunda discusión, con base escolástica, sobre o sentido da vida, e indicando que é significativa a escolla de Joyce cando, aínda sendo coñecido, non fora canonizado. Destaca como precedente a aparición de fragmentos do *Ulises* traducidos ó galego por Otero Pedrayo en 1926. Continúa dicindo que a “Pseudoparáfrase” foi traducida ó castelán e despois ó inglés, conseguindo así que un texto pertencente a unha minoría cultural accedese á supremacía cultural, para logo ser incluído, con modificacións (que son comentadas no artigo), en *Lería*, en 1961. Segue reflexionando sobre o xénero ó que o texto debe ser adscrito, afirmando que comparte aspectos do ensaio e da prosa narrativa, e fala da variedade dialectal empregada e de cómo lle afecta iso ás posteriores traducións. Tamén indica a necesidade de asumir unhas regras para a traducción de nomes





V.4. Publicacións en revistas

proprios e de topónimos e as solucións finalmente adoptadas, rematando por aludir á intertextualidade e ó multiculturalismo do texto risquiano.



Losada, Basilio, “Del campo a la academia”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 88-90.

Iníciase falando da lingua e a literatura galegas pola súa anómala historia e evolución, facendo fincapé na figura de Rosalía e os seus coetáneos, que escriben “convencidos de que están iniciando el cultivo literario del gallego”, pois descoñecían a nosa tradición medieval. Céntrase logo nas peculiaridades da creación literaria en galego no relativo ó conflito lingüístico e segue falando da dicotomía existente entre o ruralismo e o cosmopolitismo na literatura galega a partir de 1920, exemplificándoo con Manuel Antonio. Continúa aludindo ó enfrontamento actual debido ás normativas e á vixencia da pregunta “¿para quién escribo?”, e comenta as celebracións do Día das Letras Galegas dedicado a Ánxel Fole, chegando á conclusión de que Fole resolveu o problema entre lingua do pobo e lingua literaria afondando na tradición propia. Remata citando os trazos básicos da súa obra e referíndose á situación lingüística actual de Galicia. Céntrase na temática literatura: reflexións e problemática xeral.



M. F. V., “Orzamentos públicos e produción teatral”, *Tempos Novos*, nº 2, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, xuño 1997, p. 87.

Refírese á comisión nomeada polo IGAEM para decidi-las subvencións á produción e comenta os diferentes criterios que se seguen. Lembra a orde publicada no DOGA do 27 de xaneiro que establecía que a comisión encargada da asignación das axudas estaría integrada por persoas de recoñecido prestixio no ámbito da cultura e das artes escénicas. Sen embargo, o autor do artigo pon enxuíza esa orde, pois considera que non se deben confundi-las artes escénicas cos estudos literarios. A continuación, cita unha serie de propostas que se deben ter en conta para establecer con claridade os criterios de subvención. Ó final do artigo engádese unha táboa que dá conta dos orzamentos recibidos polas diferentes compañías de Teatro en Galicia na temporada 97/98. Artigo que responde á temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “Mostras e exhibición teatral”, *Tempos Novos*, nº 4, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, setembro 1997, p. 91.

Coméntase que á hora de avalia-lo grao de regulación do teatro na actualidade o importante é o espacio e o tempo de exhibición das pezas e que, en Galicia, tanto as mostras coma os festivais teñen un carácter excepcional. Denúnciase a pouca permanencia en cartel das obras e apúntase a necesidade de crear un programa permanente e un Festival Internacional. Conclúe anunciando a próxima celebración das Mostras de Cangas, o Carballiño e Viana do Castelo. Traballo que responde á temática teatro: reflexións e problemática actual.



Mackenzie, David, “Rise up and walk’: Spain’s forgotten Celts”, *Galician Review*, nº 1, 1997, pp. 1-12.

Comeza facendo unha contextualización histórica de Galicia (dende a *Gallaecia* romana ata a Reconquista) e afirmando que os paralelos con Irlanda non se revelan ata o século XIX. En canto á historia literaria, ofrece un estudio sobre historia literaria: panorámica xeral que se inicia no medievo, do que apunta as súas características xerais deténdose nalgúns casos particulares (Pero da Ponte, Macías) e lembrando a importancia das peregrinacións a Compostela, así como o papel xogado polos Reis Católicos no que se refire á nosa lingua e o principio dos chamados Séculos Escuros. Seguidamente alude á figura de Rosalía de Castro e á súa obra, ás Irmandades da Fala e o Grupo Nós, indicando a significación negativa que a Guerra Civil e o réxime franquista tiveron na nosa cultura. Fala tamén de Álvaro Cunqueiro, das peculiaridades da súa obra, e do mito das orixes celtas de Galicia, dicindo que aínda que o mito celta é tan só un mito, detrás de todo mito hai unha realidade. Remata repasando a historia recente de Galicia e indicando as implicacións culturais da creación das autonomías e da entrada na Unión Europea, propoñendo que o estudio de Galicia é “unha chave para o noso futuro”.



Manuel María, “Breve noticia de Fiz Vergara Vilariño”, *Guieiros*, nº 4, 1997, pp. 5-8.

Repasa a vida e a obra de Fiz Vergara Vilariño achegando datos procedentes da autobiografía publicada en 1973 na antoloxía *Os novísimos da poesía galega*. A este respecto lembra a existencia do vídeo *O mundo de Fiz*, realizado en 1995 na terra natal do poeta. Destaca a singularidade e a intemporalidade da súa obra e neste sentido di concordar coa opinión expresada no *Diccionario da Literatura Galega* (1995): “malia a comezar escribindo unha poesía comprometida, consoante ó social relismo do momento, logo devalou cara unha poesía paisaxista, amorosa, existencial e intimista, afastada de calquera moda literaria e condicionada polo seu periplo vital”. Tras repasa-los cinco títulos de poesía que Fiz sacou en vida, conclúe que “é unha poesía patética, humana, fonda, emocionada, sabia e ben galega que ten a transparencia e a claridade das montesías augas do río Lóuzara e da Fonte da Cova que o poeta amou tan fondamente”.



March, Kathleen, “Pilar Pallarés. *Livro das devoracións*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 248-250.

Coméntase a aparición do terceiro poemario de Pilar Pallarés, *Livro das devoracións* (1996), unha autora non especialmente prolífica pese a ter unha actividade continuada dende 1980. Sinálase que se trata dunha obra “de autoanálise, contemplación e autoafirmación” na que se percibe unha “sólida madurez creativa”, e destácanse aspectos como a densidade e o dramatismo, a complexidade dos referentes, as oposicións entre Eros e Thanatos, a liberdade e a opresión, a sensualidade e a soidade, a lingua e o silencio, así como as marcadas relacións sonoras, a repetida ambigüidade sintáctica, a aparición de códigos intertextuais, como a expulsión do paraíso e a referencia á escultura e ás estatuas, e a presenza de elementos lexicais como nacer, volver, recobrar ou ficar.



Marín, Pepe, “A clase política, o teatro e outras herbas”, *Revista Galega de Teatro*, nº 15, xullo 1997, pp. 44-45.

Manifesta o escaso interese que mostra a clase política polo teatro actual galego, pois non asiste ás representacións e mostra descoñecemento sobre o tema e ás veces incluso desprezo. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



Mariño Paz, Ramón, “Edición do Entremés famoso sobre a pesca do río Miño (1671)”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Textos”, nº 1, primavera 1997.

Preséntase unha edición da peza teatral *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1671), mostra do teatro nos Séculos Escuros. Nunha pequena introducción, dáse conta das edicións anteriores e dos criterios da presente, elaborada cunha intención de fidelidade ó manuscrito procedente da casa de Osuna, datado no século XVII e custodiado na Biblioteca Nacional de Madrid. Móstrase crítico coas correccións non advertidas polos editores anteriores, caso de Manuel Ferreiro (1983) ou Henrique Rabunhal (1987). Indica, asemade, os erros de lectura que ve na edición de Rabunhal, que pretendeu ser absolutamente fiel ó manuscrito da Biblioteca Nacional.



Martín, Paco, “Souben de Fiz morto na beira do Atlántico andaluz”, *Guieiros*, nº 4, 1997, p. 59.

Relata a situación na que o colleu a morte do compañeiro e amigo Fiz Vergara. Dóese de ter estado lonxe de Galicia, en Cádiz, onde acudía a un acto sobre Alberti no que ninguén sospeita a súa dor naquel intre por outro poeta morto a moitos quilómetros de alí.



Martínez Bouzas, Francisco, “De nacións, cofres e piratas”, *A Trabe de Ouro*, nº 29, Tomo I, xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 103-107.

Crítica ó libro de Emilio Araújo *Cinsa do vento. Libro da Ribeira Sacra* (1996) na que se di que neste autor, se algo existe, é a Nación. Compárase temática e formalmente con Seoane polo ritmo espontáneo de lingua. A continuación, desenvólvense cinco puntos sobre a estética de Araújo: a existencia dunha poética da oralidade, a dunha poética propia da Ribeira Sacra, a dunha poética da memoria e da experiencia. Afírmase que *Cinsa do vento* é “o museo do pobo galego posto en verso”. Finalmente, fálase dunha poética do home, en canto habitante do campo e como canto civil de reivindicación de heroes e heroínas anónimos.



Mato, Miguel, “A poesía en soedade de Fiz Vergara Vilariño”, *Guieiros*, nº 4, pp. 59-60.

Repasa a produción poética de Fiz Vergara Vilariño. Considera como títulos significativos na obra deste autor *Encontro cos tiburós* (1973), *Orfo de ti en terra adentro* (1976) e *Poeta muiñeiro á deriva* (1982) centrados nos temas do pesimismo radical respecto da vida, do amor e do espacio xeográfico da terra natal. Sinálase *Poeta muiñeiro á deriva* (1982) como a obra definitiva deste autor, un canto de amor desesperanzado e de agarda pola amada, ó xeito do trovador medieval Mendiño.



Mato, Xesús, “A Fiz Vergara Vilariño (o amigo)”, *Guieiros*, nº 4, 1997, pp. 9-11.

Recordo de Fiz Vergara Vilariño que se subdivide nos seguintes epígrafes: “A valía, constancia e coherencia de Fiz”, “O Fiz e a súa circunstancia”, “A familia”, “A xeito de epílogo” e “Palabras a unha rapaza con muletas: unha tarde de domingo”. Trátanse algúns riscos destacados da personalidade de Fiz. Dise que a súa condición de eivado permitiulle afondar máis do habitual na comprensión e aceptación da vida na súa cara máis cruel, o que o fixo, un “home dono do tempo”.



Maure Rivas, Xulián, “*Terra, mar e lume*”, *Viceversa*, nº 3, “Críticas e recensións”, 1997, pp. 155-156.

Comentario sobre *Terra, mar e lume* (1996), analecta de máis de cento cincuenta poetas de Bulgaria e da ex-Iugoslavia realizada por Úrsula Heinze de Lorenzo. Recórdase que a galego-alemana se valeu de versións noutras linguas europeas por non ter coñecemento abondo dos falares sudeslavos. En calquera caso, valórase o feito de podermos así acceder a textos de variedades lingüísticas tan apartadas e dá diversos exemplos de traducións, realizadas tamén con outras interpostas, en ámbitos culturais como o español. Critícase o excesivo prezo da edición, debida á Xunta de Galicia, xa que opina que pechará ós lectores máis novos o acceso a esta escolma. Finalmente quérelle agradecer á responsable da edición as introduccións dos diferentes apartados do volume.



Mayo Redondo, Susana, "Compendio bibliográfico anual", *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 265-300.

Compendio de bibliografía anual, é dicir das publicacións editadas ó longo do ano 1996, dividido en nove apartados que comprenden "Bibliografías", "Anuarios", "Antoloxías", "Creación", "Reedicións de obras importantes anteriores a 1996", "Traduccións", "Historia e crítica", "Teses" e "Publicacións periódicas".



_____, “Personaxes femininos na narrativa de Blanco Amor”, *A Trabe de Ouro*,
 “Acoutacións”, nº 30, Tomo II, Ano VIII, abril-maio-xuño, 1997, pp. 91-97

Abórdase o tratamento dos personaxes femininos e a visión da muller en tres novelas de Eduardo Blanco Amor: *A Esmorga* (1959), *Los Miedos* (1963) e *Xente ao Lonxe* (1972), temática muller na literatura. Conclúese que o número de personaxes femininos é sempre superior ó de masculinos e que na narración, aínda que a primeira voz sexa sempre masculina, as historias que desenvolve sempre están en relación con personaxes femininos e estes evolucionan nas súas relacións cos protagonistas masculinos. Destácase o submundo da prostitución en *A Esmorga* e a figura de Evanxelina en *Xente ao Lonxe*, o primeiro personaxe feminino con compromiso político e ideario feminista na literatura galega. Finalmente sinálase o paso da muller como obxecto de posesión masculina á libertaria, a importancia das figuras femininas na narrativa blancoamoriana parece medrar a medida que avanza a obra do ourensán.



_____, “Escrito por mulleres (1996)”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Crítica”, 1997, pp. 92-94.

Bibliografía anual que recolle os libros de creación, ensaios e monografías, publicados ó longo de 1996 escritos por mulleres. Podemos inscribir este traballo na temática muller na literatura.



Meyer, Franck, “Galicien-Zentrum Trier. Actividades do semestre de inverno 1996/97”, *Galicien Magazin*, nº 3, marzo 1997, p. 13.

Dáse conta das actividades máis salientables que tiveron lugar no Centro Galego de Tréveris no semestre de inverno 96/97 baixo a dirección de Dieter Kremer en prol da “proxección da cultura e lingua galega en Alemaña”, entre as que se destacan, a creación dunha biblioteca propia, as conferencias de persoeiros destacados no terreo da literatura galega tales como Manuel Rivas, Carlos Casares e X. L. Méndez Ferrín, así como o seminario sobre “A poesía galega actual” impartido por M^a Xesús Lama, lectora do centro. Temática literatura: reflexións e problemática xeral.



_____, “*Unha liña no ceo, 17 Jahre galicischer Verlagsgeschichte*”, *Galicien Magazin*, nº 3, marzo 1997, pp. 15-18.

Aproveitando a publicación do volume *Unha liña no ceo* (1996), libro número mil de Edicións Xerais, realízase en primeiro lugar un percorrido polo sector editorial galego dende a fundación da nomeada editorial facendo especial fincapé nos grandes cambios que aconteceron dende o ano 79. É a primeira vez, segundo o autor, que se ofrecen ó público alemán datos concretos do sector do libro en Galicia.



_____, “Parado na tormenta. Paus, ortigas, seixos”, *Galicien Magazin*, nº 3, marzo 1997, pp. 30-31.

Segundo Franck Meyer, *Parado na tormenta* (1996), de Suso de Toro debe entenderse como o pensamento dun artista comprometido política e moralmente. Indica que o libro é variado tanto na forma, xa que contén glosas, aforismos, cartas, artigos e pequenos ensaios, coma no seu contido, visto que os temas tratados xiran principalmente en torno ás repercusións da revolución tecnolóxica na sociedade, o papel dos medios de comunicación na nosa imaxe do mundo, na nosa identidade e na nosa convivencia, así como o significado da literatura do noso tempo e a situación actual da literatura galega e os seus representantes.



_____, “Bravú Ein neues Phänomen in der galicischen Kultur”, *Galicien Magazin*, nº 4, outubro 1997, pp. 27-30.

Análise do fenómeno bravú que ten como obxectivo afondar no coñecemento das súas orixes e a súa mensaxe. Infórmase de que malia súa xénese musical, xa existe no día de hoxe unha vía literaria que representa esta nova e crecente tendencia cultural nacida maioritariamente nas vilas galegas e que abandeira o enxebrismo como forma xenuína de autoafirmación cultural. Remátase facilitando unha serie de enderezos en Internet para maior información dos interesados.



Míguez, José Antonio, “A Fuliada: brigantina y coruñesa”, *Anuario Brigantino*, nº 19, 1997, pp. 319-329.

Achéganse datos do xornal *A Fuliada* que continuou a liña do xornal *O Antroido*. Explícase que *A Fuliada* superou o estilo ramplón deste último, alternando con maior profusión a poesía e a prosa sen que a crítica atinxise en ningún momento os xa habituais tons de dureza e mordacidade. Sublíñase que este semanario brigantino, “quería representar algo así como una elevación de temas y propósitos, manifestada muy a las claras, por ejemplo, en la repetida incidencia poética, que no perdía nunca el contacto con los temas populares”. Insístese na intención do xornal de mante-las formas e crese que malia teren excesos, *A Fuliada* e *O Antroido* merecen unha crítica benévola por mor de logros como o de “airear” “problemas para los que la solución no estaba toda ella en sus manos”. A continuación, e remitindo a un artigo de X. R. Barreiro, abórdase a etapa coruñesa do xornal (1898) e detéctase unha continuidade cos números editados anteriormente en Betanzos tal e como o demostra a presenza de Ángel Vázquez Taboada e Carlos Pol Caamaño. Aínda así, advírtese dunha suba no “listón” e no ton literario así como un aumento de páxinas poéticas coa presenza de Francisco M. de la Iglesia, Eladio Rodríguez, Benito Losada e Manuel Curros Enríquez. Logo de describir algunhas seccións do xornal considérase que debeu contar cun bo número de lectores en Betanzos pola persistencia dalgúns anuncios desde o primeiro ata o derradeiro número. Finalmente resáltase que “no se entiende la publicación de los primeros periódicos brigantinos sin la presencia activa en ellos de Fernando García Acuña”, autor do que





V.4. Publicacións en revistas

se ofrecen algúns datos, facendo fincapé en que publicou neste xornal algúns poemas pertencentes a *Orballeiras*.



Millán-Varela, Carmen, “Nationalism vs. universalism in the 1926 Galician fragments of *Ulysses*”, *Galician Review*, nº 1, 1997, pp. 73-82.

Comeza indicando o papel da traducción na historia cultural, particularmente centrado en cómo contribuíu ó proceso de recuperación cultural en Galicia nos anos vinte. Considera a traducción como un feito cultural que consegue solucionar unha “deficiencia” apropiándose de materiais alleos que son manipulados para incorporalos á cultura propia, e refírese ós fragmentos do *Ulises*, de Joyce traducidos ó galego por Otero Pedrayo en 1926, que tentaban mostrar, segundo a articulista, os aspectos diferenciais da lingua galega e o rexeitamento do opresivo “uniformismo” castelán. Sitúanos a seguir no contexto da Xeración Nós explicando as súas actividades e as intencións que tiñan, e comentando que a traducción citada formaba parte dun proxecto máis amplo que pretendía presentarles ós lectores de *Nós* a literatura irlandesa. Afirma tamén que o Grupo Nós presentaba un conflito entre nacionalismo e universalismo, pretendía a creación dunha cultura nacional evitando as influencias castelás e establecendo lazos coa tradición celta, e estaba na vangarda da vida cultural do seu tempo. Ademais, querían o acceso directo (e non a través de Madrid) a outras literaturas para moderniza-lo sistema literario galego, co cal a traducción se tornou unha actividade fundamental, aínda que a súa circulación era limitada. Continúa destacando que a traducción fragmentaria de *Ulises* ó galego foi a primeira na Península Ibérica e a segunda en Europa, e que a identificación feita polo Grupo Nós entre Galicia e Irlanda e entre Joyce e os intelectuais galegos foron dous dos motivos que provocaron a posta en marcha do proxecto. Seguidamente fala da selección dos fragmentos, indicando algunhas



hipóteses ó respecto, de cómo se presentou a traducción na revista e do xeito en que esta se organizou e estruturou. Refírese despois á lingua empregada na traducción, caracterizada polo diferencialismo (que demostraba a intención de Otero de crear un galego escrito moderno) e a ausencia de cultismos, elemento dominante no texto orixinal, e remata afirmando que o texto representa o conflito entre nacionalismo e universalismo en Otero e a representación simbólica da loita dunha minoría pola supervivencia.



Monterroso Devesa, J. M., e Francisco Ant3nio Vidal, “Em torno ao nacemento de M. Murguía. (Dous documentos —inéditos— que lle atingem e outros catro de interese)”, *Ag3lia*, “Notas”, nº 47, outono 1996, pp. 343-350.

Inténtanse aclarar algúns datos confusos acerca do nacemento de Manuel Murguía e de Rosalía de Castro, así como o falecemento desta. Achégase a acta de bautismo dos dous escritores, a acta de matrimonio entre os pais de Murguía (posterior ó seu nacemento), a acta de matrimonio de Murguía e Rosalía, ademais dos certificados de defunción e enterro de Rosalía. Inclúese unha táboa cronolóxica e un esquema xenealóxico da familia Murguía de Castro.



Montezuma de Carvalho, Joaquim de, “O Portugal de Antero de Quental e o outro Portugalório...”, *Anto*, nº 2, outono 1997, pp. 109-133.

Logo de expresa-lo seu interese pola poesía de Celso Emilio Ferreiro, céntrase no seu soneto titulado “Un Bípedo Ronzal”. Explica que no poema se identifica a Antero de Quental con Portugal, feito que se considera un dos méritos da composicións, xunto ó feito de “nunca confundir Portugal e Portugalório”. A continuación reproduce o soneto en galego e a traducción ó castelán do propio Celso Emilio e comenta que Gregorio San Juan lle explicou que, se cadra, o “Bípedo Ronzal” ó que se refire o celanovés “será algún fantasmón da cultura salazarista”. Na última parte do artigo alude ao poema “Carta a Fuco Buxán”, reproduce a glosa que o propio Celso Emilio fixo da composición e comenta o recado que deixou o autor e que tamén lle é aplicable a Portugal: “Os pobos, cando teñen consciencia de si mesmos non emigran”.



Moreiras Menor, Cristina, “Lingua, comunidade e identidade nacional en Rosalía de Castro”, *A Trabe de Ouro*, nº 31, “Acoutacións”, Tomo III, Ano VIII, xullo agosto-setembro, 1997, pp. 99-106.

A partir da suposta tradición galega, non comprobada, de darlles acubillo ós mariñeiros que levasen moito tempo no mar nas casas dos aldeas, e, caso de ser tódalas mulleres do lugar honradas, facilitárllle-lo pasar unha noite coa muller, filla ou irmá da casa, constrúese unha teoría sobre o abandono do galego literario por Rosalía de Castro. Segundo esta crítica, a construción do nacional pasa pola negación do outro, neste caso do español e de Castela, unha vía violenta, de choque, no proceso de identificación. Este proceso verifícase, plásmase simbolicamente, cando Rosalía usa o galego como lingua literaria en *Cantares Gallegos*. A tese de Cristina Moreira intenta demostrar que a negación radical de Rosalía a volver a escribir en galego, mesmo, como a propia poeta di, a tratar das cousas de Galicia, responde, non a unha actitude inconsciente co proceso que tiña desencadeado, senón como “a posibilidade de pensa-lo propio desde unha posición abxecta que constitúe un novo espacio no que o *eu* nacional incorpora ó *outro*, e varía así, aínda que non inverte a súa relación de dependencia e subalternidade”.



Neira, Xosé A., “Novas poetas: Á procura de complicitades”, *Tempos Novos*, nº 4, “Cataventos”, setembro 1997, pp. 98-99.

Reprodúcese unha conversa que tivo lugar no Casino de Santiago entre catro poetas que se presentan como escritoras pertencentes a unha xeración nova: María Lado, Iolanda Castaño, Emma Couceiro e Olga Novo. Recóllense as declaracións e opinións expresadas no transcurso da conversa sobre a súa concepción persoal da poesía, valoran os premios existentes e comentan a necesidade de organizar recitais e de busca-la complicitade dos lectores. Podemos encadrar este artigo na temática poesía: reflexións e problemática actual.



Nogueira, María Xesús, “Os últimos libros no andel da poesía”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 23, 1997, pp. 127-130.

Panorámica da poesía na fin de milenio, na que se dá noticia das novidades editoriais que se produciron, en materia de poesía, nos meses anteriores á aparición deste número da revista. A autora salienta o “afianzamento de poéticas iniciadas con anterioridade, a reaparición dalgúns escritores así coma a aparición de novos espacios para a publicación de poesía”.



_____, “María Mariño Carou: un fenómeno de recepción”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Monográfico”, 1997, pp. 15-21.

Sínálase que María Mariño Carou constitúe un caso particular na nosa literatura, en primeiro lugar polo seu descoñecemento ata hai ben pouco e pola actitude reivindicadora da súa figura, que chegou case ata a mitificación, e en segundo lugar, porque os estudos que se lle dedicaron centráronse na súa biografía e na recepción da súa obra pero non nos textos. De seguido enuméranse algunhas razóns que influíron no tratamento e recepción desta escritora: coñecemento canalizado por Uxío Novoneyra, quen proporcionou uns datos biográficos tinxidos de subxectividade e que levaron a confusións como a data de nacemento; escurantismo e misterio sobre a súa figura, que mesmo chegou a produci-lo cuestionamento da identidade da autora e a sospeita de que se tratase dunha invención poética de Novoneyra; a edición serodia da súa obra debido ó seu afastamento dos círculos literarios. Indícase así mesmo que a edición de *Palabra no tempo* (1963) supón a súa conexión coa tradición literaria galega e elabórase a historia editorial da súa obra, na que se observan as “canles de publicación marxinais” ás que se veu sometida e o fito fundamental que significou a edición, en 1994, das súas obras completas coas que se introduce no canon da literatura galega. Menciónase tamén a desigual acollida crítica de *Palabra no tempo*, que fraguou unha visión contradictoria —entre a mitificación e o desprazamento— e construída sobre tópicos como a súa carencia de lecturas e de cultura literaria, a súa linguaxe rupturista e o seu carácter intimista.



_____, “Helena de Carlos”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Crítica”, 1997, p. 96.

Céntrase no primeiro poemario de Helena de Carlos, *Alta casa* (1996), do que se di que xa dende o seu título “de grande sobriedade e filiación virxiliana”, se ofrece un exercicio de intertextualidade que sitúa nun lugar central o tema clásico do retorno. Faise fincapé na reflexión sobre as experiencias da partida, da viaxe e do retorno, nas que se mesturan espazos rurais e urbanos e se insiren escolleitas referencias literarias. Ademais coméntase o feito de que á pluralidade de espazos lle correspondan unha pluralidade de vivencias íntimas e de estados anímicos e insístese no carácter cíclico da obra dende o punto de vista temático reflectido a nivel formal na manifesta tendencia á reiteración, ó descritivismo e á anécdota.



_____, “Xela Arias, *Darío a diario*: intimismo doméstico e radical”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Crítica”, 1997, p. 97.

Recensión do poemario *Darío a diario* (1996), de Xela Arias do que se di que ocupa un espacio singular na nosa literatura pola súa sinxeleza e polo tratamento do tema da maternidade. Coméntanse aspectos como o diálogo do eu lírico co ti protagonista, a elaboración dun discurso afectivo a través dunha linguaxe íntima, a ruptura da sintaxe, o emprego constante de vocativos e outros trazos da oralidade e a presenza da linguaxe infantil, que configuran unha sensación de proximidade “propia dunha comunicación máis directa, máis doméstica e entrañable”. Sinálase que a idea unificadora do libro é a “concepción da maternidade como unha experiencia plena que confire un sentido novo á vida da muller”, ademais da “aparición dun novo ser na cotidianeidade dunha muller”.



_____, “Habitantes da Fisterra. A presenza do celtismo na obra de Cunqueiro”,
Unión libre. Cadernos de vida e culturas, nº 2, 1997, pp. 123-135.

Estudio no que se analiza a presenza do celtismo na obra de Cunqueiro. Logo de analiza-lo corpus cunqueiriano, especialmente a súa obra en prosa e xornalística, selecciona as pegadas máis evidentes que o celtismo deixou na obra do mindoniense, concluíndo que “a utilización de elementos célticos por parte de Cunqueiro ten un carácter marcadamente lúdico, que non se pode entender sen ter presentes algunhas das súas estratexias narrativas, como a “memoria deformante” ou a propensión ao anacronismo”.



Noia, Camiño, “Gonzalo Navaza Blanco. *Erros e Tánatos*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 241-244.

Iníciase cunha mención á configuración do conto literario galego moderno inscrita na renovación da narrativa que abordaron autores como Gonzalo Navaza. Cítanse traballos anteriores deste escritor, como *Fábrica íntima* (1991) ou *A torre da derrota* (1992), para se centrar no libro de relatos *Erros e Tánatos* (1996). Fálase do argumento de cada un dos contos e insístease na presenza da intriga, na estrutura simple pero coidada, na imbricación entre o contido e a forma textual e na coidada expresión lingüística. Conclúese salientando que en *Erros e Tánatos* están presentes a significación, a intensidade e a atención do lector que reclamaba Cortázar para os bos contos.



Notário, Celeste, “Ramón Piñeiro: un filósofo da Saúde”, *Anto*, nº 2, outono 1997, pp. 101-108.

Logo de sinalar que o tema da saúde como meditación filosófica pasou por varios ciclos, pasa a referirse á reflexión poética de Ramón Piñeiro. Explica así que o pensador galego considera que cada pobo ten unha diferente e por iso xenuína maneira de filosofar polo que é posible falar de “singularidade filosófica de cada pobo”. A partir de aquí aborda a vinculación de Piñeiro co existencialismo e a dificultade de definición que presenta o termo “Saúde” e á perspectiva metafísica adoptada. A continuación detense na relación entre o ser do home e o ser, indicando que a saúde “tem en Ramón Piñeiro um inegável e alto valor filosófico em que o homem atinge os limites do ser, consequência da sua própria vivência metafísica”. Afirmar que Ramón Piñeiro constitúe un dos máis importantes e fecundos pensadores da Saúde a quen a inqueda espiritual efectiva de galegos e portugueses “conduziu na busca da raiz espiritual e afectiva de galegos e portugueses”.



Novo, Olga, “Amor a contra-morte”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 23, 1997, pp. 119-120.

Reflexión na que Olga Novo chama a atención sobre o vitalismo de Lois Pereiro, actitude que explica o feito de que, mesmo na certeza do final, houbera “un estoupido vital que o fixo decantarse polo desexo, contra o loito, polo amor contra a morte: Amor contra morte”.



_____, “A poesía galega editada en Brasil”, *Tempos Novos*, nº 0, abril 1997, p. 78.

Refírese ó libro de Yara Frateschi, *Antoloxía de poesía galega* (1996), do que ofrece un repaso polos seus contidos. Destaca as distintas promocións que compoñen a realidade poética galega que Frateschi analiza, dende Pero da Ponte ata Rosalía, como máxima expoñente do Rexurdimento, a xeración do 36, a xeración da posguerra, a xeración de Enlace (Luz Pozo, Xohana Torres), a Escola da Treba (Méndez Ferrín, Arcadio López Casanova), e a xeración dos 80 na que salienta unha vizosísima xeración de poetas que experimentan diferentes camiños de creación que van dende a lesbianización da linguaxe, como María Xosé Queizán ata a ledicia cósmica de Claudio Rodríguez Fer. Podemos encadrar este traballo na temática poesía: panorámica.



_____, “Poesía indeclinable... Ablativo Absoluto”, *Tempos Novos*, nº 2, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 1997, p. 76.

Refírese á colección Ablativo Absoluto da editorial Xerais, dirixida por Francisco Alonso e coordinada por Iris Cochón, Xavier Cordal, Helena González, Antón R. López e Miro Villar. Dá conta das publicacións que se incluíron na colección: *Traballo de Campo* (1996), de Seamus Heaney do que salienta a tradución de Vicente Araguas, a linguaxe e o exercicio de memoria e da conciencia política; *Nínive* (1996), de Chus Pato do que sinala o estilo culturalista e a sintaxe dislocada; *Poemas da cidade oculta* (1996), de Estevo Creus no que fala da linguaxe surrealista e da estética naïf e, por último, *O asasino estrábico* (1996), de Anxo Quintela onde percibe un exercicio de desdoblamento e de esculca interior por parte dun autor que volve á poesía tras catorce anos de silencio.



_____, “Mulleres distintas e distantes”, *Tempos Novos*, nº 3, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xullo/agosto, 1997, p. 81.

Refírese ó estudo de Vincenzo Freire Lestón, *A prensa de mulleres en Galicia (1841-1994)*, (1996). Céntrase no contido da obra, o cal abrangue dende o nacemento de *El Iris de Bello Sexo* ata as máis recentes revistas xa de signo feminista, tales como *Andaina* ou *Festa da palabra silenciada*. Seguidamente fai unha análise valorativa do estudo, ó que cualifica de interesante e rigorosa aportación que enche “baleiros no campo de investigación sobre a muller e os sexos”. Artigo que trata as temáticas feminismo e muller na literatura.



_____, “Amor libre amor fou”, *Ólissos. Os amantes da palabra*, nº 19, setembro 1997, pp. 9-10.

Utilizando a obra de Claudio Rodríguez Fer, de María Zambrano e de Breton, entre outros, Olga Novo investiga a presenza de amor na literatura levando a pescuda cara ó amor libre, o feminismo, o sexo e a crítica da familia.



O. N., “Labrado a coitelo”, *Tempos Novos*, nº 0, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 1997, p. 79.

Dáse noticia da traducción da obra do Premio Nobel irlandés Seamus Heany, *Traballo de campo* (1996), da man de Vicente Araguas dentro da colección Ablativo Absoluto da editorial Xerais. Sinálase que esta obra “parece nacer entre a herba, oscilando sempre entre os campos telúricos, o son do trallazo e o pranto xordo polos mortos” e destácase a presenza do léxico rural.



_____, “O home e o creador”, *Tempos Novos*, nº 1, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 1997, p. 81.

Nota que anuncia a publicación de *A vida de Ánxel Fole* (1996), de Carlos Casares no que, segundo a articulista, o autor fai unha semblanza da vida e da obra de Fole “cun estilo ameno”, “cheo de anécdotas e de vida entrañable”.



Ossorio, Carmen, “Un pequeno cemiterio das montañas do Caurel...”, *Guieiros*, nº 4, 1997, p. 17.

Compara a Fiz Vergara Vilariño con Pablo Neruda. Di que Fiz foi, ante todo, poeta da Constancia e da Ausencia do Amor. A soidade do Val de Lóuzara e o padecemento físico fan de Fiz un poeta dorido, pero á súa vez tenro e esperanzado. Engade que “gracias ós seus versos coñecín o sabor doce-amargo do Amor con maiúsculas”.



Outeiriño, Manuel, “O desvelo de Angueira”, *A Trabe de Ouro*, “Publicacións”, nº 32, Tomo II, Ano VIII, outubro-novembro-décembro, pp. 113-122.

Subliña a enerxía e a falta de afectación nos poemas de *O valo de Manselle* (1996), de Anxo Angueira onde se nota o coñecemento do lugar por parte do poeta, como experiencia vivida e como materia de reflexión. Sinala que aínda sendo un texto emotivo e de celebración comunal, este valo non é un poema bucólico, senón máis ben unha evocación chea de saudade dun home atemporal. Da retórica dos versos di que é dialéctica e amable, rupturista e accesible. Conclúe cunha cita de Adorno que Outeiriño cre moi conveniente para o libro de Anxo Angueira e finalmente apunta que nestes poemas non hai tanta atención para a harmonía e a simetría coma para os rudimentos máis primarios da poesía.



Palacios, Jesús, “Manuel Rivas. Tradición y modernidad”, *Qué leer*, nº 14, setembro 1997, p. 16.

Entrevista a Manuel Rivas con motivo da traducción ó castelán de *O pobo da noite*. Comeza o escritor declarando a súa fidelidade ó galego como lingua da creación literaria. Comenta as características dos seus relatos curtos en canto á temática e ó estilo, e sinala que este xénero é un trazo distintivo da nosa literatura. Finalmente, manifesta a súa opinión sobre os novos escritores da literatura española e sobre a concesión do Nacional de Literatura. Baixo o epígrafe “Saliendo de la noche” descríbese o contido da versión española de *O pobo da noite*.



Palacios, Marta e Chema Paz Gago, “Una vida de teatro”, *Primer acto*, “Galicia”, nº 271, Tomo VI, Segunda Época, novembro-diciembre 1997, pp. 114-116.

Entrevista a Manuel Lourenzo na que primeiramente se fai un percorrido pola traxectoria e produción teatral deste autor e a seguir este fala do seu labor nos anos 60 e 70, destacando a creación dunha Cooperativa na que xunto con Pancho Pillado se encargaban do departamento de “Estudios Teatrais”, empeñados en estudar a literatura dramática e o teatro existente dende os seus inicios ata a actualidade. Comenta o que supón para el o teatro e afirma que o seu maior éxito é ser feliz co que fai. Conclúe referíndose á obra gañadora, ó que significan as “exequias” da linguaxe teatral que desenvolveu nos últimos anos e definíndose como “traumaturgo”.



Panero, Carmen, “Luz Pozo Garza na Academia”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Temas varios”; 1997, pp. 79-80.

A autora do artigo felicita a Luz Pozo Garza polo seu ingreso na Real Academia Galega, xa que “con ela penetrarán no tesouro de voces da Academia a sabiduría, a fondura e a beleza da palabra cifradas na clave onde converxen o pasado e a modernidade da literatura feminina”. Fai ademais un percorrido polos feitos importantes na traxectoria histórica da institución, como a presidencia de Murguía, a presenza de Antón Villar Ponte e a emblemática referencia da Academia nos anos de posguerra, feitos ós que se une agora o ingreso de Luz Pozo. Salienta da obra da escritora a recreación da voz da amiga dos cancioneros medievais e da palabra de Rosalía, xunto ás súas orixinais aportacións. Cita en particular *Códice Calixtino* e conclúe dicindo que cos seus versos recoñeceu “o sentido total da Poesía”.



Pardo de Guevara y Valdés, Eduardo, “Frei Martín Sarmiento. Unha aproximación ó grande ilustrado galego”, *Revista Galega do Ensino*, nº 16, maio 1997, pp. 139-150.

Céntrase na figura de Frei Martín Sarmiento e na súa “extraordinaria significación para Galicia”, xa que foi precursor en “esperta-la conciencia e a mesma personalidade cultural de Galicia”. Informa da traxectoria vital do home, do “perfil humano do sabio” e do “arbitrismo e reformismo” que guiaron a súa constante preocupación polo seu contorno vital. Clasifícanse e móstranse innovadoras as súas ideas e propostas nos eidos da pedagogía e a historia. Refírese tamén ás tres viaxes feitas a Galicia a partir das cales collerían corpo o seu interese pola realidade galega e, “sobre todo, pola propia lingua”, interese que protagonizaría os seus estudos galegos e, en concreto, o seu *Onomástico Etimolóxico de la lengua Gallega*, obra que o sitúa “no primeiro plano dos precursores da filoloxía moderna”.



Pato, Chus, “A praia do corazón de Mandelstan”, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 23, 1997, pp. 131-134.

Lembranza de Lois Pereiro a través dalgúns recordos indirectos da súa persoa e, sobre todo, a través da súa poesía, na que Chus Pato identifica un “suxeito cinematográfico”. Destaca o tratamento do amor na poesía de Lois Pereiro, a súa estirpe campesiña, o herdo vangardista e a influencia na súa obra da literatura centroeuropea. Finalmente, sitúa o libro *Poesía última de amor e enfermidade* á beira doutros como *Follas Novas* ou *De catro a catro*, polo feito de pertencer, como eles, á “categoría do insepultábel”.



_____, “Verba que comeza: unha escrita xenesiaca”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Monográfico”, 1997, pp. 12-14.

Cunha escrita moi persoal, analízase o poemario de María Mariño, *Verba que comeza* (1990), publicado postumamente polo Concello de Noia. Propón unha serie de interrogantes sobre a natureza da palabra poética de María Mariño e sinala que, ó contrario doutros críticos, non considera a súa escrita “mística”, “tampouco pannaturista, nin escura, nin intuitiva, nin popular”, senón que ve nela un drama no que está presente a destrucción e o desexo de vivir, a ira e o desexo de xustiza, o amor e a ausencia na morte do ser amado. Observa ademais a presenza da morte presentida e da “metáfora da enfermidade” e di que aínda que prescinde do lector “desexa ser escoitada”.



_____, “Se a pintura diante de min fuxise ou amencese algún día...”, *La Ortiga*.
Revista trimestral de arte, literatura y pensamiento, nº 6/7, agosto 1997, pp. 53-56.

Aparecen nesta revista tres poemas de Chus Pato coa traducción ó castelán, construídos mediante a acumulación de imaxes, cun ton predominantemente outonal e na que diversos elementos da natureza son claves sensoriais do sentimento do eu poético.



Paz Gago, Chema, “Ollomoltranvía, en la buena vía”, *Primer acto*, “Galicia”, nº 269, Tomo IV, Segunda Época, setembro-outubro 1997, pp. 97-98.

Fai un percorrido polo labor da compañía Ollomoltranvía, liderada por Cándido Pazó, trala súa fundación en 1993. Informa da posta en escena de *El anillo mágico de Goldoni*, facendo logo a recreación histórica da personaxe de Inés de Castro en *Raíñas de pedra* e unha proposta lúdico-musical baseada nos contos populares en *O rei nu*, para chegar á recente escenificación de *Escola de bufóns*, de Ghelderode. Ofrece unha serie de comentarios sobre todas estas obras, deténdose na mencionada en último lugar, na que percibe unha sorte de erotismo macabro e a sensualidade perversa da loucura e a morte. Detense finalmente na caracterización de parte dos integrantes da compañía e no modo de face-lo seu traballo.



Pazó, Cándido, “Poeta de compañía. Confesión de parte”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “A creación dramática”, nº 1, primavera 1997.

Confesa Cándido Pazó que non se sente representado polo nome de “autor” ou “dramaturgo”, se non que prefire o de “poeta de compañía”, seguindo unha autodefinición do escritor italiano do século XVIII Goldoni. Conta, precisamente, entre os seus textos cun titulado *Commedia, un xoguete para Goldoni*. Séntese próximo a este autor máis que a ningún outro na historia do teatro porque na época que representa, decadencia xa da *commedia dell'arte*, está absolutamente vencellado á praxe escénica, é ó mesmo tempo cómico e escritor, compañeiro na compañía. Pensa que esta é a realidade na que se debe incluír hoxe ós máis considerados autores de teatro en galego.



Pazos, Xosé Manuel, “¿É posible o encontro?, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Galiza/Portugal: é possível o encontro?”, nº 1, primavera 1997.

Para Xosé Manuel Pazos, o encontro entre os teatros das dúas beiras do Miño é non só posible, senón tamén desexable, necesario, urxente e imprescindible. Fai un pequeno repaso de persoas e encontros que con anterioridade lembran o Teatragal 96 de agora e propón para o futuro a continuidade no labor, a edición da revista *Ensaio*, a creación, se é posible, dun Organismo Atlántico do Teatro, etc. Un traballo que nos leva á temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “Teatro e acción institucional”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Teatro e acción institucional”, nº 1, primavera 1997.

Nesta ponencia recolle as súas intervencións sobre teatro e acción institucional en Teatragal 96, en senllas exposicións entre Cangas do Morrazo e Viana do Castelo. Faino dende a convicción de que o teatro necesita, contra as voces que claman polo non intervencionismo, do apoio das institucións públicas. Opina que unha política teatral sempre é necesaria, por moito que as directrices desa política coincidan en ocasións coa ideoloxía do grupo gobernante. Na falta de criterios e de concreción é onde ve Pazos a pegada máis clara do non intervencionismo. Defende, pois, unha política para o teatro, neste caso municipal, dende o seu cargo de Concelleiro de Cultura de Cangas do Morrazo, baseada en tres puntos: contar cunha infraestrutura axeitada á demanda para desenvolve-las actuacións, apoia-los grupos locais de teatro, así como a todo aquel cidadán interesado polo feito, a nivel de formación, produción e distribución, propiciar unha programación estable e variada. Remata criticando a situación actual da política teatral en Galicia, coa salvedade da Deputación da Coruña. Reivindica o reordenamento territorial e a consolidación da comarca como administración real para poder alcanzar estes obxectivos. Traballo encadrado en teatro: reflexións e problemática actual.



Pena, Xosé Ramón, “Erros e Tánatos”, *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio xuño, 1997, pp. 273-274.

Felicita ó escritor Gonzalo Navaza pola súa primeira creación no eido da narrativa, opinando que a súa “excelente e continuada capacidade creativa (...) demostrada a través de diversos xéneros agroma de novo no conxunto dos dez relatos que forman *Erros e Tánatos*”. No eido temático, salienta a capacidade do autor para combinar e “peneirar harmonicamente” as influencias do realismo máxico, a novela detectivesca, os relatos de iniciación xuvenil e a narración de costumes. Á diversidade temática e a unha “arte depurada”, este engade “unha capacidade emotiva singular” e a presenza do humor. Conclúe dicindo que Gonzalo Navaza “construiu, en fin, un conxunto de relatos (...) que prenden ó lector desde a primeira ata a última liña”.



Pena Santiago, Manuela, “Lobos nas illas”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, 1997, “Crítica”, pp. 108-109.

Recensión de *Lobos nas illas* (1996), de Marilar Aleixandre, que comeza sinalando que con este libro se avanza cara á destrución de fronteiras entre xéneros literarios, pois resulta imposible afirmar con certeza se estamos ante unha novela ou ante un libro de relatos. Continúa referíndose ó dobre xogo de alternancias que presenta: o pasado fronte ó presente e o plano da realidade obxectiva fronte á subxectiva e máxico-misteriosa. Sinala así mesmo a diferenza que existe entre os relatos pares e os impares e explica brevemente a trama argumental do libro destacando os contrastes e a introducción de relatos dentro dos relatos e de novos personaxes. Conclúe dicindo que cada relato está perfectamente construído e situado e que se recrea en todo momento “un universo que nos envolve polo seu poder evocador”.



Penabade, Bernardo, “A asociación Arre-Sentelha! da Costa da Morte publica um ‘Boletim de manifestação escrita’, *Agália*, “Recensons”, nº 47, outono 1996, p. 394.

Dá conta da creación dun “Boletim de manifestação escrita” titulado *Expreso-m* e publicado pola asociación xuvenil Arre-Sentelha! da Costa da Morte. Recolle os obxectivos deste colectivo, informa dos actos de tipo cultural que organizan e louva a calidade da antedita publicación, malia estar feita con poucos medios.



Pérez Rodríguez, Roberto Santiago, “A crise da política teatral en Galicia”,
Revista Galega de Teatro, nº 15, xullo 1997.

Expresa a falta dunha política teatral de acordo coa realidade social, económica e cultural do país e fala dos problemas estruturais que afectan ó teatro galego: a falta dunha rede de salas públicas e privadas nas vilas máis importantes, a creación dunha facultade de arte dramática en Galicia e a necesidade de consensuar posturas entre tódolos implicados no fomento da promoción da cultura. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



Pernas Cora, Gustavo, “¿É posible o encontro? ¿Mais, que encontro?”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Galiza/Portugal: é possível o encontro?”, nº 1, primavera 1997.

Gustavo Pernas responde á pregunta formulada en Teatragal 96 sobre a posibilidade dun encontro teatral galego-portugués sobre o que opina que: “o encontro é xusto e necesario pero é o noso deber e salvación arranxar esta nave de tolos do teatro en Galicia para rodar logo sobre un mesmo eixo..., daquela non so ha ser posible o encontro con trazos grosos, ha ser “inevitabel”; daquela non haberá só preguntas retóricas para puntuais encontros”. Lembra tamén que xa formamos parte “dunha cousa que se chama Eixo Atlántico” e que é necesario camiñar co mercado.



Pociña, Andrés, “Traducci3ns das linguas cl3sicas 3 galego”, *Viceversa*, nº 3, “Teoría e historia da traducci3n”, 1997, pp. 33-43.

Sitúase a data de 1966 como referencia que divide dous períodos diferenciados na traducci3n de textos cl3sicos 3 galego, pois foi nese ano cando Alonso Montero informou, no III Congreso Espa3ol de Estudios Cl3sicos, das 52 traducci3ns que se efectuaran dende 1853. Considérase un número paupérrimo incluso respecto 3 caso vasco e concédese moita máis importancia ás obras que apareceron en forma de libro. Coméntanse máis detalladamente as versi3ns realizadas por Aquilino Iglesia Alvari3o e Avelino G3mez Ledo. Considéranse as do primeiro vixentes e as do segundo susceptibles dunha revisi3n pola súas tachas. Pénsase que nos últimos trinta anos, nos que se contabilizan dezaioito versi3ns, a situaci3n mellorou. Singulárizase o papel da colecci3n “Cl3sicos en galego” (publicada pola Xunta de Galicia) pero críticase a pobreza das introducci3ns. En conxunto, vese a situaci3n con optimismo a pesar do pequeno aumento que sufriron estas actividades nos últimos anos.



_____, “Rosalía en grego moderno”, *Viceversa*, nº 3, “Informacións”, 1997, pp. 165-166.

Infórmanos de que está preparando, xunto con Aurora López e Mosjos Morfakidis, unha antoloxía de poesía de Rosalía de Castro que integra textos orixinalmente en castelán e en galego e leva un apéndice cunha mostra da prosa da padronesa. Tamén explica a estrutura da introducción que vai acompañar este futuro volume, o cal será publicado pola editorial I Ekdosis ton Filon, de Atenas. Critica o feito, considerado habitual, de teren que afrontar esta empresa sen ningún tipo de axuda por parte dos organismos oficiais. O artigo péchase coa versión helena de “Negra sombra”, traducida por Kóstas E. Tsirópulos.



_____, “A cultura latina nos autores e autoras galegos”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Estudios”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 77-102.

Analízase a influencia da cultura clásica na literatura galega, así como os coñecementos das culturas grega e latina que posúen os autores galegos dos séculos XIX e XX. En primeiro lugar, ofrécense uns apuntamentos sobre a formación dos escritores salientando a súa respectable cultura en termo medio e subliñando que boa parte dos escritores e escritoras galegos do século XX se dedican ó ensino; que unha elevada porcentaxe destes ensinantes recibiron nos seus estudos unha formación máis ou menos ampla en latín; que existe un importantísimo número deles que comezaron estudos eclesiásticos, rematados ou non. En segundo lugar, analízase a situación actual das traducións de obras da literatura latina ó galego e destácase a creación en 1988 da colección “Clásicos en galego”, promovida pola Xunta de Galicia e dirixida por Manuel C. Díaz e Díaz. No terceiro e último apartado esbózase un estudio sobre a pegada da cultura clásica na literatura galega, escollendo para este fin *A gaita gallega* (1853), de Xoán Manuel Pintos e algúns versos dos poetas vencellados a Mondoñedo como Manuel Leiras Pulpeiro, Antonio Noriega Varela, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro.



_____, "Luz Pozo Garza. *Vida secreta de Rosalía*", *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, "Libros", Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 251-254.

Comentario sobre o poemario de Luz Pozo *Vida secreta de Rosalía* (1996), no que se destaca principalmente a importancia de Rosalía como tema central ó longo da obra poética, investigadora e crítica da autora. Indícase que esta nova entrega supón a interpretación poética da vida e da escrita de Rosalía, poñendo de manifesto a constante intertextualidade e o diálogo poético capaz de recrear "a ánima e o ánimo de Rosalía". Cualifícase o poemario como excelente e lémbrense as palabras que Alonso Montero pronunciou, a propósito de Luz Pozo, no discurso pronunciado con motivo do seu ingreso na Real Academia Galega, definíndoa como un "singular pentasílabo da nosa poesía".



Polo, Milagros, “Claudio Rodríguez Fer: territorio celta e romanticismo esencial”,
Ólisbos. Os amantes da palabra, nº 19, setembro 1997, pp. 7-8.

Cualifícase de aparente a modernidade de *Extrema Europa* (1996), de Claudio Rodríguez Fer e móstrase como esta obra se mergulla nunha subconsciencia colectiva máis europea que ibérica. Tras isto analízanse os cinco versos da tarxeta que acompaña ó volume para concluír asentando a existencia dun romanticismo de base na obra de Fer.



Portas Ferro, Xesús, “Esta é a outra cultura”, *Encrucillada*, nº 101, “Rolda de cultura”, xaneiro-febreiro 1997, pp. 76-85.

Refírese en primeiro lugar ós conceptos de cultura que teñen Víctor Freixanes e Isaac Díaz Pardo. A continuación, fai un percorrido polos diferentes congresos, xornadas, coloquios, entregas de premios e celebracións que tiveron lugar nos últimos catro meses do ano 1996. Cita, entre outros moitos acontecementos, as xornadas dedicadas a Otero Pedrayo, o V Congreso Internacional de Lingua Galego-Portuguesa, o I Encontro de Novos Escritores ou o ingreso de Luz Pozo Garza na Real Academia Galega. Entre os premios destaca o Nacional de Literatura, obtido por Manuel Rivas por *¿Que me queres, amor?*; o Nacional de Literatura Infantil, por Fina Casalderrey e a súa obra *O misterio dos fillos da lúa*; o Barco de Vapor, por *O paxaro que canta un nome*, de Xabier Lourenzo Tomé; o Torrente Ballester por *O xogo dos apócrifos*, de Xosé Carlos Caneiro ou o Merlín de Literatura Infantil, por *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro. Remata cunha breve alusión ó panorama cultural nos eidos das artes plásticas e da música así como do desenvolvemento da política cultural galega. Céntrase na temática literatura: reflexións e problemática actual.



_____, “Galicia ¿terra única?”, *Encrucillada*, nº 102, “Rolda de cultura”, marzo
abril 1997, pp. 192/80-198/86.

Amplo estudio das características máis sobresaíntes do panorama cultural galego nos últimos tempos, literatura: reflexións e problemática actual. Analiza o labor levado a cabo polo Centro Galego de Arte Contemporánea; cita a celebración, na Coruña, do simposio “Cien años de cine”, as representacións do Centro Dramático Galego, a actividade do Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais ou as últimas novidades musicais. No ámbito da literatura ofrece unha panorámica xeral e cita, entre outros, os libros dedicados a Ánxel Fole, a obra teolóxica de Andrés Torres Queiruga titulada *Recupera-la tradición da vida e cultura* ou a traducción ó francés e ó castelán da novela de Manuel Rivas *¿Que me queres, amor?*, entre outros.



_____, “Unha cultura esgallada”, *Encrucillada*, nº 103, “Rolda de cultura”, maio xuño 1997, pp. 286/70-294/78.

Na súa habitual análise do panorama cultural galego, alude, entre outros acontecementos, á presentación do *Informe sobre a saúde no mundo 1997*, á celebración dos foros do Encontro Europeo das Ciencias e da Cultura ou ó labor das diferentes ONGS. Cita algúns dos premios outorgados neste ano como os Premios Xunta de Galicia de Investigación, o Premio das Letras e das Artes, o Pedrón de Ouro ou o Esquíó. Fai referencia ás últimas novidades nos ámbitos teatral, musical, audiovisual e das artes plásticas. Remata cuns breves apuntamentos sobre a lingua e a normalización lingüística en Galicia, refírese en xeral á literatura: reflexións e problemática actual.



_____, “Globalizados e senlleiros”, *Encrucillada*, nº 104, “Rolda de cultura”, setembro-outubro 1997, pp. 415/103-426/114.

Comeza cunha breve referencia ó proxecto “Galicia, terra única” con motivo da celebración do bimilenario de Galicia. Salienta que consistiu “en exposicións histórico-artísticas nas sete cidades. (...) e nunha chea de concertos e festivais nas cidades, en moitas vilas e mesmo en praias”. A continuación, cita o máis destacado nos eidos da música, as artes plásticas, o teatro e o cine. No ámbito literario comenta a publicación do *Anuario de estudos literarios galegos*, o pasamento do poeta lucense Fiz Vergara Vilariño, a celebración do cabodano de Lois Pereiro ou a morte do escritor coruñés Martínez Barbeito. Por último cita algúns dos premios outorgados neste ano como o Lousada Diéguez de creación, que recibiu Chus Pato polo seu poemario *Nínive*; o Lousada Diéguez de investigación, concedido a Torres Queiruga pola obra *Recupera-la creación*; o Martín Códax para Román Raña e o seu poemario *Ningún camiño*, ou o García Barros de novela para María González, entre outros. Remata cunha breve referencia á situación actual e ó labor levado a cabo pola Real Academia Galega. Céntrase na temática que denominamos literatura: reflexións e problemática actual.



_____, “Estelas de berce roto”, *Encrucillada*, nº 105, “Rolda de cultura”,
novembro-décembro 1997, pp. 513/65-525/77.

Percorrido pola actividade cultural galega nos meses de novembro e decembro. Comenta as diferentes actividades no eido do cine, do teatro, da música e das artes plásticas. No ámbito das letras salienta a celebración do I Congreso de Poesía Galega, en Vilagarcía; o IV Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos ou o Congreso sobre Blanco-Amor, celebrado en Ourense. En canto ós premios literarios cita o Torrente Ballester, o Esquíu de poesía concedido a Ignacio Chao por *Corazón de segundas partes*, o Cidade de Ourense de poesía para Domingo Tabuyo Romero por *Balsian Blues*, o Espiral Maior de poesía para Emma Couceiro polo poemario *Humidosas* ou o Xerais de novela para Xavier Manteiga por *Manancial*. No terreo musical salienta a saída do disco de Amancio Prada titulado “Rosas para Rosalía”. Remata cunha sucinta referencia á política cultural galega e ó estado da normalización en Galicia, en definitiva literatura: reflexións e problemática actual.



Pose, Héctor M., “A promoción teatral de base nunha vila: o caso de Malpica”,
Revista Galega de Educación, nº 28, “O tema”, xaneiro-febreiro-marzo 1997,
pp. 34-35.

Describe o labor levado a cabo pola Escola Municipal de Actividades Escénicas do Concello Municipal de Malpica e informa das perspectivas de futuro que teñen, na súa opinión, as Escolas Municipais de Teatro e tódalas outras entidades de carácter similar. Inscríbese na temática literatura: reflexións e problemática actual.



Pozo Garza, Luz, “O mito en Álvaro Cunqueiro”, *A Xanela*, nº 4, outono 1997, p. 27.

Comeza referíndose a catro poemas de Álvaro Cunqueiro que son significativos do interese do mindoniense polos mitos doutras culturas e que na edición de *Galaxia de Herba de aquí e acolá* (1991), aparecen en tres apartados diferentes: no ciclo clásico “Eu son Edipo” e “Eu son Danae”, no ciclo britónico “Eu son Dagha” e no ciclo semítico “Eu son Paltiel”. Retoma unhas declaracións de Cunqueiro no nº 4 de *Nordés* (1976) nas que o autor explicaba o uso de Arturo, Hamlet, ou Ricardo Corazón de León para “decir unha cara da condición humán, (...) pra crear unha realidade”. Segundo Luz Pozo a diversidade dos personaxes nestes poemas dá conta da universalidade do drama humano; considera que estes catro personaxes deberían ir nun mesmo apartado para seren estudados conxuntamente e engade que os avatares destes personaxes “revelan, mutatis, mutandis” os avatares da vida de Cunqueiro. Comenta ademais que o distanciamento do autor nos devanditos poemas é “unha estratexia para aleccionarnos de que nada é o que aparenta” e conclúe dicindo que “na insumisión e recreación do mito cunqueiriano cuestiónanse as referencias universalmente consagradas. Cunqueiro aproveita a circunstancia do mito para revestir a propia circunstancia”.



Queizán, María Xosé, “María Mariño Carou”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Monográfico”, 1997, p. 3.

Palabras de presentación do monográfico que se lle dedica na revista *Festa da palabra silenciada* a María Mariño, de quen se cumpren trinta anos da súa morte. Queizán sinala que a morte non a sorprende porque para ela “era máis un principio, un alento xordo, unha forza creadora, que un final”.



_____, “Tortillas para os obreiros de Fran Alonso”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Crítica”, 1997, pp. 98-99.

Recensión de *Tortillas para os obreiros* (1996), de Fran Alonso na que se fai referencia a súa estrutura, salientando que presenta dúas historias da vida cotiá artelladas en senllas secuencias denominadas A e B. A primeira delas presenta, dende un enfoque realista, a unha muller no barco de Cangas camiño do seu traballo; a segunda, chea de imaxes visionarias, a un enfermo agardando a morte no Hospital Xeral de Vigo. Ponse de manifesto a intensificación constante de contidos, sentimentos e sensacións en cada verso, a presenza de tecnicismos médicos e da linguaxe delirante —para reflecti-lo delirio do enfermo na segunda secuencia— e conclúese incidindo na “fondura da verdade literaria”, lonxe dos mitos e dos temas trasnoitados” que configuran unha “poética do día a día”, a “poética desgarrada da clase traballadora”.



Rábade, Constantino, “Sobre o teatro e outras materias”, *Escaramuza*, nº 3, outubro-novembro-décembro 1997, pp. 44-47.

Partindo dunha entrevista tirada da revista *Teatro do noroeste* con Antón Louro, membro do P.S.deG-PSOE, na que opina que as eivas do teatro galego actual non están só na escaseza de subvencións senón tamén no “raquitismo intelectual” que leva ó membros do movemento teatral galego a non protestaren, comenta a situación do teatro galego: as subvencións, a introducción de innovacións técnicas, etc. A seguir céntrase en aspectos da arte dramática en xeral como a crise do teatro e a relación con outros medios audiovisuais. Remata lamentando que dúas obras súas estean sen publicar —*Obradoiro de Alquimista* e *Cibernautas*—, sobre todo esta última que, segundo di, “contaba cunha pantalla electrónica xigante e viña aborda-lo tema do risco dun xeito de tecnofascismo”. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática xeral.



Rabunhal, Henrique, “O *Silêncio Ergueito* de António Gil Hernández”, *Agália*, “Recensons”, nº 48, inverno 1996, pp. 522-524.

Reprodúcese o texto lido por Henrique Rabunhal no acto de presentación de *Silêncio Ergueito*, celebrado na Coruña o 16 de setembro de 1996. Estrúctúrase este artigo en catro partes: unha primeira de carácter xeral na que Rabunhal presenta o traballo académico e investigador de António Gil Hernández, e outras tres máis específicas nas que analiza e describe o contido da obra.



Ramos, Wanda, “Litorais da escrita”, *A Trabe de Ouro*, “Acoutacións”, nº 30, Tomo II, Ano VIII, abril-maio-xuño, 1997, pp. 81-84.

Reflexión sobre escenarios das súas obras relacionados co mar e sobre o encontro de galegos e portugueses por medio deste. Pensa que unha literatura sempre é reflexo da terra onde nace e por iso galegos e portugueses encontran no mar a súa referencia. Angola, Lisboa e Galicia son para Wanda Ramos tres lugares de referencia na súa escrita a través dos anos. Deste xeito, apareceu o libro *Litoral (Ara Solis)* (1991), onde a prima do protagonista visita Fisterra. A escritora afirma ter sentido dende ese “cabo do mundo” o mesmo que Décimo Xunio Bruto moitos séculos antes: “un arrepío fondo ó ve-lo sol mergullarse no mar”.



Reboiras, Ramón F., “A muller da casa do tren”, *Luzes de Galiza*, nº 28, “Emocións”, primavera 1997, p. 33.

Lembra a súa infancia en Laíño e as súas visitas a Padrón, evocando fantasticamente a Rosalía de Castro e falando da súa poesía. A seguir narra unha visita a San Domingos de Bonaval, onde “repousan restos da autora”, lugar que resultou familiar para el. Continúa comentando as noites de inverno en que lía os seus versos e manifesta que “esas noites non foi estraño ouvi-las campanas de Bastavales repicar pola noite”, entre escenas fantásticas nas que se aparecen Murguía e Rosalía como membros “dunha curiosa Santa Compañía”.



Regueiro, Arturo, “Ciencias Naturais”, *Luzes de Galiza*, nº 28, “Emocións”, primavera 1997, p. 34.

Comeza indicando que o que lle gusta da literatura galega é o idioma no que esta está escrita, pois “son as esencias e estruturas do idioma as que deixan agromar o tipo de literatura que quero”, seguindo por facer unha equivalencia entre o galego e a xeoloxía, e dicindo que tamén propicia “unha fonda reflexión sobre o espacio” e capta a verdadeira dimensión do territorio. Pon exemplos de diversas voces como Pondal, Cunqueiro e Ferrín, e remata facendo unha serie de reivindicacións arredor da lingua e da literatura identificando aquilo que critica con plantas e animais.



Reis, Manuela e **Salvador Cunha**, Manuela, “A emerxencia dun ollar”, *Grial*, nº 133, Tomo XXXV, xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 111-112.

Dedícanse gabanciosas palabras á obra de Fernando Sabino, *Un cadelo menos e 29 historias máis* (1996), que vén de ser publicada en tradución ó galego. Un conxunto de historias que “deberán interesar a todas as idades e graos de cultura” ó esconderen “unha primeira lectura circunsancial e humorística e unha segunda lectura de análise psicolóxica sobre comportamentos humanos”. En resumo, “unha obra para ler, gozar e reflexionar”.



Renales Cortés, Juan, “Benito Vicetto e a construción dunha literatura galega”,
Unión libre. Cadernos de vida e culturas, nº 2, 1997, pp. 87-98.

Exponse unha análise do proxecto de Benito Vicetto de construír unha literatura nacional galega —en lingua castelá— a partir dos modelos das literaturas septentrionais. Estúdanse os elementos estéticos que están na base desta construción dun “romanticismo septentrionalista”, deténdose nas literaturas do Norte, a “fantasía septentrional”, o celtismo e o xermanismo ou o galeismo.



Requeixo, Armando, “Cando as lumieiras ancoraron en “La Noche”, *Tempos Novos*, nº 0, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, abril 1997, p. 79.

Refírese á edición fascímile do xornal *La Noche. Suplemento del sábado (1849-1950)* (1996), dirixido por Luís Alonso Girgado. Dá conta da estrutura da edición e salienta o estudio introductorio que a precede do que destaca, entre outras cousas, un repertorio biobibliográfico dos colaboradores habituais “que farían do xornal un dos foros literarios galegos máis destacados da súa época”. Remata louvando o labor de recuperación da memoria histórico-literaria galega, que xa iniciou Luís Alonso con outros fascímiles de revistas como *Aturuxo* (1994), *Alba* (1995), *Posío* (1995) e *Gelmírez* (1995).



_____, “Ourive da palabra”, *Tempos Novos*, nº 2, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, xuño 1997, p. 77.

Fai referencia á publicación do libro *Ensaio breve de literatura e política* (1996), de Xesús Alonso Montero. Menciona outros libros anteriores do autor como son: *As palabras no exilio: Biografía de Luis Seoane* (1994), Premio da Crítica na modalidade de Ensaio en 1995, e *Lingua e literatura galegas na Galicia emigrante* (1995). Informa dos contidos do novo traballo o cal define como “unha radiografía entrópica da cultura literaria deste país”. A continuación alude ós aspectos máis descoñecidos dos nosos autores clásicos como Rosalía ou Risco e remata sinalando que o libro está composto de cen artigos e un índice de catrocentos nomes propios. Este traballo pode encadrarse na temática literatura: reflexións e problemática actual.



_____, “A la sombra de Babel”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 127-130.

Ofrece unha panorámica da literatura galega da que salienta o profundo cambio experimentado nos últimos anos pola literatura galega, que coñeceu “la eclosión de una gran diversidad de propuestas estéticas”, destacando os trazos característicos desta renovación, que ten como causa o crecemento urbano e a modernización de certos aspectos formais, temáticos ou ideolóxicos. Na narrativa dos oitenta destaca a incorporación de novos elementos temáticos “nacidos de la profunda transformación sociocultural y económica experimentada por el país”, mentres que a poesía marcou un punto de inflexión con respecto á anterior, con aspectos como un culturalismo ecléctico ou a preocupación pola linguaxe, que continuarán na década seguinte “convenientemente reformulados”. Continúa dicindo que, aínda que non existe suficiente distancia histórica para analiza-los cambios ocorridos na nosa literatura nos últimos anos, si se observa que se produce unha consolidación do xénero novelístico, xorden subxéneros narrativos e se adoptan os códigos característicos doutras artes, como o cinema. Polo que respecta á lírica, destaca a existencia da poesía de muller, a poesía experimental e a poesía do cotián, e propón como exemplos das “nuevas sendas por las que camina la actual poesía gallega” as últimas obras de Lois Pereiro, *Poesía última de amor e enfermidade 1992-1995*, e de Claudio Rodríguez Fer, *Extrema Europa* e *A unha muller descoñecida*, obras das que fai unha análise detallada. Remata lembrando a menor proxección cuantitativa do noso teatro, en relación á prosa e ó verso, e congratulándose “por el dulce momento que nuestra más reciente literatura atraviesa hoy”.



Riera, Miguel, “De lingua, tradicións literarias e outros Griaes. Entrevista a Carlos Casares”, *Quimera*, “Galicia, terra de letras”, n.º 158-159, maio-xuño 1997, pp. 69-74.

Entrevista a Carlos Casares na que este comeza falando do bo momento da literatura galega actual. Afirmar tamén que a literatura do século XIX era basicamente costumista, xa que o Modernismo se expresaba en castelán ata que Risco e outros se fixeron galeguistas e introduciron na literatura galega a formación literaria e artística “que se reflejaba en su produción en castellano”. Ademais di que, na actualidade, a narrativa non segue as modas e entronca coa propia tradición galega, e opina sobre se os escritores galegos que escriben en castelán pertencen á literatura galega e sobre o bilingüismo e a diglosia. Reflexiona a seguir arredor da brillantez do relato curto en Galicia e suxire algúns motivos desta boa acollida, como a dificultade de crear novela, pasando logo a falar da necesidade de normaliza-la nosa cultura nos anos setenta, escribindo novelas de xénero, e do feito de que non cre na existencia dunha literatura con características nacionais propias. Segue comentando as influencias que a literatura galega exerceu noutras literaturas, citando a Cunqueiro pola súa influencia en Perucho, e a relación entre a literatura fantástica galega e o realismo máxico. Fala despois da revista *Grial*, do papel que xogou nos seus comezos e das dificultades que atravesou ata que se consolidou, empezando a responder cuestións sobre a súa obra *Deus sentado nun sillón azul*, unha “novela densa, con una prosa muy trabajada” e que el mesmo a traduciu. Comenta despois cómo naceu o protagonista



desta novela, un intelectual conservador, e di que non ten nada que ver con Risco, reflexionando sobre os homes de ideas reaccionarias e o papel negativo que poden xogar en momentos determinados.



_____, “Contra el mestizaje. Entrevista a Xosé Luís Méndez Ferrín”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 78-83.

Comeza a entrevista a Méndez Ferrín coa afirmación de que existe unha literatura nacional galega e explica as súas peculiaridades, como o intercambio desigual entre a nosa literatura e outros sistemas exteriores, para logo afirmar que está en desacordo coa valoración positiva que se fai hoxe da mestizaxe, racial ou cultural, por se tratar dun acto de poder. Continúa falando do concepto de literatura nacional en relación á política e ó poder, así como da homoxeneidade da sociedade galega e o bilingüismo. Tamén alude á situación actual da literatura galega comentando a “supravaloración” da que son obxecto os autores máis novos e o gran momento da novela histórica, o relato curto e a poesía, para a que considera que foron fundamentais as figuras de Rosalía de Castro e Eduardo Pondal na posterior evolución do xénero. A seguir fala da poesía francesa e da poesía en lingua inglesa, centrándose despois na galega, na que di que se atopan liñas moi diversas, por non existir en ningunha parte un discurso literario hexemónico. Retoma novamente a conversa sobre aspectos políticos para pasar a reflexionar acerca da literatura portuguesa e brasileira e das súas relacións coa galega, afirmando que “nos ignoran”.



Riobó, Pedro Pablo, “O teatro como recurso didáctico”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Libros”, nº 1, primavera 1997.

Recensión do libro de Germán M. Torres de Aboal, *Ó galego polo teatro* (1996), publicado por Edicións do Cumio e dirixido a alumnos de secundaria e de obradoiros de teatro. Infórmase da súa estruturación indicando que inclúe unidades didácticas de historia, teoría e didáctica do teatro e que tamén mostra inventarios de grupos e autores e que vai acompañado de exercicios e actividades. Destácase así mesmo un apartado da derradeira unidade do libro, que contén fichas de máis dun cento de obras galegas. Conclúese cualificando este libro de “discutíbel pero mui necesario”.



Risco, Antón, “En torno ós conceptos de fantasticidade e de literatura mestiza”,
Grial, nº 135, Tomo XXXV, xullo-agosto-setembro, 1997, pp. 363-373.

Partindo da polémica existente ó redor dos conceptos de realismo máxico e real marabilloso, Antón Risco propón unha nova clasificación de tales termos. Segundo o autor, as literaturas latinoamericanas e as europeas obedecen a uns “esquemas xenéricos comúns e unha visión equivalente da literatura e das artes en xeral”, sendo o “referente cultural extraestético o que condiciona as diferencias”. Tras facer repaso da historia do realismo e o irrealismo, con continuas referencias ós postulados de Irlemar Chiampi sobre o tema, Antón Risco afírmase no termo “realismo marabilloso” e procura no pasado das literaturas latinoamericanas a singularidade do mesmo, atopando ana mestizaxe unha das claves desta literatura fantástica. Como apoio das súas teses analiza algúns fragmentos das obras de Gabriel García Márquez, *Cien años de Soledad* e *Del amor y otros demonios*.



Rivas, Manuel O', "Unha bomba envolta en flores", *Luzes de Galiza*, nº 28, "Toxos e flores", primavera 1997, p. 2.

Comeza reflexionando sobre o feito de que ás veces é máis conveniente non trata-los escritores e afirma que "a literatura, cando realmente existe, é o oposto ás relacións públicas", poñendo como exemplo do contrario a Lois Pereiro, do que manifesta, en ton lírico, que "as súas palabras son como un codecho de pan na boca dun picariño que ensaia os dentes". Continúa falando sobre a poesía de Pereiro e a súa personalidade, e destacando que "tamén existe unha retórica do malditismo, unha pose do marxinal".



_____, “Apostei a carta máis alta”, *Luzes de Galiza*, nº 28, primavera 1997, pp. 7-10.

Extensa conversa entre Manuel Rivas e Lois Pereiro que se inicia cunha reflexión sobre o feito de escribir, xa que os dous comezaron xuntos no mundo da literatura, destacando a “irreverencia” daqueles anos nos que estaban abertos a todo o que fose novidoso e “supuxera unha ruptura coa pobre realidade das nosas vidas cotiáns”. Seguen falando das influencias literarias de Pereiro, salientando a presenza de Shakespeare, e da ligazón existente entre o autor e a súa obra e de cómo se manifesta iso en *Poemas últimos de amor e enfermidade*, pasando a analizar demoradamente esta obra, “que nace como unha vontade de desafiar á morte”, e a súa relación coa experiencia vital do seu autor. Continúan a conversa aludindo á época de confusión en que vivimos e ás imposicións que esta exerce sobre as persoas, así como ó lugar no que está a poesía actualmente. Rematan falando da lingua e do que significa para eles Galicia, da importancia das vivencias e os recordos, das lecturas e as viaxes, para a construción da obra poética, afirmando Pereiro que cada vez se sente máis próximo ó terreo de Rivas, referíndose á súa maneira de ve-lo mundo.



_____, “Límite Oeste”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio xuño 1997, p. 123.

Breve artigo no que o autor manifesta o seu gusto pola néboa a partir dunha frase de Lois Pereiro. Continúa falando dunha viaxe en coche polas montañas de Xallas, e remata coa afirmación de que escribe “para ver, para matar el frío del alma”.



Rivas “Mini”, X. Luís, “A palabra”, *Guieiros*, nº 4, 1997, p. 107.

Recordo de Fiz Vergara e loanza ó mesmo tempo da poesía e dos poetas. Dóese da morte e da ausencia na que o poeta deixa a tódolos seus amigos, exalta a forza transformadora da palabra nas mans de homes como Fiz.



Rodrigues Esteves, Amelia, “Xeración Galaxia”, *Revista Galega do Ensino*, nº 14, febreiro 1997, p. 225-227.

Recensión da obra de Francisco Fernández del Riego, *Xeración Galaxia* (1996). Tras dunha breve descrición dos vintetrés capítulos que conforman o volume, afóndase no que se cualifica como “tres eivas” do libro: “a irregularidade no tratamento dos contidos, a constante ruptura espacio-temporal e a excesiva subxectividade”. A estes tres puntos engádense varias “incorreccións” no que respecta á lingua así como matizacións no contido da obra. Conclúese sinalando que “Francisco Fernández del Riego desaproveitou esta oportunidade que se lle brindou de sacar á luz tantas cousas que aínda descoñecemos e que tan só uns poucos (...) poden aclarar”.



Rodríguez Blanco, Jesús-Antonio, “Poética da novela de autoformación. O Bildungsroman galego no contexto hispánico”, *Revista Galega do Ensino*, nº 16, maio 1997, p. 313-315.

Recensión do libro *Poética da novela de autoformación* (1996), de M^a de los Ángeles Rodríguez Fontela. Destácase a estrutura da publicación, que se inicia cunha Introducción na que se recolle a fundamentación teórica —bases filosóficas, antropolóxicas, culturais e literarias— da Poética da novela de autoformación, e continúa profundando nela dende catro perspectivas: a modalización, a temporalización, a espacialización e a semántica. Sinálase que na terceira parte se estudian criticamente catro novelas: *Lo rojo y lo azul*, de Benjamín Jarnés, *La forja de un rebelde*, de Arturo Barea, *Arredor de si*, de Ramón Otero Pedrayo e *La Habana para un infante difunto*, de Guillermo Cabrera Infante, e que o último apartado reúne as conclusións conseguidas neste traballo. Unha “extensa bibliografía” e “amplas notas explicativas” completan o volume que vén a alenta-la “consolidación dun corpus en galego de estudos literarios dende a perspectiva teórica e comparatista”.



Rodríguez Castaño, María del Carmen, “Alberte Ansedo Estraviz e Cesáreo Sánchez Iglesias (dir.), *Historia da Literatura Galega*, vol. 1”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, nº 17, 1º semestre de 1997, pp. 161-165.

Presenta o proxecto de facer unha historia da literatura galega, que está levando a cabo a Asociación Socio-Pedagóxica Galega, patrocinado pola Comisión das Comunidades Europeas e polo xornal *A Nosa Terra*. Comenta que se trata dunha publicación conformada por unha serie de estudos e análises introductorias, ilustrados con múltiples fotografías e que, á súa vez, van acompañados por volumes antolóxicos que conteñen unha selección de textos representativos de cada época. Sinala o seu fin divulgativo, e describe de forma detallada cada un dos dez fascículos e os seus correspondentes volumes antolóxicos, que constitúen o primeiro volume desta publicación: literatura: panorámica (séculos XIII e XIX).



_____, “Alberte Asende Estrabiz e Cesáreo Sánchez Iglesias (dir.), *Historia da Literatura Galega*, vol. II”, *Boletín Galego de Literatura*, “Libros”, nº 18, 2º semestre 1997, pp. 155-159.

Recensión do segundo volume da *Historia da Literatura Galega* (1996), froito dun proxecto divulgativo que está realizando a Asociación Socio-Pedagóxica Galega. Infórmanos de que este volume consta de dez fascículos nos que se ofrece o estudio literario da etapa contemporánea representada polo século XIX (fascículos n.º 11-16), pasando pola depresión intersecular (n.º 17) para seguir coa etapa recente do século XX (n.º 18-20). De forma detallada describe cada un destes fascículos dando conta dos seus autores, o contido que trata cada un deles e dos volumes antolóxicos correspondentes.



Rodríguez Fer, Claudio, “El limo en las lenguas”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 96-98.

Comeza establecendo o concepto de “hispanismo integral”, que abrangue toda a Península Ibérica e estudia “las literaturas hispánicas en un marco más amplio que el nacional o el unilingüe”, e propón esta base de estudio para achegarse á obra en galego de José Ángel Valente, que non se pode analizar sen ter en conta o “contexto valentino global”. Continúa manifestando a súa concepción do estudio das obras literarias, para o que “es conveniente utilizar una metodología diversa, que no prescinda de ningún hallazgo y que no renuncie a ninguna óptica”, e considera a contribución de autores galegos á literatura en lingua castelá, pasando, a seguir, a explica-la variedade de casos de escritores que escriben só en galego, os que usan tamén o castelán ou que, sendo galegos, están inseridos no sistema literario español. Remata volvendo a Valente para lembrar que non se pode entender este poeta sen ter presentes as súas dúas producións (galega e castelá) e expón a súa poética da orixe.



Rodríguez González, Olivia, “Os camiños narrativos de Vicente Risco”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Comunicacións”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 149-161.

Ofrécese unha visión de conxunto da obra narrativa de Vicente Risco composta por textos moi diferentes dende o punto de vista do estilo, intención e caracterización xenérica. Póñense de manifesto as conexións que presenta co contexto literario da súa época e establécense unha sistematización da obra risquiana na que se distinguen: primeiras narracións modernistas —*El tesoro de Kolirán* (1910), *El rapaz y la serpiente* (1910) e *El Enviado* (1911)—; incursión na literatura fantástica —*Do caso que lle aconteceu ó doutor Alveiros* (1919), *A estrela do Apóstolo* (1923), *O lobo da xente* (1925), *A trabe de ouro e a trabe de alquitrán* (1925) e *A velliña vella* (1925)—; narracións da contemplación estética, textos a medio camiño entre o ensaio e a ficción literaria, axustados a un dos graos da contemplación artística —*Memoria de pouco tempo* (1928), *Meixelas de rosa* (1929), *Xogadores de cartas* (1929), *O señor feudal* (1930)—; as narracións-ensaio que teñen como función converter en literatura a doutrina nacionalista —*A Coutada* (1926), *Dedalus en Compostela* (1929), definidos como “relatos da idealización”, e *Os europeos en Abrantes* (1927) e *O porco de pé* (1928), definidos como “relatos da decepción” e artellados sobre a caricatura. Finalmente, analízase a narrativa de Risco dende a posguerra —*La Dama del Unicornio* (1940), *La Puerta de Paja* (1953), *La noche y la muerte* (1958), *Gamalandafa* (1981), *La verídica historia del prodigioso niño de dos cabezas de Promonta*



(1981), *Doce años después* (1994), *Nació un sábado sin sol* (1994) e *La tiara de Saitaphernes* (1994). Como conclusión sinálanse as constantes que definen a obra narrativa de Vicente Risco, entre elas a preferencia pola narración de personaxe nas novelas e pola oralidade nos relatos curtos; o uso de catáforas e anáforas narrativas; a apertura efectista e os finais abertos; o uso de relatos insertados; a busca de efectos rítmicos; a técnica descritiva; o uso das digresións; a preferencia polo código da narrativa fantástica; a presenza de temas e motivos recorrentes como Oriente, o Ocultismo, o Mito, o Nacionalismo Galego e o Catolicismo Conservador, e as fontes estéticas finiseculares.



_____, “Case hai máis oferta editorial ca demanda”, *Eco*, nº 69, “Cultura”, febreiro 1997, pp. 70-71.

Entrevista a Carlos Casares con motivo da presentación da versión castelá de *Deus sentado nun sillón azul*. Sinala que considera moi positiva a traducción de obras da literatura galega a outras linguas e sobre o personaxe da súa novela declara que non se trata de Vicente Risco pois o seu protagonista é “un personaxe sen moral, intelixente pero sen humanidade”. Sobre o mundo editorial galego opina que está a pasar por unha etapa de transición cara á profesionalización pero que no se pode caer na creación de empresas sobredimensionadas que non teña en conta a demanda de libros. Di tamén que non se considera o sucesor de Ramón Piñeiro aínda que recoñece a influencia das súas ideas. Sobre o futuro do Consello da Cultura Galega que preside, apunta que o seu primeiro proxecto foi crear un nexo de unión entre os coordinadores de cada comisión, organizando reunións periódicas, para darlle dinamismo á institución.



Rodríguez Sánchez, Miguel, “Fiz Vergara Vilariño: o símbolo necesario”,
Guieiros, nº 4, pp. 71-74.

Enxalza a figura e o pensamento de Fiz Vergara Vilariño, como poeta e persoa exemplar que foi na súa relación con Galicia e fai fincapé no feito de que decidiu vivir na aldea nun tempo pouco propicio para a vida rural e sentiu a necesidade de se mesturar coa xente. Dise tamén que exaltou a vida aldeá e o valor das cousas que sempre o rodearon: a lingua, a paisaxe, as xentes, etc. e aprendeu a amalas, coa súa dureza e a súa soidade ás veces, contra todo impedimento.



Rodríguez Valcárcel, María Xosé, “Un artigo esquecido de Curros sobre a lingua galega”, *A Trabe de Ouro*, “Textos”, nº 30, Tomo II, Ano VIII, abril-maio xuño, 1997, pp. 99-106.

Breve introducción á recensión publicada por Curros Enríquez no diario lucense *El Regional* en 1886 co título “*El idioma gallego, su antigüedad y vida*, por D. Antonio de la Iglesia”. Sinálase que nela Curros diserta sobre a situación e a historia da lingua galega, defendéndoa mediante criterios de prestixio. Entre os principais contidos do artigo cítanse a afirmación da paternidade do galego sobre o castelán, a celticidade galega fronte ó iberismo hispánico e o esplendor de antano que tivo a lingua na época medieval. Indícase tamén que Curros se apoia no movemento cultural nacido do Romanticismo e na traducción de obras galegas a outros idiomas e que critica os detractores do idioma galego porque pensa que vulneran a unidade da patria española.



Romaní, Ana, “Perfil biográfico de María Mariño”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Monográfico”, 1997, pp. 4-6.

Comeza lembrando as palabras da súa avoa, que coñeceu á familia de María Mariño (1907-1967) ou María “A Fiscala”. A continuación realiza un percorrido biográfico e sinala que a biografía desta escritora está rodeada de descoñecemento e suspicacias. Refírese ás súas orixes humildes, ó seu matrimonio, o seu paso polo País Vasco e á súa chegada definitiva a Parada do Courel, onde coñece a Uxío Novoneyra en 1953 e ó comezo do período de creación literaria, primeiro en castelán e logo en galego. Lembra finalmente que tan só viu publicada unha das súas obras, *Palabra no Tempo* (1963).



Romero, Marga, “Sen título”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Encontro”, 1997, pp. 46-57.

Recóllese a intervención de Marga Romero no marco do Iº Encontro das Poetas Peninsulares e das Illas que tivo lugar en Vigo en xuño de 1996 e que se refire, utilizando a forma dunha carta, á historia da poesía: panorámica da poesía galega escrita por mulleres, o papel da muller na literatura. Sinala que “as poetas galegas actuais arríscanse a escribir e crean, non repiten (...) desafían” e que conviven varias xeracións: as que comezaron a publicar na postguerra, as que comezan a facelo nos oitenta e as que o fan nos noventa. Na súa opinión, esta convivencia fai que a poesía goce dunha boa saúde propiciada pola aparición no ano 1983 da revista *Festa da palabra silenciada*, que se converteu en “aglutinadora de todas as tendencias artísticas das mulleres galegas”. Cita tamén iniciativas como as das editoriais Espiral Maior e Edicións do Dragón. A seguir, salienta algunhas características da escrita de Pilar Pallarés, Margarita Ledo, María Xosé Queizán, Yolanda Castaño, Lupe Gómez, Marta Dacosta, entre outras moitas, identificando os temas máis recorrentes na súa obra, entre os que cita a reflexión sobre a escrita, o erotismo, a reconstrución da historia, a reinterpretación dos mitos, a imaxe de Galicia e a presenza de Rosalía. Recoñece ademais en María Mariño a ponte de unión entre Rosalía e a poesía de mulleres máis actual que se consolida na década dos noventa coa obra de Pilar Pallarés, Xela Arias e Ana Romaní.



Ron Pereiro, Xesús de, “Opiniós duns pallasos”, *Tempos Novos*, nº 0, “Voces e Culturas. Informe”, abril 1997, p. 68.

Manifesta a necesidade de normalización do mundo teatral galego por parte da Xunta de Galicia para que se poidan crear e levar adiante proxectos alternativos de difusión artística como é o caso da sala Nasa (Nave de Servicios Artísticos), da man do grupo Chévere, a cal se cualifica de exemplo de iniciativa privada que acadou unha importante dimensión artística. Traballo que se centra na temática teatro: reflexións e problemática actual.



Rúa, Manuel P., “Domigo García-Sabell. Memoria e silencios”, *Tempos Novos*, nº 1, “A Contratempo. Debate”, maio 1997, pp. 43-48.

Entrevista con Domingo García-Sabell na que se tratan temas como o seu labor de médico, o seu cargo como Delegado de Goberno, a presidencia da Academia Galega, as relacións con escritores como Valle-Inclán, Novoa Santos, Dieste e moi especialmente Ramón Piñeiro. Sinala que o momento cultural galego é positivo na actualidade en tódolos ámbitos, ó mesmo que na Academia onde neste momento “funciona un seminario de lexicografía, que non existiu nunca”, “un arquivo informatizado” e outras iniciativas que van contra a opinión xeral de que non vale para nada. Finalmente fai un breve balance da situación sociolingüística do galego e da intelectualidade actual da que di que hai un “nivel baixísimo” en canto á busca da verdade e “moi pouco rigor” no pensamento.



Ruibal, Euloxio R., “Reflexións sobre un oficio amargo”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “A creación dramática”, nº 1, primavera 1997.

Reflexiona sobre a situación do teatro actual e comeza referíndose ás dificultades que atoparía un autor dramático novo se hoxe quixese entrar no mundiño teatral galego. Láíase da vontade do poder de que exista un teatro aséptico, que non estimule nin innove e das dificultades para publicar e para estrear teatro de autor. Fala tamén das compañías teatrais e da dictadura que para el exercen os directores sobre o texto autorial. Pensa que no seo das compañías se dan tódolos vicios da sociedade moderna burguesa á que, paradoxalmente, intentar combater. Critica, finalmente, a exclusión dos autores vivos do Centro Dramático Galego, que representando ós clásicos, unicamente, está a crear un teatro de museo. Ó fío disto enlaza coa opinión de Haro Tecglen de que a subvención trouxo ó teatro a figura do director-productor ó xeito do todopoderoso director de cine americano. Remata cunhas palabras de Artaud, que dicía que “o efecto do teatro só pode ser bo porque os conflitos que nos presenta resólvense de dous xeitos: coa morte ou coa curación”. Temática teatro: reflexións e problemática actual.



Ruído, María, “Históricas, visionarias, sedutoras: as mulleres e os surrealistas”,
A Trabe de Ouro, “Cuestións”, nº 29, Tomo I, Ano VIII, xaneiro-febreiro-marzo,
 1997, pp.

Achegamento ó movemento surrealista e á súa visión da muller a partir de textos recentes que analizan esta estética. Critica o concepto de “amor louco” nos surrealistas, que o consideraban máis un síntoma que un sentimento e a partir do cal a muller non deixa de ser un obxecto receptor dese sentimento e aparece o fetichismo e o sadismo como cultos ó corpo da muller enfermizos. Nun epígrafe titulado “Novos tempos, vellas imaxes”, ofrece unha clasificación de imaxes misóxinas da muller no surrealismo: a nena-louca, a esposa-masoquista, a visionaria, a histérica, a fémica encantadora de homes ou a muller-máquina. “As mulleres surrealistas: o meu ollo é o teu espello” é outro epígrafe no que elabora unha tipoloxía de mulleres que formaron parte do surrealismo. Sinala finalmente que a muller creadora non posúe un estatus especial, senón que vai de musa a autora, aínda que estas últimas raramente son independentes e están sometidas á visión masculina. Temática muller na literatura.



S. M. R., “Século Novo, Casa Nova”, *Eco*, nº 73, “Cultura”, xuño 1997, pp. 70-71.

Infórmase do proxecto de construción dunha nova sede da Fundación Caixa Galicia na cidade da Coruña. Sínálase que esta institución foi creada no 1989 co obxectivo de invita-los cidadáns a participar nas actividades culturais e dinamiza-la vida da cidade e que dispón dun presuposto que chega ós cinco mil millóns de pesetas. Dise tamén que o deseño desta construción correrá a cargo do arquitecto inglés Nicholas Grimshaw.



_____, “Dende os Castros ata Internet”, *Eco*, nº 74, “Cultura”, xullo 1997, pp. 70-71.

Anúncianse os contidos do programa cultural “Galicia. Terra Única” organizado pola Xunta de Galicia. Dáse conta dos contidos e lugares de celebración das exposicións temáticas e dos circuítos de actuacións nos que participan cincocentos artistas galegos. Ademais infórmase da organización por parte do Instituto das Artes Escénicas e Musicais e dentro deste programa cultural, dunha mostra de teatro, da Feira do Teatro de Galicia e dunha representación de monicreques na praza de San Martiño de Ourense na que cada día se representa un anaco da historia de Galicia.



Salgueiro, Roberto, “O ensino da arte dramática no Estado Español”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “O tema”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, p. 25.

O director da Aula de Teatro da Universidade de Santiago de Compostela, comenta, con brevidade, a situación do teatro no ensino en España. Afirmo que esta actividade está regulada polo Real Decreto 754/1992 e analiza o contido da mesma.



Samuel, Paulo, “Portugal-Galiza”, *Anto*, nº 2, outono 1997, pp. 5-8.

Artigo que introduce o número 2 da revista portuguesa *Anto*, que pretende contribuír a unha maior proximidade entre Galicia e Portugal. O autor resalta o intercambio cultural existente entre Galicia e Portugal entre o ano 1920 e 1930. Destaca así mesmo o discurso de Leonardo Coimbra na Coruña en 1921 e a súa reivindicación de poetas como Rosalía, Pondal ou Cabanillas. Comenta tamén que logo deste período as relacións volvéronse “circuíto turístico e de peregrinación (...)”. Ante o descoñecemento que en Portugal hai de Galicia fala da necesidade de recuperar con “a Galiza irmã” un diálogo con que “até na fala se irmana”.



Sanjiao Otero, Francisco, “O teatro e a industria teatral”, *Tempos Novos*, nº 0, “Voces e Culturas. Informe”, abril 1997, p. 65.

Salienta a necesidade de considera-lo teatro como unha actividade non só cultural senón productiva, aspecto que se ten subordinado e esquecido e que se manifesta “na minusvaloración dos criterios de xestión profesionais e na falta de apoio público á creación de empresas teatrais”, polo que cómpre salientar máis o aspecto económico industrial para xerar emprego e riqueza. Trata en xeral sobre teatro: reflexións e problemática actual.



Sanmartín Rei, Anxos, “*Them and other stories*”, *Galician Review*, nº 1, 1997,
pp. 108-109.

Recensión sobre a traducción ó inglés dunha antoloxía da obra narrativa de X. L. Méndez Ferrín, editada en Gales en 1996, con textos seleccionados e traducidos por John Rutherford, Xelís de Toro e Benigno Fernández Salgado. Comeza explicando o feito de que a traducción fose colectiva, o que engade unha multiplicidade de experiencias, perspectivas, opinións e matices que se revelan na calidade e riqueza da mesma. Valora a introducción da cultura galega no mundo de fala inglesa a través da súa literatura e a selección dun dos autores contemporáneos máis representativos en eminencia e talento. Afirma que o volume ofrece unha visión ampla da súa produción e inclúe as obras das que se traduciron os textos que se presentan. Achega algunhas características da obra ferriniana e comenta a dificultade que ofrece a traducción desta, pola escuridade do seu estilo literario e polo excelente emprego que fai do galego, felicitando finalmente ós tradutores.



Santiago, Carlos, “Pantomima do Tirano Edipo ou panfleto sobre os Poetas Novos”, *Anima+I*, nº 6, 1997, pp. 14-16.

Texto inzado de ironía no que, a través da fórmula dunha farsa, se reflexiona acerca do debate xurdido na literatura galega entre os poetas novos e os que os anteceden en idade. Comézase por afirmar que non se trata dunha polémica literaria senón que é “unha polémica sobre o poder”. Utilízase o concepto de “Complexo de Edipo” para abordar esta controversia. Considérase que Edipo uniformiza ós novos e sitúaos no lugar que lle interesa, “uniformiza o distinto á súa imaxe e semellanza”. As críticas ós poetas novos diríxense ó inconformismo co falso poder outorgado polo “pai”. Deféndese ó escritor que non precisa asistir a congresos para saberse escritor e que sente “a escrita como vida, como desexo e non como oficio, necesidade ou carencia”. Un traballo sobre poesía: reflexións e problemática actual.



Santoro de Membiela, Jaime, “Zur Rezeption Rilkes in Galicien”, *Galicien Magazin*, nº 4, outubro 1997, pp. 17-20.

Analízanse as vías de recepción de Rilke en Galicia: en primeiro lugar as traducións, ensaios e recensións aparecidas en revistas en galego ou nalgunhas publicacións en español; en segundo lugar os libros de Rilke traducidos ó galego e, por último a influencia sobre certos autores así como o eco xeralizado na literatura galega actual da obra do poeta alemán. De seguido faise un percorrido sobre a historia da recepción de Rilke en Galicia e despois trátase a súa influencia na obra de escritores galegos como Pimentel e Celestino de la Vega. Pónse tamén de relevo que o coñecemento de Rilke en Galicia vese limitado a tan só unha parte da súa produción, sendo necesario ás veces recorrer a traducións ó español, portugués ou francés.



Seara, Teresa, “O executor en “stand by”: premonición da morte nos poemas de Lois Pereiro, *Dorna. Expresión Poética Galega*, nº 23, 1997, pp. 121-126.

Rastrexa a presenza da morte nos dous poemarios individuais de Lois Pereiro, *Poemas. 1981/1991* e *Poesía última de amor e enfermidade. 1992-1995*, obras nas que o poeta “recrea o tema da morte como sombra que nos acompaña sempre, reverso da moeda da vida”.



_____, “Da incerteza ó paraíso (lectura do poema “Allasant tamén te agarda” de Fiz Vergara Vilariño”, *Guieiros*, nº 4, pp. 67-69.

Trata de explicar paso a paso un poema que pode ser exemplificador na traxectoria poética de Fiz Vergara Vilariño. O texto está incluído no volume *Nos eidos da bremanza* (1990) e é “un canto de invitación a unha amada imaxinaria para que faga a viaxe precisa ata o poeta, quen a agarda nunha especie de paraíso fantástico, máis esplendoroso canto máis preto del está esta amada”. Identifícase este lugar con Santalla, a terra natal de Fiz Vergara Vilariño e salientase que o poema se move entre a esperanza da chegada e a incerteza desta realidade, da que o poeta non se mostra plenamente convencido.



_____, “*Tortillas para os obreiros*”, *Galicien Magazin*, nº 3, marzo 1997,
pp. 33-34.

Coméntase de *Tortillas para os obreiros* (1996), de Fran Alonso que relata en clave poética a dura vida dunha muller que atravesa a Ría de Cangas cara ó seu alienante traballo de cociñeira e as desgarradoras reflexións que lle asaltan a un enfermo terminal dende a fiestra do hospital Xeral-Cíes. Saliéntase que a obra presenta unha estrutura narrativa binaria: na secuencia A artéllase o relato da muller, namentres que na secuencia B ten lugar o relato do home. Dise tamén que as tortillas que ela fai e el lembra, o hospital Xeral de Vigo e a ría de Cangas que os dous contemplan dende diferentes perspectivas, serven como puntos de conexión entre ámbalas dúas historias. Este mesmo comentario foi publicado en *A Nosa Terra* en febreiro do 97.



_____, “Miguel Anxo Fernán-Vello. *As certezas do clima*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 255-259.

Sinala que o eu poético de *As certezas do clima* (1996), de Miguel Anxo Fernán-Vello se impón “definir as certezas que nos marcan o rumbo, esas regras inmutables que ordenan o noso sino gremial” e que no poemario poden observarse unha gama de paisaxes transmitidas dende unha perspectiva interior que van dende o contorno natural ó espacio urbano. Destaca a presenza do ar, do mar, do vento, da chuvia, dos alustros, da luz, do sol, en tanto elementos naturais que experimentan unha mutación e “axexan ó ser perdido nas rúas da cidade” como “signos da desolación que se aveciña”.



Sierra Veloso, Xurxo, “Sobre un exemplo de literatura anarquista”, *Ólissbos. Os amantes da palabra*, nº 19, setembro 1997, pp. 67-70.

Principia declarándose ignorante das metodoloxías oportunas para a análise de *O anarquista*, de Leandro Pita Romero (1924). Tras dar uns cantos datos biográficos do autor emprende a busca de fontes no ambiente político da época. Analiza a percepción que existía naquela altura da figura do anarquista e compáraa con Mariano de Vilar, protagonista da obra. O articulista valora positivamente o texto e lembra as difíciles condicións que existían para o desenvolvemento da literatura galega.



Soto, Pepe, “Troula: O nacemento do teatro profesional en Galicia I. Unha historia non cronolóxica cos pioneiros do teatro galego”, *Escaramuza*, nº 0, xaneiro 1997, pp. 11-14.

Lembra a posta en escena da obra *O Velorio*, de Francisco Taxes que levou a cabo o grupo teatral Troula no ano 1978 por vilas e cidades de Galicia primeiro, e por todo o estado posteriormente. Asemade comenta algunhas anécdotas que lles aconteceron cando estaban a prepara-la montaxe, o labor desenvolvido naquela altura por algúns dos actores da obra, nomeadamente ó seu director Antonio Simón, e a primeira representación en Santiago no colexio La Salle. Acompañan ó texto principal pequenos fragmentos doutros publicados na prensa da época e que tratan sobre esta representación.



_____, “Antroido. O nacemento do teatro profesional en Galicia (II). Unha historia non cronolóxica dos pioneiros do teatro galego”, *Escaramuza*, nº 1, abril maio 1997, pp. 28-30.

Lembra a posta en escena de *Laudamuco, Señor de ningures*, de Roberto Vidal Bolaño na que el mesmo participou como director e actor no recién creado grupo Teatro Antroido (1974) e que supuña o nacemento dunha nova compañía teatral profesional en Galicia. Asemade aporta algunhas notas sobre a temática e acollida da obra, e sinala que foi neste grupo onde comezaron actores actualmente consagrados como Laura Ponte e Rodrigo Roel. Ó pé do texto veñen anacos de textos xornalísticos que naquela altura comentaron esta obra.



_____, “*Muller de Mulleres*: O nacemento do Teatro Profesional en Galicia.

Unha historia non cronolóxica dos pioneiros do teatro galego (III)”, *Escaramuza*, nº 2, xullo-agosto-setembro 1997, pp. 31-33.

Dá conta da posta en escena da obra *Muller de mulleres*, baseada en textos de Ramón Otero Pedrayo e Álvaro Cunqueiro e que levou a cabo a Escola Dramática Galega dirixida daquela por Manuel Lourenzo. Primeiramente repasa a historia da Escola Dramática Galega dende o seu nacemento nos anos vinte ata a súa refundación nos anos setenta como cooperativa teatral. Por outra parte resalta a importancia deste texto e sobre todo da actuación da única actriz protagonista, Marisa Merelas.



_____, “Teatro Artello: O nacemento do Teatro Profesional en Galicia. Unha historia non cronolóxica dos pioneiros do teatro galego (IV)”, *Escaramuza*, nº 3, outubro-novembro-décembro 1997, pp. 15-20.

Recupera a posta en escena da obra *Celta sen filtro*, de Xosé Luís Méndez Ferrín que representou Teatro Artello. Antes de se centrar nesta obra fai un repaso polos traballos que este grupo realizara o que lle serve para afirmar que con *Celtas sen filtro* estaba no cumio da súa curta vida. Polo demais loa o atrevemento literario-político de Méndez Ferrín que, segundo opina, serviu para poñer-lo teatro galego á altura doutros cunha obra moi crítica co poder establecido, mais non só, xa que era unha “autocrítica nacional” que causou malestar nalgúns ámbitos o que viña demostra-la valía do teatro galego xa naquela altura.



Soto Soto, Alberte, “Libros que dan mucha guerra”, *Qué leer*, nº 9, “Actualidad. Otras Letras”, abril 1997, p. 20.

Achéganos algunhas notas referentes ás seguintes novidades editoriais: *O espírito de Broustenac* (1996), de Alfonso Álvarez Cáccamo; *A señardade no puño* (1996), de Alexandre Cribeiro e *Manso* (1996), de Manuel Lueiro.



_____, “Pazos, sablazos y padrazos”, *Qué leer*, nº 10, “Actualidad. Otras Letras”, abril 1997, p. 28.

Inseridas nas novidades editoriais das literaturas nacionais do Estado, coméntase a obra *O paxaro que canta un nome* (1996), de Xavier Lorenzo Tomé. Desta novela gañadora do Premio Blanco Amor dise que destaca polo “elaborado estilo literario” e pola “riqueza descriptiva”.



_____, "Otras letras", *Qué leer*, nº 12, "Actualidad", xuño 1997, p. 34.

Achéganos un breve comentario das seguintes novidades editoriais da literatura galega: a reedición de *Barriga Verde* (1996), de Manuel María; *O tempo entre murallas* (1997), de X. Antón L. Dobao; *O tremor de amor* (1997), de Maximino Cacheiro Varela; *Noites de papel* (1996), de Manuel Lourenzo González e *Unha rosa é unha rosa* (1997), de Suso de Toro.



_____, "Otras letras", *Qué leer*, nº 17, "Actualidad", decembro 1997, p. 45.

Dá a coñece-lo fallo do xurado dos premios: Xerais de Novela, Merlín de Literatura Infantil, Xerais para a Cooperación Editorial e Café Dublín de Narrativa Breve. Informa do contido das obras galardoadas e das novidades editoriais: *A Pedra de Bezoar*, de Emilio Valadé del Río e *Para ler a Vicente Risco*, de Álvaro Lezcano, Carlos Casares e Antón Risco.



Spitzmesser, Ana María, “Confusión e morte de María Balteira”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Crítica”, 1997, pp. 104-105.

Recensión de *Confusión e morte de María Balteira* (1996), de Marica Campo, na que se comeza comentando que a autora quixo plasmar nestes doce contos fantásticos a capacidade de manobra da muller galega na sociedade do seu tempo e as consecuencias da transgresión de códigos ó se situar “fóra da lei”. Considérase o libro partícipe da tradición do conto literario galego e do arquetipo establecido por Emilia Pardo Bazán e destácase a representación de estereotipos do feminino “a través da lenda: a meiga, a bruxa, a pecadora ou ben a través de precipitados sociais: a solteirona, a prostituta”. Menciónanse tamén algunhas das protagonistas do libro como María Balteira, Ana de Castro ou Sira Simón, que exploran a fantasía, o erotismo e a sexualidade. Conclúese afirmando que “o maior acerto do libro, á parte da fondura poética da súa linguaxe e o lirismo da súa fantasía, é o uso que Campo fai da intertextualidade do eu da muller como base estrutural da súa narrativa”.



Tarrío, Anxo, “Poesía de exportación”, *Eco*, nº 69, “Cultura. Trescentas palabras”, febreiro 1997, p. 71.

Comenta a aparición de dúas antoloxías de poesía galega publicadas en 1996, unha delas bilingüe galego-ruso, coordinada por Helena Zernova e publicada polo Centro de Estudios Galegos da Universidade de San Petersburgo, que contén versións rusas dos poemas galegos; a segunda realizada pola profesora brasileira Yara Frateschi Vieira, que non considerou oportuno traducirlos poemas. Sinala que non son os primeiros casos da presenza da nosa literatura en ámbitos internacionais e cita como exemplo as noticias referentes á literatura galega que apareceron nos anos vinte en diversas revistas francesas ou o interese, xa dende o XIX, pola lírica galego-portuguesa medieval.



_____, “Vivir do conto”, *Eco*, nº 70, “Trescentas palabras”, marzo 1996, p. 71.

Refírese á literatura contemporánea galega como unha realidade que foi medrando pouco a pouco en condicións precarias ata constituír un importante patrimonio cultural, obsequio dunha nómina de persoas á colectividade galega que, sen embargo, na súa meirande parte non amosou interese por el. Logo de comentar que hai galegos descoñecedores do que é a literatura e, xa que logo, a literatura galega, reflexiona sobre a actitude daqueles que sendo coñecedores de ambálas dúas cousas presentan unha actitude cara ós escritores e ós críticos consistente en crer que a sociedade non ten que retribuílos senón que fai dabondo con “aturalos” e con deixalos expresárense. Eses mesmos, cre o articulista, non desaproveitarán a ocasión cando saen fóra de Galicia para presumir de que temos unha lingua e unha literatura propias. Congratúlase finalmente por termos escritores que viven exclusivamente do que escriben malia non ser un “camiño de pétalos de rosa” o que lles agarda por “vivir do conto”. Temática literatura: reflexións e problemática xeral.



_____, “La Época Nós (1916-1936)”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 38-41.

Afirma que a que el denomina “Época Nós” é o segundo gran momento da nosa literatura dende o Rexurdimento, e nel nacen elementos como o nacionalismo ou un forte europeísmo. Prodúcese ademais a recepción e adaptación dos movementos de vangarda europeos, non asimilados por algúns autores como Risco ou Castelao, e enfrontamentos xeracionais nos que destacan as manifestacións de Manuel Antonio no seu *¡Más allá!*. Finalmente fai un repaso pola poesía, a prosa narrativa, o ensaio e prosa científica e o teatro desta época, incluíndo os autores e títulos máis representativos do período nos devanditos xéneros e indicando que a “Época Nós” experimentou un clima cultural moi intenso, coa aparición de revistas, editoriais, institucións e colaboracións de escritores galegos en xornais, constituíndo “un período insólito de la historia de Galicia”.



Toro, Suso de, “Literatura esquizofrénica”, *Galicien Magazin*, nº 3, marzo 1997, p. 14.

Reflexiona acerca das repercusións que exercen sobre a creación literaria factores como a memoria familiar e persoal e a identidade colectiva por unha banda, e a universalización e globalización actual da cultura por outra, chegando á conclusión de que ós autores contemporáneos (tanto ten de onde sexan) conviven e participan da mestura contradictoria de ámbolos dous influxos, feito este que provoca a existencia dunha especie de esquizofrenia por parte dos autores da literatura contemporánea. Temática literatura: reflexións e problemática xeral.



_____, “Arrancado do chan”, *Luzes de Galiza*, nº 28, “Lois Pereiro”, Primavera 1997, p. 3.

“Chove uns días despois da súa morte para que eu comprenda de vez e escriba isto”, comeza dicindo o articulista acerca de Lois Pereiro, para logo reflexionar arredor da figura dos poetas (“o poeta é o artista reconciliado coa vida”) afirmando que a súa morte acontece para que a vida continúe, pois non sería posible aturar durante moito tempo a pureza. Remata dicindo que todos desexaríamos ser poetas, “mais temos medo de selo pois temos medo do seu destino”, que é ser arrincado do chan ó nacer.



_____, “Literatura al aire libre”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 131-132.

Comenta a situación da literatura no franquismo, tempo no que esta se dirixía a unha minoría e que o articulista denomina “literatura burocrática”, aínda que apunta algúns logros desta época, como os conseguidos polos escritores da “Nova Narrativa”, por Blanco Amor e Cunqueiro, ou por Iglesia Alvariño, no eido da poesía. Manifesta a seguir que nos anos oitenta entrou en crise a relación entre lectores e autores, e comezou a lectura de libros en galego nos institutos. Ademais, “aparecieron entonces unos textos y unos autores que hablaban e interpretaban el mundo actual y que entraban en contacto con el público”, e as obras de autores galegos comezaron a traducirse e a recensionarse pola crítica española. Como características desta literatura alude á coexistencia de diversas tendencias e aspiracións, afirmando que chegará a un momento como o da República, “cuando los galleguistas impulsaron el desembarco de nuestra cultura en la sociedad”. Propón algúns problemas que ten a literatura galega actual, como a falta de medios de comunicación que transmitan os nosos produtos artísticos, a necesidade dunha renovación editorial ou “las ideas obsoletas en las que se apoya” a nosa cultura, ante o que o autor se mostra optimista, para que o esforzo de actualización da lingua literaria que a literatura galega fixo na pasada década non quede “en nada”. Remata coa afirmación de que á nosa literatura “le sobra proteccionismo y le falta mercado”.



_____, “Dificultades para as literaturas nacionais”, *Boletín Galego de Literatura*, “Notas”, nº 17, 1º semestre de 1997, pp. 119-130.

Comeza Suso de Toro falando de quen cre ser, para logo asertar que o papel da literatura como parte dunha identidade nacional está en crise absoluta nestes últimos anos, nos que os medios de comunicación crean a nosa identidade. Considera que o actual sistema literario favorece os centros que dominan o sistema (a cultura anglosaxona) e marxina as periferias (por exemplo, España). Subliña que no caso concreto de España, o marco cultural español funciona como límite previo para unha obra escrita nunha lingua interior ó Estado, que non sexa o castelán. Examina as transformacións orixinadas nos últimos anos no sistema literario español e sinala finalmente que neste novo sistema é o mercado quen impón e canoniza os escritores, e non a crítica nin moito menos o mundo académico. Repaso sobre literatura: reflexións e problemática xeral.



Torres Queiruga, Andrés, “Xosé Manuel Rodríguez Pampín”, *Encrucillada*, nº 103, “In memoriam”, maio-xuño 1997, pp. 305/89-306/90.

Semblanza do escritor recentemente desaparecido Xosé Manuel Rodríguez Pampín. Cita algunhas das súas obras como *Creón*, *Creón* (1975), *Ifixenia non quere morrer* (1977) e *Alcestes* (1978), publicadas na revista *Grial* así como un drama que permanece inédito. Sinala que Galicia estaba no trasfondo da súa vida e obra: a historia, a cultura, a literatura e, no fondo, a presenza de Deus, “unha vivencia intensa, pero sempre extremadamente pudorosa, de poucas palabras, que só raras veces deixaba sentir resonancias místicas”.



Tosar, Luís G., “La diáspora de las palabras”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, n.º 158-159, maio-xuño 1997, pp. 55-56.

Comenta o seu regreso á cidade de Buenos Aires, que aínda considera como a “quinta provincia de Galicia”. A seguir fala da diáspora como un fenómeno fundamental para Galicia que non atopou suficiente representación na nosa literatura. Manifesta ademais que moitos dos escritores na emigración sentiron a frustración de non se sentir ben tratados polos colectivos emigrados, diferenciando entre os escritores xa consagrados en Galicia antes de emigraren, que acabaron sendo molestos para as institucións, e os de menor nivel como escritores, que chegaron mesmo “a participar en el gobierno de las entidades”. Di tamén que os escritores foron utilizados para representar a Galicia en celebracións oficiais e non noutro tipo de actos, e destaca a importancia dalgúns mecenas. Continúa indicando que o verdadeiro mérito foi dos creadores e apunta algúns nomes actuais que seguen escribindo en galego dende Iberoamérica, pois “la vieja lengua traída de Galicia sigue viva”.



Tristán, Pancho, R., “Avances”, *Tempos Novos*, nº 1, “Cataventos”, maio 1997, pp. 96-98.

Informa de diferentes actividades literarias que se levan a cabo nos meses de maio e xuño e menciona a V Feira do Teatro de Galicia, que terá lugar entre o 31 de maio e o 4 de xuño en Santiago de Compostela e na que estarán presentes boa parte das compañías que traballan no país; o Taller de Poesía Oral Improvisada, organizado polo Centro Veciñal e Cultural de Valladares os días 16 e 17 de maio Anuncia a publicación do libro de relatos *Novo do Trinque*, editado pola agrupación comarcal de Compostela do BNG e a publicación de *Rumbo ás illas Sisargas*, onde participan trinta e cinco autores da Costa da Morte. Finalmente informa das feiras do libro que terán lugar en Santiago, Sarria, Redondela e Ourense.



_____, “Avances”, *Tempos Novos*, nº 2, “Cataventos”, xuño 1997, pp. 96-98.

Achéganse informacións referidas ós distintos actos culturais que terán lugar no mes de xuño. Entre os que atinxen á literatura informa das distintas mostras de teatro que se desenvolverán en Lalín, Carballo, Monforte, Xinzo de Limia e Porriño; informa ademais sobre a nova colección de libros que edita a Asociación Cultural Amaía co nome “Letras de Cal” e cita os dous primeiros títulos publicados: *A primeira visión*, de María Lado e *Propiamente son captivo*, de Celso Fernández Sanmartín. Nomea tamén os dous novos títulos da colección “Ablativo Absoluto”: *Nós nus*, de Olga Novo e *Muller Ceiba*, de Sandra Cisneros e alude á convocatoria do Premios Xerais de Novela e Premio Merlín de literatura infantil.



_____, “Un millón de ideas. Manuel Rivas”, *Tempos Novos*, nº 4,
 “A Contratempo. Entrevista”, setembro 1997, pp. 22-28.

Nas palabras que abren esta entrevista a Manuel Rivas salientase que gañou por dúas veces unha praza de funcionario —unha como xefe de prensa no concello da Coruña e outra como xornalista da TVG— e que en ámbalas dúas ocasións rexeitou os traballos. De seguido, Manuel Rivas sinala que non existe en Galicia un xornal que responda ó seu xeito de facer xornalismo e que por iso colabora con reportaxes en *El País*, aínda que tamén asina en *A Nosa Terra*. Como lector bota de menos máis pluralidade na prensa galega e di que lle parece dramática “a fragmentación por edicións locais”. Refírese ademais a asuntos como a autodeterminación e a situación lingüística de Galicia. Renega da idea do escritor maldito e afirma que non sente a anguria do papel en branco “nin nada destas grandes frases de escritores atormentados que parece que están botando as vísceras, e parece que escribir é máis difícil que subir a un andamio”. Sinala que ten na súa cabeza miles de ideas que escribir e que, na actualidade, está a preparar uns relatos e unha antoloxía de textos xornalísticos que apareceron en *El País* co título *El periodismo es un cuento*. Sobre a suposta presenza do ruralismo na súa obra cre que na crítica literaria galega se manexan categorías sociolóxicas anacrónicas como a oposición entre espacio rural e urbano. Na súa opinión o costumismo é algo nefasto para a literatura; cre que os personaxes teñen que ser vivos e négase a renegar de nada que proceda da tradición que recibiu. Conclúe opinando sobre a política do bilingüismo harmónico e sobre o programa “Galicia, Terra Única”.



_____, “Fragmentos de Galicia no mundo. Miguelanxo Prado”, *Tempos Novos*, nº 6, “A Contratempo. Entrevista”, novembro 1997, pp. 24-30.

Entrevista a Miguelanxo Prado na que se comeza destacando a súa relación co mundo da pintura que naceu na súa infancia gracias ó seu pai, un grande afeccionado á arte. O entrevistado sinala que o descubrimento, na mocidade, do cómic permitiulle combina-las súas dúas paixóns: a pintura e a narrativa. Conta cómo trala súa colaboración nun fancine na Escola de Arquitectura se lle meteu “o veneno da historieta no sangue” e logo, decepcionado da súa profesión de arquitecto, foi conseguindo os seus primeiros éxitos. Sinala que na súa obra prima o contido e que se basea “nunha especie de compromiso persoal e ético que é claramente ideolóxico”. Entende o nacionalismo como unha mestura da tradición cultural herdada e da modernidade e considera necesario apostar pola globalización da cultura. Declara tamén que Galicia debe abrirse ó exterior e dinamiza-la súa cultura, na que existen moitas posibilidades. Finalmente reflexiona sobre a sociedade que, na súa opinión, pasa por un momento conservador e con pouca capacidade de reacción.



Tudela, Olivia, “A sociedade galega debe abrirse ó mundo”, *Eco*, nº 79, decembro 1997, pp. 70-71.

Entrevista a Dieter Kremer, presidente da Asociación Internacional de Estudos Galegos, con motivo da celebración na cidade de Tréveris, no mes de outubro do Congreso desta Asociación. Fala das orixes da creación do Congreso que naceu a partir dunha proposta de profesores de América que mantiñan relación con Galicia e que nesta ocasión foi organizado polo Galicien-Zentrum de Tréveris, unha institución creada en 1991. Sinala que foi Ramón Lorenzo o verdadeiro propulsor de Galicia á Europa continental e Constantino García o que logrou que callase o convenio entre as universidades de Galicia e Alemaña. Fala tamén da revista editada por este centro, o *Galicien Magazin*, que considera “senlleira no contexto alemán”. Refírese tamén á necesidade de espalla-la cultura galega entre os estudantes alemáns e de lograr apoio moral e financeiro das institucións galegas.



VV. AA., “O debate de Viana sobre información teatral”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “A información teatral”, nº 1, primavera 1997.

Trancrición do primeiro debate do encontro Teatragal 96, celebrado en Viana do Castelo. Sobre o teatro actual opinan, nesta orde, a Doutora Flora Silva, Castro Guedes, Roberto Vidal Bolaño, Rui Lima Jorge, José Martins, Hélder Costa e Antón Lamapereira. Fálase, sobre todo, da presenza do teatro na televisión e do xeito en que isto debe ir encamiñado no futuro para aproveita-las posibilidades do medio de comunicación por excelencia nos nosos días. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “O debate de Viana sobre creación dramática”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, nº 1, primavera 1997.

Recóllese o debate sobre creación dramática, no marco do encontro Teatragal 96, no que participaron Hélder Costa, Jorge Listopad, Xavier Estévez, José Martins, Jaime Salazar Sampaio, Manuel F. Vieites, Roberto Vidal Bolaño, Xosé Manuel Pazos, Jorge Castro Guedes, João Alvim e Eduardo Alonso. A polémica do debate céntrase en dúas cuestións fundamentais: a relación autor-director no teatro actual e a necesidade de crear unha dramaturxia nacional a nivel galego. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “O debate de Cangas sobre acción institucional”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Teatro e acción institucional”, nº 1, primavera 1997.

Manuel Vieites, Xosé Manuel Pazos, José Martins, Eduardo Alonso e Manuel Guede debaten dentro do encontro Teatragal 96 sobre o papel das institucións na promoción do teatro actual. O debate céntrase, fundamentalmente, no papel das administracións locais, aproveitando a cualidade de Concelleiro de Cultura de Cangas do Morrazo de Xosé Manuel Pazos. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “O debate de Cangas sobre produción e distribución”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Produção e distribuição”, nº 1, primavera 1997.

En Cangas do Morrazo discuten sobre produción e distribución do teatro, dentro do encontro Teatragal 96, Manuel Vieites, Eduardo Alonso, José Martins, Xosé Manuel Pazos, Manuel Guede, Jorge Castro Guedes, Antón Lamapereira e Ánxela García. No que respecta ó teatro galego, o debate discorre ó redor da consideración do teatro como un produto máis do mercado capitalista, con tódalas implicacións que isto ten, das distintas fontes de financiamento e da súa idoneidade e do tipo de programación que sería ideal neste momento, isto é, do mellor xeito de distribuí-lo teatro actual en Galicia. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “O debate de Viana sobre produción, distribución e acción institucional”,
Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal, “Produção e
 distribuição”, nº 1, primavera 1997.

Sobre a temática que encabeza o debate de Viana do Castelo, discuten, dentro dos encontros Teatral 96, José Martins, Jorge Castro Guedes, Joaquim Benite, José Escaleira, Xosé M. Pazos, Carlos Borges, Roberto Vidal Bolaño, Manuel F. Vieites, Joao Alvim e Antón Lamapereira. A polémica sobre teatro galego actual xirou ó redor da urxente necesidade dunha clarificación de criterios das institucións que subsidian o teatro á hora de concede-las subvencións. Críticase non só a pasividade destas para promover, na sociedade, o debate que fixe eses criterios, senón tamén a do propio mundo do teatro, na mesma dirección. Apúntase o auxe do pensamento neoliberal como posible causa dalgún destes males. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “Debate de Cangas sobre formación teatral”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “A formación teatral”, nº 1, primavera 1997.

Manuel Vieites, Manuel Guede, Antón Lamapereira, Gustavo Pernas, Ánxela G. Abalo, Xosé Manuel Pazos, José Martins, Mário Barradas e Isabel Alves reflexionan, no marco do encontro Teatragal 96, sobre cuestións de formación teatral en Galicia e Portugal. No relativo a Galicia, a discusión xira sobre a necesidade de creación dunha Escola de Arte Dramática para formar profesionais galegos do sector, a través da súa lingua e da súa historia teatral. Neste sentido púxose sobre a mesa o ambiente perigoso que supón a indefinición desta proposta por parte das administracións, xa que se crean uns intereses de colocación como ensinantes entre distintos sectores que poden levar a que todo acabe en reinos de taifas, en proxectos localistas e exclusivos que non representen unha titulación esixente, á altura doutras semellantes no territorio do estado. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “O debate de Viana sobre formación teatral”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “A formación teatral”, nº 1, primavera 1997.

Sobre formación teatral, Francisco Beja, Manuel Geraz, Paula Marques, Manuel F. Vieites, Xavier Estévez, Joao Mota, José Martins, Ánxela Abalo e Antonio F. Simón dialogan nos encontros Teatragal 96. En Viana do Castelo falouse da necesidade de creación dunha Escola de Teatro en Galicia e para Galicia e do compromiso dos participantes nestes encontros para a mobilización nunha plataforma reivindicativa plural. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “Debate de Cangas sobre teatro e sociedade”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Teatro e sociedade”, nº 1, primavera 1997.

Manuel F. Vieites, Manuel Guede, Xosé Manuel Pazos, José Martins, Xulio Lago, Ánxela G. Abalo, Jorge Castro Guedes, Gustavo Pernas, Antón Lamapereira e Alberto Bocos discutiron en Cangas do Morrazo sobre os problemas do teatro galego actual: o feito de depender dunha lingua en situación diglósica, o dilema sobre o tipo de teatro a representar, isto é, volcado na problemática nacional ou aberto ó universalismo ilimitado, etc. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “Debate em Viana sobre teatro e sociedade”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Teatro e sociedade”, nº 1, primavera 1997.

Neste debate de Viana do Castelo, dentro do encontro Teatragal 96, participaron José Martins, Manuel Vieites, Gustavo Pernas, Ánxeles Cuña, Xosé Manuel Pazos, Eduardo Alonso, Xulio Lago, Roberto Vidal Bolaño e Antonio F. Simón. Céntrase a discusión no tipo de teatro que demanda a sociedade galega: como saber que teatro quere, a existencia ou non, por parte do creador, da súa propia liberdade para propoñer outro tipo de teatro, etc. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “Mesa redonda de Cangas”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Galiza/Portugal: é possível o encontro?”, nº 1, primavera 1997.

Recóllense os contidos fundamentais da mesa redonda celebrada en Cangas do Morrazo sobre as relacións do teatro galego e do portugués. Fálase débeda do galego co portugués, pois aquel sempre tivo mellor acollida histórica en Portugal, cando menos nas últimas décadas, do que este en Galicia. Apóiase tamén unha mobilización das xentes de teatro de Galicia e norte de Portugal para crear un espacio común fronte á masificación da cultura e a uniformización dos pobos, un lugar de encontro e de coñecemento verdadeiro. Recóllense as intervencións de Antón Lamapereira, Xosé Manuel Pazos, Gustavo Pernas, Ánxela G. Abalo, Jorge Castro Guedes, Júlio Cardoso e José Martins. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “Mesa redonda de Viana”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Galiza/Portugal: é possível o encontro?”, nº 1, primavera 1997.

En Viana do Castelo, Manuel F. Vieites, Júlio Cardoso, José Rodrigues, Jorge Campos, Jorge Castro Guedes, Joao Alvim, José Martins e a Doutora Flora Silva poñen sobre a mesa a actualidade das relacións teatrais entre Galicia e Portugal. Apúntase a relevancia de camiñar pouco a pouco, sen proxectar máis do realizable neste proceso de achegamento entre os teatros de aquí e alén Miño. Céntrase na temática teatro: reflexións e problemática actual.



Valcárcel, Marcos, “Otero Pedrayo na historia do periodismo galego”, *Raigame*, nº 4, maio 1997, pp. 37-45.

Percorrido pola traxectoria xornalística de Ramón Otero Pedrayo establecendo a Guerra Civil como data de corte nas dúas etapas do seu xornalismo. Comeza referíndose á forte interrelación entre os escritores galegos e o xornalismo, aspecto que segundo el non foi aínda dabondo estudiado e merece unha análise polo miúdo. Salienta a variedade de rexistros nas seis décadas de xornalismo oteriano, considera que poucos escritores foron “tan fieis a si mesmos” nas súas aparicións na prensa como Otero Pedrayo ó tempo que sinala as coincidencias ideolóxicas e de afinidade con Vicente Risco. A continuación incide na importancia dalgunhas publicacións como *El Miño*, *La Centuria*, *Nós*, *Heraldo Orensano*, etc. Dos artigos publicados sobre todo entre 1927 e 1936 extrae como características xerais a expresión da súa ideoloxía persoal, a gabanza dos modelos de vida labregos e a análise dos cambios na economía rural, a Historia e a tradición, aforismos, etc. Da segunda (logo dun silencio que vai de 1936 a mediados de 1937) destácanse os traballos en *La Región* e os da sección “Parladoiro” en *La Noche* e fai referencia ós pseudónimos. No referente a *La Noche* sinala a peculiaridade da sección “Parladoiro” e destaca algunhas pezas “verdadeiramente mestras” e ilústrao co artigo correspondente ó día 17 de xullo de 1946, que recolle en catro liñas “todo o mundo intelectual de Otero”. Conclúe cunhas palabras de José Aurelio Carracedo nas que se sinala que Otero se anticipaba ó que agora tenta se-lo xornalismo do futuro.



_____, “Revistas literarias y culturales: una consolidación”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, n.º 158-159, maio-xuño 1997, pp. 63-65.

Afirma que o nacemento das revistas culturais galegas debe situarse na época do Rexurdimento, e continúa cunha historia deste tipo de publicacións, xa no século XX, coa revista *Nós*, que tivo “un papel fundacional en el nacionalismo gallego” e tentou integra-la cultura galega no seu “marco natural europeo”. Dá conta ademais doutras revistas como *Alfar*, *Cristal* e *Resol*. Sinala que coa Guerra Civil se produce un corte nesta evolución e a actividade queda reducida ó mínimo en Galicia, aínda que continúa no exilio americano impulsada por escritores como Seoane ou Díaz Pardo. Fai seguidamente un repaso ás revistas culturais e literarias das últimas décadas, dentro das que considera diversos campos: aquelas “que actuaron como portavoces de grupos culturales bien definidos, normalmente al amparo de alguna editorial”, e pon como exemplo a *Grial* ou *A Trabe de Ouro*, facendo unha breve historia delas. Continúa con outras revistas centradas exclusivamente en estudos lingüísticos ou só nos literarios e pon exemplos das mesmas, para seguir coas publicacións “específicamente poéticas y de creación”, como *Nordés* ou *Dorna*. Despois fala das que el chama “revistas generacionales”, abertas ó cómic, á renovación das artes plásticas ou o rock bravú; propón como exemplo *Luzes de Galiza* e outras xa desaparecidas. Finalmente, alude ás revistas teatrais destacando os *Cadernos da Escola Dramática Galega*; a outras revistas impulsadas por asociacións culturais ou grupos literarios, e ós suplementos culturais dos xornais galegos, dos que cita varios exemplos.



Valcárcel, Xulio L., “Fiz Vergara en Cravo Fondo”, *Guieiros*, nº 4, pp. 39-46.

Resáltase neste achegamento á poesía de Fiz Vergara Vilariño a unión de vida e literatura na obra do poeta lucense, a universalización da súa Lóuzara natal e a creación dun espacio mítico que trascende as referencias ás xentes e ós lugares de Santalla de Lóuzara. Valórase como epigonais e secundarios os primeiros libros de Fiz, *Para vós* (1971) e *Encontro cos Tiburós* (1973). No colectivo Cravo Fondo, colócase a Fiz Vergara como o representante do grupo que mellor resistiu dende o punto de vista literario o paso do tempo, xa que a súa contribución non perdeu vixencia histórica. Céntrase no poema “Muller de ser e soño i espiga” e di que se trata dun poema de desamor, cheo de entrega e de resignada melancolía.



Vega, Rexina R., “Xoán González-Millán. *A narrativa galega actual (1975-1985). Unha historia social*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 231-233.

Recensión de *A narrativa galega actual (1975-1985). Unha historia social* (1996), de Xoán González-Millán, na que se di que se trata dun volume que se presenta como complemento de anteriores traballos deste autor —*Silencio, Parodia e Subversión* (1991), onde analizaba os eixes de organización que caracterizan a produción novelística contemporánea galega; *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)* (1994), onde reflexionaba sobre as funcións dos diversos axentes que participan na produción literaria—, e que intenta a redefinición de aspectos teóricos “recollendo de modo sistemático as manifestacións da crítica (...), dos propios escritores, os fitos que marcan o desenvolvemento do mundo editorial e a intervención das institucións educativas”. Analízase a estrutura do libro e insístease na importancia dalgunhas das afirmacións de González-Millán, como a definición entre 1975 e 1985 do proceso de institucionalización e autonomía do campo literario galego e o papel da novela de xénero como instrumento eficaz para incorpora-lo texto galego ó círculo comercial e asegura-lo camiño cara á normalización. Literatura: reflexións e problemática xeral.



_____, “Entre el mundo y el trasmundo”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”,
n.º 158-159, maio-xuño 1997, pp. 57-59.

Comeza referíndose a Galicia como lugar propicio ó sobrenatural e ós mitos, e dicindo que esta visión ten moito de certa, o que se manifesta na importancia que aquí ten a oralidade. Na literatura de posguerra considera a Ánxel Fole e a Álvaro Cunqueiro como “los principales herederos de la tradición oral” e fala da dimensión máxica e imaxinativa das súas obras observando en Cunqueiro puntos coincidentes co “realismo máxico” americano. Céntrase logo no autor mindoniense diferenciando entre as súas novelas e os relatos breves, nos que se agocha unha vontade de “dibujar una semblanza del hombre rural” que non esquece a presenza do fantástico, entroncando coa tradición do conto oral. A seguir destaca que a faceta fundamental en Cunqueiro é a novelística e suxire algunhas das características da súa poética, como a unión dun tema mítico co mundo cotián, o xogo intertextual e paródico coas grandes obras da literatura universal, a problematización dos xéneros ou a confusión dos límites entre a realidade e a ficción. Continúa comentando a enorme importancia que a influencia ou o cultivo da materia de Bretaña tivo e ten na literatura galega, poñendo diversos exemplos, e indicando a relevante presenza de elementos fantásticos que conviven coa dimensión realista na produción literaria actual, en moitos casos coa intención de “representar un pasado irrepresentable”. Finalmente, valora a influencia que Cunqueiro exerce nas actuais xeracións de escritores.



Vidal, Clementina, “Notas para unha poesía sentida”, *Clave Orión*, número III, 1997, pp. 59-62.

Realiza un percorrido polo poemario *Os distantes* (1995), de Celso Álvarez Cáccamo, parafraseando algúns fragmentos do libro. Na evocación do pai, que o poeta define como “tenro” e “frágil”, sinala coincidir con el e di que o poeta vaise formando “devagariño”, “a forza de dor, a forza de perde-lo paraíso da súa infancia, no seo dunha familia entrañablemente unida”.



Vidal, Engracia, “Libros chegados á redacción”, *Encrucillada*, nº 101, (xaneiro febreiro), 102 (marzo-abril), 103 (maio-xuño), 104 (setembro-outubro), 105 (novembro-décembro), 1997, pp. 108-111, pp. 211/99-214/102, pp. 311/95 312/96, pp. 443/131-448/136 e pp. 545/97-549/101, respectivamente.

Ofrece breves comentarios das novidades editoriais que chegan á redacción da revista. No número 101 recensiónanse moi brevemente *Os gromos do pensamento*, de Domingo García-Sabell; *As certezas do clima*, de Miguel Anxo Fernán-Vello; *O arquitecto Pedro Mariño Ortega (1865-1931)*, de Xosé Fernández Fernández; *Os novios*, de Alessandro Manzoni, traducido ó galego por Xavier Rodríguez Baixeras; *¡Prohibido casar, papá!*, de Fina Casalderrey; *Traxecto final*, de Manuel de Pedrolo; *Babe, o porquiño valente*, de Dick King-Smith, traducido ó galego por Álvaro de Prado Vázquez; os cómics de Asterix titulados *Nos xogos olímpicos*, *A gran travesía*, *O Galo* e *Gladiador*, traducidos ó galego por Antonio Pichel; *O can dos Baskerville* e *O regreso de Sherlock Holmes*, de Arthur Conan Doyle, traducidos ó galego por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez; *Manso*, de Manuel Lueiro Rey; *Pauto do demo*, de Ánxel Fole; *As calexas do cigurat*, de Xavier Carro; *Lolo anda en bicicleta*, de Carlos Casares; *O escondedoiro*, de Merce Escardo; *Un pai despistadiño*, de Josep Gregori; *175 debuxos*, de Castelao e *A vida de Ánxel Fole*, de Carlos Casares.



No número 102, *O paxaro que canta un nome*, de Xabier Lorenzo Tomé; *Don Gabino*, de Antonio Fernández Pérez; *Bastián e maillos trasnos*, de Alice Vieira e *Esencia da galeguidade*, de Xosé Lois Estévez. No número 103, *Obra completa*, de Ánxel Fole; *Anagnórise*, de María Victoria Moreno; *Gárgola*, de Carlos Vila Sesto; *Horario de clase*, de Cristina Nöstlinger, traducido ó galego por Alberto Álvarez Lugrís; *Barriga verde*, de Manuel María e *O trasno rebuldeiro*, de VV. AA. No número 104, *O último adeus. O arquivo de Sherlock Holmes*, de Arthur Conan Doyle, traducido ó galego por Bieito Iglesias e Manuel Vázquez; *A rosa sen por qué*, de Antón Baamonde; *Os ollos da sentinela*, de Ramón Otero Pedrayo; *Ánxel Fole e Á lus do candil*, de Luís Alonso Girgado e Armando Requeixo; *Guía das festas populares de Galicia*, de Xosé M. González Reboredo; *Emboscados no gran norte*, de Margarita Aritzeta; *Amencidas de Valdeorras*, de José Rodríguez Ferrer; *Os ciclóns do sino*, de Xosé Carlos Gómez Alfaro; *Historia dun circo*, de Manuel Rego Nieto; *Os poetas do Seminario de Mondoñedo*, de Félix Villares Mouteira e *Concello de Samos: Historia das súas parroquias, tomo II*, de VV. AA. No número 105, *Resol*, de VV. AA.; *Euromosaic*, de Carlos Casares; *1986, ano de Castelao*, de

X. Amancio Liñares Giraut; *Noites no mar*, de Gerd Fuchs, traducido do alemán ó galego por Susana Fernández de Gabriel e Franck Meyer; *Negras sombras*, de VV. AA.; *A cadelíña rariña*, de S. E. Hinton, traducido ó galego por Dolores Fernández Torres; *Astérix e Cleopatra*, *Astérix en Hispania*, *Astérix na terra dos bretóns*, *Astérix: os loureiros do César*, de Goscinny e Uderzo, traducidos ó galego por Antonio Pichel; *¡Puag, que noxo!*, de Fina Casalderrey; *María a choromicas*, de Elisabeth Abeya; *Saltapinos perdeu os calcetíns*, de Xabier Mendiguren e *¿Por que a María Xosé lle chaman Xosé Mari?*, de Seve Calleja.



Vidal, Fidel, “A dor en cada célula”, *Luzes de Galiza*, nº 28, “Lois Pereiro”,
Primavera 1997, p. 31.

Mestura unha reflexión acerca da morte e o amor con versos extraídos da última obra de Lois Pereiro *Poesía última de Amor e Enfermidade*, 1992/1995, dicindo que a amizade que protexe é a mellor maneira de combater a dor e o amor que se sente e que se fala o mellor para a enfermidade. Manifesta a xenerosidade e a elegancia de Pereiro, e afirma que sobrevive “no cantar”, rematando por expresar, en ton lírico, que “non hai dúbida que andamos a tocar fondos e fonduras, que arribamos á certeza irrenunciable do saber”.



Vidal, Francisco António, “Murguia: Um texto em português”, “Notas”, nº 47, outono 1996, pp. 351-359.

Reproducción dun texto manuscrito en portugués de Manuel Murguía, achado entre os papeis doados por Gala Murguía á Real Academia Galega. Coméntase o contido do mesmo e descríbense as relacións do esposo de Rosalía co país irmán.



Vidal Bolaño, Roberto, “Pepito Grillo e o escritor de teatro”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “A creación dramática”, nº 1, primavera 1997.

A propósito do visionado da fita *As aventuras de Pinocho*, da factoría Disney, Roberto reflexiona sobre a conciencia no autor teatral, da que Pepito Grillo, a voz da conciencia de Pinocho, dubida. Di sentirse perplexo, xa non diante dunha opinión negativa sobre as xentes do teatro por parte do común da persoas, senón de que esas opinións, tópicas moitas veces, se correspondan con xentes do oficio. A partir disto, céntrase na análise das responsabilidades que ó seu ver ten hoxe o escritor dramático no devir do teatro actual. Tras dunha breve síntese dos cambios na consideración do dramaturgo, dende o poder absoluto que tiña a fins do século XIX ata case a súa desaparición na actualidade, cita algúns exemplos do panorama do teatro en Galicia hoxe en día, destacando sempre a pouca atención da que gozan os autores vivos. Refírese, entre outros, á supervivencia en solitario do premio Rafael Dieste para textos teatrais, logo de que tivesen existido outros dous. Critica, asemade, a ausencia dunha política explícita das administracións públicas galegas neste sentido, así como a incapacidade do CDG para acoller autores non mortos. Entra a falar, tamén, do sector privado, ó que en moitas ocasións, di Bolaño, esquécéselle a máis mínima deferencia co autor representado. Nos derradeiros párrafos volve sobre o tema da conciencia no autor moderno para critica-lo teatro que se escribe hoxe. Del di que responde unicamente ós intereses do poder e do éxito económico e individual sen levar consigo a máis mínima indagación, crítica ou novidade. Cualifícao como teatro comercial e ve, en concorrencia





V.4. Publicacións en revistas

con este, como proliferan as adaptacións dos clásicos, utilizados como letra morta que xa non cuestiona actitudes nin moralidades. Conclúe que ó autor de teatro non lle convén ter conciencia se non quere vivir nesta realidade.



_____, “Producción e distribución”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Produção e distribuição”, nº 1, primavera 1997.

Sobre o xeito de distribución das representacións teatrais en Galicia, pensa que a itinerancia foi no principio o modo natural das compañías, en oposición ó sedentarismo das funcións centralistas a nivel estatal. Pero situados no presente, con preto de corenta grupos profesionais rexistrados, a pesar de que esta sexa unha realidade bastante ficticia con respecto á saúde do teatro galego actual, imponse un cambio de hábitos, segundo Bolaño. A estabilidade das funcións, que ten que ver coa recuperación de espazos públicos é, sen embargo, difícil. Estes espazos acondiciónanse, normalmente, en función de espectáculos foráneos e permanecen baleiros a maior parte do tempo. Cre que esta estabilidade ten que vir da man dun mellor aproveitamento destes espazos nas cidades máis importantes de Galicia que, gracias ás novas redes viarias, poden actuar como centros monopolizadores. Isto aforraríalles ás compañías os elevados gastos de infraestrutura que supón hoxe a itinerancia. Ofrece datos sobre a situación actual a este respecto en Santiago de Compostela: di que existen máis metros cadrados de escenario *per cápita* que en Nova York.



_____, “O encontro: algunhas consideracións previas”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Galiza/Portugal: é posíbel o encontro?”, nº 1, primavera 1997.

Móstrase moi crítico a respecto das posibilidades dunha maior comunicación entre Galicia e norte de Portugal a nivel de teatro. No Eixo Atlántico só ve unha realidade mercantilista, aínda que impensable ata hai ben pouco e cre que culturalmente Galicia está aínda moi desorientada como para poder comprender un achegamento do teatro portugués. Cre, así mesmo, que dentro da profesión non toda a xente que en Galicia fai teatro está disposta a acoller esta iniciativa, máxime cando moitos grupos afeccionados galegos non tiveron aínda a súa oportunidade. Pola contra, ve que en Portugal, aínda dándose casos de rexeitamento, a presenza do teatro galego foi moito máis fértil.



_____, "Proposta para a realización dun programa de dinamización e decentralización teatral en centros culturais do concello de Santiago", *Revista Galega de Teatro*, nº 16, novembro 1997, pp. 28-40.

Resumo do proxecto sobre o teatro actual que foi presentado hai tres anos pero que non foi adiante e que consta de cinco puntos. No primeiro expónse o obxectivo fundamental, a transformación da realidade actual dos Centros culturais. O segundo é unha memoria que trata sobre o teatro e a situación actual no caso galego. No terceiro reflíctense as características xerais do plan analizando os núcleos de creación teatral, a dinamización do público con programas xenéricos e específicos e materiais de apoio. Nos dous últimos coméntanse as características das actividades propostas e enúmeranse os presupostos.



Vieites, Manuel F., “Educación teatral”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “O tema”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, p. 5.

Breve percorrido polo labor do teatro no ensino que se leva a cabo en Galicia nestes momentos. Defende a presenza das denominadas “ensinanzas artísticas” nas diferentes etapas que conforman o proceso educativo e cita as actividades que están a realiza-la Aula de Teatro da Universidade de Santiago, o Centro Dramático Galego, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e a Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena.



_____, "O ensino teatral en Galicia", *Revista Galega de Educación*, nº 28, "O tema", xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 6-14.

Amplio artigo no que reflexiona sobre a situación do teatro no ensino. Afirmo que debería conseguirse un pleno recoñecemento da pedagogía teatral nos eidos académico e institucional. Defende a integración total das expresións dramática e teatral no currículo escolar e analiza a presenza destas materias nos diferentes niveis do ensino primario e secundario na actualidade.



_____, “Para saber máis”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “O tema”,
xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 41-42.

Preséntanse unha serie de artigos e obras que se consideran relevantes tanto para o estudio do teatro no ensino que se leva a cabo en Galicia a nivel da educación primaria e secundaria coma para o coñecemento do labor das diferentes Aulas de Teatro e Compañías teatrais que existen no noso país.



_____, “¿Ó galego polo teatro?”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, p. 95.

Breve recensión da obra de Germán M. Torres de Aboal titulada *Ó galego polo teatro* (1996). Coméntase que se trata dunha obra que ofrece un “acertado percorrido a través da historia da nosa literatura dramática e do noso teatro”.



_____, “O teatro galego na encrucillada”, *Tempos Novos*, nº 0, “Voces e Culturas. Informe”, abril 1997, pp. 62-70.

Síntese valorativa da panorámica teatral actual galega na que se salientan as súas principais deficiencias, ó seu xuízo, a actuación insuficiente por parte da Consellería de Cultura, a falta de planificación e coordinación, escasas subvencións ou o desinterese polo teatro afeccionado. A continuación presenta diferentes propostas para regula-lo panorama teatral tales como o investimento do 5% dos orzamentos para promove-lo desenvolvemento cultural, a creación dun centro de documentación de Artes Escénicas e Musicais ou a creación dunha Dirección Xeral de Teatro dependente dun “transformado IGAEM”.



_____, “*Terra de lobos*. Na procura dunha utopía.”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Textos”, nº 1, primavera 1997.

A propósito da posta en escena da coproducción *Terra de lobos*, en marzo de 1996 polo Teatro do Noroeste de Viana do Castelo e o Teatro de Ningures de Cangas do Morrazo, fai un repaso á historia das relacións teatrais entre Galicia e Portugal e saúda a nova idade que, ó seu ver, se abre con este evento. Indica que o texto parte do conto “Lobosandaus”, de Méndez Ferrín e está adaptado polo dramaturgo portugués António Torrado. Finalmente, di que nel se recrea o mundo fronteirizo galego-portugués, onde todos falan a mesma lingua e comparten a mesma realidade.



_____, “A ensinanza teatral en Galicia: situación e perspectivas”, *Ensaio*.

Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal, “A formación teatral”, nº 1, primavera 1997.

Resúmense os dous relatorios presentados por M. Vieites no encontro Teatragal 96 sobre teatro no ensino, as súas posibilidades e a súa metodoloxía. Antes de crear unha Facultade de Estudos Teatrais, pensa que é necesario un consenso previo, e amplo, sobre os métodos e materias a empregar no currículo e que isto parte da consideración do teatro como feito escénico e non literario, seguindo as teses de autores como Brook, Grotowski, Barba ou Schechner. Cre que o recoñecemento da Pedagogía Teatral é requisito necesario para este proxecto e necesita dunha progresiva presenza do ensino teatral nos diferentes niveis educativos. Considera tamén que a normalización da área de Expresión Dramática da LOXSE, así como a imprescindible segregación dun departamento de ensino no nivel universitario para formar ós futuros formadores desta área, son aínda proxectos pendentes. Nun terceiro apartado, defende a creación dunha Facultade de Estudos Teatrais, xa que considera necesario, como mínimo, impartir-las titulacións de Escenografía, Interpretación, Dirección escénica, Estudos teatrais e Pedagogía teatral. Á parte disto, ve tamén a conveniencia de introducir nos currículos de licenciaturas afíns ó estudio do teatro, caso de Filoloxía, Historia, etc., de materias troncais de teoría, técnica ou práctica teatral. Finalmente, insiste na necesidade de adapta-las Escolas de Formación do Profesorado para impartir Expresión Dramática e outras disciplinas complementarias. No cuarto e derradeiro apartado deste relatorio remata Vieites a súa intervención en Teatragal 96 propoñendo un





V.4. Publicacións en revistas

decálogo urxente para a normalización do ensino teatral en Galicia no que se recollen, basicamente, as demandas expostas nos anteriores apartados.



_____, “Texto dramático, texto espectacular e texto teatral. Apuntamentos para unha teoría xeral da obra dramática”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Estudios”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 103-125.

O presente estudio ten como obxectivo potencia-lo desenvolvemento dunha liña de investigación orientada á formulación dunha teoría e crítica teatral que permita crea-los instrumentos necesarios para o estudo, análise e interpretación de obras dramáticas a partir da súa condición de textos literarios, evitando a aplicación indiscriminada de métodos, presupostos e terminoloxías doutros modelos teóricos pertencentes a outros campos. Comeza abordando a distinción entre texto dramático e representación teatral, termos en permanente confusión, o cal contribuíu “a que aínda hoxe non dispoñamos dun corpus de estudos e traballos que nos permitan construír unha teoría do texto dramático”. De seguido refírese ós dous posicionamentos básicos que se dan entre os estudiosos: o logocentrismo, que defende que o Texto Espectacular está incluído no Texto Dramático, e o escenocentrismo, que entende o contrario. Na súa opinión, ámbalas dúas concepcións parten da vella confusión entre literatura dramática e teatro. A continuación analiza algunhas características do texto dramático: tipografía na presentación do texto, informacións paratextuais, voces, niveis textuais, falantes, etc., para propoñe-las denominacións de Texto Dramático Primario para o texto dialogado dos personaxes, Texto Dramático Secundario para as didascalias, funcionais ou expresivas, do dramaturgo implícito e Texto Dramático Espectacular para as didascalias espectaculares do dramaturxista ficticio. Establece así mesmo que o paratexto —título, prólogo, epílogo e dedicatoria— é responsabilidade do dramaturgo empírico.



Finalmente distingue, a nivel do espectáculo, un Texto Dramatúrxico, que é o primeiro proxecto de espectáculo que elabora o equipo de dirección; un Texto de Posta en Escena e un Texto Tecnoloxivo, integrado por música, vestiario, espacio escénico, etc.



_____, “Literatura dramática: entre o desexo e a necesidade”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 201-210.

Panorámica do que foi o teatro na fin de milenio, concretamente no eido da dramática ó longo do ano 1996 na que se comeza destacando a súa delicada situación xa que “segue silenciada e sobrevive entre a azarosa vida escénica e a imposibilidade de abrir un mercado”. Fálase en primeiro lugar da edición ou reedición no 96 de textos clásicos e de pezas anteriores ou inmediatamente posteriores á Guerra Civil: *Hostia*, de Armando Cotarelo; *Nouturnio de medo e morte*, de Antón Villar Ponte, peza incluída en *Como en Irlanda*; *Desourentación*, de Fernando Osorio do Campo; *Obra dramática*, de Ramón Cabanillas; *A soldadeira*, de Luís Seoane; *As bágoas do demo*, de Ramón Valenzuela e *Pauto do demo*, de Ánxel Fole. A continuación destaca a obra de Daniel Cortezón, un dos “máis prolíficos autores da literatura dramática de posguerra”, que publicou en 1996, *Intermezzo Bufo*, terceira peza da triloxía titulada *Castelao ou a paixón de Galiza*. Refírese tamén á publicación de *Maremia*, de Euloxio Ruibal, a *Veladas indecentes*, de Manuel Lourenzo e *A proclama*, de Xosé Lois García. Entre as obras publicadas polos autores que iniciaron a súa andaina arredor de 1980 e 1990, lembra a publicación no 96 de *O serodio remordemento do amor*, de Xavier Lama; *Teatro minuto*, de Xesús Pisón e *O leitor de Goethe*, de Paulino Pereiro. No eido do teatro infantil destaca a continuidade da colección da AS-PG “Teatro nas Aulas” e nomea *A escada* e *Recursos teatrais para a expresión dramática na*



escola, de Fina Casalderrey. No capítulo das traducións salienta a publicación de *Henrique IV*, de Pirandello; *A noite xusto antes dos bosques* e *Combate de Negro e de Cans*, de Koltès; *A ola de caldo* e *O gato e a lúa*, de Yeats e *A batalla dos xesuítas*, de Aragon e Breton. No referente ós traballos sobre o teatro cita a publicación de *Anuario do teatro galego*, do IGAEM; o *Informe de Literatura 1995*, Luís Seoane e o teatro, de Lino Braxe e Xavier Seoane e *Ó galego polo teatro*, de Germán Torres de Aboal.



_____, “Do teatro universitario ós estudos teatrais”, *Tempos Novos*, nº 1, “Voces e Culturas. Crítica. Teatro”, maio 1997, p. 89.

Sinala que se ben “a nosa universidade xamais foi receptiva á arte teatral”, nos últimos anos “as actitudes mudaron”. Reflexiona sobre a evolución do teatro no ensino, concretamente no ámbito da universidade galega e destaca que dende a aparición da Aula de Teatro da Escola de Formación de Profesorado de E.X.B de Pontevedra, continuaron as Universidades de Vigo, A Coruña e Santiago, co aumento da calidade e actividades para o alumnado. Como exemplo cita a Mostra de Teatro Universitario, organizada polas tres universidades, que se desenvolveu nos meses de abril e maio. Remata reivindicando unha Facultade de Estudos Teatrais.



_____, “Entre el deseo y la precariedad”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 112-117.

Ofrece unha panorámica do teatro da época franquista á fin de milenio na que comeza sinalando as dificultades e deficiencias que sufriu nos últimos anos, analizando a situación a partir dos anos sesenta. Manifesta a escasa atención que os textos teatrais reciben por parte do mundo académico, a pesar do cal “Galicia no renunció a su propia dramaturgia”, e inclúe os nomes de varios autores teatrais de tódolos tempos. Volve ós anos setenta co xurdimento da “Nueva Dramaturgia”, que cumpriu un papel importante tentando a consolidación e a normalización do xénero, e na que se poden establecer tres etapas con distinto nivel de éxito. Fala a seguir da formación do Grupo de Ribadavia, das súas actividades e da súa repercusión, recollendo os títulos dalgunhas obras que exemplifican as súas afirmacións e comentando o feito de que en Galicia é habitual que o autor teatral sexa tamén integrante da compañía profesional, o que facilita a proxección escénica. Céntrase despois nos anos oitenta, nos que se dá a maior “pluralidad de enfoques, y la realidad social deja de ser el centro temático”, e ofrece algunhas características deste período, como as catro formas de recrea-la realidade que o articulista propón: a mirada crítica, a mirada irónica, a mirada lúdica e a mirada culta, presentando, de cada unha, autores e títulos representativos. Finalmente, fala dos anos noventa como dun bo momento para o teatro en Galicia, no que os autores escriben sen condicionantes, “sin mayor pretensión que desarrollar plenamente su oficio de dramaturgo”, e no que son importantes algúns premios e algunhas novas liñas de traballo, como a recuperación da comedia, a explotación das posibilidades do drama reflectindo realidades próximas e a experimentación textual máis vangardista. Remata dicindo que





V.4. Publicacións en revistas

estes tempos son excelentes, “al menos desde la perspectiva de los creadores”, sendo precisa a colaboración de institucións, grupos, directores, críticos, investigadores, etc.



_____, “A sonada e proveitosa enchenta...”, *Primer acto*, “Galicia”, nº 269 ,
Tomo III, segunda Época, maio-xullo 1997, Segunda Época, pp. 130-133.

Menciona tres interesantes debates xurdidos en Galicia pola creación dramática, tendo lugar o último en Ribadavia en 1974, onde se produciría unha “fractura simbólica” entre os representantes dun novo movemento, “la Nueva Dramaturgia”, e os das promocións anteriores. A continuación céntrase na figura de Euloxio R. Ruibal e no comentario do tríptico da súa autoría formado por: *Zardigot*, obra “paradigmática” da “Nueva Dramaturgia” na medida que mostra novos modos de expresión, imaxinarios e temáticos; *A sonada e proveitosa enchenta do marqués Ruchestindo*, texto canónico no noso sistema literario, onde late a forza telúrica e dionisiaca da Galicia milenaria; e *Cabodano*, obra incontestable, onde trascende o drama social para asombrarnos cun complexo “triádico” e se supera o realismo simbólico para reivindicalo cerimonial. Felicita ademais o labor feito polo Club Universitario da Coruña por representala-la obra, aínda sen estrearse, *A sonada e proveitosa enchenta*.



_____, "Climatoloxía e política teatral. Breves reflexións a respecto dun debate",
Revista Galega de Teatro, nº 15, xullo 1997, pp. 7-43.

Recóllense as intervencións sobre os problemas do teatro: reflexións e problemática actual nunha mesa redonda que tivo lugar o 28 de febreiro na Sala Galán de Santiago na que participaron representantes políticos do goberno e catro especialistas en teatro. Aníbal Otero, xerente do IGAEM, fala da situación do teatro en Galicia, dos obxectivos propostos pola Consellería de Cultura e dos proxectos que habería que acometer para a próxima lexislatura; Bonifacio Borreiros, parlamentario autonómico polo PS de G-PSOE e Ex-Director de Cultura, ademais de falar da "desregularización" cultural dos anos noventa e da necesidade dunha oferta plural de cultura, presenta un proxecto cultural nas artes escénicas; Francisco Pillado fai un breve repaso da historia da dramática galega e enumera os aspectos prioritarios sobre teatro do programa de Goberno do BNG; Xosé Manuel Pazos Varela, membro da Executiva Nacional de EU-EG e Concelleiro de Cultura en Cangas, presenta un esbozo dunha política teatral dende EU-EG na que fala das infraestruturas, do apoio á creación, do ensino teatral, da construción dunha Dramaturxia Nacional e da proxección social do teatro. O artigo recolle tamén a transcripción das intervencións do debate co que finalizou a mesa redonda e no que participaron, ademais dos anteriormente mencionados, Pepe Soto, F. J. Sanjiao, Damián Villalaín, Eduardo Alonso, Manuel Guede, Roberto Vidal Bolaño e Antón Lamapereira. Neste debate fálose da situación do teatro en Galicia, da revista publicada en 1990 polos actores e titulada *Necesidade dunha política teatral*, da política da Consellería de Cultura, do IGAEM e dos autores teatrais.



Vieites, Manuel F. e Xosé Manuel **Pazos**, “Da itinerancia á residencia: camiños de ida e de volta. Conversa con José Martíns, Eduardo Alonso, J. Castro Guede e Xulio Lago”, *Revista Galega de Teatro*, nº 16, novembro 1997, pp. 7-27.

Antes de dar paso ás opinións dos entrevistados os articulistas consideran que a experiencia de Teatro do Noroeste de Viana do Castelo, que leva cinco anos xestionando o Teatro Municipal Sá de Miranda, debería ser un bo exemplo para ter en conta polo teatro galego e que as compañías residentes deben ser un elemento dinamizador da vida cultural. De seguido dáse paso á unha conversa con José Martíns, Eduardo Alonso, Castro Guede e Xulio Lago na que se tratou da experiencia das compañías concertadas, da itinerancia e das compañías residentes como axentes creadores dun novo modelo de distribución e da produción como elemento favorecedor da recepción. Ademais expúxose a necesidade de implicación das administracións, do que pensan os profesionais á hora de crear estruturas profesionais estables, de en que medida a residencia podería ser unha solución á exploración de novos mercados e de como traslada-lo que se fai en Portugal a Galicia. Conversas sobre teatro: reflexións e problemática actual.



Vilavedra, Dolores, “Narrativa do 96: unha colleita plural”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 187-191.

Ofrécese un percorrido panorámico polas obras de narrativa na fin de milenio, as publicadas ó longo do ano 1996, que comeza destacando a presenza de variedade de liñas, o cal “podería ser síntoma de madurez se non fose por outros fenómenos paralelos que obrigan a matizar interpretacións excesivamente optimistas”. Destácanse como acontecementos positivos a reaparición de Carlos Casares con *Deus sentado nun sillón azul*, unha obra ambiciosa e coherente co conxunto da súa narrativa, e de Xavier Alcalá con *Código morse*, unha novela de pazo e de saga familiar. Saliéntanse como estimulantes descubertas *O rectángulo do sol*, de Ricardo Beiras; *Erros e Tánatos*, de Gonzalo Navaza; *A luz dos desnortados*, de Xosé M^a Álvarez Cáccamo; *Confusión e morte de María Balteira*, de Marica Campo e *Tempos serodios*, de Emilio Araújo e destácase a aparición de novos narradores como Antón Riveiro con *Parque central e outros relatos* e Xavier Lorenzo Tomé con *O paxaro que canta un nome*. Agrúpanse de seguido unha serie de narracións protagonizadas por seres marxinais e solitarios “que camiñan polas estreimas da tolemia” como sucede en *Diario de inverno*, de X. M. Martínez Oca, *A vida vexetal*, de Luís Xosé Pereira e *A velocidade do frío*, de Manuel Seixas. Cualifícase o ano 96 como o da confirmación doutros narradores: Marilar Aleixandre (*Lobos nas illas*) e Manuel Lourenzo (*As paisaxes compartidas*) e destácase a aposta de Xurxo Borrazás con *Eu é* pola novela postmoderna. Apúntase tamén a solidez estrutural de *O paso do noroeste*, de Xavier Queipo; a habelencia no relato breve de Xosé Miranda con *O demo á orella*; o regreso de Carlos



Reigosa con *A guerra do tabaco* e de Alfredo Conde con *A casa de Adara*; o aumento das traducións de obras galegas a outras linguas; o ensaio de novas fórmulas en *Telúrico*, de Tucho Calvo, *Sinfonía inacabada*, de Xabier Manteiga ou *En perigo de extinción*, de Chesí; e a aparición de volumes colectivos como *Berra liberdade*, *Unha liña no ceo* e *Narradores de cine*, nos que o nivel medio fai dubidar, na súa opinión, das antoloxías de encarga. Conclúe laiándose da falta de criterio dalgunhas editoriais na selección de obras.



_____, “O *Entremés famoso...*, ¿elo ou illó?”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “Textos”, nº 1, primavera 1997.

Fai unha breve introducción ó *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1671), resaltando o feito de que apareza como unha illa no panorama do teatro nos Séculos Escuros. A seguir, pregúntase se esta peza non será un elo, un representante dunha tradición máis ampla que non chegou ata nós. Nesta liña, pensa que o *Entremés* formaría parte dun teatro popular e que iría encadrado dentro doutras pezas máis grandes. Repasando opinións de estudiosos, confirma a simpleza da estrutura e dos personaxes, por unha banda. Por outra, a habilidade de Gabriel Feijóo, o autor, na versificación, moi variada nos metros, e na resolución da peza. Destaca o que na súa opinión deixaron a un lado estudos precedentes, tendo en conta a importancia do teatro nesta época: a cuestión dos tipos sociais. Nisto sinala o acomodamento que neste instante está sufrindo a figura do galego na literatura e percibe no *Entremés* o termo medio entre a defensa e o tópico despreciativo.



_____, “Un ano de letras”, *Tempos Novos*, nº 1, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, maio 1997, p. 82.

Panorámica sobre a literatura na fin de milenio con motivo do Día das Letras Galegas que, segundo a autora, non debe ser un evento triunfalista senón unha paréntese de avaliación e reflexión. Comeza facendo un percorrido polo teatro no “que agroma unha xeración de dramaturgos con voz pero con escasas canles textuais”, entre os que menciona a Xesús Pisón, Cándido Pazó, Xavier Lama, Raúl Dans e Quico Cadaval. Fai alusión tamén a algunhas obras e cita *A velocidade do frío* (Premio Xerais, 1996), de Manuel Seixas, “unha proposta que salienta polo persoal nun xénero no que empeza a imperar unha mediocridade”; *Deus sentado nun sillón azul* (1996), de Carlos Casares pola súa madurez; *Eu é* (1996), de Xurxo Borrazás “paradigma dunha novela postmoderna”; *O rectángulo de sol* (1996), de Ricardo Beiras e *O paxaro que canta un nome* (1996), de X. Lorenzo Tomé na que percibe “un certo sabor reseso”. Menciona ademais outras obras ás que cualifica de “boas historias”: *Lobos nas illas* (1996), de Marilar Aleixandre; *Morte de Rei* (1996), de Darío X. Cabana, *Erros e Támatos* (1996), de Gonzalo Navaza e *O demo na orella* (1996), de Xosé Miranda. Remata salientando os premios conseguidos a nivel nacional por Manuel Rivas, Fina Casalderrey e Fran Alonso e falando da colección de poesía Ablativo Absoluto, da que di “que lembra que existe conciencia compartida de que hai cousas novas das que falar, xente nova á que chegar, e, sobre todo, formas distintas de abordalas”.



_____, “La consolidación de la narrativa”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, nº 158-159, maio-xuño 1997, pp. 122-126.

Análise da narrativa na fin de milenio das últimas dúas décadas, para a que considera fundamental a aprobación, en 1980, do Estatuto de Autonomía, pois permitiu a aparición da literatura de xénero “y propició la canonización de modelos alternativos”. Destaca dous fenómenos dos anos oitenta: a conversión de poetas en narradores e a aparición de subxéneros (novela erótica, policial, de terror, etc.), e observa como síntoma de normalidade a existencia dunha nómina de autores ampla e variada. Afirmar que nas dúas últimas décadas deuse un reaxustamento na xerarquía do sistema literario, marcado pola consagración de Ferrín e de Casares e pola consolidación doutro grupo de escritores, “imprescindible alternativa generacional”, que se caracteriza pola variedade das súas voces e pola proxección fóra das nosas fronteiras, analizando con máis detalle a traxectoria de Víctor F. Freixanes, Xavier Alcalá ou Darío Xohán Cabana. Manifesta a seguir a importancia dos premios literarios e alude a algúns autores premiados que considera de importancia para a renovación da literatura galega, como Suso de Toro, Francisco Alonso, Xosé Cid Cabido, Xurxo Borrazás, Xosé Carlos Caneiro ou Manuel Seixas. Remata falando da obra narrativa de Manuel Rivas como dunha síntese compensadora “de una dispersión de valores”.



Vieites, Manuel F., “*Un inimigo do povo* en Viana do Castelo”, *Revista Galega de Teatro*, “Opinións desde a butaca”, nº 17, decembro 1997, pp. 85-86.

Refírese á representación por parte da compañía Teatro do Noroeste da obra de Henrik Ibsen, *O Inimigo do povo*, no marco do IIº Festival de Teatro do Eixo Atlántico. Destaca a sobriedade do espectáculo dirixido por Xulio Lago e o singular equilibrio do elenco. Considera que esta versión contribúe a potencia-lo texto de Ibsen.



Vilavedra, Dolores, Iolanda **Ogando** e Xabier **Cid**, “Literatura: crónica para o tempo de inverno”, *Tempos Novos*, nº 7, “Voces e Culturas. Informe”, decembro 1997, pp. 58-65.

Panorámica da situación actual da literatura: reflexións e problemática actual, que comeza destacando que “as letras galegas está de moda”, como demostra o feito de que cada vez son máis os autores galegos traducidos a outras linguas e que tres prestixiosas revistas peninsulares —*Primer acto*, *Quimera* e *Colóquio/Letras*— lle dedicaron números monográficos á literatura galega. Destácase así mesmo a distribución de libros galegos en Portugal, a convocatoria do Premio Eixo Atlántico de Narrativa e a colaboración de grupos de teatro galegos e portugueses na organización dos encontros Teatragal. No que respecta ó teatro salientase a edición dos inéditos, *A festa da malla*, de Antón Villar Ponte e *Donosiña*, de Xaime Quintanilla, e a concesión do Premio Nacional de Teatro a Manuel Lourenzo. Recoñécese o gran momento que vive a poesía galega, feito que se atribúe ó esforzo por recupera-la súa vocación oral en recitais. Menciónanse as aportacións de Olga Novo, Chus Pato, o Batallón Literario da Costa da Morte, a consolidación da colección “Ablativo absoluto” e a aposta decidida de “Letras de Cal” e Edicións do Dragón. A respecto da narrativa apúntase a confusión estendida entre literatura e xornalismo e a coincidencia do fallo de moitos premios contra o final do ano, “que fai minguar o seu impacto mediático e produce unha inflación de novidades nas librerías”. Así mesmo ponse de manifesto “o escaso criterio de moitas das editoriais” pois “cómpre que se comprometan a peneirar segundo



valoracións de calidade”. No que atinxe ás coleccións salientase a consolidación de “Ferros” de Xerais e a próxima aparición da colección de narrativa “Descoberta” de Galaxia e bótase en falla un maior coidado na periodicidade de “Literatura e Crítica” de Sotelo Blanco, “Historia crítica da literatura medieval” de Xerais ou “Dombate” de Galaxia. Por outra banda destácase a importancia da colección “Historia da Literatura Galega” de A Nosa Terra e a AS-PG e da “Biblioteca Sherlock Holmes”. Saliéntase tamén a maioría de idade da literatura infantil e xuvenil que, ó longo do 96, conseguiu unha morea de premios e que aporta o maior número de traducións ó galego. Destácase o traballo da editorial Laiovento na publicación de ensaios, denúnciase a falta de compromiso das universidades galegas na publicación de traballos académicos e cítanse algúns títulos relevantes como *Merlín e a súa historia*, de Santiago Gutiérrez, *Lecturas alleas*, de Antón Figueroa e *Gramática histórica galega*, de Manuel Ferreiro. Neste mesmo artigo inclúese unha entrevista a Carlos Blanco, Presidente da Asociación Galega de Editores e Director de Edicións do Cumio, quen valora positivamente o panorama galego de edición de libros e apunta que están en marcha algúns proxectos de colaboración con institucións e con editoriais portuguesas e peninsulares.



Villalaín, Damián, “A información e a crítica teatral en Galicia”, *Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal*, “A informação teatral”, nº 1, primavera 1997.

Comeza afirmando que o xornalismo galego se diferencia do madrileño ou do barcelonés, entre outras cousas polo esquecemento da información cultural nas súas páxinas. Explica este feito tanto por factores de tipo individual coma colectivos, en tanto os xornais galegos non deixan de ser de ámbito local ou provincial e a sociedade galega non ten boa receptividade cara a estes feitos. Sinala que a TVG non contribúe no que debera na súa función de difusora da cultura galega e que nos xornais as estreas non pasan de ser acontecementos locais. No que respecta á crítica teatral considera a situación é aínda peor do que a nivel informativo, xa que o crítico non é un profesional no sentido laboral nin a crítica se bota de menos nos xornais. Pregúntase se existe en Galicia un sistema teatral con tódolos seus participantes e, se isto non é así, o labor do crítico “¿non devirá efectivamente nun enredo gratuito?” Sobre a formación da crítica pensa que ata hoxe o crítico galego provén dunha formación literaria asentada no teatro como texto literario e non como un espectáculo á marxe do texto dramático. Sinala que todas estas carencias poden ser unha falta de alicerces culturais e sociais, pero tamén unha falta de xestionamento e ideoloxía nas instancias correspondentes.



_____, “Editoriales: un esplendor aparente”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”, n.º 158-159, maio-xuño 1997, pp. 60-62.

Iníciase coa afirmación de que o sector editorial en Galicia vive o mellor momento da súa historia, “repasando las cifras”, mais este esplendor “quizá sea sólo aparente si observamos con cierto detenimiento lo que ocurre entre bambalinas”. Pensa que este espertar deuse a partir da aprobación da Lei de Normalización Lingüística, xa que antes desta lexislación o que existía eran iniciativas individuais ou de grupos pequenos que tentaban asenta-la supervivencia da nosa cultura, sempre vinculados ós movementos de signo galeguista. A seguir pon exemplos das actividades destes grupos, como a creación das coleccións *Lar* e *Céltiga* ou a Editorial Nós, fundada por Ánxel Casal, así como a continuidade, a partir de 1936, en Arxentina e México, desta produción, con exiliados como Luís Seoane. Destaca a creación da Editorial Galaxia en 1950, coa pretensión fundamental de “dotar al galleguismo de un instrumento que hiciese posible su comparecencia pública”, á marxe da clandestinidade do partido e di que con esta editorial se produciu o relanzamento da actividade editorial en Galicia que propicia a aparición dos sesenta, nos setenta e na actualidade de novos selos editoriais. Remata referíndose á situación presente do libro en Galicia, indicando a maior profesionalización e o nacemento de editoriais alternativas, como aspectos positivos, pero reparando en problemas como a escaseza de mercado e, polo tanto, o reducido das tiraxes, entre outros.



_____, “1998: memoria do desastre”, *Tempos Novos*, nº 7, “Voces e Culturas. Crónica”, decembro 1997, pp. 72-73.

Entre outros temas referidos á situación política española e a conmemoración do centenario do 98, felicita a Manuel Lourenzo polo Premio Nacional de Literatura Dramática e destaca a súa longa traxectoria no mundo teatral, “un dos escasos nomes que que concitan o cariño de todos”, “un dos poucos artistas galegos que dispón do privilexio de poder dedicarse enteiramente ó que máis lle gusta”.



Villar, Miro, “Ensaio de literatura e política”, *Grial*, nº 133, Tomo XXXV, xaneiro febreiro-marzo 1997, pp. 114-118.

Comentario da obra de Xesús Alonso Montero *Ensaio breves de literatura e política* (1996). Sinala que no libro se recollen cento corenta e dous artigos escollidos entre os que publicou no xornal *La Voz de Galicia* entre o 1 de novembro de 1992 e o 15 de novembro de 1996. Suxire a diferenciación dunha “ducía de bloques temáticos” nesta compilación: a Guerra Civil e o franquismo da inmediata posguerra, a defensa do idioma galego, a literatura grecorromana, aspectos descoñecidos de escritores e intelectuais galegos e foráneos, recuperación e reivindicación de escritores menores da nosa literatura, personaxes a penas valorados e mesmo ignotos, a alofonía dende o amor, necrolóxicas de amigos ou persoas admiradas, a exhumación de textos, novas sobre libros e, finalmente, un capítulo de miscelánea con textos de “difícil clasificación”. Salienta destes ensaios o estaren escritos de “maneira rigorosa”, a “axilidade”, o afán “esclarecedor e didáctico”, a “minuciosa recolleita de información e a capacidade comunicadora”, así como o valor dos mesmos para a investigación.



_____, “Helena de Carlos. *Alta casa*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 260-262.

Salienta o carácter de *opera prima* de *Alta casa* (1996), de Helena de Carlos que enriquece “de maneira notable o corpus lírico da nosa literatura”. Destaca a fermosa cuberta de Berta Cáccamo e a beleza e sonoridade do título e de seguido refírese ás partes nas que se estrutura o poemario: a primeira, que inclúe vintedous poemas nos que se percibe “certo desequilibrio, derivado da mestura de temáticas” e a segunda, composta por seis textos e titulada “Demo de Armeses”, na que predomina a rememoración da infancia como tempo de felicidade. Define a poética de Helena de Carlos como “poesía da experiencia” e salienta a preocupación pola beleza na construción do verso e a flexibilidade da linguaxe. Entre as eivas do libro fala da excesiva reiteración, da desorde nos textos na primeira parte e no desequilibrio entre ámbalas dúas partes. Conclúe dicindo que se trata dun “libro seductor para unha lectora ou lector habitual de poesía e que tamén é un volume recomendable para calquera lectora ou lector a penas iniciado na marabillosa viaxe de desentrañar os misterios da Poesía”.



Villar, Rafa, “Puig Antich e un libro contra o esquecemento: Antologia poètica popular a la memòria de Salvador Puig Antich”, *Ólisbos. Os amantes da palabra*, nº 19, setembro 1997, pp. 74-78.

Perfil biográfico do anarquista catalán Salvador Puig Antich, condenado a pena de morte no tardofranquismo, con motivo da publicación da *Antologia poètica popular a la memòria de Salvador Puig Antich* (Ateneu Enciclopèdic Popular, 1996) na súa honra. Indícase que nesta obra se recollen poemas en sete linguas diferentes, entre eles un en galego de Xosé Lois García. Para rematar, cita fragmentos de quince desas poesías.



Villarabid, Víctor L., “Fiz nos xornais”, *Guieiros*, nº 4, pp. 77-80.

Repasa as colaboracións de Fiz Vergara Vilariño na prensa galega. Sinala cómo nun primeiro momento, cando o poeta abandona as aulas, a prensa é o seu medio primeiro de coñecemento e cómo máis tarde comeza a redactar, moitas veces para dar contestacións sobre aspectos da súa terra ou para saúda-la aparición de obras dos seus amigos.



Xiz, Xulio, “Fiz Vergara Vilariño”, *Guieiros*, nº 4, 1997, p. 15.

Evoca a figura de Fiz Vergara dende o recordo das terras de Lóuzara, a súa paisaxe, o moito que nela se recreou o poeta e a débeda que con el teñen. Faino tamén dende a visión dunha persoa como Fiz Vergara Vilariño, maltratada pola vida pola enfermidade e o sufrimento, pero benzoado polo cariño da amizade de moitas xentes de letras de Galicia.





estudios e recensións

V. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

V. 5. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Alberte, Xoán Carlos D., “A historia dun personaxe e do pobo barrosán”,
El Correo Gallego, “Edición 7”, 16 marzo 1997, p. VIII.

Coméntase a traducción ó galego de Bento da Cruz, *O lobo guerrilleiro* (1996), realizada por Moncha Fuentes Arias e publicada por Edicións Xerais de Galicia. Dise da obra que ofrece unha “sensación de viveza” e danse pinceladas sobre a súa linguaxe e argumento, sinalando que se trata da historia biografada dun personaxe e do pobo barrosán trala chegada da guerra civil a Galicia, acontecemento que lles fará repudia-lo fanatismo e ama-la liberdade.



Araguas, Vicente, “¿Poetas dos 80?”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 3 xaneiro 1997, pp. 19-22

Cuestiónase neste artigo a existencia dunha xeración de poetas galegos na década dos 80. Opina que a pluralidade temática e a excesiva diferenza de idade entre os autores que publicaron poemarios neses anos son factores a ter en conta para negar tal catalogación. Prefire agrupalos en dous subgrupos: a xeración do 68 e a do 75, segundo os anos nos que pasaran pola universidade. Achega unha ampla nómina de escritores de cada agrupamento e cita a escolma poética publicada por María Victoria Moreno como unha das fontes que deu a coñecer ós novos autores, ademais de “certificar a defunción da poesía social”. Estudia con máis detemento a obra de Farruco Sesto Novás e dos membros da xeración do 75.

_____, “Ollo de peixe”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 141, 9 xaneiro 1997, p. 6.

Despois de salientar que “certa tendencia á narratividade” caracteriza a poesía dos autores das xeracións máis novas, continúa cunha recensión de *Tortillas para obreiros* (1996), de Fran Alonso, poemario no que observa tamén a característica antedita. Describe a temática, a estrutura e a liña argumental da obra e analiza as influencias que recibiu o “xove poeta”.

_____, “Rivas: unha antoloxía”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 142, 16 xaneiro 1997, p. 6.

Sorpréndese de que Manuel Rivas non apareza en antoloxías da poesía dos oitenta. Sinala, tras situalo no postmodernismo, que os poemas de *O pobo da noite* (1996) foron tirados de *Libro do Entroido* (1979), *Balada nas praias do Oeste* (1985), *Ningún cisne* (1989) e *Costa da Morte blues* (1995) e que, malia a pertenceren a libros diferentes, as composicións son intercambiables bardante as procedentes do derradeiro poemario citado. Non deixa de sinalar que o libro vai acompañado dun disco compacto no que Manuel Rivas recita parte dos seus propios poemas, acompañado da guitarra de César C. Morán.



_____, “O carimbo popular”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 143, 23 xaneiro 1997, p. 6.

Sinala como principal característica de *Cinsa no vento* (1996) o prosaísmo e decátase de que Emilio Araúxo recupera a literatura comprometida. Na súa opinión o autor transforma en culta a poesía popular e, nun derradeiro paso, faina regresar ó seu primixenio carácter. Nota tamén a integración de home e paisaxe, o que lle vale para comparalo con Manuel María, Méndez Ferrín ou Uxío Novoneyra.

_____, “O libro das presencias”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 145, 6 febreiro 1997, p. 6.

Comenta a dificultade de clasificación de *Traballo de Campo* (1996), de Seamus Heaney (traducción realizada polo propio Vicente Araguas), dentro da bibliografía do Nobel irlandés. Subliña a variedade do volume e considera que non hai ningún poema nesta obra que non mereza o calificativo de “impecable”. A continuación enumera toda unha serie de elementos que se dan cita no libro como Irlanda, o amor, a presenza cultural, etc. Resalta ademais o feito de que sexa a primeira vez que *Traballo de Campo* é traducido e di que “se a poesía é un luxo ningunha editorial que se estime debera prescindir del”.



_____, “Distancia (que algo queda)”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 146, 13 febreiro 1997, p. 6.

Comentario do libro *Entre ruínas* (1996), de Lino Braxe, no que se comeza facendo referencia á decadencia que xa se advertía noutros poemas do autor. Ademais de comenta-lo contido do poemario, considera que “sobra, tal vez, aquí, contención, hai nestes poemas excesiva elegancia e pudor como para que a xogada de Lino Braxe veña resultar perfecta”. Explica que o poeta agacha a súa intencionalidade nun xogo de máscaras que crean distanciamento co lector e pensa que a Lino Braxe, “bo poeta, dono dunha linguaxe rítmica e dunha caligrafía do máis axeitadas”, cómpre pedirlle algo máis que intelixencia e autenticidade en referencia á comunicabilidade. Finalmente alúdese á brevidade dos poemas e a unha intertextualidade “que non lle senta mal” á súa poética.

_____, “Unha rareza”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 147,
20 febreiro 1997, p. 6.

Con motivo da segunda edición do libro de Dora Vázquez titulado *Irmá* (1996), o autor describe o que considera unha “rareza bibliográfica”, lembrando que o poemario se publicou por vez primeira en 1970 por mor da marcha de Pura Vázquez (irmá da autora) a Venezuela. Destaca a orixinalidade do libro polo pouco correntes que son na literatura as “efusións lírico-fraternais” a pesar de que bota en falta unha maior presenza do ton coloquial pois a súa poesía é “impresionista, evocativa”. A seguir apunta a inspiración rosaliana de Dora Vázquez neste libro, a utilización dunha linguaxe sinxela e directa que axuda a transmitir “sensacións auténticas e emotivas”. Despois anota que a segunda impresión de *Irmá* reproduce fielmente a primeira, con ilustracións de Carlos Quesada, co tema da ausencia de Pura en relación directa coa terra, chegando a “unha neutralización da dor pola ausencia”. Afirmar que unha das características sobranceiras desta obra é “esta complicidade lírica que xorde entre as irmás e atopa perfecta camuflaxe na terra”. Finalmente, engade que o libro vai acompañado da versión española dos poemas e tamén das cartas cruzadas entrámbalas dúas irmás.

_____, “Un Agasallo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 148,
27 febreiro 1997, p. 6.

Refírese ó poemario *Libro dos amados* (1996), de Antonio Rodríguez López e cualifícao, pola peculiaridade da súa edición, como “irrepetible”. Considera que non se trata dun libro accidental, posto que o autor tampouco non o é, e sospeita que o labor de “profesional/activista” da cultura galega está agachando as posibilidades literarias aínda sen explotar de Antonio R. López. Comenta tamén o tratamento por parte do autor de cousas que tocadas pola linguaxe cotiá non levarían a parte ningunha pero que o poeta supera porque “convoca o caos dende a palabra”.



_____, “Trazos da partitura”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 149, 6 marzo 1997, p. 6.

Comenta as palabras dunha entrevista na que Chus Pato dicía que por culpa da educación, a nosa formación poética é nula e, xa que logo, existe a posibilidade de que ó abrir un libro seu non a entendan. Expresa que non lle resulta difícil entrar no mundo poético de Chus Pato e refírese a *A ponte das poldras* (1996) e a *Nínive* (1996), salientando o carácter máis cultural do segundo. Apunta a construción dun mundo propio por parte de Chus Pato, opina que se trata dunha poeta monótona e loa a súa coherencia ético-estilística. Ademais de mencionar algunhas semellanzas coa escrita de Méndez Ferrín e Pexegueiro, valora positivamente o seu “alento homérico”.



_____, “Bandeira Branca”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 150,
13 marzo 1997, p. 6.

Comenta o libro de poemas de José Ángel Valente, *Cantigas de Alén* (1996), editado polo Consorcio de Santiago e introducido por un prólogo de Claudio Rodríguez Fer. Defíneo como un “conxunto férreo de poemas nunha escrita que, non obstante, semella estar debuxada na auga”. Detén o seu comentario nos poemas “Dicer de tódalas augas”, onde considera que están moitas das claves do poeta, “Máscaras” e “Paxaro de prata morta”, de carácter místico, e “Romaxe”, onde aparece o cancionero medieval, que marcou a entrada de Valente na poesía galega.



_____, “Espirai Maior V”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 151,
20 marzo 1997, p. 10.

Recensión das obras *A estatua* (1996), de Anxos Romeo e *Sombra acesa* (1996), de Cristina Cabada, gañadoras, respectivamente, do accésit e do IV Premio Espiral Maior, que saíron á luz da man da editorial patrocinadora do premio. Logo de comenta-la creación poética de Anxos Romero, considera que o seu é un libro “misterioso e fermoso como unha estatua, un corpo- na escuridade”, mentres que o de Cristina Cabada, o considera moito máis clásico e pensa que, como poeta, chegará máis lonxe cando atope un ton máis persoal.

_____, “Darío a diario”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 152,
23 marzo 1997, p. 9.

Recensión do libro *Darío a diario* (1996), de Xela Arias. Despois de facer un breve percorrido polo labor literario da autora, destaca que neste libro atopámonos cunha poesía diferente, diferenza que radica en que aquí “o poeta duplica a tensión do argumento lírico, de doada feitura épica ó mesmo tempo”. Recolle ademais algúns versos do libro.



_____, “Mostras dispares”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 154, 10 abril 1997, p. 10.

Recensión das obras *Metalurxia* (1996), de Carlos Santiago e *Ao pé do río Beelle* (1996), de Xoán García. Para Araguas a primeira é “un antollo de vangarda un chisco demasiado resesa”. Considera que Carlos Santiago pretende ser provocador sen conseguilo con recursos que xa utilizaran os poetas do grupo Rompente hai vintecinco anos. Acepta que o autor sexa un inconformista, que acerte de vez en cando e mesmo que haxa música nel, pero cre que isto non abonda para facer literatura provocativa. Destaca os aspectos novidosos e a autenticidade na segunda das obras citadas, gaba o entusiasmo de Xoán García ó autoeditarse e destaca a calidade da edición. Menciona os temas do poemario e sinala que a presenza de Galicia como “alibi ou coartada” é unha das poucas coincidencias de ámbolos dous poemarios. Conclúe a recensión coa apreciación de que o autor chega máis lonxe como poeta nos poemas máis curtos debido ó selo popular da temática.

_____, “Antoloxía romance”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 155, 17 abril 1997, p. 10.

Recensión que valora positivamente a publicación pola revista *Serta* dun volume de poesía recompilatorio de oito culturas: galega, española, catalana, vasca, francesa, portuguesa, italiana e romanesa. Destaca o papel do poeta galego Antonio Domínguez Rey, membro do consello de dirección de *Serta*, e refírese ós poetas galegos, cataláns e portugueses.

_____, “Coma un ornitorrinco”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 156, 24 abril 1997, p. 10.

Sinala o crítico que, na súa segunda lectura de *Idolatría* (1996), de Ricardo Beiras, ve unha maior complexidade da que, en principio, aparentan os poemas. Destaca o logro que supón poñer-lo clímax do libro ó comezo e a ruptura de esquemas gramaticais sen saír dunha métrica bastante clásica. Considera que “Ectoplasmas”, a derradeira parte do libro, é a mellor, xunto con outros poemas de amor e erotismo.

_____, “Épica e lírica”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 157, 1 maio 1997, p. 10.

Recensión conxunta de *Rotación violeta* (1996), de Xosé Vázquez Pintor, e *A vida secreta de Rosalía* (1996), de Luz Pozo Garza. Sobre o primeiro, láíase do esquecemento ó que o someteu a crítica. Considera o libro auténtico, agresivo, honesto, algo neorromántico e, sobre todo, alleo ás modas. Sobre o libro de Luz Pozo opina que se trata dunha aproximación integral ó mundo desta singular padronesa e dá conta de cómo se inicia un diálogo entre as dúas poetisas partindo das súas experiencias.



_____, “Gramática do tempo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 158, 8 maio 1997, p. 10.

Destaca a elegancia e a procura da beleza na poesía de Eusebio Lorenzo Baleirón ó comenta-la obra *Gramática do silencio* (1996). Sinala a recorrencia do tema da morte e ás pegadas culturais compartidas cos seus compañeiros xeracionais e resalta ademais a autenticidade deste poeta e o meritorio desta cualidade dada “a tramoia e o ouropel en que se edificou gran parte da poesía galega dos oitenta”. Conclúe preguntándose cara a ónde evolucionaría a obra deste poeta se vivise.



_____, “Outra cousa”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 159, 15 maio 1997, p. 10.

Comeza por poñer de relevo a calidade da edición no libro *As leiras do Leiras* (1996), de Daniel Horta e cre que as grandes editoras deberan tomar exemplo da minoritaria editorial A.M. Repara no contido autobiográfico da obra e considera que, sendo vella a estratexia da bipartición do autor en dúas personalidades, Horta consegue que non resulte “resesa”. Considera “discutible” o emprego de chistes e, sen embargo, concédelle validez ás anécdotas, das que salienta a espontaneidade, o sentido da digresión e o humor. Conclúe referíndose ó escaso éxito da novela no Premio Álvaro Cunqueiro, feito que non desanimou ó autor, que agora se somete ó veredicto do “xurado máis importante”: o público.

_____, “O dominio do anxo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 161, 29 maio 1997, p. 10.

Considera que con *O asasino estrábico* (1996), Anxo Quintela se aproxima ós poetas máis novos polo uso de determinadas estratexias narrativas. Sinala que o uso dun discurso épico apoiado no hendecasílabo fai que o libro gane en pulcritude aínda que perda en amenidade. Analiza, a continuación, cada unha das tres seccións do libro, definindo a primeira como unha “especie de cerimonia pánica”; da segunda destaca “a capacidade de A. Quintela para criar ambientes”, e da terceira o especial acento épico e o parentesco co Víctor Vaqueiro de *Camión de Antioquía* (1982). Subliña, así mesmo, que o autor é quen de vencellar “tempos” e maneiras de entende-la poesía na súa exaltación do colectivo, e de vencellar homes e países no poema “Non deixa de soar a música Músil”.

Arca Caldas, Olimpio, “Poesía, Penadona”, *Tabeirós Terra*, nº 2, novembro 1997, p. 12.

Breve comentario dalgúns poemas do poeta Xosé Manuel Mosquera Carbón, Xoseme, nos que evoca á esperanza no momento da súa vida no que se lle agravaba a doenza que padecía. Tamén se destaca que el fose o compositor das cancións que interpretaba co seu grupo musical Penadona.



_____, “Manuel Bergueiro, a súa historia”, *Tabeirós Terra*, nº 2, novembro 1997, pp. 13-14.

Exponse unha semblanza biográfica e bibliográfica de Manuel Bergueiro López a partir dos datos contidos no libro de Olimpio Arca, *Escritores Estradenses na Memoria*. Dáse conta dos seus antecedentes familiares, dos seus estudos de Maxisterio na Escola Normal de Santiago de Compostela, dos seus comezos no xornalismo e das súas colaboracións en medios como *Vida Gallega*, *Faro de Vigo*, *Vida Escolar*, *Cartel*, *La Noche*, entre outros. Cítanse tamén os títulos das súas obras literarias, entre as que destaca a novela *A pecadenta silenciosa*, publicada en 1927 pola editorial L-4R da Coruña, que se reproduce nas páxinas seguintes deste artigo.



Basanta, Ángel, “Percival en su bosque”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 300, 1 agosto 1997, p. 10.

Saúda a publicación de oito minilibros de escritores das cinco linguas da Península Ibérica traducidos ó castelán polo que teñen de integradores. Céntrase nas obras e autores menos coñecidos na península: o galego X. L. Méndez Ferrín e os portugueses Lobo Antunes e Cardoso Pires. Do autor galego fala da obra agora traducida, *Percival en su bosque*, na que Méndez Ferrín trazou un esquema de traballo e escritura que foi compilado nas décadas posteriores. Destaca desta obra a fantasía e a construción alegórica dalgúns contos, e as miserias das pensións compostelás de posguerra, noutros. Remata con dúas breves notas sobre as dúas novelas traducidas dos autores portugueses anteriormente citados.



_____, “Galván en Saor, Darío Xohán Cabana”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 318, 5 decembro 1997, p. 12.

Despois de se referir ás características de Galván, personaxe da Corte do Rei Artur e de comparalo con Percival, outro dos heroes da materia de Bretaña, pasa a considera-la fértil acollida que estes e outros heroes tiveron na literatura galega de tódolos tempos. Nesa tradición sitúa a obra *Galván en Saor* (1989), de Darío Xohán Cabana. Dá unhas notas biográficas do autor e pasa a analiza-la obra seguindo a tradución ó castelán realizada por Vicente Araguas. Refírese en primeiro lugar á trama da obra, á súa estrutura e remata salientando os acertos da novela centrada na transcripción natural entre os dous tempos nos que se desenvolve e na construción. Comenta ademais que é unha novela de “lectura altamente recomendable”, que narra unha historia “nutrida de mitos y de literatura habilmente asimilados a la vida cotidiana moderna de la Galicia de nuestro tiempo” e na que as súas páxinas “atesoran valores de la grandeza épica y sentimiento de hondo lirismo, en un texto enigmático, lleno de ternura, poesía y leyenda”.

Blanco, Mario, “Os derradeiros anos”, *Tabeirós Terra*, nº 1, abril 1997, p. 12.

Repasa detidamente os últimos anos da vida de Manuel García Barros con quen tivo contactos, sobre todo porque lle mecanografou algúns dos seus escritos. Lembra o seu exilio, despois do levantamento do 36, e a súa vida triste e rutineira, só alterada felizmente co seu nomeamento como membro da Real Academia Galega, co premio que recibiu a súa novela *As aventuras de Alberte Quiñoi* (1972) en Buenos Aires, e co coñecemento das publicacións da editorial Galaxia en lingua galega.



Blanco Rivas, “Unha metáfora da opresión”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 2, 16 febreiro 1997, p. 5.

Comenta a versión galega da novela *Manso* (1996), de Manuel Lueiro Rey en traducción de María Xesús Vidal Alves. Logo de achegarnos algúns datos biográficos do autor, comenta os problemas coa censura dende que en 1996 consegue o Premio Cidade de Oviedo. Repasa a trama, salienta a minuciosidade do escritor así como o especial tratamento dos personaxes e o seu carácter social e afirma ademais que *Manso* é a mellor novela de Lueiro Rey, cualifícaa como “metáfora da opresión” e alude ó seu desexo, manifestado antes de morrer, de que a súa novela aparecese na versión galega.



_____, “Doce relatos sobre o desacougo e a soedade”, *Faro de Vigo*,
“*El Sábado*”, nº 104, 1 marzo 1997, p. 5.

Comentario á publicación de *As calexas do cigurat* (1996), de Xavier Carro. Faise referencia á dureza que a censura da dictadura franquista exerceu sobre este conxunto de doce relatos publicados en 1973 (chegando mesmo a ser suprimida a metade dalgunha narración), feito que non impediu a súa boa acollida pola crítica. Resáltase o eixo narrativo configurado polo desacougo e a soidade, por riba da variedade dos relatos, os diversos rexistros estilísticos e o influxo dos grandes escritores europeos e americanos. Por último, láméntase o feito de que Xavier Carro non se prodigase máis en narrativa e conclúese cunha breve nota biográfica.

_____, “O mellor de todos os mundos posibles”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 5, 8 marzo 1997, p. 5.

Faise eco da catalogación de *Un feliz mundo novo* (1996), de Aldous Huxley como obra “antiutópica”. Indícase que se trata dunha “sátira dun mundo futuro, tecnificado e aséptico” e dunha advertencia contra o capitalismo deshumanizador e o comunismo totalitario. Por outro lado advírtese da conservación nesta tradución do prólogo que Huxley escribiu para a edición de 1946.



Caño, X. M. del, “A literatura galega naceu en voces de muller”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 3, 22 febreiro 1997, p. 2.

Artigo que versa sobre o papel da muller na literatura galega. Recóllense as opinións de varios críticos. Así, segundo Basilio Losada, a literatura galega “naceu na Idade Media en voces de muller: as Cantigas de amigo” para logo continuar, no século XIX, con Rosalía de Castro, “primeirísima” figura da literatura galega e da española, que conviviría ó lado doutras figuras literarias femininas de Galicia como Francisca Herrera, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal. Segundo Carmen Blanco, a literatura galega é “un gran matriarcado” que preside Rosalía de Castro, cunhas “fillas distintas e distantes” que xurdiron na posguerra como Pura e Dora Vázquez, Luz Pozo Garza, Xohana Torres, María do Carme Kruckenberg e María Mariño, autoras cun labor literario que nos anos oitenta intensificarían as “netas” de Rosalía: María Xosé Queizán, Úrsula Heinze, Carmen Blanco, Margarita Ledo e Pilar Pallarés. Recentemente menciónase a aparición das súas “tataranetas”: Iolanda Castaño, Enma Couceiro e Olga Novo, artífices dunha “verdadeira explosión de creatividade”. Todos estes nomes, ó longo do artigo, van acompañados de notas biobibliográficas e comentarios críticos.

_____, “Esplendor e exuberancia na lírica galega”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 5, 8 marzo 1997, p. 2.

Cualifica a poesía galega actual de abundante, variada, esplendorosa, exuberante e non exenta de calidade. Coida que hoxe a influencia da poesía é pouca porque case non se le, mais agarda que nun futuro próximo mellore esta situación. Divide os poetas galegos en catro xeracións: primeira xeración de posguerra (Luz Pozo, Pura Vázquez...); segunda xeración de posguerra (Manuel María, Ferrín, Bernardino Graña...), da que destaca o apego á terra; xeración dos oitenta (Cabana, Rodríguez Fer, Reixa...); e xeración dos “novos”. Fai unha pequena exposición sobre os autores sobranceiros de cada época bardante os que hoxe xorden no panorama lírico galego. Finaliza cunha exposición sobre as editoriais e coleccións que hoxe se ocupan da poesía en Galicia.

_____, “O sal groso da literatura erótica galega”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 10, 19 abril 1997, p. 2.

Breve repaso á literatura erótica galega, dende as *Cantigas d'escarnho e de maldizer* dos séculos XIII e XIV ata as últimas voces saídas en Galicia, caso de Olga Novo. Céntrase, nomeadamente, naqueles textos de temática ou expresión claramente sexual, como Pondal, *A Esmorga* (1959), e Rodríguez Fer entre outros. Recolle para estas obras, en máis dunha ocasión, comentarios críticos de Alonso Montero e Carmen Blanco. Para as *Cantigas d'escarnho e de maldizer* aparecen tamén as caracterizacións que fan delas Ferrín e Rodríguez Fer.

_____, “Os Eoas, o naufraxio de Eduardo Pondal”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 15, 31 maio 1997, p. 2.

Comeza refereríndose á sorte que correu o orixinal de *Os Eoas*, de Eduardo Pondal que se atopa nunha maleta custodiada pola Real Academia Galega. Recolle as opinións que a Méndez Ferrín, Carlos Casares e Amado Ricón lles merece o poema pondaliano. Méndez Ferrín denuncia o esquecemento do que para el é “un exercicio de universalización da lingua”, probablemente “o monumento da literatura galega máis ambicioso do século pasado” e a “obra mestra de Pondal”. Carlos Casares considera que non se trata dunha épica galega senón dun canto ós descubridores, motivo polo cal dubida “se merece a pena investir moito máis esforzo na ordenación desta obra”. Tanto Casares como Ferrín coinciden en sinala-la idoneidade de publicar primeiramente unha edición facsímile, dados os atrancos gráficos que presenta a obra, e posteriormente unha edición dirixida ó gran público, alternativa á selección de poemas feita por Amado Ricón. Por último, Amado Ricón subliña o nacionalismo latente en *Os Eoas*, comenta similitudes e diferencias co resto da obra pondaliana ademais de nomea-las dificultades coas que se atopou para a transcripción desta obra en 1992, pola presenza constante de anotacións que realizaba o poeta de Ponteceso.

_____, “Manuel María, poeta en Terra Cha”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 17, 14 xuño 1997, pp. 2-3.

Ofrece un perfil do poeta Manuel María elaborado a partir de opinións de escritores e críticos como Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana, Claudio Rodríguez Fer, Lois Diéguez e Basilio Losada, que recollen varias facetas da súa personalidade e da súa importancia para a literatura galega. Ademais, preséntase unha traxectoria literaria do escritor lugués nos distintos xéneros que cultivou.



_____, “Os 6 poemas galegos do mellor Lorca”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 19, 28 xuño 1997, pp. 2-4.

Comeza contrastando a valoración dos seis poemas galegos de Federico García Lorca por parte de X. Alonso Montero e X. L. Franco Grande. Para o primeiro os poemas están entre o mellor do granadino mentres que para o segundo “non son nada extraordinario” e pertencen a unha época na que o poeta estaba a facer unha poesía “máis avanzada”; ámbolos dous coinciden na mínima intervención de Blanco Amor na confección dos poemas. Franco Grande rexeita unha posible relación sentimental entre Lorca e Guerra da Cal ó tempo que Luís Pérez Rodríguez (autor do libro *O pórtico dos seis poemas galegos*) interpreta cada unha das seis composicións no transfondo dunha posible relación amorosa na liña das afirmacións de Blanco Amor. Alonso Montero comenta algunhas contradicións nas que ten incorrido Guerra da Cal ó se referir a este tema e cre que este axudou lingüísticamente a Lorca. Recóllense, finalmente, os seis poemas coa súa grafía orixinal.

_____, “Don Xan da Coba e outros poetastros”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 21, 12 xullo 1997, pp. 2-3.

Relata anécdotas de Xan da Coba, Batilo (Basilio Mateos Aranda) e Paco Roque (Francisco Roque Rodríguez Rodríguez), a quen X. M. del Caño presenta como “os raros e curiosos das letras galegas”, explicando que “as tres marabillas” foron cantadas por Lamas Carvajal e celebradas por múltiples poetas. Revélase ó longo destas dúas páxinas a peculiaridade destas tres personalidades.



_____, “A presenza luminosa do relato curto”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 30, 1 novembro 1997, pp. 2-3.

Destácase a importancia na literatura galega do relato curto, xénero propio das literaturas emerxentes, malia recoñecerse que xa se lograron grandes resultados no eido da novela. Resáltase o grao de coidado estilístico que se atinxe na narrativa breve versus a súa irmá maior. Considérase significativo da puxanza histórica deste xénero en Galicia o feito de que Xerais editase unha compilación de contos para celebra-la saída do seu milésimo volume. Saliéntase que o esplendor deste xénero no noso sistema literario non atopa similitudes nas literaturas veciñas mais si na área anglosaxona. Cítanse os grandes contistas que deu esta terra en tódalas xeracións: clásicos (Castelao, Otero, Risco, Dieste, Fole, Blanco-Amor...), novos (Cabana, Rivas, Toro...), os que principiaron baixo o franquismo (Neira Vilas, a Nova Narrativa Galega...) e os que preferiron instalarse no sistema dominante (Valle, Torrente, Pardo Bazán...).

_____, “Un puñado de loureiros para o teatro galego”, *Faro de Vigo*,
“*El Sábado*”, nº 32, 15 novembro 1997, pp. 2-3.

Faise un percorrido pola traxectoria teatral (teatro: panorámica) en Galicia ó longo dos anos, e recóllense as intervencións de Manuel María e Manuel Lourenzo, que analizan diferentes obras, entre as que se destaca *O mariscal*, de Ramón Cabanillas, “teito do teatro galego”, segundo Manuel María. Pola súa banda, Manuel Lourenzo comenta algunhas das obras teatrais de Álvaro Cunqueiro e Otero Pedrayo. Deste último coinciden Manuel María e Manuel Lourenzo en afirmar que “se a literatura inglesa ou francesa tivesen un Otero Pedrayo, situaríanos á altura dos grandes escritores da literatura universal”. Comentan a continuación outras obras clásicas dentro do teatro galego e finalmente dedícase un apartado especial á traxectoria teatral de Manuel María e Manuel Lourenzo.



_____, “Á procura da gran novela da literatura galega”, *Faro de Vigo*,
“*El Sábado*”, nº 34, 29 novembro 1997, pp. 2-3.

Reflexiona sobre cal podería ser a obra que representa á literatura galega, aquela novela que “sirva de referencia para que o mundo poida identificar as letras deste país”. Cita algúns autores e obras moi valoradas pola crítica como Otero Pedrayo, *A esmorga*, de Blanco-Amor, *O porco de pé*, de Vicente Risco, *Os dous de sempre*, de Castelao, *Bretaña*, *Esmeraldina*, de Méndez Ferrín, *Ilustrísima*, de Carlos Casares ou *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas. Sen embargo, a “sensación xeral é que a gran novela galega aínda está por escribir”. No resto do artigo recolle as opinións de críticos e escritores como Claudio Rodríguez Fer, X. L. Méndez Ferrín, Carlos Casares, Darío Xohán Cabana, Alfredo Conde ou Xoán Bernárdez Vilar.

Castaño, Yolanda, “Poesía galega despois dos 80”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 183, 30 outubro 1997, p. 6.

Panorámica xeral da produción de poesía na fin do milenio. Sitúa no momento presente a ruptura coa xeración poética dos anos 80. Sinala como principais fitos deste movemento anovador a publicación de *Persianas, pedramol e outros nervios* (1992), de Fran Alonso e a chegada de voces como Chus Pato e María Xosé Queizán, cunha marcada perspectiva feminina. Analiza as dificultades que atravesan os autores novos para darse a coñecer dentro do sistema literario galego e para publica-las súas obras e sinala que os poetas máis influíntes da década anterior foron Luísa Castro e Lois Pereiro. Caracteriza os novos por “unha vizosa pluralidade estética”, na que se combinan tendencias continuístas con movementos rupturistas, polo que é difícil falar dunha xeración poética consolidada e pechada. Observa unha maior simplicidade estilística e un gusto polo cotián, cunha tendencia á narratividade, oposta ó gusto da xeración dos oitenta. En canto á temática, considera se están a reformula-los temas clásicos, sen novidades salientables, e que os temas sociais se presentan dende unha perspectiva solidaria, factor que, segundo a articulista, favorece a proliferación de grupos poéticos. Finalmente, refírese á incursión de gran número de mulleres entre as novas voces poéticas, á importancia dos recitais e á pluralidade temática como trazos caracterizadores da poesía galega dos noventa.

Castro Erroteta, X. M^a de, “Eu é... moitos nun”, *A Nosa Terra*, nº 767, “Guieiro Cultural”, 20 febreiro 1997, p. 23.

Comeza comentando a circularidade de *Eu é* (1996), de Xurxo Borrazás e refírese ó personaxe central que serve de eixe ó total do traballo e que xustifica a clasificación da obra como novela. Comenta tamén o argumento e refírese ó coidado da linguaxe e á corrección no tratamento do erotismo.



_____, “Como os lemos e como nos len”, *A Nosa Terra*, nº 772, “Guieiro Cultural”, 3 abril 1997, pp. 17-18.

Presenta o o libro de Antón Figueroa *Lecturas alleas* (1996), que considera dividido en dúas partes. Indica que na primeira se fai unha importante achega ó estudio da teoría literaria galega actual, establecendo unha relación entre os sistemas literarios e os factores políticos e sociais que determinan a mirada coa que se nos ve dende fóra ós galegos, algo que, segundo o autor, cómpre ter en conta para nos coñecermos mellor a nós mesmos. Menciónase tamén que esta teoría se exemplifica co caso de Phileas Lebesque quen mantivo correspondencia cos máis importantes escritores da Xeración Nós, documentación que se recolle na segunda parte do libro e que ofrece importantes datos de cómo se cuestionaba o papel de Galicia nación dentro de Europa.



Castro, Xavier R., “O Clima como metáfora e símbolo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 5 xaneiro 1997, p. XL.

Recensión sobre *As certezas do clima* (1996), de Miguel Anxo Fernán-Vello, gañador da V edición do Premio Martín Codax. Analízanse as liñas poéticas deste conxunto de poemas, divididos en dous bloques de extensión heteroxénea. Segundo o recensionista, o lector atopará “os mundos da paisaxe, a urbe e o eu lírico dende perspectivas atractivas e novas a través dun imaxinativo e estético universo persoal, íntimo”.



_____, “A ponte da lembranza”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 2 marzo 1997, p. IX.

Comentario sobre *A ponte das poldras* (1996), de Chus Pato. Comeza salientando o importante lugar que ocupa esta autora na nosa literatura e destaca cómo a poetisa é capaz de combinar unha liña persoal e íntima cunha colectiva, a través da publicación en revistas e obras colectivas. Repara nas parénteses de tempo entre cada publicación da autora, feito que atribúe ó traballo reflexivo e exento de presas. Con respecto a *A ponte das poldras* (1996) sinala que nel agroman estruturas e trazos comúns á súa produción anterior e fai referencia ó carácter rupturista e transgresivo do poemario e á voz lírica “feita palabra escrita para callar nos demais”. Sinala ademais a relevancia do elemento feminista nos espazos e as paisaxes, e da liberdade e da liberación como fío conductor do tempo e da realidade actual.

_____, “Deixarse evaporar”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 6 abril 1997, p. IX.

Recensión sobre a traducción ó galego da novela *Mr. Vértigo* (1996), de Paul Auster, realizada por Xosé Antón L. Dobao e publicada pola editorial Sotelo Blanco na colección Medusa Narrativa. Descríbese o argumento e a estrutura narrativa da novela e salientase o interese que debe suscitar-la lectura desta “atractiva narración”.

_____, “Unha nova investigación de Nivardo Castro”, *El Correo Gallego*,
“Edición 7”, 20 abril 1997, p. XXVIII.

Subliña o interese de *A guerra de tabaco* (1996), terceiro libro de Carlos G. Reigosa no que Nivardo Castro e o xornalista Carlos Conde investigarán o mundo que rodea o contrabando de tabaco. Destaca a boa dosificación da novela que mantén a tensión e a atención precisas no lector.



_____, “Seres e xentes”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 20 abril 1997, p. XXIX.

Comentario sobre *Xente deste mundo e do outro* (1996), libro de relatos de Pablo Antón Marín Estrada, escritor comprometido coa situación lingüística asturiana que apareceu en traducción ó galego por Carlos L. Bernández. Fai referencia ás características máis salientables da obra e remata cunhas palabras da nota inicial de Pablo Marín.



_____, “Trinta relatos de F. Sabino”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 20 abril 1997, p. XXIX.

Mostra interese pola colección Ferros da editorial Xerais, da que se sinala a brevidade e a hereoxeneidade como as súas características principais. De seguido comenta o último número desta colección *Un cadelo menos e 29 historias máis* (1996), de Fernando. Sabino. Di que este autor brasileiro ten a habilidade de partir de situacións cotiás e simples para construír historias curiosas con grande tensión e complexidade. Ó final felicita ós autores desta traducción.

_____, “As calexas da memoria”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 4 maio 1997, p. XIII.

Dáse a benvida á reedición de *As calexas do cigurat* (1996), unha colección de relatos curtos dos anos setenta da autoría de Xavier Carro. Recórdase que a primeira edición contou con notables atrancos. Faise tamén unha breve análise textual.

_____, “O valo da memoria”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 11 maio 1997,
p. IX.

Comentario do poemario de Anxo Angueira, *O valo de Manselle* (1996), no que se sinala a presenza de cinco partes tituladas e ben diferenciadas que, segundo o recensionista, responden a unha mesma liña temática común: a homenaxe do poeta a aqueles homes e mulleres que co seu esforzo colectivo fixeron posible a existencia do valo que dá nome ó libro. Saliéntase tamén o carácter de recoñecemento do poemario, a presenza dun ton épico e a importancia da paisaxe.



_____, “O paradigma dun tempo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 8 xuño 1997, p. VII.

Ó resumo da traxectoria literaria de Manuel Lueiro Rey en galego, séguelle unha recensión de *Manso* (1996), en traducción ó galego de María Xesús Vidal Alves. O comentario céntrase en desentraña-la importancia do cabalo protagonista da obra. Recolle ademais a opinión do profesor Alonso Montero no prólogo de *Manso*.

_____, “Unha historia marítima do século XVIII”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
22 xuño 1997, p. VII.

Recensión sobre a obra *O paso do noroeste* (1996), de Xavier Queipo, que obtivo o VIII Premio de Novela Manuel García Barros. Menciónase que a acción parte do achado duns papeis longamente ocultos e desemboca nunha travesía marítima inzada de aventuras e destácanse “a vida, a fusión co mar, a aventura, o naufraxio e a morte” como claves do relato.

_____, “Dossier sobre as letras galegas”, *El Correo Galego*, “Edición 7”, 3 xullo 1997, p. VII.

Despois de se referir a algunhas publicacións periódicas de fóra de Galicia que teñen prestado atención á realidade cultural e literaria galega, como *Colóquio Letras*, *Primer Acto* ou *Litoral*, céntrase na revista *Quimera*, que en 1997 dedicou un número dobre (maio-xuño, 158-159) á literatura galega, co título “Dossier: Galicia, tierra de letras”. A continuación dá conta dos contidos do número e menciona a algúns dos seus colaboradores: Anxo Tarrío —cun artigo sobre a Época Nós—, Fernández del Riego —cunha aproximación a Álvaro Cunqueiro— e Carmen Blanco —cun artigo sobre Rosalía—, entre outros.

_____, “A obra de Eusebio Lorenzo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 24 agosto 1997, p. VII.

Comentario da poesía completa de Eusebio Lorenzo Baleirón, recollida baixo o título de *Gramática do silencio* (1996), no que se presenta un percorrido pola súa traxectoria vital, truncada “de xeito prematuro”, e literaria. Afírmase que se trata dun poeta “que soubo trascender a propia linguaxe poética” e descríbese o volume, que abrangue as obras publicadas en vida, a póstuma e incorpora ademais *Poesía reunida*, que reúne material “inéxito e disperso do período 1981-1986”. Indícase tamén que a obra leva unha presentación de Paulino Vázquez, “con fermosas palabras de emoción e tenrura”, e de Manuel Lourenzo, quen define o libro como unha querida e sentida homenaxe a un “dos máis prometedores poetas dos últimos anos”.

Conte, Rafael, “Dios sentado en un sillón azul. Carlos Casares”, *ABC*,
“*ABC Literario*”, nº 282, 28 marzo 1997, p. 9.

Refírese á tradución ó castelán de *Deus sentado nun sillón azul*, publicada por Alfaguara en 1997. Repasa a historia literaria de Carlos Casares, as súas obras de creación e os seus ensaios para comentar esta súa última obra. Fronte á maioría das críticas que coinciden en destacar como característica basilar da obra de Casares a oralidade, R. Conte cre que a súa escrita se caracteriza pola combinación da “mirada” e da “memoria”. Considera que ambos elementos están presentes en toda a súa obra e tamén nesta última, na que predominan as descrições e a memoria dunha época, a Galicia do franquismo, que protagoniza un trasunto de Vicente Risco.



Corbacho, A., “Fernando Sabino: a arte de contar”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 147, 20 febreiro 1997, p. 7.

Comentario da traducción de *Un cadelo menos e 29 historias máis* (1996), do brasileiro Fernando Sabino, antoloxía de contos coordinada por Gonzalo Navaza. Recoñécese a “multitudinaria difusom” do libro e resáltase a presenza de contos caracterizados por un fino humor nos que se tratan episodios da vida cotiá “da que o autor salienta os traços mais inesperavelmente sorprendentes por cómicos ou líricos”.



Darriba, Manuel, “Volve o home”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 12, 11 xaneiro 1997, p. III.

A descrición inicial das características da antoloxía poética *O pobo da noite* (1996), está seguida dun percorrido polos poemarios publicados con anterioridade por Manuel Rivas. Finalmente, Manuel Darriba selecciona os seus poemas preferidos dentro deste volume e fai un comentario máis detido dos mesmos.

_____, “Voar, que bonito”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 13, 18 xaneiro 1997.

Coméntanse os dous eixes fundamentais da obra *Mr. Vértigo* (1994, traducción 1996), de Paul Auster: a presenza de etnias minoritarias nos Estados Unidos, mais básicas na conformación humana deste país, e o feito de voar “como símbolo de vivir en liberdade”. Catalógase esta obra como novela de aprendizaxe e o seu autor como o mellor fabulador estadounidense. Faise notar que este libro corresponde á época máis actual de Paul Auster e gábase a traducción realizada por Xosé Antón L. Dobao.



_____, “Cousiñas da vida”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 16, 8 marzo 1997, p. III.

Agradece a aparición dun produto insólito entre a gran cantidade de libros previsibles, aburridos e carentes de orixinalidade. Refírese a *Mundiños* (1996), de Xavier Queipo, no que se recollen retratos de cousas que suceden, a súa maioría, “en niveis ínfimos da realidade: os das plantas, insectos e así”, e que “oscilan entre o lúdico e o erudito cun fondo común de ironía, admiración e tenrura”. Salienta que, ó lado da erudición sobre botánica, entomoloxía, ictioloxía, antropoloxía, Queipo introduce cuestións etnolóxicas e persoais que lle dan ó libro “os máis altos cumes de interese poético e narrativo”. Anota tamén a “humildade didáctica e saudable retranca” como os trazos que lle dan sabor á obra e que a preservan de ser pedante e aburrida. Finalmente, engade a profusión de referencias bibliográficas de que vai inzado o texto.



_____, “Moitas cousas xuntas”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 35, 19 xullo 1997, p. I.

Comentario crítico de *Eu é* (1996), de Xurxo Borrazás editado por Sotelo Blanco. Defínea como unha das tentativas máis ambiciosas e suxestivas da narrativa galega. Salienta a presentación da obra que se inicia como “road movie” e as escenas eróticas, pero critica as tentativas de interpreta-la Historia Universal e de intentar alecciona-lo lector.



_____, “Palabras maiores”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 37, 2 agosto 1997, p. III.

Móstrase emocionado coa traducción do poemario *Traballo de campo* (1996), de Seamus Heaney, sobre todo polo feito de ser un premio nobel irlandés, pola semellanzas do seu país e Galicia. Destaca a diversidade da súa temática que vai dende un poema sobre o paso do tempo, a outros no que as ostras son as protagonistas. Di que son trinta poema cheos de emoción, e moi universais por seren tan irlandeses.



_____, “Humor (moi) intelixente”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 48, 25 outubro 1997, p. III.

Manifesta a súa sorpresa ó coñecer que unha novela como *O espírito de Broustenac* (1996), de Alfonso Álvarez Cáccamo fose galardoada co Premio García Barros de Narrativa. Opina que esta obra, cun “plantexamento e ambientación abertamente decimonónicos”, oponse á literatura que está máis recoñecida na actualidade. Resume o argumento da novela de Alfonso Álvarez Cáccamo e salienta o ton irónico, o “humor intelixente” e a tenrura. Louva o traballo do autor vigués por saber sacarlle o máximo partido ós mínimos elementos empregados.

Dobao, X. Antón L., “¿E el está morto o rei de veras?”, *A Nosa Terra*, nº 781, “Guieiro Cultural”, 5 xuño 1997, pp. 23-24.

Logo de reflexionar sobre a parcialidade que calquera articulista manifesta ó comenta-la obra dun escritor amigo, denuncia o esquecemento ó que a crítica está sometendo a novela *Morte de Rei* (1996), de Darío Xohán Cabana. Considera que este feito é debido á visión que do protagonista principal, Don García, se ofrece na obra, tratamento considerado por Dobao como afastado da historiografía española, e que sitúa ó rei medieval como un precursor afastado do nacionalismo galego moderno.



Durão, Carlos, “Contos de Outono”, *A Nosa Terra*, nº 761, “Guieiro Cultural”, 16 xaneiro 1997, p.23.

Comenta a obra *Contos de Outono* (1996), de José Ramon Rodrigues Fernandes, “Moncho de Fidalgo”. Resume o argumento de cinco dos relatos e valora positivamente este libro por “lançarnos o desafío do noso tempo”. Recolle os aspectos da lingua que difiren da norma portuguesa e que lle achegan a *Contos do outono* “o velho resaibo do lar pátrio”.

Eiré, X. M., “A intensidade do frío interior”, *A Nosa Terra*, nº 762, “Guieiro Cultural”, 23 xaneiro 1997, pp. 23-24.

Tras unhas iniciais consideracións sobre os xéneros literarios, adscribe *A velocidade do frío* (1996), de Manuel Seixas á literatura bravú, mencionando os criterios da devandita atribución. Acha similitudes entre este autor e os primeiros escritos doutros xa consagrados, como Suso de Toro ou Manuel Rivas. Fai unha coidadosa panorámica pola estrutura da novela para rematar valorando máis a primeira parte cá segunda. Conclúe facendo notar certos erros lingüísticos.



_____, “A grandeza do rei”, *A Nosa Terra*, nº 768, “Guieiro Cultural”, 6 marzo 1997, pp. 23-24.

Outórgalle o título de “mellor novela histórica galega” a *Morte de Rei* (1996), de Darío Xohán Cabana onde se relata a vida de Don García, rei de Galicia. Considéraa o *Quijote* galego que Torrente Ballester instaba a escribir a Manuel Rivas. Tamén destaca o valor que esta obra ten como epopea nacional, así como o lirismo e as continuas analepses que fan fluír-la narración. Finalmente festexa o requinte e a elegancia da lingua de Darío Xohán Cabana.



_____, “Entolecida sintaxe do meu interior”, *A Nosa Terra*, nº 763, “Guieiro Cultural”, 30 xaneiro 1997, pp. 24-25.

Repasa a traxectoria poética de Chus Pato á que considera “un referente indispensábel na poesía galega dos noventa”. Tras comenta-lo inusual formato tamaño folio de *A ponte das poldras* (1996) desmizuza os poemas da obra da que indica que está formada por dúas partes: da primeira, “Erebo”, di que se trata do inferno e identifica as similitudes con Dante e Curros; da segunda, “A ponte das poldras”, afirma que é a viaxe e que nela se presenta a terra, a lingua, os antergos e a historia. Para rematar sinala que a linguaxe non é demasiado culta e insiste en que as palabras clave fican sempre de relevo.



_____, "Pouco Nivardo", *A Nosa Terra*, nº 764, "Guieiro Cultural", 6 febreiro 1997, pp. 23-24.

Comentario de *A guerra do tabaco* (1996), de Carlos G. Reigosa, no que se considera que a presenza de tanta "formación" no personaxe de Nivardo vólvese burla "cando non lle vale de nada" referíndose tamén á súa personalidade dun "desdebuxado e inoperante". Pola contra vese en Carlos Conde a "pedra angular", o personaxe máis crible e mellor configurado. Considérase pouco acertado que os personaxes secundarios presenten máis consistencia e, voltando ós principais, apúntase que Nivardo vai a menos en cada entrega mentres que Carlos Conde perfílase como verdadeiro protagonista. Sobre a trama salientase a boa dosificación da intriga.



_____, “Un chisco afónico”, *A Nosa Terra*, n° 767, “Guieiro Cultural”, 27 febreiro 1997, p. 23.

Neste comentario sobre a novela de Xavier Lorenzo Tomé, *O paxaro que canta un nome* (1996), descríbese en primeiro lugar a estrutura da novela, dividida nun epílogo e tres partes que se corresponden cada unha cunha idade do protagonista. Coméntanse logo algúns aspectos que teñen que ver coa modalización narrativa da obra e que apuntan ó innecesario que resulta a figura do narrador protagonista. Sublíñase, así mesmo, a maior elaboración e o bo tratamento dos personaxes na terceira parte da novela, fronte ó fragmentarismo e falta de verosimilitude que se detecta nas outras dúas. Conclúese dicindo que o máis acertado da obra é o exercicio de integración dos diferentes niveis narrativos e lamentase a excesiva atadura do autor ás formas convencionais e clásicas en detrimento da verosimilitude.



_____, “O nome do espírito”, *A Nosa Terra*, nº 771, “Guieiro Cultural”, 26 marzo 1997, p. 17.

Recensión de *O espírito de Broustenac* (1996), de Alfonso Álvarez Cáccamo, na que se destaca fundamentalmente que a finalidade do libro é o pracer de ler, un atractivo moi importante para o fortalecemento da literatura galega. Lóuvase a capacidade de construción de diálogos e de personaxes e incídese noutros aspectos técnicos.

_____, “Edgar Allan Poe vive aquí”, *A Nosa Terra*, nº 772, “Guieiro Cultural”,
3 abril 1997, p. 17.

Con motivo da traducción ó galego de *Contos de Edgar Allan Poe* (1996), coméntase a importancia de Poe na narrativa moderna, xa dende a influencia que exerceu nos escritores de fins do século XIX. Laméntase o descoñecemento da súa obra, ás veces pola excesiva mitificación que se lle fai, e valórase a súa promoción como lectura popular na colección de relatos da editorial TrisTram. Sinálase a continuación que os doce relatos recollidos no volume “retratan con precisión a identidade narrativa” do autor e que son de utilidade as presentacións que os preceden. Poñense de manifesto finalmente algúns fallos na puntuación do texto e na colocación do pronome átono na traducción e destácase a sinxeleza e profundidade das ilustracións de Lomarti.



_____, “Literatura recuperada”, *A Nosa Terra*, nº 773, “Guieiro Cultural”, 10 abril 1997, p. 24.

Coméntase *As calexas do cigurat*, de Xavier Carro, un conxunto de relatos escritos no ano 1968, publicados por primeira vez en 1973 e reeditados no 1996. Entre outras observacións, lémbrese a censura á que foi sometida a obra e a pouca difusión e influxo que conseguiu ó lado doutras obras publicadas pola mesma época como *Elipsis e outras sombras* (1974), de X. L. Méndez Ferrín, ou *Xoguetes para un tempo perdido* (1975), de Carlos Casares. A continuación refírese á temática que predomina nos relatos e conclúe lamentando que “este ensaio narrativo tan ben resolto tivese tan pouco eco”.

_____, “Un luxo, Dario”, *A Nosa Terra*, nº 778, “Guieiro Cultural”, 15 maio 1997, p. 23.

Comentario no que se loa a obra *Darío a diario* (1996), de Xela Arias. Fálase da súa habelencia e sublíñase a “sabia sensibilidade perfectamente medida” que logra nesta obra que emite unha mensaxe universal.



Estévez, A., “Na percura dun anaco de papel impreso”, *A Nosa Terra*, nº 778, “Guieiro Cultural”, 15 maio 1997, p. 24.

Recensión sobre o estudio *A prensa de mulleres en Galicia* (1996), de Xosé Vincenzo Freire Lestón. Sinálase que nesta obra se rexistran as cabeceiras das publicacións que saíron á rúa no último século e medio. Destácase o feito de que se atopan moitos homes agochados en nomes de muller ou pseudónimos que mantiñan a súa identidade no anonimato. Refírese tamén ás publicacións e nomes xurdidos nos anos 60 e 80. Podemos falar como temática de muller na literatura.



Fernández del Riego, Francisco, “Historia dunha vella égloga”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, ano I, nº 4, 9 decembro 1997, p. 3.

Apunta o articulista unha serie de argumentos que respaldan a tese de Xosé María Álvarez Blázquez de atribuírle o texto poético que atopou e publicou, *Égloga de Belmiro e Benigno*, a Nicomedes Pastor Díaz. Comenta ademais certos aspectos sobre a época, destinatario e autor da composición, na que vive “a paisaxe dos líricos, errantes, libres, soños do poeta”.

Forcadela, Manuel, “O humor é cousa séria”, *A Nosa Terra*, nº 763, “*Guieiro Cultural*”, 30 xaneiro 1997, pp. 23-24.

Primeiramente refírese a unha serie de habilidades de Alfonso Álvarez Cáccamo (a capacidade de crear mundos paralelos á realidade, a capacidade para a eséxese das palabras, o singular sentido do humor, etc.) que revelan o seu “innato poder para a fabulación e para o discurso” e que se reflicten nas súas obras. A continuación fai referencia ós seus libros anteriores e considera que “a estreitez mental dalgúns dos nosos críticos, a incapacidade para concebir a arte da novela fóra das marxes estrictas do realismo, o descoñecemento das regras do expresionismo” fixo que se deitasen sobre eles xuízos apresurados. Manuel Forcadela explica que fronte a estes críticos “a liberación das palabras” e di que por baixo do sarcasmo asoma “un aquel crítico que converte a realidade nun absurdo e que subverte a comprensión acomodada e benpensante do mundo”. No tocante a *O espírito de Broustenac* (1996) o recensionista detecta unha mudanza de rumbo coa incorporación de elementos da novela histórica, da novela gótica e os recursos descritivos da tradición psicoloxista ou a presenza de intertextualidades coa temática do Atlántico. Logo de citar algúns trazos de estilo, subliñando o engaiolamento do lector, comenta o argumento e conclúe apuntando un pacto co lector baseado na necesidade de documentación histórica e na presenza do extraordinario.

_____, “A literatura na era cibernética”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”,
7 novembro 1997, pp. 14-23.

Presenta unha longa serie de argumentos en defensa da cibernética e literatura, fundamentándose en que o único que nos achega é unha enorme sofisticación e adianto nos traballos relacionados con certas disciplinas como son a lingua e a literatura. Expón que tódolos avances que aporta a cibernética non deben facernos sentir medo ante o futuro do escritor, xa que está imposibilitada para manipular electronicamente a personalidade, a sensibilidade, a imaxinación e o talento, elementos que si ten e manexa o escritor.



García, Rodri, “Trato a infancia como un mito”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 102, 9 febreiro 1997, p. 6.

Recóllense as palabras de Xavier Lorenzo Tomé, autor de *O paxaro que canta un nome* (1996), obra gañadora do Premio Blanco Amor na súa edición de 1996. O autor explica que se trata dunha novela “sentimental, con certo humor” e conta que xoga coa súa memoria persoal e coa que hai noutras novelas sobre o tema. Finalmente apúntanse algúns aspectos do argumento coa axuda do novelista.



_____, “Rexeito iso de ser autor de novela negra”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 103, 16 febreiro 1997, p. 6.

Antes de comentar *A guerra do tabaco* (1996), de Carlos G. Reigosa, recóllense unhas palabras do autor nas que amosa a súa disconformidade por encadralo como autor de novela negra e se refire a certas partes do argumento e á instrumentalidade dos personaxes Nivardo Castro e Carlos Conde. Saliéntase por último a calidade do libro e ponse de manifesto que o escritor non pretendeu facer unha reportaxe sobre o contrabando nin relaciona-los seus personaxes con persoas reais.

García de la Concha, Víctor, “El pueblo de la noche”, *ABC*, “*ABC Literario*”, nº 293, 13 xuño 1997, p. 8.

A propósito da publicación da traducción ó castelán de *O pobo da noite* (Alfaguara, 1997), de Manuel Rivas lémbrese que só se pode ser español se se coñecen as catro linguas da península. A seguir, coméntanse os diversos poemas que se inclúen no volume, salientando que neles está sempre presente o sentimento, a Galicia de sempre e a Galicia nova, as imaxes que condensan a identidade de Galicia e que todo se presenta enlazado, a vida cotiá e a arte xunto ó tempo e a historia.



González Fernández, Helena, “A poesía dos noventa e a reacción contra a poesía dominante”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 3 xaneiro 1997, p. 3.

Estudio e clasificación temática da produción de poesía na fin de milenio. Comeza cunha xustificación do agrupamento posterior e cunha reflexión acerca da inexactitude que supón unha estruturación en decenios, tendo en conta a existencia de autores como Antón Reixa, Chus Pato, Xela Arias, Lois Pereiro, Manuel Rivas e Luisa Castro que publicaron obras nas dúas últimas décadas. Observa na poesía galega dos noventa as seguintes tendencias: “poesía de muller”, representada entre outras por M^a Xosé Queizán, Chus Pato, Olga Novo e Marta Dacosta; “poesía experimental ou rupturista” na voz do Colectivo Ronseltz, o Grupo Poético Rompente, Xabier Santiago e Manuel Outeiriño, e “poesía do cotián”, caracterizada pola heteroxeneidade e pola pluralidade de tendencias, representada por Xabier Cordal, Fran Alonso, Antonio R. López, Manuel Rivas, Estevo Creus, Miro e Rafa Villar, Martín Veiga, etc. Cita os títulos dados ó prelo por cada autor e coméntaos brevemente, relacionándoos con outros poetas do mesmo grupo. Finalmente, achega os seguintes trazos caracterizadores da poesía galega da década dos 90: a fuxida do “venecianismo e do culturalismo barroco”, a elevación do cotián a obxecto literario, a presenza de espazos maioritariamente urbanos, a tendencia á “introspección interior e ó autocoñecemento”, o afastamento do autor, o versolibrismo, a militancia nacionalista que provoca unha reivindicación de Galicia, e os influxos de autores anteriores como Manuel Antonio ou Ferrín.

Grande, Antón, “Memoria dun tempo”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 44, 23 agosto 1997, p. III.

Recensión de *Fuxidos*, de Juan Noya publicada inicialmente en castelán en Caracas e traducida ó galego no 1996 por Edicións Xerais. Segundo Antón Grande, Juan Noya quixo cantar á República é á guerra civil dende a súa óptica republicana e dende un pobo pequeno, A Guarda, lugar que describe na primeira parte da obra xunto cun amplo anecdótico de xente popular.

Ínsua, Emilio Xosé, “Reivindicación dos novísimos”, *A Nosa Terra*, nº 769, “Guieiro Cultural”, 13 marzo 1997, pp. 23-24.

Con motivo da publicación do libro de Xosé Vázquez Pintor, *Rotación Violeta* (1996) editado por Espiral Maior, deféndese a obra do grupo xeracional dos “novísimos”, ó que pertencía Vázquez Pintor, fronte ás críticas que o levaron ó ostracismo. Ademais preséntase unha análise do poemario, na que se indica que consta de 54 poemas, divididos en dous apartados titulados, respectivamente, “Horas” e “Segundos”. Destácase que Pintor nos regala “a mellor demostración práctica de que nel, como noutros membros da súa quinta, houbo sempre máis gran poético que palla”.



_____, “A Nosa Terra’ e a literatura no tempo das Irmandades”, *A Nosa Terra*, nº 809, “Guieiro Cultural”, 18 decembro 1997, pp. 54-55.

Logo de analiza-los factores que deron lugar ó nacemento das Irmandades da Fala, detense no comentario do seu voceiro máis importante, *A Nosa Terra*. Aporta diversos datos sobre este xornal entre os que están os referentes ó seu modo de impresión, ás seccións que contiña ligadas coa literatura, ós artigos que publicaba e ó seu estado económico. Destaca o seu papel de apoiar e dar cobertura informativa a tanta iniciativa galeguizadora se manifestase na época, expondo ademais a súa postura ante a elaboración definitiva dunha norma culta e dun modelo ortográfico estándar para o galego.



Leis, Iván, “Unha chamada á mocidade intelectual da nosa Terra...”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 20, 5 xullo 1997, p. 6.

Comenta o manifesto *Máis Alá*, publicado o 28 de xuño de 1922 polo poeta Manuel Antonio e o debuxante Álvaro Cebreiro. Saliéntase que o escrito supuxo unha aposta polo vangardismo estético e a reivindicación da “Fala”, que no seu tempo só tivo repercusións en certas minorías galeguistas. Preséntase un perfil biográfico do poeta e recóllese a opinión de Méndez Ferrín, X. Ramón Pena e Bernardino Graña, sobre a obra e vida de Manuel Antonio. Por último destácase o “espírito radical” do rianxeiro, que recuperou a súa importancia nos anos 70, converténdose no “máis firme representante de Vangarda e Galicia e... nun ineludible referente cultural”.



Lorenzo, Francisco P., “Ablativo Absoluto: o caso poético”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 144, 30 xaneiro 1997, p. 2.

Saúda a publicación dunha nova colección de poesía chamada Ablativo Absoluto da man da Editorial Xerais. Logo de se referir á pluralidade de procedencias dos membros do consello editorial, comenta brevemente os primeiros números tirados do prelo: *Nínive* (1996), de Chus Pato, da que di ser unha das voces máis persoais da lírica galega, e *Traballo de Campo* (1996), de Seamus Heaney que lle serve para reflexionar sobre a problemática das traducións, sobre todo poéticas.



_____, "Rubia Barcia", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 155, 17 abril 1997, pp 1-3.

Longo artigo no que se recollen as peripecias vitais do escritor e pensador ferrolán José Rubia Barcia no exilio americano. O texto central titúlase "A luz exiliada dun *transterrado iberogalaico*". Conta, primeiro, como foi a súa vida académica ata se converter en especialista en estudos árabes, e as distintas ocupacións que tivo en órganos republicanos. Logo, trala guerra, os anos de exilio en Cuba cunha importante actividade intelectual, a estaba en Princeton para ensinar literatura e en Nova York, onde coñece a Luís Buñuel e comeza unha etapa vencellado ó cine. Remata, por último, coa narración dos feitos que fixeron que Rubia Barcia asentase a súa vida e a súa escrita nos Estados Unidos. No apartado "A forza dun compromiso político", recolle, entre outras, a opinión de Isaac Díaz Pardo sobre as ideas políticas do intelectual ferrolán. Inclúe ademais fotografías en branco e negro nas que aparece Rubia Barcia.



_____, “A prensa de mulleres en Galicia”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 158, 8 maio 1997, p. 8.

Neste comentario sobre a obra *A prensa de mulleres en Galicia* (1996), de Vincenzo Freire Lestón, comézase por destaca-lo valor de fonte histórica que o propio autor se propón, e considérase que o prologuista, Manuel Fernández Areal, “faile un fraco favor ás intencións do autor”, cunha postura nesgada con respecto ós dereitos da muller. Refírese ás intencións de Freire Lestón e á metodoloxía empregada así como ós intentos de contextualiza-la análise de cada publicación. Destácase tamén o feito de que o estudio de cada revista vaia parello ás distintas etapas da historia de Galicia e conclúese sinalando o carácter cuantitativo e descritivo do traballo e a importancia para unha futura análise cualitativa. Pode atoparse no índice temático por muller na literatura.

_____, “A Galitzia de Rosalía, segundo Tadeus Gravarczyk”, *O Correo Galego*,
“*Revista das letras*”, nº 159, 15 maio 1997, p. 8.

Refírese ás traducións ó polaco de poemas dalgúns autores galegos, como Eduardo Blanco Amor, Pura Vázquez, Ramón Cabanillas, Luís Pimentel (con dúas obras completas: *Barco sen luces* e *Sombra do aire na herba*) e Rosalía de Castro. Infórmase de que o traductor destes textos é Tadeus Gravarczyk, arqueólogo polaco que está a impartir un curso de doutoramento na facultade de Historia da Universidade de Santiago de Compostela. Recóllense palabras do traductor nas que fala da dificultade de traducir expresións e palabras galegas empregadas por Rosalía de Castro.

_____, “Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 173, 21 agosto 1997, pp. 2-3.

Dá conta da publicación de *Vida, paixón e morte de Alexandre Bóveda* (1996), de Xerardo Álvarez Gallego, cando se cumpren 61 anos do fusilamento de Alexandre Bóveda. Destácase a estrutura do libro, que conta cun prólogo de Alfonso Álvarez Cáccamo no que presenta unha “Fe dunha mala fe” na que Xosé Sesto denuncia certas manipulacións na primeira edición do limiar orixinal que el escribira para o libro de Álvarez Gallego. Recolle ademais unhas palabras de Xosé Sesto, amigo persoal de Bóveda, nas que fai un recorrido pola súa traxectoria política.



_____, “Blanco Amor na deriva do exilio interior”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 184, 6 novembro 1997, pp. 2-3.

Toma como base unhas conferencias celebradas na Facultade de Filoloxía para conmemorar o centenario do nacemento de Eduardo Blanco Amor, nas que participaron Pilar García Negro e Eliseo Alonso. Recolle algunhas opinións destes últimos para de seguido ofrecer unhas liñas básicas sobre as obras de Blanco Amor. Asemade fala dos conflitos sufridos por Blanco Amor como a súa explícita homosexualidade e a súa deslocalización no panorama literario galego logo do seu regreso.

Lorenzo, F. P. e M. **Moreno**, “A esmorga das conciencias”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 184, 6 novembro 1997, pp. 4-5.

Realízase un percorrido pola biografía de Eduardo Blanco Amor lembrando os datos máis salientables da súa traxectoria literaria. Recóllese a opinión vertida por varios críticos —Pilar García Negro, Francisco Rodríguez e Eliseo Alonso— acerca da importancia do autor de *A Esmorga* e coméntase que na forma de ser do ourensán latexou durante toda a vida a dicotomía entre o universalismo e o “ser galego”. Merecen especial tratamento o regreso á terra no 1965 e a súa actividade como retratista.



Martínez Bouzas, F., “Voces alleas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 140, 2 xaneiro 1997, p. 14.

Destácase a perspectiva sociolóxica da obra de Xesús González Millán *A narrativa galega actual (1975-1984)* (1996) ó basearse na recepción crítica. Compárase este volume con outro anterior do mesmo autor, *Literatura e sociedade en Galicia (1975-1990)* (1994), para sinalar que non existe interferencia ningunha entrambos.



_____, “Polos vieiros do ensaio”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
nº 141, 9 xaneiro 1997, p. 6.

Recensión conxunta dos títulos *Parado na tormenta* (1996), de Suso de Toro e *Os gromos do pensamento* (1996), de Domingo García-Sabell, “pequenas pezas que tentan o xénero do ensaio”. Define o “subxénero ensaístico” e analiza o grao de adaptación das obras mencionadas a tal definición. Salienta a subxectividade e a ausencia de sistematicidade na obra de Suso de Toro, mentres que na de García-Sabell observa máis referencias culturalistas.



_____, “O mar e as súas aventuras”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 142, 16 xaneiro 1997, p. 6.

Cualifícase *O paso do noroeste* (1996), de Xavier Queipo como a mellor novela de aventuras marítimas da literatura galega e descobre que xa fora publicado como adianto un anaco na extinta revista *Galicia internacional*. Opínase que esta obra supón un banzo máis na positiva evolución literaria deste autor. Alén diso, ofrécese as liñas xerais do argumento, lémbrese que Queipo se vale do artificio do manuscrito achado, apúntanse similitudes con Edgar Allan Poe e paralelismos entre a crise persoal do fracasado Duchesnoy, o protagonista, e a social que está a vivir a nación gala nos inestables tempos da Revolución Francesa.

_____, “Libro-voz e algo máis”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 143, 23 xaneiro 1997. p. 6.

Cataloga a obra *Cinsa do vento. Libro da Ribeira Sacra* (1996), de Emilio Araújo como poesía de corte etnográfico, sinalando a presenza de “centos de camiños, lugares, voces térreas reflectidas”. Fai un chamamento a le-la obra de Araújo, tanto a poética coma a narrativa.



_____, “Contra o mito troiano”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”,
nº 145, 6 febreiro 1997, p. 6.

Refírese a Antón Capelán como un ensaísta que non comunga “coas rodas de muíño do dado nas evidencias do política e culturalmente correcto”. A continuación descríbese o contido do traballo *Contra a casa da Troia (e II)* (1996) salientando o derrubamento “do mito troiano dunha xuventude alleada” e a discusión da función histórica da Universidade de Santiago, “poñendo en evidencia o seu divorcio tradicional, consciente e reiterado, respecto da cultura galega”. Sublíñase tamén “o inqueda rigor analítico e unha lóxica esmagante e revoltosa” nos ensaios do libro de Antón Capelán.

_____, “Xogos de caderno azul”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 146, 13 febreiro 1997. p. 6.

Mantén un ton irónico para trata-la “novela amorosa” *Entre dous. Entre ouro e olvido* (1996), de Victoria Salgado e Paulino Pereiro. Despois de expoñe-las liñas xerais da acción, critica as excesivas pretensións intelectuais, o elemental da obra resultante, o escaso desenvolvemento do nó e a caracterización de parte dos personaxes. Remata cun chamamento para establecer criterios que xebren o trigo da palla no ámbito da literatura galega.

_____, “Crer no teatro galego”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 147, 20 febreiro 1997, p. 6.

Recensión conxunta en que dá a benvida a *Ó galego polo teatro* (1996), de Germán M. Torres de Aboal e *Manual e escolma da literatura dramática galega* (1996), de Manuel F. Vieites. Salienta o enfoque didáctico do primeiro e, do segundo, o extenso estudio previo e a ausencia de gran parte dos clásicos. Tamén se fai notar que o prólogo do libro de Torres de Aboal se lle debe a Filgueira Valverde para rematar comentando a situación marxinal que ocupa o teatro galego no ámbito da nosa literatura. Pode mirarse pola temática Teatro: reflexións e problemática actual.

_____, “Licor do neno cristado”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 148, 27 febreiro 1997, p. 6.

Logo de se referir ó argumento de *O espírito de Broustenac* (1996), de Alfonso Álvarez Cáccamo, destaca a capacidade do autor para fiar con mestría “os fíos dunha materia novelesca de intensa ficcionalidade e á vez de procedente verosimilitude”. Así considera que neste libro “xunto a moreas de erudición dos libros abalan e devalan mares desoutra erudición que engorda nos faiados da imaxinación” porque “malia o ton esperpéntico e agás a figura do neno cristado, toda a novela (...) é verosímil e crible como o son os mundos máxicos creados por todos os bos inventores de historias”.



_____, “E fano”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 149, 6 marzo 1997,
p. 6.

Comenta que *O valo de Manselle* (1996), de Anxo Angueira, racha os lindes dos xéneros e considérao “poesía social da boa”. Logo de amosar algunhas paxases do libro sinala que é “unha firme marca de frescor e de verdade dentro do panorama poético galego” e que se rebelará “contra os que, confundindo a parte co todo, inclúen *O valo de Manselle* dentro de fenómeno Bravú”.

_____, “Xeando a tope”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 155, 17 abril 1997, p. 9.

Comeza cun eloxioso saúdo para o libro de Anxos Romeo, *A estatua* (1996), ó que cualifica de “madurecido” e “combatente”. Celebra tamén as imaxes e os recordos que unen os poemas ó pasado, non só individual, senón tamén colectivo. Identifica a “estatua” cun “monumento do tempo ido” coas persoas queridas que o poboaron e di que de todo iso, sobreviven para sempre, nesta poesía, os lugares e os olores do pasado.



_____, “Teoría das baleas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 157,
1 maio 1997, p. 9.

Recoñece que embarrancou na lectura do poemario *Poemas da cidade oculta* (1996), de Estevo Creus mais considérao dunha grande riqueza lírica. A maior parte do artigo é unha reprodución fragmentaria da *Autopoética da cidade oculta (ou do peso que arrasa a mirada)*, que o propio autor dos poemas confeccionara para un recital en Cambados.

_____, “Tempo de traducións”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 180, 9 outubro 1997, p. 9.

Panorámica xeral da situación que está a vivi-la traducción en Galicia no momento presente. Considérase que as versións ó galego das grandes obras de tódolos xéneros son o “substrato cultural necesario” para chegar á normalización da nosa cultura e que estamos vivindo un tempo moi bo en canto ó número e á calidade das traducións. Sen embargo solicítase que se estenda a tódolos campos do saber, en especial ó mundo da filosofía e do pensamento. Faise un percorrido polas obras traducidas máis recentes, salientando a grande cantidade de literatura infantil e xuvenil que foi versionada ó galego. No terreo da literatura para receptores adultos cítanse *O lobo guerrilleiro* (1996), *Camiño de Sirga* (1996), *Un ianqui na corte do rei Arturo* (1996), *Cairo Branco* (1996), *As aventuras de Arthur Gordon Pym* (1996), *Un cadelo menos e 29 historias máis*, *Fausto* (1996), *Fábulas* (1997) e *Conto azul* (1997). Lóuvase especialmente a traducción de *Mr. Vértigo* (1996), de Paul Auster, “o mellor novelista americano da súa xeración”.



Martínez Pereiro, C. P., “Da cópula entre o lírico e o dragón”, *A Nosa Terra*, nº 770, “Guieiro Cultural”, 20 marzo 1997, p. 23.

Recensión sobre a obra teatral de Manuel Lourenzo, *Veladas Indecentes* (1996), publicada por Laiovento. Comenta a escrita dramática de Manuel Lourenzo e o seu escaso recoñecemento na arte dramática galega. Destaca tamén a adecuada denominación de *Veladas Indecentes*, para agrupa-las propostas dramáticas *A Velada de Londres* (1992), *Cando chega Decembro* (1994) e *A velada espectral de Mister Peabody* (1995), das que presenta o seu esquema argumental e parte dos múltiples significados que poidan ter. Considera que a pesar de ser tres propostas diferentes, coinciden nun mesmo proceso de “transfiguración alegórica das realidades de que parte Manuel Lourenzo para desactivar, en termos de “outra cousa”, algunhas das certezas de relacionamento e de confronto persoal e social que equilibran a nosa (in)cómoda existencia”.



_____, “Tentando descorrer o po dunha tabuleta”, *A Nosa Terra*, nº 773,
“Guieiro Cultural”, 10 abril 1997, p. 23

Análise do terceiro poemario de Pilar Pallarés, *Libro das devoracións* (1996), na que se salienta os parámetros do discurso poético da autora: verdade, autenticidade, rigor, variedade e distinción. A seguir menciónase que o poemario se abre cunha “arte de vida” e se pecha cunha “arte da escrita”, artellando un diálogo na distancia entre a estatua da vida e a estatua da escrita. Sinálase a exactitude do título que encerra a antítese entre a devoración do persoal e a do exterior e desvélanse catro liñas temáticas: a melancolía, a realidade de sentimentos, obxectos e seres e o caos do existir. Conclúese mencionando o prólogo de Luciano Rodríguez e poñendo de relevo que este poemario mostra unha complexidade e unha singularidade no conxunto do panorama poético galego contemporáneo.

Méndez, Xerardo, “A min gustoume”, *A Nosa Terra*, nº 785, “Guieiro Cultural”, nº 785, 3 xullo 1997, p. 24.

Declara que lle gustou o libro de Xabier Queipo, *O paso do noroeste* (1996). Fai ademais unha serie de reflexións sobre as olladas á historia e a loita eterna entre o pensamento científico e a fe.



Mene, Alex e Buxán **Bran**, “Os 90 anos de A Nosa Terra”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 144, 30 xaneiro 1997, p. 8.

A propósito dos noventa anos de existencia do semanario *A Nosa Terra*, reivindícase maior presenza do galego na prensa escrita. Á vista do actual estado de cousas, preséntase como idílica e utópica unha situación na que as novas de Galicia e en Galicia só se publicasen na nosa lingua. Saliéntase a preocupación de *O Correo Galego* e *A Nosa Terra* pola cultura galega e opínase que isto é debido á lingua que empregan.



Millán Otero, Xosé M., “Outra pedra sobre o valo”, *A Nosa Terra*, nº 766, “Guieiro Cultural”, 20 febreiro 1997, pp. 23-24.

Análise das liñas poéticas do libro de Anxo Angueira, *O valo de Manselle* (1996), publicado por Xerais dentro da colección Ferros. Incídese en que o poeta fala dende dentro, como quen fai o valo e o poema, abolindo a “distancia entre o eu e os outros” e tecendo “a súa biografía dentro do símbolo”.



_____, “José Gómez de la Cueva. Johán Carballeira.”, *Diario de Pontevedra*,
“Día das Letras Galegas”, 18 maio 1997, p. 10.

Critícase o esquecemento a que foi sometido José Gómez de la Cueva, autor da “xeración de 1925” ou “xeración galega de vangarda”. Reinvidícase a súa figura e apúntanse os motivos do seu olvido. Faise tamén un repaso pola súa traxectoria vital e literaria e polo seu traballo periodístico, núcleo máis numeroso do seu labor.

Otero, David, “Quen actuando, transformou”, *Tabeirós Terra*, nº 1, abril 1997, p. 11.

Céntrase nas innovadoras propostas educativas que mantivo García Barros ó longo dos seus anos na docencia, da que sería apartado en varias ocasións por motivos políticos. Segundo se informa Manuel García Barros avogaba por renovar aquel ensino marcado por “uns privilexios escolares” que reflectían os “privilexios sociais”. Asemade destácase o afán do mestre estradense por achega-los rapaces á cultura e á lingua de Galicia.

Otero, Encarna, “Santiago e A Universidade na República”, *A Nosa Terra*, nº 767, “Guieiro Cultural”, 27 febreiro 1997, p. 24.

Comentario de *Contra a casa da Troia (e II)* (1996), de Antón Capelán, no que se cualifica este traballo como “pousado” e “laborioso” e se repasa o que fora a primeira entrega. A continuación descríbese o contido deste segundo volume de ensaios para concluír referíndose ó seu carácter de obrigada lectura así como á calidade e amenidade dos dous volumes que descubren “un mundo tan descoñecido como é o universitario nos anos da Segunda República e dos comezos da dictadura franquista”.



Outeiriño, Maribel, “Emilia Pardo Bazán”, *La Región*, “Especial”, 20 maio 1997, pp. 31-34.

“Especial” publicado polo xornal *La Región* con motivo do 76 aniversario da morte de Emilia Pardo Bazán. Neste artigo resúmense as visitas da condesa a Ourense e as relacións que mantiña con esta cidade. Reprodúcese tamén un artigo escrito polo académico Ogando Vázquez ó se cumpriren cincuenta anos da morte de Pardo Bazán, no que comentaba estas visitas a Ourense, as relacións con intelectuais da cidade das burgas e os vínculos amicais que a unen a esta provincia. Ademais aparecen un artigo Ramón Otero Pedrayo no que lembra un discurso de dona Emilia nunha das primeiras festas do corpus; un poema da escritora dedicado a Ourense; e catro artigos de Emilia Pardo Bazán publicados en diferentes medios e que teñen como tema central as visitas á cidade ourensá.

Pato, Chus, “Nós no valo”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 160,
22 maio 1997, p. 7.

Ampla reflexión baseada nun poema de Anxo Angueira na que Chus Pato analiza os paralelismos que existen entre a elaboración dun poema e a construción dun valo. Segundo a articulista, “a construción dun valo é un suceso simplemente anecdótico e máis anecdótica é a construción dunha casa, pero o valo, a casa están atravesados pola lingua, polo poeta, pola cultura”. Remata cunha breve alusión á presenza da muller no citado poema.



Portela, Suso, “Johan Carballeira, o xornalista comprometido”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 2, 15 febreiro 1997, p. 8.

Recorda a figura de Johan Carballeira, seudónimo de José Francisco Gómez de la Cueva, no sesenta cabodano do seu fusilamento. A continuación ofrece algúns datos sobre a súa biobibliografía como o seu nacemento en Vigo, a presenza da súa literatura nas páxinas de *Faro de Vigo*, no xornal vigués *Galicia*, chegando a converterse no home “todo-terreno” de *El Pueblo Gallego*, onde defendeu os intereses do galeguismo militante e progresista e chamou a atención sobre os problemas dunha Galicia que buscaba saír do atraso e ser recoñecida como nacionalidade. Comenta así mesmo a composición de poesías e unha serie de reportaxes sobre a Galicia interior, que saíron á luz nalgúns libros; fala tamén das reportaxes e entrevistas distribuídas pola axencia de información EDIM publicadas por xornais madrileños, *Céltiga*, de Bos Aires, e outros como *A Nosa Terra*.



Porto Matalobos, X., “Manuel García Barros na lembranza”, *Tabeirós Terra*, nº 1, abril 1997, p. 12.

Rememora as anécdotas que viviu con Manuel García Barros e tamén as que o escritor estradense lle contaba, alén doutras notas da vida do mencionado autor como a súa estadía no cárcere, unha visita á Estrada de Ben-Cho-Shey ou como mecanografou a súa novela *As aventuras de Alberte Quiñoi*.





Quintáns Suárez, M., “O Santiago republicano”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 12 xaneiro 1997, p. IX.

Informa do contido do ensaio de Antón Capelán Rey *Contra a Casa da Troia (e II)*. Cualifica a obra de “polémica” en canto ó contido e á actitude do autor. Salienta que nesta segunda parte o autor centrouse nas relacións entre a Universidade de Santiago e a de Cataluña.



_____, “Unha linguaxe rebelde”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 2 febreiro 1997, p. IX.

Recensión da obra de Carlos Santiago, *Metalurxia* (1996), na que se di que pode ser xulgada polo lector como menos novidosa do que se cadra suxire a súa aparencia. Coméntanse certos aspectos do autor, que atopa nas “vellas vangardas” o senso real dunha linguaxe poética rebelde para a súa poesía “sempre desacougante e provocativa”. Destácase finalmente o traballo feito no libro polo deseñador gráfico Fausto C. Isorna.

_____, “O mundo íntimo dun home que vive refuxiado en si”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 14 febreiro 1997, p. VI.

Despois de se referir a que non sempre se pode ler cando un quere os libros que chegan senón que hai que deixalos para as vacacións, pasa a recorda-lo argumento da obra de Carlos Casares *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Di que se conta a historia dun profesor de Universidade que se ve envolto nunha trágica soidade, sumido na lembranza dun amor de mocidade, no ambiente desacougante da posguerra na cidade de Ourense. Considera que Casares intentou realizar unha historia realista e de fácil comprensión que despertase curiosidade no lector. Salienta a técnica de ritmo lento e intimista da obra que induce a unha lectura tranquila, pausada, pero sen perder nunca o carácter narrativo.

_____, “Unha parte da narrativa galega actual”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”,
2 marzo 1997, p. VIII.

Expresa a dificultade de clasificación, na narrativa actual, da obra do autor Xosé Luís Santos Cabanas, autor moi premiado, “nesa idade intermedia do mozo maduro”. Sitúao, coa súa propia terminoloxía, a cabalo entre o “camiño do compromiso social” e o “camiño da arte” e considera que así se confirma nas súa última obra, *De noxos e brétema: contos* (1996). Dá por superado o debate que expoñía a necesidade de orienta-la nosa narrativa lonxe dos tópicos do rural e do folclórico e que levou a moitos escritores a unha literatura culta pero “libresca, artificiosa e allea á súa propia experiencia”, xa que o libro de Santos Cabanas exemplificaría todo o contrario e mesmo o argumento dalgún dos relatos ilustraría esta idea. O comentario conclúe coa referencia ó elemento máxico e á capacidade do autor para facer do lecer da lectura un exercicio de aprendizaxe e reflexión.

_____, “A poetisa de Mos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 16 marzo 1997,
p. IX.

Logo de se referir ó intimismo e á vocación de “xoglar” de María Magdalena Domínguez, salienta do poemario *Sementeira de sonhos* (1994) a musicalidade, un certo aire popular de claro influxo rosaliano e o seu sentido intimismo. Conclúe manifestando a autenticidade da voz desta poeta e sinala que os versos son inxenuos pero “dolorosamente traballados como as súas propias terras” e que “son a imaxe máis fermosa desta poetisa que alterna, con igual agarimo, o cultivo as súas viñas e das súas leiras de labradío que a delicada arte da palabra, da poesía”.

_____, “Os particulares e fantásticos *Mundiños* de Xavier Queipo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 4 maio 1997, p. XII.

Recorda a lectura de varias das obras anteriores de Xavier Queipo. Albisca como o autor profunda nos mundos animal e vexetal para descubri-los interrogantes que se lle presentan como persoa individual e como parte da humanidade. Nota o articulista en Queipo unha provocación non exenta de humor.



_____, “Unha edición facsímile de *Ángeles de Compostela*”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 11 maio 1997, p. 8.

Congratúlase da reedición do libro *Ángeles de Compostela*, publicada en 1996, que o escritor cántabro Gerardo Diego, escribiu dende o ano 1936 a 1952. Destaca a presenza do prólogo que Ramón Otero Pedrayo escribiu para a edición de 1961 a petición do propio autor, así como que o libro sexa unha reprodución facsímile dos manuscritos orixinais e que leve ilustracións de Felipe Criado.

_____, “Xesús Alonso Montero e os seus ensaios breves”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 18 maio 1997, p. VIII.

A propósito do libro de Xesús Alonso Montero *Ensaaios breves de literatura e política* (1996), indica que nesta obra se revela o carácter de “delator de intimidades” do seu autor, tanto polo xénero literario coma pola fonda emotividade. Considera que cada un dos artigos é “un fermoso soneto en prosa”, destaca de Alonso Montero o manexo da sorpresa e conclúe comentando que nos atopamos ante un novo xénero literario “no que unha nova, cultural ou política, salientable sobre todo polo seu carácter esencialmente sorprendente, inesperado e un tanto provocativo, se presenta baixo a forma dun ensaio moi breve, como un lóstrego de luz que aluma, desacougando”.

_____, “Ben-Cho-Shey”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 25 maio 1997, p. VII.

Recensión sobre a obra *Ben-Cho-Shey, mestre, político galeguista, etnógrafo, bibliófilo, erudito, xornalista. O valedor da lingua galega* (1996), de Xesús Alonso Montero, que fai o número seis da serie de biografías “Galegos na Historia” da editorial Ir Indo. Trátase, segundo o recensionista, dun traballo no que Alonso Montero “sen renuncia-la verdade do seu achegamento rigoroso ó seu biografiado tributa abertamente culto público á amizade”.

_____, “Tres obras curtas dramáticas de Manuel Lourenzo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 17 agosto 1997, p. VII.

Sinala o seu interese por Manuel Lourenzo como autor dramático e faise eco da publicación de tres obras curtas deste autor baixo o título *Veladas indecentes* (1996): *A velada de Londres*, *Cando chega decembro* e *A velada espectral de Mister Peabody*. Apunta que nelas aparecen algunhas das súas preocupacións como autor dramático e que se dá o “nivel de indecencia” como elemento provocador “creando situacións extremas, desacougantes nas que o seu profundo realismo alcanza as lindes últimas do real”.



_____, “O mundo íntimo dun home que vive refuxiado en si”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 14 setembro 1997, p. VI.

Comentario crítico do libro de Carlos Casares, *Deus sentado nun sillón azul* (1996), no que se afirma que recrea, a través dunha sinxela anécdota, o ambiente desacougante e temeroso da posguerra en Ourense. Coméntase o argumento e destácase como logra “espertar no lector a curiosidade por camiños de inesperadas sorpresas significativas”. Salienta a técnica do ritmo lento e intimista desta novela na que o mundo íntimo dos personaxes é a “materia dunha fermosa novela”.



_____, “As aventuras dun capitán de fragata polo mar do noroeste”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 21 setembro 1997, p. VI.

Manifesta a súa devoción pola literatura de aventuras para logo se centrar no comentario de *O paso do noroeste* (1996), de Xavier Queipo, coa que o autor obtivo *ex aequo* o Premio de Novela García Barros 1996. Dá conta ademais do resto da produción do autor santiagués e fai algunhas consideracións sobre a súa creación na que “Galicia non está só presente na lingua empregada”.



_____, “Unha fermosa lenda chea de fantasía, humor e crítica”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 28 setembro 1997, p. VI.

Comeza lembrando os premios literarios que avalan a traxectoria literaria de Alfonso Álvarez Cáccamo. Comenta que en *O espírito de Broustenac* (1996) se nos ofrece unha visión do século XIX moi puntual, afastada do carlismo e das desamortizacións e centrada nun suceso anecdótico acontecido en Santa María de Oia. Ademais cre percibir na progresía o eixe e motor fundamental para o desenvolvemento social que nos propón o autor. Remata expresando as súas dúbidas sobre a adecuación da obra para lectores de certas idades.

_____, “A evocación do pasado como un soño de futuro”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 26 outubro 1997, p. VII.

Nesta recensión de *Morte de Rei* (1996), de Darío Xohán Cabana, comenta que a preocupación por Galicia é o punto común que vencella esta novela coas anteriores do escritor lucense. Describe as limitacións que supón a temática histórica tratada nesta obra, así como os recursos empregados por Darío Xohán Cabana para superar estas pexas e conseguirla atención do lector. Finalmente, resume o argumento desta novela que convida a “ler e soñar de vagar”.

Quir., Carlos, “Poesía galega desde o Brasil”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 144, 30 xaneiro 1997, p. 7.

Dá conta da publicación dunha *Antoloxía da poesía galega* (1996) no Brasil organizada por Yara Frateschi Vieira. Informa de que no propio prólogo se poden atopar os criterios de escolla e o porqué se manteñen as grafías orixinais con breves notas nas marxes ou ó pé da páxina.

Requeixo, Armando, “A colleita narrativa do 1997”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, ano I, nº 1, 18 novembro 1997, p. 2.

Balance do ano 1997 referido á narrativa na fin de milenio. Salienta a aparición, ó lado de narradores xa de nome nas nosas letras, de autores novos que prometen un bo futuro para a literatura galega e de todos eles ofrece unhas notas biográficas. Refírese a que esta colleita deu obras varias que recrean o mundo urbano, o retrato psicolóxico, a problemática social, que recuperan a fantasía e que se tende ó relato curto. Considera que todo isto é posible gracias a que as editoras apostan polas novas xeracións e que o público lector tamén apoia.



Rérolle, Raphaëlle, “Epique apocalypse”, *Le Monde*, “Le Monde des Livres”,
17 outubro 1997, p. I.

Recensión da traducción francesa de *En salvaxe compañía* (1994), de Manuel Rivas, traducido ó francés a partir da versión española por Dominique Jaccottet. Despois de informar da orixe galega do escritor salientando que foi Premio Nacional de Literatura pola obra *¿Que me queres amor?* (1995), sinala que *En salvaxe compañía* (1994) é un libro cun encanto pouco habitual. A seguir, comenta que os personaxes que poboan a novela forman parte do mundo dos vivos e dos mortos, feito que se emprega para desartella-la estrutura das cousas. Salienta a transformación dos personaxes en animais trala morte, a presenza de certa ironía e da morte como personaxe central ó redor do cal xira todo. Conclúe mencionando que se trata dun texto cunha enorme variedade de rexistros, que emprega unha lingua rica en visións poéticas, pasaxes épicas e diálogos notables. Xunto a todo isto, a utilización de cifras de marcada simboloxía, como o número sete, converten a novela, na súa opinión, nunha visión épica da apocalipse.



Rielo, Nicanor, “Cómaros verdes”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 35, 19 xullo 1997, p. I.

Mostra admiración por dous poemarios de dous chairegos: *Codeseira* (1933), de Crecente Vega e *Cómaros verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño. Deste último libro adianta que se están a cumpri-los 50 anos da súa publicación. Considérao como unha antoloxía pola súa variedade temática, xa que nel se inclúen dende cantos á terra natal ata poemas dedicados a escritores galegos do XIX e a outros anteriores á guerra civil. Por estas razóns considérao unha figura emblemática na lírica galega.



_____, “A eclosión do libro religioso”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 23, 12 abril 1997, p. XI.

Repásase neste artigo a bibliografía relixiosa existente en lingua galega, dende os primeiros pasos da escrita galega, hai case setecentos anos, ata a actualidade. Céntrase sobre todo na produción en galego dende os anos 60, cos primeiros números de *Grial*, na relevancia da editorial *Sept* e na revista *Encrucillada*, que no ano 95 celebrou o seu vixésimo aniversario cun número especial no que participan moitos estudiosos de obras relixiosas ou creadores de ensaio relixioso. Cita os nomes de Torres Queiruga, Chao Rego e monseñor Araújo.

Rodríguez Pontevedra, Silvia, “Bet Seller con grelos”, *Faro de Vigo*,
“El Sábado”, nº 24, 13 setembro 1997, pp. 5-6.

Certifícase que o libro galego comeza a lograr cotas importantes de vendas. Sinálase a relevancia dos premios literarios, da promoción comercial e das recomendacións bibliográficas escolares. A este último factor outórgaselle especial importancia pola función de creación de novos lectores en galego. Constatáanse as cifras de vendas conseguidas polos autores máis coñecidos (Manuel Rivas, Suso de Toro, X. L. Ferrín ou Darío X. Cabana), persoeiros de sona procedentes doutros campos (Moncho Borraro ou Paco Feixó), guías de todo tipo e coleccións infantís e xuvenís (Docexvintedous ou Gaivota). Neste sentido, cítase como o best-seller máis importante da historia da literatura galega *Memorias dun neno labrego* (200.000 exemplares). Na outra cara da moeda comercial sitúase o teatro e a poesía. A esta agóirase un porvir de recuperación baseado en editoriais que lle dedican unha atención preferente, como Espiral Maior, na homenaxe ós trobadores medievais da ría de Vigo que representará o Día das Letras de 1998 e na canseira que produce a vulgaridade doutros xéneros.

Rodríguez Sánchez, Miguel, “A Misoxínia violenta, a actualidade de Pondal”,
A Nosa Terra, nº 809, “Guieiro Cultural”, 18 decembro 1997, p. 46.

Presenta o articulista un enlace entre a exposición poética que Pondal fixo da muller e o mundo real. Reflexiona tamén sobre os vencellos entre misoxinia violenta e situacións de poder.



Romero, Marga, “Cando falar de nai é poesía”, *A Nosa Terra*, nº 793, “Guieiro cultural”, 28 agosto 1997, p. 17.

Recensión de *Darío a diario* (1996), de Xela Arias. Comenta que se trata de algo inesperado, un poemario sobre a experiencia maternal na que a autora tamén se converte en personaxe e que ademais axuda a revivi-la propia infancia.



Salgueiro, J. B., “Plumas imberbes”, *Faro de Vigo*, “Domingo”, 12 xaneiro 1997, p. 8.

Reportaxe sobre os novos escritores galegos, na cal se reflicten as súas opinións e as das editoriais que os respaldan. Consideran que as súas influencias parten da literatura, do cine e da música, e que unha das características principais que os une, ademais da idade, é o emprego do galego. Non se senten identificados coa nova xeración de autores xurdidos en Madrid, aínda que algúns participan dun fenómeno diferenciador da comunidade galega como é o da Literatura Bravú, representada por Xurxo Souto e Santiago Jaureguizar. Sinalan a importancia do respaldo das casas editoriais, que apostaron fortemente por eles, ó darse conta de que un sector do lectorado buscaba historias coas que se sentir identificados.

Sandoval, Lois, “Cómaros Verdes”, cincuenta anos despois do milagre”,
O Correo Galego, “*Revista das Letras*”, nº 178, 25 setembro 1997, p. 4.

Ademais de se referir á publicación da edición facsímile de *Cómaros Verdes* (1947) por parte do Concello de Vilagarcía e da editorial ACK, comenta a emoción que provoca o poemario e sinala que rompeu un tempo de “medos como puños”. No tocante ás fontes nas que bebe Iglesia Alvariño, menciona a Virxilio, Horacio, Francis James, Amado Carballo, Frei Luis de León, os trobeiros galego-portugueses e os neotrobadores de antes da Guerra Civil. Subliña ademais que *Cómaros Verdes* non só inaugurou unha das épocas máis fecundas do neotrobadorismo senón que se converteu en referente editorial para a posguerra. Finalmente dá algúns datos biográficos do autor, comenta brevemente *Señardá* (1930) e reproduce unhas palabras de Manuel María sobre o poemario, nas que di que lle produciu unha “forte impresión” cando contaba dezanove anos.

Seara, Teresa, “Dualidade”, *A Nosa Terra*, nº 760, “Guieiro Cultural”, 9 xaneiro 1997, p. 24.

Recensión conxunta de *O xardín das matanzas* (1996), de Cándido Duro e de *Manuscrito de poeta con suicidio final* (1996), de Pedro Gonzálves, que comeza cunha louvanza do traballo a prol da cultura galega desenvolvido pola Asociación Cultural “Santa Compañía”, entidade encargada da edición. Do poemario de Cándido Duro comenta a súa temática e centrándose no amor describe as distintas manifestacións nas que o podemos atopar en *O xardín das matanzas*. Cita ademais outros temas como a infancia e a poesía. A propósito da obra de Pedro Gonzálves resume o argumento dos cinco relatos que a conforman e analiza os temas principais: o medo, a soidade, o sentimento de descontento coa vida e a recuperación do pasado. Finalmente, salienta os trazos poéticos desta obra narrativa.



_____, “Pensar a metáfora”, *A Nosa Terra*, nº 762, “Guieiro Cultural”, 23 xaneiro 1997, p. 24.

Detense na análise dos versos de *A ponte das poldras* (1996), de Chus Pato, nos que, segundo Teresa Seara, a metáfora convive cunha presenza do biográfico, coa voz do pasado que nos fala, co camiño e o río como símbolos arquetípicos do transcorrer vital. Presenta ademais unha serie de comentarios sobre a metáfora, as palabras e a voz poética.



_____, “Aire de borralla”, *A Nosa Terra*, nº 764, “Guieiro Cultural”, 6 febreiro 1997. pp. 23-24.

Realiza un percorrido polo contido do libro de Fran Alonso *Tortillas para os obreiros* (1996) baseándose no manexo dunha estrutura binaria. Explica, así mesmo, a contraposición entre os dous personaxes que se reflicte no léxico.



_____, “Viaxe á Balea”, *A Nosa Terra*, nº 769, “Guieiro Cultural”, 13 marzo 1997, p. 24.

Preséntano-lo primeiro poemario de Estevo Creus, *Poemas da cidade oculta* (1996), e fai notar que serve ademais para abri-la colección “Ablativo absoluto”, coa que Edicións Xerais de Galicia pretende ofrecer unha panorámica da poesía actual. Tras uns apuntamentos sobre a estrutura da obra céntrase no significado simbólico que ofrecen elementos como a balea, a súa caza ou o número cinco. Tamén sinala o quinteto de motivos líricos que artellan o volume.

_____, “A percepción da mimosa”, *A Nosa Terra*, nº 774, “Guieiro Cultural”,
17 abril 1997, p. 24.

Coméntase o poemario *Sombra Acesa* (1996), de Cristina Cabada destacando que se trata dun libro de comunión coa natureza, de festexo da primavera e da luz dende a visión dalguén que medra e sofre ó ritmo do día. Identifícase a “sombra acesa” co enigma do mundo, “que é eterno, e só comprensible se se está en comunión con el, coa natureza viva”.



_____, “Seguindo as pegadas da morte”, *A Nosa Terra*, nº 778, “Guieiro Cultural”, 15 maio 1997, pp. 23-24.

Recensión do libro *O asasino estrábico* (1996), de Anxo Quintela, publicado na colección de poesía “Ablativo Absoluto” de Xerais. Coméntase a estrutura do libro destacando que está dividido en tres partes e marcado por unha forma métrica que o unifica. Inclúense ademais algúns fragmentos dos poemas.



Villar, Miro, “C. E. Ferreiro”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 148, 27 febreiro 1997, pp. 3-5.

Comenta o poema “Rogo a Yavé”, de Celso Emilio Ferreiro facendo fincapé en que non se recompilou en ningunha das dúas edicións da súa obra poética en galego dirixidas por Xesús Alonso Montero. Indica que a composición aparecía co antetítulo “O libro dos proverbios” nunha publicación periódica chamada *Nuestra Ciudad*, suplemento do semanario pontevedrés *Ciudad*, editado para as festas da Peregrina no ano 1947. Sinala ademais que se trata do segundo poema de C. E. Ferreiro en galego despois da Guerra Civil e do primeiro que asina e que o seu contido xa evidencia o que será a poética cívica, de xustiza e solidariedade do escritor ourensán que se rexistra en boa parte de *O sono sulagado* (1954) e de *Longa noite de pedra* (1962), cos que coincide, respectivamente, na métrica e na paráfrase.





V.6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

V. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

V. 6. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Abuín de Tembra, Avelino, “Alfredo Conde para Nobel”, *O Correo Galego*,
“A lúa nos beizos”, 19 xaneiro 1997, p. 2.

Con motivo da nominación do escritor Alfredo Conde para o Premio Nobel de Literatura, lembra a Frédéric Mistral, único escritor de lingua minoritaria que o recibiu así como ós escritores galegos que foron propostos con anterioridade. Critica o feito de que os organismos cívicos queden á marxe e considera que “a internacionalización da lingua galega necesita un Nobel”.



_____, “Sobre linguas e libros”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 2 febreiro 1997, p. 2.

Recollendo declaracións de Vargas Llosa e Lázaro Carreter contra os nacionalismos e as linguas minoritarias e atendendo á porcentaxe escasa de publicacións de libros en galego comparada cos publicados nas outras linguas peninsulares, o autor alerta sobre a posible desaparición do galego nunha data non moi distante.



_____, “Febreiro de Rosalía e Pondal”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
9 febreiro 1997, p. 2.

Comenta que febreiro, ademais de se-la referencia dos primeiros santos de Galicia da época moderna, é o mes das efemérides literarias debido ós nacementos de Rosalía de Castro e de Eduardo Pondal. Sinala tamén outros nacementos e pasamentos de escritores producidos nese mes.



_____, “Meditación sobre Rosalía”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
24 febreiro 1997, p. 2.

Felicita a Rosalía de Castro no cento sesenta aniversario do nacemento. Presenta certas consideracións sobre a poeta padronesa e unha serie de preguntas, referentes a certos aspectos biográficos da autora.



_____, “Cómaros verdes en congreso”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
10 marzo 1997, p. 2.

Tras unha panorámica biobibliográfica de Aquilino Iglesia Alvariño recórdase que *Cómaros verdes* foi o primeiro libro publicado en galego despois da guerra. Lembra tamén os autores que integraron con el o “saudosismo” como Crecente Vega e Díaz Castro. Finalmente felicita ó Concello de Vilagarcía por promove-lo “I Congreso da Poesía Galega” co gallo do quincuaxésimo aniversario da publicación de *Cómaros verdes*.



_____, “Pascual Veiga o Grande”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 7 abril 1997, p. 2.

Fai unha pequena introducción á historia da música culta en Galicia. Afirmar que o máis importante está en Alfonso X e Martín Códax. Despois enumera os nomes máis importantes do século XIX e do XX, para concluír que, sen ser Alemaña nin Italia, Galicia posúe a súa propia historia e dignidade no terreo da música e literatura. Fala logo do compositor mindoniense Pascual Veiga, con motivo do 150 aniversario do seu nacemento. Destaca o éxito que tivo no seu tempo, fins do XIX, a súa dimensión internacional e o traballo que fixo pola música galega.



_____, “Xoan Montes Capón”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos” 13 abril
1997, p. 2.

Breve semblanza do compositor lugués Xoan Montes que destaca por se-lo autor de dúas melodías populares: o himno e a *Negra Sombra* de Rosalía de Castro. Saliéntase pola relación entre música e literatura que animaron a estes compositores.



_____, “Mártires de Carral”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 27 abril 1997,
p. 2.

Reflexiona sobre a necesidade de escoller unha data, desvencellada de calquera efeméride relixiosa, como festa nacional galega. Opina que, entre as varias posibles, a máis axeitada sería o 26 de abril, en homenaxe ós “Mártires de Carral”. Fai unha lembranza do pronunciamento provincialista de 1846 e analiza o significado do mesmo na época, salientando o posterior proceso de mitificación desta “Revolución Galega”.



_____, “A hora de Alexandre Bóveda”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
4 maio 1997, p. 2.

Enumera algúns dos fundadores do nacionalismo e reproduce un fragmento do panexírico a Bóveda escrito por Castelao. Considera que esta é a hora de Alexandre Bóveda e denuncia a terxiversacion e manipulación que se fai do ourensán.



_____, “As irmandades da fala”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 12 maio 1997, p. 2.

Comeza citando a publicación de *Cantares Gallegos*, a instauración do Día das Letras Galegas, o nacemento de Manuel Murguía ou o xurdimento das Irmandades da Fala como exemplo “de notables efemérides” que concorren no mes de maio. No tocante á última delas, destaca o “impulso xeneroso” de A. Vilar Ponte así como a diversa procedencia da xente que se sumou a esta iniciativa. Refírese ós fins que moveron ás Irmandades da Fala, á súa estruturación e a algunhas das asembleas máis decisivas. Conclúe poñendo de relevo a importancia das Irmandades e considéraas “coma un proceso de concienciación irrepetible”.



_____, “O ciclo poético de Manuel María”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
19 maio 1997, p. 2.

Sinala que a lírica galega atravesa momentos de crise e lamenta que o poeta Manuel María dea por rematado o seu ciclo poético. Comenta aspectos da súa obra, incluída a publicada últimamente, *Sonetos á Casa de Hortas* (1997) e afirma que “hai que ser perseverante don Manuel María. Por unha Galicia perdurable”.



_____, “A festa do Pedrón de Ouro”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
25 maio 1997, p. 2.

Tras comenta-lo feito de que Galicia carece dun artellamento da sociedade civil como demostra que se concentre unha gran cantidade de actos en torno ó 17 de maio, céntrase no significado do Pedrón de Ouro. Lembra que este galardón foi concedido en 1978 a Ánxel Fole, compartíndoo co Pedrón de Honra de Carlos Velo. De seguido nomea os protagonistas da edición de 1997: os arquitectos Manuel Gallego Jorreto e César Portela Fernández-Jardón e o científico Miguel Fernández Refojo. Conclúe salientando que este acto serve para descubrir unha “Galicia intensa” e “case recóndita (...) Lonxe da Galicia oficialista e xerarquizada”. Na súa opinión, con premios deste tipo conséguese “vertebrar, definitivamente, a configuración da colectividade”.



_____, “O poeta inventor do fútbol”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
15 xuño 1997, p. 2.

Semblanza de Alejandro Finisterre (que prepara a publicación das súas memorias nunha editorial madrileña), na que ademais de citar momentos importantes da súa biografía denuncia que non estea presente nin nas enciclopedias nin nas antoloxías nin en “Gallegos”.



_____, “Preludios para Manuel Antonio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
13 xullo 1997, p. 2.

Cita primeiramente o centenario de Castelao, a evocación de Rafael Dieste no Día das Letras Galegas e refírese ós cen anos do nacemento de Manuel Antonio en 1999. Subliña a vocación universal que este rianxeiro lle deu á poesía galega e considera que Manuel Antonio aínda non encontrou “un apoloxista, un hermeneuta ou un intérprete á altura da súa creación”.



_____, “As outras horas de Rosalía”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
14 xullo 1997, p. 2.

Fala da celebración do 112 aniversario de Rosalía de Castro e do cincuentenario do seu Padroado-Fundación, lembrando tamén a Ruta Rosaliana e o estado no que se atopa, a posible mitificación de Rosalía “en detrimento da figura real e física” e a relación entre a escritora e o seu país. A seguir alude ós diversos actos que terán lugar para a celebración do aniversario así como os propósitos do Padroado ó cumpri-lo seu cincuentenario.



_____, “Xoaquín Lorenzo ‘Xocas’”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 20 xullo 1997, p. 2.

Despois de nos introducir na xeografía galega lembra a Xoaquín Lorenzo ‘Xocas’, a súa morte e o seu traballo investigador. Compárao con outras personalidades galegas que se dedicaron á investigación etnográfica en Galicia. Fálanos das actividades de ‘Xocas’ nos veráns e compárao cun “trobador”. Remata enumerando o que el considera que Galicia lle debe a ‘Xocas’.



_____, “A Galicia mártir (I)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 17 agosto 1997, p. 2.

Considera que Galicia como nacionalidade histórica está obrigada a crea-lo seu propio repertorio de efemérides. Unha delas debería se-lo Día da Galicia Mártir cada 17 de agosto en desagravio do protomártir Alexandre Bóveda.



_____, “A Galicia mártir (e II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 18 agosto 1997, p. 2.

Xustifica por qué o modelo humano para o Día da Galicia Mártir debe ser Alexandre Bóveda e non os fusilados de Carral. Rememora a figura de Bóveda que tería que ser proclamado Fillo Predilecto de Galicia.



_____, “Os outros mártires”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 24 agosto 1997, p. 2.

Comeza cunha lembranza de tódolas vítimas anónimas que caeron no noso país despois da Guerra Civil. De seguido, sitúa a carón de Bóveda a Xaime Quintanilla, Ánxel Casal, Camilo Díaz Baliño, Roberto Blanco Torres e Arturo Noguero, integrantes todos eles da nómina de mortos pola intolerancia do réxime militar. Comenta as contribucións de cada un deles ás diversas manifestacións artísticas e á política galega, así como as circunstancias da súa morte.



_____, “Borobó en Pontecesures”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
25 agosto 1997, p. 2.

Achéganos unha notas históricas sobre Pontecesures para situar neste marco espacial a “un dos máis insignes xornalistas desta hora”, Borobó. Comenta a designación de Raimundo García Domínguez como “Fillo Predilecto de Pontecesures” e describe a evolución que sufriu Galicia ó longo da súa etapa como comunicador.



_____, “M. Salazar: a crónica”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
5 setembro 1997, p. 2.

Comeza achegándono-los datos fundamentais de Marcelo Macías, Cotarelo Valledor, Fermín Penzol, Martínez Salazar, Seijo Rubio e Xoán Vicente Viqueira, caracterizados por seren “galegos insignes, pero non nados en Galicia”. Céntrase en Martínez Salazar, e salienta do seu traballo a creación da Biblioteca Gallega, o apoio á “Cova Céltica” e a edición da *Crónica Troiana* de 1900. Finalmente describe esta obra medieval e as súas edicións.



_____, “Salva-los ríos de Galicia”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
7 setembro 1997, p. 2.

Reflexiona sobre a necesidade de salva-los ríos galegos e refire os poetas dos ríos de Galicia e os poemas que escribiron sobre eles: Cabanillas, Euxenio Montes, Pondal, Aurelio Ribalta, Guerra da Cal, Rosalía de Castro.



_____, “Pardo Bazán e Curros”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
21 setembro 1997, p. 2.

Parte da coincidencia na data de nacemento entre Emilia Pardo Bazán e Curros Enríquez para sinala-la antítese existente entre os dous literatos galegos á hora de entende-la nosa terra. Para Abuín de Tembra, a maior coincidencia entre ambos prodúcese no poema “A Virxe do Cristal”, unha excepción na obra de Curros, caracterizada, segundo o articulista, pola sátira, o ideal de progreso e a compaixón polos “desvalidos e os míseros”. Finalmente, comenta a opinión dos novelistas do Realismo español acerca de Curros, centrándose en Emilia Pardo Bazán, para quen o poeta de Celanova é “herdeiro e continuador de Rosalía”.



_____, “O entrañable don Eladio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
27 outubro 1997, p. 2.

Tras dar conta da homenaxe que a Universidade de Santiago de Compostela lle tributou a Antonio Hervada, anúnciase a publicación dunha escolma lírica do avó deste pediatra asentado nos EE.UU.: Eladio Rodríguez González, presidente da Real Academia a partir de 1926 e membro fundador. Esta obra verá a luz en Edicións do Castro e estará baseada fundamentalmente en *Folerpas* (1894) e *Oracións campesiñas* (1927). Repásase a súa obra e faise fincapé no seu labor como lexicógrafo.



_____, “Lamas Carvajal”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 3 novembro 1997, p. 2.

Comeza por situarnos no contexto temporal e histórico do nacemento de Valentín Lamas Carvajal, “o primeiro de novembro de 1849”, en Ourense. Seguidamente afirma que a vida de Lamas Carvajal está intimamente ligada á cidade de Santiago, pois alí estudia Medicina, publica os seus primeiros libros e dirixe o semanario *La Aurora de Galicia*, iniciando así “a etapa xornalística que lle dará prestixio”, actividade que continuará coa dirección de *El Heraldo Gallego*, do que tamén será propietario e no que nacerá “a vocación galega do autor”. Continúa comentando os problemas de visión que sufriu e o éxito da súa obra *Espiñas, follas e flores* e doutras, ata chegar ó labor desenvolvido “no inefable periódico satírico *O Tío Marcos da Portela*. Remata citando algúns exemplos da desafortunada vida de Lamas Carvajal e afirmando a débeda que con el ten “Galicia, o país polo que traballou ardentemente”.



_____, “Os centros galegos”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
24 novembro 1997, p. 2.

Reflexiona sobre a existencia de multitude de centros galegos espallados por diferentes puntos de América. Considera que “non existe ángulo de América sen presenza galega ó longo de cinco centurias. Galegos dirixentes con perfil ilustre nos cargos públicos. Galegos anónimos que nunca se preocuparon dun lugar na historia. Galegos na emancipación e independencia. Galegos na soberanía nacional”. A continuación recomenda a lectura dalgúns libros sobre o tema como *Los gallegos en América*, do franciscano Gómez Alfaro; *Los gallegos en Argentina*, de Alberto Vilanova ou *Los gallegos en Uruguay*, de Carlos Alberto Zubillaga. Finalmente, cita a fundación de importantes institucións como o Centro Galego de Buenos Aires, o 2 de maio de 1879, o Centro Galego de Montevideo, o 30 de agosto do mesmo ano e o Centro Galego de La Habana, o 12 de decembro do citado 1879.



_____, “Loanza de Octavio”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 1 decembro 1997, p. 2.

Reflexiona sobre o cincuentenario da fundación do Patronato Rosalía de Castro. Bota en falta unha homenaxe a “certos próceres que contribuíron poderosamente á creación e supervivencia do organismo”, como Camilo Agrasar Vidal e Octavio San Martín Domínguez, “ambos vinculados entre si pola nobre defensa de Galicia e a pertinaz custodia e salvagarda do venerable legado da autora”. Engade que o profesor Dourado Deira xa se ocupou da figura de Camilo Agrasar e dedica o resto do artigo á lembranza de Octavio San Martín, “home de prestixio, padeceu a condena da pena de morte en varias ocasións”.



_____, “O centenario de Blanco Amor”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
15 decembro 1997, p. 2.

Comenta que Galicia nos próximos anos vai entrar nunha dinámica de conmemoracións importantísimas. Así a vila de Rianxo celebrará en 1999 o centenario do nacemento de Rafael Dieste e no 2000 o de Manuel Antonio, xunto co cincuentenario da morte de Castelao. Pola contra a cidade de Ourense xa celebra este ano o centenario natalicio de Blanco Amor, autor do que achega unha serie de notas sobre a súa vida e produción literaria, destacando entre ela *A Esmorga*, novela que lle daría lustre e sona. Refírese finalmente a algunha das actividades a celebrar neste ano do centenario do escritor ourensán.



_____, “Pérez González ‘Roxerius’”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
21 decembro 1997, p. 2.

Logo de nomear unha serie de acontecementos vinculados coa literatura galega que en 1997 cumpren anos, e de mencionar certos nomes de literatos galegos cunha data de nacemento coincidente coa publicación dalgunha obra literaria importante, detense na lembranza de Roxelio Pérez González (“Roxerius”). Comenta que era un extraordinario rianxeiro coñecido polo parónimo citado, e que este ano se celebra o centenario do seu nacemento. Refírese ó seu labor como “eminente pedagogo” e á súa obra literaria non extensa, da que destaca entre outras produccións, colaboracións en diversos xornais, poemarios e algún manifesto do Partido Galeguista. Reclámalle finalmente unha homenaxe a Rianxo para ‘Roxerius’, ó que lle demostrou unha lealdade incondicional.



_____, “Heine, Bécquer, Rosalía”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
22 decembro 1997, p. 2.

No segundo centenario do nacemento de Heinrich Heine, mostra un perfil biobibliográfico desta figura alemana, considerada como un dos grandes poetas europeos. Comenta certos aspectos sobre o coñecemento e tratamento da súa obra por autores da literatura galega e castelá. Salienta a súa presenza nas *Rimas* de Bécquer e cuestiónase o tipo de relación mantida entre Bécquer e Rosalía de Castro e o coñecemento desta sobre autor alemán.



Agís, Marcelino, “Ilustrados galegos”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”,
3 setembro 1997, p. 3.

Comentario sobre os pensadores galegos do século XVIII. Considera que non foron revolucionarios políticos aínda que mantiveron unha actitude crítica cos esquemas herdados do sistema feudal e loitaron contra a ignorancia e as condicións de vida das xentes máis humildes. Destaca a creación de entidades como a Academia da Agricultura ou as Sociedades Económicas de Amigos do País. Salienta ademais o seu esforzo por socializa-la literatura filosófica no que destaca os ensaios do Padre Feijoo e do Padre Sarmiento.



_____, “O Padre Feijoo”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 10 setembro 1997, p. 3.

Concorda coa opinión de Blanco Amor cando afirmaba que o padre Feijoo “non deixaría de ser un moralista máis da época, un expositor, un tratadista, un heterodoxo de tantos se non fose pola súa alma galega”. Realiza unha semblanza do pensador galego.



_____, “O espírito de Feijoo”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”,
17 setembro 1997, p. 3.

Comeza deixando claro que o Padre Feijoo era un ilustrado e non un pre-ilustrado, confusión creada por aplicarlle ó autor “os caracteres do iluminismo francés, prototipo do movemento ilustrado europeo” cando a ilustración en Galicia “tivo unha personalidade propia”. Seguidamente elabora un retrato da actividade intelectual de Feijoo e do seu pensamento, destacando a súa modernidade e a súa actitude crítica (palabra xa presente no título da súa obra principal o *Teatro Crítico*), que compaxina coa fe relixiosa. Remata afirmando que “o seu espírito foi o dun pensador ilustrado enraizado nos problemas da súa terra e do seu tempo”.



_____, “Frei Martiño Sarmiento”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”,
24 setembro 1997, p. 3.

Nun principio alude á aparición dun documento na Biblioteca Vaticana, onde se dá conta dos libros que tiña en préstamo o arcebispo de Santiago no século XIV. A continuación comenta que en Galicia non enraizou unha tradición filosófica fonda e continuada, pero que si houbo excepcións puntuais nas que se aprecia como a obra dun autor leva á doutro; trátase dos dous frades bieitos da época ilustrada: o padre Feijóo e o padre Sarmiento. Ofrece finalmente diversos datos sobre a personalidade e a obra destes, destacando a labor do padre Sarmiento de coida-la edición e elabora-los índices do *Teatro Crítico*, ademais de facer unha obra de seu.



_____, “Feijoo, filósofo”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 1 outubro 1997, p. 3.

Constátase que a filosofía en tódolas súas variantes foi o cerne da obra do padre Feijoo e avalíase a súa actitude perante a ciencia como equilibrada.



_____, “Vida de monxe (I)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 8 outubro 1997, p. 3.

“A terra de un é o máis grande tesouro” comeza afirmando o articulista para referirse ó padre Sarmiento. A seguir apunta unha serie de datos biográficos dos primeiros anos de Sarmiento en Pontevedra, dos seus estudos e do ingreso no convento de San Martín de Madrid, “onde viste os hábitos benedictinos”.



_____, “Sarmiento, escritor”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”,
29 outubro 1997, p. 3.

Comenta a vida de Sarmiento en Madrid, Navarra e Toledo, lugares onde lle dedicou todo o tempo que puido ó estudio das máis variadas materias. Incídese na viaxe a Galicia (durante a que anotou todo o que excitaba a súa curiosidade), a cal tería unha clara influencia na composición do *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*. Pensa que a pretensión de Sarmiento non era senón deixar clara a beleza e independencia da lingua galega.



_____, “As palabras e as cousas”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”,
5 novembro 1997, p. 3.

A reflexión que Sarmiento levou a cabo acerca da vinculación entre as palabras e as cousas ás que se refiren leva ó articulista a analiza-las primeiras preocupacións pola orixe etimolóxica das palabras, que atopa en Platón e en San Isidoro de Sevilla. Sen embargo, atribúelle a Sarmiento un interese máis científico nesta cuestión, pois tiña en conta “a necesidade de superar tanto as opinións vulgares como aqueloutras máis perigosas, atribuídas a autoridades na materia pero tan erróneas como as primeiras”. Continúa comentando unha carta de Sarmiento na que opinaba sobre os seus estudos filolóxicos, ante o que o autor do artigo manifesta a defensa dun “perfil nitidamente filosófico nas obras de carácter filolóxico do padre Sarmiento”, rematando por lamenta-lo feito de non se poder achegar ó Consello da Cultura Galega para falar sobre o particular con Filgueira Valverde.



_____, “Ramón de la Sagra”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”,
3 decembro 1997, p. 3.

Aclara que a Enciclopedia Británica está errada ó considerar a Ramón de la Sagra, fundador de *El Porvenir*, posto que os seus fundadores foron Antolín Faraldo, Antonio Romero Ortiz e Rúa Figueroa. Remata mostrando unha semblanza biográfica de Ramón de la Sagra, que segundo o articulista, “non deixou de ir dun lado ó outro, predicando doutrinas e escribindo libros que pouca xente foi quen de entender”.



_____, “Murguía e “Os precursores”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”,
24 decembro 1997, p. 3.

Destácase a importancia que para a historia da nosa literatura tivo o libro de Murguía *Os precursores*, aínda que critica a súa falta de perspectiva histórica por estar moi próximo ós feitos. Comenta que outros autores que tratan o mesmo tema son Carballo Calero en *Historia da literatura galega* e Fernández del Riego en *Pensamento galeguista do século XIX* que ofrecen unha perspectiva distinta polo afastamento dos feitos.



_____, “Vivir a contratempo”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”,
31 decembro 1997, p.3.

Lembranza da figura de Antolín Faraldo que, pese a morrer sendo moi novo, deixou unha fonda pegada na historia do pensamento galego polo que Murguía recoñeceuno como un “precursor”. Fai unha pequena síntese biográfica del e salienta o seu carácter de home adiantado ó seu tempo.



Alba, Luis, “Alonso Ríos: diputado por la Federación”, *Galicia en el Mundo*, “Emigración, Los otros personajes” nº 200, 28 xaneiro-6 febreiro 1997, p. 14.

Achéganos datos dos primeiros anos da vida de Antón Hipólito Alonso Ríos e céntrase a continuación no seu labor no seo da Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales en Arxentina. Recolle, así mesmo, unha semblanza realizada por Suárez Picallo en *El Pueblo Gallego*. Refírese ademais ó “encontronazo” con Casares Quiroga, a súa exclusión das listas electorais en 1931, ou ó seu papel de organizador do movemento agrarista da provincia de Pontevedra. Prosegue o artigo comentando a fuxida a Buenos Aires, a fundación do Consello de Galicia e a obra xornalística e literaria do escritor de Silleda.



_____, “Luis Seoane: un artista universal”, *Galicia en el Mundo*, “Emigración: los otros personajes”, 15-21 abril 1997, p. 12.

Percorre os momentos máis significativos da vida e obra de Luís Seoane apoiándose nas palabras de Arturo Cuadrado. Salienta así a súa militancia no Partido Galeguista, a fuxida ó exilio e a fundación en Buenos Aires da Loxia Antolín Faraldo coa posta en marcha dunha importante actividade literaria. Aborda tamén aspectos relativos á súa faceta artística para concluír destacando a firmeza dos seus ideais.



_____, “Rafael Dieste mudou o teatro en liberdade”, *Galicia en el Mundo*,
“Emigración, Los otros personajes”, nº 222, 1-7 xullo 1997, p. 12.

Logo de realizar un percorrido pola vida de Rafael Dieste cita as obras máis destacadas e reproduce unhas palabras de Luís Seoane relativas ás conferencias pronunciadas polo escritor rianxeiro nas que dicía que “poucas veces unha conferencia dita por escritor, artista ou profesor algún, chegou máis adentro na súa beleza e verdade á entana dun auditorio (...)”. Alude ó impacto da morte de Celso Emilio Ferreiro, Lorenzo Varela e Luís Seoane e recolle unhas palabras nas que Arturo Cuadrado afirma que Dieste “xunto con Castelao, Seoane, Blanco Amor, Lorenzo Varela, Picallo, Alonso Ríos e un sinfin de exiliados foron a verdadeira esperanza da nos patria”.



_____, “Eduardo Blanco Amor: el más brillante escritor forjado en la emigración”, *Galicia en el Mundo*, “Emigración, Los otros personajes”, nº 230, 26 agosto-1 setembro 1997, p. 14.

Comenta algúns datos dos primeiros anos de Eduardo Blanco Amor e céntrase na súa presenza en Arxentina dende 1919. Recolle, así, unhas palabras nas que o escritor ourensán se refire á cidade de Buenos Aires. A continuación destaca a actividade da Federación de Sociedades Gallegas e á formación ó redor da revista *Céltiga* “de un grupo ideolóxico liderados, por Picallo y Blanco Amor, que eran os denominados “Os Celtigos”. Pon de relevo, así mesmo, a importancia da tertulia do Café “Armonia” no movemento galeguista arxentino.



_____, “Eduardo Blanco Amor: el más brillante escritor forjado en la emigración (y II)”, *Galicia en el Mundo*, “Emigración, Los otros personajes”, nº 231, 2-8 setembro 1997, p. 11.

Refírese primeiramente á etapa de enfrontamentos que durante 1928 viviu a Federación de Sociedades Gallegas. Cita algúns datos como a conferencia pronunciada por Blanco Amor no Centro Galego ou o nacemento da Agrupación Artística Céltiga que, formada por Suárez Picallo, Blanco Amor, Emilio Estévez, Paz Herme, Rial Seijo, Enrique Doval e Eliseo Pulpeiro, representa *A fiesta valdeira*, de Rafael Dieste. Comenta tamén a creación do novo periódico *Galicia* con Blanco Amor á fronte ou a chegada a Galicia en 1933 como correspondente de *La Nación*. Logo de cita-los títulos máis destacados do ourensán alude ó seu retorno definitivo a Galicia onde moi poucos amigos lle prestan axuda e “los galleguistas de la Editorial Galaxia acaudillados por Ramón Piñeiro miraron para otro lado”. Finalmente recolle unhas palabras do autor de *A Esmorga* nas que afirma o seu compromiso co Estatuto de Autonomía, a súa oposición ás centrais europeas e dereitos dos marxinados.



Alcalá, Xavier “Rodríguez Lapa, cen anos”, *El Mundo Galicia*, 14 xaneiro 1997, p. 2.

Cando se cumpre o centenario de Rodrigues Lapa, Xavier Alcalá rememora a súa figura e refírese ó proxecto de publica-lo seu epistolario. Comenta que a organización lle pediu permiso para publica-las súas cartas, destaca dúas delas e remata reivindicando a integracións das dúas culturas, galega e portuguesa.



_____, “Morte no ano dos centenarios”, *Galicia en El Mundo*, “Cartas a Cholo”, nº 290, 28xaneiro-3 febreiro 1997, p. 3.

Refírese ós centenarios de Eduardo Blanco-Amor, Manuel Rodrigues Lapa e Antonio Soto Canalejo. Comenta que coñeceu persoalmente a Blanco-Amor e dá algúns datos da relación que tivo con el. No tocante a Rodrigues Lapa di que “a firmeza científica das aseveracións de Lapa acabaría de ordenar os meus pensamentos” e polo que respecta a Antonio Soto sinala que chegou ó contacto coa súa filla.



_____, “O veciño Portugal”, *Galicia en el Mundo*, “Cartas a Cholo”, nº 206,
11-17 marzo 1997, p.3.

O autor comenta que tivo a oportunidade de ver en Portugal un avance do libro no que se editan as cartas de Manuel Rodrigues Lapa. Cita entre outros persoeiros que intercambiaron correspondencia co profesor portugués a Menéndez Pidal, Otero Pedrayo, Joan Corominas, Ramón Piñeiro, etc. Segundo Xavier Alcalá desas xuntanzas mesmo xurdirían desencontros e sinala que entre outras revelacións deste epistolario preparado polo grupo de traballo de Anadía e Coimbra podemos asistir ós porqués de que a embaixada española en Buenos Aires non vía con bos ollos que figuras como Rof Carballo pisasen o Centro Galego.



_____, “Máis sobre os mestres”, *El Mundo Galicia*, “El pulso de Ferrol”, 1 abril 1997, p. 2.

Reflexión acerca das figuras tan importantes que Ferrol ten dado ó mundo da cultura como Torrente Ballester, que a pesar de ser ferrolán doou a súa biblioteca a Santiago, e Carballo Calero e Guerra da Cal que destacan polo seu labor lingüístico e que “marcaron a teoría da lingua que aínda se esta por converter na única práctica para a súa supervivencia”



_____, “A feira das feiras”, *El Mundo Galicia*, 28 abril 1997, pp. 1 e 7.

Xavier Alcalá relata a súa asistencia á Feira do Libro de Buenos Aires onde se entrevistou co editor Manuel Pampín. Céntrase na presenza do libro galego nos diferentes stands e salienta que esta feira, ademais de reforza-los lazos coa emigración galega é "un espectáculo único para as vaidades do escritor".



_____, “Manuel María de Outeiro”, *El Mundo Galicia*, 4 xuño 1997, p. 2.

Reflexiona sobre a evolución que experimentou a literatura galega dende os seus comezos. Na súa opinión, o coñecemento desta literatura na propia Galicia quedaba reducido a unhas cantas figuras que sobresaían: Rosalía, Pondal, Curros ou Cunqueiro. Sen embargo, foi en Madrid onde, gracias ós contactos con Ben-Cho-Shey, cando o articulista descubriu un panorama de autores que escribían en galego.



_____, “O don de multiplicar a vida”, *Galicia en el Mundo*, “Cartas a Cholo”,
nº 221, 24-30 xuño 1997, p. 3.

Alude ó espallamento das cinzas de Xosé Rubia Barcia na ría de Ferrol e comenta algúns datos da biografía deste intelectual. Sinala que Rubia Barcia formaba parte da elite da diáspora xunto con Emilio González López e Ernesto Guerra da Cal e di que gracias a eles sóubose da nosa lingua nos Estados Unidos. Conclúe expresando a súa admiración por este intelectual mugardés.



_____, “A vixencia de ‘Voltar’”, *El Mundo*, “Pluma ao voo”, 13 agosto 1997, p. 2.

Menciona que a Editorial Galaxia estea a lembrar a súa obra *Voltar*. Xabier Alcalá agradece a promoción e recorda as palabras que sobre esta obra pronunciaron na feira do libro da Coruña, Arturo Lezcano, Xabier Docampo e Pedro Blanco Llano. Recordaron cómo estaba o país no 1972 comparándoo co de hoxe. Referíronse á temática da novela: a emigración. A seguir reflexiona sobre a situación actual de Galicia e toma como pretexto referencias a amigos de vello.



_____, “Gracias a todos”, *El Mundo Galicia*, “Pluma ao voo”, 24 setembro 1997,
p. 7.

Xavier Alcalá agradece os apoios recibidos fronte ó proceso xudicial que lle agarda por suposto racismo nun texto publicado na revista *Grial*.



_____, “Literatura de viaxes”, *El Mundo*, “Pluma ao voo”, 19 novembro 1997,
p. 7.

Reflexiona sobre os libros de viaxes e a literatura sobre a historia de Galicia e dos galegos que viviron fóra das nosas fronteiras. Cita dous libros que acaba de publicar *Arxentina* e *Viaxes no País de Elal*, ámbolos dous relacionados con acontecementos propios da historia de Galicia. Reclama, así mesmo, que se escriban obras de carácter histórico tal e como ocorre noutras literaturas. Na súa opinión, “perdemos a primeira parte da carreira pero non todo está perdido: os lectores esperan. Agora, alén de relatarmos o viaxado por nós, cómprenos recuperar as noticias dos que nos precederon sen escribiren”.



Alonso Fontán, Antonio, “Cea literaria en Samil”, *Atlántico Diario*, 10 maio 1997, p. 43.

Infórmase da celebración en Samil da “Cea das Letras Galegas”, onde se fallarán os premios da crítica. Tamén se enxalza a figura de Isaac Díaz Pardo, homenaxeado nesta edición.



Alonso Montero, Xesús, “Poeta do Ribeiro”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 2 xaneiro 1997, p. 9.

Comeza lamentando a carencia dun poeta autóctono que cante as paisaxes do Ribeiro. Constata que esa lagoa ficou cuberta con *As labaradas da lembranza* (1996), de Xosé Carlos Gómez Alfaro. Así mesmo anuncia a publicación do novo poemario deste autor, o cal verá a luz en Edicións do Castro.



_____, “Francisco de Fientosa, “ex illis est?”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 16 xaneiro 1997, p. 9.

Refírese a un grupo de artigos seus sobre intelectuais que foron vítimas do Alzamento e aclara que aínda que se lle ten reprochado non terse ocupado dos escritores vítimas dos antifranquistas, si o fixo; concretamente dos irmáns Xosé e Manuel Cereijo Muíños e de Francisco de Fientosa. Comenta que aínda somos nestes temas, vítimas da peor historiografía franquista e como mostra trae dous exemplos tirados do *Diccionario de Escritores* de Couceiro Freijomil. Conclúe sinalando a necesidade de rehabilitar como cidadán e como poeta a Francisco de Fientosa.



_____, “Amencer”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 23 xaneiro 1997, p. 9.

Fai unha louvanza de *Amencer*, revista “única” no mapa das revistas escolares galegas. Describe brevemente o proceso de redacción e destaca algúns dos traballos publicados en dita revista entre os que destacan a reprodución de numerosos inéditos.



_____, “Un feixe de fichas e deseños”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
30 xaneiro 1997, p. 11.

Comenta aspectos non desentrañados da vida de Castelao. En particular sobre por qué o material do libro *As cruces de pedra na Galiza* (1950) non foi atopado no saqueo de xullo de 1936 á súa casa de Pontevedra. Afirmo que aínda está por escribi-la historia desa casa nos anos da Guerra e por coñecer-las cartas de Castelao ás súas irmás de Rianxo.



_____, “Platero en Lugo”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 febreiro 1997, p. 11.

Lembra unha insólita edición de *Platero y yo*, un calendario para o ano 1966 titulado *Platero e mais eu*, que editou a empresa luguesa Cartonajes ANMI. O calendario, coordinado por el, levaba un prólogo de Ánxel Fole titulado *Juan Ramón Jiménez visto por nós*. De Fole era ademais a tradución do capítulo 43, titulado *Amistad*. Cita ós autores galegos que colaboraron nesta publicación, entre eles Otero Pedrayo, Celso Emilio Ferreiro, X. L. Méndez Ferrín, Manuel María, Xohana Torres, M^a Xosé Queizán, etc. A continuación destaca o contido doutras páxinas literarias, unhas relacionadas con Juan Ramón —as traducións que o poeta fixo de Rosalía e Curros— e outras co tema do burro —poemas de La Fontaine e Francisc James—, ademais de efemérides que el mesmo escolleu. Conclúe alegrándose de que tanto Claudio Rodríguez Fer coma Armando Requeixo teñan lembrado nos seus recentes traballos sobre Fole as súas colaboracións neste calendario.



_____, “Cómaros verdes”, 50 anos”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
13 marzo 1997, p. 9.

Felicita ó concello de Vilagarcía e a tódalas persoas involucradas en conmemora-la aparición do primeiro poemario en Galicia, logo da Guerra Civil. Trátase do libro de Aquilino Iglesia Alvariño, *Cómaros verdes*, publicado en 1947 por Edicións Celta de Vilagarcía de Arousa. Con respecto ás actividades a celebrar, recomenda que en vez de facer unha mostra sobre os títulos poéticos destes últimos cincuenta anos en Galicia, sería mellor facela da produción poética de 1937 a 1947 en dous eixos: a publicada en América e a publicada en Galicia. Podendo así compararse a riqueza “relativa” do exilio exterior e a miseria “absoluta” da poesía do exilio interior, nos primeiros anos do franquismo.



_____, “Da censura: de 1967 a hoxe”, *La Voz de Galicia*, 10 abril 1997, p. 9.

Conta que en 1967 entregou a Gráficas Tanco un volume titulado *Trinta anos de poesía crítica, 1936-1966* e o editor, Carlos Vázquez, aceptouno con entusiasmo enviándoo á preceptiva “Censura”, volvendo rexeitado ós poucos días. Cre que o feito de que o título levara datas predispuxo ós censores e considera que non tivo a mesma sorte ca outros con Camilo José Cela, que exercía de censor. Considera que hoxe non existe censura *de iure* pero si *de facto* nalgunhas instancias e exemplifícao con dous vetos sufridos por el: un por un soneto laudatorio a Franco do que el non é autor e outro por unha conferencia sobre Vicente Risco “moderadamente crítica”. Conclúe coa referencia a Francisco Fernández Buey (a quen ía dedicado o libro vetado), alumno do articulista, “unha das mentes dialécticas máis sólidas de España”, de quen lle chegan noticias de Cataluña dos seus problemas coa censura.



_____, “Morrer con cantigas”, *La Voz de Galicia*, “ Beatus qui legit”, 17 abril 1997, p. 9.

Traza unha semblanza de Oscar Noya, fillo do director e impresor do xornal *Nuevo Herald* Juan Noya, dez anos despois da súa morte en Caracas. Conta como foi á emigración despois de ser perseguida a súa familia no ano 36, e do sentimento galego que mantivo ata a súa morte, sempre axudado pola súa muller, tamén galega.



_____, “Inmolados: 23 de abril de 1937”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
24 abril 1997, p.9.

Aproveita a data do 23 de abril para render unha pequena homenaxe a uns republicanos, no aniversario do afundimento dun bou en Vigo a mans dos falanxistas. No barco estaban oito homes e unha muller dispostos a desprazárense a Francia e logo viren loitar á España republicana. Mais, segundo conta, soubéronse descubertos e suicidáronse. Entre eles estaban dous primos de Castelao. Lembra ademais que é gracias a Rafael Dieste que sabemos hoxe desta “anécdota” ocorrida durante a guerra Civil e que recolleu na revista *Nova Galiza*, nun artigo titulado “No linde da liberdade. Unha morte lanzal.”



_____, “Guernica: Cunqueiro e Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
1 maio 1997, p. 9.

Recolle e contrasta a valoración que sobre o bombardeo de Guernica fixeron Castelao e Álvaro Cunqueiro: o rianxeiro considerou que Franco brindoulle a Hitler a súa patria para que fixese unha demostración de forza, o mindoniense declarou en 1937 que foron os propios vascos quen bombardearon o seu pobo. Cualifica de “vergonzosa” a postura de Cunqueiro e cre que este non debía ter naquel tempo máis información que a gubernamental ó tempo que descoñece se chegou a entoar o “mea culpa”. Remata referíndose á “infamia” de Guernica e ó cadro de Picasso, que inspiraría en 1962 unha glosa poética de Celso Emilio Ferreiro.



_____, “Domingo García-Sabell”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 23 maio 1997, p. 80.

Refírese á biografía intelectual de Domingo García-Sabell cualificándoa “como a de calquera intelcetual digno de tal nome, coa complexidade inherente ó pensamento indagador, sobre todo pensador e o dicir se exercen en tempos menesterosos e de suma dificultade”. Informa, así mesmo, do labor de García-Sabell no seo do ámbito cultural que compartía en Compostela con intelectuais como Ramón Piñeiro. Por último, salienta o feito de que, no seu momento, asumira o cargo de Delegado do Goberno en Galicia sen, por iso, deixa-la presidencia da Real Academia Galega.



_____, “As musas do medo”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 6 xuño 1997, p. 15.

Comenta aspectos tratados na súa obra *Os poetas galegos e Franco*, centrándose no drama que supón para un autor ter que escribi-lo que non pensa, “textos dictados” polas musas do medo” para evitar males maiores. Pon o exemplo de Julio Sigüenza, autor que despois de ser ilexítimamente expulsado de *El Pueblo Gallego*, dedícalle un poema a Jesús Suevos, o xerarca franquista que o expulsara. Tamén salienta o romance *Prisioneros* de Celso Emilio Ferreiro, escrito no Frente de Asturias en 1937, que reflicte unhas ideas totalmente contrapostas ás manifestadas polo poeta de Celanova ó longo de toda a vida.



_____, “Resposta ó Sr. Tarrío Varela”, *El Correo Gallego*, 7 xuño 1997, p. 2.

Responde Alonso Montero ó artigo de Anxo Tarrío publicado o 5 de xuño en *El Correo Gallego*, comentando que el non dixo que no Centro Ramón Piñeiro estivese vetada “a investigación sobre a literatura da guerra civil española da zona republicana e do exilio”, senón que as edicións facsímiles de revistas feitas polo centro só corresponden a publicacións editadas na Galicia de Franco arredor de 1950. Apunta á responsabilidade de Tarrío á hora de “omitir” traballos da zona “vetada” e sinala que o seu non é unha “guerra privada”, posto que xa outras persoas se teñen cuestionando certos aspectos do Centro Ramón Piñeiro.



_____, “A literatura no ‘Ramón Piñeiro’: a profesionalidade de C. R.”, *El Correo Galego*, 11 xuño 1997, p. 2.

Contestación a un artigo publicado por Tarrío Varela o 9 de xuño de 1997 no que fai referencia á información de C. R. en *El Correo Gallego* (4 de xuño de 1997) sobre a súa intervención na Galería Sargadelos e na que afirmaba que no centro Ramón Piñeiro se vetaba a investigación sobre a literatura galega realizada durante a guerra civil na zona republicana e no exilio. Confirma Alonso Montero que dixo esas palabras e insiste en que no Ramón Piñeiro ata o de agora non se realizou esa investigación e mesmo pensa que esas investigacións “serán vetadas” polos líderes influíntes do PP no centro, aínda que afirma que se no futuro non é así “iso é o que gañará a investigación”.



_____, “García Lorca: a gran celebración”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
13 xuño 1997, p. 15.

Reivindica a presenza de Galicia no centenario do nacemento de Lorca en 1998. Non só pola súa contribución á literatura galega cos *Seis poemas galegos* (1932), senón por máis facetas: o encantamento que sentía por Santiago, a devoción por Rosalía, para a que escribiu en 1919 *Salutación elegíaca a Rosalía de Castro*. Tamén pola colaboración nas revistas literarias galegas da II República, como *Yunque* e *Cristal* ou polo carteo con escritores galegos, caso de Blanco Amor, Martínez Barbeito, etc.



_____, “Xosé Rubia Barcia: varia heroica”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
20 xuño 1997, p. 15.

Realízase un perfil de Xosé Rubia Barcia, profesor e filólogo recentemente falecido, indicando as súas tendencias políticas, que o levaron a abandonar Galicia en 1936, os actos organizados na súa honra e algunhas anécdotas que sinalan o seu “prestixio moral”.



_____, “Hai 60 anos: Rosalía en 1937”, *La Voz de Galicia*, “Beatus Qui Legit”,
11 xullo 1997, p. 15.

Recorda o proxecto que os galeguistas tiñan en 1937 de levar a cabo unha homenaxe a Rosalía de Castro, por cumprirse o primeiro centenario do seu nacemento. Alude tamén a outra homenaxe, deseñada por Otero Pedrayo e Bouza Brey, que consistía na publicación dunha revista, e que non foi desenvolvida polo comezo da guerra. Seguidamente comenta que “está por facer un estudio que recolla, na prensa galega de 1937, as referencias a Rosalía” e inclúe referencias a algúns xornais, como *El Progreso* ou *El Compostelano*, rematando por falar dun artigo sobre a escritora publicado en *Hora de España*, que logo foi reproducido por *Nueva Galicia*, do que inclúe un fragmento.



_____, “Fiz Vergara Vilariño e Víctor Hugo”, *La Voz de Galicia*, “Beatus Qui Legit”, 25 xullo 1997, p. 15.

Comeza dando noticia do falecemento do poeta Fiz Vergara Vilariño e achegando algunhas claves biográficas do autor, como a relación coa súa terra, a súa enfermidade ou a publicación das primeiras obras. A seguir fala do enterro dunha “das voces importantes da poesía galega dos últimos vintecinco anos” e da numerosa asistencia de xente, establecendo paralelismos co enterro de Víctor Hugo, en París, en 1885, pois “non convocou o extraordinario escritor francés, proporcionalmente, máis persoas, nin suscitou máis emoción”.



_____, “Xervasio Paz Lestón volve a Muxía”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 1 agosto 1997, p. 11.

Fai referencia ó “excelente poeta menor” Xervasio Paz Lestón (Serantes-Muxía, 1898-Buenos Aires, 1977). Sinala que se trata dun poeta descoñecido ata agora, autodidacta, con vida e obra dun progresista non alleo ó humanismo marxista, que sendo con frecuencia un “poeta civil”, tamén tería outras musas. Céntrase na súa obra, da que destaca a descrita e publicada na *Galicia Emigrante* en Buenos Aires, que remata de ser estudiada por Arximiro Villar González na súa memoria de licenciatura baixo o título: *A poesía de Xervasio Paz Lestón: edición e estudio*, defendida na Universidade de Santiago.



_____, “El grup Nós: Autoretrat d’ una generació”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 8 agosto 1997, p. 11.

Dá conta da defensa da tese “El grup Nós: Autorretrat d’una generació” a cargo de Joaquim Ventura na Universidade de Barcelona. Valora positivamente este traballo sobre o Grupo Nós pola súa orixinalidade. Salienta a utilización de material inédito como é *Lembranzas do meu vivir* de Otero Pedrayo así como a correspondencia entre Risco e Losada Diéguez, e solicita a súa publicación polo grande interese que teñen para os estudiosos da nosa literatura.



_____, “17 e 19 de agosto: os mártires”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
15 agosto 1997, p. 11.

Comenta a celebración que se fai tódolos 17 de agosto, data do cabodano do fusilamento de Alexandre Bóveda, do Día da Galicia Mártir. Lembra ademais que un 19 de agosto foron tamén fusilados o poeta Federico García Lorca, autor de *Seis poemas galegos* e Anxel Casal, que editou eses poemas no ano 1935 en Santiago.



_____, “Luciano Maia, outro poeta alófono”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 22 agosto 1997, p. 11.

Loa a figura e a obra do poeta e intelectual polilingüe brasileiro, Luciano Maia, a quen tivo como alumno nun curso para estranxeiros impartido en Santiago. Comenta a biografía literaria deste poeta alófono autor de *Cinco poemas galegos*.



_____, “Nómina’ menstrualia in maturam mortem habuit”, *La Voz de Galicia*,
“Beatus qui legit”, 29 agosto 1997, p. 11.

A frase coa que Alonso montero titula este artigo figura nunha carta que Ramón Otero Pedrayo escribiu a un amigo cando foi suspendido de emprego e soldo no ano 1937. Comenta este feito e pregúntase cando se publicarán as *Memorias* inéditas do escritor ourensán nas que seguro fala desa situación.



_____, “Epitafios de “Galicia, terra única”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
12 setembro 1997, p. 15.

Fala da súa voluminosa colección de inscricións funerarias, algunhas verdadeiros epitafios literarios; e comenta a súa visita ó “Cemiterio romántico decimonónico” dentro da mostra “Galicia, terra única”, constituído por 18 lápidas con textos literarios de Rosalía, Curros Enríquez, Pastor Díaz e Eduardo Pondal entre outros.



_____, “Inéditos (aínda) de Castelao”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
19 setembro 1997, p. 15

Comenta a aparición dun novo volume sobre Castelao, *Conferencias e discursos* (1996), do que é autor Henrique Monteagudo e no que aparecen distintos inéditos do autor dos que destaca unha conferencia sobre Curros e un texto sobre o enterro civil de Bóveda ademais de varios apuntes moi elaborados como os recollidos baixo o epígrafe de "Fragmentos sobre a guerra de España".



_____, “Blanco-Amor e García Lorca”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
26 setembro 1997, p. 15.

Comenta que na súa intervención no congreso que se celebrou en Ourense con motivo do centenario do nacemento de Blanco-Amor, disertou sobre os poemas que este compuxo á morte de Lorca. Lembra como o ourensán se erixiu en paladín da memoria do granadino na Arxentina. Tamén descobre como o autor de *A esmorga* chegou a usa-lo nome de Federico García Lorca como pseudónimo seu.



_____, “Política e cultura”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 2 outubro 1997, p. 11.

Láíase da escasa atención que prestan os políticos á cultura, máxime en época electoral. Enuncia a necesidade dun amplo debate sobre o tema e suxire varias cuestións como velados ataques á actuación de institucións como o Consello da Cultura Galega, o Instituto Padre Sarmiento ou o Centro Ramón Piñeiro.



_____, “Defensa dos manuscritos literarios”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 10 outubro 1997, p. 13.

Lembra a celebración do IV Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos, en Padrón, comezando por considerar que á hora de “achegarse con éxito á obra dun escritor” o primeiro é recoller toda a súa obra, conservala e organizala e poñela “ó servicio dos estudiosos”. Comenta que na lectura do relatorio que fixo no devandito encontro referiuse á Fundación Otero Pedrayo, que ten escritos de gran valor mais non conta con “medios económicos para clasificar, catalogar e editar páxinas tan significativas”. Seguidamente falou da “axuda multimillonaria” que recibe da Xunta a Fundación Cela, o que vai en prexuízo doutras institucións igualmente merecentes de subvencións e apelou ós políticos para que se manifestasen sobre o tema. Remata referíndose ó tema concreto da Casa de Curros Enríquez.



_____, “15 poemas galegos para o Che Guevara”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 17 outubro 1997, p. 11.

Lembra a morte de Che Guevara acontecida trinta anos atrás e comenta algunhas publicacións que o homenaxearon e que incluíron poetas galegos, como *Poemas al Che*, publicado na Habana en 1969, e no que participaban Celso Emilio Ferreiro, Manuel Lueiro Rey, Manuel María, Méndez Ferrín e Carlos Casares. Tamén dá conta dunha homenaxe que publicou “o periódico *España Republicana*, da Habana”, en 1970, coa colaboración, ademais dos mencionados, de Eliseo Alonso, Manuel Álvarez Torneiro, Xavier Costa Clavell, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Manuel Rodríguez López e Farruco Sesto Novás. Finalmente, alúdese tamén á exposición que organizou Neira Vilas no quinto cabodano do Che, con participación de varios artistas e escritores galegos. Remata comentando que sería interesante sabe-lo que pensarían hoxe sobre o guerrilleiro “os poetas que o cantaron hai trinta anos”.



_____, “Sabino Torres, editor no ‘exilio”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
31 outubro 1997, p. 15.

Lémbrese cómo Sabino Torres Ferrer creou en 1949 na cidade de Pontevedra a colección Benito Soto de poesía, na que apareceron títulos de Cunqueiro, Pimentel... Dáse conta de que, xa xubilado, edita dende hai catro anos unha nova colección adicada á lírica: Hipocampo Amigo (bilingüe, como a anterior).



_____, “Illa do amor, illa da morte”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui Legit”,
21 novembro 1997, p. 15.

Comentario sobre a Illa de San Simón, relacionada “un dos máis misteriosos e suxestivos poemas da Europa medieval: a cantiga de Mendiño, a única, por desgracia, que chegou a nós do inmortal e turbador poeta”. Ofrece un breve resumo do argumento da citada cantiga de amor, ambientada no século XIII na citada illa. A continuación reclama da Xunta de Galicia a “creación dun espacio de privilexio” na illa “no que se erguese un pequeno museo que amosase didacticamente a historia da illa”. Engade que nese museo debería aparecer en primeiro lugar “o poema de Mendiño gravado en pedra nobre do país”. Para rematar o articulista alude a un poema que Valentín Paz Andrade escribiu, no 1976, titulado “Illa do amor, illa da morte”.



_____, “Algunhas observacións mínimas”, *La Voz de Galicia*, 27 novembro 1997, p. 73.

Reflexiona sobre as características e o labor da Real Academia Galega dous días antes da elección do sucesor de Domingo García-Sabell na presidencia da citada institución. Comeza cunha lembranza á situación da Academia durante a ditadura franquista: “en 1941 Francisco Franco -o tirano das catro ominosas décadas- foi designado, por unanimidade e aclamación, presidente de honor da Real Academia Galega, distinción nunca outorgada a ninguén pola Academia en ningunha das sesións corporativas”. Na súa opinión, unha institución de carácter cultural como a Real Academia só “cumpre a súa misión (de reflexión libre e crítica) na medida en que non sexa condicionada por outras instancias, nomeadamente as políticas e as económicas”. Continúa o seu comentario cunha descrición dos principais cometidos da Real Academia entre os que destaca a determinación daqueles elementos do idioma “que están na liña da propiedade e da corrección”. Considera que para levar a cabo esta difícil tarefa, a Real Academia debería contar coa estreita colaboración de especialistas extraacadémicos e doutras institucións como o Instituto da Lingua Galega. Por último, afirma que a Real Academia precisa do apoio económico da Administración Pública, é dicir, da Xunta de Galicia, “independentemente do partido político que governe”.



_____, “Vila Nova do Soneto”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui Legit”,
28 novembro 1997, p. 13.

Saúda a aparición da segunda edición aumentada da denominada *Revista Internacional. O Soneto Neo-Latino Florilégio de sonetos inéditos das línguas latinas e suas afins*. Trátase, segundo o articulista, dunha revista única “na historia da hemerografía literaria mundial. Non hai outras destas características, desta intención e desta paixón”. Cita un estudio que publicou no *Anuario de Estudios Literarios Galegos* sobre a citada revista. O estudio, “despois de caracterizalo singular boletín poético”, céntrase nun achegamento ós tres colaboradores galegos, Noriega Varela, Iglesia Alvariño e Otero Pedrayo.



_____, “Os mártires de Sobredo”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
5 decembro 1997, p. 13.

Refírese á celebración da homenaxe ós tres labradores caídos o 28 de novembro de 1922 pola loita contra os foros, na que el participou de orador. Dá conta de quen foron os tres mortos de bala, e relata os feitos que tiveron lugar antes e ó longo deste acontecemento. Comenta que en 1932 se inaugurou na aldea de Sobredo un monumento ós mártires, que sería derrubado no verán de 1936 e volto a reconstruír no ano 1986, data dende a que é honrado tódolos anos. Sinala ademais que este suceso suscitou textos literarios de valía, entre os que destaca o de Ramón Cabanillas, titulado *Sobredo*.



_____, “Mientras crece la hierba”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”,
19 decembro 1997, p. 13.

Alude ó poemario de Manuel Lueiro Rey, *Mientras crece la hierba*, que se publica sete anos despois do seu pasamento. Ofrece diversos comentarios sobre este volume, que acolle 42 textos onde están ben representadas as liñas e as preocupacións poéticas de Manuel Lueiro. Sinala ademais entre outros aspectos do poeta, que arrancou do idioma galego notas cívicas tan eficaces coma as do seu libro *Escolma ferida* (1996), pero que é no castelán o idioma onde literariamente se instalou mellor.



_____, “Rosalía de Castro nas pasarelas da moda”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 26 decembro 1997, p. 11.

Critica neste artigo a utilización da figura de Rosalía na celebración dun desfile de moda realizado en Coruña. Alonso Montero sinala que estas supostas homenaxes son “unha trivialización e unha utilización da figura homenaxeada”.



Alvarado, “Buenos días Tovar”, *La Región*, “Buenos Días”, 20 marzo 1997, p. 2.

Alédase da concesión, por parte da RAG, ó poeta Antón Tovar do título de Académico de Honra. Dóese de que a “neointelectualidad gallega” rexeite grande parte dos seus versos por estaren escritos en castelán.



_____, “Risco, outra vez”, *La Región*, “Buenos días”, 30 maio 1997, p. 2.

Con motivo dunha cea en homenaxe a Antón Risco, recorda a figura de Vicente Risco, e enumera algunhas das súas achegas á cultura galega. Informa, así mesmo, da representación da única peza teatral de V. Risco, *O bufón de El Rey*, a cargo do Centro Dramático Galego que dirixe Manuel Guede Oliva.



_____, “El alma de un gran poeta”, *La Región*, 22 xullo 1997, p. 14.

Lembranza do poeta finado Fiz Vergara Vilariño na que Alvarado salienta súa fructífera obra e a grave e insoluble enfermidade que foi acabando co seu corpo.



_____, “El yo del poeta Valente”, *La Región*, “Buenos días”, 7 outubro 1997,
p. 2.

Con motivo dunha homenaxe tributada a José Ángel Valente, indícanse as opinións deste sobre o “eu” lírico e sobre o feito de que o cabal manexo deste “eu” se considere patrimonio dos bos poetas.



Alvarellos, Quique, “Citas”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”, 17 novembro 1997, p. 56.

Recolle algunhas citas sobre a cidade de Santiago escritas por diversos autores. Algunhas delas son de García Lorca, Heraclio Pérez Placer, Otero Pedrayo e outros.



Álvarez Cáccamo, Alfonso, “Moraima”, *Faro de Vigo*, 15 xaneiro 1997, p. 30.

Lembranza de Moraima, a dona de Celso Emilio Ferreiro con motivo do seu pasamento. Evoca os días pasados pola súa familia con ela e co poeta na praia hai 35 anos e como falaban do futuro , un futuro que se volveu “vello e é un tráxico presente”.



Álvarez Cáccamo, X. M., “Os perigos do libro”, *A Nosa Terra*, nº 767, “Guieiro Cultural”, 27 febreiro 1997, p. 32.

Advirte nun ton irónico dos perigos dos libros xa que a vida non transita por eles senón polos campos de fútbol.



Álvaro Rodríguez, Alfonso, “Arquetipo”, *El Progreso*, “Tribuna”, 11 xuño 1997,
p. 4.

Respecto dunha entrevista realizada a Daniel Cortezón en *El Progreso* do día 1 de xuño, Alfonso Álvarez Rodríguez refírese ó desencanto reflectido nas declaracións do entrevistado sobre a consideración de que Castelao consideraba a Picasso un mal debuxante. Pon numerosos exemplos de artistas que abominaban a outros grandes artistas e destaca o labor do rianxeiro na tramitación do Estatuto de Autonomía. Salienta ademais a habilidade para describi-la idiosincrasia galega e trata de contradici-la visión de Risco como un “filofascista” sinalando que o ourensán non se atopan “estimaciones de tipo corporativo, ni voluntad de Imperio propias de los fascios” e prefire situalo preto do “patriarcalismo conservador de Otero Pedrayo”. Pola contra aprecia “vontade de Imperio” en Valentín Paz Andrade “con un halo de vaga izquierda utopista y de Proudhon (...)”



Amenedo, Cristina, “Fernández del Riego”, *El Correo Gallego*, 25 maio 1997, p. 4.

Ofrece unha nota laudatoria sobre a persoa e a obra de Francisco Fernández del Riego, galardoado co Premio das Letras e das Artes de Galicia no ano 1997. Na súa opinión, Fernández del Riego “ademais de ser un home de fonda e cordial humanidade, é un escritor en lingua galega certamente excepcional”. Reflexiona sobre a maneira peculiar de escribir do autor e remata o artigo coa reprodución dun poema que a autora lle dedicou ó escritor de Vilanova de Lourenzá.



Ansias, César, “De cea con Antón Risco”, *Atlántico Diario*, 21 maio 1997, p. 25.

Refírese ó acto que organiza o clube que preside no mes de maio co obxectivo de homenaxear a un ourensán destacado na vida cultural. Menciona ós protagonistas das tres edicións anteriores —Carlos Casares, Manuel de Dios e Manuel Buciños— e anuncia que o homenaxeado no ano 1997 é o escritor e investigador Antón Risco. Conclúe convidando a tódolos seus amigos a que estean presentes na cea homenaxe.



Arias Solís, Francisco, “O elegante estilo dun humanista”, *O Correo Galego*,
29 xaneiro 1997, p. 4.

Eloxio da figura de Eugenio Montes (1897-1982), do que se cumpren cen anos do seu nacemento. Gaba o seu humanismo, o seu estilo estilo como orador e como prosista e salienta a súa obra obra, sobre todo como ensaísta.



Armesto Faginas, X. F., “La casa de don Paco”, *La Voz de Galicia*,
13 decembro 1997, p. 65.

Refírese á inauguración do Museo Fernández del Riego, que recolle a doazón feita á cidade de Vigo polo escritor de terras de Lourenzá: pinacoteca, biblioteca e hemeroteca, entre outros obxectos non incluídos nestes apartados, como é o seu epistolario. Comenta outros aspectos deste museo situado na casa onde vivira Fernández del Riego, na que Galicia e o galego o presidían todo.



_____, “Cartas”, *La Voz de Galicia*, 16 abril 1997, p.9.

Refírese á grande afección que tivo Álvaro Cunqueiro pola cartomancia, e a algunhas experiencias de botadoras de cartas coas que tratou o escritor de Mondoñedo, especialmente dunha de San Sebastián, que durante a guerra vaticinaba os avances do exército franquista con moi pouco acerto.



Baamonde, Antón, “Manolo”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 26 xullo 1997, p. 67.

Comenta a relación de Manuel Rivas coa Coruña malia a vivir en Vimianzo. Sinala a tranquilidade da vida do Premio Nacional de Literatura como factor favorecedor do seu carácter positivo. Valora a Rivas por non caer no “orgullo egocéntrico”



Barreiro Fernández, “Antón Fraguas”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*,
“Teatro do Mundo”, 10 agosto 1997, p. 64/ p. 63.

Fai un percorrido pola biografía de Antón Fraguas no que salienta a súa constante dedicación ó estudio da cultura galega dende que ingresou no Seminario de Estudos Galegos no 1928 ata a actualidade. Segundo Xosé R. Barreiro, o profesor Fraguas “representaba a ruralidade” no Seminario, e a súa achega foi fundamental. O autor do artigo destaca a capacidade de traballo de Antón Fraguas que o leva a dirixir na actualidade o Museo de Pobo Galego, interinamente a R.A.G., e a coordinar a Ponencia de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega e outras tarefas.



Beiró, Masito, “Medio Século do Patronato Rosalía de Castro”, *O Norte*, nº 53,
2ª Quincena de Xaneiro 1997, p. 26.

Alude ó inicio dunha nova xeira durante 1997 para a Fundación Rosalía de Castro. Así menciona a transformación de Patronato en Fundación, a remodelación nos cadros directivos o aumento de patrimonio, as novas publicacións editoriais, etc. A continuación cita os nomes das persoas que antecederon a Agustín Sixto Seco no cargo. Refírese ademais ás finalidades da institución e sinala que entre as próximas actividades agárdase a presenza da Raíña, menciona a reedición da Ruta Rosaliana e como “peche de ouro” a exposición internacional “Rosalía de Castro, na fin de século” que percorrerá América, Europa e Galicia.



_____, “Encontros en Padrón dos gardiáns da palabra”, *El Correo Gallego*,
“Tribuna libre”, 4 outubro 1997, p. 11.

Cítanse tódolos autores ós que se fixo referencia durante os tres días do encontro de fundacións de literatos que se vén de celebrar en Padrón. Fálase dos temas tratados, centrados sobre todo na dinamización da actividade destas institucións e na necesidade de unión para lograren obxectivos comúns. Finalmente críticase a ausencia nos debates da Fundación Camilo José Cela.



Bernal, Diego, “Martínez Barbeito, un señor de A Coruña”, *El Correo Gallego*, “Escritorio de Bordóns”, 30 xuño 1997, p. 63.

Comeza subliñando o lugar destacado que ocupa a figura de Carlos Martínez Barbeito na historia da literatura e o pensamento galego e considera que a súa memoria trascenderá malia se oíren poucas palabras no momento da súa morte. Refírese a continuación á “feliz idea da editorial Laiovento” de traducir ó galego *El bosque de Anceis* (1997), que segundo Bernal está na liña narrativa dos grandes mestres. Salienta, así mesmo, a semblanza realizada por Aurora Marco a quen lle atribúe o mérito de rescata-los recordos das mulleres máis notables en *As precursoras* (1993) onde “loce” María Barbeito, nai do intelectual coruñés. Diego Bernal destaca ademais o esforzo de Laiovento e resalta nesta editorial a virtude de ensina-lo “galleguismo militante y realista” de Martínez Barbeito. Destaca finalmente a súa discrección, amabilidade, amenidade na conversación, sinxeleza, etc. e considera que aínda que non se falou moito del, a súa obra fala elocuentemente da súa singular presenza no noso panorama cultural.



_____, “Castroviejo, el escritor de los paisajes iluminados”, *El Correo Gallego*,
“Escritorio de bordóns”, 2 setembro 1997, p. 64.

Comenta a homenaxe á memoria de Xosé María Castroviejo celebrado en Tirán, un dos escenarios máis trascendentes do escritor. Considera que Xavier Abalo, alcalde de Moaña, demostrou coa homenaxe o seu concepto xusto de galeguidade, ó igual que o alcalde de Vedra que tamén recordou nun acto íntimo ó escritor.



_____, “Conde y los raros otoños dorados de Compostela”, *El Correo Gallego*,
“Escritorio de bordóns”, 13 outubro 1997, p. 63.

Tras dunha evocación ó outono compostelán e unha lembranza a Otero Pedrayo, “el más apasionado cantor de esos dorados otoños”, fala da importancia de Compostela, Portosín e Allariz na traxectoria de Alfredo Conde e de Vilanova dos Infantes para Méndez Ferrín. A propósito destes dous escritores reflexiona sobre o feito de que non sexan académicos e sinala que a Real Academia Galega necesita un “dynamismo nuevo”.



_____, “Perfecto Conde”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo. Retratos de Xosé Freixanes”, 19 outubro 1997, p. 64/p. 64.

Reflexión sobre a figura de Perfecto Conde, personaxe inventado por Carlos G. Reigosa. A ironía é situada como o seu trazo característico.



Blanco, Carmen, “O poeta do canto matricial”, *La Voz de Galicia*, “Un polifacético do Século XX”, p. 91.

Rememora a figura do poeta Valentín Paz-Andrade. Salienta a súa personalidade polifacética e o seu galeguismo vital combinado cunha actitude ilustrada centrado en Galicia e no afianzamento dos lazos históricos galaico-portugueses. Ademais comenta brevemente as obras por el publicadas.



Blanco Freixeiro, Antonio, “Flaubert y Castelao ante los primitivos flamencos”,
Diario de Pontevedra, “Diario del Domingo”, “Protagonistas de Hemeroteca”,
22 xuño 1997, p. 4.

Manifesta a vinculación de certos trazos psicolóxicos entre Castelao e Flaubert, e indica a influencia que na obra dos dous tivo a pintura flamenca primitiva. Primeiramente recolle declaracións de Flaubert ante a obra de Brueghel e logo as impresións que Patinir, Brueghel e Bosch produciron en Castelao, que se propoñía imitalos e “faguer unha cousa ben galega e xa que non temos primitivos coñecidos, eu vou faguer un cadro cheo de humorismo e de lirismo, como cómpre ó noso xenio”. Comenta que aínda que o cadro nunca foi rematado, as influencias dos primitivos flamencos “fecundaron outras parcelas de la obra de Castelao”.



Borobó, “Agora, xusto hai cincuenta anos”, *A Nosa Terra*, nº 779, “Guieiro Cultural”, “Anacos”, 22 maio 1997, p. 26.

Logo de achegarnos algúns datos biográficos de Aquilino Iglesia Alvariño, lembra o día no que o autor de *Cómaros Verdes* lle dedicou o primeiro exemplar do libro que vendeu.



_____, “Cincuentenario adiantado”, *A Nosa Terra*, nº 788, “Guiero Cultural”,
“Anacos”, 24 xullo 1997, p. 28.

Informa da celebración do cincuentenario do Patronato Rosalía de Castro, conmemorado con ano e medio de adianto, posto que na acta da Comisión Organizadora do Patronato, consta que foi o 29 de decembro de 1948 cando se reuniu para constituí-la primeira Xunta de Goberno da institución. Dá conta dos integrantes desa Comisión e refírese ó proxecto de Xosé Mosquera Pérez, de adquiri-las casas nas que morara Rosalía, para convertelas en residencias de artistas sen acougo na vellez.



_____, “Tropezo na Porta do Sol”, *A Nosa Terra*, nº 789, “Guieiro Cultural”,
31 xullo 1997, p. 28.

Sinala o paralelismo da súa vida coa de Ramón de Valenzuela a quen coñecía. Relata, así, toda unha serie de feitos da vida do autor de *Era tempo de apandar* que culminan co encontro dos dous en Madrid loitando na Guerra Civil dentro do bando republicano.



_____, “Lembranza de Johán Carballeira”, *A Nosa Terra*, nº 793, “Guieiro Cultural”, 28 agosto 1997, p. 20.

Lembra a Johán Carballeira, fusilado en abril de 1937, na estación de Cesures en compañía do debuxante Rafael Ochoa. Refírese ó monumento á súa memoria que promove unha comisión cívica de Bueu, concello do que Johán Carballeira foi alcalde coa Frente Popular.



_____, “A enmarañada intertextualidade de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 796, “Guieiro Cultural”, 18 setembro 1997, p. 28.

Exemplifica co texto de Castelao *Os versículos do Barbanza* ó que Monteagudo chama “enmarañada intertextualidade” no seu libro *De viva voz. Castelao: Conferencias e Discursos*. Destaca o feito de que, como se di nesta obra, non se conserve ningunha mostra da oratoria política anterior á Guerra Civil, aínda que Borobó pensa que é posible a súa reconstrución mediante a confrontación das recensións dos xornais coas *Verbas de chumbo* escritas naquel tempo e as súas intervencións parlamentarias.



_____, “No empardecer de seu vivir”, *A Nosa Terra*, nº 798, “Guieiro Cultural”,
2 outubro 1997, p. 28.

Reproduce algúns fragmentos da resposta de Ramón Otero Pedrayo ó discurso de ingreso de Aquilino Iglesia Alvariño na Real Academia Galega. Na resposta, Otero referíase ó grande acto literario de lembranza e xustiza que se debería facer entrando no ano dous mil consistente en que o mellor poeta do momento fixese un panexírico de Iglesia Alvariño, “O outo e libre poeta dos nosos días”. Considera que a resposta de Otero é un dos poucos exemplos que quedan daquela fala xenial de D.Ramón Otero e é “o mellor panexírico que podería soñar o mesmo don Ramón”.



_____, “Viaxe cara a morte”, *A Nosa Terra*, nº 808, “Guieiro Cultural”,
11 decembro 1997, p. 20.

Reproduce unha conversa mantida con Ánxelo Novo a raíz de non ter aparecido o seu nome na noticia publicada por *O Correo Galego*, onde se daba conta dos membros fundadores do Patronato Rosalía de Castro, homenaxeados por esta mesma institución no seu aniversario. Fala ademais nesa conversa de figuras senlleiras da literatura galega como son Aquilino Iglesia Alvariño, Isidro Conde e Pura Vázquez.



Borrajo, Moncho, “As “Cousas” de Castelao”/“Remexer nos libros”,
La Región/Atlántico Diario, “Anacos”, 15 marzo 1997, p. 26/p.27.

Conta Moncho Borrajo, que cando sente lembranzas da terra, remexe nos seus libros máis queridos para voltar ás súas raíces galegas. Entre eles está *Cousas* de Castelao, que lle impregna “unha sensación de diferenciación”. Considera que tanto os debuxos de Castelao coma os de Maside dan conta dunha realidade social pasada, cando existía un “caciquismo da terra e da laboura”. Hoxe substituído por un aínda peor, “o caciquismo cultural”, que fai a súa vontade baixo a bandeira das liberdades.



_____, “A nosa lingua”/“Anacos”, *El Progreso/Diario de Pontevedra*, 7 novembro 1997, p. 13/p. 10.

Comenta que hai anos comprou un libro de gramática galega para “aprender a falar ben a lingua dos meus ancestros” e que contén un texto de Florentino López Cuevillas que o le cando alguén dubida ou descoñece a súa identidade. Reproduce ese texto, que fala sobre o labor emprendido a prol de Galicia e no seu nome, e remata afirmando que sempre o ten presente, agradecéndolle a Cuevillas “por facer que non morreran en min os sentimentos galegos.”



Cabana, Darío Xoán, “No onte motivador de García Barros”, *Tabeirós Terra*, “Plumas convidadas”, nº1, Abril 1997, p.3.

Lembra algúns aspecos sobre a publicación das *Aventuras de Alberte Quiñoi*, na Editorial Castrelos, onde traballaba. Ó comezo sinala que foi el quen correxiu as probas de imprenta da novela do escritor estradense. Refírese tamén á carencia de medios cos que contaba a editorial e o esforzo que supuxo a publicación dunha novela de trescentas páxinas. Engade que naquelas circunstancias houbo que tirarlle algúns “parágrafos pouco significativos para aforrar páxinas e algunha perdas”. Aínda así considera que sen o tesón e ilusión de X.M. Álvarez Blázquez non sería posible a publicación.



Calvo, Tucho, “Novedades e placer de lectura”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 8 xuño 1997, p. 89.

Comenta a gran cantidade de novidades do mercado editorial. Sinala, así mesmo, que a calidade das obras publicadas non é moita aínda que entre eles poidan atoparse excepcións. Ó mesmo tempo subliña que o feito de que se publiquen moitos libros favorece ós escritores máis novos. Por último opina que o prezo dos libros non é excusa para non ler pois sempre se poden atopar libros a prezos asequibles.



_____, “Escala nos premios literarios”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”,
29 xuño 1997, p. 90.

Propón establecer unha escala nos premios literarios de xeito que cada un cumpra unha función distinta. Exemplifica esta idea diferenciando entre premios escolares, premios con pequena dotación económica para dar a coñecer novos escritores, e premios para autores “consagrados”. Conclúe denunciando a actitude lexítima de novelistas e poetas “xa ben coñecidos” que se presentan a tódolos premios e considera que convén abri-los certames ós novos escritores deixando “os grandes premios” para os autores coñecidos.



_____, “Unha indelicadeza Nobel”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 20 xullo 1997, p. 82.

Comenta a visita a Galicia de Knut Ahnland, membro do comité Nobel de Literatura da Academia de Suecia, e critica as manifestacións nas que afirma non coñecer a Alfredo Conde o actual candidato galego ó máximo galardón da literatura mundial, nen tampouco a súa obra.



Carballude, Pepe, “Louvanza da aldea”, *Tabeirós Terra*, “Plumas convidadas”, nº 2, novembro 1997, p.2

Considera a aldea como capital de cultura, por iso alenta a tódalas aldeas a abriren ó publico locais onde se fomenta a cultura. Pon como exemplos o caso da Biblioteca pública da Fundación Xosé Neira Vilas en Gres, ou da Asociación cultural Monte-Blanco en Ponteceso. Remata animando ós veciños da súa parroquia, Rubín, para que reformen a Escola de Emigrantes, para convertela nunha biblioteca pública .



Carrio, Xavier, “La Academia y el futuro”, *El Correo Gallego*, 28 novembro 1997, p. 3.

Comentario sobre o futuro da Real Academia Galega despois da dimisión do seu presidente Domingo García-Sabell. Cita a Francisco Fernández del Riego como o posible sucesor na presidencia da institución. Na súa opinión, Fernández del Riego é unha “personalidad de dimensiones incuestionables que conecta directamente con la memoria de las luchas culturales de Galicia en las últimas décadas y, al mismo tiempo, sirve de eslabón con las nuevas generaciones más preocupadas por el resurgimiento y la plena actualización de las raíces que definen y perfilan la identidad de nuestra tierra”.



Carro, Xavier, “Con Paco del Riego”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”,
30 maio 1997, p. 83.

Refírese ós recoñecementos que se lle fan a Fernández del Riego concedéndolle o Premio das Artes e das Letras. Relata a seguir cómo coñeceu ó galardoado e destaca del o seu saber literario, a súa humanidade e a súa vitalidade.



_____, “Versos novos”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 26 setembro 1997,
p. 81.

Lembra os seus contactos persoais con Aquilino Iglesia Alvariño, autor do primeiro poemario galego da posguerra e a importancia que tivo naqueles intres a publicación de *Cómaros verdes*.



Casais, Eric, “As letras galegas”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 21 maio 1997, p. 82.

Reflexión sobre a importancia dos libros de texto na constitución do canon literario galego que, na súa opinión, determina que a literatura galega estea condicionada pola obrigatoriedade dalgunhas lecturas na escola e que o seu público sexa maioritariamente o adolescente. Sinala que é indubidable que a escolarización en galego e a vida oficial da nosa lingua produciu froitos importantes e que ademais o éxito de vendas de autores como Manuel Rivas e Suso de Toro ou a proposta de Alfredo Conde como candidato ó premio Nobel, demostran a boa saúde da nosa literatura. Pero a pesar de todo isto considera que o verdadeiro test dun idioma pasa pola súa aceptación colectiva, feito que aínda non se logrou no caso do galego.



_____, “O Batallón da Costa da Morte”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”,
4 xuño 1997, p. 81.

Breve reflexión sobre as actividades do denominado grupo poético Batallón Literario, formado por un grupo de trinta e oito escritores “de idades comprendidas entre os dezanove e os setenta anos”. Entre as súas contribucións ó panorama cultural galego, cita máis de cincuenta recitais por toda a xeografía galega, un conglomerado de publicacións individuais e colectivas, a creación da colección “Os libros da Cal” da editorial A Maía, a publicación dun boletín trimestral denominado *Feros Corvos* ou o grande número de colaboracións con colexios, concellos e outras entidades de carácter público e privado.



_____, “O Pulitzer galego”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 8 outubro 1997, p. 90.

Fai unha análise da obra de Suso de Toro, acompañándoa cunha serie de comentarios emitidos polo propio escritor. Considera que a súa traxectoria ten evolucionado dende a literatura experimental e fragmentaria ata unha expresión máis narrativa, onde se reconcilia co pracer do texto que conta unha historia. Destaca a defensa pola “franqueza” da súa profesión, a súa visión de Galicia e presenta unha serie de consideracións das obras deste autor, que vén de recibirlo Premio “Blanco Amor”.



Casal Quintáns, Santiago, “O hiperenxebrismo galego”, *O Correo Galego*,
“Tribuna popular”, 6 febreiro 1997, p. 2.

Fai unha reflexión acerca da materia e da temática que debe trata-la nosa literatura e que, ó seu ver, debe afastarse dos tópicos que abafan á nosa sociedade. Critica a excesiva dependencia do hiperenxebrismo e do ruralismo, esquencendo "criterios de interese universal". Afirmar, finalmente, que estas tendencias aínda se verifican en moitos dos nosos literatos, segundo Santiago Casal Quintáns.



Casalderrey, Fina, “Manuel María”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo. Retratos de Xosé Freixanes”, 1 xuño 1997, p. 64/p. 64.

Reflexión sobre o concepto de poesía e sobre o labor dos poetas galegos. Céntrase na súa idea de poesía e na influencia que tivo na súa carreira posterior. Na súa opinión, foi unha cea en Monforte de Lemos co poeta Manuel María a que espertou nela o sentimento de sensibilidade cara á poesía galega. Remata cunha sucinta alusión á *Antoloxía poética* do autor da Terra Chá, na que se recolle a meirande parte da súa obra.



Casares, Carlos, “Na Academia”, *La Voz de Galicia*, Á Marxe”, 29 novembro 1997, p. 13.

Reflexiona brevemente sobre a futura elección do novo presidente da Real Academia Galega. A continuación afirma que o importante é que a Academia continúe co seu traballo aínda que, na súa opinión, tamén é preciso que se renove e que dea entrada a “escritores importantes que non forman parte dela”.



Castañón, José Manuel, “Rubia Barcia, gallego universal”, *Faro de Vigo*, 1 xullo 1997, p. 31.

Un artigo de Méndez Ferrín sobre morte de Xosé Rubia Barcia dálle pé ó articulista para facer algunha rectificación e aclaración e contar anécdotas do falecido. Recóllense palabras súas procedentes de cartas e de declaracións públicas así como parte do discurso do alcalde de Ferrol ó inaugura-lo busto que recorda a Rubia Barcia nesta cidade. Fálase das súas conviccións políticas rematando coa recomendación de que se traduza ó galego a súa obra *Memoria de España*, “para estudantes no solamente de Galicia, sino del vecino Portugal”.



Castro, Francisco, “Unha web galega”, *Atlántico Diario*, “Crónicas efímeras”, 10 marzo 1997, p. 18.

Tras opinar que a cibernética non vai rematar cos libros tradicionais efectúase unha descrición laudatoria da páxina da Asociación de Editores Galegos en Internet.



_____, “Rosalía revisitada”, *Atlántico Diario*, “Crónicas efímeras”, 17 novembro 1997, p. 13.

Congratúlase pola aparición dun disco de Amancio Prada e dun disco-libro editado polo Patronato Rosalía de Castro, ámbolos dous adicados á insigne padronesa. Opina que estas obras contribuirán a un coñecemento máis completo da súa figura, arredando así a idea dunha Rosalía fundamentalmente chorona que primou baixo a dictadura franquista. Dóese tamén o articulista da pouca atención que o pobo galego lle adica ós seus poetas e solicita del un maior compromiso coa súa lingua e coa súa literatura.



Castro, Xosé M. de, “Benvido a casa, Antón”, *Faro de Vigo*, 30 maio 1997, p. 30.

Dálle a benvinda a Galicia ó xa xubilado da súa cátedra de Quebec, Antón Risco. Alégrase pola súa volta a Galicia e anuncia que será nomeado ourensán do ano nunha cea á que asistirán moitos dos seus amigos. Alude, así mesmo, á súa “calidade estilística” e ó seu traballo no eido da investigación literaria, “recoñecidos tanto no mundo académico como no editorial”.



Castro Erroteta, Xosé María de, “No pasamento de Colin Smith”, *La Voz de Galicia*, 7 abril 1997, p. 7.

Con motivo da morte do hispanista Colin Smith, o articulista lembra unha serie de anécdotas vividas xuntos. Destaca, sobre todo, a importancia da traducción que Smith fixo ó inglés de *Merlín e familia* de Alvaro Cunqueiro a través da cal chegou a amar a Galicia.



Celeiro, Lois, “A gloria do Nobel”, *O Correo Galego*, “A Balsa”, 17 xaneiro 1997, p. 3.

Artigo laudatorio no que se salienta a candidatura de Alfredo Conde para o Premio Nobel de Literatura. Critica a todos aqueles que calan pero que loarían ó escritor se resultase premiado.



_____, “Susos de Toro”, *O Correo Galego*, “A balsa”, 3 outubro 1997, p.3.

Pon de relevo a tranquilidade e a bonhomía así como o recoñecemento que lle vén da man do Premio Blanco Amor. Refírese á traxectoria do compostelán que o converte en referencia imprescindible na literatura galega e recoñécelle, como a tódolos que fomenten e estimulen a creación, que están construíndo o enriquecemento do país.



Conde, Alfredo, “O galeguismo necesario en tódalas instancias”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 3 xaneiro 1997, p. 48/p. 4.

Destaca a precisión, fermosura e sinxeleza da organización do acto de entrega do Premio Eduardo Blanco Amor. Sinala que unicamente Anxo Tarrío expresou a súa convicción de que algún día A Coruña “se desagravie a si mesma organizando o premio”. A continuación refírese á necesidade da presenza do galeguismo por tódalas instancias.



_____, “Ir esfolando a pel da ánima sen saber para qué”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 5 xaneiro 1997, p. 63/p. 4.

Entre outros aspectos tratados faise eco da publicación por parte da Fundación Rosalía de Castro da obra completa da poetisa de Padrón. Pensa que se a literatura serve para que nela se recoñeza o ser humano xa vale abondo e di recoñecerse na literatura de Rosalía.



_____, “A convicción de que mellor é falalo todo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 xaneiro 1997, p. 48/p. 4.

Logo de establecer un símil entre o feito de escribir e a pesca do curricán e en referencia a un xornal no que se facía un resumo dos últimos 15 anos, sinala que cando el gañou o Premio Nacional de Literatura con *Xa vai o Griffón no vento* en 1986, non é certo que houbera unha clara vontade de que o premio viaxase a Galicia barallándose o nome do gañador e mailo de Xosé Luís Méndez Ferrín.



_____, “Nas cousas da memoria non convén escribir de memoria”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 9 xaneiro 1997, p. 48/p. 4.

Completa o artigo do día anterior explicando cómo chegou a súa obra ás mans do xurado e lembra que a concesión do premio foi considerado nos ambientes literarios madrileños como un “contubernio do nacionalismo” e nos galegos como algo que o autor lle debía de agradecer ós socialistas. Alfredo Conde dá os nomes dos galegos presentes naquel xurado e conta que Alonso Montero apoiou *La memoria del logos*, de Emilio Lledó, Víctor Freixanes defendeu a Méndez Ferrín, mentres que os galegos que defenderon o *Griffón* foron Juan Soto, Constantino García, Darío Villanueva e Elena Quiroga.



_____, “Somos quen somos por ser galegos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 xaneiro 1997, p. 48/p. 4.

Sinala que tanto o Premio Nacional conseguido por el como o Nacional de Literatura logrado por Paco Martín foron un mérito colectivo da literatura galega. Cita a Luís González Seara, Fina Casalderrey, Manuel Rivas, como galegos gañadores do Premio Nacional nalgunha das súas modalidades e a Ramiro Fonte como finalista. Refírese ó imaxinario colectivo e considera que “somos quen somos, somos os escritores que somos, porque somos galegos (...)”. Malia isto confesa que quere que prevaleza a condición de escritor sobre calquera outra condición.



_____, “Perderse por mares procelosos e cheos de aventura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 31 xaneiro 1997, p. 48/p. 4.

Cando aínda non acabou de ler *O paso do noroeste* (1996), de Xavier Queipo, sinala que o libro “anúnciase obra de alento”. A continuación comenta *O espírito de Brouestenac* (1996) e destaca de Alfonso Álvarez Cáccamo o coñecemento da historia real do país e o coñecemento da “paisaxe interior do ser humano”. Cualifica o libro de “fermoso” e recomenda a súa lectura.



_____, “Inzar un milladoiro para lle pó-la rama da concordia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 21 febreiro 1997, p. 48/p. 4.

Logo de reflexionar sobre a ausencia de épica na literatura galega, manifesta que o conmoveu a lectura de *O valo de Manselle* (1996), de Anxo Angueira e pregúntase se estes versos poden sela nosa épica, “o canto colectivo que nos dea o pulo necesario, que nos axude a crer de novo en nós (...)”. Conclúe manifestando que “eu quero e humildemente solicito un Valo de Manselle pró meu país, ó que levar procesionalmente, pedra a pedra, cada un de nós, a pregaría propia, o soño individual e colectivo (...)”.



_____, “¡Se tiverámo-lo cheli ou a súa equivalencia”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Os outros días”, 15 abril 1997, p.48/p.48.

Comenta a necesidade de que a lingua galega consiga un rexistro coloquial urbano, o que demostraría un desenvolvemento pleno e normal da lingua de Galicia. Segundo este autor o único que lle fai pensar que o galego teña este rexistro lingüístico é a prosa de Suso de Toro, do que destaca o esforzo que realiza por incorpora-lo galego ó mundo urbano.



_____, “Manter sempre viva a memoria dun amigo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 23 maio 1997, p. 48/p. 4.

Leva a cabo un percorrido pola vida de José Antonio Silva por mor do seu falecemento. Destaca a súa calidade como escritor e afirma que co tempo será tida en conta esta súa faceta. Finalmente laméntase polos libros que Silva aínda tiña por escribir e di que “non quero ve-lo meu amigo morto”.



_____, “Unha realidade que non sempre é contemplada”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 25 maio 1997 p. 64/p. 4.

Reflexiona sobre a acollida que tivo o Día das Letras Galegas nos diferentes xornais do país. Afirmar que “mal que ben e máis ou menos, tódolos xornais se aplicaron na celebración. Agás os de Madrid”. Na súa opinión, en Galicia ocorre o contrario e “non nos negamos a contemplar outras realidades culturais que en principio poderían semellarnos alleas pra asumila na medida do desexable”. Remata cunha reflexión sobre a influencia dos medios de comunicación na sociedade.



_____, “Todos son necesarios para facer país”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 1 xuño 1997, p. 55/p. 4.

Partindo da idea de que hai moitos xeitos de facer país mesmo dende a crítica literaria e a propia literatura, indica dous xeitos de facelo: ó traballo rigoroso en silencio, transcendente e dedicado á lectura e á reflexión “e algún que outro ano dedicado na redacción dunha obra, dun corpus que, por tela abondo investigada, nos ofrezca visións suxerentes verbo da nosa realidade”; o segundo ten que ver coa exhumación de obra menor, antoloxización dalgunha maior e recompilación de alleos traballos. Cre que os dous xeitos son lexítimos e necesarios “pero dun deles derívase unha autoridade que non se desprende do outro”. Segue con outros trazos diferenciadores dun e doutro método e di que “non serei eu quen sinale co dedo as características propias de cada un dos profesores que entrecruzan palabras, que andan a entrecruza-las súas canas nestes días” e que só se limita a sinalar xeitos de traballar. Conclúe amosando a súa convicción de que “moita máis xente da pensada se está entretendo en pequena erudición, en ensaio de curto alento, en obra literaria menor, consistente en encher de espazos en branco os lugares que deberan estalo con palabras fermosas, ou na recompilación de ignorados escritores, autores dunha soa e reducida obra literaria (...)”.



_____, “Un mariño novo metido a poeta”, *O Correo Galego/ El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 9 xuño 1997, p. 55/p. 4.

Fai aquí unha valoración persoal do seu primeiro libro e das circunstancias da súa publicación hai case trinta anos. Afirmo que recordou todo iso cando escoitou en San Petersburgo algún dos poemas dese libro incluídos na antoloxía de poetas galegos traducidos ó ruso artellada por Elena Zernova e prologada por Anxo Tarrío.



_____, “As cousas que pasan no país onde non pasa nada”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 xuño 1997, p. 48/p. 4.

Faise eco da polémica desatada entre os profesores Xesús Alonso Montero e Anxo Tarrío, que “estes días andan ás canas” porque o primeiro afirma que no Centro Ramón Piñeiro faise unha investigación parcial, sectaria e impropia dunha investigación científica. Suxire que os dous profesores deberían “amosa-las cartas”, é dicir, o traballo investigativo que cada un achega, “as canas coas que cada un se bate, non vaia ser que algún esconda un ferro,...ou unha espada”.



_____, “O da lingua é un problema real”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 13 xuño 1997, p. 48/p. 4.

Opina sobre a decisión de García-Sabell de abandona-la Real Academia Galega. Vea conveniente por cuestións de saúde, como tamén ve positiva a proposta feita polo propio demisionario de que sexa un lingüista o próximo presidente. Logo pasa a comenta-las distintas posturas que se enfrontan neste aspecto: a dos que avogan polo consenso, que son para Conde os que pretenden o adormecemento e a inoperancia nas institucións, e a dos que tentan aclarar posturas.



_____, “O orgullo de ter como editor a Manuel Bragado” *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 16 xuño 1997, p. 56/p. 4.

Confesa sentirse orgulloso da editorial na que publicou os seus dous primeiros libros pero non pode dici-lo mesmo do editor pois dada a responsabilidade compartida de Fernández del Riego, Ramón Piñeiro, Carballo Calero, Isla Couto, García-Sabell e outros, non sabe con certeza quen foi o seu primeiro editor. Aínda así recoñece que lle debe a primeira edición do seu libro a Carballo Calero e afirma que só dúas veces se sentiu orgulloso dun seu editor. A primeira sucedeu cando a súa última novela saíu en castelán e o editor era Daniel Fernández. A segunda di que foi o día anterior con motivo dunha antoloxía na que se reproduce unha carta de Manuel Bragado e que o antólogo coloca baixo o epígrafe “A censura, hoxe, nunha editorial galega”. Considera que o autor se equivocou ó titular así este apartado porque do que se trata “é da denuncia hoxe, igoal ca onte, igoal ca sempre, como método de coacción moral e pretendida ética do amedrentamento e a acusación pública como puro terrorismo intelectual que tanto e tan ben practicou sempre calquer totalitarismo”.



_____, “A patria das palabras, un territorio único”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 11 xullo 1997, p. 48/p. 4.

A partir da idea de que como escritor a súa patria son as palabras o autor reflexiona sobre o oficio de escribir e considera que a tribo do escritor son tódalas tribos e o seu privilexio e tamén o seu castigo é o de andar contemplando o ser humano nos distintos territorios que habita. Sinala que os que rexen o mundo procuran a neutralidade dos que escriben mentres que o resto da xente os ignora. Diferencia ademais entre os escritores que loan o poder establecido, os que o fan co contrapoder establecido e logo están os que fan o que lles peta. Conclúe dicindo que os dous primeiros tipos son os “funcionarios” en tanto que os últimos son os “seres libres”.



_____, “Antoloxías da poesía galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 xullo 1997, p. 56/p. 4.

Informa da existencia dunha escolma da poesía galega realizada por Elena Zernova. Di que se trata de tres tomos dedicados á “Poesía dos Trovadores”, á escrita “Entre dous silencios” e á das denominadas “Voces Novas”. Comenta, así mesmo, as características da *Antología de poesía gallega* (1996), realizada por Yara Frateschi Vieira e ofrece unha breve recensión da mesma.



_____, “Unha historia apaixonada da literatura galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 xullo 1997, p. 56/p. 4.

Logo de lembra-la data do cincuenta aniversario da publicación de *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, céntrase na *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, de Ricardo Carballo Calero. Sinala que “as filias, as fobias, os credos éticos ou estéticos de don Ricardo están nela, sen enganar a ninguén, humanizándoa, facéndoa crible e próxima” e desexaría que se agora se reeditase se lle puxese logo de *Historia* e entre parénteses “Apaixonada”. Loía esta obra por “humanizar” a nosa literatura, “facéndoa crible e próxima” e manifesta o seu rexeitamento pola “aséptica pulcritude” da crítica literaria actual, segundo el, totalmente contraria á paixón coa que Carballo Calero envolveu tódolos seus traballos.



_____, “Unha literatura con mar de fondo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 31 xullo 1997, p. 57/p. 4.

Comenta un paseo pola praia de Copacabana en compañía de Xavier Alcalá, co que intercambiou opinións sobre a nosa literatura, concretamente sobre a presenza do mar nun bo número de obras que compoñen o corpus da literatura galega.



_____, “Os seus versos son enteiramente nosos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 8 agosto 1997, p.48/ p. 4.

Dá noticia do falecemento do poeta Fiz Vergara Vilariño. Retoma os seus poemas e reflexiona sobre a dificultade de lelos “facendo abstracción da realidade física de quen os compuxera”, afirmando que ó pasa-lo tempo deixarán de ser lidos con simpatía para ser considerados con “admiración e respecto”. Propón que dentro de dez anos lle sexa dedicado o Día das Letras Galegas para que daquela se descubra a verdadeira dimensión de Fiz Vergara. Remata manifestando que, á morte do poeta, “os seus versos son enteiramente nosos” e que “foi un gran poeta”.



_____, “Crítica literaria e crítica histórica”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 23 agosto 1997, p.48 /p. 4.

Partindo dunha frase de Chateaubriand na que lle atribúe a malevolencia e maila denigración ó espírito francés, establece unha comparación entre a crítica literaria e a crítica doutro tipo de textos, ensaísticos ou históricos. Comenta dous traballos publicados en *A Trabe de Ouro*: un de Lois Romero Falque titulado “A Historia do Sindicalismo Nacionalista”, e outro de Silvia Gaspar sobre a novela *O paso do noroeste* (1996), de Xavier Queipo. Chega á conclusión de que a nosa crítica literaria supera á crítica histórica, salvo excepcións.



_____, “Libros que van e veñen ó seu antollo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 agosto 1997, p. 64/ p. 4.

Comparando “A casa vinculeira” (derradeiro conto de *Os ollos da sentinela* (1997), de Xesús Manuel Valcárcel co limiar que Manuel Mera lle escribiu a *Os galegos anarquistas na Arxentina* (da autoría de Carlos Penelas), Alfredo Conde defende a necesidade de respecta-las propias orixes.



_____, “Escritores para tódolos gustos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 6 setembro 1997, p. 48/p. 4.

Contrapón a prosa de Otero Pedrayo con aqueloutra “de temporada”. Subliña a habilidade de Otero para describi-lo outono e sinala que a súa prosa “non colle nunha folla de taco do Sagrado Corazón. Non é a súa unha literatura en graxeas, en pildoriñas para xaquecosos literarios (...)”.



_____, “A sucesión de García-Sabell”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 15 setembro 1997, p. 56/ p. 4.

Fai unha reflexión acerca da maior ou menor responsabilidade que cada galego ten no estado actual da nosa lingua. Loas o traballo desenvolvido na R.A.G. e no I.L.G., en especial o de Constantino García por fixa-la ortografía dende unha perspectiva harmonizadora. Faise eco da publicación dunha “Carta aberta sobre a Academia e a Lingua” asinada por tres colegas seus. Afirmas que as opinións e o interese polo proceso que está a vivir-la R.A.G. son positivas, pero prefere que sexa esta institución “quen resolva os temas que lle son propios” sen estende-lo debate a toda a sociedade galega.



_____, “A sucesión de García-Sabell (II)”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
16 setembro 1997, p.48/ p. 4.

Nesta continuación do artigo do día anterior, afirma que o debate solicitado por Rivas, Suso de Toro e Ferrín na súa “Carta aberta” vai ter poucos participantes. Comenta unha reunión anterior da R.A.G. para nomea-lo presidente. Valora as dúas tendencias que observa entre os membros desta institución: a de quen prefire un período transitorio e a dos que pretenden iniciar unha etapa estable e duradeira para facer un traballo sólido. Finalmente, considera que a “Carta aberta” é “xenerosa e oportuna, pero inxenua”.



_____, “Por min que non quede”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 setembro 1997, p. 48/ p. 4.

En relación á demanda dun debate arredor da Real Academia Galega solicitado por tres escritores, o articulista aventura pouca participación pero préstase a opinar. Segundo Alfredo Conde dúas opcións contenden pola sucesión de García-Sabell: a dos que pretenden poñerse a traballar axiña e a dos partidarios dunha “transición dirixida” cara a alguén que pretende presidila no centenario da institución. Refírese a xente que “non dá abasto nisto de presidir, vicepresidir, dirixir ou gobernar cousas”. Conclúe cualificando de xenerosa e oportuna pero inxenua a carta asinada polos tres escritores, reitera o seu escepticismo no tocante a unha posible participación da xente e cre que a institución, como consecuencia da “férula transicional que se achega, non vai ser foro de nada, senón cruxol no que se decanten pequeniñas, anque lexítimas, ambicións persoais”.



_____, “Un episodio desafortunado”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 20 setembro 1997, p.48/p.4.

Comeza declarando a súa simpatía pola cultura xudía e o seu desacordo con determinados integrismos e confesa a súa solidariedade cos palestinos pero non a maneira de solucionar-lo que lles pasa. Comenta a seguir que no artigo de Xavier Alcalá, polo cal foi denunciado polo empresario Galeb Jaber Ibrahim, “bota flores” sobre algunhas realidades integrais pero non sobre outras, e cre que é neste contexto onde se deben entender as palabras de Alcalá. Considera que estas palabras non estiveron afortunadas pero di que xa se desculpou co denunciante e pensa que levaban unha carga máis “hixienista” que estritamente “racista”. Opina que “a voráxine política conleva estas cousas e así hai que admitilas” pero cre que debería abondar coa retractación pública”.



_____, “As non recomendacións dun home atafegado”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 21 setembro 1997, p. 64/ p. 4.

Diríxese ó director da revista *Grial* e sinala que o feito de que a citada revista “poda ser responsable subsidiaria dunha acusación de racismo, non deixa de ser asunto ben choqueiro e inesperado, que a todos preocupa e emociona”. Insinúa que este e outros feitos que tilda de “despistes” poidan ser consecuencia dos “moitos labores” nos que o director de *Grial* “se entretén para maior beneficio do país”. Sinala que “en toda a nosa curta historia como pobo autogobernado non existe persoa de tantos méritos e capacidades como as que vostede demostra e desenvolve (...)”. Considera, finalmente, que se lle debería ter recomendado a Xavier Alcalá que corrixisse a linguaxe e así evitaríase que Galeb Jaber Ibrahim diga que a clase intelectual galega está desprestixiada e que Xavier Alcalá é un racista, xuízos que para o autor do artigo non son certos.



_____, “¿Interésalle o que escribimos á xente?”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 24 setembro 1997, p. 48/p. 4.

A propósito dun comentario nun editorial de *A Trabe de Ouro* no que se dicía que as librerías tiñan relegados os libros escritos en galego, refírese á necesidade de preguntarse o porqué do desinterese da xente pola nosa literatura. Considera que ó politizar tanto a cultura e facela cousa de partidos, convertémola en cousa propia de iniciados e gobernada en pequenos cenáculos. Conclúe considerando negativa a uniformización e a monocordia das opinións na literatura galega.



_____, “Un país vivo e con esperanzas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Os outros días”, 9 outubro 1997, p. 56/p. 4.

Comentario laudatorio do artigo “Modios e moios. Nota sobre metroloxía galega medieval” que Darío Xohán Cabana vén de publicar en *A Trabe de Ouro*. Aproveita para loa-la súa capacidade de traballo e lembra cómo animou a Cabana a que se decidise a percorre-los camiños da novela así como o día en que lle presentou a Giuseppe Tavani, que se emocionou coa traducción da *Divina comedia* realizada polo de Roás.



_____, “Da boa e a mala literatura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 14 outubro 1997, p. 48/p. 4.

Refírese á idea de compromiso na literatura procedente de maio do sesenta e oito e lembra que hai tempo, cando alguén buscaba a beleza formal e pensaba que o mellor que podería facer un escritor galego era escribir ben con independencia dos temas, “ese era declarado anatema” e vivía no “ostracismo”. Considera que hai boa e mala literatura independentemente de que sexa de dereitas ou de esquerdas, nacionalista ou antinacionalista. Finalmente considera que hai que loar sempre a boa literatura, “veña de onde veña”.



_____, “Convencer da bondade das nosas obras”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 18 outubro 1997, p. 48/p. 4.

Cita algúns dos libros que estivo a ler nos últimos días e reflexiona sobre as diferencias que atopa entre a literatura galega e a feita por autores estranxeiros. Cre que o que falla non é a calidade das obras senón a actitude dos lectores e lectoras que deixan que as súas ideoloxías inflúan ou determinen o tipo de obras que len. Di que vivimos nun país pequeno “onde máis debera reinar a tolerancia, a aceptación da opinión contraria, o eclecticismo, o pragmatismo”, sen embargo, “sempre campan máis a intransixencia, o dogmatismo, a fe cega e depredadora das outras fes”. Cre que a solución virá cando a tolerancia e a transixencia coas posturas contrarias cheguen a “tódolos ámbitos da nosa convivencia”.



_____, “Doce estado de transición cara a ningures”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 19 outubro 1997, p. 64/p. 4.

Coida que Galicia non é capaz de se incorporar ó mundo moderno no eido da edición. Sinala como posible razón o medo a que esa evolución poida causar un cambio fondo no país. Dexerga no hipotético crecemento futuro das pequenas editoriais a única esperanza desa, para el, ansiada mudanza.



_____, “Un instrumento de comunicación e cultura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 28 outubro 1997, p. 48/p. 4.

Informa de que uns días antes un vello escritor ó que admira declarou que non usou o galego por non ter palabras suficientes. Conde declara que cando traduciu unha das obras do sobredito autor non notou esa falla. Remata proclamando a igualdade da nosa lingua con tódalas demais.



_____, “Pequenos escritores dun pequeno país”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 12 novembro 1997, p. 48/p. 4.

Opina que a literatura galega ten unha calidade semellante á das linguas normalizadas e constata que os nosos escritores coñecen as grandes correntes mundiais actuais. Finalmente coida que o universo cultural de Galicia está próximo á normalidade e sitúase o problema na actitude do país cara á súa propia cultura.



_____, “So unha palla non chega para un palleiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 22 novembro 1997, p. 56/p. 4.

Breve comentario sobre unha polémica iniciada contra o escritor Xavier Alcalá. O articulista posiciónase a favor do escritor e condena os posibles ataques que poida sufrir-la súa carreira profesional.



_____, “A identificación cun tempo e cun lugar”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 2 decembro 1997, p. 48/p. 4.

Reflexiona sobre o papel da literatura e do escritor, manifestando que nestes finais de século os papeis da literatura e dos literatos son: o “papel kleenex” e o “papel hixiénico”. O primeiro é o daqueles escritores que falan de si mesmos máis que das súas obras, e o segundo daqueles que fan literatura para ser lida no metro e depositada no caldeiro do lixo na estación límite. Lembra o escritor doutros tempos e pide que cada escritor sexa o que quixer, pero que escriba e nos permita a identificación cun tempo, cun lugar, cunha xente e unha interpretación do mundo.



_____, “O mundo teatral galego avanza con paso firme”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Os outros días”, 5 decembro 1997, p. 64/p. 4

Comenta a súa asistencia á posta en escena da obra *Anxeliños*, que tivo lugar no Círculo de Belas Artes de Madrid. Trátase dunha comedia “satánica” con texto de Roberto Vidal Bolaño e que está interpretada pola compañía de Teatro do Aquí. Destaca o labor de todos eles, facendo especial fincapé no esforzo realizado por Vidal Bolaño. Finalmente fai referencia á situación actual do mundo teatral galego.



_____, “Acepta-los outros como son e se pretenden”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 10 decembro 1997, p. 56/p. 4

Considera que a diferenza de prestixio que hai dunhas linguas ou literaturas a outras, depende do mercado no que estean inseridas. Así xorde a vella teima de que os países os fan os empresarios en moita maior medida cós poetas. Logo de disertar sobre esta cuestión, remata defendendo que cada un debe falar coa cadencia que aprendeu e leva dentro.



_____, “Os ventos de reflexión que devolvan as cousas ó seu sitio”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Os outros días”, 22 decembro 1997, p. 4/p. 56.

Logo de comentar que o lector actual non quere complicidade de ningún tipo coa lectura e que carece xa da cultura necesaria para entender certas parodias literarias, reflexiona sobre o mundo actual dos escritores e da cultura. Parécelle que hoxe en día o frescor necesario para a revitalización da prosa haino que ir buscar nas xeracións anteriores e que a proliferación actual de escritores, é debida á falta de decantación que a morte da cultura, entendida como antes se entendía, trouxo consigo



Conde, Perfecto, “Borobó”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo”, 23 marzo 1997, p. 64/p. 64.

Comenta como no ano 68 coñeceu a Borobó, cando estaba pondo en funcionamento a revista *Chan*. Alude a varias das súas tarefas xornalísticas e mostra a admiración e recoñecemento que sente por el.



Costa Clavell, Xavier, “Centenario do nacemento de Eduardo Blanco Amor”,
O Correo Galego, “No faiado”, 26 xaneiro 1997, p. 4.

Apóíase na súa amizade e relación persoal con Eduardo Blanco Amor para facer este comentario valorativo da obra do escritor ourensán. Loas a variedade da súa creación literaria, a súa grande cultura e as excelencias como conferenciante e conversador. No eido da narrativa, salienta a constante presenza de Ourense como eixo vertebrador das súas obras. Reclama que as efemérides deste centenario sirvan para “poñer de relevo o anovamento que significaron” as novelas de Blanco Amor dentro da nosa literatura. Tanto *A Esmorga* como *Xente ao lonxe* son, para o autor do artigo, obras “orixinais no tratamento formal e escritas nunha prosa extraordinaria”.



_____, “O poder literario da memoria”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 3 abril 1997, p. 2.

Reflexiona sobre o que diferencia o escribir do redactar: a creatividade e a memoria. Comenta a publicación por parte de Edicións do Castro do libro *Acometida Atlántica (Por un comparatismo integral)* (1996), de Claudio Rodríguez Fer que se mergulla no campo da literatura comparada con rigor e precisión. O libro está dividido en dúas partes.



_____, “Rubia Barcia”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 29 abril 1997, p. 3.

Lémbrese a Xosé Rubia Barcia, o escritor e estudioso nacido en Ferrol no 1914 e falecido en Santa Mónica, California o 6 de marzo de 1997. Achegánsenos aspectos da súa vida e personalidade, así como da súa obra.



_____, “Acometida Atlántica”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 14 abril 1997,
p. 4.

Comenta brevemente o libro *Acometida Atlántica* (1996), de Claudio Rodríguez Fer: as súas partes, as temáticas desenvoltras, e as diversas análises de obras de moitos escritores galegos. Remata falando dun artigo que aparece no citado libro da autoría de Otero Pedrayo no que se mostra partidario da dictadura de Primo de Rivera, algo que Rodríguez Fer pon en dúbida.



_____, “A fala dos devanceiros”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 1 maio 1997,
p. 4.

Pon de relevo a importancia de *A vida e a fala dos devanceiros*, de Xesús Ferro Couselo, publicada por Galaxia en 1996. Remite ó prólogo de Olga Gallego no que se subliña a preocupación de Ferro Couselo pola documentación e a busca de fontes solventes. Por último, considera un acerto o feito de que o autor se decidise definitivamente por non facer unha transcripción paleográfica dos textos en aras dunha maior difusión da obra.



_____, “As sombras do barroco”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 8 maio 1997,
p. 2.

Aproveita a lectura da novela de Xesús Rábade Paredes, *As sombras do barroco* (1994), para sinalar que non só houbo “sombras” na Galicia do século XVII senón tamén esplendor e que a Inquisición foi menos activa e cruel en Galicia. Cre que Rábade Paredes “carga un pouco as tintas” nesta novela que trata o tema da Inquisición e destaca a eficacia do autor na utilización do relato en primeira persoa e o dominio da linguaxe así como a fluidez e amenidade do texto. Conclúe considerando que esta novela, xunto con *Branca de Loboso*, pon de relevo a calidade literaria do seu autor, un dos máis representativos de Galicia no eido da prosa.



_____, “La caída de los ídolos”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 19 maio 1997, p. 13.

Céntrase na lectura do capítulo “Servidumes franquistas de Ramón Otero Pedrayo”, incluído no libro *Acométida Atlántica* (1996), de Claudio Rodríguez Fer. Cómentanse algúns dos fragmentos que nel aparecen relativos á publicación do libro *Geografía de España*, de Otero Pedrayo no que se analiza a postura franquista do escritor. Expresa a súa confusión ante tales lecturas e pregúntase se fixo ben Rodríguez Fer en publicar estes textos. Conclúe afirmando que si pois “no parece lícito escamotear episodios políticos en los que aparecen vergonzosas claudicaciones que pertenecen a la historia”.



_____, “Salvador de Lorenzana”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 27 maio 1997,
p. 13.

Percorrido pola vida e obra de Francisco Fernández del Riego. Cita algunhas das súas actividades relacionadas coa cultura galega, destacando que formou parte do Seminario de Estudos Galegos e do Partido Galeguista, foi un dos fundadores da editorial Galaxia, corresponsable da revista *Grial*, é membro numerario da Real Academia Galega, que preside na actualidade, e director da Fundación Penzol. Refírese tamén ós numerosos galardóns ó longo da súa carreira, entre os que destacan o premio de Galicia e o das Artes e das Letras. Entre as súas publicacións, o articulista cita *Galicia no espello*, galardoada co Premio do Centro Galego de Buenos Aires no 1954, *Letras do noso tempo*, *Antolín Faraldo: un precursor*, *Pensamento galeguista do século XIX e XX*, *Luís Seoane desde a memoria*, *Álvaro Cunqueiro e o seu mundo*, *Escolma de poesía galega: do dezanove aos continuadores*, *Poesía galega: do posmodernismo aos novos*, *O nó do tempo*, entre outras.



_____, “Fernández del Riego”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 29 maio 1997,
p. 2.

Semblanza de Francisco Fernández del Riego, na que se pon de relevo a súa vida exemplar, a xenerosidade, a tolerancia e a comprensión. Refírese así mesmo ó seu papel na construción do Partido Galeguista e na fundación da Editorial Galaxia, así como o seu contacto cos galegos do exilio. Conclúe citando algúns títulos da súa autoría.



_____, “Valente en galego”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 2 xuño 1997, p. 4.

Faise un breve percorrido pola traxectoria poética de José Ángel Valente utilizando citas dalgunhas das súas obras. Céntrase de seguido en *Cantigas do Alén* (1996), que conta cun prólogo de Claudio Rodríguez Fer e que constitúe “un exercicio de memoria sobre a súa terra, perdida e arelada”.



_____, “Darío Xoán Cabana”, *El Progreso*, “Sotto voce”, 9 xuño 1997, p. 11.

Fai unhas breves reflexións sobre a novela de Darío Xohán Cabana, *Galván en Saor*, Premio Xerais de Novela 1989, traducida ó castelán por Vicente Araguas (Huverga y Fierro, editores, S.L., Madrid, 1996). Salienta o perfecto engarce literario entre os anos medievais e os actuais, o dominio da linguaxe e dos resortes expresivos, a amenidade e a poética descrición das paisaxes.



_____, “Fiz Vergara Vilariño”, *O Correo Galego*, “No Faiado”, 11 agosto 1997,
p. 4.

Lembranza da vida e da obra do poeta de Lóuzara con motivo do seu pasamento. Salienta o vencellamento de Fiz Vergara á súa terra e ó seu mundo, así como a importancia e o prestixio do que gozaba entre os seus compañeiros. Valora positivamente a obra creativa do poeta falecido pola súa constante loita contra a enfermidade que o acompañou durante toda a vida.



_____, “Julio Camba e Diego Bernal”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 18 agosto 1997, p. 2.

Lembra como coñeceu a Xulio Camba en Madrid a principios dos anos sesenta e recomenda a lectura do libro que Diego Bernal vén de publicar sobre el.



_____, “O que non poden ver os cegos”, *O Correo Galego*, “No faiado”,
8 novembro 1997, p. 3.

Reflexiona sobre o que suporía para el a perda da visión e céntrase no labor levado a cabo por Castelao a pesar de quedar cego durante algún tempo, “antes dos anos 20, en 1914” e recupera-la visión máis tarde pero con limitacións que lle impediron “que chegase a seu unha figura indiscutible da pintura galega”. Afirmar que Castelao foi “quen primeiro lle retorceu o pescozo á pintura convencional e costumista que se facía en Galicia a finais do XIX e comezos do XX” e que tería sido un bo pintor se non fose polas súas limitacións visuais.



_____, “Fernández del Riego”, *O Correo Galego*, “No faiado”, 11 decembro 1997, p. 2.

Mostra a súa conformidade polo nomeamento de Francisco Fernández del Riego, como presidente da Real Academia Galega. Dá conta dalgúns aspectos deste “último galeguista histórico”, que sempre traballou na defensa desinteresada dos valores da identidade nacional galega, destacando sempre a axuda e animo que lle proporcionou. Finalmente presenta un perfil biobibliográfico de Fernández del Riego.



Díaz Pardo, “Xosé Neira Vilas”, *O Correo Galego*, “Teatro do mundo”, 19 xaneiro 1997, p. 64.

Fai un percorrido pola biografía e pola obra de Xosé Neira Vilas, centrándose en analiza-la influencia que exerceu a emigración no autor do *Gres* e o contacto co galeguismo do exilio. Sinala que un dos trazos característicos da obra de Neira Vilas é a denuncia da inxustiza.



_____, “O problema dos medios de comunicación impresos”, *A Nosa Terra*, nº 809, 18 decembro 1997, p. 9.

Comeza trazando unha breve panorámica sobre os avatares históricos que sufriu o xornal *A Nosa Terra*, dende a súa fundación como voceiro das Irmandades da Fala no 1916, logo como voceiro do Partido Galeguista a partir de 1931, o obrigado exilio do rotativo durante o franquismo ata a recuperación do proxecto no 1976, na actual etapa do xornal que ven de cumprir 20 anos, do que se congratula, á vez que se mostra animador do proxecto. A seguir comenta a existencia doutra prensa nada en Galicia dende o ano 1977 a hoxe, na súa grande parte fracasada, por iso se alegra da supervivencia de *A Nosa Terra* nas situacións adversas de hoxe en día.



Diéguez, Lois, “As devoracións da Pilar”, *A Nosa Terra*, nº 774 “Guieiro Cultural”, 17 abril 1997, p. 21.

Persoal análise sobre a autora Pilar Pallarés con motivo da publicación do seu último poemario, *Libro das devoracións* (1996). Destaca nela o seu poder da palabra con “silencio e o riso calmo”, no mundo da poesía de hoxe tan manido e tan pouco orixinal. Invita ó lector a buscar nese mundo sabio construído a través das súas palabras, das súas “devoracións”. Remata lembrando a alegría que lle produciu o recoñecemento da crítica a este “iconoclasta libro, na forma, no contido e no idioma non legalizado”.



_____, “Manuel María en Outeiro”, *A Nosa Terra*, nº 782 , “Guieiro Cultural”,
12 xuño 1997, p. 21.

Lémbrese a homenaxe feita ó poeta Manuel María na súa terra natal, Outeiro de Rei, organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Faise unha persoal reflexión sobre o seu labor pódico do que se salienta a súa temática “sen concesións a modas efímeras nen a tabús”, ó uso da palabra sinxela, creada a partir dun mundo natural, “criada co abono natural da terra”, características que converten a Manuel María no poeta máis popular de Galicia.



_____, “Viaxe ao Fiz”, *A Nosa Terra*, nº 790, “Guieiro Cultural”, 8 agosto 1997,
p. 21.

Lembra ó poeta Fiz Vergara nacido en Santalla de Lóuzara, con motivo do seu pasamento e comenta como foi a despedida do escritor con gaitas, cancións e poesía.



_____, “Blanco Amor”, *A Nosa Terra*, nº 806, “Guieiro Cultural”, 27 novembro 1997, p. 21.

Recorda a figura de Blanco-Amor ó se cumpri-lo centenario do seu nacemento. Informa dun estudio organizado por estudantes de Filoloxía da obra do autor en galego. Afirmar que as súas dúas primeiras obras foron escritas en castelán —*Los Miedos* e *La Catedral y el Niño*—, a primeira, segundo declara Valentín Paz Andrade, foi escrita orixinalmente en galego, aínda que o autor a queimou “pola aldraxe que, ao parecer, recibiu de alguén” e a escribiu novamente en castelán. A segunda, *La Catedral y el Niño*, foi publicada en Buenos Aires no 1948. Para rematar, declara a importancia da reedición desas dúas obras de Blanco-Amor para que as coñezan as novas xeracións.



Diéguez, Tito, “Libros”, *El Progreso*, “La Mirilla”, 14 maio 1997, p. 15.

Reflexión sobre a importancia da promoción e das estratexias de mercado no mundo dos libros. A propósito deste tema sinala a abundante produción que xorde cada ano en torno ó personaxe homenaxeado o Día das Letras Galegas, froito das imposicións da mercadotecnia editorial.



Dourado Deira, M., “Actos Castelao 97” en Rianxo”, *O Correo Galego*,
“Ardentía”, 25 xaneiro 1997, p. 2.

Anuncia a celebración dos actos en homenaxe de Castelao no Concello de Rianxo durante o mes de xaneiro, por coincidir neste primeiro mes do ano a data do seu nacemento e da súa morte física. Cualifica ó autor de *Sempre en Galiza* de “senlleiro” pola singularidade da súa mensaxe. Aplica á vida política actual e ós problemas da nosa agricultura algunhas das reflexións de Castelao que seguen a ter plena vixencia hoxe en día.



_____, “A RAG: ¿taller ou panteón?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 22 febreiro 1997, p. 2.

Recóllense unhas palabras extraídas do discurso de ingreso de Xosé Ramón Barreiro Fernández na Real Academia Galega da Lingua nas que afirmaba “Non quero entrar nun panteón, senón nun taller”. O articulista lembra manifestacións semellantes feitas por outros membros da Academia como Salvador García-Bodaño ou Andrés Torres Queiruga, que xiraban en torno á necesidade de revitaliza-la institución. Seguindo as palabras de Queiruga que afirmaba que “existe a sensación de que a RAG é máis panteón de ilustres ca Xardín daquel Academos onde Platón espallaba o perfume dos seus saberes”, o autor do artigo pregúntase se quizais esta sensación perdura hoxe. Continúa coa reivindicación dun “Diccionario Académico digno” e remata coa esperanza de que Barreiro inflúa na mellora da RAG como institución e a convirta nun colaborador vivo onde se forke.



_____, “O perfil do presidente da RAG”, *El Correo Gallego*, “Ardentía”, 31 maio 1997, p. 2.

Refírese á suposta necesidade de que o presidente da Real Academia Galega sexa elixido axiña e atribúelle ó anterior proceso sucesorio, no que houbo quen vira falta de pluralidade e debate, a demanda de meditación por parte dalgúns académicos. Cre que o adiamento excesivo da elección pode converterse nun “interregno” propicio para a controversia e reflexiona sobre o perfil do futuro presidente, avogando non por un só dato ou cualidade senón por unha conxunción deles, sumándose así ó perfil trazado por Marino Dónega: “O presidente debe ser unha persoa distinguida e entregada a Galicia, especialmente na defensa da súa lingua”. Conclúe amosando a esperanza de que a institución deixe de vivir de subvencións, entre nos orzamentos da Xunta e poida realizar un diccionario normalizador, unha gramática académica e un diccionario de autoridades.



_____, “O renove da Casa-Museo de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “Ardentía”,
19 xullo 1997, p. 2.

O articulista que cada 15 de xullo rende homenaxe a Rosalía de Castro, comenta o renove da Casa Museo e fala da nova disposición das salas e dos modos de exposición.



_____, “A miña particular devoción por Bóveda”, “Ardentía”, 16 agosto 1997,
p. 2.

Cando se cumpre o sesenta e un aniversario do fusilamento de Alexandre Bóveda, manifesta a súa admiración por el e por outros dous persoeiros do galeguismo: Ánxel Casal e Castelao. Loaa a figura de Bóveda a quen foi descubrindo en lecturas fragmentarias e en conversas privadas con Manuel Beiras.



_____, “Rosalía de Castro: Filla Adoptiva de Rianxo”, *El Correo Gallego*,
16 setembro 1997, p. 21.

Informa da declaración de Rosalía de Castro como Filla Adoptiva do Concello de Rianxo como un dos actos de homenaxe que se celebran co gallo das festas da Guadalupe, ademais da colocación dun monumento en honra da autora de *Follas Novas* co que o Concello de Padrón agasalla ó pobo de Rianxo. Comenta o “xesto heroico” de Rosalía por escribir nunha lingua tan infravalorada na época. Finalmente, solicita do concello do Sar un recoñecemento parello ó que tivo Rianxo coa ilustre poetisa do noso Rexurdimento.



_____, “A casa de Castelao: ¿Para museo?”, *El Correo Gallego*, 27 setembro 1997, p. 2.

Móstrase sorprendido pola información contida nun artigo de David Otero referente á creación da Casa-Museo Castelao na casa natal do rianxeiro, xa que esta era unha teima súa que, afirma, foi permanentemente desatendida dende que é membro da Fundación Castelao. A seguir expón as súas peticións ó longo do tempo e as negativas que lle deron en diversas xuntanzas da Rectora da devandita fundación, e manifesta que ignora se “cambiaron tanto as cousas que permiten perspectivas de que ese desexo se converta en natural realidade”.



_____, “Vilagarcía: Capital do Parnaso Galego”, *El Correo Gallego*,
“Barbarousa”, 30 setembro 1997, p. 20.

Valora o Iº Congreso da Poesía Galega como punto de encontro interxeracional dos nosos
líricos. Tamén describe o ambiente cultural de Vilagarcía de Arousa.



_____, “¿Para que un congreso de poesía?”, *El Correo Gallego*, “Ardentía”,
4 outubro 1997, p. 2.

Aproveitando a celebración do Iº Congreso de Poesía de Galicia, diserta sobre a necesidade dese encontro e sobre a aparición da obra *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño.



_____, “A literatura galega, ¿aínda na normalidade?”, *El Correo Gallego*,
“Ardentía”, 11 outubro 1997, p. 2.

A celebración do Iº Congreso de Poesía en Vilagarcía de Arousa leva ó autor a reflexionar acerca da existencia ou non de normalidade na literatura galega. Para isto esquematiza as opinións lidas por Rábade Paredes no seu relatorio, que teñen que ver coa “traxectoria irregular e con frecuentes lapsos de silencio” na nosa literatura. A seguir inclúe o que sobre este aspecto manifestaron outros escritores para rematar dicindo que “é mester unha política cultural responsable”.



_____, “Gardiáns da Palabra”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 18 outubro 1997,
p. 2.

Refírese ó IVº Encontro de Casas-Museos e Fundacións de Literatos, celebrado na Casa de Rosalía en Padrón, os pasados 30 de setembro e 1 e 2 de outubro. Trátase dun encontro “rico” en problemas sobre o mundo da cultura, cifrado esta vez nos “gardiáns da salvagarda da Palabra”. Comenta certos temas dos que alí se trataron e a pobreza dalgunha das comunicacións ofrecidas, destacando a “estremecedora” intervención de Alonso Montero. Nela presentou catro “indicadores moi significativos”, referidos a catro institucións vitais para Galicia (a Fundación Castelao, Otero Pedrayo, Rosalía de Castro e Camilo José Cela). Remata ofrecendo dúas sentencias proferidas polo secretario da Fundación Rosalía e Alonso Montero, respectivamente.



_____, “Vodas de ouro da Fundación Rosalía”, *O Correo Galego*, “Ardentía”,
22 novembro 1997, p. 2.

Con motivo da celebración das vodas de ouro da Fundación Rosalía de Castro, recorda o discurso inaugural pronunciado o 15 de novembro de 1947 por Xaime Isla Couto. Nesta ocasión, foi o doutor Agustín Sixto Seco quen recordou aquela data e presidiu un sinxelo acto de homenaxe a Rosalía nesta institución. Loas o labor de Sixto Seco, o “ilustre executor da cultura de Galicia”, e cita dous nomes que non gozaron da importancia merecida na homenaxe; trátase de Maruxa Villanueva, “mestresa e amorosa reencarnación de Rosalía e alma vivificadora da institución durante os 26 anos”, e de Camilo Agrasar, do que se ocupará nun futuro artigo.



_____, “Camilo Agrasar: ‘Viúvo de Rosalía’”, *O Correo Galego*, “Ardentía”,
6 decembro 1997, p. 2.

Alude ó esquecemento “involuntario” do Padroado-Fundación de Rosalía na celebración do seu cincuentenario, da figura de Camilo Agrasar, como un dos membros fundadores desta institución. Achega diversa información sobre este barbeiro padronés, que recibira o título de “Viúvo de Rosalía”, pola súa paixón e entrega á escritora padronesa. Destaca o seu papel á hora de mercar a casa de Rosalía e o coidado que lle dedicou a esta, mentres non se efectuou a compra. Finalmente refírese a omisión de Xesús Santos, que o avisa de que el tamén fora presidente no ano 71 e seguintes da delegación do Padroado Rosalía en Asados-Rianxo, que chegara a desenvolver unha interesante labor de colaboración.



_____, “A RAG: ¿unha institución mendicante?”, *O Correo Galego*, “Ardentía”, 13 decembro 1997, p. 2.

Fai referencia ó “boom mediático” que orixinou ultimamente a RAG, provocado segundo o articulista, pola expectativa sobre a elección dun novo presidente e polo interese da sociedade sobre esta institución. Recolle unha serie de comentarios proferidos por certas personalidades e por el mesmo sobre a RAG, facendo fincapé especial nas subvencións que recibe. Compara estas coas que lle son concedidas ó C.I.L.L. “Ramón Piñeiro”, centro sobre o que cuestiona certos aspectos.



_____, “Roxerius’: coma un silandeiro e fecundo rumor...”, *O Correo Galego*,
“Ardentía”, 20 decembro 1997, p. 2.

Mostra o seu remorso de conciencia por non se ter lembrado do centenario do nacemento de “Roxerius” o 18 de xuño deste ano. Defíneo como ilustre rianxeiro que xunto con Dieste e Manuel Antonio formaban a trindade indisociable, da que el era o vértice moderador das singularidades dos outros dous célebres fillos de Rianxo. Recoñece que lle debe a el a aprendizaxe do auténtico amor a Galicia e presenta un perfil da súa biografía, na que destaca o seu quefacer de traballador da educación real.



Fernán-Vello, M. A., “Idioma e literatura”, *O Correo Galego*, “A Fenda”,
16 xaneiro 1997, p. 3.

Fernán-Vello expón a situación contradictoria na que se move hoxe a lingua galega: por unha banda, segundo os estudos estatísticos, o galego perde falantes e esmorece no seu proceso de normalización; por outra banda, a literatura está máis viva CA nunca. Ós Premios Nacionais de Literatura para Manuel Rivas, en Narrativa, e Fina Casalderrey, en Infantil e Xuvenil, hai que engadirles, segundo o poeta, un auténtico fito editorial: a Universidade Estatal de Campinas, no Brasil, publica unha antoloxía da poesía galega de preto de catrocentas páxinas. Mentres a literatura florece, o idioma morre pola desidia das institucións. Afirmo que “a fórmula “idioma feble socialmente”- “literatura forte” esteticamente é un suicidio”.



_____, "Información cultural", *O Correo Galego*, "A Fenda", 6 febreiro 1997,
p. 3.

Comenta a falta de atención que se lle presta á información cultural nos medios de comunicación no noso país, a pesar dos importantes feitos culturais que se producen, a maioría deles condenados ó silencio tanto na prensa coma na televisión. Seguidamente fai fincapé na inexistencia dun programa cultural específico sobre libros e literatura na TVG e lamenta a desaparición do suplemento literario "*Faro das Letras*" do xornal *Faro de Vigo*. Continúa cunha análise desta realidade á que considera moi negativa se se compara coa cantidade de programación dedicada á información futbolística ou a "mediocres cantantes, folclóricas esperpénticas e demais fauna artística da España profunda". Conclúe agradecendo a Ana Romani e a Carlos Blanco o seu labor no "Diario cultural" na Radio Autonómica Galega.



_____, “Poesía en Xerais”, *A Nosa Terra*, nº 765, “Guieiro Cultural”, 13 febreiro 1997, p. 21.

Celebra a saída dunha nova colección poética para tódolos que, coma el, aman a poesía. Trátase da colección Ablativo Absoluto de Edicións Xerais, con deseño de Miguel Vigo e ilustracións de Xosé Freixanes. Congratúlase tamén de que sexa outro espacio aberto para os poetas máis novos, representados por Estevo Creus ademais de Anxo Quintela, Chus Pato e Seamus Heaney con cadanseu libro. Deséxalle, finalmente, un bo futuro a Ablativo Absoluto.



_____, “Poesía na Coruña”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 27 febreiro 1997. p. 3.

Refírese ó “Ciclo de recitais poéticos en Filoloxía” que mensualmente é organizado polas poetas e estudantes, Yolanda Castaño e Emma Couceiro coa colaboración da Universidade da Coruña. Coméntase a intención das organizadoras de achegar ó público universitario unha panorámica aberta da poesía actual. Faise mención ó primeiro e terceiro dos recitais no que participaron respectivamente X. A. Cáccamo, X. L. Valcárcel e M. A. Fernán Vello como “3 Poetas da Xeración dos 80” e B. Graña, Manuel María e Méndez Ferrín como “3 poetas da Xeración das Festas Minervais”. Recóllense as opinións de M. A. Fernán Vello nas que resalta a importancia de que a poesía entre na Universidade e cualifica de grave erro a tradición universitaria que consiste en vivir de costas á expresión cultural . O autor considera que a Universidade debe buscar, paralelamente ó logro do coñecemento e a sabedoría, a relación profunda co propio, e considera idóneo o contacto coa realidade poética por parte da Facultade de Filoloxía. Remata dando a benvinda a esta iniciativa.



_____, “Ler no verán”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 7 Agosto 1997, p.3.

Critica a insistencia mediática que leva a moitas persoas a leren no verán, mais só no verán, creándose a moda da lectura nesta época do ano esquecendo as demais estacións do ano. Ademais reflexiona irónicamente sobre o saudable que é ler nesta época estival en vez de consumir compulsivamente nos grandes almacéns.



_____, “Carlos Martínez-Barbeito”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 26 xuño 1997,
p. 3.

Comeza lembrando, trala súa morte, a Carlos Martínez-Barbeito no día do enterro de Reimundo Patiño, para logo facer un perfil da personalidade de Martínez-Barbeito destacando “a erudición, a sensibilidade poética, a elegancia espiritual, un talante político de radicalidade liberal, a xenerosidade, a visión estética do mundo, a sabedoría histórica e literaria e o sentido cultivado da amizade”. A seguir fala da relación entre Martínez-Barbeito e Federico García Lorca e eloxia o coidado co que conservou a súa biblioteca, na que tiña auténticas “xoias” que el “gardaba como ouro en pano para o futuro”.



_____, “Galeuska 1997”, *A Nosa Terra*, nº 789, “Guieiro Cultural”, 31 xullo 1997, p. 21.

Comenta a súa estancia en Donostia co gallo da celebración da Xuntanza preparatoria do XIVº Encontro de Galegos, Bascos e Cataláns. Informa do lugar e data na que terá lugar o Congreso anual, ademais dos temas a debater e dos asistentes. Presenta tamén certos aspectos de Galeuska, á que define como “símbolo de irmandade... dunhas literaturas nacionais” no tempo de “confusión” no que vivimos.



_____, “Poética de Lois Pereiro”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 4 setembro
1997, p. 3.

Gaba a figura e a poesía de Lois Pereiro do que afirma que, ó igual que Rosalía, reflicte na escrita poética o espírito dun tempo e dun estado vital. Comenta tamén algúns dos seus poemas e refírese á obra de Lois Pereiro como “poética límite” e “única”. Utiliza unhas palabras coas que Manuel María se referira a Reimundo Patiño e afirma que a obra de Lois Pereiro “queima nas nosas mans como unha brasa”.



_____, “Xosé M. Álvarez Cáccamo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Teatro do Mundo”, 14 setembro 1997, p. 64/p. 64.

Retrata a X. María Álvarez Cáccamo subliñando a súa elegancia persoal, a alta nobreza e a “extrema sensibilidade e iluminada intelixencia para ‘ser e estar no mundo’”. Na súa faceta poética veo como “dono dunha das poéticas máis sabias e lúcidas da poesía galega deste século” co achegamento ó noso tempo dunha obra de perfís ben precisados e traballados. Miguel Anxo Fernán Vello non esquece a estilística de poderoso alento narrativo e considera que os libros de relatos *Microtopofanías* (1992) e *A luz dos desnortados* (1996) están chamados a ocuparen un lugar preeminente na creación narrativa contemporánea.



_____, “I Congreso de Poesía Galega”, *O Correo Galego*, “A Fenda”,
18 setembro 1997, p. 3.

Informa da celebración do Iº Congreso da Poesía Galega na capital da Arousa por coincidir con cincuentenario da publicación de *Cómaros Verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño. Comenta a recuperación de lectores que está tendo a poesía nos últimos anos, atribúelle este éxito ó feito de ser “un instrumento de gran utilidade e de gran perfección para observar e investigar o coñecido”. Considera que estes dotes perceptivos permítenlle á expresión poética a posibilidade de chegar a afondar na realidade, ou ben, saírse dela. Opina que este Congreso é unha oportunidade para “reforzar a posición da lírica galega como obxecto histórico vivo e actuante”.



_____, “A Academia”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 16 outubro 1997, p. 3.

Lembra unha crónica publicada no xornal que informaba da ocupación, no ano 1987, da Real Academia Galega “por parte dunha ampla representación de escritores galegos”. Isto leva a que recorde aquel acto e reproduza o manifesto que o poeta Antón Avilés de Taramancos, daquela presidente da Asociación de Escritores, leu dirixido a Domingo García-Sabell, que era presidente da Academia. Remata dicindo que, pasados dez anos, acaba de dimitir García-Sabell e aínda non se albisca solución ós problemas da institución, e afirma que “non podemos permitir a existencia dunha academia feble, raquítica, sen orzamento digno e sen proxección na vida cultural e literaria do país”.



_____, “A viaxe en Galeuzca”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 30 outubro 1997,
p. 3.

Dá conta da celebración do XIVº Congreso Galeuzca en Biarritz (Euskadi Norte). Cita os relatores que participaron este ano e comenta que o tema escollido para esta edición foi a viaxe. Recolle as palabras de Elvira Souto sobre a importancia deste motivo na literatura. Non esquece realizar unha retrospectiva sobre a historia do evento, que se repite sen interrupción dende 1983.



_____, “Poesía no outono”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 13 novembro 1997, p. 3.

Logo de facer certas consideracións sobre o outono como época propicia para o achegamento cordial ós espazos abertos e intemporais da poesía, refíre á participación na Coruña de Juan Abeleira e Ada Salas, falando de poesía e lendo poemas dos seus libros respectivos, *Identities* e *La sed*. Inclúe certos comentarios sobre a poesía destes dous autores, facendo referencia finalmente á xente como Álvarez Cáccamo ou Xavier Baixeras, organizadores dun ciclo poético baixo o Título “Lecturas de outono”.



Fernández, Xurxo, “Micer de Lorenzana”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo”, 5 outubro 1997, p. 64/p. 63.

Propón un retrato de Francisco Fernández del Riego, do que afirma que “é un deses catalizadores que toda cultura ben desenvolvida precisa”, e compara a súa intensa actividade coa de Sartre ou Dante, dicindo que a nosa evolución parte de persoas coma el, pois impide “que as almas puras se desvíen polo mal camiño”. Remata asociándoo con Otero Pedrayo e Cunqueiro por ser quen nos converten “en seres conscientes”.



Fernández del Riego, Francisco, “Galicia nos clásicos casteláns”, *La Voz de Galicia*, 3 xaneiro 1997, p. 8.

Comenta o libro *Galicia en el teatro antiguo* (1902), de Manuel Amor Meilán, premiado nos Xogos Florais de Ourense de 1901. Descubre como o autor atopa motivos, personaxes e ambientes galegos en obras de Calderón de la Barca, Tirso de Molina e Vélez de Guevara entre outros.



_____, “Rosalía, o espírito da saudade”, *La Voz de Galicia* , 7 marzo 1997, p. 8.

Aproximación ó ensaio que sobre a poetisa padronesa publicou a monxa americana Mary Pierre Tierrel. Dísenos cómo viaxou a Galicia para amplia-los coñecementos sobre a ilustre galega e cómo soubo comprende-la súa lírica. Sobrancea o que representa isto no tocante ó coñecemento de Rosalía alén das nosas fronteiras malia non presentar puntos de vista novos.



_____, “Iglesia Alvariño na lembranza”, *La Voz de Galicia*, 11 abril 1997, p. 8.

A propósito do cincuentenario de *Cómaros Verdes* (1947), de Iglesia Alvariño, fai un percorrido pola traxectoria poética deste autor. Comeza con palabras do propio Iglesia Alvariño sobre a poesía, nas que afirma que é un xogo por crear, nunca aprendido. Lembra as orixes labregas do poeta, os estudos no Seminario de Mondoñedo e a traxectoria dentro da literatura galega. Salienta a actividade traductora de Iglesia Alvariño, a naturalidade da súa linguaxe e o equilibrio na captación da paisaxe.



_____, “Cebreiro na revista “Alfar”, *La Voz de Galicia*, 25 abril 1997, p. 8.

O autor do artigo comenta os seus primeiros contactos coas revistas: *Alfar*, *Ronsel* e *Gaceta Literaria* nos anos vinte. Informa dos contidos destas publicacións e achéganos unha nómina de artistas, da pluma ou do pincel, que colaboraban nelas. Fai unha semblanza da actividade artística de Álvaro Cebreiro, das súas colaboracións en *Alfar* e da relación desta revista coruñesa coa intelectualidade galeguista da época.



_____, “A lingua popular e a literatura”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 126, 29 xullo 1997, p. 2.

Relaciona a lingua popular coa literaria comezando por dicir que “o escritor non se expresa na súa obra do mesmo xeito co que o pobo emprega a fala coloquial” para logo reflexionar sobre os neoloxismos que enriquecen o galego culto. Afirmar tamén que o escritor non debe descoidala súa lingua para procurar que o pobo entenda mellor, non debe “baixarse coa escusa de lles amosar o camiño”, pois o pobo sente os escritores, “aínda que só seña en parte”. Remata dicindo que a lingua galega debe manterse fiel ás súas características “pero sen perder o rumbo na incorporación de formas que os novos tempos impoñen”.



_____, “Blanco Torres, xornalista e poeta”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, ano I, nº 5, 16 decembro 1997, p. 2.

Refírese á figura esquecida de Roberto Blanco Torres, que se formou como autodidacta en lecturas varias que lle fornecerían unha sólida cultura. Fai un repaso pola súa produción xornalística e poética, deténdose na análise do seu libro *Orballo da media noite* (1929), ademais de proporcionar certas notas da súa traxectoria vital. Considera que se trata dun xornalista e polemista de tendencia filosofante, que reflexaría na poesía este mesmo acento, chegando a facer unha lírica de fondo moderno para o seu tempo.



Fernández Fernández, “O monte do Faro na literatura galega”, *La Región*,
6 xullo 1997, p. 31.

Comenta a importancia literaria que xerou a ermida do monte do Faro. Convertida por medio das peregrinacións no escenario escollido polos nosos trovadores para compor en galego-portugués as “cantigas de amigo”, virían a continuación unha morea de refráns, ditos populares e lendas relacionadas coa Virxe, e unha serie de figuras como X. M^a Álvarez Blázquez, Avelino Gómez Lego e Xosé Lois García, que lle seguirían cantando a romaría do Faro. Remata facendo unha serie de consideracións sobre o pasado cultural de Galicia e propondo que nestes días dende o Faro, se aproveite para pregar na nosa lingua que Galicia é “Unica”, por ter “unha cultura de seu”.



Fernández Fernández, Ángel, “Lembrando a un valdeorrés ilustre”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Valdeorras”, 14 maio 1997, p. 38.

Lembranza e louvanza de Florencio Delgado Gurriarán; dos últimos días no Córghomo, Valdeorras dos actos da Real Academia Galega celebrados con el no Barco. Tamén reproduce un poema de Lauro Olmo dedicado ó ilustre escritor valdeorrés e que o propio autor recitou nunha cea celebrada no ano 80.



Fernández Otero, X. Carlos, “O gran orador galego”, *La Región*, “Mis reflexiones”, 3 abril 1997, p. 26.

Artigo dedicado a Xulio Francisco Ogando, galardoado co premio Otero Pedrayo, ó que sitúa como un dos continuadores “daqueles homes grandes que fixeron de Ourense a Atenas de Galicia”. A continuación, comenta a condición católica que non lle impide ser nin galeguista nin intelectual e loa a súa erudición e os seus amplos coñecementos que amosou en moitas conferencias, e que as facía sempre amenas para os seus oíntes. Pecha o artigo destacando a súa independencia como persoa e como político que o levou “a algunha enemistade, pero a súa conciencia quedou a salvo sempre”.



Fonte, Ramiro, “Historias académicas”, *La Voz de Galicia*, 29 novembro 1997, p. 67.

Reflexión sobre a Real Academia Galega. Na opinión do articulista, “entre tódalas institucións culturais que existen na Galicia, a Academia Galega é a única que conserva ese selo, ese vínculo co noso pasado”. Cre que a Academia foi “un dos eidos de acción político-cultural do chamado grupo Galaxia. Esta é a Academia de García-Sabell, del Riego, Carballo Calero, Piñeiro, Cunqueiro, Fole e, incluso, dun Blanco Amor que morrería antes de ler o discurso de entrada”. Engade que non é partidario dun “número paritario entre os escritores e lingüistas, senón dunha alta porcentaxe de escritores creadores e humanistas e dun pequeno grupo, moi coherente e operativo, de lingüistas ben preparados. Remata a súa reflexión coa afirmación de que a Academia debería estar “financiada por lei e por diñeiro público”.



Franco, Camilo, “O espácio da crítica teatral”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 782, 12 xuño 1997, p. 27.

Fala da necesidade dun espacio para a reflexión acerca do teatro en Galicia, para o que tenta situa-lo concepto de crítica teatral e a perspectiva dende a que debe ser levada a cabo (a do espectador, a do director ou actor, ou a do xornalista), o que se complica pola “tensión que existe entre a reflexión e o seu obxecto”. Cuestiónase a adscrición dos músicos ó mundo teatral e afirma que os camiños da reflexión deben ser abertos polo propio teatro e non pola crítica, que ten o papel de “analizalos”.



Franco Grande, X. L., “Irreal Academia Galega”, *La Voz de Galicia*,
28 novembro 1997, p. 72.

Reflexión sobre a situación actual da Real Academia Galega. Na súa opinión é unha mágoa que “do todo aquel esforzo que na década dos cincuenta fixera Ramón Piñeiro, e que tantas horas das nosas conversas ocupou, para que a Academia Galega saíse do pesado sono en que a guerra civil a ensumira só servira para, á volta duns anos quedar as cousas como estaban”. Propón que o novo presidente da institución debería acometer unha serie de reformas nas seguintes cuestións: “erradicar para sempre a política sectaria”, facilita-lo ingreso e tentar convencer a todos aqueles que estando elixidos non ocupan o seu cargo por razóns morais ou de “decencia intelectual”, ademais de adquirir progresivamente un maior peso na sociedade galega actual.



Freixanes, Víctor F., “A volta do neno labrego”, *La Voz de Galicia* , “Mar de Fóra”, 18 xaneiro 1997, p. 8.

Cítanse algúns datos da vida e obra de Xosé Neira Vilas como a chegada a Buenos Aires en 1949 ou a participación en 1953 na creación das Mocidades Galeguistas así como a posta en marcha de iniciativas a prol do libro galego na emigración, a publicación de *Memorias dun neno labrego* ou a partida cara a Cuba. Refírese ademais á Fundación que leva o nome do escritor de Gres e destaca a orixinalidade e a xenerosidade da biblioteca especializada en literatura xuvenil e infantil á que asisten nenos e nenas da bisbarra de Vila de Cruces.



_____, “Memoria de Berlín”, *La Voz de Galicia*, “Mar de Fóra”, 25 xaneiro 1997, p. 10.

A partir da novela de Carlos Casares *Deus sentado nun sillón azul* (1996), lembra a súa estadía en Berlín co escritor citado. Alí asistiu á xénese desta novela, que non dubida en cualificar como “o texto máis logrado, maduro, esixente e crítico de Carlos Casares, sen concesións”. Explica que nel se recupera o ambiente do primeiro tercio do século XX no que dous discursos totalitarios intentaban explica-lo mundo sen contradicións: nazismo e marxismo.



_____, “Isaac”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 10 maio 1997, p. 8.

Comeza cunha breve reflexión sobre a creación dos Premios da Crítica de Galicia, alá polo ano 1977, en Vigo. Trátase, en palabras do articulista, de “promover dende o movemento asociativo unha plataforma de difusión dos feitos culturais que, dende a pluralidade e o respecto democrático, presentase socialmente ós nosos creadores, artistas, músicos, escritores, investigadores, ensaistas, etcétera, recoñecéndolle o mérito do seu traballo e outorgándolles publicamente alomenos esa noite, o aplauso da nosa admiración”. Comenta que no ano 1997, o homenaxeado é precisamente un dos fundadores do premio, Isaac Díaz Pardo, “un ilustrado”, como Antonio Ibáñez, o marqués de Sargadelos, como Cornide Saavedra ou o Padre Sarmiento”.



_____, “Bancos e cafeterías”, *La Voz de Galicia*, 13 setembro 1997, p. 13.

Refírese ás cafeterías ás que asistían os intelectuais e literatos en Pontevedra, Santiago, Lugo e Coruña, algunhas xa desaparecidas, e fala tamén dos faladoiros como o das señoritas de Mendoza en Pontevedra. Considera que eses lugares forman parte da nosa historia.



_____, “Territorios da palabra”, *La Voz de Galicia*, “Mar de fóra”, 8 novembro 1997, p. 13.

Unha viaxe a Sada con ocasión de se-lo lugar elixido para a festa dos premios Xerais e Merlín leva ó autor a recomendar outros sitios para futuras celebracións, como Monterrei, Mondoñedo ou Samos, e a lembrar que no 1972 desenvolveuse en Sada o Primeiro Congreso do Libro Galego, “da man de Luis Seoane e Isaac Díaz Pardo”. Recorda o transcurso daquel congreso e os temas tratados no mesmo e remata falando da importancia do coñecemento do pasado para a construción do futuro, un “coñecemento crítico naturalmente construído dende a reflexión e a información, non dende o chauvinismo” para face-lo mundo “máis habitable e posible”.



_____, “Libros e tabernas”, *La Voz de Galicia*, “Mar de Fóra”, 29 novembro 1997, p. 13.

Breve referencia ó índice de lectura no noso país. Cita algunhas iniciativas para promover a lectura en Galicia como o establecemento de bibliotecas nas tabernas e nos cafés das aldeas, vilas e cidades galegas. Recordamos a experiencia que levou a cabo Pepe o de A Esmorga, en Vigo, ou a do escritor e libreiro Bieito Ledo. Para rematar alude a unha reunión, na Televisión de Galicia, de escritores, editores e libeiros que intercambiaron impresións e experiencias sobre os índices de lectura en Galicia.



García, Xosé Lois, “¿Cando o Día das Letras Galegas para Manuel Casado Nieto?”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 21 xaneiro 1997, p. 3.

Avoga o articulista pola figura de Manuel Casado Nieto, a quen considera que se lle debería dedicar o Día das Letras Galegas. Comenta que sendo funcionario en Barcelona destacou polo seu papel de escritor e traballador da cultura galega, ocupou a presidencia do Centro Galego, onde realizou actividades culturais e literarias de certa transcendencia entre as que salienta a tradución da Biblia ó galego unha versión de *A Cántiga das Gántigas*.



_____, “A Academia, nas ondas do mar de Vigo”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 15 agosto 1997, p. 3.

Comenta a decisión da Academia de dedica-lo Día das letras Galegas para 1998 a tres persoeiros da lírica trobadoresca que ocupan un escenario xeográfico común: Martin Codax, Mendiño e Xohán de Cangas. Opina que esta celebración colectiva podería minimizar excelentes figuras no futuro e presenta as dificultades que terán os estudiosos para ocuparse de autores con obras tan minoritarias. Lamenta que continúen ignorándose figuras como D. Dinis, Pero da Ponte ou Airas Nunes.



García, Rodri, “Frenade a ese home”, *La Voz de Galicia*, “Relevo na Cultura Galega”, 30 novembro 1997, p. 90.

Comentario sobre Francisco Fernández del Riego e sobre os proxectos inmediatos da Real Academia Galega: a transferencia da institución á Xunta de Galicia, a renovación e actualización dos seus estatutos, a proposta de novos obxectivos para a defensa do galego, a incorporación dalgún dos membros numerarios que aínda non pronunciaron o seu discurso de ingreso ou o achegamento da Academia á sociedade.



García-Bodaño, Salvador, “Memoria e imaxes”, *El Correo Gallego*, 19 xaneiro 1997, p. 3.

Considera afortunado o exercicio do recordo, dirixido á afirmación da nosa identidade persoal e nacional, que se está levando a cabo en Galicia. Vencellado con isto fai referencia ó acto de imposición da ‘Medalla de Ouro, ó mérito cidadán’ a Borobó, no que se salientou a figura do homenaxeado mediante as intervencións de Alonso Montero, Xerardo Estévez e do propio Borobó.



_____, “Imaxes dun tempo proscrito”, *El Correo Gallego*, 26 xaneiro 1997, p. 3.

O autor lembra as súas colaboracións no xornal *La Noche* e saúda a aparición de dous volumes que sobre esta publicación editou en 1996 o Centro Ramón Piñeiro. Trátase de *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)* e a edición facsimilar de *La Noche. Suplemento del Sábado (1948-1950)*. Reflexiona logo sobre as propostas artísticas do noso país e sobre a relación entre os códigos do pasado e do futuro.



_____, “Unhas datas para a lembranza”, *El Correo Gallego*, 2 febreiro 1997,
p. 3.

Quéixase de que non estea en preparación ningunha homenaxe, estudio, retrospectiva, etc. da obra de Carlos Maside, pintor coruñés do que se cumpren en 1997 cen anos do seu nacemento. Enumera os estudos e exposicións feitos sobre a obra de Maside e salienta o seu valor como pintor anovador. Do mesmo xeito, lembra o aniversario de Blanco-Amor e o cincuentenario de *Cómaros Verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño, primeiro libro galego importante na posguerra. Deste último, salienta a súa reedición polo Concello de Vilagarcía de Arousa, así como a celebración nesta localidade do congreso “50 anos de poesía galega”. Celebra, finalmente, o que considera como normalización cultural e recuperación do pasado de Galicia.



_____, “As Calexas do cigurat”, *El Correo Gallego*, 9 marzo 1997, p. 3.

Alégrase da edición, íntegra por vez primeira, da obra de Xavier Carro *As calexas do cigurat* (1996). Lembra as difíciles condicións políticas en que saíu hai uns vintecinco anos e os problemas que a obra tivo coa censura.



_____, “Unha necesaria discreción académica”, *O Correo Galego*, 22 xuño 1997, p. 3.

Comenta o interese dos xornalistas por coñece-la identidade do que será o próximo presidente da Real Academia Galega, e critica que algúns académicos fagan público un debate que debera ser interno e discutido no seo da institución. Opina o autor que sería conveniente “manter un mínimo grao de prudencia individual para non contribuír a exacerba-la situación de cambio no colectivo académico”. Remata lamentando a filtración ós medios de comunicación dos perfís dos dous candidatos con máis posibilidades de resultar elixidos.



_____, “Cómaros verdes á beira da Arousa”, *El Correo Gallego*, 20 xullo 1997,
p. 3.

Comenta a súa participación no Congreso da Poesía Galega organizado polo concello de Vilagarcía para conmemora-lo cincuentenario da publicación de *Cómaros verdes* (1947), do poeta Aquilino Iglesia Alvariño, pola imprenta Celta vilagarciana que tamén imprimiu *Da terra asoballada* (1917), de Ramón Cabanillas. Salienta a conferencia do profesor Luciano Rodríguez, autor dunha tese sobre a obra do poeta.



_____, “A xeneración poética dos ‘50”, *El Correo Gallego*, 28 setembro 1997,
p. 3.

Dá a coñecer a súa participación no Iº Congreso de Poesía Galega nunha mesa redonda sobre a poesía de posguerra xunto a Luz Pozo, Bernardino Graña e Xesús Rábade Paredes. Defende para denominar a eses poetas o sintagma “II Rexurdimento” e chama a rescatalos do esquecemento sen mitificacións. Propón encadralos en tres promocións: “Ponte” (Tovar, Costa Clavell, Cuña Novás...), “Abrente” (Manuel María, Xoana Torres...) e das “Festas Minervais” (García-Bodaño...).



_____, “Máis alá do ‘Share’: I. A. Promoción”, *El Correo Gallego*, 5 outubro 1997, p. 3.

Trata da primeira promoción da “Xeración poética dos 50”, que estaría formada por Tovar, Costa Clavell, Cuña Novás, Kruckemberg, Luz Pozo, Neira Vilas... Afirmar que en xeral foron autores en lingua española cunha vocación relativamente tardía cara ó galego. Establece e fundamenta unha división radical neste grupo: por un lado os que ficaron na terra e por outro os que tiveron que exiliarse.



_____, “A promoción do Abrente e a das festas Minervais”, *El Correo Gallego*,
12 outubro 1997, p. 3.

Fai unha descrición das características dos dous grupos de escritores galegos nados entre 1930 e 1940: a “Promoción do Abrente” e a “Promoción das Festas Minervais”. Achega unha ampla nómina de autores pertencentes a cada colectivo. Caracteriza os primeiros por escribi-la súa primeira obra en galego, relacionarse cos galeguistas da preguerra, o autodidactismo, “o descubrimento de Galicia como entidade socio-cultural diferenciada”, a presenza en revistas literarias e a pluralidade temática. Comenta as orixes das Festas Minervais e as influencias destas promocións poéticas en xeracións de autores posteriores. Apunta como trazos comúns deste grupo os seguintes: “unha clara e activa conciencia nacional galega”, a formación universitaria, o contacto coa tradición galeguista, o interese por literaturas e linguas foráneas, a diversidade de tendencias e a “vontade de rotura estética”.



_____, “Aínda hai lugar para a esperanza”, *El Correo Gallego*, 7 decembro 1997, p. 3.

No marco dunhas reflexións sobre o estado da cultura en Galicia o articulista sinala que “a Academia ten que se-lo nexo do ser de Galicia como pobo, lingua e cultura, pois non esquezamos xamais que foi creada pola vontade dos patriotas galegos residentes en Cuba (...)”.



García Iglesias, José Manuel, “Borobó”, *El Correo Gallego*, 22 xaneiro 1997,
p. 3.

Considera merecida a homenaxe consistente na medalla de ouro da cidade de Santiago “a ese gran xornalista que é Borobó”. Fai referencia ó seu labor como xornalista, ademais de informar dos discursos do acto de imposición. Comenta que un deles, pronunciado polo homenaxeado, tratou das persoas sacadas dos anos 50 e 60 de Santiago e das súas tarefas como cronista. Do outro, proferido por Alonso Montero, salienta que versaba sobre a bio-bibliografía de Borobó e da xuventude compostelá que lía a prensa santiaguesa de entón.



_____, “La Noche” vista dende o Ramón Piñeiro”, *El Correo Gallego*, 12 marzo 1997, p. 3.

Fai referencia á dúas publicacións que viron a luz en 1996 da man do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, dirixidas por Luis Alonso Gargado. Unha leva por título *Plumas e Letras en La Noche (1946-1949)* e a outra está dedicada á presentación en edición facsímil do xornal *La Noche. Suplemento del Sábado*, e á análise dos dezaseis números que saíron á luz entre 1949 e 1950. Preséntase, unha relación detallada das partes integrantes de cada unha desas publicacións, ademais dos nomes e achegas da xente que neles colaborou.



_____, “As publicacións da Xunta”, *El Correo Gallego*, 17 decembro 1997, p. 3.

Alusión ó catálogo de 1997 que deu a coñece-la Comisión Permanente de Publicacións da Xunta de Galicia. Logo de facer unha descrición da estrutura que presenta este catálogo, onde se recollen tódalas publicacións realizadas pola Xunta, detense no comentario dalgunha delas. Entre elas salienta os estudos que aparecen baixo o epígrafe de “Recupera-la memoria”, as *Actas das Juntas do Reino de Galicia* (1995) incluídas na serie “Arquivos de Galicia”, varias publicacións de arte e certas coedicións con editorias privadas. Trátase estas últimas de títulos de autores clásicos que a Xunta coedita con Galaxia ou da colección “Os libros do Centro Dramático Galego”, nos que colabora con Xerais.



García Negro, M^a Pilar, “Unha Académia Galega Real”, *A Nosa Terra*, nº 806, “Guieiro Cultural”, 27 novembro 1997, p. 27.

Expresa as súas opinións sobre a política actual da Real Academia Galega. Afirmar que son necesarios uns orzamentos dignos e que non se pode evita-la dependencia que ten a Institución da Comunidade Autónoma. Cre que cómpre conseguir un “pluralismo ideolóxico na súa composición; democracia de xénero (...) ‘sano’ intervencionismo nos asuntos e importancia na saúde do idioma, da literatura, da historia do país; modernización; papel activo de colaboración co resto das institucións culturais do país”. Considera que se se cumpren todos estes obxectivos a Real Academia Galega pasará a ser unha Academia Galega real, “coa cabeza e coa voz no país”.



García Sabell, Domingo, “Ramón Piñeiro, redivivo”, *La Voz de Galicia*, “Tempo de lecer”, 19 xaneiro 1997, p. 8.

Retrata a personalidade de Ramón Piñeiro a partir dun parágrafo incluído na obra *Persona*, de Julián Marías, que García-Sabell vén de ler. O citado parágrafo serviulle como suxestión para perfila-los trazos fundamentais do carácter de Piñeiro do que salienta, entre outras cousas, “a dozura no trato combinada coa firmeza dos seus propósitos”.



Gaspar, Silvia, “Blanco Amor, a pesar de todo”, *La Voz de Galicia*, 5 outubro 1997, p. 91.

A autora, membro do xurado do Premio Blanco Amor na edición de 1997, comeza felicitando a Suso de Toro pola consecución do galardón. Comenta que ó día seguinte á concesión do premio decidiuse a facer unha valoración reflexiva “á marxe das dúbidas dalgúns escépticos (...) e dalgunha que outra declaración do premiado, máis propia dun técnico de marketing ou un dun maudit de fin de semana”. A continuación comenta algúns aspectos sobre a obra literaria do autor premiado. Recoñece a súa destacada traxectoria así como a variedade de facetas da súa pluma pero considera que ante todo o autor de *Calzados Lola* é un “escritor popular” e “un auténtico profesional”. Alude tamén a unha serie de declaracións do escritor sobre os premios que lle levan a opinar que “a realidade, se é que existe, é outra cousa”. Conclúe sinalando que “como alguén dixo unha vez “ás veces os xurados erran, pero sempre fallan”.



Giráldez, X. M., “Celso Emilio Ferreiro”, *O Correo Galego*, “Pegadas”, 21 maio 1997, p. 3.

Céntrase nas actividades realizadas por Celso Emilio Ferreiro na Irmandade Galega de Venezuela, onde ocupou o cargo de director de Cultura e onde xunto a Óscar Noya soubo “proxecta-la cultura galega”. Declara o respecto e a admiración que sente polo poeta de Celanova pero sinala que non acertou ó titula-lo seu libro *Viaxe ao país dos ananos* porque neste epígrafe “parece incluír ata a cantos, sen escatimar esforzos, o axudaron e estiveron constantemente á súa beira”. Conclúe sinalando que a pesar de todo a Irmandade Galega de Venezuela segue a estar en débeda con Celso Emilio Ferreiro.



Gómez, Joel, “Rodrigues Lapa”, *La Voz de Galicia*, “De Sol a Sol”, 19 decembro 1997, p. 56.

Considera o articulista un acerto a homenaxe que se lle tributa en Filoloxía ó “eminente científico” portugués Rodrigues Lapa, con motivo do centenario do seu nacemento. Destaca a relación e actitude de Lapa con Galicia, recomendando finalmente a todo aquel que non poida asistir á homenaxe, a lectura de *Estudos galego-portugueses* (1979), obra que considera imprescindible para coñecer mellor a historia e actualidade do idioma galego.



Gómez, Lupe, “Palabras de muller”, *A Nosa Terra*, nº 766, “Guieiro Cultural”, 20 febreiro 1997, p. 25.

Pon de manifesto as crenzas e ideais que perseguen as mulleres por medio dunhas poesías presentadas a un concurso organizado polo “Grupo de mulleres na Universidade” que rematou cun recital na librería María Balteira de Santiago. Salienta a visión que ten a muller do mundo que a rodea, mundo no que reclama un maior protagonismo, no que quere borra-lo pasado e no que continúa a súa loita contra o machismo.



Gómez, Pedro, “Escoger un libro”, *La Región/Atlántico Diario*, 2 maio 1997,
p. 31/p. 31.

Fai unha recomendación de libros que se deben ler con motivo do Día das Letras Galegas. No eido da Literatura Galega cita os nomes de Manuel Rivas, Fina Casalderrey, Ánxel Fole e Álvaro Cunqueiro. Reflexiona sobre a fortuna literaria na actualidade da temática relixiosa e filosófica.



González Puente, Julio, “De Senectute’, poesía y jubilación”, *El Correo Gallego*, 18 maio 1997, p. 2.

Láíase de que Manuel María anunciase a retirada do seu oficio de escritor de versos. Considera imposible e inadecuado que o chairego cumpra as propias declaracións.



Grande, Antón, “Maruxa Boga”, *Galicia en el mundo*, “Tribuna libre”, nº 222,
1-7 xullo 1997, p. 32.

Refírese á negativa de lle conceder unha medalla de Galicia a Maruxa Boga por parte do departamento da Xunta de Galicia dirixido por Amarello Castro. Subliña o galeguismo desta medalla, papel de Pimpinela na representación en Arxentina de *Os vellos non deben de namorarse* así como a defensa da galeguidade a través de programas radiofónicos. Comenta que a fidelidade ós principios republicanos e galeguistas lle supuxo un “error imperdonable para los rencorosos”. Incide en que a Maruxa Boga non se lle perdoou a súa pertenza ó bando perdedor da guerra civil e considera que hai a quen non lle interesa a reconciliación das “dúas Galicias”.



_____, “Fiz”, *El Progreso*, 19 xullo 1997, p. 59.

Artigo de homenaxe ó poeta Fiz Vergara Vilariño ó saberse a noticia da súa morte. Lembra cartas, paseos en Sarria e Lugo e as súas conversas sobre literatura, escritores galegos e a situación do país.



Gwede, “Pura y Dora”, *La Región*, 25 xuño 1997, p. 16.

Celebra a concesión da Medalla de Ouro da sociedade Liceo Recreo Orensano ás escritoras Pura e Dora Vázquez, continuando por eloxia-la institución pola súa constante preocupación cultural e artística, e destaca o feito de que esta homenaxe se faga a tempo. Remata comentando unhas palabras gravadas na pedra mortuoria do escritor ourensán “Ben-Cho-Shey” nas que prohibía calquera manifestación de recoñecemento póstumo.



Henríquez Salido, María do Carmo, “O legado de Carvalho Calero”, *Faro de Vigo*, 2 xullo 1997, p. 26.

A presidenta da Asociación Galega da Língua presenta unha serie de críticas sobre as intervencións dos portavoces dos tres grupos parlamentarios (BNG, PSOE, e PP), no acto de entrega da biblioteca do profesor Carvalho Calero comprada polo parlamento galego. Considera que “silenciárom e ocultárom” o significado e simboloxía da obra deste “Grande de Galicia” e comenta o seu labor nos dez últimos anos da súa vida. Sinala finalmente que pór unha lápida na biblioteca co seu apelido grafado con “ll”, supón “burlar-se” do seu legado lingüístico, polo que pide que se repare a “ofensa”.



_____, “Ourense ‘sem’ Eduardo”, *La Región*, 1 decembro 1997, p. 9.

Lembranza da figura de Eduardo Blanco-Amor, “un perfecto e auténtico cidadão do mundo, foi um peregrino perpétuo, um buscador de companhia e de amizade, um cidadão ignorado em vida na sua Pátria, na ‘sua’ cidade, um feito sem condecorações, sem prebendas do Poder, sem apenas honras em vida na Galiza e no día do seu enterro...”. Afirmo que Blanco-Amor é un dos escritores ignorados ou olvidados aínda que, na súa opinión, “a sua obra já ultrapasa esta cidade, já ultrapasa a Galiza, forma parte da História (com maiúsculas) da Humanidade”.



Hortas, Daniel “A realidade dunha historia imaxinada”, *O Correo Galego*,
“Sinxelamente”, 7 xuño 1997, p. 4.

Dános a coñece-la orixe do tema do libro *A guerra do tabaco* (1996), de Carlos G. Reigosa, obra que trata do contrabando e do narcotráfico en Galicia. Comenta cómo el lle suxeriu ó autor a posibilidade de escribir unha obra sobre este asunto.



_____, “¡Quen puidera namorala!”, *O Correo Galego*, “Sinxelamente”, 26 xuño 1997, p. 4.

Trata da necesidade de que a cultura estea en mans de todos, mesmo do ámbito empresarial, poñendo como exemplo as adegas Martín Códax co seu Premio de Poesía e cunha nova iniciativa consistente en levar polo mundo “as letras e as músicas tradicionais da terra”, coa colaboración do grupo Milladoiro, que, segundo Daniel Hortas, espalla o froito do seu labor de pescudar “nas fontes culturais galegas” por todo o mundo. Remata co comentario de que o autor tivo a ocasión de escoita-la música deste grupo en Madrid.



_____, “Amancio e Rosalía ”, *O Correo Galego*, “Sinxelamente”, 6 agosto 1997,
p. 4.

Anuncia a preparación por Amancio Prada dun novo disco sobre os poemas de Rosalía. Aínda que agora, a súa voz soará en consonancia con outras como son as de M^a Dolores Pradera ou M^a del Mar Bonet. Comenta ademais os primeiros pasos do cantante berciano no mundo musical e da súa relación coa literatura.



Jiménez Casas, Cipriano, “Valentín-Paz Andrade”, *Faro de Vigo*, 26 maio 1997, p. 16.

Artigo que se inicia cunha reflexión do articulista sobre a cidade de Vigo e que conecta coa idea que Valentín Paz Andrade tivo sempre sobre a cidade olívica. A continuación, ofrece un breve perfil biográfico do avogado, economista, xornalista, escritor, poeta e político pontevedrés nado no ano 1899. Engade que foi un dos fundadores do Partido Galeguista “colaborando na redacción do Proxecto do Estatuto de Galiza con Luís Tobío e Carballo Calero”; director do xornal vigués *Galicia*, entre os anos 1922 e 1926; da *Revista Industrias Pesqueras* dende 1927; membro do Consello Superior de Investigacións Científicas, do Centro Cultural e Social Luso-Galaico de Vigo e da Real Academia Galega. Para rematar, recomenda a lectura da “obra cumbre de Valentín Paz Andrade”, *Castelao na Luz e na Sombra* (1982), publicada por Edicións do Castro.



Labella, Torcuato, “¡Menudo ‘marrón’ le ha caído, D. Xabier!”, *El Correo Gallego*, 26 setembro 1997, p. 2.

Sae ó paso dos que tildan a Xavier Alcalá de racista con motivo da publicación dun relato na revista *Grial* e pensa que só o fan “para poder predicar a los cuatro vientos que ellos no lo son”. Estráñase de que as voces máis críticas saísen de persoas non nadas en España e que foron acollidas fraternalmente e recoñecidas polo pobo galego. Recoñece que o escritor debeu de estar pouco afortunado á hora de transmiti-lo matiz que lle quería dar ás súas palabras.



Landín Carrasco, Amancio, “Del vino de barrantes y sus poetas”, *Diario de Pontevedra*, 24 setembro 1997, p.14.

Realiza un percorrido xeral polos viños producidos na costa pontevedresa, de Cambados ó Rosal. Nesta panorámica recolle poemas de louvanza dos viños dos que fala. Alén de dous escritores anónimos que eloxian o Barrantes e o Albariño, destacan os versos de Ramón Cabanillas cantando as virtudes deste último viño.



Laxe Freire, M. A., “Doutor Honoris Causa”, *O Correo Galego*, “Follas Soltas”,
2 febreiro 1997, p. 2.

Refírese ó investimento de Domingo García Sabell como Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña. Destaca a imparcialidade no nomeamento e a personalidade na que recae, a súa experiencia e sabedoría. Pono como exemplo do cabaleiro perfecto renacentista. E a isto acrecéntalle o seu valor como médico.



_____, “No enterro dun poeta”, *O Correo Galego*, “Follas Soltas”, 27 xullo 1997,
p. 2.

Lembra a Fiz Vergara e describe o seu enterro. Sorpréndese da “calma, o amor e a serenidade” co que se celebraron tódolos actos en honra do poeta de Lóuzara. Reflexiona sobre a relación da nosa cultura coa morte, salientando as grandes diferencias que existen entre a Galicia rural e a urbana neste aspecto.



_____, “Na república das letras”, *O Correo Galego*, “Follas Soltas”, 9 novembro 1997, p. 2.

Comeza falando da mercantilización do mundo do libro e da “influencia dos factores extraliterarios na creación e difusión da obra escrita”, que sempre existiu pero a menor escala que hoxe, e pon como exemplo a Valle-Inclán. Continúa afirmando que, a miúdo, o criterio á hora de elixir algo non é totalmente libre senón que se atopa condicionado polas opinións doutros, e reflexiona sobre a nosa literatura establecendo unha diferenza entre os que tiran a súa lingua e aqueles que descubren “que había outro, escrito, que lles chamou a atención”, diferenza que se revela tamén nas liñas temáticas escollidas, por unha banda “a problemática dese home galego común” e pola outra a do antiheroe, a “literatura do nihilismo”.



_____, “Outono das letras”, *O Correo Galego*, “Follas soltas”, 14 decembro 1997, p. 2.

Comenta que Francisco Fernández del Riego, recentemente nomeado presidente da Real Academia Galega, está aí “langreando” para que a xente fale e lea cada vez máis e mellor galego. Analiza algunhas das causas polas que se le tan pouco en Galicia, mostrando como preocupante o feito de que saían da escola poucos lectores por vocación.



Lezcano, Arturo, “O Eduardo cumpre un século”, *La Voz de Galicia*, “O chisco”
25 setembro 1997, p. 17.

Céntrase na inxustiza coa que foi tratado Eduardo Blanco Amor mentres viviu. Considera que Blanco Amor “foi, en todos os sentidos, un home en terra de ninguén, aldraxado pola envexa”. Cre que “mataron paseniñamente ao home” pero non ó escritor e refírese a el como “quizais non o mais grande criador da literatura galega, mais sen dúbida o seu mais grande narrador”.



Liñares Giraut, X. Amancio, “Maximino Cacheiro Varela”, *O Norte*, “Nas veas da diáspora”, nº 62/nº 73, do 26 de abril ó 3 maio 1997 /do 5 ó 23 xullo 1997, p. 2.

Parte da entrada correspondente do *Diccionario da Literatura Galega (I)* (1995) para se referir á vida e obra de Maximino Cacheiro Varela. Céntrase a continuación na obra *América na poesía galega* (1993) e nas páxinas iniciais desta obra, que aluden á emigración e á problemática dos artistas e intelectuais emigrados. Conclúe reproducindo un fragmento destas primeiras páxinas.



_____, “Xosé Neira Vilas (I)”, *O Norte*, “Nas veas da diáspora”, nº 65, do 24 ó 31 maio 1997, p. 2.

Refírese a Xosé Neira Vilas como “un clásico” e “un home que navegou con fondura polas veas da diáspora, con moito coñecemento de causa”. Cita ademais os títulos da súa produción literaria e ensaística referíndose tamén as traducións ó galego de Molinari, Nicolás Guillén, Ho Chi Minh, José Martí, Fidel Castro ou Alejo Carpentier. Considera referente a toda esta obra que “é moito crear para un rapaz autodidacta, fillo de labregos, só con algúns cursos de Comercio e moi diferentes oficios na capital arxentina dos anos cincuenta”. Logo de citar algúns dos premios e recoñecementos que ten recibido e os nomes dalgúns estudiosos da súa obra, reproduce o poema que abre o libro *Dende lonxe*.



_____, “Xosé Neira Vilas (II)”, *O Norte*, “Nas veas da diáspora”, nº 67, do 24 ó 31 maio 1997, p. 2.

Apoiándose en citas dos traballos de M^a Vitoria Moreno, X. L. Méndez Ferrín, Anxo Tarrío Varela e do *Diccionario da Literatura Galega (I)* (1995) refírese á actividade de Neira Vilas na emigración así como á súa obra poética e á singularidade da súa narrativa. Reproduce ademais unha carta tirada de *Historias de emigrantes* (1968).



_____. “Castelao de viva voz”, *O Norte*, “Da nova Clío”, nº 68, do 7 ó 14 xuño 1997, p. 2.

Fai referencia ó acto de presentación en Compostela do libro de Henrique Monteagudo *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos* (1996). Alude a que Avelino Pousa Antelo falou na súa intervención das orixes da Fundación, do labor feito ata agora e dos proxectos futuros. Comenta, así mesmo, a congratulación de Xosé Antón Pedreira en nome da Federación de Libreiros e da Feira do Libro. No tocante á intervención de Xesús Alonso Montero refírese a que salientou o mérito da Fundación ó publicar este volume así como a súa sorpresa de que aínda hoxe se publiquen textos inéditos ademais de salienta-la calidade da prosa en castelán do rianxeiro. No que atinxe ás palabras de Henrique Monteagudo no acto de presentación, indica que o autor do libro explicou o contido e lamentou que non haxa constancia escrita de Castelao no Estatuto de Autonomía. Ademais de sinala-lo atinado que resulta o estudio introductorio de Monteagudo remata cualificando a Castelao como un exemplo de lealdade ó noso país.



_____, “Maximino Castiñeiras”, *O Norte*, “Nas veas da diáspora”, nº 76, 8-16
agosto 1997, p. 2.

Refírese a Maximino Castiñeiras García, “O poeta da Maía”, e retoma unhas palabras de Gonzalo R. Mourullo nas que afirma que Castiñeiras García non é poeta de salóns académicos senón un “rapsoda popular de campos abertos, festas mariñeiras e celebracións campesiñas”. Resalta o feito de que este poeta estivese rodeado de amigos que son figuras importantes das cultura galega e cita unha lista deles. Ademais, comenta a súa colaboración en publicacións da diáspora, cita algúns títulos e recolle un fragmento da entrada correspondente no *Diccionario da Literatura Galega (I)* (1995). Finalmente alude á referencia na *Gran Enciclopedia Galega* e reproduce un poema titulado “Pra os galegos fora da terra”.



_____, “Casimiro Cubela García”, *O Norte*, “Nas veas da diáspora”, nº 77, 23-30 agosto 1997, p. 2.

Alude á escaseza de datos relativos á vida e obra literaria de Casimiro Cubela, crego de Trasmonte (Ames) e apunta que unicamente coñece tres referencias: unha nota biográfica na *Gran Enciclopedia Gallega*, a cargo de Antonio Rodríguez Fraiz, unha conversa na revista *Encrucillada* e unha referencia no *Diccionario de Escritores* (1990), de Francisco Fernández del Riego. Apunta a posibilidade de que Xesús Alonso Montero saiba algo dos méritos deste crego. Refírese tamén á publicación dun poema seu no libro de Maximino Castiñeiras *Filosofía, poesía y vida* (1981) baixo o título “A miña oferta (Tríptico)” e que consta de tres partes das cales reproduce a titulada “Emigrante”



_____, “Rodolfo Prada”, *O Norte*, nº 78, do 15 ó 29 de setembro 1997, p. 2.

Comenta a relevancia de Rodolfo Prada no ámbito do galeguismo arxentino. Alude ó seu papel de fundador da Asociación Protectora da Real Academia Galega e o seu cargo como secretario da Casa de Galicia de Buenos Aires e a colaboración na fundación da Organización Nacionalista Republicana Galega. Resalta, así mesmo, a súa amizade e colaboración con Castelao, sendo o “Verdadeiro “alma mater” nas xestións para a edición de *Sempre en Galiza* (1944). Continúa aludindo ós seus textos e conferencias e recolle un fragmento dun traballo publicado en *A Nosa Terra* en setembro de 1953 e que ten como tema principal a lembranza de Alexandre Bóveda.



López, Carmela, “Homenaje de Galicia y de Ferrol a Xosé Fontenla Leal”, *El Correo Gallego*, 22 maio 1997, p. 27.

Refírese ó traballo que está realizando o coro “Toxos e froles”, co seu presidente á fronte para que as principais institucións ferrolás e galegas recoñezan o labor feito por Xosé Fontenla Leal.



López de Guereña, Xosé M^a, “Bóveda e a Galiza mártir”, *A Peneira*, nº 223,
1^a quincena agosto 1997, p.1.

Sinala que a figura de Alexandre Bóveda segue presente no vivir cotián e recolle unhas palabras de Salvador de Lorenzana nas que se refire ó seu compromiso. Ademais comenta que a morte de Bóveda fructificou no galeguismo e alude despois ó nomeamento como “Fillo adoptivo” por parte da Deputación de Ourense. Considera que nin a Deputación de Pontevedra nin o Concello homenaxearon a Bóveda como merecía e cre que a algúns políticos non lles gusta “que se recoñezan os crimes cometidos polo franquismo”. Cre que a revisión do proceso de condea solicitado pola “Fundación Alexandre Bóveda” rehabilitaría a figura de Bóveda e desfaría un “crime legal” e que a celebración dos actos da “Galicia Mártir” non son revanchistas nin ofensivos. Recolle finalmente unhas palabras nas que Xosé Manuel Beiras alude á vixencia das ideas de Bóveda.



López Foxo, Manuel, “Carta aberta ao meu señor da Terra Cha”, *A Nosa Terra*, nº 780, “Guieiro Cultural”, 29 maio 1997, p. 22.

Carta dirixida a Manuel María na que López Foxo manifesta a súa admiración polo poeta da Terra Cha. Menciona que trala lectura do seu último poemario, *Sonetos á casa das Hortas* (1997) ponse de manifesto a importancia que ten para o autor o “territorio da infancia”, o “microcosmos íntimo”. Así mesmo, anímao a seguir escribindo porque, na súa opinión, nos seus versos percíbese “o que é a Poesía nesta pátria de mil poetas”. Loas tamén a homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle tributou ó poeta en Outeiro de Rei.



López Rejas, Javier, “Mi mejor verso ha sido un titular de periódico”, *Diario 16*, 3 xuño 1997, p. 45.

Informa da presentación, no Círculo de Bellas Artes de Madrid, de *El pueblo de la noche*, poemario de Manuel Rivas que sae ó mercado acompañado dun CD con poemas recitados polo autor e música de guitarra de César Morán. Recolle diversos comentarios feitos por Rivas durante o acto de presentación, nos que reivindica o sentido das palabras, fala da relación entre o cinema e a literatura ou da súa actividade xornalística, que non desliga da creación propiamente literaria.



López Salgado, Luis, “Gallegos en el mundo”, *Atlántico Diario*, “Hechos y citas”, 28 xullo 1997, p. 46.

Felicita á Consellería de Cultura da Xunta de Galicia polo importante labor que levou a cabo na recolleita de información sobre a vida dalgúns galegos ilustres. Considera que “Otero Pedrayo, Vicente Risco, Filgueira Valverde, Rosalía de Castro, Concepción Arenal, o Padre Feijóo, Raúl Alfonsín, Cela, Torrente Ballester, Eduardo Pondal, y otros muchos” deberían formar parte dunha videoteca central para que os investigadores poidesen acceder ós arquivos audiovisuais e recadar información.



Losa, José Luis, “Susos de Toro: fotomatón o polaroid del camaleónico autor del ‘Ulises’ gallego”, *El Correo Gallego*, “Latexos na pedra”, 13 decembro 1997, p. 11.

Refírese os cambios de imaxe experimentados por Suso de Toro, despois de ter escrito o “*Ulises* gallego”. Cre que Suso de Toro “ha encontrado el fondo de ojo a la imagen de escritor *maudit* y ahora ya no luce en la *interview* de turno como en la foto de arriba en pose campechana y casi *osborne*”.



Luca de Tena, Gustavo, “V. P. A., Xornalista”, *A Nosa Terra*, nº 780, “Guieiro Cultural”, 29 maio 1997, p. 27.

Reflexión sobre o labor de Valentín Paz Andrade dende o xornal *Galicia* onde “modernizou o panorama da prensa con tres elementos concretos (...): unha primeira páxina con editorial, con caricatura e cun comentáριο en rexistro de humor”. Salienta que entre os colaboradores de *Galicia* estaban Roberto Blanco Torres, Manolo Lustres Rivas, Ramón Cabanillas, Castelao, Antón e Ramón Vilar Ponte, Antón Losada, Rafael Dieste, Otero Pedrayo, Vicente Risco, Otero Espasandín, Bouza Brey, F. López Cuevillas e Amor Ruibal, entre outros moitos. A continuación analiza con detalle cada un dos obxectivos principais do citado xornal e remata cunha breve referencia biográfica de Valentín Paz Andrade, “un xornalista excepcional” e o “economista que lle puxo nome aos nosos males de fondo”.



Maestro, Jesús G., “Nuevas ‘perspectivas’ para el teatro”, *Faro de Vigo*, 18 xullo 1997, p. 27.

Salienta unha serie de libros dedicados ó teatro que puido ver na Feira do Libro de Vigo. Entre os referidos ó teatro en Galicia destaca a difusión que o Centro Dramático Galego fixo de obras publicadas en Xerais como *Unha rosa é unha rosa*, de Suso de Toro, *A festa da malla*, de Antón Villar Ponte. Recomenda ademais a traducción galega de *As alegres casadas*, de Shakespeare e o volume titulado *O Peregrino errante que cansou ó demo*, de Xavier Lama.



Mallo, Albino, “Fernán Vello, un poeta que consegue “siareiros” para o seu xénero”, *O Correo Galego*, 2 abril 1997, p. 56.

Describe as sensacións que recibiu ó ler *As certezas do clima* (1996), poemario de Fernán-Vello. Comenta a súa historia persoal como lector de poesía e a evolución dos seus gustos. Do autor deste poemario salienta que “vive para a súa poesía e para a dos demais”, e crea afección entre os lectores.



_____, “Teatro de exportación”, *O Correo Galego*, “Visións”, 22 maio 1997,
p. 3.

Breve comentario sobre a situación do teatro: reflexións e problemática actual. Afirmo que en Galicia o IGAEM subvenciona montaxes de obras pero que “falta tamén algunha compensación para que as nosas compañías teatrais poidan viaxar fóra de Galicia e amosar o traballo que fan os autores, directores e actores galegos de hoxe”. Engade que calquera das producións de Áncora, entre outros moitos, “tería grande éxito no resto de España e levaría a bandeira de ‘Galicia calidade’ noutro campo importante como é o da cultura onde xa os libros de Alfredo Conde, Manolo Rivas ou Suso de Toro penetran coa mesma forza cós de escritores do resto do Estado”.



_____, “Filgueira e o libro”, *O Correo Galego*, “Visións”, 5 xuño 1997, p. 3.

Refírese ó volume *Arredor do libro* (1996), editado pola Xunta de Galicia, onde se escolman unha serie de artigos de bibliografía de Xosé Filgueira Valverde seleccionados por José Daniel Buján Núñez. Loá a creación, por parte da Consellería de Cultura, da colección “Bibliofilia de Galicia”, que xa conta con outros tres títulos: *La imprenta en Galicia*, de Antonio Rey Soto; *A imprenta e a prensa en Galicia*, de Uxío Carré Aldao e *A imprenta compostelana. Séculos XVI-XIX*, de Fermín Bouza Brey. A respecto dos artigos de Filgueira salienta o amplo abano de temas tratados polo erudito, que centrou o seu interese na glosa daqueles libros “que máis quería” e que pertencían á súa biblioteca persoal, ó Museo de Pontevedra ou a outras bibliotecas institucionais.



_____, “Xuntanzas literarias”, *O Correo Galego*, “Visións”, 13 novembro 1997,
p. 3.

Logo de mostra-la súa mágoa pola escaseza de ocasións para que as persoas vencelladas co mundo literario poidan celebrar xuntanzas, manifesta a súa ledicia cando xorde o convite da concesión dos Premios “Xerais” e “Merlín”, xa que se lle ofrece a posibilidade de falar con moitos amigos ou coñecer novos persoeiros do mundo literario. Comenta a entrega do Premios “Xerais”, e dá a benvinda a futuros convites celebrados coa finalidade de outorgar premios literarios.



_____, “Novas de Galicia”, *O Correo Galego*, “Visións”, 27 novembro 1997, p. 3.

Amosa a súa satisfacción polas “novas de Galicia de carácter cultural, empresarial ou lúdico” que aparecen nos diferentes medios de comunicación. Sen embargo, afirma que, ás veces, hai numerosos actos culturais, moitos congresos importantes nos que se toman decisións de repercusión internacional, actuacións musicais tanto sinfónicas como folclóricas ou de grupos xuvenís”, das que se podería falar moito máis. Remata deixando constancia, outra vez, da satisfacción xa que, na súa opinión, estes acontecementos ofrecen “a sensación dunha Galicia culturalmente viva, cientificamente alertada e empresarialmente dinámica”.



_____, “Señores académicos”, *O Correo Galego*, “Visións”, 5 decembro 1997,
p. 3.

Considera que tralo nomeamento de Fernández del Riego como presidente da RAG, comeza unha nova etapa desta institución na que se salva o problema da falta de orzamentos, pensando que nisto a Administración autonómica debe ser xenerosa. Sobre o novo presidente da “máis alta institución das letras galegas” achega unha serie de datos, entre os que destaca a súa idea en 1963 da celebración do Día das Letras Galegas dedicado a un escritor xa finado. Comenta ademais a nova edición do dicionario da RAG, editado conxuntamente por Edicións Xerais e por Galaxia.



Manuel María, “O cincuentenario de “Cómaros verdes”, *El Correo Gallego*,
7 xaneiro 1997, p. 3.

Cualifica de “sorprendente” e “curiosa” a data de publicación de *Cómaros Verdes* a véspera do “Día de Galicia” de 1947 por se-la mesma na que, antes da Guerra, a Editorial Nós publicaba os seus libros máis importantes. Comenta algúns datos da primeira edición da obra, felicita a celebración do cincuentenario do libro que vai ter lugar en Vilagarcía e lembra a “fonda impresión” que este lle causou cando o leu ós 19 anos. A continuación refírese ós apartados “Nenias” e “Cabrifollos e oucas”, nos que Iglesia Alvariño “atopa unha voz personalísima” con influxos de Horacio e Virxilio, fronte ás outras partes que continúan a liña poética anterior. Cre que con *Cómaros Verdes* (1947), a poesía galega da posguerra recupera a grande calidade de antes da Guerra Civil. Conclúe convidando á súa lectura ou relectura.



_____, “Phileás Lebesgue e o poeta Noriega Varela”, *El Correo Gallego*,
4 febreiro 1997, p. 3.

Fala da relación epistolar entre Noriega e Lebesgue. Comenta que Lebesgue (1869-1958) era un labrego francés que se fixo escritor, lingüista e traductor a base de autodidactismo. Salienta o seu interese pola cultura de filiación portuguesa e a divulgación desta por Europa, a súa relación con Galicia, da que dá conta o libro do que Manuel María extrae estes datos: *Lecturas alleas* (1996), de Antón Figueroa. Refírese á relación do escritor francés co noso país e céntrase no comentario dalgunhas das cartas que se enviaron Lebesgue e o poeta galego.



_____, “Os suplementos literarios de ‘La Noche’”, *El Correo Gallego*, 25 febreiro 1997, p. 3.

Felicita ó Centro Ramón Piñeiro pola publicación da edición facsímile dos suplementos do xornal *La Noche* e destaca o importante papel deste xornal no proceso de reconstrución da realidade cultural de Galicia despois da guerra, abrindo unha porta á esperanza. Por último lembra algunhas anécdotas da súa xuventude en relación co xornal e con outras personalidades da cultura galega como Pimentel, Fole, Fernández de la Vega, Ánxel Johan ou Carballo Calero. Ademais dá noticia da publicación por parte do centro dun libro sobre Eloy Luis André e da próxima aparición doutro sobre Eugenio López Aydillo.



_____, “Dous manifestos de vangarda”, *El Correo Gallego*, 11 marzo 1997, p. 3.

Refírese á aparición en Galicia no ano 1922, do primeiro e máis significativo manifesto, firmado polo poeta Manuel Antonio e o debuxante Álvaro Cebreiro, baixo o título *¡Más Alá!*. Menciona como antecedente en castelán o “Preludio a toda estética futura”, de Vicente Risco, publicado na revista *La Centuria* no ano 1917. Recolle as opinións de Anxo Tarrío e Carlos L. Bernárdez para quen o manifesto ten moitas coincidencias, sobre todo nos ataques ós escritores consagrados, cun manifesto publicado en Rusia no 1912, “Unha labazada no gosto público”.



_____, “Saúdo á Primavera”, *El Correo Gallego*, 18 marzo 1997, p. 3.

Fai un canto á chegada da primavera lembrando distintos escritores e artistas (Noriega Varela, Antonio Machado, Sandro Botticelli) que plasmaron nas súas obras o recibimento a esta estación.



_____, “SOS pola biblioteca do Centro Galego de B.A.”, *El Correo Gallego*,
8 abril 1997, p. 3.

Denuncia o abandono no que está sumida a biblioteca do Centro Gallego de Buenos Aires. Reflexiona sobre a importancia que tivo no seu día esta institución como lugar de reunión dos nosos emigrantes e da intelectualidade galeguista no exilio. Recolle o chamamento feito por Ricardo Flores, Rosa Puente e Carlos Abaira, no que solicitan o apoio necesario para conservar sen alteracións este valioso patrimonio para o noso país.



_____, “Poetas chairegos en Vilagarcía de Arousa”, *El Correo Gallego*,
18 febreiro 1997, p. 3.

Salienta a coincidencia de que os tres grandes poetas chairegos e galegos deste século, Xosé Crecente Vega, Aquilino Iglesia Alvariño e Xosé María Díaz Castro, exerceran como docentes no Colexio León XIII en Vilagarcía de Arousa. Por iso propón a posibilidade dun estudio sobre a biografía do citado centro e lembra algúns detalles do labor de cada poeta.



_____, “Iglesia Alvariño descrito por un ex-alumno”, *El Correo Gallego*, 22 abril 1997, p. 3.

Comeza afirmando a pervivencia da poesía de Iglesia Alvariño, sempre “comprometida co ser de Galicia”. Achega unhas breves notas da biografía do autor de *Cómaros Verdes* (1947). Inclúe un poema en castelán de Ramón González-Alegre, antigo alumno de Aquilino Iglesia Alvariño, no que lembra ó seu mestre como un “altísimo poeta” que os introduce no coñecemento dos clásicos greco-latinos. Finalmente, solicita un minucioso estudio da relación de Iglesia Alvariño con Arousa, neste ano no que se cumpren 50 anos da publicación de *Cómaros Verdes*.



_____, “O meu García Barros”, *Tabeirós Terra*, “Plumas convidadas”, nº 1, abril 1997, p. 2.

Comenta que soubo de Manuel García Barros a través dun sarxento de infantaría, veciño do escritor estradense, que lles revelou quen era o que asinaba baixo o pseudónimo de Ken Keirades. Despois, segundo di, leu o seu libro *Contiños da Terra* (1931), na biblioteca que tiñan no cuartel. Para rematar reclama unha maior atención para a obra de García Barros á vez que pide que se publiquen as súas obras, incluída a xornalística, espallada por numerosas publicacións do exilio.



_____, “Catro míticos cafés”, *El Correo Gallego*, “Especial Compostela Hoxe”,
24 xullo 1997, p. 42.

Despois da lembranza dos cafés composteláns, Suizo, Español, Avenida e Derby, o autor salienta o papel de centros culturais que desempeñaron os cafés en Galicia pois neles escribíronse “milleiros de artigos e grandes obras literarias”. Apóíase en Claudio Rodríguez Fer para cita-la nómina de persoeiros da cultura galega que se daban cita no Café Suizo de Santiago. Cita ademais o faladoiro de Otero Pedrayo no Español ou o maxisterio de Maside nos cafés composteláns da época.



_____, “Contemporáneos e coetáneos”, *El Correo Gallego*, 5 agosto 1997, p. 3.

A conto da “andrómena esa dos rupturismos e dos refritos” das vangardas, expón que os seres humanos vivimos nun espazo e tempo determinados, sendo contemporáneos e coetáneos, aqueles que vivimos nunha época concreta. Mostra que estes dous conceptos non son iguais, por medio dunha exemplificación de escritores galegos. Considera tamén que o máis natural é que os seres humanos dunha época estean interrelacionados, polo que os escritores “pseudorrupturistas” teñen a necesidade de usar un idioma herdado e a obrigaón de transmitilo ás xeracións futuras. Destaca que o elemental na convivencia é que os novos sexan tolerantes cos vellos, seus coetáneos, e viceversa, xa que unha división entre eles é negativa.



_____, “Breve lembranza de Salvador de Roibás”, *El Correo Gallego*, 2 setembro 1997, p. 3.

Comenta a traxectoria vital de Salvador Fernández Parga, quen escribiu dous textos en galego, con motivo do seu pasamento.



_____, “Unhas palabriñas verbo da Real Academia Galega”, *El Correo Gallego*,
30 setembro 1997, p. 3.

Crítica a inoperancia da Real Academia Galega dende a súa fundación ata hoxe. Manuel María sorpréndese da anacrónica dependencia matritocéntrica actual desta institución. Remata enumerando as institucións que hoxe se ocupan da cultura galega e preguntándose se a RAG non será senón un fósil no medio delas.



_____, “Os poetas e a poesía”, *El Correo Gallego*, 14 outubro 1997, p. 3.

Manuel María toma uns versos de Wislawa Szymborska como pretexto para falar da abundancia de poetas en Galicia. Comenta a posición dos autores líricos na sociedade actual e remata animando as institucións á realización dun censo de poetas e á creación de estudos oficiais para esta “disciplina”.



_____, “Unha casa en Vilarente (Abadín)”, *El Correo Gallego*, 28 outubro 1997,
p. 3.

Tras comenta-lo influxo de Noriega en Alvariño e informar de que este segundo dá nome a unha asociación cultural en Muimenta, fai un chamamento a prol da recuperación da casa de Aquilino Iglesia Alvariño, emprazada en Vilarente. Coida que nesa empresa deberían colabara-la Xunta de Galicia, a Deputación de Lugo e o Concello de Abadín. Non obstante culpa principalmente a institución autonómica pola súa inadecuada política de gasto cultural. Remata cuestionándose o coñecemento por parte das autoridades culturais de figuras como a deste poeta.



_____, “Miguel-Anxo Fernán Vello”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
9 novembro 1997, p. 64/p. 64.

Retrato do poeta e editor Miguel Anxo Fernán-Vello no que salienta a súa contribución á cultura galega en eidos como os do teatro ou á fronte da colección de poesía de Espiral Maior, así como na Asociación de Escritores en Lingua Galega, ademais de analiza-la súa poesía, da que afirma que está marcada polos espazos xeográficos vitais do poeta, a Terra Cha e A Coruña. Reflexiona, en ton lírico, acerca dos motivos que este trata, como “o gozo de vivir, as emocións sensoriais de todo tipo, o misterio do amor e do desamor”, sen esquecer-lo telurismo da súa poética. Sitúa a poesía de Fernán-Vello na “liña da nosa mellor e máis auténtica poesía que vén de Rosalía”, rematando por definilo como “un ser humano exemplar e un poeta total”.



_____, “Un Galeuska en Biarritz”, *El Correo Gallego*, 18 novembro 1997, p.3.

Comenta as peculiaridades do encontro Galeuska, que reúne a escritores galegos, vascos e cataláns. A continuación, reflexiona sobre a perfecta organización da citada xuntanza que tivo lugar en Biarritz e remata cunha breve descrición da cidade.



_____, “Rosalía de Castro en Lugo”, *El Correo Gallego*, 2 decembro 1997, p. 3.

Considera que está fóra de dúbida a estadía do matrimonio Murguía-Rosalía na cidade de Lugo. Comenta que foi debida á impresión da *Historia de Galicia* (1865-1866), de Murguía, composta na imprenta de don Manuel Soto Freire. Para respaldar estas afirmacións ofrece certos fragmentos da monografía de Nicanor Rielo Carballo, *Soto Freire (1826-1897) impulsor do libro relixioso en Lugo*. Tamén se refire a un incidente no obradoiro tipográfico de Soto Freire, onde se estaba imprimindo un artigo de Rosalía, que segundo leu era posible que estivese en Lugo nesa época. Finalmente ofrece o enderezo completo de Rosalía na cidade das murallas.



_____, “Os premios literarios en Galicia”, *El Correo Gallego*, 9 decembro 1997,
p. 3.

Fai unha serie de reflexións sobre os premios literarios. Logo de facer referencia ós existentes na súa mocidade, considera que no noso país deixan moito que desexar. Presenta a súa idea de cómo debería organizarse un concurso desta índole e destaca que hoxe en día na nosa literatura estase producindo un feito moi curioso: a produción literaria mediatizada polos concursos e polas editorias. Finalmente considera que estes concursos son importantes se premian obras boas, pero que se o fan coas mediocres fanlle un mal á literatura e á cultura.



Marco, Aurora, “Reflexións sobre o teatro”, *La Voz de Galicia*, “Cartas Compostelanas”, 5 marzo 1997, p. 8.

A autora expresa ese “motivo de pracer” que supón reencontrarse cos textos de Otero Pedrayo. Trátase, segundo comenta, dun pracer que se deriva da lectura de semblanzas de personaxes, que forman parte do noso contorno e cos que nos encontramos de cando en vez. Experiencia que constata cun texto lido por ela nunha pasada conferencia, titulado “As velliñas”.



_____, “Lembranza dun home elegante”, *La Voz de Galicia*, 25 xuño 1997,
p. 82.

Móstrase apenada pola morte de Carlos Martínez-Barbeito do que lembra a súa valía profesional e humana da que tivo boa proba cando lle requiríu información sobre a súa nai, María Barbeito Cerviño. Destaca tamén o seu labor como crítico literario e sobre todo como creador con novelas como *El bosque de Ancines* e *Las pasiones artificiales* (1950).



_____, “Carvalho Calero, patrimonio de todos”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 1 xullo 1997, p. 82.

Celebra a inauguración, no Parlamento Galego, dunha sala dedicada a Carvalho Calero “na que se incorporan os fondos bibliográficos e o arquivo persoal de tan relevante figura”, destacando que a decisión foi tomada por unanimidade. Salienta que tamén foi unánime o seu nomeamento como Fillo Predilecto de Ferrol e agarda que esta biblioteca estea á disposición das persoas que desexen investigar ou consulta-lo material alí presente.



_____, “Discurso da Académia Galega”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”,
16 setembro 1997, p. 74.

Recole o contido dun discurso pronunciado pola escritora Mercedes Vieito Bouzas na Habana o 4 de setembro de 1907 con motivo do segundo aniversario da constitución da Real Academia Galega. Analiza a presenza de mulleres na Real Academia e solicita o carácter reivindicativo dos seus escritos. Insiste na carencia de medios económicos que sufriu esta institución ó longo da súa historia.



_____, “A Académia Galega e a lingua”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”,
23 setembro 1997, p. 82.

Recolle o máis salientable dunha colaboración de Vilar Ponte na revista *Céltiga* titulada “O que foi e o que ten de ser a Academia Gallega”. Salienta deste traballo a crítica ás carencias económicas e o antigaleguismo dalgún dos académicos, que os levan a non falar a nosa lingua e a publica-lo *Boletín da R.A.G.* en castelán. Aurora Marco considera que moitos destes problemas xa están superados e que se debe avanzar no proceso de “normalización social” da nosa lingua. Suscribe a carta aberta de Manolo Rivas, Suso de Toro e Méndez Ferrín na que esixen un debate público. Finalmente, opina que os problemas que lle afectan ó galego, non se poden subsanar cunha “lexislación autoritaria”.



_____, “O primeiro drama galego”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 7 outubro 1997, p. 91.

Comeza referíndose ó esquecemento dalgunhas figuras relevantes do século XIX e pon o exemplo dos irmáns De la Iglesia, Antonio e Francisco María. Do segundo deles apunta que este ano se cumpriu o centenario da súa morte e pasou desapercibido. Realiza un repaso polas facetas arqueolóxica, de impulsor xornalístico, fundador da asociación Folklore Galego e un dos máis prolíficos poetas da época. Indica que algunhas das súas composicións están espalladas polos xornais da época e outras recollidas no volume *Do mar e da terra* (1930) por Gumersindo Placer. Cita ademais a “Alborada”, chamada Alborada de Veiga pola música de Pascual Veiga. Como autor teatral comenta que foi autor do primeiro drama galego *A fonte do xuramento* (1882), e que iniciou o teatro lírico con dúas obras ás que tamén lles puxera música Pascual Veiga, *Galegos ¡A nosa terra!* (1878) e *Os Ártabros* (1899).



Martínez-Risco Daviña, Luis, “Antón Risco e a obra de seu pai”, *A Nosa Terra*, nº 783, “Guieiro Cultural”, 19 xuño 1997, p. 27.

Denuncia o feito de que continuamente se tome como referente a Vicente Risco á hora de valorar a obra do seu fillo Antón. Reivindica unha valoración independente da obra de Antón Risco sinalando que este supera a seu pai na especialidade de crítica literaria e na súa maior produción literaria. Conclúe sinalando a transcendencia universal da obra de Antón e o beneficio que isto lle proporciona á literatura galega.



Méndez Ferrín, X. L., “A viaxe do Bierzo (I)”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 3 xaneiro 1997, p. 2.

Con ocasión dunha viaxe ó Bierzo para participar na Xornada da Lingua e Cultura Galegas no Bierzo, lembra que nos anos cincuenta era habitual a presenza, no *Faro de Vigo*, de artigos que narraban viaxes dende Vigo ó Bierzo, exemplificándoo con crónicas de José María Castroviejo, Álvaro Cunqueiro e Celso Emilio Ferreiro. A seguir manifesta que o asunto elixido para falar na Xornada foi a poesía de Ramón González-Alegre, “vigués nacido en Vilafranca, ou vilafranquino residente en Vigo”, a quen eloxia polo seu labor á fronte da revista *Alba*, que supuxo para el “unha boa cartilla de instrución e adestramento”. Remata aludindo a algunhas características da poesía de González-Alegre e á emoción que sentiu ó falar dela no transcurso da xuntanza.



_____, “A viaxe do Bierzo (e II)”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 6 xaneiro 1997, p. 2.

No transcurso da súa viaxe ó Bierzo conta como participou nun xantar con outros estudiosos no que estes desenvolveron o que el chama “O contubernio da Rúa de Arén”, que versa sobre diversos aspectos, enumerados no artigo, referentes a escritores bercianos e á súa relación coa lingua ou a literatura galegas. Na crónica inclúense tamén algúns comentarios relativos á gastronomía, nos que afirma que “a unidade do galego oriental, en materia morfolóxica, correspóndese coa súa unidade gastronómica”.



_____, “Hora poética”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 24 xaneiro 1997,
p. 2.

Tras mencionar a algúns dos seus poetas ingleses favoritos —John Ashbery, Derek Walcott e Seamus Heaney—, refírese ó pulo da poesía galega actual. Neste sentido, valora a presentación da colección Ablativo Absoluto de Xerais que se vén de sumar a Espiral Maior. Na súa opinión, estas coleccións “contribúen co seu esforzo inverosímil a que se manteña a poesía galega como territorio liberado”.



_____, “O testamento político de Castelao”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 27 xaneiro 1997, p. 2.

A 47 anos da morte de Castelao, lembra a publicación do “derradeiro escrito de Castelao”, publicado en *A Nosa Terra* e titulado “Mensaxe do Presidente do Consello de Galiza”, que aparece reproducido parcialmente no artigo comentando os seus contidos e as manipulacións que sufriu na prensa da época. Na mensaxe, fala Castelao das actitudes dun tipo de emigración da posguerra, texto que, segundo o articulista, “revela a mentalidade franquista, estraperlista e desleigada” desta emigración. Tamén alude á intención de monárquicos e socialistas de “traguer a democracia a Hespaña prescindindo da legalidade republicana, isolando os comunistas e instaurando a monarquía”, e ás opinións do “círculo galeguista do interior” a este respecto.



_____, “Nós en Lisboa”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 3 marzo 1997,
p. 2.

Trata da escasa atención que o mundo intelectual portugués prestou sempre á realidade de Galicia, liña que muda nos últimos anos, nos que “diversos textos narrativos recoñecen a Galicia e utilízánnos a nós como materia literaria”. Cita algúns exemplos e comenta a aparición de dous volumes da revista lisboeta *Colóquio-Letras* dedicados á cultura galega baixo o título de *Nós: A Literatura galega* (1995) e promovidos por Pilar Vázquez Cuesta. Remata dicindo os dous artigos que prefere de tódolos contidos na revista e ofrecendo deles breves comentarios.



_____, “O valo de Manselle”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 17 marzo 1997,
p. 2.

Describe o proceso de construción dun valo en Manselle, concello de Dodro, no que participaron tódolos veciños incluído o poeta Anxo Angueira. Ó mesmo tempo que ían construíndo o valo, o poeta “ía acomodando as palabras do seu poema sobre do valo de Manselle”. No poema, segundo o articulista, Anxo Angueira retrata as xentes da súa vila, “xente labrega e operaria”, “é un cantar da Galicia nova, feito de sustancia granítica, comunal”. Remata recomendando a lectura do poemario de Anxo Angueira titulado *O valo de Manselle* (1996).



_____, “Flor azul do liño”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 24 marzo 1997, p. 2.

Ante a pregunta dunha lectora acerca da coincidencia entre Seamus Heaney e Anxo Angueira de escribir cadanseu poema sobre a flor do liño, presenta unha “divagación” do tema, e indica que é moi abundante na poesía popular galega a mención da poza ou presa onde se mete o liño a cocer, e que aparece tamén no poema “Morte dun naturalista”, de Heaney, pero que neste non se menciona a flor azul do liño, cousa que si sucede no libro sobre o valo de Manselle de Anxo Angueira. Corrixe “atrevidamente” a traducción que Margarita Arnadaz fai sobre o devandito poema do Nobel irlandés, e remata indicando a universalidade da presenza do liño en Galicia, tanta que perdura na memoria “dos poetas galegos e dos poetas irlandeses”.



_____, “Xosé Rubia Barcia”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 14 abril 1997, p. 2.

Lembra o vencellamento de Xosé Rubia Barcia ó comunismo durante toda a súa vida, dende a loita na Guerra Civil no bando republicano ata as súas actividades na Universidade de California. Reflexiona sobre a “dignidade” da xeración de Rubia Barcia, na que inclúe a tódolos que participaron das ideas republicanas. Ferrín recomenda a consulta de “Valle-Inclán y la literatura gallega”, un estudio de Xosé Rubia Barcia e a lectura do poemario *A aza enraizada. Cántigas de bendizer* (1981), tamén do antedito autor. Finalmente, lembra a relación de Rubia Barcia co cantante Xoán Rubia.



_____, “Varias primaveras menos”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 25 abril 1997, p. 2.

Critica as traducións inglesas e italianas de obras de Álvaro Cunqueiro nas que non se indica que foron publicadas orixinalmente en galego. Cita como exemplo o libro de Ana M^a Spitzmesser, *Álvaro Cunqueiro, La fabulación del franquismo* (1995). Ferrín pensa que hai algo escuro en todo isto.



_____, “Gálvez e o seu enigma”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira” 19 maio 1997,
p.2.

A recepción dunha carta anónima na que fala dun tal Luís Manuel de Gálvez que foi fusilado nos anos 40 como protagonista de *Las máscaras del héroe* de J. M. de Prada, fai que Méndez Ferrín se pregunte se este é o Galvez que escribiu xunto con José Posada-Curros *Canción gallega e Nin me abandonarás nunca*; tamén especula se será un personaxe que aparece en *Luces de Bohemia* de Valle-Inclán, ou se pola contra só é o protagonista desa novela de Prada.



_____, “From Spanish”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 26 maio 1997, p. 2.

Con motivo da traducción ó inglés dunha obra de Álvaro Cunqueiro co título de *Merlín and Company (From the Spanish Merlín e familia i outras historias)*, analiza a visión que o crítico británico Colin Smith ten do galego como lingua. Considera que para Colin Smith “existe certamente o galego e nel escribe (non sempre) Cunqueiro, pero non hai un sistema literario galego, unha literatura galega. Os escritores galegos importantes, descontando Rosalía, escriben en castelán, coa excepción de Álvaro Cunqueiro”. Por último, amosa o seu desacordo coas teorías de Colin Smith.



_____, “Roubáronnos Cunqueiro”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 2 xuño 1997,
p. 2.

Méndez Ferrín continúa coa súa crítica á tradución da obra de Álvaro Cunqueiro *Merlín e familia* que está feita a partir do castelán e non do galego. Nesta ocasión, alude á tradución do español ó francés da obra *As crónicas do sochantre*, do mesmo autor. Na súa opinión, e partindo de que ámbalas dúas obras foron escritas orixinalmente en galego, deberían traducirse do propio galego e non de posteriores versións en castelán. Di que o mesmo ocorre coa tradución ó italiano de *Se o vello Simbad chegase ás illas*.



_____, “Homenaxe a Manuel María”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
30 maio 1997, p. 2.

Loa a iniciativa da Asociación de Escritores en Lingua Galega de render homenaxe a Manuel María. Continúa facendo unha reflexión sobre a escasa presenza de escritores galegos no seo da Real Academia Galega da que afirma que ten máis carácter político ca literario, sobre todo a partir de 1955 cando está dirixida por Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro. Remata coa lembranza do labor dalgúns autores como o filólogo Francisco Fernández Rei e a poeta Luz Pozo Garza que “nos fan concebir algunha esperanza”.



_____, “Reixa en resistencia poética”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 23 xuño 1997, p. 2.

Fala da recuperación, por parte de Iris Cochón, das *Follas de Resistencia Poética*, “das que saíron dous números” cara ó final do franquismo. Ferrín di non concordar coa visión da transición ofrecida polos medios de comunicación e contrástaa coa súa experiencia persoal en torno ás *Follas de Resistencia Poética*, que, no seu número 2 “viña todo con poemas rompentes de Reixa e de Pexegueiro”. Remata falando do último disco de Nación Reixa e contrapoñendo isto cos poemas das *Follas*. Finalmente, fai un eloxio da poesía de Reixa afirmando que “forma parte xa do noso clima, do noso pathos colectivo, da nosa sensibilidade nacional”, gabando tamén o seu espírito crítico.



_____, “Carlos Martínez Barbeito”, Faro de Vigo, “Os camiños da vida”, 27 xuño 1997, p. 2.

Lamenta a morte de Carlos Martínez-Barbeito e lembra “estampas” súas para destaca-la súa función de “transmisor da literatura democrática”. Recoñécese admirador do rigor erudito e coleccionista do falecido así como do seu estilo de vida (“liberal e intransixente nos principios, especialmente no da tolerancia”) e da súa xenerosidade. Di ademais que a súa xeración débelle a Carlos Martínez-Barbeito o seu amor e veneración polo século XVIII.



_____, “Fedor”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 4 xullo 1997, p. 2.

Relata un soño no que o dominaba “o noxo” polas “declaracións de certo erudito sobre unha súa propia obra, de rango cativo, na que se pretende descubrir o que todo o mundo sabe e lixar o bon nome de dous dos meirandes escritores galegos do século XX, dun dos cales o académico en cuestión viviu parasitariamente mentres o portador tiña sangue quente e estaba no mundo dos vivos”.



_____, “Un misterioso manuscrito”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 18 xullo 1997, p. 2.

Alude a un manuscrito anónimo e incompleto aparecido nos fondos da Biblioteca Penzol de Vigo, nunha carpeta que pertencera a Otero Pedrayo e que nel se relata de forma fragmentaria o momento en que o Rei Artur descobre as relacións adúlteras da súa muller nun escenario que pretende evocar un país de Gales. Comenta que a autoría deste manuscrito sobre a materia de Bretaña é incerta e que Álvaro Cunqueiro tivo acceso a este texto, afectándolle ata o punto de suscitarlle o poema de “Dona do corpo delgado”. Presenta ademais unha mostra tanto do manuscrito coma do poema.



_____, “Aquilino na Arousa”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 28 xullo 1997, p. 2.

Fala da relación de Aquilino Iglesia Alvariño con Vilagarcía dende a súa chegada ó colexio León XIII da capital da Arousa. Salienta o carácter liberal que seguiu conservando este colexio despois da Guerra Civil, gracias, entre outros, a Iglesia Alvariño. Ferrín sitúa neste ámbito o nacemento de *Cómaros Verdes* (1947), “acto inicial da recuperación da actividade editorial en galego”. Felicita publicamente á concelleira de cultura de Vilagarcía e ós organizadores dos actos que lembraron o cincuentenario da publicación do antedito poemario.



_____, “Os poetas do albariño”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 4 agosto 1997,
p. 2.

Sostén que o renacemento do viño albariño sería imposible sen o canto dos poetas, á cabeza dos cales sitúa a Álvaro Cunqueiro. Cita entre outros a Celso Emilio Ferreiro, Plácido Castro, Otero Pedrayo, X. M. Álvarez Blázquez, o Marqués de Figueroa e Xosé María Castroviejo. Lembra tamén que a única caste de videira que aparece na obra de Rosalía é “ou miña parra de albariñas uvas”.



_____, “Conducción ordinaria”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 11 agosto 1997, p. 2.

Comenta a lectura de dous libros, *Era tempo de apandar* (1997), “novela autobiográfica de Ramón de Valenzuela”, e *Nós nós* (1997), poemario de Olga Novo, e manifesta a enorme diferenza entre as dúas obras. A seguir fala dos presos conducidos ó cárcere e inclúe unha anécdota, narrada por un amigo, que xira arredor do mundo das prisións.



_____, “Cómaros Verdes”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 29 setembro 1997,
p. 2.

Percorrido pola evolución literaria de Iglesia Alvariño dende os *Señardá* (1930) e *Corazón ao vento* (1930) de preguerra ata *Cómaros verdes* (1947), obra que abriu o camiño do “II Rexurdimento” nos primeiros anos da dictadura franquista.



_____, “A illa da morte”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 3 novembro 1997, p. 2.

Recorda a Carlos del Pulgar, responsable de Nova Galicia Edicións, onde se producen “obras fundamentais para os galegos”. Insiste en que realizou o seu labor só, “sen que os diversos órganos da cultura, oficiais ou particulares, lle concedan un átimo de aplauso”. A continuación céntrase na análise dos diferentes historiadores do nacionalismo galego, como Beramendi ou Seixas e considera que os seus traballos carecen de toda a información que existe sobre o tema. Como consecuencia, non lle outorgan a Castelao todo o protagonismo que merece na defensa do nacionalismo galego. Pon o exemplo de Carlos del Pulgar, “un editor atípico, que fai de investigador suplindo os investigadores” por consultar tódolos xornais que existen na biblioteca do Centro Galego, restaurar coleccións de documentos e realiza-la edición facsímile do xornal independentista *A Fouce*. Remata coa noticia da recente publicación do primeiro tomo do que será a biblioteca Artistas Galegos, dirixida por Antón Pulido e dedicado ós rexionalistas.



_____, “Carta a Del Riego”, *Faro de Vigo*, “Segunda feira”, 8 decembro 1997,
p. 2.

Felicita a Fernández del Riego polo seu nomeamento como presidente da RAG. Lembra os feitos acontecidos o día de 1960 cando se coñeceu a nova do seu ingreso na institución e fai referencia ó modo no que se realizou a súa elección e ó feito de que supuña a entrada paulatina de escritores defensores da lingua. Fai unha serie de comentarios sobre a situación da Academia, opinando que non evolucionou como debese, posto que case toda a literatura galega está fóra dela. Finalmente deposita a esperanza da rexeneración da RAG na persoa de Fenández del Riego.



Miranda, Anisia, “Biblioteca na aldea”, *A Nosa Terra*, nº 764, “Guieiro cultural”, 6 febreiro 1997, p. 25.

Explica detalladamente o proxecto da creación dunha biblioteca na casa familiar de Neira Vilas, dende o nacemento da idea e os pasos que esta seguiu ata a súa consolidación e os medios cos que contaron para constituíla. Vai comentando os progresos conseguidos nos niveis de lectura e o ben recibida que foi entre as xentes da zona, da que conta anécdotas diversas. Remata afirmando que proximamente celebrarán o primeiro Círculo de Lecturas, como unha máis das actividades que promoven.



Monxardín, Afonso V., “As bágoas de Creta”, *O Correo Galego*, “Papeis soltos”, 2 febreiro 1997, p. 4.

A partir do acto de presentación dun libro de Luís Pérez sobre Fernando Iglesias “Tacholas” no que participaron dous familiares deste, elabora un perfil do devandito actor galego que triunfou en Arxentina, poñéndoo de exemplo do labor desenvolvido na emigración polos galeguistas alí expatriados. Indica algunhas das moitas iniciativas nas que estivo presente e as actividades culturais das sociedades galegas en Arxentina. Finalmente fai unha serie de reclamacións para Tacholas, como unha rúa ou un premio de teatro que leve o seu nome, “para honrármola memoria e dignidade coa que sempre viviron aqueles que mantiveron a esperanza e que soñaron o que nunca puideron ver”.



Moure-Mariño, Luis, “Recuerdo de Ramón Otero Pedrayo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 22 xuño 1997, p. 4.

Lembra a relación que mantivo en Ourense con Ramón Otero Pedrayo, conta algunhas anécdotas relacionadas con encontros entre eles e alude ás cartas que Otero lle enviou, dúas das cales aparecen reproducidas no artigo. Manifesta a erudición do autor de Trasalba e o feito de que, antes da súa morte, lle cedese tódolos seus bens á fundación de Trasalba.



Neira, Manuel, “Un belo ‘Aturuxo’ para o Día de Galicia”, *O Correo Galego*,
“Cristal de Rocha”, 26 xullo 1997, p. 3.

Opina que a revista literaria *Aturuxo* foi unha das mellores da nosa historia literaria moderna. Achéganos unha importante nómina de colaboradores desta publicación ferrolá, salientando entre todos, os poemas de Moreiras e Carballo Calero, as ilustracións de Díaz Pardo e as colaboracións de Pura Vázquez e Ramón Cabanillas.



_____, “Un narrador lúcido”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”, 28 setembro 1997, p. 4.

Crítica os ambientes literarios organizados en torno a “capeliñas”. Gaba os literatos que non se amosan continuamente en público e sinala como exemplo a Camilo Gonsar. Debulla os relatos da súa última obra, *Arredor do non* (1995), dando a súa opinión sobre os que lle parecen máis destacados.



_____, “Unha antoloxía esquecida”, *O Correo Galego*, “Cristal de rocha”,
2 decembro 1997, p. 4.

Fai unha serie de reflexións sobre o libro *Mostra antolóxica de poetas contemporáneos* (1981), de Manuel Casado Nieto e Xoán Casado. Considera que se trata dunha panorámica visionadora do fenómeno poético contemporáneo bastante exemplar, traducida a un galego “tradicional”. Presenta ademais certos comentarios sobre a lingua, a literatura e o nacionalismo galego.



_____, “A lírica de Luis Pimentel”, *O Correo Galego*, “Cousas da Terra”, “Cristal de rocha”, 16 decembro 1997, p. 4.

Comentando a lírica de Luís Pimentel considera que non ten similitudes con Manuel Antonio, senón que é un poeta “transfigurador” moi ó xeito de Paul Eluard. Opina que a súa poesía en galego como “corpus estrutural” presenta certas deficiencias, pero que el segue escolléndoo como mestre do que aprende e evitándoo onde hoxe non resulta válido. Fai referencia a algunhas das súas páxinas aínda non publicadas e comenta o seu poema “Nouturno”.



Neira Vilas, Xosé, “Lembranza de Ricardo Palmás”, *A Nosa Terra*, nº 762, “Guieiro Cultural”, 23 xaneiro 1997, p. 27.

Evoca a figura de Ricardo Palmás, investigador e xornalista arxentino fillo de pais galegos, por mor do seu recente falecemento. Recorda os últimos encontros que mantiveron e cómo se coñeceron en 1957, afirmando a constante actividade de Palmás en todo aquilo que tivese relación con Galicia na emigración. Fala tamén do seu carácter e remata dicindo que “queda moito por dicir deste amigo, deste teimudo traballador da cultura galega”.



Noguerol, J., “Duendes en la plaza”, *La Región*, “De paso: La cara oculta de la luna”, 23 marzo 1997, p. 18.

O autor lembra a Eduardo Blanco Amor nas rúas de Ourense, sobre todo na praza do Ferro, cerca de onde naceron tamén outros ilustres galegos como Ramón Otero Pedrayo ou Vicente Risco.



Ogando Vázquez, X. F., “O que lle debemos á Xeración ‘Nós”, *La Región*,
3 xuño 1997, p. 15.

Reflexiona sobre o labor dalgúns dos membros da Xeración Nós como Losada Diéguez, Castelao, Cuevillas, Risco e Otero Pedrayo. Na súa opinión, “os homes desa xeracións crearon, os primeiros, os instrumentos científicos de estudio e defensa da personalidade de Galicia — entre outros, o Seminario de Estudos Galegos—, cando a Universidade estaba de costas ó país onde desenrolaba a súa misión docente”. Remata afirmando que o espírito propio dos membros desa xeración debería “atopar acobillo nas aulas universitarias, nese fecundo diálogo coa sociedade circundante: co país e a súa cultura”.



Otero, David, “Na solaina”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 8 xuño 1997, p. 3.

Manifesta que asistiu ós Encontros Culturais no Rural en compañía de Vázquez Pintor e González Alén para falar ó redor da figura de Manuel Daniel Varela Buxán, “un dos autores de teatro galego máis representado”. A seguir fai un percorrido pola biografía deste, incidindo na importancia que para el tivo a experiencia do exilio arxentino, para rematar elaborando un perfil humano de Varela Buxán afirmando que “o seu amor pola fala viva, activa e literaria, no teatro sobre todo, foi sempre íntimo e teimoso”, e destacando o seu papel na cultura, “única flor de arrecendo verdadeiro que nos queda para salvarnos”.



_____, “O escritor”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 22 xuño 1997, p. 3.

Reflexiona, en ton lírico, sobre certos autores que lle son queridos dende a “aldea matriz dos meus”. Lembra a Ramón Otero Pedrayo, a Paco Martín ou a Ánxel Fole, así como a Fina Casalderrey, Xosé Neira Vilas e Manuel Rivas, para logo falar acerca da figura do escritor, dicindo que “hai escritores que escriben para seren máis felices”. Remata afirmando que estes “saben dos movementos singulares das nosas almas”, que lles gusta ler historias escritas con naturalidade, e que “son escritores que non poderían selo sen lingua propia”.



_____, “Carta a ti, poeta muiñeiro”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”,
23 xullo 1997, p. 3.

Evocación do poeta Fiz Vergara Vilariño logo da súa morte e enterro ó que di que non puido asistir. Por este motivo quérelle dar como ofrenda ó poeta de Samos este texto no que evoca o mundo no que viviu o poeta, a súa aldea de Lóuzara, situándoo dende sempre no centro deste microcosmos, no que tamén colaboraron Darío Xohán Cabana e Xesús Alonso Montero por medio de cadansúa composición lida no seu enterro.



_____, “A dezasete de agosto”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”,
17 agosto 1997, p. 3.

Reproduce o fusilamento de Alexandre Bóveda tal e como o conta X. M. Álvarez Blázquez e propón que teñamos presente a súa figura no proceso de afirmación do noso pobo que debe ter nos seus homes e mulleres “vontade de eternidade, forzas vitais e serenidades que venzan os desalentos”.



_____, “Crónica para un desexo”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”,
21 setembro 1997, p. 3.

Informa da concesión a Rosalía de Castro do título de filla adoptiva de Rianxo. Aproveita para comental a necesidade de abrir ó público a casa de Castelao e un museo dedicado ó rianxeiro.



_____, “E xa non é soño”, *O Correo Galego*, “Pola banda de Laíño”, 12 outubro 1997, p. 3.

Céntrase no significado que ten para as letras galegas o feito de recaeren os Premios Nacionais de Literatura en mans de Fina Casalderrey e Manuel Rivas. Pensa que os galardóns tamén son importantes para a dignidade da lingua e do propio país. Destaca o papel doutros premiados que abriron o camiño: Paco Martín e Xabier Ponte Docampo.



Otero, Isaac, “Maximino Cacheiro, la Literatura y Venezuela”, *Galicia en el Mundo*, “El Ombú”, nº 263, 7-13 outubro 1997, p. 2.

Alude primeiramente á formación intelectual adquirida por Maximino Cacheiro Varela en París da man de Roland Barthes, Tveztan Todorov, Roman Jakobson, Levi-Strauss entre outros. Cualifica ó escritor galego como “hombre rico y de diversos saberes” e alude á súa faceta de teórico da literatura citando entre outros títulos as obras *O mar na poesía galega* (1993) e *Poetisas do século XX* (1987). A continuación céntrase na edición que fixo do *Retrato hablado de Antonio Rial*.



_____, “Alfonsina Storni y Rosalía de Castro”, *Galicia en el Mundo*, “El Ombú”,
nº 239, 28 outubro-3 novembro 1997, p. 2.

Evocación da figura da poetisa arxentina Alfonsina Storni no medio da cal alude o autor á existencia de paralelismos entre esta escritora e Rosalía de Castro.



_____, “Rosalía en las playas de otoño”, *Galicia en el Mundo*, “El Ombú”,
nº 242, 18-24 novembro 1997, p. 2.

Céntrase na poesía de Rosalía de Castro indicando características xerais da mesma e ilustrando os razoamentos con versos da autora. Compara a poesía rosaliana coa lírica xaponesa por teren ámbalas dúas unha filosofía de fondo común. Explica así o significado que para ela teñen as estacións do ano, a paisaxe, e cómo representa na súa poesía diversas recorrencias temáticas (o amor, a situación da muller, a caducidade do tempo, a inxustiza, etc.). Remata aludindo ós “mártires de nuestra sociedad”, pois todos eles desembocan na poesía de Rosalía, ben rebelándose, ben resignándose “en aguda melancolía”.



Pablos, “Homenaje a Carballeira”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 16 maio 1997, p. 7.

Refírese a un grupo de artistas que conforman o comité de honra da asociación de amigos que lembra a Johán Carballeira. Anuncia, así, que encabezados por Torrente Ballester e Manuel Colmeiro, un grupo de pintores ofrecen as súas obras na sala Sargadelos co fin de recadar fondos para rememora-lo escritor. Cita entre outros a Barreiro, Paz, Caamaño, Ponseu e Cortizo.



_____, “Los Álvarez Blázquez”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 16 maio 1997, p. 11.

Con motivo dunha homenaxe que o Concello de Vigo e a Asociación Galega de Escritores lles pretenden render ós irmáns Álvarez Blázquez no Día das Letras Galegas, o articulista fai un repaso polas vidas desta familia de intelectuais vigueses. Darío, médico; Xosé María Álvarez Blázquez, escritor e cronista da cidade; Emilio, poeta, e Álvaro, artista gráfico compoñen esta xeración. Na anterior destácase ó avó escritor, Álvarez Limeses, e na máis recente os escritores Xosé María e Alfonso Álvarez Cáccamo e os pintores Berta e Darío Álvarez Cáccamo.



_____, “Día das Letras Galegas”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 18 maio 1997,
p. 10.

Panorámica sobre os comezos da Editorial Galaxia e as xentes que a fixeron posible. Alédase da boa situación actual do libro galego, froito da sementeira feita por aquelas figuras.



_____, “Barbeito, escritor”, *Faro de Vigo*, “Vigo”, 24 de xuño 1997, p. 8.

Recordo biobibliográfico de Carlos Martínez Barbeito con motivo da súa morte. Saliéntase o seu labor como “novelista, poeta, investigador de los pazos, viajero incansable de cuanto tuviera interés para el mejor conocimiento de Galicia”. Refírese á investigación que realizou sobre Macías o Namorado e a súa derradeira visita a Vigo para pronunciar unha conferencia sobre os pazos. Salienta a importancia dos seus arquivos e do seu epistolario.



_____, “El libro como atracción”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 2 xullo 1997, p. 10.

Anuncia a celebración da Feira do Libro na Praza de Compostela en Vigo. Alude ó baixo índice de adquisición de libros en Galicia e anima a que se faga un achegamento ó libro.



_____, “Celso Emilio en el recuerdo”, *Faro de Vigo*, “Contrastes”, 2 setembro 1997, p. 8.

Lembranza de Celso Emilio cando se cumpren tres lustros da súa morte. Salienta a fondura da súa obra e o feito de que sexa un dos poetas galegos que circula en tódalas antoloxías e en máis edicións bilingües e traducións ó castelán.



Pallarés, Pilar, “Don Ricardo”, *A Nosa Terra*, nº 772, “Guieiro Cultural”, 3 abril 1997, p. 15.

Loanza da figura de Ricardo Carvalho Calero, ó que destaca pola calidade humana e pola vocación de mestre. Recorda as súas palabras nas aulas universitarias, a súa humanidade, valorada como imprescindible no devir cultural de Galicia. Lembra tamén ós seus inimigos, a orfandade na que quedou a literatura galega coa súa morte, como coa de Otero e Cunqueiro. Reclama o tempo perdido ou usurpado e denuncia o momento literario actual, no que non se respecta a obra dos antecesores.



_____, “Unha profisión rendíbel (sobre todo)”, *A Nosa Terra*, nº 784, “Guieiro Cultural”, 26 xuño 1997, p. 23.

Refírese a dous artigos, un de Juan José Millás e outro da directora xeral de Planeta, publicados no suplemento semanal dun xornal de ámbito estatal, nos que opinaban sobre os beneficios económicos dos escritores. Pilar Pallarés denuncia a precaria situación na que viven os autores e cre que só se salvan aqueles con máis presenza pública nos medios de comunicación. Pregúntase cómo Eduardo Blanco Amor puido escribir *Xente ao lonxe* sen ter axente e se lle deixarían escribir esta novela se o tivese.



_____, “Para non esquecer”, *A Nosa Terra*, nº 796, “Guieiro Cultural”,
18 setembro 1997, p. 21.

Coméntase a homenaxe que recibiu Lois Pereiro na súa localidade natal, Monforte de Lemos, con motivo do seu cabodano. Recóllese a composición da comisión organizadora dos actos e os nomes dos escritores que participaron neles.



Pardo-Acero, J., “Borobó”, *Diario de Pontevedra*, 19 xuño 1997, p. 16.

Lembra a figura do escritor e xornalista Raimundo García Domínguez, “Borobó”, con ocasión da concesión do XV Premio Trasalba. Destaca o seu empuxe, lucidez e personalidade humana e literaria, e a época en que dirixiu o xornal *La Noche*. Do seu maxisterio xornalístico salientase a creación dos “Anacos”, que, segundo o autor do artigo, non son propiamente columnas ou colaboracións de xornal, senón que son “intemporales”, e non suxeitos á actualidade dos feitos. Inclúe outros pseudónimos empregados polo autor e outras publicacións nas que participou, así como parte da súa obra literaria, que consta de obras teatrais, biografías, conferencias e ensaios, para rematar afirmando que “Borobó” é unha desas “raras especies en vías de extinción” ás que hai que protexer.



Patiño, Antón, “Uxío Novoneyra”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 24 agosto 1997, p. 64/p. 64.

Semblanza de Uxío Novoneyra na que Antón Patiño incide na importancia da pintura e da literatura na vida do poeta do Caurel. Afirmar que na poesía de Novoneyra está presente unha “radicalidade existencial”. Comenta a relación e o gusto deste poeta polas culturas de pobos afastados de nós no espazo.



Penabade, Bernardo, “Ferrín esquece que a estirpe de Tago Ata nom é uniforme”, *A Nosa Terra*, nº 770, “Guieiro Cultural”, 20 marzo 1997, p. 27.

Critícase a escasa calidade das contribucións xornalísticas de Xosé Luís Méndez Ferrín, que contrastan coa súa magnífica obra literaria. O secretario da AGAL emprega o corpo do artigo para censura-la inmóvil posición que este escritor mantén contra as posturas reintegracionistas.



Penedo, José Luis, “Villancico para tres vecinos”, *El Correo Gallego*, 10 xaneiro 1997, p. 36.

Relata a súa viaxe a Mondoñedo para pasear e a visita ó cemiterio no que están soterrados tres famosos mindonienses: Pascual Veiga, Manuel Leiras Pulpeiro e Álvaro Cunqueiro. O feito de que estean xuntos leva ó articulista a reflexionar sobre o carácter e a idiosincrasia dos galegos, poñendo exemplos musicais que proban o noso individualismo. Remata coa proposta de compoñer un vilancico coa letra do epitafio de Cunqueiro, composición de Pascual Veiga e Xoán Montes e interpretación do Gaiteiro de Penalta, para dedicárllelo ós tres mindonienses, afirmando: “llamémosle, pues, el Villancico de la Fantasía”.



_____, “Berros y laurel para Curros Enríquez”, *El Correo Gallego*, 6 abril 1997,
p. 2.

Logo de describir algunhas das obras máis salientables do escultor Francisco Asorey, José Luís Penedo céntrase en comenta-lo monumento a Curros Enríquez nos xardíns de Méndez Núñez da capital coruñesa. Xoga coa polisemia das palabras “berros” e “loureiro” para se referir á ornamentación que acompaña á escultura en homenaxe do poeta de Celanova, e tamén ás características da súa obra poética.



_____, “Entre José Fontenla y Antón Tovar”, *La Región*, 15 abril 1997, p. 18.

Comeza cunha breve síntese histórica sobre a orixe da Real Academia Galega, creada a partir da fundación, en xullo de 1905, da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega por iniciativa de José Fontenla Leal. Despois céntrase na figura de Antón Tovar, nomeado académico de honra o 15 de marzo de 1997, salientando que ten publicados catro poemarios en castelán, cinco en galego e dous libros en prosa. Do conxunto da súa obra salienta *A nada destemida* (1991), un poemario composto por sonetos nos que mostra “su riqueza de léxico jugando con las palabras”. Repasa así mesmo a nómina de premios conseguidos polo autor —entre eles o Premio da Crítica Galega por *Calados esconxuros* (1981) e o Premio Losada Diéguez por *Berros en voz baixa* (1991)— e remata referíndose á homenaxe que lle dedicou o grupo ourensán “Amigos da poesía” con motivo do seu nomeamento como académico de honra.



Pereira, Víctor Campio, “Rúa viva”, *La Región*, 8 setembro 1997, p. 8.

Artigo en homenaxe á memoria de Manuel Vidal que fora escrito hai algún tempo para un catálogo de Rúa Viva que non se chegou a publicar. Salienta a súa dedicación ó teatro e o seu labor como director do Grupo Rúa Viva, nome preclaro no acervo teatral ourensán, cun teatro de divulgación por vilas e aldeas da nosa xeografía.



_____, “A revista “Vieiros”, *La Región*, 13 novembro 1997, p. 27.

Comenta o achado de dúas cartas que lle enviou Lois Soto Fernández, galeguista celanovés e cofundador do Patronato da Cultura Galega de México. Destaca destas misivas aquelas partes que se refiren á revista *Vieiros*, da que Lois Soto era tamén cofundador. Sinala que se trata dunha publicación da que soamente saíron á luz tres números, pero que así e todo constituíu un fito importante, aínda non superado no ambiente cultural galego dos anos da posguerra. Sinala que só conserva o segundo número desa revista, dá conta dos seus colaboradores e transcribe finalmente unha breve recensión que aparecía nas súas páxinas, referida á cidade de Ourense.



_____, “Algo máis sobre ‘Vieiros’”, *La Región*, 22 novembro 1997, p. 29.

Ofrece unha breve referencia persoal sobre o que significou *Vieiros*, “a revista dos anos sesenta editada en México e guindada desde alí á Rosa dos Ventos para feliz acougo de cantos emigrantes galegos andaban daquela polos camiños do mundo coa arelanza da Terra nas alforxas e coa canga da saudade ó lombo”. Comenta que nesta revista colaborou Amadeo Varela como administrador xeral para Europa e que asinou un estudio titulado “Unha supervivencia do réxime feudal”, no que “afonda sobre un problema que tiña daquela a moitos campesiños galegos debuzados contra as cordas do desespero”. A continuación alude ó traballo de moitas persoas que loitaron pola supresión dos foros.



_____, “Ben-Cho-Shey e Franco”, *La Región*, 29 novembro 1997, p. 31.

Relata o contacto que mantiveron Ben-Cho-Shey e Franco en 1922 na guerra de África, no que ambos tiveron palabras “agarimosas e de amor á terra e á música galegas”. Comenta tamén, como, por medio do xornal ourensán *La Zarpa* lles enviaron unha gaita coa que tiveron lembranzas e saudades tanto os soldados coma os xefes galegos que alá combatían.



Pérez Rodríguez, Luis “Carlos Martínez Barbeito e a sua amizade con Federico García Lorca”, *A Nosa Terra*, nº 791, “Guieiro Cultural”, 14 agosto 1997, p. 27.

Lembranza do escritor falecido o 22 de xuño, Carlos Martínez Barbeito. Critícase o silenciamento institucional ó que foi sometido este intelectual, coñecedor e amigo das grandes figuras do pensamento español da pre-guerra. Coméntanse as influencias directas que recibiu de María Barbeito Cerviño, súa nai, e Andrés Martínez Salazar, seu avó. Lóase o carácter liberal e o seu “saber plural” que o levaba a estar disposto a compartir ou intercambia-los seus coñecementos. Achégase unha descrición detallada da relación que mantiñan Martínez Barbeito e García Lorca, o intercambio epistolar e máis de material literario entre ambos, as influencias do poeta andaluz para que o coruñés se introducise no mundo da poesía, así como a decisiva presenza de Martínez Barbeito na xestación dos *Seis poemas galegos* (1935) do granadino. Finalmente, sinala o 1998 como un bo ano para estudia-la obra galega de Lorca por coincidir coa homenaxe ós poetas medievais Mendinho, Martín Codax e Johan de Cangas.



Pérez Vaquero, Carmen, “Peña Novo, Cabanillas e Redondela”, *Faro de Vigo*, 20 marzo 1997, p. 30.

Recordo á figura de Lois Peña Novo. Comenta que foi funcionario, político e escritor, que traballou arreo pola reconstrucción da identidade histórica e a cultura de Galicia, sen conseguir que moitas das súas obras fosen coñecidas, feito que intenta subsana-la articulista dando conta dalgunha delas. Salienta nesta liña a actitude do persoal do Concello de Redondela, dándolle o seu nome ós premios que distinguen ós traballadores públicos que máis teñen feito para que a nosa lingua siga viva. Tamén fai referencias á figura de Ramón Cabanillas, homenaxeado na vila de Redondela.



Pexegueiro, Alfonso, “José Ángel Valente, a profundidade da palabra”, *O Correo Galego/El Correo Gallego* “Teatro do mundo”, 16 marzo 1997, p. 64/p. 64.

Comeza facendo unha loanza do poeta José Ángel Valente para pasar a lembrar cómo se coñeceron en Portugal con motivo dun encontro Luso-Espanhol de Poesía en 1983. Conta, a seguir, cómo se desenvolveu o devandito evento facendo fincapé nunha anécdota xurdida a partir dunha afirmación do autor do artigo que dicía “a poesía é un ser feminino”, e que foi corroborada polo poeta ourensán, de quen opina que a súa escrita é de enorme utilidade para a investigación non só científica senón tamén “nas relacións humanas e sociais”. Remata apuntando que Valente é “unha das voces máis coherentes e máis libres do noso panorama literario actual”.



_____, “Bernardino Graña, unha gamela de sonhos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 20 abril 1997, p. 64/p. 64.

Despois dunha pequena semblanza biográfica de Bernardino Graña, o autor recorda os problemas que o escritor de Cangas e el mesmo tiveron que afrontar para poñer en marcha a Asociación de Escritores en Lingua Galega.



Piñeiro, Antonio, “Co gallo dunha sucesión”, *La Región*, 26 maio 1997, p. 56.

Reflexiona sobre a situación da Real Academia Galega despois da dimisión de Domingo García-Sabell. Na súa opinión, X. L. Méndez Ferrín debería entrar a formar parte da institución pois “a cultura galega non pode obviar a alguén que ten sido quen de crear tan rico universo literario”.



_____, “O nome de Castelao en van”, *La Región*, 2 xuño 1997, p. 64.

Critica a política da Xunta de Galicia “que está a utilizar o nome de Castelao en van, ó conceder a feixes as súas medallas”. Na súa opinión, o feito de outorgar tantas medallas que levan o nome de Castelao contribúe a infravalora-la súa obra e a súa influencia na cultura galega. Engade que “Castelao só houbo un” e só debería haber un premiado por ano.



_____, “Polo vieiro de ‘Vieiros’”, *La Región*, 19 novembro 1997, p. 64.

Fai alusión a un artigo sobre a revista *Vieiros*, publicado por Víctor Campio Pereira o 13 de novembro. Afirmar que son catro os números da citada revista que “en tan complicadas condicións viron a luz dende México”. Remata o artigo solicitándolle ós mestres en Humanidades que envíen algún alumno ó Arquivo Histórico Provincial para analiza-los “centos de documentos que sobre *Vieiros* e outros feitos, hai agachados en tan valioso e agradecido legado”.



_____, “A literatura na rúa”, *La Región*, 9 decembro 1997, p. 56.

Valora a iniciativa de “sacar a literatura a rúa” e darlla a ler a quen non le, realizada polo Clube Alexandre Bóveda. Dá conta ademais de todo aquilo que pode proporciona-la lectura a un país como é o noso.



Piñeiro Ares, “Don Aquilino”, *Diario de Pontevedra*, 16 agosto 1997, p. 14.

Lembra a figura do poeta Aquilino Iglesia Alvariño a quen coñeceu polos anos 50. Comenta algúns datos da súa personalidade e da súa vida entre os que subliña a súa sabedoría e xenerosidade así como o seu gusto pola vida da aldea. Refírese tamén ó romanticismo e á beleza da palabra na súa estética poética e sinala que en Iglesia Alvariño “xuntábase o home de letras clásicas co fino espírito satírico dos usos labregos”.



Pousa, Luis, “Señas de identidade”, *El Ideal Gallego*, 7 abril 1997, p. 32.

Amosa o seu escepticismo con respecto á situación da literatura galega actual. Critica a existencia de escritores que viven da “teta pública” e doutros que “confunden o surrealismo coa posmodernidade”. No medio destas críticas, valora o traballo de certos autores “honestos”, ós que só lles recrimina a pouca contundencia dos seus argumentos.



Pousa Antelo, Avelino, “Castelao e A Estrada”, *Tabeirós Terra*, “Plumas convidadas”, nº 2, novembro 1997, p. 4.

Sinala as relacións que Castelao tivo coa Estrada, de onde era a súa muller, Virxinia Pereira, onde casaron e onde naceu o seu único fillo. Comenta que tamén alí repousan os restos mortais da muller e do fillo dende o ano 1986, en que se lle concedeu o título de fillo adoptivo de A Estrada.



Pozo Garza, Luz, “Os Aldán foron a América”, novela de Pura Vázquez”,
O Correo Galego, 19 abril 1997, p. 4.

Refírese á novela de Pura Vázquez *Os Aldán foron a América* (1996). Despois de recorda-los anos na emigración en Venezuela, Luz Pozo comenta os tres capítulos que compoñen a novela: “A viaxe”, “A conquista de Caracas” e “Pasaporte a Madrid”. Fala do carácter dos personaxes e sinala que se trata dunha obra “chea de acertos psicolóxicos e descritivos” cun pulo dinámico que podería dar un guión cinematográfico.



Queizán, María Xosé, “A poesía como esperanza”, *Faro de Vigo*, “Carrapuchiña Feroz”, 8 febreiro 1997, p. 37.

Destaca o bo momento que está a vivir o xénero poético na actualidade en contraste cun mundo onde as humanidades están a desaparecer do ensino. Como exemplo resalta o Vº Premio de Poesía nas catro linguas románicas da Península organizado pola Aula de poesía da Universidade e en Galicia o primeiro encontro das Poetas Peninsulares e das Illas celebrado en Vigo o pasado xullo. A continuación aplaude o interese pola organización de encontros, premios e recitais así como a aparición de novas coleccións de poesía creadas por parte das editoriais dende o ano 91, como é o caso de Espiral Maior ou, máis recentemente, o proxecto Ablativo Absoluto por parte da Editorial Xerais.



Ramos, Fernando, “Lembranza de Seoane”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”,
18 xaneiro 1997, p. 2.

Retrata a Luís Seoane dicindo que participou en moitos proxectos intelectuais con grande xenerosidade, como escritor e como artista plástico, e afirma que do seu exilio arxentino “destaca o seu labor de axitador e mantedor da conciencia nacional de Galicia”.



_____, “O amigo mozo de Valle-Inclán”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”,
20 febreiro, 1997, p. 2.

Breve semblanza sobre Arturo Cuadrado, de quen resalta o seu labor como editor da Galicia emigrada. Seguidamente fai referencia á súa militancia na Orga e na esquerda republicana e fai fincapé na súa vida chea de peripecias, igual cós seus libros publicados. Pecha co recordo da participación de Arturo Cuadrado no ano 1932 para facer promoción do Estatuto de Autonomía por toda Galicia xunto con dúas persoas máis que foron fusiladas.



_____, “Lembranza de Cunqueiro”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 22 febreiro, 1997, p. 2.

Lembra a etapa en que Álvaro Cunqueiro foi director do xornal *Faro de Vigo* e nomea as súas seccións “Envés” e “El pasajero en Galicia”. Inclúe algunha anécdota persoal e afirma que os traballos escritos na segunda das devanditas seccións foron compilados e “son, sen dúbida ningunha, unha das máis fermosas e eficaces guías de Galicia”.



_____, “Aquel día con Cunqueiro”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 4 marzo 1997,
p. 2.

Lembra cando Álvaro Cunqueiro foi investido doutor pola Universidade de Santiago, xa que aquel día os estudantes estaban a protestar, aínda que finalmente, “en medio do balbordo dos revoltosos estudantes, impúxose o vigor e a calidade da palabra de Cunqueiro”. Cita as persoas que acompañaban o articulista e remata recordando a homenaxe que lle fixo a Cunqueiro a redacción do *Faro de Vigo* e o discurso que leu o escritor.



_____, “Risco, fumador de kif”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 6 marzo 1997,
p. 2.

Alude á etapa na que Vicente Risco se interesaba por temas como o esoterismo, o budismo ou a teosofía. Considera, ademais, que a figura do ourensán goza de actualidade, sobre todo a súa visión de Galicia e a necesidade de proxectala cara á universalidade. Finalmente, pregúntase qué pensaría “Don Vicente” da nosa comunidade autónoma e do panorama dos partidos políticos.



_____, “Cousas de Cunqueiro”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 15 marzo 1997,
p. 2

Comenta dúas anécdotas que lembra de Álvaro Cunqueiro. A primeira cando foi investido doutor Honoris Causa pola Universidade de Santiago de Compostela e se veu no medio dunha protesta estudiantil contra o rector, momento no que se “impuxo” a palabra de Cunqueiro; e a segunda cando pronunciou o discurso no que se manifesta desexoso de “mil primavera máis” para a lingua galega.



_____, “Aquel gran traballador”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 20 marzo
1997, p. 2.

Lembra brevemente a figura de Xesús Ferro Couselo, destacando a súa capacidade de traballo e a defensa do noso patrimonio, reflectido na súa obra “extensísima e de enorme utilidade para a investigación histórica” que se compilou baixo o título de *A vida e a fala dos devanceiros* e que considera fundamental para posteriores estudos sobre a Galicia Medieval e para o coñecemento desta etapa “de enorme importancia no noso pasado colectivo”.



_____, “Suárez pola rúa do paseo”, *O Correo Galego*, 24 marzo 1997, p. 2.

Alusión á figura de Xosé Suárez. Considera o articulista que é un “home cultísimo” e que a súa obra é o mellor medio para coñecelo, aínda que sente certa mágoa porque non escribise dun modo continuado.



_____, “Sociedade rural”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 28 marzo 1997, p. 2.

o cerne de Galicia

Reproducense unhas declaracións de Otero Pedrayo nas que este afirma que a sociedade rural é



_____, “Aquel home tan completo”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 25 abril 1997, p. 2.

Reflexiona sobre a polifacética capacidade creativa de Luís Seoane. A súa presenza nos principais museos do mundo sitúao, segundo o autor do artigo, entre os mellores creadores deste século. Salienta a presenza constante de Galicia e das súas xentes como motivo central da súa obra.



_____, “A dignidade de Eduardo”, *O Correo Galego*, 30 abril 1997, p. 2.

Sinala como constante de Eduardo Blanco Amor o seu “amor intelixente á terra” e lembra o dorido que se atopaba porque moitos o utilizaron e non sempre o axudaron. Comenta tamén que foi “orador de gala” nas primeiras xuntanzas a prol da autonomía de Galicia e salienta a “enorme dignidade con que Eduardo levaba a súa pobreza”.



_____, “Na lembranza de tres homes bos e singulares”, *El Correo Gallego*,
17 maio 1997, p. 2.

Refírese á homenaxe que tivo lugar en Vigo ós irmáns Darío, Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez. Informa de que neste acto se descubriu unha placa na biblioteca central e lembra a estes home “bos e singulares”, salientando a súa fidelidade á memoria do pai, Darío Álvarez Limeses, e ós seus compañeiros republicanos asasinados en Tui en 1936. A este respecto, recorda como un momento especialmente emotivo as palabras pronunciadas por Darío Álvarez Blázquez no transcurso dunha concentración celebrada o 1 de novembro do 1976 en Tui para lembra-los desaparecidos.



_____, “Os Álvarez Blázquez”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 17 maio 1997,
p. 2.

Informa da colocación na biblioteca central de Vigo dunha placa para honra-la memoria dos irmáns Darío, Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez desaparecidos. Con ese motivo lembra as verbas agarimosas do catedrático D. Xesús Alonso Montero pronunciadas durante a homenaxe.



_____, “O noso Valentín”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 20 maio 1997, p. 2.

Lembranza de Valentín Paz Andrade do que se destaca o seu labor como representante de Galicia na comisión negociadora co goberno de Suárez, e o seu gusto polas longas conversas cos amigos en Samil.



_____, “Valentín Paz-Andrade”, *El Correo Galego*, 20 maio 1997, p. 3.

Reprodúcense algunhas declaracións de Paz Andrade acerca do significado e repercusións da Guerra Civil, da importancia na súa formación do seu tío Juan Bautista Andrade, da necesidade de crear un gran partido galeguista e do seu labor como representante político.



_____, “Aquel libro por revisar”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 22 maio 1997,
p. 2.

Apunta que a Valentín Paz-Andrade lle quedou unha obra por facer, a revisión de *Atraso económico de Galicia*, “a súa obra emblemática (...) no eido da análise económica”, para a que contaba coa colaboración de Ramón Tamames, quen se ofreceu a porlle ó día as estatísticas. Entre os seus recordos persoais de Paz Andrade, recupera o da súa casa de Vigo na que gozaba entre os “orixinais de Castelao” e entre “tantas e tantas pezas de valor espiritual”.



_____, “O magnífico Ferro”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 1 xuño 1997, p. 2.

Salienta a amabilidade, educación e cordialidade de Xesús Ferro Couselo e refírese a *A vida e a fala dos devanceiros* como obra de referencia para posteriores estudos sobre a Galicia medieval. Lembra unha entrevista na que Ferro Couselo lle explicaba que os irmandiños non pretendían troca-la orde social senón restablece-la xustiza e mailo equilibrio entre os señores feudais e eles mesmos polo que non cabía unha interpretación marxista deste episodio.



_____, “Don Antón Fraguas”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 7 xuño 1997, p. 2.

Loa o inmenso labor cultural do profesor Antón Fraguas como continuador, en gran medida, do traballo de Otero Pedrayo. Recordamos a súa afección a falar cos alumnos, entre os que se atopaba o autor deste artigo.



_____, “¿Que pensaría Don Vicente?”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 9 xuño 1997, p. 2

Rememora a figura de Vicente Risco e pregúntase qué pensaría da nosa Comunidade autónoma e dos partidos políticos actuais. Considera que descubrir Galicia e proxectala no conxunto dos pobos ibéricos cara á universalidade é a tarefa que Risco nos segue a propoñer hoxe en día.



_____, “Nada lle debo”, *O Correo Galego*, “Rúa Nova”, 15 xuño 1997, p. 2.

Descríbense, en clave biográfica, as dificultades económicas de Eduardo Blanco Amor ó seu regreso de América. Cóntanse algunhas anécdotas sobre o desexo do escritor ourensán de dispoñer dunha vivenda propia, xa que vivía nun hotel. O título do artigo parte dunha declaración de Blanco Amor na que afirmaba non deberlle nada a Ourense.



_____, “Amolado don Ramón”, *O Correo Galego*, 12 xuño 1997, p. 2.

Lembra unhas palabras de Otero Pedrayo laiándose do esmorecemento da aldea, porque para el, coa morte da aldea producíase a morte de Galicia. Remata sinalando que Otero dixo isto no ano 1972, poucos meses despois de que unha treboada lle tirase a araucaria que seu pai plantara o día do seu nacemento e coa que posteriormente se faría o cadaleito do escritor ourensán.



Raña, Román, “Dez anos con Eusebio Lorenzo”, *Faro de Vigo*, 22 xaneiro 1997, p. 32.

Con motivo do décimo aniversario da morte de Eusebio Lorenzo, Román Raña réndelle unha homenaxe a este poeta e lembra a íntima amizade que os unía na súa época de estudante de Filoloxía en Compostela, as súas interminables conversas literarias, das que Lorenzo era un gran apaixonado. Continúa citando a obra que reúne o seu labor poético, *Gramática do silencio* (1996), e analizando o seu contido. Salienta finalmente que os poemas de Lorenzo Baleirón “conteñen, embrionario ou en luminosa plenitude, o máis valioso da nosa xeración”.



Rego Nieto, Manuel, “Bós e xenerosos na Academia Bóveda”, *La Región*,
“Ourense, longa historia”, 1 setembro 1997, p. 8.

Lembra a súa estadía na Academia Bóveda, institución que lle permitiu coñecer a profesores como Manuel Luís Acuña, Vicente Bóveda, Alberto Vilanova, Raúl González e Ernesto Gómez del Valle. Fai unha descrición de cada un deles e recolle algunha anécdota ocorrida na relación con estes persoeiros.



Reigosa, Carlos G., “Santiago Álvarez: a voltas coa memoria”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 xaneiro 1997, p. 64/p. 12.

Retrato de Santiago Álvarez, quen segue a defende-las súas ideas de sempre, “que el non consente separadas das de democracia e liberdade”, e inclúe algúns datos da súa biografía destacando a súa constante loita por un ideal: “unhas ideas comunistas que xa xulga a Historia”. Afirmo que Álvarez segue escribindo as súas memorias “para que se saiba que as cousas non foron como os mitificadores ou os esquecedores oficiais queren” e que continúa coa súa loita.



Rielo Lamela, Pedro, “As relacións entre a poesía de Emily Dickinson e Rosalía de Castro”, *O Correo Galego*, “Na común soidade”, 4 xaneiro 1997, p. 4.

Comeza destacando o illamento no que viviron as escritoras Emily Dickinson e Rosalía de Castro, e as semellanzas na súa biografía, nos temas que trataron, como “unha postura pesimista, o amor e a soidade”. Comenta que as dúas empregaron a casa como metáfora e procuraron en si mesmas o esencial; as dúas tiveron dificultades para abrirse paso no mundo intelectual pola súa condición de mulleres e só atoparon recoñecemento tardiamente. Afirmo que tamén concibían de xeito similar a poesía, como algo “que todos podemos recibir con naturalidade”, e tiñan en común unha postura de certa rebeldía ante a relixión. Finalmente, considera que tamén se relacionan no seu tratamento da morte.



_____, “O testamento da dor”, *A Nosa Terra*, nº 770, “Guieiro Cultural”,
20 marzo 1997, p. 22.

Comeza relatando dúas anécdotas que tratan de presentar a Xosé Alexandre Crieiro, para recoller despois as palabras de Xosé Manuel Beiras e Miguel Anxo Fernán-Vello con motivo da presentación do libro póstumo de Crieiro, *A señardade no puño* (1996). Recolle tamén o retrato que fai Herminio Barreiro con quen o autor do libro formou parte do grupo Brais Pinto, e de quen foi amigo dende a infancia. Finalmente retoma a intervención de Xosé Manuel Beiras para comentar que resaltou o pensamento comunista do escritor e lembrou que foi o responsable, como director do centro territorial de Televisión Española en Galicia, da filmación do traslado dos restos mortais de Castelao.



_____, “Derradeiras noticias de Alexandre Criebeiro”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 4 maio 1997, p. 3.

Refírese ó “tan agardado” libro *A seña da dor no puño* (1996), de Alexandre Criebeiro. Sinala que a obra de Criebeiro “é o berro dunha xeración, dunha mocidade que loitou contra a dictadura e que tan só viu colmadas as súas reivindicacións a medias”. Malia isto destaca que o autor, no seu compromiso, renunciou “a ficar en silencio” e neste sentido apunta algunhas débedas con Celso Emilio Ferreiro. A continuación alude a “un xeito de refuga-la poesía como forma de loa-la natureza, ou de lle cantar á beleza cunha restrita de tópicos a oito”. Comenta a posibilidade de facer varias lecturas (existencial, humorística, intelixente) e conclúe definindo este libro póstumo como “caderno da dor”.



_____, “Unha literatura premiada”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”,
15 novembro 1997, p. 4.

Logo de facer referencia ós gañadores galegos dalgunha das modalidades do Premio Nacional de Literatura (Manuel Rivas, Fina Casalderrey e Manuel Lourenzo), afirma que tras destes “a poucos metros” están os finalistas (Carlos Casares, Miguel Anxo Fernán-Vello, Luz Pozo, Xavier Docampo e Marilar Aleixandre). Considera que detrás dos méritos profesionais destes creadores hai unha literatura nacional “que despega”. Afirmar ademais que as publicacións en galego aumentaron, e que malia á calidade desigual, son de creadores que non tiveron que renunciar á súa lingua para que a súa obra sexa máis difundida.



_____, “De novo con Rosalía”, *O Correo Galego*, “Tempus Fugit”, 1 decembro 1997, p. 4.

Analiza con detalle a relación que atopa entre Rosalía de Castro e o cantautor Amancio Prada. Na súa opinión, existe unha relación moi íntima porque “Prada coñece ben a Rosalía e porque comparten un mesmo fogar onde caben a soidade e a nostalxia polo perdido ou unha doenza tan inexplicable como humana”. Finalmente, afirma que no recente disco de A. Prada, *Rosas a Rosalía*, o cantante “máis que retornar a Rosalía reencóntrase con ela, xa que dende que se lle presentou un día, aparentemente calquera, de hai varias décadas, non deixou que marchara da súa vida”.



_____, “Un conto de Rivas”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 31 decembro 1997, p. 4.

Refírese ó libro de Manuel Rivas *El periodismo es un cuento*. Coméntase que nel se amosa a declaración de principios de Rivas no que atinxe á ríxida separación entre literatura e xornalismo. Dise tamén que entre ambos xéneros existen grandes semellanzas en canto a finalidades e recursos. Sínálase que na obra de Rivas desaparece a absurda xerarquía entre os dous xéneros.



Rivas, Manuel, “Xavier Seoane”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Retratos do mundo”, 29 xuño 1997, p. 64/p. 64.

Cun ton poético, Manuel Rivas apunta a erudición e o “perfil homérico e clásico” de Xavier Seoane e destaca o seu talante pioneiro na procura persoal e xenerosa nas empresas colectivas. Explica cómo o coñeceu, subliña a súa crenza na poesía, o importante labor ensaístico e refírese a *Reto ou rendición* como “pedra angular e cataventos na historia contemporánea da arte galega”.



_____, “Susó de Toro ou o escritor en parapente”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”,
ano II, nº 136, 7 outubro 1997, p. 2.

Salienta o recoñecemento da obra de Suso de Toro por primeira vez nun premio de entidade como o Blanco Amor. Relativiza a importancia dos premios e atribúelle ó pobo lector o papel de verdadeiro xurado. Non cre que houbera unha conspiración dos xurados contra Suso de Toro pero si un certo desaire que agora vén de ser conxugado con este galardón. Afirmar tamén que non comparte a idea de que a literatura de Suso de Toro sexa de “fast-food”, considera que ninguén coma el apostou tanto “por cambiar a mirada e a impresión” e que a literatura do compostelán non é fácil senón moi complexa e está en sincronía cos sentidos da percepción no mundo de hoxe. Remata manifestando a súa amizade co autor premiado.



Rivas Villanueva, Luis, “Ogando e Fraguas”, *La Región*, “Y por tanto, Orense”, 29 maio 1997, p. 14.

Saliéntase a cultura e a brillantez de Xulio Ogando Vázquez así como a xenerosidade para regalalo seu saber “ó primeiro que pasa” e a atención que lles presta ós seus amigos. Noméase tamén a Antón Fraguas, destacando a súa grandeza para contar historias de grande beleza. Ademais de reproducir dúas anécdotas protagonizadas por Otero Pedrayo que relatou Fraguas, afirma que escoitar a Ogando e a Fraguas “resulta un dos maiores praceres que pode ofrecer este mundo”.



_____, “Vázquez Naval, poeta”, *La Región*, “Y por tanto, Orense”, 5 xuño 1997, p. 14.

Coa excusa de ter enriba da mesa unha morea de libros de amigos e non saber por cal se decidir, enceta un percorrido sentimental pola traxectoria profesional e literaria de Edelmiro Vázquez Naval. Detalles da súa vida en Santiago e da actual, como mestre de matemáticas no Instituto Otero Pedrayo de Ourense, dan paso ás mencións á súa obra poética publicada en solitario, caso de *As Voces da Saudade* (1988), ou en volumes colectivos como *Sete poetas ourensáns* (1992) e *Poesía dos Aléns* (1993). Céntrase logo en *O rito do regreso* (1996) do que di que “resulta un libro urxido pola necesidade de voltar aos lugares imprescindibles da lembranza”. Cualifícao de poesía vitalicia e vitalista, oposta á falsa exactitude da ciencia. Sinala, finalmente, que o libro está moi traballado dende o punto de vista intelectual e dende o lingüístico.



Riveiro Loureiro, M., “A aldraxe”, *O Correo Galego*, “Co sarillo a voltas”,
O Correo Galego, 10 outubro 1997, p. 3.

Opina sobre a polémica xurdida pola publicación, na revista *Grial*, dun texto no que Xavier Alcalá se refire ós mouros como “porcos integrais”. Di que se trata dunha opinión que procede “do consabido contraste de usos e costumes” e pon unha obra súa, na que un combatente soviético opina sobre os alemáns, de exemplo que podería ofender a Úrsula Heinze (quen pediu de Alcalá “unha rápida rectificación”), pero que o autor escribiu “en aras da autenticidade”. Remata con opinións sobre Israel e Palestina e destaca o realismo das notas de viaxe de Alcalá.



Rodesa, Paco, “Valentín, na presenza galega”, *Faro de Vigo*, 19 maio 1997,
p. 16.

Artigo en recordo de Valentín Paz-Andrade cando se cumpren dez anos do seu pasamento. Lembra momentos da súa vida como o atentado sufrido ou a época na que coñeceu á súa muller e destaca o seu bo facer como avogado e a súa cultura. Achega tamén unha serie de nomes, encabezada por Ramón Cabanillas que dun ou outro xeito estiveron vencellados a Paz Andrade.



Rodríguez, Salvador, “Noticia de Johan Carballeira”, *Faro de Vigo*, 29 xaneiro 1997, p. 28.

Percorrido pola biografía de Johan Carballeira de quen se destaca o seu labor polifacético como poeta, político, lingüista, defensor dos mariñeiros e finalmente como xornalista en *Faro de Vigo* e en *El Pueblo Gallego*. Céntrase despois no seu labor político do que resalta o seu compromiso coa República, coa esquerda e co galeguismo e o seu paso de cheo á política dous meses antes da Guerra Civil, como alcalde de Bueu. A respecto da actividade como poeta sinálase que era case descoñecida polos seus veciños aínda que moitos dos relacionados coa vangarda cultural da época si sabían do seu talento creativo. Remata lembrando o seu encadeamento e posterior fusilamento o 17 de abril de 1937.



Rodríguez Puentes, Xan, “Rosalía para Iria”, *A Peneira*, nº 222, 2ª quincena xullo 1997, p. 3.

Cualifica como “erro histórico” o feito de que o corpo de Rosalía de Castro fose trasladado en 1891 á Igrexa de San Domingos de Bonaval logo de permanecer seis anos soterrado no cemiterio de Adina (Iria Flavia-Padrón), onde ela dispuxera. Lembra unhas declaracións de Maruxa Villanueva referíndose á soidade e abandono do lugar “tan frío”, “unha cárcere”, no que se atopan os restos da poeta. Considera, así, que os que lle quixeron facer unha homenaxe realizaron “unha infidelidade sacrílega”. Xan Rodríguez Puentes sinala que “un pobo que non cumpre cos desexos dos seus bardos máis públicos pero non por iso máis íntimos, está lonxe de ser un bo pobo”. Para el sería unha gran “reconquista” que Rosalía tornase a Iria.



Rodríguez Sánchez, Miguel, “Xa haberá tempo de ver a corza”, *A Nosa Terra*, nº 788, “Guieiro Cultural”, 24 xullo 1997, p. 26.

Emotiva lembranza de Fiz Vergara Vilariño no seu pasamento na que se salienta o vencellamento do poeta de Lóuzara á súa terra e a harmónica relación que mantiña cos veciños e coa natureza. Opínase que Fiz era un exemplo para todos aqueles que o coñecían e que mesmo era motivo de orgullo para os máis novos, servindo en moitos casos de argumento en contra de quen ousase insulta-lo mundo rural.



Salgado, Jesús, “La presidencia interina de la Real Academia Galega”,
El Mundo, 12 xullo 1997, p. 2.

Reclama a necesidade de acabar coa actual interinidade da presidencia da Real Academia Galega para poder facer fronte do mellor xeito posible ós momentos de cambio nas estruturas culturais do estado. Pon de manifesto as presións dos distintos sectores culturais e políticos para colocar á fronte da institución a un dos seus. Cita os nomes que circulan como posibles candidatos, entre eles Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego e Constantino García.



Salgado, Xosé M., “Xesús Alonso Montero”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do Mundo”, 12 outubro 1997, p. 64/p. 63.

O profesor Xosé Manuel Salgado fai unha lembranza do traballo académico e erudito do catedrático de Literatura Galega Xesús Alonso Montero. Loas as investigacións desenvolvidas por Alonso Montero por abranguer amplas parcelas da nosa literatura que ata entón estaban esquencidas, ademais de aplica-la ética a tódolos seus traballos.



Salinas Portugal, F., “Xavier Alcalá, turista en Oriente Médio”, *A Nosa Terra*, nº 802, “Guieiro Cultural”, 30 outubro 1997, p. 27.

Artigo publicado con motivo da polémica suscitada pola aparición de “Israel, notas de viaxe”, de Xavier Alcalá no número 133 da revista *Grial*. Salinas Portugal opina que non se trata de literatura de viaxes senón de literatura do exótico pois sobre a busca do “Outro” prima a reafirmación do “Eu”. Nota unha escasa carga ficcional que encarreira o texto cara ó documentalismo. Finalmente tilda á visión de Alcalá de xenófoba, estereotipada e occidentalizada e xulga que é froito da emerxencia do subconsciente do castelán. **Polémicas?**



Sánchez Iglesias, Cesáreo, “Pilar Pallarés, a soidade criadora”, *A Nosa Terra*, nº 773, “Guieiro Cultural”, 10 abril 1997, p. 27.

Texto presentado nas xornadas de literatura “Xoves Literarios coas Escritoras Galegas”, no que o poeta Cesáreo Sánchez afirma que un só poema de Pilar Pallarés abonda para xustificar un grupo xeracional. Fai un comentario á poesía que se atopa nos tres libros publicados pola escritora coruñesa: *Entre lusco e fusco* (1980), *Sétima Soidade* (1984) e *Livro das Devoracións* (1984). De *Entre Lusco e Fusco* di que é un libro de natureza humanizada, de procura individual e colectiva, de busca da soidade criadora, mentres que en *Sétima Soidade* aparece a palabra amorosa e o corpo do amado. En *Livro das Devoracións* percibe a profunda meditación onde se trata de colle-la realidade e facela íntima. Despois de ler a Pilar Pallarés, afirma que xa nada é igual para o lector, que se converte, ó mesmo tempo, en protagonista da escrita.



Sanmartín Sobrino, Maximino, “Lembranza de Paz Andrade”, *Faro de Vigo*,
25 maio 1997, p. 35.

Reproduce un fragmento dun poema que lle dedicou a Valentín Paz Andrade e explica a súa orixe. No pasamento de Paz Andrade, hai xa dez anos, o articulista comprobou con decepción que non se cantara o himno galego a pesar de que “estaban presentes os persoeiros máis significativos do galeguismo, moitas autoridades municipais e autonómicas, e centos de persoas amigas”. Comenta que algúns anos despois naceu Sabela, a neta de Paz Andrade, un 23 de abril igual có seu avó e que como agasallo para a nena decidiu escribirlle un poema “dándolle a benvinda a esta terra galega que seu avó amou tanto”.



Seixas, Miguel Anxo, “O mozo Daniel”, versos de Celso Emilio”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 13 xaneiro 1997, p. 3.

Inicia o artigo lembrando a Moraima Loredó de Ferreiro, compañeira de Celso Emilio Ferreiro, finada o día de Reis en Vigo. Mostra a continuación informacións emitidas por ela sobre o seu home, que se recollen no libro *Celso Emilio Ferreiro 1912-1979: Unha fotobiografía*. Dá conta tamén dos poemas que Celso Emilio lle dedicou como os que aparecen en *Celso Emilio Ferreiro. Poesía Galega Completa*. Conclúe coa presentación íntegra dun poema pertencente ó arquivo de Moraima e Celso, titulado “O mozo Daniel”, que aparecera na publicación *Hermanidad Gallega de Venezuela* e fora reproducido no folleto *Celso Emilio Ferreiro. Catálogo da mostra bibliográfica organizada pola Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela*.



_____, “Nadir’ e ‘Bonus Track”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 27 xaneiro 1997, p. 3.

Comeza cunhas palabras que salientan a liberdade e a independencia do “Grupo Tinta”, grupo poético que publicou o libro *Nadir* (1996), con poemas de Manuel M. Romón e ilustracións de Alberto de Sousa, e o disco titulado *Bonus Track*. Valora esta achega e remata dicindo que “o resultado é un experimento, unha ópera, de imaxes, palabras e sons, tecida polas súas mans, e, nós, por un tempo, temos roupa de estrea”.



_____, “Donas das letras”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 3 febreiro 1997, p. 3.

O sexto aniversario da editorial Espiral Maior leva ó autor do artigo a cita-lo título do último libro publicado no apartado de ensaio, aínda que “o que define o seu fondo editorial é a súa colección de poesía”. Indica o primeiro título da colección e o que a pechaba naquel momento, destacando a cantidade de escritoras que publicaron libros nesta editorial e ofrecendo os seus nomes e os títulos dos libros. Salienta ademais que “estes e outros nomes aparecen tamén noutras editoriais públicas e privadas” e cita algún exemplo. Remata por aludir ó ingreso de Luz Pozo Garza na Real Academia Galega e á concesión do Premio Nacional de Literatura Infantil a Fina Casalderrey, así como ó triunfo das mulleres galegas na literatura castelá.



_____, “Comercio cultural”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 3 marzo 1997, p. 3.

Comeza comentando o intercambio comercial, que figura rexistrado nos libros, e compara isto co intercambio cultural do que “faltan investigacións e non temos datos da rendibilidade da nosa empresa cultural”. Sitúa o comezo da tradución de textos galegos no Rexurdimento, cando a obra de Rosalía apareceu versionada ó catalán e continúa con outros exemplos, como Álvaro Cunqueiro, Méndez Ferrín ou Castelao, que foron traducidos ó alemán, ó lunfardo ou ó romanés.



_____, “O “Fausto” de Goethe”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 31 marzo 1997,
p. 3.

Fai unha lembranza das escasas obras de Goethe traducidas ó castelán no século XIX, o que provoca que se coñeza maioritariamente este autor no noso país a través das traducións francesas e italianas. Comenta a traducción dunha parte do *Fausto* na editorial Nós e unha conferencia de Ramón Otero Pedrayo no centenario do autor alemán. Tamén lembra a versión doutro fragmento feita por Manuel Lourenzo no 1984. Finalmente, salienta a traducción feita por Lois Tobío Fernández para Edicións Laiovento.



_____, “Castelao sempre”, *O Correo Galego*, “A Maltrana” 14 abril 1997, p. 3. /
O Norte, nº 66, 24 ó 31 de maio 1997, p. 26.

Repasa as publicacións dedicadas a Castelao neste ano no que se cumpren 47 anos do seu pasamento. Nomea os relatorios das xornadas sobre Castelao pola Fundación Castelao e os CAF, o volume *De viva voz. Castelao: conferencias e discursos* (1996), edición de Henrique Monteagudo que inclúe dous inéditos; o estudio de Siro López *Castelao humorista* (1996); a nova edición dos *175 debuxos de Castelao*, ademais do fascículo “A narrativa de Castelao” da *Historia da Literatura Galega* de A Nosa Terra, que vai acompañado do volume *A narrativa de Castelao. Antoloxía*.



_____, “C. Colin Smith”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 21 abril 1997, p. 3.

Lembranza de Colin Smith (1927-1997) con motivo do seu pasamento, na que se salienta a súa dedicación á figura e á obra de Alvaro Cunqueiro dende que o coñeceu persoalmente en Vigo.



_____, “Fol de palabras”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 5 maio 1997, p. 3.

Ofrece unha relación de títulos que conteñen en formato audio a voz de escritores e persoeiros da nosa cultura. Cita as coleccións da “Fonoteca 92” de *El Correo Gallego* en colaboración coa Radio Galega, “As nosas voces” do Consello da Cultura Galega ou o estoxo de dúas cintas nas que o Museo Arqueolóxico de Ourense, o Arquivo Sonoro de Galicia e o Grupo Marcelo Macías recompilaron as voces de Ramón Otero Pedrayo, Xesús Ferro Couselo, Xesús Taboada e Xoaquín Lorenzo. Tamén menciona *Rafael Dieste do arquivo a fiestra*, de Tonina Gay Parga e o libro-cinta de Lino Braxe e Xavier Seoane *A máxia da palabra: Cunqueiro na rádio*. No tocante a aquelas nas que se só se rexistra a voz de persoas vivas cita a *A nosa fala, bloques e áreas lingüísticas do galego*, en edición de Francisco Fernández Rei e Carme Hermida Gulías publicado polo Consello da Cultura Galega e os sete libros cassette en “Vouche contar un conto” de Edicións Xerais. Finalmente nomea o compacto de Manuel Rivas *O pobo da noite* (1996) e o recitado de *Nadir* por Manolo Romón no compacto *Bonus Track* (1996), ademais das tres cintas da Fonoteca 92 “Poetas nas súas voces”.



_____, “Cunqueiro en Italia”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 19 maio 1997,
p. 3.

Percorrido polas traduccións de obras de Alvaro Cunqueiro ó italiano. Nomea tamén ós estudos da súa figura nese país, ademais de da-la súa beizón a tódolos divulgadores da súa obra en Italia.



_____, “Castelao Sempre”, *O Norte*, nº 66, 24 ó 31 de maio 1997, p. 26.

Alude á publicación de traballos referidos a Castelao sinalando que “temos nós que apoderarnos dese tempo que el nos deixou como herdanza, pois toda arte é semente e o que a planta nunca chega a enxerga-la feitura que só se pode imaxinar choída no seu froito”. Cita así os oito números dos *Cadernos Castelao*, o libro de Henrique Monteagudo, *Castelao: conferencias e discursos* (1996), e o de Siro López, *Castelao Humorista*, (1996) así como o fascículo de Manuel Rei Romeu da *Historia da Literatura* de A Nosa Terra.



_____, “Terra de lobos”, *O Correo Galego*, 2 xuño 1997, p. 3.

Trata diversos temas centrados na figura do lobo. Parte da importancia que teñen tanto na nosa literatura (dá como exemplo máis representativo *Contos de lobos*, de Ánxel Fole), coma no imaxinario popular, sobre todo infantil, e realiza un percorrido que vai dende o século XVI ata a actualidade. Tira de varios libros datos sobre batidas realizadas no concello de Santiago e máis no de Cotobade nos séculos XVI e XVII. A seguir ofrece bibliografía para un achegamento ó lobo e lamenta a progresiva desaparición da especie pola destrución do seu medio natural.



_____, “Cinco nacións”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 30 xuño 1997, p. 3.

Comenta a presentación da colección “Minibolsillo” de Alianza Editorial na que se publican en castelán textos completos e inéditos de representantes das literaturas da Península Ibérica, e na que se atopa Xosé Luís Méndez Ferrín con *Percival en su bosque*, os portugueses José Cardoso Pires e Manuel Lobo Antunes, os cataláns Jesús Moncada e Rosa Regàs, o vasco Bernardo Atxaga, e o castelán Gustavo Martín Garzo. Destaca as “coidadísimas” traducións ó castelán e a “valente complicidade” de Víctor F. Freixanes. Establece despois un paralelismo cos tempos de Afonso X, exemplo de convivencia, intercambio de ideas e coñecementos coa “Escola de Tradutores de Toledo” ou a de Don Denís de Portugal, cando tódolos saberes eran vertidos á lingua castelá ou galega e viceversa.



_____, “Letras de Rosalía”, *O Correo Gallego*, “A Maltrana”, 14 xullo 1997, p. 3.

Percorrido entre os distintos músicos galegos e españois que utilizaron a poesía de Rosalía de Castro como fonte de inspiración ou como letra para as súas composicións musicais.



_____, “Galegas e galegos de nación”, *O Correo Galego*, 21 xullo 1997, p. 3. /
O Norte, 20 decembro 1997, p. 44.

Con motivo da construción das 64 figuras de cerámica inspiradas nas personalidades da historia de Galicia que Castelao retratou no seu discurso “Alba de Goria”, fai un breve resumo da historia deste texto ata que finalmente fica recollido no *Sempre en Galiza*. Tamén se alegra deste traballo levado a cabo polo seminario Sargadelos.



_____, “Dous aniversarios”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 29 setembro 1997,
p. 3.

Comenta que no ano 1997 se celebraron dous aniversarios especiais para a lingua galega. Por unha parte conmemóranse os trescentos anos da publicación dun libro recompilatorio de textos en latín, castelán e galego, naquela altura desterrado como lingua impresa; e por outra o cincuentenario da publicación de *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, primeiro texto en lingua galega publicado despois de 1936.



_____, “A nación esquecida”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 20 outubro 1997,
p. 3.

Tras dun exordio no que relata o cruzamento do río Leteo-Limia polas tropas de Décimo Xunio Bruto cando a invasión romana, Seixas fala sobre a recuperación da memoria colectiva. Cita como recobradores do pasado a Eduardo Pondal e Manuel Rivas.



_____, "Biblioteca pobrense", *O Correo Galego*, "A Maltrana", 15 decembro 1997, p. 3.

Comeza referíndose ós actos organizados pola Concellería de Cultura da Pobra do Caramiñal no ano do centenario do nacemento de Blanco Amor: a XVI edición do premio que leva o seu nome, concedido nesta ocasión a Suso de Toro por *Calzados Lola* e a presentación dunha nova edición da novela esgotada de Blanco Amor, *La catedral y el niño*, publicada en Buenos Aires en 1948. A continuación dá conta de todas aquelas publicacións e actos que está facendo a Concellería de Cultura dese concello para recupera-la súa memoria histórica e literaria.



_____, “Leliadoura poesía”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 29 decembro 1997,
p. 3.

Cita os títulos dos trinta e oito volumes publicados na colección de poesía Leliadoura da Editorial Sotelo Blanco, que iniciou a súa andaina en 1985 e rematou en decembro de 1997.



Seoane, Xavier, “Pilar Pallarés”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 25 maio 1997, p. 64/p. 63.

Comentario sobre a poesía de Pilar Pallarés, da que se di que “entra na pel, e avanza, e vai ao fondo, á víscera, ao órgano, á raíz, ao sangue”. Segundo Xavier Seoane, a creación de Pilar Pallarés é como a de Rosalía, “febra, pura”, hai nela “un descenso alí a onde todos foxen, a onde ninguén quere entrar”.



Sixto Seco, Agustín, “Rosalía está no ceo”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”, 22 febreiro 1997, p. 3.

Refírese á figura de Rosalía de Castro e a certos artigos xurdidos, tras ser aceptada pola Asemblea Xeral de Unión Astronómica Internacional, a proposta de pórle o seu nome a un cráter, feita por un grupo de alumnos do Instituto Fernando Esquío de Xubia, dirixidos polo profesor Enrique Pujales.



_____, “Vida secreta de Rosalía”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”,
12 abril 1997, p. 3.

Comenta o poemario *Vida secreta de Rosalía* (1996), de Luz Pozo Garza. Cualifica a obra de “xoia literaria” e recolle varias mostras de versos incluídos nela cos que tenta ratifica-las súas afirmacións.



_____, “Rosalía chega de América”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”,
19 abril 1997, p. 3.

Destácase a forte presenza e actualidade que Rosalía de Castro segue tendo no mundo de hoxe. Coméntase que o seu retrato aparece nunha axenda da embaixada dos E.E.U.U. en Madrid. Por outra parte, dáse noticia dun traballo que Carlos Baliñas presentou nun congreso sobre a saudade titulado “A chamada da terra en Rosalía de Castro e Martín Heidegger”, e doutro de Rielo Lamela no que se estudian as relacións entre a poesía de Rosalía e a de Emily Dickinson publicado en *O Correo Galego* o 4 de xaneiro de 1997. Por último, informa de que se prepara unha exposición “Rosalía na fin de século” que incluso se levará a América.



_____, “A moreneta e Rosalía”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”, 4 maio 1997, p. 3.

Rememora a creación da Fundación Rosalía de Castro con motivo do seu cincuenta aniversario. Lembra os homes que fixeron posible esta institución e afirma que foi un feito importante para o rexurdimento do galeguismo trala guerra do 36.



_____, “Beatus qui legit”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”, 10 maio 1997, p. 3.

Refírese a un artigo de Xesús Alonso Montero publicado na súa sección habitual de *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, o 13 de febreiro de 1997, no que se recollían unhas palabras de Ramón Otero Pedrayo dirixidas ó Ministro Cruz Martínez Esteruelas coas que pretendía denuncia-lo abandono das linguas clásicas. Por outra banda, o autor do artigo refírese á súa asistencia á cea dos Premios da Crítica na que se lle entregou o galardón a Isaac Díaz Pardo, do que salienta o “afán moralizador co que el adoita fustigar ós de entre nós que medran ignorando os valores éticos que de sempre informan o cerne do noso pobo”. Relaciona estas palabras de Díaz Pardo coas ideas expresadas por Helena Villar Janeiro no seu artigo “Familia de deseño” (*El Correo Gallego*, 1 de maio de 1997).



_____, “Galicia, ¡Sí señor!”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”, 17 maio 1997, p. 2.

Considera acertado o lema “¡Sí, señor!” da Cea das letras da Fundación Premios da Crítica porque pensa que esa sería a exclamación de Ánxel Fole se puidese ver tantos amigos como os que esa noite se achegaron a Samil. Indica ademais que o lema se axusta á Galicia que o lugués soñaba e pola que se sentía fascinado, segundo as citas que recollen Carlos Casares e Fernández del Riego.



_____, “O que garda sempre tén”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”,
5 xullo 1997, p. 3.

Refírese nun principio á súa asistencia á presentación de *O centro do labirinto*, de Agustín Fernández Paz, libro “moi traballado” no que o autor crea unha “atrevida atmósfera futurista”. A continuación alude á presentación posterior de *Cultura, relixión e superstición na Galicia Sueva*, de Eduardo López Pereira. Comenta que se trata dun libro de “investigacións” enriquecido nas láminas coas que Correa Corredoira ilustra a carpeta gráfica que contén o *De Correctione Rusticorum*, tamén alí presentado. Destaca que no acto se falou da importancia do “sermo rústico medieval” na historia da nosa cultura, o cal lle fixo lembrar uns versos de Otero Pedrayo confrontando a vida e milagre de dous San Martiños, o de Braga e o de Tours, que atopou no historial clínico de Pedrayo nos seus arquivos da Rosaleda e que reproduce neste artigo, como lle prometera a Eduardo L. Pereira.



_____, “De Rosalía a Fole”, *El Correo Gallego*, “De portas para fóra”, 12 xullo 1997, p. 3.

Comeza falando da celebración do tradicional acto literario que celebrará a Casa-Museo de Rosalía, así como o 50 aniversario da creación da Fundación Rosalía de Castro. A seguir pon algúns exemplos do que considera “o actual camiño galeguizador”, como o éxito das exposicións “Gallaecia Fulget”, “Galicia renace”, “Galicia, terra única” e “Galicia no mundo”, e remata aludindo a un caderno de notas titulado *De Rosalía a Fole* co que agasallaba a Radiotelevisión galega no Día das Letras Galegas.



_____, “Política de ultratumba”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”,
13 setembro 1997, p. 3.

Responde a unha solicitude expresada por Alfredo Conde na que declara o seu desexo de coñecer en qué páxina das *Memorias de ultratumba*, de Chateaubriand rematou a súa lectura Otero Pedrayo cando se viu sorprendido pola morte. Así mesmo, aconsella ó escritor de Allariz que non se deixe levar polas afirmacións partidistas que se fan en época electoral acerca da orientación política dos galeguistas históricos.



_____, “Encontro con Rosalía”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”,
4 outubro 1997, p. 3.

Colaboración laudatoria que versa sobre os actos que festexaron o quincuaxésimo aniversario da Fundación Rosalía de Castro. Lóase tamén as persoas que fixeron posible a celebración da institución, a cal contou cunha nutrida presenza de alén do Padornelo.



_____, “Domingo e Paco”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 18 outubro 1997, p. 3.

Apóíase na consulta duns artigos para lembra-la importancia de Francisco Fernández del Riego, de Domingo García-Sabell e Ramón Piñeiro na defensa e espallamento da nosa cultura.



_____, “Mosquera Pérez e Villar Grangel”, *El Correo Gallego*, “De porta en porta”, 15 novembro 1997, p. 3.

Destaca o labor feito por Mosquera Pérez e Villar Grangel para compra-la casa de Rosalía. Informa ademais do cumprimento dos 50 anos da reunión dun feixe de ilustres devanceiros presididos por Don Ramón Otero Pedrayo para asina-la “Acta Fundacional do Patronato Rosalía de Castro”, institución que recibiría como primeira doazón a propiedade da casa da escritora padronesa.



Soto, Juan, “Noriega”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 3 abril 1997, p. 64.

Lamenta o esquecemento de que foi obxecto o cincuentenario da morte de Antonio Noriega Varela. Considera que a obra do autor de *Do Ermo* non foi moi afortunada coa crítica debido á ideoloxía política de Noriega.



_____, “Barbeito”, *El Progreso*, “De Re Varia”, 24 xuño 1997, p. 80.

Coméntase a negativa de Carlos Martínez-Barbeito para falar sobre Ánxel Fole ó consideralo “un escritor menor”. Recúperase ademais a opinión negativa que tiña Miguel de Unamuno acerca de Barbeito.



_____, “Bernárdez”, *El Progreso*, “De re varia”, 16 xuño 1997, p. 72.

Refírese ó escritor Francisco Luís Bernárdez, falecido en 1978, e relata unha anécdota que protagonizou con Noriega Varela na casa de Teixeira de Pascoaes. Ademais de sinala-la súa presenza no grupo fundador de *Ronsel* e a súa pertenza á redacción de *El Pueblo Gallego*, refírese ós familiares que seguen a vivir en Buenos Aires e comenta a ruptura de vínculos e a perda de referentes na emigración.



_____, “Literatura”, *El Progreso*, “De re varia”, 20 xuño 1997, p. 79.

Con ocasión da apertura da Feira do Libro de Lugo reflexiona sobre a figura do libreiro afirmando que agora o que hai “son vendedores de libros”. Fala tamén dos escritores e cre que hoxe moitos escriben seguindo os requisitos da “demanda industrial”, ó contrario da “pureza de Milton”, aspecto destacado por Marx cando aquel escribiu parte da súa obra sen encargo previo.



_____, “Poetas”, *El Progreso*, “De re varia”, 30 xuño 1997, p. 64.

Alusión á figura do poeta Xavier Rodríguez Baixeras, do que amosa un breve perfil biobibliográfico. Estima o seu último libro *Beira norte*, “el mejor de los suyos” e inclúe finalmente unha serie de consideracións sobre os diferentes tipos de autores da poesía galega actual.



_____, “Burlas”, *El Progreso*, “De re varia”, 28 xullo 1997, p. 56.

Comenta que nas listas de libros de maior éxito nas vacacións un deles consiste nunha recompilación de epigramas dende Marcial a Pérez Creus. A propósito disto sinala que o epigrama nunca deixou de cultivarse en España e lembra que en Galicia contamos coas composicións de Celso Emilio Ferreiro. Afirmar que moitas composicións que circulan como apócrifas e anónimas pertencen ó celanovés.



_____, “Hallazgo”, *El Progreso*, “De re varia”, 24 setembro 1997, p. 56.

Conta que atopou un libro inédito e en castelán que daba por perdido, o poemario *Más allá del tiempo*, de María Mariño. Explica que foi escrito en 1965 e ía levar un prólogo de Ánxel Fole. Comenta ademais que a autora lle comunicara a Fole que os poemas deste libro lle gustaran moito a Uxío Novoneyra pero que este non quería oír nada en castelán. Finalmente ofrece o libro a quen o necesite.



Suárez, Manuel, “Rosalía en Cuba”, *O Correo Galego*, “Memorias Riopratenses”, 16 marzo 1997, p. 3.

Anúnciase a inauguración da exposición “Rosalía de Castro na fin de século”, que a Fundación Rosalía de Castro vai levar a cabo en 1998 e o desexo do seu presidente de que sexa en Cuba onde primeiro se instale. Coméntase a importancia que vai te-la presenza do libro de Neira Vilas, *Rosalía de Castro e Cuba*, así como o material gráfico-documental que este escritor lle acaba de doar á institución. Da doazón destácase un documento que se refire á recadación de fondos por parte do “Comité de Ayuda al Patronato Pro-Museo y Biblioteca de Rosalía de Castro” en 1956. Lémbrese tamén a débeda cos emigrados e recoñécese o bo facer da Fundación sen esquecer os tempos nos que en Cuba se loitaba por “unha Galicia sen emigración”.



_____, “Os Moure en Chile”, *O Correo Galego*, “Memorias Riopratenses”,
27 abril 1997, p. 3.

Refírese á presentación dun libro en Santiago sobre o apelido Moure, no que se dá conta da súa orixe, historia e xenealoxía. Informa de que o autor do libro é Xoán Luís Moure, parente do escritor Luís Moure Mariño. Di tamén que na publicación se recollen datos sobre a emigración en Chile dalgúns galegos notorios como Ramón Suárez Picallo, Blanco-Amor e Antonio Soto. Eloxia a personalidade dos irmáns Moure e o seu sincero interese por difundir a cultura galega en Chile.



_____, “Os ‘airiños’ de Rodolfo Alonso”, *O Correo Galego*, “Memorias riopratenses”, 14 outubro 1997, p. 4.

Gábase a traducción ó español de dezanove poemas de Rosalía de Castro, realizada por Rodolfo Alonso, que viu a luz na editorial arxentina Ameghino baixo o título de *Airiños, airiños, aires...* Tamén se valora positivamente a introducción, obra do propio Alonso. Así mesmo lémbrese a súa longa traxectoria como poeta, narrador, traductor e ensaísta. Faise fincapé en que xamais pisou Galicia, berce da súa estirpe.



Suárez Abel, Miguel, “Susó de Toro: ¿que terá este home na cabeciña?”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 4 maio 1997, p. 68/p. 64.

Lémbrese dunha vella anécdota coa finalidade de gabar a Susó de Toro por posuír un mundo propio, trazo este que será, segundo Suárez Abel, o que debe definir a un bo literato.



_____, “Experimento creativo”, *La Voz de Galicia*, “A Pé de Páxina”, 12 xullo 1997, p. 82.

Reproduce parcialmente un poema creado a partir do procedemento artístico ensaiado por Tristan Tzara no dadaísmo. Logo reflexiona acerca da validez do texto, a orixinalidade en literatura e a súa importancia, ou “o control que a dura rendibilidade comercial está exercendo no gusto e aceptación do artístico”. Remata indicando algúns valores que a arte debe posuír, como “reflexión e aprendizaxe, descubrimento atrevido, intuición, transgresión, ruptura e provocación, pero con tino”.



Suárez Suárez, “Rosalía, 160 anos despois”, *O Correo Galego*, “Soidades”,
24 febreiro 1997, p. 4.

Logo de facer varias referencias á figura de Rosalía de Castro, no 160 aniversario do seu nacemento, alude a continuación á Fundación Rosalía de Castro, salientando que ten entre as súas metas a conservación da casa-museo onde morreu a escritora e a creación dun centro de investigación literaria fundando o Centro de Estudos Rosalíanos. Sinala finalmente as actividades que está organizando a institución para a conmemoración do seu cincuentenario.



_____, “In memoriam Ricardo Palmás Casal”, *O Correo Galego*, 3 maio 1997,
p. 3.

Percorrido pola vida e obra do recentemente falecido Ricardo Palmás Casal, a quen se considera unha mostra exemplar da pervivencia cultural na Galicia da emigración xunto con Carlos Zubillaga. Cítase a publicación de *Pelerinaxe* e *Castelao: Prosa do exilio* (1976), a súa colaboración en *Teima* e *Grial*, a súa participación no volume *Los gallegos* ou o libro *A emigración galega na Arxentina* (1978). Dos últimos anos sinalase a publicación de moitos traballos e a existencia doutros inconclusos. Conclúese dicindo que coa morte de Ricardo Palmás se perdeu un “serio investigador, xornalista e sociólogo de fonda cultura”.



_____, “O 15 de novembro, unha data para lembrar”, *O Correo Galego*,
“Memorias riopratenses”, 4 decembro 1997, p. 3.

Informa sobre dous acontecementos moi importantes sucedidos o 15 de novembro, feito polo que considera que se debe lembrar esta data. O primeiro deles é a viaxe feita ese día en 1944 a Montevideo por catro galegos exiliados e residentes en Buenos Aires (Castelao, R. Suárez Picallo, A. Alonso Ríos e Elpidio Villaverde), coa finalidade de crea-lo Consello de Galicia. O segundo é a xuntanza convocada por Villar Grangel e Mosquera Pérez ese mesmo día en 1947, para efectua-la constitución como institución do Patronato de Rosalía de Castro. Considera o articulista que estes dous actos están xunguidos pola mesma intencionalidade: “defende-la lingua”.



Tarrío Varela, Anxo, “Vicente Risco, lugar de encontro”, *El Correo Gallego*,
“Recanto do cataventos”, 5 xaneiro 1997, p. 3.

Comenta a publicación das Actas do Congreso sobre Vicente Risco que tivo lugar en Ourense no 1995 e lembra o transcurso daquel congreso “no que se tratou de enfocar as múltiples facetas dun home que, a trinta e catro anos da súa morte, segue a ser centro de miradas e de reflexións”. A seguir considera o labor intelectual que nos últimos anos se leva a cabo, indicando a “ecuanimidade intelixente e sistematizadora, baseada na análise atenta dos fenómenos observados” e sen xuízos previos, como o xeito ideal para desenvolvelo, aínda que iso entraña dificultade. Analiza seguidamente os relatorios publicados no libro de Actas dicindo que tratan múltiples temas relacionados con Risco e a súa obra. Remata lamentando a desorganización interna do libro e as numerosas “grallas e incoherencias tipográficas”, aínda que o volume “bota luz sobre algúns aspectos da obra e da actitude de Vicente Risco”.



_____, “Facer antoloxías”, *El Correo Gallego*, “Recanto do cataventos”,
12 xaneiro 1997, p. 3.

Reflexiona sobre a tarefa de facer antoloxías, a etimoloxía desta palabra e a dificultade de “explicar o propio antólogo o por qué e o cómo da súa particular escolma” e indica algunhas das xustificacións habituais. A seguir, nun ton irónico, apunta solucións para que tódolos escritores se vexan representados. Finalmente, relaciona o desexo de figurar nunha antoloxía coa “loita por ocupar o centro do canon”, o que considera como o motor do “dynamismo literario dunha área cultural dada”.



_____, “A Antoloxía de Yara F. Vieira”, *El Correo Gallego*, “Recanto do cataventos”, 19 xaneiro 1997, p. 3.

Analiza a *Antologia de Poesía Galega* (1996), editada no Brasil ó coidado de Yara Frateschi Vieira. Comeza afirmando que a súa escolma está condicionada polo público ó que se dirixe, “un público brasileiro que nada ou pouco sabe de nós”. Comenta que aínda que inicialmente estaba previsto incluír poetas que publicaron obra entre 1976 e 1990, este proxecto viuse incrementado con poesía medieval e “unha mostra da poesía galega contemporánea, dende Rosalía en adiante”. Destaca as importantes ausencias, mais afirma que isto debe ser relativizado e comprendido. Remata o artigo dando conta dalgún pequeno erro e afirmando que, a pesar diso, “a obra cumpre os seus obxectivos: iniciar ó público brasileiro na nosa poesía”.



_____, “A proba do Nobel”, *El Correo Gallego*, “Recanto do cataventos”,
20 xaneiro 1997, p. 3.

Comenta a dimensión que a palabra “conflicto” adquiriu, nos últimos tempos, “na análise socio-político-económica”, sinalando o cambio producido na sociedade galega que supón que o conflito se formule “cara a fóra, cara o posible agresor” e non cara a si mesma. Esta argumentación sitúaa tamén no eido da literatura e da cultura galegas que, ante a proposta de Alfredo Conde ante a Academia Sueca para o Premio Nobel, non reaccionou con “voces ruíns nin encrequenadas” senón que mesmo “houbo comedidas palabras de alento” e as disensións non se produciron airadamente, co cal, conclúe, “o mundo da literatura galega evitou o conflito interno e superou a proba do Nobel”.



_____, “Poesía con futuro”, *El Correo Gallego*, “Recanto do cataventos”,
26 xaneiro 1997, p. 3.

Dá conta de dous actos celebrados na mesma semana en Compostela, relacionados coa poesía: a presentación “dunha entrega multimedia que inclúe un libro titulado *Nadir* (1996) con texto de Manuel M. Romón e ilustracións de Alberto de Sousa, e un CD que leva por título *Bonus Track*” e a presentación da colección de poesía “Ablativo Absoluto”. Valora o interese destes actos e cita as obras desta nova colección *O asasino estrábico*, de Anxo Quintela, *Poemas da cidade oculta*, de Estevo Creus, *Nínive*, de Chus Pato e *Traballo de campo*, de Seamus Heaney. Remata preguntándose “¿el será un síntoma de que a poesía ten posibilidades de volver a coller o interese público que tivo en tempos pasados?”, e reflexionando sobre se os novos soportes literarios conseguirán achega-la xuventude á poesía.



_____, “Tacholas”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”, 2 febreiro 1997,
p. 3.

Analiza o libro titulado *Fernando Iglesias ‘Tacholas’, un actor auriense na Galicia ideal* (1996), de Luís Pérez, e comeza por eloxia-lo labor deste autor, xa demostrado en traballos anteriores. Comenta o prólogo de Ricardo Palmás que abre o libro e a seguir ofrece algúns datos, presentes na obra, referidos á vida de Tacholas, “dende a súa infancia e primeira xuventude en Ourense” ata a súa morte en Buenos Aires, incluíndo tamén información sobre a súa actividade profesional desenvolvida no cinema, teatro e televisión arxentinos. Remata afirmando que o libro conta cunha “serie riquísima de testemuños gráficos e algúns escritos inéditos de Tacholas que son tamén de gran valor para amosarnos outras facetas da súa personalidade”.



_____, “Galego en Perugia”, *O Correo Galego*, “Recanto do cataventos”,
23 febreiro 1997”, p. 3.

Comeza destacando que é en Italia onde se atopan os mellores especialistas na lírica galego-portuguesa medieval, o que se explica porque alí foron encontrados os Cancioneiros. Salienta “outros achegamentos á nosa cultura que se está a producir por aquelas latitudes”, centrándose na cidade de Perugia, na que existe un centro dedicado a estudos composteláns e outro a estudos galegos. A seguir pon algúns exemplos do labor desenvolvido nesta institucións, como traducións, estudos e a publicación dunha revista, e afirma que aumenta “o elenco de estudiosos internacionais que se achegan a nós con simpatía e ánimo científico”.



_____, “Literatura: todo a cen”, *El Correo Gallego*, 5 maio 1997, p. 3.

Reflexiona sobre os perigos ós que está sometida a literatura actual. Na súa opinión, o proceso de creación literaria vese ameazado polo mercantilismo que leva a boa parte das editoriais a apostar por produtos que lle garantan un beneficio seguro. Tamén inclúe entre os perigos o clientelismo, o amiguismo na crítica e a manipulación da imaxe pública. Non atopa “culpables á vista” nesta situación, máis ben estratexias mercantís ben organizadas. Finalmente, afirma que camiñamos cara a obras con deseños e encadernacións “primorosas”, pero baleiras de contido literario destacable.



_____, “Consellos na semana das Letras”, *El Correo Gallego*, 12 maio 1997,
p. 3.

Aproveita a Semana das Letras Galegas para recomendar ós seus lectores que presten atención ós pensamentos aforísticos sobre a actividade de escribir xa que, na súa opinión, moitos deles serven “para tratar de nos exercitar un pouquiño na humildade ben entendida, esa grande ausente do mundo da literatura”. Recolle algúns destes aforismos e menciona algúns pensamentos de autores da antigüidade greco-latina que seguen a ter vixencia na actualidade.



_____, “A guerra privada de Alonso Montero”, *El Correo Gallego*, 5 xuño 1997,
p. 2.

Como director da sección de literatura do Centro de Investigación Ramón Piñeiro, cualifica de “falsidade” as “afirmacións” proferidas por Xesús Alonso Montero e afirma que non lle foi presentado ningún proxecto de investigación sobre a literatura da guerra civil española da zona republicana e do exilio. Expón que isto estaría en contradicción con el por ter dirixido Teses sobre esa época e “non precisamente do bando “Nacional” e sinala que o Centro vai publicar unha edición facsimilar da revista republicana *Repso!*. Considera finalmente que Alonso Montero é vítima dunha “(des)información envenenada”, e que non “filtrou” por lle prestar armas para seguila súa “guerra privada” contra o Ramón Piñeiro.



_____, “A literatura no ‘Ramón Piñeiro’”, *El Correo Gallego*, 9 xuño 1997, p. 3.

Desexa aclarar “algúns extremos” que non puido “matizar” no seu escrito do 5-VI-97, sobre todo tendo á man a resposta de Alonso Montero (7-VI-97). Sinala que non sabe cal é a ideoloxía da Xunta en materia literaria, pero que sabe moi ben cal é a súa: “non discriminar nada literario”, independentemente da súa ideoloxía. Comenta que mentres que a sección de literatura do Centro Ramón Piñeiro estea baixo a súa responsabilidade, seguirá investigando o que lle pareza de interese xeral e non tan só o que Alonso Montero considere importante. Afirmar finalmente que aínda que a literatura da guerra civil e do exilio sexa considerada por Alonso Montero como “non mínima e en moitos casos moi valiosa”, ten as súas dúbidas.



_____, “Literatura e maldade”, *El Correo Gallego*, 17 novembro 1997, p. 3.

A lectura dun artigo no que se afirma que non se pode quedar indiferente, ó ler unha obra, á persoa que a escribiu ou ás circunstancias nas que o fixo, leva ó articulista a ampliala idea afirmando que tampouco é conveniente a postura contraria, é dicir, elevar a alguén á categoría de escritor polos seus “comportamentos pasados e presentes” sen ter en conta os valores literarios que a obra pode encerrar. A seguir fala da “tendencia a mirar con bos ollos os textos dos amigos” e viceversa, poñendo algún exemplo. Remata comentando o cambio que fixo o crítico Sainte-Beuve na súa valoración da obra *Paul et Virginie*, de Bernardin de Saint-Pierre, que previamente eloxiara, cando soubo que “era unha persoa moralmente depravada”.



Toro, Suso de, “Blanco Amor, precisamente”, *La Voz de Galicia*, 8 outubro 1997, p. 91.

Alude a un artigo publicado por Silvia Gaspar no que loa toda a traxectoria literaria do escritor e compara a súa última novela Premio Blanco Amor, *Calzados Lola*, coa obra de Marcial Lafuente Estefanía. O articulista afirma que lle parece excesiva a comparación e intenta “respaldar tamaños xuízos” precisando, dun xeito irónico, os autores e as obras que, dalgunha maneira, influíron nas súas obras: “*Polaroid* está marcado polo influxo de *Vida conyugal sana* do Dr. López Ibor; *Tic-tac* escribino baixo a influencia de *Roberto Alcázar y Pedrín* e *Mortadelo*; *Land Rover* influído por Corín Tellado e *Rin-tin-tin*; *Parado na tormenta* é un plaxio de *El libro gordo de Petete*. Outras influencias son Raphael e Antonio Ozores”.



_____, “Os homes duros non len literatura”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, ano I, nº 1, 18 novembro 1997, p. 3.

Nesta reflexión parte da afirmación de que quen le literatura son as mulleres. Comenta que os escritores e editores o saben e por iso escriben maioritariamente pensando nun público feminino. Di que elas son as que se distraen lendo, os homes non teñen tempo, prefiren pensar nos negocios e adquirir máis e máis poder.



_____, “Xente na institución e na rúa”, *La Voz de Galicia*, 2 decembro 1997,
p. 67.

Comenta o seu modelo de escritor no que non hai máis lugar que para o libro, os lectores e para a crítica, na medida na que lle sexa de utilidade a estes, desterrando o lugar da Academia. Considera que a Academia da Lingua Galega, xa que existe, debe facer todo o que poida para que os poderes políticos e a sociedade aposten pola normalidade do noso idioma. Achega ademais certas ideas para un mellor funcionamento desta institución e felicita a súa nova presidencia e dirección.



Torres Queiruga, Andrés, “A Real Academia Galega e o futuro da lingua”,
La Voz de Galicia, “O retiro dun erudito”, 22 maio 1997, p. 77.

Analiza, á volta dos noventa e un anos da súa fundación, o futuro da Real Academia Galega e, como consecuencia, da lingua galega. Inicia o artigo cunha alusión á orixe da institución na emigración e detense no comentario do labor levado a cabo polo seu primeiro presidente, Manuel Murguía. A continuación fai un breve percorrido pola súa traxectoria ata chegar ós anos nos que estivo presidida por Domingo García-Sabell. Remata o artigo cunha alusión ó estudio que está a realizar na actualidade no eido da normalización e normativización da lingua galega.



Tosar, Luís G., “Un ‘Consello’ agardado”, *Galicia en el mundo*, nº 198, 14-20 xaneiro 1997, p. 3.

Ante a convocatoria para o mes de setembro do “Vº Consello das Comunidades Galegas” o autor trata a orixe dos Congresos da Emigración situándoa no celebrado en Santiago de Compostela en 1909. Cita tamén as “Xornadas Migratorias” e as “Asembleas da Federación Mundial de Sociedades Galegas” pero di que o que maior repercusión tivo foi o “Primeiro Congreso da Emigración Galega” celebrado en Buenos Aires do 24 de ó 30 de xullo de 1956 e conmemorativo do Banquete de Conxo. Cita así unha nómina de homes que estaban alí presentes e entre os que se encontraban Eduardo Blanco-Amor, Antón Alonso Ríos, Ramón Suárez Picallo ou Lois Tobío. A continuación fai referencia á oportunidade que terán de participar no Consello das Comunidades Galegas en Ourense tódolos que teñan demostrado un compromiso e unha participación seria “nese mundo común que chamamos galeguidade”.



_____, “Galeguidade cultural”, *Galicia en el Mundo*, “Estación Marítima”, nº 290, 28 xaneiro-3 febreiro 1997, p. 3.

A raíz dun artigo publicado por María Xesús Lama en *Quimera* céntrase na relación entre asociacionismo galego en América e defensa da cultura propia. Segundo Luís G. Tosar a autora do artigo cae “nunha magnificación excesiva, un relatorio pormenorizado, pero que pese a súa boa base documental mestura exilio con emigración, mito con realidade”. Cre que non debe confundirse o apoio brindado polo asociacionismo galego en América coas relacións entre os intelectuais galegos e os numerosos centros e asociacións de emigrados e sinala que na case totalidade dos escritores galegos que viviron en América detéctase un sentimento de frustración “pola dura realidade e pola escasa resposta da masa emigrada”. Comenta que houbo “mecenas concienciados” que merecen a consideración de pertencer ós “bos e xenerosos” como Manuel Puente, Xesús Canabal e Ramiro Isla Couto. Salienta a actividade de animadores culturais como Rodolfo Prada, Daniel Calzado, Luis Florencio Delgado Gurriarán e Luis Soto.



_____, “A maxia do verán”, *Galicia en el Mundo*, nº 231, 2-8 setembro, p. 3.

A estancia en Compostela durante o mes de agosto sévelle ó articulista para evoca-la figura de Ramón Otero Pedrayo e a súa vinculación a Trasalba.



_____, “De onde ven a Galeguidade”, *Galicia en el Mundo*, “Estación Marítima”, nº 221, 24-30 xuño 1997, p. 3.

Sinala primeiramente que o termo “Galeguidade” naceu parello ó de “Galeguismo” e, xa que logo, calquera interpretación de galeguidade debe ir parella ás etapas do provincialismo, federalismo, rexionalismo, Solidariedade Galega e nacionalismo. Comenta que será a partir de de 1916 cando a galeguidade comece a entenderse como unha extensión da Galicia territorial nas comunidades da emigración e di que o concepto nace como “consecuencia directa da gran masa emigrada”. Tras matizar que os galeguistas no exilio actúan individualmente ou en grupos reducidos, explica que entre os activistas anteriores á Guerra Civil uns foron intelectuais emigrados e outros emigrantes autodidactas pero ningún pertenceu á categoría de “directivo” dos diversos centros, polo que resulta ridículo dicir que “a galeguidade naceu e medrou nos pequenos e grandes centro benéfico-mutuais”.



_____, “Letras de fóra”, *Galicia en el Mundo*, “Estación Marítima”, nº 216, 20-26 xuño 1997, p. 3.

Comenta a necesidade de achega-lo labor dos escritores galegos ás diversas colectividades espalladas polo mundo. A continuación refírese ó PEN Clube de Galicia, nomea os compoñentes da directiva desta institución e alude á existencia do grupo dende 1988 cando Úrsula Heinze e o propio articulista representaron ós daquela vinteseite membros no Congreso Mundial celebrado en Maastrich. Refírese ademais á celebración do 60º Congreso Mundial do PEN que tivo lugar en Compostela en 1993. Conclúe cunhas palabras nas que Fole apuntaba como “fazaña do máis grande dos escritores galegos” a de “cambear o noso ‘clima’ moral”.



Valcárcel, Marcos, “Guía de efemérides culturais”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 10 xaneiro 1997, p. 3.

Cita unha serie de efemérides a celebrar en 1997. Así, refírese ó cincuentenario de *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño; o centenario do nacemento de Eduardo Blanco Amor e o 75 aniversario de Lauro Olmo, Tomás Barros, Luz Pozo Garza ou o manifesto *Máis alá*. Conclúe lembrando que se cumpren tamén os 25 anos da publicación de *Antoloxía popular*, de Heriberto Bens, da antoloxía de Basilio Losada *Poetas galegos contemporáneos* e de senllas escolmas de poesía de Manuel María e Celso Emilio.



_____, “Un verso para adurmiñar as treboadas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 17 xaneiro 1997, p. 3.

Con motivo do falecemento de Moraima, a muller de Celso Emilio Ferreiro, destaca a súa pegada na poesía do poeta de Celanova e salienta o papel doutras mulleres de escritores galegos que foron as encargadas de gardar “o lume sagrado da lembranza”, como, por exemplo Maruxa Fernández de Luís Seoane e Carme Muñoz de Dieste.



_____, “Tres libros sobre a Galicia popular”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 31 xaneiro 1997, p. 3.

O articulista comenta tres libros que “falan da cultura da Galicia popular, da xente popular e da cultura como patrimonio de todo un pobo” e reflexiona acerca do feito de que ata tempos recentes toda a nosa cultura era popular. Comeza analizando o libro de Luís Pérez, *Fernando Iglesias ‘Tacholas’, actor auriense na Galicia ideal* (1996), e continúa con *A muller tradicional* (1996), de Ricardo Polín. Remata referíndose á obra *O sexo na poesía popular* (1995), de Xosé Ramón Mariño Ferro, destacando a súa subversión “en tempos de linguaxe politicamente correcta”.



_____, “Castelao humorista”, *O Correo galego*, “Pé das Burgas”, 21 febreiro 1997, p. 3.

A propósito da publicación de *Castelao humorista* (1996), de Siro López, sitúa a figura de Castelao “entre os nosos clásicos indiscutibles”. Sobre os contidos do libro destaca o estudio do humorismo literario e gráfico e indica que Siro López xa fixera interesantes traballos sobre o autor rianxeiro e agora “reelabóraos, de vagar, coa elegancia intelectual do que escribe sobre un tema no que lle vai a un tempo a paixón e o coñecemento”. Valora tamén a presenza das influencias e da traxectoria de Castelao no eido do humor gráfico, a “identificación da súa cosmovisión persoal co pobo e coas artes populares” e as relacións entre a técnica do humorismo literario de Castelao e a súa concepción da caricatura. Remata falando da interpretación da historia e da sociedade que se pode tirar de *Cousas da vida* e do *Álbum Nós*, e afirmando que “era este un libro necesario”.



_____, “Antón Tovar e a voz dos poetas”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
21 marzo 1997, p. 3.

Semblanza de Antón Tovar a modo de homenaxe con motivo do seu nomeamento por parte da Real Academia Galega como académico de honra, recoñecemento que o autor cualifica de tardío pero “xusto e necesario”. A continuación reflexiona acerca da palabra poética e do “misterioso segredo” que invoca, para rematar celebrando as voces poéticas dos máis novos e agradecéndolles a distintos escritores as súas obras.



_____, “A volta de Antón Risco, intelectual emigrado”, *La Voz de Galicia*,
“Edición de Ourense”, “A Solaina”, 23 maio 1997, p. 50.

Ofrece unhas notas sobre Antón Risco, no momento do seu regreso a Galicia tras unha longa emigración. Comenta algunha anécdota persoal, como cando o escoitou nunha conferencia nos 60 en Ourense, cidade á que traía dende Toulouse *Mundo Obrero*, clandestino naquela altura. Tamén fala da súa obra literaria, tanto da de creación en diferentes linguas, coma dos estudos literarios en xeral, e da literatura fantástica en particular.



_____, “Don Antón Risco, a volta dun emigrante”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 23 maio 1997, p. 3.

Recorda unha homenaxe que se lle fixo a Vicente Risco a comezos de novembro do 1961 e afirma que hoxe, trinta e seis anos despois, é o seu fillo Antón Risco o homenaxeado na mesma cidade de Ourense. Comenta que no acto participarán Carlos Casares, Arturo Lezcano e Ramiro Fonte, entre outros. Para rematar, ofrece un breve percorrido pola vida e a obra do escritor homenaxeado.



_____, “Xa somos A Coruña e Ourense”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
6 xuño 1997, p. 3.

Con motivo da aprobación no Congreso dos Deputados dos topónimos Ourense e A Coruña, o articulista ten palabras de lembranza para Gonzalo Navaza, “o home que máis sabe sobre a toponimia ourensá”. Refírese á faceta literaria de Gonzalo Navaza dicindo que é “un dos nosos máis intelixentes e divertidos escritores” por *Erros e Tánatos* (1996) e os seus palíndromos de *A torre da derrotA*. Destaca tamén o seu papel de pioneiro da “rede de redes” coa posta en marcha da páxina web “E ti o navío na noiva noite” onde pode atoparse o panteón de lalinenses ilustres, un adianto do *Diccionario ortopédico da lingua galega*, de Fernando Camaselle e o conto “O amigo Edelmiro” de *Erros e Tánatos* que anda xa pola terceira edición.



_____, “Mocidade e galeguismo”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 4 xullo 1997, p. 3.

Destaca o dinamismo que tiñan as organizacións xuvenís dos partidos na Segunda República e céntrase na Federación de Mocidades Galeguistas que logo se rebautizaría co nome de Mocidades Nazonalistas. Apunta, sen embargo, a incapacidade de consolidar un grupo feminino e explica que as Mocidades Galeguistas contaron cunhas páxinas en *A Nosa Terra* baixo a cabeceira “Guieiro” que logo se converteu en revista autónoma e que agora publica o Consello da Xuventude de Galicia en edición facsimilar. Refírese ó forte acento ourensán do grupo pois viu a luz en Ourense e chegou a ter como director a Celso Emilio Ferreiro. Conta tamén cómo foi secuestrada a revista e cómo os traballos de interese literario eran máis escasos cós de temática histórica. Salienta as colaboracións de Otero Pedrayo, Risco, Cuevillas, Iglesia Alvaríño, Fernández del Riego e Illa Couto.



_____, “Un galeguista nada convencional”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
5 setembro 1997, p. 3.

Comenta a súa participación nun acto de homenaxe a Alexandre Bóveda en Corcubión, organizado polo concello e o Batallón Literario da Costa da Morte o pasado 17 de agosto. Informa da presentación do libro de Xulio Ríos Paredes, *Plácido Castro*, editado por Ir Indo e salienta a calidade intelectual de Plácido Castro, traductor de textos ingleses ó galego e secretario de relacións internacionais do Partido Galeguista.



_____, “O fillo da florista cumpre cen anos”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 19 setembro 1997, p. 3.

Breve lembranza do escritor ourensán Eduardo Blanco Amor con motivo da celebración do centenario do seu nacemento. Faise un breve percorrido biobibliográfico do autor e destácase o escaso recoñecemento do seu labor literario mentres viviu.



_____, “Retratos literarios da xustiza”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”,
7 novembro 1997, p. 3.

Comenta as Xornadas sobre a lingua galega celebradas na Facultade de Dereito no campus ourensán, nas que participaron, entre outros, Xesús Ferro Ruibal, Agustín Fernández Paz e Xaquín Monteagudo. Destaca a intervención de Ferro Ruibal sobre a fraseoloxía do galego que ten como punto de mira da súa sátira a xuíces, notarios, avogados, escribáns, etc. Valcárcel cita a algúns escritores que utilizaron as opinións populares sobre estes personaxes como Don Dinís, Estevan da Guarda, Rosalía, Lamas Carvajal, Gonzalo López Abente ou Blanco Amor en *A esmorga*.



_____, “Un roteiro con Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, 7 decembro 1997,
p. 80.

Alude á estrea en Ourense do primeiro roteiro literario dunha cidade galega feito no ano da celebración do centenario do nacemento de Blanco Amor, logo da presentación dun proxecto polo Clube Cultural Alexandre Bóveda. Comenta que se trata de oito pezas en cerámica, con debuxos e textos alusivos ás escenas e ós lugares nos que vai transcorrendo a acción de *A esmorga* e que nel participarán ademais dun grupo de ourensáns no percorrido, os compoñentes do grupo Dolmen que lerán en cada “paso” un pequeno anaco da novela.



_____, “Os carteis de cego de Isaac Díaz Pardo”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 19 decembro 1997, p. 3.

Refírese á inauguración dunha mostra sobre os Carteis de Cego e a súa orixe, reunidos por Guillermo Escrigas e Isaac Díaz Pardo, coa que se dá a coñecer un xénero das artes e da literatura pouco estudiado. Achega certos datos sobre a figura de Díaz Pardo, do que destaca o seu labor por difundir ou fornece-la obra doutros escritores e artistas. Comenta a elaboración de “carteis de cego” por varios autores e alude finalmente á mestría narrativa de Díaz Pardo e ó moito que lle debe a literatura culta ós direrentes xéneros da literatura oral.



Vara, Alfredo, “Unha nova etapa”, *La Voz de Galicia*, 30 novembro 1997, p. 17.

Reflexión sobre a etapa que acaba de iniciar a Real Academia Galega despois da elección de Francisco Fernández del Riego como novo presidente. Segundo o articulista, Del Riego “aporta unha personalidade que segue mantendo á presidencia da institución no nivel excepcional de que viña disfrutando na longa etapa de Domingo García-Sabell e, ó mesmo tempo, promete un futuro de traballo tan serio como sólido ás portas do século XXI”. A continuación, reproduce algúns comentarios de Fernández del Riego pronunciados cando García-Sabell presentou a súa dimisión como presidente da citada institución. Naquel momento, afirmaba que a Academia “non pode realizar cousas sen medios”.



Vázquez, Dora, “Dous libros para o pasado de Galicia”, *O Correo Galego*,
“Ronseis”, 6 xaneiro 1997, p. 3.

Lembra a chegada de Gerardo Diego a Compostela no ano 1929. Sinala que o mesmo día da súa chegada o poeta escribiu o soneto “Ante as torres de Compostela”, incluído no libro *Alondra de verdad* e tamén en *Ángeles de Compostela*, volumes que, na súa opinión, comparten “o mesmo clasicismo e a mística emoción poética”. Conclúe referíndose á edición de *Ángeles de Compostela* publicada pola Xunta de Galicia e loa esta iniciativa porque “permite volver sobre aquelas lecturas fermosas” e comprobar “cómo aqueles que sen seren galegos amaron Galicia”.



_____, “Lembrando a Pondal, poeta singular e home superior”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 9 xaneiro 1997, p. 4.

Destácanse distintos aspectos da personalidade e do labor literario de Eduardo Pondal: a súa beleza física, o seu forte amor á terra e á paisaxe, o gran coñecemento das linguas clásicas e da historia dos pobos antigos e a súa sensibilidade á hora de cantar ás dores dos fillos galegos oprimidos ou emigrados.



_____, “As irmáns Bronté de Ourense”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 15 xaneiro 1997, p. 4.

Comeza sinalando un erro porque lle atribuíron a ela un artigo de Pura Vázquez. Aclara que a sección de Pura no xornal é “Verbas na edra do vento” e a súa “Ronseis”, palabra que define e atopa axeitada para o seu labor xornalístico. Continúa falando sobre o seu lugar de nacemento e sobre Eduardo Pondal, referíndose finalmente á mención que Carmen Blanco fixo delas na revista *Unión Libre*, na que as consideraba “unhas nosas irmás Bronté de Ourense”, comparación que agradece.



_____, “O gueiteiro de Curros Enríquez, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 23 xaneiro 1997, p. 3.

Comenta o poema que Manuel Curros Enríquez lle dedicou ó gaiteiro de Penalta, elaborando un retrato desta figura “sen a que non podía existir noutros tempos un festexo ou unha soada romaría”, e que exemplifica con numerosos fragmentos do poema de Curros.



_____, “De ‘Longa Noite de pedra”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 30 xaneiro 1997, p. 4.

Con motivo do falecemento de Moraima, esposa de Celso Emilio Ferreiro, Dora Vázquez ofrécenos unha lembranza do poeta de Celanova e da súa obra *Longa noite de pedra* que considera moi significativa na historia da nosa literatura. Fai breves comentarios acerca do seu contido.



_____, “Un cachiño de historia”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 8 febreiro 1997,
p. 4.

Lembra un artigo publicado en *La Noche* o 6 de outubro de 1961 no que se daba conta da visita que varios escritores e artistas lle fixeran a Pura Vázquez antes da súa segunda viaxe a Caracas. Sinala que naquela ocasión estiveron presentes, entre outros, Trabazo, Virgilio, Baltar e Antón Risco e que Pura leu algúns dos seus poemas. Lembra tamén que ela non puido estar presente nesta despedida e por este motivo naceu o seu poemario *Irmá*.



_____, “Campaíñas timbradoiras”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 2 marzo 1997,
p. 3.

Analiza a importancia do motivo das campás na poesía galega, destacando a súa presenza fundamental na obra de Rosalía de Castro, que utilizou o son das campás de Bastavales “para expresa-la súa nostalxia e soidade”.



_____, “Rosalía e a sombra”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 23 marzo 1997, p. 4.

Análise da composición de Rosalía “Negra sombra”, da que se di que reflicte o seu triste estado de ánimo á hora de escribilo. Coméntase que se trata dun canto que se fai universal coa súa música, do que parece fluír “pranto, ou doce morte de algo”, producido por esa “cousa inmaterial e pesada” que perseguía á creadora, a sombra.



_____, “A sombra na poesía de Pura Vázquez”, *O Correo Galego*, “Ronseis”,
30 marzo 1997, p. 3.

Comenta aspectos dos motivos e do estilo dos *Trece poemas a mi sombra*, de Pura Vázquez, sinalando que neles a autora se desdobra metafisicamente entre ela e a súa sombra e establece un diálogo con esta por medio de versos apaixonados, sonoros e de ardente sinceridade.



_____, “A semente do escritor”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 21 xuño 1997,
p. 4.

Manifesta que os escritores poden contribuír, coa súa escrita, á solución de problemas sociais “do mundo ou do seu pobo”, tanto en forma de prosa, verso ou mesmo do artigo xornalístico. Cre que o escritor debe escoller entre o fermoso e o útil, se ben estes dous aspectos “deberían camiñar sempre xuntos”. Remata dicindo que, sexa o fermoso ou o de utilidade o que o escritor escolla, o que este escribe “verifica sempre unha sementeira”, da cal o lector ten que extrae-los seus froitos.



_____, “¡Quen soubera escribir!”, *O Correo Galego*, “Ronseis”, 10 agosto 1997,
p. 4.

Reflexión sobre a importancia que merece o invento da escritura e o que significa escribir: facelo con beleza, atractiva e cultamente.



_____, “En prosa” de Manuel Murguía”, *O Correo Galego*, “Ronseis”,
19 novembro 1997, p. 3.

Ofrece unha breve semblaza de Manuel Murguía, deténdose no comentario do seu libro *En prosa*. Opina que se trata dun “poemario sen versos, pero envorcando poesía chea de lirismo ó longo dos textos”, onde reflicte o seu sentir patriótico por Galicia. Refírese ademais a outras das súas publicacións onde aparecen “prosas líricas”.



Vázquez, Pura, “Tipógrafo, coma Whitman”, *O Correo Galego*, “A poesía da luz”, 2 xaneiro 1997, p. 4.

Lembranza do poeta ourensán Valentín Lamas Carvajal a quen Pura Vázquez cualifica de “poeta rexo e formidable”. Refírese á súa obra literaria, dominada pola sátira ós caciques e a exaltación dos labregos e a beleza rural. Ademais, achega datos biográficos sinalando que naceu en Ourense, na rúa de Lepanto e casou con Rosina Sánchez. Destaca que, ó longo da súa vida, sufriu a incompreensión dos seus e situacións de envexa e persecución.



_____, “Pimentel, autor de ‘Barco sen luces’”, *O Correo Galego*, “Verbas na hedra do vento”, 29 xaneiro 1997, p. 3.

Destaca a importancia do libro de Luís Pimentel *Barco sen luces* polo valor que o libro ten en si e tamén polo feito de que vai prologado por Dámaso Alonso. Comenta o seu contido e di que está impregnado de experiencias persoais e profesionais.



_____, “Os poemas galegos de Lorca”, *O Correo Galego*, “Verbas na hedra do vento”, 26 febreiro 1997, p. 3.

Refírese ós poetas alófonos, caso dos cataláns Tomás Garcés, Carles Riba e Joan Perucho e sobre todo destaca o feito de que escribise na nosa lingua Federico García Lorca a quen dedica a maior parte do artigo. Así pois céntrase no comentario dos seus poemas galegos, imaxina posibles claves de inspiración do poeta granadino, e finalmente considera que están no cumio da súa creación poética o que, segundo cre, é un motivo de orgullo para a lingua galega.



_____, “Decídelle ao vento que me agarde”, *O Correo Galego*, “Verbas na hedra do vento”, 19 marzo 1997, p. 3.

Encomia a *Gramática do silencio* (1996) e ó seu autor, Eusebio Lorenzo Baleirón dicindo que foi un poeta prematuramente perdido para as nosas letras. Agóiralle á obra un éxito duradeiro pola súa excepcional calidade lírica.



_____, “Cando ir só era un soño intanxible”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 11 maio 1997, p. 3.

Expresa a súa admiración polo grupo poético Dolmen e o seu labor creativo que “é marabilla de bo gusto e arte nas súas literarias manifestacións plenas de ben facer e de gran sentido do que é poesía”. Refírese ás dúas publicacións colectivas nas que se recolle unha mostra da obra deste grupo, *Sete poetas ourensáns* (1992) e *Poesía dos Alems* (1993). Salienta ademais a relevancia do Premio de Poesía Cidade de Ourense e de seguido comenta a obra dun dos poetas do grupo Dolmen, Edelmiro Vázquez Naval. Sinala que o seu último poemario, *O rito do regreso* (1996) está dominado polo tema da infancia do autor e que nel latexa a súa “íntima e persoal poesía, afervorada de paixón e ritos crepusculares”. Detense brevemente no poema que pecha o libro e nas “íntimas preguntas” que propón o poeta.



_____, “Rosalía, unha poeta universal”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 28 maio 1997, p. 3.

Homenaxe a Rosalía de Castro a quen Pura Vázquez considera a precursora da literatura galega. Salienta o “sentido vital e profundo” que subxace na súa obra, o protagonismo dos labregos e doutras xentes humildes e a presenza totalizadora de Galicia. Sitúaa ó lado doutras dúas mulleres sobranceiras do seu tempo, Emilia Pardo Bazán e Concepción Arenal, e destaca o lirismo, a fondura e a engranaxe de poesía e vida na súa obra. Conclúe afirmando que o amor de Rosalía era “sanguento e case doloroso ós seus paisanos gallegos, ó galego da terra e do suco, ó emigrante, ó desgraciado” e que para eles “escribía e falaba”.



_____, “Vento Mareiro’, un libro ben ilustrado”, *O Correo Galego*, “Verbas na hedra do vento”, 11 xuño 1997, p. 3.

Refírese a edicións antigas de libros de Verlaine, Rimbaud, Unamuno e Rubén Darío que ela posúe así como a unha edición de 1921 de *Vento Mareiro*, de Ramón Cabanillas, con portada de Castelao e ilustracións de Cebreiro. Por este libro, que emprestou e non lle foi devolto, manifesta que sente gran cariño, pola amizade co autor que lle dera o “título” de “neta de Rosalía”.



_____, “O estímulo das sorpresas”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 25 xuño 1997, p. 3.

Describe toda unha serie de acontecementos que lle sucederon nun día “estimulante” e entre os que se atopaba a recepción na súa casa do libro de Miguel González Garcés *Arredor do mar* e o caderno *10 poetas galegos*, que describe sinalando a particularidade de que cada poema dos contemporáneos vai acompañado por un pé de verso doutros poetas.



_____, “Gran poeta do mar”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”,
20 agosto 1997, p. 3.

Analiza as características da poesía de Manuel Antonio centrándose na relación da obra do rianxeiro co mar. Para a autora do artigo, a vida do poeta corre parella á súa obra, tanto en brevidade como en intensidade. Cualifica a poesía do autor de *De catro a catro* de “núa, estricada, nada na mesma raíz íntima do seu ser”. Describe o mar manuelantoniano, caracterizándoo pola súa virilidade, turbulencia e profundidade, e o seu carácter “masculino”. Finalmente, comenta a relación que segue vencellando a Manuel Antonio co mar despois da morte.



_____, “Versos nos diarios”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”,
27 agosto 1997, p. 3.

Establece unha comparación entre a prensa americana e a galega en canto á presenza da literatura nos xornais, tanto creación coma crítica. Comenta a dedicación á poesía de periódicos e revistas como: *Alberdi*, de Arxentina, *Boreal*, de Canadá, *Universal e Nacional*, de Venezuela, *O Sol do Norte*, de México e *A Nación*, de Ecuador. Valora positivamente este mecenado por facilita-lo coñecemento de poetas que, doutro xeito, pasarían inadvertidos. No noso país, refírese a *A Zarpa*, *La Noche* e *La Región*, e máis recentemente *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego* e *O Correo Galego*. Opina que o interese actual que merece para os estudiosos todo o referido a Galicia aséntase nese “onte periodístico e poético”.



_____, “Libros a rodearme”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”,
8 agosto 1997, p. 3.

Lembra os libros da Editorial Galaxia, que dentro da colección Salnés ía sacando firmas e volumes de “fermosa poesía”. Di que adoitaba levar con ela estes libros cos que se “consolaba” cando estaba lonxe de Galicia. Destaca o de Ánxel Sevillano, *As dornas da preguiza*, do que presenta unha análise formal e temática, sinalando que hoxe lle trae un “alento forte de cousas noutro tempo coñecidas e amadas”.



_____, “Os namorados da terra nosa”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 5 novembro 1997, p. 3.

Refírese ó escritor arxentino xa falecido Víctor Luis Molinari e centra a súa lembranza no seu enorme amor a Galicia que artellou gran parte da súa obra. Entre os seus títulos, Pura Vázquez nomea *Itinerario galego*, publicado en edición bilingüe e traducido ó galego por Xosé Neira Vilas; e *Latitude Finisterre*, onde comenta que Molinari reflexionou como un “verdadeiro fillo” de Galicia sobre os seus problemas económicos e sobre a emigración. Conclúe declarando a súa admiración por este escritor.



_____, “Mulleres que escriben”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”,
19 novembro 1997, p. 3.

Ofrece un percorrido pola historia da literatura galega cun especial fincapé en muller na literatura, é dicir, na literatura feita por mulleres. Do século pasado, salienta as figuras de “Rosalía, Emilia e Concha. Así sen apelido. Garimosamente, coma cando se fala admirativa e garimosamente delas con amor e intimidade”. Do século XX cita os nomes de Carmen Conde, Carmen Bravo-Villasante, Carmen Kruckenberg, Carmen González Mas, Carmen Blanco, Dora Vázquez, Luz Pozo, M^a Xosé Queizán, Pilar Vázquez Cuesta, Xohana Torres, Ana Romaní e, máis tarde, Iolanda Castaño ou Olga Novo, entre outras.



_____, “Zapatos de cristal para o poético”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”, 26 novembro 1997, p. 3.

Logo de especular sobre certas excepcionais naturezas dalgúns seres, considera que dentro da escala da intelixencia brillante topamos uns seres que “sen ser excepcionais” posúen outras faces como portar delicadeza, inquedanza e receptividade a certas artes como a poesía. Diserta sobre a boa lírica e os bos poetas, afirmando que en Galicia hai poetas “magníficos”. Considera que para conseguila fama poética hai que ler moito e aprender moitas cousas sobre todo do idioma.



_____, “O tempo e as espadas”, *O Correo Galego*, “Verbas na edra do vento”,
10 decembro 1997, p. 3.

Manifesta o pouco que se sabe de Eduardo Blanco Amor, cando se cumpre o centenario do seu nacemento. Fai referencia ó seu labor como periodista xunto con outros ilustres galegos na América, ó mesmo tempo que ía escribindo e sacando do prelo os seus poemas e compuña as novelas que xa lle bailaban no maxín. Comenta a súa amizade con determinadas personalidades, destacando ademais a súa actitude contradictoria e celosa con algún dos seus amigos.



Vázquez Gayoso, Mirta, “Un corazón de biblioteca”, *El Correo Gallego*,
“Lembranza”, 28 outubro 1997, p. 59.

Con motivo do pasamento de Roberto Rodríguez, bibliotecario do Centro Gallego de Buenos Aires, Mirta Vázquez rememora a súa biografía a través das súas estadías en Ourense, Madrid e na capital arxentina.



Vázquez Gil, Lalo, “Lembrando a Don Xosé María Álvarez Blázquez”, *Atlántico Diario*, “Vigo hace 25 años”, 31 marzo 1997, p. 18.

Con motivo do once aniversario da morte de Álvarez Blázquez, lembra o rigor científico dos estudos deste autor sobre a historia da cidade de Vigo e salienta dúas características da súa personalidade: a amizade e o bo humor.



_____, “Día das Letras Galegas”, *Atlántico Diario*, “Vigo hace 25 años”, 17 maio 1997, p. 26.

Recrea cun estilo humorístico unha anécdota protagonizada no Día das Letras Galegas dedicado a Valentín Lamas Carvajal e refírese a un conto deste escritor, “O zapateiro de Cangas”, publicado ese ano nun xornal de Vigo.



_____, “Sobre el himno de Pondal”, *Atlántico Diario*, 8 outubro 1997, p. 22.

Comenta a letra do himno galego poñendo en cuestión se “ás novas xeracións lles di algo” e considerando a posibilidade de actualizala, xa que “dende que se escribiu o himno cambiou o sentir dos galegos”. Propón que se faga unha consulta ó pobo sobre este particular por crer que “un himno debe ter unha letra atemporal, unhas consignas válidas para sempre e ademais encerrar valores positivos”.



_____, “Juan Compañel”, *Atlántico Diario*, 17 novembro 1997, p. 13.

Céntrase na figura de Juan Compañel, o editor de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro, que aínda que era de Santiago estableceuse en Vigo cara a 1856. Fai un percorrido pola súa vida e as súas actividades salientando que ademais de editor e impresor, foi tamén xornalista nos xornais *La Oliva* e *El Miño*, e creou outros xornais cando marchou para Cuba. Finalmente, revela que Compañel era axente da compañía de seguros “La Urbana” de Vigo, que tiña gran prestixio na época.



Vázquez Lima, Eva, “Vigo nun “Amor de Tango”, *Atlántico Diario*, 19 febreiro 1997, p. 25.

A propósito da obra de María Xosé Queizán, *Amor de tango*, a articulista refírese á presenza de Vigo como símbolo das cidades progresistas e comenta tamén a forte caracterización da sociedade viguesa a través das clases sociais presentes na obra. Pon de relevo o carácter reivindicativo da obra e sinala que ben podería tratarse da propia vida e experiencia da autora.



Vázquez Pintor, Xosé, “O Poeta”, *La Voz de Galicia*, 9 marzo 1997, p. 10.

Felicita o Concello de Cangas do Morrazo por lembrarse de recoñecer-lo labor poético de Pepe Santos. Aproveita para citar outros poetas atlánticos como Mendinho, Castroviejo ou Bernardino Graña.



_____, “A toda vela”, *La Voz de Galicia*, “A pé de páxina”, 10 xullo 1997, p. 79.

O feito de non poder asistir ó II Encontro cos Poetas da Costa da Morte, celebrado en Corcubión, leva ó articulista a eloxia-lo seu labor indicando que estes antepoñen a vida ó “vello Instituto e a allea Universidade que informou e uniformou a tantos”. Fala dos seus libros, da súa ousadía e solidariedade ademais de mencionar outro colectivo poético de Arousa chamado “Sete Naos”.



Veiga, Manuel, “1936 e hoxe”, *A Nosa Terra*, nº 760, “Guieiro Cultural”, 9 xaneiro 1997, p. 26.

Reflexiona sobre as causas e as consecuencias do levantamento militar de 1936. Considera que se produciu para reprimi-los emerxentes nacionalismos que afloraban en todo o Estado. Pide non esquecer esa etapa da nosa historia para non volver repetila. No eido da literatura da guerra civil, cita as obras de Casares, Silvio Santiago e Ramón de Valenzuela como fontes fidedignas que amosan as dimensións da Guerra Civil.



_____, “Escritores galegos condeados ao limbo”, *A Nosa Terra*, nº 782, “Guieiro Cultural”, 12 xuño 1997, p. 27.

Denuncia o feito de que as obras escritas en galego, catalán e vasco só teñan recoñecemento na súa versión traducida e cre que os libros non escritos en castelán “ocupan, vistos desde fóra da súa comunidade, unha especie de limbo. Non son estranxeiros, pero tampouco parecen ser españois”. Reivindica algún “lugar conceptual” máis alá de termos como o de “escritores en linguas minoritarias”. Cre que se non se considera que os escritores en galego forman parte da literatura nacional española, tal vez porque cómpre falar dunha “literatura nacional galega, no marco administrativo do Estado español”.



_____, “Literatura: verdade de propia ou deseño mercantil”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 807, 4 novembro 1997, p. 27.

Considera que o escritor non se diferencia do xornalista polo uso da imaxinación, senón pola amplitude e riqueza polisémica da materia que tratou de expresar a través da súa obra. Diserta a continuación sobre o valor literario dunha novela e o modo de escribir dun bo narrador, afirmando que para mante-la calidade deben mostrar realismo e credibilidade. Remata facendo consideracións sobre certo tipo de novelas, sinalando que a novela de deseño é propia de clases medias, que prefire pensar que vive no mellor dos mundos antes que afondar na ruptura que sempre trae con ela a boa literatura.



_____, “A Real Académia da Saudade fai mudanza”, *A Nosa Terra*, nº 808, “Guieiro Cultural”, 11 decembro 1997, p. 27.

Comeza abordando a falta de prestixio, actividade e orzamentos da Real Academia Galega. Considera que “as prioridades xacobeas no caso de Sabell e os rolos macabeos e outros na etapa de Piñeiro (signados polo tránsito da tradición á modernidade)” impedíronlle á Academia facerse con fondos para manter en bo estado o legado depositado na institución. Refírese, así mesmo, ás supostas malas relacións dos anteriores presidentes cos máximos responsables autonómicos e ó carácter de protocolo e de oficialización da RAG. Trata seguidamente a redución do número de académicos de 40 a 25 membros como intento de revitalización hai dez anos e a interpretación que algúns fixeron desta medida “como atentado á pluralidade e contrario ao afán de facer máis activo o organismo”. No referente á chegada de Del Riego compara o talante de García-Sabell co do novo presidente e fala con ironía do sectarismo que deixa fóra da institución a unha serie de nomes que cita.



Vidal, Xoán C., “Compromiso”, *El Progreso*, “El sismógrafo”, 20 abril 1997, p. 31.

Comenta a distinción feita por Manuel Vázquez Montalbán entre “escritor artista” e “escritor intelectual”, máis comprometido coa función social da literatura. A continuación refírese á vocación de compromiso de Manuel Rivas xa que elaborou un manifesto de protesta contra o plan Sogama. Sinala que tanto Vázquez Montalbán coma o escritor coruñés demostran, ó igual que o fixera Valle-Inclán, Rosalía, Lorca e outros, que a literatura precisa da ideoloxía “para evitar ser alimento de esa montaña de basura que todos fabricamos día a día”.



Vidal Caramés, María Dolores Aurora, “Xoán Vidal Martínez, desde os vieiros da súa eternidade”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 783, 19 xuño 1997, p. 22.

Refírese en ton elexíaco á vida e obra do poeta Xoán Vidal Martínez, intercalando versos do poeta falecido. Sublíñase a súa bonhomía, a sinxeleza dos seus versos e recóllese unha cita de Xosé Filgueira Valverde na que se loa o seu talante humano.



Vidal Villaverde, Manuel, “O río da vida”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 6 Marzo 1997, p. 24.

Lembra en ton lírico a publicación do libro de Eusebio Lorenzo Baleirón *Gramática do silencio* (1996) e entrelaza versos desta obra cunha reflexión poética sobre a cidade de Vigo.



_____, “Preludio”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 11 marzo 1997, p. 26.

Relata cómo nunha mañá realizou unha “travesía”, que chegou ó seu fin ó declina-lo sol. Ó longo dela fai unha serie de reflexións e alude a certos aspectos de homes vencellados coa cultura como Anxo Angueira, Manuel Antonio ou Bernardino Graña.



_____, “Memorial de brancura”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 27 marzo 1997,
p. 22.

A publicación do poemario *Memorial de brancura* (1985), de M. A. Fernán-Vello orixina este percorrido polos diferentes significados que lle atribuíron importantes escritores ó termo “brancura”. Cita, entre outros, a Pablo Neruda, Miguel Hernández, José Ángel Valente, Pura Vázquez, Ramón Cabanillas, Avilés de Taramancos, Rosalía, Celso Emilio, Gonzalo Navaza, Álvaro Cunqueiro e Seamus Heaney.



_____, “Da intrascendencia”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 17 abril 1997,
p. 30.

Comentarios en ton lírico sobre política e cultura, nos que se intercalan versos do libro de Luz
Pozo Garza, *Vida Secreta de Rosalía* (1996) relacionados co mar.



_____, “Arredor dos amigos”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 24 abril 1997,
p. 26.

Rememora a “Revolución dos Caraveis”, coa súa ilusión e co seu desespero. Ó mesmo tempo saúda, dende esta columna, a amigos seus como Luz Pozo, Carlos L. Bernárdez e, na lembranza, ó poeta xa finado Eduardo Moreiras.



_____, “¿Noticias?”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 29 maio 1997, p. 26.

Vai desmiuzando poemas do último libro de Pura Vázquez, co fin de louva-la súa poética e homenaxea-la poetisa ourensá.



_____, “Manuel María”, *Atlántico Diario*, 30 maio 1997, p. 55.

Con motivo da homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle tributou a Manuel María, lembra algunhas das vivencias compartidas co poeta e coa súa muller Saleta, e cita algúns dos versos que máis o conmoveiron, nos que latexa a presenza da terra natal do escritor e “o seu xorne: cordial e xeneroso”.



_____, “Ensaio”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 27 maio 1997, p. 30.

Reflexiona sobre a situación da cultura e da sociedade galega actuais. Cita unha obra que está a ler titulada *Álvaro Cunqueiro: unha poética da recreación*, de Rexina Rodríguez Vega e compara a realidade cotiá que se pode observar cada día na rúa coa realidade que se debuxa nos contos e nos poemas.



_____, “Fe de libros e de amigos”, *Atlántico*, “De catro a catro”, 17 xuño 1997,
p. 26.

Agradece o envío de libros que lle fixo Alfonso Rivas, “sempre bo e xeneroso”, a quen retrata e de quen conta algún encontro. Comenta logo os devanditos libros, como *Terra queimada*, de Xesús Manuel Marcos; *Álvaro Cunqueiro: unha poética da recreación*, de Rexina Rodríguez Vega, que define como un “precioso ensaio”, e *Palavra e memória*, de José Alberte Corral Iglesias, poemario do que inclúe fragmentos de versos que vai comentando.



_____, “Agora”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 26 xuño 1997, p. 26.

Dá conta en ton lírico dunha xornada na que recibe unha “fermosa tarxeta de Manuel María” e se encontra con Estro Montaña, “con *As armas delicadas* recién saído do forno”. Fala tamén da obra *Código Morse*, de Xavier Alcalá, de *A valga do triste amor*, de Xosé Carlos Caneiro e de *Capital da dor*, de Paul Éluard. Reproduce fragmentos destas obras.



_____, “Lecturas de verán”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 21 agosto 1997,
p. 20.

Recomenda os seguintes libros para ler no verán: *Hong Kong, camiño de volta e China, a próxima superpotencia*, de Xulio Ríos; *Código Morse*, de Xavier Alcalá e *As armas delicadas*, de Estro Montaña. Destas dúas últimas fai un sucinto comentario argumental e inclúe un breve fragmento de cada unha.



_____, “Lecturas en setembro”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 9 setembro 1997, p. 26.

Fai as seguintes recomendacións de libros para o remate do verán: *Pintura e collage*, de Manuel Facal; *Habitante único*, de Álvarez Torneiro; *Humidosas*, de Emma Couceiro; *O inmóvil impaciente*, de François Davó; *Vas saboreando rúas desta Cidade Velha*, de José Devesa e *Teatro galego 1915-1931*, de Laura Tato Fontaíña. Solicita que se publique o teatro de Rodríguez Elías.



_____, “Verbo da lúa”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 18 setembro 1997, p. 26.

Recolle versos referentes á lúa da autoría de diferentes poetas entre os que se atopa un fragmento do poema de titulado “Guarda de 12 A 4”, de Manuel Antonio.



_____, “Luz autumnal”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 7 outubro 1997,
p. 24.

A visión dun día de chuvia evoca na memoria de Manuel Vidal Villaverde versos de Miguel Torga,
Luz Pozo Garza, Cunqueiro, Ferrín, Pondal, Chus Pato, Manuel Antonio e Pimentel.



_____, “Máis luz”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 9 outubro 1997, p. 26.

A lectura de *Sonata de otoño*, de Valle Inclán, en versión portuguesa, e *Sonetos á Casa de Hortas*, de Manuel María trae ó maxín do autor a Novoneyra, Neruda e Queizán.



_____, “En cálida hortensia”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 23 outubro 1997,
p. 26.

Cita algunhas das publicacións que saíron á luz a finais do no verán e a comezos do outono do 97. Comeza lembrando a Anxo Angueira “a voltas co valo”, unha nova entrega da revista *A Trabe de Ouro* (xullo-agosto-setembro) coas colaboracións de Ramón Máiz, Mark Poster, Noam Chomsky e Francisco Fernández Rei e o número 1 da revista *Microfisuras*, con portada de Menchu Lamas e textos de Novoneyra.



_____, “Galeusca 1997 (1)”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 30 outubro 1997,
p. 24. Repaso da presenza galega no congreso Galeusca, celebrado en
Biarritz.



_____, “Galeusca 1997 (II)”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 4 novembro 1997, p. 26.

Lembra a edición do Galeusca correspondente ó ano 1997 celebrada no País Vasco, e na súa evocación mestúranse notas de viaxe referidas ós lugares visitados ou á súa historia, as palabras dos escritores que asistiron ás xornadas ou algún comentario sobre os relatorios lidos nelas.



_____, “Galeusca 1997 (e III)”, *Atlántico*, “Mar de fóra”, 6 novembro 1997, p. 26.

Terceira entrega do autor na que lembra a viaxe ó País Vasco por mor da celebración do Galeusca 1997, o que reflicte no artigo incluíndo versos dos poetas que participaron no encontro, recordando algunhas das súas opinións acerca da paisaxe e referindo as visitas que fixo a diversos lugares, como Biarritz ou Donosti, e as impresións que estas lle causaron.



_____, “Miscelánea canda este San Martiño”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 11 novembro 1997, p. 30.

Tras cita-la lectura pública, por parte de Antón Patiño, dun poema do articulista, este enumera os múltiples libros de poesía que recibiu ultimamente. Cita versos de Dora Vázquez, Ferrín, Yolanda Castaño e seus propios. Tamén repara na reedición facsimilar da revista *Resol*.



_____, “De libros e de amigos”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 18 novembro 1997, p. 32.

Breve percorrido polo labor que se está a realizar no eido da poesía galega. Salienta o poemario de Isidro Novo, *Dende unha nada núa*, felicita a edicións Laiovento, a Alfonso Rivas, a Francisco Pillado Mayor, a Nacho Chao e recorda a obra de Manuel Miragaia, *Manual para escritores e outras sátiras*.



_____, “Luz de invierno”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 2 decembro 1997,
p. 26.

Entre varias disertacións, comenta Manuel Vidal que estamos de noraboa polo nomeamento de Francisco Fernández del Riego como novo presidente da RAG. Fai alusión a outros membros da institución e a certos escritores galegos como Miro Villar, Manuel Darriba ou Victorino Pérez Prieto, dos que achega un fragmento das súas composicións.



_____, “Vigo”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 4 decembro 1997, p. 46.

Fai o articulista unha serie de lembranzas sobre a cidade de Vigo, para logo deterse no comentario da última entrega de Luísa Villalta, *Teoría de xogos* e da publicación que veñen de presentar entre outros Manuel Lourenzo, Antonio Guedes e Xosé Manuel Pazos, *Teoría e técnica teatral*.



Vieites, Manuel F., “Os males do teatro galego”, *A Nosa Terra*, nº 764, “Guieiro Cultural”, 6 febreiro 1997, p. 24.

Reflexiona e faise eco da petición realizada por diversas entidades relacionadas co teatro que reclaman da Consellería de Cultura e Comunicación Social que invista máis en teatro e que abandone a política dos circuítos culturais. Insiste en que de nada serve que a Consellería os escoite se non existe nos medios de comunicación unha crítica especializada que impulse o público ós teatros. Afirmar que tendo en conta que o teatro é un reflexo da nación, Galicia só terá un teatro propio cando a súa xente o saiba valorar non como medio de transformación social, senón como motor económico.



_____, “Temporada teatral e compañías residentes”, *A Nosa Terra*, nº 767, “Guieiro Cultural”, 27 febreiro 1997, p. 27.

Expón o seu punto de vista sobre a actual situación do teatro en Galicia á que cualifica de desesperanzadora. Critica a inestabilidade das programacións teatrais de espectáculos galegos, ós responsables e xestores dos teatros por non se arriscaren a ofrecer programas continuados e non adoptaren medidas para achega-la xente ós teatros. Finalmente, remite ó plan de espectáculos dalgunhas vilas portuguesas para que as vilas galegas o imiten.



Villar, Rafa, “A experiencia da poesía. Desde o Batallón Literario da Costa da Morte”, *A Nosa Terra*, nº 800, “Guieiro Cultural”, 16 outubro 1997, p. 27.

Reflexión sobre o concepto de poesía. Considera que escribir poesía se resume na suma de dous elementos: “o coñecemento e a comunicación, que transcenden desde a máis radical soidade do ser humano a través dun código, a linguaxe, sometida esta polo poeta a profanación, a desgaste, a devastación, e tamén a descubrimento e a reconstrucción”. Céntrase, a continuación, na experiencia do grupo poético Batallón Literario da Costa da Morte. Afirmar que para este colectivo a poesía xurdiu da necesidade de afondar, de ir máis alá e naceu “de deostar unha realidade socio-literaria que era unha paisaxe de deserto”.



Villar Janeiro, Helena, “Poetas femeninas”, *El Correo Gallego*, 31 xullo 1997,
p. 3.

Comenta a súa asistencia ós actos de homenaxe da publicación de *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, que saíra á luz hai 50 anos na imprenta Celta de Vilagarcía. Sinala a súa participación como membro dun comité literario para asesorar sobre o I Congreso da Poesía Galega e destaca que pediu que se prevese a debida presenza feminina entre os poetas e a crítica. Remata considerando que as poetas, sobre todo as de antes, non o teñen moi fácil, aseveración que ilustra cunha anécdota de carácter persoal.



_____, “Un setembro moi poético”, *El Correo Gallego*, 25 setembro 1997, p. 3.

Salienta os principais feitos que teñen lugar durante o mes de setembro deste ano en relación coa poesía. Destaca a gravación dun compacto que recolle poemas escritos por distintas poetisas en honor a Rosalía, e a celebración do I Congreso de Poesía Galega en Vilagarcía de Arousa.



_____, “A poesía ten boa saúde”, *El Correo Gallego*, 2 outubro 1997, p. 3.

Comenta o bo momento que está a vivi-la nosa poesía e exalta a calidade e interese do Iº Congreso da Poesía Galega.



_____, “Erofonía feminina”, *El Correo Gallego*, 11 decembro 1997, p. 3.

Celebra o Premio Johan Carballeira obtido por Iolanda Castaño co seu libro *Vivimos no ciclo das erofonías*. Comenta a continuación certas semellanzas existentes entre ela e a poetisa gañadora, entre as que se destaca a indagación na poesía erótica, a chamada para acabar coa suposta loita interxeracional e a fuxida dunha consideración demasiado manida da escrita feminina, como se fose unitaria.



Vivas, Ángel, “Tenemos que devolver la poesía al aire, a las tabernas, a los caminos”, *El Mundo*, 3 xuño 1997, p. 55.

Informa da presentación en Madrid de *El pueblo de la noche*, de Manuel Rivas. Recolle manifestacións de Rivas acerca da poesía, así como do tamén poeta Ramón Buenaventura, de Manuel Vicent e de Rafael Azcona, guionista que está a preparar unha versión cinematográfica de tres contos de Rivas.





V.7. Publicacións en xornais: entrevistas

V. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

V. 7. Publicacións en xornais: entrevistas



7.7. Publicacións en xornais: entrevistas

2019



AGN, “Amancio Prada: Rosalía de Castro merecía haber ganado el premio nobel”, *La Región*, 2 agosto 1997, p. 50.

Con motivo da edición do disco *Rosas a Rosalía*, Amancio Prada, en colaboración con outros intérpretes e coa Real Filharmonía de Galicia, fala da relevancia da obra poética de Rosalía de Castro e quéixase de que aínda hoxe non sexa suficientemente recoñecida.



_____, “Amancio Prada: Rosalía merecía que se le hubiese concedido el Premio Nobel”, *Diario de Pontevedra*, 4 agosto 1997, p. 14.

Amancio Prada declara nesta entrevista a finalidade do disco *Rosas a Rosalía*, que conta coas voces de mulleres como Nuria Espert ou Martirio e coa colaboración da Real Filharmonía de Galicia. Fai certos comentarios sobre Rosalía de Castro, nos que destaca que é un “pilar fundamental” da súa obra e considéraa “cumbre lírica” escasamente coñecida. Refírese finalmente a súa xira estival.



Ballesteros, María, “Admiro a Rosalía; creo que tengo algo de ella”, *Faro de Vigo*, “Verano del 97”, 11 xullo 1997, p. 4

A escritora Otilia Seijas fala dos seus primeiros pasos como creadora, coa súa primeira novela *Viudas de vivos*, ata a última *Ninguén suspira por ela* (1996), facendo desta maneira un percorrido por toda a súa obra. Alén disto sinala cales son as súas influencias e os autores ós que admira, para rematar falando de literatura feita por mulleres.



Blanco, Lois, “Las generaciones literarias ayudan a vivir a los escritores mediocres”, *La Voz de Galicia*, 12 abril 1997, p. 10.

Conversa co poeta ourensán José Ángel Valente. Acerca da poesía, afirma Valente que a palabra poética é libre e polisémica. Polo tanto, o escritor non debe opoñerse á liberdade desta, non debe ter outro compromiso que acata-lo que a obra manda. A ideoloxía, para el, nunca determina unha obra. Sobre as xeracións literarias pensa que só axudan a sobrevivir a escritores que en solitario non terían nome. Afirma que escribirá poemas para un derradeiro libro e que, cando a palabra o abandone, deixará de escribir para sempre.



Bruzón, María José, “Me hubiera ido al fin del mundo con Seoane”, *Atlántico Diario/La Región*, “El espejo”, 16 marzo 1997, pp. 32-33/pp. 24-25.

Entrevista á viúva de Luís Seoane na que esta fala das súas lembranzas ó lado do seu home, da súa vida en Buenos Aires e do seu regreso a Galicia no ano 1979. Considera de grande importancia a próxima inauguración da Fundación Seoane que, na súa opinión, permitirá coñecer a súa obra e o seu pensamento. Fala tamén da amizade do seu home con Carlos Maside, Laxeiro, Fernández del Riego e García Sabell.



_____, “Me siento en las garras de la literatura”, *La Región/Atlántico Diario*, 30 marzo 1997, p. 28/ 1997, p. 28/p. 22.

Luísa Castro comenta os motivos do seu achegamento ó mundo da literatura, as sensacións que percibe cando escribe e o momento creativo que está a vivir na actualidade. A entrevistada achéganos a súa particular visión da creación literaria, decantándose por unha “literatura de significados” e que non sexa “producto dun arrebatado”. Solicita finalmente unha maior delicadeza a unha boa parte da crítica.



_____, “El editor también es un creador”, *Atlántico Diario*, 29 xuño 1997, pp. 26-27.

O editor de Hércules Ediciones comenta a falta de apoio institucional para a realización do Proxecto Galicia e destaca a colaboración desinteresada de Camilo José Cela. Francisco Rodríguez Iglesias refírese á autofobia dos galegos e á necesidade de superala, fala da rendibilidade do Proxecto Galicia e do papel do editor. Declárase non partidario das subvencións e pide que, se as hai, se prime a calidade.



_____, “José Manuel Martínez Alonso Martínez: ser librero es el oficio más bonito del mundo”, *AtlánticoDiario*, “El Personaje”, 5 xullo 1997, p. 5.

O presidente dos libeiros galegos comenta nesta entrevista o grao de vendas de literatura galega e outras cuestións relacionadas co mundo do libro.



_____, “Si tuviera que repetir mi vida, repetiría”, *Atlántico Diario*, “El espejo”, 3 agosto 1997, pp. 20-21.

Conversa con Francisco Fernández del Riego na que diserta sobre diversos temas como a morte, Deus, a liberdade ou o amor. Fai a continuación certos comentarios sobre a figura do escritor que, segundo el, está nun mundo minoritario ó servicio das súas conviccións, con excepción daqueles que escriben para agradar ó público. Conclúe falando de aspectos persoais e do seu quefacer, chegando a definirse como “un intelectual medio, que realizou determinadas cosas, pero nunca con el propósito de ser inmortal”.



Caballero, Félix, “Yo escribo en Ferrolano”, *El Correo Gallego*, 24 outubro 1997, p. 61.

Entrevista co escritor ferrolán Gonzalo Torrente Ballester, que fala da súa admiración pola cidade de Santiago, do trato que tivo con Valle-Inclán e da súa obra literaria, así como dos premios que leva gañados. Conclúe respondendo algunhas cuestións sobre a literatura galega.



Calviño, X., Concibo o erotismo como rebelión”, *Faro de Vigo*, “Faro del ocio: letra xoven”, 12 decembro 1997, p. 3.

Con motivo da publicación da antoloxía *Para saír do século: nova proposta poética*, entrevístase á máis nova das que aparecen nesta obra: Iolanda Castaño. Esta poetisa reflexiona sobre o concepto do erotismo e o papel deste no desenvolvemento da súa obra. Tamén describe os trazos característicos da súa poesía. Alén disto dá a súa opinión acerca da crítica literaria e a relevancia da nova poesía galega.



Campa, Javier D., “Francisco Castro: ‘Hai moita xente que se aproveita e vive do traballo dos músicos’”, *Atlántico Diario*, 24 decembro 1997, p. 79.

Entrevista co escritor Francisco Castro, gañador do certame de narrativa Manuel Lueiro Rey, co seu libro *Play-Back*. Comenta como nesta obra se reflicten situacións que viven músicos de orquestras populares galegas, ós que recorreu para recabar información sobre as súas experiencias.



Canal, Alberto, “Me va la cosa voluntaria”, *La Región*, “Al descubierto”, 14 marzo 1997, p. 15.

Pura Vázquez amosa o seu medo polos camiños que están tomando as sociedades occidentais. O xornalista fai que se pronuncie sobre o contido de determinadas citas de Ortega y Gasset, Camilo José Cela e Ánxel Fole.



_____, “Non sei montar en bicicleta”, *La Región*, “Al descubierto”, 20 marzo 1997, p. 17.

Ogando Vázquez, catedrático de literatura, fala sobre certos temas entre os que se atopan a política, o deporte, os xornais e os libros. Con respecto a esta última cuestión considera que o xornal “é un medio de difusión de ideas” e que o libro “é a millor compañía que pode ter unha persoa, porque serve para a formación e a inspiración”.



_____, “Somos gentes de otoño”, *La Región*, 3 abril 1997, “Al descubierto”, p. 15.

Nesta entrevista recóllense as opinións de Marcos Valcárcel, catedrático de Lingua e literatura, sobre a necesidade de ter vivido para crear, o exemplo ético de Maciá, a primavera e a amizade.



_____, “Non bendigo a ningún tonto”, *La Región*, “Al descubierto”, 23 abril 1997, p. 13.

O poeta Antón Tovar responde a cuestións referidas á actualidade política nacional e internacional.



_____, “La risa es signo de complicidad”, *La Región*, “Al descubierto”, 3 xullo 1997, p. 17.

Entrevista á escritora ourensá Pura Vázquez, na que, entre outras cuestións variadas, comenta que “se escribe como se siente”.



_____, “Todo é un non quererse”, *La Región*, “De paso”, 31 outubro 1997,
p. 10.

O actor Xian Bobillo, afirma que o teatro ten como función desperta-la conciencia colectiva. Reflexiona sobre o sentimento de soidade e sobre a arte que posúen certos insultos dependendo do emisor.



Couselo, Xabier, “No teatro hai quen confunde a súa ignorancia coa realidade”,
El Ideal Gallego, “Entrevista con”, 5 marzo 1997, p. 32.

Roberto Vidal, que segundo se anuncia vai colaborar como actor nunha produción cinematográfica nacional, expón as súas opinións acerca da situación actual do teatro galego en canto ó apoio político, a existencia de numerosas compañías, a innovación teatral e a competencia cos medios audiovisuais.



_____, “Un emigrante pode elixir entre morrer rico ou axudar ó país”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 5 marzo 1997, p. 68.

Conversa co fundador da editorial Sotelo Blanco, Olegario Sotelo Blanco, na que se lembra o nacemento da mesma para “potencia-lo proceso de recuperación da lingua e a cultura galegas”. Di apostar pola normalización cultural do país, aínda que vender libros en galego non sexa un bo negocio. Critica a publicación, por parte das institucións, de libros que “ás veces non os le ninguén” e apoia a potenciación de novos valores para non publicarlle só ós consolidados. Remata sinalando a necesidade dunha multinacional que publicase en Galicia poesía ou ensaio e as dificultades que isto entraña.



_____, “A consideración social do teatro é totalmente negativa en Galicia”,
El Ideal Gallego, “Entrevista con”, 11 marzo 1997, p. 67.

Xesús Ron, membro do grupo de teatro Chévere e pertencente á xunta da sala Nasa, opina nesta entrevista que os espazos de representación estaban moi “acotados”, sendo preciso un local onde poder botar a anda-los seus proxectos, e deste modo xurdiu no ano 92 a sala Nasa, que se define pola súa polivalencia. Considera que traballa dende a comedia e o musical para ofrecer espectáculos entretidos, pero dun xeito “moi libre” e cun proceso de traballo que os separa do teatro tradicional. Con respecto ó mundo teatral, pensa que o teatro universitario avanzou moito debido ós apoios que recibe da universidade, proceso que non experimentou o teatro profesional, por estar totalmente invervido dende as institucións. Remata mostrando a consideración social negativa do teatro, “aínda que tamén se avanzou moito”.



_____, “O teatro resulta un auténtico descoñecido para a sociedade”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 6 abril 1997, p. 80.

Xulio Lago, director de Teatro do Atlántico, pensa que o mundo no que el se move é de xente inqueda, non de xente resentida. Cre que un dos sentidos do teatro é o de desenmascara-la condición humana. Á pregunta da falta de ideoloxías na escena responde que é imposible que isto aconteza, e o que si está a acontecer é que existe unha ideoloxía dominante que intenta tragarnos. Pensa ademais que o teatro está a ser tapado.



_____, “A poesía ten un espacio de seu, con independencia do tempo”, *El Ideal Gallego*, 13 abril 1997, p. 80.

Entrevista na que Miguel Mato, poeta que formou parte da eclosión de principios dos oitenta, fala da súa xeración. Sinala o amor e a preocupación pola morte como mitos que se repiten na literatura e afirma que a poesía ten un espacio de seu e goza de boa saúde e se progresou máis foi porque a novela precisa dunha maior infraestrutura editorial.



_____, “O importante non é o conto senón a maxia do contador”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 25 abril 1997, p. 68.

Paula Carballeira, contadora de contos, reflexiona sobre esta forma de expresión. A narración oral está, para ela, próxima á literatura e ó teatro. Recorre os clásicos e a Cunqueiro en ocasións, pero di que o importante non é o conto en si, senón a achega do contador.



_____, “Na universidade hai bastante descoñecemento da poesía”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 28 abril 1997, p. 32.

Iolanda Castaño e Emma Couceiro falan da súa actividade como animadoras da vida literaria coruñesa, como organizadoras de recitais na universidade, onde tratan de facer unha panorámica da poesía galega actual e dos poetas que están aínda vivos. Pensan que, unha vez que a xente se achega á poesía, se se esperta a súa sensibilidade, responde positivamente. A pesar disto, din que na universidade hai moita ignorancia sobre este xénero.



_____, “O Día das Letras Galegas foi unha moi boa idea de marketing”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 17 maio 1997, p. 64.

Conversa con Manuel Rivas en torno á súa obra. O escritor confesa que o Premio Nacional de Narrativa o coloca noutra dimensión, pero que o que lle importa é a fidelidade ó lector. Aposta polo concepto de evolución na súa obra e afirma que a xuventude dos seus clásicos non é un atranco para a literatura galega. O Día das Letras é para el unha boa idea xurdida nun momento no que era difícil a proxección pública da cultura.



_____, “A novela parece un xénero literario propio do século XIX”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 18 maio 1997, p. 80.

Manuel Lourenzo apunta novas direccións para o teatro galego. Fala dos espectáculos nalgúns bares da Coruña, que considera renovadores literaria e economicamente, e pensa que van sacalo teatro galego do seu adormecemento. A pesar disto, non nega a necesidade de que o Estado financie o seu propio teatro. Afirmo, á parte, que a novela xa o deu todo e, salvo o conto, o teatro é a próxima revolución literaria. Di tamén que é necesario reconducir-la data do Día das Letras e sacala do actual espírito de consumismo.



_____, “Falarlle ós territorios íntimos do ser só se consegue coa arte”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 21 maio 1997, p. 64.

Ana Romaní declara que compaxina poesía e xornalismo e sinala que ámbolos dous traballos están relacionados porque aspiran a conseguila comunicación. Confesa que lle agradan os recitais poéticos porque permiten comproba-la recepción dunha obra e refírese tamén á crecente incorporación das mulleres á poesía galega. Sinala que esta eclosión será posta de relevo cando se revise a historia da literatura destes últimos anos. Conclúe afirmando que a poesía é para ela un vehículo de expresión do pensamento que pon de manifesto a tradicional unión entre a creación literaria e a filosofía en canto reflexión sobre o mundo e a condición humana.



_____, “Luz Pozo: A poesía depende do momento e tamén das circunstancias”,
El Ideal Gallego, 26 maio 1997, p. 32.

Luz Pozo reflexiona sobre algúns aspectos relacionados coa arte de facer poesía. Afirmar que prefire a poesía porque “é algo espontáneo, que non me leva tanto tempo”. Engade que ela pode pasar por poeta intimista pero tamén escribe poesía social e existencialista. Remata a entrevista cunha breve alusión ó papel que xogan as institucións na renovación poética.



_____, “Manolo Romón: Reixa entendeu que iso de facer poemas non leva a ningures”, *El Ideal Gallego*, 20 maio 1997, p. 63.

Esta conversa con Manolo Romón aparece precedida dalgúns datos biográficos deste autor. O que fora membro do grupo Rompente lembra cómo naceu a idea de formar este colectivo e alude ó libro *Nadir* (1996), publicado polo Grupo Tinta.



_____, “Nin mil anos sería tempo dabondo para escribir tódalas novelas que levo dentro de min”, *El Ideal Gallego*, 15 xuño 1997, p. 57.

Contestando as preguntas de Xavier Couselo, o narrador Xosé Fernández Ferreiro alude ó atractivo do medo, reclama un xiro na Real Academia Galega e refírese ó seu propósito de facer unha literatura sinxela fronte ós que “querían escribir un novo Ulises”. Desvela así mesmo o argumento da novela na que está a traballar.



_____, “Nieves Herrero non quere facer humor negro, pero é o que lle sae”,
El Ideal Gallego, “Entrevista con”, 1 xullo 1997, p. 67.

Con motivo da actuación do grupo Mofa e Befá na cidade da Coruña, Xabier Couselo entrevista a un dos seus compoñentes, Evaristo Calvo, que fala dos seus comezos no mundo do espectáculo e do tipo de representacións que están a facer actualmente. Ó final, comenta que o teatro galego é moi novo para alcanzar grandes éxitos que, segundo di, han chegar no futuro, como lle aconteceu ó grupo catalán La Fura dels Baus.



_____, “A poesía fai ó ser humano vulnerable á tenrura e solidario”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 5 xullo 1997, p. 64.

Cesáreo Sánchez, poeta e director de Edicións A Nosa Terra, comenta cales son os motivos contra os que loitan as novas xeracións literarias e as respostas que ofrecen. A continuación, fala do papel da poesía e do poeta, referíndose finalmente ó proxecto da empresa editora do semanario *A Nosa Terra* de sacar unha historia da literatura galega en fascículos e á causa do complexo de inferioridade dos galegos.



_____, “Os libreiros non temos nada que ver co precio dos libros”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 19 xullo 1997, p. 64.

Anxo Blanco, presidente da Agrupación de Libreiros da Coruña, fala dos problemas que teñen os libreiros: o afastamento da xente, a importancia das feiras, a necesidade da especialización e o prezo dos libros.



_____, “O poeta pensa poemas, pero tamén lava pratos como todos”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 27 xullo 1997, p. 80.

Eduardo Estévez afirma nesta entrevista ser poeta “por accidente”, debido ás influencias exercidas por un profesor de literatura. Explica o título da súa obra *Só paxaros saíron desta boca* como unha metáfora. Salienta o feito de que a poesía non provoque indiferencias e declárase partidario da temática amorosa antes que a social ou política.



_____, “A cultura non é algo que se venda en grageas nunha farmacia”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 2 agosto, p. 64.

Comeza o artigo cunha breve presentación das actividades realizadas por Xavier Seoane e coa mención dalgúns dos seus comentarios expostos ó longo da entrevista. Fala nela da alienación, da causa que o levou a escolle-la poesía e da súa visión sobre o mundo cultural no que vivimos. A continuación comenta que a poesía é a “tecnoloxía máis importante que existe” e dá a súa opinión, sobre a proposta de certos autores de levar a cabo unha maior difusión pública deste xénero literario.



_____, “A falla de liberdade limita os temas e tamén os novos valores”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 15 agosto, p. 64.

Apúntanse primeiramente unha serie de elementos característicos da obra de Neira Vilas, como: a emigración, a Galicia rural, a miseria de posguerra, etc., e destácase a súa estadía en Arxentina, onde coñeceu a outros emigrados galegos. Na entrevista, o autor de *Gres* salienta o bo momento da literatura galega de hoxe, contraponendo esta situación coa vivida durante o franquismo, cando a falta de liberdade limitaba os temas e a aparición de novos valores. Resalta o importante labor que os escritores realizaron na emigración para seguir mantendo acceso o facho da literatura en lingua galega.



_____, “Por sorte as ideas non son patrimonio de ningunha raza”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 18 outubro 1997, p. 64.

O director da Aula de Teatro da Universidade de Santiago, Roberto Salgueiro, responde a preguntas sobre a situación actual do teatro en Galicia e sobre a necesidade de políticas de planificación a longo prazo para ir sentando bases máis firmes. Por último sinala o papel que ocupa o teatro na literatura e as relacións que este xénero mantén coa televisión.



_____, “É máis doado facer marketing coa narrativa que coa poesía”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 23 agosto 1997, p. 64.

Pilar Pallarés comenta nesta entrevista distintos aspectos do seu labor literario e explica a súa concepción da literatura como unha forma de axudar á vivir ós demais e de reflexionar en serio sobre os problemas colectivos e individuais. Destaca que Galicia é unha terra fundamentalmente de poetas pero as editoriais tenden a potenciar máis a publicación de narrativa.



Doral, Alba, “As xentes da cultura estanse limitando a facer culturalismo”,
El Progreso, “Gente”, 9 febreiro 1997, pp. 8-9.

Ampla entrevista co intelectual Isaac Díaz Pardo na que trata aspectos referidos á cultura galega actual e á situación económica do noso país. Por outra parte, critica con dureza a normativa ortográfica da lingua galega e ós que a realizaron, ademais de censurar a quen detenta o poder nas institucións por consentir que a colonización, tanto económica coma lingüística continúe, razón pola que se mostra moi pesimista.



_____, “Achegarse a Rosalía significa estar no centro da patria”, *El Progreso*, “Gente”, 23 marzo 1997, pp. 8-9.

Luz Pozo Garza responde por escrito as preguntas de Alba Doral. Ó longo da entrevista fai un repaso pola súa visión da poesía, a música e a pintura como compoñentes dun xenio creador. Explica, así mesmo, que busca a posición do mar na súa obra dentro dunha pluralidade simbólica e descobre tamén a súa relación con Rosalía. Non elude opinar sobre a RAG ou sobre os novos poetas que continúan a agromar en Galicia. Lémbrense momentos importantes da súa vida como o paso pola revista *Nordés* ou o desterro magrebí.



F. G. N., “Vivimos un momento creativo brillante”, *La Voz de Galicia*, 30 agosto 1997, p. 26.

Xulio Lago, director de Teatro do Atlántico, fala do seu novo proxecto sobre unha peza de Lorca e comenta o momento creativo polo que pasa o teatro en Galicia aínda que se necesitaría unha Escola Superior de Arte Dramática. Manifesta ademais que en Galicia hai un número excesivo de compañías.



Fernández, Manuela, “Mi padre imprimió el primer libro en gallego después de la guerra”, *Faro de Vigo*, 30 de xuño 1997, p. 16.

Entrevista coa dona da librería Celta de Vilagarcía, Magdalena González Rollán, que di sentirse orgullosa porque seu pai publicou no ano 47 o primeiro libro escrito en lingua galega despois da Guerra Civil, *CómarosVerdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño.



Fernández-Pedreira, Marta, “En Playa América adquiere reservas para el invierno”, *Faro de Vigo*, “Verano del 97”, 29 xullo 1997, p. 3.

Dende unha perspectiva actual Francisco Fernández del Riego reflexiona sobre os camiños polos que andou o galeguismo nos anos máis difíciles e o traballo levado a cabo. Ademais bota de menos aqueles faladoiros e o compañeirismo daquela época fronte á présa da vida actual. Conclúe falando do escritor Manuel Rivas e de Torrente Ballester.



Foces, Ujué, “Los jóvenes y la mujer están de moda en la literatura”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, 27 abril 1997, p. 7.

Marina Mayoral confesa a súa afección polo baile ademais de polo ensino e a literatura. Nas súas novelas, segundo di, coida por igual a técnica e a historia. Declara que sente a escrita como unha necesidade, unha maneira de vivir e de construír un mundo no que predomine a comunicación. Ademais considérase unha persoa idealista e feminista no sentido da defensa da igualdade social entre homes e mulleres e manifesta o seu interese pola obra literaria das mulleres, como ben mostran os seus estudos sobre Rosalía, Emilia Pardo Bazán, Gertrudis Gómez de Avellaneda e Carolina Coronado. Apunta tamén que o 60% de lectores de novela son mulleres.



Franco, Camilo, “O pesimismo colócame”, *La Voz de Galicia*, “Culturas”, ano I, nº 1, 18 novembro 1997, pp. 4-5.

Conversa con Manuel Lourenzo na que afirma estar moi interesado na comunicación cun público máis próximo, fóra dos coliseos. Recoñece que hai certo barroquismo na súa obra. Ve no teatro actual un espectáculo aparatoso, máis de produción que de teatro, unha representación sen función nin destinatario. Móstrase crítico co papel dos políticos en todo isto e cre que “despois de dous mil anos seguimos a ser bufóns”. Para Manuel Lourenzo, o futuro do teatro está en “teatralizar espacios, en ocupar algunhas horas de ocio do espectador”.



Franco, Fernando, “Ás veces, da língoa fanse bandeiras alleas á literatura”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 21, 12 xullo 1997, p. 7.

Entrevista co poeta pontevedrés Xoaquín Agulla Pizcueta. Entre outras cousas, afirma, que nestes momentos a política mediatiza a cultura en Galicia. Pensa que hai poetas que exercen de comisarios políticos, decidindo quen entra e quen non nas antoloxías. Cre que a realidade actual de Galicia é a dun país de señoritos universitarios sen perspectivas de futuro. Considérase, a nivel político, cada vez máis afastado do nacionalismo.



Franjo, F., “A obra de Rosalía creceu ó prender os seus versos noutros autores”,
O Correo Galego, 28 novembro 1997, p. 35.

Conversa con Amancio Prada, centrada fundamentalmente no seu disco *Rosas a Rosalía*. A presenza de varias voces femininas neste traballo responde, segundo o cantautor, ó desexo de plasma-la emoción que transmite Rosalía de Castro fóra de Galicia, tamén a adaptación de cada unha ó ton dos textos rosalianos. Destaca a participación da Real Filharmonía de Galicia, o tacto que tiveron para non oculta-las voces coa música de orquestra. Asegura ademais que nunca fixera un traballo con tantos medios á súa disposición.



Freire, Quico, “Con 25 millones Castelao llegaría al gran público”, *Faro de Vigo*, 10 xullo 1997, p. 46.

O presidente da Fundación Castelao, Avelino Pousa Antelo, responde ás preguntas de Quico Freire en relación á importancia que tivo a figura de Castelao na súa época; o nacemento e evolución da Fundación que preside e as actividades de divulgación da obra e do ideario de Castelao que levan a cabo.



Fuentes, Ana, “Memorial de exilio es una obra de vivencias”, *Atlántico Diario*, 24 abril 1997, p. 35.

Entrevista a Maximino Cacheiro Varela con motivo da traducción ó ruso da súa obra *Memorial de exilio* (1994). O autor afirma sentirse satisfeito pola versión rusa desta obra “de vivencias existenciais”. Reflexiona sobre a importancia do maio do 68, vivido por el en París, e sobre o que permanece hoxe vivo daquela época. Finalmente, comenta os seus proxectos futuros e as razóns da súa especialización en Literatura Hispanoamericana.



García, Jacobo, “Fole era un hombre bueno, pero con filias y con fobias muy marcadas”, *El Progreso*, “Gente”, 6 xullo 1997, pp. 8-9.

José Antonio Ferreiro Piñeiro, director actual da Casa de Galicia en Madrid, comenta nesta entrevista os valores turísticos de Lugo, entre os que destaca a súa muralla romana. A continuación, falando dos recordos da súa cidade natal, salienta o faladoiro do café Méndez Núñez. Faladoiro no que tivo lugar a fusión entre dúas xeracións: a formada polos máis vellos como eran Ánxel Fole ou Antón Figueroa e a dos máis mozos, como eran Manuel María, Uxío Novoneyra ou o propio entrevistado. Comenta certos aspectos do mesmo e das figuras que a el concorrián, referíndose ademais ó Círculo de las Artes. Ofrécese finalmente un perfil biográfico do entrevistado.



García, Rodri, “Xa sei que o que escribo non se vende”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 105, 2 marzo 1997, p. 6.

Contrástanse as manifestacións de Xurxo Borrazás, cualificando a súa obra *Eu é* (1996) de pouco comercial, coas abondosas vendas que reflicten os datos da Federación de Libreiros de Galicia. Rodri García gaba a obra en tódolos seus aspectos mais recrimínalle o exceso de escenas e detalles sexuais. Tamén se mencionan as declaracións do autor sobre a novela e recórdase a anterior creación de Borrazás, *Criminal* (1994).



_____, “El desarraigo me hace ver la patria como en una bruma”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 114, 4 maio 1997, p. 5.

Conversa con Arcadio López-Casanova, profesor da Universidade de Valencia, con motivo da concesión do premio Tiflos de poesía por *Asedio de sombras*. O autor recoñece a influencia do amor e do exilio na súa obra. Valora moito este galardón pola calidade do xurado, a elevada contía, a súa xa longa andaina e polos anteriores gañadores. Ademais promete publicar proximamente e en galego o *Diccionario da análise literaria*.



_____, “Portugal é o espelliño máxico do que podería ser Galicia”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 116, 20 maio 1997, p. 5.

A catedrática emérita da Universidade de Santiago de Compostela, Pilar Vázquez Cuesta, avoga por unha relación intensa entre Galicia e Portugal e di que nesta liña hai que entende-los encontros entre escritores galegos e portugueses que organizou na última década.



_____, “Veo similitudes entre Rivas y Cunqueiro por mezclar lo local y lo universal”, *La Voz de Galicia*, 27 agosto 1997, p. 60.

Elke Wehr, traductora de obras galegas ó alemán, a última delas *En salvaxe compañía*, de Manuel Rivas, sinala os problemas de traducción da mesma pola grande cantidade de localismos que presenta. Salienta ademais a dificultade que lle supuxo a traducción de *Merlín e familia* e anuncia a posibilidade de que unha editorial alemana publique unha traducción de *Deus sentado nun sillón azul*, de Carlos Casares.



_____, “A miña relación cos gustos do ‘stablishment’ é tensa”, *La Voz de Galicia*, 1 outubro 1997, p. 89.

O recente gañador do Premio Blanco Amor de narrativa, Suso de Toro, alude nesta entrevista á existencia de “envexas ideolóxicas e doctrinais” na literatura galega, considera que a “cultura dominante” está moi condicionada pola ideoloxía e cre que os escritores en vez de quererem adoutrinar deberían facer obras que aguanten o paso do tempo e as traducións. Nunha nota que acompaña a esta conversa explícase a xénese de *Calzados Lola* a partir dun guión cinematográfico.



_____, “A Rosalía se la cita mucho pero se la lee muy poco”, *La Voz de Galicia*, 22 outubro 1997, p. 81.

Conversa co cantautor Amancio Prada pola gravación do seu disco en homenaxe a Rosalía de Castro *Rosas a Rosalía*. Recoñece a súa fascinación pola poeta galega dende mozo e afirma que, xunto a San Juan, é o piar da súa música. Pensa que Rosalía é panteísta polo afán que ten de se fundir coa natureza e non lle importa que o da padronesa sexa un canto triste, porque é un canto bo, ás veces estimulante. Cre que Rosalía non foi unha poeta romántica ó uso, porque a súa obra transcendeu a historia.



García Cheda, Pilar, “Xosé Miranda: Os libros teñen o éxito que á editorial lle interesa”, *El Progreso*, 11 maio 1997, p. 73.

O profesor e escritor lugués Xosé Miranda reflexiona sobre o seu labor e sobre o estado da lingua e literatura galegas na actualidade. Comenta que nestes momentos está a traballar nun dicionario dos seres míticos galegos e afirma, por último, que o éxito dunha obra depende, na maior parte dos casos, das editoriais que a publican.



_____, “Lois Diéguez: “A literatura de moda non ten interese histórico”,
El Progreso, 29 xuño 1997, p. 73.

O escritor, topógrafo e político Lois Diéguez fala das relacións entre a literatura e o mercado literario, a actualidade política e literaria e outros aspectos da vida cotiá en Lugo, como a política de conservación de restos arqueolóxicos ou o estado do río Miño. Finalmente, a entrevista sitúa ó escritor no seu xardín, o lugar “onde deixa voar a súa imaxinación e a súa pluma”.



Garrido, Rogelio, “Francisco Fernández del Riego: Galicia necesita un partido propio que defienda su cultura y su país”, *Faro de Vigo*, 25 maio 1997, pp. 10-11.

Francisco Fernández del Riego, director da Fundación Penzol e recente Premio das Artes e das Letras, trata temas como o do seu labor na devandita fundación, a importancia que lle dá á coherencia que guiou toda a súa vida, as súas orientacións políticas ou a comparación entre a Galicia actual e a que coñeceu nos seus anos mozos.



Gil, Francisco J., “Hai que recupera-la poesía como palabra pronunciada”, *Faro de Vigo*, 18 abril 1997, p. 48.

Entrevista co poeta Anxo Angueira con motivo da presentación do libro *O valo de Manselle* (1996). Nela confesa cómo foi a xénese da obra, concibida e feita man a man cos veciños da aldea de Manselle. Manifesta que o propósito foi recuperar un espacio morto, un vertedoiro, para crear un parque infantil no lugar natal do poeta. Angueira di concibi-lo texto como palabra recitada e que nos seus recitais incorpora ó texto a fonética propia da súa zona.



_____, “A cultura portuguesa e a galega viviron sempre de costas”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 25, 20 setembro 1997, p. 8.

Nelson de Matos, director de Publicações Dom Quixote, fala da introducción no mercado galego da súa editorial. Declara que intentan facelo a través de Edicións Xerais, empresa do mesmo grupo que Dom Quixote, porque cre que en Galicia hai mercado para a literatura portuguesa, sobre todo para os autores que intentarán introducir, de grande proxección internacional, caso de Lobo Antunes, Cardoso Pires, etc. A Portugal levarán a obra de Ferrín, Freixanes, e Rivas entre outros.



_____, “Vamos a fomentar la colaboración con otras empresas culturales”, *Faro de Vigo*, 7 novembro 1997, p. 46.

Co gallo da entrega dos premios Xerais, o director desta editorial, Manuel Bragado, fala das relacións coas outras empresas editoriais galegas, máis concretamente de Edicións do Castro, ubicada en Sada. Precisamente é no complexo do Castro onde se entregan os premios na edición de 1997. Seguidamente anuncia os proxectos da editorial e as novidades editoriais do ano 1998, así como as publicacións de autores galegos en traducción a outras linguas.



_____, “En estos treinta años nunca he dejado de cantar a Rosalía”, *Faro de Vigo*, 16 outubro 1997, p. 47.

Con motivo da presentación do disco *Rosas a Rosalía*, Amancio Prada comenta a importancia da obra da poetisa galega por si mesma e na súa carreira musical en particular, á vez que se lamenta do pouco recoñecemento que se lle tributa a quen, de vivir hoxe, segundo el, tería o premio Nobel.



Janeiro, Darío, “Valente: 'Bebín o veneno de Basilio Álvarez”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 155, 17 abril 1997, pp. 6-7.

Entrevista con José Ángel Valente con motivo dunha visita a Compostela para pronunciar unha conferencia no CGAC. Nela fala do seu poemario *Cantigas de Alén* (1989) ó que cualifica de libro aberto que se vai completando co paso dos anos con novos poemas en galego, unha lingua na que, segundo manifesta, sente a necesidade de escribir dende os seus comezos en *La Noche*. Lembra as súas influencias e menciona a Vicente Risco, Manuel Antonio e Rafael Dieste. A propósito de Risco, ó que considera “o escritor máis grande de Galicia”, pensa que era un home humilde e intelixente. Fala tamén de Basilio Álvarez quen ó emigrar deixou a súa biblioteca na casa de Valente, feito que provocou que o escritor bebese dos seus libros e se decidise pola poesía. Achega tamén a súa opinión sobre os novos poetas galegos ós que cualifica de “voces interesantes” e declara a súa admiración pola obra de Ana Romaní.



L. B., “Castelao está nun pedestal”, *La Voz de Galicia*, 1 maio 1997, p. 36.

Henrique Monteagudo, profesor da Universidade de Santiago, fala da figura de Castelao que reivindica no libro *Castelao: conferencias e discursos* (1996). Afirmar que hai que recolocala personalidade e a obra do pensador sen ocultar a complexidade deste galeguista que “foi evolucionando cara posicións de centro-esquerda”.



L. S., “O galeguismo camiña sen présa”, *La Voz de Galicia*, “La entrevista”, 16 de novembro de 1997, p. 44.

Con motivo da presentación do libro e do disco de once poetisas galegas en homenaxe a Rosalía no cincuentenario da Fundación Rosalía de Castro, o seu presidente, Agustín Sixto Seco, trata nesta entrevista da evolución da citada fundación e do momento que vive o galeguismo.



Leis, Iván, “Hay que estar un poco loco para vivir”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, 17 agosto 1997, p. 3.

Manuel Seixas destaca a liña común que existe entre as súas facetas de profesor, músico e escritor e a importancia que para el supuxo a concesión do premio Xerais. Considera como temas centrais da súa literatura, a soidade e o desamor. O escritor arousán dá a coñece-la súa opinión sobre a poesía como xogo coas palabras optando por un tipo de poesía que se acerca máis a un lector normal. Fala dos personaxes, da súa obra *A velocidade do frío* (1996) e, por último, comenta o papel da literatura nunha sociedade tecnificada.



López, Siro, “Eu son a suma de moitos eus”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 22 xuño 1997, p. 11.

Basilio Losada, catedrático de galego da Universidade de Barcelona, comeza falando da súa relación con Ramón Piñeiro, xa que os dous naceron en Láncara, e foi quen o fixo chegar ó galeguismo e á cátedra Universitaria. De seguido reflexiona sobre a súa infancia afirmando que “é o meu tesouro, por eso non quero borrar en min o neno que fun”. Continúa a conversa referíndose ó seu carácter, a súa capacidade de fabulación, a timidez e o sentido do humor, para rematar dicindo aquilo que ama, o que o conmove, e o que teme e aborrece, e que se sente nun bo momento, “unha etapa de gran serenidade”.



_____, “O tempo non é para matalo, senón para vivilo”, *La Voz de Galicia*,
“Los domingos de La Voz”, 3 agosto 1997, p. 5.

Antón Fraguas Fraguas comenta a súa actividade na vellez e as sensacións que percibe ó chegar ós 92 anos de idade. Lembra os problemas que tivo co réxime franquista debido á súa militancia política. Reflexiona sobre a influencia que certas persoas poden exercer no destino de cadaquén. Declárase admirador de Otero Pedrayo. O Cronista Xeral de Galicia afirma toma-la vida con humor e négalle valor á experiencia.



_____, “Amo a liberdade máis cá vida”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de La Voz”, 7 setembro 1997, p. 5.

Xosé Fernández Ferreiro responde preguntas de contido existencial nas que este escritor de Nogueira de Ramuín lle confesa a Siro López o seu gusto pola soidade, o seu sentido pesimista da vida e o seu xeito de vivir.



_____, “Puxen as miñas lecturas ó servicio da cultura galega”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 21 setembro 1997, p. 5.

Francisco Fernández del Riego é o protagonista desta entrevista de tipo persoal na que este estudioso da literatura galega fala da súa afección á lectura e doutros aspectos da súa visión da vida.



_____, “Son poeta e creo na utopía”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 12 outubro 1997, p. 5.

Manuel Álvarez Torneiro reflexiona sobre a influencia da soidade na súa poesía. Opina que a presenza de lembranzas, soños e vivencias persoais é inevitable na obra poética de calquera autor. Comenta as súas características persoais e defínese como un home de pensamento.



_____, “O teatro remata onde empeza a violencia”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 5 outubro 1997, p. 5.

Manuel Lourenzo fala da súa afección pictórica e sobre todo da teatral: tanto como prolífico dramaturgo, como director e ultimamente como actor, afección que segundo el mesmo di, está redescubriendo. Tamén comenta cómo foron os seus inicios no mundo do teatro así como outros aspectos da actividade teatral en xeral.



_____, “O humorista está obrigado a rirse de si mesmo”, *La Voz de Galicia*,
“Los Domingos de la Voz”, 7 decembro 1997, p. 5.

Caricatura e entrevista realizada por Siro López ó tamén humorista Xaquín Marín, quen ademais de aspectos relacionados coa súa personalidade fala dos diferentes camiños que o levaron a facer viñetas na prensa, despois de pintar lenzos e de construí-los primeiros pasos do cómic galego. Engade tamén algunhas notas sobre os seus personaxes, alén de diversas consideracións sobre o humor.



_____, “Todo, mesmo a poesía, é subsidiario do amor”, *La Voz de Galicia*,
“Los Domingos de la Voz”, 14 decembro 1997, p. 5.

A poetisa Luz Pozo Garza ofrece algunhas notas da súa biografía, á vez que destaca a importancia que ten na súa obra, ó igual que na súa vida, o amor. Asemade reflexiona sobre os que son, para ela, os fundamentos da poesía.



_____, “Teño pensamento labiríntico e fago con el moitas excursións”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 21 decembro 1997, p. 5.

Entrevista coa escritora e catedrática da facultade de xornalismo, Margarita Ledo, na que se tratan aspectos relacionados coa súa biografía: os seus estudos en Barcelona, o primeiro contacto co nacionalismo, a súa militancia política, sobre todo nos anos da transición, así como as súas relacións co galeguismo, en concreto con Ramón Otero Pedrayo. Fala ademais das vivencias daqueles anos dende un punto de vista actual.



López Cobo, Ana, “José Luis Cuerda rodará en Allariz su película basada en un relato de *Qué me dices amor* de Manolo Rivas”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 26 novembro 1997, p. 13/p. 45.

Conversa co director de cine José Luis Cuerda que levará ó cine o conto “A lingua das bolboretas” de Manuel Rivas. Considera que este conto é dos máis interesantes que atopou e que polo seu interese e emoción será a base da súa película; tamén fala dos personaxes e da vontade de gravala en Allariz.



Luca de Tena, G., “Alguns periódicos están ricos a costa das subvencións da Xunta”, *A Nosa Terra*, nº 787, 17 xullo 1997, pp. 8-9.

Raimundo García Domínguez, “Borobó”, recorda o seu labor no xornalismo galego ó longo deste século. Fai primeiro unha lembranza do que se publicaba antes da guerra, con especial mención para os xornais *Galicia* e *El Pueblo Gallego* e o gran plantel de caricaturistas que había, encabezados por Castelao e Bagaria. Da dictadura lembra a súa época á fronte do xornal compostelán *La Noche* e os intelectuais que nel se iniciaron. Comenta a entrada dos intelectuais falanxistas máis moderados no mundo da cultura, unha vez que lles fora vedada calquera influencia política e se esvaeceuse a fin do réxime.



_____, “Roberto Vidal Bolaño: Nengun dos membros do Consello da Cultura sabe o que pasa nos cenários”, *A Nosa Terra*, nº 803, “Guieiro Cultural”, 6 novembro 1997, p. 21.

O dramaturgo e actor Roberto Vidal Bolaño, recente gañador do premio Rafael Dieste de Teatro coa obra *Doentes*, fala da concesión do premio Nobel ó dramaturgo Dario Fo e a situación do teatro galego actual. Neste sentido móstrase crítico co uniformismo do teatro independente e a excesiva aparatosidade do teatro público.



M. B., “Guillermo Heras: “El texto teatral está viviendo un momento fantástico”,
La Voz de Galicia, 10 abril 1997, p. 39.

Informa da visita a Galicia de Guillermo Heras, director do Festival de Teatro de Actor Contemporáneo de Alacante, para impartir un curso organizado polo C.D.G. Heras declara a súa paixón polo teatro actual e critica as empresas públicas por non apostar por el. Para rematar, fai unha síntese da evolución do teatro nos anos que el leva dedicándose a esta actividade.



_____, “O Salón Teatro é o meu sono”, *La Voz de Galicia*, 19 xuño 1997, p. 40.

O director do Centro Dramático Galego Manuel Guede comeza salientando a importancia da apertura do Salón Teatro, que considera “que debería ser a casa do teatro nacional”, e alude logo á necesidade de obter un acordo entre “tódolos axentes que conforman o teatro galego” para defini-lo futuro do Salón Teatro. Remata falando da situación do teatro galego actual, do Centro Dramático Galego, das reposicións que este leva a cabo e da formación dos actores.



_____, “El artista debe moverse libremente”, *La Voz de Galicia*, “Gente”,
9 setembro 1997, p. 36.

Carlos Neira, director de Espacio Aberto e fundador da compañía Nut, fala da súa volta a Santiago, a súa cidade natal, e da súa actividade docente en Espacio Aberto. Considera que o artista debe moverse libremente e que hai que abrir a arte a outros espazos alternativos e de risco.



_____, “O romanceiro sufriu a manipulación”, *La Voz de Galicia*, “Gente”,
12 setembro 1997, p. 36.

Xosé Luis Forneiro, profesor de Filoloxía Galega na Universidade de Santiago comenta a súa tese *O bilingüismo do romanceiro galego*, na que sostén que o romanceiro ten a súa orixe no castelán e que ó entrar en Galicia non chegou a galeguizarse de todo. Ademais, cre que habería que dedicar máis diñeiro a esta literatura.



Malvar, Aníbal C., “Aos críticos galegos non lles gusta a literatura”, *El Mundo*, “Galicia”, 21 abril 1997, p. 5.

O escritor compostelán Suso de Toro, gañador do premio Blanco Amor 1997 coa novela *Calzados Lola* (1997), comenta a súa relación cos premios, logo de acadar este certame. Asemade manifesta a súa opinión sobre a crítica galega e a española, así como a recepción que atopa entre os lectores e os críticos, ademais de comenta-la atención que lles presta na súa produción literaria. Finalmente lamentase do esquecemento por parte da universidade galega en comparación coa estranxeira, aínda que lle guste ser un escritor controvertido.



_____, “A literatura debe ter unha función moral”, *El Mundo*, “Galicia”, 3 agosto 1997, p. 7.

Á presentación de Suso de Toro como un autor que sorprende ós lectores con cada obra séguelle unha entrevista co escritor compostelán. O autor de *Tic-Tac* (1993) vencella os seus últimos títulos: *A sombra cazadora* (1994) e *Conta saldada* (1996) ó remate da guerra fría e á morte de Samuel Beckett. Declara a súa intención de “volver ás fontes esenciais de occidente”, describe os seus proxectos máis inmediatos e analiza a situación actual na que está inmerso o noso país. Cualifica a sociedade galega de “inmovilista” e critica o fraguismo por tentar reduci-la literatura a “unha burocracia”. Comenta a situación política e afirma ter militancia, pero cre necesario separar esta faceta da literaria. Concibe a creación como innovación, entende que “o escritor debe estar en busca perpetua”. Para rematar, declárase idealista e moralista.



_____, “O nacionalismo que temos en Galicia ve fantasmas por todas partes”,
El Mundo, “Galicia”, 4 agosto 1997, p. 7.

Comeza definindo Santiago Jaureguizar qué é o bravú, chegando á conclusión de que é unha montaxe. Sinala que non se sente moi escritor, senón máis ben un contador de cousas cun público formado por xente común. Considera que en Madrid non hai reticencias cara á literatura escrita en linguas periféricas, senón que simplemente se descoñece. Fai referencias a certos aspectos da súa obra, *Freedom Spik* (1995) e da novela que está a preparar, *Comendo espaguetis diante do televisor*. Comenta finalmente que lle parece “espeluznante” que se confundan cuestións políticas con cuestións literarias.



_____, “O proxecto ‘Galicia, terra única’ non é cultura, senón pago de docilidades”, *El Mundo*, “Galicia”, 10 agosto 1997, p. 7.

Entrevista con Xurxo Borrazás na que comenta diversos aspectos das súas novelas *Cabeza de chorlito* (1991), *Criminal* (1994) e *Eu é* (1996). Afirmar que se considera un “escritor moi reflexivo” e refírese ós factores polos que a xeración de escritores nados nos 60 abandonaron o xénero poético. Fala tamén do valor da poesía e do tipo de lecturas que fai, ademais de amosar certas consideracións sobre o postmodernismo. Finalmente, falando da súa colaboración na prensa, destaca que lle gusta escribir sobre os factores “políticos” que rodean á literatura.



_____, “O Consello da Cultura funciona sen ningunha interferencia da Xunta”,
El Mundo, “Galicia”, 11 agosto 1997, p. 7.

Carlos Casares que fala entre outros temas dos escritores de hoxe en día, da moda literaria do seu tempo, da existencia de autores de calidade sen formación humanística e da falla dun lector natural. Ofrece tamén certas consideracións sobre as institucións das que forma parte como son a RAG, o Consello de Cultura Galega e a editorial Galaxia. Conclúe comentado a súa reivindicación do Premio Nobel para Torrente Ballester e a súa tarefa como escritor.



_____, “Manuel Fraga ten as mans manchadas de Franco”, *El Mundo*,
“Galicia”, 17 agosto 1997, p. 7.

Xosé Luís Méndez Ferrín responde a diversas cuestións sobre a actualidade política galega, española e mundial. A Unión Europea, a ETA e as eleccións galegas son tema de conversa. No eido da literatura, Ferrín considera que non escribiu “nada interesante nos últimos seis anos”, e que a literatura ten importancia no seu existir, pero non é “fundamental”.



_____, “Sempre hai política no que escribes”, *El Mundo*, “Galicia”, 18 agosto 1997, p. 7.

Iolanda Castaño tenta minimiza-la polémica da “morte do pai”, xurdida nunha reunión de novos poetas. Valora positivamente o espírito de grupo que se vive entre os “novísimos”, así como a tentativa de achega-la poesía á rúa por medio de recitais. Defínese como “poeta instintiva” e afirma estar desvencellada da política. Salienta ademais a colaboración de varios compañeiros de xeración poética para crea-la editorial “Letras de Cal”. Finalmente, solicita a implantación de Filoloxía Galega na Coruña.



_____, “Creo que a miña carreira literaria son 25 anos de fracaso”, *El Mundo*, “Galicia”, 24 agosto 1997, p. 7.

Conversa con Xavier Alcalá con motivo do vintecinco aniversario da publicación de *Voltar* (1972). O autor de *A nosa cinza* (1980) considérase fracasado por seguir en “entornos de recepción tan reducidos”. Opina que o mercado brasileiro e o portugués son as mellores vías de expansión para a Literatura Galega. A unha pregunta sobre as súas achegas á nosa literatura, responde que foron “boas historias” e “fluidez idiomática”. Afirmo que dende hai vintecinco anos, o cambio literario fundamental é unha maior perfección nas formas, ademais dunha variedade de temas e a creación dunha literatura urbana.



_____, “Na cultura galega existe censura política”, *El Mundo*, “Galicia”,
31 agosto 1997, p. 7.

Francisco Alonso comenta a súa experiencia no Sahara coa idea de facer un libro. Declara que lle gusta a combinación de xornalismo e literatura, fala da súa faceta como poeta e da situación do mercado editorial no que habería, segundo el, unha inxerencia brutal que chega á censura. Apunta que hai que traducirlos clásicos galegos.



Mallo, Albino, “Carlos G. Reigosa, entre el periodismo y la literatura”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 30 marzo 1997, p. 45.

Despois dunhas breves consideracións do escritor acerca do xornalismo e a literatura, trázase unha sintética biografía de Carlos G. Reigosa, atendendo ó seu labor profesional como xornalista e á súa actividade dentro do campo da literatura, ademais de facer referencia a unha das súas novas inquedanzas culturais: a de escribir guións cinematográficos. Por último, inclúese un cuestionario no que o autor responde a preguntas que fan referencia ás preferencias persoais en canto a música, pintura e literatura.



_____, “Bernardino Graña, un docente que destaca na faceta literaria”,
El Correo Gallego, “Edición 7”, 12 outubro 1997, p. 5.

Bernardino Graña fai un repaso das súas lembranzas. Recorda os anos previos á Guerra en Ribadavia, o traslado a Cangas do Morrazo, onde vivía coa súa avoa, os días de instituto en Vigo e algúns compañeiros da época. Fala dos seus estudos en Santiago, Salamanca e Madrid, onde forma parte do grupo Brais Pinto. Comenta que en 1975 se instalou en Santiago, onde comezou unha actividade literaria importante, marchou por un tempo ó instituto Cervantes de Sao Paulo, pero dende 1991, e trala morte do seu pai, obtivo a xubilación e dedicouse plenamente á literatura.



_____. “María del Carmen Krukenberg, una viguesa distinguida”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 28 decembro 1997, p. 5.

María del Carmen Krukenberg confesa que a súa lingua literaria foi o galego rural que aprendeu de nena. Comenta que foi educada nun colexio alemán mixto de Vigo, onde viu, ós quince anos, como compañeiros seus eran reclamados por Hitler para a Guerra. Fala da biblioteca da súa casa, na que había poesía galega, da súa vida en Buenos Aires nos 50, onde tivo contactos coa intelectualidade galega no exilio. Salienta que cando volveu para vivir a Madrid, tivo o seu apoxeo literario como poeta en español e galego. Finalmente, refírese ós seu traslado a Vigo, cidade na que vive e onde participa do mundo literario.



Marchán, Juan, “José Ángel Valente: 'Cuando un escritor comienza a repetirse, entonces debe callar”, *La Región*, 3 xuño 1997, p. 56.

O poeta ourensán José Ángel Valente reflexiona acerca dos motivos que o levaron a vivir en Almería, da poesía e a palabra e da soidade como compañeira da creación poética, sobre o que manifesta que “sin una gran vivencia de la soledad difícilmente se podría concebir la operación creadora”. Ademais, opina sobre os premios literarios, en particular sobre o Premio Cervantes, criticándoos pola súa politización e tendencia ós favoritismos. Finalmente, comenta os seus proxectos literarios inmediatos e afirma que se atopa “en la recta final de mi escritura poética”.



Mirás, Nacho, “O noso drama é Galicia colonizada”, *La Voz de Galicia*,
18 xaneiro 1997, p. 42.

Isaac Díaz Pardo comenta distintos aspectos da súa vida, como por exemplo, a infancia que pasou rodeado dos grandes da cultura galega como Castelao, Asorey e Cabanillas. Opina sobre a utilización da cultura como instrumento para facer país, defínese a si mesmo como galego e sinala que o verdadeiro problema de Galicia está na colonización que sofre. Por último, reflexiona sobre a empresa Sargadelos e de Edicións do Castro sinalando que “facer libro galego é unha ruína, pero hai que facelo”.



Nóvoa, X. R., “Dorotea Bárcena, unha muller de carisma que camiña pola ficción”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 17 agosto 1997, p. X.

A actriz Dorotea Bárcena fala nesta entrevista dos seus gustos teatrais e cinematográficos ademais de expoñe-las súas ideas acerca do nivel dos actores galegos e do *handicap* que supón facer un cine en galego.



Olarte, Miguel, “Darío Xohán Cabana: 'Lugo é unha cidade morta e pouco creativa”, *El Progreso*, 25 maio 1997, p. 73.

D. Xohán Cabana refírese á cidade de Lugo, ó seu ambiente cultural e á situación actual da literatura galega que, segundo o escritor, “non está de moda” aínda que “hai unha calidade altísima nalgunhas obras, á altura de calquera outro país”.



_____, “Manuel María: Non podo xulgar pero paréceme que non chocheo”,
El Progreso, 16 novembro 1997, p. 75.

O escritor lucense Manuel María comenta o feito de ser recoñecido en vida pola súa traxectoria literaria, ademais de falar dos aspectos necesarios para a creación literaria. Polo demais, manifesta que decidiu non escribir máis poesía por medo a non ter xa facultades plenas para facelo. Por último reflexiona sobre o papel dos nacionalismos en xeral, e do nacionalismo en Galicia en particular.



_____, “Rodríguez Fer: O sexo dá a vida e permite vivila máis intensamente”,
El Progreso, 12 outubro 1997, p. 89.

O escritor Claudio Rodríguez Fer responde a preguntas de Miguel Olarte sobre as súas conferencias en diferentes universidades, a función do erotismo na súa literatura, e as características do proxecto *Unión Libre*. Por outra parte explica o que o leva a non se presentar a premios literarios e por qué escribe narrativa curta e non novela.



Outeiriño, Maribel, “Con Chile en el corazón”, *La Región*, “Eduardo Blanco Amor nació hace cien años”, 1 decembro 1997, p.64.

Enrique Campos Menéndez, amigo de Eduardo Blanco Amor, comenta a grata impresión que lle causou ó escritor ourensán a visita a Chile. Sinala tamén como o contacto con este país sudamericano e as súas xentes animou a Eduardo Blanco Amor a escribir unhas crónicas no diario *La Hora*, que logo foron recompiladas no seu libro *Chile a la vista* (1951).



_____, “Celso Emilio Ferreiro, en Celanova”, *La Región*, 24 decembro 1997.

Recupera *La Región* unha entrevista de Maribel Outeiriño a Celso Emilio Ferreiro en Celanova, ó volver ocasionalmente no ano 1972. Fálase do regreso de Celso Emilio a España, da impresión que causou oír os seus poemas musicados e da situación da lingua galega. Ademais comenta Celso Emilio algúns aspectos de *A viaxe ao país dos ananos* (1968) sobre todo no referido á crítica que realiza ós dirixentes dos centros na emigración.



Pablos, “Los homenajes, mejor tarde que póstumos”, *Faro de Vigo*, 29 maio 1997, p. 8.

A poetisa Carmen Kruckenberg amosa a súa alegría pola concesión do Premio Alecrín e polo acto de entrega. Explica que dedica o seu tempo a escribir e ler, considérase pouco traballadora e di que le por placer a Apollinaire, Rilke, Ungaretti, Hesse e os poetas galegos novos así como a filosofía e os clásicos gregos, ademais de Thomas Mann. Fala tamén dun inédito que non logrou publicar na edición axeitada e que se titula *Tauromaquia en línea y verso*. Finalmente di que empeza a notar recoñecemento e conta unha anécdota da súa amizade con Rafael Alberti.



Parada, Carmen, “Escribir es como pescar: echas la red y entra el pescado...”,
La Voz de Galicia, 23 febreiro 1997, p. 7.

A escritora Marilar Aleixandre responde a preguntas de Carmen Parada sobre a diferenza que hai entre a escrita para nenos e para adultos, e sobre a existencia de narradoras na literatura galega contemporánea. Por último sinala os proxectos literarios nos que está a traballar.



Parada, Mónica, “Otilia Seijas: ‘Mi literatura es intimista y, a veces, un poco corrosiva’”, *Diario de Pontevedra*, 26 agosto 1997, p. 7.

Otilia Seijas comenta os seus primeiros pasos no mundo da literatura e define a súa obra como intimista e corrosiva. Fala do libro que vén de publicar, *Ninguén suspira por ela* (1996), e do importante reto que supuxo para ela escribir en galego.



Penela, Ramón e Alba **Doral**, “Habría que trabajarse algo máis al público gallego para el teatro” *El Progreso*, “Gente”, 25 maio 1997, pp. 8-9.

A actriz Mónica García reflexiona sobre a situación do teatro en Galicia. Inicia a entrevista cunha alusión ó premio María Casares á mellor actriz secundaria que recibiu recentemente, cita algúns grupos de teatro galego cos que colaborou nalgún momento: Chévere, Compañía Marías, Espello Cóncavo, e finaliza cunha referencia ó seu traballo actual como profesora de teatro na asociación Falcatrueiros de Monterroso



Peña, Susi, “Carlos Casares: “O Consello debe se-lo gran órgano de reflexión da cultura do país”, *Diario de Pontevedra*, 7 abril 1997, p. 14.

Comenta Carlos Casares os seus quefaceres como presidente do Consello da Cultura Galega, sinalando que a xente coñece mal o que se fai nesa institución que pretende se-lo “cerebro pensante da cultura do país”. Achega a súa opinión sobre os novos escritores galegos e afirma que a calidade da literatura galega subiu moito. Fala de si mesmo definíndose como unha persoa “reflexiva”. Sinala finalmente que Galicia conta cun bo nivel cultural dende o punto de vista da tradición oral e que a televisión tamén é unha forma de cultura.



Pousa, Luis, “A cultura galega contemporánea conciliou a tradición autóctona co espírito universalista”, *El Ideal Gallego*, 25 abril 1997, p. 39.

Conversa con Francisco Fernández del Riego que inaugurou as II Xornadas de Arquivos, Bibliotecas e Museos de Galicia falando de “O libro en Galicia”. Fala da consolidación da lingua galega na que destaca o labor da RAG e da Universidade e considera que “o índice da cultura é un libro”.



Pujales Prats, Cristina, “En momentos críticos, o traballo intelectual é o que me sostén”, *O Correo Galego*, 19 febreiro 1997, pp. 4-7.

Longa conversa con Xosé Filgueira Valverde realizada para o Arquivo Sonoro de Galicia en 1995. Primeiramente fala do seu labor intelectual, no Museo de Pontevedra, no Seminario de Estudos Galegos, no Consello da Cultura Galega e no ensino. Defínese, sempre, como ensinante afervoadado, co traballo como principal distracción e coa sensación de ter feito menos do que debía por Galicia. Recorda con entusiasmo a creación do Museo de Pontevedra, pioneiro naqueles tempos en funcións didácticas e investigadoras. Sobre a capitalidade cultural do ano 2000 en Santiago, é partidario da vella idea de “Galicia, capital Galicia”, isto é, de que o acontecemento se estenda e afecte ó maior número de vilas posible. Reflexiona tamén sobre o momento actual da cultura galega. Non desconfía tanto dunha posible incidencia negativa do proxecto político europeo, como da deserción dos galegos da súa cultura, en referencia ó acontecido nos Séculos Escuros. Sen embargo, cre que o “autóctono” é para el algo contradictorio “porque a cultura é, sempre, algo fecundado polo alleo”. Considera que a literatura e a lingua están moi adiantadas neste momento en tódalas vertentes. Do teatro opina que se necesitan actores que fagan unha arte que sexa espello da sociedade burguesa actual. Afirmar que ó longo da súa vida se ten atopado con xente de diñeiro que investiu na cultura. Neste sentido, loa o papel da aristocracia galega, caso de Pardo Bazán ou Pondal.



Quintas, Pablo G., “Agustín Magán Blanco”, *El Correo Gallego*, “25 años no es nada”, 14 marzo 1997, p. 4.

Agustín Magán Blanco, membro fundador e director do grupo de teatro Ditea, lembra como a súa relación co teatro xa se remonta á súa etapa colexial e como logo de ser un dos creadores no ano 1960 da compañía Ditea, foi unha das pioneiras en emprega-lo galego e adaptar pezas do inglés ó español, entre as que se encontraba *Cabalgata hacia el mar*. Con respecto ós obxectivos do grupo, comenta que non cambiaron demasiado, aínda que ás veces hai modificacións por causa de circunstancias externas.



_____, “José Isorna Ferreiros”, *El Correo Gallego*, “25 años no es nada”,
18 marzo 1997, p. 4.

O delegado da curia diocesana de Santiago para os medios de comunicación, o Padre José Isorna Freire, lembra cómo naceu o seu libro *A nai galega*, en 1972, a partir dunha conferencia que foi ampliando “con datos y citas de numerosos escritores y poetas gallegos”. Refírese tamén ó seu vínculo coa cidade de Santiago e á súa amizade co cardeal Fernando Quiroga Palacios e co escritor Ramón Otero Pedrayo, quen lle escribira o prólogo de *A nai galega* e sobre o que escribiu un libro e incluso a súa homilía fúnebre.



R. Q., “O 68 é a eclosión dun capullo que che pon os pelos de punta”, *El Correo Gallego*, “¿Que hacías tú en los felices 60?”, 22 xuño 1997, p. 24.

Benedicto García Villar, membro do grupo Voces Ceibes, lembra os seus tempos de universitario e explica que o seu reto de cantar en galego xorde en Fisterra para poñer música a “Carta a Fuco Buxán”, de Celso Emilio Ferreiro, de quen destacaba a economía da linguaxe e a denuncia lacerada. Refírese finalmente ás dificultades que tiña a canción galega durante ó réxime franquista.



Regueira, Juan, “Miro el mundo que he vivido y siento un resplandor, algo que recibí sin merecer”, *El Ideal Gallego*, 34 xuño 1997, p. 37.

Repródúcese unha entrevista con Carlos Martínez-Barbeito tras se coñece-lo seu falecemento. Nela fala da súa vida, da súa amizade con figuras ilustres das letras españolas, do seu amor a Galicia e á Coruña, sempre suxeitos da súas obras, e da súa traxectoria, dende a primeira publicación ós nove anos ata os proxectos en que traballou ultimamente.



Rial, Silvana M., “Galicia lo significaba todo para el abuelo Curros Enríquez”,
El Ideal Gallego, “Entrevista con”, 28 agosto 1997, p. 64.

Manolita Curros, neta de Manuel Curros Enríquez, afirma que a súa familia conserva viva a memoria do poeta de Celanova, e que esta lembranza é transmitida de xeración en xeración. Caracteriza o seu avó pola intelixencia, o orgullo e o cariño que lle tributaba á familia. Describe finalmente os sentimentos de Curros pola súa terra.



_____, “A poesía elexiume a min e voulle ser fiel toda a miña vida”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 21 febreiro 1997, p. 72.

Conversa con Lino Braxe na que di se decantar pola súa faceta de poeta como aquela que mellor o define xa que, a diferenza do resto das ocupacións, non foi el quen escolleu a poesía senón que a poesía quen o escolleu a el. Realiza, así mesmo, algúns comentarios sobre as súas experiencias teatrais na versión galega da *Guerra dos Mundos*, de Orson Welles, da que non se arrepiñe malia que non saíu moi ben parada.



Rodríguez, Rosa, “Son sarcástico, irónico e cínico, pero non milito”, *O Correo Galego*, “Pegadas de Hoxe”, 28 marzo 1997, p. 48.

Cándido Pazó, nomeado presidente Asociación de Guionistas Galegos, fala nesta entrevista dos fins para os que foi creada esta asociación, ademais de responder a varias preguntas verbo do proceso de creación literaria das súas obras e da súa relación co teatro como guionista, director e actor.



_____, “Síntome eu en calquera lugar do mundo”, *O Correo Galego*, “Pegadas de hoxe”, 24 abril 1997, p. 56.

O escritor e ensaísta Claudio Rodríguez Fer defínese como universalista e considera que o contacto co exterior o enriquece, de aí que non se limite a un xénero literario en concreto. Afirmo que busca sobre todo referentes contemporáneos e conclúe a entrevista referíndose á personalidade de Ánxel Fole.



_____, “Amo a soidade dunha maneira infinita”/“Ferreiro escribe ó ritmo nostálxico da súa aldea natal que desaparece”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Pegadas de hoxe, 29 maio 1997, p. 64/p. 14.

Xosé Fernández Ferreiro refírese á presenza da morte na súa obra, recoñécese amante da soidade e fala da relación entre a novela e o relato. Conclúe subliñando a constancia dos homes do grupo Brais Pinto, do que formou parte.



Rodríguez, Salvador, “Si hace falta me peleo con el director”, *Faro de Vigo*, “*Faro del Ocio*”, 9 maio 1997, p. 4.

Entrevista na que a actriz Silda García, premio María Casares 1997, reflexiona sobre a súa carreira profesional e sobre a situación do teatro galego na actualidade. Opina que en Galicia existen máis grupos que demanda e que o futuro do teatro galego é incerto e depende, en grande medida, do apoio da administración.



Sal, Álvaro, “Cando non atopo con quen falar escribo versos”, *El Progreso*, 3 febreiro 1997, p. 55.

O poeta chairego Manuel María contesta a preguntas de carácter xeral sobre o coñecemento da literatura galega fóra do noso país, a invasión dos medios audiovisuais e a política, as homenaxes, ademais doutras sobre aspectos persoais.



Salgueiro, J. B., “Pagaría por ser un estúpido e un idiota: sería feliz”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, 18 maio 1997, p. 8.

Xosé Carlos Caneiro afirma que é un dos escritores galegos máis premiados, pero quizais un dos menos lidos. Considérase un maldito e só salva parte da súa obra, coa que se mostra moi crítico, fronte ó egocentrismo que di que hai nos creadores galegos. Asegura que ten a fórmula para crea-lo best-seller, pero que o importante e o difícil é facer arte, non vender libros. Cre que a condición natural do escritor é a periferia do mundo e a soidade. Afirma que a literatura galega actual é “das mellores de Europa e sen dúbida a mellor do Estado español”, pero que carece de repercusión por unha simple cuestión de vontade política.



_____, “Lo más importante de los premios es la pasta”, *Faro de Vigo*, 7 outubro 1997, p. 49.

Comeza Suso de Toro coa explicación da trama de *Calzados Lola* e cunha referencia ó pasado e á soidade. Opina que os premios galegos non están tan manipulados coma os casteláns e a propósito de se se considera politicamente incorrecto, manifesta que as súas ideas chocan coa “cultura dominante”. Considera ademais que a literatura galega é aquela que está escrita en galego e entende que non guste a imaxe “non beatífica” que dá de Galicia. Di que ten lectores pero non “o que antes se chamaba a ‘Brigada Social’, que te espiaba para saber se eras do Réxime”. No tocante ós premios pensa que o máis importante é a dotación económica e, á parte, a publicidade que lles dan ós libros. Ante a comparación con Pérez Reverte, considera que o escritor murciano tenta entreter mentres que as súas intencións son as de facer libros con máis fundamento artístico.



Salve, Marta G., “Manuel Rivas: ‘Siento una alegre inquietud’”, *La Región*, “Especial: “El protagonista”, 22 decembro 1997, p. 17.

O escritor coruñés mostra a súa opinión sobre a rodaxe cinematográfica dun dos contos de *¿Que me queres amor?* (1995) e manifesta moita curiosidade por vela xa realizada. Polo demais di que preferiría que o orixinal fose en galego, mais non puido ser así porque ninguén llo propuxo. Fala finalmente dos proxectos en que está a traballar neste momento.



San Martín Seoane, Xabier, “Rivas: ‘Este é un país de historias que están no aire’/“Estévez es el mejor valor del socialismo gallego”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 7 marzo 1997, p. 55/pp. 10-11.

Manuel Rivas describe a súa vida cotiá trala concesión do Premio Nacional de Narrativa. Opina sobre o xurdimento do movemento bravú e sobre o xornalismo galego actual. Reflexiona sobre a súa dupla condición de xornalista e literato. Ademais dá a súa visión sobre a situación xeral e en Galicia do relato curto, acompañada dunhas palabras sobre Dieste. Considera alienantes as diversións nocturnas actuais e lembra momentos da súa nenez.



_____, “Un libro vale lo que una botella de Albariño”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Veinte voces en Santiago ante el dos mil”, 11 maio 1997, pp. 8-9/p. 54.

Conversa con Víctor F. Freixanes na que este fala de diversos temas relacionados co mundo editorial. Insiste na necesidade de especialización das librerías para competir coas grandes superficies comerciais e considera fundamentais as axudas institucionais para a edición. Por outra banda valora as causas do aumento da publicación de libros en galego e neste sentido destaca a estabilización do mercado coa súa integración no ensino universitario e nos círculos culturais e educativos. Considera que a edición tradicional en Galicia está nun nivel por riba da media europea pero que cómpre moderniza-las técnicas e incorporarse ó libro electrónico. Aborda tamén as posibilidades de Compostela cara ó ano 2000 e sinala que se debería fomentar a creatividade aproveitando os recursos económicos e invertir en tecnoloxía e educación. Complétase a entrevista con algunhas lembranzas da súa infancia e do seu pasado universitario.



_____, “Recomiendo a Fraga ‘2001’, Odisea en el...”, *El Correo Gallego*, “Veinte voces en Santiago ante el dos mil”, *El Correo Gallego*, 21 xuño 1997, p. 10.

Alfredo Conde comeza recomendando un libro a cada un dos candidatos ás eleccións ó Parlamento galego. Continúa a falar sobre a xuventude e a inminencia da chegada do 1999, a seguir aborda temas de actualidade como o servicio militar e a insubmisión, as viaxes, a industria editorial en Galicia, ou Europa. Remata falando de Santiago e da súa infancia.



Sesar, Gemma, “Compaxinar un programa radiofónico coa creación literaria en galego”, *El Correo Gallego*, 12 abril 1997, p. 10.

Ana Romaní fala nesta entrevista dos seus comezos no mundo radiofónico e na creación literaria. Compara a capacidade de influencia que exerce un e outro medio; a radio e a poesía. Salienta o bo momento que está a vivir a poesía no noso país coa convivencia de varias xeracións poéticas distintas e unha maior aceptación por parte do público. Afirmar que o obxectivo de calquera obra é facer partícipe da mesma ó lector. Define o seu “Diario cultural” como “un punto de encontro para as expresións culturais do país”. Non observa ningunha característica específica que diferencie e defina a nosa literatura fronte ás demais nin tampouco cre na existencia dunha “literatura de mulleres”.



_____, “Iolanda Aldrei: O meu público sabe que vai ler un libro cunha certa intimidade”, *El Correo Gallego*, 9 nove mbro 1997, p. 10.

Iolanda Aldrei fala da súa creación poética, ensaística e teatral, principalmente da súa peza *Eva Perón*, que escribiu en colaboración con outros escritores para que a representase a Compañía Arte Libre do Brasil. Polo demais resposta a un cuestionario e argumenta sobre a necesidade de unificación da norma galega coa portuguesa.



Silva, César, “Cuerda: soy un pesimista absoluto”, *La Región*, “Especial”, 21 novembro 1997, p. 17.

José Luís Cuerda fala da rodaxe dunha película baseada nun conto do libro *¿Que me queres amor?* (1995), de Manuel Rivas. A adaptación deste conto, os personaxes e o lugar de gravación, alén do seu coñecementos de literatura galega son algúns dos temas tratados.



Sotelino R., Begoña, “El gran periodista es escritor, y éste procura no ser mal periodista”, *La Voz de Galicia*, 6 febreiro 1997, p. 7.

Con motivo da publicación do libro, *Ensaio breve de literatura e política* (1996), Alonso Montero fala do peso que a literatura e a política teñen na obra e da actualidade dos volumes recopilatorios de artigos. Destaca a figura de grandes xornalistas galegos como Julio Camba e Fernández Flórez que ademais de xornalistas eran grandes escritores.



Soto Andión, Xosé, “Carlos Penelas: da galeguidade na diáspora”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 22 xuño 1997, pp. XII-XIII.

Carlos Penelas inicia a conversa lembrando a súa primeira relación con Galicia a través das palabras do pai, logo fala de cómo empezou a escribir e ofrece algunhas claves deses comezos na poesía, como a súa “face contestataria”, que logo se completaría coa crítica literaria e as colaboracións na prensa escrita e na radio. Continúa comentando a súa produción actual como unha obra “sobre os galegos anarquistas na Arxentina”. Seguidamente analiza a situación da literatura galega contemporánea, en particular a da poesía, e explica algunhas liñas da súa poética. Finaliza dando a súa opinión sobre a colectividade galega en Buenos Aires actualmente, e cómo debe organizarse a dirección dos centros culturais galegos existentes en Arxentina.



Trillo, Jesús, “Aquí vivo coma unha árbore que medra alimentada por esta terra”,
El Correo Gallego, 18 marzo 1997, p. 21.

Manuel Rivas aborda nesta entrevista as actividades realizadas nunha celebración de recoñecemento comarcal levadoaa cabo en Vimianzo. O escritor salientou a importancia da base popular neste recoñecemento da Terra de Soneira, á que lle outorga “un carácter e unha tradición” e considera positiva unha “descentralización por bisbarras”. A continuación refírese ós moitos proxectos que se poden desenvolver dende unha óptica comarcal. Finalmente apunta que “a cuestión é querer facer cousas” e declara a influencia da Terra de Soneira na súa obra.



Vaquero, Natalia, “Alcalá viajó gratis a Israel para atentarse contra os árabes”,
Faro de Vigo, 24 setembro 1997, p. 44.

O relato de Xavier Alcalá, “Israel, notas de un viaxe” publicado na revista *Grial*, motivou esta entrevista con Ghaleb Jaber Ibrahim, na que o empresario denuncia as valoracións que o escritor galego fai sobre o pobo árabe no citado relato.



Veiga, Manuel, “En Galiza hai que ir contracorrente dos que fan só literatura egocéntrica”, *A Nosa Terra*, nº 772, “Guieiro Cultural”, 3 abril 1997, p. 19.

Emilio Araújo, director da editorial Noitarenga, fala de dúas datas simbólicas para el, o 68 e o 36 que tiñan en común a utopía. Refírese á necesidade de dar voz na literatura ós que non a teñen e da súa lingua poética. Comenta o poemario *Cinsa do vento* (1996) que lle debe bastante a Novoneyra. Considera que coa visión cómica do mundo evitou caer “nunha mitificación fetichista e beata da miña terra”.



_____, “Alfonso Eiré: O pensamento único é en Galiza máis acentuado debido á presenza de Fraga”, *A Nosa Terra*, nº 809, 18 decembro 1997.

O director do semanario *A Nosa Terra*, Alfonso Eiré, opina sobre o papel que xoga o seu xornal na sociedade galega actual e os condicionantes que esta presenta en materia informativa. Remata comentando os proxectos de futuro da súa empresa que van encamiñados cara a conseguir unha publicación de periodicidade diaria.



_____, “Son un fracasado porque estraguei boas historias”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 122, 1 xullo 1997, p. 5.

Conversa co escritor Xavier Alcalá por mor do 25 aniversario do comezo da súa carreira literaria coa publicación do seu primeiro libro *Voltar, seis personaxes e un fado* (1972). Ó longo da entrevista manifesta que pretende chegar á máxima cantidade de lectores posible e acadar proxección exterior; tamén reflexiona acerca dos seus comezos dicindo que escribiu “mal moi boas historias”, pois se así non fose “sería un autor de repercusión mundial”. Remata afirmando que pensa vivir varios anos máis e “seguir escribindo historias”.



Vidal, Carme, “A crítica está proibida, só se admite para dar imaxe de permisividade”, *A Nosa Terra*, nº 774, “Guieiro Cultural”, 17 abril 1997, p. 26.

Entrevista a Pilar Pallarés ó recibilo Premio da Crítica polo *Livro das Devoracións* (1996) que está dividida en catro apartados: a obra, o compromiso, a consciencia de xénero e o papel da crítica. En canto á obra afirma que non ten consciencia de facer carreira literaria, non ve a obriga de producir libros e que por isto a súa obra é relativamente curta. Sobre o *Livro das Devoracións* sostén que é menos intimista que filosófico. Respecto ó compromiso di que só lle importa a literatura que ten detrás algún tipo de fantasma. Da literatura política di que “é indecente falar de patria e liberdade cando fóra do poema non se fai nada”. Pensa que a moda de falar da mocidade literaria actual é consecuencia do mercado, da promoción. En canto á consciencia de xénero, afirma que lle preocupa ás veces unha linguaxe masculinizante, pero interésalle máis a reformulación da cuestión a nivel teórico, de simboloxías. Cuestiona a crítica literaria en Galicia e a súa relación co poder. Pensa que só se beneficia a aqueles que acatan o establecido e non molestan máis do permitido.



_____, “Nacín ao teatro nas longas noites de inverno, buscando unha distracción”, *A Nosa Terra*, nº 804, “Guieiro Cultural”, 13 novembro 1997, p. 21.

Conversa co autor de *Veladas Indecentes* (1996), Manuel Lourenzo, Premio Nacional de Literatura Dramática. Afonda en cuestión polémicas como a necesidade dun teatro alternativo con textos galegos ou a necesidade de traslada-lo teatro do lugar clásico ós antros, ós espacios abertos. Fala tamén sobre a historia teatral de Galicia e sobre a súa particular. Refírese ás afirmacións feitas nun acto na Coruña nas que dicía que o teatro galego tiña que partir de cero porque non había nada antes. Lourenzo confesa tamén que recupera a nosa tradición porque lle gusta, porque as “veladas” que el recrea eran as que el viviu nas longas noites de inverno do seu Valadouro natal. Declara admirar a Cunqueiro, do que di que é literatura de liberdade total, cunha vitalidade que non hai nin sequera en Borges. Fala tamén da relación do teatro co poder, ó que debe de contradicir, na súa opinión.



_____. “O franquismo obrigou á Xeración Nós a escribir en castelán”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 809, 18 decembro 1997, p. 43.

Antón Risco refírese á súa vida, á súa obra narrativa e á Xeración Nós. Desta di que era o seu ambiente familiar, a excepción de Castelao. “Foron os que comezaron a modernidade na Galiza”, afirma. *Cousas* é, ó seu xuízo, unha das obras mestras da literatura galega. Fala da represión contra os intelectuais no franquismo inicial e do seu exilio en Francia e Norteamérica. Considera que o narrador é tamén un historiador, que a lectura é un xogo activo entre o escritor, os personaxes e o lector e que nas clases de literatura só se aprende practicando. Opina que a literatura galega está nun bo momento, de grande riqueza, óptimo se o comparamos con outras literaturas.



_____, “Fabio Mangolini: O bufón é a personaxe revolucionaria da fin de século”, *A Nosa Terra*, nº 800, “Guieiro Cultural”, 16 outubro 1997, p. 11.

Por mor da visita a Galicia, para dar un curso de mimo a actores galegos, o dramaturgo Fabio Mangolini mostra a súa alegría pola concesión do premio Nobel a Dario Fo, por ser un home subversivo que vai sempre contra o poder e ter unha nidia ideoloxía de esquerdas. Ambas características provocan, segundo el, que faga un teatro político de altísima calidade. A continuación afonda en diferentes aspectos do teatro: as subvencións e a estabilidade das compañías, alén de analiza-la situación do teatro galego actual.



Villar, Carme, “La lucha por la igualdad de los sexos no pasó de moda”, *Faro de Vigo*, “Faro Domingo”, 31 agosto 1997, p. 3.

Nesta entrevista Olga Novo desvela as súas orixes como creadora. A nova poeta afirma recibir influencias de Claudio Rodríguez Fer, André Breton, Luz Pozo, Xohana Torres e Seamus Heaney. Describe a temática da súa poesía centrándose no erotismo e no feminismo. Opina que este último, entendido como a loita pola igualdade do sexos, é algo que está por encima de modas momentáneas e puntuais. Finalmente, refírese á dificultades que ten un autor novel para publicar e comenta a súa actividade como crítica literaria.



X. C., “En Galiza aínda hai urxencias informativas e editoriais por cubrir”, *A Nosa Terra*, nº 809, 18 decembro 1997, p.5.

Cesáreo Sánchez, director de Edicións A Nosa Terra, fai un balance positivo da etapa moderna do semanario galego, iniciada en 1977. Fronte ás dificultades que tiveron por parte do poder político, considera un éxito o apoio de moitos pequenos accionistas convencidos de que un periódico como *A Nosa Terra* cumpre unha misión colectiva. Afirmar que a *Historia da Literatura* en fascículos é o paso previo a unha gran *Enciclopedia Temática de Galicia*.





V.8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

V. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

V. 8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. C., “Homenaje a Castelao en el 47 aniversario de su muerte”, *Diario de Pontevedra/La Región*, 8 xaneiro 1997, p. 16/p. 49.

Noticia sobre a homenaxe que a Fundación Castelao lle rendeu en Santiago ó rianxeiro co gallo do 47 aniversario da súa morte. Infórmase de que David Otero leu unhas palabras do convalecente Avelino Pousa Antelo diante da tumba do escritor; no Museo do Pobo Galego, Clodio González Sánchez falou das viñetas que Castelao fixo no *Faro de Vigo*, salientou que eran un espello dos personaxes da sociedade galega do momento, caracterizadas pola súa agudeza e referiuse tamén ás causas que o levaron a abandona-lo xornal vigués, lembrando que foi este xornal o primeiro en anuncia-la noticia do falecemento de Castelao, tres días despois de se producir. Conclúe sinalando as datas de nacemento, morte e traslado dos restos a Galicia.



_____, “Los libros editados en gallego superaron en 1996 el millar”, *Diario de Pontevedra*, 24 abril 1997, p. 26.

A información inicial acerca dos orzamentos destinados pola Consellería de Cultura para fomentalo libro galego, está seguida dunha descrición das campañas de lectura “Os nosos escritores” e “Un libro, un amigo”, ámbalas dúas co obxectivo de promociona-las obras escritas na nosa lingua. Compárase o número de títulos publicados no 1996 co de anos anteriores.



_____, “El ciclo “Os nosos escritores” contará esta edición con 31 autores gallegos”/“Comienza una nueva edición de “Os nosos escritores”,
El Progreso/Diario de Pontevedra, 1 marzo 1997, p. 23/p. 75.

Anuncia a posta en marcha do ciclo “Os nosos escritores” coa finalidade de pór en contacto os autores co público, ó que explicarán a relación existente entre creación e escrita. Anota tamén a relación de escritores e de concellos ós que estes se achegarán.



A. E., “Valle-Inclán e Ferrín nas xornadas “Mar por medio” de Ribadeo”, *O Correo Galego*, 28 xullo 1997, p. 35.

Dáse noticia da celebración en Ribadeo dunhas xornadas sobre Galicia e Gran Bretaña nas que se tratará, entre outros temas, da visión de Galicia na obra de Valle, da tradución dos contos de Ferrín, da reivindicación da cultura galega e da figura do Conde de Gondomar.



_____, “O Museo do Pobo Galego recibe o legado de Fermín Bouza Brey”,
O Correo Galego, 1 novembro 1997, p. 35.

Recóllense palabras de Antón Fraguas nas que fai referencia á importancia desta cesión por formar parte dela “a máis importante colección privada de gravados” e tamén pezas arqueolóxicas estudadas por Bouza Brey.



_____, “Amancio Prada ofrécelle ‘Rosas a Rosalía’ na Casa de Galicia en Madrid”, *O Correo Galego*, 8 novembro 1997, p. 33.

Noticia da presentación do novo disco de Amancio Prada na Casa de Galicia de Madrid. Cítanse as persoas que participaron con Amancio Prada nesta obra homenaxe e tamén as que protagonizaron o acto de presentación. Entre elas, salientase a disertación da novelista Marina Mayoral quen louvou o labor de Prada como difusor da obra de Rosalía.



_____, “Ourense celebra este domingo o centenario de Blanco Amor”, *O Correo Galego*, 5 decembro 1997, p. 51.

Dáse noticia da conmemoración do centenario de Eduardo Blanco Amor por parte da Concellería de Cultura e o Clube Alexandre Bóveda de Ourense, cun percorrido por oito dos lugares que o autor describiu na novela *A esmorga*. Neles poñeráse unha placa realizada polo artista ourensán Manolo Figueiras cun texto explicativo.



AGN, “El más importante económicamente el “Premio das Letras e das Artes”,
Diario de Pontevedra, 7 xaneiro 1997, p. 18.

Noticia que ofrece algúns datos estatísticos, referentes ós premios literarios que se convocan en Galicia. Segundo estas cifras o premio mellor dotado economicamente é o “Premio das Letras e das Artes” con cinco millóns de pesetas. Destácase tamén que a modalidade que reparte máis diñeiro é a narrativa (con dezaseis millóns), seguido dos “premios a unha vida” e dos premios dedicados á investigación, mentres que os que menos reparten son os de poesía e teatro. Danse os nomes dos premios máis importantes en cada modalidade subliñándose a presenza de premios sen dotación económica.



_____, “Ablativo Absoluto”, la nueva colección de poesía de Xerais”, *Diario de Pontevedra*, 24 xaneiro 1997, p. 22.

Infórmase da presentación da colección de poesía “Ablativo absoluto” e trázanse os obxectivos cos que esta nace. Cítanse os catro primeiros autores publicados e coméntase preferentemente o volume do Nobel irlandés Seamus Heaney, facendo fincapé en que aínda non se traduciu a ningunha outra lingua románica.



_____, “Celso Currás presentó ayer el suplemento del diario “La Noche”/“Currás destaca el papel de La Noche en la defensa de la lengua y cultura gallega”, *Atlántico Diario/La Región*, 25 xaneiro 1997, p. 38/p. 51.

Noticia da presentación da edición facsímile do suplemento cultural do xornal *La Noche* na que se comenta que se trata dunha das escasas canles que os autores galegos de posguerra tiñan para chegar ó público. Lémbrese o nome do seu fundador, José Goñi, e dalgúns dos seus colaboradores.



_____, “Comienza una nueva edición de “Os nosos escritores”, *Diario de Pontevedra*, 1 marzo 1997, p. 23.

Informa da presentación do ciclo “Os nosos escritores” que contará con corenta e cinco conferencias en trinta e sete vilas galegas e co que se pretende poñer en contacto os autores co público. Sinálase a participación no acto de presentación do Conselleiro de Cultura, Xesús Pérez Varela; do director da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), Miguel Anxo Fernán-Vello e do director do PEN Club de Galicia, Carlos Casares. Segundo a noticia o director da AELG salientou o bo momento do xénero poético mentres que Carlos Casares se referiu á “encrucillada cultural” na que vive inmersa Galicia co acceso ás literaturas castelá, portuguesa e inglesa. Indícase tamén, que o ciclo tivo o seu comezo en 1995 e que se tenta con el que a sociedade galega coñeza os escritores máis significativos e poida compartir con eles inquiredanzas literarias e culturais.



_____, “Más de 1.300 grupos aparecen en la guía de teatro, música y danza de Galicia”, *Atlántico Diario*, 12 marzo 1997, p. 42.

Información sobre a publicación da terceira edición da *Guía de teatro, música e danza de Galicia*, por parte da Consellería de Cultura, na que se recollen un total de 1326 formacións artísticas de toda comunidade autónoma, cun incremento de 370 grupos con respecto á anterior edición, sendo a provincia da Coruña a que presenta un maior número, seguida de Pontevedra, Ourense e Lugo. O fin desta publicación é servir de referencia a programadores de espectáculos, asociacións e institucións.



_____, “Galicia participa en la Feria del libro en Buenos Aires”, *Diario de Pontevedra*, 19 abril 1997, p. 22.

Informa da participación da Consellería de Cultura na Feira Internacional do libro en Bos Aires que contará coa presenza do escritor Xavier Alcalá, e na Feira Internacional do Libro para Nenos de Bolonia, na que participa o debuxante Xan López Domínguez.



_____, “Risco recibirá el día 24 en Ourense unha homenaxe del Club Alexandre Bóveda”, *Diario de Pontevedra*, 10 maio 1997, p. 23.

Infórmase da homenaxe que recibiu Antón Risco no Clube Alexandre Bóveda ó tempo que se ofrece unha breve biografía do escritor alaricano. O articulista alude ó seu labor docente en Francia e, máis tarde, na Universidade de Laval-Quebec (Canadá). Cita, por último, algunhas das súas obras: *Memorias dun emigrante* (1986) ou *Hipogrifo* (1994), entre outras.



_____, “La Fundación Luis Seoane se convertirá en un centro de arte contemporáneo”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1997, p. 26.

Breve comentario sobre a Fundación Luís Seoane. Infórmase da creación da mesma, en agosto de 1996, así como das características do legado do artista: máis de douscentos óleos, toda a súa obra gráfica, unha colección de obra sobre papel, documentos, libros e obxectos persoais do autor. Por último, menciónase o principal obxectivo da Fundación: converterse nunha exposición permanente da obra de Seoane.



_____, “Conferencia de José Ángel Valente en el Club Internacional de Prensa”,
Diario de Pontevedra, 28 maio 1997, p. 24.

Infórmase dos contidos da conferencia “Figura de home en dous espellos” pronunciada por José Ángel Valente no Clube Internacional de Prensa de Santiago. Sinálase que o autor fixo alusións á situación da política galega e repasou a súa biografía literaria, destacando a súa relación con algúns membros da Xeración Nós como Vicente Risco e a súa dobre faceta de escritor en galego e castelán.



_____, “Celso Currás presentó la campaña de lectura “Verán Galego”, *Diario de Pontevedra*, 22 xullo 1997, p. 23.

Informa da terceira campaña de lectura en galego (“Verán galego”) presentada polo conselleiro de Educación, Celso Currás, o vicepresidente da Federación de Libreiros de Galicia, Víctor López Villarabid e o director xeral de Política Lingüística, Manuel Regueiro, dos que recolle parte das súas intervencións no acto. Infórmase de que a campaña consiste en obsequia-los compradores de obra en galego en calquera das 300 librerías asociadas á Federación, cunha bolsa que inclúe un póster e o libro *Enredos* de Paco Martín. Ademais tamén se emitirá un *spot* publicitario pola canle autonómica baixo a mensaxe “le en galego”.



_____, “Pérez Varela destaca la labor de la “Fundación Rosalía de Castro”,
Diario de Pontevedra, 1 outubro 1997, p. 26.

Recóllense declaracións do conselleiro de Cultura e Comunicación Social Xesús Pérez Varela na xornada inaugural do IV Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos celebrada na padronesa Casa da Matanza, sede da Fundación Rosalía de Castro. Destacou a importancia desta institución no labor de recuperación da lingua e a cultura galegas na segunda metade de século e mostrouse satisfeito por escoller Padrón para desenvolver estes actos. Na mesma noticia inclúese información sobre outras cuestións como a clausura dunha exposición de pintura de Laxeiro, a convocatoria de cursos de estudos musicais ou a celebración de concertos da Real Filharmonía de Galicia.



_____, “La historia de la prensa de Lugo, resumida a través de sus cabeceras”,
Atlántico Diario, 19 outubro 1997, p. 92.

Informa da exposición “A prensa de Lugo, dous séculos de historia”, organizada pola Asociación de Prensa de Lugo e coordinada por Paz Teijeira e M^a de la Torre, que terá lugar no Museo Provincial de Lugo. Segundo se indica, trátase dunha mostra na que se pretende dar unha visión do que foi o xornalismo na provincia de Lugo dende o século XIX ata a actualidade, reunindo exemplos de 50 das 400 publicacións existentes. Presenta ademais certos comentarios dos organizadores e dá conta do nome dalgunha das publicacións expostas.



_____, “El Museo do Pobo Galego recibe el legado de Bouza Brey”, *Diario de Pontevedra*, 1 novembro 1997, p. 24.

Coméntase a composición do legado de Bouza Brey que Emilia Álvarez, a súa viúva, vén de ceder ó Museo do Pobo Galego. Recóllese parte das alocucións que Emilia Álvarez e Fraguas pronunciaron durante o acto.



_____, “Biarritz acoge desde el viernes el congreso literario “Galeuzca”/“Quince escritores gallegos viajarán a Biarritz para el congreso Galeuzca”, *El Progreso/La Región*, 23 outubro 1997, p. 65/p. 57.

Anúnciase a próxima celebración do congreso “Galeuzca” en Biarritz (Iparralde). Infórmase de que se centrará nos libros de viaxes e coméntase a composición da delegación galega.



_____, “El Igaem inicia en Santiago un curso de especialización en arte dramático”, *Atlántico Diario*, 2 decembro 1997, p. 43.

Informa, brevemente, da celebración dun curso de especialización en arte dramática organizado pola Universidade de Santiago e o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Este curso de posgrao, inaugurado polo rector da Universidade de Santiago Darío Villanueva e o xerente do IGAEM Aníbal Otero, é o primeiro no que colaboran estas dúas institucións e está dirixido a actores e actrices de teatro.



_____, “Manuel Sirera y Manuel María llevan su obra a Madrid”, *Atlántico Diario*,
6 decembro 1997, p. 42.

Infórmase da presentación do disco de Manuel Sirera e da conferencia que dará Manuel María
sobre Ánxel Fole na Casa de Galicia de Madrid.



_____, “La asociación Amigos de la Fundación Xosé Neira Vilas inicia sus actividades”, *Atlántico Diario*, 23 decembro 1997, p. 54.

Breve noticia de prensa sobre a posta en marcha da Asociación de Amigos da Fundación Xosé Neira Vilas. Para potencia-las actividades da Fundación, anúnciase a futura celebración de conferencias, debates, seminarios, etc, coa intención de promover, estudar e dar a coñece-la obra de Xosé Neira Vilas



_____, “Sotelo Blanco lanza estas navidades ocho nuevos títulos”, *Diario de Pontevedra/La Región*, 23 decembro 1997, p. 29/p. 64.

Nota de prensa que dá conta da saída do prelo das novidades editoriais e coleccións de Sotelo Blanco para o Nadal. No ámbito da narrativa, cítanse obras de Francisco Fernández Naval e Karen Blixen; en literatura infantil as novelas de Fina Casalderrey, Xelis de Toro e Antonio García Teijeiro e anúncianse dous poemarios, un de Ramiro Fonte e outro de Arturo Casas.



A. H., “Susos de Toro ofrece una conferencia en la casa de cultura boirense”,
El Correo Gallego, 4 marzo 1997, p. 20.

Anúnciase unha conferencia de Susos de Toro na Casa de Cultura “Ramón Martínez López”, de Boiro. Dise que falará sobre a súa experiencia como autor de relatos. Tamén se dá unha bibliografía sobre o conferenciante.



A. I., “El Paraíso mantiene abierta su colección literaria a todos los autores aficionados”, *El Correo Gallego*, 9 xaneiro 1997, p. 13.

Dá conta da iniciativa que mantén dende 1979 o pub compostelán O Paradiso Perdido consistente na publicación de relatos breves en torno á idea do Paraíso. Dáse o título dalgúns dos relatos publicados ata o de agora e indícase que a colección segue aberta para quen queira enviar contos en galego ou castelán cunha extensión máxima de seis folios para seren distribuídos gratuítamente no local.



_____, “La editorial Letras de Cal promueve en agosto un ciclo de veladas poéticas”, *El Correo Gallego*, 29 xullo 1997, p. 12.

Dá conta da celebración en Santiago de varios recitais poéticos a cargo de autores novos promovidos por editorial responsable da colección Letras de Cal. Ademais das datas e o lugar de celebración, tamén nos achega os nomes dos participantes en cada velada.



A. L., “Carlos Reigosa recrea na ficción o negocio que o fume fixo en Galicia”/“Carlos Reigosa recrea na ficción o negocio do fume en Galicia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 8 abril 1997, p. 13/p. 35.

Nota sobre a presentación do libro *A guerra do tabaco* (1996), de Carlos G. Reigosa, que completa a triloxía iniciada con *Crime en Compostela* e *O misterio do barco perdido*. Sinálase que ó acto asistiron Freixanes, quen destacou que Reigosa “acadou un espacio moi definido na literatura galega”, e Dolores Vilavedra, quen definiu ó escritor como o “pai da novela policíaca galega”. Pola súa banda, Reigosa destacou distintos aspectos da súa obra: o intento de retrata-la sociedade galega, a evolución dos personaxes e a mestura de xornalista e literato.



_____, “Antón Reixa: “Son un escritor infiltrado”, *O Correo Galego*, 6 maio 1997, p. 35.

Refírese á intervención do poeta e cantante na inauguración das Xornadas de Xornalismo e Literatura, nas que expresou a dificultade de conxuga-las tendencias literaria e xornalística, por seren de diferente natureza aínda que afirmou que os escritores galegos “infiltrados” no xornalismo botan man da súa imaxinación. Segundo a noticia, Reixa manifestou que non sataniza o “exceso mediático” no que vivimos. Declarouse un tipo educado na “convivencia selvática cos medios de comunicación” e sinalou que os medios acábannos presentando as cousas “como se fosen fenómenos atmosféricos”.



_____, “Presentación de la nueva colección ‘Letras de Cal’”, *El Correo Gallego*, 27 maio 1997, p. 11.

Dá conta da presentación dos dous primeiros libros da colección de poesía “Letras de Cal”: *A primeira visión*, de María Lado e *Propiamente son captivo*, de Celso Fernández Sanmartín. Destácase que no acto de presentación, que tivo lugar no salón de graos da Facultade de Filoloxía, incluíuse un recital dos dous autores.



_____, “Ourense é desde hoxe o centro de irmandamento dos autores galegos”/“A oralidade das letras centra o ‘IV Encontro de Escritores”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 6 xuño 1997, p. 53/p. 14.

Breve noticia que informa sobre o comezo, en Ourense, do IV Encontro de Escritores, “que este ano centra o seu programa na “Oralidade das letras”. Recóllense declaracións de Marcos Valcárcel, un dos participantes no Encontro, acerca destas xornadas, nas que reflexiona sobre a oralidade e a relación entre a cultura popular e a literaria, relacionando isto coa obra de Ánxel Fole. Destácase ademais o espacio que o encontro dedicará á caricatura e detállase o programa de actividades, incluíndo os nomes dalgúns dos escritores participantes.



A. M., “Continúa el éxito de público en la Feria del Libro”, *Atlántico Diario*, 4 xullo 1997, p. 16.

Comenta o éxito acadado pola XXIII edición da Feira do Libro de Vigo, que conta este ano con 45 casetas e un presuposto de 6 millóns de pesetas. Ademais informa de todo tipo de actividades, charlas, actuacións musicais e teatrais que se están levando a cabo de forma paralela, referíndose concretamente ás que se celebrarán o venres día 4.



_____, “Moncho Borrajo firma hoy ejemplares de su obra”, *Atlántico Diario*,
5 xullo 1997, p. 54.

Informa dos actos que se celebran nesta xornada dentro das actividades paralelas á Feira do Libro de Vigo. Anúnciase a presenza de Moncho Borrajo, que asinará exemplares da súa última obra, *Meu querido padre Ramón*, e de Tomás Ares Güimil e M^a Xesús Vila coa súa obra *Guía de Balneario*. Ademais, terá lugar unha actuación musical e o sorteo de vales cambiabiles por libros. A nota destaca os descontos do dez por cento que se están facendo na compra de libros.



_____, “La Feria del Libro alcanza su ecuador con un gran número de visitantes”, *Atlántico Diario*, 5 xullo 1997, p. 54.

Noticia sobre a celebración da Feira do Libro de Vigo. Acto que, segundo a presidenta da Asociación de Libreiros de Vigo, María del Carmen Vázquez Domínguez, está cumprindo as expectativas dos organizadores en canto á concorrencia de público. Considérase que isto é debido á realización paralela dun completo programa de actividades, no que son as charlas as que están recibindo unha menor resposta. Sobre a venda de libros comenta que son as persoas novas as máis interesadas en mercar.



_____, “La feria celebra hoy el Concurso de Dibujo Infantil”, *Atlántico Diario*, 7 xullo 1997, p. 37.

Dáse conta dos actos da xornada dentro da Feira do libro de Vigo. Anunciáse un concurso de debuxo, a actuación do grupo de teatro Buratini con *A gaita que facía a todas bailar*, un obradoiro de encadernación e a presenza de Rafa Villar e Xosé Luís Santos Cabana para asinar exemplares de *O tributo da tarde* e *Conto para ler chovendo*, respectivamente. Destácase que este tipo de iniciativas van destinadas a persoas que non son compradores habituais. Fálase tamén da presenza nas casetas das últimas novidades salientando o oco cada vez maior que están a te-la literatura infantil e as obras galegas entre o público.



_____, “Xavier R. Baixeras, Otilia Seijas y Carlos Vila Sexto, firman hoy”,
Atlántico Diario, 9 xullo 1997, p. 25.

Anúnciase que dentro do marco da celebración da Feira do Libro de Vigo, os escritores Otilia Seijas, Carlos Vila Sexto e Xavier R. Baixeiras firmarán exemplares das súas obras. Este último presentará ademais o seu libro *Beira Norte*.



_____, “Hoy finaliza la Feria del Libro, que congregó a miles de visitantes”,
Atlántico Diario, 10 xullo 1997, p. 25.

Constátase o éxito da XXIII Feira do Libro de Vigo e coméntanse as abundantes actividades paralelas programadas. Recóllense as declaracións do director da mostra, Miguel Rivero González, sobre a afluencia de público, os hábitos xerais de lectura e as vendas acadadas.



A. N. E., “Cine e literatura danse a man o mércores no CGAC”/“Ciclo de conferencias no CGAC sobre a relación entre arte e literatura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 7 abril 1997, p. 14/p. 12.

Dáse noticia da próxima celebración en Santiago dun ciclo de conferencias organizado polo Centro Galego de Arte Contemporáneo sobre as relacións entre literatura e arte que contará coa presenza dos poetas José Angel Valente e Juan Marset, os escritores José Jiménez e Rafael Argullol entre outros artistas e críticos.



_____, “Lleida será a capital das compañías de títeres”, *O Correo Galego*, 30 abril 1997, p. 44.

Descríbese o programa da VIII Feira de Marionetas de Lleida no que participa o grupo galego Kaos xunto a vintecinco compañías máis procedentes de Arxentina, Israel, Eslovaquia e o resto de España.



A. O., “Falar galego, a ‘terquedade feliz’ de Reixa”, *La Región*, 13 maio 1997, p. 17.

Recóllense as opinións máis relevantes de Antón Reixa expostas nunha conferencia celebrada no instituto Marta Guisela do Barco de Valdeorras. Entre outras cómpre destaca-las referidas a Carlos Núñez, un resumo da súa biografía a respecto do seu achegamento á lingua galega e a definición do que para el sería o “individuo galego lingüisticamente libre e soberano”.



_____, “Una veintena de escritores firmará sus obras en la XXIII edición de la Feria del libro”, *Faro de Vigo*, 2 xullo 1997, p. 10.

Informa do acto de inauguración da XXIII edición da Feira do Libro de Vigo, á que asistiron, entre outras personalidades, Antonio García Teijeiro, que reivindicou durante o pregón un maior recoñecemento da literatura infantil. Dá conta ademais dos descontos do 10% que se farán na compra de libros, das perspectivas económicas de supera-los 40 millóns de pesetas en vendas do ano pasado así como dos escritores que acudirán a firma-las súas obras.



A. R., “Rosalía de Castro: onte, hoxe e sempre”, *O Norte*, nº 73, do 5 ó 23 xullo 1997, pp. 4-5.

Faise eco dos actos celebrados con motivo da conmemoración en Padrón do aniversario da morte de Rosalía de Castro. Sinálase que no acto, celebrado na Casa Museo de Rosalía, se presentou unha biografía da poetisa con versións en galego, catalán, castelán e eúscaro. Alúdese ademais á intervención que Manuel Rivas fixo identificando a Rosalía con Galicia e á de Agustín Sixto Seco referíndose ás novas instalacións do museo. Por último coméntase a participación no acto de Gonzalo Rey que falou do obxectivo a nova Casa Museo de acoller unha exposición “clara sobre Rosalía” e da intención de converte-la casa lindante en Casa Museo.



Abuín de Tembra, Avelino, “Carlomagno, emperador de Compostela”, *El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 12 setembro 1997, p. 11.

Abuín de Tembra afirma recoller este relato da *Historia do Emperador Carlomagno*, de Nicolás de Piamonte, do século XIV. Conta en cinco capítulos a relación do emperador francés Carlomagno con Compostela, dende a aparición do apóstolo Santiago ata a morte de Carlomagno, no ano 814, pasando pola visita deste emperador a Galicia, durante a que ordena a construción das igrexas de Santiago e Fisterra. O relato vai ilustrado por Gerardo Porto.



Agulla, Álvaro, “Amigos de Carballeira” comienza la venta de camisetas y pegatinas”, *Diario de Pontevedra*, 16 xullo 1997, p. 15.

Infórmase das iniciativas para recadar fondos destinados a sufragar-la construción dun monumento á memoria do poeta bueuense Johan Carballeira.



_____, “La Biblioteca Municipal continúa con las “Tertulias Literarias”, *Diario de Pontevedra*, 2 agosto 1997, p. 16.

Informa de que as obras comentadas nas “Tertulias Literarias” que organiza o Concello de Bueu foron *El Libro de mi madre*, de Albert Cohen e *Miguel Hernández para niños*. Anuncia que o 29 de agosto o debate xirará ó redor de *O paxaro que canta un nome* (1996), de Xavier Lorenzo Tomé.



_____, “Amigos de Carballeira” continúa realizando diversos actos”, *Diario de Pontevedra*, 6 agosto 1997, p. 16.

Infórmase das novas iniciativas para conseguir fondos destinados a sufragar-la construción dun monumento á memoria de Johan Carballeira.



Alcalá, Xavier, “A reuma do intendente”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 10 agosto 1997, p. 53/p. 12.

Relato situado na Intendencia da Mariña da Habana na fin do século XIX. O intendente fai un descanso na traducción ó español de *La Phisique des Arbres* e reflexiona sobre os cambios ós que está sometida a sociedade finisecular, nun ton pesimista que achaca ás súas dores reumáticas. Está ilustrado por Jorge Castillo.



Alonso, Fran, “Besmelh, filla da núbe”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 7 febreiro 1997, pp. 9-15.

Colección de cinco poemas de Fran Alonso nos que se reflicte a opresión á que se somete ó pobo árabe representado, na maioría dos casos, pola muller que observa e cala. Os poemas van acompañados de dúas fotografías relacionadas co tema de fondo dos mesmos.



Alonso Montero, Xesús, “Carta de Rebeca Abulafia a Yusuf de Ventosela”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, “Relatos e debuxos do verán”, 17 agosto
1997, p. 56/p. 11.

Reprodúcese o pregón pronunciado polo profesor Xesús Alonso Montero na “Festa (xudía) da Isteria” en Ribadavia o 2 de setembro de 1992. Trátase dunha carta que lle envía a sefardí búlgara Rebeca Abulaia a Yusuf de Ventosela, na que fala da gran nostalxia con que se transmiten de xeración en xeración as lembranzas da estancia xudea en Ribadavia. A ilustración está asinada por Carlos González Villar.



Alvarado, Segundo, “Un poeta de tierra que habla de su tierra”, *La Región*,
22 febreiro 1997, p. 19.

Comentario de *O rito do regreso* (1996), de Edelmiro Fernández Naval. Fai referencia á “nostalxia dun ser querido” coa que o poeta fala da súa terra. Sublíñase, así mesmo, o intimismo, a utilización do hendecasilabo e o motivo do retorno á terra. Logo de apunta-la precisión e a sinxeleza das estrofas, cualifica o libro de “poemario para ler nunha reflexión compartida agarimosamente co propio poeta”.



_____, “Encuentro con la intelectualidad gallega de los años 40-50”, *La Región*,
4 marzo 1997, p. 18.

Infórmase da publicación, polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, dunha edición facsímil do suplemento do sábado de *La Noche* e dun traballo de estudio sobre o mesmo, dirixido por Luís Alonso Girgado. Preséntase tamén unha breve historia do xornal, en especial do primeiro número, e certas consideracións sobre a recente publicación.



Álvarez, Eduardo, “Multitudinario adeus ó historiador Carlos Martínez Barbeito na Coruña”, *O Correo Galego*, 24 xuño 1997, p. 35.

Infórmase da homenaxe póstuma a Martínez Barbeito organizada pola Deputación coruñesa e que consistirá na publicación dos libros de Martínez Barbeito *La Coruña a vista de gaviota y a ras de tierra*, no que estaba a traballar e *Torres, pazos y linajes*. Tamén se informa da homenaxe do concello coruñés, que consistiu en darlle o seu nome a unha rúa da cidade. Danse datos biobibliográficos do historiador e recórdanse as áreas do saber nas que máis traballou: creación e investigación.



Álvarez, Raúl, “El Centro de Estudios Galegos de “*A Nosa Terra*”, echa a andar en Santiago”, *El Ideal Gallego*, 20 abril 1997, p. 58.

Dáse noticia do acto de constitución, no Museo do Pobo Galego de Santiago, dun Centro de Estudios Galegos polo semanario *A Nosa Terra*, que ten a Francisco Carballo como presidente de honra e ó poeta Manuel María como vicepresidente da fundación. O presidente de *A Nosa Terra* anunciou a que a fundación conmemorará o 90 aniversario e os 20 anos de andadura do xornal.



_____, “Castelao: conferencias e discursos”, un libro para leer de viva voz”,
El Ideal Gallego, 4 maio 1997, p. 52.

Informa da presentación na galería Sargadelos de Santiago do libro de Henrique Monteagudo *Castelao. Conferencias e discursos* (1996). Indícase que no acto, no que participaron Manuel Bragado, Xesús Alonso Montero e Avelino Pousa Antelo, o autor fixo fincapé na fidelidade ós orixinais á hora de reproducir os textos e no cotexo cos publicados na prensa argentina e en *A Nosa Terra*. A noticia fai unha breve descrición da estrutura da obra e conclúe coas palabras de H. Monteagudo nas que se explica o metódico e laborioso proceso de traballo e a dificultade de recompilar textos de tan diversas fontes.



Álvarez Cáccamo, Alfonso, “Hai que salvar a Toñito”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 21 agosto 1997/22 agosto 1997, p. 45/p. 10.

Reproducción dun fragmento do libro *Catapulta* no que se describen os trastornos que a enfermidade de Antoñito causa na vida da familia, composta por Sebastián, o pai, e os dous fillos, Toñito e Basilisa. Despois de percorrer os máis prestixiosos doutores, sen achar ningunha solución, acoden á medicina alternativa, que facilita o misterioso final da historia. O debuxo está asinado por Mantecón.



Álvarez Cáccamo, Xosé María, “De mañá que medo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 3 setembro 1997, p. 45/p.16.

Reprodúcense fragmentos, sen título e de extensión variable, da obra *De mañá que medo*, publicada en 1993 por Edicións Laiovento en 1993. O “eu poético” amósase escéptico ante o futuro representado pola mañá. Os poemas van acompañados do debuxo de Berta Álvarez Cáccamo.



Álvarez Docampo, Julio César, “Rosalía e os seminaristas de Lugo”,
El Progreso, “*Táboa Redonda*”, nº 43, 13 setembro 1997, p. I.

Texto que se centra na contestación que tiveron os artigos costumistas de Rosalía de Castro. Exemplifícase con “El codio”, que provocou o apedreamento do local en que ía ser impreso por parte dos seminaristas de Lugo, e “Costumbres gallegas”, que fixo que a padronesa abandonase a Galicia e ó galego.



Álvarez Torneiro, Manuel, “El río da memoria nace no Bocelo”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, “A ruta do autor”, 23 novembro 1997, p. 13.

Reflexión sobre as Torres do Bocelo, na que o autor fai especial fincapé na Pena da Moura, que preside o alto do Bocelo e que noutro foi abrigadoira de lobos axexantes da mocidade que volvía das festas. Toda a descrición, quer do monte, quer das aldeas e ríos, está dominada, pola dor do poeta, que se laia da desaparición das eiras, das corredoiras, das campás, das forxas, etc. Recoñécese vividor deste “paraíso” “antes das augas do naufraxio incesante”.



Arias, M. X., “A morte cerna as ilusións do poeta Rubia Barcia de volver á súa terra”/“Fallece en Estados Unidos el escritor ferrolano Rubia Barcia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 9 abril 1997, p. 42/p. 13.

A noticia lembra que en 1993 Rubia Barcia manifestara o seu desexo de lle doar ó Concello de Ferrol a súa biblioteca e arquivo persoal. Destácase que na súa última estancia en Galicia o pasado febreiro, prometeu voltar na primavera para asistir á colocación do seu busto no campus de Ferrol. Coméntanse as distintas facetas do ferrolán e recóllese a opinión do presidente do Liceo de Ferrol, Lino Blanco, quen destaca del o seu humanismo. A continuación faise un percorrido pola vida deste poeta e investigador e conclúese citando a súa obra poética recollida en tres libros: *Umbral de sueños* (1961), *Nova canción galega* (1970) e *A aza enraizada. Cantigas de Bendizer*.



Arnáiz, Ángel, “Cultura”, *El Correo Gallego*, “Desde San Vicente del Pino”, 5 abril 1997, p. 31.

Informa da presentación dos actos culturais de primavera 97 no concello de Monforte por parte da delegada de Cultura, que ofrecerán música, teatro, exposicións e actos centrados no Día das Letras Galegas. O escritor Xabier Ponte Docampo participará na campaña de fomento de lectura e Manuel María, José de Cora Paradela e Claudio Rodríguez Fer intervirán nunha mesa redonda para homenaxear a Ánxel Fole.



Azancot, Nuria, “¿Quien, cómo, cuánto?”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 274, 31 xaneiro 1997, pp. 16-19.

Escrito que recolle comentarios en relación coa produción literaria española. Entre eles fálase da Editorial Xerais, fundada no 1979, é a lider de vendas da edición en galego.



B. P., “Se abre el telón”, *La Voz de Galicia*, 26 agosto 1997, p. 41.

Dá conta dos numerosos grupos teatrais compostelás e dos proxectos que están a preparar para a vindeira campaña. Céntrase, sobre todo, nos espectáculos que van montar Teatro do Noroeste, Teatro da Lúa, a compañía de Kukas e Ollomoltranvía. Tamén fala da necesidade que teñen estes grupos de representar fóra de Galicia para facer rendibles as súas postas en escena.



Bande, Enrique, “El ‘penedo’ del Campus”, *La Región*, 30 xuño 1997, p. 10.

Artigo evocador da “Xeración Nós” con motivo da inauguración dun monumento granítico nos terreos que acollerán o futuro campus de Ourense e que pretende homenaxear as principais figuras nadas na cidade neste século. Ademais relaciona ós homes da “Xeración Nós” con outras personalidades que figuran na nómina da cultura universal como Aristóteles, Platón e Unamuno. Por último destaca o traballo levado a cabo polo arquitecto Fernando Blanco no deseño do espazo no que se encontra o monumento.



Barrera, Héctor, “Teatro, danza y música”, *El Correo Gallego*, “Gallegos en el mundo”, 16 abril 1997, p. 59.

Refírese á creación duns cursos de especialización en disciplinas artísticas por parte da Secretaría Xeral para as relacións coas comunidades galegas en colaboración co Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais. Menciónase a participación de xoves procedentes de centros galegos de América e Europa.



Bergantiños, Paula, “A Auriense celebra o trinta cumpreanos. Otero Pedraio e Ferro Couselo entre os fundadores desta agrupación cultural”, *A Nosa Terra*, nº 804, “Guieiro Cultural”, 13 novembro 1997, p. 25.

Faise unha biografía da Agrupación Cultural Auriense dende o seu nacemento ata o seu trinta aniversario (1997). Cítanse os galeguistas que pertencían á agrupación e dise que foi pioneira na celebración do “Día das Letras Galegas” e da “Festa da árbore”. Cítanse outras asociacións que participaron no espallamento da cultura galega como “O Galo” (1961), “O Facho” (1963), “Asociación Cultural de Vigo” (1965), “Clube Cultural Valle Inclán”, en Lugo (1966), “Asociación da Cultura de Pontevedra” (1967), “Abrente” (1969), “Francisco Lanza” (1972), “Os Cigurros”, de A Rúa (1973) e “Os Coupos” (1974).



Bergueiro López, Manuel, “A pecadenta silenciosa”, *Tabeirós Terra*, nº 2, novembro 1997, pp. 15-20.

Relato que conta a historia dos amores fracasados de Manuel Alfonso e Maruxiña, mozos veciños de Conles. Ela ó non ter noticia del e saber que estaba embarazada, séntese abandonada e aldraxada polo que marcha a Cuba, mentres el, ó volver e non encontrala, comeza amores cunha madrileña coa que casa. Co paso do tempo o fillo da “pecadenta silenciosa” e unha filla del e da madrileña chegaron a casar sen saberen da súa condición de medios irmáns. Preséntase dividido en sete capítulos cunha modalización omnisciente.



Bernal, Diego, “A historia do guerrilleiro tolo que mataron en Bolivia”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 23 xullo 1997, p. 37.

Teodoro Vasconcellos, un home de máis de cincuenta anos, decátase de que xa entrou na madurez cando un fillo lle pregunta pola historia “dun guerrilleiro tolo que mataron en Bolivia”. Dáse conta de que xa ten historias á súas costas para poder transmitilas, e compara a súa situación coa que terían vivido os seus antepasados coa batalla do Ebro, a guerra de Cuba, etc. Acompáñase este texto cun debuxo de Segundo Hevia. A versión en castelán deste relato foi publicada en *El Correo Gallego*.



_____, “Las tertulias de café, un ayer inolvidable”, *El Correo Gallego*, 28 xullo 1997, p. 64.

Repasa o autor deste artigo os vellos cafés que posúen tanta historia e nos que deixaron a súa pegada nos faladoiros escritores como Ánxel Fole, no Lugo Bar, Vicente Risco, no café Voltaire e o propio autor do artigo nos vellos cafés composteláns que segundo palabras de Manuel María, que recolle aquí, “é apaixonante”.



Blanco, Lois, “Galaxia edita a versión íntegra de “As calexas do cigurat”, *La Voz de Galicia*, 28 febreiro 1997, p. 7.

Refírese á presentación do libro *As calexas do cigurat* (1996) do escritor compostelán, Xavier Carro. Alude á publicación da obra en 1973 cando sufriu “a tortura da censura”, e di que agora sae á luz na súa versión íntegra sendo tan só sometida a un proceso de normalización lingüística. Preséntanse ademais certas consideracións do autor sobre o seu libro e os relatos que presenta.



Bobillo, Segismundo, “O fillo da florista”, *La Región*, 11 novembro 1997, p. 17.

Noticia da celebración en Ourense dunha exposición de trinta e tres fotografías de Eduardo Blanco Amor co gallo do centenario do seu nacemento.



Borrajo, Moncho, “De cando ó Toño lle preguntaron a qué colexio ía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 20 setembro 1997, p. 35/p. 12.

Reprodúcese un fragmento da obra *Toño*, no que os rapaces protagonistas se desvelan mutuamente certos comportamentos que observan no colexio ó que asisten. Este feito dá pé a que descubran o concepto de clase social, e a que o empreguen con acedume para descalificar ós demais. O autor de Baños de Molgas tamén asina a ilustración deste texto.



Bugallal, Isabel, “Alianza reúne a oito autores de las 5 literaturas ibéricas”,
La Voz de Galicia, 27 xuño 1997, p. 81.

Coméntase a posta en marcha da colección “Alianza minibolsillo” de Alianza Editorial na que se publicaron obras de relatos de oito autores peninsulares: X. L. Méndez Ferrín, Bernardo Atxaga, Gustavo Martín Garzo, Jesús Moncada, Rosa Regás, José M. Merino, Cardoso Pires e Lobo Antunes. Recóllese o propósito do editor de achegar ó público un panorama da narrativa contemporánea a prezo reducido e a satisfacción do autor galego, do cal se publicaron oito relatos en *Percival y su bosque*. Segundo Méndez Ferrín esta iniciativa supón o primeiro lanzamento fóra do círculo galego. O escritor reivindicou o conto, xénero menor, segundo el, na Meseta, pero central en Galicia; lamentou a perda tradición do conto nos xornais e destacou a importancia de que o conto teña un soporte propio.



C. A., “A memoria de Avilés de Taramancos no Círculo de Belas Artes de Madrid”, *O Correo Galego*, 26 xuño 1997, p. 43.

Informa da presentación, no madrileño Círculo de Belas Artes, da exposición de fotografías da autoría de María Esteirán que, baixo o título de *Antón na Memoria. Imaxe e Palabra*, homenaxea o poeta Antón Avilés de Taramancos. A exposición está constituída por retratos de escritores galegos “que nalgún momento das súas vidas tiveron relación con Avilés, acompañados polos seus textos manuscritos”. Recolle ademais declaracións da fotógrafa e un breve perfil biográfico do poeta homenaxeado.



_____, “Tres escritores galegos participan desde hoxe nas “Viaxes das Letras” de Verines”, *O Correo Galego*, 17 setembro 1997, p. 34.

Anuncia a celebración do “XII Encuentro de Escritores y Críticos” que ten lugar entre o 17 e o 19 de setembro na Casona de Verines, en Asturias, baixo o título “Los viajes de las Letras”. Dá o nome de tódolos participantes e alude á representación galega composta por Marilar Aleixandre, Bieito Iglesias e Carlos Casares.



C. B., “La presentación de “Estación Marítima”, de Luis G. Tosar cautivó al público”, *El Correo Gallego*, 22 febreiro 1997, p. 15.

Comenta a presentación en Negreira do libro de Luis G. Tosar *Estación Marítima* (1996) e destácase a estrutura e o contido de cada unha das dúas partes que conforman o volume.



C. C., “O teatro non ten quen o queira”/“Galicia acolle o Día Internacional do Teatro sen ningunha representación”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 marzo 1997, p. 41/p. 12.

O autor do artigo denuncia o peche dos teatros con motivo das celebracións da Semana Santa, quedando o Día Internacional do Teatro sen ningún acto conmemorativo no noso país. Recolle o máis salientable do manifesto difundido polo Instituto Internacional do Teatro nesta efeméride. Para rematar, informa das representacións máis inmediatas dos grupos teatrais galegos.



_____, “O futuro presidente da RAG terá que salvar da ruína a institución”,
O Correo Galego, 20 xuño 1997, p. 32.

Noticia que ofrece información acerca da elección do substituto de Domingo García-Sabell como presidente da Real Academia Galega e que se centra nas figuras de Francisco Fernández del Riego e Constantino García González, dos que se ofrecen senllos perfís biográficos, como os candidatos máis probables. Ademais hai declaracións sobre as dificultades económicas que atravesaba a institución, que se solucionarían con orzamentos destinados pola Administración e co “financiamento privado de empresarios e fundacións comprometidas coa lingua”.



_____, “Ghaleb Jaber fai pública unha querela contra Alcalá por racista”/“Ghaleb Jaber Ibrahim denuncia o escritor Xavier Alcalá por racista”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 19 setembro 1997, p. 33/p. 12.

Recóllese a presentación dunha querela por parte do empresario compostelán Ghaleb Jaber contra o escritor Xavier Alcalá ó sentirse aludido por unhas “imputacións racistas” publicadas nun artigo de Alcalá. Recolle as palabras dos implicados nesta polémica nas que o autor de *A nosa cinza* afirma que hai que entende-las súas manifestacións no contexto literario no que foron escritas.



C. C./E. N., “Galicia segue a manter viva a memoria do vello profesor”/“Galicia rememora os entrañables vieiros de sabedoría que abriu Filgueira Valverde”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 febreiro 1997, p. 33/p. 12.

Noticia da homenaxe a Filgueira Valverde celebrada no salón de actos do Consello da Cultura Galega. Recóllense as palabras pronunciadas por Carlos Casares, Xosé Ramón Barreiro, Víctor Freixanes e García-Sabell sobre diferentes facetas do finado polígrafo. Para rematar cítanse algunhas das numerosas e variadas personalidades que asistiron ó acto.



C. D. G., “A Gran Enciclopedia Gallega cumpre vintecinco anos”, *O Correo Galego*, 12 agosto 1997, p. 33.

Anúnciase unha nova actualización da *Gran Enciclopedia Gallega* e cóntase cómo lle xurdiu a idea, hai vintecinco anos, ó editor asturiano Silverio Cañada, e cómo e con quen levou adiante o proxecto. Fálase dos problemas atopados no camiño e por qué se realizou en castelán.



_____, “Bajo el palio de la luz crepuscular”/“Un gran equipo humano sacou adiante a Enciclopedia Gallega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 13 agosto 1997, p. 8 /p. 34.

Artigos nos que se recorda, ó se cumpri-lo vintecinco aniversario, como se levou a cabo a redacción da *Gran Enciclopedia Gallega*, dirixida por Otero Pedrayo. Cítanse ós responsables editoriais e ó consello asesor. Coméntanse as dificultades coas que contaron os redactores e salientase o labor realizado por Perfecto Conde, responsable da redacción, e o do grupo máis próximo (Luís Mariño, Xesús Rábade, Benedicto García, Margarita Neira, Xosé Mariño, Berta Rey, Xosé Ramón Fandiño, entre outros).



_____, “Recuerdo cariñoso de especialistas literarios”, *El Correo Gallego*,
“Veinticinco años de la Gran Enciclopedia Gallega”, 20 agosto 1997, p. 8.

Con motivo do vintecinco aniversario da *Gran Enciclopedia Gallega* lémbrense algúns colaboradores deste traballo, así como algún dos estudos publicados que sorprenderon na época. Comeza recordando ó falecido profesor Camilo Flores Varela, “autor de extraordinarios traballos sobre lírica medieval”; louva a investigación de Xesús Alonso Montero sobre García Lorca e os *Seis poemas galegos*. Achéganos ademais unha ampla nómina de colaboradores que fixeron posible este proxecto editorial, “a imitación dos mellores traballos enciclopédicos europeos”.



C. D. U., “La crítica literaria a examen”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
3 decembro 1997, p. 2.

Dá conta da celebración dunhas xornadas organizadas pola Facultade de Filoxía Galega en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG). Saliéntase a participación do deputado Francisco Rodríguez, que pronunciou unha conferencia sobre a crítica e os clásicos da literatura galega. Alúdese finalmente á celebración de dúas mesas redondas, unha sobre a crítica da literatura galega por xéneros e outra sobre a crítica nos suplementos culturais galegos.



C. F., “O Congreso de Vilagarcía analizará os últimos 50 anos de poesía galega”,
La Voz de Galicia, 25 setembro 1997, p. 81.

Noticia da celebración en Vilagarcía de Arousa do Iº Congreso de Poesía Galega que intentará analiza-la traxectoria da nosa poesía dende o final da Guerra Civil. Sinálase o lugar especial que ocupa a figura de Iglesia Alvariño así como a entrega a Rafa Villar do premio Cómaros Verdes polo seu poemario *Casa ou sombra*.



_____, “O teatro busca exteriores”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, Ano I, nº 2, 25 novembro 1997, p. 1.

Coméntase a proxección exterior que está a acadar-lo teatro galego coa presenza das compañías galegas Sarabela, Marías, Teatro do Aquí, e CDG, no Festival de Argentaria. Sinálase que non é a Meseta o único lugar de destino senón que se fai extensivo a lugares como Alacante ou Viana do Castelo. Recóllense as declaracións de Roberto Vidal Bolaño e Ánxeles Cuña, que opinan sobre a súa presenza fóra de Galicia.



C. M., “La Universidad de A Coruña nombra Doctor Honoris Causa a García Sabell”, *Faro de Vigo*, 29 xaneiro 1997, p. 45.

Informa do acto no que Domingo García Sabell foi investido Doctor Honoris Causa pola Universidade da Coruña no que pronunciou un discurso sobre a actualidade do Humanismo e sinalou a importancia do cristianismo na cultura europea.



_____, “Paulo Coelho vai publicar en galego 'O Alquimista'”, *O Correo Galego*,
21 xullo 1997, p. 36.

Informa da inminente traducción e publicación en lingua galega da obra *O alquimista*, do escritor brasileiro Paulo Coelho, segundo anunciou o seu propio autor, quen tamén expresou o desexo de que sexa traducida a esta lingua a súa obra máis coñecida: *Diario dun meigo*. Ademais dá conta do número de vendas das súas obras e do contrato millonario asinado cunha editorial para a publicación das súas obras froito de ser un dos escritores máis lidos en varios países do mundo.



C. R., “Xesús Alonso Montero pide imparcialidade na investigación”/“Xesús Alonso Montero reclama a imparcialidade na investigación”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 4 xuño 1997, p. 43/p. 14.

Referencia ó acto de presentación da edición facsimilar dos 54 números da revista *Nueva Galicia*, publicada por Edicións do Castro baixo a responsabilidade do profesor Víctor Santidrián. Dise que neste acto tamén se presentou o sexto volume das memorias do dirixente comunista galego Santiago Álvarez. Recóllense as declaracións do profesor Alonso Montero, que ademais de emitir certos comentarios sobre as obras presentadas, pediu “imparcialidade” no traballo de investigación literaria, en alusión directa ó Centro Ramón Piñeiro, institución que segundo Alonso Montero, está dirixida pola “ideoloxía da Xunta de Galicia”, razón pola que vetan a investigación sobre a literatura galega realizada durante a guerra civil na zona republicana e maila literatura do exilio”.



_____, “Cáccamo: “Poeta e artista coinciden no instantáneo da creación”/“Álvarez Cáccamo: “O poema non é unha simple fotocopia da realidade”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 12 novembro 1997, p. 43/p. 12.

Infórmase da celebración da conferencia “Os ollos do poema”, pronunciada por Xosé María Álvarez Cáccamo, na que se estableceron estreitos vencellos entre a poesía e a pintura, a arte máis relacionada co visual. Cáccamo fixo fincapé, segundo se destaca, en que a similitude entre elas non significa que o poema copie a realidade senón que a interpreta. Afirmou ademais que “un verso vale máis ca un milleiro de imaxes”.



C.R (eviriego), “*Revista de Libros*. Número 5”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 289, 16 maio 1997, p. 23.

Descrición do contido do número 5 da *Revista De Libros*, na que segundo se indica aparecen comentarios das últimas obras de Carlos Casares.



_____, “Quimera. Número 158-159” *ABC*, “*ABC literario*”, nº 296, 4 xullo 1997, p. 20.

Descríbese o contido do número 158-159 da revista *Quimera*, dedicada a analiza-la cultura galega. Cítanse algúns articulistas e os temas de que tratan.



_____, “*El signo del gorrión*. Número 14”, *ABC*, “*ABC literario*”, nº 305,
5 setembro 1997, p. 22.

Despois de describi-los traballos recompilados na revista de poesía *El signo del gorrión*, coméntase que nela aparecen textos en prosa e en verso de autores galegos, como por exemplo de Suso de Toro.



C. T., “¿*Que me queres amor?*’ traducirase este ano ó catalán”, *O Correo Galego*, 26 febreiro 1997, p. 44.

Infórmase de que se está a realiza-la traducción ó catalán do volume de relatos con que Rivas gañou o Premio Nacional de Narrativa 1996. Aproveítase para lembrar que tamén se están preparando as versións francesa e alemana. Coméntase brevemente “A lingua das bolboretas”, un dos contos deste volume.



C. V., “Conferencia de Amado Ricón en el Museo de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 12 marzo 1997, p. 15.

Información sobre o ciclo de conferencias, organizado polo Departamento de Filoloxía Galega e Latina da Universidade de Vigo, sobre “A Literatura Galega no século XIX”, que ten lugar no Museo de Pontevedra. Saliéntase a ponencia xa celebrada de Manuel Focadela, sobre “Eduardo Pondal, poeta da patria liberada”, e a de Amado Rincón, aínda por celebrar, “Os Eoas de Eduardo Pondal”.



_____, “Xosé M^a Álvarez Cáccamo e Xavier R. Rodríguez Baixeras fan dialogar poesía e pintura”, *A Nosa Terra*, nº 801, “Guieiro Cultural”, 23 outubro 1997, p. 22.

Anúnciase a celebración, no Centro Galego de Arte Contemporánea, do ciclo “Lecturas de Outono I”. Infórmase de que Antoni Marí, Bernardo Atxaga, Antonio Gamoneda, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xavier Rodríguez Baixeras tratarán das relacións entre plástica e poesía dende diferentes perspectivas. Recóllense as manifestacións de Cáccamo nas que festexa o bo momento da lírica e expresa a súa esperanza de que se sigan producindo encontros coma este.



Cabana, Darío Xohán, “Conversa en Lugo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 23 agosto 1997, p. 35/p. 12.

Publicado anteriormente en *Contos da xustiza*, pretende ser unha homenaxe a Manolo Conde e reproduce unha conversa na que Ánxel Fole, Ricardo Raposo e Manuel María falan do homenaxeado, de cómo o coñeceron e da relación que os unía. Está ilustrado por Xurxo Fernández.



Calvo, Cristina R., “Ferrol recupera los “Xoves Teatrais”, *El Ideal Gallego*,
14 marzo 1997, p. 9.

Fala da recuperación dos “Xoves teatrais” por parte da concellalía de Cultura, do Ateneo Ferrolán e de grupos de teatro da comarca, coa finalidade de reforzar e normaliza-lo teatro, sobre todo en lingua galega. A continuación refírese ó programa correspondente ós meses de marzo, abril e maio, indicando, detalladamente, diversas actividades como a presentación de dúas revistas, as obras que se representarán, xunto coa nómina de compañías e directores, as datas e os lugares, e a posibilidade “de que se convoque un premio teatral que levaría el nome de “Ciudad de Ferrol”.



_____, “La relación de García Lorca con Galicia, tema de una exposición en Sargadelos”, *El Ideal Gallego*, 8 abril 1997, p. 11.

Con motivo da exposición “García Lorca en Galicia” na galería Sargadelos de Ferrol, coméntanse as visitas a Galicia realizadas polo poeta andaluz e a súa amizade con figuras galegas. Faise eco ademais da mesa redonda organizada pola Sociedade Cultural Medulio baixo o título “A normalización lingüística en Ferrol. Medios de comunicación, ensino e administración local”.



_____, “¿Que cosa es que se devora y no es comestible?”, *El Ideal Gallego*,
10 xuño 1997, pp. 8-9.

Refírese ó inicio da Feira do Libro de Ferrol e ó pregón inaugural que correu a cargo do escritor Antón Cortizas. Sinálase que o autor ferrolán fixo unha invitación á lectura nun discurso “plagado de referencias gastronómicas” no cal destacou a sinonimia do libro coa liberdade e reivindicou a literatura en lingua galega. Informa tamén da participación nos actos de vinte librerías, do aumento experimentado nos últimos tempos no número de establecementos libeiros ferroláns e anuncia os actos que terán lugar durante a Feira: unha homenaxe a Xosé Rubia Barcia, unha mesa redonda sobre a traxectoria literaria de Xavier Alcalá, a actuación de Os Quinquilláns con *As viaxes fantásticas*, o grupo de animación á lectura Trinke-Trinke e a presentación de *Os ollos da sentinela* de Xesús Manuel Valcárcel.



_____, “Bienvenido profesor, está usted en su casa”, *El Ideal Gallego*, 11 xuño 1997, p. 8.

Infórmase primeiramente do acto de espallamento (entre Ferrol e Mugardos) das cinzas de Xosé Rubia Barcia, no que participaron a súa familia, os responsables dos municipios de Ferrol e Mugardos e un grupo de amigos. Tamén se fai referencia ó acto que tivo lugar con motivo do descubrimento dun busto do escritor no campus universitario ferrolán realizado polo escultor Feal. Neste acto a súa viúva e fillas agradeceron o xesto e informaron que Rubia Barcia sempre desexou que a súa familia volvea a Galicia. Finaliza este escrito cun apartado titulado “Adiós a un maestro español, gallego y ferrolano” no que se fala do descoñecemento deste profesor ata que se publicaron as obras *Xosé Rubia Barcia, un intelectual ferrolán no exilio*, de Eva Ocampo e Esperanza Piñeiro e *Palabras al viento*, unha recompilación que Ediciós do Castro fixo de documentos do autor. Saliéntase que a morte deste escritor exiliado coincidiu coa rodaxe da película “La novia de la media noche”, dirixida por Antón Simón co guión de Rubia Barcia e Luis Buñuel, elaborado no 1944.



_____, “El programa de la Feria del Libro incluye hoy teatro”, *El Ideal Gallego*,
12 xuño 1997, p. 9.

Faise referencia á Feira do Libro de Ferrol e as actividades organizadas paralelamente a esta:
sinatura de libros por parte dos escritores, mesas redondas, talleres de encadernación e reciclaxe,
e actuacións teatrais.



Calvo, Tucho, “Paz-Andrade, memoria e conciencia”, *La Voz de Galicia*, “Un polifacético do Século XX”, 19 maio 1997, p. 90.

O articulista traza unha panorámica vital sobre o insigne empresario e galeguista Valentín Paz-Andrade.



Campa, Javier D., “La XXIII Feira del Libro de Vigo abrirá sus puertas el próximo martes con 45 expositores”, *Atlántico Diario*, 28 xuño 1997, p. 40.

Noticia acerca do comezo da XXIII Feira do Libro de Vigo que contará con debates literarios, recitais de poesía, actuacións musicais e teatrais, así como presentacións e sinaturas de libros por parte de autores como Antonio García Teijeiro, Estro Montaña, Fina Casalderrey, Xavier Alcalá, Xavier Rodríguez Baixeras ou Xesús Valcárcel, entre outros. A noticia péchase coa referencia ó volume de vendas rexistrado na edición anterior da Feira.



Carballa, Xan, “Os editores reclaman máis axuda pública para o libro galego”,
A Nosa Terra, nº 762, “Guieiro Cultural”, 23 xaneiro 1997, p. 21.

Expón a problemática do sector editorial galego e analiza as axudas que a administración galega dá ás publicacións en lingua galega. Reclama unha maior dotación económica por parte da administración autonómica, non só coa publicación de libros, senón tamén cos novos soportes para que a lingua galega non fiquen atrasada dos novos avances tecnolóxicos. Finalmente solicita un trato preferente a este sector, que considera “estratéxico”, por ser un dos máis importantes para a normalización da lingua galega.



_____, “Os versos esquencidos de Alfredo Conde”, *A Nosa Terra*, nº 764,
“Guieiro Cultural”, 6 febreiro, p. 21.

Fai referencia ó texto poético de Alfredo Conde, *Gran Cantata Xacobe*, froito dunha “multimillonaria” encarga da Consellería de Relacións Institucionais e realizada con música de Roxelio Groba en 1993. A noticia destaca que este poema non aparece nos ficheiros das principais bibliotecas e sinala a súa escasa distribución nas librerías. Describe brevemente a estrutura do libro e do CD do que se acompaña e comenta que xa no seu día este feito sorprendera pola “teimuda distancia marcada polo propio Conde coa poesía”. Conclúe afirmando que “as contas do Xacobeo nunca especificaron a cantidade pagada ao autor da *Gran Cantata*” e reproduce os versos finais do traballo.



_____, “Garcia Sabell abandona a presidencia da *Real Academia* sen ter renovado o cadro de titulares”, *A Nosa Terra*, nº 781, “Guieiro Cultural”, 5 xuño 1997, p. 21.

Co gallo da dimisión da presidencia na RAG de Domingo García Sabell, faise unha síntese histórica da Academia dende a súa fundación por iniciativa de Curros Enríquez e Fontenla Leal. Destácase a falta de renovación na institución ó longo dos anos e cuestiónase o traballo de García Sabell durante os vinte anos de presidencia. Seguidamente faise referencia á sangría nos anos do franquismo, cando se frustran as expectativas de renovación da cultura do país e Franco pasa a ser académico de honra. Lémbrense as renuncias dalgúns membros como Manuel María, Ferrín ou Carballo Calero e valórase a situación actual que se cualifica de complexa e crítica.



_____, “Disputa na Academia pola sucesión de García Sabell”, *A Nosa Terra*, nº 783, “Guieiro Cultural”, 19 xuño 1997, p. 21.

Faise eco da polémica xerada en torno á sucesión de Domingo García-Sabell na presidencia da Real Academia Galega. Segundo Xan Carballa “a parte emerxente do iceberg” son os “cruces” na prensa entre Xesús Alonso Montero e Anxo Tarrío, “os golpes de peito de Alfredo Conde en ataque sen nomealo a Carlos Casares” e “as declaracións despreciativas de Constantino García”. Opina tamén que a Academia estivo “momificada” durante anos e sitúa o punto de inflexión en 1936 co nomeamento de persoas “alleas a calquera inspiración galeguista”. Fala, así mesmo, do cambio que supuxo o ingreso dos homes de Galaxia e dos logros conseguidos dende 1977 cando García Sabell se fixo cargo da institución. A continuación refírese ás cuestións que quedan por resolver, á posibilidade de que o presidente elixido sexa Constantino García, ós nomeados que aínda non leron o discurso de ingreso e á escaseza de escritores entre os académicos. Suxire, finalmente, a opción de que Antón Fraguas siga un tempo máis ou que “por prestixio” Francisco Fernández del Riego asuma a presidencia e fai referencia á conveniencia de que non coincidan os procesos electorais autonómico e da Academia toda vez que por unha parte “Constantino García parece ser o favorito de Manuel Fraga” e por outra tévese que “un nomeamento sen apoios políticos sólidos poida impedir a mellora económica”.



Casalderrey, Fina, “Unha pomba branca”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 18 agosto 1997, p. 37/p. 10.

A autora cóntanos a historia de Hermelinda, unha velliña cega e solitaria, que vive ó coidado dos veciños e que só ten unha preocupación, encontrarse de novo co seu fillo Celso. Atopa a felicidade cando lle entra na casa un ladrón ó que toma polo fillo por chamarse coma el. Blanca Silva é a autora do debuxo que acompaña ó texto.



Casares, Carlos, “O republicano de Francelos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 11 xullo 1997, p. 38/p. 17.

Comeza Carlos Casares a historia de Don Luis Meruéndano del Campo, o republicano de Francelos, cunha descrición do proceso que o levou a buscar información sobre este personaxe. De seguido, cóntano-la historia deste convencido republicano, de familia fidalga do Ribeiro, que chega a introducir un explosivo no Palacio Real coa intención de cometer un rexicidio. Foi detido, condenado a morte e salvado pola revolución de 1868. Acompáñase este texto recollido de *Os escuros soños de Clio* cun debuxo de Álvaro de la Iglesia Caruncho.



Castaño, José Domingo, “Prólogo, para pedir permiso”, *O Correo Galego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 22 agosto 1997, p. 35.

Recollido do libro inédito *Callejón de dos salidas*, Pepe Domingo Castaño fai unha nostálxica lembranza da súa vila natal, relacionándoa coa chuvia, un elemento que, ó seu entender, non pode faltar para explicar calquera aspecto da vida de Padrón. O debuxo corresponde a Ramón Conde.



Castro, Antón, “A pantasma e a neve”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 5 setembro 1997, p. 40/p. 14.

O autor afirma que a anécdota que conta foi recollida por Pío Baroja para incluíla na novela *La venta de Mirambel*, pero que ó final non a publicou por considerala “un engadido fachendoso e anacrónico”. Trátase da historia de Florencio Candeal, un venteiro que en vida tiña gañas de abandonar este mundo. Cando morre decide quedar convertido en pantasma e non marchar para o mundo que lle corresponde nese momento, o dos mortos. O debuxo desta entrega está asinado por Cruz Pérez Rubido.



Castro, P., “Amaia: iniciativa de poetas para deixar de seren inéditos”, *A Nosa Terra*, nº 780, “Guieiro Cultural”, 29 maio 1997, p. 25.

Coméntase a posta en marcha do proxecto Amaía, Asociación Cultural que nace por iniciativa dunha serie de novos poetas entre os que se encontran Marta Dacosta e Rafa Villar, para daren saída ós creadores noveis. Lémbrese cómo naceu a Asociación e salientase que, tras contactar con persoas que puidesen estar interesadas, conseguiron reunir a dezoito persoas que aportan unha cantidade económica para poder edita-los libros. Continúase informando da súa organización e do traballo do Consello Editorial para selecciona-los libros que se han de publicar. Remátase co desexo dos seus membros de que a venda dos libros sexa suficiente para poder seguir adiante.



Castro, Paula, “A demanda da literatura galega duplácase no Nadal”, *A Nosa Terra*, nº 759, 2 xaneiro 1997, p. 15.

Coméntase o aumento na venda de libros durante o Nadal. Reprodúcense manifestacións neste sentido de Xesús Couceiro (propietario da librería Couceiro) e tamén dos responsables de Follas Novas, outra librería santiaguesa. Insístese no aumento das vendas nestas datas, na mellora que cada ano acompaña ó libro galego. En relación co tipo de libro máis vendido, as dúas librerías coinciden en que os máis solicitados son os de literatura infantil e as novidades editoriais. Falan dos libros premiados pero non se poñen de acordo en canto á súa demanda. Remátase facendo fincapé na dificultade na elección e no feito de que os libeiros deixen a promoción do libro en mans das editoras.



_____, “*Bendado*, un boletín para coñecer todos os libros que se publican”,
A Nosa Terra, nº 761, 16 xaneiro 1997, p. 22.

Fai referencia ó boletín de novidades literarias que cada dous meses publica a Librería Couceiro de Santiago. Destácase que se distribúe entre as institucións e os Centros de Ensino e que pasou de 400 a 4.000 exemplares en quince anos. Recóllense as palabras do responsable da librería compostelá, que explica que non se trata de facer publicidade da súa librería senón que é unha actitude comprometida co libro galego e considera que quen máis se beneficia son as editoriais ó veren os seus libros promocionados. Couceiro comenta que a promoción do libro é unha necesidade, sinala que non está en xogo o beneficio económico senón a propia supervivencia da literatura galega e di que con esta iniciativa se facilita a relación entre o público e as novas producións dándolle unha maior viveza ó mercado editorial.



_____, “A xente do teatro reivindica un circuío específico de actuacións e programación estábel”, *A Nosa Terra*, nº 763, “Guieiro Cultural”, 30 xaneiro 1997, p. 21.

Infórmase do “Manifesto do teatro galego” asinado polas compañías de teatro máis importantes e polos profesionais próximos ó teatro, no que se reivindica un circuío fixo de actuacións para que o teatro chegue ás principais vilas galegas. Critícase á Consellería de Cultura por non desenvolver unha política cultural de axuda verdadeira en vez de circuítos nada estables e con pouca información. Reprodúcense comentarios de autores e directores de teatro. Así, Pepe Soto, da Compañía Xalgarete, critica a merca de libros por parte da Consellería sen saber que uso se lles vai dar. Fanse eco da desestabilidade que azouta ó teatro galego por esa política pouco clara, mesmo nas subvencións. Critícase tamén o proxecto “Galicia Terra Única” pois consideran que é un “proxecto oculto e escurantista”. En definitiva consideracións xerais sobre Teatro: reflexións e problemática actual.



Castro, Xavier, “S. Heaney, memoria e verdade”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 2 febreiro 1997, p. IX.

Xavier Castro felicita a Edicións Xerais de Galicia por ofrecer unha edición bilingüe, das que tan orfo está o mundo editorial galego, para abrir a súa nova colección: “Ablativo absoluto”. Ademais sitúase *Traballo de campo* dentro do conxunto da obra do Premio Nobel de 1995.



Castromil, Carmiña, “De Toro: “Nada é doado, todo nace do traballo e o esforzo”/“Susó de Toro: “Nada é gratis todo nace do traballo e o esforzo”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 27 xuño 1997, p. 35/p. 14.

Refírese á conferencia pronunciada en Santiago por Suso de Toro baixo o título de “Literatura e Terra” no marco da exposición Sem Terra de Sebastião Salgado. Destácase que o escritor denunciou o paso da cultura a “un mundo virtual coa imaxe e o consumo desenfreado como únicos valores”, e contrapuxo esta situación co mundo dos campesiños reivindicando a volta “á cultura da creación”, onde as cousas xordan “dunha combinación do esforzo e o traballo



_____, “Sen quórum á hora de valora-las denuncias contra Alcalá por racista”/“A querela de Ghaleb Jaber contra Alcalá divide os literatos galegos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 setembro 1997, p. 32/p. 13.

Describe cómo a intelectualidade galega se vai aliñando a favor (Alfonso Álvarez Cáccamo...), en contra (Heinze...) ou non se pronuncia (Manuel María, Conde, Novoneyra...) sobre as acusacións de racismo vertidas contra Xavier Alcalá. Recolle as declaracións de Conde, Heinze, Manuel María e Alfonso Álvarez Cáccamo sobre a polémica.



_____, “*Que me queres, amor*” de Manuel Rivas converterase nunha curtametraxe”, *O Correo Galego*, 28 novembro 1997, p. 36.

Anúnciase a realización dunha curtametraxe sobre a citada obra baixo o patrocinio da Universidade Complutense e a Facultade de Comunicación da Universidade Carlos III, ambas madrileñas. Dise que a iniciativa partiu do Departamento de Filoloxía Románica onde traballa, como lectora de galego, Ana Acuña. Tamén se anuncia unha revista e finalmente infórmase da celebración das IX xornadas de lingua e literatura galega, catalana e vasca, así como da posta en escena, por parte do C.D.G. da obra de Xavier Lama *O peregrino errante que cansou ó demo*, dirixida por Andrés Pazos. Finalmente reproducense unhas declaracións de Ana Acuña sobre o que comporta dar clases de galego en Madrid.



Cela, Camilo José, “Fábula do carneiro de ouro”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 1 xullo 1997, p. 35.

Texto recuperado de *Once cuentos de fútbol* no que se conta a historia de Estanislao, un carneiro de ouro, natural de Burriana e propiedade de don Leufrido de Escodinas y Orpí. Este personaxe caracterízase por ser unha estrela futbolística e por gañar moito diñeiro. Cela insiste en salientar as vantaxes e os inconvenientes de Estanislao a través de abondosas descrições. Finalmente, fai referencia ás visións do diñeiro que se presentan no *Guzmán de Alfarache*. O relato está acompañado dun debuxo feito por José Sáinz González.



Cermeño, Xosé, “Cento vintecinco voltios”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 11 agosto 1997, p. 37/p. 10.

Xosé Cermeño pon na voz dunha muller as lembranzas da infancia: a chegada da primavera coa mudanza da roupa do inverno pola do verán, a escaseza de coches nas rúas e a hora dos debuxos animados. Relata con detalle o momento no que todos irmáns se debrozadan diante do televisor e as anécdotas ocorridas por ter unha corrente eléctrica de 125 voltios. Está ilustrada esta historia por Maralla (María Xosé Paz).



Cernadas, Rosa, “Un libro entre copa y copa”, *La Voz de Galicia*, 24 novembro 1997, p. 80.

Dá conta da instalación dunha biblioteca no mesón “Lar Vilar” de Sillobre en Fene. Sinálase que este novidoso feito está encamiñado a achega-la cultura ó pobo e permitir un fácil acceso ós libros.



Chuvieco, Quique, “Arturo Maneiro: “Método y crítica son necesarios para abordar las noticias”, *El Ideal Gallego*, 19 xaneiro 1997, p. 11.

Dá conta da presentación, por parte da Asociación de Periodistas de Galicia, da exposición-homenaxe do cincuentenario de *La Noche*, que tivo lugar na Aula de Cultura de Caixa Galicia. Refírese tamén á presentación na capela da Corticela do facsímile do suplemento semanal de *La Noche*, elaborado polo Centro Ramón Piñeiro. Fai semblanza dalgúns colaboradores do xornal como foron Álvaro Cunqueiro, Camilo José Cela ou Ánxel Fole. Infórmase ademais da entrega do II premio desta asociación, concedido ó xornalista Pedro de Llano “Boceo” e da intención de impulsar un colexio profesional.



Cid Fenández, Emilio, “Asépticos ou fanáticos?”, *A Nosa Terra*, nº 761, “A Aldea Global”, 16 xaneiro 1997, pp. 18-19.

Alega contra unha serie de comentarios expresados por un “leitor aséptico”, trala publicación dun artigo seu sobre literatura e compromiso. Na súa argumentación aclara unha serie de cuestións e comenta entre outros aspectos, que defende os autores de popularidade, que le novos escritores e que lle gusta a literatura de “fogaxe”.



Colina Unda, Francisco Xavier, “Tío Simón”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 12 agosto 1997, p. 35/p. 12.

O escritor mexicano Francisco Xavier Colina Unda reproduce a historia do tío Simón, un español que emigrou a México onde casou e viviu na pobreza a maior parte da súa vida. Un dos seus fillos, Rubén, “apremado pola chamada da terra retornou ás súas orixes mexicanas” e hoxe coñecémolo co nome de Rubén Conde, “o gran poeta nacional que vive nas montañas entre Tapic e Aguascalientes”. Os seus poemarios —continúa o relato— “veñen avalados polos comentarios eloxiosos de Octavio Paz”.



Collazo, Rosario, “El curso de gallego celebrado en Uruguay finalizó con una jornada dedicada a la poesía”, *Galicia en el mundo*, nº 200, 28 xaneiro-3 febreiro 1997, p. 5.

Dá conta dos actos celebrados con motivo do fin do ano lectivo do Patronato da Cultura Galega de Montevideo, consistentes na entrega de certificados ós alumnos do curso de lingua e literatura e coa celebración do “Día da poesía galega”. Coméntase que neste centro galego tivo lugar unha ofrenda floral a Rosalía, a entoación do himno galego e a lectura dun fax enviado polo poeta Manuel María, no que agradeceu a homenaxe, referiuse ó empobrecemento que supón deixar morre-lo idioma e pediulles ós emigrantes que leven sempre a poesía no seu corazón. Ademais coméntase a disertación de José Fernández Seivane sobre a “A Galicia poética de Manuel María” na que subliñou a personalidade literaria do poeta chairego por se-lo escritor contemporáneo de maior produción literaria e por ser da súa xeración o que manifestou unha maior fidelidade ó seu idioma. Finalmente alúdese ó recital no que foron lidos poemas deste autor.



Conde, Alfredo, “Autopoética”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 20 xullo 1997, pp. 52-53/pp. 12-13.

Alfredo Conde recupera este texto publicado con anterioridade no *Boletín Galego de Literatura*. Comeza cunha declaración do autor acerca da súa concepción da escrita en galego. Baixo o título de “A subiela de papá” ou “Nas cousas do amor nunca se sabe” conta unha historia de amor e paixón entre un avó e un neto, que remata con cadansúa amputación de pene e a posterior reimplantación do membro xenital do vello no corpo do rapaz. É Rafael Romero Masiá quen asina o debuxo correspondente a esta entrega.



Cora, José de, “Tres lendas indias tres”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 8 xullo 1997, p. 37.

José de Cora recolle tres textos do seu libro *Papá*: “A lenda da pluma vermella”, “A serpe teimuda” e “A lenda das tres pedras”, todas elas con ambiente oriental e con presenza de seres fantásticos. Introduce os relatos cun comentario acerca da importancia das lendas na sociedade hindú. Está acompañado dun debuxo de Tono Galán Fuentes. En *El Correo Gallego* reproducíuse en castelán.



Corbelle, Sabela, “Se renovó la tradicional misa y ofrenda floral a Rosalía de Castro”, *El Progreso*, 13 outubro 1997, p. 10.

Infórmase da celebración dunha misa e unha ofrenda floral en Lugo para honra-la memoria de Rosalía de Castro. Aténdese especialmente ás presencias e ausencias dos políticos nos actos desta homenaxe.



Cordal, Xavier, “Imos chamar Royal Scotch Banda a este poema, provisionalmente”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 5 decembro 1997, pp. 2-8.

Poema en prosa na que unha primeira persoa reflexiona e que inclúe diálogos con outros personaxes aludidos polo poeta.



Cores, Baldomero, “Unha testemuña filial sobre Waldo Álvarez Ínsua”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 xaneiro 1997, p. XIV.

A partir dos testemuños de Alberto Álvarez Insua intenta ofrecernos un retrato do pai deste, Waldo Álvarez Ínsua, fundador rexionalista. Destácanse no artigo os aspectos máis importantes da vida do fillo do que se recollen declaracións nas que este recorda a súa relación co seu pai.



_____, “O berce de Rosalía non foi o mesmo que o de Romero Ortiz como
matinaba Murguía”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 30 marzo 1997, p. XII.

Reproduce fragmentos de textos de Murguía e de González Besada nos que estes falan acerca da casa santiaguesa na que naceu Rosalía de Castro. Segundo Murguía puido se-la mesma na que viu por primeira vez a luz Romero Ortiz, xa que a casa pertencía a súa familia. Reprodúcense fragmentos do testamento do dono da casa e do arquitecto encargado do seu acondicionamento.



_____, “Antonio Romero Ortiz=Antonio Romero García e Rita Castro=Rosalía de Castro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 6 abril 1997, p. XIV.

O articulista, despois de facer un breve resumo da vida de Romero Ortiz e de explica-las vacilacións existentes en canto ó seu nome, dedícase a desentraña-la posible relación existente entre a familia deste político e a familia de Rosalía de Castro. O posible vínculo establécese a partir do nome de Rita, segundo nome da poetisa e nome da nai de Romero Ortiz.



_____, “O grupo de Antolín Faraldo e mailo seu contorno”, *O Correo Galego*,
“Lecer”, 20 abril 1997, p. XIV.

Saliéntanse a importancia de Antolín Faraldo dentro daqueles “escolares de Santiago que a comezos dos corenta do século XIX acadaban sona e iniciaban vieiros dalgunha entidade ideolóxica e cultural”. Repásanse as figuras e características desta fornada de intelectuais que para o autor podería ser integrada co nome de ‘Xeración provincialista’ ou “Xeración ou grupo de Faraldo”.



_____, “A Academia Literaria de Santiago e o provincialismo galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 27 abril 1997, p. XIV.

Fai referencia á Academia Literaria de Santiago, que iniciara as súas actividades dun xeito informal a mediados do ano 1840. Sinala que se trataba dun centro de xuntanza de novos escritores que, a carón dos máis coñecidos nas letras, intentaban xuntarse para ofrece-la súa obra e intercambia-las súas ideas, non formando un centro de conspiración. Fala doutras institucións deste tipo anteriores, especialmente da Academia Compostelá (1731), precedente da posterior Academia Literaria. Comenta finalmente o acontecido trala entega do regulamento da Academia ó Goberno Político Provincial da Coruña.



_____, “Aplicación dos principios do asociacionismo á Academia Literaria de Santiago”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 11 maio 1997, p. XIV.

Comenta e reproduce fragmentos do discurso inaugural da Academia Literaria de Santiago, pronunciado polo escritor de Celeiro Vicente Manuel Cociña, no ano 1894. Cita a contribución do capitán xeral Martín Xosé Iriarte Urdanaz, un dos máis importantes protectores da Academia Literaria. Finalmente, o articulista reproduce algúns fragmentos de poemas en homenaxe e agradecemento ós benefactores desta institución entre os que destacan o citado capitán xeral e Fernando Madoz, gobernador da provincia da Coruña.



_____, “O funcionamento da academia literaria de Santiago”, *O Correo Galego*,
“Lecer”, 18 maio 1997, p. XIV.

Ofrécense datos concernentes ó desenvolvemento cotián da vida da Academia Literaria de Santiago, institución que desenvolveu a súa actividade sobre a metade do século pasado.



_____, “Os fundadores, a tecnoestructura da Academia Literaria de Santiago e as relacións interxeracionais”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 25 maio 1997, p. XIV.

Comentario co que o articulista completa a información ofrecida no artigo anterior sobre a Academia Literaria de Santiago. Presenta unha relación dos diferentes membros da citada institución; entre eles, Antolín Faraldo, Antonio Neira de Mosquera, Domingo Díaz de Robles, Francisco Añón ou Xosé María Posada, entre outros.



_____, “Pedro Losada Rodríguez, o Lista galego”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
1 xuño 1997, p. XIV.

O autor fai un percorrido pola vida e a obra de Pedro Losada Rodríguez, presbítero e catedrático da Universidade de Santiago, no que se destacan as súas múltiples actividades culturais na Academia Literaria de Santiago, no Liceo de Santiago ou na Real Sociedade Económica de Amigos do País, tamén en Compostela. Ademais, afirmase que deixou pouca obra escrita, a pesar do seu intenso labor cultural.



_____, “Os membros máis significativos da Academia Literaria de Santiago”,
O Correo Galego, “Lecer”, nº 174, 15 xuño 1997, p. X.

O artigo tenta establece-la identidade dalgúns dos colaboradores e membros participantes da Academia Literaria de Santiago, “unha asociación que era como un dos fogares culturais das novas fornadas da intelixencia”, e apuntar algunha das actividades e traballos editados polos membros desta institución en diversas publicacións da época.



_____, “As ciencias e as letras na Academia Literaria de Santiago”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 22 xuño 1997, p. XIV.

Analízase a convivencia, no seo da Academia Literaria de Santiago, de membros dedicados ás letras e ás ciencias e, aínda que “o brillo da Academia orientase sobre todo os aspectos literarios”, si houbo contribucións para o establecemento “das bases da ciencia en Galicia”, nomeando especialmente as figuras de Xosé María Gil Rey, Antonio Valenzuela Ozores, Carlos Somoza Manzanares e Antonio Casares, dos que se inclúen datos biográficos, así como información da súa actividade intensa tanto no ámbito das ciencias como no das letras, que tamén cultivaron.



_____, “As nosas ciencias e a Academia Literaria de Santiago”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 29 xuño 1997, p. XVI.

Comeza realizando unha semblanza biográfica de Antonio de Valenzuela Ozores, dende o seu nacemento ata a súa participación na guerra civil e a posterior reincorporación ós seus estudos que o abocarían á actividade docente. De seguido céntrase nas actividades que levou a cabo para a fundación da “Xenealoxía Romántica”, así chamada polas saídas ó campo para traballar e investigar cuestións sobre as que despois afondaba no laboratorio, na liña de Isidro Parga Pondal.



_____, “*El Porvenir*. Revista de la juventud gallega’, o neno mimado do xornalismo provincialista”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 19 outubro 1997, p. XII.

Primeiramente fálase dos creadores de *El Porvenir*, primeiro xornal provincialista galego. Compárase con *El Recreo Compostelano* e dise que se este foi gabado pola súa presentación e contido literario, *El Porvenir* foino pola súa proclamación ideolóxica “a prol da emancipación do escritor fóra de toda regra e de todo mestre”, entre outros méritos. Faise seguidamente unha biografía da publicación dende o seu nacemento (3 de febreiro) ata o derradeiro número (20 de agosto de 1845), despois de publicar catorce números. Así mesmo coméntanse os contidos das obras e das queixas que nel se vertían e tamén das respostas que o redactores daban a varias preguntas sobre o desenvolvemento de Galicia. Segundo o articulista intentaban crear “unha plataforma na que os talentos puideran darse cita”, e esperaban darlle a Galicia un posto na literatura contemporánea.



Cortés Galdo, Rocío, “Las palabras del silencio”, *El Progreso*, “Especial”,
31 agosto 1997, p. XV.

Céntrase na poeta chairega Pilar Maseda quen fala da súa poesía inspirada nas miserias e grandezas do ser humano e cun estilo nada barroco. A autora maniféstase admiradora de poetas latinoamericanos como Pablo Neruda ou Mario Benedetti e dos clásicos galegos, recoñecendo a influencia de Rosalía e Celso Emilio Ferreiro.



_____, “El Centro Dramático organizará una “mostra” y una escuela de teatro”,
El Progreso, “Especial”, 31 agosto 1997, p.VIII.

Recole as palabras da directora do Centro Dramático Vilalvés, María Xosé Lamas Fernández. Fala da aspiración a crear un taller de teatro e unha Mostra de teatro en Vilalba. O artigo inclúe ademais as obras estreadas, as proxectadas e o nome dos integrantes permanentes da compañía.



Costa Clavell, Xavier, “Soños e cores”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 6 setembro 1997, p. 46/p. 14.

Texto publicado na carpeta *Sonos e cores*, no que se describe as obsesivas relacións sexuais dunha muller da primeira metade do século XIII. Ademais de humillar, torturar e matar a boa parte dos seus amantes, tamén ten relacións sexuais cun touro. Está ilustrado o texto por Carmen Domínguez.



Crespo, Carlos, “Nomes ilustres e novos valores danse cita no Iº Congreso de Poesía Galega de Vilagarcía”, *Faro de Vigo*, 26 setembro 1997, p. 50.

Coméntase a inauguración do Congreso de Poesía Galega e críticaselle o excesivo ton protocolario, o formalismo e o academicismo.



_____, “As novas xeracións provocan a polémica no Iº Congreso de Poesía”,
Faro de Vigo, 27 setembro 1997, p. 44.

Faise eco da polémica que se produciu na mesa redonda “A poesía galega desde os 80” entre os representantes desta xeración dos 80 e a dos “novos” (xeración da fin de milenio), co protagonismo dialéctico de Miro Villar e Ramiro Fonte. Tamén se recollen declaracións de Iolanda Castaño, Emilio Ínsua, Xosé María Álvarez Cáccamo, Ramón Caride, Carlos Lema, Fran Alonso e Miguel Anxo Fernán-Vello.



_____, “O Iº Congreso da Poesía Galega clausurouse cunha valoración colectiva de ‘feito histórico”, *Faro de Vigo*, 28 setembro 1997, p. 48.

Ve este congreso como punto de encontro dos líricos galegos. Comenta as dúas mesas redondas celebradas o derradeiro día, as cales intentaron profundar nas relacións da poesía cos nenos e coa traducción, respectivamente. Remata expresando o seu convencemento sobre a plena integración actual do poeta na sociedade.



Cruz, J., “Cabuxo, una nueva alternativa”, *La Región*, 10 xullo 1997, p. 15.

Informa da creación dun grupo teatral na localidade do Barco de Valdeorras, chamado Teatro do Cabuxo e dirixido por Manuel Cao que tamén é autor da obra que representarán nas festas do Cristo desta vila.



D. B., “Vilagarcía conmemora o 50 aniversario do poema ‘Cómaros Verdes’”,
O Correo Galego, 13 xullo 1997, p. 55.

Nota na que se lembra a transcendencia do poemario de Iglesia Alvarellos e na que se anuncia a presentación dunha edición facsímile así como unha conferencia de Luciano Rodríguez dentro dos actos de conmemoración do cincuenta aniversario da publicación de *Cómaros Verdes* que organiza o concello de Vilagarcía.



D. P., “Manifiesto firmado por la totalidad de la profesión teatral de Galicia”,
Diario de Pontevedra, 24 xaneiro 1997, p. 15.

Recóllese o manifesto con que o sector teatral galego solicita da Xunta a posta en marcha de iniciativas a prol da dinamización da actividade dramática en Galicia. Ademais o texto critica os “circuitos culturais” da Consellería de Cultura pois considérase que estes, ó atenderen a “escuros intereses”, deturpan o tecido teatral galego. Para rematar ofrécese un listado de tódolos asinantes desta protesta formal. Céntrase na temática Teatro: reflexións e problemática actual.



_____, “Ciclo de conferencias sobre “A literatura galega no século XIX”, *Diario de Pontevedra*, 24 febreiro 1997, p. 9.

Informa do inicio do ciclo de conferencias “A Literatura no século XIX” organizado en Pontevedra polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo en colaboración co Museo de Pontevedra e a Deputación Provincial. Segundo a noticia Francisco Rodríguez disertará sobre “Rosalía de Castro: autora en galego e castelán”, Carmen Ríos Panisse sobre “Inicios do Rexurdimento: 1840-1863”, Manuel Forcadela sobre “Eduardo Pondal, poeta da patria liberada”, Amado Ricón sobre “Os *Eoas* de Eduardo Pondal”, Alonso Montero sobre “Lamas Carvajal e Curros no Rexurdimento” e Modesto Hermida sobre “A narrativa galega no século XIX”.



_____, “Conferencia en el Museo a cargo del profesor Francisco Rodríguez”,
Diario de Pontevedra, 3 marzo 1997, p. 6.

Anúnciase a conferencia a cargo de Francisco Rodríguez baixo o título “Rosalía de Castro: autora en galego e castelán”, dentro do círculo de conferencias “A Literatura Galega no século XIX”. Cítanse, así mesmo, algúns datos da obra investigadora do conferenciante.



_____, “Inaugurados cursos de teatro e danza para mestres de centros galegos”, *Diario de Pontevedra*, 2 abril 1997, p. 23.

Infórmase da inauguración e características do curso de Especialización de Teatro, Danza e Técnicas Musicais que se celebraron en Compostela, dirixido ós monitores que imparten actividades culturais nos distintos centros galegos do exterior. Sinálase que este programa foi o resultado dun convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral de Relacións coas Comunidades Autónomas e o IGAEM para dinamizar e fomenta-las actividades culturais que se realizan nos centros do exterior.



_____, “Lola Herrera en la inauguración del Ciclo de Teatro de Los Sauces”,
Diario de Pontevedra, 5 abril 1997, p. 10.

Informa dunha sesión de contacontos que será levada a cabo polos membros da Aula de Teatro Universitario de Pontevedra baseada en contos populares italianos recompilados por Italo Calvino.



_____, “Hoxe conferencia do escritor Jaureguizar no Colexio Abrente de Portonovo”, *Diario de Pontevedra*, 9 maio 1997, p. 20.

Informa dunha conferencia pronunciada polo escritor Jaureguizar no Colexio Abrente de Portonovo. Así mesmo comenta brevemente algunhas das súas obras: *Todo a cen* (1995), “novela de estrada que conta a aloucada fuxida nun automóbil de tres rapaces”; *Freedom Spik* (1995), “compilación de trinta relatos breves” ou *Comendo espaguetis diante da televisión*, novela negra da que Edicións Xerais de Galicia anuncia a publicación para setembro deste ano.



_____, “EU-EG se hace eco de la suspensión de “Teatro del Noroeste” en el Principal”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1997, p. 4.

Nota informativa sobre a convocatoria de Esquerda Unida-Esquerda Galega ós medios de comunicación para denuncia-la denegación do uso do Teatro Principal para a actuación do grupo Teatro do Noroeste. Diego Varela, membro da compañía, Pablo Cons e Raquel Vázquez, representantes de EU-EG, inciden na xestión do Principal.



_____, “Publicado un libro de poesía de Pedro Gonzalvez y Cándido Duro”,
Diario de Pontevedra, 23 xuño 1997, p. 8

Dá conta da publicación do libro editado pola Asociación Cultural “Santa Compañía” de Cambados en 1996, que inclúe as obras *O xardín das matanzas*, de Cándido Duro Domínguez e *Manuscrito de poeta con suicidio final*, de Pedro Gonzálvez. Acompáñanse algúns datos dos autores.



_____, “Universidad y Caixa Pontevedra fundarán el lunes la cátedra Xosé Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, 25 outubro 1997, p. 20.

Anuncia a fundación da cátedra X. Filgueira Valverde trala firma do convenio de colaboración establecido entre o rector da Universidade de Vigo e o presidente de Caixa Pontevedra. Trátase dun proxecto ó que a entidade bancaria contribúe con sete millóns e que será xestionado pola Universidade viguesa. Sinálase a centralización de tódalas actividade no campus pontevedrés no ámbito da investigación, difusión e transmisión de tódolos coñecementos, especialmente de cultura galega.



_____, “El Instituto organiza una exposición de poesías alusivas al “Che”
Guevara”, *Diario de Pontevedra*, 29 outubro 1997, p. 13.

Nota de prensa que anuncia a inauguración dunha exposición, no Instituto de Bacharelato Salvador Moreno de Marín, que conmemora o trinta aniversario da morte do Che Guevara. A exposición consta de vinteún paneis que conteñen textos alusivos ó Che pertencentes a Uxío Novoneyra, Carlos Casares, Gabriel Celaya, José Agustín Goytisolo, Manuel María, Celso Emilio Ferreiro, Vicente Aleixandre e Carlos Bousoño.



_____, “Comienza el ciclo de conferencias en torno a Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, 30 novembro 1997, p. 10.

Informa da celebración dun ciclo de conferencias para homenaxear-lo profesor Filgueira Valverde que terá lugar no Museo de Pontevedra. Anúncianse as intervencións de Antón Fraguas, que falará sobre a vida e a obra do homenaxeado; Xosé Manuel B. López Vázquez e Eduardo Pardo de Guevara y Valdés, que centrarán as súas intervencións nas conexións entre Filgueira e a historia de Galicia; Xosé Carlos Valle Pérez, que disertará sobre a relación entre o profesor pontevedrés e o Museo de Pontevedra; Xosé Fuentes Alende, que falará sobre Filgueira e a Antropoloxía Cultural de Galicia e, para rematar, María Camino Noia Campos, que aludirá á dedicación de Filgueira á literatura galega.



_____, “Antón Fraguas disertó hoy sobre Filgueira Valverde en el Museo”,
Diario de Pontevedra, 1 decembro 1997, p. 8.

Comentario sobre a intervención do presidente do Museo do Pobo Galego, Antón Fraguas, nunha conferencia sobre a vida e a obra do profesor Filgueira Valverde. A conferencia forma parte dun ciclo no que se homenaxeará ó profesor pontevedrés e terá lugar no Auditorio de Caixa Pontevedra.



_____, “Antón Fraguas Fraguas ensalzó la vida y obra e Filgueira Valverde”,
Diario de Pontevedra, 2 decembro 1997, p. 12.

Informa dunha conferencia pronunciada por Antón Fraguas no Auditorio de Caixa Pontevedra. Destácase que a súa intervención versou sobre a vida e a obra do profesor Filgueira Valverde e forma parte dun ciclo de conferencias en homenaxe ó profesor pontevedrés.



Debén, Carmen, “A noite de defuntos”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 30 xullo 1997, p. 35.

A narradora relata a visita que lle fai ó seu amigo Roberto Cardoso na noite de defuntos. Comeza a historia cunha descrición física de Roberto, de Cristina, a súa muller escandinava e dun sinistro caserón das aforas de Madrid. Esta casa, antigo cárcere da Inquisición, será o escenario dunha misteriosa sesión de espiritismo que rematará cun contacto co espírito de Estela Cohen, vítima xudea do Santo Oficio. A ilustración é de Elena Gago. A versión castelá do relato foi publicada en *El Correo Gallego*.



Domínguez, Adolfo, “Juan Griego”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 26 agosto 1997, p. 35/p.12.

Reproducción dun fragmento da novela *Juan Griego* no que don Álvaro, Felipe, Fernando, Federico e Tiziana dialogan e expoñen os seus puntos de vista diverxentes sobre o peronismo e os militares. A ilustración está asinada por Iago Seara.



Dourado, Lourdes, “Organizadas las ‘I Xornadas Castelao de pensamento e debate”, *El Correo Gallego*, 2 xaneiro 1997, p. 38.

Informa das I Xornadas Castelao de pensamento e debate organizadas pola Asamblea Local de Galiza Nova de Rianxo, coas que pretenden dar a coñecer a figura deste rianxeiro coincidindo co aniversario da súa morte. Dá conta das actividades a celebrar dentro das Xornadas: dúas charlas coloquio, unha ofrenda floral e a proxección dun video-documental sobre a vida e obra de Castelao.



_____, “Castelao regresou onte á memoria dos rianxeiros”/“Rianxo homenaxeó ayer a Castelao en el 111 aniversario de su nacimiento”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 xaneiro 1997, p. 12/p. 12.

Dáse noticia da homenaxe que os rianxeiros brindaron a Castelao con motivo do aniversario do seu nacemento. Coméntanse os actos e reproducense palabras das autoridades que interviron no acto: o alcalde e un representante da Fundación Alexandre Bóveda, que cualificou a Castelao como “unha persoa comprometida co pobo”.



_____, “El filólogo Martín Veiga brindó ayer un recital poético a los amantes rianxeiros del género”, *El Correo Gallego*, 18 maio 1997, p. 19.

Dáse noticia do recital poético a cargo do filólogo e poeta noiés Martín Veiga, que tivo lugar no salón de actos do Cuartel Vello de Rianxo. Salienta entre a súa obra poética *Tempo de van de porcelana*, pertencente á colección Verba creada e dirixida por Antón Avilés de Taramancos.



_____, “Piñeiro nombrará a Rosalía de Castro “filla adoptiva do Concello de Rianxo”, *El Correo Gallego*, 11 setembro 1997, p. 13.

Faise referencia ó nomeamento de Rosalía de Castro como filla adoptiva de Rianxo no marco das festas de Guadalupe. Ademais descubriuse un monumento á poetisa doado polo Concello de Padrón, co cal serán tres as figuras da literatura galega recordadas na vila: Rosalía, Castelao e Rafael Dieste.



_____, “Rianxo tiene desde ayer a Rosalía de Castro como hija adoptiva”,
El Correo Gallego, 17 setembro 1997, p. 29.

Recóllese a información da declaración de Rosalía de Castro como filla adoptiva de Rianxo e as palabras do alcalde desta vila exaltando a ilustre padronesa. Infórmase de que a localidade arousá doará un busto de Castelao a Padrón como agradecemento polo regalo do de Rosalía.



Dracón, “Toda Galicia invadida polas distintas feiras do libro nun pulo a fomentar a lectura nos xoves”, *Redacción Xove*, nº 6, setembro 1997, p. 13.

Comenta o grande número de feiras do libro que teñen lugar en Galicia durante o verán e que cada ano rexistran unha maior afluencia de público. Segundo os libeiros este tipo de eventos orientase cara a todo tipo de públicos.



Durão, C., “Morreu o profesor Colin Smith”, *A Nosa Terra*, nº 771, “Guieiro Cultural”, 26 marzo 1997, p. 16.

Breve semblanza en memoria do profesor Colin Smith na que se destacan os seus traballos máis importantes como hispanista facendo especial fincapé na súa traducción ó inglés da obra de Cunqueiro *Merlín e familia*.



E. C., “A Fundación Castelao conmemora hoxe os 47 anos da morte do ilustre rianxeiro”, *El Correo Gallego*, 7 xaneiro 1997, p. 16.

Dáse conta dos actos a celebrar con motivo de se cumprí-lo aniversario da morte de Castelao. Acompáñase esta información duns breves apuntamentos bigráficos do rianxeiro. Ademais comunícase a nova do enterramento de María Luisa “Moraima” Loredó Fernández, viúva de Celso Emilio Ferreiro.



_____, “Doce universidades propoñen a Alfredo Conde ó Premio Nobel”,
O Correo Galego, 11 xaneiro 1997, p. 33.

Infórmase da proposta, descoñecida pola Universidade de Santiago de Compostela, realizada por unha ducia de institucións análogas á anterior de todo o mundo en que se propón a Alfredo Conde para o premio Nobel. Lémbrese a súa biografía e as numerosas distincións literarias das que foi acreedor. Finalmente dáse conta das súas incursións na dramaturxia, no xornalismo e no mundo televisivo.



_____, “A desidia galega desloce a candidatura de Conde ó Nobel”/“Indiferencia na Galicia universitaria ante a candidatura de Conde ó Nobel”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 xaneiro 1997, p. 41/p.14.

Comunícase que ningunha das tres universidades galegas ten previsto apoiar a candidatura de Alfredo Conde e descríbese o silencio que tódolos cenáculos literarios galegos gardan respecto a este tema. Infórmase da sorpresa que tal proposta supuxo para as institucións de Galicia relacionadas coas letras. Para ilustrar isto compílanse as declaracións de Rosario Álvarez (Universidade de Santiago de Compostela), Afonso Zulueta (Fundación Penzol) e Tomás Cavanna (Fundación Cela). Alén diso recóllense as razóns que aducen as universidades estranxeiras para avalaren o escritor de Allariz.



_____, “Carme Blanco sitúa a Rosalía como unha das nais da crítica”, *O Correo Galego*, 17 xaneiro 1997, p. 35.

Infórmase da celebración na Facultade de Filoloxía de Santiago dunhas xornadas convocadas polo sindicato estudiantil MEU. Dáse conta das intervencións do día anterior, das que se destaca a de Chus Pato, quen defendeu a necesidade de rematar co absoluto dominio da perspectiva masculina na crítica literaria e sinalou a ruptura que supuxo o xurdimento do punto de vista feminino. Carme Blanco colocou a Rosalía como precursora da crítica con óptica de muller e Luz Pozo analizou a súa traxectoria nun contexto controlado polo sexo oposto.



_____, “En 1996, a Xunta editou cincuenta novos títulos”, *O Correo Galego*, 29 xaneiro 1997, p. 43.

Nota sobre o acto de presentación dos seis novos libros editados pola Xunta que completan os cincuenta libros editados no ano 1996, acto que tamén foi unha homenaxe da institución a Figueira Valverde, xa que se presentou o derradeiro libro do profesor pontevedrés, *Arredor do libro. Artigos de Bibliofilia*. Cítanse estas novas publicacións: *Don Diego Sarmiento de Acuña, Conde de Gondomar (1567-1626), erudito, mecenas e bibliófilo*, de Carmen Manso Porto; os dous primeiros tomos da *Historia Física, Política e natural da Illa de Cuba*, de Ramón de la Sagra; unha nova edición de *Ángeles de Compostela*; *La Iglesia de Santiago de Compostela en la Edad Media: El Cabildo Catedralicio (1110-1400)*, tese de doutoramento de Javier Pérez Rodríguez e unha nova edición da *Guía da Artesanía de Galicia* en soporte escrito e CDROM.



_____, “O Consello da Cultura promove o “Arquivo da Emigración Galega”/“O Consello da Cultura apoia o Proxecto do “Arquivo da Emigración”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1 febreiro 1997, p. 33/p. 15.

Nota na que se informa da sinatura dun convenio entre a Consellería de Cultura e o Consello da Cultura Galega para que este último cree un Arquivo da Emigración Galega.



_____, “O humor, base da novela do Far West “Por unha presa de machacantes”/“Isy New achéganos o humor dun oeste galeguizado en ‘Por unha presa de machacantes”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 12 febreiro 1997, p. 39/p. 16.

Noticia da presentación da novela *Por unha presa de machacantes* (1996), escrita por Isy New (Isidro Novo). Dise que estamos diante dunha novela, que pode se-la base do primeiro *nabo-western* “ou película do oeste con retransmisión xenuinamente galega”. Cítanse as ilustracións de Quique Bordell, segundo a nota, “imitacións das de novelas do século XIX”. Danse notas argumentais da obra e dise que nela se rompe con moitos tópicos, que se dan numerosas situacións surrealistas, que recolle o mellor humor do cine tradicional e que os bos e malos se enfrontan como se dunha película de vaqueiros se tratase.



_____, “Filgueira, sempre”, *O Correo Galego*, “Homenaxe a Filgueira Valverde”, 19 febreiro 1997, p. 1.

Comentario sobre unha homenaxe do Consello da Cultura Galega ó seu presidente recentemente desaparecido, Xosé Filgueira Valverde. Infórmase das intervencións de tres homes da cultura galega que coñecían moi ben a vida e a obra do profesor pontevedrés: Domingo García-Sabell “que mantivera unha relación directa co profesor”; Xosé Ramón Barreiro, “home afín a Filgueira e do que se considera discípulo” e Víctor Freixanes, “alumno do homenaxeado”. No mesmo acto de homenaxe, o Arquivo Sonoro de Galicia presentará a gravación dunha entrevista realizada por Cristina Pujales Prats a Filgueira, en agosto de 1995. Remata o artigo cun comentario do catedrático Xesús Alonso Montero, quen afirma que “a morte de Filgueira significou a nosa separación do derradeiro polígrafo galego. Xa non hai polígrafos, e moitos menos da cultura e da agudeza interdisciplinar de Filgueira Valverde”.



_____, “Recital de Graña, Ferrín e Manuel María na Coruña”, *O Correo Galego*,
20 febreiro 1997, p. 41.

Refírese á participación destes tres escritores no Ciclo de recitais poéticos da Facultade de Filoloxía da Coruña. Cítanse algúns datos biográficos e literarios dos tres autores, que recitarán baixo o título de “Tres poetas das Festas Minervais”.



_____, “O poeta Luís G. Tosar presenta hoxe en Negreira *Estación Marítima*”,
O Correo Galego, 21 febreiro 1997, p. 35.

Anuncio da conferencia “Un escritor galego nacido en Buenos Aires”, de Luís G. Tosar, que será sucedida pola presentación do libro do devandito autor, *Estación Marítima* (1996), a cargo de Antón Xil Alcántara e Xosé María Fernández Pazos.



_____, “Dios sentado en un sillón azul”: a reflexión sobre os
intelectuais”/“Carlos Casares reclama modestia dos pensadores cando falen en
público”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 febreiro 1997, p. 43/p. 14.

Recóllense as palabras de Carlos Casares no acto de presentación da traducción ó castelán de *Deus sentado nun sillón azul*, que tivo lugar na librería Fonseca de Compostela. Neste acto, Casares reflexionou sobre a figura dos intelectuais na sociedade e no seu poder de crear opinión. Segundo a noticia o autor reclamou a necesidade de “non ser categóricos nin malvados, senón modestos”. A propósito da súa novela, sinalou que pretende recolle-lo ambiente de pensamento europeo nos anos trinta.



_____, “Compostela celebra cunha oferta nula o Día Internacional do Teatro”,
O Correo Galego, 25 marzo 1997, p. 33.

Critícase ó concello de Santiago por incumpri-la promesa de honra-la memoria de Valle-Inclán no Día do Teatro. Recóllense as palabras do coreano Jeong Ok King, presidente do Instituto Internacional do Teatro, quen avoga polo teatro como un camiño para a paz e a comprensión entre os pobos.



_____, “Compostela pecha a cal e pedra as súas taquillas no Día do Teatro”,
El Correo Gallego, 25 marzo 1997, p. 12.

Con motivo do Día Internacional do Teatro infórmase de que o “único teatro estable que existe na capital de Galicia” permanece pechado, ó igual que as salas alternativas. Ó mesmo tempo non se celebrará a homenaxe a Valle-Inclán que prometera o concello compostelán. Seguidamente recóllense fragmentos do manifesto difundido polo Instituto Internacional do Teatro (IIT) ó respecto da situación do teatro no mundo.



_____, “Amarelo de Castro abriu os cursos de teatro no exterior”, *O Correo Galego*, 2 abril 1997, p. 43.

Dá a noticia da inauguración dos “Cursos de Especialización de Teatro, Danza e Técnicas Musicais” e describe as características dos mesmos. Recolle as palabras de Homero Pérez Quintana e Fernando Amarelo de Castro nas que louvan o traballo destes mozos por contribuír á difusión da nosa cultura polo mundo.



_____, “Galicia conta cunha caseta na Feira do Libro de Bos Aires”, *O Correo Galego*, 19 abril 1997, p. 36.

Nota sobre a Feira Internacional do Libro de Bos Aires na que a Consellería de Cultura e Comunicación Social conta cunha caseta que comparte co Centro Galego e na que participará o escritor Xavier Alcalá. Refírese ademais á Feira Internacional do Libro para Nenos de Bolonia (Italia).



_____, “A outra verdade”/“Manuel Rivas afirma que o escritor debe contar “as verdades non convencionais”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 abril 1997, p. 16/p. 52.

Informa da intervención de Manuel Rivas nas VIII Xornadas de Lingua e Literatura, dentro do apartado do congreso “O autor fala da súa obra”. Comezou lendo un conto inédito titulado “A vella raíña alza o voo”, pasando logo a reflexionar sobre a escrita. Tamén se dá conta da denuncia efectuada por un dos membros do comité organizador, Antón Louzao, sobre o incumprimento “maioritario” do Real Decreto que regula a Lei de Normalización Lingüística no ensino galego.



_____, “Carlos Casares: “Estamos lonxe de te-lo índice desexable de lectura”/“Máis de mil novas publicacións en galego viron a luz durante o ano 96”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 24 abril 1997, p. 41/p. 13.

Informa da celebración do Día do Libro e dos Dereitos de Autor, no que as librerías galegas promocionaron os seus produtos ofrecendo descontos do 10%. Comenta que a Consellería de Cultura informou que o pasado ano se superaron os mil títulos editados en idioma galego e que este ano se conta cunha dotación de 12 millóns para diversas iniciativas de fomento do libro galego. Recolle ademais as palabras de Carlos Casares e da Asociación de Editores de Galicia, que comentan os medios de fomenta-la lectura e a mellora no índice da mesma. Finalmente expón que o Consello da Xunta aprobará un decreto no que se declara 1997 como ano de Ánxel Fole e que o próximo sábado se inaugurará a XVI Feira do Libro de Santiago de Compostela, na que ademais da venda de libros, tamén se realizarán diversas actividades. Recóllense declaracións dalgúns escritores como Carlos Casares, Uxío Novoneira, Ursula Heinze e Manuel María acerca da situación da literatura en Galicia. Todos eles coinciden no bo estado da nosa literatura e na necesidade de incentiva-la lectura e apoiar iniciativas editoriais.



_____, “Rivas participa no Festival de Poesía de Barcelona”, *O Correo Galego*, 15 maio 1997, p. 41.

Anúnciase a participación de Manuel Rivas no XIII Festival Internacional de Poesía que se celebrará no Palau da Música de Barcelona. Neste encontro participan tamén o poeta bengalí Lokenath Bhattacharya, o persa Yadollah Royai, o polaco Adam Zagajewski, ademais doutros poetas españois como Enric Casassas, J. N. Santaaulalia, Biel Mesquida, Diego Jesús Jiménez e José Jiménez Lozano.



E. P., “O galego ocupa o último lugar do Estado en publicacións”, *O Correo Galego*, 21 xaneiro 1997, p. 35.

Repásanse as cifras de publicacións de libros nas diversas linguas do estado español e constátase que o galego ocupa o derradeiro lugar. Tamén se desglosan as devanditas publicacións por temáticas dando como resultado a mesma situación para o idioma de Galicia, incluso no caso da literatura.



_____, “Amancio Prada musicará textos de Lorca e Cunqueiro”, *O Correo Galego*, 2 febreiro 1997, p. 52.

Anúnciase que Amancio Prada poñerá música a novos poemas de Lorca, Cunqueiro e García Calvo para monta-lo espectáculo “Tres poetas” acompañado de piano, violonchelo, acordeón e guitarra. Este espectáculo conformará unha xira do cantante que se iniciará nos Festivais de Santander. Comenta tamén a preparación nun disco sobre a obra de Rosalía. Reprodúcense breves declaracións do autor sobre Rosalía de Castro e Álvaro Cunqueiro.





V.8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

_____, “A universidade edita un novo estudio sobre as mulleres”/

“A universidade edita un estudio sobre as mulleres na lingua e na literatura”,

O Correo Galego/El Correo Gallego, 5 febreiro 1997, p. 43/p. 1.

Noticia da publicación por parte da Universidade de Santiago e da Universidade das Palmas de Gran Canaria do libro editado por Aurora Marco *Estudios sobre la mujer, lengua y literatura* (1996), no que aparecen distintos traballos sobre o tema muller na literatura: a muller como escritora, as imaxes que a literatura presenta da muller e a muller como consumidora de literatura.



_____, “Organizadas en Santiago unhas xornadas sobre o xornalismo e a literatura”, *La Voz de Galicia*, 5 maio 1997, p. 5.

Anúnciase o inicio das Xornadas de Xornalismo e Literatura na Facultade de Ciencias da Información, organizadas pola sección do Departamento de Filoloxía Galega e os CAF desta facultade e que inclúen senllas conferencias de Suso de Toro e Antón Reixa así como unha mesa redonda na que se prevé a participación de xornalistas e escritores.



_____, “Manolo Rivas ofrecerá un recital literario en Mos no que tamén actuará Uxía”, *El Correo Gallego*, 16 maio 1997, p. 13.

Informa das actividades organizadas polas Mulleres Rurais do Val do Louriña, que inclúen un recital de Manuel Rivas, dentro dun programa máis amplo para a potenciación do Día das Letras.



_____, “Fina Casalderrey muestra su temor por la posible desaparición de los libros”, *El Correo Gallego*, 1 xuño 1997, p. 14.

Refírese ó acto de inauguración da XIII Feira do Libro de Ourense no que foi pregoeira Fina Casalderrey. Lémbrense as palabras da autora quen comentou, entre outras cousas, “o seu temor pola desaparición do libro”. Menciónanse a continuación os participantes neste acto, entre os que se encontraban o alcalde de Ourense, Manuel Cabezas e a Presidenta da Asociación Provincial de Libreros, Pilar Rodríguez, quen instou ós ourensáns a achegarse ós umbrais dun libro e sumerxirse nas palabras “deste gran amigo”.



_____, “Letras de Cal’ preséntase hoxe en Vigo co fin de lanzar novos títulos”,
O Correo Galego, 2 xullo 1997, p. 34.

Noticia da presentación en Vigo da colección Letras da Cal por parte da Asociación Cultural Amaía, coa que se pretende “darlle saída” á obra dos autores literarios máis novos e ofrecerlles unha canle de publicación para os seus escritos. Anúnciase a presenza no acto dos membros de Amaía e dos autores das dúas obras que abren a colección: Celso Sanmartín, con *Propiamente son captivo*, e María Lado, con *A primeira visión*.



_____, “Promoven en Vigo a creación da cátedra Filgueira Valverde”, *O Correo Galego*, 28 outubro 1997, p. 9.

Infórmase da creación dunha Cátedra de Investigación que levará o nome de Xosé Filgueira Valverde, baixo o patrocinio de Caixa Pontevedra e a Universidade de Vigo. Reprodúcense varias das cláusulas do convenio, as declaracións do rector da Universidade de Vigo e as dun fillo do profesor falecido, no acto da firma.



_____, “Plaza Janés inclúe a Rosalía nunha nova edición de peto” *O Correo Galego*, 17 novembro 1997, p. 33.

Dáse noticia da próxima aparición nunha colección de Plaza Janés dirixida a tódolos públicos das obras de Rosalía de Castro. Esta colección recollerá obras de Machado, Passolini, Bécquer etc.



E. N., “Berta non soubo voar’: a incursión de Concha Blanco na narrativa para adultos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 novembro 1997, p. 43/p. 15.

Breve noticia sobre a publicación de *Berta non sabe voar* (1996), “a incursión de Concha Blanco na narrativa para adultos”, publicada pola editorial Pentalfa. Recóllense as declaración da propia autora, que incide en que o libro “narra a historia dun matrimonio con falta de comunicación, na que pretende reflectir as vivencias que lle poden suceder a calquera familia que non funcione por falta de diálogo”. Infórmase, a continuación, dos galardóns obtidos pola autora noutros ámbitos da literatura como o accésit do Premio Lazarillo, que convoca anualmente a OEPLI, pola súa obra *¡A min que me importa!*. Por último alúdese ós seus proxectos inmediatos: un libro que conta a vida dun neno fillo de emigrantes e outro que realiza un percorrido polos momentos negativos da vida dun adulto.



E. R.-A., “*Qué leer*. Número 14”, *ABC*, “*ABC*” *literario*, nº 306, 12 setembro 1997, p. 20.

Descrición dos traballos que contén o número 14 da revista *Qué leer*. Saliéntase unha entrevista a Manuel Rivas feita por Jesús Palacios con motivo da publicación do seu libro de poemas *El Pueblo de la noche*.



Escrigas, Carmina, “Un tesoro para todos”/“Un tesouro nas mans de todos”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 29 outubro 1997, p. 45/p. 2.

Infórmase dos contidos e características da Biblioteca-Arquivo Teatral Francisco Pillado Mayor da Universidade da Coruña. Sinálase que se trata dunha recompilación de todo o material do que dispoñía Francisco Pillado na súa casa e que puxo a disposición do público e que será dirixida por membros do departamento de Filoloxía Galego-Portuguesa. Anúnciase a inmediata catalogación e informatización de todo o material co fin de facilitá-las consultas. Así mesmo, o departamento pretende establecer unhas liñas de edición iniciadas coa publicación da obra *Donosiña* de Xaime Quintanilla. Por último, informa da creación, por parte da citada entidade, de catro series de edición: a de Literatura Dramática Galega, dirixida pola profesora Laura Tato, e as de Literatura Dramática Portuguesa, Francesa e en Linguas clásicas.



Escrigas, C., “A voltas coas letras”, *O Correo Galego*, “O Correo da Universidade”, 7 maio 1997, p. 6.

Fai referencia á celebración das Xornadas de Xornalismo e Literatura na Facultade de Xornalismo baixo a organización dos Comités Abertos de Facultade e do Departamento de Filoloxía Galega. Cítase como “prato forte” unha mesa redonda na que participan Aníbal C. Malvar, Antón R. López, Xavier Lama, Camilo Franco e Margarita Ledo, na que se prevé un debate entre aqueles que falan dunha separación explícita entre literatura e xornalismo e os que avogan pola fusión. Lémbrese, así mesmo, que os actos que tiveron lugar ata o momento foron senllas conferencias de Suso de Toro e de Antón Reixa e sinálase o propósito de darlles continuidade ás xornadas.



_____, “Figuras para un soño imaxinario no exilio”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 167, 10 xullo 1997, p. 7.

Con motivo da presentación das figuras do *Alba de Groria* de Castelao faise un repaso pola historia deste discurso do autor rianxeiro. Fala da súa xénese e a súa posterior inclusión no *Sempre en Galiza*. Posteriormente reproduce fragmentos deste texto de Castelao e describe moitos dos persoeiros feitos agora figura.



Estévez, A., “A figura de A. Iglesia Alvariño preside o I Congreso da Poesía”,
A Nosa Terra, nº 797, “Guieiro Cultural”, 25 setembro 1997, p. 27.

Con motivo da celebración do I Congreso de Poesía galega en Vilagarcía de Arousa que coincide co cincuenta aniversario da publicación de *Cómaros Verdes* (1947), de Aquilino Iglesia Alvariño, dáse a coñecer-lo programa de dito congreso e, ó mesmo tempo, salientase que Rafa Villar é o gañador do premio Cómaros Verdes.



_____, “María Mariño, a poeta que rachou coa dor a linguaxe convencional”,
A Nosa Terra, nº 801, “Guieiro Cultural”, 23 outubro 1997, p. 21.

Constátase o esquecemento ó que foi sometida a figura da poetisa María Mariño, rachado agora coa homenaxe que lle tributa a revista *Festa da palabra silenciada*. Apúntase que ata se chegou a pensar que ese nome era só un heterónimo de Novoneyra. Percórrese a súa traxectoria vital, que a levou a residir en Noia, Boiro, Elantxove, Romeor do Courel e Parada do Courel. Destácanse as opinións que sobre esta lírica verteron X. L. Méndez Ferrín, Chus Pato e Carme Blanco. Finalmente sinálase a relación que María Mariño tivo, entre outros, con Manuel María, Otero Pedrayo, Ramón Piñeiro, Ánxel Fole e, sobre todo, Uxío Novoneyra.



_____, “O Galeuska substitue a viaxe ao monumento ao coñecemento”, *A Nosa Terra*, nº 802, “Guieiro Cultural”, 30 outubro 1997, p. 21.

Coméntase a celebración en Biarritz do congreso Galeuska, que reuniu autores de lingua catalana, vasca e galega. As tres mesas redondas versaron sobre a viaxe interior, a literatura de viaxe e a viaxe na literatura. Préstase atención preferencial ós relatorios de María Xosé Queizán e Nacho Taibo. Cítanse as palabras nas que Alfonso Álvarez Cáccamo valora positivamente a comunicación que supón un encontro deste tipo. Tamén se recolle a nómina de participantes galegos no congreso.



F. C. W., “O Batallón da Costa da Morte debate sobre a escrita plural”/“Cun verso por fusil”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 xuño 1997, p. 45/p. 14.

Noticia acerca do comezo, no Auditorio do Pilar de Corcubión, do II Encontro de Escritores e Escritoras da Costa da Morte, organizado polo Batallón Literario da comarca e polo concello. Infórmase ademais sobre a presentación do encontro e os seus participantes (escritores e integrantes dos colectivos Santa Compañía do Salnés, Colectivo Edral da Coruña e Brigadas de Defensa do Patrimonio Chairego de Lugo), que teñen a intención de amosar pluralidade, como se reflicte no lema do encontro, “*Escrita en plural*”.



F. J. G., “Vilagarcía rememora nacemento de ‘Cómaros Verdes’/“Vilagarcía lembra o seu papel no renacemento da cultura galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, p. 90/p. 15.

Noticia do acto celebrado en Vilagarcía de Arousa por mor do cincuentenario da publicación de *Cómaros Verdes* (1947), primeiro libro galego importante trala Guerra Civil. Infórmase que diante da Imprenta-librería Celta, editora do libro, lembrouse ós familiares de Aquilino Iglesia Alvariño, Gonzalo Bouza Brey recitou poemas de *Cómaros Verdes* e Luciano Rodríguez resaltou, nunha conferencia na Casa da Cultura, a importancia da obra por diversos factores.



F. P., “As obras de Manuel Rivas serán traducidas ó francés e ó alemán”,
O Correo Galego, 22 febreiro 1997, p. 42.

Dáse conta de cómo a Feira do Libro de Frankfurt e o Premio Nacional de Narrativa concedido a Manuel Rivas espertaron o interese das editoriais europeas. Coméntase como a editora gala Gallimard mercou os dereitos de *¿Que me queres, amor?* (1995) e como Editions Metalié fixo o propio con *En salvaxe compañía* (1994). Sinálase que esta segunda obra será tamén publicada en alemán por Suhrkamp. Remátase incidindo no estudio que se está levando a cabo con vistas a realizar unha adaptación cinematográfica dun dos seus relatos breves: “A lingua das bolboretas”.



_____, “As páxinas web da Xunta amplían a súa oferta cultural”, *O Correo Galego*, 2 xuño 1997, p. 18.

Informa da incorporación ás páxinas web da Consellería de Cultura e Comunicación Social da *Guía de Teatro, Música e Danza de Galicia* así como información sobre os museos dependentes da Xunta. Sinálase a dispoñibilidade en galego, inglés e castelán.



F. S. G., “Novoneyra e Pozo nun informe sobre cinco linguas minoritarias”,
La Voz de Galicia, 11 abril 1997, p. 7.

Coméntase que a Oficina Europea para as Linguas Menos Difundidas prepara un informe sobre a produción literaria en cinco linguas minoritarias entre as que se encontra o galego. Neste informe recóllense dúas poesías: unha de Novoneyra e a outra de Luz Pozo Garza.



F. V., “Homenaje a Fiz Vergara, tras ser enterrado en Lóuzara”, *La Voz de Galicia*, 21 xullo 1997, p. 59.

Comenta a homenaxe ó poeta Fiz Vergara Vilariño tralo enterro na súa vila natal de Santalla de Lóuzara en Samos. Cítanse así mesmo a lectura de versos do poeta a cargo de dezaseis escritores así como a actuación musical do grupo A Quenlla.



Faginas, Iria, “Se clausura hoy la Feria del Libro de Vigo con un éxito rotundo”,
Faro de Vigo, “Verano del 97”, 10 xullo 1997, p. 8.

Ofrécense os datos dos libros máis vendidos da literatura galega unha vez clausurada a Feira do libro en Vigo. Cítanse *O lume de Santo Antón*, de García Mañá e *Meu querido padre Ramón*, de Moncho Borrajo. Por outra parte dáse conta da escenificación de *Os leirantes* polo grupo de animación á lectura Trinke Trinke e a firma de exemplares por parte de X. M. Valcárcel.



Fariñas, Celso, “A Guarda quere homenaxear a Eliseo Alonso”, *A Peneira*, nº 215, 1ª Quincena marzo 1997, p. 1.

Céntrase na extensa obra literaria de Eliseo Alonso, dando conta dos seus traballos de carácter etnográfico e da súa vinculación ó pobo guardés. Segundo Celso Fariñas estes son méritos suficientes para lle facer ó Concello da Guarda unha serie de propostas: concederlle ó escritor o título de Fillo adoptivo a título póstumo, dedicarlle unha rúa ou un monolito, levar a cabo unhas xornadas literarias dedicadas á súa persoa, solicitar dos concellos do Baixo Miño que desenvolvan actividades de recoñecemento a Eliseo Alonso e instituír un premio que leve o seu nome.



Faro, D., “Las mil caras del gallego”, *Atlántico Diario*, 9 novembro 1997, pp. 50-51.

Trátase das traducións de obras galegas feitas dende 1994. Saliéntase a grande cantidade delas que foron vertidas a outras linguas en 1996 e a importancia que tiveron nese fenómeno editoriais catalanas como Edebé. Ademáis invéstigase o éxito desas iniciativas por medio do número de edicións acadadas. Sinálase como autores máis afortunados neste aspecto a Fina Casalderrey e Agustín Fernández Paz. Descóbrese a ignorancia da Consellería de Cultura e do Centro Ramón Piñeiro sobre a medida en que foron traducidos os nosos escritores antes de 1994 mais sitúase ó redor do cento as versións estranxeiras de Rosalía e preto das trinta as adaptacións de *Memorias dun neno labrego*. Cítanse algunhas das linguas máis exóticas, conforme o articulista, ás que chegaron os autores galegos como o ruso, o lituano e o “braille”. Péchase este informe cunha lista das traducións subvencionadas pola Consellería de Cultura.



Faro, David, “Una ojeada al libro gallego”, *Atlántico Diario*, 22 xuño, 1997, p. 58.

Estudio comparativo sobre o libro galego en relación ós publicados, en Galicia, en lingua castelá e noutras linguas. Chégase á conclusión de que A Coruña é a provincia que máis títulos publicou en 1996, pese a que en Vigo hai máis editoriais que en ningunha outra cidade galega. Ademais, indícase que mentres que dende 1980 ata 1995 o número de libros publicados en español se multiplicou por 1,5, o dos publicados en galego sextuplicouse. Na análise sobre as traducións ó galego afírmase que esta lingua é a undécima lingua máis traducida en España en 1996. Tamén se compara a edición de libros tendo en conta o número de páxinas, a cantidade de primeiras edicións ou reimpresións e se se trata de edición pública ou privada. Inclúense táboas numéricas que comparan as linguas máis traducidas, o número de títulos publicados e a edición noutros soportes diferentes ó libro.



Feijoo, Raquel, “Manuel Vidal: “El teatro es un arte”, *La Región*, 18 xaneiro 1997, p. 15.

Recóllense as palabras de Manuel Vidal, fundador do grupo de teatro Rúa Viva recoñecendo o seu amor polo teatro que é para el “un arte y, como arte, es aquello que anima el espíritu y te hace feliz”. A continuación faise un percorrido polos comezos da súa compañía e menciónanse algunhas das obras escenificadas en Galicia, Portugal e Zamora entre as que se destacan *A tía lambida* e *O carteiro de El Rey*. Cítanse tamén os catro últimos proxectos da compañía: tres comedias e un drama. Finalmente anúnciase que Manuel Vidal recibiu unha proposta do Teatro Dramático de Omsle (Siberia) para dirixir un espectáculo.



_____, “Paseo biográfico pola vida dun “home ético”, *La Región*, 30 xaneiro 1997, p. 16.

Nota sobre a presentación na librería Torga do libro *Fernando Iglesias, “Tacholas”, un autor auriense na Galicia ideal* (1996), de Luis Pérez Rodríguez. Menciónase que o autor fixo ó longo de once capítulos un percorrido pola biografía dun dos embaixadores da galeguidade na comunidade emigrante de Bos Aires e nome destacado no teatro e no cine arxentinos.



_____, “Síntome honrada con esta distinción”, *La Región*, 16 febreiro 1997,
p. 21.

Comentario sobre o acto de recepción de M^a Victoria Carballo-Calero, como académica numeraria da Real Academia Gallega De Bellas Artes de Nuestra Señora del Rosario, acto no que a catedrática de Historia do Arte pronunciou un discurso sobre “Tradición e modernidade na revista coruñesa *Vida* (1920-1921), unha aventura antes de *Alfar*”.



_____, “A poesía esixe dun traballo de orfebre”, *La Región*, “Conferencias”,
21 marzo 1997, p. 19.

Refírese á figura do escritor Xavier Rodríguez Barrio, participante nunha das conferencias organizadas pola Consellería de Cultura, con motivo do ciclo “Os nosos escritores”. Coméntase a traxectoria poética do escritor e dábanse unhas notas sobre a temática das súas obras, ademais de recoller algunha opinión do autor sobre certos aspectos da literatura.



_____, “Xabier Alcalá reivindica la proyección universal de la literatura gallega”,
El Ideal Gallego, 4 abril 1997, p. 40.

Infórmase da presenza de Xabier Alcalá no acto de inauguración do Colexio Santiago Apóstol en Buenos Aires, onde ten previsto impartir unha conferencia na Universidade de Belgrano titulada “A literatura galega ás portas do novo século” e participar na Feria Internacional do Libro de Buenos Aires. Recóllense distintas opinións do escritor sobre as novas tecnoloxías aplicadas á literatura, a ruptura de fronteiras que tamén afecta á cultura e a necesidade da literatura galega de facerse un sitio dentro dun ámbito internacional.



_____, “A Deputación nomea a Alexandre Bóveda Fillo Predilecto da provincia de Ourense”, *La Región*, 31 maio 1997, p. 9.

Dáse conta da homenaxe que lle rendeu a Deputación Provincial de Ourense a Alexandre Bóveda. Infórmase da asistencia ó acto da súa viúva, Amalia Álvarez a quen se lle fixo entrega dun pergamiño onde se nomea ó homenaxado Fillo Predilecto de Ourense.



_____, “Un “gran novelista” e un poeta “de primeiro rango”, *La Región*,
20 setembro 1997, p. 17.

Información de dous relatorios expostos nas “Xornadas Eduardo Blanco Amor”, que se celebraron en Ourense. Ofrecense os nomes dalgúns dos participantes como Xulio Francisco Ogando Vázquez, que aprofundou no estudo sociolóxico de *La Catedral y el niño*, e Andrés Pociña que reivindicou a importancia da poesía de Blanco Amor no conxunto da súa obra e incluso na poética galega do século XX.



_____, “Un escritor que nunca se considerou xornalista”, *La Región*,
20 setembro 1997, p. 18.

Informa da mesa redonda que se levou a cabo no peche das “Xornadas de Eduardo Blanco Amor” co título “Eduardo Blanco Amor xornalista”, na que se expuxeron tres relatorios sobre o labor xornalístico do escritor ourensán: un de Marcos Valcárcel, quen fixo un percorrido pola obra xornalística de Blanco Amor; outro de Maribel Outeiriño, quen tentou explicar por qué escribía artigos de prensa e, finalmente Ángel Basanta, quen se centrou nos artigos que publicou en *La Voz de Galicia*.



_____, “En Ourense hay inquietud cultural”, *La Región*, 13 outubro 1997, p. 6.

Con motivo da clausura da VIª edición da Feira do Libro Antigo e de Ocasión na cidade de Ourense, recóllense as valoracións feitas por algúns dos libeiros participantes e cítanse as librerías participantes.



_____, “Falando de Blanco Amor”, *La Región*, 24 decembro 1997, p.16.

Refírese á celebración dunhas mesas redondas no Recreo Ourensán organizadas por AGAL, a primeira delas dedicada á vida de Eduardo Blanco Amor e a segunda ó profesor portugués M. Rodrigues Lapa.



Fernán-Vello, Miguel Anxo, “Teorema do verao”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 7 setembro 1997, p. 38/p. 18.

O autor estrutura este texto en dez fragmentos con numeración romana. En cada un achéganos impresións e sensacións acerca do verán, case sempre nostálxicas, cunha linguaxe moi próxima á expresión poética. Ánxel Huete é quen asina o debuxo que acompaña esta entrega.



Fernández, C., “Veinte novelas para una ciudad”, *La Voz de Galicia*, “Edición da Coruña”, 11 maio 1997, p. 56.

Informe sobre a presenza da cidade da Coruña en numerosas obras literarias. Entre elas destácanse as obras galegas ambientadas ou que presentan algunha estreita relación con esta cidade galega, como *O misterio do barco perdido* (1988), de Carlos G. Reigosa, algúns contos de *Os comedores de patacas* (1991), de Manuel Rivas, *Telúrico* (1996), de Tucho Calvo ou *Fábula* (1980), de Xavier Alcalá.



Fernández, E., “Teatro popular en homenaxe a Marcial Suárez”, *A Nosa Terra*, nº 790, “Guieiro cultural”, 7 agosto 1997, p. 25.

Dá conta da homenaxe que se lle rendeu en Allariz a Marcial Suárez. Comenta que os actos consistiron nunha conferencia sobre a figura do escritor alaricano falecido hai dous anos na que participaron o alcalde Anxo Quintana, o concelleiro Antonio Blanco, C. Orellana, Jesús Oia, Marcos Valcárcel e Alfonso García, sobriño do homenaxeado. Informa tamén de que algúns conferenciantes falan da inxustiza cometida con Marcial Suárez e do lugar privilexiado que lle corresponde na literatura galega con *O acomodador e outras historias*. Sinala ademais que varios contos desta obra foron representados por máis de trinta actores de Allariz baixo a dirección de Xían Bobillo.



Fernández, H., “Nos auténticos sabios, intelecto e bondade van da man”/“Una mirada de cristal y vida”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 16 xaneiro 1997, p. 43/p. 14.

Nota sobre a novela de Carlos Casares *Deus sentado nun sillón azul*, con motivo da presentación en Madrid da traducción ó castelán, editada por Alfaguara. Recóllese a opinión de Casares para quen a novela está ambientada en tempos da postguerra e conta unha historia de amor e desamor que se enfronta á actividade dun intelectual conservador e autoritario.



Fernández, Lois, “Nombres Propios”, *La Voz de Galicia*, 17 xaneiro 1997, p. 50.

Anuncia o acto de entrega da Medalla de Ouro da cidade de Santiago ó Mérito Cidadán a Raimundo García Domínguez nun acto que presidido por Xerardo Estévez e no que X. Alonso Montero fará de “mantenedor”. Dá conta ademais da presentación na Bibioteca Nova do libro, *O trasno de Alqueidón* (1996), ó que asistirán a súa autora Marilar Aleixandre e o seu ilustrador, Miguel Anxo Prado.



_____, “Nombres Propios”. *La Voz de Galicia*, 13 febreiro 1997, p. 50.

Informa da homenaxe que recibirá X. Filgueira Valverde na sede do Consello da Cultura, na que participarán Domingo García Sabell, Xosé Ramón Barreiro Fernández e Víctor Freixanes. Dá conta ademais da aparición dunha nova publicación editada polo Centro Dramático Galego, de Miguel Guede e Eduardo Alonso.



_____, “Nombres Propios”, *La Voz de Galicia*, 1 marzo 1997, p. 54.

Mostra a satisfacción de Luis Tosar, dende que coñeceu o interese da editorial Visor por publicar unha antoloxía da súa obra poética en edición bilingüe. Comenta ademais que nestes momentos continúa promocionando o seu libro *Estación Marítima* (1996), que segundo o seu autor, “merece estar ó alcance da gran diáspora galega”.



_____, “De las Letras a la empresa”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 25 outubro 1997, p. 52.

Dá conta do funcionamento da librería A Palavra Perduda, nacida trala iniciativa de tres mozos: Valentín Rodríguez, Paulo González e Fernando Pereira. Informa ademais do material e servizo que ofrece, e das actividades que nela se realizan.



_____, “Oá!, unha revista con caducidad”, *La Voz de Galicia*, 27 novembro 1997, p. 52.

Dáse noticia da presentación no café Airas Nunes da nova revista *Oá!*, dirixida por Jorge Rodríguez Álvarez. Saliéntase o período limitado da súa existencia, xa que deixará de existir no ano 2000, segundo informaron os seus responsables. Remata destacando que quere ser un vehículo de expresión dunha corrente de pensamento que denominan “esencialismo”.



_____, “O Galo, compromiso histórico”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”,
4 decembro 1997.

Dá conta dos actos que prepara a Agrupación Cultural O Galo para esta temporada: a presentación da obra *Historia de Galicia* no café Airas Nunes, a próxima presentación dun libro sobre educación musical na escola e unhas charlas sobre a figura do Mariscal Pardo de Cela e sobre a Academia.



Fernández Ferreiro, Xosé, “Historia dun soldado”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 9 xullo 1997, p. 38/p. 13.

Neste relato, recollido de *Co medo nas mans* (1997), conta a historia de Camilo, un soldado que participa na guerra entre España e Marrocos. Camilo resulta ferido de gravidade no Rif, e ese mesmo día os seus familiares en Galicia reciben a visita dunha persoa coa mesma aparencia física que o soldado. Cando este misterioso visitante marcha, a familia recibe a nova da morte de Camilo. Acompáñase o texto cun debuxo de José María Kaydeda.



Fernández Pazos, Xosé María, “O ano de Eduardo Blanco Amor”, *O Correo Galego*, “O Correo da Galeguidade”, 12 xaneiro 1997, p. 16.

Pequena semblanza bibliográfica do novelista ourensán do que se celebra o centenario do seu nacemento. Dáse noticia da concesión dos premios culturais das comunidades galegas que chegaron a súa décima edición e que no campo de contos gañou M^a Luisa Otero con *Navegando en recuerdos*. O segundo premio foi para o uruguaio Antonio García de Seárez por *El hombre del camino* e o terceiro para a arxentina Angélica Fontela por *La Rosa roja*.



Fernández-Pedreira Estévez, “La furia del libro”, *Faro de Vigo*, “Verano del 97”,
3 xullo 1997, p. 51.

Con motivo da celebración da XXIII edición da feira do libro de Vigo dáse a coñece-lo nome daqueles autores máis vendidos: Manuel Rivas, Marina Mayoral e Carlos Casares. Ó mesmo tempo preséntanse as máis recentes novidades editoriais: *Eu é* (1996), de Xurxo Borrazas e *As horas que nos quedan* (1997), de Xerardo Méndez.



Ferreira, Antón, “Goián fará outro homenaxe a Eliseo Alonso”, *Atlántico Diario*, 24 xullo 1997, p. 17.

Informa da celebración dun homenaxe ó escritor Eliseo Alonso na súa parroquia natal, Goián, no que participarán escritores, pintores e artistas plásticos galegos e do norte de Portugal.



Fidalgo Santamariña, “Terra de Celanova”: literatura, tradicións e folclore popular”, *La Región*, 2 agosto 1997, p. 22.

O autor comenta a importancia de Celanova na nosa literatura por se-lo berce de escritores como Curros, Celso Emilio Ferreiro, Castor Elices, Méndez Ferrín ou Paulino Vázquez. Caracteriza brevemente a obra de Curros, Celso Emilio e Ferrín e sinala que a actividade literaria desta terra está complementada por outros estudos científicos, como por exemplo os arqueolóxicos xa dende a Xeración Nós. Salienta ademais o importante número de tradicións ou festas conservadas, algunha delas como a Virxe de Cristal, servirán de inspiración para os escritores.



Foces, Ujué, “Marina Mayoral: “Desde Aristóteles el amor pasión no está bien visto en nuestra sociedad”, *Faro de Vigo*, 26 abril 1997, p. 55.

Recolle palabras de Marina Mayoral pronunciadas nunha conferencia celebrada no Clube Faro de Vigo e que foi presentada por Marilar Aleixandre. Saliéntase que a conferenciante centrou a súa exposición no Amor tomando como base a Amelia, a personaxe da súa última novela *Dar la vida y el alma*, para comenta-lo amor como un conflito na vida das persoas, sobre todo dende o punto de vista das mulleres.



Fonte, Ramiro, “O cazador de libros”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 15 agosto 1997, p. 35/p. 12.

Recolle tres poemas longos pertencentes ó libro *O cazador de libros* (1997). Estructurados maioritariamente en estrofas de catro versos, a súa temática é a literatura e os libros en xeral, abordados dende diversos puntos de vista. Estes textos están acompañados dun debuxo de José María Barreiro.



Fontenla, Paz, “García Lorca en Sargadelos”, *El Correo Gallego*, “Desde Porta Nova”, 9 abril 1997, p. 26.

Faise referencia á exposición que vai ter lugar na Galería Sargadelos de Ferrol, que se compón de todo tipo de documentos relacionados con Lorca e de dous paneis específicos que explican a amizade do granadino con Ernesto Guerra da Cal e Francisco Iglesias Braxe. Coméntase a participación na inauguración, de Xoán Rubia e Sphaira que interpretará os poemas en galego de Lorca.



Forcadela, Manuel, “Dúas mortes”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 2 setembro 1997, p. 40/p. 16.

Neste texto de carácter policial, Manuel Forcadela relátanos dúas mortes cometidas polo “home da tatuaxe” e polo “home das lentes escuras”, respectivamente. A única testemuña do primeiro crime é quen mata ó autor do primeiro asasinato, cando ámbolos dous fuxían nun barco. O debuxante deste relato é Nacho Salorio.



Fraguas Fraguas, Antón, “As obras de Rosalía de Castro”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 16 marzo 1997, p. XXIV.

Describe a composición da *Obra completa* (1996), de Rosalía de Castro publicada pola Fundación Rosalía de Castro deténdose nalgúns títulos. Así, reproduce as palabras dedicadas a Murguía na primeira páxina da prosa, relata o argumento de *La hija del mar* e resume *Padrón y las inundaciones*. No tocante á poesía lembra a dedicatoria a Fernán Caballero en *Cantares Gallegos* e considera que é unha mostra do amor e de como utiliza os medios defensivos. Conclúe sinalando que o libro merece unha cualificación alta.



_____, “Lembrando a Sebastián Martínez-Risco”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
31 agosto 1997, p. XXIV.

Con motivo da publicación do libro *Sebastián Martínez-Risco, ensaísta e poeta* (1996), de Xosé Ramón Freixeiro Mato, Fraguas recorda a biografía deste persoeiro senlleiro. Remata cun poema deste ex-presidente da RAG: “O apestado”.



_____, “Álvarez Ínsua, un estradense ilustre”, *O Correo Galego*, “Lecer”,
28 novembro 1997, p. XXIV

O ilustre Cronista Oficial de Galicia fai unha breve síntese biográfica de Álvarez Ínsua destacando sobre todo o seu labor en Cuba ó fronte do xornal *El Eco de Galicia*, dende o que trataba de defende-los intereses dos emigrantes galegos, e o importante impulso que lle deu a creación do Centro Gallego.



_____, “A Rúa do Vilar compostelá”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz: a ruta do autor”, 14 decembro 1997, p.13.

Antón Fraguas ofrece unha minuciosa descrición da Rúa do Vilar de Santiago de Compostela. Neste paseo narrativo pola rúa compostelá vai dando datos sobre a historia das casas e pazos, da súa construción e orixe, así como de moitos habitantes de noutroa e de hoxe en día. Ó final lembra un paseo con Gerardo Diego por esta rúa camiño da praza da Quintana, que inspirou un soneto ó escritor cántabro e que reproduce neste artigo.



Fraile, Javier, “Manuel Rivas clausurará hoy la quinta edición de la Feira do Libro de Carballo”, *El Ideal Gallego*, 31 agosto 1997, p. 16.

Dá conta da clausura da quinta edición da Feira do Libro en Carballo que contou coa presenza do escritor Manuel Rivas quen firmou exemplares da súa obra. Refírese ademais ó programa de actos desenvolvidos e ás obras máis vendidas.



Franco, Camilo, “Outras palabras novas no teatro galego”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 105, 2 marzo 1997 pp. 1-2.

Camilo Franco explica cómo se intenta “buscar palabras contemporáneas para o público do presente” investigando na perda da cultura rural. Para iso as compañías Espello Cóncavo e A Factoría acoden a autores británicos. Tamén se comentan as últimas montaxes de Teatro do Aquí, unha adaptación do *Fausto*; Kukas, coa peza *Adubíos*, onde se emprega o mimo. Fala tamén de Sarabela que acababa de estrear en Ourense a súa obra *Afección*. Dise que é unha obra de autoría coral dirixida por Ánxeles Cuña. Reprodúcense opinións da directora citada e salientase que “Sarabela incorpora tamén en *Afección* algúns xogos escénicos a modo de exercicios de estilo que teñen como fondo a Shakeaspeare, Cunqueiro, Lorca, colocado no centro dun texto que a compañía ofrece como polifónico”.



_____, “Lírica para os ollos”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Arousa”,
25 setembro 1997, p. 49.

Informa da exposición de Anxo Pastor, Xaquín Chaves, Pedro Gonzalves e a corporación semiótica sobre a “poesía visual”. Sinala tamén como conciben estes artistas a produción da poesía sen palabras, a expresión lírica a través dos obxectos. Recolle disertacións dos autores desta nova vertente artística a cabalo entre a palabra e o obxecto, para eles realidades intimamente ligadas.



_____, “Lírica para os ollos”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Arousa: Congreso da Poesía Galega”, 25 setembro 1997, p. 39.

Anuncia a conmemoración do 50 aniversario da publicación do poemario *Cómaros Verdes*, de Iglesia Alvariño, nun congreso de poesía na cidade de Vilagarcía no que tamén terán lugar debates, mesas redondas, conferencias e recitais poéticos para celebra-lo medio século de lírica continuada en lingua galega. Asemade informa de que os participantes neste congreso serán agasallados cun exemplar da edición facsimilar de *Cómaros Verdes* feita polo concello de Vilagarcía. Remata sinalando as influencias de Iglesia Alvariño nesta obra, así como as principais liñas poéticas que toca.



_____, “Eloxio da autopoética”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Arousa”,
26 setembro 1997, p. 38.

Noticia que recolle os principais argumentos expostos por Raimundo García, Borobó, na conferencia de apertura do “Congreso de Poesía Galega” de Vilagarcía de Arousa. Entre eles destacou a importancia que Borobó lle dá a Iglesia Alvariño, á súa obra poética sobre todo, mais tamén ó léxico relixioso e dos peixes, que recolleu durante a súa vida.



_____, “Borobó proclama para Iglesia Alvariño un lugar xunto a Pondal, Cabanillas e Otero”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Arousa”, 26 setembro 1997, p. 52.

Noticia sobre o desenvolvemento de varias conferencias no marco do “Congreso de Poesía Galega” de Vilagarcía. Recolle opinións de Borobó, que reclama a importancia de Iglesia Alvariño no rexurdir da lírica galega, e de Novoneyra, quen recoñeceu ser un serodio descubridor da obra de Alvariño. Tamén se indica o difícil que resulta encadra-la obra de Iglesia Alvariño, ó xulgar polas diverxentes clasificacións de García Bodaño e Xesús Alonso Montero.



_____, “Borobó reclama para Iglesia Alvariño un lugar xunto a Pondal, Cabanillas e Otero”, *La Voz de Galicia*, 26 setembro 1997, p. 81.

Fai fincapé en que a figura de Iglesia Alvariño aínda non provoca adhesións unánimes. Cita as intervencións de Del Riego sobre a presenza do modernismo portugués en Alvariño e de Alonso Montero, ámbalas dúas no ámbito do I Congreso da Poesía Galega. Finalmente recolle a nova taxonomía dos poetas da época franquista proposta por Salvador García Bodaño.



_____, “Feudalismos da lírica”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Arousa”,
27 setembro 1997, p. 38.

Refírese a un debate celebrado no Congreso de Poesía Galega na cidade de Vilagarcía no que se puxeron de manifesto as diferentes concepcións do feito “xeracional”, sobre todo por parte dos máis novos, representados por Miro Villar e Iolanda Castaño. Os máis veteranos: Ramiro Fonte, Álvarez Cáccamo e Caride Ogando apuntaron que cómpre deixar pasa-lo tempo para falar de xeracións, que “os fillos chegarán a país”, e que todo corresponde “a unha búsqueda de poder”, en referencia ós poetas dos 90. Alén disto nunha das marxes do texto fica exposta o programa de actos do congreso para o día 27 de setembro.



Franco, Fernando, “Nada de pavor: a pura poesía”, *Faro de Vigo*, 7 febreiro 1997, p. 14.

Dá noticia da saída da colección *Ablativo Absoluto* de Xerais coa publicación de catro libros dos que son autores respectivamente Seamus Heaney, Chus Pato, Estevo Creus e Anxo Quintela. Recóllense ademais as opinións de Fran Alonso, director da colección, quen pon de manifesto os alarmantes baixos índices de lectura de poesía na nosa sociedade e destaca a importancia dos novos poetas galegos os que define como “voces máis urbanas, máis intimistas”. Para el resulta interesante o papel das poetisas e resalta a importancia dos recitais poéticos.



_____, “Mujer y literatura. Heroínas y escritoras, curso en Val Miñor”, *Faro de Vigo*, 9 xuño 1997, p. 8.

Anuncio do curso sobre muller na literatura e feminismo titulado “Heroínas e escritoras (De Ana Ozores a Desideria e Malena)”, organizado polo grupo “Virtus” e a Universidade de Vigo, no que se destacan tres temas fundamentais: unha visión histórica da muller como protagonista, como creadora en literatura e unha nova perspectiva da crítica literaria actual. Infórmase da participación, entre outras, de Carmen Blanco, Marina Mayoral, María Xosé Queizán, Carmen Rico-Godoy ou Iris Zabala.



Freixanes, Víctor F., “No coiñal da Nova Esperanza”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 14 setembro 1997, p. 48/p. 12.

Fragmento da novela *A cidade dos Césares*, publicada en 1992. Cóntase a chegada dos protagonistas a San Xosé para continuar coa conquista. A ilustración está asinada por Xosé María F. Freixanes.



Fuentes, Begoña, “Los actores y las productoras negocian el convenio audiovisual”, *El Ideal Gallego*, 17 xaneiro 1997, p. 38.

Noticia do acordo ó que están a chega-la Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Teatro e as productoras para conseguir-la progresiva aplicación do Convenio Nacional Audiovisual. Presenta a opinión de certos membros desas institucións, na que se reflicte a precaria situación da produción de series de ficción galegas.



G. L. T., “Carlos Martínez Barbeito, o erudito que lle deu un corte de mangas a Fraga”, *A Nosa Terra*, nº 784, “Guieiro Cultural”, 26 xuño 1997, p. 27.

Notas sobre a traxectoria de Carlos Martínez Barbeito, que faleceu na Coruña o día 29 de maio. Recórdase que foi continuador do proxecto Biblioteca Gallega de Martínez Salazar; que o seu legado pasou hai anos á Fundación Barrié e o contido deste legado.



G. M., “Xavier Alcalá, invitado a participar en la Feria del Libro de Buenos Aires”,
Galicia en el Mundo, 25 febreiro-3 marzo 1997, p. 4.

Faise eco da invitación feita ó escritor Xavier Alcalá pola Consellería de Cultura e Comunicación Social da Xunta de Galicia para participar na Feira Internacional do Libro de Buenos Aires cunha conferencia sobre o tema “A cultura galega nas portas do ano 2000”.



_____, “El escritor gallego Luís G. Tosar emprende un periplo de actos y conferencias por Iberoamérica”, *Galicia en el Mundo*, 15-21 abril 1997, p. 22.

Dá conta do periplo por terras americanas do escritor Luís González Tosar. Anúncianse as conferencias que impartirá o escritor galego: en Buenos Aires dúas baixo os títulos de “Presencia de escritores galegos na emigración arxentina” e “El Paisaje y la ‘Saudade’ en la tradición lírica gallega”; en Rosario falará de “A boa Saúde da literatura galega”, mentres que en Montevideo comentará a súa experiencia como autor nacido na emigración. Ademais das conferencias está prevista a presentación no Centro Galicia de Buenos Aires do seu libro *Estación Marítima* (1996).



_____, “El Himno de Galicia cumplió 90 años en el Centro Gallego de La Habana”, *Galicia en el Mundo*, 23-29 decembro 1997, p. 13.

Comenta o nacemento do himno galego o 13 de decembro de 1908 na Habana e salienta a iniciativa de José Fontenla Leal que antes de escolle-la letra de Eduardo Pondal e a música de Pascual Veiga, solicitara unha letra a Manuel Curros Enríquez e a música a José Castro ‘Chané’.



G. P., “El escritor Carlos Casares cierra el ciclo de charlas de la Fundación Mondariz Balneario”, *Faro de Vigo*, 7 novembro 1997, p. 17.

Infórmase do lugar e hora en que terá lugar a conferencia de Carlos Casares titulada “Galicia vista por Hemingway”. Tracéxanse a xénese e obxectivos da Fundación Mondariz Balneario e circunscríbese o ciclo cultural que agora remata dentro do ámbito da bolsa de paisaxe creada pola institución.



Gámir, Chinny, “La Xunta edita “Angeles de Compostela”, “un poema que exalta a Galicia”, de Gerardo Diego”, *La Región*, 1 marzo 1997, p. 49.

Informa do acto de presentación do libro de Gerardo Diego, *Ángeles de Compostela*, editado pola Xunta con motivo do centenario do nacemento do escritor. Presenta parte das declaracións emitidas polas personalidades asistentes, referentes á obra ou ó autor homenaxeado. Destaca as de M. Fraga que afirmou que se trata do poeta “que con mayor esmero y perfección cantó a Galicia”, que por ocasión recorreu a expresións, ritmos ou cadencias “que suenan a gallego auténtico”. Mostra finalmente o articulista unha serie de comentarios sobre o libro presentado.



_____, “Borobó” defiende en Madrid la validez de la Casa de Galicia”,
La Región, 1 maio 1997, p. 64.

Comenta a intervención de Raimundo García, “Borobó”, durante a presentación na Casa de Galicia de Madrid do facsímile do *Suplemento del sábado* do diario compostelán *La Noche*. Sublíñase que no acto este escritor e xornalista cualificou a Casa de Galicia como “lugar aberto e no que sempre primou o principio de ecuanimidade”, defendeu as súas actividades e o seu bofacer así como o dos dous directores que tivo ata o momento. No tocante á obra presentada referiuse ás dificultades económicas nos momentos nos que se publicaba o xornal e á importancia das súas plumas como a de Otero Pedrayo e a súa sección “Parladoiro”. Conclúe a noticia coa gabanza que o conselleiro Celso Currás fixo sobre o nivel do Centro Ramón Piñeiro e sobre a súa contribución á normalización lingüística.



García, Iago, “F. Fernández del Riego foi nomeado Presidente da Real Academia Galega”, *Redacción Xove*, nº 9, decembro 1997, p. 16.

Informa do nomeamento de Francisco Fernández del Riego como presidente da Real Academia Galega así como da renovación dos cargos directivos. Indícase o comezo dunha nova etapa para a institución por medio do achegamento á sociedade trala receptividade mostrada polo novo presidente coa demanda feita neste sentido pola Mesa Pola Normalización Lingüística. Recóllense na noticia as palabras de Carlos Casares destacando o dinamismo de Fernández del Riego e anúnciase a creación de tres novas comisións (Estudios Literarios, Estudios Históricos e Biblioteconomía e Arquivística). Menciónase tamén a intención do máximo responsable da institución de se reunir co presidente da Xunta de Galicia para lle pedir apoio económico. Paralelamente á noticia faise un perfil da traxectoria intelectual de Fernández del Riego.



García, Jesús M., “Proponen fijar en Ourense el “Día da Esmorga”, como tributo a Eduardo Blanco Amor”, *La Voz de Galicia*, 19 setembro 1997, p. 82.

Faise eco da proposta realizada por Victoria Ruíz de Ojeda no transcurso das xornadas dedicadas a Blanco Amor, nas que a escritora suxeriu a posibilidade de crear un “Día da Esmorga” semellante á xornada que os dublineses dedican cada mes de xullo para lembra-las andanzas dos personaxes de Joyce. A noticia comenta o anuncio do presidente da deputación ourensá, Xosé Luis Baltar, de editar un catálogo con fotos inéditas de Eduardo Blanco Amor.



García, Rodri, “Un recital reúne na Coruña tres xeracións de poetas galegos”,
La Voz de Galicia, 27 febreiro 1997, p. 6.

Dá conta do recital poético celebrado na Facultade de Filoloxía da Coruña baixo a organización das poetas Yolanda Castaño e Emma Couceiro. Recóllese o máis destacado da participación dos tres poetas das “Festas Minervais”: Manuel María, Bernardino Graña e Xosé Luis Méndez Ferrín.



_____, “A Academia Galega ten 19 membros, entre os que so hai dúas mulleres”, *La Voz de Galicia*, 24 maio 1997, p. 74.

Informa da presenza feminina na Real Academia Galega, representada pola historiadora e arquivista ourensá Olga Gallego Domínguez, que leu o seu discurso de ingreso no ano 1985 e a poeta Luz Pozo Garza. Lémbrese, así mesmo, a primeira muller que formou parte da Real Academia Galega, Francisca Herrera Garrido, elixida membro da citada institución no ano 1945.



_____, “Galicia y País Vasco son las únicas autonomías con Real Academia propia”, *La Voz de Galicia*, 28 maio 1997, p. 80.

Compárase a situación das institucións relacionadas coa lingua en Cataluña, País Vasco, Galicia e Valencia. Sinálase que Galicia e o País Vasco son as únicas autonomías que posúen unha Real Academia mentres que en Cataluña funciona o Institut d'Estudis Catalans e en Valencia hai o propósito de promover no futuro a creación dunha academia. Con respecto á situación da Real Academia Galega apúntase que o maior problema é a cuestión do financiamento.



_____, “Os novos poetas piden paso”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 119, 10 xuño 1997, p. 6.

Artigo sobre a posta en marcha da colección “Letras de Cal”, creada por “un total de 18 autores novos” que compoñen a Asociación Cultural Amaía e pretenden “cubrir un espazo que non está demasiado cuberto como é a publicación de poesía e sobre todo de *óperas primas*”. Unha das participantes nesta iniciativa, Yolanda Castaño, explica as intencións e obxectivos do proxecto.



_____, “A Academia Galega non foi transferida á Xunta e depende do Ministerio de Educación”, *La Voz de Galicia*, 6 setembro 1997, p. 73.

Fai unha descrición da situación da Real Academia Galega no momento en que se produciu a dimisión de Domingo García Sabell como presidente da institución. Asemade, recolle opinións de Salvador García-Bodaño e Ramiro Fonte sobre as perspectivas da Real Academia Galega: os trocos que precisa, as eivas que ten e cal sería a liña a seguir para mellora-lo seu funcionamento.



_____, “Los nuevos narradores”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, ano I, nº 1,
18 novembro 1997, p. 1.

Información dunha reunión organizada polo suplemento “*Culturas*” de *La Voz de Galicia* entre novos narradores. Fálase de varios deles, cítanse as súas obras, sobre todo dos que non asisten ó convite. Fálase de Camilo Franco e dos seus compañeiros, da chamada Xeración Auriense, maiores cos convidados e que desexarían cambiar de look para poder estar neste acto. Finalízase a nova referíndose a que os asistentes intercambiaron opinións sobre o papel do escritor, a escaseza de lectores e a falta de foros culturais, despois que Xurxo Lobato os inmortaliza cunha foto de familia.



García-Bodaño, Salvador, “A rosa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 25 xullo 1997, p. 91/p. 11.

Texto recollido de *Os misterios de Monsieur D’Alien* no que un protagonista desta historia conta en primeira persoa o que lle ocorreu cando paseando por Compostela se sentiu atraído por unha música de órgano que procedía de San Paio de Antealtares. Entra no convento e ve unha figura que é o seu dobre, ademais dunha monxa tocando o órgano. Prodúcese unha atracción mutua e un amor imposible. Resólvese a trama cun desaxuste temporal entre o momento no que vive o protagonista e o momento no que vive a monxa. Está ilustrada por Manuel Quintana Martelo.



García Carro, Andrés, “A substituta”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 31 xullo 1997, p. 45.

Un oficinista conta en primeira persoa as íntimas relacións que tivo con Sarah, unha compañeira de traballo que substituirá a Paola. Os encontros con Sarah son intensos, apaixonados e morbosos, pero réxense por unha condición que ela impón. Despois de pouco tempo na empresa, Sarah abandona o posto de traballo e volta a Inglaterra por estar embarazada. O debuxo corresponde a Carmen de la Colina Béjar.



García Cheda, Pilar, “Ricardo Polín retoma o testigo dun proxecto xa centenario”,
El Progreso, 22 xaneiro 1997, p. 60.

Informa da presentación do primeiro volume do *Álbum de Galicia. A muller tradicional* (1996). Indícase que nesta publicación o investigador lucense Ricardo Polín recompilou numerosos artigos dedicados á figura da muller galega de diversos autores que trataron o tema como Emilia Pardo Bazán, Manuel Murguía, Curros Enríquez, etc. e inclúe gravados da época. Dise tamén que no acto de presentación participaron tamén o director da editorial Xerais, Carmen Blanco a prologuista do libro e a escritora Marica Campo.



_____, “A Feira do Libro de Lugo comeza mañá cun amplo programa de actos”, *El Progreso*, 14 xuño 1997, p. 65.

Noticia que informa do comezo da decimoquinta edición da Feira do Libro de Lugo incluíndo datos sobre as actividades do programa, “que inclúe conferencias, presentacións de libros, sinatura dos mesmos por parte dos autores, concursos para nenos e outras actividades programadas co obxectivo de atraer ós máis novos cara á lectura”. Destácase, por fin, que a Feira leva experimentando nos últimos anos un incremento “tanto en nivel de vendas como en asistencia de público”.



_____, “Neira e Rodríguez Barrio centraron a segunda xornada da Feira Lucense”, *El Progreso*, 17 xuño 1997, p. 61.

Noticia que informa sobre a presenza do poeta Manuel Neira na XV Feira do Libro de Lugo para asinar exemplares da súa obra e recolle declaracións deste autor, que destaca que “as feiras son importantes para mante-lo contacto cos lectores” e reflexiona acerca das dificultades para publicar e dos premios literarios. Tamén estivo presente Xavier Rodríguez Barrio, quen ofreceu un recital poético acompañado por Luciano Pérez, “que respaldou as súas palabras co son dunha zanfona”. Inclúense os actos previstos na feira e o anuncio do fallo do certame de poesía infantil.



_____, “La escasez de ventas marca los primeros días de la Feria”, *El Progreso*, 18 xuño 1997, p. 65.

Noticia que recolle o baixo volume de vendas nos primeiros días da XV Feira do Libro de Lugo e as queixas dos libreiros; tamén se ofrece unha lista dos libros máis vendidos e as actividades paralelas, como un obradoiro de encadernación, representacións teatrais e sorteos de libros. Ademais, inclúese unha axenda con actos programados para completa-la oferta da Feira.



_____, “As aventuras chegaron á Feira da man de Alcalá e Fernández Paz”,
El Progreso, 19 xuño 1997, p. 69.

Noticia centrada na XV Feira do Libro de Lugo á que asistiron os escritores Xavier Alcalá e Agustín Fernández Paz para asinar exemplares das súas novelas *Código Morse* e *O centro do labirinto*. Recóllense declaracións dos autores arredor das súas obras, a nómina de gañadores do certame de poesía infantil convocado pola feira e os actos previstos para a xornada seguinte.



_____, “La historia de la prensa de Lugo, resumida a través de sus cabeceras”,
El Progreso, 19 outubro 1997, p. 77.

Anuncia a exposición “A prensa de Lugo, dous séculos de historia”, que terá lugar no Museo Provincial de Lugo, organizada pola Asociación de Prensa de Lugo e coordinada por Paz Teijeira e M^a de la Torre. Preténdese con ela dar unha visión do que foi o periodismo na provincia dende o século XIX. Informa ademais doutros elementos que acompañan a mostra.



_____, “Os últimos 200 anos da prensa en Lugo, reunidos nunha soa obra”,
El Progreso, 31 outubro 1997, p. 67.

Crónica da presentación da obra *A prensa de Lugo, dous séculos de historia* das xornalistas Paz Teijeira e María de la Torre no Museo Provincial. A obra repasa preto de catrocentas cabeceiras de xornais publicados nos últimos douscentos anos e complementase cunha mostra sobre o mesmo tema no Museo.



García Iglesias, José, “Ilusións rexurdidas”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 3 agosto 1997, p. 53/p. 11.

Descrición da visita de José García Iglesias a Pazos de Arenteiro, unha localidade ourensá. Comenta os principais cambios que se produciron na vida dos seus habitantes dende a época feudal, da que só quedan os pazos. Salienta a amabilidade da xente e en especial a de Florentino, que lle serviu de guía. Está ilustrado cun debuxo de Xesús Carballido.



García-Sabell, Domingo, “Son agudamente impresionable”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz. Autorretrato”, 21 setembro 1997, p. 16.

Mostra neste autorretrato Domingo García-Sabell os aspectos que considera negativos da súa personalidade porque son, segundo cre, os que lle influíron no seu desenvolvemento existencial, á vez que lle serven para non caer na vaidade que pode provocar falar dun mesmo. Ó final recoñece que mostra-los aspectos menos agradables do seu carácter non se debe a unha depresión, xa que di atoparse nunha etapa de grande plenitude.



García-Tizón, Antonio, “O centro da terra”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 16 xullo 1997, p. 39.

Cóntase neste relato a fascinación que sente un neno, Manuel, durante unha clase de xeografía que trata sobre as dimensións do planeta Terra. A actitude da mestra cara a Manuel provoca nos compañeiros unha reacción agresiva que rematará con este rapaz ferido por unha pedrada. Acompáñase este texto co debuxo de Mercedes Valcárcel. A versión castelá do relato foi publicada en *El Correo Gallego*.



Gaspar, Silvia, “A música, irmá da palabra”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 30 abril 1997, p. 6.

Prescindindo de se foi antes a música que a palabra, a autora refírese ó cambio das palabras segundo teñan unha ou outra musicalidade e sinala a influencia da música na literatura moderna en títulos como *Costa da morte blues* ou *Flanagan Blues Band*. Silvia Gaspar exemplifica a relación música e literatura co título *Cantares Gallegos* e refírese á importancia do ritmo na expresión dos poemas para que exista a lírica. Conclúe con máis títulos que remiten á relación entre estas dúas artes: *Aires da miña terra*, *Da miña zanfona* e *O fin dun canto*.



Gil, Francisco J., “El escritor no puede sustraerse a su condición política, según Alonso Montero”, *Faro de Vigo*, 7 febreiro 1997, p. 57.

Alusión á presentación da última obra de Xesús Alonso Montero, *Ensaio breve de literatura e política* (1996), que supón o terceiro título da colección Nigra Ensaio, da editorial Nigra. Ó longo do acto interviron Gonzalo Allegue, director da editorial, Antonio Rodríguez, subdirector de El Corte Inglés, a profesora Dolores Vilavedra, que glosou o libro e as cualidades literarias do autor e o propio autor, que fixo especial fincapé na imposibilidade “de separar de la naturaleza humana de escritor su faceta política, en tanto que como ciudadano no puede sustraerse de esa condición”.



_____, “As viaxes de Edgar Allan Poe pola Costa da Morte”, *Faro de Vigo*,
“*El Sábado*”, nº 7, 22 marzo 1997, p. 8.

Anuncia a publicación da primeira antoloxía en galego dos contos de Edgar Allan Poe, pola editorial Tris Tram de Lugo. Segundo o articulista non se trata dunha traducción, senón que pensa que así os escribiu o mesmo Poe. Para respaldar esta súa afirmación, relata o descubrimento dun manuscrito cunha colección de contos asinados polo propio autor americano que puido ter escrito unha vez que a súa ánima se apoderou do corpo dun home galego, non sabendo entón inglés e si galego, idioma no que escribiría ditos contos.



_____, “Un libro de Ferrín traducido al español, abre la colección “Minibolsillo” de Alianza Editorial”, *Faro de Vigo*, 30 xuño 1997, p. 36.

Infórmase dos plans de reconversión que Víctor F. Freixanes ten para Alianza Editorial. Entre eles está a creación da colección Minibolsillo, que pretende ser unha mostra das cinco literaturas nacionais existentes na península ibérica. Sinálase a Ferrín como o representante galego na primeira fornada de títulos. Aproveitase para lembra-la relación do autor ourensán co *Faro de Vigo* e a súa incuestionable inclusión no canon literario galego, feito que provoca a súa presenza nos libros de ensino medio. Ademais faise fincapé en que o autor de *Retorno a Tago* é o escritor galego de maior presenza no ciberespacio.



_____, “Vigueses filántropos”, *Faro de Vigo*, 16 novembro 1997, p. 54

Presenta unha breve biografía dos principais homes que demostraron a súa filantropía cara a cidade de Vigo realizando numerosas donacións. Entre eles destaca a Fernández del Riego que donou á cidade a súa biblioteca e a súa pinacoteca. Destácase a importancia deste autor que leva toda a súa vida traballando a prol da cultura galega en tódolos seus campos.



Gil, F. J./C. Merelas, “Una academia a toda máquina”, *Faro de Vigo*, 7 decembro 1997, pp. 54-55.

Fálase da nova etapa que se abre na Real Academia Galega coa elección de Francisco Fernández del Riego como presidente da institución. Dise que trala dimisión de García Sabell ábrese un debate sobre o futuro no que se contempla a necesidade de dinamización, a apertura a novos ámbitos e a falta de fondos económicos. Recóllense as opinións de Xesús Alonso Montero, un dos máis críticos co inmovilismo da etapa anterior, quen reclama a responsabilidade en canto a presupostos da Xunta de Galicia. Anúnciase que entre os novos proxectos de Fernández del Riego está a publicación dun anuario que recolla as actividades da institución e unha maior transparencia cos medios de comunicación. Apúntanse tamén datos sobre os presidentes anteriores da institución e sobre os fondos da biblioteca.



Giráldez, José Miguel, “La cacería”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 8 agosto 1997, p. 10/p. 35.

Reproducción dun texto do escritor, columnista de prensa e profesor de inglés pontevedrés, José Miguel Giráldez, titulado “A cacería”.



Gómez, Lupe, “Río porque hai unha gaita que estoura no meu oco máis íntimo”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 7 marzo 1997, pp. 4-5.

Reflexiona sobre o feito da risa e pona en relación coa liberdade e tamén coa literatura.



_____, “Catro poetas reflecten o espírito aberto de “Ablativo Absoluto”/“O cara a cara dos recitais”, *A Nosa Terra*, nº 771, “Guieiro Cultural”, 26 marzo 1997, p. 19.

Destaca a grande cantidade de recitais que se celebran en Galicia e, ó mesmo tempo, subliña o inmenso poder de palabra para cambia-la realidade, aínda que, segundo a súa opinión, a “palabra morreu en moitos dos seus usos”. Sen embargo, en Galicia, pola súa forte tradición rural, a palabra segue moi viva de aí “ese voltar dos falares poeticos e teatrais”.



Gómez, Marta, “Los libreros lamentan que el público de la feria vaya a mirar más que a comprar”, *El Ideal Gallego*, 9 agosto 1997, p. 10.

Informa da coincidencia na opinión dos libeiros á hora de consideraren a importancia da situación das casetas para vender máis ou menos. Refírese tamén á presenza na Feira de Manuel Rivas, Xurxo Souto, Pepe Carballude, Ramón Pernas, Carlos Vila Sexto ou Xabier Tomé.



Gonda, A., “Ablativo Absoluto ou a expresión dunha poesía plural e aberta”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 25 xaneiro 1997, p. 42/p. 14.

Comenta a presentación na librería Balteira da nova colección de Xerais, “Ablativo Absoluto” que contou coa presenza do escritor Xosé Luis Méndez Ferrín. A colección estreouse con varias obras: *O asasino estrábico* (1996), de Anxo Quintela; *Poemas da cidade oculta* (1996), de Estevo Creus; *Nínive* (1996), de Chus Pato, e *Traballo de campo*, de S. Heaney en tradución de Vicente Araguas.



González, Alejandro, “Teatro desde el ayuntamiento”, *El Correo Gallego*, “Calma Chicha”, 3 outubro 1997, p. 18.

Comunica a creación dunha escola de teatro no concello de Ribeira. Informa ademais dos trámites de matriculación, do tipo de grupos que se establecerán e da duración das clases.



_____, “Labor literaria encomiable”, *El Correo Gallego*, “Calma chica” 8 outubro 1997, p. 19.

Gaba o labor que o Concello de A Pobra do Caramiñal fai en pro da cultura e anuncia que ten prevista unha nova reedición literaria da novela de Eduardo Blanco Amor, *La catedral y el niño*.



González, Cristina, “Tirán recuerda a Castroviejo”, *Faro de Vigo*, 26 agosto 1997, p. 13.

Noticia da inauguración da Casa de Cultura e biblioteca de Tirán dedicada a Xosé María Castroviejo que reuniu a representantes da cultura galega como Fernández del Riego e Carlos Casares, a familia do escritor e o Conselleiro de Cultura que se comprometeu á divulgación da obra deste autor descoñecido en gran medida.



González, José A., “Un poeta de Dacón”, *La Región*, “Historia en 4 tiempos”, 5 marzo 1997, p. 16.

Fala sobre o “maestro de las letras ‘Hispano-Argentinas’”, Francisco Luís Bernárdez, de quen se di que, ademais, estivo vinculado ó galeguismo intelectual dos anos 20 a través de Vicente Risco. Nomea persoeiros cos que tivo relación e incluso amizade e resume a vida deste poeta de obra literaria “muy poco conocida entre nosotros”, indicando que estivo en Buenos Aires, onde “inició una importantísima actuación en el movimiento poético ‘Altruismo’ xunto a escritores e intelectuais arxentinos, entre os que cita a Borges. Continúa apuntando as revistas nas que colaborou, afirmando que foi o “más destacado representante de la poesía católica argentina”, que publicou numerosas obras en prosa e en verso e que a súa celebridade apoia “en dos aspectos disímiles de su inspiración: ‘La Religión y el Amor’”. Finalmente, faise un percorrido polas diferentes facetas e colaboracións no mundo da cultura e pola súa biografía, lembrando a súa “condición de persona sencilla”.



González, Juan Manuel, “A intolerancia estimula a faceta narrativa de Casares”/“Carlos Casares cree que contra la intolerancia se combate con la literatura”/“La literatura puede servir para atacar la intolerancia, asegura Carlos Casares”/“Carlos Casares reivindica la labor de los intelectuales para combatir la intolerancia”, *O Correo Galego/El Correo Gallego/La Voz de Galicia/El Ideal Gallego*, 14 xaneiro 1997, p. 33/p. 16/p. 7/p. 37.

Con motivo da presentación da traducción española de *Deus sentado nun sillón azul*, recóllense as manifestacións de Carlos Casares. Nelas reflexiona sobre a intolerancia, a historia dos pobos e das nacións, o papel dos intelectuais e o seu propio traballo de escritor.



González, Óscar, “Carlos Casares destacou en Orense la influencia de Galicia en la obra de Hemingway”, *La Voz de Galicia*, 29 xaneiro 1997, p. 7.

Refírese á participación do escritor Carlos Casares nos actos organizados pola Universidade de Vigo con motivo da festividade de Santo Tomás de Aquino, onde analizou a relación entre Hemingway e Galicia, terra que visitou en varias ocasións desde 1921 a 1936. Esa relación manifestouna no conto “A capital do mundo” no que alude, en opinión de Carlos Casares, ó activista agrario Basilio Álvarez nun libro de cartas que comprou en Nova Iorque. Casares sinalou ademais que en *O vello e o mar* Hemingway recupera a mitoloxía que descubrira en Vigo, a do pescador que se enfronta cun peixe enorme.



González, Serxio, “La biblioteca del Parlamento de Galicia acoge ya más de 25.000 volúmenes”, *La Voz de Galicia*, 28 xuño 1997, p. 81.

Noticia que recolle información sobre a apertura dunha nova sala na biblioteca do Parlamento de Galicia que leva o nome de Ricardo Carvalho Calero por estar formada polos catro mil volumes pertencentes á súa colección particular. Inclúense declaracións do responsable afirmando que é “unha biblioteca enciclopédica” e falando acerca do crecente emprego dos seus fondos ou da conveniencia de que estes dependan do Parlamento e non doutra entidade. Tamén figuran na noticia declaracións dalgúns participantes no acto de acollida da biblioteca particular do profesor ferrolán, como Pilar García Negro, de quen partiu a iniciativa, ou Darío Villanueva.



González Martín, Gerardo, “Gómez Román, galleguista a principios de século”,
Faro de Vigo, “Crónica Sentimental”, 17 maio 1997, p. 14.

Fai referencia á colocación da primeira pedra do monumento a Curros Enríquez en 1910 cando presidía a Sociedade “La Oliva” Manuel Gómez Román e sinala que na sesión de 1910 da Real Academia Galega a institución acolleu ós tamén vigueses Faustino Ande, Juan Domínguez Fontela, Manuel Borrajo, José Rodal Troncoso e Luís A. Mestre. Conclúe falando do labor arquitectónico de Manuel Gómez Román.



_____, “Gómez Jaime, el poeta al que Vigo nombró hijo adoptivo”, *Faro de Vigo*, 13 xuño 1997, p. 14.

Fai referencia ó consul de Colombia en Vigo que antes do regreso ó seu país de orixe foi nomeado fillo adoptivo da cidade de Vigo e do que di que cando chegou a Galicia xa era literariamente home de recoñecido prestixio en castelán. Así, ademais de se cita-la súa obra en lingua española indícase que o interese pola nosa cultura fixo que mesmo chegara a escribir varios poemas en lingua galega.



González Reigosa, Carlos, “O penedo das doncelas”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 14 xullo 1997, p. 39/p. 15.

Historia fantástica na que Remixio Lantaño, mariñeiro solitario e sen familia, coñece a Sara, unha fada condenada a vivir perpetuamente no penedo das doncelas. O mariñeiro lémbrese dos contos que sobre o tema lle tiña contado súa avoa e consegue que Sara se libere e recupere a condición de muller. Xuntos, emprenden unha feliz vida presidida polo amor mutuo. O debuxo corresponde a Manuel Romero.



Gonzalves, Pedro, “Arredor da poesía visual”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, “Con Acento Galego”, 7 decembro 1997, p. 6.

Comeza facendo un amplo percorrido pola historia da “poesía visual”, dende as súas orixes ata actualidade, mencionando aqueles movementos de maior importancia, os seus representantes máis destacados e os seus seguidores, citando de forma especial algún que outro galego. A continuación refírese á exposición que tivo lugar de forma paralela á celebración do Primeiro Congreso de Poesía en Vilagarcía de Arousa, onde Pedro Gonzalves xunto con Xaquín Chaves, Anxo Pastor e Lois Magariños deron unha mostra desta poesía. Comenta certos aspectos de tal exposición que ofreceu un variado e atípico sentido de expor poesía, unha manifestación clara e espontánea con traballos que ían dende o libro de autor ó obxecto atopado, manipulado ou non posteriormente, colaxe, etc.



Goñi, Javier, “Carlos Casares publica una novela contra la violencia y la intolerancia”, *El País*, “Espectáculos”, 16 xaneiro 1997, p. 34.

Presenta as explicacións de Casares sobre os “tres planos” nos que se move a súa última novela, *Deus sentado un sillón azul*, que acaba de traducir ó castelán. Comenta que tódalas súas novelas teñen un nexo común como é a violencia e a intolerancia e unha época que lle resulta moi “atractiva”, o período de entregueras. Nega que ese “dios menor” que aparece na súa última novela sexa V. Risco, afirmando que está baseada na anécdota.



Grande, Antón, e **Villarabid**, “Faleceu Fiz Vergara Vilariño, o poeta da Lóuzara ‘Xabreira”, *El Progreso*, 19 xullo 1997, p. 59.

Breve percorrido pola biografía e a traxectoria literaria do poeta Fiz Vergara con motivo do seu pasamento, que destaca o seu último libro, *Animal sin fel*, unha novela que deixou no prelo e que ten como protagonista ó seu can.



Guede, Isidoro, “Testamento literario”, *La Región*, 6 febreiro 1997, p. 18.

Referencia á recente aparición do libro de Pura Vázquez, *A Malpocadiña* (1996), publicado pola Deputación Provincial de Ourense. Libro no que a escritora mostra as súas memorias que son contadas con tanta “sencillez como veracidad” e que axudan a comprender moitas cousas da historia ourensá.



H. F-J. M., “Casares: nos auténticos sabios, intelecto e bondade van da man”,
O Correo Galego, 16 xaneiro 1997, p. 43.

Conversa con Carlos Casares con motivo da presentación en Madrid da traducción castelá de *Deus sentado nun sillón azul* que el mesmo traduciu. O escritor e académico fala de cómo naceu a obra e a súa temática.



H. P., “Alejandro Finisterre: o intelectual galego que inventou o fútbolín”, *O Correo Galego*, 19 abril 1997, p. 41.

Dá conta da próxima publicación do libro de memorias do escritor e inventor do fútbolín Alejandro Finisterre, un galego do que se fai un pequena síntese biográfica neste artigo.



Heinze, Úrsula, “Entre Santiago e Fisterra”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 22 xullo 1997, p. 35/p. 13.

Cóntase a viaxe dunha xove parella entre Compostela e Fisterra. Relatada en primeira persoa pola protagonista feminina, que describe os lugares polos que pasa, remata cunha apaixonada relación sexual nunha praia solitaria da Costa da Morte. Está ilustrado cun debuxo de Felipe Criado.



Hermida, Xosé, “Los recientes premios y las traducciones lanzan las letras gallegas”, *El País*, “La Cultura”, 28 decembro 1997, p. 27.

Comentario sobre a actual situación da literatura galega logo de ter gañado Manuel Rivas o Premio Nacional de Narrativa, e Fina Casalderrey o de Literatura Infantil. Atribúelle a M. Rivas o feito de traspasa-la fronteira e mediante a traducción ter levado a literatura galega máis alá ata o punto de saír na portada de *Le Monde*. Así mesmo engade unha serie de autores máis novos e non tan coñecidos que tamén van ser traducidos ó español, de aí, segundo afirma, a forza que está a toma-la literatura galega.



Hilario, F., “La Noche” levou a Madrid la voz de los grandes galleguistas que lo escribieron”, *El Correo Gallego*, 30 abril 1997, p. 13.

Refírese á presentación na Casa de Galicia de Madrid do facsímile do *Suplemento del Sábado* do xornal *La Noche* preparado polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. Incídese na intervención de Feliciano Barrera, que falou das razóns económicas que levaron á desaparición do xornal. Sinálase tamén a referencia que Luis Alonso fixo á precariedade de medios con que contaba o xornal e á “impresionante” nómina de colaboradores. Borobó, pola súa parte, defendeu o carácter aberto e ecuánime da Casa de Galicia.



Hortas, Daniel, “Unha carreira en taxi?”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 febreiro 1997, p. XII.

Trátase dunha sinopse dun libro de Daniel Hortas publicado por AM-Editores e distribuído en Galicia pola Editorial Galaxia, na que fala duns feitos reais transcorridos en Madrid nunha carreira en taxi.



_____, “Os soños máis tristes desta noite”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 16 setembro 1997, p. 35/ p. 11.

Reproducción dun fragmento da obra *Con el viejo Bene en la isla*. Daniel Hortal fai unha lembranza de Benedicto Conde durante a súa etapa de xornalista do *Faro de Vigo*. Recolle unha anécdota ocorrida durante o paso fugaz de Pablo Neruda polo porto de Vigo. O xornalista Bene non consegue entrevistalo por descoñece-lo verdadeiro nome do escritor chileno. Está ilustrado por Xosé Conde Corbal.



I. I., “O Museo do Pobo Galego cumpre vinte anos ó servizo da cultura autonómica”, *El Correo Gallego/O Correo Galego*, 11 outubro 1997, p. 15/p. 13.

Breve reflexión sobre a traxectoria cultural do Museo do Pobo Galego con motivo da celebración do vixésimo aniversario da citada institución, presidida por Antón Fraguas. Infórmase da publicación dun libro no que se recolle o labor levado a cabo polo Museo e ofrécese un pequeno resumo da súa andaina no eido da cultura galega. Saliéntase, entre outros eventos, o grande número de exposicións de etnografía, pintura e arqueoloxía que pasaron polas instalacións do Museo ó longo destes vinte anos.



Iglesias, Ana, “Otilia Seijas presentó ‘Ninguén suspira por ela’, su primer libro escrito en lengua gallega”/“Otilia Seijas edita en galego 'Ninguén suspira por ela’”, *O Correo Gallego/El Correo Galego*, 24 maio 1997, p. 12/p. 35.

Infórmase da presentación da primeira obra en galego publicada por Otilia Seijas, *Ninguén suspira por ela* (1996), na Galería Sargadelos de Santiago. Coméntase, así mesmo, o argumento da obra e reproducense algúns fragmentos da intervención da autora no acto de presentación do seu libro.



_____, “Diego Bernal: “Aurelio Aguirre foi o símbolo do noso romanticismo”/“Diego Bernal recordó en Conxo la figura del poeta Aurelio Aguirre”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 10 setembro 1997, p. 34/p. 9.

Informa da charla pronunciada por Diego Bernal no centro sociocultural de Conxo sobre a figura do poeta Aurelio Aguirre. En tono anecdótico destacou feitos significativos da época sobre todo o Banquete de Conxo e falou da vida persoal de Aurelio Aguirre a quen cualificou de símbolo máximo do noso romanticismo. Finalizou cunhas poesías do autor dedicadas a Rosalía de Castro.



Iglesias, Cristina “El regreso de los cafés teatro”, *El Ideal Gallego*, 7 xuño 1997, p. 14.

Destácase a boa aceptación que están a te-las actuacións de contacontos e teatro nos cafés, o que sorprende ós propios hosteleiros. Cítase así unha relación de locais da Coruña que combinan as actuacións musicais coa dramaturxia, algúns cunha programación estable. Sinálase que actores como Kiko Cadaval ou Manuel Lourenzo xa actuaron neste tipo de establecementos e mesmo se comenta que algunhas compañías comezan a adaptar montaxes con este fin, suplindo a falta de decorado con imaxinación. Unha hosteleira refírese á posibilidade de crear un circuío onde os locais coordinen datas e espectáculos sen descartar compañías de fóra. Anúncianse finalmente as próximas actuacións de Manuel Lourenzo, Josito e Mofa e Befá.



Iglesias, Zaida, “Un libro, un amigo al que debemos cuidar”, *La Región*, 1 xuño 1997, p. 22.

Tralas palabras de Fina Casalderrey no pregón da XIII edición da Feira do Libro de Ourense nas que a escritora puxo de manifesto o seu temor pola posible desaparición do libro, lémbrense as intervencións doutros participantes no acto como o Alcalde de Ourense, Manuel Cabezas, a Presidenta da Asociación Provincial de Libreros, Pilar Rodríguez ou o Delegado de Cultura, F. Ferreiro, quen fixo unha proposta ós pais para que impulsen ós seus fillos a incrementaren o número de lecturas. A seguir resúmese a organización da feira, os actos e as actuacións que tiveron lugar nela e conclúese cun apartado especial dedicado a Fina Casalderrey, de quen se di que “se salió fuera de todos los cánones establecidos para estos actos”.



J. A., “O CDG, Els Comediants e La Fura no Fitei de Porto”, *O Correo Galego*, 29 maio 1997, p. 51.

Fai referencia á participación do Centro Dramático Galego no Festival Internacional de Expresión Ibérica de Porto. Coméntanse brevemente algúns datos referentes á participación, organización e orzamento deste evento.



J. C., “Fernández del Riego abre la feria del libro incluida en la Festa da Coca”,
Faro de Vigo, 23 maio 1997, p. 16.

Ofrécese un programa detallado da denominada Festa da Coca de Redondela. Saliéntase o pregón a cargo do escritor Francisco Fernández del Riego, co que abre a feira do libro inserida na mencionada festa.



J. D. C., “Vigo recordó ayer a Valentín Paz-Andrade en el décimo aniversario de su muerte”, *Atlántico Diario*, 21 maio 1997, p. 47.

Nota informativa sobre a inauguración, na Galería Sargadelos de Vigo, dunha exposición bibliográfica e documental sobre Valentín Paz-Andrade con motivo do Xº aniversario da súa morte. Así mesmo dáse conta do acto de presentación da edición do seu *Epistolario*, realizada por Charo Portela e Isaac Díaz Pardo, no que interviron Francisco Fernández del Riego, Raimundo García “Borobó”, X. L. Méndez Ferrín e o alcalde de Vigo Manuel Pérez.



J. L. M., “José María Castroviejo tiene su Casa de la Cultura en Tirán”, *Atlántico Diario*, 26 agosto 1997, p. 41.

Crónica da inauguración da Casa de Cultura de Tirán en homenaxe a Xosé María Castroviejo na que interviron entre outros Fernández del Riego e Carlos Casares, que destacaron a importancia do seu traballo e o seu interese pola cinexética.



J. M. R., “Los escritores de A Costa da Morte analizan la literatura de la comarca”, *El Correo Gallego*, 29 xuño 1997, p. 13.

Noticia do IIº Encontro de Escritores e Escritoras da Costa da Morte. Infórmase de que baixo o lema “Escrita en plural”, corenta autores da comarca analizaron en Corcubión a realidade do seu movemento. Rafael Mouzo, alcalde de Corcubión, valorou o esforzo e a aposta de futuro que fai o Batallón Literario da Costa da Morte o organizador do evento. Dise tamén que no peche dos encontros se celebrou un recital poético e a presentación da antoloxía *Nós*, que recolle poemas dos membros deste colectivo.



_____, “Blas Espín’ organiza o ‘V Outono Cultural’/“Blas Espín prepara el ‘V Outono Cultural’ de Ponte do Porto”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 27 setembro 1997, p. 43/p. 22.

Anuncia a presentación deste evento no que teñen lugar conferencias, recitais poéticos e a presentación do libro *Flores Negras*, de Rafael Lema.



J. T., “O II Encontro do Batallón Literario se celebra en xuño en Corcubión”,
El Correo Gallego, 4 maio 1997, p. 22.

Dá noticia do IIº Encontro do grupo poético Batallón Literario da Costa da Morte que contará coa presenza de Xosé Leira, Rosa Méndez, Marcos Valcárcel, Ana Romaní, Xosé Carlos Caneiro, Xosé Vázquez Pintor, Iris Cochón, Teresa Seara, Fran Alonso, así como as entidades Compañía, Edral, Brigadas de Defensa da Terra Cha e o Colectivo Poético do Baixo Miño. Por último, o xornalista dá a coñece-los compoñentes da nova directiva do Batallón.





_____, “O Encontro de Escritores da Costa da Morte celébrase o
sábado”/“Corcubión acoge el ‘II Encontro de Escritores da Costa da Morte’”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 24 xuño 1997, p. 35/p. 29.

Noticia sobre o comezo do IIº Encontro de Escritores da Costa da Morte en Corcubión. Sinálase a participación no mesmo de Marilar Aleixandre, Rafa Villar, Modesto Fraga, Xosé Manuel Varela, Miro Villar e Xavier Fidalgo, coa lectura de relatorios. Ademais alúdese á invitación feita a outros “afamados intelectuais galegos” e representantes de asociacións e colectivos.



Janeiro, D., “Rivas revivirá a Lorca”/“Rivas fará unha biografía didáctica de García Lorca dirixida ós nenos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 agosto 1997, p. 32/p. 17.

Dentro dos proxectos de homenaxe promovidos pola Fundación Lorca con motivo do centenario do poeta granadino no 1998, o escritor Manolo Rivas fará unha biografía para nenos. Así Galicia aportará o seu “gran de area” neste aniversario. Sinálanse ademais outros proxectos da fundación como libros, exposicións, espectáculo, congresos e a preparación dun CD-ROM cun percorrido virtual pola súa obra.



_____, “Navegación imposible”/“Os escritores galegos levan a Internet a contradición entre o real e o ficticio”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 outubro 1997, p. 35/p. 14.

Tras nomear algún dos autores galegos que xa viaxan polo ciberespacio, centra o seu artigo nas páxinas web de Celso Álvarez Cáccamo, Gonzalo Navaza e Fran Morell, as cales versan total ou parcialmente sobre literatura galega. Dá os enderezos electrónicos e recolle as previsións de futuro dos seus responsables para o galego e as súas letras.



_____, “Un grupo de privilexiados non admite a presenza de poetas dos 90”/”Miro Villar: ‘Un grupo de privilexiados non admite a presenza de poetas dos 90”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 21 novembro 1997, p. 35/p. 16.

Logo de repasa-la produción literaria de Miro Villar, dá conta dunha pequena conversa onde este poeta considera que a controversia entre os poetas dos oitenta e os noventa débese á “falta de diálogo”. Pensa ademais que o fin da “liorta” chegará coa consolidación de novos poetas e salienta o papel que están a desenvolver-las mulleres na renovación da poesía.



Jende, Jorge, “Baladas das mans”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 5 decembro 1997, pp. 20-22.

Breve relato de Jorge Jende no que unha primeira persoa lamenta que alguén chamado Noelia non viñese a despedilo á estación. Comenta ademais a viaxe e as persoas que se encontran no seu vagón ó tempo que se emborracha pensando en Noelia.



Justo, J. F., “Toxos e Froles pide el traslado de las cenizas de Fontela Leal al Panteón de Gallegos Ilustres”, *Faro de Vigo*, 21 maio 1997, p. 48.

Informase de que o Coro “Toxos e Froles” reclamou ó alcalde de Ferrol o título de Fillo Predilecto da Cidade para José Fontela Leal, ademais de solicitarlle que pida á Xunta o traslado dos seus restos ó Panteón de Galegos Ilustres de Santiago, a concesión da Medalla Castelao e a súa proposta para que lle sexa dedicado o Día das Letras Galegas de 1998.



L. B., “O mundo da cultura homenaxea a figura do desaparecido Filgueira Valverde”, *La Voz de Galicia*, 20 febreiro 1997, p. 7.

Dá conta da homenaxe celebrada en Compostela para lembra-la figura de Filgueira Valverde. Sinala que Barreiro Fernández, Víctor F. Freixanes e Domingo García-Sabell foron os encargados de rememorar distintos aspectos da vida e da obra do grande intelectual pontevedrés.



L. I. C., “Ler en galego baixo o sol de verán”/“Mañá comeza unha campaña destinada á promoción dos libros en galego”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 xullo 1997, p. 50/p. 16.

Refírese ó comenzo da campaña para promociona-la lectura en galego realizada polos libeiros e Política Lingüística baixo o lema “Verán Galego”. Inclúe a opinión dos responsables das editoriais galegas sobre o aumento das vendas no verán e sinala algunhas das novidades editoriais.



L. R., “El escritor Alfredo Conde será propuesto al Nobel de Literatura”,
La Región, 11 xaneiro 1997, p. 8.

Infórmase da presentación da candidatura de Alfredo Conde ó premio Nobel realizada por doce universidades estranxeiras. Tras sinala-las razóns que sustentan tal proposta, tracéxase a biobibliografía do escritor de Allariz.



_____, “A historia de Galicia nas voces de centos de galegos, na Radio Galega”, *La Región*, 3 marzo 1997, p. 61.

Informa dos fondos sonoros da Radio Galega, nos que ademais de música gardan testemuños de personaxes anónimos e coñecidos do noso tempo. Sinala que entre os coñecidos están Laxeiro, Blanco Amor ou Castelao, mentres que entre os anónimos, as voces dos galegos emigrados.



_____, “El homenaje a la Xeración Nós inció los actos de inauguración del nuevo campus”, *La Región*, 22 maio 1997, p. 8.

Presentación do programa de actividades previstas con motivo da presentación da urbanización dos terreos para o Campus Universitario de Ourense no transcurso das cales se pretende realizar unha homenaxe á Xeración Nós. Anúnciouse un ciclo de conferencias, unha xornada de portas abertas da Universidade Sur e a inauguración do novo recinto univeristario. Trala presentación tiveron lugar dúas conferencias, unha a cargo de Anxo Tarrío, quen destacou a tódolos intelectuais que contribuíron á brillantez da Época Nós, e outra pronunciada por Carlos Amable, que se centrou no aspecto ideolóxico desta Xeración.



L. R. V., “Seis librerías intentan fomentar la compra de libros y la lectura en A Rúa con una feria”, *La Región*, 21 abril 1997, p. 13.

Nota sobre a apertura da IV edición da Feira do Libro de A Rúa. Na mostra que non conta con ningunha axuda da Administración local, participan seis librerías: Arriba y Abajo, Llorden, Murciego, Carballo, Lippor e Murga.



L. V., “A fórmula do saber: “Non vou ó cine nin ó café, a penas paseo e non vexo a tele”, *La Voz de Galicia*, “O retiro dun erudito”, 22 maio 1997, p. 79.

Recóllense algunhas declaracións de Domingo García-Sabell nas que sinala que toda a súa vida estivo dedicada ó traballo con moi poucas concesións a outras actividades de ocio. Realízase un percorrido pola súa biografía salientando que dende 1977 foi presidente da RAG, que se encargou de traducións de James Joyce e de Spranger ó galego ademais de múltiples traballos sobre a literatura galega.



Lamigueiro, Miguel, “Xuízo Final”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 5 agosto 1997, p. 35.

Miguel Lamigueiro cóntanos dúas historias paralelas: a dun drogadicto morto na rúa e a do xuíz de garda que certifica a morte. Mentres que Suso López Domínguez é adicto ás drogas, o xuíz, Javier Hernández de la Vega é alcólico e amósase insensible con sucesos coma o da morte de Suso.



Leis, Iván, “Rosa Montero y Manolo Rivas ganan la partida en la Alameda”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 21, 12 xullo 1997, p. 8.

Enuméranse cales foron os autores máis vendidos na XXIII Edición da Feira do Libro en Vigo. Entre os escritores galegos destacan Manolo Rivas, Luis García Mañá, Moncho Borrajo, Fina Casalderrey e Antonio Teijeiro.



Leivas, Rubén, “Solicitan que se le dedique el próximo “Día da Letras” a José Crecente Vega”, *El Progreso*, 30 maio 1997, p. 26.

Refírese ó último número da revista *Amencer*, editada polos alumnos do seminario mindonense de Santa Catalina, o cal inclúe dous poemas inéditos de Crecente Vega. Menciónase a proposta por parte do rector do seminario de dedicarlle no ano 1998 o Día das Letras Galegas ó citado poeta.



Liñares, X. Amancio, “A Negreira de Barcalandia”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz: a ruta do autor”, 16 novembro 1997, p. 13.

Realiza, valéndose das técnicas do relato curto e da personificación un percorrido polo concello de Negreira. Ofrece así ó lector unha panorámica da cultura, sociedade, tradicións, medios de produción e vida das xentes do val do Barcala.



Llorente, Manuel, “Estoy en la recta final de mi escritura”, *El Mundo*, “La Esfera”, nº 309, 26 abril 1997, p. 5.

Recóllense as palabras de José A. Valente, quen reflexiona sobre os seus últimos libros, *Cántiga de Alén* (1989), que reúne tódolos seus versos en galego, *Nadie* e *Notas de un simulador*. Cun final entrevisto teme repetirse nos seus versos e comenta as palabras “ausencia” e “memoria” claves na súa poética. Considera que a obra auténtica non se agota nunha lectura e fala da xénese da palabra e do poema e do proceso de corrección. Sostén ademais que a súa xeración evolucionou grupalmente e que hai que escribir afrontando o risco “pericolosamente”.



Lombardero, Xavier, “Manuel María recibiu onte unha homenaxe no seu pobo de Outeiro de Rei”, *La Voz de Galicia*, 1 xuño 1997, p. 88.

Dáse noticia da homenaxe a Manuel María organizada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega “pola súa gran obra lírica, literaria e xornalística” segundo sinalou M. A Fernán-Vello. Infórmase que a esta homenaxe se sumaron outras institucións como a Corporación Municipal de Outeiro de Rei e a Consellería de Cultura quen lle agradeceu, o seu labor poético ó longo dos anos.



López, A. R., “O cine de Suso de Toro”/“Cine de Toro”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 3 maio 1997, p. 33/p. 13.

Sínálase a importancia que terán os anos 1999 e 2000 para Suso de Toro xa que nestas datas verá levadas ó cine *A sombra cazadora* (1994), *Ambulancia* (1990) e unha novela que prepara con Compostela como telón de fondo. Refírese, así mesmo, a unha tentativa anterior de levar *Land Rover* (1988) ás pantallas e, con palabras do propio autor, coméntanse algúns aspectos da etapa na que foi guionista da TVG. O escritor compostelán conta algunhas impresións sobre o abandono do ensino para se converter en profesional e fala da novela que está a corrixir titulada *Calzados Lola* (1997). Suso de Toro explica cómo nos anos oitenta intentou ofrecer unha voz contemporánea e unha visión non idealizada de Galicia. Refírese ademais ó nihilismo de *Tic Tac* (1993) e cita un novo obxectivo : “resacralizar a vida e o ser humano”.



López, Carmela, “Homenaje de Galicia y de Ferrol a Xosé Fontenla Leal”,
El Correo Gallego, “Desde Porta Nova”, 22 maio 1997, p. 27.

Infórmase de que o Real Coro Toxos e Froles propuxo ó alcalde de Ferrol a necesidade de homenaxear-la memoria de Xosé Fontenla Leal cun monumento, co título de Fillo Predilecto e coa concesión da Medalla de Prata da cidade. Así mesmo solicitou á Xunta o traslado dos seus restos ó Panteón de Galegos Ilustres de Santiago. Dise tamén que o presidente do coro, Jaime López Fernández, propoñerá a Fontenla Leal para o Día das Letras de 1998 e lémbrese que o ferrolán foi fundador da Asociación Iniciadora e Protectora da Academia Galega e que organizou a estrea do himno galego na Habana en 1907.



López, Uxía, “Flores na tumba de Castelao no aniversario da súa morte”/“Castelao rexurde nunha Compostela emocionada co recordo da súa morte”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 8 xaneiro 1997, p. 33/p. 15.

Con motivo do XLVII aniversario da morte de Castelao, celebrouse en Santiago unha misa, unha ofrenda floral e unha conferencia que correu a cargo do profesor Claudio González que falou da obra gráfica de Castelao no xornal *Faro de Vigo*.



_____, “Por los senderos de la literatura”, *La Voz de Galicia*, 20 marzo 1997,
p. 58.

Nárranse as actividades do colectivo “Galeago”, clube de lectores creado durante o curso 94-95 no instituto “Camilo José Cela” de Padrón. Indícase que a actividade principal consiste en discutir e comentar en faladoiros un libro no ámbito das súas reunións semanais. Sinala finalmente que o grupo está formado por sete alumnos e catro profesores.



_____, “Manuel Rivas proclama la actualidad de Rosalía en el aniversario de su muerte”, *La Voz de Galicia*, 16 xullo 1997, p. 50.

Infórmase da reunión en Padrón de numerosos persoeiros da cultura galega para conmemoralo 15 de xullo, data do pasamento de Rosalía. Destácase a presenza de Manuel Rivas, que nun pequeno discurso exaltou a actualidade da poetisa que está viva, segundo el, en cada unha das mulleres galegas.



_____, “Padrón regala a Rianxo un busto de Rosalía de Castro”, *La Voz de Galicia*, 14 setembro 1997, p. 53.

Informa de que o Concello de Padrón agasallou ó Concello de Rianxo cunha escultura de Rosalía realizada por Camilo Rodríguez, dentro dos actos de irmanamento das dúas corporacións. A poetisa será declarada ademais filla adoptiva de Rianxo.



_____, “Las fundaciones de literatos exaltan en Padrón a Rosalía”, *La Voz de Galicia*, 1 outubro 1997, p. 90.

Infórmase do acto inaugural do IVº Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos, que se converteu nunha xornada de exaltación da figura de Rosalía de Castro e da súa Fundación. Coméntase que se reuniron en Padrón os representantes de “33 centros dedicados a escritores de toda España”, onde Rosalía de Castro foi definida como “a muller-símbolo de Galicia” por Agustín Sixto Seco, presidente da fundación rosaliana, quen afirmou tamén que a casa natal da escritora era o segundo museo máis visitado de Galicia. Recóllense as ideas fundamentais do primeiro relatorio lido no Encontro, que propoñía a creación dunha rede europea de museos e centros dedicados a escritores, que potenciaron ademais a interrelación entre eles e a divulgación das súas actividades, “dirigidas siempre al ámbito de la investigación”.



_____, “Alonso Montero pide documentos inéditos sobre Rosalía de Castro”,
La Voz de Galicia, 2 outubro 1997, p. 58.

Recóllese o chamamento de Alonso Montero para recupera-los documentos sobre Rosalía que aínda estean inéditos. Este catedrático tamén critica o inadecuado funcionamento das casas de Castelao, Otero Pedrayo e Curros. Cítase tamén o trato desigual que reciben este tipo de institucións en relación a outras, como a de Camilo José Cela, por parte da Xunta de Galicia a causa, segundo se indica, de motivacións políticas.



López Piñeiro, X. A., “O reaparecido cadro ‘A tentación de Colombina’ confirma a traxectoria de Castelao”, *A Nosa Terra*, nº 789, “Guieiro Cultural”, 31 xullo 1997, p. 26.

Dá conta da traxectoria artística de Castelao no momento en que xorde a polémica sobre a necesidade “reler a traxectoria artística do rianxeiro”, pola adquisición do seu cadro ‘A tentación de Colombina’, por parte da Fundación Rodríguez Iglesias. Rexeita as opinións de X. Antón Castro quen tiña dito que este cadro se afastaba da mensaxe que nalquera altura preocupaba a Castelao.



Lopo, Antón, “O poeta lugués Fiz Vergara Vilariño continúa en estado moi grave”/“O poeta Vergara Vilariño ingresa na UCI e Gonzalo Navaza abandónaa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 24 xuño 1997, p. 35/p. 13.

Informa do estado de saúde do poeta Fiz Vergara Vilariño, hospitalizado no Hospital Xeral de Lugo, así como do de Gonzalo Navaza, que, abandonou a UCI. Achega ademais algunhas notas biográficas destes dous escritores.



_____, “Isto é un acto político”/“A AELG ocupou a Academia Galega para esixir a dimisión de García Sabell”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 13 setembro 1997, p. 15/p. 11.

Ofrécese información sobre a ocupación da Real Academia Galega por parte de membros da Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), acontecida en 1987 e da que se cumpren dez anos. Esixían a dimisión do seu presidente, Domingo García-Sabell, “por apoiar un recurso á Lei de normalización lingüística e compaxinar o seu cargo co de delegado do Goberno central”. Afirmado que se trataba dun acto político procederon á ocupación, entre outros, Xosé Luís Méndez Ferrín, Uxío Novoneyra, Manuel Lueiro, Antón Reixa, Paco Martín, Pilar Pallarés, Antón Avilés de Taramancos, Lois Diéguez, Miguel Anxo Fernán-Vello ou Manuel María, que acusaban a Academia de “vivir de costas á realidade máis viva e creativa do país”. Á chegada do presidente, Avilés de Taramancos, en calidade de presidente da AELG, leu un texto, que García-Sabell oía con “frialdade”. Finalmente, inclúense declaracións críticas dalgúns escritores acerca da institución.



_____, “O galego errante”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 25 novembro 1997, p. 45/p. 11.

Comenta a tese doutoral de Victoria Ruíz de Ojeda sobre a Real Academia Galega. Descríbese a evolución histórica desta institución, facendo fincapé nos estériles anos da posguerra, na entrada da xeración Galaxia e na chegada da democracia. Recóllense as opinións de Victoria Ruíz sobre o abandono que os poderes públicos observaron respecto á Academia. Incídese especialmente na marxinación en que hoxe a mantén a Xunta de Galicia quen, segundo ela, lle nega todo tipo de apoio. A historiadora cita como exemplo deste desprezo a creación do Centro Ramón Piñeiro, a quen acusa de compartirlas funcións da institución coruñesa. Considera polo tanto que a razón de ser deste novo centro sería facilita-lo dirixismo cultural da administración autonómica e absorber uns cartos vitais para a supervivencia da Academia.



Lorenci, Miguel, “Manuel Rivas publica en castellano sus poemas”, *La Voz de Galicia*, 3 xuño 1997, p. 73.

Infórmase do acto de presentación da traducción ó castelán de *O pobo da noite* (1996), de Manuel Rivas, traducida por Dolores Vilavedra e publicada por Alfaguara. Sinálase que no acto estiveron presentes Manuel Vicent e Rafael Azcona, encargado este último de face-lo guión de *El lenguaje de las mariposas*, sobre un conto de Manuel Rivas.



Lorenzo, Francisco P., “O cervo no areal”, “*Chineses*”, *O Correo Galego*,
7 marzo 1997, p. 8.

Breve relato de Francisco P. Lorenzo no que se conta a historia de dous homosexuais, un home de 45 anos e un rapaz de 17, que se acaban de coñecer nunha tasca e que acabarán na casa do máis vello.



_____, “Poesía de salitre e esporas, tatuada na memoria”, *O Correo Galego*,
“*Revista das Letras*”, nº 166, 3 xullo 1997, p. 7.

Refírese ó IIº Encontro de Escritores e Escritoras da Costa da Morte, organizado en Corcubión polo Batallón Literario da Costa da Morte no que participaron ademais o Colectivo Santa Compañía do Salnés e Edral da Coruña. Sinálase a lectura de comunicacións perfiladoras dunha “escrita plural” a cargo de Marilar Aleixandre, Modesto Fraga, Xavier R. Fidalgo, María Lado, Xosé M. Varela, Xosé Leira e Rafael Lema. Destácase, así mesmo, a participación de Ana Romaní, Marta Dacosta, Rosa Méndez e Teresa Seara en debates como o da conquista da linguaxe e o exercicio da escrita e da comunicación. Coméntase tamén a “fase de oralidade” que está a pasala poesía galega actual con recitais en bares, auditorios, xornadas culturais e festas populares, situación que ten o seu punto de partida en 1995, cando Edicións do Dragón pon en marcha os recitais do Tarasca. Saliéntase ademais a posta en marcha da colección Letras de Cal co propósito de darlles cabida ás voces máis novas e na que veñen de ser publicados *A primeira visión* (1997), de María Lado, e *Propiamente son captivo* (1997), de Celso Fernández Sanmartín. Conclúese coa referencia a *Nós* (1997), volume poético dos escritores da Costa da Morte.



Losa, José Luis, “Razas, olores, narices, salidas de olla y la jeta de Alcalá”,
El Correo Gallego, 4 outubro 1997, p. 11.

Critica ó escritor Xavier Alcalá a raíz da publicación dun texto no que sostiña que os moros ulen. Considera que non se poden permitir sen réplica ese tipo de manifestacións e congratúlase polas queixas presentadas polo empresario Ghaleb Jaber Ibrahim e a escritora Úrsula Heinze.



Luaña, Susana, “A cultura galega celebra o 50 aniversario do “Cómaros Verdes” de Iglesia Alvariño”, *La Voz de Galicia*, 25 xullo 1997, p. 79.

Anúncianse os actos celebrados con motivo do cincuentenario de *Cómaros Verdes* (1947). Resáltase a opinión de Gonzalo Bouza Brey, quen afirma que este libro marca un segundo rexurdimento das letras galegas. Recóllese tamén que Xaquina Trillo, poeta local e ex-alumna de Iglesia Alvariño, leu un poema propio creado para a ocasión e que o alcalde, Javier Gago, sinalou que hai cincuenta anos tivo moito valor o feito de saca-lo libro á rúa. Sinálase que o profesor Luciano Rodríguez reivindicou para o libro a lectura que descubra a realidade profunda, marcada polo existencialismo, que contén a obra.



M. B., “Las compañías de teatro compostelanas buscan mercados fuera de Galicia”, *La Voz de Galicia*, 4 setembro 1997, p. 35.

Coméntase a necesidade dalgunhas compañías como Ollomoltranvía ou Chévere de se abrir a outros mercados dada a crise do teatro actual da nosa comunidade. Así, sinalase que Ollomoltranvía participará no festival Lazarillo de Guadalajara cunha versión castelá de *Escola de bufóns* e levará *Commedia* a Viana (Portugal); mentres que a compañía Chévere acudirá á Fira de teatre al Carrer de Tárrega con *Annus Horribilis*.



M. B. P., “As musas veranegas de Compostela”, *La Voz de Galicia*, 29 agosto 1997, p. 40.

Artigo sobre os escritores galegos residentes en Santiago que presentarán en outono os seus novos proxectos literarios. Menciónanse a Xesús Rábade Paredes, que traballa nun libro de poemas sobre a figura da nai desaparecida e na súa próxima novela; a Euloxio R. Ruibal, que prepara unha reedición correxida de *Brinquemos ó teatro* (1990) e un estudio sobre o teatro de Eduardo Blanco Amor; a Suso de Toro, que ten unha novela en produción que sairá en Xerais; a Alfredo Conde, que rematou a súa novela *Peregrino de inverno*, segunda entrega da triloxía que comezou con *Sempre me matan* (1995); a Luis Tosar, que prepara unha edición bilingüe que recompilará a súa poesía dende 1987 ata hoxe en *Madeira do meu canto*. Cítanse tamén o poeta Uxío Novoneyra e ós escritores non residentes en Santiago como Carlos Casares e Manolo Rivas.



M. C., “Ciudad simbiosis de las artes”, *La Voz de Galicia*, 23 xullo 1997, p. 28.

Recolle a opinión de tres personalidades da cultura galega sobre a cidade de Santiago de Compostela. En primeiro lugar Uxío Novoneira destaca a presenza de pensadores galegos nesta cidade pero sobre todo considera a Santiago de Compostela unha importantísima fonte de inspiración das súas dúas últimas obras. Antón Fraguas salienta a cultura da cidade que se debe, segundo di, “ó momento que está a vivir agora a Universidade”. Por último M^a Xosé Díaz cre que a cidade de Santiago deixa unha pegada nas persoas que viven nela.



M. L. , “Una treintena de estudantes aprenden con Moretti la técnica de la luz en el teatro”, *El Correo Gallego*, 25 marzo 1997, p. 40.

Informa do curso que o técnico uruguaio Juan Carlos Moretti impartirá no Instituto de Bacharelato Xelmírez I de Santiago, e que versará sobre o tratamento da luz nos espectáculos teatrais. Indica tamén que Moretti colaborará como axudante na próxima montaxe do CDG, *O peregrino errante que cansou ó demo*. Apúntanse tamén os horarios do curso, organizado polo CDG, e a organización das clases. Finalmente fai un breve resumo da traxectoria profesional de Juan Carlos Moretti.



M. L. C., “Los nuevos creadores tienen un espacio cultural en el ‘Grupo Tinta’”,
El Correo Gallego, “Mecenazgo”, 22 xaneiro 1997, p. 12.

Dá conta da aparición dun novo espacio de promoción cultural e mecenazgo en Compostela das mans de Litonor Artes Gráficas. Sinala que se trata do Grupo Tinta que centrará os seus esforzos na difusión de produtos orixinais de todos aqueles que, exercendo a súa actividade en Galicia e empregando o galego, non teñan cabida noutros ámbitos empresariais. Refírese ademais a outras características do grupo e ó seu primeiro traballo, *Nadir*.



_____, “El centro ‘Ramón Piñeiro’ edita un facsímil del periódico gallego ‘La Noche’”, *Galicia en el mundo*, nº 214, 6-12 maio 1997, p. 20.

Infórmase da presentación na Casa de Galicia de Madrid da edición facsímil do *Suplemento del Sábado* do xornal *La Noche*, realizada polo Centro de Investigación Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro. Menciónase a presenza no acto do Conselleiro Celso Currás, do Director Xeral de Política Lingüística, Manuel Regueiro Tenreiro e a participación de Feliciano Barrera, Luis Alonso e Raimundo García Domínguez “Borobó”. Coméntanse algúns aspectos de *La Noche*, do que se di que estivo á cabeza da prensa galega e faise referencia á sección de Otero Pedrayo “Parladoiro”, a primeira escrita en galego nun xornal da posguerra. Logo de citar tamén algunhas características do *Suplemento del Sábado* indícase que Feliciano Barrera sospeita que a desaparición do suplemento debeuse a “alguna llamada de por arriba” dado que “no estaba bien visto el galleguismo”. Conclúese citando as seccións en que se dividía e a nómina de colaboradores.



M. M. L., “Política y condición humana van unidas dice Alonso Montero”,
El Progreso, 1 febreiro 1997, p. 68.

Fai referencia á presentación na galería Sargadelos do libro *Ensaíos breves de Literatura e Política*, de Xesús Alonso Montero. Informa Claudio Rodríguez Fer foi o encargado da presentación e destacou o compromiso social na vida de Alonso Montero, comentando ademais a influencia que tivo na súa propia vida a través das súas ensinanzas nun instituto de Lugo.



M. R., “Recuperada unha das épocas douradas do xornalismo”/“De novo, La Noche”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 25 xaneiro 1997, p. 13/p. 12.

Alude á presentación da edición facsímile do *Suplemento del sábado* do xornal *La Noche*, elaborada polo CILL Ramón Piñeiro, rescatándose así unha das “mellores épocas” do xornalismo galego. Dá conta das autoridades asistentes ó acto e dalgunha das súa declaracións, destacando a participación de Antón Fraguas que lembrou a historia xornalística de Santiago nos albores da creación do vespertino *La Noche*, do que salienta a colaboración de Otero Pedrayo.



M. S., “En la cuarta feria del libro vivariense habrá teatro y un curso de encuadernación”, *El Progreso*, 25 xullo 1997, p. 15.

Enumera os actos que terán lugar con motivo da IV Feira do Libro, en Viveiro: a exposición de libros nas casetas da Praza de Santa María, actuacións teatrais e musicais. Destaca a presentación do libro do escritor local Javier Lorenzo, *Una Habitación en el Bósforo*, I Premio Pastor Díaz de novela.



M. V., “A Históia da literatura galega logra conxeniarse o interese do público e dos especialistas”, *A Nosa Terra*, nº 782, “Guieiro Cultural”, 12 xuño 1997, p. 21.

Noticia dun acto celebrado na Coruña con ocasión da publicación da metade dos títulos previstos na colección titulada *História da literatura galega* ó ano de saír á rúa a primeira entrega. Inclúense declaracións dalgúns dos responsables ou colaboradores, como Laura Tato, X. M. Millán Otero ou Cesáreo Sanchez.



Mallo, Albino, “Siro’ define a Castelao como un dos poucos humoristas auténticos”/“Siro López analiza o humor popular de Castelao no seu último libro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 25 xaneiro 1997, p. 42/p. 14.

Informa da presentación de *Castelao Humorista* (1996) na Coruña. Dá conta das personalidades asistentes ó acto, describe o contido da obra e recolle as declaracións de Siro López, quen expresou que a tarefa humorística desenvolvida por Castelao se caracteriza por saber combina-la tradición popular coas influencias que lle chegaban das diversas correntes da Europa occidental da época. Nunha breve nota tamén alude á presentación da obra *Fernando Iglesias, “Tacholas”, un actor auriense na Galicia ideal* (1996), de Luis Pérez Rodríguez, e *As bágoas do demo* (1996), de Ramón Valenzuela Otero.



_____, “Carlos Reigosa crea novas aventuras para Nivardo Castro e Carlos Conde”, *O Correo Galego*, 11 marzo 1997, p. 48.

Alusión á aparición da terceira entrega dunha serie clasificada como “novela negra”, aínda que o seu autor Carlos G. Reigosa, a considera “sinxelamente unha novela” baixo o nome de *A guera do tabaco* (1996). Destácase o feito de que o vindeiro ano se faga a traducción á lingua castelá desta serie de novelas.



_____, “Enterrado Carlos Martínez Barbeito, el último amigo gallego de Federico García Lorca”, *El Correo Gallego*, 24 xuño 1997, p. 13.

Infórmase de que Carlos Martínez-Barbeito foi enterrado no cemiterio coruñés de San Amaro o día 23 de xuño. Danse datos biográficos do intelectual fillo de María Barbeito e neto de Martínez Salazar. Saliéntase a súa participación na FUE e a súa amizade con intelectuais como Cernuda, Aleixandre, Ortega y Gasset, Gerardo Diego, Dámaso Alonso, Luis Rosales, José Luis Cano, Unamuno, Altolaguirre e García Lorca.



_____, “Xavier Alcalá cumpre 25 anos de vida literaria”/“Vintecinco aniversario de ‘Voltar’, o primeiro libro de Xavier Alcalá”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 7 agosto 1997, p. 44/p. 17.

Informa da conmemoración dos vintecinco anos da publicación de *Volta* (1972), primeira obra de Xavier Alcalá. Recolle as declaracións deste autor nas que analiza a relación da antedita obra coa censura, así como o apoio de Ben-Cho-Shey para evitala. Comenta a súa dedicación a compositor de letras para cancións, algunhas popularizadas por Andrés Dobarro. Finalmente, describe o gusto que este autor ten polos temas americanos, marco no que insire a súa novela *Havana Flash*.



Malvar, Aníbal C., “Un escritor delincuente”, *El Mundo Galicia*, 7 marzo 1997, p. 7.

Infórmase do acto de presentación na Facultade de Xornalismo de Santiago da terceira entrega narrativa de Xurxo Borrazas, *Eu é* (1996). Achégase o argumento da obra e afírmase que o seu autor reivindica a imaxinación en toda a súa produción. Preséntase ademais a traxectoria bibliográfica de Borrazás, quen opina sobre o xénero ó que a súa novela debe ser adscrito e indica que ten moitos elementos autobiográficos e que o obxectivo último da súa vocación literaria radica na “búsqueda do misterio que encerra a arte”. Finalmente, recóllense declaracións acerca da obra presentada, de Arturo L. Regueiro e de Manuel Outeiriño, que participaron no acto de presentación e manifestaron as súas opinións sobre a carreira literaria e a última produción do escritor carballés.



_____, “Manuel Fraga está rodeado de caciques”, afirma o poeta ourensán José Ángel Valente”, *El Mundo*, 28 maio 1997, p. 7.

Infórmase dos contidos da conferencia de José Ángel Valente pronunciada no Clube de Prensa de Santiago baixo o título “Figura de home en dous espellos”. Nela o poeta ourensán repasou a súa biografía literaria e lembrou os seus comezos xunto a Vicente Risco, ó que cualificou de “intelectual do século XXI”. Referiuse á situación política de Galicia e á falta de compromiso dos intelectuais de hoxe e reivindicou o seu bilingüismo afirmando que cada lingua ten a súa propia musicalidade. Por último explicou que o seu libro *Sete cantigas do alén* (1981) xurdiu a partir do contacto coa xente da emigración na súa estancia en Xenebra na asociación A Nosa Galiza.



_____, “Tempos de cambios”, *El Mundo Galicia*, “Cultura”, 28 decembro 1997,
p. 7.

Realiza un resumo do ámbito cultural galego neste ano 1997. Trata dende os premios Nacionais de Narrativa, literatura Infantil, e Teatro concedidos a M. Rivas, Casalderrey e Lourenzo, ata os premios Xerais (*Manancial*, de Xavier Manteiga) E. Blanco Amor (*Calzados Lola*, de Suso de Toro), e as renovacións da presidencia de institucións como a Real Academia Galega e o Consello da Cultura Galega.



Manuel María, “Do que lle aconteceu a Manuel de Paderna coas ras do seu amigo Fompedriña”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 1 setembro 1997, p. 48/p. 11.

Cóntanos Manuel María a historia de Manuel Fompedriña, un paisano chairego que era amante da música da gaita e que disfrutaba co canto dunhas ras que vivían nunha charca na horta da súa casa. Este home entra nunha grande depresión cando se decata de que a charca está a secar e as ras desaparecen. Só o inxenio e a ilusión do seu amigo Manuel de Paderna conseguen sacar a Fompedriña desta situación. A ilustración é de Isaac Díaz Pardo.



_____, “A Terra-Cha”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 13 xullo 1997, p. 13.

Recóllese neste artigo unha viaxe narrativa de Manuel María pola súa Terra Cha natal. Comeza criticando a nova división comarcal que separa a Terra Cha en dúas bisbarras, alén doutras puntualizacións sobre a forma correcta dalgúns topónimos. Cita as serras que a rodean e propón unha rota turística para o maior coñecemento deste “pequeno paraíso”. Neste percorrido comenta os posibles lugares de visita, quer museos, quer monumentos ou zonas naturais de especial relevancia e tamén recomenda casas de xantares. Por último, afirma que para coñecer ben unha terra hai que coñece-los seus bardos, neste caso os numerosos poetas chairegos.



Marchán, Juan, “Comeza a rodaxe de ‘A lingua das bolboretas’ de Manuel Rivas”, *O Correo Galego*, 3 xuño 1997, p. 40.

Refírese á tradución ó castelán da antoloxía *O pobo da noite* (1996), de Manuel Rivas que recolle unha selección de poemas pertencentes a *Libro do entroido* (1980), *Balada nas praias do Oeste* (1985), *Mohicana* (1986), *Ningún cisne* (1989) e *Costa da Morte Blues* (1995). Resáltase a coincidencia desta publicación coa rodaxe de *La lengua de las mariposas*, a partir dun relato incluído no libro *¿Que me quieres, amor?* (1995). Sinaálse que a versión cinematográfica será dirixida por José Luis Cuerda, con guión adaptado de Rafael Azcona.



Martín, Paco, “O Miño de Lugo”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”,
“Vivir la vida”, 21 setembro 1997, p. 13.

Incide na significación que o río Miño ten para os lugueses e detense a describi-la variedade de estados deste río “que sabe ser moitos ríos ó mesmo tempo”. Proxecta ademais as súas lembranzas nas beiras do Miño e pide respecto e coidados para el.



Martínez, B., “La inauguración de la biblioteca de Tirán se convirtió en un homenaje a Castroviejo”, *Diario de Pontevedra*, 26 agosto 1997, p. 17.

Informa da emotiva homenaxe que rendiu Moaña a Xosé María Castroviejo con motivo da inauguración da biblioteca de Tirán que leva o seu nome, na que participaron destacadas personalidades da cultura galega que destacaron a gran vocación literaria do escritor e o seu amor pola natureza.



Martínez, Iago, “O valo de Manselle”, *Redacción Xove*, nº 4, marzo 1997, p. 11.

En referencia a *O valo de Manselle* (1996), de Anxo Angueira, dísenos que o poeta interioriza “con certo ton bíblico” tódolos recunchos dun contexto seu que quere facer aínda máis seu. Apúntase tamén certo “recendo ferriniano” na viaxe a través de imaxes animadas aínda que non todas humanas.



Martínez, J., “Medio centenar de escritores, en la muestra sobre Avilés de Taramancos”, *El Correo Gallego*, 30 xaneiro 1997, p. 17.

Nota informativa sobre a celebración dunha exposición en Arzúa de corenta e nove fotografías de escritores galegos actuais cun texto manuscrito de cada un deles, co fin de achega-los alumnos de medias ó mundo da literatura e tamén a Avilés de Taramancos do que se expón a súa bibliografía.



Melón, Cristina, “La Biblioteca Central incrementa su fondo bibliográfico con 12.000 libros en gallego”, *Atlántico Diario*, 15 maio 1997, p. 7.

Infórmase da sinatura dun convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Galega de Editores que permitirá incrementa-lo fondo da Biblioteca Central da cidade. A Asociación de Editores donará 12.000 títulos e encargarse de desenvolver actividades culturais, entre as que se anuncia unha mesa redonda en homenaxe á Xosé M^a Álvarez Blázquez e un recital de poetas galegos. Indícase tamén que a sala central de lectura da Biblioteca pasará a denominarse “Irmáns Álvarez Blázquez”.



Mella, Sonia, “La universidad coruñesa premia a García Sabell”, *Diario 16 Galicia*, 29 xaneiro 1997, p. 8.

Crónica do acto solemne no que o presidente da Real Academia Galega, Domingo García-Sabell, recibiu o título de doctor “honoris causa” pola Facultade de Humanidades. Durante o seu discurso realizou unha análise do Humanismo e reivindicou o seu valor.



Mene, Alex e Buxán Bran, “Asedios ó conto”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 155, 17 abril 1997, p. 12.

Dáse conta da celebración entre os días 8 e 11 de abril en Vigo do congreso “Asedios ó conto” organizado pola Asociación Galega de Semiótica, co fin de achegarse ó conto dende diferentes puntos de vista. No referente á literatura galega sinálase que a xornada do día 9 estivo centrada no conto en lingua galega na súa tradición oral e folclórica así como na súa vertente máis literaria e culta. Así, destácase a celebración dunha mesa redonda titulada “Perspectivas de estudio na literatura popular galega”, presidida por Dolores Vilavedra. Cítase tamén a Méndez Ferrín coa lectura do conto “Santa Dora” e a conferencia de Gonzalo Navaza titulada “Os meus contos”.



Méndez Ferrín, Xosé Luís/Manuel **Rivas** e Suso **de Toro**, “Carta aberta sobre a Academia e a lingua”, *El Correo Gallego/Faro de Vigo/La Voz de Galicia*, 7 setembro 1997/6 setembro 1997/5 setembro 1997, p. 19/p. 33/p. 66.

Os autores desta carta reclaman, neste momento de cambio na presidencia da RAG, que esta institución se comprometa na defensa da lingua e no desafío que supón a saída da nosa cultura fóra das fronteiras galegas. Ademais solicitan que se teña en conta ós escritores nesta nova xeira por iniciar e agardan que se abra un período de debate sobre a nosa cultura. Por todo iso coidan que máis amplos sectores deben participar na elección do novo presidente da citada institución e non só o reducido cenáculo académico.



Merelas, C., “La Real Academia Galega elegirá nuevo presidente en su sesión de este sábado”, *Faro de Vigo*, 26 novembro 1997, p. 52.

Sucinto comentario sobre a elección do novo presidente da Real Academia Galega, que substituirá a Domingo García-Sabell, quen estivo ó cargo da citada institución durante os últimos vinte anos. Entre os candidatos con máis posibilidades atópanse o polígrafo Fernández del Riego e o director do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, Constantino García.



_____, “Fernández del Riego preside un equipo de consenso en la Real Academia Galega”, *Faro de Vigo*, 30 novembro 1997, p. 51.

Infórmase do recente nomeamento do profesor Francisco Fernández del Riego como presidente da Real Academia Galega. No discurso de toma de posesión, o novo presidente da institución fixo un chamamento á Xunta de Galicia co fin de obter unha asignación anual para levar a cabo os traballos da Academia. Entre os proxectos máis inmediatos figuran a creación de tres novas comisións de traballo: a de Estudos Históricos, presidida por Xosé Ramón Barreiro; a de Literatura, por Xesús Alonso Montero e a de Bibliotecas, dirixida por Antonio Gil Merino.



_____, “Del Riego reclama un presupuesto fijo para la Real Academia Galega”,
Faro de Vigo, 5 decembro 1997, p. 53.

O director da Academia fala da súa intención de reclamar á Xunta e a doutras institucións oficiais uns recursos económicos fixos para solventar os problemas polos que atravesaba a mencionada institución. Anúnciase a posta en marcha de novas comisións de traballo, entre elas unha de literatura dirixida por Alonso Montero.



Molina, César Antonio, “De Bristo a Laxe”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz: vivir la vida”, 10 agosto 1997, p. 13.

Rememora César Antonio Molina, a primeira vez que visitou a vila de Laxe, coa súa praia de ferradura e a Pepito o radioaficionado co que se aventuraba polas ondas para, saber do tempo e do estado do mar nalgún recanto do mundo. Lembra tamén as tumbas dos náufragos do Adelaide, barco que procedía de Bristol. Alí repousan os restos dun mariñeiro e do seu fillo, enterrados fóra do cemiterio por seren protestantes. Considera o autor este lugar como un dos máis sagrados de cantos viu.



Montañés, Mariano, “Casino Mercantil, Filgueira Valverde y la madre”, *Diario de Pontevedra*, 23 xaneiro 1997, p. 14.

Tras unha serie de reflexións sobre o tempo, refírese ó acto co que o Casino Mercantil de Pontevedra celebra o día consagrado ós socios falecidos no último ano. Entre eles figura a homenaxe a Filgueira Valverde, que será nomeado presidente de honra da entidade. Sinala o amor e a paixón do escritor pontevedrés cara á nai, que demostra mediante a presentación de dous textos: un fragmento da súa obra *El libro de Santiago* e parte dun poema, que aparecera nunha postal de Nadal do Museo de Pontevedra.



Mosquera, Javier, “La Asociación Galega de Editores cederá al Concello 20.000 libros”, *Faro de Vigo*, 15 maio 1997, p. 7.

Anúnciase a sinatura dun convenio entre a Asociación Galega de Editores e o Concello de Vigo polo cal se constitúe o “Fondo do Libro Galego” e a Sala de Lectura Irmáns Álvarez Blázquez co fin de promocionar actividades culturais en torno á difusión do libro. Mediante este acordo a Biblioteca Central incrementará o seu fondo en 20.000 libros nos próximos tres anos.



Mosteiro, Marga, “El teatro aficionado de Santiago se mantiene por la dedicación personal”, *La Voz de Galicia*, 11 setembro 1997, p. 45.

Presenta unha panorámica xeral dos grupos afeccionados de teatro que desenvolven o seu labor na cidade de Santiago e a súa comarca tanto do ámbito universitario coma do non universitario.



Mourelo, Suso, “O vendedor de olores”/“El vendedor de olores”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 28 agosto 1997, p. 45/p. 12.

Suso Mourelo narra a historia de Narciso Figueroa, un home solitario e nómada de corenta anos que, ó coñecer a Xulia, e con ela ó amor, convértese en vendedor de botes de olores. Mais á volta dunha desas viaxes ó porto de Bilbao para recolle-los bidóns de esencias que lle enviaban de Alemaña, Xulia non aparecía por ningures, desaparecera. Entón el deixa o negocio, déixao todo, triste e desesperado polo abandono da súa amada.



Mozo Cajaraville, Alberto, “Viaxe diacrónico polo mar de Arousa e Ulla”,
O Correo Galego, “Relatos e debuxos do verán”, 17 setembro 1997, p. 37.

Alberto Mozo únese a Teodoro e Anastasio na viaxe que estes dous discípulos de Santiago fan dende Jaffa ata as costas galegas para trae-lo corpo do Apóstolo. Durante o percorrido lembra algúns aspectos, históricos ou lendarios, dos sitios polos que pasan. O autor do texto tamén asina a ilustración. En *El Correo Gallego* publicouse a versión en castelán.



Muñoz, Rubén, “Homenaje a Eliseo Alonso en el III Festival de Poesía Baixo Miño, que se celebra mañana en Goián”, *Atlántico Diario*, “Verano 97”, 19 xullo 1997, p. 45.

Informa sobre o III Festival de Poesía Baixo Miño no que se renderá unha homenaxe ó poeta Eliseo Alonso na que Emilia Rosende recitará poesías do homenaxeado.



_____, “La poesía fue protagonista del homenaje a Eliseo Alonso en Goián”,
Atlántico Diario, 21 xullo 1997, p. 38.

Noticia da homenaxe rendida a Eliseo Alonso no terceiro festival de poesía Baixo Miño, no que Aquilino González Santiso fixo un bosquejo biográfico do escritor de Goián e Emilia Rosende recitou dous poemas. O acto contou coa presenza de poetas así como da nai e familiares do poeta homenaxeado.



Mur Oti, Manuel, “O ciclón”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 15 xullo 1997, p. 37.

Este fragmento da novela *Destino Negro* de Manuel Mur recolle a descrición dos momentos previos, do desenvolvemento e das terribles consecuencias dun ciclón nunha zona costeira. Abondan as secuencias enumerativas de adxectivos que perseguen o impacto no lector. Leva o debuxo de Miguelanxo Prado.



Murado, Miguel Anxo, “Mondoñedo, silencio e zapatillos de bispos”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz: vivir la vida”, 3 agosto 1997, p. 13.

Miguel Anxo Murado fai unha viaxe literaria polas terras de Mondoñedo, dende a serra, cos seus pazos señoriais, algún dos cales pertenceu a antepasados do autor, ata o louvado museo das zapatillas dos bispos, no *Museo Diocesano de Mondoñedo*. Polo medio lembra que esta vila foi berce de grandes intelectuais e escritores, entre os que destaca a Cunqueiro, Leiras Pulpeiro, o médico ateo, e Pascual Veiga. E todo dominado pola catedral, pequena, mais que co son das súas campás marca o ritmo vital dos mindonienses, segundo opina o autor.



_____, “Primeiro sangue”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 24 agosto 1997, p. 53/p. 14.

Un narrador onisciente conta en terceira persoa un reto con pistolas entre dous homes polo amor dunha moza. Os contrincantes reciben as instrucións dos respectivos padriños e prepáranse para matar ou morrer. Finalmente, o sobrevivente consegue o amor da muller soñada. A ilustración desta entrega de Miguel Anxo Murado, corresponde a Luis Caruncho.



Neira Vilas, Xosé, “Segredo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 2 agosto 1997, p. 37/p. 11.

Texto publicado en *Historias de emigrantes*, no que un galego na Arxentina lembra durante a voda de Marta e Rodolfo os sentimentos que o uniran durante un tempo á noiva. Algo parente dela, foi dende adolescente o seu compañeiro e confidente. Cando Marta se namora de Rodolfo, o narrador vese na obriga de ocultar esta relación ante os pais de Marta e en contra dos seus sentimentos, todo para conseguila felicidade da rapaza. Está ilustrado este relato de Xosé Neira Vilas por Luis Seoane.



_____, “Na encrucillada de Gres e Ponteledesma”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz: a ruta do autor”, 7 decembro 1997, p. 13.

Xosé Neira Vilas descríbenos o seu lugar natal. Na beira do río Ulla, entre as parroquias de Gres e Ponteledesma, está a ponte medieval que, segundo di, atravesaron xentes de toda caste, incluso Xelmírez de visita a un castelo veciño. Describe tamén as numerosas casas solariegas e monumentos importantes da zona, alén dos máis recentes Museo de Piloño, o do Mel, o observatorio astronómico máis grande de Galicia, etc. Cita os encontros de *Correos e Xenerais* do Entroido Ullán, saídas da confrontación dos paisanos da zona contra Bonaparte. Ó final di que o río Ulla está a dominalo todo, como “pedindo contas”.



_____, “Fontenla, Pondal e Veiga”, *O Correo Galego*, 23 decembro 1997, p. 40.

Comenta neste artigo as comunicacións epistolares entre Fontenla Leal, Pondal e Pascual Veiga no tocante á creación do himno galego.



_____, “A Emigración galega en Cuba”, *O Correo Galego*, 24 decembro 1997,
p. 35.

Dá conta da emigración galega en Cuba, dos xornais que puxeron a andar, da creación de sociedades na emigración e doutras tarefas realizadas co obxectivo de construír escolas en Galicia. Sinala que foi neste ambiente onde se xestou e compuxo o Himno Galego.



_____, “Valoracións contrapostas”, *O Correo Galego* , 26 decembro 1997, p. 35.

Refírese á aceptación que tivo o himno galego en Galicia e na emigración galega en Cuba, país no que ficou establecido o himno galego case de xeito definitivo.



_____, “Presencia e homenaxes en América”, *O Correo Galego*, 27 decembro 1997, p. 35.

Informa da chegada e recepción do himno galego noutros países sudamericanos onde a emigración galega era multitudinaria. Céntrase, sobre todo, na importancia que se lle concedeu en Arxentina, onde na cidade de Buenos Aires se cantaba tódolos 25 de xullo no Teatro Colón entre moitos galegos e autoridades daquel país.



_____, “O himno na Galicia Territorial”, *O Correo Galego*, 28 decembro 1997,
p. 53.

Informa do recibimento que tivo o himno en Galicia na súa propia terra e a forma de contacto que tiveron con el moitos persoeiros, algo que di coñecer por manter correspondencia sobre isto con eles.



Nieto, M., “La comarca de Monterrey apuesta por el teatro y la danza”,
La Región, 17 outubro 1997, p. 45.

Fálase dos novos proxectos da Asociación Cultural Monterrey que preside Xosé Carlos Caneiro dende 1989, entre os que se atopan a programación dunha Escola de Teatro para Verín e a súa comarca, que será dirixida por Damián Contreras responsable tamén do grupo Balea Branca, e unha escola de Danza e Música Tradicional. Infórmase de que a asociación está composta por sesenta socios e que entre as súas actividades está a publicación da revista *A tempo* e a organización de ciclos de cine, recitais poéticos e xornadas culturais.



Nieto Caamaño, Isolino, “A figura de Avilés está presente a través do tempo”, *El Correo Gallego*, 24 abril 1997, p. 21.

Lembra diferentes momentos da infancia e xuventude compartidos con Avilés de Taramancos que, segundo di, xa de neno destacaba pola súa habilidade versificadora e o seu espírito rebelde.



Novo Salgado, A., “Ribeira tivo tradición de tertulias”, *La Voz de Galicia*,
“Especial 24 decembro 1997”, p. 20.

Despois de facer un rápido repaso sobre a importancia dos faladoiros dende o século XVIII e de cita-las máis importantes, céntrase nesta actividade en Ribeira. Cita o “Bodegón de Julio Bravo ou Ateneo”, na que participaron: Manuel e Enrique Fernández Sendón, Manuel Lustres Rivas, Ramón Martínez López, Ramón María del Valle Inclán, Xosé Millares, Moncho Mocas e Manolo Arca. Segue a este artigo un comentario titulado “Rivalidades nos medios de comunicación”, no que se fala de dous xornais que se editaban en Ribeira nos anos 30: *La Coraza*, de dereitas e dirixido por Tucho Parade e *La Lucha*, de esquerdas que dirixía Manuel Moure. Pasa logo a falar doutro faladoiro, o do “Nordeste” no que participaban ó redor de media ducia de persoas: Xoán Fernández, Ventura González Mariño, Fidel Vidal, Tucho Ruibal, Carlos García Bayón, etc.



Nóvoa, Xosé Ramón, “Manuel Rivas volve á súa infancia para abri-lo *Pé de imaxe*”, *O Correo Galego*, 30 xuño 1997, p. 15.

Anuncia a celebración do VI Congreso Internacional de Pedagogía da *Imaxe Pé de Imaxe*, organizado pola *Nova Escola Galega* na cidade da Coruña. Entre outros participantes (Pepe Coira, Xaquín Marín, etc.) estará Manuel Rivas co relatorio “A influencia da imaxe no neno que fun e os nenos de hoxe”.



Novoneyra, Uxío, “Lendas de a cavalo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 13 xullo 1997, p. 56/p. 22.

Escolma de poemas pertencentes ó inédito *Libro de Rotas/Ámeto mítico*. De contido narrativo, cóntase nos poemas de Uxío Novoneyra a viaxe de seis “cavaleiros” medievais por terras do antigo Reino de Galicia. O debuxo desta entrega está asinado por Oliveira.



Olveira, Manuel, “Carlos Quiroga”, *O Correo Galego*, “*Chineses*”, 7 marzo 1997, p. 16.

Ofrece un perfil biográfico do poeta José Carlos Quiroga Díaz, acompañándoo coa publicación de catro poemas deste escritor no suplemento *Chineses* de *O Correo Galego*. Nun ton no que se mestura o serio co humorístico, Manuel Olveira alude a algunhas ideas sobre a literatura e as grafías ou á colaboración deste autor en revistas literarias como *O Mono de Tinta*.



_____, “Novos centros novas propostas creativas”, *O Correo Galego*,
“Chineses”, 7 marzo 1997, pp. 17-23.

Dá conta das novas iniciativas empresariais que, coa idea da arte global, abren centros nos que se fan exposicións. Son centros de arte contemporánea, funcionan como talleres teatrais, etc. Precisamente refírese a un centro destas características ubicado en Santiago, Espacio Aberto, que ó abeiro da iniciativa privada funciona como un Taller Teatral no que se dan clases de voz, traballo corporal, interpretación, canto, etc.



Otero, Alberto, “Literatura a las urnas”, *Faro de Vigo*, 7 outubro 1997, p. 8.

Comenta a presentación ás eleccións autonómicas dos escritores Xosé Luis Méndez Ferrín e Darío Xohán Cabana nas listas da Fronte Popular Galega. Salienta deles a firmeza das súas conviccións políticas e a súa veteranía neste tipo de convocatorias.



Otero, David, “No 47 aniversario da morte de Castelao”, *O Norte*, nº 54,
1ª quincena de febreiro 1997, p. 26.

Reprodúcese o texto lido por David Otero, en representación da Fundación Castelao, nun acto que tivo lugar o 7 de xaneiro de 1997 no Panteón de Galegos Ilustres co gallo do corenta e sete aniversario da morte de Castelao. No discurso evoca a figura do rianxeiro anunciando o propósito de lle render compromiso, obediencia e lealdade a través do espallamento das súas ideas. Céntrase así mesmo na chamada ó compromiso con Galicia.



_____, “No 111 Aniversario do nacemento de Castelao”, *O Norte*, nº 55,
segunda quincena de febreiro 1997, p. 5.

Texto lido por David Otero no nome da Fundación Castelao o 26 de xaneiro de 1997 co gallo do cento once aniversario do nacemento do autor de *Sempre en Galiza*. Céntrase na mestría exercida por Castelao así como na humanidade e universalidade. Do mesmo xeito póñense de relevo os trazos da nosa identidade e sublíñase o carácter clave das palabras “Pobo” e “Diferencia”.



_____, “Primeira reflexión”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 10 setembro 1997, p. 53/p. 10.

Reproducción dun texto publicado con anterioridade nos *Contos do Castromil*. A reflexión inicial acerca do significado do edificio Castromil para Santiago, está seguida de dúas simpáticas anécdotas contadas por Bieito, un rapaz de oito anos que acudía á estación de autobuses para escoita-las conversas dos revisores e dos conductores. O ilustrador desta entrega de David Otero é de Antonio Xavier Correa.



Otero, Marcos, “O galeguista Moreda salienta en Castro a liberdade de expresión”, *El Progreso*, 23 novembro 1997, p. 16.

Dáse conta da homenaxe que recibiu Antón Moreda na Terra Cha. Coméntase como nese acto Manuel María lembrou a importancia deste chairego de adopción na defensa da lingua e nación galegas e como o propio homenaxeado rememorou os seus días na emigración, onde contactou con persoeiros da talla de Daniel Castelao. Faise fincapé na súa participación, nos anos 60, na creación do grupo Brais Pinto.



Outeiriño, Maribel, “Cayó el telón”, *La Región*, 5 setembro 1997, p. 18.

Informa do falecemento de Manuel Vidal, actor, director e autor de teatro ourensán. Fai un percorrido sintético pola vida e obra deste “comunicativo e afectivo” personaxe. Lembra a súa chegada ó mundo teatral, a creación do grupo Rúa Viva e a súa relación constante coa cidade das burgas.



_____, “Un hombre del Siglo XX”, *La Región*, 15 setembro 1997, p. 64.

Facendo un bosquexo biográfico de Eduardo Blanco Amor. Lembra as súas orixes humildes e a incerteza que hai sobre algúns datos da súa vida deste autor. Comenta a “fuxida” a América para evita-lo alistamento no exército e a participación na guerra de África, e o posterior regreso en 1928 convertido xa nun xornalista de prestixio na capital arxentina. Informa tamén das sucesivas estancias americanas ata a definitiva instalación en Ourense no 1968. Dá conta a continuación da intensa actividade vital do autor de *A Esmorga* nesta última etapa da vida, ata o falecemento en 1979. Anuncia ademais a publicación tódolos luns deste ano na última páxina de *La Región*, dun especial dedicado a Blanco Amor para lembra-lo centenario do seu nacemento. Baixo o subtítulo de “¿Qué pasa con ‘La Catedral’?” describe o éxito editorial da obra galega de Eduardo Blanco Amor, e solicita a reedición de *La Catedral y el niño* e da súa correspondencia.



_____, “Los versos escritos por un adolescente contumaz”, *La Región*,
13 outubro 1997, p. 64.

Referencia á recompilación feita por Eduardo Blanco Amor no ano 1940, dos seus versos escritos entre 1915 e 1922 en Ourense e Bos Aires, titulada de *Poemas Adolescentes*, na que aparecen poemas variados na súa temática e dos que se dá unha mostra neste artigo.



P. B., “Morreu Fiz Vergara, o poeta de Lóuzara”, *A Nosa Terra*, nº 788, “Guieiro Cultural”, 24 xullo 1997, p. 26.

Dá conta do pasamento do poeta de Lóuzara á vez que lembra a última despedida que se lle tributou na súa propia aldea. Ademais fai un percorrido pola súa obra poética, narrativa e ensaística. Acompaña o artigo unha oración escrita por Dario Xohán Cabana en honra do poeta finado.



P. S., “Xerais” estréase na poesía co Nobel Seamus Heaney”/“Xerais publica ‘Ablativo Absoluto’, una colección de la poesía más fresca”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 23 xaneiro 1997, p. 41/p. 14.

Fai referencia á colección Ablativo Absoluto de Edicións Xerais, que acaba de sacar do prelo as súas primeiras catro obras, todas elas de 1996: *Traballo de campo*, de Heaney, *Poemas da cidade oculta*, de Estevo Creus, *Nínive*, de Chus Pato e *O asasino estrábico*, de Anxo Quintela. O director da colección, Fran Alonso, destacou o carácter aberto da mesma e sinalou que os libros publicados por *Ablativo Absoluto* serán catro cada ano elixidos polo Consello Editorial da Colección, entre eles unha traducción e o gañador do premio Aula de Poesía de Barcelona. Fala, por último de varias circunstancias anecdóticas que rodearon a publicación desta colección.



_____, “Guieiro”, a vella voz da mocidade galega, renace en edición facsímile”,
El Correo Gallego, 21 marzo 1997, p. 12.

Fala da presentación da edición facsímile da revista *Guieiro* feita polo Consello da Xuventude de Galicia por parte de antigos integrantes da Partido Galeguista, entre outros Francisco Fernández del Riego, Antón Fraguas e Xaime Isla. Da revista, voceiro da Federación de Mocidades Galeguistas, destacou este último o seu valor simbólico por permitir explica-lo pasado, “polo que ten un valor de futuro importante”. Salientou, así mesmo, o pluralismo e a irmandade entre distintas conviccións relixiosas. A continuación recóllese a opinión de Carlos Casares, quen tamén participou na presentación, recoñecendo o éxito da xeración dos antigos galeguistas e os logros conseguidos por *Guieiro* a pesar dos escasos medios.



_____, “Manuel Rivas propuesto para el premio europeo Aristeion de literatura”,
El Correo Gallego, 16 abril 1997, p. 14.

Noticia da proposta por parte do Ministerio de Educación de Manuel Rivas como escritor español que concorre ó premio Aristeion. Faise ademais unha pequena presentación do libro *¿Qué me queres amor?* (1995).



Pablos, “Moraima, al fondo de Celso Emilio”, *Faro de Vigo*, 7 xaneiro 1997, p. 6.

Noticia do enterro en Celanova da que foi esposa e compañeira de Celso Emilio Ferreiro, Moraima Loredó.



_____, “Castelao, el emblemático”, *Faro de Vigo*, “150 años de Pintura Gallega”, 18 marzo 1997, p. 48.

Panorámica vital de Castelao con especial atención á súa faceta de pintor e debuxante.



_____, “Poetas, articulistas, novelistas, dramaturgos y conferenciantes”,
El Correo Gallego, “Per Loca Maritima”, 5 marzo 1997, p. 22.

Conta a comparecencia de distintos escritores en diversas vilas da comarca de Bergantiños, apuntando as horas, os lugares e os nomes dos autores asistentes a estes encontros, entre os que cita a Miguel Anxo Fernán-Vello, Xavier Alcalá, Francisco Alonso, Francisco Fernández Naval o Batallón Literario da Costa da Morte e o ex-Colectivo Ronseltz.



Palomo, Juan, “Menos, pero mejores”, *ABC*, “*ABC Literario*”, nº 287, 2 maio 1997, p. 6.

Entre informacións varias referidas a autores que escriben en castelán e a novas publicacións en diferentes editoras, coméntase que Manuel Rivas “publica muy pronto su libro de poemas en Alfaguara”.



_____, “Es la guerra”, *ABC*, “*ABC literario*”, “La Papelera”, nº 310, 10 outubro 1997, p. 6.

Entre anécdotas e comentarios de varios escritores cita Juan Palomo a Manuel Rivas “que ya ve en la pantalla grande a una de sus más queridas y galardonadas criaturas: “La lengua de las mariposas”.



Pallas, Beatriz, “Por amor al arte dramático”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 129, 19 agosto 1997, pp. 1-2.

Artigo sobre o teatro afeccionado en Galicia que conta con numerosos grupos a pesar da falta de medios técnicos e de axudas. Fai un percorrido pola traxectoria dalgúns deses grupos como Teatro de Cámara Ditea, o máis antigo na nosa comunidade e que vén de gañalo primeiro premio no Concurso Nacional de “Teatro Aficionado de Villafranca del Penedés”; o grupo Talía Teatro que deu o salto ó mundo profesional e a agrupación Escoitade de Vigo.



Paniagua, Antonio, “Carlos Casares presentó la versión en castellano de “Deus sentado nun sillón azul”, *La Voz de Galicia*, 16 xaneiro 1997, p. 6.

Noticia do acto de presentación da traducción castelá de *Deus sentado en un sillón azul*; obra publicada por Carlos Casares. Sínálase que o editor de Alfaguara, Juan Cruz, definiu a Casares como “el mejor narrador de este país después de Álvaro Cunqueiro”. Segundo as palabras do propio autor esta novela é unha diatriba contra a violencia da intolerancia. Alúdese ademais á semellanza entre o intelectual da trama e Vicente Risco e faise referencia á presenza dos maquis e ó desexo de Carlos Casares de escapar do encadramento de “nova narrativa galega”.



Parada, Carmen, “Piden una calle en Vigo para Valentín Paz-Andrade”, *La Voz de Galicia*, 27 maio 1997, p. 82.

Resume o contido dunha mesa redonda organizada pola Asociação Galega da Lingua sobre Valentín Paz-Andrade. Nela participaron Jiménez Casas, Díaz Pardo, Alexandre Banhos e Luca de Tena que disertaron sobre diversos aspectos da vida e da obra do xurista, empresario e escritor vigués. Así mesmo, informa que o Concello de Vigo solicitará unha rúa co nome do escritor, no décimo aniversario da súa morte.



_____, “Los escritores gallegos serán el atractivo de la Feria del Libro de Vigo”,
La Voz de Galicia, 2 xullo 1997, p. 82.

Alude á XXIII edición da Feira do Libro de Vigo, que conta este ano con 45 casetas e na que os libeiros pensan obter un 20% máis de ganancia con respecto ó ano pasado. Presenta certos comentarios emitidos polos presentes no acto de inauguración, destacando os do alcalde vigués, Manuel Pérez, e os de Antonio García Teijeiro, que invitou a todos a ler coma se fosen nenos. Tamén comenta a presenza de certos autores para asinar exemplares, entre os que salienta a Luis Antonio García Mañá, que dará a coñecer-lo seu último traballo, *O lume de San Antón*.



Parada, Mónica, “La novena edición de la feria del libro comienza el lunes con 21 casetas”, *Diario de Pontevedra*, 15 agosto 1997, p. 9.

Anuncia a celebración da novena edición da feira do libro en Pontevedra e informa do programa da mesma que inclúe mesas redondas, un taller de encadernación e reciclaxe para os nenos, teatro representado polos grupos Os Quinquilláns, o Grupo de teatro Buratini e o Grupo de Expresión da Asociación Cultural de Os Carballiños. Ademais sinala que asinarán libros Neira Vilas, Ramiro Fonte, Fina Casalderrey, Otilia Seijas, Antón Castro, Anisia Miranda e Bernardino Braña.



Pazos, Xosé Manuel, “O diálogo Galicia-Norte de Portugal”, *Faro de Vigo*,
“*El Sábado*”, nº 16, 7 xuño 1997, p. 8.

Analiza a relación teatral mantida actualmente entre o teatro galego e o do norte de Portugal, exemplificando con colaboracións concretas “que nunca trascenderon o ocasional, o esporádico” ata os anos noventa, en que si se sistematizaron e planificaron gracias á iniciativa da Compañía Teatro do Noroeste, de Viana do Castelo, que, en colaboración con Teatro de Ningures, de Cangas, levou a cabo a coproducción do espectáculo teatral *Terra de Lobos*, organizou as xornadas de debate entre creadores galegos e portugueses denominadas Teatragal, o Festeixo, Festival de Teatro do Eixo Atlántico, e editou a revista *Ensaio*, ofrecendo “un marco axeitado para lle dar saída pública aos debates”. Todo isto, coa convocatoria do Premio Eixo Atlántico para textos dramáticos dos dous países establece, segundo o autor do artigo, “os alicerces dunha nova etapa de diálogo fluído e sistemático”.



Pedreira, Carlos, “A Universidade de California incorpora a lingua e literatura galega nos seus programas”, *Faro de Vigo*, 21 maio 1997, p. 49.

Infórmase da incorporación dos estudos de lingua e literatura galegas na Universidade de California, en virtude dun acordo asinado por esta universidade e as autoridades autonómicas galegas que prevé tamén a concesión de bolsas de investigación. Sinálase tamén que esta iniciativa partiu dun cursiño celebrado no ano académico 95-96 e organizado por Giorgio Perissinotto, director do Departamento de Español e Portugués da Universidade de California, no que participaron Francisco Fernández Rei e Xosé Ramón Pena.



Peón, A., “Rusia destaca la labor de Manuel Fraga como jurista de una resonancia mundial”, *El Correo Gallego*, 27 maio 1997, p. 21.

Recolle a visita do presidente da Xunta de Galicia á cidade de San Petersburgo para ser investido doutor “Honoris causa” pola Universidade de dita cidade, acto que se fixo coincidir coa realización dun curso sobre literatura galega que se celebraba na Universidade de San Petersburgo, ó que asistían os profesores de literatura Anxo Tarrío e Blanca-Ana Roig Rechou.



Pereira, Nonito, “Rosas a Rosalía: continúa el idilio entre la poetisa y Amancio Prada”, *El Ideal Gallego*, 23 outubro 1997, p. 30.

Anuncio do novo disco do cantautor Amancio Prada que contén todo o seu repertorio sobre Rosalía de Castro e a “Negra Sombra”, canción de Juan Montés. No disco participa a Real Filharmonía de Galicia dirixida por Maximino Zumalave e cantan ou recitan artistas como María del Mar Bonet e Nuria Espert.



Pereira, Xosé, “Levantar el telón en Pontevedra, misión prácticamente imposible”, *Diario de Pontevedra*, 11 agosto 1997, p. 10.

Comentario de marcado ton crítico sobre a situación do teatro na cidade de Pontevedra. Infórmase dos novos proxectos e iniciativas das diferentes compañías de teatro e alúdese á III Mostra de Teatro na Pedreira na que participaron, entre outros, tres grupos da cidade: Teatro de Ningures, Producións Teatrais do Sur e Teatro do Morcego. Remata o artigo cunha breve alusión ás dificultades coas que se atopa a actividade teatral na cidade: a falta de formación dos actores e actrices, a política do Concello e os problemas económicos, entre outras.



_____, “Emotivo homenaje en recuerdo del profesor Filgueira Valverde”, *Diario de Pontevedra*, 14 setembro 1997, p. 10.

Informa da celebración do funeral de aniversario en homenaxe ó profesor Figueira Valverde na basílica de Santa María. Sinala ademais os aspectos máis destacados da traxectoria intelectual do que foi presidente do Consello da Cultura Galega.



Pérez, Luis, “Lembranza de Roberto Rodríguez, galego da nación emigrada”,
A Nosa Terra, nº 803, “Guieiro Cultural”, nº 803, 6 novembro 1997, p. 25.

Con motivo do pasamento de Roberto Rodríguez, bibliotecario do Centro Galego de Buenos Aires, recórdase a súa biografía e sinálase que foi o descubridor en 1970 do manuscrito da primeira novela galega: *Maxina ou a filla espúrea*, do estradense Marcial Valladares.



Pérez Rodríguez, Luís, “Carlos Martínez Barbeito e a sua amizade con Federico Garcia Lorca”, *A Nosa Terra*, nº 791, “Guieiro cultural”, 14 agosto 1997, p. 27.

Analiza as cartas enviadas entre Carlos Martínez Barbeito e Federico García Lorca para comentar a relación que houbo entre ambos. Así fai referencia ós lazos amicais e intelectuais que mantiveron e a importancia que tivo o contacto de Lorca co escritor galego na escrita dos seus poemas galegos. Ademais apunta que das misivas pode tirarse que Lorca actuou como promovedor poético de Martínez Barbeito ó que lle solicitou algúns poemas para publicaren conxuntamente. Remata solicitando un maior estudio e publicacións que dean a coñecerlos seis poemas galegos de Federico García Lorca.



Pernas, Gustavo, “Esta señora...”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 19 xullo 1997, p. 37.

Gustavo Pernas conta a visita de dúas persoas a un crematorio para recoñecer un cadáver. Atopan alí a un cura, partidario da incineración dos mortos, que lles irá explicando, detalladamente e con naturalidade, todo o proceso. O debuxo corresponde a Alfonso Sucasas. A versión castelá foi publicada en *El Correo Gallego*.



Peruga, Pilar, “Los trovadores del campus”, *El Progreso*, 5 xuño 1997, p. 4.

Informa das actividades do grupo cultural *Celtia*, formado por dez alumnos de diversos centros do campus universiario de Lugo, e que van dende os recitais poéticos ata os faladoiros sobre literatura “en compañía de conocidos escritores lucenses y gallegos”, aínda que tamén afirman te-
lo propósito de crear unha publicación para recoller colaboracións de tódolos membros do grupo.



_____, “El préstamo de libros desbordó las previsiones de la nueva biblioteca”,
El Progreso, 6 novembro 1997, p. 9.

Dá conta da inauguración da biblioteca intercentros, situada no edificio central do campus lugués, á que se achegaron cerca de medio millar de persoas. Achega ademais opinións proferidas sobre a nova biblioteca e certos datos referentes sobre o seu funcionamento.



Pestana, Paco, “Pans prestados”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 13 agosto 1997, p. 35/p. 10.

Paco Pestana conta unha imaxinaria pelexa a morte entre Agustín Centellamorena e Josusmaría que remata antes de se iniciar, posto que era froito da imaxinación de ámbolos dous personaxes. A ilustración corre a cargo do autor.



Piñeiro, A., “Moraima descansa xa para sempre a carón do seu home, poeta e amigo, Celso Emilio”, *La Región*, 7 xaneiro 1997, p. 3.

Dáse noticia do soterramento en Celanova de Moraima Loredó, muller e compañeira de Celso Emilio Ferreiro. Faise un breve resumo da presenza de Moraima na obra do seu home.



_____, “Méndez Ferrín e os seus colegas de ensino levaron as aulas ó mosteiro de Celanova”, *La Región*, 17 maio 1997, p. 29.

Informa da visita a Celanova de Méndez Ferrín cos seus alumnos co fin de coñece-lo medio no que viviron os poetas Curros Enríquez e Celso Emilio Ferreiro. O mesmo tempo o escritor ourensán lembrou a Fole, a quen se lle dedica o Día das Letras Galegas destacando a “rica gama idiomática dos seus contos e a riqueza lingüística das terras do Caurel”. Celebrouse ademais un acto literario no que dous alumnos leron poemas de Celso Emilio Ferreiro e Curros Enríquez



Piñeiro, Antonio, “Alfredo Conde: “Eu non son un escritor nacionalista”, *La Región*, 16 marzo 1997, p. 19.

Nota sobre a conferencia ofrecida dous días antes polo escritor Alfredo Conde, na que declarou estar afastado das teses do nacionalismo.



_____, “Santamariña inaugura en Celanova una nueva cita con el libro”,
La Región, 25 xullo 1997, p. 15.

Noticia do acto de inauguración da Feira do Libro de Celanova durante o cal Antón Fidalgo Santamariña salientou o papel que Celanova exerce xunto con Padrón, Rianxo e Mondoñedo na literatura galega.



_____, “Una jornada de música y encuadernación”, *La Región*, 26 xullo 1997,
p. 15.

Informa dos actos que se desenvolven en Celanova dentro da Feira do Libro e entre os que se atopan música, a actuación de Os Quinquilláns e un obradoiro de encadernación. Nomea, así mesmo, as librerías que participan no evento.



_____, “El libro llegó al fin a Celanova”, *La Región*, 29 xullo 1997, p. 16.

Informa da clausura da segunda Feira do Libro de Celanova. Recolle as declaracións de Marita Fernández, directora da feira, nas que fai un balance positivo deste evento. Comenta que o obxectivo principal é facilita-lo achegamento dos lectores potenciais ás novidades editoriais.



Pousa, Luis, “A literatura galega entra en Internet”, *El Ideal Gallego*, 10 abril 1997, p. 39.

Infórmase da aparición da páxina web de Edicións Xerais de Galicia, primeira dunha empresa editorial privada en Galicia, feito que supón situa-la literatura galega en Internet, a través do enderezo <www.xerais.es> e que, segundo a noticia, amosa que as autoestradas da comunicación non só non están a destruí-la cultura senón que facilitan ó acceso ás fontes de creación. Recóllese a opinión do director da editorial, Manuel Bragado, quen di que a normativización lingüística e a cultural pasan polo soporte dixital e o futuro da edición pola apertura do libro galego a ámbitos novos. A noticia explica que na páxina pode consultarse documentación de obras, coleccións e Premios Xerais; destaca que Xerais é a primeira empresa editorial privada de Galicia e que polo Día das Letras Galegas van editar un CD-Rom adicado a Ánxel Fole e unha fotobiografía ademais dunha serie de títulos sobre o autor lugués.



_____, “Editar en Galicia: entre a recuperación da memoria e o novo soporte dixital”, *El Ideal Gallego*, 13 abril 1997, p. 48.

Recóllense opinións dos responsables de distintas editoriais galegas. Pilar Sampil, da Editorial Galaxia, fala da súa aposta polo libro de texto e afirma que xa contan cunha páxina en Internet. Charo Porte, de Edicións do Castro, expón a súa liña de traballo e a súa memoria histórica. O artigo refírese ademais ó tema das subvencións da Consellería de Cultura.



_____, “A renuncia de García-Sabell abre as portas á revitalización da Real Academia Galega”, *El Ideal Gallego*, 23 maio 1997, p. 35.

Noticia da renuncia de Domingo García-Sabell como presidente da Real Academia Galega. Faise un balance crítico sobre a xestión de García-Sabell á fronte da citada institución. En xeral, criticase a situación de “parálise e bloqueo da Academia ás novas xeracións de escritores e intelectuais vinculados ós problemas do idioma”. O artigo remata cunha breve alusión á situación actual da Academia e ó seu futuro inmediato.



_____, “Un filólogo ou un galeguista histórico, posible novo presidente da Academia”, *El Ideal Gallego*, 29 maio 1997, p. 36.

Comeza coa previsión de que o proceso de elección do novo presidente da Real Academia Galega vai levar tempo e refírese á “aposta” duns por unha persoa nova e especialista en filoloxía e a doutros por un intelectual de peso no galeguismo histórico. Recóllese a opinión de Manuel Rivas, que considera irrelevante a idade e a condición de escritor ou de filólogo do futuro presidente. O escritor coruñés cre transcendente a presenza de máis xente nova, aposta por un presidente con experiencia e considera a Fernández del Riego como candidato ideal. Tamén lle resta importancia ó feito da idade e a profesión de Carlos Casares, quen rexeitou a posibilidade de ser el elixido. Conclúe coa opinión de Fernández del Riego, quen comentou que só aceptaría ser presidente da institución nun caso excepcional e que o reto máis importante da Academia no futuro é conseguir medios económicos para face-lo seu labor.



_____, “Manuel Rivas, un narrador en Cinelandia”, *El Ideal Gallego*, 22 xuño 1997, p. 51.

Noticia que informa da escolla do relato de Manuel Rivas titulado “A lingua das bolboretas”, pertencente ó volume *¿Que me queres, amor?* (1995), para ser levado ó cine polo director José Luis Cuerda con guión de Rafael Azcona. Inclúese un resumo do argumento do conto e un percorrido pola traxectoria do guionista, destacando as súas colaboracións con importantes directores de cine como Berlanga, Ferreri ou Trueba, e tamén unha lista coas obras anteriormente publicadas por Rivas.



_____, “La cultura gallega rinde tributo al escritor e historiador Carlos Martínez-Barbeito”, *El Ideal Gallego*, 24 xuño 1997, p. 36.

Noticia que dá conta dos actos do enterramento do intelectual Carlos Martínez-Barbeito, ós que asistiron personalidades da vida política e cultural galega e coruñesa. Entre eles salienta a presenza de Domingo García-Sabell e Enrique Cornide, ambos amigos do falecido, que louvaron a capacidade intelectual e humana deste ilustre persoeiro. Dise tamén que o concello da Coruña lle dará o seu nome a unha rúa da cidade e que a Deputación está a preparar unha edición da súa obra inédita *La Coruña a vista de gaviota y a ras de tierra*.



_____, “El teatro gallego reclama la creación de una Escuela Superior de Arte Dramático”, *El Ideal Gallego*, 3 xullo 1997, p. 35.

Recole as opinións de diferentes persoas relacionadas co mundo do teatro sobre a creación da Escola Superior de Arte Dramático, para a que o concello da Coruña está disposto a ofrece-los terreos e infraestructuras precisas para a súa construción. Entre elas están as de Manuel Lourenzo que se mostra defensor do rango universitario dos estudos dunha futura escola de arte dramático; Xulio Lago pensa que a escola é imprescindible; Xavier Lama reclama unha escola, pero con solidez e sen improvisación; e Xavier Estévez considera que a clave do principal problema ó que se enfrontan as artes escénicas é a falta de inversión.



_____, “La literatura encoge con el calor”, *El Ideal Gallego*, 12 xullo 1997, p. 41.

Coméntanse as estratexias estivais das editoriais centrándose na colección Minibolsillo que vén de lanzar Alianza Editorial. Faise saber que esa colección pretende dar a coñecer as cinco literaturas peninsulares e sinálase a Ferrín, con *Percival en su bosque*, como representante galego.



_____, “Da canteira de Álvaro Cunqueiro ó “boom” das letras galegas en Europa”, *El Ideal Gallego*, 9 novembro 1997, p. 41.

Reflexiona sobre o actual “boom” da literatura galega. Cítase a Manuel Rivas, Carlos Casares e Pere Gimferrer (director de Seix Barral, autor e académico). Tamén incide no éxito que están a logra-las nosas letras en países como Francia, Cataluña (onde conta cun valedor como Basilio Losada) ou Alemaña. Non esquince sobrancea-la sorpresa de Gimferrer ó observar que o xénero galego de maior tradición, a poesía, non foi aínda recoñecido con premio ningún de carácter estatal.



_____, “Manuel Lourenzo, un cómico do Valadouro”, *El Ideal Gallego*,
9 novembro 1997, p. 46.

Informa da concesión do Premio Nacional de Literatura Dramática a Manuel Lourenzo, un dos principais representantes da escrita teatral en Galicia e cun longo percorrido polas máis importantes compañías e salas teatrais galegas. O artigo sinala tamén as súas principais obras dramáticas.



_____, “Aguirre se olvida de Álvaro Cunqueiro”, *El Ideal Gallego*, 16 novembro 1997, p. 39.

Crítica contra o texto do proxecto de Real Decreto de reforma das Humanidades presentado pola ministra Esperanza Aguirre porque nel non se contempla o estudio de autores galegos tan importantes como Cunqueiro, Fole, Castelao etc. Pola contra si se contempla o estudio da poesía galega do século XX.



Pozo, Luz, “Unha rapaciña fala coas ondas do mar”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 4 xullo 1997, p. 53/p. 13.

Neste fragmento de *Ondas do mar de Vigo*, Luz Pozo explica, a través da voz dunha rapaciña, os sentimentos amorosos e a vida das doncelas protagonistas das cantigas galego-poruguesas medievais. O debuxo desta entrega corresponde a María Victoria de la Fuente.



Prado, Aurora, “Noche de premios feministas en Vigo”, *Atlántico Diario*, 26 maio 1997, p. 63.

Inicia o artigo cunha alusión á clausura do simposio sobre lingua e literatura galega en San Petersburgo, a presentación da edición ruso-galega dunha antoloxía de poesía da Galicia e do libro de Sofía Casanova, *Galicia, la inefable*, editado pola Xunta de Galicia. Así mesmo, infórmase da celebración da novena edición dos premios anuais convocados polo Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller. Nesta ocasión, a galardoada foi a escritora María do Carmo Kruckemberg polo seu labor no colectivo O'7%.



Q. C., “A biblioteca de Carballo Calero pertence xa a tódolos galegos”, *O Correo Galego*, 28 xuño 1997, p. 45.

Noticia do acto de doazón da biblioteca e arquivo de Carballo Calero ó parlamento de Galicia. Recóllense as palabras da filla e da viúva do intelectual que destacaron, respectivamente, a importancia do legado e o multifacetismo de Carballo Calero. Faise referencia, así mesmo, os aspectos do ferrolán que foron salientados polos presentes: Victorino Núñez referiuse a simpatía de Carballo pola autonomía, Pilar García Negro á defensa do idioma, Darío Villanueva ó labor académico e docente e Fernando González Suárez á calidade humana.



_____, “Fernández del Riego toma posesión como novo presidente da Academia”, *El Ideal Gallego*, 30 novembro 1997, p. 40.

Coméntanse os incidentes que rodearon a elección do novo presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego. O articulista afirma que non houbo unanimidade na súa elección e revela os nomes dos membros do equipo directivo: Constantino García desempeñará o cargo de secretario, Luz Pozo Garza será a vicesecretaria e, finalmente, Xosé Ramón Barreiro e Antonio Gil Merino actuarán como tesoureiros. Remata o artigo cunha breve alusión ás diferentes reaccións que provocou a elección de Francisco Fernández del Riego como novo presidente da citada institución.



_____, “Del Riego defende unha Academia renovada e independente do poder político”, *El Ideal Gallego*, 30 novembro 1997, p. 41.

Breve comentario sobre os proxectos inmediatos do novo presidente da Real Academia Galega, Francisco Fernández del Riego. Entre outros obxectivos pretende conseguir un financiamento estable por parte da Xunta de Galicia así como contribuír á normalización lingüística do idioma galego. Fernández del Riego afirma que a Academia é unha “institución totalmente apolítica e independente que está ó servizo da cultura galega e do seu idioma”. Engade que “non pode adscribirse a ningunha tendencia política, porque entón non representaría á cultura galega en xeral, senón a un sector determinado do país”.



Queizán, María Xosé, “O solpor do Miño”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de La Voz”, “A ruta do autor”, 5 outubro 1997, p. 13.

Describe poeticamente a paisaxe da desembocadura do Río Miño centrándose nalgúns puntos como A Insua, Tegra e Camposancos.



Quessada, Xaime, “O mouchiño”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 1 agosto 1997, p. 55/p. 11.

Cóntase a viaxe do fillo de Merlín, convertido nun moucho, dende Irlanda ata a Península Ibérica a través dun arco da vella. Atópase no ceo de Castela cunha cegoña que o pon ó día sobre as novas máis recentes nun ton nada amable. A conversa con esta compañeira de viaxe remata en pelexa e co corpo do fillo de Merlín nas augas da fonte de Cibeles. Alí coñece a esta deusa grega que lle recomenda ir a Galicia para salva-los bosques que aínda quedan libres dos “monógamos e necrófilos eucaliptos”. Está ilustrado cun debuxo do autor.



Quintáns S., Manuel, “O ‘nabo-wester’, un novo xénero”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 27 xullo 1997, p. VII.

Mostra a súa simpatía pola editorial Edicións Positivas e louva que na súa Colección popular se publicou a traducción da obra *Por unha presa de machacantes* (1996), de Isy New, obra que desmitifica o xénero do “Far West”.



Quintero, Beatriz, “Un puente entre dos culturas”, *El Ideal Gallego*, 6 marzo 1997, p. 19.

Informa da iniciativa do profesor escocés David M. Clark, da Universidade da Coruña, de traducir ó galego a novela *Trainspotting* xunto cun equipo de traballo formado por alumnos e alumnas da Facultade de Filoloxía. Recolle as consideracións do profesor sobre esta iniciativa nas que considera de grande interese a linguaxe marxinal empregada na devandita obra e coida que “una lingua minoritaria se traduce mucho mejor a otra lingua minoritaria”. Indica ademais que a idea xurdiu como un proxecto de clase que derivou na creación dun obradoiro de traducción da Facultade e opina que estes grupos de traballo son enriquecedores por favorece-lo intercambio no coñecemento de ámbalas dúas culturas, e que fomentan a investigación. Engade finalmente que a traducción ó galego é un campo sen explotar pois fóra das obras clásicas, a narrativa contemporánea a penas se traduce.



Quiroga Diaz, José Carlos, “Encostado ao Kuticaka”, *O Correo Galego*,
“Chineses”, 7 marzo 1997, pp. 9-15.

Recóllense nestas seis páxinas os poemas titulados “Encostado ao Kuticaka”, “Tu dança”, “Certezas”, “Caso de sexo” e “Neurona”. Nestas composicións de corte intimista predomina o verso longo así como os xogos coa forma e o sentido das palabras. Os versos veñen seguidos dun perfil do autor elaborado por Manuel Oliveira e que tamén se describe neste apartado.



R. B., “Rosalía de Castro en la obra de Cela”, *El País*, “*Babelia*”, nº 297, 12 xullo 1997, p. 17.

Infórmase da publicación do número 10 da revista *Extramundi* publicada pola Fundación Camilo José Cela, que contén traballos sobre o significado da obra de Rosalía de Castro na de Camilo José Cela. Dise que Rosalía de Castro, despois de cumprirse cen anos do seu falecemento “merece la calificación de clásico universal”. Adiántase parte da nómina de estudiosos que participan no número.



R. C. G., “Miragaia di que “os galegos entenden e viven o humor”, *El Progreso*, 5 decembro 1997, p. 64.

Presentación en Lugo do libro *Manual para escritores e outras sátiras*, de Manuel Miragaia. O libro, segundo o autor, é asequible a tódolos lectores e nel cultívase sobre todo o humor. A presentación correu a cargo de Xosé Luis Otero Cebral quen destacou o tesón literario do autor, o apego a terra e o respecto á lingua.



R. F., “O instituto tivo gran incidencia en Galicia”, *La Región*, 22 febreiro 1997, p. 19.

Dá noticia da última conferencia que impartiu Xulio Francisco Ogando Vázquez no Instituto Otero Pedrayo con motivo da celebración do centenario do Centro. A partir do título “O Instituto e a cultura galega” falou da creación do centro, dos mestres que impartían docencia nos primeiros anos do seu nacemento, todos eles destacados alumnos da Universidade de Santiago, do cambio de ubicación do centro, do influxo dos homes da Xeración Nós e da actividade dos catedráticos, que non se limitaba á carreira docente. Citou tres valores definitorios do centro: fondura na misión docente, encarnación no medio e co ámbito social no que realiza o seu traballo e a súa apertura coa ideoloxía novidosa e progresista tanto no eido político coma ideolóxico. Rematou referíndose a que na actualidade este centro, seguindo a ideoloxía dos tempos, só ten influencia docente.



_____, “Penso que as miñas obras nunca deixan indiferente ó lector”,
La Región, 15 marzo 1997, p. 17.

Artigo en que se comenta, con profusión de citas textuais, a conferencia que o coruñés Miguel Suárez Abel impartiu perante alumnos de ensino medio da capital auriense. A charla versou principalmente sobre a relación deste autor coa literatura.



_____, “Unha nova interpretación de Lamas Carvajal”, *La Región*, 23 marzo 1997, p. 21.

Noticia da conferencia pronunciada no Ateneo por Xesús Alonso Montero, baixo o título “O gran preperiodista Valentín Lamas Carvajal: unha nova interpretación”, na que expuxo certos aspectos da traxectoria vital e xornalística de Lamas, onde chegou a definilo como “un dos grandes periodistas que ten dado Galicia”. Fai referencia tamén ás publicacións que dirixiu, entre as que destaca *O Tío Marcos da Portela*, da que presenta unha breve historia e os motivos do seu grande éxito.



_____, “¿Tiene alguno de esos libros...?”, *La Región*, 24 abril 1997, p. 18.

Refírese á mostra organizada pola Agrupación Provincial de Libreiros de Ourense co gallo do Día Mundial do Libro. Recóllense as palabras de Pilar Rodríguez Álvarez, presidenta da agrupación, sobre a mostra e sobre os xéneros máis solicitados, a novela e a literatura infantil. Informa ademais da presentación no Liceo da obra *Mar tenebrosa. A costa da morte do sol* de Ramón Allegue Martínez e con fotografías de Ramón Allegue Barreiro.



_____, “Nostálxica viaxe ó pasado da man dun “logonauta”, *La Región*, 30 abril 1997, p. 19.

Informa da presentación do libro *O rito do regreso* (1996), Edelmiro Vázquez Naval. Recóllense as opinións do profesor de filosofía Xosé Manuel Domínguez Prieto, que cualificou ó autor de “logonauta” porque fai unha viaxe ó pasado a través da creación poética, destacou a extraordinaria calidade poética da obra, o seu interese dende o punto de vista filosófico, así como a continuidade coa primeira obra do autor e as resoancias existencialistas de Sartre xunto con raiolas de ilusión. Sinálase que no acto os compoñentes do grupo Dolmen recitaron algúns dos poemas da obra acompañados ó piano por Ángel Losada. Conclúe con algunhas notas biográficas de Vázquez Naval.



_____, “Unha chea de actos que potencian a cultura”, *La Región*, 23 maio 1997, p. 21.

Infórmase do programa de actividades que desenvolverá o Clube Cultural Alexandre Bóveda ata o mes de xuño. Entre outras destacan unha cea-homenaxe ó escritor e ensaísta Vicente Risco; a entrega dun dossier de prensa á viúva de Alexandre Bóveda, Amelia Álvarez Gallego; a organización duns “roteiros culturais” dedicados a Ánxel Fole e a celebración do IV Encontro de Escritores titulado “Oralidade e as letras”.



_____, “Un tropezón con la lectura”, *La Región*, 30 maio 1997, p. 23.

Dáse noticia da inauguración oficial da XIII edición da Feira do Libro de Ourense. Faise alusión á lectura do pregón a cargo da escritora Fina Casalserrey e resúmese o programa de actos entre os que se menciona a presentación da revista *Rock Bravú* e do libro *Poemas*, de Laura Carrera.



_____, “La lluvia no sabe leer”, *La Región*, 3 xuño 1997, p. 22.

Noticia que informa das consecuencias da chuva sobre as vendas e as actividades programadas na XIII edición da Feira do Libro de Ourense. Ademais, recóllense opinións sobre a Feira do académico Xulio F. Ogando Vázquez, o libreiro Francisco Negro Fernández e o escritor Felipe Suárez. Así mesmo, informa dalgunhas das actividades programadas, especialmente de carácter lúdico e artístico para os nenos.



_____, “Ourense é un fecundo espacio literario”, *La Región*, 7 xuño 1997, p. 17.

Recolle información sobre o IV Encontro de Escritores, inaugurado cunha conferencia do escritor Carlos Casares, que pretende “debatir sobre a oralidade e as letras, e provocar unha reflexión sobre a crítica literaria”. Ó longo do artigo inclúense fragmentos da conferencia de Casares, que se centrou “fundamentalmente en Vicente Risco e Ánxel Fole” e falou da “grande alegría” que lle producía estar en Ourense e participar no Encontro. Ademais, indícase que se celebrou unha mesa redonda baixo o título de “Lingua popular e discurso literario”. O artigo péchase presentando os actos que completarán as xornadas posteriores.



_____, “A forza da oralidade nas letras”, *La Región*, 8 xuño 1997, p. 18.

Infórmase sobre os contidos da segunda xornada do IV Encontro de Escritores que contou cunha conferencia de Manuel María titulada “Os poetas da miña tribu e a miña lingua”, na que falou de diversos poetas, de tódolos tempos, ligados á Terra Cha, do bo momento que, ó seu xuízo, atravesa a poesía galega e mostrouse “moi agradecido” de participar no Encontro. A seguir, levouse a cabo unha mesa redonda titulada “A cultura popular na literatura galega”, houbo unha conferencia sobre “Memoria e tradición na obra dun escritor ourensán” e desenvolveuse a mesa redonda “A supervivencia da oralidade na literatura”.



_____, “Ver los ojos del lector”, *La Región*, 9 xuño 1997, p. 10.

Noticia que informa dos actos de clausura da XII edición da Feira do Libro de Ourense, destacando a presenza dos escritores Ramón Luis Acuña e Xesús Alonso Montero que asinaron exemplares das súas últimas obras. Tamén se recollen afirmacións dos autores sobre o interese destes actos por facilita-lo contacto cos lectores e sobre os contidos dos seus libros. Remata cunha valoración positiva por parte da directora da comisión organizadora da Feira.



_____, “Descubriendo novos matices dun arquitecto da palabra”, *La Región*,
19 setembro 1997, p. 17.

Achéganos unha síntese biográfica de Blanco Amor previa á información sobre a inauguración oficial das Xornadas que, con motivo do centenario do nacemento do escritor ourensán, desenvolvéronse na cidade das Burgas. Recolle as palabras laudatorias das personalidades presentes dedicadas ó autor de *A Esmorga*. Finalmente, resume as tres conferencias inaugurais, pronunciadas por Antonio Carreño, Vicente Araguas e Victoria Ruiz Ojea. Coinciden os tres en salientar as cualidades da narrativa de Blanco Amor así como a vixencia que segue tendo hoxe en día a súa obra.



_____, “A psicoanálise, Lorca e Ourense”, *La Región*, 19 setembro 1997, p. 18.

Coméntanse as conferencias de Alonso Montero sobre Lorca e Blanco Amor; de Forcadela sobre Blanco Amor e a psicanálise, tomando como exemplo *A esmorga*, e de Luisa Blanco sobre a presenza de Ourense na obra de Blanco Amor, especialmente en *Xente ao lonxe*. Tamén se cita a celebración dunha mesa redonda sobre o teatro deste autor e se comenta o programa do derradeiro día das xornadas.



_____, “Anarquía y creación”, *La Región*, 21 outubro 1997, p. 13.

Informa da presenza de Carlos Penelas no I Congreso de Poetas Galegos celebrado en Vilagarcía. Alude á súa produción literaria centrándose na súa última obra poética, *Anarquía y creación*, sobre a que presenta diversas consideracións emitidas polo seu autor.



_____, “Hoxe a poesía é máis necesaria ca nunca”, *El Correo Gallego*,
22 outubro 1997, p. 15.

Dáse conta da celebración dun recital no que Xosé Carlos Caneiro, acompañado pola guitarra de Manuel Salgado, leu trinta poemas de amor. Finalmente recóllense as declaracións do autor de Verín nas que salienta a necesidade actual da poesía e do seu espallamento.



_____, “Retratos de Eduardo Blanco Amor, “o fillo da florista”, *La Región*,
30 outubro 1997, p. 17.

Anúnciase a celebración dunha exposición de trinta e tres fotografías de Eduardo Blanco Amor organizada polo Clube Cultural Alexandre Bóveda, a cal terá lugar no Liceo Recreo Ourensán. Dáse conta de que as instantáneas irán acompañadas de cadanseu texto fornecido por autores como Isaac Díaz Pardo, Neira Vilas ou Maribel Outeiriño. Cítase integramente o enviado por Manuel María.



_____, “Valente, cara o Premio Nacional”, *La Región*, 6 novembro 1997, p. 17.

Informa da posibilidade de que José Ángel Valente gañe o Premio Nacional das Letras Españolas ó que optan tamén Johan Broza e a Francisco Nieva. Cita a presenza no xurado de Xulio Ogando Vázquez, quen considera que son moitas as opcións do poeta ourensán e cualifica de éxito o nomeamento de Valente e a concesión do Premio Nacional de Literatura Dramática a Manuel Lourenzo. Ogando Vázquez considera que Manuel Lourenzo presta na súa traxectoria gran servicio ó teatro e que leva a literatura galega cara a temas universais



_____, “Unha boa lección de historia”, *La Región*, 18 novembro 1997, p. 17.

Dá conta do acto de presentación da exposición “Os carteis de cego”, no que participaron Guillermo Escrigas, Marcos Valcárcel e Isaac Díaz Pardo, que participa con algunhas obras xunto a outras de Castelao, Picasso e obras editadas pola Generalitat catalana nos anos da Guerra Civil.



_____, “Soy un autor bastante meticoloso”, *La Región*, 31 decembro 1997,
p. 15.

Informa da concesión do XXIV Premio de relato curto “Ciudad de Tudela” ó ourensán Marco Valerio Lama. Faise ademais un repaso pola traxectoria do autor e resáltase a consecución en 1997 do Premio Manuel Orestes Rodríguez e o segundo posto no certame “Premio Ourense de Contos”. Recóllense finalmente as palabras do propio escritor, que se considera meticoloso, di que o traballo é máis importante cá inspiración e fala da súa aspiración de encontrar un oco na literatura.



R. G., “Intelectuais galegos rinden unha homenaxe á memoria de Paz Andrade”,
Faro de Vigo, 11 marzo 1997, p. 7.

Anúnciase o programa de actividades que vai levar a cabo a Asociación Galega da Língua para lle render homenaxe a Valentín Paz Andrade, cando se cumpren dez anos do seu pasamento. No programa inclúense mesas redondas, que se celebrarán os días 26, 27 e 28 de maio, onde se lembrará o perfil do homenaxeado, a súa reponsabilidade no desenvolvemento de Vigo e o seu labor literario. Tamén se lle propondrá ó alcalde de Vigo que unha rúa leve o seu nome, ademais de facer unha ofrenda floral o día 19 de maio, día do seu pasamento, ante a tumba deste “esgresvio galeguista”.



_____, “Luz Pozo: A Academia vai a inaugurar unha nova etapa”, *La Voz de Galicia*, 2 decembro 1997, p. 67.

Despois de anunciar que Luz Pozo ten xa preparado un novo libro de poemas, reproducense opinións da poeta en relación coa nova etapa da R.A.G. Salienta tamén a publicación *Cadernos de Lingua* que dende a Academia dirixen Constantino García e Manuel González. Remata referíndose a Olga Gallego e Salvador García Bodaño, tamén académicos.



R. R., “O Igaem leva 50 funcións pola Rede Galega de Teatros”, *O Correo Galego*, 26 marzo 1997, p. 34.

Dá conta das quince compañías teatrais e das representacións que levarán a cabo nas localidades que forman parte da Rede Galega de Teatros e Auditorios, ó que, segundo engade, se sumou recentemente o Concello de Narón.



_____, “Xerais’ recibe o premio ó mellor libro editado no 96”, *O Correo Galego*, 20 setembro 1997, p. 3.

Informa da concesión deste premio do Ministerio de Cultura ó libro *A muller tradicional. Álbum de Galicia* (1996), edición de Ricardo Polín e sublíñase que por segundo ano consecutivo unha obra da editorial galega é galardoada polo Ministerio, xa que na edición anterior resultara premiado *A memoria da Coruña. Álbum de postais*.



R. R. V., “Anisia Miranda e Xosé Neira Vilas visitaron o Muiño de Camposancos”,
Faro de Vigo, 31 outubro 1997, p. 38.

Tras comenta-la visita de Neira Vilas e a súa muller ó Baixo Miño, o artigo céntrase na xénese e funcionamento da biblioteca emprazada na casa paterna do escritor de Gres.



R., Nacho, “Éxito da Feira do libro deste verán”, *Redacción Xove*, nº 6, setembro 1997, p. 12.

Noticia da inauguración da Feira do Libro de Vigo na que se menciona o pregón de Antonio García Teijeiro e a presenza de escritores como Moncho Borrado ou Ana Pereira para asinar exemplares dos seus libros. Coméntase a impresión de falta de variedade que expresou o público e o especial protagonismo do cómic. Ademais cítanse toda unha serie de actividades como a actuación de Os Quinquilláns, charlas e presentación de libros.



R., Nacho, Andrés Ch. e Javi C., “Dez días de exposición literaria para todos los públicos”, *Redacción Xove*, nº 6, setembro 1997, p. 13.

Refírese á Feira do Libro de Vigo que tivo lugar durante os dez primeiros días de xullo e comenta algúns aspectos como por exemplo a cifra de cincuenta mil títulos expostos dos que tan só un vintecinco por cento eran galegos. Ademais céntrase na presentación do libro *Meu querido padre Ramón*, de Moncho Borrajo e do asinamento de libros por parte dos escritores Antonio García Teijeiro, Agustín Fernández Paz, Fran Alonso, Ana Pereira, Luis García Mañá, Moncho Borrajo, Fina Casalderrey, Xavier Alcalá, Otilia Seijas, etc., así como actuacións musicais ou charlas nas que houbo escaseza de público. Finalmente salientase o incremento na afluencia de público xove ou infantil.



Rábade Paredes, Xesús, “1660”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 9 agosto 1997, p. 35/p. 10.

Reproducción dun texto publicado anteriormente en *As sombras do barroco* (1994). É unha historia ambientada no século XVII, na que se recollen as desculpas dun xefe do exército acusado por un dos seus soldados de “impío e burlador da verdadeira relixión”. Narra varias aparicións e milagres de santos, moi estendidas entre a cultura popular da época, que el considera falsos. A ilustración corresponde a Javier Varela Guillot.



Raña, Román, “A aurora á unha noite de luz”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 7 agosto 1997, p. 45/p. 12.

Escolma poética que nos achega os seguintes poemas publicados na obra *Extramuros da noite* (1984): “Prefacio a algo”, “Voz no quebranto da noite”, “Inicio do periplo” e “Nunca direi desexo”. Reproduce tamén un poema sen título e outro titulado “Un mendigo”, ata agora inéditos. A ilustración corresponde a Urbano Lugrís.



Recio, Reyes, “Facendo cultura”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 9 novembro 1997, pp. XII-XIII.

Comenta o grande apoio que a Deputación da Coruña tributou sempre á literatura e pasa a glosar algún deses títulos publicados por esta institución.



Regueiro Tenreiro, Manuel, “Rosalía chega a América”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 98, 12 xaneiro 1997, p. 6.

Saúda a publicación dunha axenda para o 1997 titulada *On writers and writing* (*De escritores e escritoras*), que leva ó lado de cada día da semana nomes de escritores de todo o mundo, entre os cales figura Rosalía de Castro, na data do 23 de febreiro, día en que naceu a escritora galega. Ademais na mesma axenda faise unha semblanza de Rosalía de Castro.



Requeixo, Armando, “Premios literarios: A mazá da discordia”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 136, 7 outubro 1997, p. 1.

Reflexiona sobre os premios literarios e a súa repercusión no sistema literario galego. Destaca a capacidade dun premio para “catapultar a obra dun escritor novel”, aínda que afirma que o tempo é o que pon a cada un no seu lugar. De entre tódolos premios literarios salienta o Premio de Narrativa Blanco Amor, que este ano premiou a Suso de Toro e que “ten distinguido nestes últimos anos a autores e obras clave da nosa literatura”.



Reigosa, Carlos G., “A corda, a montaña por excelencia”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”, 12 outubro 1997, p. 13.

Alude á Corda: “a serra que une os altos lugueses de Abadín, Mondoñedo e Pastoriza nunha sinfonía de cumes, vagantías, encontros e fragas de beleza inesgotable”. Nesta paisaxe —segundo o articulista— o poeta Antonio Noriega Varela atopou “A Montaña por excelencia, e así a nomeou en numerosos poemas”. A continuación, describe con detalle o Coto de Carracedo e a denominada Bretoña, “espacios benqueridos de Álvaro Cunqueiro que, desde a Cruz da Cancela, outeaba as Terras de Miranda, onde Merlín, un daqueles bretóns artúricos con poderes máxicos, se retiraba para terminar os seus días” ou Loboso “onde lle contaban a Cunqueiro historias que despois foron fantásticas”.



Rekalde, Xabier, “Amancio Prada. Rosas para Rosalía”, *El Mundo*, “*La Esfera*”, nº 334, 22 novembro 1997, p. 7.

Coméntase o novo disco de Amancio Prada “Rosas a Rosalía”, que recolle poemas da obra de Rosalía de Castro, pomeas que xa tiña gravados pero que agora retoma para cantar co acompañamento da Real Filarmonía de Galicia. Cítanse tódolos colaboradores da obra e as diferentes aportacións de forma moi eloxiosa, sobre todo cando se refire ó cantautor berciano. Ó se referir ós poemas musicados fálase de que transmiten nostalxia, amor, soidade pero sempre deixando un camiño á esperanza.



Rial, Silvana M., “A filosofía bravú salta dos escenarios musicais ós quioscos en forma de revista”. *El Ideal Gallego*, 18 marzo 1997, p. 37.

Amplio artigo sobre o movemento “bravú”, protagonizado por un dos promotores do mesmo, Xurxo Souto. Este anuncia a saída ó mercado da revista *Bravú* que, dirixida por X. M. Pereiro quere selo medio de comunicación e reflexión de tódolos que teñen algo “bravú” que dicir. Asemade fala da inminente publicación do último libro de X. Souto, *Fumareu* que, enmarcada na literatura bravú, conta historias de mariñeiros, de misterio e de aventuras que lle aconteceron nas súas viaxes co grupo de música Os Diplomáticos de Montealto.



Rielo Lamela, Pedro, “O testamento da dor”, *A Nosa Terra*, nº 770, “Guieiro Cultural”, 20 marzo 1997, p. 22.

Refírese ás intervencións de Xosé Manuel Beiras, Miguel Anxo Fernán-Vello e Herminio Barreiro no transcurso da presentación do poemario *A señardade no puño* (1996), de Xosé Alexandre Crieiro. O responsable de Espiral Maior referiuse a esta publicación como “un libro que chega a queimar na nosa conciencia”. Coméntase tamén a evocación que Herminio Barreiro fixo do poeta, quen sinalou que a obra e a personalidade de Crieiro no se poden separar do seu pensamento comunista.



Ríos, Daniel R., “Emendarlle a plana aos lectores”, *A Nosa Terra*, 759, “A Aldea Global”, 2 xaneiro 1997, p. 12.

Comentario e crítica sobre un artigo publicado nun xornal no que se dicía que os mellores autores non eran aqueles que tiñan máis lectores senón que eran os que lían a Ferrín. Daniel Ríos considera isto un fanatismo ofrecendo diversos argumentos. A seguir, compara autores, sinala nomes indiscutibles da literatura, cita diversas obras, defende os diferentes gustos dos lectores e avoga pola lectura en xeral para logo quedar co que máis gusta.



Rivas, B., “José Filgueira: un sabio de Galicia”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del Domingo”, 5 outubro 1997, p. 14.

Comeza o artigo cunhas declaracións do director do Museo de Pontevedra, Xosé Carlos Valle, nas que compara a figura de Xosé Filgueira Valverde con Frei Martiño Sarmiento. Saliéntanse as contribucións de Filgueira en moitos ámbitos da nosa cultura, así como o pulo a diversos proxectos e entidades, especialmente o Museo de Pontevedra.



Rivas, Manuel, “Na Costa da Morte”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz”, “Vivir la vida”, 6 xullo 1997, p. 13.

Manuel Rivas describe a paisaxe da Costa da Morte e concretiza o seu espírito en topónimos como Trece. Salienta a humanidade e a vida cotiá dando unha perspectiva épica da vida dos seus habitantes. Lembra mitos celtas e considéraos apropiados para estas terras. Todo este mundo, co que se identifica, faille recorda-las palabras de Paul Valery, Emily Brontë, Isaac Díaz Pardo, Pondal.



_____, “Cando chorou Charo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 21 xullo 1997, p. 37/p. 18.

Neste texto, publicado con anterioridade en *Contos de cine*, relátanse as sensacións que recibe Antonio Ventura cando mira a película *Capitáns intrépidos* e ve “chorar de verdade” por primeira vez a alguén. Resume o argumento deste filme e as razóns dos saloucos de Charo A'Rubia. O debuxo desta entrega corresponde a Antonio Mouzo.



Rivas, Ramón, “Recital del actor Xaime Marín esta tarde”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1997, p. 21.

Refírese ó recital que tivo lugar no centro de Servicios Sociais “Casa Rosada” a cargo do actor Xaime Marín co título xenérico “Nova Antoloxía da Poesía Galega”. O acto foi patrocinado pola Fundación Alexandre Bóveda en colaboración co Concello de Poio co gallo do Día das Letras Galegas. Nel recitáronse poemas de Francisco Añón, Eduardo Pondal e Curros Enríquez, entre outros.



Rodeira, Natacha, “Os editores e os libeiros temen que se concentre o poder cultural”, *Redacción Xove*, nº 7, outubro 1997, p. 20

Coméntase que a Feira estatal do libro Liber’ 97 converteuse nun foro de contestación contra a ministra de Educación pola preocupación dos libeiros tralo anuncio por parte de Esperanza Aguirre dunha serie de medidas liberalizadoras con respecto ó libro. Indícase que as consecuencias serían especialmente negativas para Galicia pola ameaza que supón para a lingua e a literatura galegas e pola función eminentemente cultural que desempeñan as librerías no medio rural. Dá conta finalmente dun comunicado da Federación de Libeiros de Galicia a favor do abaratamento dos prezos dos libros sempre que se faga “con medidas intelixentes” e tras denunciar que a suposta baixada dos prezos conlevaría a medio e longo prazo a concentración da cultura en mans estranxeiras.



Rodríguez, C., “*Insula*”, *ABC*, “*ABC Literario*”, nº 271, 10 xaneiro 1997, p. 24.

Informa da publicación do número 24 da revista *Insula*, un monográfico sobre o concepto de canon literario. Cita os articulistas que participan e entre eles a Anxo Tarrío, autor das consideracións sobre o canon en Galicia.



Rodríguez, Manolo, “Tesoros de papel”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 118, 3 xuño 1997, pp. 1-2.

Fálase da biblioteca da Real Academia Galega como unha das máis importantes de Galicia, con case 60.000 títulos. Ademais, afírmase que se está levando a cabo un proceso de informatización dos fondos da biblioteca e preséntase unha historia das distintas sedes que ocupou dende a creación da Academia. Finalmente, valora o feito de que a biblioteca se enriquecese pola biblioteca do Pazo de Meirás, que pertencera a Emilia Pardo Bazán, e outras adquisicións e donativos, así como o seu contido de carácter xeral, pero maioritariamente sobre temas galegos.



Rodríguez, Nemesio, “Casares revela la pasión de Ernest Hemingway por Galicia”, *La Región/El Ideal Gallego*, 4 outubro 1997, p. 51/p. 39.

Dáse conta da lección inaugural do curso 1997-98 do escritor Carlos Casares no Instituto Español de Lisboa, que se centrou na relación que mantivo o escritor Ernest Hemingway con Galicia.



Rodríguez, Salvador, “Poesía sen fronteiras”, *Faro de Vigo*, “Fin de semana”, 31 xaneiro 1997, p. 4.

Nota na que se citan os catro títulos cos que Xerais estrea a colección “Ablativo Absoluto”: *Traballo de Campo* (1996), de Seamus Heaney; *O asasino estrábico* (1996), de Anxo Quintela; *Nínive* (1996), de Chus Pato e *Poemas da cidade oculta* (1996), de Estevo Creus. Cómentase que a intención dos responsables da colección é abranguer tanto poetas galegos, principalmente novos, coma traducións. Finalmente, cítanse os nomes que conforman o consello editorial (Fran Alonso, Iris Cochón, Xavier Cordal, Helena González, Antón R. López e Miro Villar) e sublíñase, con palabras de Fran Alonso, a calidade como criterio fundamental de elección de orixinais.



_____, “Regreso a Rosalía de Castro”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”,
17 novembro 1997, p. 8.

Dá noticia da aparición do novo disco de Amancio Prada titulado *Rosas a Rosalía*, no que interveñen cantantes como M^a del Mar Bonet, M^a Dolores Pradera ou Martirio e actrices como Marisa Paredes e Nuria Espert. Sinálase que este disco supón unha nova homenaxe do cantante berciano a Rosalía e que inclúe un tratamento renovado dos temas que leva cantando dende 1975



Rodríguez-Avial, E., “*El Extramundi*”, *ABC*, “*ABC Literario*”, 280, 14 marzo 1997, p. 19.

Describe o número 8 da revista *El Extramundi*. Cita os articulistas e entre eles a Euloxio Ruibal, que reproduce o seu traballo *A Greta Chirinbotas*.



_____, “Leer”, ABC, “ABC Literario”, 282, 28 marzo 1997, p. 20.

Informa da publicación do número 87 da revista *Leer* e da nómina de participantes. Entre eles inclúese unha entrevista a Carlos Casares da man de Vicente Araguas.



Rodríguez Fer, Claudio, “Amazonía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 6 agosto 1997, p. 35/p.13.

Inclúe tres textos breves publicados con anterioridade: “Todo Branco” e un sen título pertencentes a *O relato breve* (1991) e “Deséñame” incluído no número 6 do *Boletín Galego de Literatura*. O erotismo é o tema que vencella estes tres relatos independentes dende o punto de vista argumental. O debuxo é da autoría de Sara Lamas.



Rolland, Eduardo, “Doctores vigueses”, *Faro de Vigo*, 16 novembro 1997, p. 8.

O xornalista fai un breve percorrido pola historia dos nomeamentos de “doctor honoris causa” pola Universidade de Vigo, título que no ámbito da cultura galega ostentan Fernández del Riego e Filgueira Valverde.



Romaní, Ana, “Catro poemas”, *El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 11 setembro 1997, p. 10.

Ana Romaní recupera catro poemas publicados anteriormente no *Boletín Galego de Literatura* que están ilustrados por Fernando Casás.



Roy, Carlos G., “Os poetas galegos celebran un congreso en Vilagarcía no cincuenta aniversario da publicación de “Cómaros Verdes”, *El Mundo Galicia*, 26 setembro 1997, p. 7.

Lémbrese a figura de Aquilino Iglesia Alvariño e o aniversario da publicación de *Cómaros verdes*, motivo polo cal se organizou a celebración dun Congreso da Poesía Galega en Vilagarcía. Cítanse moitos dos poetas participantes no evento.



_____, “San Simón, una isla prestada”, *El Mundo Galicia*, 12 outubro, p. 8.

Referencia ó acto celebrado en Redondela pola cesión durante 30 anos, da Illa de San Simon á Administración autonómica. Infórmase de que no transcurso do acto tivo lugar un breve recital de poesía e zanfoña e se anuncian os proxectos a realizar na illa. Presenta ademais a historia da illa de San Simón ó longo do tempo.



Ruibal, José, “Os Mutantes”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”,
7 xullo 1997, p. 21.

Este texto preséntase baixo a forma de diálogo teatral, con acotacións incluídas, entre os personaxes “home” e “muller”. Presenta un mundo deshumanizado no que as relacións persoais perden todo o interese en favor do medre social e económico. A situación chega ó límite cando “home” non acode ó nacemento do seu propio fillo por motivos laborais. O relato está acompañado por un debuxo de Mercedes Ruibal. A versión en castelán foi publicada en *El Correo Gallego*.



S. B., “Un congreso de poesía reúne en Vilagarcía a los más afamados escritores gallegos”, *Atlántico Diario*, 25 setembro 1997, p. 24.

Anuncio da celebración do Congreso da Poesía Galega que inclúe o programa de actividades.



_____, “Un libro recogerá las conclusiones del Congreso de Poesía de Vilagarcía”, *Atlántico Diario*, 28 setembro 1997, p. 23.

Despois da celebración do Congreso da Poesía Galega, onde se destacou a forte vinculación dos poetas galegos coa súa terra e o bo momento que vive a poesía, dáse noticia da posibilidade da publicación dun libro que recolla estas conclusións.



S. C., “Pérez Varela gaba o momento feliz da literatura galega”/“Pérez Varela presentou as Feiras do Libro que hoxe se inician en Santiago”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 abril 1997, p. 42/p. 13.

Nota sobre o acto de da presentación das Feiras do Libro no que estivo presente o conselleiro de Cultura Pérez Varela, quen subliñou o momento feliz polo que está atravesando a literatura galega e salientou o esforzo económico da Xunta a prol da difusión do libro de Galicia.



_____, “A Aula de Teatro de Santiago pecha hoxe o seu curso”, *O Correo Galego*, 29 abril 1997, p. 35.

Informa do remate das actividades da Aula de Teatro de Santiago e da posta en escena, na sala de ensaios do Centro Dramático Galego, de textos clásicos de Shakespeare, Sófocles e Álvaro Cunqueiro.



_____, “O Igaem concédelles axudas a 26 compañías de teatro”, *O Correo Galego*, 1 maio 1997, p. 49.

Informa de que vinteseis compañías de teatro recibirán do Igaem axudas para a produción e vintedúas para a distribución, cun importe total de cento dous millóns de pesetas. Coméntanse os criterios manexados para outorgar estas subvencións e unha pequena relación de grupos e a contía que recibirán.



_____, “Saen á luz en libro as conferencias políticas de Castelao”/“De viva voz”, unha obra que recupera a figura de Castelao”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1 maio 1997, p. 48/p. 14.

Informa do acto de presentación do libro de Henrique Monteagudo *De viva voz. Castelao conferencias e discursos* (1996) e da intervención no mesmo do autor, que sinalou que só tivera en conta os textos completos que atopou. Coméntanse, así mesmo, as palabras de X. Alonso Montero, que destacou a calidade da prosa en castelán de Castelao e a utilidade do libro para redescubri-la figura do rianxeiro en temas como as Cortes españolas ou a defensa do idioma. Conclúe comentando que Avelino Pousa Antelo anunciou a publicación dun volume de cartas de Castelao por parte da Fundación Castelao e outro coas colaboracións en *A Nosa Terra* para difundir e “evita-la manipulación” desta figura.



_____, “Susó de Toro: “O xornalismo e literatura son camiños distintos”,
O Correo Galego, 7 maio 1997, p. 45.

Recole as impresións de Susó de Toro que, dentro das Xornadas de Literatura e Xornalismo da Facultade de Ciencias da Información, manifestou que literatura e medios de comunicación resultan mesmo antagonistas.



_____, “A FAB recupera estudos sobre Álvaro Cunqueiro”/“A Fundación Alfredo Brañas edita os seus estudos sobre Cunqueiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 maio 1997, p. 41/p. 41.

Refírese á aparición de seis volumes publicados pola Fundación Alfredo Brañas en 1996 e que versan sobre Álvaro Cunqueiro: *A tradición medieval na novelística de Álvaro Cunqueiro*, de Nicasio Salvador; *O realismo marabilloso de Álvaro Cunqueiro*, de Darío Villanueva; *Cunqueiro e a historia*, Antón Martínez Risco; *O outro rostro de Álvaro Cunqueiro*, de Diego Martínez Torrón; *Fantasía e desintegración na narrativa de Álvaro Cunqueiro*, de Xoán González Millán e *Tradición e innovación en Álvaro Cunqueiro*, de José Luis Varela. Ofrécese un resumo das liñas temáticas principais de cada libro.



_____, “Fraguas lidera o ‘interregno’ na Real Academia Galega”, *O Correo Galego*, 23 maio 1997, p. 34.

Alude á situación da Real Academia Galega despois da dimisión do seu presidente, Domingo García-Sabell e reproduce algúns dos comentarios dos dezanove membros numerarios desta sobre o sucesor de García-Sabell na presidencia da citada institución.



_____, “José Ángel Valente: “A lingua galega sempre estivo en min”/“José Ángel Valente di que toda a súa obra é unha volta a súa Galicia natal”, *O Correo Galego/El Correo Gallego* , 28 maio 1997, p. 43/p. 15.

Estracto dos contidos da conferencia “Figura de home e dous espellos” pronunciada por José Ángel Valente no Clube Internacional de Prensa de Santiago. O poeta realizou un repaso da súa autobiografía destacando a súa faceta de escritor en galego e en castelán. Declarou as súas preferencias por Manuel Antonio, Castelao, Luís Pimentel e Rosalía Castro como autores que influíron nel á hora de se iniciar na literatura ó lado de Otero Pedrayo, Florentino Cuevillas, Xaquín Lorenzo ou Vicente Risco. Manifestou que na súa obra hai unha reconstrucción da súa vida en Galicia cando neno e unha poética de inmersión na memoria. Referiuse ademais á súa experiencia como traductor dos servicios lingüísticos das Nacións Unidas, á súa estancia en Oxford como profesor de español e ó seu paso por Xenebra durante a dictadura franquista.



_____, “Morte de rei”: a reinvención utópica do pasado esquecido”/“Darío Xohán Cabana introdúcese en ‘Morte de rei’ na noite impotente da Idade Media”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 29 maio 1997, p. 51/p. 14.

Fai referencia á presentación de *Morte de rei* (1996), de Darío Xohán Cabana en Santiago. Sinálase a participación no acto de Manuel Bragado, que se referiu ó autor afirmando que “tece a lingua como ningún outro o fixo”. Pola súa parte Anxo Angueira referiuse á reescritura da nosa historia nesta novela así como ó intento de desvela-las raíces do noso pobo. O autor do libro, pola súa parte, falou das razóns que o levaron a escribir esta novela.



_____, “Versión ó galego da historia de Pontedeume, de Couceiro Freijomil”, *El Correo Gallego*, 6 xuño 1997, p. 51.

Anúnciase a presentación de *Algas e D'o mar e d'a terra*, do Padre Placer e *Historia de Pontedeume*, de A. Couceiro Freijomil en traducción de Luís Marín Sobrado Fernández.



_____, “*Quimera*’ mostra unha literatura pechada en si mesma”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 xuño 1997, p. 43/p. 15.

Refírese á presentación do número dobre (158-159) da revista *Quimera* no Clube de Prensa de Santiago, dedicado ós creadores galegos, no que participaron, entre outros, Damián Villalaín, quen salientou “a pluralidade de perspectivas que caracterizan ás letras galegas” e Miguel Riera, director da revista, quen destacou “a saúde excelente” da nosa literatura malia estar “pechada en si mesma”. Coméntase que o número desta revista está estruturado en tres bloques: o primeiro dedicado ós fitos fundamentais da literatura galega dende o Rexurdimento ata hoxe; o segundo presenta entrevistas con Carlos Casares e Méndez Ferrín e o terceiro expón unha panorámica dos xéneros literarios.



_____, “Os personaxes de ‘Alba de Groria’, feitos figura”, *O Correo Galego*,
8 xullo 1997, p. 34.

Breve noticia de prensa que anuncia o acto de presentación dunha mostra sobre figuras que aparecen no discurso *Alba de Groria* de Castelao. Alén de nomea-las persoas que participarán no acto, realiza unha pequena semblanza dese texto de Castelao e cita algunhas das personaxes que aparecen nel.



_____, “Palabras vertidas a figuras”/“Sargadelos presenta as figuras dos personaxes da Alba de Groria de Castelao”, *O Correo Galego/El Correo Galego*, 9 xullo 1997, p. 34/p. 19.

Noticia de prensa sobre a presentación da exposición das figuras dos personaxes do *Alba de Groria* de Castelao, feitas polo grupo Sargadelos. No acto participou o presidente da Fundación Castelao, o lingüísta Henrique Monteagudo, que dixo que era “o mellor discurso de Castelao” e Díaz Pardo, o promotor e impulsor do proxecto.



_____, “Un acto literario conmemora o CXII aniversario de Rosalía”, *O Correo Galego*, 15 xullo 1997, p. 36.

Dá conta do acto en recordo da poetisa na súa Casa-Museo con motivo do aniversario da súa morte, no que participou Manuel Rivas. Anúnciase tamén a presentación dunha reedición da biografía de Rosalía en catro linguas



_____, “Do enigma das palabras rosalianas e da forza da Galicia reinventada”/“O mundo da cultura lembrou a Rosalía no seu 112 cabodano”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 16 xullo 1997, p. 35/p. 19.

Infórmase sobre a celebración en Padrón do 112 cabodano do pasamento de Rosalía de Castro. Menciónase a presenza de destacados persoeiros da cultura e da política galegas, entre os que se destaca Manuel Rivas quen dixo de Rosalía que “escoitou o que outros non oían e viu o que outros non vían”. O presidente da Fundación Rosalía, Gonzalo Rey Lama, deu noticia da elaboración de material didáctico sobre a poetisa e da redición da súa bibliografía nas catro linguas do estado.



_____, “Ler en galego no verán ten a súa recompensa”/“Educación e os libeiros agasallan os lectores co libro ‘Enredos’, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 22 xullo 1997, p. 34/p. 18.

Informa do acto de presentación da campaña de promoción da lectura en galego na que colaboran a Consellería de Educación, a Federación de Libeiros e a Televisión de Galicia. Os libeiros regalarán un libro de pasatempos ás persoas que merquen libros en galego.



_____, “Cálida homenaxe a Rosalía das institucións e asociacións galegas”,
O Correo Galego, 26 xullo 1997, p. 12.

Noticia da celebración de diversos actos na homenaxe á figura de Rosalía de Castro. Despois de ter lugar unha misa na Igrexa de San Domingos de Bonaval, os representantes de numerosas institucións e asociacións galegas e do exterior realizaron un ofrenda floral a Rosalía e a última coroa foi depositada diante dos restos de Castelao. Dáse conta ademais dos numerosos persoeiros asistentes ó acto.



_____, “O espírito de Lois Pereiro fica para sempre nunha rúa de Monforte”/
“A Editorial Espiral Maior recupera algúns textos do escritor de Lemos Lois
Pereiro”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 4 setembro 1997, p. 43/p. 18.

Informa da homenaxe a Lois Pereiro por parte do Concello de Monforte coa dedicación dunha rúa desta vila. Dá conta da publicación en Espiral Maior de *Poemas para unha Loia*, que inclúe composicións aparecidas na revista *Loia* e un ensaio titulado *Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia*. Achéganos ademais a relación de novidades de Espiral Maior: *O inmóbil impaciente*, de François Davó, *Habitante único*, de Álvarez Torneiro, *Humidosas*, de Emma Couceiro e *Aquela luz*, de José Devesa Complementa a información cun mínimo comentario de cada obra.



_____, “Volven os ‘Cómaros’ de Aquilino tras 50 anos”, *O Correo Galego*,
13 setembro 1997, p. 32.

Breve nota sobre a presentación da primeira reedición facsimilar de *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, cando se cumpren cincuenta anos da súa publicación. Co gallo desta celebración de Vilagarcía organizou o I Congreso de Poesía Galega.



_____, “Xesús Alonso pide rescatar os libros galegos perdidos”, *O Correo Galego*, 2 outubro 1997, p. 46.

Comentario sobre IV Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos que se celebra en Padrón. Recóllese tanto o chamamento de Alonso Montero a recuperar textos perdidos como as súas críticas ás casas de Castelao e Otero Pedrayo por non seren suficientemente dilixentes neste labor. Alén diso cítase a participación no encontro de representantes de institucións relacionadas con Castelao, Lorca, Azorín, Baroja e Blasco Ibáñez.



_____, “Os gardiáns dos tesouros culturais virán a Padrón”/“Padrón acollerá o IV Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, 28 setembro 1997, p. 54/p. 16.

Informa sobre o comezo, na padronesa Casa da Matanza, do IV Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos, ó que asistirán “representantes de máis de trinta entidades de diversas comunidades españolas”. Inclúese un programa das distintas actividades que terán lugar ó longo das xornadas, nas que participarán, entre outros, Xesús Alonso Montero, Miguel Anxo Seixas ou Xosé Neira Vilas. Entre os actos previstos figuran un percorrido pola Ruta Rosaliana, unha ofrenda a Rosalía de Castro e a presentación do libro titulado *Vinteseite escritores de fóra falan de Rosalía de Castro*.



_____, “A Fundación ‘Rosalía de Castro’ podería ter páxina en Internet”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 30 setembro 1997, p. 43/p. 13.

Noticia acerca do inicio de IV Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos, que comezará coa lectura dun relatorio por parte de Gonzalo Rey Lama, secretario da Casa-Museo Rosalía de Castro, do cal se recollen tamén declaracións nas que afirma que este encontro servirá para “aproveita-las experiencias e suxestións doutras entidades”. Participarán nos actos Miguel Anxo Seixas, Xosé Neira Vilas e Xesús Alonso Montero. Ademais, “o Encontro é un preludio do cincuentenario da Fundación, que se cumpre o ano que vén” e anúnciase outro acto que homenaxeará, en novembro, ós creadores da Fundación que aínda viven. A noticia péchase detallando as actividades que están previstas para estas xornadas.



_____, “As casas-museo tentan afrontar xuntas novos desafíos para o legado cultural”/“As casas-museo que se reúnen en Padrón tentan afrontar xuntas os novos desafíos”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1 outubro 1997, p. 37/p. 16.

Información sobre a xornada inicial do IV Encontro de Casas-Museo e Fundacións de Literatos na que se recollen declaracións dos participantes, como o presidente da Fundación Rosalía de Castro Agustín Sixto Seco, e algúns representantes políticos. A discusión desenvolvida na primeira xornada tratou sobre “as diferentes propostas para crear unha asociación que as englobe a todas elas” e sobre as vantaxes que teñen as páxinas de Internet para a comunicación sobre as casas-museo. Infórmase acerca da presentación de dous libros e da posibilidade de percorre-la Ruta Rosaliana, dentro das actividades previstas.



_____, “A literatura galega conta cun stand na Feira Internacional do libro de Madrid”, *O Correo Galego*, 8 outubro 1997, p. 35.

Noticia sobre a presenza dunha “caseta galega que mostra as produccións bibliográficas dos editores galegos e as da Xunta de Galicia” na XV Feira Internacional do Libro, Liber, que vai ter lugar en Madrid. Esta feira ten este ano un programa especial dedicado a Brasil por se-lo “mellor cliente da industria editorial española” e ofrece unha panorámica das novidades en soporte informático.



_____, “Os fundadores eramos homes que estabamos fóra de liña”/“Sixto Seco salienta a “xenerosidade” dos creadores da Fundación Rosalía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 16 novembro 1997, p. 52/p. 14.

Infórmase da celebración do cincuentenario da creación da Fundación Rosalía de Castro, que reuniu en Santiago a importantes persoeiros da cultura e da política galegas. Sinálase que os membros fundadores de dita institución, Xaime Isla Couto e Antón Fraguas, lembraron os primeiros momentos da creación e o actual presidente puxo de relevo a posta en pé das ruínas da casa onde viviu e morreu Rosalía.



_____, “Alonso: é lamentable ter que facer xornadas en defensa do libro”,
O Correo Galego, 14 decembro 1997, p. 55.

Nota de prensa que recolle algunhas das argumentacións dos participantes (libreiros, políticos, representantes de APAS; etc), nunhas xornadas sobre o prezo do libro. Informa que a maioría dos comunicantes defenderon a necesidade de non liberaliza-lo prezo do libro porque só favorecería ás grandes superficies comerciais e ás multinacionais, por iso critica abertamente as intencións da Ministra de Cultura por tentar levar esta medida a cabo.



S. L., “Los editores donan 12.000 libros”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1997, p. 5.

Dáse conta do convenio entre a Asociación Galega de Editores e o Concello de Vigo polo que a primeira cede 12.000 volumes en galego á Biblioteca Central de Vigo. Por outra parte acordouse da-lo nome de “Irmáns Álvarez Blázquez” á sala principal de lectura da dita biblioteca. Faise referencia ó importante peso que a cidade de Vigo ten no mundo editorial galego.



S. R., “Moncho Borrajo, Neira Vilas, Paco Feixóo y Ramiro Fonte firman ejemplares en el certamen del libro en la Alameda”, *Faro de Vigo*, 15 agosto 1997, p. 20.

Informa dos actos e celebracións que acompañarán á IX Feira do Libro de Pontevedra. Dá conta das conferencias, obradoiros, representacións teatrais e mesas redondas previstas pola organización. Achéganos tamén as datas nas que importantes escritores asinarán obras.



Saco Cid, Juan Luis, “Saco e Arce debrozou nos camiños literarios”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Ourense”, “Especial”, p.10.

Reclama o autor deste artigo un papel relevante para Xoan Antonio Saco e Arce como cultivador literario ó lado dos grandes nomes do Rexurdimento galego e non só como gramático. Por iso sinala o seu artigo “Poesía gallega Contemporánea. Sus defectos más comunes”, no que analiza a lingua galega empregada como lingua poética, e as traducións ó galego duns poucos poemas relixiosos.



Salgado, Joana, “Con Eliseo en el corazón”, *Faro de Vigo*, “Faro”, 25 xullo 1997, p. X.

Noticia da homenaxe ó poeta goianés Eliseo Alonso dentro do III Festival de Poesía Baixo Miño. Amigos e poetas, ademais do alcalde local, mostraron o seu recordo polo escritor xa desaparecido. Encabezada pola súa nai, tamén asistiu ó acto a familia do poeta.



Salgueiro, J. B., “El “Grupo Tinta” apoyará las creaciones culturales de difícil salida comercial”, *Faro de Vigo*, 22 xaneiro 1997, p. 48.

Noticia sobre a presentación do Grupo Tinta, que se define como “grupo independente” e que ten como obxectivo promover as creacións culturais feitas en Galicia de difícil saída comercial e retomar o impulso creador da década pasada. Comenta o seu primeiro traballo, *Nadir* (1996), ademais de mostrar as declaracións dos seus integrantes sobre o seu proxecto, patrocinado por Litonor de Artes Gráficas.



_____, “Entre bastidores”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 2, 15 febreiro 1997, pp. 2-3.

Coméntanse diversos aspectos da situación actual do teatro galego, a través das opinións emitidas por xente relacionada co mundo teatral. A pesar das dificultades existentes, non se pon en dúbida a calidade das compañías teatrais galegas. Critícase a cuestión das axudas oficiais e pénsase que a táboa de salvación sería a creación dun circuío permanente de exhibición. Proclaman o seu soño de crear unha Escola de Arte Dramática e contar cun maior apoio para a realización de actividades relacionadas co teatro, coas que pensan seguir, mentres haxa público e actores.



_____, “Bravú o el orgullo de ser gallegos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 5,
8 marzo 1997, p. 7.

Artigo que versa sobre o bravú en xeral, movemento que parte da música. No referente á literatura recóllense unhas breves afirmacións de Santiago Jaureguizar e de Manuel Bragado, director de Edicións Xerais de Galicia.



_____, “Cómaros Verdes”, de Iglesias Alvariño, editado por primeira vez en edición facsímil”, *Faro de Vigo*, 13 setembro 1997, p. 44.

Informa do acto de presentación en Santiago da primeira reedición facsimilar de *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño con motivo do cincuenta aniversario da súa publicación. Destaca ademais o I Congreso da Poesía Galega que se celebrará en Vilagarcía entre o 25 e o 27 de setembro que tamén conmemora ese cincuenta aniversario.



_____, “Manuel Fraga destaca el genio creador del pueblo gallego en el Consello da Cultura”, *Faro de Vigo*, 30 decembro 1997, p. 44.

Dá conta da presenza do presidente da Xunta no último pleno do ano do Consello da Cultura e das súas congratulacións polos éxitos obtidos pola cultura galega neste ano que remata. O presidente do Consello da Cultura, Carlos Casares, anunciou a compra de dous mil discos de música galega a un particular.



Santiago, Isolda, “Poesía y música para Laxeiro”, *Faro de Vigo*, 23 xullo 1997, p. 39.

Informa dos actos celebrados en Lalín como homenaxe a Laxeiro que incluíron unha misa, o descubrimento de dúas placas, unha ofrenda floral e a lectura de versos elexíacos ó lado do panteón do pintor falecido, por parte dos poetas Bernardino Graña, Carlos Negro, Antonio Taboada, Manolo Xin, Vázquez Pintor, Domingo Tabuyo, Lois Magariños e Plácido Rozas.



Santomé, Camilo, “El estro poético de morbo enfermizo de Rosalía de Castro”,
El Progreso, 21 xuño 1997, p. II.

Artigo que pretende atacar a lingua galega dende as súas raíces, para o cal toma a Rosalía de Castro que é, segundo o autor, a figura máis representativa “que se halla en los comienzos del pretendido resurgimiento de la falsamente llamada lengua gallega”. A seguir, apunta unha serie de datos biográficos de Rosalía tentando demostrar a “prepotencia dominante y egoísta” que sobre ela exerceu Manuel Murguía, quen se sentiu atraído pola “morbosidad” da poeta.



Santos, Alfonso, “Noriega Varela, en Lugo”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 22, 5 abril 1997, p. 6.

Informa dunha visita realizada á cidade de Lugo por Noriega Varela no mes de abril de 1926. A descrición pormenorizada dos actos de homenaxe ó “poeta da Montaña” está acompañada da relación de personalidades asistentes. O artigo tamén recolle as palabras pronunciadas por Manuel Amor Meilán en louvanza do autor de *Do Ermo* e unha composición do mesmo dedicada a *El Progreso*.



_____, “Un Nobel en la escena gallega”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 28, 18 outubro 1997, p. 2.

Trala concesión do Premio Nobel a Dario Fo, o xornalista repasa a presenza que este autor italiano tivo nos escenarios galegos. A primeira vez que se representou unha obra súa foi en 1982, ano no que a compañía Malveira pon en escena *Morte accidental dun anarquista*. Posteriormente Xalgarete representa *De par en par*, Chorima *O home espido e o home de frac*, Sísifo Teatro *Aquí no paga nadie*, Teatro do Morcego *Misterio Cómico*, Máscara Edicións *É perigoso asomarse ó interior*. Representáronse tamén os seguintes monólogos: *A violación*, *O despertar*, *A muller soa* e *A muller pasota*. Recóllense ademais as opinións de distintas personalidades do teatro galego acerca deste autor e da súa representación en Galicia.



Seara, Teresa, “Un ano de recitais de poesía”, *A Nosa Terra*, nº 789, “Guieiro Cultural”, 31 xullo 1997, pp. 24-25.

Dá conta de varios recitais de poesía celebrados en diversos lugares de Galicia, entre os que se citan: o ciclo de recitais poéticos que tivo lugar na Facultade de Filoloxía da Coruña; “Tres poetas da xeración dos 80” (Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Miguel Anxo Fernán-Vello e Xulio L. Valcárcel); “Cinco poetas novos” que quedarían finalmente nunha tetraloxía (Marta Dacosta, Eduardo Estévez, Paco Souto e Rafa Villar); “Tres poetas da xeración das “Festas Minervais” (Bernardino Graña, Manuel María e X. L. Méndez Ferrín); “Tres mulleres poetas” (Chus Pato, M^a Xosé Queizán e Ana Romaní); “Cinco poetas diferentes” (Estevo Creus, Celso Fernández Sanmartín, Lupe Gómez, Olga Novo e Rafa Xaneiro); “Tres poetas vinculados á Coruña” (Luz Pozo, Manuel Rivas e Cesáreo Sánchez Iglesias); e o segundo Encontro de Escritores e Escritoras, organizado polo Batallón Literario da Costa da Morte. Ofrece diversos datos de todos estes recitais (lugar, data, presentador, etc), destacando o celebrado na Facultade de Filoloxía da Coruña e o do Batallón Literario, centrados no “recitado dos textos” e na “reflexión metaliteraria”, respectivamente.



Seijas, María Otilia, “A oca dos ollos azuis”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 25 agosto 1997, p. 53.

Unha visita de Raquel e seus pais ó parque de Terencia, que se presumía tranquila, convértese nun agobio debido á persecución á que se ve sometida a rapaza por parte dunha oca azul. O acontecemento provocará un grande impacto psicolóxico na protagonista. O debuxo desta entrega corresponde a Carmen Novoa.



Seixas, Manuel, “Vilagarcía, a encrucillada”, *La Voz de Galicia*, “Los domingos de la Voz: A ruta do autor”, 28 setembro 97, p. 13.

O autor ofrécenos nun ton poético un percorrido polas rúas, o porto e as praias de Vilagarcía e achéganos algúns trazos de Carril, Vilaxoán, Vilanova e A Illa.



Sigüenza, Julio M., “Faustino Rey Romero, cura y poeta del Baixo Miño”, *Faro de Vigo*, “Faro” 31 xaneiro 1997, p. II.

Lembranza de Faustino Rey Romero cura e poeta polémico polas súas ideas e o seu estilo, que conxugou a teoloxía coas cousas de Galicia. Coméntase a súa biografía e menciónanse as obras poéticas que escribiu.



Silva, Manuel, “O desafío”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”,
4 agosto 1997, p. 37.

O narrador dá conta da confesión que lle fai Alberto Fortadella sobre unha carga de conciencia que arrastrou durante os últimos 40 anos. Trátase dun desafío intelectual a Pepe Lomán durante as clases de Latín e Humanidades para conseguir un posto na primeira fila, e enviar ó seu compañeiro “ó pelotón dos torpes”. Alberto lembra tamén as conversas co pai Isaías no confesonario e a amplitude da bibliografía manexada por este crego para evitar pecados contra a pureza. Está debuxado por Emilio Lavandeira. O relato publicouse tamén en *El Correo Gallego*.



Sío Dopeso, M., “Lecturas para sobrevivir en Navidad”, *La Voz de Galicia*,
“*Cultura*”, ano II, nº 141, 11 novembro 1997, pp. 1-2.

Constátase o peso que teñen as novidades no mercado do libro así como a importancia das festas do Nadal, datas nas que se produce o maior volume de negocio. Comenta que en Galicia a estratexia común consiste en centrarse no lanzamento de unha ou dúas obras narrativas de éxito probable, acompañadas subsidiariamente por títulos destinados ó público infantil e xuvenil, ensaios e poesía. Cítanse as publicacións para este Nadal das editoriais Sotelo Blanco, Xerais, Edicións do Cumio, Galaxia e Ir Indo.



Sixto Seco, Agustín, “Noticias chegadas de ultratumba avisando de cómo Rosalía axudou na outra vida a un de Sanxenxo”, *El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 4 setembro 1997, p. 16.

Agustín Sixto Seco declara a súa admiración por algúns lugares da ría de Pontevedra, e achéganos a historia dun antepasado do Roxo de Bordóns. Unha vez morto este personaxe, cando é preguntado por San Pedro nas portas do ceo acerca da súa localidade de orixe, responde que é de Sangenjo. O santo descoñece esta denominación e decide envialo ó purgatorio. Só a chegada alí dunha muller, á que o autor identifica con Rosalía de Castro, é capaz de salvalo e restituír o nome real de Sanxenxo. Está ilustrado cun debuxo de María Jesús Reboredo.



Sotelo Blanco, Olegario, “Ama”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 18 xullo 1997, p. 38/p. 14.

Un narrador testemuña conta en primeira persoa a súa relación con Rudesindo Pérez o día do velorio deste. A infancia rural paralela vese continuada por unha adolescencia na que Rudesindo, criado de servir e sen escola, vese na obriga de acudir ó seu compañeiro para cartearse coa súa futura muller, Rosario. Despois da voda, os amigos afástanse; Rudesindo segue a vivir coa ama e enviúva, mentres que o narrador emigra durante vinte anos a Alemaña e alá casa. Lembra dende a nostalxia, a inxustiza da vida de Rudesindo. A hitoria está ilustrada por Alberto Datas.



Soto, Juan, “Reedición”, *El Progreso*, “De re varia”, 10 outubro 1997, p. 42.

Alude á aparición dunha edición facsimilar da obra *Fortalezas de Lugo y su provincia: notas arqueológicas, históricas y genealógicas* (1955), de Manuel Vázquez Seijas. A continuación, o articulista cita a obra *Pasatempos* (1972), escrita en galego polo autor co pseudónimo de Xan de Carlos.



Soto, Susy, “La XXIII edición de la Feira do libro de Vigo se inauguró en la Praza de Compostela”, *Atlántico Diario*, 2 xullo 1997, p. 46.

Fai referencia á inauguración da XXIII edición da Feira do Libro de Vigo na que interviron Antonio García Teijeiro, que avogou no seu pregón pola literatura infantil en galego, e o alcalde da cidade, Manuel Pérez. Comenta que nesta edición participan 45 casetas, nas que se poderán adquirir 10 de cada un dos xéneros literarios. O 10 de cada un dos xéneros literarios, exemplares publicados en castelán e galego. Informa tamén dos diversos actos que terán lugar no transcurso da feira.



Souto, Suso, “Moreira rinde homenaje el sábado al poeta Xoseme Mosquera, fallecido hace 15 años”, *El Correo Gallego*, 21 maio 1997.

Infórmase do programa de actos de homenaxe, que inclúe a proxección dun documental, un recital, unha misa e unha ofrenda floral. Ademais faise un rápido percorrido polas inquietudes culturais de Xoseme Mosquera.



_____, “Achan obras inéditas de García Barros”/“Encuentran varios manuscritos inéditos de García Barros”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 31 outubro 1997, p. 37/p. 20.

Nota de prensa na que se dá conta do achado de manuscritos inéditos de Manuel García Barros, escritor a quen o concello da Estrada lle está a dedica-lo ano en curso. Coméntase como o descubrimento foi efectuado polo normalizador lingüístico de Malpica, que os atopou mentres investigaba outras cuestións.



Suárez Suárez, Manuel, “Chámelle tango”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 17 xullo 1997, p. 47/p. 17.

O autor recolle da obra *La orilla oriental del tango*, do escritor uruguaio Juan Carlos Legido, unha historia na que se narran as orixes do tango e se lle atribúe esta denominación a un galego emigrante. Fai un percorrido polas pezas deste baile compostas por “fillos da emigración” do noso país e solicita unha homenaxe para estes compositores, en especial Víctor Soliño. É un fragmento do libro *Lonxe de Montevideo* que inclúe un debuxo de Alberto Castro Couso.



T. Ch., “Tempos difíles co illamento como fondo”, *Atlántico Diario*, 17 maio 1997, p. 42.

Salienta como Fernández del Riego mantén o dinamismo e a memoria fresca da historia e fai un percorrido pola España e a situación do eido da cultura galega en torno a 1947, data na que unha emisora estranxeira emitía programas en galego.



Tarrío Varela, Anxo, “Peonario fatal”, *El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 13 setembro 1997, p. 13.

O autor deste relato fai unha “taxonomía peatonal” observando o comportamento de conductores e peóns diante dun paso de zebra. Comeza cunha análise dos diversos sentidos que se lle poden dar a esta sinalización, e continúa cunha descrición das actitudes de viandantes e automobilistas ó chegar a un paso de peóns. De cada un dos grupos fai un comentario das características psicolóxicas e socio-políticas. Está ilustrado o relato cun debuxo de Masito Beiró.



Toro, Suso de, “Harmonía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 27 xullo 1997, p. 53/p. 12.

Fragmento de *Tic Tac* que se presenta baixo o epígrafe de “(Novela longa abreviada)”. Socorro conta dende a terceira idade as lembranzas dos acontecementos máis salientables da súa vida: o noivado e matrimonio con Manolo, as boas relacións cos seus amigos Alfonso e Fina, a chegada dos fillos, as vodas destes, etc. Complementábase cun debuxo de Leopoldo Novoa.



Torrente Ballester, Gonzalo, “O paraíso e as súas cancións”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 12 xullo 1997, p. 37.

Reprodúcese un artigo publicado no xornal diario *Informaciones* o 8 de xuño de 1978 e recollido posteriormente no volume *Torre del aire*. Torrente Ballester comenta as músicas de moda na época e corrixe certos usos lingüísticos dos medios de comunicación que considera errados. O texto está acompañado dun debuxo do pintor ourensán Virxilio.



Torres, Chus, “Cincuenta anos do galego na BBC”, “Día das letras galegas”,
Atlántico Diario, 17 maio 1997, p. 42.

Artigo no que se conmemora o cincuenta aniversario das emisións en galego na BBC dende Londres. Fernández del Riego, un dos intelectuais comprometidos durante a dictadura, lembra o primeiro dos oitenta e tres programas que se emitiron nunha época na que o galego era un “idioma maldito”.



_____, “Cuando el imperio hablaba gallego”, *La Voz de Galicia*, “Los Domingos de la Voz”, 16 novembro 1997, p. 15.

Pequena síntese histórica acerca dos programas de radio en galego que a BBC de Londres emitiu entre 1947 e 1956, e que contaban coas colaboracións dos máis destacados escritores galegos do momento coordinados por Fernández del Riego.



Tovar, Antón, “Eu tiña un paxariño...”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 2 xullo 1997, p. 35/p. 15.

Relato recollido de *A grande ilusión e outros contos* no que Antón Tovar narra os cambios ocorridos na vida de Rosa logo da morte do seu único fillo, froito da relación “ilícita” cun seminarista. A partir da data, identificará ó seu rapaz cun paxariño. Complementase o relato cun debuxo de Alexandro.



Tudela, Mariano, “Ocaso de contrabandistas”, *O Correo Galego*, “Relatos e debuxos do verán”, 10 xullo 1997, p. 41.

Unha noite de verán, sentados nunha taberna dunha vila da costa galega, cindo ex contrabandistas xa vellos: Celistro, Pedro Pescador, Xurxo Chao, Caneliñas e Bartolo Quintas, lembran as súas actividades ilegais e os riscos que corrían cando eran mozos. Complementase este texto cun debuxo de Carlos Barcón. A versión en castelán publicouse en *El Correo Gallego*.



V. A., “Tres escritores galegos participan desde hoxe nas ‘Viaxes das Letras’ de Verines”, *O Correo Galego*, 17 setembro 1997, p. 34.

Anuncia a celebración do “XII Encuentro de Escritores y Críticos” que ten lugar entre o 17 e o 19 de setembro na Casona de Verines, en Asturias, baixo o título “Los viajes de las Letras”. Dá o nome de tódolos participantes e informa que Galicia estará representada por Marilar Aleixandre, Bieito Iglesias e Carlos Casares.



V. L. V., “Fiz Vergara Vilariño, grave en el hospital por problemas respiratorios”, *El Progreso*, 13 xuño 1997, p. 18.

Breve noticia na que se informa da hospitalización do poeta Fiz Vergara Vilariño e da próxima publicación dunha obra da súa autoría, co título de *Animal sin fel*.



VV. AA., *Especial Iº Congreso da Poesía Galega. Vilagarcía, 25-26-27 de setembro, Faro de Vigo*, “Edición Arousa”, “La Ría del Ocio”, 16 pp.

Con motivo da celebración en Vilagarcía do Iº Congreso da Poesía Galega o xornal vigués na súa edición de Arousa elaborou este especial no que se atopan os seguintes traballos asinados:

Carlos Crespo, “Vilagarcía volta ser un referente cultural en Galicia”, p. 2. Entrevista con Gonzalo Bouza-Brey, presidente da organización do congreso, na que explica cómo xurdiu a idea de organiza-lo evento e a boa disposición dos escritores convidados para participar no mesmo. Fai referencia tamén ó entusiasmo que mostraron pola iniciativa as tres universidades galegas ó tempo que a Xunta de Galicia eludiu unha participación máis activa “escudándose” na proximidade das eleccións”. Así mesmo, alude á actividade cultural da Arousa e ó entusiasmo co que o Congreso foi acollido no mundo da poesía.

Carlos Crespo, “Algo terán que decir os poetas”, p. 7. Os escritores Manuel María, Uxío Novoneyra e Xosé M. Álvarez Cáccamo respostan as catro seguintes preguntas dunha enquisa: “¿Como ve o panorama actual da poesía galega?, nese marco ¿cal pode ser a repercusión deste Congreso?”; ¿Segue sendo o poeta “unha rara avis” nesta sociedade finisecular?” e “¿Debe abandonar a poesía galega a súa tradicional postura reivindicativa?”.



Carlos Crespo, "Mesa x Mesa", pp. 8-9. Achégano-los contidos e as persoas que intervirán en cada unha das sete mesas redondas que conforman o corpo central do Iº Congreso da Poesía Galega e que se celebran baixo os títulos "Aquilino Iglesia Alvariño e a súa xeración na literatura de Galicia", "A poesía galega e o segundo rexurdimento cultural", "A poesía dende os anos oitenta", "A poesía galega e o mundo editorial", "A poesía galega e o mundo editorial", "A poesía galega na emigración e o exilio", "A poesía galega e a traducción" e "A poesía galega para nenos".

Carlos Crespo, "Editoras de alto risco", p. 11. Recóllense as declaracións de catro responsables de editoriais galegas sobre as dificultades que comporta a publicación de poesía. Así, M. Anxo Fernán-Vello, de Espiral Maior, considera que hai que romper-lo tóxico de que a poesía non se vende, cre que o lector busca calidade e refírese á diferente conexión co mercado que presenta o xénero poético. Fran Alonso, de Edicións Xerais, alude á obriga moral de editar poesía malia o carácter minoritario do público e indica a aposta por unha liña de calidade con tiraxes pequenas. Pola súa banda Carlos Lema, de Sotelo Blanco, fala do risco que supón editar poesía e alude ó momento de transición que vive a poesía en Galicia. Finalmente, Carlos Casares, de Editorial Galaxia, sinala a dificultade para editar obras do xénero poético e comenta que non puideron mante-la colección Salnés polo que só publican os libros gañadores do premio Martín Códax. Apunta tamén o paradoxo de que sendo un dos grandes momentos da poesía galega é un dos momentos con menos apoio editorial.

-Celeste Rodrigues, "Éditos e inéditos", p. 12.



arios

V.8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos



Nota na que se presentan os títulos máis significativos da obra dos poetas arousáns Xaquina Trillo, Manoel Blanco Mariño, Manuel García Rey, Juan Pérez Alonso, Anxo Pastor, Manolo Chazo, Xaquín Chaves, Manuel Lage Touriño, Celestino Crespo e Salvador Alcalde de Sobrán. Ademais cita a outros catro autores que non teñen obra poética editada: Manuel Seixas, Ana Santorum, María Goretti e Gonzalo Bouza-Brey Villar.

-Emilio Xosé Ínsua, “O Umia dos poetas”, p. 14. Logo de se referir ós ríos como elemento de inspiración poética sinala que hai autores que non se entenderían sen iren unidos ó amor por un río e menciona así a Rosalía de Castro e o Sar, Nicomedes Pastor Díaz e o Landrove e a Pondal e o Anllóns. Alude á historia do Río Umia e á súa beleza natural e á descrición xeográfica e etnográfica que fixeran Fermín Bouza-Brey e Ramón Otero Pedrayo. Ademais comenta que “El Umia” chamouse o xornal local de Cambados publicado por un grupo de mozos entre os que se atopaba Ramón Cabanillas. Coa obra deste autor o articulista dá paso ós versos dalgúns outros poetas nos que se rexistra a presenza das terras do Umia e entre os que se atopan Xoán Manuel Pintos, Xaquina Trillo e Cabada Vázquez.

-Celeste Rodrigues, “Poetas ilustrados”, p. 15. Coméntanse algúns detalles da exposición de poesía ilustrada que baixo o nome “Poetas Ilustrados” recolle a obra dun grupo de poetas e pintores arxentinos e galegos que se reúnen dende hai tres anos. Faise referencia, así, á variedade de técnicas e presentación e cítanse os nomes dos poetas e pintores que participan na exposición inaugurada en Vilagarcía.

-Carlos Crespo, “Poesía Visual”, p. 16.



Faise eco da celebración dunha mostra de poesía visual que ten lugar en Vilagarcía no marco do I Congreso da Poesía Galega na que participan os poetas Anxo Pastor, Pedro Gonçalves, Xaquín Chaves e Corporación Semiótica. Realízanse, ademais, unhas consideracións sobre esta mensaxe poética nas que se salienta a pretensión de desorientar e provocar, obrigando ó espectador a saír dos esquemas tradicionais da lectura do feito poético.



VV. AA., “1907-1997. 90 anos de *A Nosa Terra*”, *A Nosa Terra*, nº 759, 2 xaneiro 1997, 16 pp.

Suplemento especial co que o xornal *A Nosa Terra* conmemora o seu noventa aniversario. Ademais dos comentados, tamén se reproducen un artigo de Víctor Casas recollido da revista *Nós*; a “Mensaxe do Presidente do Consello de Galiza, no aniversario do plebiscito estatutario” de Castelao, publicado con anterioridade no número 469 de *A Nosa Terra*, en xuño de 1949; “Ou servilismo ou rebeldía” de Roberto Blanco Torres, publicado en *A Nosa Terra* do 25 de febreiro de 1919; “Reivindicación da memoria nacional na lembranza de Francisco Tettamancy” de Antón Vilar Ponte e publicado en *A Nosa Terra*, nº 143, do 12 de xullo de 1921. Sen asinar aparece o “Libro de estilo do diário *A Nosa Terra*”, “Un cabecilla. Versión galega dun conto de Valle Inclán” e “De Castelao a Xosé Lois, un percorrido polo humorismo gráfico nas capas de *A Nosa Terra*”.

-Alfonso Eiré, “Identidade colectiva e proxecto de futuro, os 90 anos de *A Nosa Terra*”, p. 1. O autor do artigo fai un percorrido polas dificultades atravesadas nos 90 anos de historia de *A Nosa Terra*. Louva esta publicación por conservar as ideas fundacionais: a defensa dos intereses galegos dende Galicia e en galego. Lembra os colaboradores máis salientables e relaciona o nacionalismo galego coa modernización necesaria do xornalismo que se practicaba neste semanario.



-Gustavo Luca de Tena, "A modernidade chegou ao xornalismo da man da *Xeración Nós*", pp. 6-7. Comeza o artigo cunha reflexión acerca da "poética do xornalismo", cuestión que segundo o autor, foi perpetuamente esquencida pola crítica. Comenta as dificultades que xorden ó tentar clasificar certos textos por estaren a medio camiño entre o xornalismo e a literatura . Describe as características do xornalismo de cada un dos autores da *Xeración Nós* e analiza as principais novidades que este grupo de intelectuais achegou á nosa prensa escrita. Segundo Gustavo Luca de Tena, son "a tensión de estilo, un novo vocabulario político, un novo código periodístico" os tres eixes ó redor dos que nace o novo xornalismo galego, oposto dende o comezo ó "xornalismo formalista e adulón" que seguía conservándose dende o século XIX.

-Xoselo Taboada, "Evolución gráfica dunha cabeceira histórica", p. 16. A introducción na que se apuntan as principais dificultades polas que pasou a publicación de *A Nosa Terra* está seguida por unha descrición detallada das distintas cabeceiras coas que saíu do prelo este semanario. Salienta a vontade e o esforzo innovador de Castelao.



arios

V.8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos



Vaamonde, Pablo, “Luz Divina”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 24 agosto 1997,
p. XVII.

Cóntase o nacemento de Luz Divina, a filla máis nova dun humilde matrimonio galego, caracterizada por posuír todas cualidades físicas e morais en grado sumo, e por ser en pouco tempo o centro de atención de seus pais. A súa trágica morte, atropelada polo carro das vacas, converterase nun acontecemento nunca esquecido pola familia. O debuxo corresponde a Ruibal.



Valcárcel, Marcos, “Presencia ourensá nos suplementos de “La Noche”, *La Voz de Galicia*, “Edición Ourense”, 5 marzo 1997, p. 37.

Dáse noticia da publicación por parte do Centro Ramón Piñeiro, dunha edición facsímil do suplemento cultural dos sábados do xornal *La Noche* e dun amplo estudio, coordinado por Luís Alonso Girgado. Alúdese á historia deste suplemento cultural, publicado entre o 15 de outubro de 1949 e o 28 de xaneiro de 1950, cun total de 16 números. Facendo especial referencia ó seu primeiro número e ós seus principais colaboradores e aportacións, como foron Otero Pedrayo, Cuevillas e Vicente Risco.



_____, “Encontro sobre “A oralidade e as letras”, *La Voz de Galicia*, 13 xuño 1997, p. 83.

Noticia que recolle información sobre o IV Encontro de Escritores celebrado en Ourense que tratou o tema de “A oralidade e as letras”, resumindo o esencial da participación de cada autor: Domingo Blanco e Xulio Senra “destacaron as raíces populares do Rexurdimento galego”; Siro López a importancia dos contos populares, e Manuel María deu “exemplo de oralidade viva”, mentres autores como Henrique Harguindey e Xesús Ferro falaron do necesario que é recuperala lingua oral. Xesús Alonso Montero falou en torno á oratoria e Basilio Losada foi “o máis firme defensor da oralidade nas letras”. Pola súa parte, Bieito Iglesias e Xesús Manuel López Valcárcel incidiron nas diverxencias entre literatura e oralidade, e Dolores Vilavedra falou dunha lingua oral actual exemplificando a súa tese coa obra “de autores como Suso e Xelís de Toro”.



_____, “Edelmiro Vázquez Naval: o poema debe perseguir a mesma exactitude da linguaxe das matemáticas”, *La Voz de Galicia*, 14 maio 1997, p. 30.

Escrito que recolle as conversas de Marcos Valcárcel co escritor Edelmiro Vázquez Naval con motivo da publicación do poemario *O rito do regreso*. Este escritor recoñécese debedor de Rosalía, Curros e Pondal e doutros poetas galegos, e sobre todo, sudamericanos. A seguir manifesta atopar relacións entre as matemáticas, a súa profesión e a poesía, xa que ambas deben “prescindir do accesorio”. Entende este poemario como unha reflexión poética sobre o paso do tempo, de aí o marcado carácter biográfico que presenta.



Varela, X. M., “Xoán Cabana y Novoneyra intervendrán en el III Simposio Pondaliano de O Couto”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 16 setembro 1997, p. 34/p. 22.

Anuncia a celebración do III Simposio Pondaliano, organizado por “Monte Branco” e patrocinado por Cefocop-Coruña. Achéganos as datas, lugar de celebración e título das conferencias así como os nomes dos encargados de impartilas. Dá conta tamén das diversas actividades complementarias deste Simposio.



Vázquez, Dora, “A lección da noite”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 28 xullo 1997, p. 37/p. 12.

Dora Vázquez descríbenos a vida campesiña de Rosa cos seus avós. Todo transcorre con normalidade ata que a neta lle pide permiso ó avó para casar con Xosé. A enfurecida negativa inicial do avó vai amainando e, coa chegada da noite, rectifica, logo de pensar na profunda dor que supoñería para Rosa a imposibilidade de levar a bon termo o seu amor. O debuxo é da autoría de Colmeiro.



Vázquez, Pura, “Os paxariños son ceibes”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 26 xullo 1997, p. 39/p. 11.

Un narrador omnisciente conta en terceira persoa a historia de María, unha nena moi boa e moi querida polos seus pais, que lles pide como agasallo os paxariños que cantan fronte á súa fiestra. Ante a negativa da nai, escusándose na liberdade dos paxaros, a nena decide emprender pola súa conta e en plena noite a busca dos paxariños. O debuxo corresponde a Xavier Pousa.



Veiga, Eva, “A porta”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 3 xullo 1997, p. 45/p. 13.

Este texto reflicte as relacións entre Andrés e Aurelia, un matrimonio caracterizado pola diverxencia de caracteres. Mentres que ela representa a utopía, a ilusión e a fantasía, o seu home é pragmático e realista. O relato de Eva Veiga está acompañado dun debuxo de Alfonso Costa.



Vellón, Andrés, “Carlos Casares: “A demanda universitaria en Galicia esixe a existencia de varios campus”, *La Región*, 28 xaneiro 1997, p. 4.

Resume os actos conmemorativos de Santo Tomás de Aquino, organizados pola Universidade Sur no campus de Ourense. Destaca entre as personalidades asistentes, a presenza de Carlos Casares que ofrecerá unha conferencia baixo o título, “Hemingway: entre o mar de Vigo e La Habana”. Presenta certos comentarios deste intelectual ourensán, nos que mostra a necesidade de máis campus en Galicia e o seu asombro pola facilidade de crecemento da Universidade Sur. Recolle ademais as declaracións doutros participantes no acto.



Vidal, Carme, “O galego retrocede nas escolas ante a inhibición da Xunta”,
A Nosa Terra, nº 775, “Guieiro Cultural”, 24 abril 1997, p. 27.

Destácase a multitudinaria asistencia ás VII^{as} Xornadas da CIG e da ASPG sobre Lingua e Literatura celebradas en Compostela. O Encontro foi o marco no que a Coordinadora Nacional de Equipos de Normalización Lingüística deu a coñece-la análise da situación do incumprimento do uso do galego no ensino. A autora comenta tamén a expectación que suscitou a mesa redonda “Novos rumbos da Literatura Galega” coas intervencións de Pilar Pallarés, quen destacou a “falta de perspectiva para analizar o que está a contecer nestes momentos”; Alfonso Álvarez Cáccamo, que se mostrou optimista coa nosa literatura; Xurxo Borrazás, quen insinuou que “a riqueza da literatura infantil en lingua galega pode ser debida a un estancamento intelectual” e Xosé Manuel Millán, quen se referiu á “falta de peneira literaria destes tempos”.



_____, “A poesía no palco das festas”, *A Nosa Terra*, nº 785, “Guieiro Cultural”,
3 xullo 1997, p. 21.

Alude ó IIº Encontro de Escritores e Escritoras celebrado en Corcubión baixo o lema “Escrita en plural”, no que se reuniu o Batallón Literario da Costa da Morte. Presenta unha ampla reportaxe do Batallón, grupo caracterizado pola defensa dun “movemento cultural antielitista e democrático que busca lectores e que está conseguindo achegar á xente a literatura con normalidade”. Nel comenta as súas actuacións, a súa produción e outros aspectos definidores do grupo. Tamén dá conta da asistencia ó encontro de membros doutros colectivos poéticos, para chegar alí á conclusión de que sería bo tecer unha “sorte de rede” de comunicación entre eles, que permitise facer unha posta en común de experiencias e colaboracións xuntos.



_____, “Poesía contra o modelo único”, *A Nosa Terra*, nº 798, “Guieiro Cultural”, 2 outubro 1997, pp. 26-27.

Informa sobre a celebración, en Vilagarcía da Arousa do Iº Congreso da Poesía Galega, coincidindo co cincuenta aniversario da publicación de *Cómaros Verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, obra que deu título a un premio de poesía que se fallou ó longo do congreso e que recaeu en Rafa Villar. Sinálase que ó longo do encontro se levou a cabo unha discusión acerca de xeracións poéticas, o que levou a unha conclusión: “a poesía non é unha terra única”, pois coexisten “tres xeracións poéticas en activo”. Tamén houbo un debate entre editores, que analizaron o nivel de edición de poesía en Galicia, e no que participaron Carlos Lema, Miguel Anxo Fernán-Vello, Sabino Torres e Fran Alonso. Recóllense manifestacións de diversos participantes nos debates, como Emilio Xosé Insua, Yolanda Castaño ou Miro Villar, quen compartiu mesa con Xosé María Álvarez Cáccamo e Ramiro Fonte. Ademais houbo unha mesa redonda dedicada á poesía infantil, na que participou Manuel María, outra sobre poesía da emigración e o exilio, e tamén se debateu acerca da tradución, con Camiño Noia e Andrés Pociña, destacando que “traducir sería unha tarefa imprescindible para a normalidade cultural do país”.



_____, (coord.), “Rodríguez Lapa”, *A Nosa Terra*, nº 806, 27 novembro 1997, pp. 1-8.

Preséntansenos oito escritos que permiten conformar unha imaxe da figura de Manuel Rodríguez Lapa, cando se cumpren cen anos do seu nacemento en Anadía. Todos eles ofrécennos unha serie de datos sobre a vida e obra desta importante figura portuguesa, destacando as relacións existentes entre Lapa e todo o vencellado con Galicia que el vía como “essa terra maravilhosa, desgraçada e incompreendida, como sendo a minha própria terra” e tamén co galeguismo dos anos 30, das súas relacións con diversas figuras galegas, das súas obras máis significativas e do que representaban para el Galicia e os galegos. Inclúense artigos de Carlos P. Martínez Pereiro, Isaac Alonso Estraviz, Reprodúcense finalmente dúas cartas do homenaxeado dirixidas a Fermín Bouza-Brey e a Abelardo Moralejo. Os artigos relacionados coa literatura galega son os seguintes:

-Manuel Rodrigues Lapa, “Castelao e a Galiza”, p. 2. Trátase dun artigo publicado por Lapa no número 309 de *Seara Nova* (1932), onde fai alusión ós actos celebrados en Lugo neste ano nunha homenaxe a Castelao. Refírese ademais a súa presenza, ó momento no que coñeceu a Castelao e á admiración que lle provocou o álbum *Nós*, o que considera “verdadeiro poema da Galicia sofredora”. Conclúe reclamando a celebración dunha Semana Galega en Portugal e unha Semana Portuguesa en Santiago para conseguir un “indispensável entendimento”.



-Salvador Lorenzana, "Vencellados a aquel profesor mozo", p. 3. Extracto do artigo "Rodrigues Lapa e a cultura galego-portuguesa" publicado no número 4 de *Grial*, no que se fala da relación de Fernández del Riego e o romanista portugués e da importancia do seu libro *Das origens da poesía lírica em Portugal na Idade Media*.

-Francisco Salinas Portugal, "Rodrigues Lapa e a preocupación pola nosa literatura", p. 4. Refírese ós numerosos traballos realizados por Rodrigues Lapa sobre a literatura galega, que fan do portugués un estudioso galego máis. Dá conta das súas aportacións na literatura medieval e dos seus estudos sobre autores galegos como Castelao, Curros ou Pondal, ó que considerou como "todo um programa de regeneração espiritual e uma cartilha de liberdade cidadã".

-José M. Montero Santalha, "Propagandista da Galiza pelo mundo", p. 6. Preséntanse unha serie de fragmentos da colectánea de Rodrigues Lapa titulada, *Estudos galego-portugueses* (1979), nos que trata diversos temas galegos. Sinálase o seu labor propagandístico e a introducción da literatura galega nas súas clases universitarias. Coméntase tamén que en *Estilística da língua portuguesa* introduciu exemplos literarios de autores galegos contemporáneos, así como a súa idea, compartida con Castelao e Carballo Calero, dun futuro lusófono para Galicia.



arios

V.8. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos



Villanueva, Manuel, “La lengua de las mariposas”: Los diques de la vida”,
La Región, 27 xullo 1997, p. 60.

Anúnciase que, logo da traducción ó castelán de *¿Que me quieres amor?* (1995), de Manuel Rivas, o director de cine José Luis Cuerda e Sogecine preparan un guión para unha película que levara o relato “A lingua das bolboretas” ó cine. Manuel Villanueva, director de programas de Canal Plus, cualifica o texto de “lección de tenrura e de inocencia do corazón”. Conta que o emocionan, por unha parte a conmoción que provocan os achados, o descubrimento do cotián, e pola outra, a última parte do relato onde os instintos superan os sentimentos. Finalmente cualifica a historia como moi fermosa e humana e agoira moi bos resultados da man de José Luis Cuerda. Fai, así mesmo, un pequeno percorrido polo tema da covardía no cine”.



Villar, Carme, “Versos para todas las estaciones”, *Faro de Vigo*, “Verano del 97”, 28 agosto 1997, p. V.

Refírese ó ciclo de poesía de verán Compostela 97 celebrado nos pubs de Santiago durante catro martes no que doce autores leron os seus poemas. O artigo recolle as opinións dos poetas que o clausuraron: Fran Alonso, quen afirma escribir por vocación e interesarse por ser un escritor do seu tempo; Olga Novo que publicará o seu terceiro poemario *Amar é unha india*; Yolanda Castaño, quen define a súa obra como “sensual, vitalista, suxerente e intimista”. O artigo fala ademais da asociación cultural Amahía e do proxecto Letras da Cal que achega a poesía ó público a un prezo razoable.



_____, “Sargadelos rinde homenaje a Castelao con 64 figuras de su Alba Gloria”, *Faro de Vigo*, 9 xullo 1997, p. 45.

Informa do acto de presentación de sesenta e catro figuras inspiradas no *Alba de Gloria*, de Castelao, feitos por cerámicas Sargadelos. Neste acto participaron Isaac Díaz Pardo, Avelino Pousa Antelo e Henrique Monteagudo. Ademais reproduce un fragmento deste discurso de Castelao e lembra algunhas das personalidades da historia de Galicia que aparecen nel.



Villarabid, Víctor L., “O enterro de Fiz Vergara foi un acto de exaltación da súa poesía”, *El Progreso*, 21 xullo 1997, p. 12.

Crónica sobre o enterro do poeta Fiz Vergara Vilariño que se converteu nun acto de homenaxe e de exaltación da súa poesía no que participaron dezaséis poetas que leron versos seus ó remate da cerimonia e o grupo folk Quenlla cantou un dos seus poemas.



_____, “El 18 comenzará en Samos un seminario sobre ‘A Lingua de Rosalía de Castro’”, *El Progreso*, 9 agosto 1997, p. 16.

Anuncia a organización dun seminario sobre a lingua rosaliana por parte da Asociación para o desenvolvemento de Samos (ADESA) impartido pola profesora Rosa María López Núñez e subvencionado pola Dirección Xeral de Política Lingüística.



Villar Janeiro, Helena, “Auga de Seltz”, *El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 27 agosto 1997, p. 12.

Cóntase neste relato a chegada dunha vaca a unha tasca para calmar a súa sede. Alí, ten que aturar-las impertinencias dun borracho que se atopaba na barra, ademais decátase das dificultades que xorden para escolle-lo tipo de auga. Este texto está ilustrado cun debuxo de Nito Davila.



X. A., “Homero Pérez Quintana gaba a calidade do Congreso de Blanco Amor”,
O Correo Galego, 19 setembro 1997, p. 33.

Informa da inauguración das Xornadas dedicadas a Blanco Amor a cargo de Homero Pérez Quintana. Recolle as palabras do Director Xeral de Promoción Cultural nas que louva a calidade dos participantes e lembra o espírito viaxeiro e intelixente do autor de *A Esmorga*.



X. C., “Aos Álvarez Blázquez chégalles a homenaxe meredida”, *A Nosa Terra*, nº 779, “Guieiro Cultural”, 22 maio 1997, p. 21.

Infórmase da recente homenaxe que recibiu a familia Álvarez Blázquez ó porlle á Biblioteca Central de Vigo o nome da mesma. Ofrece, así mesmo, unha serie de datos biográficos de “catro xeneracións dunha familia de escritores, artistas, médicos e eruditos que deron e dan días de gloria para a nosa patria”. Cita, entre outras actividades, a creación da editorial Monterrey e de Edicións Castrelos, coas coleccións O Moucho e Pombal.



_____, “A Academia elixe presidente procurando evitar o desprestixio da institución”, *A Nosa Terra*, nº 806, “Guieiro Cultural”, 27 novembro 1997, p. 27.

Acúsase de esclerotización á Academia, criticase a García-Sabell, presidente saínte, por presenta-lo recurso de inconstitucionalidade contra a lei de normalización lingüística e láíase dos pobres resultados producidos pola entrada do grupo Galaxia. Así mesmo cóidase que a composición actual da institución (da que se recolle o nome da totalidade dos seus membros) non é representativa da sociedade actual. Para exemplificar isto cítase a Xosé Manuel Beiras, que renunciou a formar parte da Academia, e a tódolos persoeiros que agardan pola lectura do discurso de ingreso: Ramón Lorenzo, Fernández Rei, Santamarina ou Franco Grande. Descríbense os movementos que se están a dar para unifica-las dúas candidaturas á presidencia deixando como máximo responsable a Francisco del Riego, valorado positivamente, e como secretario a Constantino García, a quen se describe como intermediario do intervencionismo cultural do Partido Popular. Para rematar X. C. salienta os chamamentos que se están a producir dende diferentes sectores sociais a prol dunha renovación profunda e cita, neste sentido, as peticións da Mesa pola Normalización Lingüística e o manifesto asinado por Manuel Rivas, Ferrín e Suso de Toro.



_____, “A Real Académia anúncia unha nova época se consegue unha financiación adecuada”, *A Nosa Terra*, nº 807, “Guieiro Cultural”, 4 decembro 1997, p. 21.

Infórmase da elección de Francisco Fernández del Riego como presidente da R.A.G. e das iniciativas do novo presidente: ampliación dos cargos directivos para formar un equipo de traballo coherente, resolve-lo problema económico pois Del Riego pensa que é o problema principal, anima-los seis académicos electos para que se integren e non se produzan vacantes na institución. Remata a noticia referíndose á reivindicación do presidente, dun papel central para a Academia na defensa da cultura galega e da normalización lingüística.



X. M. C., “La Diputación de Ourense rehabilita la figura de Bóveda como hijo predilecto”, *Faro de Vigo*, 31 maio 1997, p. 23.

Dáse noticia do acto que se levou a cabo no salón de Plenos da Diputación Provincial de Ourense no que se lle entregou á viúva de Alexandre Bóveda un pergamiño que o acredita como fillo predilecto de Ourense. A continuación céntrase na intervención de José Luis Baltar, Presidente da Deputación quen destacou a necesidade desta homenaxe “para concienciar a la sociedad gallega en general, y a la orensana en particular, de la importancia de este acto”.



X. M. P., “Hallan en Mondoñedo poemas inéditos de Xosé Díaz Castro”, *La Voz de Galicia*, 16 decembro 1997, p. 74.

Informa do achádegos por parte de Félix Villares Mouteira, rector do Seminario de Mondoñedo, de cinco poemas inéditos en galego. Segundo a noticia as composicións datan de 1935 e atopábanse nunha carpeta que pertenceu a un sacerdote recentemente falecido. Dadas as iniciais coincidentes coas do poeta de Guitiriz e a constancia de que nesa época o autor escribía versos “no galego falado da súa aldea”, atribúenselle estes poemas a Xosé Díaz Castro. Os títulos atopados son “Noite de inverno”, “O fillo de Xan Pirico”, “A balada da madrugada”, “Inconsecuencias” e “O meu caudal”.



X. V., “Recuperar trozos de historia”, *La Voz de Galicia*, 6 marzo 1997, p. 58.

Informa da celebración dunha semana histórica e literaria por parte do equipo de normalización lingüística do instituto Eduardo Pondal de Conxo e do Centro Sociocultural Aurelio Aguirre titulada *Eduardo Pondal e o banquete de Conxo baixo a sombra de 1846*, por mor do 70 aniversario da morte de Pondal e máis por rememora-lo chamado “Banquete democrático de Conxo”, comida celebrada no ano 1852 e que foi “todo un preludio del *rexurdimento* literario y político de Galicia, en la segunda mitad del siglo XIX”, e na que participaron, entre outros, Aurelio Aguirre e Eduardo Pondal. Apunta o coordinador da semana, Luís Humberto Busto, que a finalidade dos actos “é contribuir a recuperar unha parte da memoria histórica de Conxo. Remata o artigo citando algunha das actividades que se levarán a cabo.



Xares, Xesús, “Los orígenes de la novela en gallego”, *El Mundo*, “Hoy será noticia”, 20 maio 1997, p. 8.

Co motivo do 94º aniversario do pasamento de Marcial Valladares condénase o relativo esquecemento ó que está sometido o fundador da novela galega. Lémbrese o argumento de *Maxina* e as condicións da súa publicación. Non se esquece sinala-lo labor lexicográfico deste literato.





VI. Clásicos greco-latinos traducidos



 **Esopo, Fábulas**, trad. Teresa Barro, ilust. Pepe Carreiro, Santiago de

Compostela: Laiovento, col. Narrativa, nº 88, xuño 1997, 99 pp. (ISBN: 84-87847 95-1). Ž

Este volume reúne un total de oitenta e unha *Fábulas* vertidas ó galego, segundo a traductora, na versión máis fiel posible ós que puideron se-los textos esópicos orixinais. Na breve introducción, abórdanse fundamentalmente tres cuestións: as diversas incógnitas sobre a identidade do autor e a transmisión da súa obra; a súa influencia e reinterpretación nas distintas tradicións fabulísticas, tanto occidentais coma orientais, e finalmente o contido ético e pedagóxico, nunca moralizador, das fábulas. É por iso que Teresa Barro non inclúe na súa traducción as coñecidas sentencias finais que lle foron introducidas *a posteriori*, probablemente polo cristianismo. As fábulas, acompañadas esporadicamente ó longo do volume por sete gravados de Pepe Carreiro, relatan situacións diversas e comprometedoras entre animais (raposos, tartarugas, lobos, leóns...), homes (un ateniense, un pastor, etc.) e mesmo deuses (Hermes, Heracles ou o mesmo Zeus). Aínda que a meirande parte delas son breves e directas, algunha presenta unha maior extensión e elaboración no relato.

Recensións:

-M. Quintáns S., “Esopo en galego”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 27 xullo 1997, p. VII.



Sinala que a traducción das *Fábulas* de Esopo era unha obriga para a nosa literatura tanto pola oportunidade de gozar da súa lectura en galego coma pola influencia que exerceu este autor grego nos fabulistas posteriores. Recolle as opinións verquidas por Teresa Barro no prólogo da obra, e que serven para caracterizar estas fábulas.

? it io



VII.1.1. Narradores galegos

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 1. Narradores galegos



Alfaya, An, *¡Sireno, Sireno!*, Premio Merlín 1997, ilustr. Xulia Barros, Vigo:

Edicións Xerais, col. Merlín, Serie laranxa (de 11 anos en diante), decembro 1997, 131 pp. (ISBN: 84- 8302-197-8).

Este relato de An Alfaya (Vigo, 1964), xira ó redor do Sireno, unha escultura de Leiro situada no centro da cidade de Vigo, que representa, para o rapaz protagonista, un talismán cheo de maxia e misterio que o mantén en contacto co pai morto. O día que colocaron a estatua pai e fillo ollaron xuntos a película do "home elefante" e compartiron a idea da triste beleza das dúas obras. Agora, coa perda do pai e a nai atrapada no pozo do illamento, o neno terá no Sireno a chave de entrada á fantasía, o confidente imprescindible e o guía que lle amosa o camiño ó país das cores, a el que vive nun mundo gris. É o protagonista quen nos relata en primeira persoa os feitos, nun estilo que se achega á prosa poética.

Recensións:

-M. Moreno, "An Alfaya: un anxo chamado sireno", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 190, 18 decembro 1997, p. 4. Referíndose ó Premio Merlín de literatura infantil deste ano, destaca o tratamento de temas conflictivos por parte da autora, como pode verse coa sida en *O caderno azul* e a morte neste *¡Sireno, Sireno!*. Aínda así, admite que carga as tintas nos matices de esperanza fuxindo do dramatismo. Recolle as



declaracións de An Alfaya nas que afirma que “o Sireno é un refuxio do rapaz, unha aventura interior que xorde dun problema de identidade pola perda do pai, dun neno que ten que afrontar a morte e que precisa dun amor e dunha tenrura que a súa nai non pode darlle”.

Referencias varias:

-Francisco Castro, “An Alfaya”, *Atlántico Diario*, “Crónicas efímeras”, 15 novembro 1997, p. 26. Comeza mostrando a súa alegría pola concesión do Premio Merlín a An Alfaya. Comenta a ingratidade do traballo de escritor e as dificultades engadidas de escribir literatura infantil e en galego. Para Francisco Castro “tantos e tantos escritores teimudos na nosa lingua, deben ser considerados como heroes”. Conclúe dándolle a noraboa a An Alfaya.

-Carmen Parada, “An Alfaya presentó en Vigo el libro ganador del premio Merlín”, *La Voz de Galicia*, 23 decembro 1997, p. 84. Breve apuntamento sobre a presentación do libro en Vigo. Recóllense as palabras da autora quen comentou que esta é unha historia contada dende a emoción e o sentimento porque narra a etapa da infancia dun neno que descobre a vida, un adolescente que se decata da dificultade de conciliar realidade e desexo.



Babarro, Xoán e, Ana M^a **Fernández**, *O parque da chave dourada*, ilustr. Manolo Uhía, Barcelona: Editorial Casals, col. O Trolebús, nº 8 (a partir de 8 anos), 1997, 184 pp. (ISBN: 84-218-1799-X).

Esta obra de Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, 1947) e Ana M^a Fernández (Palma de Mallorca, 1949) contén un conxunto de trinta e catro relatos breves, contados dende a óptica dun narrador omnisciente en terceira persoa e relacionados entre si por ter en común algún dos personaxes principais. O relato iníciase co traslado de dous irmáns, Quique e Chelo, a outra casa na que atopan a metade dunha pequena chave dourada nunha caixiña de madeira. A continuación, o narrador relata as aventuras dos distintos elementos da pequena vila: a farola, un carballo, unha bandada de estorniños, a palmeira, a papeleira vermella, a Mimosa e o Sol, a pomba, unha garza. O último dos relatos desvela o misterio da orixe da chave do Parque dos Catro Ventos e dos Sete Saberes.



Babarro, Xoán e, Ana M^a **Fernández**, *A festa dos mil contos*, ilustr. Roberto

Argüelles, Vigo: Edicións do Cumio, col. A Curuxa, nº 6, 1997, 99 pp. (ISBN: 84 8289-062-X).

Relátanse, dende un punto de vista omnisciente, as aventuras dunha serie de personaxes que se reúnen para celebra-lo Día das Letras. A obra, estruturada en cinco capítulos titulados, ofrece un detallado percorrido por tódalas actividades que tiveron lugar con motivo do citado día. Á xuntanza acudiron, ademais dunha boa parte dos animais que habitan na zona, Chinín, Cufín e Runín (trasnos das letras chinesas, cúficas e rúnicas, respectivamente), o trasno Biblín, o pirata Fragata e o seu sobriño Garabata. Na celebración os distintos convidados deleitaron ó público asistente cunha serie de contos, adiviñas, trabalinguas, poemas e cancións que se intercalan na narración da historia principal.



Babarro, Xoán e, Ana M^a **Fernández**, *E un día chegou Miroslav*, ilustr. Manolo Uhía, Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, Serie laranxa (a partir de 10 anos), xuño 1997, 114 pp. (ISBN: 84-204-5203-3).

Nárranse as aventuras de Nelo e a súa cadela Dalia dende que coñecen a noticia do traslado inmediato da familia ó campo. A partir deste momento, o protagonista decide poñer por escrito nun pequeno caderno, os seus sentimentos e experiencias. Conta cómo botará en falta os seus amigos ou cómo se aburrirá el só nunha casa tan grande. Sen embargo, un día chégalle a noticia de que Miroslav, un neno bosnio da súa mesma idade, pasará as vacacións de verán con el. A partir deste momento, cambia a súa vida e pasa unhas das mellores vacacións que recorda e que rematarán coa volta da nai de Miros para levalo con ela a outra cidade.



Blanco, Concha, *O aniversario de Ana*, ilustr. Elsa Liliana Vázquez, Vigo:

Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil-Xuvenil, Serie azul (a partir de 8 anos), xuño 1997, 114 pp. (ISBN: 84-204-5203-3).

Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) dedica este libro a unha rapaza chamada Ana como agasallo do seu décimocuarto aniversario. Ana é tamén o nome da protagonista desta historia, unha nena que se ergue leda a mañá do seu aniversario e prepara cos pais unha festa para os seus amigos. Pero á festa acudirán dous personaxes inesperados, dous heroes dos contos clásicos que tanto lle gustan a Ana: Cinsenta e o Gato con botas. Eles farán ós nenos un presente inesquecible; ámbolos dous contaránlle-los contos dos que son protagonistas, con certas innovacións. Cinsenta galeguiza o seu relato e o Gato con botas cántao ó xeito dos antigos cantares de cego. En diante, os libros de contos serán sempre os protagonistas dos agasallos dos nenos.

Referencias varias:

S. C., "Alfaguara lanza as súas novidades en literatura infantil", *O Correo Galego*, 29 novembro 1997,

35. Coméntanse as últimas publicacións infantís da editorial Alfaguara-Obradoiro: *Pasa-lo límite*, de Xavier Alfaya, *O pronóstico da lúa*, de Marga do Val e *O aniversario de Ana*, de Concha Blanco. Resúmense os argumentos de cada un deles facendo fincapé en que os dous primeiros están destinados a público



adolescente e tratan temáticas marxinais mentres que o terceiro é para un receptor infantil. Explica as características da colección “Historias de sempre” e cita as novidades *Un capitán de quince anos*, de Julio Verne e *A flecha negra*, de Robert Louis Stevenson.



Buján Núñez, Daniel J., *A pirata penamoura*, Premio Barco de Vapor 1996, Madrid: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 28, Serie vermella (a partir de 12 anos), 1997, 121 pp. (ISBN: 84-348-5590-9).

Xira o argumento desta obra de Daniel Buján (A Coruña, 1954) ó redor de Noa Penamoura, “a capitana máis temible de tódolos mares”, que sentindo morriña decide voltar cos seus piratas á terra que a viu nacer, Vila de Castro, para poder tomar unha cunca de caldo feita pola súa nai. Unha vez que chegan á casa de Noa, decatáanse de que non están sós, senón que os perseguiron uns piratas inimigos convencidos de que a verdadeira razón da viaxe era recuperar un tesouro agochado. Noa, pensando nun plan para desfacerse deles, faralles crer na existencia dese tesouro. Ó pouco tempo, moita xente da vila sabe do motivo da chegada dos piratas e, contaxiada polo virus da ambición, arma un gran batifondo. Finalmente todo se aclara, os inimigos marchan capitaneados polo Vintollos, veciño de Noa, mentres que ela xunto cos seus homes decide quedar por unha tempada na súa terra.

Referencias varias:

-S. C., “S. M. publica *A pirata Penamoura*, premio *Barco de Vapor*”, *O Correo Galego*, 29 novembro 1997, p. 35.



Informa da publicación do premio Barco de Vapor 1996 da editorial S. M. e a súa inclusión na serie vermella para lectores a partir de doce anos. Resume o fío argumental da obra e a traxectoria vital do autor do que esta é a primeira obra. Considera que a ensinanza do libro consiste en “que non hai maior tesouro que o que agochan dentro de si as cousas sinxelas da vida”.



Calo Iglesias, *Setemorros e outros contos*, prólogo de Antonio García Teijeiro, ilustr. Pepe Carreiro, Noia: Toxosoutos, 1997, 185 pp. (ISBN: 84-89129-40-1). Ž

Esta publicación, promovida polo Seminario Galego de Educación para a Paz, está escrita polo Coordinador do Centro Galego de Investigación para a Paz, Calo Iglesias (Xixón, 1934), e é o seu primeiro libro de literatura infantil. Os textos teñen en común imaxinación, humor, emocións e vocación transformadora no camiño dos valores, debedores do pacifismo e ecoloxismo. Un prólogo de Antonio García Teijeiro dá entrada ós contos e pezas teatrais do autor, distribuídos en sete apartados segundo a súa temática propia: “De aventuras polas Galaxias”, “Historias de animais (con razón ou sen ela)”, “De dragóns e encantamentos”, “Onde falan terras e ceos”, “Contos para non crer (ja imaxinación ó poder!)”, “Aquí en Galicia” e “Recordos e saudades”; no seu intento de abrir novos camiños de fantasía dedica a sección oitava, “Cóntame ti...”, a propoñer ós lectores diferentes xogos creativos en base ós textos anteriores e ás técnicas de Gianni Rodari. No noveno e último apartado “E agora... NOS OBRADOIROS”, o autor comparte o espacio con outras voces mediante a escolma de textos nados nos talleres impartidos a profesores e alumnado.

Referencias varias:

-D. J., “Calo Iglesias comparte os seus diálogos imaxinarios en *Setemorros*”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 31 decembro 1997, p. 34/p. 14.



Informa do acto de presentación do libro na galería Sargadelos de Compostela. Comenta que nel interviñeron, ademais do autor, o escritor Suso de Toro e Manuel Dios, presidente do Seminario Galego de Educación para a Paz e que nas súas palabras salientaron a relación deste conxunto de relatos cunha proposta de valores e que, en certa medida, a obra é resultado do traballo de moitos anos con profesores e rapaces xunto coa vocación literaria do autor. En palabras deste “Gústame compartir as miñas historias cos nenos, sobre todo cando eles entran no conto, e da súa presenza nacen relatos novos”.



Canosa Blanco, María, *Bramido Maino*, ilust. Vicente Blanco Mosquera, Sada-A Coruña: Ediciós do Castro, col. Narrativa para nenos, marzo 1997, 71 pp. (ISBN: 84-7492-836-2).

María Canosa (Cee, 1978) preséntanos unha historia de misterio escrita en primeira persoa pola rapaza protagonista. A partir do descubrimento dunhas vellas cartas do avó, a nena descobre que se salvou do naufraxio dun barco no que coñecera a un home que xamais volveu ver. Daquela acode a preguntarlle máis detalles, pero a memoria do vello non desexa recuperar certas lembranzas. Pouco a pouco, gracias á decisión e á inquietude da rapaza e coa axuda do seu padriño Fernando, consegue finalmente reconstruí-la verdade dos feitos e reuni-lo avó co seu vello amigo Xulián.



Canosa Blanco, María, *A pedra de seixo*, ilust. Andrés Meixide, Santiago de Compostela: Sotelo-Blanco Edicións, col. Xuvenil, nº 29, Serie O Ordenador (de 12 anos en diante), 1997, 90 pp. (ISBN: 84-7824-296-1).

A protagonista e narradora desta historia escrita por María Canosa (Cee, 1978) recibe unha bóla de cristal da madriña como agasallo polo seu aniversario. Pronto ela e maila súa cuadrilla descubren que gracias ós poderes que agocha o galano poden vivir aventuras e mesmo saber cousas de si mesmos e do seu pasado. Todo comeza cando a través da visión de Berta logran impedi-lo suicidio dun home que está na cadea. Días despois, Uxía e Hadrián, dous irmáns xemelgos, comezan a pensar e a actuar simultaneamente e así conseguen salvar a un neno de morrer afogado. Tras disto, Lidia coñece a través da bóla o seu irmán morto que lle regala unha pedra de seixo para poder establecer contacto con el sempre que o desexe. Despois destas aventuras, a cuadrilla decide garda-la bóla para sempre e a protagonista descobre a especial complicidade que a une coa madriña.

Recensións:

-Xavier Castro R., "Aventuras e misterio", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 10 agosto 1997, p. VII. Refírese á colección Infantil e Xuvenil de Sotelo Blanco Edicións como unha das "máis importantes e asentadas no actual panorama creativo". Centra o seu comentario na obra *A pedra do seixo*, no que di





VII.1. Narrativa

VII.1.1. Narradores galegos

que debe servir para mante-lo entusiasmo dos lectores e da autora, finalista por dúas ocasións do Premio Rúa Nova de narracións xuvenís.



Carballude, Pepe, *Romaxe de desventuras*, Barcelona: Edebé-Rodeira, illus. Siro López, col. Periscopio, nº 7, abril 1997, 130 pp. (ISBN: 84-8116-643-X).

Nesta ocasión Pepe Carballude (A Estrada, 1956) recrea o dito popular de que se a San Andrés de Teixido para non ir de morto hai que ir de vivo. Por este motivo a alma de Lisardo Novo vese na obriga de voltar a este mundo, xa que non cumprira a promesa de ir de vivo en romaría a San Andrés. Desenvólvense así ó longo de nove capítulos, unha serie de aventuras tétricas e cómicas, que teñen lugar ó aparecer de novo entre os seus coñecidos, ó pretender conseguilo seu traxe de vivo ou no seu trato cun espiritista, un persoeiro que, a cambio de certa información sobre o máis alá e cuestións esotéricas, levarao a San Andrés. Alcanza por fin este destino cumprindo a promesa que lle outorga o seu paso definitivo ó ceo.



Caride, Ramón, *Ameaza na Antártida*, ilust. Miguelanxo Prado, Vigo: Edicións Xerais, col. Merlín, Serie laranxa (de 11 anos en diante), decembro 1997, 126 pp. (ISBN: 84-8302-196-X).

Relato de ciencia-ficción, situado no 2077, no que os protagonistas, Said e Sheila, se comunican dende o futuro co lectorado adolescente do noso tempo para contarlle a última das súas aventuras. A primeira ofrecéaa Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957) en *Perigo vexetal* (Premio Merlín 1995). Do mesmo xeito que entón, ambos irmáns vanse alternando na voz narrativa. Agora, os orfos teñen catorce e doce anos e traballan deseñando teas por ordenador no muíño onde viven, cando se atopan coa mortandade de peixes nunha época na que xa non hai contaminación. Tentando averigua-las causas danse de bruços coa organización de Koprissos, o home que pretende facerse dono do mundo ou acabar con el explosionando as bombas colocadas na Antártida. Parece que o malvado ten todo baixo control, pero os sentimentos darán ó traste con tanta ruindade. Nesta ocasión, os irmáns tamén contarán coa colaboración do profesor Kim-Sam e o seu fillo Yu-Su.



Carreiro, Pepe, *Xograres e trovadores*, asesoramento histórico Manuela Álvarez Lozano, ilustr. Pepe Carreiro, Vigo: Edicións A Nosa Terra, col. A Nosa Historia, nº 10, 1995, 26 pp. (ISBN: 84-89138-13-3).

Recóllese neste volume a realidade medieval do espectáculo trobadoresco de xeito moi sinxelo e accesible para o público infantil. No medio da historia introdúcense e defínense conceptos como trobador, xograr, soldadeira, cantiga de amor, cantiga de escarnio e cantiga de amigo; faise referencia á importancia da lingua galego-portuguesa como *koiné* literaria e á tradición manuscrita da nosa literatura medieval.



Casal, Cándido, *¡Canta xente...!*, Zaragoza: Edelvives, col. Catavento, nº 4, 1997, 167 pp. (ISBN: 84-263-37-09-0).

Neste relato de Cándido Casal (Congostro, Ourense, 1956) desenvólvese a historia de Moncho e Pepa, unha parella que vai casar. Os seus amigos deciden facerlles un regalo orixinal; despois de moito pensalo póñense de acordo e mércanlles un can e unha gata, que bautizan cos nomes de Chicho e Cuca. A parella acéptaos con moita alegría e a partir de entón comezan os catro unha vida en común. Os animais son felices ata que chega a casa Brais, o primeiro fillo do matrimonio, e con el Manuela, a avoa, que non aproba a presenza dos animais na casa.



Casalderrey, Fina, *Podesvir*, ilust. Noemí López, Santiago: Sotelo Blanco, col. Infantil, nº 30, Serie O Lapis (ata os 8 anos), 1997, 38 pp. (ISBN: 84-7824 301-1). Ž

A modo de parábola, Fina Casalderrey (Xeve, 1951) cóntano-lo sucedido na vila de Podesvir. O que comenza sendo un lugar paradisíaco cambia cando a familia de Miguel coas maletas ateigadas de cartos se asenta nel, montan fábricas nas que só traballa a xente moza, que choia tanto que os vellos se han de ir porque estorban e non hai quen poida coidalos. Como só permanece o necesario, pérdese a ledicia e todo aquilo que lle dá cor á vida, os nenos abúrrense e os xoguetes non son quen de divertilos. Un día a casualidade fará que Miguel se atope cun vello que perdeu o autobús e se fagan amigos. Dende entón tódolos rapaces queren ter avós e a vida voltará á vila. De novo, como en *O estanque dos parrulos pobres* (1996), volve a autora a reivindicar a figura do avó. O texto, en caracteres caligráficos complementase con ilustracións a toda cor.



Casalderrey, Fina, *¡Puag, que noxo!*, ilustr. Xan López Domínguez, Vigo:

Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 6 (a partir de 6 anos), 1997, 23 pp.

(ISBN: 84-8288-120-5).

Fina Casalderrey (Xeve, 1951) fai con este álbum infantil unha incursión no mundo dos máis pequenos. Narra en primeira persoa as aventuras e desventuras dun neno que fai de canguro da súa irmá de sete meses durante unha noite; detense nas sensacións e sentimentos que vai experimentando fronte a esa pequena que tan pronto lle dá noxo porque cheira, como lle inspira tenrura porque se bota a andar a gatiñas ou lle chama guapo. A captación da realidade, a visión do mundo dende a mente do protagonista e a recuperación da memoria infantil son constantes ó longo do libro.

Referencias varias:

-Eva Rodríguez, “¡Puag, que noxo!”, *Redacción Xove*, nº 7, outubro 1997, p. 11. Primeiramente alude á colaboración de Editorial Galaxia coa agrupación Editores Asociados, composta por editores asturianos, vascos, galegos, cataláns e valencianos, para conseguir unha meirande difusión das obras e vencellados por pertenceren a linguas minoritarias. A continuación, refírese a *Puag, que noxo* como exemplo de cómo se debe escribir literatura para nenos e destaca a axilidade e o sentido do humor, axudado polas excelentes ilustracións.



Corral Uzal, M. Luz, *Cóntame un conto. Concurso Municipal de Contos e Narracións Curtas Infantís e Xuvenís Concello de Oleiros 1994-1995*, Oleiros-A Coruña: Sistema de Bibliotecas Públicas Municipais do Concello de Oleiros/Concello de Oleiros, 1997, 171 pp. (D. L.: VG-408-1997).

Reúnense neste volume as narracións premiadas no Concurso Municipal de Contos e Narracións Curtas Infantís e Xuvenís convocado polo Concello de Oleiros nas edicións de 1994 e 1995. Vai precedido dun limiar de M^a Luz Corral Uzal, Bibliotecaria Municipal, no que dá conta das distintas actividades de animación á lectura que se realizan no concello de Oleiros e tamén das actas do fallo do concurso nestas dúas edicións. A seguir inclúense os contos premiados, distribuídos en tres categorías.

Na modalidade de 8 a 11 anos resultaron premiados:

- Rubén Espejo Guardiola con "A raíña Pepiña".
- Antonio López Sánchez con "O lobo Henry".
- Álvaro Patiño Debén con "Un frei na mili".
- Marcos González Fernández con "A pardela e Lucas".
- Luisa Irene González Martínez con "O paso de cebra".



Na categoría de 12 a 14 anos foron merecedores de premio:

- Javier Caamaño García con “O segundeiro que ía o revés”.
- Olaia Fernández Jacob con “Nacer á vida”.
- Oscar José Lugrís Mirón con “A carreira de letras”.
- Natalia Vázquez López con “Penélope e as sandalias”.
- Catuxa Marta Sánchez-Tembleque Gil con “A noite”.
- Francisco Suárez Gómez con “O avergonzamento das ilustracións”.
- Mireia Álvarez Bosch con “O segredo da misteriosa porta”.
- Beatriz Fernández Barreiro con “A fraga”.
- Natalia María Suárez Insua con “A trampa”.

Na modalidade de maiores de 15 anos resultaron galardoados:

- Ebelia Mora Alonso con “Sen fogar”.
- Almudena Ocaña González con “Os orfos dos vivos e os orfos dos mortos”.
- Laura Janeiro Pereira con “Ollos en claro-escuro”.
- Yolanda Macía Trincado con “A fábrica de contos”.
- Cristina Cachaldora Castro con “Medo en negro”.
- Xavier Vázquez Freire con “Laura”.

Tódolos contos van precedidos dunha presentación realizada polos nenos premiados.



Darriba, Manuel, *Paf Xarope*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Docexvintedous, 1997, 100 pp. (ISBN: 84-7824-288-0).

Manuel Darriba (Sarria, 1973) presenta unha novela dividida en trinta e dúas secuencias breves ou “flashes”, nas que se narra a cotidianidade dunha vila azoutada polo desemprego e na que un pub, o Paf Xarope, é o escenario no que a xuventude deixa ver unha monotonía que ten como contrapunto un crime que se está a resolver. Como características da obra destacan a linguaxe coloquial, próxima á dos mozos protagonistas, o estilo irónico e o humor dos personaxes, así como a presenza doutras canles de narración como o cine, a televisión, ou a música.

Recensións:

-Xavier Castro R., “Historia dun crimen pasional”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 22 xuño 1997, p. VII. Destaca o propósito da colección Docexvintedous de ofrecer textos próximos ó mundo da xuventude e describe a estrutura e o argumento da obra, na que percibe a presenza dunha técnica próxima ó xornalismo e unha serie de claves como a música, algúns clásicos da literatura galega e “unha clara homenaxe ó cinema americano clásico”.

-F. Martínez Bouzas, “Outra maneira de escribir”, *O Correo Galego*, “Revista das Letras”, nº 177, 18 setembro 1997, p. 9. Refírese á capacidade de Manuel Darriba de “vir ó rego das sensibilidades”, intereses, mundos, linguaxes e formas de vida da mocidade dunha sociedade cambiante coma a nosa”. Considera que *Paf Xarope*



“racha con todos os mitos literarios en moda e tamén con moitos tabús da nosa tradición”. Relata o argumento da obra, sinala o estilo anovador da narración e cre que esta novela “interpreta novas posibilidades de facer literatura xuvenil”. Conclúe reiterando a sintonía coa sensibilidade e o xeito de vivir da mocidade de hoxe.

Referencias varias:

-Aníbal Malvar, “Non creo que sexa aínda un escritor”, *El Mundo*, “Galicia”, 25 agosto 1997, p. 7. Nesta entrevista Manuel Darriba cualifica a súa obra como “novela costumista” por reflectir espazos e situacións vividas. Analiza a influencia do seu traballo como xornalista na creación literaria; a vantaxe do hábito de volver sobre o escrito e a “tendencia extrema á brevidade” como inconveniente. Comenta as características literarias dos autores novos e do mercado editorial galego. Finalmente, loa a creación de grupos poéticos como o da Costa da Morte.



Docampo, Xabier P., *O pazo baleiro*, ilustr. Xosé Cobas, Madrid: Anaya, col. Sopa de Libros, nº 2 (a partir de 12 anos), decembro 1997, 154 pp. (ISBN: 84-207-8258-0).

Nesta historia de Xabier P. Docampo (Rábade, 1946) nárrese a historia de Nicolás, un rapaz que leva tres meses sen ir á escola porque non lle gusta o que lle aprenden nela. En cambio ~~fascínalle~~ **fascínalle** do seu tío Delio, que vive nun vello vagón de tren e é experto en reparar reloxos antigos. Un día atopan na caixa dun vello reloxo un misterioso cofre con diferentes obxectos: un pano de batista, unhas cartas de amor e unhas alfaías de muller. Moi intrigados e coa axuda dos seus amigos Ramiro e Sol, van comezar unha investigación para tratar de averiguar cá é a orixe de tan estraño achado.



Docampo, Xabier P./Ana **Romaní**, *O Habanero/Marmelada de amoras*, "Contos da travesía", IX Tren Caixa Galicia, Ruta marítima, Ría de Arousa 1997, ilustr. Sergio Casas, Santiago de Compostela: Biblioteca Nova 33, col. Nova 33, nº 18, 1997, 45 pp. (ISBN: 84-89231-39-7). Ž

Neste volume recóllense dous relatos realizados con motivo IX Tren Caixa Galicia. O primeiro deles, *O Habanero*, de Xabier Docampo (Rábade, 1946), está narrado seguindo a tradición oral, desenvolve a historia en primeira persoa ó tempo que introduce comentarios ou reflexións. A partir do que considera debe se-lo episodio fundamental da súa vida, descóbrenos que o Habanero garda un segredo no que está o seu punto de inflexión e que xira arredor dun galo de pelexa. Ó final da narración require a presenza do contador mostrando o obxecto que ensarta a crónica: os esporóns. No texto de Ana Romaní (Noia, 1962), *Marmelada de amoras*, unha vella escritora lembra o verán, con sabor a marmelada de amoras, no que se fai amiga dos libros, para poder lérllelos a unha cega e a unha cadela moi especiais, e cómo se ve obrigada a descubrir que tódolos libros están dentro dela cando acha que están en branco, sen letras.



Farias, Juan, *Bastián e mailos trasnos*, ilust. Guadalupe Hernández, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 96, Serie verde (a partir de 9 anos e para adultos), febreiro 1997, 65 pp. (ISBN: 84-8288-103-5).

Juan Farias (Serantes-Ferrol, 1935) achéganos esta narración na que o trasno Xenxo relata ó longo de dez “cadernos” a historia de Bastián, fillo do vento e da Vella das herbas. As dificultades na infancia do neno por ser fillo de meiga teñen como marco un lugar no que conviven o cotián e o marabilloso e no que se revela o papel esencial do trasno Olegario. Euloxia “a santeira”, fai o imposible para impedi-los amores do mozo con Adela, a rapaza roxa. Ó final o amor xurdido entre a propia santeira e o “cutre” Prudencio será o que deixe o camiño libre para un final feliz.

Referencias varias:

-Pablos, “Noticia de Juan Farias”, *Faro de Vigo*, 8 abril 1997, p. 7. Faise unha síntese da biografía deste escritor nado en Serantes no 1935. Resume o argumento das súas obras máis importantes: *Puente de cáñamo*, *Hombres y dornas* e *Los niños numerados*. De *Bastián e mailos trasnos* destaca a sencillez e a “eficacia na economía de medios”. Finalmente, reclama que sexa reeditada a obra deste autor.



Fernández Martínez, Ana María, *O Carabicolé*, ilust. Xulia Barros, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín (de 7 anos en diante), xullo 1997, 71 pp. (ISBN: 84 8302-133-1).

Relata Ana M^a Fernández (Palma de Mallorca, 1949) a historia dun sombreiro, que a moita honra, tiña unha pluma de “carabicolé” de cor azul con pinga vermella. Era un modelo exclusivo polo que moitas mulleres devecían, pero que non podían mercar polo seu elevado custo. Dani, un rapaz afeccionado ós bechos “rabechos”, descubrirá que unha vez que se lle reciten unhas palabras á pluma dese estraño paxaro, esta volveríase máxica. Logo de comprobalo, seguirá buscando máis información sobre a pluma máxica, pero agora, acompañado da súa amiga Lara, a quen fixera partícipe do seu segredo. Xuntos descubrirán que se algunha das plumas dese paxaro fose separada do resto por unha man cobizosa, este extinguiríase do planeta. Así que, coñecedores do modo de remedia-lo mal, deciden rouba-lo sombreiro, para devolverlle a pluma ó “carabicolé”. Péchase o libro cun apartado titulado “Cando a autora fala de si”, no que esta narra unha anécdota da súa nenez.



Fernández Paz, Agustín, *O centro do labirinto*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 18, 29 maio 1997, 214 pp. (ISBN: 84-8302-117-X).

Ó longo de vinte e un capítulos, Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) pon na voz dos diferentes protagonistas unha historia ambientada na Galicia de mediados do século XXI. A novela débúxanos un mundo deshumanizado e uniformizado, dominado pola tecnoloxía e sometido ás Leis de Unificación, feito que provoca a prohibición de tódalas linguas e culturas de Europa, agás o euroinglés. A acción comeza cunha viaxe dun adolescente, David, e a súa nai, a doutora Metmann, dende Berlín ata Galicia para visita-los petroglifos de Campo Lameiro, terra orixinaria dos seus devanceiros. A misteriosa desaparición de David, logo dun accidente, desencadea unha intensa busca por parte da nai e dos compañeiros desta, membros todos eles dunha rede de espionaxe e control moi achegada ó poder central. As dificultades aumentan ó tratarse dunha Zona Non Controlada (ZNC). O rapaz cae nas mans dunha comunidade de “robinsóns”, habitantes das ZNC que se opoñen ó poder unificador e que loitan porque a súa lingua, cultura e medio ambiente non sexan asimilados ou destruídos polas Leis de Unificación. Ademais das doses de aventura, intriga e acción, tamén latexa en *O centro do labirinto* o amor entre David e Brenda, unha rapaza da comunidade de “robinsóns”, que acabará cambiando a concepción do mundo que tiñan os chegados de Berlín. Agustín Fernández Paz aproveita para criticar veladamente a quen xustifica a modernidade a calquera prezo.



Recensións:

M. Blanco Rivas, "Na procura da saída do labirinto", *Faro de Vigo*, "El Sábado", nº 19, 28 xuño 1997,

6. Comenta que *O centro do labirinto* ben podería ser un ensaio que nos alerta sobre os perigos que axexan na vindeira era como a globalización mundial, o pensamento único, desertización, uniformización cultural, etc. Expón o argumento da novela e lembra a vocación ecoloxista de Fernández Paz en anteriores obras para dicir finalmente que *O centro do labirinto* é tamén unha reflexión sobre a responsabilidade e o papel que cadaquén ha de xogar na conquista dun mundo mellor.

-Armando Requeixo, "Literatura xuvenil con denominación de orixe", *Grial*, nº 135, Tomo XXXV, xullo-agosto-setembro, 1997, pp. 435-436. Opina que en *O centro do labirinto* existe unha trama na "liña do relato de futuroficción", ubicada a mediados do século vindeiro, que nos abre "ó espazo reflexivo sobre os perigosos vieiros" que poderían levar á nosa sociedade á "súa propia autodestrución". Considera que os valores pacifistas, ecolóxicos e igualitarios aúnanse cunha "historia suxestiva, de acción vibrante, onde hai espazo tanto para a tenrura donda e algodónada coma para o humor cómplice e agudo".

-Carme Hermida Gulías, "Agustín Fernández Paz: *O centro do labirinto*", *A Trabe de Ouro*, nº 31, "Publicacións", Tomo III, Ano VIII, xullo-agosto-setembro 1997, pp. 127-129. Percorrido pola produción de Agustín Fernández Paz e polo argumento desta obra a medio camiño entre a literatura para adolescentes e adultos. A súa maior virtude está "nas dúas tramas sobre as que se artella a novela e na variedade de temas que se tratan e encadran nelas". Destaca algúns destes temas como a conversión do mundo nunha aldea global hipercapitalista, o deterioro ambiental, os conflitos



xeracionais ou o inicio da sexualidade para dous adolescentes. Afirma tamén que a obra está escrita seguindo unha narración en liña e ambientada nun século XXI máis que probable, anunciado xa hoxe.

F. Martínez Bouzas, "Repíte: os carballos", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 166, 3 xullo 1997,

9. Sinala que esta novela de Agustín Fernández Paz está, sustentada pola narración de aventuras e non polos afáns adoutrinadores. Presenta certos comentarios sobre a procedencia de seu título, a importancia dos carballos, que funcionan como "símbolos de todos os inmesurables combates" da narración, e o seu estilo, que cualifica de "correcto e moi claro". Conclúe afirmando que se trata dunha novela destinada a tódolos públicos.

-X. M^a de Castro Erroteta, "Galicia vai salvar ao mundo", *A Nosa Terra*, nº 787, "Guieiro Cultural", 17 xullo 1997, p. 24. Define *O centro do labirinto* de Agustín Fernández Paz como unha metáfora ecolóxico-nacionalista. Fai unha serie de consideracións arredor do ritmo narrativo, a lingua empregada e o fío argumental. Salienta a relación co cómic e, nesa orde de cousas, a calidade da portada de Miguelanxo Prado.

-Xosé M. Eyre, "Sobreviviremos", *A Nosa Terra*, nº 794, "Guieiro Cultural", 4 setembro 1997, p. 24. Recensión conxunta de *O centro do labirinto*, de Agustín Fernández Paz, e *Sobrevives* (1996), de Fina Casalderrey. Comeza reflexionando sobre a convivencia do libro con outros modelos e soportes como remedio á carencia de curiosidade, e sobre as dificultades para introducir novos medios nun sistema literario non normalizado. De *O centro do labirinto* fala da temática, salienta que se pretende reflexionar sobre o acontecido nos anos finais do século XX e aprecia unha vontade didáctica ben integrada no discurso se se ten en conta ó lector implícito. Malia isto, considera que a concepción didáctica primaria se ve superada pola emoción da interpretación histórica. Conclúe o comentario desta obra apuntando



reminiscencias de *Arredor de si*. No referente a *¿Sobrevives?*, explica que o discurso pode parecer pouco apropiado para o lector ó que se dirixe, considera que a novela está ben ambientada e que a selección léxica é acertada. Conclúe que hai un personaxe ben configurado que esculca e se pregunta sobre a problemática xuvenil. Valora seguidamente as dúas obras conxuntamente e cualifícaaas como propostas suxerentes pero cre que se lles foron das mans ós seus autores. Respecto de *¿Sobrevives?* di que poderíamos denominala como novela de tese e nos dous casos de novelas de formación.

Referencias varias:

-C. R., “Fernández Paz entra no centro do labirinto”/“O centro do labirinto aborda o futuro da lingua galega”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 xuño 1997, p. 43/p. 15. Apúntanse como temas da obra a inquietude pola globalización da cultura, o futuro da lingua galega, a reflexión sobre o sentido da vida e o papel do azar na existencia. No referente á presentación da obra na Galería Sargadelos de Santiago sublíñase a intervención de Xosé Chao Rego que sinalou o carácter simbólico desta obra “que se dirixe directamente ó inconsciente”.

-Francisco J. Gil, “Creo que esta novela es mi mayor aportación a la cultura”, *Faro de Vigo*, 27 xuño 1997, p. 42. Entrevista con Agustín Fernández Paz co gallo da presentación da novela *O centro do labirinto*. Comeza cun perfil do escritor, quen a seguir fala sobre o público ó que se dirixe esta novela, afirmando que non só é para os lectores mozos senón tamén para os adultos, xa que ten diferentes niveis de lectura. Logo resume o argumento e as ideas que encerra a novela e reflexiona sobre a súa concepción da escrita dicindo que non só pretende transmitir ideas e que hai que tentar facer contribucións importantes á cultura con cada obra.



-Rodri García, "Vai haber unha mutación cultural mundial que fará florecer a diversidade", *La Voz de Galicia*, "Cultura", ano II, nº 123, 8 xullo 1997, p. 6. Entrevista na que Fernández Paz indica que *O centro do labirinto* é a novela dos seus cincuenta anos, por iso a protagonista ten esa idade, e que lle custou moito escribila porque está chea de símbolos. A pesar de tratar un tema moi complexo, quería que se lese ben, polo que inclúe contidos profundos con linguaxe de aventuras. Tamén alude a que nesta obra usa un mecanismo de anticipación para proxectar os temores da fin de século e adiantar solucións, pois para falar do presente o mellor é afastarse.

-M. Moreno, "Agustín Fernández Paz: "Estamos no febreiro do cambio", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 167, 10 xullo 1997, p. 8. Entrevista a Agustín Fernández Paz a propósito da publicación desta novela. Comenta a obra no que ten de crítica ó presente a través do futuro e a visión optimista que defende, pois cre que no medio da globalización, a uniformización, a linguaxe única, a fenda norte sur, o emboutamento creativo, a devastación brutal da natureza, a posibilidade de redención está na diversidade que hai que buscar nas raíces. Tamén resposta a cuestións relacionadas coa literatura xuvenil.

-Xoán Acuña, "O labirinto de Agustín Fernández Paz", *Atlántico Diario*, 20 xullo 1997, p. 69. Con motivo da publicación da novela faise unha semblanza do autor e cítanse as obras anteriores e os premios acadados. Resúmese o argumento do libro e os seus temas, entre os que se nomea a desfeita dos recursos naturais, o consumismo, as grandes diferencias sociais, a soidade nun mundo moi comunicado, o imperialismo cultural ou a casualidade. Valórase satisfactoriamente o resultado final desta peza de ciencia-ficción que se considera amena, didáctica, entretida, engaiolante e inquietante.

Alberte Soto Soto "Otras letras", *Qué leer*, nº 14, "Actualidad", setembro 1997, pp.26-27.
Fernández Ferreiro, Xosé, *Co medo nas mans*.



Franco, Xavier, *Eventuais*, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, col. Docexvintedous, 1997, 104 pp. (ISBN: 84-7824-303-8).

Colección de vinteún relatos independentes entre si. Os personaxes máis habituais son estudantes, en moitos casos emancipados e con traballos eventuais. Xavier Franco (Pontevedra, 1967) vains pintando, nun ambiente xeralmente urbano, o cadro de expectativas que todos temos e que se esvaen pouco e pouco no vento. Amósanos unha xuventude con moitos problemas para saír adiante pero que non se sente infeliz; nembargantes por veces xorde a morte como pronta e suxestiva solución para tódolos conflitos. Estes mozos deben loitar sen descanso en diferentes campos de batalla como o do amor ou o das relacións laborais (o desemprego é unha negra sombra que se percibe constantemente). Reflicte o desarraigo familiar daqueles rapaces que viven longas tempadas fóra do fogar e descubren que non poden retornar porque o seu lugar xa non está aí. Ofrece unha visión sórdida da vida presidindo moitos dos contos en oposición á infancia, vista como tempo de ilusión. Critica a sociedade por premiar ós que realizan traballos rutineiros, dificultando o camiño dos que se decantan pola creación. O derradeiro relato representa o contrapunto co resto da obra ó presentarnos unha parella que conserva a felicidade en base a un cariño aínda sen erosionar.





Referencias varias:

A. R., “Como a vida mesma”, *Tempos Novos*, nº 6, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 1997,

81. Sinala que neste libro de Xavier Franco se ofrecen trinta e dous anacos de realidade aparentemente intranscendente, baixo a que latexa outra “realidade reveladora agochada tras da mediocridade empírica que nos rodea”.

-Alberte Soto Soto, “Otras letras”, *Qué leer*, nº 16, “Actualidad”, novembro 1997, p. 37.
Ver Novo, Isidro, *Carne de can* no apartado correspondente deste *Informe*.



Frías Conde, Xavier, *A vaca Maruxa esquía en Valbabuxa*, ilustr. Bernardette Cuxart, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 15, Serie azul (a partir de 6 anos), outubro 1997, 37 pp. (ISBN: 84-8116-257-4).

Este relato de Xavier Frías Conde (Navia-Eo, 1955) sitúase na granxa do señor Castañeira na que viven felices tódolos seus animais. Un día descobre unha vaca moi seria e con lentes de sol. O señor Castañeira sospeita que a vaca está doente e chama ó veterinario para que lle dea un remedio eficaz. Despois de varios intentos inútiles deciden mandala a unha estación de esquí, Valbabuxa, para que se recupere. Alí vivirá unha insólita aventura e converterase en campiona deste deporte.



García Teijeiro, Antonio, *Ladrándolle á lúa: poema en prosa*, ilustr. M^a Antonia Pascual, Santiago: Sotelo Blanco, col. Infantil, nº 32, Serie O Lapis (Primeiros Lectores), 1997, 38 pp. (ISBN:84-7824-306-2). Ž

O libro aparece subtitulado como poema en prosa e responde realmente a ese postulado. Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) vai xogando coas palabras mentres nos fala da nena Antía e do can Dark. Ámbolos dous están enfeitizados coa lúa, a quen lle contan historias día a día. Pero unha noite a lúa apareceu cambiada e respondeu a cada un deles. Despois diso ficaron dormidos e Antía soñou cunha viaxe acompañada por Dark.



Iglesias de Souza, Luís, *O vello das pombas*, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de encontro, 1997, 87 pp. (ISBN: 84-403-0138-3).

Recompílanse unha serie de relatos de Luís Iglesias de Sousa (A Coruña, 1919-1995) agrupados baixo o título do primeiro deles, "O vello das pombas", que resultara gañador da segunda edición do Premio Internacional Vieira de Humor. Narra nel os trafegos dun avó para poder darlle algo de comer ós seus netiños orfos. Nos titulados "A filla da Lúa", "A casa do trasmundo" e "Bieito e o raposo" dálle vida a uns seres fantásticos, enmeigados ou afectados por algunha circunstancia estraña que á súa vez serán protagonistas de feitos da mesma condición. Late por outra parte o amor e a dor en "Estas son as cartas dun romántico amor imposible" e "Tres cartas dunha amendoeira". Aparece ademais o humor en "Historia do famoso cazador que se chamaba Heriberto", e o sarcasmo nos relatos que se integran baixo o encabezamento de "Retratos de esguello", onde unha serie de personaxes, convertidos en símbolos, satirizan distintos aspectos da sociedade. Ábrese este volume cunha serie de referencias sobre o escritor coruñés e o seu relato gañador do premio mencionado.



López, Ana Cristina, Dolores Fernández López, Pablo Vázquez Pereira, Cristina Torreiro Sebastián, Iria Calviño García, *Mala espiña e catro contos máis*, Vigo: Agrupación de Libreiros de Ourense/Casa da Xuventude de Ourense, 1997, 63 pp. (ISBN: 84-921613-1-0).

Reúnense neste libro as narracións premiadas no XIII Premio Ourense de Contos para a Mocidade 1996, convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense:

Premio Ourense:

-Ana Cristina López, “Mala espiña”, pp. 9-18. Relato no que se desenvolve unha historia escrita en clave íntima, dirixida como unha carta a un destinatario sempre silencioso.

Accésits:

-Dolores Fernández López, “Hermefea do Carnoto”, pp. 19-29. Continúase gracias á memoria de Hermefea a historia de Antón Leivas, un dos personaxes de *Os outros feirantes* quen, fuxindo da popularidade trala publicación do libro, se instala nun lugar



afastado onde ninguén o recoñece. Alí vive unha fantástica historia cun anano que se lle aparece en soños.

-Pablo Vázquez Pereira, "Madrugada de Orballo", pp. 31-38. Preséntano-los pensamentos duns personaxes tristes que comparten unha pensión sen categoría e que permanecen illados nos seus cuartos. Un escritor frustrado, unha rapaza embarazada, un amante da liberdade, un crego namorado, un vendedor ambulante de libros e un emigrante retornado, ocupan cadanseu tramo da narración encabezado polo número da habitación.

-Cristina Torreiro Sebastián, "Recordos na Sombra", pp. 39-48. Conta a historia de Alicia, unha nena que pasa o verán na aldea coa súa avoa e unha vez alí vai coñecer mellor a súa historia de amor sucedida no pasado.

-Iria Calviño García, "A Ádega", pp. 49-59. Céntrase no problema que se presenta na vida de Ádega cando queda embarazada e decide abortar.

Referencias varias:

Z. I., "Mala espiña e catro contos máis', un premio a 5 escritores galegos", *La Región*, 30 xuño 1997,

10. Cita os nomes dos gañadores no XIII Concurso de Contos para a Mocidade en 1996 e os títulos dos relatos que agora conforman este libro.



López López, Xabier, *Biff, Bang, Pow!*. Novela negra, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco Edicións, col. Docexvintedous, 1997, 216 pp. (ISBN: 84-7824 304-6).

Como anuncia o subtítulo da obra de Xabier López López (Betanzos, 1974), *Biff, Bang, Pow!* é unha “novela case negra”, unha trama detectivesca en clave de humor, organizada en vinteún capítulos, que se inicia e se pecha respectivamente cun prefacio e cun epílogo. Antón Peruleiro abandona a súa aldea galega para atopar un futuro mellor en Londres. Pero o desencanto é case inmediato á súa chegada. Non hai traballo e só pode malvivir. A casualidade lévao a traballar como detective privado, empregando como guía *O pequeno-gran-manual do detective privado en esquemas e casos prácticos*, de Mr. Fool. O seu primeiro e único caso, desvela-lo roubo dunha cinta de cine pornográfico, envólveo nun asunto de espionaxe internacional. Ó longo da obra xógase cos tamaños e as formas das grafías.



López Rodríguez, Xavier, *A serea do deserto*, ilustr. Marifé Quesada, Vigo:

Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil, Serie laranxa (a partir de 10 anos), xuño 1997,
74 pp. (ISBN: 84-204-5204-1).

Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) conta a través dos ollos dunha nena, a historia dunha rapaza saharauí chamada Tawala que vén pasa-lo verán a Galicia e descobre con verdadeiro entusiasmo o mar, os ríos e a súa gran habilidade para nadar. A narradora, a rapaza que a acolle na súa casa, vai dando conta de tódolos feitos significativos daquel verán. O que nun principio son celos pola grande atención dos pais coa estraña, transfórmase logo na amizade e no coñecemento dunha cultura e duns costumes moi distantes dos seus.



Manuel María, *As ribeiras son escuras*, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de encontro, 1997, 159 pp. (ISBN:84-403-0137-5).

Segundo explica Manuel María (Outeiro de Rei, 1929) no prólogo deste libro, dúas das novelas curtas que compoñen este libro foron publicadas no número 9 e 14 da revista Grial —*As augas van caudais* (1965) e *Os alugados*, respectivamente—, que acompañadas por *O xornaleiro*, conforman o libro. Trátase de tres relatos narrados cunha terceira persoa omnisciente, que reflicten tres cadros característicos da sociedade rural galega, localizados xeograficamente en aldeas da provincia de Lugo, antes do 36 nas dúas últimas e despois na primeira. *As augas van caudais* relata o sufrimento dun pobo que vai ficar asulagado por un encoro. Presenta o caso desde a perspectiva dunha familia e conta a vida do Fuco, de como pouco a pouco, trala morte dos pais, da muller e do seu arelado fillo, só lle fican as terras que agora lle queren tirar; por iso, cando recibe a visita do xefe administrativo para lembrarlle a data de cobro e desaloxo, mátao dun disparo. *O xornaleiro* conta a historia de Manuel, da súa familia e o porqué se ve abocado a traballar de xornaleiro na casa dos Hortas. Aquí aparece o tema da explotación laboral do neno e a dificultade de invertir esta situación ou tan sequera de nivela-los desequilibrios económicos e sociais que sufría o Manuel, como tódolos xornaleiros de Galicia. *Os alugados* describe o traballo dunha cuadrilla de “alugados”, composta por tres homes e tres mulleres, que se desprazan á zona central da provincia de Lugo, para traballar na colleita do trigo e do centeo.



Martínez Lema, Paulo, Susana **Villaverde Otero**, Aida **Noceda Abeijón** e Bibiana **Amoedo**, *Catro contos. Contos e relatos curtos M^a Rexina Míguez Noval, para nenos e xoves*, ilustr. Julio Fernández Arguelles, Manuel Romero, Carlos Bóveda, Ana Pasarín e Castro Couso, Lugo: Fundación O Grelo-Amigos de Galicia, 1997. (D. L.: VG-741/97).

Reúnense neste libro os traballos galardoados na cuarta edición do Premio Literario para escolares convocado pola Fundación O Grelo-Amigos de Galicia, que nesta edición estivo dedicado á memoria da mestra falecida M^a Rexina Míguez Noval. O libro ábrese cunha presentación de Xesús Busto Peteiro, presidente da Fundación, e cunhas palabras de Xavier Rodríguez Barrio, nas que agradecen a masiva participación dos colexios galegos, dan conta dos premiados e da súa vontade de continuar coa convocatoria do premio en sucesivas edicións. Os traballos galardoados son os seguintes:

-Paulo Martínez Lema, "Demo", pp. 9-23. Historia de medo centrada no terror que produce no protagonista a presenza de César, un can que se transforma en demo.

-Susana Villaverde Otero, "Lembranzas", pp. 25-36.



Recolle algunhas lembranzas significativas para a protagonista entre as que sobrancea a hora do conto xunto a lareira, a avoa, o sol do verán, a paisaxe e o traslado á cidade.

-Aida Noceda Abeijón, “O pozo do tempo”, pp. 37-49. Nárrase a aventura dunha cuadrilla de rapaces o día de San Xoán, cando atopan unha botella no mar cunha suxestiva mensaxe.

-Bibiana Amoedo, “Bambú”, pp. 51-57. Conta a historia dun oso panda chamado Bambú perseguido por uns cazadores que o separan da súa familia.



Martínez Oca, Xosé Manuel, *Todo o peso do ceo*, Zaragoza: Edelvives, col. Catavento, nº 6, 1997, 116 pp. (ISBN: 84-263-3741-4).

Xosé Manuel Martínez Oca (A Estrada, 1942) preséntanos unha historia ambientada nos anos da posguerra española nunha vila de Castela. A narración vai alternando capítulos en primeira persoa, nos que se recollen as vivencias dun neno, e partes en terceira, nas que un narrador omnisciente relata os feitos acontecidos con posterioridade na vida do protagonista. Complétase así o cadro dun mundo duro dominado pola tristura e a aprendizaxe emocional. A ausencia de pai e o traslado á casa de Aranda, os primeiros amores e a amizade cos seitureiros galegos van configurando a personalidade do neno.



Moreda Rodríguez, Eva, *Breogán de Guisamonde o cabaleiro da Gaivota*,

X Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova, ilust. Siro López, Santiago:

Fundación Caixa Galicia/Biblioteca Nova 33, col. Nova 33, nº 20, 1997, 85 pp.

(ISBN: 84-89231-52-4).

Precedido pola acta do xurado do X Premio de Narracións Xuvenís Rúa Nova 1997, este relato é a primeira achega narrativa de Eva Moreda Rodríguez (Vegadeo, 1981). Ó longo de oito capítulos, sen título e de extensión variable, a autora pon na voz de Chrétien de Troyes diversas aventuras ocorridas a Breogán de Guisamonde durante a súa estancia en Camelot, na corte do Rei Artur. Este cabaleiro, de orixe galega, comeza a súa andaina pola Bretaña como escudeiro de Galván, sobriño de Artur. Gracias ás súas fazañas, ó bo siso e á súa habelencia na loita, gaña o recoñecemento de todos ata ser nomeado Cabaleiro da Mesa Redonda. Breogán, tamén coñecido como Cabaleiro da Gaivota, fará fronte a xigantes e a outros seres fantásticos, será fiel ó Rei Artur e á súa amada Rosa de Brigantium, e loitará contra as envexas de Lancelote do Lago e as suxestións amorosas ilícitas que lle chegan da raíña Xenevra. Remata a historia co regreso do de Guisamonde a Galicia, pero a autora deixa aberta a posibilidade da recuperación de novas aventuras deste cabaleiro.



Neira Cruz, Xosé A., *As porcas porquiñas*, ilust. Noemí López, Pontevedra: Caixa Galicia/Renfe/Xunta de Galicia/Concello de Rianxo/GÁLIX/Coca Cola/Donuts, col. IX Tren Caixa Galicia, Ruta Marítima Ría de Arousa, 1997, 22 pp. (ISBN: 84-89231-40-0). Ž

Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) relata a visión que Victoria ten das reunións que tódalas tardes teñen a súa nai e tres amigas, mulleres que lle parecían “parvas de remate” pois falaban a berros, tomaban moito café, facíanlle trampas nos xogos de cartas e cheiraban, aínda que a nai de Victoria non quería recoñecelo. Chegou unha nova amiga que arrecenciá a caramelo de limón, feito que sorprendeu a Victoria pois pensaba que só as fadas ulían así. Despois de remexerlle en tódolos petos do abrigo descubriu que si o era pois, entre moitos obxectos que ulían a caramelo, atopou unha variña máxica e con ela fixo maxia. Este relato pode seguirse tamén polas ilustracións que acompañan o texto.

Referencias varias:

-AGN, “Los niños compostelanos disfrutaron con el libro *As porcas porquiñas*”, *Diario de Pontevedra*, 29 outubro 1997, p. 22.



Dá conta da presentación do libro na sala de actos da Biblioteca Nova 33 de Santiago dentro do programa “Hora do conto” ante un numeroso público de entre catro e seis anos. Comenta que este libro, ilustrado por Noemí López, está dedicado a nenos en idade prelectora e nace ó amparo do “IX Tren Caixa Galicia, Ruta Marítima Ría de Arousa 97”. Inclúe un breve resumo argumental do mesmo.



Oli, Iria e a Lúa, ilust. Fino Lorenzo, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, Serie azul (de 7 anos en diante), xullo 1997, 48 pp. (ISBN:84-8302-132-3).

Neste relato de Oli (Xosé Manuel González, Cangas do Morrazo, 1961) cóntase por medio da ilustración e da breve narración cómo é a casa de Iria e as cousas que a levan á curiosidade polo solpor, o serán, a noite e o luar. Gracias ás explicacións do avó coñecerá os cambios que sofre a lúa e a orixe dos soños e dos pesadelos.

Recensións:

-X. M^a de Castro Erroteta, "Memoria e soños", *A Nosa Terra*, nº 807, "Guieiro Cultural", 4 decembro 1997, p. 23. Ver Portela, Xesús, *Johan Carballeira. Poeta, xornalista, político. Valedor dos homes do mar*, no apartado V. 1. Monografías e libros colectivos, deste *Informe*.

Referencias varias:

-D. P., "Mañana será presentado el libro *Iria e a lúa* en el Ateneo", *Diario de Pontevedra*, 27 novembro 1997, p. 18. Dáse noticia da presentación do libro de Xosé Manuel González "Oli" no Ateneo Santa Cecilia de Marín. Informa de que se realizou esta actividade dentro das "II Xornadas de Literatura Infantil" que se desenvolveron nesta institución.



Otero “Peixe”, Pablo, *Lolo: Conto dun home que fixo unha bicicleta con dúas estrelas e a letra Z*, ilust. Pablo Otero “Peixe”, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, Serie azul (de 7 anos en diante), outubro 1997, 39 pp. (ISBN: 84-8302-174-9).

En clave surrealista e renovadora en canto ó tratamento das imaxes e das palabras, preséntasenos este primeiro libro de Pablo Otero “Peixe” (Ourense, 1970), coñecido ata o de agora como ilustrador de textos alleos. A historia parte da descrición dun personaxe enfasiado que anda polos corenta, nunha cidade gris e un traballo aburrido e que sairá deste noxo gracias a que en soños o visita a “señora maxia”. Logo faise inventor de bicicletas xuntando dúas estrelas e o Z, que agarra mentres dorme, e marcha viaxando nese *ciclopteroalfabético*.



Oya Martínez, Milagros, *Ochir*, ilustr. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 10 anos), 1997, 131 pp. (ISBN: 84-403-0379-3).

Esta historia de Milagros Oya (Vigo, 1966) comeza unha fría noite na Mongolia, na que Ochir foxe no seu cabalo Gengis, da *ger* onde dorme cos seus pais nómades, para asistir ó Festival dos Tres Xogos, a gran carreira que se celebra o día de Naadam. Polo camiño coñecerá ó vello Ogodai, a Mikhail e outros compañeiros, que levan adiante unha perigosa estratexia para logra-la democratización da Mongolia exterior. Ochir, alleo ó proxecto, accede a continua-la viaxe no seu coche, e a partir de entón unha arriscada aventura comeza para todos e para Ochir ademais será o inicio da aprendizaxe sobre a amizade e a solidariedade.



Oya, Milagros, *O dado de lume*, ilustr. Milagros Oya, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Periscopio, nº 8, 1997, 135 pp. (ISBN: 84-8116-387-2).

En *O dado de lume* Milagros Oya (Pontevedra, 1966) sitúa esta historia no marco dunha noite de San Xoán na que seis mozos acoden cada ano a contaren contos. A significación desta data xunto cunha forte tormenta, envolven co medo e o misterio a mesa ó redor da que se xuntan. Iluminados por unhas velas comezan os seis mozos a contar cadansúa historia segundo o turno que marca un dado. Así, interrompidos constantemente por sucesos marabillosos que han culminar no impacto do final, comezan os relatos con marcada presenza do elemento fantástico e con temas como a morte, a maxia, a literatura, a personalidade dun mesmo ou o paso do tempo, entre outros.



Pérez, Nacho, *Alba, unha aprendiz de meiga*, ilust. Fran Jaraba, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, nº 49, Serie marrón (a partir dos 12 anos), 1997, 114 pp. (ISBN: 84-263-3717-1).

Relato, dividido en nove capítulos ou “leccións”, no que Nacho Pérez (Vigo, 1957) conta as aventuras e os descubrimentos dunha pequena aprendiz de meiga. Na primeira lección Morgana —que para nós será Alba— desvela parte da súa identidade, consciente do perigo que supón para ela a revelación dalgunhas notas sobre a súa personalidade. Trátase dunha nena de doce anos que vive no campo cos seus pais, un enxeñeiro agrícola e unha veterinaria, que tamén é meiga. Alba defínese como unha rapaza moi despistada e faladora que terá que aprender dúas mil setecentas trinta e catro leccións e media para se converter nunha auténtica meiga. Estudia 1º da ESO e comparte os xogos coa súa mellor amiga, Adela, e co rapaz do que está namorada, Anxo. Ó longo do relato comparte co lectorado as nove primeiras leccións do *Libro Secreto das Meigas*.



Permuy Martínez, Uqui, *Glups*, ilust. Uqui Permuy Martínez, Vigo: Edicións Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, 1997, 33 pp. (ISBN: 84-8302 183-8).

Dentro da literatura infantil galega é este o primeiro álbum infantil realizado coas técnicas infográficas. Uqui Permuy (Barallobre, Fene, 1964), é coñecida como profesional do deseño gráfico, estreándose neste caso como escritora. En *Glups* aplícase a tecnoloxía informática non só ó tratamento do debuxo e a cor senón tamén á fotografía e ó texto, xogando co tipo de letra ou someténdoa a movemento. A historia móstranos unha poza por dentro, os seus habitantes e os medos que os sobrecolen cando aparecen grandes tremores de area e de auga a causa da visita do que nun principio parece un monstro pero que só é unha nena.



Piñeiro González, Vicente, *O can abandonado e outros relatos*, ilustr. Humberto López Vázquez, Lugo: Edicións da Chaira, 1997, 94 pp. (ISBN: 84-605-3917-2).

Conxunto de dez relatos de Vicente Piñeiro González (Lugo, 1954) que presentan como nexo común o feito de estaren recollidos no caderno dun vello escritor que un bo día decidiu escribi-lo que os animais e as árbores dunha fraga contaban nuns amenos faladoiros. A diversidade dos personificados narradores leva aparellada a variedade temática; rexístrase, así, a presenza da ecoloxía, a inocencia, o amor, a tristeza, a amizade, entre outros.



Rivas, Lita, *A idade de cristal*, ilust. Suso Cubeiro, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 10 anos), 1997, 130 pp. (ISBN: 84-403-0377-7).

Un rapaz chamado Dani, algo solitario e pouco atendido polos seus pais, excesivamente ocupados, vive unha emocionante historia xunto co seu gato Sebastián. Cando empeza a sentirse perdido e só, e os fracasos na escola téñeno anguriado, o gato fala con el e dálle os consellos e o cariño que Dani botaba a faltar. Mais as cousas complícanse cando, descuberta a habilidade para falar de Sebastián, este é secuestrado e vendido a un centro de investigacións científicas animais. Esta desgracia ó final servirá de axuda para que Sabela, a nai de Dani, atenda e axude ó seu fillo na procura do animal e amigo perdido.



Riveiro Loureiro, Manoel, *Sabotaxe na Estaca de Bares*, ilust. Xosé Cobas, Zaragoza: Edelvives, col. Ala Delta, nº 47, Serie azul (a partir de 8 anos), 1997, 100 pp. (ISBN: 84-263-3715-5).

Neste relato de Manoel Riveiro Loureiro (A Coruña, 1933) cóntasenos unha aventura protagonizada polo detective e experto en seguridade Cacho Pampín. O mellor empregado da empresa Seguridade Galega colabora coas Forzas de Intervención Super Rápida dos Estados Unidos (FIREU) na resolución dun misterio. A Base americana de Estaca de Bares esta a ser sabotada por alguén e Cacho deberá descubrir que é o que pasa. Pouco e pouco e coa axuda da súa intelixencia logrará saber que un dispositivo electrónico colocado nos cornos das vacas bravas da zona é o que impide as transmisións da Base e mesmo chegará a coñece-lo argallante da desfeita, o vello Xocas, un home farto dos abusos do sistema imperialista americano. Cacho resolverá o problema e será quen de engana-los ianquis ocultando a identidade do saboteador.



Sánchez, Gloria, *Sete casas, sete bruxas e un ovo*, ilustr. Xan López

Domínguez, Vigo: Ediciones SM, col. O Barco de Vapor, nº 14, Primeiros

Lectores, 1997, 62 pp. (ISBN: 84-348-5515-1).

Gloria Sánchez (Pontevedra, 1958) achéganos nesta narración integramente ilustrada a historia de sete espantosas bruxas que un día se enemistaron ó rifaren por un príncipe. Logo de moito tempo sen se falaren vense obrigadas a tratarse, pois necesítanse para abriren un ovo. Deste ovo sae un trasno que lles permitirá pedir un só desexo para as sete, situación que elas salvan con moita habilidade.



Sedano, Conchi, *Prohibido medrar. (Contos didácticos)*, Vigo: Ediciones

Cardeñoso, Serie Infantil, novembro 1997, 80 pp. (ISBN: 84-8190-104-0).

Conchi Sedano (Peñalver, Guadalajara, 1944) lembra cinco contos da súa infancia. Están destinados ós nenos de tódalas idades, ós que gardan dentro de si unha parte que non medrou. “Había unha vez un raio de sol” conta a historia dun raio solar que se filtrou a través dunha pinga de auga e creou o arco da vella e logo encheu cada unha das cores con caramelos, globos e confeti coa axuda dos paxaros. O conto semella se-lo soño dunha nena que esperta co mencer no final da narración. “Viaxando de flor en flor” é un diálogo entre Almudena e unha abella. Intercambian opinións sobre os danos e beneficios das abellas. “Xirando cos planetas” é o soño de Xosé Anxo, un neno que fica dormido cando está a ver un partido de fútbol pola televisión. Soña que vai montado no planeta Terra e xira polo Sistema Solar facéndolles entrevistas ós planetas, ó sol, etc. “Nas... nubes” é a historia de Anxo Agostiño, que soña cunha nube de cor azul. Subido nela percorre a atmosfera e a nube vaille explicando cómo se producen algúns fenómenos atmosféricos. No derradeiro conto “Había unha vez un fío de seda”, Ramiro soña que a bolboreta Maruxiña o leva polo aire, feito un trasno, ata o Sr. Verme de Seda, quen lle aprende como é o proceso orixinario dos fíos cos que logo se tecerán os traxes.



Toro, Xelís de, *Paco Peco Pequeneiro e o lagarto miope*, ilustr. Andrés Meixide, Santiago: Sotelo Blanco, col. Infantil, Serie O Lapis, nº 31 (primeiros lectores), 1997, 30 pp. (ISBN: 84-7824-305-4). Ž

Trátase dunha historia rimada de Xelís de Toro (Santiago de Compostela, 1962), pensada para os máis pequenos, con ilustracións de cores vivas que ocupan boa parte do libro. Conta, en primeira persoa, o que lle sucede a Paco Peco Pequeneiro por levar posta unha camiseta co debuxo dun lagarto cando apareceu no ceo un lagarteiro miope. Apresado pola ave é levado polo aire ó niño; unha vez alí Paco préstalle as súas gafas ó lagarteiro para convencelo de que non ve ben e de que confundiu un lagarto pintado cun lagarto de verdade.



VV. AA., *O Trasnó Rebuldeiro. Antoloxía de Literatura Infantil da Costa da Morte*, Vimianzo e Ponteceso: Asociación Neria (Vimianzo)/Asociación Cultural Montebranco (Ponteceso), maio 1997, 60 pp. (D.L.: C-790-97).

Reúnense neste volume os seguintes relatos:

-Xoán Babarro González, “Contos mentireirosverdadeiros da Costa da Morte”, pp. 9-14. A partir de diferentes palabras situadas en orde alfabética: Arroases, Buginas, Cabanelas, Campás, Estrelas, Faros, Gaivotas, Ondas, Princesas, Trabalinguas, Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, 1947) crea pequenos textos lúdicos en verso ou en prosa poética. As palabras sobre as que se inspiran os textos están centradas no contorno vital do creador, a Costa da Morte.

-Concha Blanco, “Hale-bopp”, pp. 15-18 Concha Blanco (Lires, 1950) preséntanos nesta breve narración, a Hale-Bopp, un astro celeste de gran fermosura que, fachendoso e soberbio, non se detén ante a mirada envexosa da Lúa, as estrelas ou as nubes.

-Fernando Cabeza Quiles, “O segredo dos zapatos”, pp. 19-24. Este relato de Fernando Cabeza Quiles (Ponferrada, 1953), xa incluído en *O segredo dos zapatos e outros contos* (1996), comeza un día calquera na vila Fin de Terra, en que un estraño



acontecemento alterará a vida tranquila dos seus habitantes: a embarcación *Volveré* no canto de chegar a terra cargada de peixes, chega cargada de moreas e moreas de zapatos. O mesmo irá acontecendo con tódalas embarcacións da vila, polo que a Confraría de Pescadores, moi preocupada, decide ir falar co mestre Euloxio, que lles aconsella achegarse á cidade Das Torres Altas para desvela-lo misterio.

-María Canosa Blanco, “Ronca o mar”, pp. 25-28. O son do mar e o arrecendo a café negro convértense en inspiradores deste breve relato de María Canosa Blanco (Cee, 1978) no que o eu narrador a través destes elementos evoca uns intres da súa nenez.

-Pepe Carballude, “A partida de Amairxén”, pp. 29-36. Pepe Carballude (Rubín-A Estrada, 1956) narra neste conto os momentos nos que o Rei Artur encarga a Amairxén, en honor á súa valentía e lealdade, a fundación dun novo país, Galicia. Con tal motivo en Camelot estase a celebrar unha magnífica cerimonia na que están presentes destacados gobernantes de diferentes reinos. Só Amairxén está algo inquedo pola magnitude da tarefa que lle foi asignada.

-Ana María Fernández, “Gamela Branca”, pp. 39-42. Neste conto de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) cóntase a historia de Branquiña, unha pequena gamela filla dun gran trasatlántico, que un bo día decide fuxir ó océano para coñece-lo mundo. O seu rumbo virará entón cando, sorprendida por un terrible temporal, vai salvar de morrer afogado a un náufrago, que resulta ser un pescador da Costa da Morte.



A tía María ó amor da lareira cóntalles ós nenos unha fermosa lenda: Unha princesa moi bela é encantada polo mal de ollo dunha mala fada. Pero un día chega ó castelo un mozo “moi ben axeitado de vestimenta”, que romperá o maleficio cando lle pide á princesa que bique as rosas vermellas que ten ó seu carón.

-Xosé María Lema Suárez, “Palabras divinas”, pp. 47-52. Nárrase a historia de Leliño de Gharulla, o rapaz da vila co que todos se divirten facéndolle mofa. Un día Lelo foxe por toda a vila cun misterioso obxecto agochado na chaqueta, temeroso de que llo vexan os veciños e se mofen del. Estes, moi intrigados, non pararán ata saber qué trae entre mans, e o descubrimento do misterio deixará a todo o pobo consternado. O relato péchase cun fragmento pertencente a obra dramática *Divinas palabras*, de Ramón del Valle-Inclán.

-Arturo Novo, “Historias de Xan e Pedro”, pp. 53-56. Fábula que conta a historia dun labrego, que ve periga-lo seu rabaño ante a presenza de Xan, o lobo. Para librarse del, pídelle axuda a Pedro, o raposo, quen acepta axudalo a cambio dunhas galiñas. Así arránxao todo para tenderlle unha trampa e acabar coa súa vida.

-José Antonio Pet Posse, “Carmiña da Pitisa”, pp. 57-60. Breve relato de José Antonio Pet Posse (Ponteceso, 1941) no que se retrata a Carmiña da Pitisa, unha muller solitaria que vive na aldea, acompañada dunha boneca de trapo e un axóuxere de prata. Describe o seu aspecto e o seu modo de vida co que recrea unha desas mulleres que viven nun mundo reinventado por elas mesmas, e que son o murmuro e a burla das xentes da aldea.



VV. AA., *Unha ferverza de soños*, Cee-A Coruña: Colexio Público “Eugenio López”, 1997, 86 pp. (D. L.: C-870-97). Ž

Libro precedido dun limiar no que o Equipo de Normalización Lingüística do Colexio “Eugenio López” de Cee declara que “a orixinalidade, fantasía, estilo e calidade” dos traballos escolares son os principais motivos polos que xurdiu esta obra. Inclúese neste volume unha escolma de poemas e contos, de extensión e temática variadas, escritos polos seguintes alumnos do devandito centro de ensino: Noela Alvite Prieto, Elena Ramos Garea, Noelia Trillo Mayán, Pablo Sotelo Gallart, Raquel Vieites García, Jonathan Leyba Blanco, Deril Ureña Vázquez, Noelia Trillo Quintela, Beatriz Valcárcel Aguiar, Nuria Santabaya Trillo, Malena Casas Raposo, Susana Sambade Martínez, María Rodríguez Trillo, Rubén Fiuza Canosa, Ana Canosa Blanco, Ana Pérez Abuelo, Ana Caberta Formoso, Virxinia Trillo Lado, Fernando Caamaño Blanco, Guzmán Filgueira Domínguez, Tamara Márquez, Leticia Cambeiro Canosa, Federico Rodríguez Trillo, Eloy M^a Abelleira Castro, Sabela Ramos Garea, Florinda Pérez González, Manuel Lado Pérez, Gloria Lema Mouzo, M^a Nieves Lado Trillo, Rubén Lago Díaz, Marcos Alvarelos Fernández e Alejandro Nieves Justo. Péchase a obra cunha novela curta de Laura Cives Quintáns, Olga Fidalgo Baamil e Elena García Couto, titulada “Eran inseparables”, estruturada en doce capítulos titulados e que ten como protagonistas a Manolo e Sole, dous nenos da Costa da Morte que reflicten os problemas, preocupacións e o vivir cotián das autoras, tres alumnas de 1^o de E.S.O. As ilustracións de *Unha ferverza de soños* corren a cargo dos alumnos.



VV. AA., *E dixo o corvo...*, Santiago: Xunta de Galicia/Hospital Xeral de Galicia, decembro 1997, 229 pp. (ISBN: 84-453-2109-9).

Volume co que se pretendeu conmemora-los vinte e cinco anos de existencia do Hospital Xeral de Galicia. Inclúense trinta e dous relatos de diferentes autores e autoras:

-Marilar Aleixandre, "Catro Cascarolos", pp. 13-20. Marilar Aleixandre (Madrid, 1947) presenta a historia de catro caracois, Cascarolo, Carolo, Arolo e Rolo, que se ven obrigados a deixa-lo parque da Alameda onde viven felices pola presenza dos obreiros que o van cubrir de lousas de pedra. A partir deste momento espéranlles moitos perigos que vencer para atopar outro albergue.

-An Alfaya, "O escondedoiro", pp. 21-26. Neste relato de An Alfaya (Vigo, 1964) cóntase cómo, dun xeito misterioso, Xoana aparece no faiado da súa casa despois de estar xogando ás agachadas co seu curmán Lucio. De súpeto comeza a escoitar uns estraños gruñidos que a paralizan de medo.

-Alfonso Álvarez Cáccamo, "Historia de Fertolpo", pp. 27-34. Relato de Alfonso Álvarez Cáccamo (Vigo, 1952) dividido en dúas partes —"Así o conto eu" e "Así o conta a Gaivota Avisadora"— nas que se ofrecen dúas versións diferentes da vida e morte de Fertolpo, un feliz chungeiro que caeu da árbore un día de moito vento.



-Xoán Babarro González, “¡Que me saen as tripas polo dente!”, pp. 35-40. Relato en verso no que Xoán Babarro (Calvelo de Maceda, 1947) conta a historia dun neno que ten unha doenza nun dente e, desesperado, vai pedindo axuda a distintos médicos inutilmente. Ó final será unha galiña quen dea coa solución gracias ás súas artes máxicas.

-Concha Blanco, “A tatuaxe de Sam”, pp. 41-50. Neste relato de Concha Blanco (Lires, Cee, 1950) cóntase a historia que lle aconteceu a Sabela cando paseando por un sendeiro descobre unha casa da que sae fume azul. Estrañada, achégase e coñece o seu habitante, un misterioso rapaz duns quince anos cos ollos de cor amarela e unha pequena tatuaxe nun brazo. Pronto nacerá entre eles unha fermosa amizade.

-Ramón Caride, “Unha vez era unha gaivota e logo foi outra”, pp. 51-56. Esta historia de Ramón Caride (Cea, Ourense, 1957) comeza cando o artista Xosé pinta unha gaivota nun día de primavera. Outra gaivota, ó ver a súa compañeira atrapada no lenzo, decide ir buscar axuda para libérala. Xosé non entende a linguaxe das gaivotas pero si á súa cativa que tratará de facerlles entender que a gaivota está pintada, non apresada, antes de que lle estraguen o estudio do seu pai.

-Cándido Casal, “Na lúa, ti e mais eu”, pp. 57-66. Cándido Casal (Congostro, Ourense, 1956) preséntanos a Fuco e Sabela, dous irmáns que sempre están a artellar trastadas para amolarse un ó outro e tamén ós veciños. Un día, aparéceselles a bruxa do “antes de...”, que despois de facer mofa deles e asustalos imponse un



Narrativa



castigo para que lles sirva de lección. O castigo consiste en ir pasar unha tempada á lúa. Se son bos, a lúa medrará e se son malos farase pequena e borrosa.

-Fina Casalderrey, "Derradeira carta ós reis magos", pp. 67-72. Neste relato de Fina Casalderrey (Xeve, 1952), Paulo lembra unha anécdota da súa infancia da que nunca se puido esquecer de todo. Tiña oito anos e pedíralle ós reis magos unha autoestrada que o tiña obsesionado dende había meses. Cando chegou o día de abri-los regalos, comprobou decepcionado que o xoguete non estaba. Entón, decidiu escribirlles unha carta ós reis onde lles mostraba todo o seu resentimento e a partir de entón decidiu vivir sen eles.

-Camilo José Cela, "A bandada de pombas", pp. 73-79. Nesta colaboración de Camilo José Cela (Iria Flavia, 1916), cóntaseno-la historia de Esmeralda, unha nena que vive moi feliz cos seus pais na aldea ata que un día se decata do fermosa e maior que era e decide ir soa dar unha volta polo bosque. Alí atopará a un horrible señor que lle pide que case con ela. Ante a súa negativa convértea en pomba branca. O pai despois de moito buscala atopa o encantador de pombas e chega a un acordo con el para desface-lo enfeitizo.

-Celso Currás Fernández, "As mochilas", pp. 80-83. Xulia e María son dúas irmás que teñen estrañados ós seus pais por non querer cambia-las súas mochilas a pesar de estar moi vellas. Pero o que os seus pais non saben é que as mochilas gardan un segredo que elas non van desvelar nunca.

-Xerardo D. Estévez Fernández, "As pedras e o peregrino", pp. 85-89.



Xerardo Estévez (Santiago, 1948) achégano-la historia dun vello peregrino que chega a Santiago canso de camiñar e arrímase a unha columna do pazo de Raxoi. Cando estaba a contempla-la fachada barroca da catedral cando descobre, marabillado, que as pedras falan con el sobre a historia de Compostela.

-Ana María Fernández Martínez, “Bárbaro mar”, pp. 91-94. Poema de Ana María Fernández (Palma de Mallorca, 1949) que segue a estrutura rítmica das cántigas populares. Refírese ó mar a través de imaxes visuais que o personifican e o enxalzan.

-Agustín Fernández Paz, “O vello león”, pp. 95-102. Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) relata a historia de Rosa Carballo, directora e domadora de leóns do Circo Horas Máxicas, que está moi preocupada porque unha serie de desgracias impiden que o espectáculo se leve a cabo: o trapecista leva dúas semanas coa perna enxesada e o seu vello león, Kunta, está quedando completamente calvo. Despois de visitar infinidade de especialistas un día descobre un anuncio onde se informa da realización de implantes de cabelo. Esperanzada, non dubida en chamar.

-Luis G. Tosar, “A dama e o cabaleiro”, pp. 103-108. Luis Tosar (Buenos Aires, 1952) conta a historia de dous personaxes esquecidos da memoria da xente, Concepción López Ramos, “A dama das Pombas”, unha anciá retornada da emigración que ás veces se acolle nun asilo, e Juan Manuel López Lladín, coñecido como “El Caballero de París”, outro emigrante que marchou a Cuba a facerse rico e entrou na cadea o día que cumpría vinte anos.



-Antonio García Teijeiro, “O Carrusel”, pp. 109-115. Relato de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) sobre a tranquila vida de Martiño do Val, que se ve interrompida coa chegada dunha familia xitana que monta un carrusel para gañar-la vida. Laura, unha rapaza da vila, queda prendada do carrusel e decide achegarse a el. Alí descobre a Sole, unha fermosa rapaza xitana, que lle amosa o seu cabalo negro e lle conta a súa historia. A partir dese encontro, Laura rompe a barreira do prexuízo da raza imposto polos pais e nace entre elas unha amizade.

-María García Yañez, “O Pirata Malaquías”, pp. 117-123. Relato co que María García Yañez (A Cañiza,) gañou en 1987 do premio O Facho na súa XX edición. Narra a historia do vello Pirata Malaquías, do seu neto Daniel e dos seus gatos Zancos e Trancos. Daniel está engaiolado polas aventuras do avó e espera pacientemente a que lles conte. Ambos comparten o amor por navegar, e as fins de semana, cando vai bo tempo, saen xuntos na súa lancha de remos.

-Bernardino Graña, “Manola co chapeu e os bechos”, pp. 125-130. Relato en verso de Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) que segue a estrutura dunha cántiga popular. Conta a historia de Manola, unha nena que constrúe un sombreiro con farrapos de cores e como lle queda grande, váillelo probando a diferentes animais para dar con algún ó que lle sirva.

-Úrsula Heinze, “¿Quen é o mellor?”, pp. 131-133.

Narrativa



Historia de Úrsula Heinze (Colonia, 1941) que transcorre dentro dunha neveira, na que o xamón serrano e o queixo holandés discuten por ver quen dos dous é o mellor. Isto vai provocar unha disputa entre tódolos alimentos que viven no frigorífico. Ó final deciden propoñer unha aposta para comprobalo.

-Manuela López Besteiro, “O bosque e o vento”, pp. 135-137. Neste relato de Manuela López Besteiro (Castroverde, 1941) preséntasenos unha vila na que todos están atemorizados pola presenza do xigante do bosque encantado, pero coa chegada de Manuel, un rapaz especial e algo despistado que fala co vento en verso, desvelarase o misterio.

-Xavier López Rodríguez, “Adoezo cando lles convén”, pp. 139-144. Xavier López Rodríguez (San Ciprián de Hermisende, Zamora, 1956) cóntano-la historia dun vello ingresado no hospital, ó que ninguén visita, que un día foxe a mercar unhas pantuflas pois as que lle levaran quedánlle grandes. Pretende fuxir aínda que sexa por pouco tempo, da soidade a que o someten os seus familiares pois só adoece “cando lles convén”.

-Ánxela Loureiro Fernández, “A fábrica de soños”, pp. 145-148. Nesta historia de Ánxela Loureiro (Ferrol, 1956) relátase cómo Sabela descobre unha noite, moi asustada, que a Lúa non está no ceo. Entón pecha os ollos e no seu maxín comezará vivir diversas aventuras coa lúa.

-Lourdes Maceiras, “Foi nas vacacións”, pp. 149-156.



Lourdes Maceiras (Barcelona, 1955) conta como un grupo de aves adoecen polo verán que non acaba de chegar. Ata que por fin unha mañá a calor quenta a terra e voan todos disfrutando do ceo e do mar. Durante o traxecto atopan un estraño becho con cornos que tamén voa e curiosos, detéñense a tratar de descubrir de quen se trata.

-Paco Martín, "Unha Historia Medieval", pp. 157-168. Neste conto Paco Martín (Lugo, 1940) preséntanos a Xiao, un pobre labrego que traballa as terras do seu amo. Unha mañá de verán atopa un curioso personaxe, Lopo, que lle chama a atención polo xeito de vestir. Trátase dun xograr que lle propón que o acompañe polas vilas e aldeas nos seus espéctaculos. Xiao despois de pensalo acepta a proposta e xuntos acadarán grandes éxitos. Ó cabo do tempo, Xiao sorprende a Lopo pola sabedoría obtida nas súas andainas e finalmente deciden amigablemente separa-los seus destinos.

-Anisia Miranda, "A cama, a bolboreta e o paxariño", pp. 169-172. O relato de Anisia Miranda (Camagüey, Cuba, 1932) parte dun conto que lle relatan a Bibí: a cama da nena está triste porque non ten adorniños. Un paxariño entra pola fiestra e propónlle debuxar co seu pico unha fermosa bolboreta. A cama fica contenta pero de súpeto empeza ter desexos de voar coa bolboreta. Despois de moito teimalo, vaise voando polas terras e polo mar.

-María Victoria Moreno, "Pan con chocolate", pp. 173-181. Cóntase nesta narración de M^a Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941) que Eva está doente e non vai ó colexio porque se suspenderon as clases por mor dun temporal. Nestes días ela escíbelle ó seu amigo xitano Manuel, un dos desaparecidos do barrio da Quenlla debido



ó mal tempo. Expectante ás noticias, o desacougo de Eva vai en aumento porque xa pasaran tres días e Manuel segue sen aparecer.

Xosé A. Neira Cruz, “Un peixe na botella do soro”, pp. 183-188. Neste relato de Xosé A. Neira Cruz (Santiago de Compostela, 1968) cóntase cómo unha mañá ó despertar dun longo sono, Clara, unha rapaza enferma ingresada no hospital, descobre un peixe de cores no seu soro. A partir de entón reflexiona sobre o sufrimento e a atención que lle están a presta-los seus pais e os médicos que a atenden.

Xosé Neira Vilas, “Un señor acolledor”, pp. 189-192. Neira Vilas (Gres, 1928) ofrece un retrato do señor Silveiro, un home rico e de señorío, que volve uns días á súa aldea a arranxar asuntos co caseiro porque as contas non cadran. Dous nenos da aldea son invitados a visita-lo seu pazo.

-David Otero, “O xogo redondo”, pp. 193-204. David Otero (Santiago, 1946) preséntanos a Rubén, un neno moi imaxinativo e afeccionado ó fútbol que se entretén chutando o balón mentres non vén o autobús do colexio. Na volta das súas vacacións en Boiro un grave accidente está a piques de rematar con tódolos seus sonhos.

-M^a Teresa Rey Barreiro-Meiro, “Antón e a lúa”, pp. 205-210. M^a Teresa Rey (Santiago, 1939) preséntanos a Antón, un rapaz de cinco anos que nunca viu a lúa. O día que a descobre queda engaiolado e unha mañá decide marchar da casa e ir buscala.



Cando comprende que a lúa está demasiado lonxe, decide facerse astronauta para estar onda ela.

-Gloria Sánchez García, “As lérias do lobo”, pp. 211-216. Conto en verso de Gloria Sánchez (Vilagarcía, 1958) dividido en catro epígrafes dedicados ó lobo: “Para os lobiños pequenos”, “Oración do lobo”, “Refráns do lobo” e “Romance do lobo paifoco”.

-Anxo Tarrío Varela, “Rabiños”, pp. 217-223. Anxo Tarrío (Santiago, 1945) conta a historia de Sin e Son, dous cadelos que levan unha vida tranquila ó lado dos seus donos. Un día estes deciden abandonalos. Desamparados, cheos de medo e frío, vagan polas rúas sen saber onde ir. Pronto serán recollidos por outra familia con dous fillos, Antón e Antona, dous xemelgos moi caprichosos que non tardarán en cansar deles.

-Helena Villar Janeiro, “Tres regalos de Reis”, pp. 225-229. Relato de Helena Villar (Becerreá, 1940) sobre Daniel, un neno que é demasiado pequeno para escribir. Por iso lle pide ó pai que lle redacte a carta para os Reis pedíndolle que lle traian unha irmá ou un irmán. Cando ve cumprido o seu desexo, decide pedirilles que lle traian tamén un avó ou unha avoa.



Val, Marga do, *O prognóstico da lúa*, Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil-Xuvenil, Serie vermella, setembro 1997, 140 pp. (ISBN: 84-204-5220-3).

Marga do Val, pseudónimo de Marga Romero (Vigo, 1964), ofrece nesta novela dirixida ó público xuvenil unha serie de reflexións, baseadas en feitos reais, sobre o mundo da droga e as súas consecuencias a tódolos niveis. Narra, ó longo de sete capítulos numerados, algúns acontecementos da vida de Xandro, ex-drogadicto, que recorda os seus anos de adolescente no mundo da drogadicción. A partir da morte de Tevo, o seu mellor amigo, por unha sobredose, Xandro reflexiona sobre os problemas da súa xeración, marcada por unha profunda crise socioeconómica e moral. Recorda os anos que pasou en Oviedo, en Albacete e nunha aldea de Ourense co fin de reinserirse na sociedade, lembra a morte dalgúns amigos e coñecidos ou os problemas que causou á súa propia familia.

Referencias varias:

-José Costas, "La escritora Marga do Val presenta en Baiona su libro *O pronóstico da lúa*", *Atlántico Diario*, 22 outubro 1997, p. 16. Infórmase da presentación do libro e dise que está redactado en primeira persoa e que introduce ó lector no mundo da drogadicción a partir de historias de persoas reais e coñecidas da autora.



-A. R., “O veleno que nos vence”, *Tempos Novos*, nº 6, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, novembro 1997, p. 81. Salienta a presenza nesta narración “dos desheredados do noso tempo, dos adictos que queimaron as súas vidas”. Di tamén que a autora convídanos á comprensión e á reflexión.

S. C., “Alfaguara lanza as súas novidades en literatura infantil”, *O Correo Galego*, 29 novembro 1997,

35. Ver Blanco, Concha, *O aniversario de Ana*, nestas páxinas.



Vázquez Freire, Miguel, *Anxos en tempos de chuva*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fora de Xogo, nº 22, decembro 1997, 215 pp. (ISBN: 84-8302 193-5).

Novela xuvenil na que se combinan técnicas narrativas como o diario ou a descrición de soños feitos en primeira persoa, con guións de vídeo e unha segunda persoa que se dirixe ó rapaz protagonista e enfía o relato dende o principio ata o final. O outro elemento que compacta o texto é o tema da morte, o percorrido vital feito polos personaxes buscando ser quen de mirala á cara e aceptala, de aprender a vivi-la morte e superala para poder asentarse na vida sen lastres. Miguel Vázquez Freire (Corcubión, 1951), reflicte a contemporaneidade sen eludir controversias, neste relato de rapaces que andan á procura de entenderse a si mesmos, ós demais e todo aquilo que hai ó redor.



Vila Sexto, Carlos, *Gárgola*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 3, marzo 1997, 144 pp. (ISBN: 84-8288-107-8).

Gárgola, publicada orixinalmente por Carlos Vila Sexto (A Coruña, 1977) en castelán, recibiu en 1993 o VI Premio Rúa Nova. El mesmo encárgase agora de traducila á nosa lingua. A novela xira ó redor do medo. Conta como Jeremy, un rapaz de dezaseis anos, enfróntase a unha gárgola (representación do medo) que seu pai, escultor, creara. O rapaz descoñece a vida anterior do pai, ateigada de mortes inducidas pola gárgola. Jeremy recibe axuda da súa defunta irmá a través dos soños. A escultura vai sementando a morte entre todos aqueles que axudan, aínda involuntariamente, a desensarilla-lo misterio. Na loita final morren a estatua e mailo rapaz. No epílogo conta como un novo escultor recibe o encargo dunha voz misteriosa para construír unha nova gárgola. Dá así un carácter cíclico á historia e subliña o carácter eterno e consubstancialmente humano do medo. O autor acada unha atmosfera terrorífica en toda a obra valéndose de tópicos como cemiterios, escenas escuras e mundo de ultratumba.

Recensións:

-Xián Xaneira, “Gárgolas”, *CLIJ*, nº 97, setembro 1997, p. 65. Comeza recordando o argumento para finalizar cualificándoa de “magnífica novela de terror merecedora del Premio Rúa Nova 33” que manexa “con eficacia” os recursos do xénero e que demostra a “innegable cinefilia” do autor”.



Referencias varias:

-M. Blanco Rivas, "Costa Oeste, unha viaxe pola idade da inocencia", *Faro de Vigo*, "El Sábado", nº 12, 3 maio 1997, p. 5. Comentario conxunto de *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno; *Horario de clase*, de Christine Nöstlinger e *Gárgola*, de Carlos Vila Sexto. Da primeira das obras o recensionista refírese á súa "calida aceptación" e ás decenas de miles de exemplares vendidos. No referente a *Horario de clase*, ademais do argumento e do prestixio da súa autora sublíñase a linguaxe directa, coloquial e chea cunha "intelixente ironía". Por último refírese á convivencia do realismo co sobrenatural e o inexplicable en *Gárgola*. Proporcionáanos ademais algúns datos biográficos dos seus autores.

-Rodri García, "O primeiro libro foi como abrir unha porta xigantesca", *La Voz de Galicia*, "Cultura", ano II, nº 115, 11 maio 1997, p. 6. Recóllense algunhas declaracións de Carlos Vila Sexto con motivo da publicación desta novela, nas que sinala que a escribiu con tan só quince anos e que inicialmente estaba en castelán. Confesa que foi un profesor de literatura do Colexio dos Salesianos de Ourense o que o animou a escribir e a se presentar ó premio Rúa Nova con *Alén da aventura*. Tras de conseguir este galardón, publicou *Cara a fin da luz*, unha historia que considera "máis madura". Conclúe sinalando que a liña argumental común das súas tres obras é a presenza do mundo dos sonhos.



Viñas Quiroga, Margarita, *Contos do trasniño*, ilustr. Iñigo Senín Fernández,

Vigo: Ir Indo Edicións, col. Nabarquela, nº 8, 1997, 50 pp. (ISBN: 84-7680-242-0).

Margarita Viñas (Pontevedra, 1940) reuniu neste libro dez contos —“Cro Cro”, “O trasno do Migueliño”, “Aventura no río”, “O cadelo durmiñón”, “O raposo e as pitas”, “Unha illa de Indonesia”, “O meu cadelo pequerrecho”, “Flip”, “O talismán verde” e “A señora María”— que comparten a súa curta extensión e unha estrutura sinxela, están protagonizados por nenos que fan trasnadas e viven asombrosas aventuras, e animais con capacidades marabillosas como o porquiño Cro Cro, o cadeliño Peluso, o golfiño Flip ou o dragón Ton Ton.





VII. A literatura infantil e xuvenil galega

1. Narrativa 1. 2. Reedicións



García Teijeiro, Antonio, *Fantasía en Re Maior*, Zaragoza: Edelvives, col. Catavento, nº 5, 1997, 81 pp. (ISBN: 84-263-3720-1).

Nova edición desta obra de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) que fora publicada tamén na editorial Edelvives no ano 1994 dentro da colección "Ala Delta" e agora cambiada á colección "Catavento". Nesta ocasión omítense as ilustracións de Xosé Cobas que acompañaban o texto. Reúnense en *Fantasía en Re Maior* os seguintes relatos: "Dous ídolos", "Saleta", "Imaxinación", "Ser músico", "Abril" e "Falar con Xosé", que comparten a presenza da música.



Méndez Ferrín, Xosé Luís, *Arnoia, Arnoia*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 20, marzo 1997, 93 pp. (ISBN: 84-8302-094-7).

Reedición deste conto de Xosé Luís Méndez Ferrín (Ourense, 1938), publicado por primeira vez en 1985 nunha edición diferente á de agora, no que se nos relatan as aventuras de Nmogadah, un dos Príncipes Segredos das terras de Arnoia, invadida polos Veciños que obligan ó protagonista a exiliarse e a vivir unha multitude de aventuras.

Recensións:

-Manuel Darriba, "A nosa historia interminable", *El Progreso*, "Táboa Redonda", Segunda época, nº 25, 26 abril 1997, p. III. Con motivo da publicación da cuarta edición de *Arnoia, Arnoia*, de X. L. Méndez Ferrín, faise unha análise valorativa do contido e do estilo narrativo da mesma. A continuación, lémbrense outras obras do autor como *Estirpe* o "mellor poemario de tódolos tempos". Conclúese cunha comparación entre *Arnoia, Arnoia* e *A historia interminable*, de M. Ende baseada no feito de que ámbalas dúas obras se conciben como unha viaxe iniciática.

-Xosé M. Eyré, "A conexión entre Ferrín e Darío", *A Nosa Terra*, nº 785, "Guieiro Cultural", 3 xullo 1997, pp. 23-24. Aproveítase a reedición de *Arnoia, Arnoia* na colección "Fóra de Xogo" para poñer de manifesto as intertextualidades que existen, en opinión do crítico, con *Morte de Rei* (1996), de Darío Xohán Cabana.



Refírese ó espazo imaxinario no que se desenvolven ámbolos dous relatos, Libredón e Nemedón respectivamente, e dise que os dous discursos sitúan Arnoia e Avia, “o espácio (...) desexado nunha zona moi concreta que se constitúe no paraíso perdido (...) que para ambos é o mesmo espácio temporal (vital): a nenez”. Sinálase que o viño liga *Morte de Rei* con Otero Pedrayo e que o retorno de Nmógadah ou D. García “se presenta como unha tarefa moi semellante ás peripécias que a Xeración Nós deixou tan ben clarificadas”. Apúntanse tamén os problemas coa data da primeira edición de *Arnoia*, *Arnoia* e as interconexións que presenta entre a historia e a mitoloxía.

F. Martínez Bouzas, “Non hai regreso”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 171, 7 agosto 1997,

9. Comeza subliñando a condición de “autor fundamental” de Méndez Ferrín na literatura galega, denuncia que moitas veces sexa xulgada a súa obra dende perspectivas metaliterarias e afirma que o autor de *Arnoia*, *Arnoia* “é un luxo para calquera literatura”. Logo de facer un percorrido polo argumento e os personaxes desta novela de autoformación, desta “viaxe iniciática tecida con verbas de altísima fantasía”, conclúe sinalando que na obra “non hai volta dunha viaxe polo mundo, senón o acabamento das fantasías adolescentes que estalan, ó espertar como pompas de xabón”.

P. N., “Ferrín, convalecencia e reedicións”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 120, 17 xuño 1997,

6. Nota na que se fai referencia á cuarta edición de *Arnoia*, *Arnoia* e na que di non coincidir con Darío Xohán Cabana cando este sostén que “este diamante de mil facetas é o relato fantástico máis fermoso que lin na miña vida”. Cualifícase o libro como “notable” e sinálase que se cando saíu a obra foi vista pola crítica como un achegamento á linguaxe do cómic e unha orientación cara ó mundo xuvenil, “hoxe pódese ler sen máis como unha reflexión fantástica sobre a adolescencia e a patria perdida”.



Moreno, M^a Victoria, *Anagnórise*, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 1, 149 pp.
(ISBN: 84-8288-105-1).

Décima edición desta novela de amor e ruta, de María Victoria Moreno (Valencia de Alcántara, Cáceres, 1941), confeccionada por medio de diálogos e reflexións dos seus protagonistas. Nicolau Arís, un rapaz magoado por un amor roto e afectado por certos problemas, decide fuxir da súa casa, do seu pasado e de si mesmo. Cargado cun quilo de “costo”, diríxese a Madrid para reunirse cuns amigos dedicados a negocios de drogas. Fará a viaxe en autostop cunha muller madura e íntelixente, de nome oculto, coa que conversará ó longo do traxecto, revelándose así a personalidade de ámbolos dous. Xa no seu destino, separaranse. O rapaz, descontento coa vida que levaba cos seus amigos e botando de menos a esa muller que lle abría os ollos a moitas cousas, irá na súa busca. Só entón coñecerá a súa identidade e o seu trágico final.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Costa Oeste, unha viaxe pola idade da inocencia”, *Faro de Vigo, El Sábado*, nº 12, 3 maio 1997, p. 5. Ver Vila Sexo, Carlos, *Gárgola*, nestas páxinas.





VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 1. Narrativa

VII. 1. 3. Narradores traducidos ou versionados



Abeyà, Elisabet, *María a choromicas (Rondina que rondinaràs, 1997)*, trad. Damián Villalaín, ilustr. Pau Estrada, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 10, (a partir de 6 anos), 1997, 23 pp. (ISBN: 84-8288-124-8).

As coñecidas rabechas dos nenos protagonizan o relato de Elisabet Abeyà. María é unha nena pequena e chora continuamente por todo. Sempre está incomodada polo que provoca o malestar dos que a rodean. Por iso eles deciden deixala soa en canto comeza a berrar. É así como María perdeu o costume de choromicar. O relato séguese por medio das moitas ilustracións que acompañan ó texto.



Alcántara, Ricardo, *¡Ai, que medo! (¡Huy, que miedo!, 1991)*, trad. Baldomero Iglesias Dobarrio, ilustr. Gusti, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 11, Serie azul (a partir de 6 anos), marzo 1997, 40 pp. (ISBN: 84-8116-398-8).

Breve relato de Ricardo Alcántara (Uruguai, 1946), dirixido ós máis cativos no que se nos narra a historia de Farruquiña, unha meiga de seis anos que vai ver truncadas as súas ilusións de comezar na escola a causa do rexeitamento dos seus compañeiros pola súa particular condición de meiga. Un incidente na escola fará intervir a Farruquiña para salvarlle a vida a un home, co cal demostrará a súa bondade e logrará a amizade e a integración cos seus novos compañeiros.



Álcantara, Ricardo, *Aventura na praia* (*Aventura en la playa*, 1996), trad. Irene Penas Murias, ilustr. Chiara Carrer, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 1997, 48 pp. (ISBN: 84-403 03815).

Ricardo Alcántara (Uruguai, 1946) comparte coa italiana Chiara Carrer a autoría destes álbumes infantís de formato medio. As ilustracións, que ocupan maioritariamente as páxinas, complementáanse cun pequeno texto que enunciando a situación faina avanzar mediante un encadeado producido ó coincidir o último nome dunha páxina co primeiro da seguinte. As historias son circulares e neste caso, relátanse as múltiples peripecias dun flotador dende que é levado polas ondas mar adentro ata que é devolto á praia dende o aire. Ambos autores recibiron o Premio Apel-les Mestres ó álbum infantil, Alcántara no 1987 e Carrer en 1994.



Alcántara, Ricardo, *Unha viaxe no tren* (*Un viaje en tren*, 1996), trad. Irene Penas Murias, ilustr. Chiara Carrer, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 1997, 48 pp. (ISBN: 84-403 0382 3).

Novo volume de Ricardo Alcántara (Uruguai, 1946) nesta colección, no que se repite a estrutura dun texto limitado tanto polo número de palabras coma pola disposición sintáctica das mesmas que lle dá continuidade á narración e axuda a le-las imaxes, elaboradas con técnicas mixtas e sobre diferentes tipos de papel. Descríbense unha serie de sucesos que teñen lugar nun tren dende o momento en que o neno protagonista perde a chupeta ata que esta, de novo, volta a ocupa-lo seu lugar na boca do bebé.



Alexander, Pat (versión), *A túa primeira Biblia* (*The lion first bible*, 1997), trad. Enmanuel Rueda, ilustr. Leon Baxter, Barcelona: Edebé Rodeira, outubro 1997, 480 pp. (ISBN: 84-8116-675-8).

Recóllense nesta versión da *Biblia* sesenta e catro historias do Antigo e do Novo Testamento que se presentan cunha tipografía grande, abondosas ilustracións e linguaxe sinxela co fin de achegala ós primeiros lectores. As historias recollen pasaxes significativas dende a Creación ata a vida de Xesús.



Alfaya, Xavier, *Pasa-lo límite (Pasar el límite, 1997)*, trad. Xosé Antón Palacio, Vigo: Alfaguara/Obradoiro, col. Infantil-Xuvenil, Serie vermella, xuño 1997, 81 pp. (ISBN: 84-204-5221-1).

Relato de Xavier Alfaya (Baiona) no que o protagonista, Gabriel, conta dende a perspectiva da madurez un período de tempo da súa adolescencia no que viviu, levado polas circunstancias, unha perigosa aventura. Orfo de pais, Gabriel vive só na súa casa familiar de Vilamor coa compañía dos seus cans. Debido ós poucos cartos dos que dispón para sobrevivir cae na tentación de colaborar cuns contrabandistas do lugar. O que nun principio é unha aventura que roza o perigo, convértese co paso dos meses nun acontecemento cada vez máis complicado que o enche de incertidume e de remorsos ata que ó final, gracias ós consellos de Lina, unha antiga moza, e á axuda de Xesús, un vello amigo de seu pai, consegue saír ben parado da experiencia e aprende-lo risco que supón pasa-los límites.

Referencias varias:

- S. C., "Alfaguara lanza as súas novidades en literatura infantil", *O Correo Galego*, 29 novembro 1997,
35. Ver Blanco, Concha, *O aniversario de Ana*, nestas páxinas.



Alonso, Fernando, *O homiño de papel* (*El hombrecillo de papel*, 1978), trad.

Esperanza Moreiras Cuñarro, ilustr. Fernando Alonso, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 6 anos), 1997, 57 pp. (ISBN: 84-403 6373-4).

Adaptación ó galego deste relato de Fernando Alonso (Burgos, 1941) que foi Premio Nacional de Literatura Infantil, figura na Lista de Honra da CCEI, recibiu a cualificación de Libro de Interese Infantil e apareceu na Lista de Honra Especial Hans Christian Andersen en 1979. Unha nena fai un home de papel cun xornal e a partir dese momento convértese nun compañeiro de xogos para ela e os seus amigos. As tristes experiencias sobre os acontecementos que suceden no mundo e que forman parte do homiño de papel, levan a este a emprender a busca de sensacións, cores e palabras novas e fermosas para transmitírllelas ós nenos.



Aretzaga, M^a Teresa, *Ra por un día* (*Rana por un día*, 1993), Finalista do Premio Edebé de Literatura Infantil, trad. Pilar Ponte Patiño, ilustr. Xan López Domínguez, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 13, Serie azul (a partir de 6 anos), 1997, 102 pp. (ISBN: 84-8116-427-5).

Neste relato de M^a Teresa Aretzaga (Arrigorriaga-Biscaia, 1943) nárrese a historia do príncipe Rainer que é feliz coa princesa Brunilda no seu castelo despois de que esta se desfixese do enfeitizo da bruxa que o convertera en ra. Rainer está canso de comer perdices e non se adapta ás obrigas do protocolo. Así, un bo día decide ir consultar á bruxa para que lle dea unha solución e aí comezará a súa sorprendente aventura. A bruxa, despois de moito pensar, concédelle un feitiço co que poderá ser ra ou príncipe sempre que el o desexe. Con esta nova situación Rainer vivirá unha divertida e sorprendente aventura.

Recensións:

Xavier Castro R., “Historia dun príncipe enfeitizado”, *O Correo Galego*, “Edición 7”, 21 setembro 1997,

VII. Dá conta da aparición de *Rá por un día*. Repara nalgúns aspectos temáticos e pon de relevo a importancia da literatura infantil na formación dos lectores do futuro.



Aritzeta, Margarida, *Emboscadas no Gran Norte* (1985), trad. Leandro García Bugarín, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 4, xuño 1997, 206 pp. (ISBN: 84 8288-138-8). Ž

A partir dunha viaxe feita ó Québec, Margarida Aritzeta crea *Emboscadas no Gran Norte* (1985). Na contraportada salientase a destreza da autora no manexo da intriga e o suspense nesta novela de aventuras que ten como temática de fondo a problemática das minorías culturais en loita pola súa supervivencia. Marina, unha rapaza catalana de dezaseis anos é invitada polo seu tío a pasar unha tempada no Canadá no verán de 1984, momento en que se cumprían catrocentos cincuenta anos da colonización. Acosada por este vese obrigada a fuxir. O seu camiño crúzase co de dous indios montañeses, Luc e Jim, que teñen como misión entrega-la Pipa da paz na celebración das Xornadas dos Pobos Autóctonos, creadas para procurar un entendemento entre os indios e o goberno. Marina vese inmersa nesta perigosa misión que, por outra banda, permitirlle coñece-la historia destes pobos, os seus costumes e os seus problemas.



Calleja, Seve, *¿Por que a María Xosé lle chaman Xosé Mari? (¿Por que a María Xosé lle chaman Xosé Mari?*, 1997), trad. Damián Villalaín, ilustr. Cristina Losantos, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 9 (a partir de 6 anos), 1997, 23 pp. (ISBN: 84-8288-124-8).

Seve Calleja (Zamora, 1953) cuestiona, neste relato para os primeiros lectores, a diferenciación de roles do home e a muller na nosa sociedade. María Xosé ten oito anos e goza con todo aquilo que socialmente non lle cómpre ó seu sexo: os xogos de nenos, a roupa de nenos, o esforzo físico. Pero María Xosé está sempre satisfeita. Os debuxos de Cristina Losantos dan vida a esta nena inqueda e rebuldeira.



Calleja, Seve, *O dado encantado (Dado Duende, 1985)*, trad. Rosa Moreiras Cuñarro, ilust. Belén Lucas, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 8 anos), 1997, 56 pp. (ISBN: 84-403-0376-9).

Guillherme, o protagonista desta historia, é un neno de oito anos que está ingresado nun hospital para someterse á diálise. Ó longo dos catro capítulos titulados nos que se divide a obra, cóntanos en primeira persoa as especiais relacións que ten cos seus xoguetes, salientando a Dado, un cubo con propiedades máxicas que é capaz de comunicarse con Guillherme. Dado viaxa polo corpo do rapaz e describe o que observa. A historia remata coa sorprendente cura do protagonista e co enmudecemento de Dado, despois de que Guillherme intentase descubrir o que agochaba no seu interior. Péchase a obra, coa que o autor mereceu en 1985 o Premio Lizardi de Literatura Infantil, con cadansúa síntese biográfica do autor e da ilustradora.



Coerr, Eleanor, *Sadako e as mil grúas de papel* (*Sadako and the Thousand Paper Cranes*, 1977), trad. Fernanda Domínguez Vázquez, ilustr. Ronald Himler, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 10 anos), 1997, 82 pp. (ISBN: 84-403-0378-5). Ž

Nos nove capítulos titulados, ademais do limiar e o epílogo que integran esta obra de Eleanor Coerr, un narrador omnisciente cóntanos en terceira persoa os derradeiros catorce meses da vida de Sadako, unha rapaza xaponesa que nacera en Hiroshima no 1943. A protagonista vive en harmonía cos pais e cos irmáns, é amante do deporte, da natureza e da paz. A tranquilidade familiar vese alterada cando Sadako sofre uns desmaios, e os médicos descubren que padece leucemia como consecuencia das radiacións producidas pola bomba atómica lanzada polos Estados Unidos durante a Segunda Guerra Mundial. A última etapa da vida de Sadako está marcada pola estancia no hospital, a loita incansable da rapaza para supera-lo sufrimento da familia, as mostras de afecto e solidariedade, e a elaboración de mil grúas de papel coas que, segundo a tradición xaponesa, conseguiría vencer tódolos problemas. Co pasamento da protagonista preténdense poñer de manifesto os debastadores efectos dunha guerra sobre a poboación civil máis indefensa.



Contos clásicos e tradicionais versionados, *Carapuchiña vermella* (ISBN: 84-89408-30-0); *Brancaleves* (ISBN: 84-89403-31-9); *Pinocho. O neno de madeira* (ISBN: 84-89408-28-9); *A Bela Dormente* (ISBN: 84-89408-32-7); *Bambi. O cerviño* (ISBN: 84-89408-33-5); *Os tres porquiños* (ISBN: 84-89408-29-7), Vigo: Rula Edicións, col. Coral, n^{os} 1-6, 1997, [16 pp.].

Versións galegas destas obras de autor que co paso do tempo se converteron en clásicos da literatura infantil e xuvenil e que se transmiten oralmente de xeración en xeración. Neste caso, preséntanse con pastas brandas, formato de caderno e escaso texto. As ilustracións a toda páxina, variadas en cor e ricas en expresividade, facilitan e complementan a lectura das obras.



VII.1. Narrativa

VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Doyle, Arthur Conan, *O último adeus*, (*His last bow*), trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, 1997, col. Biblioteca Sherlock Homes, nº 8, abril 1997, 245 pp. (ISBN: 84-8288-119-1). Ž

Este libro de Arthur Conan Doyle (Edimburgo, 1859-Crowbrough, Sussex, 1930) comeza cun prefacio escrito por Watson onde se nos advirte de que o volume recolle, entre outros, relatos xurdidos da colaboración co goberno británico baixo o conflito bélico con Alemaña. Nove relatos en que Watson e Sherlock Holmes demostran as súas “facultades intelectuais e recursos prácticos”. “A aventura da Vila Wisteria” inicia o volume. O relato tenta esclarece-la desafortunada implicación dun home nun asasinato. A solución do caso recóllese en “O tigre de San Pedro”. “A caixa de cartón” esconde un crime de paixón. “O círculo vermello” dá nome a un grupo terrorista que acosa ós protagonistas. “Os planos do Bruce-Partington”, submariño do goberno británico dan título ó seguinte relato, onde Holmes e Watson deben esclarece-lo seu roubo. Holmes, envelenado co virus dunha terrible enfermidade tropical, é o protagonista de “O detective agonizante”. O roubo de xoias é o móbil de “A desaparición de Lady Frances Carfax”. Un crime familiar resólvese en “O pé do diaño”. “O último adeus”, que pecha o volume e dá título á obra, reúne a Watson e Holmes para desenmascarar a un espía alemán.



Doyle, Arthur Conan, *O arquivo de Sherlock Homes*, (*The case book of Sherlock Holmes*) trad. Bieito Iglesias e Manuel Vázquez, Vigo: Galaxia, col. Biblioteca Sherlock Holmes, nº 9, agosto 1997, 235 pp. (ISBN:84-8288-136-1). Ž

O libro está integrado por doce relatos precedidos dun limiar onde o autor explica o proceso de creación e evolución do seu personaxe, agradece a fidelidade do público lector e recoñece a necesidade de culmina-las aventuras de Sherlock Holmes. Os relatos recollidos nesta obra son os alumeados nos últimos anos: “O cliente ilustre”, “O soldadeo esbrancuxado”, “A pedra Mazarino”, “A aventura dos Tres Gabletes”, “O vampiro de Sussex”, “A aventura dos tres Garribed”, “O problema da ponte de Thor”, “O home que andaba ós catro pés”, “A manela do león”, “A inquilina do veo”, “O vello solar de Shoscombe” e “O fabricante de cores retirado”. Impostores, fillos ocultos, roubos, segredos escandalosos, supostos vampiros, asasinados, falsos culpables, soros vitalizadores, prantas mortíferas, crimes apaixonais, mozos vividores e maridos celosos poboan estes relatos e agudizan as facultades investigadoras do detective británico Sherlock Holmes e o seu fiel axudante Watson, sendo este último o narrador de nove dos doce contos —Holmes narra “O soldado esbrancuxado” e “A manela do león” e un narrador omnisciente “A pedra Mazarino”. Arthur Conan Doyle invita unha vez máis a “renovar ideas e burlar as penalidades da vida”.



Eguillor, Juan Carlos, *Operación logur*, trad. Xavier Senín, ilustr. Juan Carlos Eguillor, Madrid: Anaya, col. Sopa de libros, nº 3 (a partir de 10 anos), 1997, 80 pp. (ISBN: 84-207-8257-2).

Esta historia de Juan Carlos Eguillor (San Sebastián, 1947) cóntanos como María e os seus amigos están a comer sempre bolos recheos de crema rosa, chocolate e tódalas galdrumadas que saen na tele. Amóllalles a visita da parella ecoloxista que irrompe na escola para falarlles da boa alimentación. Pero un día, ó saíren da clase, sentados na herba en medio dos refugалlos, atopan a un iogurt que ten a curiosa capacidade de poder falar. Con el descubren un divertido mundo cheo de aventuras que lle ensinarán a coñecer os segredos da alimentación. O relato apóiase, ademais das ilustracións, en divertidos caligramas que axudan a segui-lo fío da historia.



Esteban, Ángel, *A chamada do sol*, trad. Xavier Senín, ilustr. Ángel Esteban, A Coruña: Bruño, col. Alta mar, Serie Contos (a partir de 6 anos), nº 24, 1997, 75 pp. (ISBN: 84-216-318-2).

Ángel Esteban (Ciudad Rodrigo, 1948) conseguiu con esta obra, que escribiu e ilustrou, o Premio Villa de Torrejón 1993, o Premio CCEI 1995 e o Premio Lazarillo de ilustración 1986. Comeza o autor presentándose e dirixíndose ós seus lectores, para logo relata-la historia de tres ratos irmáns que foron vivir co seu avó a un soto dunha casa de labregos. Alí non lles faltaba de nada e pasaban todo o tempo xogando a excepción de Tres, o rato máis pequeno, que estaba intrigado pola aparición dunha raiola de sol. O avó como agasallo de aniversario fariálle un burato, por onde Tres iría descubrindo o mundo exterior, chegando a toma-la decisión de marchar xa que desexaba ir ve-lo sol. O tempo pasaba e todos se preguntaban qué sería da vida de Tres, ata que un día, outro dos ratiños pídelles ó seu avó que lle fale do sol, voltando así a repetirse a historia. Péchase o volume cunha proposta de actividades relacionadas coa lectura.



Farias, Juan, *Os nenos numerados*, trad. Xavier Senín, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo nº 21, decembro 1997, 211 pp. (ISBN: 84-8302-194-3).

Esta historia de Juan Farias (Serantes, A Coruña, 1935) sobre uns infortunados rapaces reclusos nun reformatorio, divídese en cinco cadernos. Está narrada, en primeira persoa por Pés Planos, que xustamente acaba cos seus ósos na Casa Grande por tentar roubar unhas botas. Comeza coa detención e remata cando xa perdida a noción do tempo que leva encerrado, sae para ir a filas; o medo que lle produce o mundo exterior, así como a tristeza da despedida poñen o punto final. A descrición do día a día nese universo pechado e o retrato duns personaxes moi definidos son o miolo desta novela xuvenil. A crueza do que se conta suavízase coa ironía do narrador.



Farias, Juan, *Crónicas de media tarde*, presentación de Carlos Casares, trad. Xavier Senín Fernández, A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de Encontro, 1997, 140 pp. (ISBN: 84-403-0141). Ž

Carlos Casares é o encargado de presenta-la traducción ó galego deste libro de Juan Farias e faino relatando os seus primeiros contactos coa obra do ferrolán. Así, comenta o prestixio do que gozaba este autor a nivel estatal cando se descoñecía a súa literatura en Galicia. Casares pon de relevo o feito de que o autor escriba tanto para grandes coma para pequenos e mesmo di que dá a impresión de que a cuestión da idade dos lectores non é algo que el planifique. Comenta ademais a amplitude da xeografía dos sonhos de Juan Farias e sinala a similitude na visión que o autor e o personaxe Xoán de Luna teñen da guerra. Conclúe aludindo á sutileza e poesía coa que o escritor ve o mundo. Na obra relátanse tres historias que teñen como marco a aldea de Media Tarde, un pequeno lugar no que a terra é mala “pero por iso mesmo, porque ninguén a quere ten a vantaxe de non ter dono”. A primeira destas historias, “Anos difíciles”, acolle a vida das xentes da aldea nos tempos nos que chegou a guerra e no que ten cabida tanto o discorrer cotián dos seus habitantes coma a tensión creada polo conflito bélico. En “O Barco dos peregrinos” cóntaseno-lo que lle aconteceu a un rapaz que na busca de aventuras se embarcou de polizón nun barco e alí coñeceu a Macario, veciño de Media Tarde, que desta vez está presente a través da evocación. Por último en “O Gardián de Silencio” é o vello Xusto, un dos últimos habitantes da aldea, quen nos permite asistir ó ocaso total de Media Tarde. Juan Farias rodea estes relatos dunha atmosfera de tristeza recorrendo á diversos narradores e con constantes analepses, unido todo



VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

por unha mirada dos personaxes feita “dende arriba”, mesturando o humor coa tenrura e o sarcasmo.



Fuchs, Gerd, *Noites no mar*, trad. Susana Fernández de Gabriel e Franck Meyer Prado, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 7, 1997, outubro 1997, 99 pp. (ISBN: 84-8288-146-9). Ž

Novela xuvenil do alemán Gerd Fuchs (Nonnweiler, 1932) narrada por unha adolescente. Easy ten catorce anos e vive no Kiez, o chamado “barrio chinés de Hamburgo”, co seu pai e o seu irmán. Vai a un instituto do barrio onde conviven alemáns, chineses, croatas, serbios, españois, polacos e turcos. Easy cóntano-la súa experiencia na excursión da clase ó Mar de Ijssel holandés, nunha antiga embarcación dedicada ó turismo. O día a día cos compañeiros, xenreiras, afectos, a incertidume dos sentimentos e o salto sen rede da nenez á adolescencia son os principais temas desta narración, onde non faltan, por outra banda, o reflexo da problemática da emigración e o mundo das drogas e a delincuencia propios da realidade inmediata da protagonista.



Gisbert, Joan Manuel, *Historias secretas do espacio*, (*Historias secretas del espacio*, 1987), trad. Xosé Luis Rivas Cruz, ilustr. Toni Garcés, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 12, Serie verde (a partir de 9 anos), 1997, 150 pp. (ISBN: 84-8116-485-2).

Relato de Joan Manuel Gisbert (Barcelona, 1949) no que tres hóspedes moi especiais, Juri Tardowski, Fred Carpentier e Tsái Lun, van cear ó “Corzo gris”, unha pousada situada na montaña suíza. O fillo dos donos, Thomas, será o máis fiel oínte das emocionantes aventuras das viaxes espaciais que cada un destes personaxes lle irá relatando no transcurso da cea.



González Ferreiro, Helena e Esther **Pérez Fernández** (eds.), *Negras sombras*.

Antoloxía do relato policial, trad. Helena González Ferreiro e Esther Pérez

Fernández, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 5, 1997, 164 pp. (ISBN: 84-8288 141-8). Ž

O libro ábrese cunha presentación na que se fai unha breve análise do relato policial nos anos 30, 40 e 50 e dos autores característicos do xénero. Contén sete relatos do xénero negro traducidos ó galego: “O anxo do segundo andar”, de Dashiell Hammett, no que a ladroa Grace o anxo se introduce no cuarto dun escritor para lle inspirar un relato; “Estarei agardando”, de Raymond Chandler, relata cómo o personaxe Tony Reseck intenta axudar a miss Gressy e á persoa que agardaba no Windermere hotel; “Un home de palabra”, de Damon Runyon, quen conta a historia de Samuel o Pés, coñecido por ese nome por ter uns pés fóra do común; “O home na rúa”, de Georges Simenon, relato no que o inspector Maigret investiga o crime de Bagatelle; “Os cans, o desexo e a morte”, de Boris Vian, no que un taxista narra en primeira persoa a súa estraña relación con Slacks, unha cantante dun club nocturno de Nova York; “Un día gañado”, de Graham Greene, estraño relato no que un home segue a outro sen coñecelo de nada; “A prostituta autorizada ou a esposa”, de Patricia Highsmith, conta a historia de Sarah, casada pero con varios amantes, quen conseguiu a morte do seu home para se converter na viúva alegre; “Miña é a vinganza S.A.”, de Roald Dahl, relato no que o personaxe protagonista conta cómo se lle ocorreu



VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

formar a organización “Miña é a vinganza S.A.” que ofrece os seus servicios á xente rica para vingarse das aldraxes publicadas nos xornais.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, “Os mellores autores da novela negra”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 30, 1 novembro 1997, p. 7. Logo de facer unha serie de comentarios sobre as orixes da novela negra e da súa introdución en Europa, refírese ó libro *Negras Sombras*, unha publicación que, segundo o seu criterio, presenta nunha coidada edición relatos dos autores máis representativos do xénero negro, mediante os cales o lector poderá introducirse no mundo da novela negra.

-Manuel Darriba, “Moi escuras paisaxes”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 55, 6 decembro 1997, p. III. Referencia á compilación de “relatos negros” que Galaxia vén de publicar dentro da súa colección xuvenil Costa Oeste, baixo o título *Negras sombras*. Informa de que se trata dunha antoloxía que lle dá un xiro ascendente á mencionada colección e que recolle relatos de “primeiras plumas”, como é o caso de Raymond Chandler, Georges Simenon, Graham Greene, Patricia Highsmith, Roal Dahl, Dashiell Hammet, Boris Vian e Damon Runyon. De forma breve comenta cada un dos relatos destes autores integrados na antoloxía.



Referencias varias:

X. G. G., “As oportunidades perdidas”, *A Nosa Terra*, nº 808, “Guieiro Cultural”, 11 decembro 1997, 18. A publicación de *Negras sombras*, unha escolma de relato policial negro vertida ó galego, sérvelle ó crítico para facer unha serie de puntualizacións respecto deste xénero, das correntes e dos autores que

o representan; a súa diferenza de opinión respecto ó estudio feito no prólogo e a selección de obras fai que considere a edición unha oportunidade perdida para poñer en contacto ó lector galego con esta literatura.



VII.1. Narrativa

VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Gorki, Máximo, *Samovar* (*CaMoBap*, 1993), adapt. Mikhail Bierkowski e Rosa Moreiras, ilust. Violeta Monreal, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 8 anos), 1997, 60 pp. (ISBN: 84-403-0375-0).

Neste relato de Máximo Gorki (1868-1936), que mereceu o cuarto premio do Ministerio de Cultura ó libro mellor editado de 1993, cada secuencia narrativa vén acompañada da súa respectiva ilustración. A historia ten lugar nunha casa de campo rusa e presenta como protagonista a un samovar ó que se esqueceron de lle poñer a tapadeira e ten enriba unha teteira que gusta de facelo rabiar. Asistimos, así, á soberbia do “barrigudo samovar” diante da teteira, as cuncas, o azucreiro ou a xerriña, personaxes que presenciarán o desenlace fatal do presuntuoso protagonista. O ritmo da narración avanza rápido e as intervencións dos personaxes presentan a particularidade de estaren construídas en verso.



Goscinnny e Uderzo, *Astérix e Cleopatra* (*Astérix et Cléopâtre*, 1965),

trad. Antonio Pichel, Barcelona/Vigo: Grijalbo/Dargaud S.A., edición especial para Galaxia, col. Unha aventura de Astérix, 1997, 48 pp. (ISBN: 84-8288-139-6). Ž

Esta aventura de Astérix comeza cun reto entre Cleopatra e Xulio César no que a exipcia se compromete a ter construído un marabilloso palacio nun breve prazo de tempo para recupera-la grandeza do seu pobo. Encárgalle o traballo a Numerobis, o mellor arquitecto alexandrino, que para realiza-lo seu proxecto acode á aldea dos galos. Astérix, Obélix, Panorámix e Idéfix viaxan a Exipto e conseguen superar tódolos atrancos: as envexas de Edificatis (o arquitecto da competencia), o mal perder de César, as trampas de Parafusoris e a espionaxe de Melenis. Asemade que logran contruí-lo palacio no tempo previsto, descubren os monumentos e a cultura exipcia.



Goscinnny e Uderzo, *Astérix na terra dos bretóns* (*Astérix chez les bretons*, 1967), trad. Antonio Pichel, Barcelona/Vigo: Grijalbo/Dargaud S.A., edición especial para Galaxia, col. Unha aventura de Astérix, 1997, 48 pp. (ISBN: 84 8288-145-0). Ž

Nesta nova entrega das aventuras de *Astérix* os galos reciben a visita de Napiatápax, curmán de Astérix. Este chega dunha aldea de Bretaña coa misión de solicitar axuda para o seu pobo fronte ó poder romano. Panorámix prepáralle unha barrica coa poción máxica e Napiatápax volve ó seu país acompañado de Astérix e Obélix. Pero ó tentar pasa-las liñas inimigas as barricadas son roubadas polos romanos. Os bretóns logran finalmente vencerlo inimigo, aínda que será a coraxe a única poción máxica que empreguen na batalla. Nos contrastes producidos entre os costumes destes dous pobos, galos e bretóns, residen grande parte dos efectos cómicos do texto.



Goscinnny e Uderzo, *Astérix en Hispania* (*Astérix en Hispanie*, 1969),

trad. Antonio Pichel, Barcelona/Vigo: Grijalbo/Dargaud S.A., edición especial para Galaxia, col. Unha aventura de Astérix, 1997, 48 pp. (ISBN: 84-8288-145-0). Ž

Nesta entrega Astérix e Obélix liberan dos romanos ó fillo do xefe dunha aldea íbera que se resiste a César na súa conquista de Hispania. Pero o rapaz, un bulebulé incansable, acabará coas forzas de galos e romanos, convertindo o seu regreso a casa nunha pequena odisea. De novo o humor mestúrase coa historia para facernos viaxar ó mundo clásico.



Goscinnny e Uderzo, *Astérix. Os loureiros do César* (*Astérix. Les lauriers de César*, 1972), trad. Antonio Pichel, Barcelona/Vigo: Grijalbo/Dargaud S.A., edición especial para Galaxia, col. Unha aventura de Astérix, 1997, 48 pp. (ISBN: 84-8288-140-X). Ž

Novo título da serie *Astérix* onde Abraracúrcix visita coa súa muller ó seu cuñado na vila de Lutecia. Irritado pola fachendosidade deste, Abraracúrcix convídao a comer un verdadeiro guisado de carne perfumado coa coroa de loureiros do César. Iníciase así a nova misión de Astérix e Obélix. Nesta ocasión terán que viaxar a Roma e, co fin de acada-la citada coroa, chegarán a servir como escravos para un nobre romano e mesmo a loitar contra os leóns no circo.



VII.1. Narrativa

VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Hesse, Herman, *Baixo as rodas*, (*Unterm Rad*, 1906), trad. Franck Meyer, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 9, outubro 1997, 197 pp. (ISBN: 84-8288-164-7). Ž

Herman Hesse (Calw, Suabia, 1877-Montagnola, Suíza, 1962) creou con esta novela a evolución dun personaxe adolescente cara á frustración. Hans Giebenrath é diferente do resto dos compañeiros da pequena vila onde vive. Silandeiro e intelixente, as súas expectativas non encaixan co futuro que lle ofrece a súa aldea. Por iso prepara intensamente o duro exame para poder ir estudar no prestixioso seminario de Maulbronn. Pero a súa sensibilidade non acepta o ríxido sistema do centro que lle obriga a concentrar toda a súa enerxía en se-lo primeiro. A amizade con Heiner, un dos seus compañeiros de habitación, será o referente para que esperten novos sentimentos, pero a relación será frustrada polos responsables do centro, o cal acabará por desestabiliza-la vida de Hans. Algo nel vai quebrar para sempre.



Hinton, S. E., *A cadeliña rariña* (*The puppy sister*, 1995), trad. Dolores Martínez Torres, ilust. Irene Fra Gálvez, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 98, Serie verde (a partir de 9 anos e para adultos), 1997, 90 pp. (ISBN: 84-8288-155-8). Ž

S. E. Hinton (Oklahoma, 1950) é a escritora norteamericana que revolucionou a literatura xuvenil coa publicación de *Rebeldes* e *A lei da rúa*, ambas levadas ó cine por Francis Ford Coppola. Na novela *A cadeliña rariña* o relato aparece en boca da protagonista, Aleasha, unha cadela cachorro de pastor australiano que pon tanto empeño en ser un membro máis da familia Ann Davidson que remata converténdose en nena. A narración desta metamorfose non deixa de sorprenden e resulta de gran interese ir descubrindo as encrucilladas deste cambio, como son os momentos en que por fin é capaz de ver a televisión e as cores, de pórse sobre catro patas ou comezar a falar, e aqueles en que perde a capacidade de entende-la gata ou de arrecende-los sentimentos. A transformación da cadela en nena dá pé a reflexións acerca do cambio ó longo das etapas da vida, a dificultade que entraña e a valentía de afrontalo.

Recensións:

Xavier Castro R., “Vencellos e transformacións”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 14 decembro 1997, XV.



VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Sitúa á autora no grupo de creadoras “que tentaron unha renovación e unha maior implicación dos valores tanto sociais coma persoais, no discorrer das súas narracións”. A continuación achégase ó argumento de *A cadelinha rariña* e refírese ó sinxelo universo creado a partir da relación familiar e doméstica entre Nick e Aleasha.



Limacher, Roland, *Chatarra*, (*Juliluft*, 1995), trad. M^a Xesús Lama, Santiago: Sotelo Blanco, col. Docexvintedous, 1997, 102 pp. (ISBN: 84-7824-295-3). Ž

Roland Limacher recrea na novela *Chatarra* o mundo da adolescencia, o abandono da infancia, o enfrontamento ás normas sociais, a amizade. Xil, o protagonista, está a piques de remata-lo curso. Ve como o seu corpo e a súa mente están a cambiar. O verán depáralle novas amizades e experiencias que o van afastando da nenez.

Recensións:

-Xavier Castro R., "Amigos nun vello Cadillac", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 3 agosto 1997, p. VII. Comenta a aparición da colección "Docexvintedous" da Editorial Sotelo Blanco. Recolle que o obxectivo principal é "ocupar un importante lugar dentro da narrativa xuvenil", ofrecendo produtos do interese do público ó que vai dirixida. Describe o contido de *Chatarra*, obra de Roland Limacher incluída na devandita colección. Louva o traballo do autor alemán polo seu carácter innovador e diferente, e por non caer no didactismo.



VII.1. Narrativa

VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Limmroth, Manfred, *¿Onde vai Otto?* (*Das verschwundene Ottchen*, 1988), trad, M^a Xosefa Senín, ilustr. M^a Luisa Torcida, A Coruña: Editorial Bruño, col. Alta Mar, nº 26, Serie Humor (a partir de 10 anos), 1997, 187 pp. (ISBN: 84-216-31282-9).

Esta novela do autor alemán Manfred Limmroth narra a aventura de Otto, un pequeno rapaz que vive cos seus pais e a súa irmá Mina nun vello edificio da rúa das Pombas. Mina está obsesionada pola bruxería e utiliza o seu irmán para poñela en práctica. A véspera do aniversario de Otto vai ensaia-lo número de maxia co que quere sorprenden a tódolos convidados. O número consiste en transformar a Otto nun animal calquera. Desgraciadamente vaino lograr ou alomenos iso é o que ela cre. O final deste relato, dividido en 13 capítulos, inclúese un Obradoiro de lectura realizado por Nieves Fenoy.



VII.1. Narrativa

VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

London, Jack, *Cairo branco* (*White fang*, 1906), prólogo, tradución e notas

Ramón Nicolás, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarín, nº 54, 250 pp.

(ISBN: 84-8302-124-2). Ž

Cairo branco é, como consta na introducción de Ramón Nicolás, e na contraportada, un clásico das novelas de aventuras da literatura universal, unha narración concebida por Jack London (San Francisco, 1876-Glen Ellen, 1916) “como unha obra complementaria de *A chamada da selva*”, que dá conta de “moitas das súas experiencias vitais”. Cairo Branco é un lobicán que pasa do equilibrio da natureza ó mundo cruel dos homes. A súa faceta de lobo agudízase para enfrontarse á civilización ata chegar ó límite da morte. Pero o amor de Weedon Scott descubrirlle a cara bondadosa do home. O amor á natureza, á vida salvaxe, a loita entre o ben e o mal, a amizade son algúns dos valores desta obra.



López Narváez, Concha e Carmelo **Salmerón**, *A viaxe do vento pequeno*

(*El viaje del viento pequeño*, 1996), trad. Fernando Pérez Manteiga, ilustr. Rafael Salmerón López, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (a partir de 6 anos), 1997, 69 pp. (ISBN: 84-403-0374-2).

Concha López Narváez (Sevilla, 1939) e Carmelo Salmerón relatan a historia do Vento Pequeno, que preocupado por ser algo importante cando fora grande, decide facer unha viaxe para buscar un bo oficio. Así chegará a coñecer outros ventos e os seus diferentes quefaceres na Natureza: sementa-la terra, asusta-la xente, chamar pola choiva, etc. Non chegando a convencelo ningunha destas tarefas e seguindo coa súa viaxe, irá parar a un parque. Vendo a axuda que podía prestar alí, decide quedarse para se-lo Vento do Parque, xa que segundo el, estaba feito para iso.



Lowry, Lois, *O Dador*, (*The Giver*, 1993), trad. Lourdes Lorenzo García,
A Coruña: Everest Galicia, col. Punto de encontro, 1997, 172 pp. (ISBN: 84-403
0380-7). Ž

Narra Lois Lowry a historia de Xonás, un rapaz que vivía nunha comunidade rexida por unha serie de normas moi estrictas e determinadas, mediante as que se pretendía que non existisen conflitos, inxustizas ou calquera tipo de desigualdades. A vida de Xonás desenvolvíase con toda normalidade dentro da súa Unidade Familiar, ata que cando cumpriu os doce anos, foi seleccionado para se-lo próximo Receptor de Lembranzas. Durante o seu período de formación, Dador, o receptor vello, iríalle traspasando toda unha serie de recordos. Deste xeito, Xonás coñece a neve, as cores e o amor. Compartindo con Dador a idea de que era unha mágoa que tódolos membros da Comunidade non experimentasen esas mesmas lembranzas, idearán un plan para poder devolverllas novamente.





VII.1. Narrativa

VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Martín, Esteban, *Ricardo e o seu robot*, (*Ricardo y su robot*, 1997), ilustr. Violeta Monreal, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tren Azul, nº 3 (primeiros lectores), 1997, 13 pp. (ISBN: 84-8116-254-X).

As continuas e curiosas preguntas de Ricardo, o protagonista deste breve relato de Esteban Martín escrito con caracteres manuscritos e apoiado nas ilustracións, levan ós seus pais a unha divertida idea: proporcionarlle as ferramentas necesarias para que constrúa o seu propio invento.



Martín, Andreu e Jaume **Ribera**, *Flanagan Blues Band* (*Flanagan Blues Band*, 1997), trad. M^a Dolores Martínez Torres, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 17, marzo 1997, 225 pp. (ISBN: 84-8302-091-2).

A novela ábrese cun prólogo que nos anticipa o desenlace da trama e ó que lle seguen oito capítulos e un epílogo. Trátase dun novo episodio protagonizado polo detective Flanagan, creado por Andreu Martín (Barcelona, 1949) e Jaume Ribera (Sabadell, 1953), e os seus amigos Cheche, Vanesa e Blanca. Nesta ocasión terán que resolver xuntos o asasinato do párroco Mosén Roberto e demostra-la inocencia de Oriol, un detective profesional amigo de Flanagan que é acusado do crime.



Maine, Margarita, *Dóeme a lingua (Me duele la lengua*, 1997), ilustr. Anne Decis, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tren Azul, nº 4 (primeiros lectores), outubro 1997, [29] pp. (ISBN: 84-8116-335-X).

Breve relato para primeiros lectores que conta a historia de Mariano, un cativo de seis anos moi faladoiro e moi ledo que un día, ó tropezar na escola, cae polas escaleiras e morde a lingua, o cal lle impide falar correctamente. Nese momento comezarán as súas desgracias coa mestra e coa directora do colexio que, ó final, se resolven felizmente.



Mas, Hermínia, *A bruxa que non sabía rir* (*La bruixa que no sabia riure*, 1997), trad. Equipo Rodeira, ilustr. Penélope Tidor, Barcelona: Edebé-Rodeira, col. Tucán, nº 14, Serie azul (a partir de 6 anos), 1997, 36 pp. (ISBN: 84-8116 546-8).

Relato de Hermínia Mas (Casserres, Berguedà, 1960) estruturado en sete capítulos nos que se narra a vida dunha aldea onde vive unha bruxa solitaria e amarga coa teima de facer infelices ós nenos. Despois de moitos feitizos sen éxito consegue ó fin irromper na tranquilidade da aldea ó enmeigar a tódolos nenos estendendo unha epidemia coa que ningún deles pode deixar de chorar. Os veciños, consternados, únense para atopar unha solución.



McKee, David, *Elmer* (*Elmer*, 1989), trad. Monserrat Paz, ilust. David McKee, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Pequeno Merlín, 1997, 33 pp. (ISBN: 84 8302-149-8).

O británico David McKee é recoñecido internacionalmente pola serie sobre o elefante Elmer, da que forma parte este libro que é o primeiro traducido ó galego. No álbum, creado integramente por McKee, as imaxes proporcionan un discurso que enriquece e completa o do texto. O argumento xira en torno ó tratamento da diferenza: Elmer é o único elefante de cores da manda, isto preocúpao, pensa que cando os outros rin é del, así que tenta facerse gris coma os demais, pero non conta con que non é suficiente tinguirse para pasar desapercibido; ademais das cores, Elmer ten ledicia e unhas ganas de rir contaxiosas, por iso será recoñecido antes de que a chuvia o destinga. Remata a historia dándonos noticia de que a partir de entón se celebra o día de Elmer unha vez ó ano e cando esto sucede tódolos elefantes van de cores e Elmer da cor do elefante.



Mendiguren, Xabier, *¿Por que non canta o paporrubio? (Zergatik ez du kantatzen txantxagorriak?, 1997)*, trad. Damián Villalaín, ilustr. Elena Odriozola, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 8 (a partir de 6 anos), 1997, 23 pp. (ISBN: 84-8288-122-1).

Breve relato do escritor vasco Xabier Mendiguren onde unha pequena nena narra a súa experiencia cun paporrubio. O conto está estruturado en sete partes correspondentes ós sete días da semana. A historia comeza o domingo, cando a nena vai de excursión ó monte cos seus pais e atopa un paporrubio que leva para a súa casa. Pero a alegría dese día tórnase preocupación e tristura ó ver que o paxaro non canta, e ó intuí-la súa falta de liberdade. Por iso, o sábado, a rapaza abre a gaiola do paxaro devolvéndoo á natureza. As ilustracións de Elena Odriozola acompañan un texto que invita á reflexión sobre a liberdade e a amizade.





VII.1. Narrativa

VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

O meu mundo Disney, *A bela e a besta* (ISBN: 84-403-0100-0); *O Rei León* (ISBN: 84-403-0122-7); *O chepudo de Notre Dame* (ISBN: 84-403-0125-1); *Aladdín* (ISBN: 84-403-0121-9); *Hércules* (ISBN: 84-403-0126-X), A Coruña/León: Everest Galicia/Evergráficas, col. O meu mundo Disney, 1997, 32 pp.

Volumes de pastas duras, gran formato, numerosas ilustracións a cor e moi pouco texto. Trátase de versións de contos de Disney adaptados ó público infantil mediante unha selección daquelas pasaxes máis significativas das obras versionadas.



Moreiras, Esperanza, *Osiño e coello* (ISBN: 84-403-0324-6); *Osiño e ganso* (ISBN: 84-403-0323-8); *Osiño e gato* (ISBN: 84-403-0322-X); *Osiño e parrulo* (ISBN: 84-403-0321-1), ilust. Maurice Pledger, A Coruña: Everest Galicia, 1997, [8] pp.

Volumes de formato medio, de pastas duras e dobres, e con moitas ilustracións que permiten segui-lo relato con facilidade, ó mesmo tempo que se segue polo texto. Narran as aventuras de Osiño cando vai de visita co coello ó campo, co ganso á granxa, co gato ó xardín, e co parrulo á lagoa, lugares onde farán moitos amigos.



Nöstlinger, Christine, *Horario de clase*, trad. Alberto Álvarez Luguís, Vigo:

Galaxia, col. Costa Oeste, nº 2, marzo 1997, 169 pp. (ISBN: 84-8288-106-X).

Christine Nöstlinger (Viena, 1936) presenta en *Horario de clase* a historia de Anika, unha rapaza de catorce anos que estudia sétimo curso no instituto público da súa cidade. A súa vida transcorre entre os conflitos familiares pola falta de entendemento cos seus pais, a súa teima por Wolfgang, o rapaz do que está namorada, a relación cos seus amigos e a obsesión polo seu aspecto. En torno a ela unha galería de personaxes van configurando a historia que dará un importante xiro cando no instituto se decide facer folga en contra dun dos mestres.

Recensións:

-M. Blanco Rivas, "Costa Oeste, unha viaxe pola idade da inocencia", *Faro de Vigo*, "El Sábado", nº 12, 3 maio 1997, p. 5. Ver Vila Sexo, Carlos, *Gárgola*, nestas páxinas.



VII.1. Narrativa

VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

Nova Antoloxía Disney, *Bambi* (ISBN: 84-403-0184-7); *O chepudo de Notre Dame* (ISBN: 84-403-0181-2); *Pocahontas* (ISBN: 84-403-0182-0); *O rei león* (ISBN: 84-403-0183-9); *Hércules* (ISBN: 84-403-0197-9), A Coruña/León: Everest Galicia/Evergráficas, col. Nova Antoloxía Disney, n^{os} 1-5, 1997, 48 pp.

Volumes de gran formato, pastas duras, moitas ilustracións a cor e pouco texto. Son versións de catro clásicos Disney adaptados ó público infantil.



Pausewang, Gudrun, *A serea na lata de sardiñas (Die Seejungfrau in der Sardinenbüchse*, 1995), trad. Rafael Chacón, ilustr. Markus Grolík, Madrid: Anaya, col. Sopa de Libros, nº 4 (a partir de 8 anos), decembro 1997, 106 pp. (ISBN: 84-207-8299-8).

Conxunto de sete relatos de Grudun Pausewang (Alemaña, 1928) que teñen como protagonistas a curiosos e entrañables personaxes cheos de humor e ironía que dan a volta ás leis da sociedade e da natureza: a serea que aparece na lata de sardiñas pero volve ó lago Constanza; a avoa Solveig, que é feliz na súa casa da praia recollendo obxectos que lle trae o mar; o bufón que recupera a sombra cando se namora; o dragón que se converte en princesa e a princesa que se converte en dragón; a historia de amizade entre a porca e o carnicero e finalmente Basilio, o vampiro que non é vampiro.



Perera, Hilda, *Mumú* (1997), trad. Xavier Frías, ilust. Luís Sánchez Robles, A Coruña: Bruño, col. Alta mar, nº 25, Serie Aventuras (a partir de 8 anos), 1997, 123 pp. (ISBN: 84-216-318-2).

A autora cubana Hilda Perera amosa neste libro, que foi incluído na Lista de Honra da CCEI en 1997, as aventuras de Mumú dende que nace ata que se converte no xefe dunha manda de elefantes, logo de pasar grandes penalidades e traballos. Así, xa de pequeno case o come unha crocodila, cae nunha trampa e pelexa cun xabaril, ademais de verse atacado por un tigre. Logo cando lle nacen os cairos salvará a un elefante escravo xunto co seu pai, quen morrerá nas mans duns cazadores. Mumú todo doído invadirá e rematará coa axuda doutros elefantes co pobo onde vivían eses cazadores, mais salvará a un neno. Dende aquela presentía que algo inevitable ía pasar, así un día chegou un cerco de homes con tambores que ía empurrando a manda, quizais para ser escravizada. Pero cando cruzaba o río vería unha ampla campa. Era o agasallo dun pai agradecido ó elefante que lle salvara a vida ó seu fillo. Ofrece este volume ademais dunhas referencias sobre a vida e obra da autora e unhas palabras desta ó seu lectorado e un “Obradoiro de lectura” de Antonio-Manuel Fabregat, que contén preguntas e actividades sobre o texto.



Poe, Edgar Allan, *As aventuras de Arthur Gordom Pym* (*The narrative of Arthur Gordon Pym of Nantucket*, 1838), trad. e introd. Alberto Avendaño, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Xabarán, nº 53, 1997, 209 pp. (ISBN: 84-302 123-4). Ž

Alberto Avendaño traduce e presenta a que foi “a única novela de Poe” (Boston, 1809-Baltimore, 1848). Nunha breve introducción fálanos do autor e das circunstancias que envolveron o nacemento da obra e do propio labor de tradución. Di que se trata dunha novela escrita “na época en que estaban en voga as expedicións”, materializadas “en crónicas de viaxes”, trascende “a súa materialidade para converterse nun feito espiritual, nunha loita do home contra o imposible ou contra si mesmo”. Á investigación uníronse “elementos autobiográficos” que reforzaron o “verismo da historia”. A obra consta de vintecinco capítulos, precedidos dun limiar do autor sobre a creación da narración e unha nota final onde Poe fai aclaracións sobre a “perda dos dous ou tres capítulos finais”. Arthur Gordon Pym narra en primeira persoa as súas aventuras. Impresionado polos relatos da vida mariñeira embarca a escondidas no Grampus, baleeiro capitaneado polo pai do seu amigo August Barnard. Pero por unha rebelión Artur vese compartindo viaxe cun grupo de amotinados, defendido só polo contramaestre Dick Peters. Unha tempestade provoca o naufraxio do barco e Arthur e Peters son recollidos polo Jane Gay, de viaxe ó Mar Antártico e ó Polo Sur. Desembarcan na illa de Tsalal onde sufrirán unha terrible masacre. Arthur e Peters enfrontaranse, na loita pola supervivencia, a innumerables aventuras.



Roca, Empar, *Saltapinos perdeu os calcetíns (Botapins ha perdut els calcetins*, 1997), trad. Damián Villalaín, ilustr. Lourdes Bellver, Vigo: Galaxia/Editores Asociados, col. Bambán, nº 7 (a partir dos 6 anos), 1997, 23 pp. (ISBN: 84-8288 121-3).

O autor catalán Empar Roca achéganos un relato para os primeiros lectores protagonizado por un xigante das neves chamado Saltapinos. Saltapinos vive triste porque non se acostuma ó frío inverno da montaña. Un día atopa un xerxei e un paraugas vello cos que decide facer uns calcetíns. Feliz por estar máis quentiño, decide coñecer mundo. Visita a cidade, pero, asustado debe fuxir perdendo no camiño os seus calcetíns.



Saint Mars, Dominique de, *A Max non lle gusta ler* (*Max n' aime pas lire*, 1992) (ISBN: 84-8288-112-4); *Max e Koffi son amigos* (*Max e Koffi son copains*, 1995) (ISBN: 84-82-88-135-3); *Lilí quere ter un gatiño* (*Lili vent un petit chat*, 1995) (ISBN: 84-8288-116-7); *Os pais de Max e Lilí discuten* (*Les parents de Max e Lilí se disputent*, 1995) (ISBN: 84-8288-113-2); *Alguén segue a Lilí* (*Lili a été suivie*, 1994), (ISBN: 84-8288-115-9); *Lilí enfádase coa súa amiga* (*Lili est fâchee avec sa copine*, 1994), (ISBN: 84-8288-111-6); trad. Antonio Pichel, ilustr. Serge Bloch, Vigo: Galaxia, col. Así é a vida, n.^{os} 1-6, 1997, 45 pp.

Libros/Cómic, que relatan, con humor, diferentes episodios da vida de Max, da súa familia e amizades. No primeiro deles cóntanse as preocupacións de Max, o protagonista, cando se presenta o momento de ler diante da súa mestra e compañeiros. El prefere os robots. Non lle valen as razóns da súa irmá, pai e nai pero ó final prenderá na lectura; no 2 desenvólvense as relacións e problemas de Max e Koffi, dous nenos de distinta raza que loitan contra as ideas racistas dos seus compañeiros; no 3 nárranse as astucias de Max e Lilí, súa irmá, para poder quedar cuns gatiños na casa en contra dos desexos e ordes dos seus pais; no 4 as estratexias de Max e Lilí



VII.1.3. Narradores traducidos ou versionados

diante das discusións de seus pais. Despois de manifestaren a súa preocupación pola situación deciden marchar da casa na busca dun mundo sen discusións pois temen ser culpables. Os pais razoan e todo volve á normalidade; no 5 cóntase a persecución á que é sometida Lilí por un adulto e as estratexias que os irmáns organizan para salva-la situación. Finalmente, no 6, relátase un enfado de Lilí coa súa mellor amiga. Rematan tódolos volumes con interrogantes sobre a temática desenvolta.

Referencias varias:

-Álvaro Vidal, "Max e Koffi son amigos", *Redacción Xove*, nº 7, outubro 1997, p. 11. Fai referencia ó argumento da obra e sinala que foi elaborada con motivo da celebración en 1995 do Ano das Nacións Unidas para a tolerancia. Salienta tamén que o humor e a tenrura presentes no libro poden axudarlles ós rapaces a se concienciaren na riqueza que para unha sociedade supón a diversidade.

-Begoña Urgal, "Lilí quere un gatiño", *Redacción Xove*, nº 7, outubro 1997, p. 11. Ademais de aludir á estruturación en forma de cómic sinalase que se trata dun libro moi interesante para os que lle gusten os animais.



Sennell, Joles, *A guía fantástica* (*La guía fantástica*, 1977), trad. Helena González e Sabela Labraña, ilust. Xan López Domínguez, Vigo: Galaxia, col. Árbore, nº 97, Serie azul (a partir de 12 anos), 1997, 98 pp. (ISBN: 84-8288 135-3). Ž

Joles Sennell (Vic, 1945) é o autor desta obra que tal e como consta na contraportada é “unha obra mestra do xénero fantástico”. O volume divídese en tres partes tituladas respectivamente: “O derradeiro alicorno”, “A guía fantástica” e “As illas debuxadas”. Convertido en personaxe da súa propia creación, Joles Sennell recibe de mans dun libreiro un antigo libro que cada lector personaliza coa súa imaxinación pois as súas follas tórnanse en branco cando esta facultade non existe. Na primeira parte o libreiro relata a Joles como o último alicorno escribiu dito libro. A conversa continúa na segunda parte onde explica a forma en que este chegou ás súas mans. Joles protagoniza a terceira parte viaxando, a través da lectura da *Guía fantástica dos mundos debuxados*, ás Illas Debuxadas en compañía de Rabela, unha palabra fuxida do seu dicionario.



Simó, Isabel-Clara, *Xoel* (*Joel*, 1996), trad. M^a Dolores Torres París, Vigo:

Edicións Xerais de Galicia, col. Fóra de Xogo, nº 9, maio 1997, 205 pp. (ISBN: 84-8302-118-8). Ž

Isabel-Clara Simó (Alcoi, 1943) profunda, ó longo de trece capítulos, no vivir dun adolescente marcado pola morte da nai e a súa enfermidade. Asistimos, da man do protagonista, ó proceso de formación de personalidade e maduración dun rapaz que vai descubrindo o mundo dende a súa doenza: a amizade, a relación cos pais, a soidade, a superación persoal, os retos, as afeccións, o amor e a morte. Narración dun proceso de aprendizaxe que abre a luz sobre a problemática cotiá da adolescencia dende a propia adolescencia.



Steinbeck, John, *De ratos e homes* (1937), trad. Álvaro de Prado, Vigo: Galaxia, col. Costa Oeste, nº 8, 1997, outubro 1997, 126 pp. (ISBN: 84-8288-147-7). Ž

John Steinbeck (Salinas, California, 1902-Nova York, 1968), integrante da chamada “xeración perdida”, creou esta novela a partir dunha viaxe do autor cun grupo de xornaleiros desde Oklahoma ata California. Esta recolle un canto á solidariedade e a amizade. Dende que a tía Clara morrera, Lennie, un retrasado, e George viaxan xuntos traballando como xornaleiros. Comparten un soño, chegar a ter unha casa cunha horta, unha vaca, porcós e coellos. Este soño que rematará en traxedia ó vérense os protagonistas implicados nun asasinato na granxa na que traballaban cargando orxo.



VII.2.1. Poetas galegos

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 2. Poesía

VII. 2. 1. Poetas galegos



Alonso, Fran, *Cidades*, Accésit Premio Lazarillo de Literatura Infantil 1996, ilust. Pablo Otero "Peixe", Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín (de 11 anos en diante), abril 1997, 60 pp. (ISBN: 84-8302-093-9).

Fran Alonso (Vigo, 1963) é o autor deste "libro de poemas sobre as Cidades do corazón". Ó longo de trinta e nove composicións o autor fálanos das "Cidades", non só da súa, Vigo, senón das cidades "grandes e pequenas", das da "alma", das do "corpo", das "cidades dos mapas", das visitadas, das vividas, das descoñecidas. Cidades que se mesturan co eu, que Fran Alonso nos achega no apartado que pecha o volume, "Cando o autor fala de si". Nel os gustos, as xenreiras falan por si mesmos do poeta e xustifican o proceso creativo desta obra, escrita en 1995 que abre ós máis novos o mundo da poesía.

Recensións:

-Vicente Araguas, "De todos para todos, para todos", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 162, 5 xuño 1997, p. 10. Comentario de *Cidades*, de Fran Alonso e de *O valo de Manselle* (1996), de Anxo Angueira. Sobre a primeira comeza opinando que a meirande parte dos escritores para nenos son escritores frustrados para maiores e que, aínda así, hai autores que saben achegarse ós cativos con naturalidade. Nesta liña sitúa a Fran Alonso e pensa que moitos dos poemas de *Cidades* pasarían a proba da "intercambiabilidade" con algúns dirixidos ós adultos polo mesmo autor. Considera que algunhas rimas consonantes non axudan á calidade do poema e subliña que a orixinalidade de Fran Alonso estriba en que "tocando un tema de



maiores múdao en asunto de menores e consegue reconvertelo nunha cuestión para todos". Con respecto a *O valo de Manselle* cualifica o libro de "orixinal", "solidario" e "épico", debedor dunha poesía "que deixou de facerse entre nós hai tempo, pero con outra linguaxe". Percibe no poemario "certo ton salmodiante, versiculeiro e profético".

Referencias varias:

-P. S., "Fran Alonso publica "Cidades", un libro de poesías para niños finalista del Premio Lazarillo", *O Correo Galego*, 12 abril 1997, p. 14. Informa da publicación de *Cidades*, ofrece as características deste poemario e afirma que a obra tenta "configurarse como un tratado de urbanismo poético". Salienta o feito de aborda-la literatura infantil sin fuxir dos aspectos máis duros da realidade.



Graña, Bernardino, *O Quirico lambón*, ilust. Ánxeles Ferrer, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Merlín, Serie rosa (primeiros lectores), outubro 1997, 53 pp. (ISBN: 84-8302-173-0).

Bernardino Graña (Cangas do Morrazo, 1932) recolle e recrea esta historia rimada de raigame popular tamén coñecida como o galo Quirico. Os encadeados e xogos de memoria propios deste tipo de texto vense enriquecidos coa versificación, co ritmo marcado e cos chiscos axeitados ó destinatario infantil, como as preguntas que se fan para que o lector teña oportunidade de intervir, ou a nota respecto a como facer a lectura: “onde se poñen tres puntos suspensivos hase de facer unha lixeira pausa para adiviñar o que ven a continuación e onde se poñen máis de tres puntos pódese intercalar o nome de quen escoita ou le”. Preséntase en letra manuscrita e con abundantes ilustracións.



Moreno, M^a Victoria, *¿E haberá tirón de orellas?*, ilust. Carme Peris, Vigo:

Galaxia, col. Árbore, nº 95, Serie amarela, febreiro 1997, 26 pp. (ISBN: 84-8288 104-3). Ž

M^a Victoria Moreno (Valencia de Alcántara-Cáceres, 1941) canta neste poemario ó “solpor” que provoca que a pradeira durma, que o gando se retire, que cheguen as sombras ás casas, que os nenos gozen da noite xunto coa cadela, quen ó quedar soa é animada a que volva á casa polo moucho e a curuxa que despertan; á “noite”, na que a cadela “Alma” e un pardal son vencidos polo soño despois de moito camiñar; e finalmente ó “mencer” no que o pardal decide volver á casa tal e como lle dixeron o moucho e a curuxa.

Recensións:

Vicente Araguas, “Ler ou non ler”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 182, 23 outubro 1997, 10. Aínda partindo da defensa da tese de que se é lector por cousa do azar, critica certas seleccións de lecturas obrigatorias feitas polo profesorado e tamén a certos escritores que rexeitados da literatura adulta volven as súas plumas inauténticas á infantil e aplaude as iniciativas das editoriais presentando libros en condicións para os diferentes presuntos lectores. Nesta orde de cousas, fala de *¿E haberá tirón de orellas?*, de M^a Victoria Moreno, e cualifícao de mostra significativa do que de calidade se pode facer, un produto logrado e que supón unha aportación poética para os cativos.





VII.2. Poesía

VII.2.2. Antoloxías

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 2. Poesía

VII. 2. 2. Antoloxías



García Teijeiro, Antonio (ed.), *Os nosos versos*, ilustr. Fino Lorenzo, Madrid:

Anaya, col. Sopa de Libros, nº 1 (a partir de 12 anos), decembro 1997, 104 pp.

(ISBN: 84-207-8259-9).

Antoloxía poética a cargo de Antonio García Teijeiro (Vigo, 1952) na que se seleccionan versos dirixidos a receptores infantís e xuvenís de doce autores clásicos da nosa lingua, “doce poetas que puxeron nos seus escritos o dedo na chaga dunha realidade que aman pero non aceptan polo que ten de inxusta”, segundo se indica no prólogo que precede á selección. Os autores elixidos son: Eduardo Pondal, Rosalía de Castro, Manuel Curros Enríquez, Luís Pimentel, Luís Amado Carballo, Aquilino Iglesia Alvariño, Álvaro Cunqueiro, Celso Emilio Ferreiro, Xosé M^a Álvarez Blázquez e María Mariño. Péchase o volume cunhas breves notas biográficas de cada un destes escritores e cunhas declaracións do ilustrador nas que expón como foi o proceso de elaboración das ilustracións do libro.



VII.3.1. Postas en escena

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 3. Teatro

VII. 3. 1. Postas en escena



Birimbau: *O planeta azul*.

-Silvana M. Rial, “El adulto ve en las marionetas la nostalgia de la infancia perdida”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 15 setembro 1997, p. 32. Nesta entrevista a directora do grupo de marionetas Birimbau, fala acerca da atracción do mundo das marionetas e das capacidades necesarias para desenvolverse nese ámbito. Ó final comenta algunhas aracterísticas de *O planeta azul*, última obra do seu grupo.



XXIX Domingos Folclóricos de Portomarín

No marco destas xornadas dedicadas ó folclore galego na vila de Portomarín, actuou o grupo de títeres Media Luniña.

-Víctor L. Villarabid, “Los titiriteros de Portomarín sorprenden en el cierre de los ‘Domingos Folclóricos’”, *El Progreso*, 1 setembro 1997, p. 13. Dá conta da representación do grupo de títeres Media Luniña na clausura dos XXIX Domingos Folclóricos de Portomarín. Explica o nacemento da compañía a raíz dun curso de trinta e seis horas que tivo lugar nese concello.



Falcatrúa: *O inspector Inspiración*, de Esteban Losada.

Dirección: Esteban Losada. Interpretación:
Esteban Losada, Esther García. Escenografía:
Falcatrúa. Iluminación: Esteban Losada.

-Eva Suárez, “Títeres, teatro y magia en el mes do Nadal de Negreira, que rematará con la cabalgata”, *La Voz de Galicia*, 27 xaneiro 1997, p. 45. Informa desta representación, xunto con outra do grupo Falcatrúa da que non dá título, e o espectáculo *Antonomasia* do Mago Antón dentro do programa Mes do Nadal organizado pola Concellería de Cultura e Deportes.

-V. Teatro na Escola 97.



IIº Festival Internacional de Títeres de Santiago

Celebrouse en Santiago (na Praza da Quintana e Platerías) entre o 6 e o 12 de outubro. Organizado pola Asociación Cultural *Barriga Verde* e co patrocinio do Concello de Santiago, o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais e a Deputación Provincial da Coruña. Realizáronse 38 funcións en locais (Teatro Principal, Aula de Cultura de Caixa Galicia, Colexios...) e polas rúas compostelanas. Participaron seis compañías: a do chino Yang Feng, a belga Plansjet, a andaluza La Gotera de Lazotea, a madrileña Marionetas del Matadero e as galegas 1 globo, 2 globos, 3 globos con *Pedro e o lobo* e Teatro Cachirulo con *A Guerra das Galicias*.

-J. B. Salgueiro, “¡Vota por estos!”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 3 outubro 1997, p. 2. Informa do programa do Festival, comenta a figura de Barriga Verde como un referente imprescindible na historia dos títeres en Galicia e repasa a traxectoria de Yang Feng.

-A. E., “Pedro e o Lobo’ na apertura do II Festival de Títeres de Santiago”, *O Correo Galego*, 6 outubro 1997, p. 13. Anuncia o comezo do Festival e dá os nomes das compañías.

-Ana Iglesias, “El orgullo del tiritero”, *El Correo Gallego*, 11 outubro 1997, p. 12. Logo de se referir á presenza do marionetista chinés Yang Feng en Santiago, sinalase que a tradición de marionetas en Galicia iniciouse con Barriga Verde que percorreu Galicia ata 1960 e seguiu con Kukas,



que recuperou a actividade a finais dos anos sesenta para dar paso a Trécola en 1981. Conclúe apuntando a cifra de catro compañías rexistradas en 1982 ata chegar ás quince na actualidade.

-J. B. Salgueiro, “La Reconquista de Don Trapo”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 12 outubro 1997, pp. 6-7. O autor aborda xunto a compoñentes das compañías participantes no Festival a progresiva profesionalización do titiriteiro, o final do nomadismo a favor da contratación e a prohibición durante a dictadura de Franco. Xoán Pérez, de Barriga Verde subliña os comezos a mediados dos 70 e a falta de referentes nos tiriteiros de Galicia. Pola súa banda, Jorge Rey, de Cachirulo, fala da intención de organizar en Galicia unha escola máis ou menos estable con cursos permanentes de formación para recupera-la tradición.



Migallas: *O cantante e as mulleres*, creación do grupo.

Dirección: María Campos. Interpretación:
 Carlos Yus, María Campos. Técnico de
 son: Luis Felipe Fraile. Dramaturxia e
 iluminación: Migallas.

A. H., "Teatro en la Casa de Cultura de Boiro", *El Correo Gallego*, 14 febreiro 1997, p. 20. Anuncia a actuación en Boiro de Migallas con *O cantante e as mulleres* e de Talía Teatro con *A secreta obscenidade de cada día*. Coméntase o argumento da obra representada por Migallas e sinálase que o grupo foi creado en 1992, coa finalidade de fomentar a práctica teatral e musical, destacándose a ampla experiencia dos membros do grupo na arte dramática e como monitores de teatro.

A. A., "El grupo "Migallas" presenta hoy "O Cantante e as mulleres", *Diario de Pontevedra*, 4 outubro 1997, p. 18. Anuncia a representación de Migallas na vila de Bueu, dedicada especialmente ó público novo.

-Álvaro Agulla, "Migallas" representa la obra "O cantante e as mulleres" en Beluso", *Diario de Pontevedra*, 23 outubro 1997, p. 18. Noticia que anuncia a actuación de Migallas na Casa do Pobo de Beluso dentro dos Circuitos Culturais da Consellería de Cultura e Comunicación Social.



Monicreques de Kukas (1): *Adubíos*, de Marcelino de Santiago.

Dirección: Isabel Rey Pousada. Interpretación: Xan Budiño, Nekane Fernández e Beatriz Sánchez.

M. X. Blanco, “Monicreques de Kukas representa en Boiro la obra teatral *Adubíos*”, *El Correo Gallego*, 28 novembro 1997, p. 17. Nota informativa sobre esta representación dirixida ó público de entre dez e catorce anos. O espectáculo está baseado nun conto de Kukas, no que se relata unha historia que ten lugar en tres mundos diferentes: a Nada, o Plano e a Terceira Dimensión; para cada un deles utilízanse técnicas teatrais diferentes: mimos, sombras e actores que manipulan obxectos xeométricos.

M. B., “El Festival de Títeres de Bilbao homenaja a “Kukas”, *La Voz de Galicia*, 19 outubro 1997, p. 53. Anúnciase a homenaxe do prestixioso festival bilbaíno a Marcelino de Santiago quen se amosa sorprendido por este recoñecemento que fai extensivo a toda a compañía. Sinálase que Kukas está considerado como un dos mellores constructores de marionetas e anúnciase a representación de *Adubíos*, que ten como tema a tolerancia. Faise referencia ó próximo proxecto da compañía, unha versión de *A Odisea*, e ó éxito de *Unha noite no pórtico do paraíso* representada durante tres meses diante da Catedral de Ourense.

-V. Mostra de Teatro de Cee no apartado II. 5.



Monicreques de Kukas (2): *Unha noite no pórtico do paraíso*, de Marcelino de Santiago.

Dirección: Marcelino de Santiago.

-Zaida Iglesias, "Os monicreques de Kukas", en Ourense", *La Región*, 27 xullo 1997, p. 18. Noticia sobre a representación da obra *Unha noite no pórtico do paraíso*. Sinálase que o espectáculo é unha actividade complementaria á mostra de arte medieval "Galicia Románica e Gótica" e está constituído por 34 personaxes que levan o público ata a época medieval mesturando a fantasía coa historia. Infórmase da trama dicindo que ten como fío conductor as historias e lendas que o rei David lle conta a Martiño, un peregrino francés. Do manexo das marionetas encárganse catro manipuladores "totalmente vestidos de negro", a través dun mecanismo creado por Kukas que permite unha grande mobilidade dos monicreques.

-Raquel Feijoo, "Actores 'de fío'", *La Región*, 3 agosto 1997, p. 17. Presenta a obra *Unha noite no pórtico do paraíso*, realizada pola compañía de Kukas, como un complemento á mostra "Galicia románica e gótica" da Catedral de Ourense, inserindo ambos proxectos no programa "Galicia, terra única". De seguido, Marcelino de Santiago contesta a diversas cuestión relacionadas co proceso de creación da obra, da acollida que está tendo entre o público e das principais dificultades de traballar con monicreques.



Iª Mostra de Teatro Escolar da Asociación Xuvenil Sagrado Corazón (Lugo)

Organizada en colaboración coa Xunta de Galicia e o Concello de Lugo. Tivo lugar os días 11 e 12 de xuño no Centro Sociocultural Fingoi. Participaron o Grupo de Arte Dramático do Colexio A Milagrosa co grupo *Querémo-los contos como están* e os alumnos do Colexio Quiroga Ballesteros.



Iª Mostra de Teatro Escolar do Barco

Enmarcada dentro do plan municipal de prevención de drogas e posto en marcha pola concellería de servizos sociais, celebrouse entre o 11 e o 25 de xuño na Casa da Cultura desta vila ourensá. Participaron os alumnos do colexio público Julio Gurriarán con *Tolo e os tambores*, o Colexio Condesa Fenosa con *A Marquesiña Lindaflor* e *A visita do inspector* (de Fina Casalderrey), o Otero Pedrayo con *Y san Jorge venció al dragón* (de Josep Vallverdú), o Colexio Divina Pastora participou con *La zapatera prodigiosa* (de Federico García Lorca)

Aurora Otero, “Bohemios” ganan la Iª Mostra de Teatro Escolar de O Barco”, *La Región*, 25 xuño 1997,

19. Faise eco da consecución do premio consistente nunha escultura de Xelo de Tremiñá. Sinálase que o xurado destacou “o coidado de detalles” e fixo unha mención para os demais grupos participantes, catro en total, que recibirán un diploma. Así, destacaron o concepto de solidariedade na obra representada polo grupo do “Julio Gurriarán” ou o contido cómico do traballo presentado por “Anduriña” do Colexio Condesa de Fenosa.



Mostra de Teatro Infantil de Narón

Organizada polo padroado de Cultura. Tivo lugar entre os días 17 e 21 de novembro no Auditorio Municipal de Narón, o salón de actos do colexio “Virxe do Mar” e os diversos centros de ensino da vila. Actuaron o Mago Antón con *A volta a Galicia en 365 escolas*, o grupo Falcatrúa da Coruña coa obra *Retrincos*, e tres compañías procedentes do País Vasco, Navarra e Cataluña.

-Cristina R. Calvo, “La próxima semana comienza la “Mostra de Teatro Infantil” de Narón”, *El Ideal Gallego*, 14 novembro 1997, p. 9. Anúnciase a posta en marcha da Mostra destinada a catro mil estudantes de doce colexios.



Mostra de Teatro Escolar. A Coruña

Celebrada no mes de abril, contou coa participación dos grupos Los Trotamundos, do Colexio Rosalía de Castro; Os pícaros, do Colexio María Pita; Axóuxere I, do Calasanz feminino; Cric Cric, da Escola Infantil Monte Alto; Universo, da Escola Infantil Andaina; Eleonora Duse, do Instituto Eusebio da Guarda; Duendes Locos, do Colexio Juan Fernández; Murmullo II, do Colexio Rías Altas; Curriños I, do Colexio Curros Enríquez; Mouchos, do Centro Ramón de la Sagra; e Charrúa I, do San Francisco Javier.



Quinquilláns, Os (1): *As voces do mar*, de Gabriel Penabade e *As viaxes fantásticas*.

Dirección: Gabriel Penabade. Interpretación: Xosé Penabade, Uxío Ferrás, Fina Méndez, Gabriel Penabade, Francisco Nogueiras e Nazareth Davila. Escenografía: Xosé Penabade. Vestuario: Fina Méndez e Nazareth Davila. Música: Francisco Nogueiras.

-D. P., “Os quinquilláns actuarán na Semana Cultural de Vilanova”, *Diario de Pontevedra*, 24 outubro 1997, p. 21. Recolle o programa de actos da IIª Semana da Cultura “Valle-Inclán nas rúas de Vilanova de Arousa” entre o que se encontra a actuación de Os Quinquilláns con *As voces do mar*, obra que é presentada como “unha historia de sereas, monstros mariños, guerreiros de lume, illas e aventuras”.

-V. Vª Feira do Teatro de Galicia.

-V. Mostras de Teatro no programa “Galicia, Terra Única”.



Quinquilláns, Os (2): *O parasol laranxa*, espectáculo baseado en contos de Cunqueiro, Fole e Tolkien, adaptación de Gabriel Penabade.

Interpretación: Fernándo González, Fina Méndez, Gabriel Penabade, Fran Montoto, Paco Nogueiras, Nazaré Davila. Deseño Escenografía: Rodrigo Roel, Pepe Penabade. Realización Escenografía: Rodrigo Roel. Vestiario: Paco Nogueiras, Nazaré Davila. Música: Paco Nogueiras. Maquillaxe: Os Quinquilláns. Coreografías: Olga Camesella.

-M. G., "Una representación de Os Quinquilláns centra hoy las fiestas de Muros", *El Correo Gallego*, 29 xuño 1997, p.20. Noticia sobre a actuación do grupo teatral Os Quinquilláns nas festas de San Pedro, en Muros, co este espectáculo, que segundo se di terá lugar en tres escenarios e no que o público ten que participar activamente.



Sarabela Teatro: *Os trasnos da noite*.

Dirección: Fernando Dacosta. Interpretación: Fernando Dacosta, Sabela Gago e Elena Seixo.

-L. R., “Sarabela” celebra con 400 escolares el Día del Medio Ambiente”, *La Región*, 3 xuño 1997, p. 25. Informa de que se agardan catrocentos escolares nas representacións que Sarabela fará en Ourense de *Os trasnos da noite* co fin de festexa-lo Día do Medio Ambiente.



Tanxarina: *Ah, Ah, Ah, estamos monstros de risa*, de Cándido Pazó e Luís Guntín.

Dirección: Cándido Pazó. Interpretación: Eduardo Rodríguez, Miguel Borines, Pablo Xiráldez. Escenografía e iluminación: Tanxarina. Vestuario: Belén Puentes. Música: Antonio López.

-Álvaro Agulla, "Cultura organiza para mañana una obra teatral a cargo de "Tanxarina", *Diario de Pontevedra*, 25 setembro 1997, p. 18. Nota de prensa que anuncia a representación desta obra en Bueu.



Teatro Buratini: *A gaita que facía a todas bailar*, espectáculo de contacontos baseado en relatos populares galegos recollidos da tradición oral, incluíndo un relato de Ánxel Fole, adaptación de Larraitz Urruzola.

Interpretación: Larraitz Urruzola. Música: Luís Areán, Juan Porto e Pablo Caramés.

-D. P., "La Biblioteca acoge este sábado una sesión de teatro para los niños", *Diario de Pontevedra*, 19 novembro 1997, p. 18. Dá noticia da posta en escena no Salón de Actos da Biblioteca Pública Municipal de Marín e da invitación feita ós nenos, a través dos colexios e asociacións.

-V. Teatro na Escola 97.



Teatro na Escola 97

Ciclo organizado pola Concellalía de Cultura do Concello de Carballo que se celebrou entre os días 2 e 17 de decembro. Esta campaña teatral, que se desenvolveu fundamentalmente no cine Rega, constou de dezasete funcións por parte das sete compañías participantes: Teatro Buratini (*A gaita que facía a todos bailar*), Falcatrúa (*O inspector Inspiración*), Xalgarete (*Don Guieiro Carameleiro*), Trinke Trinke (*Roque e os pitiflautas*) e o Mago Antón con *Antonomaxia*. No concello de Laracha actuarán Falcatrúa (*O espírito do bosque*) e Teatro Cachirulo (*Catro contos da China*).

M. Negreira Ríos, “*Teatro na escola* acercará a 3.000 niños al mundo de los escenarios”, *El Ideal Gallego*, 30 novembro 1997, p. 18. Informa de que a concellería de Cultura do Concello de Carballo levará a cabo este programa entre os días 2 e 17 de decembro para o alumnado de Infantil, Primaria e primeiro ciclo da ESO, co obxectivo de facilitarlle á escola o coñecemento e goce desta manifestación artística ó tempo que lle facilita un recurso de apoio.

M. Negreira Ríos, “Más de 3.000 niños participan en el ciclo *Teatro na Escola* de Carballo”, *El Ideal Gallego*, 14 decembro 1997, p. 16. Dáse conta de realización do ciclo teatral dentro do Nadal Cultural.



Os Títeres na Escola

Proxecto impulsado pola Deputación de Pontevedra que se desenvolveu dende maio ata xuño e de setembro a novembro cun total de trinta e seis representacións de títeres que tiveron lugar nos concello de Barro, Campo Lameiro, Cotobade, Meaño, Meis, Moaña, Mondariz-Balneario, Moraña, Oia, Pazos de Borbén, Portas, Pontecaldelas, Ribadumia, Valga, Vilanova da Arousa e Illa da Arousa. Os grupos participantes foron Teatro Kaos (*Juan Pantera e a garrota dando a nota*), Tanxarina (*Ah, Ah, Ah, estamos monstros de risa*), Spaguetti (*Chímpate, Champate*), Viravolta (*Guillermo Tell*), Títeres & Gualtrapas (*A familia Malasangue*) e Xacarandaina (*Carapuchiña vermella*).

D. P., “Los alumnos podrán estudiar el cielo y disfrutar con títeres”, *Diario de Pontevedra*, 9 maio 1997,

6. Cita os nomes dos grupos participantes e dos concellos que se ven beneficiados polo proxecto.



Viravolta Títeres: *Guillermo Tell*, creación do grupo sobre a lenda.

Dirección: Anxo García. Interpretación: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Ignacio Vilariño, Anxo García.

-R. R., "O teatro de títeres Viravolta actua hoxe as oito do serán en Raxó", *Diario de Pontevedra*, 13 setembro 1997, p. 18. Dá conta da actuación da compañía de teatro Viravolta de Lalín que representará a obra *Guillermo Tell* en Raxó nun acto organizado pola Consellería de Cultura. Dise que a obra é unha mestura de títeres e técnicas de actor.



Xacarandaina: *Carapuchiña vermella*.

-M. Ciordia. e M. Parada, "Cine, títeres y atracciones, las delicias de los más pequeños", *Diario de Pontevedra*, 12 agosto 1997, p. 6. Refírese a toda unha serie de actividades dirixidas ós máis novos en Pontevedra dentro do plan de animación infantil e xuvenil "Peregrinolandia" entre os que se dá conta da actuación de Xacarandaina con *Carapuchiña Vermella*, en títeres.



Outras representacións

Damos noticia daqueloutras postas en escena das que só temos referencia do título ou dalgún dato da ficha técnica ou ben da participación do grupo teatral en festivais ou mostras.

-Artello, *A do libro, Aventuras de Perello Chora-que-logo-bebes*, baseada nun conto de José Gomes Ferreira.

Dirección: Manuel Pombal. Interpretación: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro. Escenografía, vestuario, atrezzo, iluminación, música, grafismo: Rosa Hurtado, Santiago Montenegro.

Producción: Wotan Promocións, S. L.

-Aula de Teatro do Instituto Municipal de Educación de Vigo: *Cyrano de Bergerac*, de Edmon Rostand, traducción de Suso Cacharrón, Eva Cameselle, e Santiago de Prado.

Dirección: Chelo Pampillón.

-Caracola: *Contacontos*.

-Centro Social Sagrada Familia: *Un espírito burlón*, de Noel Conard.



-Dantea Teatro (1): *Hansell e Gretell: a casiña de chocolate*, sobre o conto dos Irmáns Grimm, adaptación de Jorge Rey Rivas.

Dirección: Carlos Clemente Martínez. Interpretación: Carlos Clemente, Eva Sanz, Luís Antonio González, Juan Manuel Pérez. Escenografía: Dantea Teatro. Vestuario: Luisa e Carlos Clemente. Iluminación: Carlos Clemente.

-Dantea Teatro (2): *O gato con botas*, sobre o textos de Perrault, adaptación de Jorge Rey Rivas.

Dirección: Carlos Clemente Martínez. Interpretación: Carlos Clemente, Eva Sanz, Luís Antonio González, Juan Manuel Pérez. Escenografía: Dantea Teatro. Vestuario: Isabel Palacios, Carlos C. Martínez. Iluminación: Carlos Clemente.

-Dantea Teatro (3): *O principíño*, de Antoine de Saint-Exupery.

Dirección: Carlos Clemente Martínez. Interpretación: Isabel Vázquez, Eva Sanz, Luís Antonio González, Juan Manuel Pérez. Escenografía e vestuario: Suso Montero. Iluminación: Ricardo J. Rodríguez.

-V. IIº Encontro de Teatro de Camariñas no apartado III. 5.



-Escancún: *Sen pelos na lingua*

-EMAE: *Petición de man.*

-Falcatrúa: *O espírito do bosque*, de Esteban Losada.

Dirección: Esteban Losada. Interpretación:

Esther García, Esteban Losada.

-V. Teatro na Escola 97.

-Falcatrúa (2): *Retrincos*.

-V. Mostra de Teatro Infantil de Narón.

-1 globo, 2 globos, 3 globos: *O sapo encantado e Pedro e o lobo*, de Xoán Pérez.

-V. IIº Festival Internacional de Títeres de Santiago.

-Grupo de Expresión da Asociación Cultural Os Carballiños: *Marabilloso mundo dos contos, Contacontos con títeres e Contacontos*.

-Lirilampo: *Teledium*.

-Monicreques de Kukas: *A culpa foi de Mozart*, de Marcelino de Santiago.

Dirección: Isabel Rey. Interpretación: Xan Budiño, Nekane Fernández,

Kukas, Beatriz Sánchez.



Iluminación: Manuel Carballo.

Pavís-Pavós Contacontos (1): *Contos clásicos e libros máxicos*

**Pavís-Pavós Contacontos (2): *Contos clásicos en versión de Italo
Calvino***

-Spaguetti: *Chímpate, Champate.*

-V. Os Títeres na Escola.

-Tanxarina: *Titirircus.*

Teatro Akatro: *Os Gordibolas en... Dúbida na Lagoa.*

**Teatro Cachirulo (1): *Catro Contos da China*, de Yang-
Feng.**

Dirección: Yang-Feng. Manipulación: Carmen Domech e Xurxo Rei. Marionetas: Li Ying-Bai, Yang-Feng, Carmen Domech e Xurxo Rei. Decorados: Li Ying-Bai. Teatriño: Carmen Domech. Música: Nacho Sanz. Banda sonora: S. XXI. Iluminación: Luís González. Producción: Títeres Cachirulo.



V. Vª Feira do Teatro de
Galicia.

V. Teatro na Escola 97.

-Teatro Cachirulo (2): *A guerra das Galicsias. Unha aventura intergaláctica*, de Xurxo Rey.

Guión e Dirección: Xurxo Rei.

Intérpretación: Carmen Domech, Xurxo

Rei. Vestiario e Títeres: Carmen Domech.

Pirotécnica: Cachirulo Chou. Música e

Efectos: Nacho Sanz. Obradoiro: Santiago

Adrio.

-Teatro Kaos: *Juan Pantera e a garrota dando a nota*.

Interpretación: Amparo Ibarra, Suso Piñeiro, Xurxo Avendaño.

-V. Os Títeres na Escola.

-Teatro do Mar, do Instituto de Ensinanza Secundaria e Profesional de Vilalonga: *A voda do esgranelo*, de Molière.

-Títeres & Gualtrapas: *A familia Malasangue*.

-V. Os Títeres na Escola.

-Tranhallada: *O Principiño viaxa polo espacio*.



-Trécola (1): *Número 8 da rúa dos contos*, creación do grupo.

Dirección: Fernanda Cabrera. Interpretación:

Rafael Vázquez, Fernanda Cabrera.

V. IIº Encontro de Teatro de Camariñas.

V. Mostras de Teatro no programa "Galicia, Terra Única".

-Trécola (2): *Son un pasmón peatón*, de Bernardino Graña.

Dirección: Rafael Vázquez.

Interpretación: Fernanda Cabrera.

-Viravolta Títeres: *O candil marabilloso*, sobre o conto de Aladino, adaptación do grupo.

Dirección: Anxo García. Interpretación: Pilar Álvarez, Xulio Balado,

Ignacio Vilariño, Anxo García.

-V. Mostras de Teatro no programa "Galicia, Terra Única".

-Trinke Trinke: *Roque e os pitiflautas*.**-Urgü i Bluff: *O guiñol de don Caloto*.****-Xacarandaina: *A máquina de facer libros*.****-Xalgarete: *Don Guieiro Carameleiro*, de Pepe Soto.**

Dirección: Pepe Soto.



Interpretación: Luis González, Eva Sanz, Pepe Soto. Escenografía e fotografía: Miguel L. Soto. Vestuario: Isabel López. Música: Nacho Sanz.

V. Vª Feira de Teatro de
Galicia.
V. Teatro na Escola 97.



VII.4.1. Monografías, biografías e libros colectivos

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 1. Monografías, biografías e libros colectivos



Neira Cruz, Xosé A., *Rosalía*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Así Viviu, nº 1, marzo 1997, 89 pp. (ISBN: 84-8302-087-4).

Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago, 1968) inicia con este volume dedicado a Rosalía de Castro a colección "Así viviu", ó tempo que anuncia a publicación de tres números máis centrados en Castelao, Paio Gómez Chariño e Ánxel Fole. O autor realiza unha biografía novelada para achega-lo lector á figura de Rosalía. Mendiño, un enxeñeiro experto en alteracións dos parámetros xeo-temporais, xunto co seu ordenador Chiño viaxa ó século pasado para investigar sobre a escritora para a Biblioteca Nova 33, converténdose en espectadores e personaxes dos principais acontecementos na vida de Rosalía. Xosé Antonio Neira Cruz diferencia por medio de grafías distintas os sucesos que teñen lugar no pasado, e aporta verosimilitude ós feitos narrados ó transcribir fragmentos de textos da autora con carácter autobiográfico dos que se indica a obra de orixe e a súa data de publicación. Achega, así mesmo, a bibliografía consultada e unha relación de outros títulos de Rosalía publicados en Edicións Xerais.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "En inmersión programada", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 162, 5 xuño 1997, p. 9.





Presenta as obras da colección “Así viviu” *Rosalía* e *Castelao*, de Xosé Antonio Neira Cruz como “clásicos galegos para rapaces e rapazas”. Loía este proxecto por desmitificar as figuras da padronesa e do rianxeiro, por modernizalos, actualizalos e facelos accesibles ós lectores máis novos.

-X. María de Castro Erroteta, “Rosalía e Castelao novelados”, *A Nosa Terra*, nº 782, “Guieiro Cultural”, 12 xuño 1997, p. 24. Comentario conxunto das biografías *Castelao* e *Rosalía* como volumes iniciais da colección “Así viviu”. O crítico fai un percorrido polos antecedentes das biografías noveladas dentro de diversas literaturas europeas e americanas, considerándoas como algo novidoso na nosa lingua. Describe o público lector ó que van dirixidas estas obras e cualifica a linguaxe e a técnica narrativa empregada por Neira Cruz como “correcta”.

Referencias varias:

-Rodri García, “Conversas cos clásicos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 113, 27 abril 1997, p. 6. Recóllense as declaracións de Xosé Antonio Neira Cruz acerca das biografías de Rosalía e Castelao. O autor salienta que as innovacións desta colección son: desmitificar e humanizar ós autores clásicos, presentalos en forma de novela e ir dirixidos ós lectores máis novos.



Neira Cruz, Xosé A., *Castelao*, ilust. Maife Quesada, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Así Viviu, nº 2, marzo 1997, 99 pp. (ISBN: 84-8302-088-2).

Achéganos á figura de Castelao no segundo número da colección “Así viviu”. Seguindo a liña desta colección, iniciada cun número dedicado a Rosalía de Castro, o autor combina a narración e a biografía ó longo de sete capítulos nos que afonda na vida do autor rianxeiro. Amaro Mendiño, enxeñeiro experto en alteracións dos parámetros xeo-temporais con inmersión programada, e o seu ordenador Chiño —personaxes constantes na colección— viaxan ó século XIX co obxectivo de obter datos sobre Castelao para o director da Biblioteca Nova 33. A partir deste momento asistimos ós feitos máis salientables da vida do escritor. Xosé Antonio Neira Cruz emprega o cambio de grafía para transcribir os sucesos da viaxe relacionados con Castelao e a reprodución de fragmentos de documentos da época e das súas obras con carácter autobiográfico. Ofrecense a pé de páxina notas explicativas. Un epígrafe coa bibliografía consultada pecha a obra.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “En inmersión programada”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 162, 5 xuño 1997, p. 9. Ver Neira Cruz, Xosé A., *Rosalía*, nestas páxinas.





VII.4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII.4.1. Monografías, biografías e libros colectivos

-X. María de Castro Erroteta, “Rosalía e Castelao novelados”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 782, 12 xuño 1997, p. 24. Ver Neira Cruz, Xosé A., *Rosalía*, nestas páxinas.



Neira Cruz, Xosé A., *Paio G. Chariño*, ilustrado por Francisco Bueno, Edicións Xerais de Galicia, colección Así Viviu, nº 3, 1997, 93 pp. (ISBN: 84-8302-122-6).

No número tres da colección de Xerais “Así viviu”, Xosé Antonio Neira Cruz afonda na vida e a época do trovador galego Paio Gómez Chariño. Nesta ocasión, Amaro Mendiño, enxeñeiro en alteracións dos parámetros xeo-temporais, e o seu ordenador Chiño terán que desprazarse ó século XIII co fin de acadar para un grupo de profesores da Universidade de Santiago de Compostela un orixinal inédito dos cancioneros galego-portugueses que lles outorgue a fama. O autor recorre de novo ó cambio de grafía para narra-los feitos da viaxe, á reprodución de textos, nesta ocasión cantigas medievais, ó uso de notas explicativas a pé de páxina e á recompilación dos títulos consultados nun epígrafe final.





VII.4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica
VII.4.2. Publicacións en revistas

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 2. Publicacións en revistas



Aleixandre, Marilar, “Navegando con Lewis Carroll á procura do carbairán”,
Viceversa, nº 3, “Traduccións xustificadas”, 1997, pp. 103-107.

Principia por unha breve descrición de *A caza do carbairán* e sitúaa entre as máis importantes obras de Lewis Carroll xunto coas de *Alicia*. Explica as traduccións realizadas dos nomes de dous dos animais fantásticos do texto: o carbairán (snark) e o xabouco (jubjub) e xustifica o troco de varios produtos alimenticios. Con este obxectivo, recolle cinco estrofas tanto na versión inglesa coma na galega.



Álvarez Núñez, Sabela, “Modelos Masculinos e Femininos na Literatura Infantil e Xuvenil”, *Andaina*, nº 19, decembro 1997, pp. 27-33.

A autora tenta explicar cómo a literatura infantil e xuvenil ó longo da historia é “unha sabia reprodución do modelo androcéntrico do mundo”. Así, realiza un percorrido comentado por algunhas obras do século XIX para sinalar que “os personaxes femininos non son máis ca uns aparentes protagonistas, é dicir, un pretexto para que os personaxes masculinos poidan lucirlas súas cualidades de valente, activo, arriscado, etc.” Salienta tamén como na maioría das obras infantís e xuvenís o protagonismo é para os varóns. A continuación pasa ó século XX para afirmar que pese ós importantes cambios sociais para a muller, a literatura segue a transmitir e confirmar moldes femininos patriarcais, reparando ademais no feito de que as autoras maioritariamente seguen sen crear protagonistas femininas. Conclúe que a imaxe da muller na literatura infantil e xuvenil de hoxe é semellante á que nos ofrecen os contos de fadas da literatura clásica. Repara en que a partir dos anos setenta se producise unha aceleración das actitudes críticas sobre a imaxe da muller na literatura infantil e xuvenil en particular e na literatura en xeral, por medio de estudos norteamericanos e europeos, que acabaron poñendo en marcha iniciativas para crear outro tipo de libro “radicalmente” diferente, no que as nenas puideran identificarse dende a autoestima e autovaloración. A partir de aquí cita títulos en castelán que apuntan cambios neste sentido e comenta diversas obras da literatura galega escritas por mulleres.



Barreiro, X. M. G., “Literatura infantil. Libros”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “Literatura infantil. Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, p. 94.

Comenta brevemente tres obras de literatura infantil: *A fractura do miocardio* (1996), de Jacques Fransten; *Bala perdida* (1996), de Miguelanxo Prado e *Pedro e as nubes* (1996), de Xosé María Álvarez.



Casalderrey, Fina, “Canción de berce”, *CLIJ*, nº 93, “Tinta fresca”, abril 1997, pp. 37-40.

Reflexiona sobre a petición que lle fixeron dun texto autobiográfico e di “que lástima que haya de ser yo la que lo escriba” e refírese ós seus pais e avós que serían os escritores ideais. Dá a coñecer datos biográficos e as súas primeiras experiencias, cómo chegou ós libros e expresa o seu gusto por recitar poemas. Inclúese unha bibliografía seleccionada da autora e logo reproducése a narración “Canción de berce”, na que relata cómo unha muller envellece aceleradamente por mor de esperar inutilmente a un fillo perdido.



_____, “Un duende que no para de crecer”, *Alacena*, nº 27, “Especial El Barco de Vapor”, Inverno 1997, pp. 27-29.

Fina Casalderrey, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996, atende a invitación de *Alacena* con motivo dos quince anos do Barco de Vapor para que escriba sobre si mesma. O artigo é unha reflexión acerca do feito de ser escritora, da relación entre os libros e a infancia, do que supoñen os premios e o seu posicionamento respecto á literatura infantil que resolve coa fórmula da autenticidade.



CLIJ, “Lista de honor de CLIJ 1996”, *CLIJ*, nº 93, “Lista de Honor”, abril 1997, pp. 7-9.

Cítanse unha serie de títulos elixidos polos seguintes colaboradores de *CLIJ*: Xabier Etxaniz (Vitoria), M^a Jesús Fernández (A Coruña), Teresa Maña (Barcelona) e José Luis Polanco (Santander). Pola literatura infantil e xuvenil galega figuran nesta lista: *Dez eran dez* (1996), de Xoán Babarro; *O estanque dos parrulos pobres* (1996), de Fina Caslderrey; *Adelaida, Henrique e demais familia* (1996), de Xavier P. Docampo; *Amor dos quince anos*, *Marylin* (1996) e *Cartas de inverno* (1996), de Agustín Fernández Paz.



_____, “Los Premios del 96”, *CLIJ*, nº 93, “Informe”, abril 1997, pp. 11-13 e 62-64.

Recóllense reflexións dos autores premiados con algúns dos distintos galardóns que se convocan en España e cunha breve biobibliografía da súa creación e premios recibidos. Entre os galegos figuran: Fina Casalderrey (Premio Nacional), Lola González (Premio CCEI en lingua castelá), Antonio García Teijeiro (Premio Merlín) e José Daniel Buján Núñez (Premio Barco de Vapor).



Fernández, María Jesús, “Galicia: entre la tradición y la innovación”, *CLIJ*, nº 98, outubro 1997, pp. 41-45.

Mostra en primeiro lugar a súa satisfacción diante dos éxitos da literatura infantil e xuvenil galega co Premio Nacional de Literatura Infantil. Comenta brevemente e de forma positiva a obra galardoada: *O misterio dos fillos de Lúa* (1996), de Fina Casalderrey. A seguir, no apartado “Poesía y fantasía” eloxia e comenta outras obras que mereceron algún premio, como é o caso dos poemarios *Cidades* (1997), de Fran Alonso (accésit Premio Lazarillo), *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro (Premio Merlín) e as obras narrativas *O trasno de Alqueidón* (1996), de Marilar Aleixandre (Premio Rañolas) e *Os gritos das illas Lobeiras* (1997), de Antón Cortizas (Premio Merlín 1995). Remata o apartado referíndose ás obras *A raíña de Turnedó* (1996), de Gloria Sánchez, *Romaxe de desventuras* (1997), de Pepe Carballude e *¡Prohibido casar, papá!* (1996), de Fina Casalderrey. No apartado “Literatura Juvenil en ascenso” refírese ó incremento desta produción e dá a benvida a coleccións como “Costa Oeste” na que se reedita *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno e *Gárgola*, de Carlos Vila Sexto, ademais dalgunha traducción. Tamén celebra a publicación da colección xuvenil “Catavento”, da Editorial Edelvives; a aposta de Alfaguara por “escritores de renombre y éxito asegurado”; os títulos que viron a luz na colección “Docexvintedous” e salienta que a colección que publicou máis títulos foi “Fóra de Xogo” de Xerais. Comenta brevemente: *Sobrevives* (1996), de Fina Casalderrey, *Leonel* (1996), de Antón Cortizas, *Días de desterro* (1996), de Xavier López Rodríguez e *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz. Incide nos elementos positivos que caracterizan a esta



producción. No apartado “Escasa oferta infantil” láíase da catívez desta oferta, salienta a colección “Bambán” (coedición de Editores Asociados), “Kalandra” (de Edicións Xerais) e comenta a obra *Lolo anda en bicicleta* (1996), de Carlos Casares, *Pinturiño* (1996), de Manuel Uhía, *A historia e a néboa*, de Xosé Ballesteros, *Desembarco blabix*, de Milagros Oya, *As loucas vacacións dunha formiga*, de Concha Blanco, *O ladrón de ar* (1996), de Antón Cortizas, *A pedra de seixo* (1997), de María Canosa Blanco, *Liño aprende a ser indio* (1996), de Xosé Ramón Mariño Ferro e *Bala perdida* (1996), de Manuel Rivas. De todas elas dá algunha característica e di que teñen como tema central a fantasía “en sus múltiples variantes”. Para finalizar, no apartado “Libros de divulgación” refírese á colección “Así viviu”, de Xerais. Tamén dedica unhas liñas á colección “Árbore” e a dúas narracións que a colección Nova 33 publicou nun só volume, *Marmelada de amoras*, de Ana Romaní, e *O habanero*, de Xavier P. Docampo. Como resumo final afirma que a literatura infantil e xuvenil na fin de milenio en Galicia continúa unha liña ascendente tanto en calidade coma en cantidade.



Fernández Paz, Agustín, “Os valores na literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 15, abril 1997, pp. 427-428.

Tras cita-las indicacións de Rafael Grasa con respecto ós valores, o autor salienta o papel da literatura infantil e xuvenil coma vía privilexiada para poñernos en contacto con outras vidas, con outros conflitos e situacións cos que nos podemos identificar e mesmo sentir como propios. Así “atopámonos con libros admirables que (...) ofrecen a posibilidade de aborda-la historia que encerran desde a perspectiva da aprendizaxe de valores”. Ofrece unha selección “moi restrinxida” pero “representativa” deste tipo de obras. En definitiva consideracións que podemos incluír na temática literatura infantil e xuvenil: reflexións e problemática actual.



Galán, Eduardo, “O Teatro: un espacio de liberdade para os nenos”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “O tema”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 20-21.

O actual subdirector xeral de teatro do Instituto Nacional das Artes Escénicas e Musicais (INAEM), Eduardo Galán, reflexiona sobre a influencia do teatro na educación primaria e defende a promoción de actividades teatrais que axuden á formación integral do alumnado. Afirmar que un dos obxectivos do INAEM é o de fomentar a escritura dramática e a realización teatral nas escolas e fomentar o teatro no ensino.



Gaspar, Silvia, “Unha exploración polo territorio xuvenil”, *Tempos Novos*, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, nº 2, xuño 1997, p. 78.

Analiza a situación actual da literatura infantil e xuvenil na fin de milenio e fai un percorrido polas distintas publicacións que teñen aparecido ó longo destes últimos anos. Salienta fundamentalmente dúas coleccións: “Fóra de Xogo” da Editorial Xerais e “Costa Oeste” da Editorial Galaxia polo seu formato moderno e o seu deseño vistoso que ademais presentan obras que “aluden á autoafirmación e á liberdade (...) nas que se dá saída ós temas claves na mocidade (emocionais, terror, conflitos co poder, ciencia ficción...)”. Cita as obras publicadas dentro destas coleccións: *Anagnórise* (1997), de María Victoria Moreno, *Horario de clase* (1997), de Christine Nöstlinger e *Gárgola* (1997) de Carlos Vila Sexto que, na súa opinión, presentan como características comúns a identificación dun público xuvenil que dialoga coas producións doutras literaturas, de aí a presenza de traducións, e a carga educativa que conlevan e que se amosa polos valores que defenden os códigos de conducta dos seus heroes. Conclúe mencionando coleccións como “Ferros” ou “Docexvintedous” con títulos que pertencen a esa “estreita e difusa banda que poderíamos chamar “literatura xove” ou “nova”.



González, Xosé Manuel, “Literatura infantil”, *Revista Galega de Educación*, nº 29, “Literatura infantil. Libros”, abril-maio-xuño 1997, pp. 96-97.

Comenta brevemente as seguintes obras de literatura infantil publicadas no ano 1997: *Alfagann é Flanagan* (1996), de Andreu Martín e Jaume Ribera; *¡Ai, que medo!* (1997), de Ricardo Alcántara; *Lolo anda en bicicleta* (1996), de Carlos Casares e *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz.



González Barreiro, Xosé Manuel, “Literatura infantil”, *Revista Galega de Educación*, nº 30, “Literatura infantil”, xullo-agosto-setembro 1997, pp. 86-87.

Comenta algúns aspectos relacionados coa literatura infantil e xuvenil a partir da publicación destas tres obras: *Carta das illas Bailarinas* (1996), de Jacques Prévert; *Os pais de Max e Lili discuten* (1997), de Dominique de Saint Mars e *A pirata Penamoura* (1997), de Daniel Buján Núñez. Reflexiona sobre as ilustracións/ilustradores de libros infantís; afirma que a literatura serve para socializa-los máis pequenos e, como consecuencia, para presenta-las diferentes situacións coas que se poden atopar ó longo das súas vidas e proporcionarlles experiencias. Por último, manifesta a súa ledicia pola concesión do premio O Barco de Vapor a un autor descoñecido como é Daniel Buján Núñez e analiza polo miúdo a súa traxectoria profesional.



Harguindey Banet, Henrique, “Rimas e ritmos, alusións e xogos nun conto de Prévert”, *Viceversa*, nº 3, “Traduccións xustificadas”, 1997, pp. 119-128.

Comenta os problemas que atopou á hora de face-la tradución ó galego de *Lettre des îles Baladar* (*Carta das Illas Bailables*, 1996), de Jacques Prévert. Concretamente trata as rimas e ritmos, as alusións históricas e culturais e os xogos lingüísticos.



Luengo, Rosa, “Un viaje fantástico: VII campaña de Animación a la lectura de Orense”, *CLIJ*, nº 94, maio 1997, pp. 27-30.

Presenta dunha maneira xeral cáles son as características xerais da campaña de animación á lectura que organiza por sétima vez o Concello de Ourense e da que é coordinadora a autora deste artigo. Segundo di esta campaña está orientada cara ó alumnado dos centros de ensino desa cidade para estimular o coñecemento da literatura infantil e xuvenil, potencia-las bibliotecas de centro e as personais, así como o hábito lector. Comenta que para conseguir estes fins dáselle a cada neno e nena un libro e procúrase que o propio autor veña darlles unha charla sobre como o escribiu. Tamén se fan exposicións sobre libros infantís e xuvenís sempre tendo unha historia como fío conductor. Por último, segundo informa, fanse escenarios baseados nos contos ou historias dos libros para que o lectorado se sinta identificado cos personaxes dos libros.



Neira Cruz, Xosé A. e Xosé Victorio **Nogueira Barcia**, “A nosa literatura infantil e xuvenil no 1996: PA (*progresar adecuadamente*)”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, 1997, pp. 171-177.

Infórmase da situación da literatura infantil e xuvenil na fin de milenio, concretamente ó longo do ano 1996. Destácase en primeiro lugar a maior presenza que está a adquirir a literatura infantil e xuvenil galega no contexto das literaturas peninsulares, debido á consecución de prestixiosos galardóns que facilitan a necesaria exportación: os Premios Edebé nas súas tres últimas edicións —*Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz en 1993; *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez en 1994 e *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey en 1995— e os dous Premios Nacionais —*Cando petan na porta pola noite*, de Xavier P. Docampo en 1995 e *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey en 1996. Sinálase que despois destes éxitos cómpre superalas carencias arraigadas pola vía da anovación e o risco editorial para lograr así unha completa maduración. Entre as deficiencias enuméranse a case total inexistencia de álbumes ilustrados para prelectores; a exigüidade de iniciativas no eido do cómic; a febleza en xéneros como a poesía e o teatro; a reducida presenza da literatura infantil e xuvenil nos medios de comunicación; a escaseza de críticos, recensores ou informadores e os poucos estudos teóricos sobre o tema. A respecto da narrativa destácanse fundamentalmente cinco obras: *O estanque dos parrulos pobres*, onde se presenta a capacidade para narrar de Fina Casalderrey e se achegan solucións ó tema da morte, dende a tenrura e o humorismo; *O trasno de Alqueidón*, de Marilar Aleixandre,



no que se destaca o conto “Neve na Amaía” polo dominio das estruturas da narrativa popular adubado co lirismo; *Adelaida, Henrique e demais familia*, de Xavier P. Docampo polos exercicios de estilo narrativo dende a fantasía; *Avenida do parque 17*, de Agustín Fernández Paz pola mestura de humorismo e terror e *Troulas, andainas e unha farsa anónima*, de Paula Carballeira pola mestura de xéneros e a fantasía. Menciónanse ademais outros títulos: no eido da ciencia ficción *Big-Bang*, de Xoán Bernárdez e *Desembarco blabix*, de Milagros Oya; na problemática social *O caderno azul*, de An Alfaya e *Días de desterro*, de Xavier López Rodríguez; na presenza de animais humanizados *As ás de Xenoveva*, de Uxía Casal; *Benvidos*, de Manoel Riveiro e *Viaxe de ida e volta*, de Ánxela Loureiro; no eido da maxia e do medo *A meiga de Naia e outros relatos*, de Lois Fernández Marcos e *O segredo dos zapatos e outros contos*, de Fernando Cabeza Quiles. Destácase tamén a incursión na literatura infantil de Manuel Rivas con *Bala perdida* e de Xosé M^a Álvarez Cáccamo con *Pedro e as nubes*; a aparición de obras de divulgación como *Somos lenda viva*, *O demo e o trasno* e *Contos maravillosos* e as coleccións para prelectores e primeiros lectores como a serie dos *Gordibolas*, “Leo con Bubela” e “Bambán”. A respecto da poesía, a pesar da súa escaseza, destácanse as *Cantigas de Santa María*, de Bernardino Graña, *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro e *A raíña de Turnedó*, de Gloria Sánchez. No teatro menciónase a colección “Teatro nas aulas” que edita a AS-PG e o libro *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*, de Fina Casalderrey e por último, no cómic, destácase o labor que está a desenvolver neste eido a Casa da Xuventude de Ourense.



Pombal, Graciano, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 28,
“Literatura infantil. Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, p. 93.

Breve informe das últimas novidades sobre literatura infantil en Galicia. Saliéntase que Fina Casalderrey obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil e o Cidade de Pontevedra; Antonio García Teijeiro gañou o Premio Merlín e Francisco Alonso obtivo o accésit do Premio Lazarillo.



_____, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 29, “Literatura infantil. Libros”, pp. 98-100.

Informa sobre as últimas novidades relacionadas coa literatura infantil en Galicia. Fai referencia á reedición da obra *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno; anuncia a publicación do primeiro número da colección Merlín en cor de Edicións Xerais de Galicia; menciona a celebración da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Chantada, na que se fixo entrega do premio Rañolas a Marilar Aleixandre pola súa obra *O trasno do Alqueidón*; informa da celebración dos Primeiros Encontros de Narradores de Contos e da tradución ó castelán da obra de Agustín Fernández Paz, *Amor de 15 anos, Marilyn*. Un conxunto de reflexións e problemática actual da literatura infantil e xuvenil galega.



_____, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 30, “Literatura infantil”, xullo-agosto-setembro 1997, p. 88.

Breve panorama da situación da literatura infantil e xuvenil a finais do ano 1997. Presenta as últimas novidades da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix); afirma que se presentaron trinta e cinco orixinais ó premio Merlín, “o máis importante da nosa literatura infantil, tanto pola dotación como pola difusión comercial do libro”; anuncia a próxima publicación dunha edición galega de *Elmer* e da traducción ó galego dunha serie de contos de escritores árabes. Por último, menciona a publicación do catálogo da colección Merlín de edicións Xerais, no que se recolle unha nómina de tódolos escritores e ilustradores que colaboraron cos seus traballos nas obras da citada colección.



Prado, Miguelanxo, “Autorretrato”, *CLIJ*, nº 90, xaneiro 1997, p. 41.

No seu “autorretrato” Miguelanxo Prado refírese ás carencias que tivo de pequeno e ó descubrimento de que podía apropiarse de todo canto “mi caletre fuese capaz de imaginar con solo describirlo con palabras, o con dibuixarlo”. Despois, di, puido conxugar aquelas cousas: escribir historias e contalas con debuxos e vivir delas. Nun recadro recóllese a bibliografía do autor-debuxante.



Riobóo, Jorge, “Encuesta sobre la literatura juvenil”, *Alacena*, nº 28, primavera/verano 1997, pp. 17-21.

Despois de facer unhas reflexións sobre a literatura infantil e xuvenil, sobre a etapa que está a pasar en relación co aumento de títulos aínda que haxa estudos que indiquen a diminución do hábito lector entre os máis novos, ofrécese unha enquisa cun grupo de mozos e adultos relacionados coas bibliotecas, literatura e ensino e creación. Entre os creadores contesta a dúas preguntas de Jorge Riobóo o escritor galego Miguel Vázquez Freire, quen considera que as coleccións responden a un interese comercial e que os lectores adolescentes deberían poder acceder a todo tipo de literatura. Salienta as coleccións Gran Angular, entre as foráneas, e Fóra de Xogo entre as galegas.



Rodríguez Lorenzo, Manuela, “A expresión dramática na educación primaria”,
Revista Galega de Educación, nº 28, “O tema”, xaneiro-febreiro-marzo 1997,
pp. 15-19.

Analiza con detalle a presenza do teatro no ensino, concretamente na educación primaria, tomando como referencia o labor levado a cabo polo alumnado do Colexio San Narciso de Marín (Pontevedra). Describe os diferentes bloques de contido que se puxeron en práctica, a metodoloxía, o horario, o espazo empregado, as diferentes sesións, a avaliación e a interdisciplinariedade.



Roig Rechou, Blanca-Ana, “Dúas mestras na literatura infantil e xuvenil galega: Pura e Dora Vázquez Iglesias”, *Adaxe*, nº 13, 1997, pp. 211-221.

Preséntase este artigo como unha continuidade na liña dos estudos iniciados no número 11 desta publicación, e que pretenden achegarse a aqueles profesionais do ensino que publicaron obras de literatura infantil e xuvenil en galego. Nesta entrega, Blanca-Ana Roig fai un percorrido descritivo pola vida e obra das irmás ourensás Vázquez Iglesias, deténdose especialmente na destinada a un público infantil e na recepción de que foi obxecto por parte da crítica especializada. Salienta o carácter pioneiro de Pura Vázquez en *Rondas de Norte a Sur*, ó dar comezo á “moderna poesía infantil galega”. Apunta como trazos comúns ás dúas autoras os seguintes: a influencia recibida da tradición oral, a “temática atractiva”, a vocación moralizante e formativa das súas obras, a facilidade para representa-lo teatro do que son autoras, ademais do emprego dunha lingua que reflicte a inseguridade da época. Remata o artigo louvando a importancia do labor creador de Pura e Dora Vázquez pola escaseza de obras destas características na época na que elas publican.



_____, “Pura e Dora Vázquez na literatura infantil e xuvenil galega”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Temas varios”, 1997, pp. 81-85.

Refírese ó labor de Dora e Pura Vázquez na literatura infantil e xuvenil galega salientando en primeiro lugar que pertencen ó grupo de mestras que dedicaron parte do seu tempo á creación para achegarse mellor ó seu alumnado, nunha época na que a penas existían mostras representativas e en galego destinadas a estes receptores. De seguido faise un percorrido polas publicacións de ámbalas dúas escritoras. De Pura Vázquez cítanse títulos como *Columpio de Luna a sol (poesía infantil)* (1952), en castelán, que a sitúa xunto a un grupo de escritores e escritoras, como Palmira Jaqueti, Alfredo Marquerie, Celia Viñas ou Gloria Sánchez, que irrompía na literatura cunha renovada sensibilidade poética cara ó mundo infantil; *Rondas de Norte a Sur. Poesía infantil* (1968) co que inicia a moderna poesía infantil galega; as pezas teatrais *Monicreques* (1974), *Ronseles. Teatro infantil galego* (1980), volumes que tamén inclúen pezas da súa irmá Dora; *Oriolos neneiros. Poesía infantil galega* (1975) e *Viaxe ó país dos contos e da poesía* (1985), tamén en colaboración con Dora. Destácase tamén a súa dimensión de estudiosa da literatura infantil e xuvenil. De Dora Vázquez cítanse os seus primeiros títulos en castelán, *Palma y corona (historias santas)* (1964), *Camiños de Plata y Sol* (1966), e as súas obras posteriores en galego que comezan con *Estrelíña do mar* (1969) e continúan con *Tres cadros de teatro* (1973), *Campo e mar aberto* (1975) e *Cascabel, o cabaliño que fuxira do circo* (1976). De cada un dos títulos destas dúas escritoras destácase a súa estrutura e as liñas temáticas fundamentais. Conclúese salientando os trazos predominantes nas obras de ámbalas dúas.



_____, “Literatura infantil en gallego”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”,
n^{os} 158-159, maio-xuño 1997, pp. 118-121.

Comeza afirmando que ata a década dos sesenta non se pode falar de literatura infantil e xuvenil galega, se ben antes se publicaran algúns títulos; ademais, outras obras incluídas neste grupo non foron redactadas para lectores infantís. Apunta a seguir algúns elementos característicos desta literatura infantil emerxente, como unha tendencia acusada ó didactismo, xustificada “por la preocupación de descubrir a la infancia los valores de la tierra, de sus habitantes y de su cultura” e de valoralo estado anterior á colonización, recorrendo para isto a mitos e lendas e á transmisión oral, “sobrevalorando la cultura rural”. Outra característica é o contido social predominante das obras, sen prestarlle atención ó “puro ludismo”. Salienta que esta situación cambia nos anos setenta, cando aumenta o número de títulos publicados, nacen novas tendencias e se traducen obras do xénero ó galego; tamén comeza a preocupación “por la conservación de la naturaleza”, todo alentado por iniciativas como a convocatoria do premio da Asociación Cultural “O Facho”, de contos infantís, e polos movementos de renovación pedagóxica. Considera que nos anos oitenta a literatura infantil galega “creció considerablemente en cantidad y calidad”, con obras que tomaban técnicas e temáticas de literaturas máis desenvolvidas, ata chegar ó momento actual, no que a literatura infantil en Galicia atopa certo recoñecemento no exterior, debido a varios fenómenos: a potenciación do galego, aumento das editoriais dedicadas ó xénero, convocatoria de premios, creación de asociacións, apoio institucional. Comenta seguidamente as mudanzas que o xénero coñeceu, tanto no ámbito estrutural coma no temático, incluíndo aspectos comúns da produción recente, e remata afirmando que a literatura infantil e xuvenil





VII.4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII.4.2. Publicacións en revistas

galega aínda non coñece “un corpus teórico suficiente que permita analizarla y caracterizarla como corresponde”.



Sola, Nora, “Uns debuxos moi serios”, *Eco*, nº 77, “Cultura”, outubro 1997, pp. 70-71.

Infórmase da celebración das IX Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e anúnciase a súa programación, que inclúe exposicións, faladoiros e mesas redondas, a entrega do Premio “Ourense” de Banda Deseñada 1997 que recaeu no Xabarín Club da TVG e do Concurso para afeccionados que mereceu Fernando Ruibal. Sinálase tamén que haberá unha mostra de cómics que celebra o sesenta aniversario do Príncipe Valente e infórmase dos contidos das diferentes exposicións e proxección de cine e vídeo.



Varela Varela, Xosé Manuel, “Entrevista. Fernando Cabeza Quiles”, *Lúa*, nº 2, IIª Trimestre 1997, p. 18.

Entrevista a Fernando Cabeza Quiles con motivo da publicación de *O segredo dos zapatos e outros contos* (1996). Sinala que se achegou á literatura infantil porque lle gusta ler contos e ademais pola súa profesión de mestre e o contacto cos nenos. Refírese tamén a outros aspectos como a localización espacial dos relatos na Costa da Morte, a influencia da súa faceta de estudioso da toponimia e o seu gusto polas lendas e tradicións. Menciona que moitas editoriais rexeitaron publica-lo seu libro porque percibían nel un ambiente demasiado rural. Considérase partidario de defende-la nosa identidade, fronte á excesiva universalización da literatura, e de conxugar tradición e modernidade.



Ventura, Joaquim, “Suso de Toro. *Conta saldada*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 245-247.

Refírese a *Conta saldada* (1996), de Suso de Toro “un divertimento de autor, titiriteiro omnisciente e todopoderoso, que move ós personaxes ó seu pracer, arriba e abaixo, adiante e atrás, ata situalos no lugar axeitado”. Considera que esta novela pode ser un punto de enganche para gañar e manter lectores por estar protagonizada por adolescentes e pola linguaxe que empregan entre eles. Ademais salienta que se trata dunha historia iniciática na que sobrancea a presenza dunha violencia non gratuíta senón “aniñada no seo da sociedade galega” e de elementos de etnicidade como os narcos galegos ou a pantasma do pai dos protagonistas “que forma parte da paisaxe atávica galega”.



Xaneira, Xián, “Pedro e as nubes”, *CLIJ*, nº 91, “Libros/Novedades”, febreiro 1997, p. 56.

Despois de se referir ó argumento de *Pedro e as nubes* (1996), de Xosé M^a Alvarez Cáccamo, comenta que estamos diante dunha historia cargada de lirismo e salienta as ilustracións de Xulia Barros quen, segundo Xian Xaneira, soubo capta-lo ton e mensaxe da obra.



_____, “Bala perdida”, *CLIJ*, nº 92, “Libros/Novedades”, marzo 1997, p. 69.

Despois de resumi-lo argumento desta obra de Manuel Rivas, afirma que estamos diante dunha obra “narrada con agilidad” e composta con “lirismo del bueno, sensibilidad y fino humor”.



_____, “Pauto do demo”, *CLIJ*, nº 91, “Libros/Novedades”, marzo 1997, p. 71.

Primeiramente resume o argumento, a seguir dá noticia de que estamos diante dunha reedición da única peza teatral escrita por Ánxel Fole no ano 1958, e enmarcada “con acierto” nunha colección infantil-xuvenil. Salienta finalmente que “el talento foleano vuelve a brillar en su concepción de lo sobrenatural, en el diseño de personajes y situaciones y, sobre todo, en el empleo de una lengua rica y popular”.



_____, “Conta saldada”, *CLIJ*, nº 91, “Libros/Novedades”, marzo1997, p. 72.

Comeza falando brevemente do argumento da obra de Suso de Toro e despois de dicir que estamos diante dunha “interesante novela de maduración” en la que el autor demuestra una gran capacidad para meterse —y meternos— en la manera de pensar, sentir y expresarse de los adolescentes de hoy”, remata salientando as situacións límite ás que chega e a busca dunha xustiza “incluso primaria y visceral, pero llena de autenticidad”.





VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 3. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Caño, X. M. del, “Unha idade de ouro para a literatura infantil e xuvenil”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 7, 22 marzo 1997, pp. 2-3.

Informa da boa situación da literatura infantil e xuvenil na fin de milenio, coa publicación de cento vinte títulos novos cada ano, entre a produción galega e as traducións doutras linguas. Preséntase unha traxectoria deste xénero a partir dos anos sesenta, destacando a importancia da creación do premio convocado pola Agrupación Cultural O Facho en 1968. Continúa esta análise nos oitenta, ó comezar novas actividades editoriais (traducións, creación de coleccións específicas), que axudaron a dinamiza-lo xénero, e inclúe datos das obras de maior aceptación, do seu índice de vendas e das coleccións que crearon as diversas editoriais. Finaliza o informe con comentarios sobre o papel dos premios literarios para a creación infantil e xuvenil, aludindo ós existentes, ben con retribución económica ben sen dotación, afirmando que “axudan a dinamizar o panorama” desta literatura.



Castro, Xavier R., “Siete historias de Manuel de Pedrolo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 5 xaneiro 1997, p. 41.

Comentario sobre a obra do escritor catalán Manuel de Pedrolo *Traxecto final*, publicada en traducción galega en 1996. Sinala que este conxunto de relatos teñen como eixo común “o descoñecido e o misterioso”, aínda que agochados en temas diversos e claves narrativas diferentes.



_____, “A raíña de Turnedó e outros personaxes”, *El Correo Gallego*,
“Edición 7”, 2 marzo 1997, p. IX.

Déstacase o lugar importante que Gloria Sánchez ocupa na literatura infantil galega pola súa interesante produción literaria que nalgunha ocasión a levou a obtención de premios como o Merlín do ano 1990. Saliéntase a tenrura e o desexo común como marca da diversidade das súas obras. De *A raíña de Turnedó* (1996) menciónase a perfección na combinación da palabra coas ilustracións e enumérase unha serie de características que provocarán o gozo da lectura: as numerosas claves do universo infantil, os entretidos xogos de palabras, os atractivos debuxos ou os personaxes suxerentes.



Castro, Xosé M^a de, “Alfonso X, Airas Nunes, outros e Bernardino Graña”,
A Nosa Terra, nº 759, “Guieiro Cultural”, 2 xaneiro 1997, p. 17.

Análise do último traballo de Bernardino Graña *Cantigas de Santa María* (1996) publicado por Xerais. Entende que non se pode considerar traducción nin tan sequera versión, senón que habería que falar de recreación pola liberdade coa que o autor se acercou á lírica medieval dun xeito doado e mesmo divertido.



_____, “Sensación de presa”, *A Nosa Terra*, nº 764, “Guieiro Cultural”,
6 febreiro 1997, p. 23.

Recensión da novela xuvenil *¿Sobrevives?* (1996), de Fina Casalderrey. Trátase, segundo o crítico, dunha novela de corte realista que contén tódalas chaves necesarias para agradar ó público ó que vai dirixido. Comenta a trama argumental e o uso dos espazos físicos presentes como desculpa para lembra-lo pasado e facer avanza-la historia. Valora moi positivamente a linguaxe do texto e remata considerando que a novela sería redonda de ser escrita cun pouco máis de vagar.



_____, “Unha de piratas”, *A Nosa Terra*, nº 770, “Guieiro Cultural”, 20 marzo 1997, p. 24.

A propósito da publicación do libro de Manuel Rivas, *Bala Perdida* (1996), comenta a tendencia dos nosos escritores consagrados a facer “incursións na literatura, case que sempre mal chamada, infantil”. A continuación indica que a obra se cingue “ás demandas actuais deste tipo de leituras pensadas para nenos”, como son os capítulos curtos, o número non excesivo de páxinas e a linguaxe coloquial desenfadada, mais apunta que o feito de estar pensada para nenos non lle resta calidade narrativa. Segue a falar da temática comprometida deste traballo de Rivas, máis acusada que en obras anteriores, resumindo a trama e os personaxes principais. Refírese, ademais, ás ilustracións a cargo de Miguelanxo Prado e remata sinalando o carácter aberto do final da novela, opinando que se queda curta.



Darriba, Manuel, “Elemental, querido Watson”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 56, 13 decembro 1997, p. 3.

Reflexión, a raíz da edición da biblioteca Sherlock Holmes por Galaxia en nove volumes, acerca do engaño que poden sufrir aqueles que consideran a Sherlock Holmes un personaxe creado para o mundo infantil. Comenta a cantidade de matices e ambigüidades desta figura e afirma que literariamente falando o máis suxestivo destes relatos non é a técnica deductiva nin tampouco as tramas senón, polo contrario, o gran detallismo na caracterización dos ambientes e dos personaxes.



Eyré, Xosé Manuel, “Cómics grandes para xente miúda”, *A Nosa Terra*, nº 760, “Guieiro Cultural”, 9 xaneiro 1997, p. 23.

Comeza falando dos nenos e do escaso papel que moitas veces podemos xogar na súa educación, o que relaciona co mundo do cómic, lamentando a desaparición do *Frente Comixário* ó se cumprir “cen anos do cómic”. Estas reflexións prodúcense pola publicación de dous volumes, un de *Asterix* e outro titulado *A Nosa Historia*, dos que afirma que “este si que é un instrumento efectivo para normalizar tanto a cultura como o acceso a ela ou mesmo a sociedade”. Sobre *A Nosa Historia* manifesta que se trata dunha lectura axeitada para, nas primeiras etapas do ensino, “os nosos rapaces saberen quen son”. Continúa dicindo que o cómic non se trata dun xénero narrativo menor e remata recomendando que se regalen estes volumes, por ser “algo formativo e á vez divertido”.



_____, “Sexamos sérios”, *A Nosa Terra*, nº 808, “Guieiro Cultural”, 11 decembro 1997, p. 18.

Reclama a necesidade de profesionalización e bo facer do mercado editorial galego, xustamente por estar nunha situación de permanente alerta e perigo e tamén polo respecto á lingua e ó lector. Fai estas consideracións en base á edición da colección *Axtérrix* na que atopa demasiadas chatas lingüísticas, así como en *Emboscadas no gran norte*, de Margarita Aritzeta publicada na colección “Costa Oeste” en 1997. Reflexiona acerca destes descoidos en obras pensadas para o público infantil e xuvenil mentres se trata con esmero e pulcritude as edicións cultas e de menos difusión.



García, Rodri, “Mamá, cuéntame un cuento”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, ano I, nº 4, 9 decembro 1997, pp. 1-2.

Recolle as opinións de Agustín Fernández Paz, David Otero e Ana M^a Fernández respecto á literatura infantil e xuvenil galega. Coinciden no seu medre e expansión, que se nota no número de publicacións e tirada, na presenza deste libro nas feiras internacionais e nos premios acadados tanto polos escritores como polos ilustradores. Resaltan, así mesmo, o labor de autores, editoriais, asociacións como GALIX ou a Feira Internacional do Libro de Chantada co seu premio Rañolas e o Clube de Lectores de Galicia.



Manteiga, Felix, “Alicia para todos”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda época, nº 24, 19 abril 1997, p. III.

Explicación da xénese e desenvolvemento de *Alicia no País das Marabillas* na versión para os máis pequenos *Alicia para nenos* (1996), na que Lewis Carroll se recrea nas ilustracións concibidas para o primeiro libro. Destácase a “simbiose entre textos e debuxos: en que o mesmo importa o que se ve nas ilustracións có que o autor nos vai explicando”. Refírese ademais á fidelidade da edición galega con respecto ó orixinal de Carroll.



Martínez Bouzas, F., “Tamén para nenos e nenas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 144, 30 xaneiro 1997, p. 6.

Recensión da obra *¡Prohibido casar, papá!* (1996), de Fina Casalderrey na que se salienta o feito de que hai de veras unha historia que contar sen ser un pretexto moralista e que foxe da xuvenilización polo que é un libro que tamén poden le-los novos e non unha obra só para eles. Confesa tamén a súa fe na literatura infantil e xuvenil.



Perozo, Xosé A., “Unha maior atención”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, ano I, nº 4, 9 decembro 1997, p. 2.

Considera a eclosión da literatura infantil e xuvenil como o fenómeno literario máis interesante do último tercio do século XX no mundo occidental. Achaca este cambio, en boa medida, a ter deixado de ser un subproducto literario. Pero sinala que, a pesar da consideración intelectual recén gañada, esta literatura non está tendo a atención que lle corresponde por parte da crítica, dos analistas e dos medios de comunicación.



Quintáns, M. S., “Contos de interés para nenos e adultos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 19 xaneiro 1997, p. 8.

En base ó libro *O segredo dos zapatos e outros contos* (1996), de Fernando Cabeza Quiles, matina Quintáns acerca dos verdadeiros destinatarios e intencións do conto popular. Destaca que este conxunto de relatos cultos, contados lembrando os modos máis inxenuos da literatura de tradición oral e ilustrado por Ángel Cabeza Quiles, é a primeira entrega da colección “Infantil” da editorial Noroeste.





VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Casalderrey, Fina, “María Victoria Moreno”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 27 abril 1997, p. 64/p. 63.

Pon de relevo a sensibilidade da escritora María Victoria Moreno así como a súa capacidade para contaxia-lo amor pola arte da palabra. Ademais expresa a súa ledicia por ter coñecido á autora de *Anagnórise* e por ser amiga dela.



Dopico, Pepe, “*La Hispaniola*” en el corazón”, *El Correo Gallego*, “El Ojo de Cristal”, 18 marzo 1997, p. 23.

Informa do próximo comezo no Forum Metropolitano da Coruña, da X edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, coordinado por Agustín Lorenzo e xestionado polo concellal de Cultura José Luis Méndez Romeu. Critica que a “libertaria esencia del género humano” sexa ocultada polos diarios e telexornais oficiais e polos “eventos seudoculturales pagados con subvenciones oficiales” e aplaude este evento considerándoo como unha opción para “navegar (...) por un mundo mágico y sin cadenas”, fronte á “vulgaridad teletransmitida polas cadenas públicas”.



Fernán-Vello, M. A., “A poesía na escola”, *O Correo Galego*, “A fenda”,
2 outubro 1997, p. 3.

Con motivo da celebración, no ámbito do I Congreso da Poesía Galega, da mesa redonda “A poesía para nenos”, Fernán-Vello reflexiona sobre a necesidade da poesía nas aulas e sobre as súas inmensas posibilidades pedagóxicas.



Fernández, Lois, “Otra aventura con marca 33”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 10 maio 1997, p. 56.

Valórase a iniciativa da Biblioteca Nova 33 de comezar unha colección de contos para primeiros lectores e anúnciase que o título inicial será *As tres porcas porquiñas*, de Xosé Antón Neira Cruz, ilustrado por Noemí López Vázquez. Menciónase que este proxecto nace vencellado ás viaxes didácticas que vén realizando a Biblioteca en colaboración con Caixa Galicia.



Neira Cruz, X. A., “Contos na Amaía”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”,
19 xaneiro 1997, p. 46.

Fala da presentación, en Compostela, da obra *O trasno de Alqueidón* (1996), de Marilar Aleixandre, na que participaron Xabier P. Docampo, que falou dos trasnos, e Miguelanxo Prado, ilustrador da obra, así como a propia autora do libro, que falou da Amaía, lugar próximo a Santiago no que transcorren os contos da obra. O artigo remata cunha reflexión sobre este lugar no “que as colleitas chegaban con antelación e onde se lograban os cultivos que non ían arriba no resto da Terra de Compostela”.



Ruíz Guirado, José, “El cuento infantil en el Ateneo Santa Cecilia”, *Diario de Pontevedra*, “Cuadernos marinenses”, 12 novembro 1997, p. 19.

Dóese pola perda da transmisión oral na literatura infantil. Indica que naceu por necesidade social e sinala varios exemplos como Amicis ou Dickens. Alédase ó comproba-la existencia en Galicia de autores que prestan atención a este “xénero” como Manuel María e Antonio García Teijeiro. Ó considerar beneficioso este tipo de produción literaria para o desenvolvemento dos cativos, felicita o Ateneo Santa Cecilia por seguir convocando as Xornadas de Literatura Infantil.





VII.4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII.4.4. Pub. en xornais: art. de opinión e col. fixas

Seijas, Otilia, “Cuentos de lobos”, *El Correo Gallego*, 27 marzo 1997, p. 4.

Comenta a presenza do lobo nos contos infantís da nosa cultura. Recolle un exemplo dun destes relatos que se desenvolve na Provenza e que data do século XVIII.



VII.4.1. Monografías, biografías e libros colectivos

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 1. Monografías, biografías e libros colectivos



Neira Cruz, Xosé A., *Rosalía*, ilust. Manuel Uhía, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Así Viviu, nº 1, marzo 1997, 89 pp. (ISBN: 84-8302-087-4).

Xosé Antonio Neira Cruz (Santiago, 1968) inicia con este volume dedicado a Rosalía de Castro a colección "Así viviu", ó tempo que anuncia a publicación de tres números máis centrados en Castela, Paio Gómez Chariño e Ánxel Fole. O autor realiza unha biografía novelada para achega-lo lector á figura de Rosalía. Mendiño, un enxeñeiro experto en alteracións dos parámetros xeo-temporais, xunto co seu ordenador Chiño viaxa ó século pasado para investigar sobre a escritora para a Biblioteca Nova 33, converténdose en espectadores e personaxes dos principais acontecementos na vida de Rosalía. Xosé Antonio Neira Cruz diferencia por medio de grafías distintas os sucesos que teñen lugar no pasado, e aporta verosimilitude ós feitos narrados ó transcribir fragmentos de textos da autora con carácter autobiográfico dos que se indica a obra de orixe e a súa data de publicación. Achega, así mesmo, a bibliografía consultada e unha relación de outros títulos de Rosalía publicados en Edicións Xerais.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, "En inmersión programada", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 162, 5 xuño 1997, p. 9.





Presenta as obras da colección “Así viviu” *Rosalía* e *Castelao*, de Xosé Antonio Neira Cruz como “clásicos galegos para rapaces e rapazas”. Loía este proxecto por desmitificar as figuras da padronesa e do rianxeiro, por modernizalos, actualizalos e facelos accesibles ós lectores máis novos.

-X. María de Castro Erroteta, “Rosalía e Castelao novelados”, *A Nosa Terra*, nº 782, “Guieiro Cultural”, 12 xuño 1997, p. 24. Comentario conxunto das biografías *Castelao* e *Rosalía* como volumes iniciais da colección “Así viviu”. O crítico fai un percorrido polos antecedentes das biografías noveladas dentro de diversas literaturas europeas e americanas, considerándoas como algo novidoso na nosa lingua. Describe o público lector ó que van dirixidas estas obras e cualifica a linguaxe e a técnica narrativa empregada por Neira Cruz como “correcta”.

Referencias varias:

-Rodri García, “Conversas cos clásicos”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 113, 27 abril 1997, p. 6. Recóllense as declaracións de Xosé Antonio Neira Cruz acerca das biografías de Rosalía e Castelao. O autor salienta que as innovacións desta colección son: desmitificar e humanizar ós autores clásicos, presentalos en forma de novela e ir dirixidos ós lectores máis novos.



Neira Cruz, Xosé A., *Castelao*, ilust. Maife Quesada, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Así Viviu, nº 2, marzo 1997, 99 pp. (ISBN: 84-8302-088-2).

Achéganos á figura de Castelao no segundo número da colección “Así viviu”. Seguindo a liña desta colección, iniciada cun número dedicado a Rosalía de Castro, o autor combina a narración e a biografía ó longo de sete capítulos nos que afonda na vida do autor rianxeiro. Amaro Mendiño, enxeñeiro experto en alteracións dos parámetros xeo-temporais con inmersión programada, e o seu ordenador Chiño —personaxes constantes na colección— viaxan ó século XIX co obxectivo de obter datos sobre Castelao para o director da Biblioteca Nova 33. A partir deste momento asistimos ós feitos máis salientables da vida do escritor. Xosé Antonio Neira Cruz emprega o cambio de grafía para transcribir os sucesos da viaxe relacionados con Castelao e a reprodución de fragmentos de documentos da época e das súas obras con carácter autobiográfico. Ofrecense a pé de páxina notas explicativas. Un epígrafe coa bibliografía consultada pecha a obra.

Recensións:

-F. Martínez Bouzas, “En inmersión programada”, *O Correo Galego*, “*Revista das letras*”, nº 162, 5 xuño 1997, p. 9. Ver Neira Cruz, Xosé A., *Rosalía*, nestas páxinas.





VII.4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII.4.1. Monografías, biografías e libros colectivos

-X. María de Castro Erroteta, “Rosalía e Castelao novelados”, *A Nosa Terra*, “Guieiro Cultural”, nº 782, 12 xuño 1997, p. 24. Ver Neira Cruz, Xosé A., *Rosalía*, nestas páxinas.



Neira Cruz, Xosé A., *Paio G. Chariño*, ilustr. Francisco Bueno, Edicións Xerais de Galicia, col. Así Viviu, nº 3, 1997, 93 pp. (ISBN: 84-8302-122-6).

No número tres da colección de Xerais “Así viviu”, Xosé Antonio Neira Cruz afonda na vida e a época do trovador galego Paio Gómez Chariño. Nesta ocasión, Amaro Mendiño, enxeñeiro en alteracións dos parámetros xeo-temporais, e o seu ordenador Chiño terán que desprazarse ó século XIII co fin de acadar para un grupo de profesores da Universidade de Santiago de Compostela un orixinal inédito dos cancioneros galego-portugueses que lles outorgue a fama. O autor recorre de novo ó cambio de grafía para narra-los feitos da viaxe, á reprodución de textos, nesta ocasión cantigas medievais, ó uso de notas explicativas a pé de páxina e á recompilación dos títulos consultados nun epígrafe final.



VII.4.2. Publicacións en revistas

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 2. Publicacións en revistas



Aleixandre, Marilar, “Navegando con Lewis Carroll á procura do carbairán”,
Viceversa, nº 3, “Traduccións xustificadas”, 1997, pp. 103-107.

Principia por unha breve descrición de *A caza do carbairán* e sitúaa entre as máis importantes obras de Lewis Carroll xunto coas de *Alicia*. Explica as traduccións realizadas dos nomes de dous dos animais fantásticos do texto: o carbairán (snark) e o xabouco (jubjub) e xustifica o troco de varios produtos alimenticios. Con este obxectivo, recolle cinco estrofas tanto na versión inglesa coma na galega.



Álvarez Núñez, Sabela, “Modelos Masculinos e Femininos na Literatura Infantil e Xuvenil”, *Andaina*, nº 19, decembro 1997, pp. 27-33.

A autora tenta explicar cómo a literatura infantil e xuvenil ó longo da historia é “unha sabia reprodución do modelo androcéntrico do mundo”. Así, realiza un percorrido comentado por algunhas obras do século XIX para sinalar que “os personaxes femininos non son máis ca uns aparentes protagonistas, é dicir, un pretexto para que os personaxes masculinos poidan lucirlas súas cualidades de valente, activo, arriscado, etc.” Salienta tamén como na maioría das obras infantís e xuvenís o protagonismo é para os varóns. A continuación pasa ó século XX para afirmar que pese ós importantes cambios sociais para a muller, a literatura segue a transmitir e confirmar moldes femininos patriarcais, reparando ademais no feito de que as autoras maioritariamente seguen sen crear protagonistas femininas. Conclúe que a imaxe da muller na literatura infantil e xuvenil de hoxe é semellante á que nos ofrecen os contos de fadas da literatura clásica. Repara en que a partir dos anos setenta se producise unha aceleración das actitudes críticas sobre a imaxe da muller na literatura infantil e xuvenil en particular e na literatura en xeral, por medio de estudos norteamericanos e europeos, que acabaron poñendo en marcha iniciativas para crear outro tipo de libro “radicalmente” diferente, no que as nenas puideran identificarse dende a autoestima e autovaloración. A partir de aquí cita títulos en castelán que apuntan cambios neste sentido e comenta diversas obras da literatura galega escritas por mulleres.



Barreiro, X. M. G., “Literatura infantil. Libros”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “Literatura infantil. Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, p. 94.

Comenta brevemente tres obras de literatura infantil: *A fractura do miocardio* (1996), de Jacques Fransten; *Bala perdida* (1996), de Miguelanxo Prado e *Pedro e as nubes* (1996), de Xosé María Álvarez.



Casalderrey, Fina, “Canción de berce”, *CLIJ*, nº 93, “Tinta fresca”, abril 1997, pp. 37-40.

Reflexiona sobre a petición que lle fixeron dun texto autobiográfico e di “que lástima que haya de ser yo la que lo escriba” e refírese ós seus pais e avós que serían os escritores ideais. Dá a coñecer datos biográficos e as súas primeiras experiencias, cómo chegou ós libros e expresa o seu gusto por recitar poemas. Inclúese unha bibliografía seleccionada da autora e logo reproducése a narración “Canción de berce”, na que relata cómo unha muller envellece aceleradamente por mor de esperar inutilmente a un fillo perdido.



_____, “Un duende que no para de crecer”, *Alacena*, nº 27, “Especial El Barco de Vapor”, Inverno 1997, pp. 27-29.

Fina Casalderrey, Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996, atende a invitación de *Alacena* con motivo dos quince anos do Barco de Vapor para que escriba sobre si mesma. O artigo é unha reflexión acerca do feito de ser escritora, da relación entre os libros e a infancia, do que supoñen os premios e o seu posicionamento respecto á literatura infantil que resolve coa fórmula da autenticidade.



CLIJ, “Lista de honor de CLIJ 1996”, *CLIJ*, nº 93, “Lista de Honor”, abril 1997, pp. 7-9.

Cítanse unha serie de títulos elixidos polos seguintes colaboradores de *CLIJ*: Xabier Etxaniz (Vitoria), M^a Jesús Fernández (A Coruña), Teresa Maña (Barcelona) e José Luis Polanco (Santander). Pola literatura infantil e xuvenil galega figuran nesta lista: *Dez eran dez* (1996), de Xoán Babarro; *O estanque dos parrulos pobres* (1996), de Fina Caslderrey; *Adelaida, Henrique e demais familia* (1996), de Xavier P. Docampo; *Amor dos quinze anos, Marilyn* (1996) e *Cartas de inverno* (1996), de Agustín Fernández Paz.



_____, “Los Premios del 96”, *CLIJ*, nº 93, “Informe”, abril 1997, pp. 11-13 e 62-64.

Recóllense reflexións dos autores premiados con algúns dos distintos galardóns que se convocan en España e cunha breve biobibliografía da súa creación e premios recibidos. Entre os galegos figuran: Fina Casalderrey (Premio Nacional), Lola González (Premio CCEI en lingua castelá), Antonio García Teijeiro (Premio Merlín) e José Daniel Buján Núñez (Premio Barco de Vapor).



Fernández, María Jesús, “Galicia: entre la tradición y la innovación”, *CLIJ*, nº 98, outubro 1997, pp. 41-45.

Mostra en primeiro lugar a súa satisfacción diante dos éxitos da literatura infantil e xuvenil galega co Premio Nacional de Literatura Infantil. Comenta brevemente e de forma positiva a obra galardoada: *O misterio dos fillos de Lúa* (1996), de Fina Casalderrey. A seguir, no apartado “Poesía y fantasía” eloxia e comenta outras obras que mereceron algún premio, como é o caso dos poemarios *Cidades* (1997), de Fran Alonso (accésit Premio Lazarillo), *Na fogueira dos versos* (1996), de Antonio García Teijeiro (Premio Merlín) e as obras narrativas *O trasno de Alqueidón* (1996), de Marilar Aleixandre (Premio Rañolas) e *Os gritos das illas Lobeiras* (1997), de Antón Cortizas (Premio Merlín 1995). Remata o apartado referíndose ás obras *A raíña de Turnedó* (1996), de Gloria Sánchez, *Romaxe de desventuras* (1997), de Pepe Carballude e *¡Prohibido casar, papá!* (1996), de Fina Casalderrey. No apartado “Literatura Juvenil en ascenso” refírese ó incremento desta produción e dá a benvida a coleccións como “Costa Oeste” na que se reedita *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno e *Gárgola*, de Carlos Vila Sexto, ademais dalgunha tradución. Tamén celebra a publicación da colección xuvenil “Catavento”, da Editorial Edelvives; a aposta de Alfaguara por “escritores de renombre y éxito asegurado”; os títulos que viron a luz na colección “Docexvintedous” e salienta que a colección que publicou máis títulos foi “Fóra de Xogo” de Xerais. Comenta brevemente: *Sobrevives* (1996), de Fina Casalderrey, *Leonel* (1996), de Antón Cortizas, *Días de desterro* (1996), de Xavier López Rodríguez e *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz. Incide nos elementos positivos que caracterizan a esta



producción. No apartado “Escasa oferta infantil” láíase da catívez desta oferta, salienta a colección “Bambán” (coedición de Editores Asociados), “Kalandra” (de Edicións Xerais) e comenta a obra *Lolo anda en bicicleta* (1996), de Carlos Casares, *Pinturiño* (1996), de Manuel Uhía, *A historia e a néboa*, de Xosé Ballesteros, *Desembarco blabix*, de Milagros Oya, *As loucas vacacións dunha formiga*, de Concha Blanco, *O ladrón de ar* (1996), de Antón Cortizas, *A pedra de seixo* (1997), de María Canosa Blanco, *Liño aprende a ser indio* (1996), de Xosé Ramón Mariño Ferro e *Bala perdida* (1996), de Manuel Rivas. De todas elas dá algunha característica e di que teñen como tema central a fantasía “en sus múltiples variantes”. Para finalizar, no apartado “Libros de divulgación” refírese á colección “Así viviu”, de Xerais. Tamén dedica unhas liñas á colección “Árbore” e a dúas narracións que a colección Nova 33 publicou nun só volume, *Marmelada de amoras*, de Ana Romaní, e *O habanero*, de Xavier P. Docampo. Como resumo final afirma que a literatura infantil e xuvenil na fin de milenio en Galicia continúa unha liña ascendente tanto en calidade coma en cantidade.



Fernández Paz, Agustín, “Os valores na literatura infantil e xuvenil”, *Revista Galega do Ensino*, nº 15, abril 1997, pp. 427-428.

Tras cita-las indicacións de Rafael Grasa con respecto ós valores, o autor salienta o papel da literatura infantil e xuvenil coma vía privilexiada para poñernos en contacto con outras vidas, con outros conflitos e situacións cos que nos podemos identificar e mesmo sentir como propios. Así “atopámonos con libros admirables que (...) ofrecen a posibilidade de aborda-la historia que encerran desde a perspectiva da aprendizaxe de valores”. Ofrece unha selección “moi restrinxida” pero “representativa” deste tipo de obras. En definitiva consideracións que podemos incluír na temática literatura infantil e xuvenil: reflexións e problemática actual.



Galán, Eduardo, “O Teatro: un espacio de liberdade para os nenos”, *Revista Galega de Educación*, nº 28, “O tema”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, pp. 20-21.

O actual subdirector xeral de teatro do Instituto Nacional das Artes Escénicas e Musicais (INAEM), Eduardo Galán, reflexiona sobre a influencia do teatro na educación primaria e defende a promoción de actividades teatrais que axuden á formación integral do alumnado. Afirmar que un dos obxectivos do INAEM é o de fomentar a escritura dramática e a realización teatral nas escolas e fomentar o teatro no ensino.



Gaspar, Silvia, “Unha exploración polo territorio xuvenil”, *Tempos Novos*, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, nº 2, xuño 1997, p. 78.

Analiza a situación actual da literatura infantil e xuvenil na fin de milenio e fai un percorrido polas distintas publicacións que teñen aparecido ó longo destes últimos anos. Salienta fundamentalmente dúas coleccións: “Fóra de Xogo” da Editorial Xerais e “Costa Oeste” da Editorial Galaxia polo seu formato moderno e o seu deseño vistoso que ademais presentan obras que “aluden á autoafirmación e á liberdade (...) nas que se dá saída ós temas claves na mocidade (emocionais, terror, conflitos co poder, ciencia ficción...)”. Cita as obras publicadas dentro destas coleccións: *Anagnórise* (1997), de María Victoria Moreno, *Horario de clase* (1997), de Christine Nöstlinger e *Gárgola* (1997) de Carlos Vila Sexto que, na súa opinión, presentan como características comúns a identificación dun público xuvenil que dialoga coas producións doutras literaturas, de aí a presenza de traducións, e a carga educativa que conlevan e que se amosa polos valores que defenden os códigos de conducta dos seus heroes. Conclúe mencionando coleccións como “Feros” ou “Docexvintedous” con títulos que pertencen a esa “estreita e difusa banda que poderíamos chamar “literatura xove” ou “nova”.



González, Xosé Manuel, “Literatura infantil”, *Revista Galega de Educación*, nº 29, “Literatura infantil. Libros”, abril-maio-xuño 1997, pp. 96-97.

Comenta brevemente as seguintes obras de literatura infantil publicadas no ano 1997: *Alfagann é Flanagan* (1996), de Andreu Martín e Jaume Ribera; *¡Ai, que medo!* (1997), de Ricardo Alcántara; *Lolo anda en bicicleta* (1996), de Carlos Casares e *O centro do labirinto* (1997), de Agustín Fernández Paz.



González Barreiro, Xosé Manuel, “Literatura infantil”, *Revista Galega de Educación*, nº 30, “Literatura infantil”, xullo-agosto-setembro 1997, pp. 86-87.

Comenta algúns aspectos relacionados coa literatura infantil e xuvenil a partir da publicación destas tres obras: *Carta das illas Bailarinas* (1996), de Jacques Prévert; *Os pais de Max e Lili discuten* (1997), de Dominique de Saint Mars e *A pirata Penamoura* (1997), de Daniel Buján Núñez. Reflexiona sobre as ilustracións/ilustradores de libros infantís; afirma que a literatura serve para socializa-los máis pequenos e, como consecuencia, para presenta-las diferentes situacións coas que se poden atopar ó longo das súas vidas e proporcionarlles experiencias. Por último, manifesta a súa leducia pola concesión do premio O Barco de Vapor a un autor descoñecido como é Daniel Buján Núñez e analiza polo miúdo a súa traxectoria profesional.



Harguindey Banet, Henrique, “Rimas e ritmos, alusións e xogos nun conto de Prévert”, *Viceversa*, nº 3, “Traduccións xustificadas”, 1997, pp. 119-128.

Comenta os problemas que atopou á hora de face-la tradución ó galego de *Lettre des îles Baladar* (*Carta das Illas Bailables*, 1996), de Jacques Prévert. Concretamente trata as rimas e ritmos, as alusións históricas e culturais e os xogos lingüísticos.



Luengo, Rosa, “Un viaje fantástico: VII campaña de Animación a la lectura de Orense”, *CLIJ*, nº 94, maio 1997, pp. 27-30.

Presenta dunha maneira xeral cáles son as características xerais da campaña de animación á lectura que organiza por sétima vez o Concello de Ourense e da que é coordinadora a autora deste artigo. Segundo di esta campaña está orientada cara ó alumnado dos centros de ensino desa cidade para estimular-lo coñecemento da literatura infantil e xuvenil, potencia-las bibliotecas de centro e as personais, así como o hábito lector. Comenta que para conseguir estes fins dáselle a cada neno e nena un libro e procúrase que o propio autor veña darlles unha charla sobre como o escribiu. Tamén se fan exposicións sobre libros infantís e xuvenís sempre tendo unha historia como fío conductor. Por último, segundo informa, fanse escenarios baseados nos contos ou historias dos libros para que o lectorado se sinta identificado cos personaxes dos libros.



Neira Cruz, Xosé A. e Xosé Victorio **Nogueira Barcia**, “A nosa literatura infantil e xuvenil no 1996: PA (*progresar adecuadamente*)”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, 1997, pp. 171-177.

Infórmase da situación da literatura infantil e xuvenil na fin de milenio, concretamente ó longo do ano 1996. Destácase en primeiro lugar a maior presenza que está a adquirir-la literatura infantil e xuvenil galega no contexto das literaturas peninsulares, debido á consecución de prestixiosos galardóns que facilitan a necesaria exportación: os Premios Edebé nas súas tres últimas edicións —*Trece anos de Branca*, de Agustín Fernández Paz en 1993; *Doutor Rus*, de Gloria Sánchez en 1994 e *O estanque dos parrulos pobres*, de Fina Casalderrey en 1995— e os dous Premios Nacionais —*Cando petan na porta pola noite*, de Xavier P. Docampo en 1995 e *O misterio dos fillos de Lúa*, de Fina Casalderrey en 1996. Sinálase que despois destes éxitos cómpre superalas carencias arraigadas pola vía da anovación e o risco editorial para lograr así unha completa maduración. Entre as deficiencias enuméranse a case total inexistencia de álbumes ilustrados para prelectores; a exigüidade de iniciativas no eido do cómic; a febleza en xéneros como a poesía e o teatro; a reducida presenza da literatura infantil e xuvenil nos medios de comunicación; a escaseza de críticos, recensores ou informadores e os poucos estudos teóricos sobre o tema. A respecto da narrativa destácanse fundamentalmente cinco obras: *O estanque dos parrulos pobres*, onde se presenta a capacidade para narrar de Fina Casalderrey e se achegan solucións ó tema da morte, dende a tenrura e o humorismo; *O trasno de Alqueidón*, de Marilar Aleixandre,



no que se destaca o conto “Neve na Amaía” polo dominio das estruturas da narrativa popular adubado co lirismo; *Adelaida, Henrique e demais familia*, de Xavier P. Docampo polos exercicios de estilo narrativo dende a fantasía; *Avenida do parque 17*, de Agustín Fernández Paz pola mestura de humorismo e terror e *Troulas, andainas e unha farsa anónima*, de Paula Carballeira pola mestura de xéneros e a fantasía. Menciónanse ademais outros títulos: no eido da ciencia ficción *Big-Bang*, de Xoán Bernárdez e *Desembarco blabix*, de Milagros Oya; na problemática social *O caderno azul*, de An Alfaya e *Días de desterro*, de Xavier López Rodríguez; na presenza de animais humanizados *As ás de Xenoveva*, de Uxía Casal; *Benvidos*, de Manoel Riveiro e *Viaxe de ida e volta*, de Ánxela Loureiro; no eido da maxia e do medo *A meiga de Naia e outros relatos*, de Lois Fernández Marcos e *O segredo dos zapatos e outros contos*, de Fernando Cabeza Quiles. Destácase tamén a incursión na literatura infantil de Manuel Rivas con *Bala perdida* e de Xosé M^a Álvarez Cáccamo con *Pedro e as nubes*; a aparición de obras de divulgación como *Somos lenda viva*, *O demo e o trasno* e *Contos maravillosos* e as coleccións para prelectores e primeiros lectores como a serie dos *Gordibolas*, “Leo con Bubela” e “Bambán”. A respecto da poesía, a pesar da súa escaseza, destácanse as *Cantigas de Santa María*, de Bernardino Graña, *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro e *A raíña de Turnedó*, de Gloria Sánchez. No teatro menciónase a colección “Teatro nas aulas” que edita a AS-PG e o libro *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola*, de Fina Casalderrey e por último, no cómic, destácase o labor que está a desenvolver neste eido a Casa da Xuventude de Ourense.



Pombal, Graciano, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 28,
“Literatura infantil. Libros”, xaneiro-febreiro-marzo 1997, p. 93.

Breve informe das últimas novidades sobre literatura infantil en Galicia. Saliéntase que Fina Casalderrey obtivo o Premio Nacional de Literatura Infantil e o Cidade de Pontevedra; Antonio García Teijeiro gañou o Premio Merlín e Francisco Alonso obtivo o accésit do Premio Lazarillo.



_____, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 29, “Literatura infantil. Libros”, pp. 98-100.

Informa sobre as últimas novidades relacionadas coa literatura infantil en Galicia. Fai referencia á reedición da obra *Anagnórise*, de M^a Victoria Moreno; anuncia a publicación do primeiro número da colección Merlín en cor de Edicións Xerais de Galicia; menciona a celebración da Feira do Libro Infantil e Xuvenil de Chantada, na que se fixo entrega do premio Rañolas a Marilar Aleixandre pola súa obra *O trasno do Alqueidón*; informa da celebración dos Primeiros Encontros de Narradores de Contos e da tradución ó castelán da obra de Agustín Fernández Paz, *Amor de 15 anos, Marilyn*. Un conxunto de reflexións e problemática actual da literatura infantil e xuvenil galega.



_____, “Onda curta”, *Revista Galega de Educación*, nº 30, “Literatura infantil”, xullo-agosto-setembro 1997, p. 88.

Breve panorama da situación da literatura infantil e xuvenil a finais do ano 1997. Presenta as últimas novidades da Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix); afirma que se presentaron trinta e cinco orixinais ó premio Merlín, “o máis importante da nosa literatura infantil, tanto pola dotación como pola difusión comercial do libro”; anuncia a próxima publicación dunha edición galega de *Elmer* e da traducción ó galego dunha serie de contos de escritores árabes. Por último, menciona a publicación do catálogo da colección Merlín de edicións Xerais, no que se recolle unha nómina de tódolos escritores e ilustradores que colaboraron cos seus traballos nas obras da citada colección.



Prado, Miguelanxo, “Autorretrato”, *CLIJ*, nº 90, xaneiro 1997, p. 41.

No seu “autorretrato” Miguelanxo Prado refírese ás carencias que tivo de pequeno e ó descubrimento de que podía apropiarse de todo canto “mi caletre fuese capaz de imaginar con solo describirlo con palabras, o con dibuixarlo”. Despois, di, puido conxugar aquelas cousas: escribir historias e contalas con debuxos e vivir delas. Nun recadro recóllese a bibliografía do autor-debuxante.



Riobóo, Jorge, “Encuesta sobre la literatura juvenil”, *Alacena*, nº 28, primavera/verano 1997, pp. 17-21.

Despois de facer unhas reflexións sobre a literatura infantil e xuvenil, sobre a etapa que está a pasar en relación co aumento de títulos aínda que haxa estudos que indiquen a diminución do hábito lector entre os máis novos, ofrécese unha enquisa cun grupo de mozos e adultos relacionados coas bibliotecas, literatura e ensino e creación. Entre os creadores contesta a dúas preguntas de Jorge Riobóo o escritor galego Miguel Vázquez Freire, quen considera que as coleccións responden a un interese comercial e que os lectores adolescentes deberían poder acceder a todo tipo de literatura. Salienta as coleccións Gran Angular, entre as foráneas, e Fóra de Xogo entre as galegas.



Rodríguez Lorenzo, Manuela, “A expresión dramática na educación primaria”,
Revista Galega de Educación, nº 28, “O tema”, xaneiro-febreiro-marzo 1997,
pp. 15-19.

Analiza con detalle a presenza do teatro no ensino, concretamente na educación primaria, tomando como referencia o labor levado a cabo polo alumnado do Colexio San Narciso de Marín (Pontevedra). Describe os diferentes bloques de contido que se puxeron en práctica, a metodoloxía, o horario, o espazo empregado, as diferentes sesións, a avaliación e a interdisciplinariade.



Roig Rechou, Blanca-Ana, “Dúas mestras na literatura infantil e xuvenil galega: Pura e Dora Vázquez Iglesias”, *Adaxe*, nº 13, 1997, pp. 211-221.

Preséntase este artigo como unha continuidade na liña dos estudos iniciados no número 11 desta publicación, e que pretenden achegarse a aqueles profesionais do ensino que publicaron obras de literatura infantil e xuvenil en galego. Nesta entrega, Blanca-Ana Roig fai un percorrido descritivo pola vida e obra das irmás ourensás Vázquez Iglesias, deténdose especialmente na destinada a un público infantil e na recepción de que foi obxecto por parte da crítica especializada. Salienta o carácter pioneiro de Pura Vázquez en *Rondas de Norte a Sur*, ó dar comezo á “moderna poesía infantil galega”. Apunta como trazos comúns ás dúas autoras os seguintes: a influencia recibida da tradición oral, a “temática atractiva”, a vocación moralizante e formativa das súas obras, a facilidade para representa-lo teatro do que son autoras, ademais do emprego dunha lingua que reflicte a inseguridade da época. Remata o artigo louvando a importancia do labor creador de Pura e Dora Vázquez pola escaseza de obras destas características na época na que elas publican.



_____, “Pura e Dora Vázquez na literatura infantil e xuvenil galega”, *Festa da palabra silenciada*, nº 13, “Temas varios”, 1997, pp. 81-85.

Refírese ó labor de Dora e Pura Vázquez na literatura infantil e xuvenil galega salientando en primeiro lugar que pertencen ó grupo de mestras que dedicaron parte do seu tempo á creación para achegarse mellor ó seu alumnado, nunha época na que a penas existían mostras representativas e en galego destinadas a estes receptores. De seguido faise un percorrido polas publicacións de ámbalas dúas escritoras. De Pura Vázquez cítanse títulos como *Columpio de Luna a sol (poesía infantil)* (1952), en castelán, que a sitúa xunto a un grupo de escritores e escritoras, como Palmira Jaqueti, Alfredo Marquerie, Celia Viñas ou Gloria Sánchez, que irrompía na literatura cunha renovada sensibilidade poética cara ó mundo infantil; *Rondas de Norte a Sur. Poesía infantil* (1968) co que inicia a moderna poesía infantil galega; as pezas teatrais *Monicreques* (1974), *Ronseles. Teatro infantil galego* (1980), volumes que tamén inclúen pezas da súa irmá Dora; *Oriolos neneiros. Poesía infantil galega* (1975) e *Viaxe ó país dos contos e da poesía* (1985), tamén en colaboración con Dora. Destácase tamén a súa dimensión de estudiosa da literatura infantil e xuvenil. De Dora Vázquez cítanse os seus primeiros títulos en castelán, *Palma y corona (historias santas)* (1964), *Camiños de Plata y Sol* (1966), e as súas obras posteriores en galego que comezan con *Estreliña do mar* (1969) e continúan con *Tres cadros de teatro* (1973), *Campo e mar aberto* (1975) e *Cascabel, o cabaliño que fuxira do circo* (1976). De cada un dos títulos destas dúas escritoras destácase a súa estrutura e as liñas temáticas fundamentais. Conclúese salientando os trazos predominantes nas obras de ámbalas dúas.



_____, “Literatura infantil en gallego”, *Quimera*, “Galicia, tierra de letras”,
n^{os} 158-159, maio-xuño 1997, pp. 118-121.

Comeza afirmando que ata a década dos sesenta non se pode falar de literatura infantil e xuvenil galega, se ben antes se publicaran algúns títulos; ademais, outras obras incluídas neste grupo non foron redactadas para lectores infantís. Apunta a seguir algúns elementos característicos desta literatura infantil emerxente, como unha tendencia acusada ó didactismo, xustificada “por la preocupación de descubrir a la infancia los valores de la tierra, de sus habitantes y de su cultura” e de valoralo estado anterior á colonización, recorrendo para isto a mitos e lendas e á transmisión oral, “sobrevalorando la cultura rural”. Outra característica é o contido social predominante das obras, sen prestarlle atención ó “puro ludismo”. Salienta que esta situación cambia nos anos setenta, cando aumenta o número de títulos publicados, nacen novas tendencias e se traducen obras do xénero ó galego; tamén comeza a preocupación “por la conservación de la naturaleza”, todo alentado por iniciativas como a convocatoria do premio da Asociación Cultural “O Facho”, de contos infantís, e polos movementos de renovación pedagóxica. Considera que nos anos oitenta a literatura infantil galega “creció considerablemente en cantidad y calidad”, con obras que tomaban técnicas e temáticas de literaturas máis desenvolvidas, ata chegar ó momento actual, no que a literatura infantil en Galicia atopa certo recoñecemento no exterior, debido a varios fenómenos: a potenciación do galego, aumento das editoriais dedicadas ó xénero, convocatoria de premios, creación de asociacións, apoio institucional. Comenta seguidamente as mudanzas que o xénero coñeceu, tanto no ámbito estrutural coma no temático, incluíndo aspectos comúns da produción recente, e remata afirmando que a literatura infantil e xuvenil





VII.4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII.4.2. Publicacións en revistas

galega aínda non coñece “un corpus teórico suficiente que permita analizarla y caracterizarla como corresponde”.



Sola, Nora, “Uns debuxos moi serios”, *Eco*, nº 77, “Cultura”, outubro 1997, pp. 70-71.

Infórmase da celebración das IX Xornadas de Banda Deseñada de Ourense e anúnciase a súa programación, que inclúe exposicións, faladoiros e mesas redondas, a entrega do Premio “Ourense” de Banda Deseñada 1997 que recaeu no Xabarín Club da TVG e do Concurso para afeccionados que mereceu Fernando Ruibal. Sinálase tamén que haberá unha mostra de cómics que celebra o sesenta aniversario do Príncipe Valente e infórmase dos contidos das diferentes exposicións e proxección de cine e vídeo.



Varela Varela, Xosé Manuel, “Entrevista. Fernando Cabeza Quiles”, *Lúa*, nº 2, IIª Trimestre 1997, p. 18.

Entrevista a Fernando Cabeza Quiles con motivo da publicación de *O segredo dos zapatos e outros contos* (1996). Sinala que se achegou á literatura infantil porque lle gusta ler contos e ademais pola súa profesión de mestre e o contacto cos nenos. Refírese tamén a outros aspectos como a localización espacial dos relatos na Costa da Morte, a influencia da súa faceta de estudioso da toponimia e o seu gusto polas lendas e tradicións. Menciona que moitas editoriais rexeitaron publica-lo seu libro porque percibían nel un ambiente demasiado rural. Considérase partidario de defende-la nosa identidade, fronte á excesiva universalización da literatura, e de conxugar tradición e modernidade.



Ventura, Joaquim, “Susos de Toro. *Conta saldada*”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Libros”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 245-247.

Refírese a *Conta saldada* (1996), de Susos de Toro “un divertimento de autor, titiriteiro onisciente e todopoderoso, que move ós personaxes ó seu pracer, arriba e abaixo, adiante e atrás, ata situalos no lugar axeitado”. Considera que esta novela pode ser un punto de enganche para gañar e manter lectores por estar protagonizada por adolescentes e pola linguaxe que empregan entre eles. Ademais salienta que se trata dunha historia iniciática na que sobrancea a presenza dunha violencia non gratuíta senón “aniñada no seo da sociedade galega” e de elementos de etnicidade como os narcos galegos ou a pantasma do pai dos protagonistas “que forma parte da paisaxe atávica galega”.



Xaneira, Xián, “Pedro e as nubes”, *CLIJ*, nº 91, “Libros/Novedades”, febreiro 1997, p. 56.

Despois de se referir ó argumento de *Pedro e as nubes* (1996), de Xosé M^a Alvarez Cáccamo, comenta que estamos diante dunha historia cargada de lirismo e salienta as ilustracións de Xulia Barros quen, segundo Xian Xaneira, soubo capta-lo ton e mensaxe da obra.



_____, “Bala perdida”, *CLIJ*, nº 92, “Libros/Novedades”, marzo 1997, p. 69.

Despois de resumi-lo argumento desta obra de Manuel Rivas, afirma que estamos diante dunha obra “narrada con agilidad” e composta con “lirismo del bueno, sensibilidad y fino humor”.



_____, “Pauto do demo”, *CLIJ*, nº 91, “Libros/Novedades”, marzo 1997, p. 71.

Primeiramente resume o argumento, a seguir dá noticia de que estamos diante dunha reedición da única peza teatral escrita por Ánxel Fole no ano 1958, e enmarcada “con acierto” nunha colección infantil-xuvenil. Salienta finalmente que “el talento foleano vuelve a brillar en su concepción de lo sobrenatural, en el diseño de personajes y situaciones y, sobre todo, en el empleo de una lengua rica y popular”.



_____, “Conta saldada”, *CLIJ*, nº 91, “Libros/Novedades”, marzo1997, p. 72.

Comeza falando brevemente do argumento da obra de Suso de Toro e despois de dicir que estamos diante dunha “interesante novela de maduración” en la que el autor demuestra una gran capacidad para meterse —y meternos— en la manera de pensar, sentir y expresarse de los adolescentes de hoy”, remata salientando as situacións límite ás que chega e a busca dunha xustiza “incluso primaria y visceral, pero llena de autenticidad”.



VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 3. Publicacións en xornais: estudos e recensións



Caño, X. M. del, “Unha idade de ouro para a literatura infantil e xuvenil”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 7, 22 marzo 1997, pp. 2-3.

Informa da boa situación da literatura infantil e xuvenil na fin de milenio, coa publicación de cento vinte títulos novos cada ano, entre a produción galega e as traducións doutras linguas. Preséntase unha traxectoria deste xénero a partir dos anos sesenta, destacando a importancia da creación do premio convocado pola Agrupación Cultural O Facho en 1968. Continúa esta análise nos oitenta, ó comezar novas actividades editoriais (traducións, creación de coleccións específicas), que axudaron a dinamiza-lo xénero, e inclúe datos das obras de maior aceptación, do seu índice de vendas e das coleccións que crearon as diversas editoriais. Finaliza o informe con comentarios sobre o papel dos premios literarios para a creación infantil e xuvenil, aludindo ós existentes, ben con retribución económica ben sen dotación, afirmando que “axudan a dinamizar o panorama” desta literatura.



Castro, Xavier R., “Siete historias de Manuel de Pedrolo”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 5 xaneiro 1997, p. 41.

Comentario sobre a obra do escritor catalán Manuel de Pedrolo *Traxecto final*, publicada en traducción galega en 1996. Sinala que este conxunto de relatos teñen como eixo común “o descoñecido e o misterioso”, aínda que agochados en temas diversos e claves narrativas diferentes.



_____, “A raíña de Turnedó e outros personaxes”, *El Correo Gallego*,
“Edición 7”, 2 marzo 1997, p. IX.

Déstacase o lugar importante que Gloria Sánchez ocupa na literatura infantil galega pola súa interesante produción literaria que nalgunha ocasión a levou a obtención de premios como o Merlín do ano 1990. Saliéntase a tenrura e o desexo común como marca da diversidade das súas obras. De *A raíña de Turnedó* (1996) menciónase a perfección na combinación da palabra coas ilustracións e enumérase unha serie de características que provocarán o gozo da lectura: as numerosas claves do universo infantil, os entretidos xogos de palabras, os atractivos debuxos ou os personaxes suxerentes.



Castro, Xosé M^a de, “Alfonso X, Airas Nunes, outros e Bernardino Graña”,
A Nosa Terra, nº 759, “Guieiro Cultural”, 2 xaneiro 1997, p. 17.

Análise do último traballo de Bernardino Graña *Cantigas de Santa María* (1996) publicado por Xerais. Entende que non se pode considerar traducción nin tan sequera versión, senón que habería que falar de recreación pola liberdade coa que o autor se acercou á lírica medieval dun xeito doado e mesmo divertido.



_____, “Sensación de presa”, *A Nosa Terra*, nº 764, “Guieiro Cultural”,
6 febreiro 1997, p. 23.

Recensión da novela xuvenil *¿Sobrevives?* (1996), de Fina Casalderrey. Trátase, segundo o crítico, dunha novela de corte realista que contén tódalas chaves necesarias para agradar ó público ó que vai dirixido. Comenta a trama argumental e o uso dos espazos físicos presentes como desculpa para lembra-lo pasado e facer avanza-la historia. Valora moi positivamente a linguaxe do texto e remata considerando que a novela sería redonda de ser escrita cun pouco máis de vagar.



_____, “Unha de piratas”, *A Nosa Terra*, nº 770, “Guieiro Cultural”, 20 marzo 1997, p. 24.

A propósito da publicación do libro de Manuel Rivas, *Bala Perdida* (1996), comenta a tendencia dos nosos escritores consagrados a facer “incursións na literatura, case que sempre mal chamada, infantil”. A continuación indica que a obra se cingue “ás demandas actuais deste tipo de leituras pensadas para nenos”, como son os capítulos curtos, o número non excesivo de páxinas e a linguaxe coloquial desenfadada, mais apunta que o feito de estar pensada para nenos non lle resta calidade narrativa. Segue a falar da temática comprometida deste traballo de Rivas, máis acusada que en obras anteriores, resumindo a trama e os personaxes principais. Refírese, ademais, ás ilustracións a cargo de Miguelanxo Prado e remata sinalando o carácter aberto do final da novela, opinando que se queda curta.



Darriba, Manuel, “Elemental, querido Watson”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda Época, nº 56, 13 decembro 1997, p. 3.

Reflexión, a raíz da edición da biblioteca Sherlock Holmes por Galaxia en nove volumes, acerca do engaño que poden sufrir aqueles que consideran a Sherlock Holmes un personaxe creado para o mundo infantil. Comenta a cantidade de matices e ambigüidades desta figura e afirma que literariamente falando o máis suxestivo destes relatos non é a técnica deductiva nin tampouco as tramas senón, polo contrario, o gran detallismo na caracterización dos ambientes e dos personaxes.



Eyré, Xosé Manuel, “Cómics grandes para xente miúda”, *A Nosa Terra*, nº 760, “Guieiro Cultural”, 9 xaneiro 1997, p. 23.

Comeza falando dos nenos e do escaso papel que moitas veces podemos xogar na súa educación, o que relaciona co mundo do cómic, lamentando a desaparición do *Frente Comixário* ó se cumprir “cen anos do cómic”. Estas reflexións prodúcense pola publicación de dous volumes, un de *Asterix* e outro titulado *A Nosa Historia*, dos que afirma que “este si que é un instrumento efectivo para normalizar tanto a cultura como o acceso a ela ou mesmo a sociedade”. Sobre *A Nosa Historia* manifesta que se trata dunha lectura axeitada para, nas primeiras etapas do ensino, “os nosos rapaces saberen quen son”. Continúa dicindo que o cómic non se trata dun xénero narrativo menor e remata recomendando que se regalen estes volumes, por ser “algo formativo e á vez divertido”.



_____, “Sexamos sérios”, *A Nosa Terra*, nº 808, “Guieiro Cultural”, 11 decembro 1997, p. 18.

Reclama a necesidade de profesionalización e bo facer do mercado editorial galego, xustamente por estar nunha situación de permanente alerta e perigo e tamén polo respecto á lingua e ó lector. Fai estas consideracións en base á edición da colección *Axtérrix* na que atopa demasiadas chatas lingüísticas, así como en *Emboscadas no gran norte*, de Margarita Aritzeta publicada na colección “Costa Oeste” en 1997. Reflexiona acerca destes descoidos en obras pensadas para o público infantil e xuvenil mentres se trata con esmero e pulcritude as edicións cultas e de menos difusión.



García, Rodri, “Mamá, cuéntame un cuento”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, ano I, nº 4, 9 decembro 1997, pp. 1-2.

Recolle as opinións de Agustín Fernández Paz, David Otero e Ana M^a Fernández respecto á literatura infantil e xuvenil galega. Coinciden no seu medre e expansión, que se nota no número de publicacións e tirada, na presenza deste libro nas feiras internacionais e nos premios acadados tanto polos escritores como polos ilustradores. Resaltan, así mesmo, o labor de autores, editoriais, asociacións como GALIX ou a Feira Internacional do Libro de Chantada co seu premio Rañolas e o Clube de Lectores de Galicia.



Manteiga, Felix, “Alicia para todos”, *El Progreso*, “*Táboa Redonda*”, Segunda época, nº 24, 19 abril 1997, p. III.

Explicación da xénese e desenvolvemento de *Alicia no País das Marabillas* na versión para os máis pequenos *Alicia para nenos* (1996), na que Lewis Carroll se recrea nas ilustracións concibidas para o primeiro libro. Destácase a “simbiose entre textos e debuxos: en que o mesmo importa o que se ve nas ilustracións có que o autor nos vai explicando”. Refírese ademais á fidelidade da edición galega con respecto ó orixinal de Carroll.



Martínez Bouzas, F., “Tamén para nenos e nenas”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 144, 30 xaneiro 1997, p. 6.

Recensión da obra *¡Prohibido casar, papá!* (1996), de Fina Casalderrey na que se salienta o feito de que hai de veras unha historia que contar sen ser un pretexto moralista e que foxe da xuvenilización polo que é un libro que tamén poden le-los novos e non unha obra só para eles. Confesa tamén a súa fe na literatura infantil e xuvenil.



Perozo, Xosé A., “Unha maior atención”, *La Voz de Galicia*, “*Culturas*”, ano I, nº 4, 9 decembro 1997, p. 2.

Considera a eclosión da literatura infantil e xuvenil como o fenómeno literario máis interesante do último tercio do século XX no mundo occidental. Achaca este cambio, en boa medida, a ter deixado de ser un subproducto literario. Pero sinala que, a pesar da consideración intelectual recén gañada, esta literatura non está tendo a atención que lle corresponde por parte da crítica, dos analistas e dos medios de comunicación.



Quintáns, M. S., “Contos de interés para nenos e adultos”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 19 xaneiro 1997, p. 8.

En base ó libro *O segredo dos zapatos e outros contos* (1996), de Fernando Cabeza Quiles, matina Quintáns acerca dos verdadeiros destinatarios e intencións do conto popular. Destaca que este conxunto de relatos cultos, contados lembrando os modos máis inxenuos da literatura de tradición oral e ilustrado por Ángel Cabeza Quiles, é a primeira entrega da colección “Infantil” da editorial Noroeste.

VII.4.4. Pub. en xornais: art. de opinión e col. fixas

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Casalderrey, Fina, “María Victoria Moreno”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Teatro do mundo”, 27 abril 1997, p. 64/p. 63.

Pon de relevo a sensibilidade da escritora María Victoria Moreno así como a súa capacidade para contaxia-lo amor pola arte da palabra. Ademais expresa a súa ledicia por ter coñecido á autora de *Anagnórise* e por ser amiga dela.



Dopico, Pepe, “*La Hispaniola*” en el corazón”, *El Correo Gallego*, “El Ojo de Cristal”, 18 marzo 1997, p. 23.

Informa do próximo comezo no Forum Metropolitano da Coruña, da X edición do Salón do Libro Infantil e Xuvenil, coordinado por Agustín Lorenzo e xestionado polo concellal de Cultura José Luis Méndez Romeu. Critica que a “libertaria esencia del género humano” sexa ocultada polos diarios e telexornais oficiais e polos “eventos seudoculturales pagados con subvenciones *oficiales*” e aplaude este evento considerándoo como unha opción para “navegar (...) por un mundo mágico y sin cadenas”, fronte á “vulgaridad teletransmitida polas cadenas públicas”.



Fernán-Vello, M. A., “A poesía na escola”, *O Correo Galego*, “A fenda”,
2 outubro 1997, p. 3.

Con motivo da celebración, no ámbito do I Congreso da Poesía Galega, da mesa redonda “A poesía para nenos”, Fernán-Vello reflexiona sobre a necesidade da poesía nas aulas e sobre as súas inmensas posibilidades pedagóxicas.



Fernández, Lois, “Otra aventura con marca 33”, *La Voz de Galicia*, “El Espejo”, 10 maio 1997, p. 56.

Valórase a iniciativa da Biblioteca Nova 33 de comezar unha colección de contos para primeiros lectores e anúnciase que o título inicial será *As tres porcas porquiñas*, de Xosé Antón Neira Cruz, ilustrado por Noemí López Vázquez. Menciónase que este proxecto nace vencellado ás viaxes didácticas que vén realizando a Biblioteca en colaboración con Caixa Galicia.



Neira Cruz, X. A., “Contos na Amaía”, *La Voz de Galicia*, “De sol a sol”,
19 xaneiro 1997, p. 46.

Fala da presentación, en Compostela, da obra *O trasno de Alqueidón* (1996), de Marilar Aleixandre, na que participaron Xabier P. Docampo, que falou dos trasnos, e Miguelanxo Prado, ilustrador da obra, así como a propia autora do libro, que falou da Amaía, lugar próximo a Santiago no que transcorren os contos da obra. O artigo remata cunha reflexión sobre este lugar no “que as colleitas chegaban con antelación e onde se lograban os cultivos que non ían arriba no resto da Terra de Compostela”.



Ruíz Guirado, José, “El cuento infantil en el Ateneo Santa Cecilia”, *Diario de Pontevedra*, “Cuadernos marinenses”, 12 novembro 1997, p. 19.

Dóese pola perda da transmisión oral na literatura infantil. Indica que naceu por necesidade social e sinala varios exemplos como Amicis ou Dickens. Alédase ó comproba-la existencia en Galicia de autores que prestan atención a este “xénero” como Manuel María e Antonio García Teijeiro. Ó considerar beneficioso este tipo de produción literaria para o desenvolvemento dos cativos, felicita o Ateneo Santa Cecilia por seguir convocando as Xornadas de Literatura Infantil.





VII.4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII.4.4. Pub. en xornais: art. de opinión e col. fixas

Seijas, Otilia, “Cuentos de lobos”, *El Correo Gallego*, 27 marzo 1997, p. 4.

Comenta a presenza do lobo nos contos infantís da nosa cultura. Recolle un exemplo dun destes relatos que se desenvolve na Provenza e que data do século XVIII.



VII.4.5. Publicacións en xornais: entrevistas

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 5. Publicacións en xornais: entrevistas



Alonso Villar, Beatriz, “Érase unha vez Paula, érase unha vez Bea”, *O Norte*, nº 58, do 29 de marzo ó 5 de abril 1997, p. 26.

Primeiramente sinálase o empeño da Biblioteca Nova 33 de espertar nos máis novos a curiosidade por relatos “que non estean protagonizados por ninjas asasinados, monstros do espacio ou tartarugas mutantes” a través dun taller contacontos. A continuación as “contacontos” Paula Carballeira e Beatriz Prado, responden preguntas relativas á non profesionalidade dos contacontos en Galicia e ás diferencias entre contarlles contos ós rapaces e ós adultos.



Doral, Alba, “Estou moi contento de ser un grelo”, *El Progreso*, “Gente”,
5 xaneiro 1997, pp. 8-9.

O debuxante Miguelanxo Prado fala das dificultades do mundo do cómic e do feito de que unha nova fornada de autores de Barcelona, Madrid e Valencia “dinamitou a idea tan pechada da localización dos centros de produción”. Reivindica ademais a existencia de problemas para publicar en galego e refírese á diferenza que comporta debuxar para o público infantil e para os adultos. Comenta ademais algúns aspectos temáticos do seu libro *Stratos*, así como a importancia do pasado sobre o individuo nas súas obras.



Franco, Xisela, “El de los niños es un mundo muy rico que hay que respetar”,
Faro de Vigo, 24 xullo 1997, p. 38.

Antonio García Teijeiro, comenta a súa satisfacción por ser finalista do Premio de Literatura Internacional Pier Paolo Vergerio e por ser proposto para a “lista de honra” da Asociación Internacional do Libro Infantil, pola súa obra *Na fogueira dos versos*, gañadora do Premio Merlín 1996. A continuación sinala de onde xorde a súa atención case exclusiva á literatura e poesía infantil, destacando que o mundo dos nenos é un mundo moi rico que hai que respectar. Di ademais que lle gustaría que un neno comentase o seu libro e que procura fuxir de didactismos e facer reflexionar.



García, Rodri, “Para min a literatura é inventar, non me gusta nada facer de cronista”, *La Voz de Galicia*, 31 maio 1997, p. 82.

Marilar Aleixandre, con ocasión da entrega de dous premios no mesmo día: o Manuel Murguía de narracións breves e o Rañolas de literatura infantil, manifesta a súa preferencia polo relato curto, xénero que comezou a cultivar “ós 18 anos”, se ben afirma que está a escribi-la súa primeira novela. Relaciona os dous textos premiados cunha tradición común de historias galegas.



_____, “Foi un reto meterme na pel dun rapaz de 17 anos”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 118, 3 xuño 1997, p. 6.

Con motivo da publicación de *¿Sobrevives?* (1996), Fina Casalderrey reflexiona sobre a súa obra. Afirmar que as súas historias van dirixidas a todo o público, “xa que teñen distintas lecturas”, aínda que os seus protagonistas sexan nenos e rapaces. Ademais, fala da influencia que pode telo seu traballo como mestra á hora de escribir para xente nova e destaca o seu interese pola ciencia-ficción e a fantasía.



Gil, Francisco J., “Me gusta arriesgar con los niños, no ponérselo tan fácil”, *Faro de Vigo*, 10 decembro 1997, p. 47.

Antonio García Teijeiro explica a súa vinculación á literatura infantil como algo lóxico polo contacto profesional que mantén cos nenos, as súa preferencia por un xénero tan minoritario como a poesía e a súa satisfacción pola acollida dun libro tan arriesgado como *Na fogueira dos versos* que foi premio Merlín 1996 e supoñía unha homenaxe ós grandes poetas compartida cos lectores. Respecto a *Ladrándolle á lúa* (1997) di que é un poema en prosa no que pretende que os pequenos pensen e participen nos sentimentos que pretende transmitirles.



Iglesias, Lidia, “Acheга-la poesía a todo o mundo é para min unha loita moi persoal”/“Acheга-la poesía a todo o mundo é para min unha loita persoal”, *El Correo Gallego/El Correo Gallego*, 2 agosto 1997, p. 33/p. 15.

Introdúcese a entrevista subliñando o compromiso de Antonio García Teijeiro de achega-la literatura infantil a todo mundo e aludindo ós premios que leva conseguido con *Na fogueira dos versos*. Explica que o libro é unha homenaxe da poesía á poesía e ós poetas que escribiron antes e que a obra traspasa idades. Considera gratificante escribir para nenos, afirma concibi-la poesía como un xeito de vida e fala da posibilidade de fomenta-lo gusto pola poesía entre os nenos. Sobre a dedicatoria do Día das Letras Galegas de 1998 a Mendingho, Martín Codax e Johan de Cangas, pensa que é importante para a cultura poética dun pobo. Refírese, finalmente, ó bo momento que vive a literatura galega e amosa a súa satisfacción pola obtención do Premio Merlín e por chegar á final do Paolo Vergiero.



Moreno, M., “Marilar Aleixandre: relatos de trasnos e muíños”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 161, 29 maio 1997, p. 8.

Marilar Aleixandre refírese á mestizaxe en *Desaforados muños*, explica que xogou “cos desaforados xigantes e cos muños” e fala da coincidencia de recibir en tres horas os premios Rañolas e Manuel Murguía, considerando que “pode ser un toque de atención para aqueles que pensan que a literatura infantil é unha literatura menor”. Sobre a pregunta de se é máis difícil escribir para nenos ou para adultos manifesta que o relato pide o rexistro e a respecto dos premios considera que son gratificantes. Aínda que pensa que hai que apoiar á xente nova, cre que é inxusto dicir que os premios teñen que ser para eles. No tocante á existencia de menos mulleres prosistas que poetisas xustifícao opinando que “o traballo de concentración sostida” que require unha novela, resulta máis difícil para a muller, dada a situación social. Finalmente non acepta que haxa un xeito de facer literatura feminino e outro masculino e no que ten que ver coa polémica entre dúas xeracións de escritores coida que o escritor debe ser respectado pola súa obra.



Olarte, Miguel, “Paco Martín: Sei que son o mellor xogador de mus de todo o mundo”, *El Progreso*, 26 outubro 1997, p. 73.

O escritor lucense Paco Martín fala da súa obra *Das cousas de Ramón Lamote* (1985), coa que gañou o premio Nacional de Literatura Infantil e da boa recepción que ten o libro traducido a outras linguas. Alén disto trata da rendibilidade dos premios literarios, coa experiencia que lle dá ter gañado o Barco de Vapor e o Nacional de Literatura Infantil.



Parada, Mónica, “Fina Casalderrey: Os premios son como aloumiños no camiño que sentan ben”, *Diario de Pontevedra*, 24 agosto 1997, p. 6.

Resposta Fina Casalderrey a preguntas sobre os premios literarios, as mudanzas que estes provocan nos gañadores, nos proxectos nos que está a traballar neste momento e nos do futuro. Finalmente recolle a súa valoración acerca da literatura galega actual, que considera moi exitosa, da literatura infantil, e sobre a relación dos nenos cos libros.



R. P., Silvia, “O títere é a nada”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 24 outubro 1997, p. 8.

Entrevista con Pablo Xiráldez, Miguel Borines e Eduardo Rodríguez, compoñentes de Tanxarina, que veñen de participar no Festival Internacional de Títeres de El Salvador. Contan que a súa experiencia foi positiva no país centroamericano, refírense á competitividade cando saen as subvencións do IGAEM e recoñecen que eles están accedendo a axudas para producir e saír fóra. Cren que as subvencións véñenlles avaladas polo seu traballo e recoñecen que no tema das subvencións sae mellor parado o teatro de actor aínda que o dos títeres sexa un labor dobre. Explican tamén o novo elenco de bonecos que preparan para *Contaloucos*, composto por dous contos de Terry Jones e outro de Umberto Eco. Confesan, así mesmo, que para viviren dos títeres teñen que saír fóra de Galicia. No tocante á idea de faceren unha escola expresan que primeiro hai que facer “currículum” e apuntan que en Galicia estase a facer camiño para non considera-los títeres só cara ós nenos. Finalmente non sosteñen a idea da existencia dun títere galego e definen o títere como a nada a que eles lle dan vida.



San Martín Seoane, Xabier, “Miguelanxo Prado debuxa para o 2.000”/“Habría que darle unos cómics al alcalde”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Veinte voces en Santiago ante el dos mil”, 4 maio 1997, pp. 10-11.

Revísanse os novos proxectos de Miguelanxo Prado (a serie de debuxos animados que está a preparar, a súa participación na Semana do Cómic de Barcelona), as perspectivas da banda deseñada perante o Xacobeo 99 e a posición desta arte dentro dos fastos do V Centenario da Universidade de Santiago. Examínase a repercusión e a imaxe social do debuxante así como a situación actual da banda galega. Así mesmo pásase revista ás relacións que Prado ve entre a banda e o cinema e entre el propio e a 9ª arte. Révelase a crenza do debuxante na idea da Europa cultural. Complétase con recordos da nenez do entrevistado.



VII.4.6. Pub. en xornais: notas, present. e escritos

VII. A literatura infantil e xuvenil galega

VII. 4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII. 4. 6. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. C. M., “Mucha literatura infantil para el invierno”, *El Mundo*, 7 decembro 1997, p. 5.

Fai referencia ás publicacións que se sacan de cara ó mercado do Nadal de 1997, centrándose no caso galego. Repasa a produción de Sotelo Blanco, que editou tres novos títulos na súa colección infantil: *Podesvir*, de Fina Casalderrey, *Ladrándolle á lúa*, de Antonio García Teijeiro e *Paco Peco Pequeneiro e o lagarteiro miope*, de Xelís de Toro.



A. E., “Miguelanxo Prado recibe en Portugal unha mención de honra por ‘Tangencias’”, *O Correo Galego*, 11 novembro 1997, p. 36.

Dá conta da celebración do VIII Festival Internacional de Cómic de Amadora en Portugal no que participaron algúns dos máis sobresaíntes autores de historieta portuguesa e europea. Entre eles salienta o galego Miguelanxo Prado, que obtivo a mención honorífica polo seu álbum *Tangencias*; ademais sacou en portugués *Cartas de Lisboa*.



A. F., “Los niños de 5 y 6 años, objetivo de la campaña de animación a la lectura”, *Atlántico Diario*, 5 novembro 1997, p. 10.

Informa da campaña de animación á lectura para nenos e nenas que organiza a Concellería de Educación de Vigo e que este ano centra nas idades de 5 e 6 anos. Comenta que o obxectivo é potencia-lo hábito lector e apoia-los docentes nesta tarefa. Apunta que se distribuíron cen lotes de vintecatro libros entre os sesenta e cinco colexios públicos e privados, e que organizaron encontros coas persoas da terceira idade da residencia do Meixoeiro, visitas á sección infantil da Biblioteca Central e á Ludoteca do Instituto Municipal de Educación. Dá conta da actuación do grupo Caracola cun espectáculo de contacontos e do grupo de títeres Xacarandaina, que representará *A máquina de facer libros*.



A. I., “Campaña de Raxoi y Galaxia para donar libros a los centros educativos”,
El Correo Gallego, 28 maio 1997, p. 7.

Informa da presentación do programa “Letras galegas 97. Dotación bibliográfica para centros educativos”, a cargo da Concelleira de Educación Mar Bernal e de Pedro Blanco e Jaime Nogueira da Editorial Galaxia. Recolle as declaracións de Mar Bernal quen sinalou que o concello de Santiago distribuirá este ano catro obras de Ánxel Fole. Os representantes de Galaxia informaron da sinatura dun convenio co concello para donar libros ós colexios da cidade coa intención de dinamizar lectores no mundo do ensino.



_____, “Teatro infantil y chocolate con bizcochos en el Ultramarinos”, *El Correo Gallego*, 27 decembro 1997, p. 8.

Breve comentario sobre a representación da obra *Des-contos* que leva o subtítulo de *Un espectáculo para nenos politicamente incorrectos*, protagonizado por Fefa Noia, Esteban Yáñez e Marián Tuñón no pub Ultramarinos de Santiago. Considérase o primeiro experimento, en Compostela, de cafe-teatro para nenos. A peza está baseada nunha selección de textos entresacada dos libros *Manolito Gafotas*, *As ratas*, *Matilda* e *Contos en verso para nenos perversos*.



A. L., “Somos Lenda Viva”, vellos contos para nenos novos”/“Somos Lenda Viva” recupera cento corenta relatos da nosa cultura”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 14 abril 1997, p. 15/p. 10.

Anúnciase a publicación de *Somos lenda viva* (1996), do que son autores Xosé L. Rivas Cruz e Baldomero Iglesias Dobarro que se encargaron de recuperar vellas historias que presentan neste libro dirixido ós nenos. Segundo os autores estas lendas son “indicios da nosa nación, da nosa esencia”.



A. R./E. R., “Programa docente de ilustración editorial de libros”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los 4 costados”, 7 outubro 1997, p. 10.

Informa sobre un curso de ilustración editorial de libros que organiza por primeira vez en Galicia a Asociación Artística Irmaslexos. Salienta que entre as persoas que impartirán o curso se atópase Manolo Uhlá.



Acuña, Xoán, “Edgar Allan Poe e Jack London reviven en galego”, *Atlántico Diario*, 20 xullo 1997, p. 69.

Lémbra a Jack London e Edgar Allan Poe, expoñendo as diferencias e semellanzas entre ambos autores norteamericanos. Evoca a Poe representando as tebras en base a unha biografía obsesivamente necrofílica e asulagada na loucura e as drogas, que remata ós corenta anos de “deliriums tremens” e tamén pola obra que será base de xéneros como o policíaco, o terror gótico e o fantástico ou a ciencia-ficción. Afirmar que Jack London sería a luz, pero non tanto, pois se ben as súas obras xiran en torno á aventura e ó amor á natureza e a súa vida está chea de viaxes e experiencias positivas, arrastra unha gran contradicción que o levará ó suicidio cando está no cumio da fama e aparentemente feliz.



Agulla, Álvaro, “La exposición “Cómico e Anime” del Ateneo muestra más de 400 títulos”, *Diario de Pontevedra*, 8 agosto 1997, p. 16.

Informa sobre a celebración da exposición “Cómico e Anime” no Ateneo Santa Cecilia de Marín e inclúe o programa de actividades, como a proxección de películas, un campionato de videoxogos ou a mostra de ilustracións dos membros de “Cromlech/Xeración Z”. Recolle declaracións dos organizadores da exposición nas que manifestan que teñen como obxectivo demostrar que o cómic non é só para nenos, e falan de cómo comezaron a organiza-la mostra.



_____, “Fina Casalderrey firmará sus libros en Marín el próximo día 20”, *Diario de Pontevedra*, 10 decembro 1997, p. 16.

Logo de recolle-la nova da visita da escritora á librería Casalderrey de Marín para asinar exemplares dos seus libros, comenta o labor dinamizador levado a cabo por José Ruíz Guirado á fronte desta librería e a invitación que lle fai á autora para que acepte se-la presidenta do xurado do II Premio Manuel María de Poesía. Fai tamén mención dos premios recibidos pola escritora ó longo da súa traxectoria literaria.



C. V., “Presentación de la novela ¿Sobrevives? de Fina Casalderrey, *Diario de Pontevedra*, 10 xaneiro 1997, p. 10.

Anuncia a presentación da novela *¿Sobrevives?* (1996), de Fina Casalderrey no Salón de Actos de Caixa Galicia en Pontevedra e inclúe un breve comentario sobre a vida e a traxectoria literaria da autora ademais da sinopse da novela.



_____, “Fina Casalderrey, al Centro Cultural de España en La Habana”, *Diario de Pontevedra*, 4 abril 1997, p. 13.

Informa sobre a participación de Fina Casalderrey no “Festival La Huella de España”, invitada polo Centro Cultural de España en La Habana. Comenta que a autora pronunciou dúas conferencias tituladas “La literatura infantil y juvenil en Galicia. Éxito actual” e “Literatura y gastronomía y el Libro de la empanada”. A continuación fai un breve recorrido pola traxectoria literaria da escritora.



Calvo, Cristina R., “El Club “Os Meteoros” programa mañana una actividad infantil”, *El Ideal Gallego*, 2 abril 1997, p. 9.

Describe o acto que organiza o Club “Meteoros”, dirixido ós seus xoves socios, que consistirá nunha representación de *O poliño cósmico*, de Rodari e *O homiño vestido de gris*, de Fernando Alonso a cargo de Paula Carballeira. Achega a información necesaria para facerse socio do clube e fai un repaso das actividades de “Os Meteoros”.



_____, “Agustín Fernández Paz”: “La lectura nos ayuda a ser libres”, *El Ideal Gallego*, 27 abril 1997, p. 18.

Fai referencia á conferencia de Agustín Fernández Paz, na inauguración da librería Índice en Ferrol. Comenta que nela desenvolveu o tema “De libros e lectores”, falando da capacidade dos libros para dialogar, das utilidades da lectura e da función das librerías “de espallar ideas e servir de lugar de encontro gozoso entre as persoas e os libros”.



Casanova, J., “La feria del libro infantil de Chantada reúne 70 editoriales”,
La Voz de Galicia, 22 maio 1997, p. 83.

Informa da celebración da cuarta edición da Feira do Libro Infantil de Chantada. Comenta que nesta ocasión, tamén se fará entrega dos premios Rañolas á escritora Marilar Aleixandre e ó ilustrador Manuel Uhía. Para rematar, cita algúns dos participantes na Feira como Antón Cortizas, Gloria Sánchez, Xerardo Méndez ou Carlos Vila Sexto, entre outros; a presentación de “Costa Oeste”, a nova colección de literatura xuvenil da editorial Galaxia ou a celebración de actividades de animación para o público infantil e xuvenil.



Chuvieco, Quique, “Marilar Aleixandre: Existen escritores notables de literatura infantil en Galicia”, *El Ideal Gallego*, 17 xaneiro 1997.

Comenta a presentación da obra *O trasno de Alqueidón* (1996) na biblioteca infantil Nova 33 coa presenza da autora, o ilustrador Miguelanxo Prado, o escritor Xabier P. Docampo e o estudioso Xosé Victorio Nogueira. Recolle declaracións de Marilar Aleixandre respecto á literatura infantil e o momento que esta atravesaba en Galicia, así como unha breve nota biobibliográfica da escritora.



D. P., “Fina Casalderrey Fraga presentó su nuevo libro ‘¿Sobrevives?’”, *Diario de Pontevedra*, 11 xaneiro 1997, p. 11.

Dá conta do acto de presentación da novela *¿Sobrevives?* (1996) na cidade de Pontevedra onde ademais da autora do libro participou Manuel Bragado, da editorial Xerais, e Xosé Victorio Nogueira de Caixa Galicia. Lembra tamén que días antes a escritora conseguiu o premio “Cidade de Pontevedra” pola súa obra literaria. Así mesmo hai un resumo do contido do novela ó final do artigo.



_____, “El ATP celebrará el “Día Internacional del Libro Infantil”, *Diario de Pontevedra*, 28 marzo 1997, p. 8.

Informa dos actos promovidos pola Aula de Teatro Universitario de Pontevedra para celebra-lo “Día Internacional del Libro Infantil y Juvenil”. Dá conta de que nesta edición terá lugar unha sesión de “contacontos” de relatos populares italianos, compilados por Italo Clavino. Tamén informa das datas de celebración e da celebración da Segunda Mostra Internacional de Teatro Universitario.



_____, “El Ateneo Santa Cecilia prepara la “Exposición do Cómic e Anime”,
Diario de Pontevedra, 25 xullo 1997, p. 16.

Informa da celebración da “Exposición do Cómic e Anime” que terá lugar no Ateneo Santa Cecilia de Marín e detalla as catro partes das que consta: a “Biblioteca do Cómic”, coa posta á disposición do público das novidades no xénero; unha exposición de ilustracións de autores locais, a emisión de películas relacionadas co cómic e un campionato de videoxogos. Indica tamén as entidades colaboradoras en cada unha destas actividades.



_____, “Comienza hoy en el Ateneo Santa Cecilia la exposición sobre el cómic”,
Diario de Pontevedra, 7 agosto 1997, p. 15.

Anuncia a apertura da exposición “Cómic e Anime 97” no Ateneo Santa Cecilia, en Marín. Recóllese información sobre as películas que se emitirán, os horarios da exposición, os debuxantes noveis que participaban na mostra e o torneo de videoxogos que se levará a cabo no transcurso desta exposición anual.



_____, “Continúa el éxito de la exposición “Cómic e Anime”, *Diario de Pontevedra*, 13 agosto 1997, p. 14.

Informa dos actos que se desenvolven no ámbito da exposición “Cómic e Anime 97”, que ten lugar no marinense Ateneo Santa Cecilia. Inclúe os horarios da exposición e da emisión de películas, das que se detallan algúns datos, e as desculpas da organización polo aprazamento da proxección dunha delas.



_____, “Continúan en el Ateneo las “Xornadas de Literatura Infantil”, *Diario de Pontevedra*, 21 novembro 1997, p. 18.

Infórmase brevemente das II^{as} Xornadas de Literatura Infantil organizadas polo Ateneo Santa Cecilia de Marín e nas que colaboran Pavís-Pavós Contacontos, Edicións Xerais e Xunta de Galicia.



_____, “El Ateneo Santa Cecilia inicia mañana las *II^{as} Xornadas de Literatura Infantil*”, *Diario de Pontevedra*, 22 novembro 1997, p. 13.

Comenta a programación destas *II^{as} Xornadas* nas que se conta coa actuación de Pavís-Pavós Contacontos coa posta en escena de *Contos clásicos en versión de Italo Calvino* e *Contos clásicos e libros máxicos*, o encontro co ilustrador Francisco Bueno e a presentación do libro *Iria e a lúa*, de Oli. Dáse conta de que ó longo destas Xornadas poderán consultarse e disfrutar dos contidos das Maletas Viaxeiras e a exposición “Galicia Solidariedade” de GÁLIX.



Dourado, L., “Fina Casalderrey impartirá una charla el martes en la biblioteca de Rianxo”, *El Correo Gallego*, 13 abril 1997, p. 20.

Refírese á escritora Fina Casalderrey e ós seus premios con ocasión da charla coloquio que impartiu na biblioteca de Rianxo. Dise que o acto contou co apoio da Xunta de Galicia dentro do programa que vén desenvolvendo baixo o lema “coñece ós teus escritores”.



_____, “El próximo martes se iniciará el programa “Tren Caixa-Galicia” de Rianxo”, *El Correo Gallego*, 30 abril 1997, p. 20.

Anuncia a posta en marcha da novena edición do programa *Tren Caixa Galicia*. Indica a participación, ademais de Caixa Galicia e da Biblioteca Nova 33, da Consellería de Educación e de Renfe. O programa desenvolverase durante todo o mes de maio e a primeira quincena de xuño e constará de dezaseis viaxes de cen nenos cada un.



_____, “Más de 1.600 conocieron Arousa con el ‘Tren Caixa Galicia”, *El Correo Gallego*, 13 xuño 1997, p. 28.

Informa do remate do programa denominado *Tren Caixa Galicia* consistente en que grupos de escolares viaxen en tren e coñezan a zona da ría de Arousa. Dá conta da presentación dos contos *O habanero*, de Xabier P. Docampo e *Marmelada de amoras*, de Ana Romaní.



E. C., “Marilar Aleixandre recrea o universo fantástico galego”, *O Correo Galego*, 18 xaneiro 1997, p. 35.

Comenta a presentación de *O trasno de Alqueidón* (1996), de Marilar Aleixandre en Santiago. Destaca a fantasía da obra e recolle as palabras de Xabier Docampo ó respecto, relacionando á autora co universo cunqueirán, con Lewis Carroll e coa liña da tradición popular galega.



_____, “A revista ‘El Extramundi’ cumpre dous anos de vida”/“El Extramundi’ cumpre dous anos”, *O Correo Gallego/El Correo Gallego*, 18 xaneiro 1997, p. 34/p. 15.

Dá conta do contido do número 8 da revista *El Extramundi* no que se inclúe o “Brinquedo para títeres”, *A Greta chirimbotas*, de Euloxio Ruibal.



E. P., “La literatura infantil gallega mostrará en Bolonia su “gran nivel”, *El Correo Gallego*, 10 abril 1997, p. 13.

Sínálase que os últimos grandes éxitos da literatura infantil galega serán “a gran baza” na Feira Internacional do Libro para Nenos en Bolonia. Destácase a presenza dun stand galego da Consellería de Cultura, organismo que colabora ademais coa Asociación Galega de Editores. Infórmase de que no stand galego haberá mascotas creadas a partir de debuxos de Xan López Domínguez. Destácase que se pretende amosa-lo “altísimo nivel creativo” acadado en Galicia e lémbrese que serán doce os editores galegos que presentes e que terán como garantía das súas ofertas os dous últimos premios nacionais de literatura infantil e xuvenil.



_____, “Fina Casalderrey muestra su temor por la posible desaparición de los libros”, *El Correo Gallego*, 1 xuño 1997, p. 14.

Refírese ó acto de inauguración da XIII Feira do Libro de Ourense no que foi pregoeira Fina Casalderrey. Lémbrense as palabras da autora quen comentou, entre outras cousas, “o seu temor pola desaparición do libro”. Menciónanse a continuación os participantes neste acto, entre os que se encontraban o alcalde de Ourense, Manuel Cabezas e a Presidenta da Asociación Provincial de Libreros, Pilar Rodríguez.



Estévez, A., “Os debuxos de Max e Xaquín Marín protagonizan as Xornadas de Banda Deseñada de Ourense”, *A Nosa Terra*, nº 798, 2 outubro 1997, p. 21.

Dá conta da celebración das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, onde segundo di, van participar primeiras figuras da “novenia arte”, entre eles o galego Xaquín Marín, coa exposición “25 anos máis un”. Ademais informa do acto de entrega dos premios de “Ourense de Banda Deseñada” a Fernando Ruibal e a Suso Iglesias, director do programa “Xabarín Club”. Tamén ofrece información sobre as conferencias, exposicións, proxeccións de películas e outros actos que se van celebrar no decurso destas xornadas.



Fernández, Lois, “Fin de singladura”, *La Voz de Galicia*, 11 xuño 1997, p. 56.

Informa do remate das singraduras do Tren Caixa Galicia e da presentación de dous contos, un de Xabier P. Docampo e outro de Ana Romaní, relacionados con estas viaxes infantís. Os contos deste volume levan por título *O habanero* e *Marmelada de amoras*.





VII.4. Ensaio. Teoría Xeral e Crítica

VII.4.6. Pub. en xornais: notas, present. e escritos

_____, “La ciudad de las letras”, *La Voz de Galicia*, “El espejo”, 28 outubro 1997, p. 52.

Infórmase da próxima presentación de *As porcas porquiñas*, de Xosé Antonio Neira Cruz e da posta en marcha dun novo ciclo de representacións de *Unha rosa é unha rosa*.



Figueroa, Afonso, “As aventuras de Sherlock Holmes”, *Redacción Xove*, nº 7, outubro 1997, p. 11.

Salienta a “lóxica impecable” e a “grande agudeza psicolóxica do protagonista” en *As aventuras de Sherlock Holmes* (1995). Comenta ademais que a novela vai dirixida ós amantes da intriga e o suspense e cualifica a traducción de “excelente”.



Foces, Ujué, “Os nenos non son “parvos”, *Faro de Vigo*, 22 maio 1997, p. 11.

Infórmase da visita de Fina Casalderrey ó colexio vigués Escultor Acuña. Coméntase que neste encontro cos rapaces a escritora manifestou escribir cando algo a conmove ou cando cre que algún tema pode conmove-lo lector, e que o seu segredo particular é meterse na pel dos seus personaxes e intentar transmiti-la súa sensibilidade. Saliéntase ademais que intentou convencerlos nenos de que ela é unha persoa normal que ten a habilidade de contar historias, para desmitificar e achega-la figura do escritor. Tamén puxo de relevo que “escribir para nenos non é escribir para parvos”.



_____, “La única biblioteca municipal infantil de Vigo está cerrada por diferencias con la Xunta”, *Faro de Vigo*, 20 outubro 1997, p. 4.

Denúnciase a falta de biblioteca infantil que sofre Vigo, por diferencias coa Xunta de Galicia para contrata-lo persoal necesario. Estes atrancos impiden a apertura ó público da Biblioteca Central.



García, Rodri, “Caperucita cumple 300 años”, *La Voz de Galicia*, 25 abril 1997, p. 80.

Dá noticia da exposición que a Diputación Provincial de Almería realizou co motivo do tricentenario de *Carapuchiña Vermella*. Sinala que a exposición constitúe unha recompilación de edicións antigas entre as que figuran as diferentes versións que se fixeron en galego. Cita, entre outras, a traducción realizada do francés ó galego da man de Valentín Arias coa que naceu *Carapuchiña Vermella* en galego.



Gaspar, Silvia, “Imaxinación ó poder”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 8 xaneiro 1997, p. 6.

Reflexión na que defende que toda literatura é produto da imaxinación, non só a fantástica fronte á realista senón tódolos xéneros. Aconsella acerca dos pasos a dar na creación da obra: decidir qué tipo de produto se quere para poder busca-los materiais e a continuación poñer mans á obra “a folla de papel transfórmase nunha praia chea de area coa que facer, refacer, corrixir e ampliar castelos. Mesmo podemos edificar varios deles e facelos comunicar por túneles polos que pasan personaxes, anécdotas e miles de aventuras”.



_____, “¿Para qué serve un diario?”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”,
22 xaneiro 1997, p. 6.

Reflexiona sobre o lugar que ocupan os diarios na literatura xuvenil de tódolos tempos. Establece unha diferenza entre o diario e as memorias e autobiografías, e aclara que “esa necesidade de contar cousas difíciles de vivir non só a teñen os adolescentes, senón tamén moitas persoas adultas”. Remata afirmando que tamén os libros de viaxes toman moitas veces forma de crónica diaria, o que nalgunha medida os emparenta.



_____, “A ciencia-ficción”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 26 maio 1997, p. 52.

Comeza cunha alusión ás orixes das novelas, contos e relatos de ficción científica e céntrase nas características deste tipo de obras. Na súa opinión, os libros de ciencia-ficción están ambientados nunha sociedade do futuro, “onde a vida das persoas é distinta por mor da cantidade de inventos descoñecidos para o lector”. Así mesmo, afirma que, nestas obras, todos estes avances técnicos convértese no “atranco fundamental e mesmo nun serio perigo para os seres humanos pensantes”. Remata cun listado de obras representativas do xénero dentro da literatura galega: *As flores radiactivas* (1990), de Agustín Fernández Paz, *Mutacións xenéticas* (1991), de Fina Casalderrey ou *Perigo vexetal* (1995), de Ramón Caride Ogando, entre outras.



_____, “Un ano de fábula”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la escuela”, 9 xuño 1997, p. 34.

Realiza unha valoración positiva das novidades editoriais de literatura infantil na fin de milenio e do material didáctico publicado durante o curso 1996-97. Destácase a aparición das novas coleccións “Docexvintedous”, “Fóra de Xogo”, “Costa Oeste”, “Bambán”, “O ciclo da vida”, “Pega e colorea”, “Historia Universal”, “A nosa natureza” ou “O meu primeiro libro en inglés”. Lembra tamén o recoñecemento que tiveron Marilar Aleixandre (premiada en Chantada e en Arteixo), o ilustrador Manuel Uhía (Chantada), ou Fina Casalderrey (Premio Nacional de Literatura). Cita tamén os libros *O trasno de Alqueidón*, *A formiga coxa* e *Nogard*, de Marilar Aleixandre; *O misterio das fillas da lúa* e *¿Sobrevives?*, de Fina Casalderrey; *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro; *A raíña de Turnedó*, de Gloria Sánchez; *Bloque 12, 2º esquerda*, da portuguesa Alice Vieira; e *Babe, o porquiño valente*, de Dick King-Smith.



_____, “Pequenos praceres de verán”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 123, 8 xullo 1997, pp. 1-2.

Destácase a abundante oferta das editoriais galegas no que respecta á literatura infantil e xuvenil, así como a atención que distintas editoriais españolas e galegas prestan ós chamados *prelectores*, nenos que aínda non saben ler. Indica que este tipo de obras están encamiñadas á organización do pensamento.



_____, “Cita coas nosas letras”, *La Voz de Galicia*, “Os Libros Amigos”, “La Voz de la Escuela”, 13 outubro 1997, p. 6.

Silvia Gaspar repasa algúns dos temas que leva tratado arredor dos libros en relación ós seus lugares (librerías, bibliotecas e escolas) e usos (materiais de estudo ou información e diversión), para rematar centrándose na literatura e na variedade dos temas e xéneros que a fan inesgotable. A continuación expón aqueles aspectos dos que seguirá a falar nos próximos encontros cos receptores, dentro dunha intención de motivación lectora.



_____, “Un libro para cada idade”, *La Voz de Galicia*, “Os Libros Amigos”,
“La Voz de la Escuela”, 10 novembro 1997, p. 6.

Reflexión arredor da existencia dunha literatura infantil distinta dunha xuvenil e ámbalas dúas diferentes dunha de adultos; para facilita-lo debate vai apuntando unha serie de interrogantes como a división por idades, a función das obras literarias, a linguaxe e a temática. Acompañao dunha sección onde se dá información sobre como organizar unha biblioteca de aula.



González, Eva, “Los personajes de Fina Casalderrey conquistaron a pequeños lectores de Tomiño”, *Faro de Vigo*, “*Faro*”, 28 marzo 1997, p. VII.

Informa da visita de Fina Casalderrey ó colexio “Pedro Caselles Beltrán” de Tomiño. Comenta que este acto está incluído no programa de Animación á Lectura, coordinado por Rosa Fernández Sánchez. Recolle as declaracións desta coordinadora, da directora do colexio e da autora pontevedresa sobre o significado da literatura para ela.



González, Serxio, “El poder de la imaginación”, *La Voz de Galicia*, 4 novembro 1997, p.

Refírese ó comezo no Centro Xuvenil Don Bosco da oitava edición das xornadas de animación á lectura para escolares composteláns entre sete e doce anos. Sinálase que durante nove días terá abertas cinco salas que ofrecen a oportunidade de somerxerse noutros tantos mundos imaxinativos e que cun presuposto de a penas cen mil pesetas han de subsana-la falta de medios con creatividade e o traballo de cincuenta voluntarios. A intención que os move, nas súas palabras, é abri-las mentes dos pequenos ó máis tradicional e esquencido camiño á fantasía: o libro.



Graña, Bernardino, “Un mundo de ratos”, *El Correo Gallego*, “Relatos e debuxos do verán”, 29 agosto 1997, p. 12.

Reproducción dun fragmento do libro *Contos de ratos tolos*, publicado na colección “O Barco de Vapor” da editorial SM. Bernardino Graña amósano-la perfecta organización social e xerárquica dun grupo de ratos, entre os que non faltan poetas, princesas, reis, etc. O ilustrador é Xurxo Alonso.



J. C., “Chantada muestra el lenguaje universal de la literatura infantil”, *La Voz de Galicia*, 24 maio 1997, p. 75.

Informa con detalle das características dos libros infantís e xuvenís presentes na Feira do Libro de Chantada. Trátase, sobre todo, de traducións a numerosas linguas de obras escritas en galego, catalán, euskera e castelán.



J. M. R., “Entregados lotes de libros a los centros de enseñanza y ayuntamientos de la zona”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela: Neria”, 29 maio 1997, p. 21.

Breve apuntamento sobre a entrega de libros na zona do Vimianzo ou de autores de alí, ós centros educativos da comarca por parte da asociación Neria.



Jack, Ana T., “El periódico “Amencer” cumple quince años”, *La Voz de Galicia*, “La Voz de la Escuela”, 26 febreiro 1997, p. 2.

Infórmase desta revista realizada polo alumnado de 8º de EXB e 1º de ESO do Seminario Santa Catalina de Mondoñedo que cumpriu quince anos no mes de abril con ocasión da publicación do seu número 140 dedicado á figura de Ánxel Fole. Explica a composición do consello de redacción e as seccións da revista, deténdose na que considera máis importante de todas elas e que é a que reproduce textos inéditos de relevantes poetas galegos que na maioría dos casos son ex alumnos do propio seminario. Comenta que a tirada da revista é de 500 exemplares pero nalgún caso chegou ós 1.700; a distribución é gratuíta, pois está subvencionada pola publicidade, o concello e o propio seminario.



Liñares, M. V., “Antonio García Teijeiro asegura que la poesía es una forma de vida”, *El Correo Gallego*, 12 abril 1997, p. 9.

Dá conta da presentación en Santiago de *Na fogueira dos versos*, obra gañadora do Premio Merlín de Literatura Infantil na edición de 1996. Recolle as palabras laudatorias de Manolo Bragado, de Xosé Antonio Neira Cruz e do autor do libro. Recolle as declaracións de García Teijeiro nas que fala do seu achegamento á poesía “de xeito natural” e da súa concepción da mesma.



López-Ayllón, Laura, “Ser muller no cómic e non morrer no intento”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 145, 6 febreiro 1997, p. 3.

Unha exposición na Biblioteca Nacional sobre o cómic, no que se expón o libro *El cómic femenino en España*, de Juan Antonio Ramírez, leva á autora a reflexionar acerca de que o cómic amosou a evolución da muller española dende a posguerra ata a actualidade e que, ademais, serviu como “soporte perfecto para que a ideoloxía fascista difundise a súa idea de que a muller debe ser pasiva e submisa, e estar anulada no ámbito individual”. A seguir vai facendo unha análise detallada dos estilos imperantes e da súa evolución dende os anos cincuenta ata a actualidade, destacando os “contos de fadas”, as historias románticas en países exóticos ou aquelas nas que a muller comeza a entrar no mercado laboral. Salienta tamén a aparición da fotonovela, “que non logrou callar porque a foto é fría e capta a realidade de xeito natural”, e o momento en que a muller no cómic chegou a converterse nun “ser activo que reclamaba dereitos”, o que convivía coa tendencia do destape, “que perpetúa un tempo a “muller obxecto”. Finalmente, afirma que nos oitenta e hoxe os papeis están xa normalizados.



Losada, Óscar, “O Carrabouxo en debuxos animados”, *A Nosa Terra*, nº 764, “Guieiro Cultural”, 6 febreiro 1997, p. 21.

Ofrece información sobre o proxecto de leva-lo Carrabouxo, personaxe creado por Xosé Lois, ós debuxos animados. Sinala que o deseño correrá a cargo do Taller de Animación da Escola de Imaxe e Son, AnimaEis, dirixido por Lhosca Arias, quen afirma que precisaba dun personaxe popular “e que fose doado de animar para encetar a aprendizaxe”. O equipo que levará a cabo o proxecto consta de vinte persoas que proveñen do mundo do cómic. Anúncianse ademais outros proxectos de Arias e destácase a colaboración de Xosé Lois.



M. R., “Comienza en Moaña la VIIª Campaña de Animación a la Lectura”, *Diario de Pontevedra*, 25 maio 1997, p. 21.

Informa brevemente da celebración da VIIª Campaña de Animación á Lectura que tivo lugar no Centro Sociocultural Daniel Castelao de Moaña. Comenta que se trata dunha iniciativa organizada pola Biblioteca Municipal de Moaña que conta, entre outras actividades, coa escenificación dun conto baseado na obra de Eduardo Blanco-Amor da man do grupo de teatro KAOS.



Martul Tobío, Minia, “A exposición “100 anos de cómic” dende hoxe no Museo Arqueolóxico”, *La Región*, 20 xuño 1997, p. 20.

Reflexión sobre o cómic que comeza afirmando a dificultade das produccións estéticas nacentes para atopar recoñecemento “e aínda máis se as súas orixes son humildes”, o que relaciona coa loita que mantivo a novela para se asentarmos como xénero. Continúa dicindo que o postmodernismo axudou a situalo no lugar que lle corresponde, especialmente a partir dos anos sesenta, “co xurdimento dun conxunto de creadores que elevaron a calidade do cómic ata niveis de tal perfección que marcou un antes e un despois”. Remata indicando o papel fundamental que as bibliotecas poden xogar, pois estas están en contacto cos intereses dos lectores dunha comunidade e poden resultar de moita importancia para prestixialo xénero, adiantándose mesmo a outras institucións.



Miranda, Anisia, “O amigo de Xulián”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*,
“Relatos e debuxos do verán”, 14 agosto 1997, p. 45/p. 12.

Fragmento da obra *A primeira aventura* no que se conta a historia de Griliño, o membro máis novo dunha familia de grilos que viven na casa do señor Xulián. Nárrase o nacemento, primeiras aventuras e aprendizaxes deste grilo especial. As ilustracións corresponden a Jorge Peteiro.



Mouriño, Begoña, “O escritor Isidro Novo fala da súa obra no colexio de Antas de Ulla mañá”, *El Progreso*, 7 maio 1997, p. 22.

Infórmase brevemente da presenza do escritor lucense Isidro Novo na Biblioteca Pública de Antas de Ulla. Coméntase a súa participación nunha conferencia dirixida ós alumnos de quinto, sétimo e oitavo do Colexio Público da vila e, finalmente, anúncianse outras actividades nas que participan os alumnos do centro.



Ocaña, M., “Bala perdida”, *Redacción Xove*, nº 4, marzo 1997, p. 11.

Achéganos ó argumento de *Bala perdida* (1996), de Manuel Rivas, e alude á súa amenidade e linguaxe sinxela. Refírese, así mesmo á orixinalidade e abundancia de acción.



P. C., “Nova 33, unha biblioteca que potencia o galego e a creación literaria entre os nenos”, *A Nosa Terra*, nº 773, “Guieiro Cultural”, 10 abril 1997, p. 26.

Infórmase sobre as distintas actividades e talleres da Biblioteca Nova 33 da que é director Xosé Victorio Nogueira. Saliéntase que esta biblioteca, creada hai vintetres anos en Compostela, dá prioridade ós libros en galego e organiza o premio de Narracións Xuvenís “Rúa Nova” e que un dos fins da súa creación foi dar pulo á literatura infantil e conseguir que obtivese “o recoñecemento como xénero literario”.



P. G., “Los niños españoles son buenos lectores, al menos hasta que cumplen trece años”, *La Voz de Galicia*, 2 abril 1997, p. 6.

Con motivo do Día Internacional do Libro Infantil faise un chamemento para conciencia-la sociedade sobre a necesidade de que os rapaces lean máis. Informa dos actos organizados polo IBBY para celebrar este evento e recolle un extracto da mensaxe dirixida a tódolos nenos do mundo polo poeta esloveno Boris A. Novak.



Pablos, Fernando G., “Tempos de bonanza literaria”, *El Correo Gallego*,
“Per loca marítima”, 17 xaneiro 1997, p. 22.

Coméntase a aparición do libro *O segredo dos zapatos e outros contos* (1996), do mestre Fernando Cabeza Quiles. Sinálase que compoñen o volume catorce historias nas que se conxuga o folclore tradicional coa imaxinación nunha temática de territorios míticos e místicos, todas elas ambientadas nas terras de Bergantiños e da Costa da Morte.



Pallas, Beatriz, “Mensajes de papel”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 119, 10 xuño 1997, p. 4.

Analiza o mundo do fanzine en Galicia e comeza afirmando que se trata dun produto que ó principio tiña unhas técnicas de edición reducidas a “papel, pluma, en algunos casos máquinas de escribir, y fotocopias” aínda que agora conta xa con sistemas de edición máis complexos. Elabora a seguir un perfil do autor deste tipo de publicacións, considerando que é normalmente afeccionado e non ten aspiracións profesionais. Cita algúns títulos existentes actualmente en Galicia “especializados en diferentes sectores”, como *Alas de Papel*, de ensaio e creación literaria, *Bambán*, de temas musicais e culturais xerais, e *Nicaso*, *Nova Línea*, *Xénese*, *Andando correndo pola chaira* ou *Semanario corsario*, editados en diversas localidades. Indícase que do fanzine se tratará nun congreso que terá lugar en Ourense e que versará sobre os xeitos de comunicarse coa mocidade do 2000, e inclúense declaracións de Henrique Torreiro, organizador de Expofanzines, e de Benito Losada, director da Casa da Xuventude de Ourense, que reflexiona sobre os problemas deste tipo de publicacións, como a falta de medios económicos, a dificultade para a distribución e a súa periodicidade irregular.



Pousa, Luis, “Quando el príncipe es el Rey”, *El Ideal Gallego*, 16 xullo 1997, p. 37.

Cita obras clásicas de literatura infantil, tanto no que se refire á súa difusión coma as pegadas que deixaron nas distintas xeracións de rapaces que as leron. Entre outras sinala *A illa do tesouro*, de Robert L. Stevenson, *As aventuras de Tom Sawyer*, de Mark Twain e sobre todo *O principiño*, de Antoine de Saint-Exupery que, segundo informa, xa vai polo millón setecentos mil exemplares vendidos en España en castelán, sen ter en conta as vendas noutras linguas do Estado. Por outra parte, cita obras como *O señor dos aneis* e a serie de *Sherlock Holmes*.



Puñal, Belén, “Niños, ¡a leer divirtiéndose!”, *La Voz de Galicia*, 19 setembro 1997, p. 56.

Informa das actividades culturais e de animación á lectura desenvolvidas pola biblioteca infantil “Nova 33” de Santiago de Compostela. Salienta o número de títulos de literatura infantil e xuvenil, especialmente galega, incluídos nesta biblioteca e a diversidade de obradoiros dedicados a cubrir as horas extraescolares dos máis novos.



R. F., “Un disfraz de inxenio para camuflar á lectura”, *La Región*, 4 abril 1997, p. 18.

Presenta a campaña de dinamización e animación á lectura que se está a levar a cabo na sala infantil da Biblioteca Pública de Ourense. Recolle as declaracións dos directores, Araceli Gallego, Suso Díaz e Sabela Gago, que sinalan que o obxectivo inicial era “ofertar unha alternativa lúdica os sábados pola mañá”. Describen as actividades que realizan: lectura, taller de teatro, taller de plástica, etc. Consideran que esta campaña está sendo exitosa e manifestan o seu desexo de consolidación.



_____, “Ocio y diversión para motivar a la lectura”, *La Región*, 22 abril 1997,
p. 17.

Dá conta das actividades de “dinamización e animación á lectura” que teñen lugar na Biblioteca Pública de Ourense e que van dirixidas á infancia. Explicítanse os obxectivos destes actos e dáse a relación detallada dos mesmos.



_____, “¡Xesús, menudo cristo”, *La Región*, 2 outubro 1997, p. 14.

Refírese ó cómic *¡Xesús, menudo Cristo!*, que o debuxante ourensán Moxón vai presentar nas ^{as}IX xornadas de Banda Deseñada de Ourense. Recolle as palabras do autor nas que dá conta dos medios dos que dispuxo para construír esta historia, e do argumento.



_____, “Teremos ‘Xabarín’ ata o 2000, polo menos”, *La Región*, 3 outubro 1997, p. 17.

Recolle as declaracións do director do programa da Televisión de Galicia, Xabarín Club, Suso Iglesias ó coñecer que o seu programa gañou o Premio Ourense de Banda Deseñada. Realiza un breve resumo da historia deste proxecto, dos contidos e dos obxetivos, así como da creación da mascota por Miguelanxo Prado, e da idea do “porco” como animal máis identificativo da cultura galega. Para rematar, comenta a ledicia que lle causou gañar este galardón e informa que o programa vai continuar ata o ano 2000.



_____, “Un baño de creatividad”, *La Región*, 4 outubro 1997, p. 16.

Informa da inauguración das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, un acto que contou coa presenza de autoridades municipais e autonómicas que expresaron a súa admiración polo cómic. De seguido, segundo di, produciuse a entrega dos premios correspondentes ó ano 1997, que recaeron en Fernando Ruibal, como mellor autor afeccionado, e no programa Xabarán Club da Televisión de Galicia.



_____, “El celuloide y el papel bailan con el cómic”, *La Región*, 10 outubro 1997, p. 16.

Anuncia o desenvolvemento dun “Ciclo de Cinema” parello ás Xornadas de Banda Deseñada de Ourense no que se proxectarán películas cun argumento baseado no cómic. A continuación informa dunha conferencia sobre fanzine no Brasil, protagonizada polos editores brasileiros Bia Albernaz e Mauricio Peltier.



_____, “Vínculos de creatividade”, *La Región*, 12 outubro 1997, p. 16.

Informa da exposición de fanzines que ten lugar na cidade de Ourense no marco das Xornadas de Banda Deseñada. Alén disto dá conta da presentación da colección “Quadradinho” na que participaron os portugueses Rui Ricardo e Paulo Patricio.



_____, “¡Ata a próxima!”, *La Región*, 14 outubro 1997, p. 17.

Informa da clausura das IX^{as} Xornadas de Banda Deseña de Ourense, na que o seu director Benito Losada fixo un balance moi positivo da edición deste ano, incluso, cre que se aumentou o nivel en canto a calidade de exposición e participantes. Na parte final fai unha semblanza profesional de Xaquín Marín, onde se recollen, tamén, as palabras do debuxante ferrolán sobre o seu traballo.



_____, “Un grolo ... ¡de cómics!”, *La Región*, 8 outubro 1997, p. 13.

Informa sobre as IX^{as} Xornadas de Banda Deseñada de Ourense organizadas pola Casa da Xuventude con actividades entre as que destacan as exposicións de cómics en seis salas da cidade, proxeccións cinematográficas sobre o tema, encontros e coloquios. Céntrase logo na feira que se monta no primeiro andar da Casa da Xuventude, organizada pola Asociación de Libreiros de Ourense e dotada duns 600 exemplares, sendo a súa nota máis característica a variedade.



Rivas, Eduardo, “Traxecto final”, *Redacción Xove*, nº 4, marzo 1997, p. 11.

Fai referencia a *Traxecto final* (1996), de Manuel de Pedrolo, do que se di que, baixo os relatos detectivescos, se agocha unha preocupación polas tendencias totalitarias presentes nas sociedades máis dominadas pola sofisticación técnica así como unha advertencia sobre o sutil, pero implacable control que os diversos poderes exercen sobre os seus individuos.



Rodríguez, Salvador, “Uns contos de moita categoría”, *Faro de Vigo*, “Faro del ocio”, 26 decembro 1997, p. 4.

Con motivo da saída do prelo no 1997 das escolmas *Contos do Oeste*, *Contos do Rei Artur*, *Contos de detectives*, *Contos do rei Artur*, *Contos de Nova Iork*, *Contos de pintura* e *Contos do mar*, da man da editorial lucense TrisTram, faise un sucinto comentario sobre cada un deles, indicando quen prologou o libro, e quen é o autor de cada un dos contos.



Rodríguez, Víctor, “La fiesta gallega del ‘Cómico”, *El Mundo*, “Galicia”, 5 outubro 1997, p. 8.

Dá conta da celebración das “Xornadas de Banda Deseñada de Ourense”. Comeza resumindo a breve historia destas xornadas, para, de seguido, informar das diferentes exposicións que están a celebrar no marco destas xornadas: a de Xaquín Marín e a campaña “Somos Iguais, Somos Diferentes”, ademais dun ciclo de cine sobre esta temática. Informa dos gañadores dos premios que se conceden nestas Xornadas e destaca a ampla presenza de obras e autores de banda deseñada portuguesa.



Rodríguez Vicente, Ricardo, “El escritor García Teijeiro participa hoy en un encuentro literario en A Guarda”, *Faro de Vigo*, 15 maio 1997, p. 15.

Dá conta da participación do escritor Antonio García Teijeiro nun encontro literario con xoves lectores na Biblioteca de A Guarda dentro da XI Campaña de Fomento da Lectura organizada pola Consellería de Cultura. Cita algunhas das obras do escritor e salienta que mereceu o Premio Merlín 1996 por *Na fogueira dos versos*.



S. C., “As cores do vento”, *O Correo Galego*, 2 maio 1997, p. 53.

Anuncia a posta en marcha da exposición “As cores do vento” que recolle traballos de vinteito ilustradores que baixo a organización da Consellería de Cultura e Comunicación Social percorre trinta e dous concellos galegos. Reproduce as palabras do conselleiro, Xesús Pérez Varela, quen pon de relevo a importancia da ilustración na literatura infantil e xuvenil e considera que os ilustradores galegos están á altura dos escritores de literatura infantil. Recolle finalmente a lista de ilustradores e de concellos nos que se poderá ve-la exposición.



_____, “O ladrón do ar”, novo libro de Antón Cortizas”, *O Correo Galego*,
20 maio 1997, p. 40.

Saúda a publicación de *O ladrón de ar* (1996), de Antón Cortizas. Resume o argumento e destaca as descrições traballadas, a presenza da aventura e o particular humor que reflicte o autor. Menciona tamén a calidade dos debuxos de Xaquín Marín, ilustrador do relato.



_____, “Un millón de contos para os nenos”, *O Correo Galego*, 22 maio 1997,
p. 52.

Infórmase brevemente da celebración da campaña “Os máis novos”, promovida por Edicións S. M., e na que participarán máis de duasetas bibliotecas de dúas mil librerías de toda España. Coméntase que a campaña pretende fomenta-la lectura e que, a finais de ano, os nenos e nenas que participan van entregar asinados os seus libros favoritos para destinalos ás bibliotecas do Terceiro Mundo.



_____, “Ourense acollerá unha nova edición de ‘Expofanzines’”/“Ourense acollerá unha nova edición de ‘Expofanzines’ nas IX Xornadas de Banda Deseñada”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 10 xullo 1997, p. 46/p. 20.

Anuncia que a exposición de Expofanzines, no marco das Xornadas de Banda Deseñada de Ourense, realízase co obxectivo de dar a coñecer revistas de afeccionados e especialmente os produtos de Galicia.



_____, “Antonio García Teijeiro, finalista de literatura infantil ‘Pier Paolo Vergerio’”, *El Correo Gallego*, 23 xullo 1997, p. 18.

Informa de que *Na fogueira dos versos* (1996) alcanzou a final do prestixioso premio Paolo Vergerio. Cita os nomes que compuxeron o xurado e sinala tamén que o libro foi proposto para a lista de honra do IBBY por parte da Organización Española de Amigos do Libro Infantil.



_____, “Os rapaces galegos escriben a súa propia historia en soporte CD-Rom”, *O Correo Galego*, 16 setembro 1997, p. 33.

Anuncia a publicación de *O traxe novo do emperador* e o taller de contos en CD-Rom editado por Anaya na súa colección Cuentos Clásicos Interactivos. Destaca as posibilidades de traballo como ferramenta de ensino e explica polo miúdo o carácter interactivo do libro, publicado ademais en castelán, inglés, castelán e euskera.



_____, “Un cometa promoverá a lectura de libros en galego durante este Nadal”,
O Correo Galego, 24 decembro 1997, p. 32.

Refírese á presentación da campaña “Nadal en galego”, que ten como obxectivo potencia-la lectura de libros en lingua galega. Informa de que esta iniciativa é froito da colaboración da Consellería de Educación e a Federación de Libreiros de Galicia, que para a estimulación da lectura en galego reparte entre os compradores de libros en galego bolsas, tarxetas, carteis, e o caderno de pasatempos elaborado por Paco Martín.



S. L., “Libros que acercan océanos”, *La Voz de Galicia*, 18 marzo 1997, p. 56.

Coméntase a iniciativa por parte do Club Nova 33 de organizar unha exposición temática con motivo do Día Mundial do Mar. Segundo o director da biblioteca do club, José Vitorio Nogueira, a finalidade destas mostras que se veñen repetindo dende anos atrás, é saca-los libros da estantería para “achegalos á xente” e propiciar así o seu uso. A continuación anúncianse as próximas exposicións temáticas.



Salgado, Joana, “El club de los poetas jóvenes, en el baixo Miño”, *Faro de Vigo*, 26 decembro 1997, p. 5.

Informa da celebración do concurso ‘Poesía na escola’ levado a cabo pola Asociación de Amigos da Poesía’, entre rapaces de colexios de Tui, Tomiño, A Guarda e Oia. Apunta tamén os nomes dos rapaces gañadores deste certame poético e fala da entrega de premios que consiste nun lote de libros.



Salgueiro, J. B., “Las bibliotecas gallegas promoverán el gusto por la lectura entre los jóvenes”, *Faro de Vigo*, 3 abril 1997, p. 45.

Informa da campaña de fomento da lectura entre os máis novos posta en marcha pola Consellería de Cultura e na que participan dous centenares de bibliotecas públicas galegas. A campaña “Un libro, un amigo” conta coa colaboración de 30 escritores galegos, 7 ilustradores e 3 tradutores. Refírese ademais á Feira Internacional do Libro para Nenos que se celebrará en Bolonia na que participan editores galegos. Destaca que Cultura promoverá esta presenza noutras importantes feiras e sinala o bo momento que atravesa a literatura infantil galega.



Soto, Roque, “Los héroes del cómic vuelan en Ourense”, *Faro de Vigo*,
“*El Sábado*”, nº 3, 22 febreiro 1997, p. 6.

Céntrase na actividade referente ó mundo do cómic na cidade de Ourense, que exemplifica coa do colectivo Phanzynex, organizadores das Xornadas de Banda Deseñada ou dos Expofanzines. Analízase o cambio producido no cómic na actualidade, despois de pasa-los seus mellores momentos nos anos 70 e 80 e detállanse as actividades de Phanzynex, que elabora “un catálogo con cada exposición”, editan “O Fanzine das Xornadas” e contan cunha fanzinoteca, ademais de levar a cabo un programa de radio e elaborar debates.



_____, “Nuestros héroes no se cansan nunca”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 26, 4 outubro 1997, p. 7.

Fai unha descrición pormenorizada do programa de actos, conferencias, películas, exposicións, presentacións, etc. que se celebran no marco das “Xornadas de Banda Deseñada de Ourense”. Asemade realiza un breve comentario da obra artística de Hal Foster, debuxante que está a ser homenaxeado no mesmo evento.



Suárez, Eva, “*A maleta viaxeira* acercará los libros a los niños de Negreira”,
La Voz de Galicia, 5 novembro 1997, p. 55.

Comenta o programa levado a cabo polo departamento de Servicios Sociais do concello de Negreira, baixo o patrocinio da Consellería de Cultura, co fin de potencia-lo servicio de Biblioteca para aqueles nenos que por vivir máis lonxe da vila teñen menos posibilidades de utiliza-la Biblioteca Municipal.



_____, “A *maleta viaxeira* aporta libros a las parroquias de Negreira”, *La Voz de Galicia*, 29 novembro 1997, p. 46.

Infórmase que Negreira conta con tres maletas viaxeiras cedidas pola Consellería de Cultura, cada unha delas co cen libros de literatura infantil e xuvenil que se distribúen polas aldeas co dobre obxectivo de desenvolver-lo gusto pola lectura e aumenta-lo costume de acudir ós locais sociais das parroquias.



Ventoso, Luís, “Un gallego en la corte de Spielberg”, *La Voz de Galicia*,
26 setembro 1997, p. 88.

Refírese ó traballo realizado polo debuxante galego Miguelanxo Prado nos Estados Unidos para converter-la película *Men in Black* en debuxos animados. Asemade recolle algunhas declaracións de Prado sobre o desenvolvemento deste traballo, de cómo o contrataron e da importancia de ter traballado con Spielberg.





VIII.1. Recopilacións, monografías e libros colectivos

VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 1. Recopilacións, monografías e libros colectivos



Recopilacións, monografías e libros colectivos



Boullosa, Palmira G. (comp.), *Cando o rei por aquí pasou. Libro do folclore infantil galego*, ilustr. Palmira G. Boullosa, Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Gran Merlín, decembro 1997, 161 pp. (ISBN: 84-8302-187-0).

Volume precedido dun limiar de Palmira G. Boullosa (Vigo, 1941) no que expón que o obxectivo desta publicación é axudar á “recuperación da poesía popular infantil galega”, recoñecendo nesta produción folclórica “un modo literario esencial na vida dos nenos e nenas”. A seguir estrutúrase a recolleita deste material de lírica infantil en nove apartados nos que se inclúen arrollos, fórmulas de xogo, adiviñas, fórmulas para botar a sortes ou saber quen panda, trabalinguas, cantigas da roda, mentiras, maíos e formuliñas para falar cos animais.



Collazo Amado, Perfecto, *Contos e conversas da nosa terra*, A Coruña: Edición do autor, abril 1997, 322 pp. (ISBN: 84-605-6203-4).

Perfecto Collazo Amado reúne neste volume un conxunto de vinteseis historias tituladas das que foi protagonista ou que coñeceu por terceiros ó longo da súa estadía como mestre en distintas aldeas galegas. Trátase de pequenos relatos, anécdotas ou conversas protagonizadas polos habitantes da Galicia rural: campesiños, xornaleiros, feirantes, labregos, etc. As historias reflicten a pobreza das aldeas galegas, aluden ós traballos do campo, ás festas, romarías e procesións típicas. Ademais, inclúense descrições detalladas dos labores do campo: a sega do millo, o coidado dos animais, a colleita das patacas; así como das comidas das aldeas galegas nos anos de miseria, posteriores á guerra civil española. Alude, finalmente, ás experiencias docentes dalgúns mestres que desempeñaron o seu labor en diferentes aldeas galegas, caracterizadas, na maioría dos casos, polo absentismo escolar, debido ó traballo dos nenos e nenas no campo.



Díaz Fidalgo, Eduardo, *Aconteceu en ningures*, limiar de Víctor Campio Pereira, Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1997, 91 pp. (ISBN: 84-87575-48-X).

O libro ábrese cun limiar de Víctor Campio Pereiro no que fai unha breve reflexión sobre o conto como forma da literatura oral e sobre Eduardo Fidalgo e o seu libro, do que destaca a súa temática popular e a espontaneidade da súa linguaxe. O libro contén once contos inspirados no cerne das nosas lendas e tradicións nun intento de provoca-lo sorriso ó lector. “O crego impostor” trata sobre a impostura dun crego. O tema das crenzas en esqueletos, bruxas e conxuros aparece en “O camiño da escola” e “A feiticeira”. “Peripecias de estudantes” é un relato sobre as cousas que discorren dous estudantes. En “O teixugo no burato”, un home descobre que a súa dona anda a se deitar co muiñeiro. “A aventura de dúas rás” e “Deus esqueceuse” son de tipo fabulístico. En “Os disparates do tío Penelas”, constrúese un relato sobre os numerosos e chocantes vulgarismos do personaxe protagonista cando fala. “O afiador” e “A orixe dun refrán galego”, reflicten distintos aspectos dos oficios de afiador e capador e finalmente, en “As arroutadas do Frutuoso”, narra algúns dos arrinques deste personaxe ó longo da súa vida.

Referencias varias:

-R. F., “Once contos inspirados nas lendas e tradicións populares”, *La Región*, 16 abril 1997, p. 17. Resúmense os contos que integran o volume. Cualifícase o estilo da obra de sinxelo e sinálase que os obxectivos da mesma son motivar ós galegos a ler na súa lingua e estende-la cultura propia.





VIII.1. Recompilacións, monografías e libros colectivos

-D. P., “Eduardo Díaz Fidalgo, presentó su nuevo libro “Aconteceu en ningures”, *Diario de Pontevedra*, 20 abril 1997, p. 12. Nota da presentación da obra na que se indica a temática do libro e se xustifica o estilo doado polo afán de divulga-la cultura galega e motivar ós galego-falantes a ler en galego.



Fernández Carrera, Xan X. e Rosa M^a Rial Lema, *A cultura popular en Coristanco*, Baio: Imprenta San Cristobal co patrocinio do Concello de Coristanco e A Deputación da Coruña, 1997, 254 pp. (D. L.: C-1166/1997). •

Ábrese este volume cun breve limiar dos autores no que explican que o libro nace como unha proposta didáctica pero, debido ó gran valor da recolleita, decidiron publicalo en base a dous obxectivos: o coñecemento da riqueza cultural e como homenaxe ás xentes que colaboraron no traballo. O libro está estruturado en sete capítulos dos cales seis están dedicados a diferentes temas que teñen que ver coa tradición popular do Concello, situado xeograficamente no primeiro capítulo. No derradeiro capítulo, titulado "Literatura Oral", faise unha pequena escolma dunha serie de lendas, refráns, regueifas e cantigas, que son introducidas cunha breve explicación da temática, significación e lugares onde se recolleron. A continuación, reproducense os textos escritos.



Fernández Senra, Mariló e Xulio (dir.), *Cancioneiro popular da provincia de Ourense*, vol. 1 (Concellos de Avión e Beariz), Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 1997, 230 pp. (ISBN: 84-87575-47-1).

Consta dun “Preliminar” no que os investigadores expoñen as súas pretensións, que se cinguen á constatación dun feito cultural de carácter popular e a unha contribución para a conservación da nosa cultura; advírtese, así mesmo, de que as cantigas recolleitas non son sometidas á normativa lingüística, respectando tódalas variedades. Na “Introducción” ofrécese unha breve descrición xeográfica dos concellos de Avión e Beariz, descríbese o método de traballo, salientando a participación e integración dos autores nas “pandeiradas”, unha tradición recuperada consistente en festas de canto e baile que se celebraban os domingos e festivos, dende setembro ata o entroido nas casas das rapazas e ás que acudían os mozos logo de percorreren camiños e montes. Detense tamén nalgúns problemas de métrica e rima das cantigas, na súa maioría cuartetos e coplas. Abórdanse outros aspectos como o emprego do castelán (para o que se ofrecen diferentes interpretacións), os problemas de clasificación, as variantes, a súa universalidade, e conclúen cun estudio musical. A edición das cantigas recollidas en cintas de audio e vídeo está precedida polas partituras por orde alfabética de lugares e co nome do canto ou baile no que se encadran (jota, muiñeira, pasodobre, valse, ruada, tremelique e canto de reis). As cantigas preséntanse clasificadas en seis grandes bloques: cantigas de amor, de divertimento, humor, traballo, relixiosas e de desafío, coas súas correspondentes subdivisións: cantigas referidas a amores pasados e esquecidos, cantigas de





VIII.1. Recompilacións, monografías e libros colectivos



VIII.1. Recompilacións, monografías e libros colectivos

despedida, cantigas de casamento, etc. Dous apéndices coa relación de informantes e lugares pechan a obra.



Pitón, *Rimas. Textos populares*, ilustr. Pitón, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros Lectores), 1997, 44 pp. (ISBN: 84-403 0370-X).

Recóllense nesta publicación un conxunto de rimas populares infantís de estrutura sinxela que van apoiadas pola profusión de ilustracións a toda cor. Péchase o volume cun agradecemento da editorial Everest Galicia “ó pobo galego pola súa riqueza cultural e artística, e a todos os investigadores que, dun xeito ou doutro, dedicaron boa parte da súa vida e dos seus esforzos a transmitir por escrito a literatura tradicional de carácter oral”, e cunha nota biográfica do ilustrador.



Quesada, Mari Fe, *Xogos infantís. Textos populares*, ilustr. M^a Fe Quesada, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 1997, 47 pp. (ISBN: 84-403-0372-6).

Escolma de xogos infantís para os primeiros lectores, tomados da literatura popular de tradición oral. Os textos van acompañados de grandes ilustracións a cor da propia M^a Fe Quesada (Zamora, 1957). Ó final, a autora agradece a colaboración e o traballo dos moitos investigadores que dedicaron e dedican os seus esforzos a recoller material da tradición popular. A continuación, ofrece algunhas notas sobre a súa propia vida e sobre a súa traxectoria profesional.



Quesada, Mari Fe, *Adiviñas. Textos populares*, ilustr. M^a Fe Quesada, A Coruña: Everest Galicia, col. Montaña Encantada (primeiros lectores), 1997, 47 pp. (ISBN: 84-403-0371-8).

Escolma de vinte adiviñas recollidas por M^a Fe Quesada e inspiradas na literatura de tradición oral. Inclúe grandes ilustracións a toda cor que axudan a atopar as solucións das adiviñas, que tamén aparecen ó final do libro. Para rematar, a autora e ilustradora da obra proporciona algunhas notas sobre a súa biografía.



Said Armesto, Víctor, *Poesía Popular Gallega. Colección de Romances, Baladas y Canciones recogidos de la tradición oral con introducción y notas críticas del autor*, prólogo de Domingo García Sabell, A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 1997, 354 pp. (ISBN: 84-87819-99-0).

No prólogo García-Sabell ofrece algúns datos senlleiros da vida de Víctor Said Armesto e sitúao, sinalando especialmente a relación que o uniu con Unamuno, a carón dos homes do 98. Tamén o relaciona con Manuel Antonio, Nóvoa Santos e Aurelio Aguirre polo seu pasamento prematuro. Recrea as dificultades para a compilación, levada a cabo nos anos dez da presente centuria, que o autor debeu sufrir. Finalmente opina que a abondosa presenza do castelán é causada polo carácter alleo das tradicións que os cantares vehiculan. A seguir podemos le-los retallos da introducción que Said xamais chegou a completar. Está dividida en tres seccións (“La gesta de Ayras Nunes”, “Romances populares gallegos” e “Poesía galáico-portuguesa”) a pesar de viren precedidas dun guión do que sería ese estudio introductorio en que se establecen cinco partes. Nese texto coida que en Galicia houbo unha épica formando parte dun pouso previo ó trobadorismo. Salienta o papel da colectividade na creación deses romances e defende que ese popularismo se perdeu coa independencia política lusa, derivando daquela o lirismo cara a formas cada vez máis artificiosas. Intenta, así mesmo, acha-las raíces históricas de moitos romances. Para todo isto emprega numerosas citas bibliográficas. Cómpre sinalar que se nos ofrece un mapa co periplo de Said entre o prólogo e a introducción. A colección propiamente dita consta de case cento cincuenta textos, algúns deles con varias versións.



VV. AA., *Contos de cegos*, Vigo: Galaxia, col. Os minilibros de Galaxia, 1997, 100 pp. (ISBN: 84-8288-157-4).

Recóllense nesta escolma catorce contos que teñen por protagonistas ós cegos. Para facela empregouse a edición de *Contos populares* (1983), de Maruxa Barrio e Henrique Harguindey. Os cegos aparecen caricaturizados como uns personaxes que teñen que esquivar as falcatrúas dos seus sancristáns ou doutros rapaces da freguesía, son sospeitosos de teren luxuriosas relacións coas criadas e caracterízanse pola avaricia e a tacañería.



VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 2. Publicacións en revistas



Fernández Rei, Francisco, “O folclore musical galego do final do milenio: o *Cancioneiro* de Schubarth e Santamarina”, *A Trabe de Ouro*, nº 31, “Acoutacións”, Tomo III, Ano VIII, 1997, xullo-agosto-setembro 1997, pp. 87-96.

Valoración do *Cancioneiro Popular Galego* (1984-1995), de D. Schubarth e A. Santamarina. Tras dunha breve introducción, describe nun primeiro apartado, “A literatura popular do século XX”, a tradición de recollida do tipo de materiais dos cancioneros, centrándose nos títulos que lle parecen máis destacables. De seguido, comenta os dous cantigueiros musicais sobre Galicia que posuíamos ata agora: o de Casto Sampedro e o de Eduardo Martínez Torner e Xesús Bal y Gay. O primeiro foi publicado en 1942 e o segundo en 1973, aínda que a recollida do material é dalgunhas ducias de anos antes. Sinala que o corpus do *Cancioneiro* de Schubarth e Santamarina foi elaborado sobre un mapa de 82 concellos galegos e 13 fronteirizos e conta con preto de 5.000 letras e que o material foi ordenado do seguinte xeito: o volume I está dedicado a labores e oficios; o vol II ás festas anuais, o vol. III ós romances tradicionais vellos, case todos en castelán; o vol. IV a romances tradicionais máis recentes, nos que a lingua de uso adoita selo galego e o vol. V a cantos dialogados.



González Pérez, Clodio, “A festa dos maios”, *Raigame*, nº 4, maio 1997, pp. 79-87.

Logo de sitúa-lo significado dos maios no anuncio da futura colleita, sinala que poucas foron as culturas e relixións que non celebraron este feito natural, sobresaíndo os romanos, de quen dá algúns detalles. Refírese tamén a outras manifestacións deste tipo e explica a existencia de dous tipos de maios: humáns e figurados. Baseándose nesta distinción diferencia as coplas dos maios “humáns”, que unicamente “solicitan aguinaldo” e as dos “figurados”, dotándoas de contido crítico e de denuncia e apunta que durante o franquismo permitiuse certa liberdade pero non faltaron coplas censuradas xa que antes de seren presentadas en público tiñan pasar pola “peneira” do Ministerio de Información e Turismo. Malia isto, explica que eran ben aceptadas aquelas con contido moralizante criticando as modas e en particular as femininas e ilustra este feito cunha copla de 1937 en Pontevedra, lugar onde nunca deixou de haber maios. Fai referencia tamén á fama duns versos pontevedreses de 1923 que se ten dito que puideran ser da autoría de Castelao. Logo de comentar que as coplas de Pontevedra contan con melodía de seu, diferente das demais vilas, reproduce senllas composicións de Redondela e Marín. O derradeiro apartado do artigo está dedicado á descrición dos maios, que nalgúns casos están totalmente cristianizados e no tocante ás coplas empregan o castelán. Remata reproducindo uns versos de Mondoñedo e aludindo á obriga moral que todos temos de participar para que os maios perduren.



Paz Rodríguez, José, “Os Maios: a festa popular ourensana mais fermosa do ano”, *Raigame*, nº 4, maio 1997, pp. 89-95.

Primeiramente fala da necesidade de recupera-las “festas cíclicas” e repasa as diversas orixes que se lle teñen atribuído ós maios. Logo de describi-la xeografía da festa emprega un apartado para trata-las coplas. Apunta que se pode supoñer que xa na cultura grega había coplas e indica que na Idade Media está datada a existencia de coplas nos maios humanos. Explica tamén que ó principio eran unha homenaxe á natureza e co tempo derivaron en satíricas e críticas. Prosegue o artigo comentando os modelos de maios e o labor de recuperación situando o primeiro documento sobre os maios en 1849. Finalmente comenta a duración e os elementos da festa.



Puga Muñoz, Sindi, “As mulleres nos refráns”, *Andaina*, nº 19, decembro 1997, p. 34.

Refírese a toda unha serie de refráns que vai reproducindo para ilustra-la visión negativa da muller na literatura popular galega, feito que para a autora reflicte en grande medida a realidade. Comenta que segundo estas imaxes as mulleres deben ser “ben feitas”, “traballadoras”, “discretas” e teñen que coidar e respectar ó home. Conclúe congratulándose de que os tempos estean a cambiar.



Sánchez, Jean-Pierre, “San Borondón, San Amaro e o paraíso atlántico”, *Grial*, nº 136, Tomo XXXV, outubro-novembro-décembro, 1997, pp. 623-638.

Analiza as concomitancias e diferencias entre a lenda de San Brendán —San Borondón para os ibéricos— e a de San Amaro, ambos viaxeiros polos mares en busca do Paraíso, para rematar afirmando que San Amaro é o San Brendán ibérico e que a súa odisea é un eco peninsular da do santo irlandés. Jean-Pierre Sánchez subliña o carácter galego-portugués da lenda. Cita ademais a cantiga número 103 de *Cantigas de Santa María* onde se transmite unha lenda con certa analoxía coas citadas e a transcripción da lenda de San Amaro, escoitada a uns campesiños e publicada en xullo de 1924 na revista *Nós* por Euxenio Carré Aldao.



Santos Suárez, Larisa, “Influencia do mundo rural na creación do refraneiro galego, castelán e inglés: estudio comparativo”, *Viceversa*, nº 3, “Instrumenta”, 1997, pp. 87-99.

Constátase que a maioría da fraseoloxía galega chanta as súas raíces no mundo rural e mariñeiro e vese como esas unidades se están a perder, non só na nosa lingua senón a nivel xeral, nas xeracións máis novas. O traballo trata de atopar expresións paralelas en castelán e inglés para refráns galegos de orixe labrega. Con este fin propóñense nove campos semánticos: “abundancia”, “ambición”, “amizade leal e verdadeira”, “amizade falsa ou interesada”, “aparencia de riqueza”, “aproveitamento do alio”, “avaricia”, “axuda” e “egoísmo”. Conclúese afirmando que o galego é o idioma dos tres analizados que presenta unha maior influencia do mundo rural na formación de paremias e sitúase no extremo oposto o inglés.





VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 3. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas





Valcárcel, Marcos, “Presencia da oralidade nos escritores galegos”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Ourense”, “Especial”, 16 maio 1997, p. 2.

Comenta o grande peso da oralidade na literatura galega. Di que nos Séculos Escuros se mantivo unha vizosa literatura popular da que se conservan algúns exemplos e que o Rexurdimento galego bebe das fontes “populares”. Xa neste século indica que a literatura de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo e Rafael Dieste está marcada por unha fondo carácter popular, e sobre todos eles destaca a Ánxel Fole que, segundo cre, “tentou recrear unha paisaxe humana retratada dun xeito magnetofónico nos seus falares”.





_____, “Do conto tradicional ó conto literario”, *La Voz de Galicia*, “Edición de Ourense”, “Especial”, 16 maio 1997, p. 3.

Afonda na literatura oral con Ánxel Fole como protagonista, do que recolle manifestacións sobre o seu gusto polo popular. Tamén destaca a importancia que a esta vertente oral lle prestaron autores da Nova Narrativa galega, como X. L. Méndez Ferrín, Carlos Casares ou M^a Xosé Queizán. Remata apuntando algunhas das características do conto literario.





VIII. Literatura de transmisión oral

VIII. 4. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



Blanco, Lois, “El gusto por la palabra”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II, nº 106, 9 marzo 1997, pp. 1-2

Trata do rexurdir dos contacontos, vencellado ó santiagués café Atlántico e as salas Nasa e Galán. Sinálase a Quico Cadaval como motor deste novo amencer do conto e menciona tamén a Cándido Pazó, Paula Carballeira, Carlos Blanco e Pilar Pereira. Lémbrese que aínda que o epicentro galego estea emprazado en Compostela ten paralelismos noutras partes do mundo. Así sinálase que Cadaval e Carballeira viaxaron a Colombia e Compostela recibiu a visita do inglés Tim Bowley. Dáse conta finalmente da estupenda aceptación que tivo esta actividade nun percorrido polas escolas santiaguesas.



D. P., “Sesión de contacontos e animación teatral a cargo de la ATUP”, *Diario de Pontevedra*, 1 abril 1997, p. 10.

Anúnciase a celebración, con motivo da celebración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil, dunha sesión de contacontos que correrá a cargo da Aula de Teatro Universitaria de Pontevedra. Prevese a posibilidade de oír contos populares italianos recollidos por Italo Calvino: “La camisa de hombre feliz”, “El campesino astrólogo”, “El rey Crin”, “La primera espada y la última escoba”, “El cuento de los gatos”, “Pulgarcito”, etc.



_____, “Niños y niñas disfrutaron con la sesión de “contacontos” del ATUP”,
Diario de Pontevedra, 6 abril 1997, p. 8.

Informa da sesión de contacontos celebrada pola Aula de Teatro Universitario de Pontevedra tomando como referencia a figura de Italo Calvino. Por outra parte dáse noticia da celebración da Segunda Mostra Internacional de Teatro Universitario que acollerá a grupos españois, portugueses e iberoamericanos.



Estévez, A., “Combate de versos no IIIº Certame Internacional de Regueifas”,
A Nosa Terra, nº 779, “Guieiro Cultural”, 22 maio 1997, p. 27.

Noticia sobre o IIIº Certame Internacional de Regueifas celebrado no auditorio Caixavigo e organizado polo Centro Cultural de Valadares. Trátase, segundo a información, dunha iniciativa “para recuperar a improvisación da poesía oral”. Nesta ocasión participaron regueifeiros galegos e “improvisadores de fóra para un desafío internacional ademais de bailaríns e rapeiros”. Entre os regueifeiros galegos cítase a Calviño de Tallo e Costa de Xaviña, entre outros.



Feijoo, Raquel, “O feitizo dos contos”, *La Región*, 13 maio 1997, p. 17.

Informa dunha sesión de contacontos na que interviñeron Beatriz Prado Seoane e Paula Carballeira e na que participaron, como auditorio, os alumnos do colexio Manuel Luís Acuña de Ourense.



_____, “Axudar a soñar”, *La Región*, 15 maio 1997, p. 17.

Infórmase da celebración do Iº Encontro Internacional de Contadores de Contos organizado pola Universidade Sur e a Agrupación Cultural Auriense. Dáse conta da participación do contista mexicano Roger Colom, o colombiano Felipe Fernando, a peruana Marissa Amado e Ana Cristina López de Sarria. Esta última, que leva moitos anos afincada en Madrid, manifestou que un contador de contos desenvolve a historia a partir dun esquema e que ademais de contar historias da tradición oral “tamén hai que crear e reflexar nas historias a realidade que un ve”.



Fraguas Fraguas, Antón, “Algo dos cantos de Nadal”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 5 xaneiro 1997, p. 24.

Lembra os cantares que se interpretaban polas portas durante as festas do Nadal e recolle algúns fragmentos destas composicións.



_____, “Chegamos ó solsticio de verán”, *O Correo Galego*, “Lecer”, 22 xuño 1997, p. XXIV.

Artigo no que a chegada do solsticio de verán e a inminente noite de San Xoán fan que o autor lembre un debuxo de Castelao chamado *A roda de San Xoán*, pintado “pró primeiro número do boletín *Nós*”, e comente algunhas das prácticas habituais que nesta noite se facían arredor das fogueiras, exemplificando isto con poesías populares, versos de Aquilino Iglesia Alvariño e outros comentarios sobre romarías, particularmente a da Nosa Señora do Corpiño.



Franco, Fernando, “Los “cantos ó desafío”, propostas del III Certamen Nacional de Regueifas”, *Faro de Vigo*, 17 maio 1997, p. 12.

Refírese ó IIIº Certame Nacional de Regueifas celebrado en Vigo. Das diferentes actuacións salíéntase unha Mostra de Cantos ó Desafío na que participaron regueifeiros de Cuba, Murcia, Almería e Galicia.



Gil, Francisco J., “Diez “contadores de contos” recorrerán Galicia para narrar historias y leyendas”, *Faro de Vigo*, 21 abril 1997, p. 16.

Noticia da celebración do Iº Encontro de Contadores de Contos no que narradores orais de varios países recorrerán dezaseis localidades galegas do 12 ó 25 de maio. Dise que o encontro destes contacontos é unha iniciativa da Asociación de Amigos do Conto, creada para a defensa do conto tralo éxito das “Noites de contos e lendas” organizadas no pub Atlántico de Santiago.



Gómez, Lupe, “Volver polo conto”, *A Nosa Terra*, nº 762, “Guieiro Cultural”, 23 xaneiro 1997, p. 22.

Refírese á actuación dos “contacontos” os martes no pub Atlántico de Santiago. Comenta as razóns polas que a xente os vai escoitar, o tipo de actores que se dan cita, a súa maneira de representar e a clase de historias que relatan.



Hortas, Daniel, “Contacontos galegos”, *O Correo Galego*, 28 de marzo de 1997, p. 4.

Destaca a grande presenza en Galicia de contacontos que reflicten os gustos e costumes do pobo. Subliña a necesidade de investigar e analiza-lo labor de moitos destes contacontos entre os que destaca o lugués Manuel Díaz “Xeixadelo” que chegou a traballar na radio.



Iglesias, Ana, “Compostela acoge durante 15 días el arte de 12 “contacontos” internacionales”, *El Correo Gallego*, 13 maio 1997, p. 12.

Informa da celebración do Iº Encontro Internacional de Contacontos organizado pola Agrupación de Amigos do Conto de Compostela. Nel participaron contacontos de diversos países, entre outros os galegos Quico Cadaval, Cándido Pazó, Paula Carballeira, Xosé Luís Bernal, Santi Prego e Ana Cristina López.



Iglesias, Zaida, “La tradición oral adquiere tintes de cuento”, *La Región*, 18 maio 1997, p. 21.

Dá noticia da celebración do Iº Encontro Internacional de Contadores de Contos organizado pola Agrupación Amigos do Conto co patrocinio da Consellería de Cultura e que ten como sede distintos cafés ourensáns. Cita a participación de, entre outros, Cándido Pazó, Marisa Amado, Paula Carballeira, Felipe Fernando e Ana Cristina López.



J. R. S., “El Encontro de Contadores de Contos inicia su recorrido gallego”, *La Voz de Galicia*, 12 maio 1997, p. 4.

Infórmase da celebración do Iº Encontro Internacional de Contadores de Contos que contará cun total de 59 actuacións en varias localidades galegas.



Leis, Iván e Fermín **Noáin**, “Discurrir e cantar, unha arte universal”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 13, 10 maio 1997, p. 8.

Ofrece un comentario sobre a tradición galega da regueifa e compáraa con tradicións similares que existen en Cuba, na Pampa arxentina, en Murcia ou en Euskadi. Lembra a celebración do IIIº Certame Nacional de Regueifas. Sitúa a súa orixe nas tenzóns medievais e presenta unha clasificación das mesmas baseada nas tres maneiras de cantar: rápida, “cando se arremete contra do adversario”; lenta, “para presentar ou despedirse” e falada, “que se considera como un recurso humorístico para amosar superioridade”.



Liñares Giraut, X. Amancio, “Magariños e a regueifa en Negreira (I)”, *O Norte*, nº 85, do 29 de novembro ó 20 de decembro 1997, p. 2.

Despois de mencionar algunhas publicacións referentes a Xulián M. Magariños céntrase na *Descrípción da regueifa en Negreira* (1925), tema que o escritor nicrariense lle explicaba ós seus compañeiros do Seminario de Estudos Galegos. Reprodúcense algúns fragmentos nos que se explica cómo segundo esta tradición xurdía o enfrontamento poético ó redor.



_____, “Magariños e a regueifa en Negreira (II)”, *O Norte*, nº 86, 20 de decembro 1997, p. 2.

Completa o artigo anterior coas palabras de Magariños facendo referencia ós distintos turnos de intervención dos copleiros.



Lizancos Santos, Plácido, “A tradición oral de Galicia”, *O Correo Galego*,
“O Correo na escola”, 14 xaneiro 1997, p. 4.

Comenta a guía didáctica *A nosa tradición oral* (1996), preparada por Evelio Costa Pérez, María Xosé Fernández Cerviño e Carme Lamela Villaravid. Valora esta obra pola utilidade práctica para o ensino, pola adaptabilidade das actividades propostas ós distintos grupos de idade e polo achegamento á nosa cultura popular. Finalmente, explicita os obxectivos que os autores pretenden acadar con este traballo.



Mariñas, Luis, “Cóntame un conto”, *La Región/Atlántico Diario/El Progreso*, 15 maio 1997, p. 26/p. 27/p. 21.

Reivindica a actividade dos contacontos nunha sociedade invadida pola cibernética en tódalas súas manifestacións. Para o autor do artigo cómpre “recupera-lo valor profundo da verba” e reclama-la fantasía do conto como “vehículo de mitos”.



Martínez Sánchez, Rafael, “El villancico de Navidad en los poetas gallegos”,
Diario de Pontevedra, “Diario del Domingo”, 28 decembro 1997, p.11.

Fala da representación que as cancións do Nadal teñen na nosa literatura, para o cal previamente indica algunhas características formais desta composición, destacando o paralelismo e o feito de trata-lo Neno e a Virxe como coterráneos identificando, ademais, Galicia con Galilea. A seguir presenta unha extensa serie de versos de autores de diversos tempos como Marcos Parceró, Antonio María de Castro, Luis Corral Rodríguez, Xacinto Romualdo López e outros, dos que se ofrecen tamén datos biográficos e comentarios sobre os versos incluídos.



Mouriño, Begoña, “A hora do conto”, *El Progreso*, 18 decembro 1997, p. 14.

A iniciativa de reuni-los nenos na biblioteca unha vez ó mes para escoitar contos constitúe o argumento da noticia, na que se indica que, nesta ocasión, a protagonista foi unha veciña do lugar, que lles ensinou ós nenos vellas cancións típicas do Nadal. Inclúense referencias a outras actividades levadas a cabo pola biblioteca, como a publicación dunha revista, concursos e un grupo de teatro, todo co obxecto de “acercar a los niños al mundo de los libros”.



R. F., “Fiadeiro de contos”, *La Región*, 25 outubro 1997, p. 17.

Alude á actuación de Kiko Cadaval no Liceo Recreo Ourensán, na que conseguiu “encandilar” co seu “fiadeiro de contos” ós asistentes. Recolle certos comentarios emitidos polo contacontos, nos que asegura non atopar explicación á boa acollida das historias, nunca contadas do mesmo xeito, e que aínda “teñen o seu espacio na voráxine tecnolóxica que nos invade”.



R., Ana e Eva R., “Troveros, repentistas e ingeniosos rimadores, en el certamen de regueifas”, *Faro de Vigo*, “Vigo por los cuatro costados”, 6 maio 1997, p. 9.

Anuncia a celebración do IIIº Certame Internacional de Regueifas no Auditorio do Centro Cultural Caixa Vigo, como principal novidade dunha xornada dedicada ó desafío, enxeño e improvisación na área musical do Hip Hop. Recolle polo miúdo o programa de actividades no que participan regueifeiros de Cuba, Murcia, Portugal e os galegos Calviño de Tallón e Antonio Zara. Sitúase ademais a orixe nas tenzóns dos trovadores e sinálase a vitalidade aínda hoxe en áreas como Bergantiños, O Courel, A Costa da Morte e Ourense. Segundo a noticia cóntase cun orzamento de 750000 pesetas para este acto organizado polo Centro Cultural Caixa Vigo e patrocinado pola Universidade de Vigo, a Concellalía de Cultura e a Deputación de Pontevedra.



Rodríguez, Salvador, “La invasión de los contadores de cuentos”, *Faro de Vigo*, “Faro del Ocio”, 25 abril 1997, p. 8.

Dá a nova da celebración do I Encontro Internacional de Contadores de Contos entre o 12 e o 25 de maio e organizado pola Agrupación de Amigos do Conto. Informa das orixes desta iniciativa e dá o nome dos doce contacontos galegos e estranxeiros, que participan neste I Encontro. Achéganos unha síntese coas características máis salientables de cada un dos participantes.



Vázquez Pintor, “Conta contos”, *La Voz de Galicia*, 22 abril 1997, p. 8.

Gaba o nacemento en Santiago do primeiro encontro de contacontos e considera que no ano literario de Ánxel Fole o Día das Letras Galegas debe ser unha festa “de cumprimento necesario para os conversadores que foron os nosos pais e avós desde os espazos máis diversos”. Lembra, así mesmo, o nome de “faladores” como Cunqueiro, Otero, Lugrís, Cabanillas, Manuel María, Bernardino Graña, etc.



Vidal, Carme, “Paula Carballeira: ‘Os galegos temos moito dominio do conto’”,
A Nosa Terra, nº 780, “Guieiro Cultural”, 29 maio 1997, p. 32.

Con motivo da celebración do Iº Encontro Internacional de Contadores de Contos que tivo lugar en Compostela destácase a grande afluencia de público que asistiu á sala Nasa, onde tivo lugar o Encontro. A seguir, faise alusión a Quico Cadaval, a quen se considera un dos responsables da boa acollida do público, e a Paula Carballeira, destacando que a súa proposta é máis interpretativa. Menciónase tamén a participación de contacontos latinoamericanos e compáranse ámbalas dúas tradicións nas que o relato funciona moi ben. O último apartado céntrase na comparación da acollida que ten o conto entre os nenos de cidade e do rural. Nestes últimos pervive máis a tradición porque teñen maior capacidade para estruturar unha historia.





IX. Revistas





Adaxe. Revista de Estudos e Experiencias Educativas

(ISSN: 0213-4705 / D.L: 764-1984).

Publicación anual da Escola Universitaria de Maxisterio e a Universidade de Santiago de Compostela, creada en xaneiro de 1984. Dirixida por Ramón Sánchez, catedrático de Filosofía da Escola Universitaria de Maxisterio. Forman o Comité Científico tódalas cátedras do centro editor. Publicou en 1997 o seu número 13, precedido por unha nota do Consello de Redacción na que se anuncia a conclusión dunha etapa na vida desta revista debido á integración da Escola Universitaria de Maxisterio na Facultade de Ciencias da Educación. Na entrega deste ano aparecen dous artigos relacionados coa nosa literatura: un de Anxo González Fernández no que estudia a saudade na obra de Castelao, e outro de Blanca-Ana Roig Rechou titulado “Dúas mestras na literatura infantil e xuvenil galega: Pura e Dora Vázquez”, que comentamos nos apartados correspondentes deste *Informe*.



Agália. Revista Internacional da Associação Galega da Língua

(ISSN: 1130-3557 / D. L: C-250-1985).

Creouse no 1984. Trátase dunha revista trimestral que se estrutura en seis seccións: “Estudos”, “Notas”, “Antologia”, “Documentaçon e informaçon”, “Recensons” e “Correio”. Ademais, na contracapa de cada número figura a relación completa dos seus consellos de redacción e asesor. Ó longo do ano 1997 tivemos acceso ós seguintes números: 47 (Outono 1996), 48 (Inverno 1996), 49 (Primavera 1997) e 50 (Verão 1997). No número 47 publícase un estudio de José Manuel Dasilva sobre a actividade traductora de Aquilino Iglesia Alvariño e Ramón Cabanillas, ademais de varias achegas orixinais á biografía de Manuel Murguía. O número 48 pretende homenaxear a figura de Joan Coromines, filólogo catalán recentemente falecido. Inclúese nesta entrega un artigo de María Isabel Morán Fraga sobre un documento medieval, unha achega a unha traducción galega dun poema de Camões e unha antoloxía poética de José Martinho Montero Santalha. Na entrega correspondente á primavera de 1997, nº 49, publícase un estudio de José Antonio Souto Cabo sobre a documentación galego-portuguesa medieval ademais de fragmentos dramáticos de Jenaro Marinho del Valle na “Antologia”. No número 50 ve a luz un estudio de Carmo Cozinha ó redor da narrativa de Marica Campo e un aproximación a sete cantigas de Don Dinis que asina José-Martinho Montero Santalha. Na sección “Documentaçon e informaçon” homenaxéase a Valentín Paz Andrade, a Ricardo Carvalho Calero e a Aníbal Otero. En tódolos números aparecen recensións críticas de diversas obras na sección “Recensons”, que glosamos nos apartados correspondentes deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

-Lois Fernández, "Nombres propios", *La Voz de Galicia*, 19 xaneiro 1997, p. 46. Breve noticia sobre unha reunión mantida pola Associação Galega da Língua e presidida por María do Carmo Henríquez no transcurso da cal foi presentado o número 46 da revista *Agália*, monográfico sobre *Identidade cultural e cooperação transfronteiriça. O exemplo de Galiza-Portugal Norte*, no que participan docentes das tres universidades galegas e doutros centros.



Andaina. Revista galega de pensamento feminista

(D. L: C-1.146-88).

Apareceu, nunha primeira época, entre 1983 e xuño de 1991. Iniciou unha segunda xeira, que continúa na actualidade, con nova numeración, formato e consello redactor, en decembro de 1991. Dánselle cabida nesta publicación a temas misceláneos —política, arte e cultura— referentes ó mundo da muller. No ano 1997 viron a luz os número 18 e 19, correspondentes, respectivamente, a setembro e decembro deste ano. Inclúese no 18 un comentario de Carme Corbalán sobre o libro *Corpo de muller* (1997), de María Xosé Agra. No número 19 aparece un apartado dedicado ó sexismo na lingua baixo o título, en forma de pregunta, “É sexista a lingua?” recóllendose artigos sobre a diferenciación sexual na linguaxe, a presenza do xénero feminino nos dicionarios de lingua española, as causas do sexismo, etc. Entre eles salienta o de Sindi Puga Muñoz sobre as mulleres nos refráns e o de Sabela Núñez Álvarez sobre os modelos masculinos e femininos na literatura infantil e xuvenil, que resumimos nos apartados correspondentes deste *Informe*.





Anima + I

(ISSN: 1137-599 X / D. L.: C-541-96).

Publicación creada en febreiro de 1991, co subtítulo “Revista cultural para todas as especies” editada por Edicións Positivas. Os números 1 (febreiro 1991) e 2 (xullo 1991) contaban con Xelís de Toro como director e coordinador e Francisco Macías como subdirector; mentres que o número 3 (inverno 1992) supuxo o paso da dirección da revista a Xesús Ron e Miguel S. Regueiro e da subdirección a Francisco Macías e Xelís de Toro. No ano 1996, e tras catro anos de ausencia, viu a luz o número catro coordinado por João Gesta e Guillermo García. No ano 1997 publicáronse os números 5 (xaneiro 1997) e 6 (maio 1997), con dous Consellos de Redacción diferentes, Manuel Cortés, Olga Novo, Onofre Sabaté e Xandra Tedín e Manuel Cortés, Onofre Sabaté e Carlos Santiago, respectivamente. O número 5 acolle unha prosa poética de Carmen Blanco, a tradución de Onofre Sabaté do “Interrogatorio formal de Dostoevski na fortaleza Pedro e Paulo”, un traballo de Olga Novo sobre a figura do poeta brasileiro Augusto de Campos e un conto de Chesi pertencente ó libro *En perigo de extinción*, así como un artigo de Xavier Cordal sobre poesía galega actual. No número 6 Carlos Santiago escribe sobre a controversia entre os “poetas novos” e o “pai”; ademais, Xavier Queipo traduce tres poemas de Allen Guinsberg e Xavier Pérez Mahía e Xaquín del Valle-Inclán presentan a primeira entrega do relato “Unha noite de craro luar”. As colaboracións relativas á literatura galega descríbense nos apartados correspondentes deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

-E. C., "Sae á rúa o quinto número de 'Animal'", *El Correo Gallego*, 13 febreiro 1997, p. 43. Infórmase sobre a saída do número 5 da revista *Anima + I*, de Edicións Positivas. Saliéntanse algúns dos seus contidos, entre outros, un relato de Carmen Blanco, titulado "Caldaloba", o interrogatorio formal de Dostoievski, traducido por Onofre Sabaté e a aproximación á poesía concretista do Brasil, en torno á figura de Augusto de Campos, realizada por Olga Novo.





Anuario Brigantino

(ISSN: 130-7625 / D. L: C-1275/97).

Editada anualmente polo Concello de Betanzos, fundada por Francisco Vales Villamarín. Tivo dúas etapas diferentes. A primeira delas baixo a dirección do fundador, comeza no ano 1949, cando aparece o *Anuario Brigantino de 1948*. Continúa deste xeito a publicación nos anos 1950 e 1951. En 1981, tras trinta anos de silencio, volve aparecer-la revista nunha segunda etapa e ten xa unha continuidade ata o momento actual, baixo a dirección de Alfredo Eiras Martínez que ocupou o cargo trala morte de Francisco Vales Villamarín. En 1997 saíu o número 19 correspondente a 1996, mantendo as seccións do número anterior: “Historia”, “Arte”, “Literatura”, “Antropoloxía”, “Entidades Culturais e Deportivas” e “Acontecementos do ano”. No que atinxe á literatura galega acóllese un traballo no que Isabel Gómez estudia a proximidade de Castelao cos membros da española Xeración do 14. Ademais publícanse senllos artigos de José Antonio Míguez: un sobre as etapas coruñesa e brigantina do xornal *A Fuliada* e outro no que se nos achegan datos relativos á data de nacemento e formación académica de José García Acuña. Ademais Concepción Delgado Corral comenta algúns aspectos relativos á mitificación do Mariscal Pardo de Cella partindo dun soneto de Manuel Murguía. Todos estes traballos aparecen descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.





Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996

(ISBN: 84-8288-126-4 / D. L: VG-522-1997).

Publicación de periodicidade anual que edita Galaxia dende 1992. Está dirixida por Xoán González Millán e Dolores Vilavedra como directora adxunta. A entrega correspondente ó ano 1996, publicada en maio de 1997, contou coa subvención da Fundación Caixa Galicia. No seu Consello de Redacción figuran Diana Conchado, Xosé M. Dobarro, Ramiro Fonte, Helena González, Katheleen March, Camino Noia, Xosé R. Pena, Claudio Rodríguez Fer, Joaquim Ventura e Damián Villalaín. Consta de cinco seccións: “Estudios”, “Comunicacións”, “Panorámicas”, “Libros” e “Compendio bibliográfico anual”, desglosadas e comentadas no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-Armando Requeixo, “O ano que vivimos literariamente”, *Tempos Novos*, nº 5, “Voces e Culturas. Crítica. Libros”, outubro 1997, p. 82. Saúdase a nova entrega desta publicación na que, segundo o autor, se reúnen “un feixe de colaboracións de estimable altura”. Menciona os distintos apartados da revista e cita cada un dos artigos contidos nestas seccións. Finalmente, felicita ós directores do *Anuario de estudios literarios galegos* pola súa continuidade e porque se confirma “como un dos máis sólidos foros para a práctica da crítica literaria galega”.



-Pilar García Cheda, "Galaxia abre un ano máis unha porta á literatura galega", *El Progreso*, 23 outubro 1997, p. 69. Informa da presentación, en Lugo, do *Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996*, na que se recollen declaracións de Damián Villalaín, subdirector da editorial Galaxia, quen afirmou que esta publicación ten gran valor como "punto de referencia e consulta" e contribúe a asenta-la "dignidade de Galicia e da súa literatura". Inclúe palabras de Claudio Rodríguez Fer, que tamén participou no acto de presentación, destacando a importancia da publicación e a súa variedade temática, que satisfai "intereses diversos".





Anuario do Teatro Galego

(ISBN: 84-453-2154-4. D. L: VG-252-1998).

Publicación de carácter anual editada pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo da Xunta de Galicia en colaboración co IGAEM, realizada e coordinada por Antón Lamapereira coa colaboración técnica de Eduardo Lorenzo de Dios, María Paredes Rodríguez, María Gómez Lamapereira e Víctor Lage Piñón. A principios do 1998 deuse a coñecer-lo número 1 que recolle o máis significativo do realizado no teatro galego no 1996. Ábrese coa presentación do Conselleiro de Cultura e cunha introducción na que se salienta a importancia deste tipo de inventarios para dar conta da vida teatral galega. Componse a seguir de oito apartados titulados "Teatro institucional", "Teatro profesional", "Teatro afeccionado", "Teatro escolar", "Mostras", "Índices" e "Ficha", que poden cubrir aquelas compañías que desexen aparecer no vindeiro número.



Ar! Revista Galega Antimilitarista

(D. L: C-1375-94).

Inicia a súa andaina no outono de 1994 e, dende aquela ata o ano 1996, sae á rúa trimestralmente. No 1997 aparece un único exemplar, o número 10, que corresponde á etapa do inverno. Trátase dunha revista de carácter misceláneo, que no único número deste ano presenta as seguintes seccións: "Editorial", "Actualidade e Cronoloxía", "Opinión", "Dosier Central", "Antimilitarismo no mundo", "Entrevista", "Cultura", "Buzón antimilitarista" e "Axenda antimilitarista". Atópanse nelas unha serie de colaboracións sobre a insubmisión, a obxección de conciencia e o antimilitarismo, como é o artigo de Encarna Otero, "A visión antimilitarista dunha galega universal: Sofía Casanova". Sobre literatura ofrécese ademais dunha composición poética de Ana Romaní, unha recensión de Rafa Villar do libro *Desde la galería de la muerte* (1996), e dúas de Manolo Pipas: unha sobre *Construír a Paz. Cultura para a Paz* (1996) e outra sobre *Servicio Militar. Objeción de conciencia*.

Recensións e referencias varias:

-F. P. L., "Ar!: 3 anos dunha revista antimilitarista", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 156, 24 abril 1997, p. 11. Refírese ó número 10 da revista antimilitarista *Ar!* co que se cumpren tres anos da súa existencia. Destácase que a pesar de estar dedicada ó ámbito antimilitarista preséntanse aspectos moi variados:





así, neste número, aparece un estudio das razóns máis comúns que levan á insubmisión xunto a colaboracións de Rafa Villar, Chus Pato, Fran Alonso, Lupe Gómez ou Ana Romaní.





Atlántida

(ISBN: 84-82931-45-1 / D. L: 1966-1997).

Edición facsímile editada pola Fundación Caixa Galicia desta revista cultural que se publicou na Coruña entre os anos 1954 e 1956, tirando un total de trece números, o último deles monográfico sobre Valle-Inclán. Estaba patrocinada pola Delegación de Educación del Movimiento Nacional del Distrito Universitario de Santiago de Compostela e, malia non consta-lo nome do seu director, César Antonio Molina afirma que se ocupaba desta tarefa Enrique Míguez Tapia. Con cada un dos números *Atlántida* publicou separatas con poemas de Álvaro Cunqueiro, Carlos Martínez Barbeito, Miguel González Garcés, Manuel María, Luz Pozo Garza, Pura Vázquez, Avilés de Taramancos, Manuel Casado Nieto así como unha escolma de poesía medieval que recollía cantigas de Bernal de Bonaval, Airas Nunes, Xohan Airas, Roi Fernández, Paio Gómez Chariño, Airas Coprancho e Pedro Amigo de Sevilla. Ademais destas separatas a revista acolle poemas de autores galegos como Manuel Fabeiro Gómez, Celso Emilio Ferreiro, Rosalía de Castro, Uxío Novoneyra, etc. e outros de escritores foráneos como Luis Rosales, Jorge Guillén, Gerardo Diego, Gabriel Celaya ou Antonio Machado. Aparecen recensións e crítica de obras da literatura galega e española, traballos de carácter etnográfico, histórico, sociolóxico, educativo, etc. Entre a nómina de colaboradores figuran nomes como os de Vicente Risco, Ramón Otero Pedrayo, José María Castroviejo, Filgueira Valverde, Aquilino Iglesia Alvariño, Celso Emilio Ferreiro, Uxío Novoneira, Antón Avilés de Taramancos, Eugenio D'Ors ou Ramón Gómez de la Serna. Cómpre salientar, así mesmo, a presenza dos pintores Lago Rivera, Mariano García Patiño, Villar Chao,

Alfonso Abelenda, Álvaro Cebreiro e Urbano LUGRÍS, que ten un papel destacado non só como ilustrador senón tamén como creador de composicións poéticas. A edición dos trece números da revista preséntase precedida dunhas palabras de Antonio Prieto Puga nas que salienta o papel de Mariano Tudela e Urbano LUGRÍS e alude ós impedimentos políticos que tivo a publicación. César Antonio Molina é o encargado de facer un “Estudio Introductorio”, de carácter fundamentalmente descriptivo no que logo de percorrer polo miúdo os aspectos máis salientables cualifica esta revista como “una de las mejores publicaciones culturales de la amplia posguerra. Una revista progresista tanto en lo cultural como en lo político, inclinada hacia las tendencias más de moda de la época, el existencialismo, el neorrealismo, la literatura social”. Conclúe subliñando a valentía e o propósito de *Atlántida* de uni-las novas xeracións de artistas galegos cos seus antecesores galegos e españois.



?

?




Boletín Galego de Literatura

(ISSN: 0214-9117 / D.L: C-641-1989).

Revista semestral dirixida por Anxo Tarrío Varela, dende o seu nacemento en 1989. Trátase dunha publicación da Universidade de Santiago de Compostela, conformada por un Consello Científico no que figuran catedráticos de universidades de todo o mundo. Cada un dos seus volumes vai ilustrado por un pintor. No ano 1997, publicouse o número 17 que presenta as seccións de “Estudios”, “Notas”, “Documentos”, “Encontros”, e “Libros”, e o 18 que consta das mesmas seccións agás da titulada “Documentos”, nas que se inclúen variadas aproximacións á literatura universal e galega. No número 17, no apartado de “Estudios”, aparece un artigo sobre a recepción das vangardas en Galicia de Xosé Luís Axeitos, mentres que no nº 18 publicouse un de Ramón Nicolás sobre a crítica recibida pola poesía de Blanco Amor e outro de María Xesús Nogueira Pereira, que versa sobre a poesía galega dos oitenta. Na sección “Notas” do nº 17 aparecen artigos de Ana María Spitzmesser, Teresa Monteagudo, Suso de Toro, Isabel Gómez Rivas, Teresa Seara e Miro Villar. O nº 18 recolle os de Helena Golubeva e Helena Zernova, X. Bieito Arias Freixedo, Teresa Araújo e Teresa Monteagudo. Na sección de “Documentos”, Xosé Luís Axeitos realiza unha exhumación do arquivo de Rafael Dieste, achegando certos datos sobre Antonio Baltar no nº 17 e sobre Carlos Gurméndez no nº 18, ademais de ofrecer María Xesús Nogueira neste último número dous pequenos relatos de Cunqueiro. A continuación, no apartado de “Libros”, presenta o nº 17 recensións de obras de E. Corral Díaz e Xoán González Millán, entre outras, e o nº 18 de Arturo Casas ou Stephen Rekert. Péchase o nº 17 coas creacións de Xavier Alcalá e Vicente Araguas, e o nº 18 coas de Andrés Pociña e Marilar Aleixandre. As ilustracións

do nº 17 foron realizadas por Pedro Ávila e as do nº 18 por Rafael Masiá. Tódolos artigos, notas e recensións referidas á literatura galega van descritas no apartados correspondentes deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

Xavier Castro R., "O Boletín Galego de Literatura número dobre", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 2 febreiro 1997, p. VIII. Céntrase no número dobre 15-16 do *Boletín Galego de Literatura* (1996) salientando brevemente os contidos dos diferentes traballos: na sección "Estudios", "Literatura infantil e xuvenil dende 1900 a 1950", de Blanca Roig e "A tradición romancística galega: A figura de Aníbal Otero", de Armando Requeixo. Conclúe facendo referencia ó resto das seccións habituais que completan o número: "Notas", "Libros" e "Creación".

Xavier Castro R., "Unha publicación regular sobre a literatura galega", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 21 setembro 1997, p. VI. Comeza describindo a "fortuna desigual" que tiveron, nos últimos anos, as revistas culturais e afirmando que o *Boletín Galego de Literatura*, dirixido polo profesor Anxo Tarrío Varela e que publica o seu número 17, é "unha das máis atractivas non só polos seus contidos senón pola estrutura e presentación dos traballos" variados que inclúe. Finalmente vai comentando, sección tras sección, os contidos que cada unha delas ten, e que "manteñen unha evidente liña de complementariedade".





Bravú

(D. L: VG-353-1997).

Nova revista que sae “cando a situación o require”. O comité de redacción, dirixido por Xosé Manuel Pereiro, está composto por Manu Chao, Santiago Jaureguizar, Richi Rastrero, Manuel O’Rivas, Santiago Romero, Manuel Seixas, Xurxo Souto e X. A. Vázquez Hermida. En 1997 só se tirou o primeiro número, dedicado á reivindicación dunha selección nacional galega de fútbol. O exemplar vai acompañado por un disco compacto en que as voces de Nacho, Fran, Xosé Ramón, Michel Salgado ou Arsenio Iglesias acompañan a diversos grupos musicais de Galicia. Ademais do fútbol, os temas principais son a música e o mar. A creación literaria ten o seu recuncho na sección “Sonche contos”, onde se ofrece un capítulo da novela inédita *Náufragos no paraíso*, de Lois Pereiro, e os relatos de Santiago Jaureguizar (“Catre”, pp. 77-78), Manuel Seixas (“A increíble historia de Xelís ‘o fero’ e Carmela ‘a mansa’”, pp. 74- 76), Alfonso Pato (“Esqueit”, p. 72) e Fran Alonso (“Cousas do destino”, pp. 68-71).

Recensións e referencias varias:

-Lois Fernández, “El país bravú”, *La Voz de Galicia*, 21 maio 1997, p. 56. Dá conta da saída da revista *Bravú*, que neste primeiro número tamén trae un compact-disc, con música de grupos galegos interpretando temas con xogadores galegos dos tres equipos de primeira división.



-A. L., "Edicións Xerais presentou o primeiro número de *Bravú*", *O Correo Galego*, 21 maio 1997, p. 49. Informa do acto de presentación en Santiago de *Bravú*, revista que sae cando a situación o require. Comenta a pretensión de dar a coñecer os fenómenos culturais galegos máis vivos. Salienta que entre os colaboradores da revista figuran xornalistas, músicos e escritores: Xosé Manuel Piñeiro, Manu Chao, Xurxo Souto, Manuel Rivas e Santiago Jaureguizar son algúns deles. O número inaugural está dedicado á Selección Galega de Fútbol, unha proposta para o futuro.

-E. P., "Xerais presenta la revista *Bravú*, con un CD en el que cantan Fran, José Ramón y Arsenio", *El Correo Gallego*, 21 maio 1997, p. 14. Comenta a presentación en Santiago da revista de movementos sociais e culturais alternativos de Galicia, *Bravú*. Informa que o acto foi celebrado na compostelá Casá do Patín. A revista, dedicada neste seu primeiro número case por enteiro ó fútbol galego, conta cun disco compacto de acompañamento no que participan, xunto a músicos como Manu Chao ou Mercedes Peón, coñecidos futbolistas como Fran ou José Ramón, acompañando a distintos grupos do panorama musical galego.

R. F., "Unha publicación con moito para ler", *La Región*, 5 xuño 1997, p. 18. Refírese á revista *Rock Bravú*, que foi presentada en Ourense no marco da feira do libro que se está a celebrar nesa cidade. No acto de presentación, segundo informa, participaron Xurxo Souto, que dixo que "a revista recolle o espírito daqueles ós que lle ferve o peito e teñen bravura para tronzar o universo"; X.

Pereiro e M. Bragado, que salientaron que a revista tiña moito para "ler e ver", á vez que facían un repaso polos contidos e colaboradores da mesma.





Clave Orión

(ISSN: 135-741 X/ D. L: C-88495).

Revista literaria que comezou a súa andaina no seo da publicación *Nordés* (números 19-20, outubro 1993) onde viu a luz o número Alfa. De forma independente saíu o número 1, no 1995, dirixida por Luz Pozo Garza e en 1996 o número II. En 1997 publicou o número III mantendo as seccións da anterior entrega. Así, os traballos de creación distribúense do seguinte xeito: "O Faro extraviado" acolle "Canción" e "Visión deleitable", dous poemas en castelán de Ánxel Fole. En "Donas da palabra" recóllense as composicións de Carmen Blanco, Úrsula Heinze, Pura Vázquez, Luz Pozo Garza, Clementina Vidal, Chus Pato, Ana Romaní, Maruxa Olavide, Olga Novo, Olga Patiño, M^a Xesús Nogueira e Yolanda Castaño. A sección "Homenaxe a Igor Ivanov" está dedicada a Iósif Brodski cun breve perfil biográfico e a traducción ó galego de tres poemas por parte de Alexandra Koss. "Meendinho" contén senllas composicións de Luz Pozo Garza e Yolanda Castaño, un comentario de Clementina Vidal sobre *Os distantes* (1996) de Celso Álvarez Cáccamo e o traballo de Luis Alonso Girgado "A lírica española contemporánea en Francia". En "Mensura" poden verse os poemas de Xoán Carlos D. Alberte, Xosé María Álvarez Cáccamo, Manuel Álvarez Torneiro, Ramiro Fonte, Salvador García-Bodaño, Román Raña, Claudio Rodríguez Fer e Andrés Xosé Pociña. En "Inversión" os textos traducidos corresponden a un fragmento de Derek Walcott e os poemas de Olav Münzberg (traducción de Luz Pozo Garza), Justo Jorge del Padrón (traducción ó galego de Luis Alonso Girgado e Xurxo Sierra Veloso e ó inglés de Lois Bourne) e James Wrigt (traducido ó español por Francisco Pino). Como nos

anteriores números “Paradiso” recolle os poemas manuscritos de Eduardo Moreiras . En “Paradiso” escriben Iria González y Becerra e Beatriz Dacosta e en “A pluma na man” ven a luz poemas e correspondencia do poeta Gerardo Diego dirixidos a Luz Pozo Garza. Pecha este número como novidade a sección “Ars-Artis” na que Bill Hopkins e Clementina Vidal comentan a pintura de Manuel Romero, de quen se reproducen dous cadros e un poema en versión galega da propia Clementina Vidal.

2019

2019

Recensións e referencias varias:

- Xavier Castro R., "Clave Orión", *El Correo Gallego*, "Edición 7", 14 decembro 1997, p. 15. Comeza reflexionando sobre a importancia das revistas literarias e culturais na conformación do clima cultural dun país, o que permite, co pasar do tempo, establecer unha panorámica "das publicacións que conviviron nel". Logo de falar da dificultade dalgúns proxectos para asentárense, afirma que esta tendencia está a cambiar nos últimos tempos, e pon como exemplo a revista *Clave Orión*, dirixida por Luz Pozo Garza, que inclúe mostras "de creación literaria e visual, traducción e homenaxe", rematando por facer unha análise pormenorizada dos contidos do último número.



Cuadernos de Estudios Gallegos

(ISSN: 0210/847 X / D. L: M-562/1958).

Publicación bilingüe auspiciada na actualidade polo Consello Superior de Investigacións Científicas e polo Instituto Padre Sarmiento, que apareceu en 1944. Os seus contidos céntranse no ámbito humanístico (historia, arte, xeografía, etnoloxía, folclore, historia relixiosa, lingua e literatura) e consta de cinco apartados que corresponden a distintas áreas: “Arqueoloxía, Prehistoria e Antropoloxía Física”, “Historia e Xeografía”, “Historia da Arte”, “Etnografía” e “Lingua e Literatura”. A sección de lingua e literatura está dirixida por D. Benito Varela Jácome. Durante o ano 1997 apareceron os números 108 e 109, ámbolos dous incluídos no Tomo XLIII. Neles non hai artigos referidos á literatura galega.





Dorna. Expresión Poética Galega

(ISSN: 0213-3806 / D.L: C-94-1982).

Comezou a súa andaina como revista poética o 17 de maio de 1981 baixo a coordinación de Luís G. Tosar "Che", Manolo Loxo e Suso Molanes, editada pola Asociación Dorna. A partir do número 2, a súa publicación foi asumida polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago. Desde este momento ata a actualidade, a revista apareceu con periodicidade irregular, e sufriu varios cambios nos seus consellos asesores, redactores e mesmo coordinadores e secretarios. No ano 1997 apareceu un único número, o 23, homenaxe a Lois Pereiro. O volume está ilustrado por Nolo Suárez, María Ruído e Cristo Aleister. Nas súas páxinas mantéñense as habituais seccións. A denominada "Creación" inclúe composicións (algunhas delas explicitamente dedicadas ó poeta homenaxeado) de Ana Romaní, Manuel Seixas, Ramón Caride Ogando, Suso de Toro, X. Manuel Outeiriño, Marta Dacosta Alonso, Claudio Rodríguez Fer, Vicente Araguas, X. Antón L. Dobao, Yolanda Castaño, Diego Ameixeiras Novelle, Anxos Romeo, Carlos Pérez Varela, Helena de Carlos, Ánxela Gracián, Teresa Cuíñas, Rafa Villar, Modesto Fraga, Cristo Aleister, Miguel Lustres, Martín Veiga, Enma Couceiro, Estevo Creus, Eduardo Estévez, Xurxo Borrazás, Mónica Góñez, Fran Alonso, Jacobo S. Quintela, Xesús Manuel Valcárcel, Bernardino Graña, Xohana Torres, Pura Vázquez, Manuel María, Luz Pozo Garza, Salvador García-Bodaño e Ramiro Fonte. A sección "Arte poética" presenta o documento "A poesía: impresións dixitais", relatorio de Rafa Villar lido no Encontro de Escritores /as Novos/as o día 7 de decembro de 1996. "Verbas cruzadas" reproduce unha entrevista

realizada a Lois Pereiro por Ana Romaní, acerca da publicación de *Poesía última de amor e enfermidade*. “Voces de fóra” está representada pola traducción de Úrsula Heinze de Lorenzo de textos do poeta hindú Rajvinder Singh. Finalmente, no “Caderno da Crítica” aparecen os traballos (que desglosamos no apartado correspondente deste *Informe*): “Pereiro último”, de Carmen Blanco; “O executor en “Stand by”: premonición da morte nos poemas de Lois Pereiro”, de Teresa Seara; “Amor contra morte”, de Olga Novo; e “Os últimos libros no andel da poesía”, de María Xesús Nogueira.



2 it id

⏮ ⏪ ⏩ ⏭

Encrucillada. Revista galega de pensamento cristián

(ISSN: 1131-6519/ D. L: 80-1977).

Publicación bimestral de pensamento cristián que, baixo a dirección de Andrés Torres Queiruga, comezou a súa andaina en xaneiro de 1977. No ano 1997, como ocorreu dende os seus comezos, publicáronse cinco números. No número 101 só se contempla a literatura galega nun artigo de Xesús Portas Ferro titulado “Esta é a outra cultura”. No 102, engádese a sección “Letras Galegas 1997” na que atopamos dous artigos de Armando Requeixo titulados “A compoñente relixiosa na vida e na obra de Ánxel Fole” e “Bibliografía básica de Ánxel Fole”. Na habitual “Rolda de cultura”, Xesús Portas Ferro publica o artigo “Galicia ¿terra única?”. No número 103 Xesús Portas Ferro aborda o tema da situación cultural de Galicia nun artigo titulado “Unha cultura esgallada”. No mesmo número o teólogo Andrés Torres Queiruga dedica un recordo a Xosé Manuel Rodríguez Pampín. No seguinte número atopamos un artigo de Xesús Portas Ferro titulado “Globalizados e senlleiros”, unha recensión de Victorino Pérez Prieto sobre o libro *Os poetas galegos do Seminario de Mondoñedo. Notas biográficas e escolma*, de Félix Villares Mouteira. Por último, no 105 Xesús Portas Ferro publica o artigo “Estelas de berce roto”. En tódolos números publícase a sección “Libros chegados á redacción” a cargo de Engracia Vidal.

Recensións e referencias varias:

-Silvia M. Rial, “Vinte anos no medio da “Encrucillada”, *El Ideal Gallego*, 12 xaneiro 1997, p. 42.



Refírese á revista galega de pensamento cristián *Encrucillada*, que conmemora o seu vixésimo aniversario cun número especial, onde se analizan e valoran os acontecementos máis importantes dos últimos trinta anos da Igrexa galega. Comenta que se trata dunha publicación dirixida por Andrés Torres Queiruga, froito da inqueda xurdida co Concilio Vaticano II. Recolle do seu director certos comentarios sobre as colaboracións, subvencións e os obxectivos da revista, asegurando que actualmente non se observan grandes cambios nos fins perseguidos, só renovación nos participantes e no aspecto visual. Finalmente sinala o tipo de lector ó que vai dirixida *Encrucillada*.

-E. C., "A revista "Encrucillada" edita o seu número cen"/ "Unha "encrucillada" de vinte anos que se celebra co número cen da revista", *O Correo Galego / El Correo Gallego*, 3 xaneiro 1997, p. 55/p. 12. Noticia da aparición de *Encrucillada*, que no seu número cen fai un percorrido polo tempo que leva en marcha e avalía os últimos trinta anos da Igrexa. Coméntanse os obxectivos da revista de contribuír á madurez "dunha Igrexa actualizada nas súas ideas e na súa sensibilidade coa terra" e de traballar por unha Igrexa "Galega". Saliéntase a consolidación da publicación sen contar con apoios específicos de ningunha institución.

-Miguel Anxo Seixas, "Encrucilladas", *O Correo Galego*, "A Maltrana", 6 xaneiro 1997, p. 3. Fala da revista *Encrucillada*. *Revista galega de pensamento cristián*, con ocasión da publicación do seu número 100, tras vinte anos de existencia. Inclúe a nómina de colaboradores nestes anos e afirma que se trata da "revista en galego de maior número de subscritores". Recóllense tamén os obxectivos da publicación, consistentes en procura-la "análise da realidade galega e da igrexa universal". Remata aludindo a outras revistas de carácter relixioso, como *Logos*. *Revista de cultura relixiosa*, nos anos trinta, ou *Irimia*. *Seminario de crentes galegos*, aínda existente.



-M. Dourado Deira, "¿Que significa o número 100 de 'Encrucillada'?", *El Correo Gallego*, "Ardentía", 11 xaneiro 1997, p. 2. Artigo que fala do número extra da revista *Encrucillada* dicindo que, "en Galicia, 20 anos de vida dunha "revista galega de pensamento cristián" son unha aventura". Recóllense tamén palabras de Andrés Torres Queiruga, director da publicación, acerca do significado da mesma. Finalmente, o articulista exemplifica os enunciados do director "con vivencias da fe persoal", nas que conta o seu percorrido cambiante, ó longo do tempo, pola fe cristiá.

-F. Carballo, "Cen anos de Encrucillada", *A Nosa Terra*, nº 761, "Guieiro Cultural", 16 xaneiro 1997, pp. 23-24. Infórmase da traxectoria de *Encrucillada* que vén de sacar á luz o número 101. Lémbrese que o primeiro número da revista naceu en febreiro de 1977 e que chegou ó 100 en decembro de 1996. Seguidamente sinálase que esta entrega abrangue 358 páxinas, das cales as primeiras están dedicadas ós vinte anos da revista e as seguintes fan unha síntese histórica a través da Igrexa Galega destes vinte anos. Recóllense tamén as declaracións de A. Torres Queiruga sobre os obxectivos da publicación.

-Miguel Anxo Seixas Seoane, "Encrucilladas", *O Norte*, nº 54, 1ª quincena de febreiro 1997, p. 26. Refírese á publicación do número 100 da revista e lembra o seu nacemento como revista especializada "cando había moitos campos por sementar nas artes, nas letras e nas ciencias de Galicia". Comenta así mesmo como a publicación foi medrando progresivamente en número de subscritores ata ser hoxe a revista con maior número de suscripcións, feito que segundo o articulista "debe facernos matinar sobre o desleixo e o escepticismo nunha nación tan contradictoria como Galicia". Finalmente lembra a existencia en 1931 en Pontevedra da revista relixiosa *Logos* e alude tamén a *Irimia*, que tirara o seu número cero en setembro de 1981.



-Pedro Rielo Lamela, “Vinte anos de Encrucillada”, *O Correo Galego*, “Tempus fugit”, 4 xullo 1997, p. 12. Despois de lamenta-la escasa duración da maioría das revistas literarias e políticas, xeralmente por razóns económicas, cita algunhas que aínda perduran co paso do tempo como *Grial*, *A Trabe de Ouro* ou *Encrucillada*, que vén de cumprir vinte anos. Céntrase logo nesta última lembrando o seu primeiro número no ano 1977 baixo a dirección de Torres Queiruga e resalta, entre outras cousas, o carácter aberto co que naceu e que aínda conserva.





Ensaio. Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal

(ISBN: 972-96605-1-4/D. L: 109082/97).

Número fundacional desta revista, que sae por vez primeira na primavera de 1997. Está editada baixo a responsabilidade do Instituto Galego de Estudos e Investigacións Teatrais e do Teatro do Noroeste/Centro Dramático de Viana do Castelo co apoio dos concellos de Viana do Castelo e Cangas e da Mostra Internacional de Teatro Cómico e Festivo do Festival de Teatro do Eixo Atlántico, entre outras entidades. A súa redacción conta cun dobre enderezo: un en Vigo e outro en Viana. No seu Consello figuran Carlos L. Bernárdez, Xosé Francisco da Lama, María Xosé Mariño, Jorge Castro Guedes, Jorge Campos, Júlio Cardoso, Joao de Melo Alvim e Rui Madeira. Fai as veces de editor José Martins e de director Manuel F. Vieites. Esta primeira edición contou co patrocinio do Concello de Cangas do Morrazo e da Câmara Municipal de Viana do Castelo. Entre estas dúas localidades tivo lugar o encontro Teatragal 96, que reuniu a xentes do teatro de Galicia e norte de Portugal, así como o Festeixo ou Festival de Teatro do Eixo Atlántico, celebrado no mes de outubro de 1996 en Viana. Desta experiencia naceron os artigos e debates que compoñen o primeiro número de Ensaio. Están ordenados nos seguintes apartados: "A informação teatral", "A creación dramática", "Produção e distribuição", "Teatro e acción institucional", "A formación teatral", "Teatro e sociedade", "Galiza/Portugal: é possível o encontro?". Inclúe, ademais, un apartado de "Textos" no que se nos ofrece unha edición do *Entremés famoso sobre a pesca do río Miño* (1671) a cargo de Ramón Mariño Paz, cun artigo previo sobre a mesma obra da autoría de Dolores Vilavedra. Na sección de "Libros" analízanse dúas propostas sobre teatro galego, de Manuel Vieites e Germán M. Torres de Aboal,

respectivamente. No editorial introductorio, titulado “Da ría de Aveiro a Ortegá: por un espazo teatral común”, infórmase da inclusión nas derradeiras páxinas dun catálogo coa relación das estreanas anuais en Galicia e norte de Portugal. Anúnciase, asemade, a próxima celebración de novas edicións dos encontros Teatragal en 1998, 1999 e 2000 para reflexionar sobre máis cuestións teóricas de teatro galego e portugués. Para o Día Mundial do Teatro, o 27 de marzo, anuncia este editorial a saída do, polo momento, número anual único desta revista. Tódolos artigos e debates relacionados coa literatura galega aparecen descritos no apartado de V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.





Recensións e referencias varias:

-Noemí Pazó, “*Ensaio*. Un novo espacio para a comunicación teatral na vella Gallaecia”, *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio-xuño, 1997, pp. 282-283. Recolle a nova da publicación do número un da revista *Ensaio. Revista de Teatro de Galicia e do norte de Portugal*, dirixida por F. Vieites e editada por José Martíns. Trátase, segundo a autora, dunha publicación aberta á pluralidade que pretende ser canle de comunicación entre o acontecer dramático de Galicia e Portugal. Noemí Pazó gaba a “vocación aberta e integradora” da revista e a difusión de Teatragal, aspectos ambos que recoñece de grande interese e utilidade para achegarse ó desenvolvemento teatral.

-M. A. Fernán-Vello, “Unha revista de teatro”, *O Correo Galego*, “A Fenda”, 22 maio 1997, p. 3. Saúda a aparición do primeiro número da revista *Ensaio*, dirixida por Manuel F. Vieites, que os seus promotores subtitulan “Revista de teatro de Galicia e do norte de Portugal”. Salienta a importancia desta

publicación por ser un órgano de “comunicación teatral común entre Galiza e Portugal” e a continuación, cita os integrantes do Consello de redacción e do Consello editorial e recolle unha longa cita, extraída do Editorial da revista, que dá conta das súas intencións integradoras. Finalmente, menciona os contidos do número, dos que resalta a edición do profesor Mariño Paz do texto íntegro do “Entremés famoso sobre a pesca do río Miño” (1671), de Gabriel Feijoo de Araújo.



2 it id

⏮ ⏪ ⏩ ⏭



Escaramuza

(D. L: 738-1997).

Revista trimestral creada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, que saíu á luz en 1997 coordinada por Pepe Soto. Conta co patrocinio da AISGE (Actores e Intérpretes, Sociedade de Gestión de España) e coa colaboración da Deputación da Coruña. No editorial do número 0 (xaneiro 1997) expónse que o seu obxectivo é crear un medio de comunicación que trascenda máis alá da profesión teatral e que sirva para proxecta-lo teatro galego cara á sociedade. Este primeiro exemplar ofrece unha homenaxe ós actores falecidos, Ibán Toxeiro e Marisa Soto, ademais de informacións relativas ó audiovisual galego e ós premios María Casares. Inclúese tamén un poema de Anxo R. Rei Ballesteros e un conto de Fernando Dacosta titulado "Un bolo". No número 1 (maio-xuño 1997) atópanse colaboracións de Miguel Pernas, Lino Braxe e Fernando Dacosta. Ademais infórmase da estrea de *Lisístrata ou cando as mulleres reviraron*, do CDG, de *Afección*, de Sarabela, *Pa*, de Uvegá, *Dany e Roberta*, de Balea Branca, *Nano*, de Teatro do Adro, *Para o Leste do Gantry*, de A Factoría Teatro, *Anxeliños*, de Teatro do Aquí, *A boda dos moinantes*, de Compañía Marías e *Escola de Bufóns*, de Ollomoltranvía. Ernesto Chao colabora co conto "Soños dunha actriz". No número 2 (setembro 1997) asinan Vicente Montoto, Evaristo Calvo e Xavier Lama e anúncianse as estreas de *O peregrino errante que cansou ó demo*, do CDG, *Unha rosa é unha rosa*, de Teatro Noroeste, *Fábula*, de Áncora Produccións, *Acto imprevisto*, de Pífano, *O pauto do demo*, de Teatro Galileo, *Detritus corazón*, de Teatro Bruto, *Flores de papel*, de Traslús Teatro, *Catro contos da China*, de Cachirulo e

Sobre o dano que fai o tabaco, de Nove e dous. Inclúense tamén o conto “Un grande éxito”, de Manuel Seixas, e a crónica do acto de entrega dos Premios María Casares. No número 3 (decembro 1997), Pepe Soto dedica un artigo a Manuel Lourenzo con motivo do Premio Nacional de Literatura Dramática; Rubén García fala dos vintecinco anos da Mostra de Teatro Galego de Ribadavia e informa das postas en escena de *Ministros pola cara*, de Encuadre Produccións, *A increíble vida de Héctor Loureiro*, de Teatro do Morcego, *O parasol Laranxa*, de Os Quinquilláns, *Órbita mutante*, de Chévere, *As Troianas*, de Teatro da Lúa, *A gaita que facía a todas bailar*, de Teatro Buratini, *O Barbeiro de Sevilla*, de Librescena, *O Bufón de El-Rei*, do CDG e *D. Guieiro Caramelleiro*, de Teatro Xalgarete. Colaboran tamén neste número Constantino Rábade, Celso Parada e Xesús Pisón, este último co texto poético “Breviario Hamlet II-O Aro”. En todos estes números insírese un artigo de Pepe Soto dedicado ós pioneiros do teatro galego. Os artigos relacionados coa literatura galega poden consultarse no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

S. C., “Escaramuza’ une o teatro, o cine e a televisión de Galicia”/“Escaramuza’ consolídase como a revista das artes dramática e audiovisual”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 29 xuño 1997,

52/p. 14. Refírese á revista *Escaramuza*, editada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia, unha publicación trimestral dedicada ó mundo do cine, do teatro e da televisión en Galicia. Menciónase o seu Consello Editorial coordinado por Pepe Soto e cun equipo colaborador formado, entre





outros, por Suso de Toro, Roberto Vidal Bodaño e Ernesto Chao, etc. Seguidamente, faise un repaso polos contidos que conforman o primeiro número e resalta algúns como o artigo editorial que abre o número baixo o título de “Realismo Suxo”, no que Pepe Soto “reivindica a necesidade de actuar e de crítica, así como o importante papel da creación dramática, cos clásicos á cabeza”.



Feros Corvos

Publicación do Batallón Literario da Costa da Morte que tirou o seu primeiro número en 1997 (Inverno). Cunha extensión de catro páxinas está ocupada integramente pola creación literaria ademais dun editorial. Así no número 1, logo de ser sinalada a simboloxía de liberdade nos “Feros Corvos” de Pondal, recóllense poemas de Xandra Tedín, Alexandre Nerium, Eva de la Torre, Rafa Villar, María Lado, María Canosa, Xoán A. Moure, Suso Bahamonde, Mónica Góñez, Xaime Trillo, David Creus, Concha Blanco, Estevo Creus, Abel Mendes, Modesto Fraga Moure, Tomás Lijó e os relatos “Variacións sobre o tema de Carrapuchiña e o lobo”, de Marilar Aleixandre e “Serpes”, de Xavier R. Fidalgo. No número 2 (Primavera) consta o consello de redacción, composto por Estevo Creus, Modesto Fraga, Mónica Góñez, Alexandre Nerium, Xavier R. Fidalgo, Miro Villar e Rafa Villar. Os poemas correspóndenlle a Tomás Lijó, Ana Canosa Blanco, Rubén Cela Díaz, Iván Fraga, Xosé María Casais, Víctor Manuel Gómez Traba, Marilar Aleixandre, Xaime Trillo, Abel Mendes Bujeiro, Moncho Bouzas Tobío, María Xosé Canitrot Trillo, Modesto Fraga, Selo Louzán, María Canosa Blanco, Alexandre Nerium, Xavier Rodrigues Fidalgo, Paulina Mouzo, David Creus, Rafa Villar, Suso Bahamonde e Xoán Alberte Moure. O número 3 (Outono) ábrese cunha nota da directiva do Batallón, asinada polo seu presidente, Miro Villar, na que se aclaran algúns aspectos sobre a selección das persoas que viaxaron a Cuba en representación do colectivo. Acóllense neste número as composicións poéticas de Rafa Villar, Modesto Fraga, Selo Louzán, Moncho Bouzas Tobio, Alexandre Nerium, Helena Pérez, Xoán Alberte Moure, Miro Villar, Mónica Góñez, Xavier Rodrigues Fidalgo e Abel Mendes Bujeiro.



Ademais, Tomás Lijó inicia a sección “Folha aberta”, coa que se pretende presentar autores pouco coñecidos, as composicións dos cales virán acompañadas dunha breve nota biográfica.





Ferrol Análisis

(D. L: C.-1106-1990).

Revista que publicou o seu primeiro número en setembro de 1990. Está patrocinada polo Concello de Ferrol e editada polo Clube de Prensa desta cidade e o seu primeiro director é Germán Castro Tomé. O Consello de Redacción está formado por Luis Mera Naveiras, Guillermo Llorca Freire, Xosé A. Ponte Far, Jaime Quintanilla Ulla, Julia Díaz Sixto, Mario Couceiro Bescos, Enrique Sanfiz Raposo e José Luis Barcia Picos. Na presentación, comenta que os temas tratados terán como cerne a comarca ferrolá e declara a intención de manter unha periodicidade trimestral. A falta de apoio financeiro propiciou que se incumprise a promesa inicial, saíndo o número 2 en xullo de 1991 e o número 3 en xuño de 1992. No 1993 tiran do prelo os números 4 e 5; nestas entregas aparecen as primeiras referencias á literatura galega. En 1997 publicouse o número 11 que nas súas páxinas centrais presenta unha serie de artigos en lembranza do recentemente falecido Carlos Gúrmendez e asinados por Xosé Luis Axeitos, Javier Muguerza, Ramiro Fonte, Antón Baamonde, Luis Mera Naveiras, Nona Inés Vilariño, Juan Antonio Díaz, José Ramón Ariño, Romano García e Eduardo Fra Molinero. No tocante á literatura galega recolle senllos artigos de Claudio Rodríguez Fer e Luz Pozo Garza que poden consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*.



Referencias varias:

-J. R. A., "Homenaje al pensador Carlos Gurméndez", *El País*, "Babelia", nº 312, 25 outubro 1997, p. 18. Salienta a presenza neste número 11 de corenta páxinas dedicadas á lembranza do filósofo, escritor e xornalista Carlos Gurméndez.



Festa da palabra silenciada

(D. L: VG-241-1983).

Revista de periodicidade irregular (aínda que dende o ano 1995 véñse publicando anualmente) subtitulada “Publicación galega de mulleres”, que comezou a súa andaina en 1983. Trátase dunha revista de ideoloxía feminista, coordinada por María Xosé Queizán e deseñada por Margarita Ledo Andión. No ano 1997 saíu o número 13 que contén ilustracións de Chelo Matesanz e fotos de Inés Barros Fortes. A primeira parte componse dun Monográfico dedicado a María Mariño Carou, no que participan con artigos e comentarios sobre diversos aspectos da súa obra, María Xosé Queizán, Ana Romaní, Carmen Blanco, María Xesús Pato e María Xesús Nogueira. A homenaxe inclúe unha antoloxía de poemas da escritora, realizada por Mónica Bar Cendón. Dedícase tamén un espacio ó I Encontro das Poetas Peninsulares e das Illas que tivo lugar en Vigo os días 26, 27 e 28 de xuño de 1996, organizado por Feministas Independentes Galegas e dirixido por María Xosé Queizán, co obxectivo de reflexionar sobre a poesía creada por mulleres. Reprodúcense as conferencias pronunciadas por cada unha das críticas e poetas participantes, que dan conta da situación da poesía feminina en varias linguas (vasco, castelán, catalán, portugués, galego) entre elas as de Tere Irastortza, Cecilia Dreytmüller, M^a Cinta Montagut, Montserrat Abelló, Silvia Rodrigues Lopes e Marga Romero. Tras destes artigos inclúese unha “Cronoloxía da poesía galega de mulleres publicada” na que se inclúen obras dende 1863 ata 1996. No apartado de “Temas varios” inclúense un cuestionario irónico do colectivo Intrépidas & Sucias, un artigo de Carmen Panero sobre o ingreso de Luz Pozo Garza na Real Academia

Galega, un estudio sobre a obra infantil e xuvenil de Pura e Dora Vázquez, asinado por Blanca-Ana Roig Rechou e un artigo de Rosa Cobo titulado “Elementos patriarcais das sociedades democráticas occidentais”. A sección dedicada á “Crítica” contén unha bibliografía de obras escritas por mulleres no 1996, recensións dedicadas a obras de Helena de Carlos, Xela Arias, Fran Alonso, Pilar Pallarés, Olga Novo, Marica Campo, Xosé M^a Álvarez Cáccamo, Marilar Aleixandre, da poeta catalana M. Mercé Marçal, do ensaísta Thomas Laqueur e de Zoe Valdés. Ademais inclúese un resumo das conferencias pronunciadas no marco da Semana Galega de Filosofía en 1996 e unha crítica sobre a película holandesa *Antonia*. Tódolos artigos relacionados coa literatura galega aparecen comentados no apartado V. 4. deste *Informe*. Na sección de “Creación” inclúense composicións de Lourdes Álvarez, Montserrat Abelló e María Mercé Marçal, Teresa Balté, Elena Andrés, Elsa López, Juana Castro e M^a Cinta Montagut. En galego aparecen poemas de Pura Vázquez —pertencentes a *Mar que escribiu no mar* (1993)—, Luz Pozo —de *Concerto de Outono* (1981) e *Prometo a Flor de Loto* (1992)—, Pilar Pallarés —de *Sétima soidade* (1984) e *Livro das devoracións* (1996)—, Chus Pato —de *Heloísa* (1994) e *Urania* (1991)—, Marga R. Lorenzo (inéditos), ademais dun relato de Marilar Aleixandre titulado “Vigo no solsticio de inverno”.





Recensións e referencias varias:

-Xavier D., "Festa da Palabra Silenciada" dedica su último número a María Mariño", *Atlántico Diario*, 9 outubro 1997, p. 58.



Refírese á presentación do décimoterceiro número da revista *Festa da Palabra Silenciada* que tivo lugar no Concello de Vigo. Informa que no acto estiveron presentes a súa directora, María Xosé Queizán, e a Concelleira de Cultura, Maite Fernández. Salia que o novo número se abre cun monográfico dedicado á poeta María Mariño, da que este ano se cumpre o trixésimo aniversario da súa morte.

-Carmen Parada, "Poetisas gallegas muestran sus obras en una publicación anual", *La Voz de Galicia*, 9 outubro 1997, p. 88. Refírese á aparición do número trece da *Festa da Palabra Silenciada*, dirixida por María Xosé Queizán. Saliéntase, entre outras cousas, a información sobre o encontro de poetisas galegas coas súas compañeiras da Península que tivo lugar en Córdoba a raíz do éxito obtido no anterior encontro en Vigo. Por outra banda, incídese no apartado especial dedicado á poeta María Mariño co gallo do trixésimo aniversario da súa morte e cítanse algunhas das colaboradoras deste número: Carmen Panero, Ana Romaní, Pilar Pallarés, Luz Pozo, Marilar Aleixandre e Chus Pato.

-Pilar Pallarés, "Literatura e hormonas", *A Nosa Terra*, nº 800, "Guieiro Cultural", 16 outubro 1997, p. 21. Reflexiona sobre o feminismo e o tratamento da muller nos medios de comunicación. Con motivo da presentación do número 13 da revista *Festa da palabra silenciada*, a articulista manifesta o seu desacougo pola "facilidade con que o discurso feminista (...) pode ser deglutido, reinterpretado e desactivado polos medios de comunicación, por nós mesmas tamén". Remata a súa reflexión afirmando que "non todas as escritoras, por mulleres, foron ou son discriminadas. Depende da funcionalidade" e cita un traballo de Laura Tato titulado *Teatro galego 1915-1931* no que a autora presenta as dificultades que tiveron Cabanillas e Vilar Ponte á hora de representar *O Mariscal*.

-Xavier Costa Clavell, "María Mariño", *O Correo Galego*, "No faiado", 7 novembro 1997, p. 2.





Infórmase da aparición do número da *Festa da palabra silenciada* dedicado a María Mariño con motivo do seu trixésimo cabodano, coordinado por María Xosé Queizán. Danse algúns datos biobibliográficos de Mariño, cítanse algúns dos seus versos e rescátanse os xuízos de Carmen Blanco sobre a súa obra lírica.

-Nicanor Rielo, "María Mariño no Courel", *O Correo Galego*, "Lecer", "Palabra no tempo", 16 novembro 1997, p. XVI. Despois de facer referencia á publicación do número trece da revista *Festa da palabra silenciada*, salienta o feito de que estea dedicado á poeta María Mariño e céntrase de seguido nesta autora para facer un percorrido pola súa vida e obra.

Miguel Anxo Fernán-Vello, "Poesía galega de mulleres", *O Correo Galego*, "A fenda", 27 novembro 1997,

3. Céntrase no novo número da *Festa da Palabra Silenciada*, revista que Fernán-Vello cualifica de "aportación de gran peso literario e intelectual á cultura galega". Refírese despois á ampla panorámica poética que nos ofrece este número, dende *Cantares Gallegos* (1863), de Rosalía de Castro ata *Pel de ameixa* (1996), de Marta Dacosta e continúa facendo un percorrido por tódalas publicacións de mulleres poetas que viron a luz dende a 1863.



O Gaitero de Lugo

(D. L: OR-120/1965).

Con antecedentes que se remontan a mediados do século pasado, este calendario aparece por primeira vez con este título a partir de 1927. Dende 1936, e gracias á iniciativa de Filgueira Valverde, pasou a ser monolingüe en galego e acolleu nas súas páxinas diversas colaboracións literarias e reproducións de textos de autores clásicos da nosa literatura. Despois dun longo período de ausencia, reaparece en outono do 1997 co subtítulo de “relixioso, profético, astronómico, recreativo, patriótico, popular e barato” e acompañado dunha “Táboa de mareas”. Ademais dos contidos habituais: información sobre subvencións e calendario relixioso, lunar e de feiras, reproduce colaboracións literarias de: Rosalía de Castro, Antón Fraguas Fraguas, Taboada Chivite, Paco Martín, Ramón Cabanillas, Castelao, Xaquín Lourenzo Fernández, Manuel María e Curros Enríquez. Publica tamén numerosos textos anónimos referidos a festas, tradicións populares e crenzas da nosa cultura.

Referencias varias:

-T. F. I., “Reaparece después de veinte años la publicación “O Gaitero de Lugo”, *La Voz de Galicia*, 4 outubro 1997, p. 82. Dá noticia da reaparición desta revista que nacera a mediados do século pasado. Comenta as súas características e salienta que antes se vendía de forma ambulante como outras do seu xénero



(*O mentireiro verdadeiro* e *El Zaragozano*) e que agora reaparece baixo a tutela do cronista oficial de Lugo: Juan Soto e a Deputación, cunha tirada de 75.000 exemplares que se distribúen por librerías, bibliotecas e centros oficiais.

-Pilar García Cheda, "O calendario "O gaitero de Lugo" reaparece tras 20 anos de letargo", *El Progreso*, 4 outubro 1997, p. 73. Informa da reaparición do calendario *O gaitero de Lugo* coincidindo coas festas de San Froilán e respaldado pola Deputación lucense. Comenta que o calendario deixou de publicarse hai vinte anos mantén o seu formato tradicional con información sobre as tarefas agrícolas , os ciclos da lúa e o santoral, e presenta algunhas innovacións como a inclusión dunha táboa de mareas.





Galicien Magazin

Revista semestral da Sociedade Galego-Alemana (SGA) dirixida polo profesor Dieter Kremer, que apareceu en abril de 1996. Edítase o Centro de Documentación de Galicia da Universidade de Tréveris e distribúese gratuitamente entre todos os membros da SGA; en Galicia está á venda na librería Couceiro de Santiago. Cada número conta con oito seccións: "Schwerpunktthema", na que se desenvolve un tema principal relacionado cos estudos sobre lingua galega en Alemaña ou sobre as actividades do Galicien-Zentrum de Trier; "Literatura", onde adoitan incluírse artigos sobre diversos aspectos da literatura galega; "Entrevista", na que se presentan conversas con xentes relacionadas coa cultura; as misceláneas "Varia", "Sociedade Galego-Xermana", "Traducións" e "Rezensionen" e, finalmente, "Projekte und Publikationen", na que se informa da aparición de traballos relacionados coa lingua e a literatura galegas. No 1997 publicáronse os números 3 (marzo 1997) e 4 (outubro 1997). No número 3, aparecen traducidos ó alemán un fragmento de *Cousas de Castelao*, realizado por Franck Meyer (pp. 27-28), un fragmento de *Despertar das Amantes*, realizado por Anne Rupp e Joachim Wormuth (pp. 38-29), e de *Metáfora da Metáfora* tamén de M^a Xosé Queizán, realizado por Petra Dülmer-Jorde (p. 29), ademais dunha entrevista a Antón Santamarina. No número 4 Franck Meyer traduce un fragmento de *Á lus do candil*, de Ánxel Fole (pp. 32-34) e un fragmento de *Poesía última de amor e enfermidade*, de Lois Pereiro (pp. 36-37); María Xesús Lama e Cristine Kielmann, un fragmento de *Ningún cisne*, de Manuel Rivas (pp. 34-36) e Marga Romero Lourenzo e Joachim Wormuth, un fragmento de *Midas*, de Isaac Díaz Pardo (p. 37). Inclúese ademais dunha entrevista con Adolfo Lozano Bravo,

director do Centro de Estudios Galegos da Universidade de Belgrano en Bos Aires. Os artigos relacionados coa literatura galega aparecen descritos nas páxinas deste *Informe*.





Referencias varias:

-Francisco P. Lorenzo, "Die Galicische Literatur", *O Correo Galego*, "Revista da Letras", nº 141, 9 xaneiro 1997, p. 2. Refírese á publicación do segundo número da revista *Galizien-Magazin* da man do Centro de Documentación de Galicia na Universidade de Tréveris en Alemaña e dirixida polo catedrático Dieter Kremer. Saliéntanse os obxectivos desta revista que, segundo os responsables, "quere ser foro dun intercambio productivo xuntando a todos os interesados nunha empresa común". Destácase a perspectiva de actualidade que rexe os seus contidos e incídese no tema central deste número: a problemática da interculturalidade con artigos de Ute Hafner, María Xesús Lama e Franck Meyer.

-Teresa Seara, "Mitteleuropa achégase a nós", *A Nosa Terra*, nº 776, "Guieiro Cultural", 1 maio 1997, pp. 24-25. Recensión da terceira entrega da revista semestral *Galicien Magazine* que edita Galicien Zentrum da Universidade de Trier (Tréveris). Fai unha síntese da xénese do citado centro así como dos colaboradores galegos que participan nas diversas actividades que se levan a cabo: Manuel Rivas, Xosé Luis Méndez Ferrín, María Xosé Queizán, etc. A continuación céntrase nos apartados que constitúen a revista e salienta algúns dos contidos desta terceira entrega como son a entrevista a Antón Santamarina sobre os vintecinco anos do ILG, ou a sección "Traducción".



-M. Blanco Rivas, "Galicien-Magazin: unha voz galega en Alemaña", *Faro de Vigo*, "El Sábado", nº 12, 3 maio 1997, p. 6. Entrevista a Frank Meyer, coordinador de *Galicien-Magazin*, co gallo da publicación do número 3. Meyer comeza lembrando as orixes da publicación que naceu en 1993 no seo da Sociedade Galego-Alemana de Tréveris a raíz dun coloquio internacional de estudos galegos. Salienta tamén o crecente interese polo galego en Alemaña e destaca o traballo da Sociedade para promovelos, facendo fincapé no feito de que esta revista é a única publicación en galego en todo o territorio alemán. Céntrase despois nos contidos do novo número no que se inclúen distintos artigos sobre estudos galegos de Dieter Kremer e Johannes Kabatek, unha colaboración de Suso de Toro, unha entrevista a Antón Santamarina e traducións de poemas de María Xosé Queizán.





Grial

(ISSN: 0017-4181 / D. L: VG-99-1963).

Naceu no ano 1963 editada pola Editorial Galaxia, baixo a codirección de Ramón Piñeiro e Francisco Fernández del Riego. Subtitulouse nesta etapa, na que se publicaron 100 números, “Revista galega de cultura”. A partir do número 100 asume a súa dirección Carlos Casares e a revista xa non aparece co subtítulo. Nesta segunda etapa segue coa periodicidade trimestral. No 1997, publicáronse os números 133 (xaneiro-febreiro-marzo), 134 (abril-maio-xuño), 135 (xulloagosto-setembro), e 136 (outubro, novembro-décembro), nos que, ademais do repertorio habitual de estudos, recóllense diversos traballos nas seccións “Libros”, “Teatro” “Arte” “Imaxe” e “A cultura no mundo”. O número 133, coordinado por Gustavo A. Garrido, leva por título “De viaxes e lugares” e inclúe colaboracións de Antón Risco, Xavier Alcalá, Arturo Leyte, Suso de Toro, Carlos Casares, Gustavo A. Garrido, Miguel Viqueira, Helena Cortés, Bieito Iglesias, Manuela Palacios e Hernán Neira. O número 134 titúlase “Literatura e Nación” e inclúe as achegas de Camilo Nogueira, Xavier R. Madriñán, Emilio Grandío, Xosé M. Núñez Seixas, Daniel Blanch, Thomas S. Harrington, Armando Requeixo e Daniel Soutullo. O número 135 preséntase baixo o epígrafe “Formas da fantasía” e contén traballos de Antón Risco, Silvia Gaspar, Monserrat Trancón, Franklin García Sánchez, María Fernanda Arentsen, Rodrigo Varela Cabezas, Ignacio Soldevila, Ángel López Fernández, Carlos Fernández e Carlos Casares. No número 136, “Perspectivas da Normalización Lingüística” colaboran Victoria Álvarez Ruíz de Ojeda, Catherine Davies, Henrique Monteagudo, Antoine Fraile, Josu Mezo, Anxo M. Lorenzo, Xoán Paulo Rodríguez Yáñez, Miguel Fernández, Baldomero Fernández Ramos, Jean-Pierre Sánchez, Fina M. Antón, Manuel

Mandianes e Victorino Pérez Prieto. Os artigos, recensións e referencias sobre literatura galega están descritos nos apartados correspondentes deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

-C. Blanco Outón, "Grial, las instituciones y la cultura", *El Correo Gallego*, 30 maio 1997, p. 2. Denúnciase a ausencia de subvencións por parte da Consellería de Cultura para as revistas que por careceren de beneficios para costearla súa difusión resultan difíciles de vender. Céntrase logo en *Grial*, unha publicación que, xunto ó *Boletín Galego de Literatura* e *A Trabe de Ouro*, ten emprendido "una solitaria cruzada contra la pobreza que amenaza nuestra vida cultural e nuestras letras". Salienta que se trata dunha revista consolidada, "una ventana abierta a todo lo que sucede en la esfera literaria gallega", que se distribúe nas universidades americanas e que sen embargo, en Galicia, "permanece en un relativo anonimato debido, principalmente, a la absoluta falta de interés de las instituciones".

-M. Blanco Rivas, "A viaxe como peregrinación en busca do novo", *Faro de Vigo*, "El Sábado", nº 16, 7 xuño 1997, p. 5. Refírese ó número 133 da revista *Grial* que foi presentado o día 12 na Biblioteca Penzol de Vigo e que ten como tema monográfico as viaxes e lugares. Faise unha síntese do percorrido que levan a cabo polos diferentes lugares cada un dos colaboradores: Antón Risco pola India, Arturo Leyte por Auschwitz, Suso de Toro por Londres, Xavier Alcalá por Israel, Miguel Viqueira por Lisboa, Bieito Iglesias por Barcelona e Manuela Palacios por Harward.

-S. C., "Antón Risco fala coa pantasma do seu pai no 'Grial' sobre viaxes", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 11 xuño 1997, p. 45/p. 16.





Infórmase da aparición do número 133 da revista *Grial*, que nesta ocasión ten como tema central o monográfico “Viaxes e lugares”, e inclúe colaboracións de Suso de Toro, Antón Risco, Xavier Alcalá e Bieito Iglesias, entre outros.

-Lalo Vázquez Gil, “Grial”, *Atlántico*, 24 setembro 1997, p. 26. A lectura do libro *A xeración Galaxia*, de Francisco Fernández del Riego, leva ó autor do artigo a lembrala aparición, en 1963, da revista *Grial*, que tivo como director a Fernández del Riego. A seguir cita as persoas que integraban o consello editorial inicial e os obxectivos da revista, consistentes en leva-la nosa cultura fóra de Galicia e conseguir incorpora-los valores das demais culturas ó noso ámbito. Remata aludindo a algúns dos colaboradores e autores traducidos que apareceron na revista, destacando o seu alto nivel.





Publicación de carácter cultural que publica a Asociación Cultural Xermolos da Terra Chá e que en 1997 chegou ó seu número 4. Trátase dun monográfico dedicado á figura do poeta de Santalla de Lóuzara morto en xullo de 1997, Fiz Vergara Vilariño. Non conta cunha división por apartados ou seccións pero aínda así algúns bloques de colaboracións pódense illar doadamente. Así, ofrece unha presentación a xeito de editorial na que xustifica os méritos do escritor escollido para o monográfico. A continuación aparecen artigos de escritores e amigos que lembran a Fiz. Inclúese unha bibliografía activa de toda a súa obra. O groso do volume está composto por artigos de crítica e análise da obra poética de Fiz Vergara a cargo de Alonso Montero, Teresa Seara, Miguel Mato e Xulio Valcárcel entre outros e por creacións, estas na parte final da revista, feitas para a ocasión por escritores amigos, caso de Xesús Rábade Paredes (“A Fiz Vergara, muiñeiro de estrelas”), Xosé María Álvarez Cáccamo, Antón Tovar (“E me difícil escribirche”), Bernardino Graña (“Ante Fiz Vergara Vilariño, na despedida en Lóuzara”), Darío Xohán Cabana, Xosé Vázquez Pintor (“Digo que minten”), Xosé Chao Rego (“¡Teu Vilar, meu Vilariño!”), Lois Diéguez (“Viaxe ao Fiz”), Marica Campo (“Tres sonetos ao vello xeito para lembrar a Fiz Vergara”), Helena Villar Janeiro (“A Fiz Vergara Vilariño”), Mero Iglesias (“Homenaxe da palabra fuches ti,/ coma río corredío, regalía,/ voz amarga feita MUÍÑO, fuches ti,/ ...FIZ VERGARA VILARIÑO”), Antón Grande (“Letanía a Fiz Vergara Vilariño”), Cesáreo Sánchez Iglesias (“Do olvido o río”), Xoán Neira (“Debíache carta amigo Fiz”), Carmen Blanco (“Pastora de ríos e de lobos”), Xavier Rodríguez Barrio (“Carta a Fiz Vergara”), Claudio Rodríguez Fer (“Métrica muiñeira”), Manuel Xosé Neira (“O poeta. Á memoria conxunta de John Keats e Fiz Vergara”), Xosé María Álvarez Cáccamo (“Unha cita pendente con Fiz Vergara”), Eduardo Rey (“Peza teatral sen remate”) e

Darío Xohán Cabana ("Oración por Fiz Vergara Vilariño"). Ata a páxina 127, derradeira desta publicación, inclúese abondoso material gráfico, fotografías de Fiz ó longo da súa vida en actos ou en compañía dos moitos amigos que o visitaban na súa casa de Santalla. Publícase tamén o derradeiro poema escrito por Fiz Vergara Vilariño. Tódolos artigos, tanto de opinión, como de crítica literaria veñen comentados no apartado correspondente deste *Informe*, V. 4. Publicacións en revistas.



Recensións e referencias varias:

-Pilar García Cheda, "A revista "Guieiros" adica un número ó poeta Fiz Vergara", *El Progreso*, 17 decembro 1997, p. 61. Dáse noticia da presentación do número catro da revista *Guieiros*, dedicado integramente ó poeta Fiz de Vergara Vilariño. Infórmase que o acto de presentación tivo lugar no Clube Cultural Valle Inclán e os encargados foron Marica Campo, Manuel María, Alfonso Blanco e Xerardo Pardo de Vera. Coméntase que neste número analízase a personalidade e a obra de Fiz Vergara. Na presentación léronse tres sonetos de Marica Campo, dedicados ó poeta e ademais Manuel María fixo un chamamento ó concello de Sarria e á Deputación Provincial para que se ocupen da publicación da obra completa de Fiz Vergara.



Lúa. Revista Galega de Cultura e Pensamento

(D. L: B-39.469.95).

Publicación que edita dende 1996 o Padroado da Fundación Lúa de Hospitalet (Barcelona). Conta coa dirección de Antonio Díaz Fernández e no seu Consello de Redacción figuran Henrique Fernández Sánchez, Moncho Ramos Requejo, Armando Fernández López, Xosé Manuel Fernández Montes e Salvador Soutullo Carolo. Aparecen páxinas en galego e catalán e nela atópanse, ademais de informacións sobre as actividades da Comunidade Galega en Cataluña, outros artigos dedicados á normalización lingüística e á literatura. No 1997 publicouse o número 2, que corresponde ó segundo trimestre do ano. Trátase dunha entrega dedicada ó Día das Letras Galegas e contén colaboracións de Xesús González Gómez e Xulio Cuxil Vázquez que xiran ó redor de Ánxel Fole. Ademais inclúese unha entrevista con Fernando Cabeza Quiles e, no apartado destinado á creación, aparecen poemas de Xosé Rois Froján e Armando Fernández López, xunto a un relato de Isolino Nieto Caamaño titulado "Talentos perdidos". As colaboracións relacionadas coa literatura galega descríbense nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-G. M., "Lúa Nova" dedica su último número a la figura de Ánxel Fole", *Galicia en el Mundo*, nº 225, 22-28 xullo 1997, p. 12.





Dá conta da aparición do número dous e salienta o contido do editorial no que se denuncia que a celebración do Día das Letras Galegas en Cataluña vaia camiño de converterse en “festas de laconadas populares galegas” e na que se cuestiona ademais qué é o que prepara o Consello das Comunidades Galegas de Ourense. Do mesmo xeito faise referencia á intención da revista de abrir as súas páxinas a tódalas opcións políticas ante a proximidade das eleccións galegas.





Lúa Nova

(D. L: B-26985-95).

Revista da Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro de Cornellá (Barcelona), dirixida por Emilio Luís López Arias. Comezou a súa andaina en 1987 coa dirección de Antonio Díaz Fernández, que abandonou a publicación en 1995 para fundar *Lúa. Revista de Cultura e Pensamento*. Actualmente figuran no seu Consello de Redacción Rosa Reboredo, José Antonio Eyre de Lorenzo e Oliver Fernández Expósito. No 1997 publicouse o número 35, correspondente ó mes de xullo, co obxectivo de contribuír a homenaxear a Ánxel Fole. Ademais de dar conta das actividades da Asociación e de artigos sobre o enxebrismo, o nacionalismo e cuestións de lingua, Pura Salceda escribe sobre a vida e a obra de Fole e reproduce o conto “Polo camiño” pertencente a *Terra Brava*. Inclúense tamén colaboracións de Francisco Hidalgo Gómez e Ramón López Pérez e un relato de Carlos Feáns García, titulado “Pola oira dun... escentileo”, dedicado a Maximino Castiñeiras García. As colaboracións relativas á literatura galega descríbense nos apartados correspondentes deste *Informe*.

Recensións e referencias varias:

-G. M., “Lúa Nova” dedica su último número a la figura de Ánxel Fole”, *Galicia en el Mundo*, nº 239, 28 outubro-3 novembro 1997, p. 12. Noticia na que se anuncia a aparición e o contido do número 35 da revista.





Lucensia. Miscelánea de cultura e investigación

(ISSN: 1130-6381 / D. L: 855-1990).

Publicación semestral editada, dende 1990, pola Biblioteca do Seminario Diocesano de Lugo baixo a dirección de Gonzalo Fraga Vázquez. Forman o seu consello de redacción, Manuel Castro Gay, Amador López Valcárcel, Nicandro Ares Vázquez, M^a Dolores Carmona Álvarez, Manuel Rodríguez Sánchez e Argimiro López Rivas (secretario). A revista conta con catro seccións tituladas “Estudios”, “Comentarios”, “Texto” e “Libros”, onde se recollen traballos dedicados a diversas materias, entre elas a historia, toponimia, antropoloxía, etc., en xeral relacionados coa historia de Lugo. No apartado “Libros” ofrécense comentarios centrados nas novidades editoriais. Ó longo do ano 1997, apareceron os números 14 e 15 que seguen a mesma organización que as anteriores. As referencias á literatura galega resúmense nos apartados correspondentes deste *Informe*. O número 14 acolle o poema de Fiz Vergara Vilariño “Amor de neve Xabreira”.





Luzes de Galiza

(D. L: C-812-1985).

Revista nacida en xullo de 1985, dirixida por Manuel Rivas e editada por Edicións do Castro. No ano 1997 só saíu á luz un número, o 28, desta publicación que se denomina “Revista de liberdades, crítica e cultura”. Trátase dun número especial de 40 páxinas dedicado monograficamente á figura do poeta Lois Pereiro, falecido en maio de 1996. O carácter específico da temática fai que muden as seccións habituais, aínda que se mantén o editorial “Toxos e flores”, asinado por Manuel O’Rivas. No apartado “Emocións” figuran colaboracións de Ramón F. Reboiras, Arturo Regueiro e Xurxo Souto. Os traballos referidos a Lois Pereiro corresponden a Suso de Toro, John Berger, Fermín Bouza e Fidel Vidal. Recóllese ademais unha extensa entrevista de Manuel Rivas a Lois Pereiro co título de “Apostei a carta máis alta”, na que intercambian opinións sobre temas como a vida, a poesía e os poetas, ou a lingua, entre outros. Ademais neste número aparecen o relato “Tecidos e acontecidos”, de Esther Mato Fondo; o poema “Lois Pereiro”, de Lino Braxe; oito capítulos da novela inacabada de Lois Pereiro *Náufragos do Paradiso*, ademais de fotografías do poeta con algúns membros da familia e o poema titulado “Edinburg Edinburg”.

Recensións e referencias varias

-X. C., “Luzes de Galiza publica unha novela inacabada de Lois Pereiro”, *A Nosa Terra*, n º 771, 26 marzo 1997, p. 21.



Informa da próxima aparición do novo número de *Luzes de Galiza* do que se destaca a publicación da novela inédita de Lois Pereiro, *Náufragos do paraíso*. Coas palabras de Manuel Rivas explícase que ó final a obra non se acompaña de explicación cronolóxica ningunha pola incerteza dos datos. O director da revista, comenta que a escrita de Pereiro é lenta e di que practica unha narrativa densa e interior e que se trata dun texto insólito na narrativa galega. Sinala, ademais, que os antecedentes ou paralelismos desta novela atópanse en Thomas Bernard, Peter Handke ou o expresionismo alemán, de aí que a ilustren con pintura nórdica. Fai referencia, así mesmo, ó libro *Poemas últimos de amor e enfermidade*. Finalmente reproducíase un fragmento da derradeira entrevista do poeta concedida a Manuel Rivas e publicada tamén neste número.

-A. N. E., “‘Luzes de Galiza’ homenaxe a Lois Pereiro”, *O Correo Galego*, 7 abril 1997, p. 14. Describese o contido deste número da revista.

-Pepe Dopico, “Forever’ Lois P.”, *El Correo Gallego*, “El ojo de cristal”, 8 abril 1997, p. 24. Comeza reproducindo unhas palabras de Manuel Rivas referíndose a Lois Pereiro como “unha bomba silenciosa envolta en flores lanzada ao patio de butacas da ópera do mundo”. Describe a continuación o contido do número de *Luzes de Galiza* centrado na figura do poeta falecido.

-A. A., “Un furioso homenaje a Lois Pereiro”, *El País*, “Babelia”, nº 286, 26 abril 1997, p. 15. Información da publicación dun número monográfico da revista *Luzes de Galicia*, dirixida por Manuel Rivas e dedicada a homenaxear ó poeta Lois Pereiro. Coméntase o seu deseño, ilustracións e contido. Dise que este número é algo máis que unha homenaxe ó poeta recentemente desaparecido, autor “de algunos de los poemas más radicales del siglo XX gallego”, pois nel inclúese *Náufragos do paraíso*, novela inédita do poeta e a derradeira entrevista que se lle fixo.



-C. P. Martínez Pereiro, "Da escrita náufraga na terra e nos infernos", *A Nosa Terra*, nº 776, "Guieiro Cultural", 1 maio 1997, p. 23. Comenta a novela inacabada *Náufragos do Paradíso*, de Lois Pereiro, publicada postumamente na revista *Luzes de Galiza*. Primeiramente fai unha introducción á súa escrita poética, relacionándoa con este proxecto narrativo, que para este crítico mantén a mesma orientación tanto por parte dos personaxes coma do autor cara á morte. Asemade sinala os autores que alemáns e centroeuropeos que o influíron. Remata dicindo que Lois Pereiro con este experimento narrativo pretendía romper convencións, nun "exercicio incompleto de ética verbal e vital e de lóxica poética perseguindo, a pesar da súa incompletitude, captar aquela verdadeira vida ausente..."

-Franck Meyer, "Luzes de Galiza, revista de liberdades, crítica e cultura", *Galicien Magazin*, nº 4, outubro 1997, pp. 39-40. Destácase que o número 48 desta revista, aparecido na primavera de 1997 o título "A vida e a furia" rende unha homenaxe póstuma a Lois Pereiro. Destaca a inclusión dunha entrevista refeita a partir de cartas e conversas entre o director de *Luzes de Galiza*, Manuel Rivas, e o propio Lois Pereiro. Saliéntase a inclusión da novela inédita *Náufragos do paradiso*, que nunca foi pensada para a súa publicación.





Microfisuras. Cadernos de pensamento e creación

(ISSN: 1137/747 X / D. L: VG-391-1997).

Revista trimestral editada en Vigo por Amando González e dirixida fundamentalmente ó mundo das artes plásticas. Comezou a súa andaina en 1997. Forman parte do seu consello de redacción Ignacio Castro, Amando González, Francisco Jarauta e Antón Patiño. Acolle artigos teóricos e ilustracións de diferentes artistas e tamén creacións poéticas e narrativas en galego. No número 1 correspondente a maio de 1997 reproducense dous poemas de Uxío Novoneyra titulados “2 Poemas pra Tino Grandío”. No 2 a narración “Terceto para un Nietzsche sen ira” e no 3 un poema de Xosé Cid Cabido titulado “Falsa poesía”.

Recensións e referencias varias:

-L. I. C., “Microfisuras’, un espacio para o debate e a creación”/“A revista ‘Microfisuras’ nace como un espacio para o debate e a creación”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 24 xullo 1997, p. 42/p. 17. Dáse noticia da presentación no CGAC da revista *Microfisuras*. Recóllense as palabras de Antón Patiño nas que salientou na súa intervención que a revista pretende ser “un espacio de diálogo entre o pensamento e creación”, e as declaracións de Amando González nas que afirma que ten un “carácter emigrante” e por iso é bilingüe. Remata o artigo aludindo á intervención de Uxío Novoneyra cun recital de poemas co que se pechou a presentación.



-F. P. L., "Microfisuras: fendas no tecido cultural", *O Correo Galego*, "Revistas das Letras", nº 181, 16 outubro 1997, p. 6. Desglósanse algúns dos contidos da segunda entrega de *Microfisuras*. Infórmase da periodicidade trimestral desta revista e menciónase o seu consello de redacción que, segundo se di, pretende "non privilexiar xa sexa a pintura sobre a poesía, o ensaio, o traballo de creación literaria, mesmo a filosofía". Incídese ademais no uso da lingua galega e castelán "dándolle entrada no proxecto a ese soño do bilingüismo harmónico". Finalmente, adiántanse algúns dos contidos do terceiro número.





A Nosa Terra, nº 474. 90 aniversario 1907-1997

(ISBN: 84-89976-06-6 / D. L: VG-965-1997)

Con motivo do 90 aniversario sa saída á rúa do primeiro exemplar de *A Nosa Terra*, a editoria viguesa tira do prelo esta edición facsimilar do número especial dedicado a Castelao no 1950. Trátase do número 474 e está datado no “Día de Galiza” do 1950. Inclúe unha “Crónica da enfermidade, morte i enterro de Castelao”, recolle os telegramas de pésame, os discursos pronunciados durante o enterro, así como os distintos comunicados da intelectualidade galega. En “Vida e paixón de Castelao”, Núñez Búa achéganos ás claves da vida e pensamento do rianxeiro. Péchase esta edición cunha cronoloxía das datas máis significativos, cun listado de obras e artigos ademais dunha escolma da súa obra literaria e artística. Todo o volume está complementado con abondosa documentación gráfica.



Nueva Galicia. Portavoz de los antifascistas gallegos

(ISBN: 84-7492-833-8).

Edicións do Castro publicou en 1997 o facsímile desta revista próxima ó Partido Comunista de España, que naceu con espírito unitario e antifascista e da que se publicaron cincuenta e catro números entre o 17 de maio de 1937 e o 10 de decembro de 1938. Foi editada inicialmente en Madrid, pasando a publicarse en Barcelona a partir do 25 de abril de 1938. Tivo como directores a José Gómez Gayoso e Manuel Moure e aínda que estaba escrita maioritariamente en castelán, o galego tivo presenza en tódolos números. De contido político e cultural malia conter noticias militares e de guerra, *Nueva Galicia* acolleu boa parte do que sería a base de *Sempre en Galiza*. Entre a nómina de colaboradores atopamos a Ramón de Valenzuela, Xosé Rubia Barcia, Santiago Álvarez ou Eduardo Blanco Amor. Ademais reproducense composicións de autores destacados como Curros, Pondal, Añón, Cabanillas, etc. Precedendo á edición da revista inclúese unha nota de Isaac Díaz Pardo na que alude á necesidade de recupera-la memoria histórica que o franquismo tiña agochada. Inclúese, así mesmo, unha presentación de Xesús Alonso Montero na que se refire, entre outros aspectos, a algúns dos galeguistas que colaboraron na publicación e ó esquerdismo de Castelao citando ademais algúns nomes e pseudónimos descoñecidos. Ademais, o responsable da edición, Víctor Manuel Santidrián Arias, comenta aspectos relativos á historia, ó contido e á edición da revista, ademais de incluír unha bibliografía e un índice de autores.



Recensións e referencias varias:

-X. E. A., "Nueva Galicia, revista dos galegos no bando republicano", *A Nosa Terra*, nº 767, "Guieiro Cultural", 27 febreiro 1997, p. 26. Informa da publicación da edición facsímile de *Nueva Galicia* e refírese á nota de Isaac Díaz Pardo na que subliña a importancia de "recuperar a memoria que o franquismo nos tiña agachada". Comenta ademais o labor de recompilación feito por Víctor Manuel Santidrián Arias e o feito sorpresivo de ser atopado entre os papeis de Luís Soto, no Arquivo Provincial de Ourense, o que se considera derradeiro número, o 54. Ademais de describi-lo contido da revista, salientando as fotos dos Mayo, as crónicas do terror ou as columnas de José Gómez Gayoso, refírese tamén ás primeiras accións da guerrilla. Así mesmo aludese á censura e ás chamadas á unidade e dá conta dalgúns dos seus colaboradores como Ramón de Velenzuela, Arturo Cuadrado ou Luís Bóveda.

-Xesús Alonso Montero, "Nueva Galicia": beizón", *La Voz de Galicia*, "Beatus Qui Legit", 27 febreiro 1997, p. 9. A entrega do primeiro exemplar da revista *Nueva Galicia* a Santiago Álvarez por parte do responsable intelectual da edición, Víctor Santidrián, leva ó articulista a aludir ás características ideolóxicas da publicación, "orientada ou dirixida polos comunistas da España leal" e que tiña como subtítulo *Boletín dos antifascistas galegos*. A seguir, cita algúns dos colaboradores non marxistas da publicación, algúns dos contidos que incluía e outros autores que asinaban con pseudónimos. Remata dicindo que ten "noticias de que o Instituto Ramón Piñeiro propónse facer un censo bibliográfico dos escritores galegos que colaboraron nas páxinas desta revista antifascista".



Ólisbos. Os amantes da palabra

(ISSN: 1130-7595 / D. L: C-422-86).

Revista editada na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela dende 1986. Actualmente o seu consello de redacción está formado por Belinda Sobredo Díaz, Yolanda Sánchez, Blanca Sánchez Sampedro, Ana Cibeira Vázquez e Olga Novo. En 1997 tirou un só número, o 19, dedicado ó anarquismo. Inclúe artigos de Antón Fernández Álvarez, Dionisio Pereira, Claudio Rodríguez Fer, Carmen Blanco, Rafa Villar, Carlos Penelas, Onofre Sabaté, Xavier Valle e Pedro Milhám-Casteleiro que tratan primordialmente temas de política e prensa. As colaboracións centradas en aspectos literarios débense a Milagros Polo, Olga Novo, María Lopo, Xurxo Sierra Veloso e Manuel Ferreiro Salgueiro. Nos apartados correspondentes deste *Informe* resúmense os relacionados coa literatura galega. Canto á creación, áchanse neste exemplar poemas de Claudio Rodríguez Fer, Yolanda Castaño e Léo Ferré (con versión galega trala orixinal) á parte de fragmentos doutros. Así mesmo, inclúense neste número seis deseños de Sara Lamas.



Raigame. Revista de arte, cultura e tradicións populares

(ISSN: 1136-3207 / D.L: OR-75/95).

Publicación semestral, que naceu en decembro de 1995, editada pola Deputación de Ourense, coordinada pola Escola Provincial de Danzas e a Agrupación Castro Floxo, baixo a dirección de Mariló e Xulio Fernández Senra. Durante 1997 saíron os números 4 e 5, correspondentes a maio e novembro de 1997, respectivamente. O nº 4 contén seccións de arquitectura popular, tradicións, personaxes populares, literatura, labours agrícolas, museos, antropoloxía e un especial Maíos-Letras Galegas que recollen por unha parte extractos da obra de Claudio Rodríguez Fer, *Ánxel Fole. Vida e obra*, centrados na temática das tradicións populares en Ánxel Fole, e por outra senllos artigos de Clodio González Pérez e de José Paz Rodríguez sobre os Maíos. Na sección de literatura aparece un artigo de Marcos Valcárcel co título de "Otero Pedrayo na historia do periodismo galego". O nº 5 presenta as mesmas seccións có anterior cun especial "O afiadador". Na sección correspondente á literatura Jorge Martínez Jiménez lembra a Fernández Mato.

Recensións e referencias varias:

-R. F., "Dous empuxóns á cultura popular", *La Región*, 14 maio 1997, p. 15. Refírese ó acto de presentación do número catro da revista *Raigame* e anúncianse os seus contidos. Saliéntase un artigo de Claudio Rodríguez Fer sobre Ánxel Fole e as colaboración de Xosé Paz e Clodio



González. Nesta mesma nota de prensa anúnciase a presentación da segunda edición do *Cancioneiro Popular da Provincia de Ourense* que recolle cantigas populares dos concellos de Avión e Beariz.

-Marcos Valcárcel, "Do debate e doutras cousas", *O Correo Galego*, 5 xullo 1997, p. 3. Despois de reflexionar sobre o debate de investidura do presidente da Xunta, Valcárcel refírese á publicación de dous novos números das revistas *Xanela*, "Revista cultural das Mariñas", que publica o seu número 4, coordinada por Suso Torres e *Raigame*. A propósito da primeira, salienta que neste número pódense atopar, entre outros artigos, un traballo de Luz Pozo sobre o mito en Álvaro Cunqueiro e unha lembranza de Luís Seoane. A propósito de *Raigame* destaca que se trata dunha revista dedicada fundamentalmente á etnografía, á arquitectura e ás tradicións da cultura popular.

R. F., "Un especial sobre o afiador protagoniza a revista 'Raigame'", *La Región*, 27 novembro 1997,

16. Infórmase sobre os contidos do número 5 da revista *Raigame*, dirixida por Xulio Fernández Senra. Destácase que desta volta, o novo número é un especial sobre a figura do afiador e que nel colaboran, entre outros, Xosé Antón Fidalgo Santamaría e Marta Fierro.





Resol

(ISBN: 84-453-1984-1).

Edición facsimilar da revista *Resol* subtitulada *Folla voandeira do pobo* publicada polo Centro Ramón Piñeiro e dirixida por Luís Alonso Girgado. Nela reproducense os 11 números publicados por esta revista literaria galega. Divídese en cinco partes: unha "Introducción" na que se explican as características externas da revista e o lugar e datas en que se publicou, así como a biografía dos directores —Arturo Cuadrado, Luís Seoane, Ánxel Fole— e do impresor Ánxel Casal e o seu papel no desenvolvemento da revista ademais dun amplo estudio das etapas que viviu: a primeira etapa en Galicia (1932-1936), a segunda en Arxentina (1937-1938) e o número de homenaxe en 1990. Remata cun inventario de notas, referencias, artigos e estudos sobre *Resol* e coas referencias bibliográficas dos colaboradores desta publicación. Trala reprodución facsímile, inclúese un apartado de "Apéndices", que contén unha colaboración de Armando Requeixo titulada "Presencia de Ánxel Fole en *Resol* e noutras revistas culturais e literarias" onde traza unha panorámica xeral da relación de A. Fole coa revista *Resol*, que, segundo di, "pecha a nómina de colaboracións en revistas anteriores á Guerra Civil", e posteriormente, con outros medios, ben exclusivamente literarios (*Grial*, *Ronsel*, etc), ben de comunicación social sobre todo no xornal lucense *El Progreso* no suplemento literario "Táboa Redonda" que el mesmo dirixía. En "Panorámica das revistas literario-culturais coétaneas de *Resol*: galegas, españolas, portuguesas e hispanoamericanas", faise unha descrición das revistas literarias do ámbito ibérico que se publican naquela altura, dos seus colaboradores, das súas tendencias, datación, difusión, etc. O libro péchase coa "Bibliografía" e cos "Índices".



Recensións e referencias varias:

-L. I., "Resol", nexos de culturas"/"O Centro 'Ramón Piñeiro' recupera nunha edición facsímile a revista poética 'Resol'", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 30 setembro 1997, p. 41/p. 14. Informa da presentación, no compostelán Club Internacional de Prensa, da edición facsímile da revista poética *Resol*, publicada polo Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, "dentro da súa liña de recuperación de publicacións galegas desaparecidas". Recolle as declaracións do coordinador Luís Alonso Girgado, quen considera esta revista como unha "perfecta antoloxía do antigo e o moderno, do popular e da vangarda"; do Director Xeral de Política Lingüística e de Armando Requeixo. Preséntase unha breve historia desta publicación e cítanse algunhas mostras literarias e artísticas representadas na mesma.

-Antón Fraguas Fraguas, *O Correo Galego*, "Lecer", 12 outubro 1997, p. XX. A publicación da edición facsímile da revista *Resol* por parte do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro dálle pé ó autor do artigo a falar acerca dela, das súas etapas, do seu director, Arturo Cuadrado, e do clima intelectual dos anos trinta, para o cal vai seguindo os epígrafes da publicación e analizando detalladamente os seus contidos.

-Xavier Carro, "Resol", *La Voz de Galicia*, 19 outubro 1997, p. 91. Destácase a publicación da edición facsímile da revista *Resol* por parte do Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, dentro dun proxecto dirixido por Luís Alonso Girgado. Inclúense as edicións facsimilares publicadas previamente e valórase esta iniciativa. Finalmente faise un eloxio da revista dicindo que "*Resol* é un referente obrigado para entender os anos da Segunda República" e que "este fermoso e revolucionario milagre fíxose desde a Galicia universal, aberta á poesía do mundo".



Revista Galega de Educación

(ISSN: 1132-8932)

Revista trimestral de carácter educativo e interdisciplinar, é unha publicación da Nova Escola Galega dirixida por Manuel Bragado e editada por Edicións Xerais de Galicia, que comezou a súa andaina no ano 1986. No 1997 tirou do prelo tres números (28, 29, 30). Como é habitual, acolle nas súas páxinas artigos, notas informativas e novas sobre literatura galega en seccións como: “O tema” e “Libros”. A literatura infantil é tratada nunha sección fixa (artigos de Graciano Pombal e Xosé Manuel González Barreiro). A descrición destes artigos pode consultarse nos apartados correspondentes deste *Informe*. Por último, os artigos ou comentarios que aparecen sen sinatura son xeralmente resumos argumentais, con algunha referencia biográfica de autores e obras recentes.





Revista Galega de Teatro

(ISSN: 113-956 X / D. L: VG. 21-1994).

Revista de periodicidade semestral dedicada á información teatral, que se vén publicando dende 1985, editada pola Asociación Cultural “Entre Bambalinas”. Está dirixida por Antón Lamapereira e no Consello de Redacción figuran: Xosé Francisco Dalama, Xosé M. Pazos, Manuel F. Vieites, Pedro P. Riobó, Lourdes Vega e Che Mariño. No ano 1997 saíron, como é habitual, dous números: o número 15 correspondente a xullo e co tema central “Teatro e Política”, e o 16 correspondente a novembro. Ademais do apartado dedicado á crítica de textos e representacións teatrais e das seccións habituais da revista — “Documentos”, “Opinión desde a butaca”, “Cartas á Redacción”, “Libros”, “Revistas”, “Axenda” e “Ficheiro”—, no número 15 atópanse traballos de Manuel F. Vieites, Pepe Marín, Robert Bass, César Oliva, María del Carmen Bobes, Jorge Castro Guedes e Xosé Barbeta; o caderno central contén un texto teatral de Alfonso Armada titulado *Carmiña xogando*. En canto ó número 16, retoma o tema da distribución teatral, xa tratado no número 13, pero con referencias concretas ás posibilidades que poden te-las Compañías Residentes, con artigos de Manuel F. Vieites e Xosé M. Pazos e Roberto Vidal Bolaño. Tamén colaboran Pedro P. Riobó e Frank Aguilera Borrero. Na sección do IGAEM faise referencia ó comezo da tempada con *O Bufón de El-Rei* e no caderno central inclúe dous textos: *Lexión*, de Juan Mayorga e *Mariana*, de José Ramón Fernández, traducidos por Xosé Manuel Pazos Varela. Os artigos referidos ó teatro galego aparecen descritos nos apartados correspondentes deste Informe.





Revista Galega do Ensino

(ISSN: 1133-911 X / D. L: C-818-96).

Revista trimestral que se creou en decembro de 1993, editada en Santiago de Compostela pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. De carácter interdisciplinar, acolle nas súas páxinas traballos diversos sobre materias técnicas e tamén humanísticas, pero sempre baixo o prisma común dun enfoque metodolóxico e didáctico pensado para o fornecemento de material auxiliar ós docentes de tódolos niveis. No ano 1997, publicáronse os habituais catro números desta revista: o número 14 (febreiro 1997), o 15 (abril 1997), o 16 (maio 1997) e 17 (novembro 1997). Con respecto ás súas seccións, mantéñense as mesmas que en números anteriores —“Colaboracións especiais”, “Estudios”, “Prácticas”, “Recensións”, “Novidades editoriais”, “Noticias” e “O pracer de ler”—. O número 15, un “Especial sobre os valores” está precedido de candansúa presentación a cargo de Manuel Fraga e Celso Currás. Esta entrega monográfica divídese en: “A educación en valores”, “Visión sobre valores” e “Transmisión de valores”, ademais das habituais seccións. Os artigos referidos á literatura galega aparecen descritos no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*.





Teatro do Noroeste

(D. L: C-1355-1996).

Publicación editada dende 1996 pola compañía teatral do mesmo nome e dirixida por Eduardo Alonso. No 1997 saíron os números 1 e 2, correspondentes ó primeiro e segundo cuadrimestre do ano, respectivamente. O número 1 ábrese cun editorial no que se reflexiona sobre o remate dos “circuitos culturais” e no que se fai un repaso pola orixe destes e doutros programas teatrais en Galicia, ademais de referirse ó “desmantelado” sistema de distribución teatral en Galicia. Como xa acontecera nos números anteriores recóllese un debate que nesta ocasión corresponde ó celebrado en Santiago o 16 de febreiro de 1997 co título “A formación teatral a debate (1)”, que reuniu a Santi Prego, Dami C. Orero, Ursia Gago, Manuel Millán, Andrés Pazo, Elena Seijo e Luma Gómez, moderados por Eduardo Alonso, e no que conversan sobre o tema da formación dos actores, o talento e a aprendizaxe, a necesidade dunha escola de arte dramático, o papel da administración neste sentido, etc. Ademais unha entrevista con Xosé Manuel Pazos, de Esquerda Unida-Esquerda Galega inaugura a sección “Unha política teatral, please”. O número 2 iníciase coa reprodución da ponencia que Xulio Lago presentou nas Xornadas de debate organizadas polo PS de G-PSOE baixo o enunciado “Os espacios da cultura” e na que reflexiona sobre a situación do teatro galego, as súas carencias e a actitude das institucións ante a problemática teatral. Baixo o título “Foron a por nós” explícanse polo miúdo as dificultades de Teatro do Noroeste para levar a cabo xunto coa súa homónima portuguesa a montaxe de *Ascensión e caída da cidade de Mahagonny*. Así, recóllese un cadro comparativo de subvencións á

producción para as compañías galegas nos anos 1996 e 1997 e reproducense os sucesivos escritos entre a compañía compostelá e o xerente do IGAEM, Aníbal Otero, sobre a diminución da subvencións e as razóns que expón a comisión de valoración nomeada por este organismo. No apartado “Unha política teatral, please” os entrevistados son por unha parte Francisco Pillado Mayor, do BNG, e por outra Antón Louro, do PS de G- PSOE.



2 it io

⏮ ⏪ ⏩ ⏭



A Tempo

Defínese como revista comarcal de información e cultura. Está editada pola Asociación Cultural Monterrei (Verín) e o seu consello de redacción está integrado por Xosé Carlos Caneiro, Serafín Vázquez Álvarez, María Xosé Álvarez Vivían e Xesús Lantes Vitureira. Conta cun suplemento xuvenil de oito páxinas, que ocupa a parte central da revista, chamado “O tempo do bardo” e dirixido por Xosé Abelardo Rúa. Non ten periodicidade fixa. En setembro de 1997 saíu á rúa o nº 24, que conta coas seguintes seccións: “Guía de Verín”, “Editorial”, “Opinión”, “Ensino”, “Urbanismo”, “Información”, “Crónica”, “Creación”, “Poesía”, “Música” e “Tempo de lecer”. Este número, no apartado de “Creación”, inclúe relatos de Alfonso Fernández-Novoa (“O último horizonte”, e “O tempo do bardo”, pp. 4-5), Carme Robledo Muíña (“O señor ‘Bobi’”, p. 18), Rosa de la Parra (“Soidade”, pp. 19-20) e Irene Montero (“Os sentidos: a vista”, p. 21); así como poemas de Carme González González (“Despídome de ti Verín” e “Non os tales”, p. 22) e Dolly Pereira Prieto (“Hoxe volvo a ti”, p. 22).



Tempos novos. Revista mensual de información para o debate

Publicación que naceu en abril de 1997 pola iniciativa do grupo Atlántica de Información e Comunicación de Galicia, S. A. coa pretensión, declarada no seu número inaugural, de crear medios de comunicación alternativos e de calidade, e co obxectivo de desenvolver un movemento orixinal de desafío e subversión fronte á mundialización que se impón pola vía tecnolóxica, ademais de reforza-la identidade colectiva. A revista está dirixida por Luís Álvarez Pousa e no seu Consello de Redacción figuran Xosé A. Neira Cruz, Pancho R. Tristán e Xabier Cid Fernández, ademais doutros colaboradores no resto das seccións como Manuel F. Vieites, Bieito Iglesias, Olga Novo, Armando Requeixo, Damián Villalaín, etc. Ó longo do ano 1997 publicáronse nove números dende a súa saída no mes de abril co número 0. A revista ábrese sempre cun "Editorial" e unha sección chamada "Días Soltos" a cargo de Bieito Iglesias ás que seguen varias páxinas dedicadas á "Opinión" sobre temas variados. No apartado titulado "A contratempo" adoita incluírse un achegamento a un tema de actualidade e unha entrevista a algún persoeiro de calquera ámbito da vida galega; seguen despois as seccións "Dossier" e "Debate". No apartado titulado "Voces e Culturas" achéganse críticas de libros, arte, música, teatro, cine e televisión. Pechan a revista as seccións "Cataventos", "Crónicas da fin de século" e "Observatorio nocturno". No número 7 (decembro 1997), na sección "Catavento", inclúese un relato de Aníbal Malvar titulado "As doce uvas da ira". Tódolos artigos referidos á literatura galega están resumidos nos apartados correspondentes deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

-Francisco Castro, "Tempos novos", *Atlántico Diario*, "Crónicas efímeras", 7 xuño 1997, p. 30. Dáse a benvinda ó mercado editorial á revista *Tempos Novos* que saíu á rúa en maio de 1997. Ofrécese información sobre algúns dos seus colaboradores: Miguel Anxo Prado, Xulio Cabrera, Alfonso Armada, Olga Novo e Dolores Vilavedra, entre outros. Así mesmo, saliéntanse algúns dos temas que aparecen: reportaxes sobre o mundo das emisoras radiofónicas, unha entrevista con Domingo García Sabell e a sección titulada "Cataventos", onde se inclúen traballos máis alternativos.

-Franck Meyer, "Tempos Novos. Revista mensual de información para o debate", *Galicien Magazin*, nº 4, outubro 1997, pp. 39-40. Relátase a xénese e os avatares acontecidos para a creación da revista, da que foi precursora *Galicia Internacional* dirixida por Luis Álvarez Pousa na editorial Sotelo Blanco. Coméntase que *Tempos novos* vén encher un baleiro no terreo da prensa de calidade feita en galego e que ten como obxectivos principais facer un xornalismo de actualidade, profesional, plural e comprometido coas cuestións que afectan ó país. Finalmente, sinálase que non deixa de ser sorprendente a aparición de publicidade en castelán.



A Trabe de Ouro. Publicación Galega de Pensamento Crítico

(ISSN: 1130-2674 / D. L: C-351-1994).

Cúmprese neste o oitavo ano da aparición desta revista de periodicidade trimestral, editada por Sotelo Blanco dende 1990 e dirixida por X. L. Méndez Ferrín. Consta de cinco apartados: "Cuestións", "Acoutacións", "Textos", "Publicacións" e "Crónica", nos que se tratan aspectos da cultura galega e universal dun xeito crítico. Exceptuando o primeiro e o último, nos outros é frecuente atopar crítica, creacións e recensións de obras da literatura galega. En 1997 saíron catro novos números: 29, 30, 31, e 32. O número 29 está dedicado a economía e sobre sindicalismo nacionalista. Conta, ademais, cun artigo de Uxía López Meirama sobre o centenario do cómic e outro de Xosé María Durán Medraño sobre a pintura de Xosé Lodeiro. Inclúese tamén a tradución ó galego, realizada por Manuel Outeiriño, dalgúns poemas de Gabriel Ferrater — "Babel", "Pequena guerra", "O solpor excesivo", "Os piollos", "Fillo", "Ídolos" e "Tamén"—. O número 30 está centrado na literatura, con especial relevancia para tres traballos sobre literatura angolana e africana en lingua portuguesa. Hai, á parte, dous artigos, de Darío Xohán Cabana e Xosé A. Teixeira sobre metroloxía galega medieval e culto xacobeo, respectivamente. No número 31 aparecen artigos de Ramón Máiz, Mark Poster ou Noam Chomsky, entre outros, sobre clientelismo político, sociedades postindustriais, democracia, etc. Inclúese ademais un texto de X. L. Méndez Ferrín titulado "Lanzarote ou o sabio consello", sobre o tema da materia de Bretaña, do Rei Artur e do cabaleiro Lanzarote. O texto está concibido en forma de diálogo entre un tal Monseñor e un trovador ó que aquel lle solicita consello sobre amores. O número 32 inclúe traballos sobre posmodernismo, cooperación industrial e nacionalismo de Xurxo Borrazás, X. H.





Vázquez Vicente e X. González Millán, respectivamente. Hai, ademais, un de Roberto Pellerey sobre traducción e linguas perfectas e outro de Andrea Bernardelli sobre a *Rhetorica Christiana* (1579) de Diego de Valadés. Acorde coa radicación da revista, os editoriais que encabezan os números tenden a facer unha análise da situación política do momento ou dalgún aspecto desta, centrando sempre o seu interese no tema do nacionalismo e nas alternativas de esquerda. No número 30, sen embargo, o editorial está dedicado a dar conta dunha radiografía do libro galego. Tratábase dunha sondaxe a realizar nas máis importantes librerías das grandes cidades galegas, así como en 10 vilas menores. O resultado foi que, salvo contadas excepcións, a oferta do libro galego segue sendo marxinal, escasa, ata nula nalgún caso.

Recensións e referencias varias:

-X. L. Méndez Ferrín, “Escaparatismo de xornal”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feira”, 9 xuño 1997, p. 2. Alude ó artigo asinado por Manuel Outeirinho no número 29 da revista e cita a algúns autores que interveñen non volume. Ademais refírese a *O tempo entre murallas* (1997), de X. Antón L. Dobao, cualifica este poemario como “fondo” e salienta a súa lentura. A seguir cualifica *Permiso para o curso* (1997), de Xosé Miranda como “confortante”, “aberto”, “arexado” e “limpo”. Sobre os dous poemarios citados Méndez Ferrín alude á coincidencia na severidade da forma, a enxebreza da lingua, “a exposición aberta da verdade íntima” e o feito de que os dous autores escriben “so os lousados da Cidade de Lugo”.

Xavier Castro R., “Número 29 de ‘A Trabe de Ouro’”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 27 xullo 1997, VII.





Anúnciase a publicación do número 29, correspondente ó trimestre xaneiro-febreiro-marzo, de *A Trabe de Ouro* baixo a dirección de Xosé Luís Méndez Ferrín. Faise referencia á habitual configuración das diferentes seccións e cítanse os autores que colaboran neste número: Benjamín H. D. Buchloch, Felipe Serrano Pérez, Xosé M. Durán Medraño, María Ruído, Uxía López Meirama e X. L. Romero Falque. Ademais menciónase que inclúe textos de Gabriel Farrater en tradución de Manuel Outeiriño.

-X. L. Méndez Ferrín, "Terra húnica", *Faro de Vigo*, "Os camiños da vida", 24 outubro 1997, p. 2. Con motivo da publicación do número 31 de *A Trabe de Ouro*, Ferrín informa sobre os contidos deste, destacando un ensaio semi-inédito de Chomski e os traballos de Mark Poster, do profesor Máiz, de Joan Martínez-Alier e de Francisco Fernández Rei. A continuación define a revista "como unha publicación internacional, crítica, de esquerda, nacionalista galega" e louva o seu labor ó mesmo tempo que critica proxectos como "Galicia, terra única", que el cualifica de "Cousa indescifrábel" e ironiza coa frase "Galicia, terra húnica".





Treboada

Subtitulada Voceiro da Asociación ADEVAL, de Valga púxose en marcha en 1996 cun especial dedicado a Xesús Ferro Couselo. No equipo de redacción figuran Francisco Javier Bouzas Collazo, Mila Bouzón, José María García Coira, José Manuel Martínez López, Julio César Touceda Castromán, José Manuel Vicente Potel e M^a Xosé Devesa Fernández. En 1997 tirou o seu primeiro número, correspondente ó outono-inverno. Ademais de aspectos de índole local e de actividades relacionadas coa asociación, recolle temas de arte, historia, ecoloxía, etc. Neste primeiro número inclúense as firmas de Pegerto Saavedra, Avelino Pousa Antelo e Margarita Ledo Andión.



Unión libre. Cadernos de vida e culturas

(D. L: C-1668-1996).

Publicación anual coordinada por Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer e editada en Lugo que naceu en 1996. No seu comité de redacción figuran Xosé Luís Axeitos, Vsévolod Bagno, Diana Conchado, María González Lopo, Carme Junyent, Lily Litvak, Kathleen N. March e Olga Novo. No ano 1997 apareceu o número 2, que dedica a súa sección de análise monográfica á cuestión dos “labirintos celtas”, presentada por María Lopo. Dentro deste apartado atópanse os artigos de Pierre-Yves Lambert, Jean Brihault, Gavin Bowd, Kenneth White, Dafydd Johnston, Herve Ar Vihan, Alan Botrel, Roger Faligot, María Lopo, Xosé Luís Axeitos, Juan Renales Cortés, Carmen Blanco, Isabel Gómez Rivas e María Xesús Nogueira. Dos traballos referidos á literatura galega damos conta no apartado V. 4. Publicacións en revistas, deste *Informe*. Esta sección conta cun apéndice fotográfico de Luís Plácido. O apartado correspondente á creación presenta dous poemas de Dylan Thomas en traducción de Vicente Araguas; “Memoria, Sustancias, Límites” de Antonio Gamoneda e “Amar é unha india”, de Olga Novo. Na sección “Memoria”, María Jesús Souto Blanco preséntanos o *dossier* documental “Proceso Vega Barrera. Consejo de Guerra y antecedentes” e un poema de Claudio Rodríguez Fer, que ocupa o apartado “O último diagnóstico”.



Recensións e referencias varias:

-M^a Xesús, Nogueira, "Cadernos de vida e culturas", *Grial*, nº 133, Tomo XXXV, xaneiro-febreiro-marzo, 1997, pp. 118-120. Tras cita-la declaración de intencións desta revista de periodicidade anual, descríbese o contido do primeiro número, estruturado no que serán tres seccións fixas na publicación dedicadas respectivamente á análise, á creación e á memoria. En palabras de M^a Xesús Nogueira, *Unión Libre*, "baixo a consigna da liberdade, pretende conxugar o ensaio rigoroso, a memoria e a creación literaria, remarcando de maneira especial o seu carácter aperturista e dialogante".

-P. S., "O Castro" saca do prelo "Unión libre", cadernos de vida e culturas, *O Correo Galego*, 13 xaneiro 1997, p. 11. Informa do nacemento da revista *Unión Libre*, publicación anual coordinada por Claudio Rodríguez e Carmen Blanco, que ten como obxectivo "dedicarse á vida nun sentido integral e pluricultural, desde unha perspectiva crítica e radical".

- Pilar Peruga Garzón, "Letras con perfume de mujer", *El Progreso*, "Táboa Redonda", 2^a época, nº 16, 8 febreiro 1997, pp. IV-V. Comentario do monográfico publicado no primeiro número de *Unión Libre*, *Cadernos de Vida e Cultura* dedicado ás mulleres escritoras. Saliéntase que este traballo se orixinou no Encontro Internacional de Mulleres Escritoras celebrado en Lugo en 1994, onde se sentaron as bases de investigación sobre a muller e o seu papel no mundo das letras. Ademais das conclusións obtidas por estudiosas como Susan Kirkpatrick sobre a tradición feminina na poesía romántica ou Olga Novo sobre Xohana Torres, faise referencia tamén a outras colaboracións que aparecen nese primeiro número da revista.



-X. M. del Caño, "Cultura y vida de cinco continentes", *Faro de Vigo*, "El Sábado", nº 2, 15 febreiro 1997, p. 6. Coméntase o nacemento da revista *Unión Libre*. Infórmase de que cada unha das súas entregas anuais presenta tres partes: un monográfico sobre un tema cultural de interese xeral, creación literaria e a sección "Memoria", que inclúe un dossier sobre algo olvidado ou censurado. Anúnciase que no apartado de creación e publican invariablemente tres colaboracións: a tradución ó galego dun texto esencial da literatura mundial, un texto inédito dun escritor non galego na súa lingua orixinal e un traballo narrativo ou poético dun escritor galego que responda a unha proposta avanzada e achegue algo novidoso.

-F. Martínez Bouzas, "En libre unión", *O Correo Galego*, "Revista das letras", nº 150, 13 marzo, 1997, p. 6. Comentario sobre a publicación *Unión Libre*, nacida trala xuntanza dos seus coordinadores, Carmen Blanco e Claudio R. Fer, e de Ediciós do Castro. Considera que acha novos camiños para o ensaio galego, glosa os seus propósitos, e préstalle especial interese ó seu primeiro número, no que aparece unha sección monográfica que analiza a realidade das mulleres escritoras como é o caso de Dora e Pura Vázquez, Luz Pozo Garza e Pilar Vázquez Cuesta por parte de Carmen Blanco, e Xohana Torres por Olga Novo.

-Pilar García Cheda: "A revista "Unión libre saíu á luz en Lugo con vocación universalista", *El Progreso*, 3 abril 1997, p. 67. Dáse noticia da presentación na Galería Sargadelos de Lugo da revista *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*. Recóllense as declaracións de Claudio Rodríguez Fer nas que salienta que "o proxecto quere ser unha representación de tódalas culturas , pois aínda que nace en Galicia, non ten fronteiras". A continuación, infórmase da estrutura da revista constituída por tres apartados: monográfico sobre un tema, creación literaria e propostas novidosas. Neste número destácase un estudio sobre as mulleres escritoras, coordinado por Carmen Blanco.



-S. C., "Unión Libre' presenta o sumario do consello de guerra contra Vega Barrera"/"Unión Libre. Cadernos de vida e culturas' presenta o sumario do consello de guerra contra o doutor Vega Barrera", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 20 novembro 1997, p. 35/p. 15. Infórmase da aparición do segundo número de *Unión Libre. Cadernos de vida e culturas*, que edita Ediciós do Castro. Destácase, entre os seus contidos, a publicación dun monográfico sobre os celtas, coordinado por Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco, e infórmase da traducción ó castelán do libro *O contradiscurso das mulleres*. Finalmente faise referencia a outras contribucións deste número: unha serie de textos do poeta leonés Antonio Gamoneda e as últimas creacións poéticas de Olga Novo.

-Alfredo Conde, "Quererse dun país ou sentirse parte del", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, "Os outros días", 26 novembro 1997, p. 56/p. 4. Dende unha perspectiva moi persoal Alfredo Conde loa o labor profesional da parella lucense Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer, a raíz da publicación do segundo número da revista que coordinan, *Unión libre. Cadernos de vida e culturas*.

-Armando Requeixo, "A propósito desa libre unión de vidas e culturas", *Tempos Novos*, nº 7, "Voces e Culturas. Crítica. Libros", decembro 1997, p. 74. Recensión do segundo número de *Unión Libre*, dedicado ó tema do celtismo. Sinálase que é na primeira sección da revista, "Análise", onde diferentes autores abordan este tema nos universos literarios gaélicos, escoceses, galeses, bretóns e galegos. Na sección dedicada á "Creación" anúnciase a presentación de dous poemas de Dylan Thomas en traducción de Vicente Araguas e dúas separatas: *Memorias, sustancias, límites*, de Antonio Gamoneda e *Amar é unha india*, de Olga Novo. Finalmente, indícase que na sección "Memoria" se reproduce un informe de M^a Jesús Souto Blanco sobre o proceso contra o doutor lugués Vega Barrera. Conclúe destacándose a calidade dos traballos e a coidada ilustración do volume con fotografías de Luís Plácido e pinturas de Sara Lamas.



-Pilar García Cheda, "A revista 'Unión Libre' saca á luz o xuízo de Vega Barrera", *El Progreso*, 4 decembro 1997, p. 69. Infórmase sobre a presentación na galería Sargadelos de Lugo do segundo número da revista *Unión libre. Cadernos de vida e cultura*. Anúncianse entre os seus contidos un estudio de María Xesús Souto sobre as circunstancias que rodearon o proceso contra o médico Rafael Vega Barrera, un estudio sobre as literaturas celtas, o poemario *Amar é unha India*, de Olga Novo e versos de Antonio Gamoneda.

-F. Martínez Bouzas, "Labirintos celtas, asasinatos fascistas", *O Correo Galego*, "Revista das Letras", nº 188, 4 decembro 1997, p. 6. Dáse a benvinda ó número dous da revista *Unión Libre, Cadernos de vida e culturas*. Despois de facer un breve repaso polos contidos que integraron o primeiro número, céntrase nos temas da nova entrega, que pretende ser "unha proposta plural e alternativa verbo do mundo celta". Salienta neste sentido o traballo monográfico de Xosé Luis Axeitos sobre o celtismo na literatura galega, acompañado por un apéndice fotográfico de Luis Plácido. A continuación refírese ás páxinas de creación, que conteñen poemas de Dylan Thomas en tradución de Vicente Araguas, Antonio Gamoneda e Olga Novo e "unha chamada á memoria": as actas do consello de guerra e posterior execución do médico lugués Vega Barrera.



Viceversa

(D. L: VG.371-1995).

Publicación anual subtitulada “Revista galega de traducción”, dirixida por M^a Camino Noia Campos e con Xosé M^a Gómez Clemente como secretario, promovida pola Asociación de Tradutores Galegos, Edicións Xerais de Galicia e o Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Vigo. Creouse no ano 1995 como resposta ás preocupacións dos membros da Asociación de Tradutores de Galicia (ATG), de profesores e de estudantes universitarios de lingua e literatura galegas, unhas preocupacións que se manifestaron nos seus desexos de promover as traducións ó galego das obras máis importantes da cultura a nivel mundial. Entre os obxectivos primordiais desta publicación especializada, están o de proporcionar un soporte adecuado de difusión dos traballos que xurdirán entre os alumnos e alumnas da nova titulación de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo, dar a coñece-los estudos que sobre esta cuestión se publican en distintos países e, por último, informar sobre a situación actual dos labores de traducción en Galicia. O consello de redacción está formado por Alberte Vázquez Lugrís, Xela Arias Castaño, Gonzalo Constenla Bergueiro, Xosé M^a Gómez Clemente, Xulián Maure Rivas, Gonzalo Navaza Blanco e Antón Palacio Sánchez. En 1997 saíu o terceiro número, composto polas súas catro seccións habituais: “Teoría e Historia da Traducción”, onde se atopan traballos teóricos sobre o tema de Gildeon Toury, Xosé Filgueira Valverde, Andrés Pociña, Alexandra Koss e Sonja Tirkkonen-Condit; “Instrumenta”, con colaboracións de Tiago Vidal Figueroa, Alberte Álvarez Lugrís e Larisa Santos Suárez; “Traduccións xustificadas”, con contribucións de María Pilar J. Aleixandre, Vicente Araguas, Laurence Brault e Helena González Fernández, Henrique

Harguindey Banet e María Xesús Lama López; e “Informacións”, con traballos de Andrés Pociña, Gonzalo Constenla e Olga Sánchez que dan conta das novidades bibliográficas no eido da tradución. Engádese neste número un apartado dedicado a “Críticas e recensións”, no que escriben Ana Luna Alonso, Xosé M^a Gómez Clemente, Xulián Maure Rivas e Alberte Álvarez Lugo. Tódalas colaboracións aparecidas neste número que se refiren á literatura galega figuran desglosadas nas correspondentes seccións deste *Informe*.



Recensións e referencias varias:

-R. B., "Segundo número dela revista anual "Viceversa", *El País*, "*Babelia*", nº 284, 12 abril 1997. Despois de se referir a que esta revista "nació con la pretensión de convertirse en punto de referencia de los estudios de traducción", informa da súa estrutura, na que se intenta abarca-los diferentes aspectos da traducción.



A Xanela. Revista cultural das Mariñas

(D. L: C-1696/96).

Publicación da Asociación Cultural Eira Vella de Betanzos que na primavera de 1996 iniciou unha nova andaina logo de publicar doce números entre xuño de 1994 e maio de 1995. Esta etapa comezou baixo a coordinación de Suso Torres. Recolle traballos de carácter literario, antropolóxico, arquitectura, ecoloxía, etc., así como unha sección fixa que baixo o título “As novas que nos chegan” fai referencia a libros de recente publicación. En 1997 tirou do prelo os números 3 e 4, correspondentes á primavera e ó outono respectivamente. Acolle o número 3 poemas de Xesús Pisón, Miro Villar e Mercedes Romero. Ademais do relato de Fole “A serpe i-a aigue” e o artigo “Xeórxica do mes de maio” en torno á figura do autor de *Terra Brava*, aparecen as firmas de Manuel María, Xesús Torres e Lois Diéguez así como un poema de Lois Pereiro. O panorama da creación complétase co relato “Fala e pranto de Benicia Paz, em antes do dilúvio”, de Indalécio Caçõ. No número 4, Teresa Seara comenta o libro *Humidosas* (1997), de Emma Couceiro e publícanse poemas de Remedios Romero, Yolanda Castaño, Xavier Vázquez e Olga Patiño. Ademais Xermán Hermida fala do colectivo poético “Olo” e Luz Pozo Garza escribe sobre o mito en Álvaro Cunqueiro. Reprodúcese, así mesmo, un fragmento da audición radial de Luís Seoane sobre a figura de Carlos Maside.

Recensións e referencias varias:

-Marcos Valcárcel, “Do debate e doutras cousas”, *O Correo Galego*, 5 xullo 1997, p. 3.
Ver *Raigame*, nas páxinas anteriores deste *Informe*.





Yunque

(ISBN: 84-8121-626-7 / D. L: C-687-1997).

Edición facsimilar do número 6 desta revista, cofundada e dirixida por Ánxel Fole, que se distribúe conxuntamente co libro *Ánxel Fole: Día das Letras Galegas 1997*, editado polo Departamento de Filoloxía Galega da Universidade de Santiago de Compostela, baixo o coidado de Xesús Alonso Montero, como homenaxe ó autor lucense. Este libro aparece descrito no apartado IV. Día das Letras Galegas deste *Informe*. O facsímile vai precedido dun prólogo de Alonso Montero no que atende principalmente ó primeiro número de *Yunque* correspondente ó 1 de maio de 1932, totalmente escrito en castelán e de carácter exclusivamente político. Pon de manifesto o aumento continuado da temática literaria e do idioma galego así como a curta andaina desta publicación. Alén diso intenta defende-la hipótese da existencia de só tres números da revista a pesar de que este leve o número seis. Xustifica a escolla deste exemplar baseándose en que nel viu a luz por vez primeira un dos poemas galegos de Lorca, "Madrigal a la ciudad de Santiago". O presente número trata predominantemente de política aínda que tamén incorpora artigos sobre arte e literatura española, contén poemas en castelán de Carlos Martínez Barbeito e Luís Pimentel, unha traducción de Ernst Toller e tres sonetos en galego de Julio Sigüenza. Ademais introduce un fragmento en prosa galega de Álvaro Cunqueiro, recensións de obras de Eremburg (escritas por Luis Manteiga) e, na sección "Signario", redactada por Fole, dáse conta da andaina das revistas *Galiza* e *Resol*. Inclúe tamén colaboracións diversas de Luis de Veiga, Luis Manteiga "Dédalus",

Santiso Girón e Arturo Cuadrado. A portada débese a Ánxel Johán e as ilustracións a Luis Seoane, Romero Boelle, Eiroa, Colmeiro, Norah Borges e Maside.

[?it.io](#)



? it io

⏮ ⏪ ⏩ ⏭

X. Premios

Damos noticia e unha pequena biografía dos premios literarios convocados no 1997 e tamén daqueles que premian o traballo dunha vida de entrega a Galicia e que ás veces coincide con homes ou mulleres de letras. De entre os numerosísimos premios convocados por asociacións culturais, concellos, centros de ensino, etc., para incentivar á mocidade a escribir en galego, serán motivo da nosa atención os que teñen unha certa tradición e publican os traballos galardoados. Relacionaremos algúns dos que temos noticia, na certeza de que son moitos máis os convocados. Informaremos do ano de nacemento, patrocinadores e bases fundamentais, así como da contía, gañador, membros do xurado e lugar e día do fallo da última convocatoria. Acompañan a este comentario artigos ou notas de revistas e xornais que conteñen unha información de interese e relaciónanse outras notas, se están asinadas, que inciden sobre calquera dos puntos xa comentados (número de obras presentadas, lugar e día do fallo, composición do xurado, finalistas, presentacións, etc.). Os artigos de tipo xeral, é dici-los que se refiran a varios premios e non á convocatoria específica, poderán verse glosados noutros apartados deste informe.





X. Premios

X. 1. Narrativa



XXIº Premio de Narracións “Antonio Machado”

Convócao a Fundación dos Ferrocarrís Españóis co fin de manter viva a tradición da creatividade literaria referida ó ámbito do tren. Dende o ano 1994 a convocatoria, que ten carácter nacional e internacional, incluíu nas bases a posibilidade de participar con relatos escritos en calquera das linguas do Estado español. O primeiro premio está dotado con 1.000.000 de pesetas, o segundo premio con 400.000 e 50.000 pesetas para cada un dos accésits. Nesta edición o primeiro premio recaeu en Francisco García Marquina por *Última y primera estación*. O coruñés Xosé Luís Martínez Pereiro fíxose co segundo premio pola obra *As últimas vontades de dunha muller de Grixalba*. Concedéronse ademais oito accésits, pero non foron premiadas obras en lingua galega.

Referencias varias:

-AGN., “El Premio ‘Antonio Machado’ sólo tiene el 17% de obras escritas en gallego”, *Diario de Pontevedra*, 13 xaneiro 1997, p. 16. Infórmase de que tan só o 17% das obras que se envían dende Galicia a este premio están escritas en galego fronte ó 85% de traballos de autores galegos en castelán. Sinálase tamén que na edición de 1996, Antonio Olano, un vilalbés que reside en Madrid, gañou o primeiro premio co relato *Los trenes*.

R. P., “García Marquina quítalle o ‘Machado’ a Martínez Pereiro”, *O Correo Galego*, 26 xuño 1997, 45.



Dá os nomes dos premiados e recolle as palabras de Camilo José Cela sinalando que o porvir da literatura galega comeza a ser todo o brillante que merece a lingua.



IVº Premio de Narrativa “Álvaro Cunqueiro”

Foi creado, con carácter bianual, no 1991, polos concellos de Vigo e Mondoñedo, en memoria de Álvaro Cunqueiro, para difundir a súa obra e o seu significado na cultura galega. Os orixinais e as copias (sete en total) teñen que enviarse, antes do día 30 de outubro, á Concellería de Cultura do Concello de Vigo, Praza do Rei, s/n; CP 36202. O fallo do xurado faise público o 22 de decembro, que coincide co aniversario do nacemento de Álvaro Cunqueiro. No 1997 tívose que adiarlo dictame por mor do gran número de orixinais presentados, un total de cen, e decidiuse entregalo o 28 de febreiro de 1998, facéndoo coincidir co aniversario da morte de Cunqueiro. A gañadora desta convocatoria, (cunha dotación de 2.000.000 de pts.), foi Marilar Aleixandre por *A compañía clandestina de contrapublicidade* presentada baixo o lema “Coma nas películas”. O xurado estivo composto por Francisco Fernández del Riego, Carlos Casares, Víctor F. Freixanes, Carlos Casares, Francisco Fernández del Riego, Camino Noia, Dolores Vilavedra, Germán Palacios e Xosé Francisco Armesto Faginas.

Referencias varias:

-S. C., “O 30 de outubro remata o prazo do ‘Álvaro Cunqueiro’”, *O Correo Galego*, 26 setembro 1997, p. 33. Recóllese un extracto das bases do certame.

-Rubén Leivas, “El séptimo premio ‘Álvaro Cunqueiro’ de narrativa, dotado con dos millones”, *El Progreso*, 7 outubro 1997, p. 18. Extracto das bases deste premio.



-Francisco J. Gil, “El número de candidatos bloquea el premio Álvaro Cunqueiro de narrativa”, *Faro de Vigo*, 21 decembro 1997, p. 52. Anúnciase o aprazamento do fallo deste premio que estaba previsto para o 22 de decembro, coincidindo co aniversario do nacemento de Álvaro Cunqueiro. A causa desta demora, segundo se explica, é o enorme número de orixinais presentados, que ascende a cen. O fallo realizarase o 28 de febreiro de 1998, facéndoo coincidir co aniversario da morte de Cunqueiro. Sinálase tamén que este é un dos galardóns de máis prestixio da narrativa galega.



Certame de Conto e Narración Breve “Ánxel Fole”

Convocado polo Concello de Lugo e o diario *El Progreso* co gallo da celebración do Día das Letras Galegas de 1997 dedicado ó escritor lugués. O certame de narración curta está destinado a escritores de toda España e consta de senllas categorías para textos en galego e castelán. Cada unha das categorías está dotada con 150.000 e pesetas para o primeiro premio e 75.000 para o segundo. Os traballos non poden supera-los dez folios e deberán ser presentados antes do 11 de abril no Patronato de Cultura do concello lugués en dous sobres, un co texto a concurso e o outro cos datos do autor. O primeiro premio na modalidade de narrativa en lingua galega correspondeulle a Belén López Gómez por *Punire*, e en lingua castelá a Marta Rivera de la Cruz por *La segunda vida de Antonio Benítez Reino*. Os segundos premios foron para Manuel Gago Mariño en lingua galega por *Danae + 3* e en lingua castelá para Antonio Esteban González Alonso por *La muerte del general Bienvenido Ariel Migaza*. O concurso de contos premia os mellores traballos realizados por estudantes lugueses con idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos e divídese en dúas categorías: de 12 a 14 anos (cun primeiro premio de 40.000 pesetas e un segundo de 25.000) e de 14 a 18 anos (50.000 e 30.000 pesetas). Os textos teñen que estar escritos en galego. Cada centro selecciona tres e envíaos ó Patronato de Cultura antes do 11 de abril. Mereceron os primeiros premios, Susana Yáñez na categoría de 12 a 14 anos e Ana Pol na de 15 a 18, e Jesús Carreto e Francisco Fernández conseguiron os segundos. O xurado das dúas convocatorias estivo integrado por Antón Grande Penela, Xoán Carlos Vidal Crende (en representación da Asociación de Prensa de Lugo) e Pilar García Cheda.



Referencias varias:

-Miguel Olarte, "Presentados los certámenes 'Ánxel Fole' de cuentos y narración breve", *El Progreso*, 14 marzo 1997, p. 67. Infórmase da presentación dos premios literarios "Ánxel Fole", un deles destinado a escolares lucenses e o outro a autores de todo o Estado. Achégano-los datos técnicos de cada un dos certames: categorías, dotación económica, extensión, modalidades, data límite e lugar de entrega dos orixinais.



IIIº Premio Literario “Arcebispo Juan de San Clemente”

Baixo o patrocinio da empresa Cubiertas MZOV, o Concello de Santiago e a Consellería de Educación, o I. B. “Rosalía de Castro” creou, no ano 1995, o premio literario “Arcebispo Juan de San Clemente”, dotado con 1.500.000 pts. a repartir en tres modalidades: lingua castelá, lingua galega e lingua estranxeira traducida ó castelán. Na edición de 1997 o xurado, composto por estudantes de COU de distintos Institutos de Galicia, emitiu o seu fallo o día 26 de abril. Foron galardoadas as obras: *Los héroes de la frontera*, de Antonio Soler no apartado de novela en lingua castelá; na modalidade de lingua galega compartiron o premio *Ruído*, de Miguel Anxo Murado e *Unha noite con Carla*, de Aníbal Malvar. *Sostiene Pereira*, de Antonio Tabucchi, foi a gañadora no apartado de novela estranxeira.

Referencias varias:

-A. I., “Miguel Anxo Murado se llevó con 'Ruído' el Premio San Clemente”, *El Correo Gallego*, 1 maio 1997, p. 10. Festéxase o fallo favorable a Miguel Anxo Murado, por ser colaborador deste diario, quen empatou con *Unha noite con Carla*, de Aníbal Malvar. Tamén se dá noticia dos gañadores nas categorías de novela castelá e estranxeira.

-M. B., “Los alumnos premian las últimas novelas de Aníbal Malvar y Miguel Anxo Murado”, *La Voz de Galicia*, 1 maio 1997, p. 35.



Gábase a independencia do xurado, composto por alumnos de diferentes institutos galegos, que non foi quen de acadalo consenso na modalidade “Novela Galega” do “III Premio Literario Arcebispo Juan de San Clemente”. Perante a indecisión o premio foi concedido por vez primeira *ex aequo* ós dous autores susoditos, por *Unha noite con Carla* e *Ruído* respectivamente.

-J. B. Salgueiro, “Los alumnos gallegos premian al escritor italiano Antonio Tabucchi”, *Faro de Vigo*, 20 novembro 1997, p. 43. Infórmanse dos nomes dos premiados nesta edición do premio e salientase que o xurado estivo composto por cincuenta alumnos de COU de varios institutos galegos.

-Lois Fernández, “Un premio con prestigio”, *La Voz de Galicia*, “El espejo”, 25 novembro 1997, p. 46. Dá conta do acto de entrega destes galardóns e a satisfacción dos premiados ó ver elixidas as súas obras por lectores novos.

-A. I., “Soler: O galardón foi un baño gratificante para nós”, *O Correo Galego*, 25 novembro 1997, p. 35. Dá conta do acto de entrega dos premios Arcebispo San Clemente que, cun xurado composto por alumnos de varios centros de medias de Galicia, outorga galardóns a unha obra escrita en lingua estranxeira, outra en lingua castelá e outra en lingua galega. Nesta última a gañadora foi *Ruído* de M. A. Murado que segundo recolle neste artigo confesou neste acto que o premio esíxelle “responsabilidade para non decepciona-los lectores”. Ademais di que non cre na chamada literatura xuvenil xa que a considera unicamente unha etiqueta das editoriais.



XVIº Premio de Novela longa “Eduardo Blanco Amor”

A iniciativa do Concello de Redondela, creouse no ano 1981 o Premio de Narrativa “Blanco Amor”, promovido e financiado por un consorcio de concellos que aportan 50.000 pts. cada un. Cada ano aumentou o número de concellos participantes ata chega-la dotación deste ano 1997 a 2.000.000 de pesetas. A organización do premio adxudícase por sorteo a un dos concellos do consorcio, que é o encargado de correr con tódolos actos que leva consigo a convocatoria: entrega do premio e difusión da obra de Eduardo Blanco Amor. O galardón entrégase no mes de decembro e na festa do premio sortéase o concello encargado da seguinte edición. A entrega dos orixinais finaliza o 30 de xullo. As obras presentadas deben ser inéditas e ter unha extensión mínima de 150 folios. Os interesados deben envia-las súas obras por correo, sen remite e baixo o lema ó Concello convocante coa indicación no sobre “Premio de novela longa Eduardo Blanco Amor”. No 1997 correspondeulle a organización ó Concello da Pobra do Caramiñal. Nesta edición, o xurado estivo integrado, baixo a presidencia de Pilar Vázquez Cuesta, por Carlos Paulo Martínez Pereiro, Silvia Gaspar Porras, Dolores Vilavedra e Carlos López Bernárdez. Resultou gañador Suso de Toro coa obra *Calzados Lola*, presentada baixo o lema *O dano*. O xurado adoptou esta decisión por maioría simple, tendo en conta a "complexa e profunda estruturación da psicoloxía dos personaxes, a dosificación da intriga e a ensamblaxe das secuencias, así como o áxil tratamento do diálogo e da voz narrativa". Dúas obras quedaron finalistas, a presentada baixo o lema *As grandes carballeiras* e *Unha esquina no fondo da memoria*. Para a organización da XVII edición do premio foi elixido por sorteo o concello de Culleredo.



Referencias varias:

-Anxo Tarrío Varela, “A lección dun pequeno concello”, *Eco*, nº 68, “Opinión. Firma invitada”, xaneiro 1997, p. 98. Céntrase na entrega do XV Premio Blanco Amor que tivo lugar o 21 de decembro de 1996 na Casa de Cultura do Concello de Brión. Refírese ás orixes da creación deste galardón, que foi concibido en 1981 para perpetua-la memoria do autor ourensán mediante a colaboración de varios concellos galegos. Explica o procedemento que se segue para elixir en cada convocatoria o concello organizador e valora este feito polo que supón de “cooperación en aras dun interese colectivo”. Lamenta a actuación do Concello da Coruña na edición de 1995 xa que se se negou a organizalo.

-F. Franco, “A Pobra do Caramiñal entrega hoy el Premio Blanco Amor, en su XV edición”, *Faro de Vigo*, 30 setembro 1997, p. 48. Noticia que comeza lembrando a negativa do Concello de Ourense a albergalo cadaleito de Blanco Amor o día en que morreu así como a iniciativa do Concello de Redondela un ano despois ó convoca-la primeira edición do premio. Destácase tamén a singularidade do premio polo seu carácter itinerante e considérase que lle deu pulo á colaboración dos concellos noutras áreas como o I Encontro de Alcaldes de Galicia celebrado en 1994 en Santiago no que se buscou un programa mínimo de política lingüística na administración municipal.

-Tucho Calvo, “Un autor para un galardón”, *La Voz de Galicia*, 1 outubro 1997, p. 88. Destaca algúns momentos da vida do escritor premiado, a súa rebeldía e a súa aposta polo valor do traballo. Para Tucho Calvo, a concesión do premio Blanco Amor a Suso de Toro dota este premio de proxección e atopa no autor compostelán “un apoio que necesita”.



-Antón Lopo, “Susos de Toro gaña o Blanco Amor cunha novela feita desde a emoción”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 1 outubro 1997, p. 33/ p. 16. Recolle a opinión do autor premiado, que sinala a xénese de *Calzados Lola* nun guión cinematográfico, confesa que foi escrita “máis demoradamente” que as anteriores e defínea como “drama contemporáneo”, destacando que está escrita “con pouco humor e moita emoción”. A noticia anuncia a publicación en Xerais e a tradución en Ediciones B, refírese á síntese argumental da obra e faise eco das varias votacións realizadas para dilucida-lo gañador.

-D. S. Orellán, “Susos de Toro obtén o Blanco Amor cunha novela que abre a unha nova vía na súa obra”, *La Voz de Galicia*, 1 outubro 1997, p. 88. Noticia que se refire ó fallo do xurado e pon de relevo o axustada que resultou a decisión. Recóllense, así mesmo, as palabras da presidenta do xurado, Pilar Vázquez Cuesta, que subliña de *Calzados Lola* a estrutura, a axilidade do diálogo e o carácter novidoso da produción anterior de Susos de Toro. Coméntase, así mesmo, que o xurado destacou a calidade das novelas presentadas.



XXXº Premio “**Breogán**” de Contos en Galego

Foi creado no 1968 polo Centro Galego de Bizkaia (Barakaldo) e patrocinado polo Banco de Biscaia. Concédense tres premios, os dous primeiros con dotación económica (125.000 e 25.000) e o terceiro con mención honorífica. Os traballos teñen que ter unha extensión de tres a seis folios. O primeiro premio da convocatoria deste ano foi para Antón Riveiro Coello con *A domadora de versos*, o segundo para Rosa Neiros Díaz por *Vermellos* e o terceiro para Valentín Alvite por *O Hospital*.



IVº Premio de Narrativa Curta “Café Dublín”

O Premio de Narrativa Curta “Café Dublín” é convocado tódolos anos, dende 1994, polo Café Dublín de Vigo, para premiar orixinais inéditos cunha extensión mínima de 65 folios e máxima de 100. Os orixinais (relatos ou conxuntos de relatos) teñen que entregarse, por cuadruplicado e baixo plica, no Café Dublín, rúa Martín Códax, 11, de Vigo antes do 1 de maio. O dictame do xurado realizouse o 2 de xullo, no transcurso dunha festa literaria-musical. A obra gañadora da edición de 1997, dotada con 300.000 pts. e unha viaxe a Irlanda, foi para a obra *Sarou no crepúsculo* presentada co lema *Beiramar de luz e morte*, de Ramón Caride Ogando. O xurado estivo composto por: Francisco Fernández del Riego, Xosé Manuel Martínez Oca, Xosé María Dobarro e Carlos L. Bernárdez. Actuou como secretario Xosé Ramón Pena.



VIIº Premio “**Camilo José Cela**” de Narrativa

Convocado dende o ano 1989 polo Concello de Padrón como "homenaxe perpetuo á figura human e literaria do egrexio escritor". Os relatos que se presenten teñen que ter unha extensión de 12 a 25 folios, mecanografados a dobre espacio e deben enviarse, por quintuplicado, ó rexistro do Concello de Padrón adxuntando un sobre cun lema e no seu interior o nome, apelidos e teléfono do autor. O prazo de presentación remata o 15 de setembro e a entrega do galardón faise coincidir co día en que lle foi concedido o Nobel de Literatura a Camilo José Cela (o 19 de outubro). Na edición de 1997, dotado con 250.000 pts., o premio recaeu na narración breve “Dos latidos” da valenciana Carmen Payá. O xurado estivo presidido por Jesús Villamor e integrado por José Manuel González Herrán, Luis Iglesias Feijoó, Ana María Platas Tasende, Xavier Serrano Alonso, Ramón T. Vázquez Casanovas, Ramón Rey Rodríguez e Anxo Manuel Vázquez Castaño, actuando como secretario Elías Vázquez.



IIIº Premio de Narrativa “Castelao”

Foi convocado polo Centro Galego de Barcelona (Rambla de Capuchinos) por primeira vez no ano 1995. Enmárcase no “Certame San Xurxo” (v. neste apartado “Varias modalidades”), e prémíase a mellor obra en prosa presentada que cumpra unha das seguintes condicións: a) escrita en lingua galega, b) escrita en galego, castelán ou catalán ambientada en Galicia e c) escrita en galego, catalán ou castelán ambientada na Galicia exterior. O prazo de presentación de orixinais remata o 5 de abril, podendo envialos ó Centro Galego de Barcelona, Rambla de Capuchinos 35-37. 08002 de Barcelona. Cunha dotación económica de 40.000 pts, en 1997 resultou gañador Antón Riveiro Coello. O xurado estivo composto por Basilio Losada Castro, Camilo Fernández Valdeorras, Adolfo Sotelo Vázquez, Ángeles Pérez Guerra e Raúl Martínez Rodríguez.



Iº Premio “Eixo Atlántico” de Narrativa Galego-Portuguesa

Convocado polo Eixo Atlántico en colaboración coa Asociación de Editores galegos e portugueses como iniciativa para contribuír a estreita-las relacións entre Galicia e o norte de Portugal. Está destinado a obras de escritores de calquera nacionalidade escritas en galego ou portugués. A convocatoria do premio fíxose pública no mes de xaneiro de 1997 e o prazo de entrega de orixinais rematou o 31 de xaneiro de 1997. Nesta primeira edición o premio estivo dotado con 1.000.000 de pesetas e recaeu en Francisco Duarte Mangas coa obra *Geografía do medo*. O xurado que emitiu o seu dictame o día 7 de xuño, estivo composto por Xavier Alcalá, Arturo Lezcano e Francisco Martínez Bouzas.

Referencias varias:

-E. F., “O escritor portugués Duarte Mangas gañou o premio ‘Eixo Atlántico’”, *O Correo Galego*, 8 xuño 1997, p. 50. Infoma da concesión do premio a Xosé Duarte Mangas, sinala a participación de trinta e catro orixinais e os títulos dos traballos finalistas, os títulos dos traballos finalistas e a composición do xurado.

-Xavier Alcalá, “Carta a Inés de Castro”, *El Mundo Galicia*, “Pluma ao voo”, 11 xuño 1997, p. 2. O articulista, que formou parte do xurado do I Premio Eixo Atlántico, diríxese á persoa que participou neste certame co pseudónimo “Inés de Castro”. Recoñece que a súa obra impactou polo seu “atrevemento” na maneira de se ofrecer ó público. Xavier Alcalá sinala ademais que Inés de Castro e



Kianda (angolana) foron a “presencia exótica” no premio ó usar portugués normativo para narrar con concesións ás falas das súas terras. Dille, finalmente, que se a súa “valentía na hora de escoller bandeiras (...) chega a vir acompañada dunha historia de vida diferente, épica quizais” agora non se dirixiría a un “descoñecido”.

-B. R. S., “El periodista luso Duarte Mangas gana el Eixo Atlántico de narrativa”, *La Voz de Galicia*, 12 xuño 1997, p. 79. Informa do fallo do xurado e acolle a sorpresa e ledicia de Xosé Duarte Mangas. Sinálanse na noticia os datos biográficos do autor premiado, o argumento de *Xeografía do medo* e a composición do xurado.



IXº Premio de Novela “García Barros (Kenkeirades)”

Convocado dende 1989, polo Excmo. Concello da Estrada en colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Está dotado na actualidade con 1.500.000 de pesetas para o ganador e 500.000 para o accésit. Os orixinais (extensión mínima 150 folios), teñen que ser enviados (por sextuplicado), antes do 30 de abril, á Casa do Concello da Estrada (Praza da Constitución 1, 36680 A Estrada-Pontevedra). A resolución dáse a coñece-lo 21 de xuño. No 1997, na súa IX edición, a gañadora foi María González Lorenzo por *Magog*. O accésit recaeu na obra presentada co lema Zún Zún Dambaé e titulada *A historia de Chicho Antela*, de Antón Riveiro Coello. O xurado estivo composto por Marcos Valcárcel, Rosa Castro, Valentín García, Benxamín Dosil López e Olimpio Arca Caldas. O acto de entrega tivo lugar nunha cerimonia celebrada o día 12 de decembro.

Referencias varias:

-Valentín García, “Historia dun premio”, *Tabeirós Terra*, nº2, novembro 1997, p. 25. Realiza un resumo da historia do Premio Manuel García Barros, os seus gañadores, os xurados, a contía dos premios, e outras anécdotas no decorrer histórico deste premio que organiza o Concello da Estrada.

-Susó Souto, “Fernández del Riego presidirá la entrega del premio de novela Manuel García Barros”, *El Correo Gallego*, 6 decembro 1997, p. 18.



Anúnciase a posible presenza de Francisco Fernández del Riego no acto de entrega deste premio. Dise tamén que a obra galardoada, *Magog*, de M^a Dolores González Lorenzo, acaba de ser publicada por Xerais e anúnciase a próxima publicación do accésit, *As aventuras de Chicho Antela*, de Xosé Riveiro Coello.

-Susó Souto, "La entrega del 'García Barros' cierra un año repleto de iniciativas culturales", *El Correo Gallego*, 14 decembro 1997, p. 18. Crónica do acto de entrega deste galardón ó que acudiron, entre outros, Jesús Palmou, Conselleiro de Xustiza, Manuel Regueiro, Director de Política Lingüística, e o escritor David Otero. Destacouse nas diferentes intervencións a importancia e consolidación deste premio, así como o feito de que sexa a primeira vez que o recibe unha muller.



IXº Certame de Narrativa “Gonzalo Torrente Ballester”

Certame instituído pola Deputación da Coruña, no ano 1989, como recoñecemento á obra narrativa de Gonzalo Torrente Ballester. Os orixinais poden estar escritos en galego ou en castelán e deben presentarse por duplicado, en exemplares separados, e acompañados da plica, na que se fará consta-lo nome, apelidos e nacionalidade do autor. O prazo de recepción dos mesmos conclúe o 1 de xullo e o fallo do xurado faise público en novembro. O xurado está constituído por: Gonzalo Torrente Ballester (presidente), polo Presidente da Deputación da Coruña, polo responsable da área de cultura da Deputación, representantes da R.A.E., da R.A.G. e críticos literarios da prensa nacional e galega. O coordinador do premio é César Antonio Molina. No 1997, cunha dotación económica de 3.000.000 pts. e a publicación da obra gañadora, foi galardoado o escritor biscaíno Fernando Palazuelos pola obra *La trastienda azul*. Quedou como finalista *Filios do río*, de Antón Risco. A resolución tivo lugar na Coruña o 21 de novembro. Constituiron o xurado, Ángel Basanta Folgueira, Víctor García de la Concha, Luz Pozo Garza, Xosé Carlos Caneiro, Arturo Lezcano, José Antonio Ponte Far, Roberto Saladrigas e Juan Ángel Juristo.

Referencias varias:

-J. M. Gutiérrez, “Unha novela con relatos”, *Eco*, nº 68, “Ocio. Premios”, xaneiro 1997, p. 94. Infórmase do dictame da VIIIª edición deste Premio, que recaeu en *O xogo dos apócrifos*, do escritor ourensán Xosé Carlos Caneiro. Recóllense as declaracións de Manuel Rivas como membro do xurado



nesta edición, que manifestou que a obra galardoada “ten unha gran madurez e boa calidade lingüística” ademais dunha “gran tensión e unha importante altura estilística”. Infórmase doutros premios gañados por Caneiro como o Xerais con *Infortunio de soedade*, o Celso Emilio Ferreiro e Cidade de Ourense cos poemarios *O libro da túa ausencia* e *Estación sur*, respectivamente. Conclúese dicindo que o fallo do xurado estivo acompañado dun coloquio sobre a figura do autor en *La saga/fuga de JB*, no que participaron Carlos Casares, Alfredo Conde, Manuel Rivas, Xavier Alcalá, Ángel Basanta e Víctor Freixanes.

-AGN, “Trece obras optan al “Torrente Ballester” de narrativa”, *Atlántico Diario*, 20 novembro 1997, p. 47. Refírese á cifra de trece finalistas de entre un total de 416 participantes e sinala diversos actos ó redor do premio entre os que se indica unha conferencia de Alfredo Conde sobre a creación literaria en Galicia.



Vº Certame Literatrio “Manuel Lueiro Rey” de Novela Curta

Convocado polo Concello do Grove para lembra-la figura deste galeguista. Os relatos, que serán recollidos ata o 15 de novembro no Concello do Grove (Praza do Corgo, s/n), deberán presentarse por quintuplicado. As obras deberán de axustarse a unha extensión dun máximo de 30 e un mínimo de 20 folios. Concederanse tres premios de 300.000, 200.000 e 100.000 pesetas, respectivamente. Os traballos premiados serán publicados polo Concello do Grove antes da próxima edición. A decisión do xurado faise pública na segunda quincena de decembro. Na edición do 1997 o gañador foi Francisco Castro Veloso, por *Play Back*; o segundo premio foi para Antón Lopo, por *O riso de Isabel Gil*; o terceiro recaeu en X. C. R., por *O bebedizo da lúa*. O xurado estivo formado por Xesús Alonso Montero, Ramón Nicolás Rodríguez, David Otero Fernández, Manuel Quintáns Suárez e Herminio Barreiro. Actuou como presidente o alcalde do Grove, Antonio Galiñanes Mascato. Efectuouse a entrega de premios o 10 de xaneiro de 1998.

Referencias varias:

-D. P., “Convocado el “V Certame Literario ‘Manuel Lueiro Rey’ de Novela Curta”, *Diario de Pontevedra*, 3 setembro 1997, p. 20. Recolle as bases do certame.

M. M., “El ganador del Planeta fue premiado en O Grove en 1995”, *Faro de Vigo*, 18 outubro 1997, 19.



Lembra que Juan Manuel de Prada, recente Premio Planeta, fora finalista no Premio Manuel Lueiro Rey de 1995. Cítase o xurado daquela edición e indícase que o comité organizador do certame destaca a calidade dos participantes nas distintas convocatorias do concurso.

-José Manuel Moldes, “V Certamen Literario Manuel Lueiro Rey en O Grove”, *Diario de Pontevedra*, 23 outubro 1997, p. 22. Anúncianse os requisitos esixidos nas bases deste certame para a presentación de orixinais.

-M. Méndez, “Un escritor de Vigo gana el primer premio del ‘V Certame Literario Manuel Lueiro Rey’”, *Faro de Vigo*, 21 decembro 1997, p. 24. Infórmase da resolución do xurado.

X. Benavides, “Francisco Castro foi premiado no ‘Lueiro Rey’”, *O Salnés*, nº 80, 22 decembro 1997,

35. Dá o nome dos premiados e cita os nomes que conforman o xurado.



VIº Certame “Manuel Murguía” de Narracións Breves

Convocado polo Concello de Arteixo, dende o 1991, para premiar relatos en galego de temática libre cunha extensión entre 15 e 30 folios. Os autores que desexen participar deberán envia-los orixinais, por cuadruplicado, a dobre espacio, só co título, lema, nome, enderezo, teléfono e curriculum do autor, ó Concello convocante (Travesía de Arteixo. 15142 Arteixo) antes do 1 de marzo. O premio é único, está dotado con 400.000 pesetas e o fallo é o 17 de maio. No 1997 resultou gañadora Marilar Aleixandre, coa obra *Desaforados muños*. O xurado estivo constituído por Miguel Mato Fondo, Xosé María Álvarez Cáccamo, Antón Riveiro e Henrique Rabuñal Corgo. Realizouse en outubro de 1997 a sétima convocatoria deste certame.

Referencias varias:

S. C., “Marilar Aleixandre gaña o premio ‘Manuel Murguía’”/“Marilar Aleixandre obtén co relato ‘Desaforados muños’ o premio ‘Manuel Murguía’”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 25 maio 1997, 51/p. 15. Informa da concesión do premio a Marilar Aleixandre e comenta que o xurado resaltou a grande calidade de *Desaforados muños*.



VIº Premio “Máquina de Vapor” de Narrativa Erótica

Convocado pola asociación universitaria *Eis*, dende 1993, para premiar relatos eróticos en galego ou portugués cunha extensión entre 3 e 10 folios mecanografados a dobre espacio. Os textos deben enviarse por triplicado, baixo pseudónimo e plica, antes do 14 de febreiro ó apartado 936 de Santiago. Está dotado con 125.000 pesetas. O texto gañador publícase, xunto cunha escolma das outras narracións, nun número especial da revista *Eis*. No 1997 o xurado decidiu por unanimidade declarar deserto o primeiro premio. Malia esta circunstancia salientou unha serie de relatos que serán publicados nun número especial da revista *Eis*. Os relatos finalistas foron: “Esse dédalo de Apetites”, de Xavier Rodríguez Fidalgo; “Encíclica (incompleta) para Septimia”, de Manuel Guillán Besada; “Parálise”, de Juan Tallón Salgado; “As tardes con Sofía”, de Ana Gias, e “O segredo da rúa Humanidade”, de Daniel Vila.



XXIIIº “Modesto R. Figueiredo do Pedrón de Ouro”, Certame Nacional de Narracións Breves

Convocado polo Padroado o Pedrón de Ouro, actualmente Fundación do mesmo nome, dende o ano 1975. Os orixinais (por cuadruplicado), cunha extensión mínima de 5 folios e máximo de 30, teñen que ser enviados á Fundación do Padroado Pedrón de Ouro (Apartado de Correos 1046. 15780. Santiago de Compostela). O xurado está composto por catro especialistas en crítica literaria designados polo padroado, asesorado pola Asociación de Escritores. O fallo dáse a coñecer a mediados de decembro e o prazo de admisión remata o 15 de novembro. O primeiro premio e os accésits son publicados, tódolos anos, por Edicións do Castro. No 1997 a dotación económica para o primeiro premio foi de 100.000 pts. e de 40.000 para os restantes premios. O xurado estivo presidido por Avelino Abuín de Tembra e moderado por Gustavo Santiago Valencia. Actuaron como vocais: Xosé María de Castro, Miguel Anxo Fernán Vello, Xavier Puente e David Otero. Actuou como secretario Avelino Abuín de Tembra. O primeiro premio foi nesta edición Antón Riveiro Coello, por *Sete traxes* presentada baixo o lema Matías Fandiño. Os segundos premios foron para Alfonso Álvarez Cáccamo por *A meritoria cortesía de Edón de Cigalia* e Xosé Vázquez Pintor por *A entrega*. O premio estivo nesta ocasión patrocinado polo Concello de Allariz e o acto de entrega tivo lugar na Casa da Cultura desta localidade.



Referencias varias:

-D. P., “Premio ‘Ánxel Fole’, en Lugo, y el ‘Modesto R. Figueiredo’ en Compostela”, *Diario de Pontevedra*, 15 setembro 1997, p. 8. Extracto das bases do Certame de Narracións Modesto R. Figueiredo. Na mesma nota anúnciase a convocatoria do Premio Literario Ánxel Fole e os requisitos que deben cumpri-las obras que se presenten.

-V. Mourenza, “Los premios literarios “Modesto Figueiredo” se entregaron en Allariz”, *La Voz de Galicia*, 28 decembro 1997, p. 72. Noticia da entrega dos premios na que se sinala a ausencia de Antón Riveiro Coello e de Pepe da Vila. Recolle as palabras do alcalde de Allariz, Anxo Quintana, que subliñou o papel destes premios na normalización da cultura. Gustavo Santiago Valencia referiuse ó prestixio do premio e a que case tódolos escritores “punteiros de Galicia” recibiron este galardón. Pola súa parte Alfonso Álvarez Cáccamo amosou a súa satisfacción pola consecución dun dos segundo premios e anunciou que a súa próxima novela son as memorias imaxinarias dun rapaz que mide a vida por cans.



Iº Premio de Novela Curta “Mulleres Progresistas”

Convocado por Mulleres Progresistas de Vigo para celebra-los dez anos da súa constitución. Poden concursar tódalas mulleres de calquera cultura e nacionalidade, o tema ten como protagonista e eixo fundamental a figura da Muller, xirando arredor dela todo o universo da novela. Os orixinais, escritos en galego cunha extensión mínima de 50 folios e máxima de 100, presentados con pseudónimo e baixo plica, preséntanse por cuadruplicado e a dobre espacio. Establécese un premio de 200.000 pesetas. O prazo de admisión remata o 9 de maio de 1997 presentándose en Mulleres Progresistas, Policarpo Sanz nº 12, 2º, Vigo. A decisión do xurado faise pública o 17 de Maio. Mulleres Progresistas resérvase o dereito de publica-la obra nunha 1ª edición. Nesta primeira edición resultou gañadora a escritora María García láñez pola obra *O tempo pasado*. O xurado estivo composto por Marilar Jiménez Aleixandre, Cristina Berg, Aurora Marco, Mª Xosé Porteiro e Mariló Cabaleiro.

Referencias varias:

-J. D. C., “La escritora María García láñez gana el premio de novela ‘Mulleres Progresistas’”, *Atlántico Diario*, 30 maio 1997, p. 52. Nota na que se citan algúns datos biográficos de María García láñez, quen fala do argumento sinalando que lle parece positiva a convocatoria do premio toda vez que seguen a existir discriminacións e en tódolos premios gañan máis homes ca mulleres. Sinálase tamén a alta participación nesta primeira edición do premio.



IIIº Premio Literario “**Pastor Díaz**”

Convocado polo Concello de Viveiro e dotado con 500.000 pesetas. Está dirixido a premiar textos novelísticos redactados en galego ou castelán, e cunha extensión mínima de 100 folios. O prazo de entrega remata o 31 de decembro de 1996. Este premio ten carácter bianual. O acto de entrega tivo lugar o día 29 de novembro de 1997, resultando gañadora María Dolores González Roel pola novela en lingua castelá *Como hortensias en verano*, presentada baixo o lema *Ave María Purísima*. Antón Riveiro Coello, que debía de compartir o premio coa gañadora, renunciou ó galardón.



Iº Premio de Narracións-Relatos do mar “Proa”

Convocado por vez primeira no 1996 pola Sociedade Artística Ferrolana co fin de fomentar e estimular o desenvolvemento da cultura na faceta literaria das narracións curtas. O tema obrigado é que as obras presentadas sexan relatos do mar. Poden estar escritas en galego ou castelán sen límite de extensión. Os traballos, mecanografados e nunha soa copia, deben remitirse antes de finais de xuño á Sociedade Artística Ferrolana. Apartado de Correos 339. 15480 Ferrol. O premio consiste nunha placa e diploma, coa posibilidade de publicación do traballo. Na edición correspondente a este ano o dictame tivo lugar o día 10 de xuño de 1997. O xurado composto por Carlos P. Perille, Manuel Vázquez Méndez, Carlos Barcón, Choncha Romero, Ricardo Díaz-Casteleiro e Julio Ferrín Gómez, decidiu premia-lo relato *Morgado*, de Ramón Loureiro.



IIº Certame de Contos “San Cidre”

Está convocado polos CAF do Campus de Lugo e insírese na celebración das festas en honra de San Cidre na Escola Politécnica. Na edición de 1997 resultou gañador Fernando Vázquez García co relato titulado *A estrada* e o segundo premio foille concedido a David Valuja Framiñán polo relato *Ola, chámome Robert e son pequeno*. Concedéuselle, así mesmo, un accesit o traballo de David Alonso *Inscrito, non escrito*. O xurado estivo integrado por Marica Campo, Isidro Novo, Santiago Jaureguizar e Ana García.

Referencias varias:

P. P. G., “Fernando Vázquez, ganador del ‘II Certame de contos San Cidre’ “, *El Progreso*, 3 xuño 1997,

8. Sinálanse algunhas notas temáticas dos relatos premiados e cítase a composición do xurado.



XIVº Premio “Xerais de Novela”

Convocado por Edicións Xerais de Galicia dende o ano 1984. Os orixinais (por sextuplicado) teñen que presentarse antes do día 1 de setembro nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia (R/ Dr. Maraño, 12, 36211 Vigo), baixo lema e acompañados dun sobre pechado co nome completo e enderezo do autor. A composición do xurado dáse a coñecer no mes de setembro e o dictame emítese no curso dunha cea que se celebra cada ano, na semana de San Martiño, nunha vila ou cidade diferente de Galicia. Nas primeiras convocatorias deste premio o xurado estaba constituído por críticos e estudiosos da literatura en xeral, pero a partir de introduci-lo lema "A forza dos lectores" (1988), son lectores non especializados os seus membros cun secretario con voz e sen voto, que representa á editorial. Ó redor da “Cea Xerais”, a editorial organiza unha semana de actos culturais, exposicións, charlas, etc., a cargo de creadores e estudiosos da literatura. No 1997 a resolución deuse a coñecer no complexo Cerámicas do Castro de Sada; a dotación económica foi de 1.500.000, a conta dos dereitos de autor dos cinco mil primeiros exemplares, e o xurado estivo constituído por Manuel Sánchez Salorio (Médico), Juan Ramón Díaz, Xosé Manuel Pereiro, Manuel Rodríguez García (Xornalistas), Fina Casal Martínez (Economista) e Xosé Cid Cabido (como secretario). O gañador desta edición foi o compostelán Xavier Manteiga pola obra *Manancial*, presentada baixo o lema *O Príncipe*.



Referencias varias:

-Albino Mallo, "A Coruña acollerá a entrega dos premios Xerais e Merlín"/"Convocadas la 14 edición del Premio Xerais de novela y la 12 del Merlín de literatura infantil", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 14 xuño 1997, p. 35/p. 35. Informa da data e lugar de entrega dos premios así como do anuncio de Manuel Bragado dos actos que se celebrarán ó redor desta edición. Pola súa parte a coordinadora Celia Torres subliña a consolidación dos galardóns dada a boa aceptación das obras premiadas por parte dos lectores.

Eduardo Álvarez, "Os premios Xerais e Merlín decidiranse o próximo novembro"/"Os premios Xerais e Merlín fallaranse o vindeiro 8 de novembro", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 26 setembro 1997,

33/p. 15. Anúnciase a composición dos xurados dos Premios Xerais e Merlín, as datas na que se coñecerán os nomes dos finalistas e a entrega de premios.

-C. M., "Isaac Díaz Pardo abre hoy la semana de actividades de Xerais", *Faro de Vigo*, 4 novembro 1997, p. 48. Cita as actividades que se desenvolven en Sada durante a semana dos Premios Xerais.

A. Mallo, "Hoxe comeza en Sada a Semana Didáctica dos Premios Xerais"/"Unha conferencia de Díaz Pardo abre as actividades dos premios Xerais", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 4 novembro 1997,

35/p. 15. Anuncia o programa de actividades da Semana dos Premios Xerais que inclúe conferencias, exposicións, teatro e contacontos.



-Luis Pousa, "O Castro celebra esta semana a gran festa literaria dos Premios Xerais", *El Ideal Gallego*, 4 novembro 1997, p. 27. Noméanse os actos de celebración do Premio Xerais e os títulos das obras finalistas.

-R. G., "A semán dos premios Xerais trae á Coruña a dous candidatos ó Nobel de Literatura", *La Voz de Galicia*, 4 novembro 1997, p. 81. Recolle os actos que teñen lugar con motivo da semana dos Premios Xerais e a lista de gañadores dos anos anteriores.

Albino Mallo, "De Reigosa a Manuel Seixas"/"O Xerais de novela será fallado o sábado na vila coruñesa de Sada", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 5 novembro 1997, p. 44/p. 12. Realiza un percorrido polas anteriores edicións dos premios Xerais e Merlín sinalando o título da obra gañadora en cada ano, a dotación do premio e os lugares nos que tivo lugar a cerimonia de entrega.

Albino Mallo, "Semana de Xerais", *El Correo Gallego*, 6 novembro 1997, p. 3. Refírese á semana de actos culturais que se celebra en torno ós Premios Xerais, da que cita senllas conferencias sobre a literatura infantil e a novela nas literaturas peninsulares. Destaca a importancia do Xerais e do Merlín, equipara estes premios no ámbito galego co Planeta e o Nadal no español e subliña a proxección estatal que teñen ó permitir que moitos dos gañadores xa fosen traducidos ó castelán. Conclúe valorando positivamente o feito de que o dictame dos premios teña como escenario un lugar diferente cada ano.

Albino Mallo, "Hoxe outórganse os premios Xerais e Merlín", *El Correo Gallego*, 8 novembro 1997, 16.

Faise eco da preparación dos actos de entrega dos Premios Xerais e Merlín e infórmase de que poñen fin a unha semana na que máis de tres mil estudantes visitaron a exposición sobre o libro no Castro. Recóllense as palabras de Manuel Bragado que se refire á idoneidade de forma-lo xurado con lectores, feito que, segundo el, impide filtracións. O director de Edicións Xerais de Galicia considera que a utilización dos libros premiados como lecturas obrigatorias no ensino secundario é boa porque garante un número importante de vendas pero por outra parte pode coarta-la liberdade dos escritores ó escribiren para un público determinado.

AGN, "El Premio Xerais de novela y el Merlín de Literatura Infantil serán fallados hoy", *El Progreso*, 8 novembro 1997, p. 66. Anuncia o acto da entrega de premios e dá os nomes dos lemas baixo os que foron presentadas as obras finalistas no Xerais e no Merlín.

AGN, "El joven compostelano Xavier Manteiga Pousa gana el Xerais con 'Manantial'"/"El Xerais", para el compostelano Xavier Manteiga Pousa, por su novela 'Manantial'"/"El joven compostelano Xavier Manteiga Pousa gana la XIV edición del Premio Xerais con "Manantial", *Diario de Pontevedra/La Región/Atlántico*, 9 novembro 1997, p. 59/p. 66/p. 46. Dá noticia da entrega dos premios Xerais e Merlín e sinala que Xavier Manteiga xa fora finalista do Xerais e recibira premios por guións de cine.

-Aníbal C. Malvar, "Pertenzo a unha xeración de novos autores que facemos un realismo cru", *El Mundo*, 9 novembro 1997, p. 7. Con palabras de Xavier Manteiga faise referencia ó argumento, ó estilo e ó influxo de Faulkner en *Manantial*. Sínálase, así mesmo, a trama argumental de *Sireno Sireno* e repásase a nómina de gañadores en anos anteriores.



-Albino Mallo, "A novela 'O Príncipe', de Xavier Manteiga, gaña o Premio Xerais"/"Xavier Manteiga gaña a XIV edición do premio Xerais coa novela 'O príncipe", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 9 novembro 1997, p. 53/p. 16. Refírese á concesión dos premios a Xavier Manteiga e M^a Ánxeles Alfaya. Destácase a intervención Manuel Bragado que no acto de entrega se referiu á boa acollida das novelas premiadas no Xerais, poñendo como exemplo *Crime en Compostela* (1984), *Galván en Saor* (1989) ou *Agosto do 36* (1991). Conclúe coa referencia feita polo director de Xerais sobre a novidade que supuxo este ano a publicación de obras en soporte dixital e sobre o seguimento que os lectores fan de autores como Suso de Toro, Manuel Rivas, Darío Xohán Cabana ou Carlos Reigosa.

-Luis Pousa, "Xavier Manteiga Pousa obtén o Premio Xerais coa súa obra 'Manantial", *El Ideal Gallego*, 9 novembro 1997, p. 50. Ademais de informar da concesión dos premios, anticipásenos o argumento con palabras de Manuel Manteiga, de quen se nomean os títulos ata agora publicados e apúntanse como referentes literarios a Faulkner, Camus ou Lawrence Durrell.

-X. C., "Manteiga Pousa y María Alfaya obtienen el Xerais de Novela y el Merlín infantil", *Faro de Vigo*, 9 novembro 1997, p. 56. Noticia da entrega dos premios na que se dan algúns datos da traxectoria literaria dos dous gañadores e recóllense algúns aspectos da cerimonia de entrega como a intervención de Manuel Bragado que se referiu á configuración do xurado por lectores e ó papel de Sada como centro de cultura na emigración.

-P. Castro, "Bragado di que o libro galego está en perigo", *A Nosa Terra*, nº 804, "Guieiro Cultural", 13 novembro 1997, p. 25.



Faise eco dos actos da gala dos Premios Xerais e Merlín e alude á intervención de Manuel Bragado que fixo fincapé nos problemas da industria editorial e de Miguelanxo Prado que se referiu á industria cultural. No tocante ás obras galardoadas apunta algunhas claves argumentais e, no caso de Xavier Manteiga, o autor recoñece a débeda con Faulkner ademais de se referir ó proceso de construción de *Manancial*. Finalmente informa do Premio Xerais á colaboración editorial, que recaeu na figura de Luis Noia Domínguez, director propietario de Gráficas Numen.

The logo consists of a blue square containing a white question mark, followed by the text 'it io' in a stylized, lowercase font.



X.2. Poesía

X. Premios

X. 2. Poesía



Iº Premio de Poesía “Avelina Valladares”

Convocado polo Concello da Estrada co desexo de contribuír á difusión da lírica galega, valora-lo traballo do poeta e descubrir novos valores, perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e colaborar coa divulgación da obra da poetisa estradense Avelina Valladares, precursora xunto a seu irmán Marcial do cultivo literario da lingua no século XIX. Poden participar orixinais en galego inéditos, con liberdade de tema e forma, cun mínimo de 150 versos e un máximo de 400, que se deben enviar antes do 1 de abril de 1997 ó seguinte enderezo: “I Premio de Poesía Avelina. Excmo. Concello da Estrada. Pza. da Constitución s/n., 36680 A Estrada (Pontevedra). Con cada orixinal entrégase en sobre pechado, o nome completo, enderezo e teléfono do autor. O premio, cunha dotación de 200.000 pesetas é indivisible e pode ser declarado deserto. A decisión do xurado, que estivo formado por David Otero, Noni Araújo, Maximino Sanmartín e Segundo Bentín, anunciouse publicamente o 2 de maio e a entrega levouse a cabo o 18 de maio durante a XXIV edición da Festa do salmón, no salón de plenos do Concello da Estrada. A obra gañadora foi *Corpos Paisaxe*, de Modesto Fraga Moure. Mereceron cadansúa mención de honra *Cartas de amor*, de María Victoria Moreno; *En dirección ó frío*, de Manuel Armada Villar e *As bágoas dos seres pequenos*, de Jorge Armesto Rodríguez.

Referencias varias:

-Susó Souto, “Modesto Fraga Moure, de Fisterra, resultó ganador del ‘Avelina Valladares’ de poesía”, *El Correo Gallego*, 3 maio 1997, p. 23.



Infórmase da concesión deste premio estradense, na súa primeira edición, á obra *Corpos Paisaxe* de Modesto Fraga Moure. Anúncianse as tres mencións de honra concedidas polo xurado e a composición deste. Alén diso dáse noticia da composición do xurado que decidirá a concesión do “IX Premio de Novela Manuel García Barros”.

-David Otero, “Avelina Valladares”, *Tabeirós Terra*, nº 2, novembro 1997, p. 11. Informa do I Premio de Poesía Avelino Valladares. Refírese á orixe da poetisa, á instauración do premio, ó gañador desta primeira convocatoria e á súa poética, inscrita na liña do Batallón Literario da Costa da Morte.

-Modesto Fraga, “Autosemblanza do primeiro gañador”, *Tabeirós Terra*, “Plumas convidadas”, nº 2, novembro 1997, p. 11. O gañador do premio de Poesía Avelino Valladares ofrece datos biográficos e bibliográficos, e dous poemas cos que gañou o premio.



XXIIº Premio “**Begonte**” de Poesía

O Centro Cultural José Domínguez Guizán, de Begonte, co patrocinio de Caixa Galicia, convocou, no 1997, o XXII Certame Nacional de poesía sobre o Nadal. Poden participar textos en galego ou en castelán. Está dotado con 100.000 pesetas e unha estatuíña de Sargadelos para o primeiro premio e 50.000 pesetas e estatuíña de Sargadelos para o segundo. O tema dos traballos ten que se-lo Nadal e nas bases especificase que se valorarán os textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén. O prazo de presentación dos orixinais remata o día seis de xaneiro de 1998. Nesta edición o xurado estivo integrado por Xavier Rodríguez Barrio, Paco Martín, Ramón Soilán Penas e Xulio Xiz.



XVIIº Premio “Cidade de Ourense”

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Ourense, dende o ano 1979, para premiar poemarios inéditos escritos en galego ou portugués. O xurado está constituído por personalidades da cultura galega e portuguesa. A extensión mínima destes poemarios é de 600 versos. Os orixinais, por duplicado, teñen que enviarse ó Concello de Ourense antes do 28 de febreiro, e o veredicto debe realizarse no mes de marzo. No 1997 cunha dotación de 400.000 pts., placa e publicación, participaron 38 traballos, 15 dos cales foron presentados na Cámara Municipal de Vila Real (Portugal) e o resto na área de Cultura de Ourense. O xurado formado por Xosé Carlos Caneiro como presidente, Juan Antonio Outeiriño (representante do concello) como secretario, Antonio Manuel Pires Cabral en representación da Cámara Municipal de Vila Real, Camilo Franco e Manuel Blanco Luis. Este xurado fixo pública a súa decisión o día 1 de outubro e decidiu premiar ó poeta de Cambados Domingo Miguel Tabuyo Romero, pola obra presentada baixo o lema *Balshain Blues*.

Referencias varias:

-Antón Lopo, “Tabuyo gaña o ‘Cidade de Ourense’ cunha homenaxe ó seu pai morto”/“Domingo Tabuyo obtén o ‘Cidade de Ourense’ de poesía cunha homenaxe ó seu falecido pai”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 2 outubro 1997, p. 45/p. 15. Recóllense as declaracións de Tabuyo nas que se refire ó libro premiado como unha homenaxe ó seu pai falecido. O poeta cambadés anuncia a publicación do seu próximo libro na colección editada polo



colectivo arousán Santa Compañía e incide na importancia dos colectivos poéticos como elementos dinamizadores. Destaca o feito de que traspasasen as fronteiras das grandes cidades para achegaren a poesía a lugares onde non era habitual.

-R. F., “Unha poesía vivencial ‘con pel de autor’”, *La Región*, 2 outubro 1997, p. 15. Informa da concesión do premio a Domingo Miguel Tabuyo. Sinálase, con palabras do presidente do xurado, a dificultade da elección do gañador dada a alta calidade dos participantes. Xosé C. Caneiro xustifica a concesión do premio a Tabuyo polo carácter vivencial da poesía e pola boa construción formal. Conclúe coa demanda de Caneiro de que se promocióne máis a obra editada e co propósito do concelleiro de cultura, Aurelio Gómez Villar, de mellorar neste eido.



Iº Premio de Poesía “**Cómaros Verdes**” do Concello de Vilagarcía de Arousa

Convocado en 1997 co gallo do cinquentenario da publicación da obra de Aquilino Iglesia Alvariño, *Cómaros Verdes*. O premio está dotado con 500.000 pesetas e as obras aspirantes deben ser inéditas e contaren cunha extensión mínima de 400 versos en lingua galega. O prazo para a presentación das obras remata o 1 de setembro. Nesta primeira edición o xurado estivo composto por Francisco Fernández del Riego, Xesús Alonso Montero, Fermín Bouza Álvarez, Bernardino Graña e Xosé María Álvarez Cáccamo. Presentáronse 50 poemarios e o premio foille outorgado a Rafa Villar, polo traballo presentado baixo o lema *Casa ou sombra*.

Referencias varias:

M. G., “O “I Congreso da Poesía” convirte a Vilagarcía na sede cultural de Galicia”, *Faro de Vigo*, 6 setembro 1997, p. 25. Dá conta dos numerosos poetas participantes no premio de Poesía Aquilino Iglesia Alvariño, que se convoca con motivo do cinquentenario da publicación do poemario *Cómaros Verdes*, organizado polo Concello de Vilagarcía, onde, segundo engade, celebrárase o “I Congreso da Poesía Galega”.

M. G., “Un coruñés de Cee gana el ‘Premio de Poesía Concello de Vilagarcía’”, *Faro de Vigo*, 21 setembro 1997, p. 23.



Informa da concesión do premio a Rafa Villar e destaca que concorreron ó certame 50 poemarios dos que o xurado destacou a entidade de oito deles, especialmente o correspondente ó lema *A memoria habitada*.

-F. P. L., “Casa ou sombra: Esencia de Rafa Villar”, *O Correo Galego*, “*Revista das Letras*”, nº 178, 25 setembro 1997, p. 4. O poeta galardoado explica o valor da casa como eixo que presenta dúas lecturas, por unha parte como espacio físico e por outra como elemento simbólico. Rafa Villar explica o cambio que supón a volta a versos máis curtos.



IXº Certame de Poesía “**Concello de Marín**”

Premio convocado pola Concellería de Cultura de Marín para traballos escritos en lingua galega, cun mínimo de cen versos. Está dotado con 125.000 pesetas que se entregan durante os actos que se celebren co gallo do Día das Letras Galegas. O prazo de presentación dos traballos remata o día 5 de maio e o dictame faise publico o día 13. Nesta novena edición resultou gañadora a vilagarciana María Fariña Caamaño, pola obra *Os pálpitos da pertenza*. O xurado estivo integrado por Xan Rodríguez Rivas, Peregrino Dopazo Pérez, José Tilves Diz, Héctor Manuel Silveiro Fernández, María Engracia Vicente Izquierdo e María del Mar Arias Villanueva. Actuou como secretario Francisco Javier Pazos Freitas. Ademais da devandita, presenta este premio unha modalidade para escolares na que participaron, na edición deste ano, os colexios: Inmaculada Concepción, Sequelo e Ardán. Está dividido en tres categorías: a primeira, que agrupa ós tres cursos iniciais da Primaria; a segunda, na que poden participar os tres últimos cursos de Primaria, e a terceira, destinada ó alumnado de primeiro de ESO e 8º de EXB. Formaron parte do xurado as seguintes persoas: María del Mar Arias Villanueva, María Engracia Vicente Izquierdo, Francisco Dopazo Pérez e Francisca Varela González. Os galardoados foron: Antía Portas Conde (“O paxaro e a árbore”), Rebeca Juncal Rosales (“Os libros”) e Beatriz Garrido Ortega (“A formiga e o rato”) na primeira categoría; Lourdes Rivera Rodríguez (“Xuntos”), Silvia Jiménez Amoedo (“As despedidas co meu pai”) e Daniel Moreira Paz (“O sol e a lúa”) na segunda categoría; Xosé Antón Lojo Vilas (“Un amigo que se vai”), Patricia González Filloy (“Escoitade”) e Raul Rodríguez Coma (“Cando vou pola ladeira”) na terceira categoría.



Referencias varias:

D. P., "Convocado el "Premio de Poesía Concello de Marín" ", *Diario de Pontevedra*, 7 marzo 1997, 18. Breve glosa das bases do concurso na súa dobre vertente: escolar e nacional.

D. P., "Abierto el plazo de entrega de trabajos para el Premio de Poesía Concello de Marín", *Diario de Pontevedra*, 16 abril 1997, p. 19. Sucinto comentario sobre as bases do concurso.

Álvaro Agulla, "Más de veinte trabajos optan al 'IX Premio de Poesía Concello de Marín", *Diario de Pontevedra*, 13 maio 1997, p. 16. Dá conta do número de obras presentadas ó concurso. Tamén se informa dos tres colexios que competirán na vertente escolar do premio.

Álvaro Agulla, "María Fariña ganadora del "Premio Concello de Marín" de poesía", *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1997, p. 18. Informa da decisión do xurado deste premio e informa da composición deste. Recolle as opinións dos encargados de dá-lo veredicto nas que salientan a boa calidade dos traballos presentados. Remata coa información acerca do certame de poesía escolar que convoca tamén o Concello de Marín.

-D. P., "El jurado falló el concurso de poesía para escolares 'Concello de Marín", *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1997, p. 20. Informa da resolución deste premio escolar, a cargo dun xurado composto por persoas do mundo educativo e cultural da vila morracense. Describe as categorías do premio.



-Álvaro Agulla, “La vilagarciana María Fariña recibí el ‘IX Premio Concello de Marín’ de poesía”, *Diario de Pontevedra*, 18 maio 1997, p. 18. Relátase a entrega deste premio, presidida por personalidades do mundo actual local, nas súas categorías nacional e escolar. Coméntase que o acto contou coa lectura por parte da autora dunha parte da obra premiada: *Os pálpitos da pertenza*.

Antón Ferreira, “XI Premio de poesía ‘Feliciano Rolán’”, *Atlántico Diario*, “Baixo Miño”, 3 xullo 1997, 15. Informa da convocatoria do devandito certame poético, achégano-las bases e comunica o contido dos diferentes premios.



Certame literario “**Desiderio Paz Figueroa**”

Está organizado polo Centro Cultural Recreativo de Fisterra. As poesías deben estar escritas a máquina e dobre espacio, preséntanse en forma de plica. O prazo para entrega-los traballos remata o 20 de xuño. Os traballos deben ter unha extensión máxima de cen versos e estaren escritos en galego. Está convocada a cuarta edición.



VIº Premio de Poesía “Espirai Maior”

A editorial Espiral Maior e o clube poético do mesmo nome convocaron por vez primeira no 1992 o premio poético Espiral Maior, coa intención de abrir canles de publicación para as novas xeracións (menores de 35 anos) que non teñan ningún libro editado. Este premio non tén dotación económica; consiste na publicación da obra gañadora e do accésit na colección Espiral Maior Poesía. Os traballos presentados (por triplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica) teñen que ter un mínimo de 400 versos. Deben enviarse a: Espiral Maior, apartado de Correos 192, 15080, A Coruña, antes do 30 de novembro. O xurado está formado por críticos e poetas do país nomeados pola editorial. No 1997, edición á que concorreron trinta e oito orixinais, mereceu o galardón Carlos Penelas Martín, por *As linhages do frío*, o xurado estivo constituído por Miguel Anxo Fernán Vello, Xosé María Álvarez Cáccamo e Xavier Rodríguez Baixeras. O dictame do xurado tivo lugar en Santiago o día 15 de decembro.

Referencias varias:

-Serxio González, “Carlos Penelas Martín, nuevo nombre de la poesía gallega”, *La Voz de Galicia*, 17 decembro 1997, p. 67. Anúnciase o gañador desta edición do Premio Espiral Maior: Carlos Penelas por *As linhages do frío*. Saliéntase que o xurado valorou nesta obra a harmonía da linguaxe e a súa sensibilidade á hora de aborda-la realidade social. Destácase tamén que as vinte composicións da obra teñen como temática común “o sentimento de Galicia como colectivo” e que o autor declarou que a súa pretensión foi “evocar



unha memoria colectiva perdida, procurando dar as claves para atopala e sinalar os axentes responsables desta perda”.

C. R., “Carlos Penela consegue o Espiral Maior polo libro ‘As liñaxes do frío’/“Carlos Penela, premio Espiral Maior de poesía por ‘As liñaxes do frío”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 17 decembro 1997, 45/p. 14. Dáse a coñece-lo fallo do xurado deste premio que recaeu en Carlos Penelas Martín polo libro *As liñaxes do frío*. Recóllese a opinión de Álvarez Cáccamo, membro do xurado, que describiu a obra “como un libro unitario, sen improvisacións, no que a súa intensidade significativa nos achega ata un autor (descoñecido) que ten unha seria filosofía da vida” e que “renova o sentido da poesía social”. Apúntase tamén que a esta edición concorreron un total de 38 orixinais.



XVIIº Premio “Esquío”

Convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio San Martín e a Sociedade Cultural Valle-Inclán de Ferrol, dende o 1980. Son dúas modalidades as convocadas: unha en lingua galega e outra en castelán. Están dotadas con 1.000.000 de pesetas, co compromiso da súa publicación para o primeiro premio, e dous accésits sen dotación económica. Os poemarios presentados teñen que ter unha extensión de 500 versos. Os orixinais (por triplicado e baixo plica) envíanse á Fundación Caixa Galicia (r/ Doutor Teixeiro, 1. 15701 Santiago de Compostela), antes do 31 de xullo. O fallo do xurado dáse a coñecer nunha cea organizada pola Sociedade Cultural Valle-Inclán e patrocinada por Caixa Galicia. No 1997, o xurado da modalidade de lingua galega estivo formado por Ramiro Fonte, Xulio López Valcárcel, Xosé Miranda e Fernando Bores que actuou como secretario. O gañador foi Ignacio Chao, con *Corazón de segundas partes*, e o accésit recaeu na obra de Miro Villar, *Equinoccio de primavera*. Como preludio ó fallo do premio, que se realiza no mes de outubro ou novembro, realízase en Ferrol unha semana literaria na que participan críticos e creadores de diferentes países. Concorrerón a esta edición 245 poemarios en castelán e 62 en galego.

Referencias varias:

-S. C., “Os ‘Esquío’ na Casa de Galicia en Madrid”, *O Correo Galego*, 10 maio 1997, p. 35. Refírese á presentación das catro obras premiadas na XVI edición do premio: *Permiso para o corso*, de Xosé Miranda, e *Árdora*, de Lino Braxe, en galego e *Quebrada luz*, de Manuel Rico e *Ecce Homo*, de



Francisco Morán, en castelán. Anúnciase tamén a convocatoria da seguinte edición e recóllese a opinión de Francisca Aguirre (representante do xurado) que no referente ó premiado en galego definiu o poemario como “perfectamente estruturado e empeñado en perseguir-lo saber”.

-Cristina R. Calvo, “Caixa Galicia-Claudio San Martín y Valle-Inclán convocan el Premio Esquíó”, *El Ideal Gallego*, 25 maio 1997, p. 9. Anuncia a convocatoria do premio e recolle as bases desta XVII edición.

-Pilar García Cheda, “Os versos serviron de presentación ós gañadores do ‘Esquíó’ ”, *El Progreso*, 27 maio 1997, p. 66. Informa da presentación das obras premiadas na edición correspondente a 1996 e comenta que nela recitaron os seus poemas no apartado de galego Xosé Miranda e Lino Braxe e no apartado de castelán Manuel Rico e Fernando Bores (que leu os versos do ausente Francisco Morán). Indica que a presentación dos libros en galego correu a cargo de Xavier Seoane que en relación a *Permiso para o curso*, de Xosé Miranda, salientou o dominio da linguaxe, a fluidez e o atrevemento por escribir en sonetos. No tocante a *Árdora*, de Lino Braxe, destacou “un culturalismo vivenciado, lonxe da pedantería e baseado nesa cultura que logra emocionar tanto como a realidade”. Anuncia finalmente a presentación da nova convocatoria.

-Xavier Lombardero, “Presentadas en Lugo as obras gañadoras dos premios “Esquíó”, *La Voz de Galicia*, 27 maio 1997, p. 81. Informa da presentación en Lugo dos poemarios premiados na XVI edición dos premios. No tocante a *Permiso para o curso* (gañador no apartado de galego), Xavier Seoane resaltou a dificultade de facer un libro de sonetos para presentalo a un premio. No referente a *Árdora* (accesit) subliñou o carácter irónico e trágico e dedicoulle o libro ás súas fillas.



AGN, "Trece poemarios concurren a la final del Premio Esquíu", *Atlántico Diario*, 13 novembro 1997,

50. Anúncianse os finalistas do Premio nas súas dúas modalidades. As obras elixidas na modalidade de lingua galega foron as seguintes: *Ondas do noso mar*, *Carl Lewis contra a doctora Braun*, *A experiencia inglesa*, *Corazón de segundas partes*, *Os atardeceres da deusa* e *Equinoccio de primavera*. Saliéntase tamén que a esta edición se presentaron 307 libros: 245 en castelán e 62 en galego.

Rosé Carrera, "Os poetas da miña xeración están equivocados", *Atlántico Diario*, 16 novembro 1997,

40. Entrevista a Nacho Chao na que o autor sinala que esta obra conxuga o intimismo, que aparece no conflito amor/desamor da primeira parte da obra, coa reflexión da segunda. Declara tamén que conseguir un premio "é unha lotería" porque sempre depende dos "criterios subxectivos do xurado". Con respecto a outros poetas da súa idade cre que se equivocan ó intentar derruba-la xeración de poetas dos oitenta que aínda publican bos libros e construíron as bases da poesía galega, "a mellor poesía que se está facendo en España".

-Aníbal C. Malvar, "Provoca certa tristeza que haxa autores que non aceptan unha crítica", *El Mundo*, 16 novembro 1997, p. 7. Nesta entrevista Ignacio Chao sinala que o título define o libro como "reivindicación da lucidez, da necesidade de continuar vivindo sobrepoñéndose os fracasos e os erros". Destaca a parte reflexiva que contén o poemario xunto á intimista e fala da súa actividade como crítico literario no xornal *El Mundo* e da súa afección por Internet. Di tamén que ten preparada unha novela que pensa publicar proximamente e recoñece que "se non chegan estes premios (...) é difícil publicar nada".



-Rodri García, “Supoño que tódolos xornalistas somos escritores frustrados”, *La Voz de Galicia*, 19 novembro 1997, p. 75. Recolle as declaracións de Ignacio Chao nas que sinala que se dedica ó xornalismo, actividade que compaxina coa poesía e coa cibernáutica e que leva tres ou catro anos escribindo en galego, aínda que este é o primeiro premio que gaña. A respecto da obra di que se trata dunha combinación de reflexión e intimismo baseada no conflito amor/desamor, que está escrita en versos alexandrinos e que constitúe un “homenaxe ó lector”. Apunta tamén que defende á xeración poética dos oitenta e que entre os seus próximos proxectos está remantar unha novela.

Iván Leis, “A poesía cura as fendas do corazón”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 34, 29 novembro 1997,

8. Nacho Chao reflexiona sobre a súa obra. Di que é un libro sobre a esperanza que xorde dos desencantos amorosos. A poesía é para el un refuxio, unha cura para escritor e lector. Sobre o debate en torno ás xeracións poéticas da fin de século en Galicia, afirma que non existe aínda un relevo xeracional para os poetas dos 80, dos que se sente próximo na súa escrita.



Xº Premio de Poesía “Eusebio Lorenzo Baleirón”

O Concello de Dodro convoca dende o ano 1988 este premio de poesía para render homenaxe a Eusebio Lorenzo Baleirón, un poeta novo, veciño do concello, que morreu ós 24 anos. Os poemarios que se presenten a este premio teñen que ter unha extensión mínima de 400 versos e deben enviarse, por cuádruplicado, ó Concello de Dodro (A Coruña) antes do 30 de novembro. O premio consiste en 325.000 pesetas en metálico e a publicación da obra galardoada na colección Poesía "Eusebio Lorenzo Baleirón" de Edicións do Castro. Os dereitos da primeira edición son para o Concello convocante. A partir da segunda pasan ó seu autor. A decisión deuse a coñecer o día 20 de decembro. Na edición de 1997, á que concorreron 45 obras, a obra premiada foi o *As entrañas horas*, da coruñesa Emma Couceiro. O xurado que outorgou este premio estaba presidido polo alcalde de Dodro (Fernando Vila) e constituído por: Cesáreo Vidal (secretario), Helena González, Francisco Martínez Bouzas, Pilar Pallarés e Isidro Novo; actuou como secretario o concelleiro de cultura do Concello, Cesáreo Vidal.

Referencias varias:

-M. X. B., “Abierto el plazo para el concurso de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón”, *El Correo Gallego*, 4 outubro 1997, p. 16. Anúnciase que o prazo de presentación de obras para este premio remata a finais de novembro. Recóllese tamén un extracto das bases.



M. X. B., “Cincuenta obras participarán en el premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón de Dodro”, *El Correo Gallego*, 2 decembro 1997, p. 24. Dá conta do número de orixinais presentados ó premio, un total de cincuenta. Anuncia tamén que o veredicto ten lugar o día 20 de decembro e que o gañador obterá 325.000 pesetas, ademais da publicación da súa obra na colección de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón.

M. X. B., “El fallo del premio Eusebio Lorenzo Baleirón se hará público mañana en la casa de cultura de Dodro”, *El Correo Gallego*, 19 decembro 1997, p. 17. Anuncia que a decisión do xurado deste premio ten lugar o 20 de decembro.

-Uxía López, “Emma Couceiro gana el certamen de poesía Lorenzo Baleirón”, *La Voz de Galicia*, 21 decembro 1997, p. 53. Infórmase do dictame do xurado.

-M. X. B., “Emma Couceiro gaña o ‘Lourenzo Baleirón’/“As entrañas horas’ gana el premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 21 decembro 1997, p. 51/p.16. Infórmase da obra gañadora. Sinalase que o galardón entrégase o día 28 de decembro e que das cincuenta obras presentadas, cinco tiveron que ser retiradas por non cumpri-las bases da convocatoria.

-Uxía López, “La poeta lucense Emma Couceiro recibió en Dodro el premio Eusebio Lourenzo”, *La Voz de Galicia*, 29 decembro 1997, p. 60. Recolle as declaracións de Emma Couceiro ó recibi-lo premio. A autora salienta que se trata dunha obra cargada de intimismo. Informa que neste acto estiveron presentes a nai e a cuñada do falecido Eusebio Lorenzo Baleirón, ademais de Ramón F. Reboiras que rememorou a figura do poeta e saudou á gañadora destacando o feito de que é unha voz nova para a poesía galega.



XIº Premio de Poesía “Feliciano Rolán”

Organiza este premio a Agrupación Cultural Guardesa e patrocínalo o Concello da Guarda. Poden concorrer a el aqueles poetas que envíen como máximo dous orixinais en galego ou en castelán, cunha extensión máxima de 100 versos e mínima de 30, que se enviarán, por quintuplicado e baixo plica, ó Apartado de Correos 69 (A Guarda), antes do 29 de xullo. Son tres os premios que se outorgan e están dotados con 30.000, 10.000 e 5.000 ptas. e placa. O xurado está constituído por membros da asociación guardesa e persoas relacionadas co mundo das letras. Os premios son entregados, nun acto poético, que se celebra no Centro Cultural ás 9 da noite nas festas do Monte Santa Tegra. Os traballos premiados quedan en poder da Agrupación, podendo publicalos cando o consideren conveniente. O xurado desta edición estivo formado por M^a Asunción Vázquez, M^a Fernanda de Santiago Moure, Tini Andrés Álvarez e Fátima Andrés Sobrino. Resultaron galardoados os seguintes: Xosé Leira López co primeiro premio por *Ondas do mar de fora*, presentado baixo o pseudónimo “O facho que alumea”; Ramón Sandoval Pérez co segundo premio por *Houbo un tempo en que fomos nenos*, presentada co pseudónimo “Prisciliano”; Antón Ferreira Lorenzo co terceiro premio por *Señardade de ausencias*, que se presentou baixo o pseudónimo de “Nordés”. Concedéuselle un accésit a Manoel Riveiro Loureiro polo traballo *Compañeira*, presentado baixo o pseudónimo “Rañolas”.



IIº Premio de Poesía “Johan Carballeira”

O Concello de Bueu organiza este certame dende 1996 para recuperar do esquecemento a figura do político e escritor local Johan Carballeira. Pódese participar con traballos en galego normativo de máis de 400 versos que deben entregarse por cuadruplicado, e baixo lema, antes do día 15 de novembro no concello de Bueu. O premio está dotado con 125.000 pesetas e a publicación da obra. O xurado está composto por cinco figuras do mundo da cultura e un secretario con voz e sen voto en representación do concello. O veredicto dáse a coñece-lo día 30 de novembro. A entrega do premio efectúase en abril de 1998, coincidindo coa conmemoración da morte de Johan Carballeira. En 1997 resultou gañadora Yolanda Castaño pola obra *Vivimos no ciclo das erofanías*. O xurado estivo composto por Xosé Carlos Caneiro, Iris Cochón, Ignacio Chao, Natividade Estévez e Asunción Sónhora.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Convocado el segundo ‘Premio de Poesía Johan Carballeira’”, *Diario de Pontevedra*, 19 setembro 1997, p. 21. Recolle un extracto das bases da segunda edición do premio.

-A. A., “Diecisiete trabajos optan al Premio de Poesía ‘Johan Carballeira’”, *Diario de Pontevedra*, 29 novembro 1997, p. 20.



Infórmase do número de traballos presentados a este premio: un total de dezasete. Menciónanse tamén os nomes dos integrantes do xurado.

-Álvaro Agulla, “Yolanda Castaño gañadora do ‘II Premio Johan Carballeira’ de poesía”, *Diario de Pontevedra*, 3 decembro 1997, p. 20. Anúnciase o nome da gañadora deste premio: Yolanda Castaño pola obra *Vivimos no ciclo das erofanías*. Indícase que o xurado recoñeceu nela non só o ritmo e a musicalidade dos versos senón tamén “esa capacidade para poetizar cun moi atractivo interese por investigar e profundizar no propio universo estético a través da análise da linguaxe e o empeño en rachar cos conceptos poéticos ó uso”. Apúntanse tamén os títulos doutros tres traballos destacados polo xurado no transcurso da súa deliberación: *Remol*, *Acaba o mar*, *comeza a terra* e *A música das imaxes*.

-Antón Lopo, “Iolanda Castaño obtén o ‘Johán Carballeira’ cun libro erótico”, *El Correo Gallego*, 6 decembro 1997, p. 16. Informa primeiramente da concesión do premio e recorda que esta poetisa de 21 anos publicou o seu primeiro libro no 1995. Di que, segundo a autora o libro “é unha obra unitaria nas que se celebran as manifestacións do eros” e que “intenta comunicar un erotismo vitalista, un campo fértil que non quede soamente na superficie”. Considera que “desenvolve unha serie de reflexións existenciais e metapoéticas, aglutinadas por unha linguaxe suxerente e un verso que tende á narratividade”. Comenta tamén que Iolanda Castaño está convencida de que a renovación da poesía ten que ir ben da man das mulleres. En relación cos enfrontamentos entre xeracións cre a autora que o importante é que na literatura galega de hoxe conviven con forza creativa diferentes xeracións dando lugar a un panorama rico e plural. Finaliza recordando que é a crítica a que marcará os grupos e xeracións a posteriori.



-Álvaro Agulla, “Yolanda Castaño, toda una experta de la poesía gana el ‘Johan Carballeira’”, *Diario de Pontevedra*, 9 decembro 1997, p. 18. Síntese biobibliográfica da gañadora deste premio, Iolanda Castaño. Destácase que foi galardoada co Premio Fermín Bouza Brey, no ano 1994, polo seu primeiro traballo, *Elevar as pálpebras*, e que participou con artigos e poemas en diferentes revistas galegas. Así mesmo noméase a súa participación no volume colectivo *Daquelas que cantan... Rosalía na palabra de once escritoras galegas* (1997). Sobre o poemario premiado nesta ocasión a autora salienta que pretendeu comunicar un erotismo vitalista cunha linguaxe suxestiva construída cunha vontade de renovación.



VIº Premio “Martín Códax”

Convoca este premio dende 1992 Bodegas Vilariño-Cambados, e patrocínalo o Concello de Vigo en colaboración coas tres universidades galegas e a Editorial Galaxia. Estivo dotado con 750.000 pesetas. Os orixinais teñen que enviarse por cuadruplicado, cunha extensión mínima de 500 versos, á sede da Editorial Galaxia (Reconquista 1. 36201. Vigo), antes do 17 de abril, e a resolución é nos primeiros días de maio. En 1997, edición á que se presentaron 65 obras, o premio foi gañado por Román Raña López coa obra *Ningún Camiño*, foron finalistas *Poemas da nova idade* e *Casa ou sombra*. O xurado estaba formado por Francisco Fernández del Riego, Xosé María Álvarez Cáccamo, Xosé María Dobarro, Xerino Calvo Maquieira, Anxo Tarrío Varela e Miguel Anxo Fernán-Vello, gañador da anterior edición, que actuou como secretario.

Referencias varias:

-Francisco J. Gil, “Ramón Barral: “Hay obras excepcionales en esta edición del Premio Martín Códax”, *Faro de Vigo*, 27 xuño 1997, p. 42. Informa sobre o dictame do Premio de Poesía Martín Códax que ten lugar no Pazo Quiñones de León, en Vigo. Recolle declaracións de Ramón Barral, presidente de Bodegas Vilariño, nas que afirma que este ano o premio recibiu orixinais de moita calidade, e fai un símil co viño dicindo que “este año recogemos la mejor cosecha de la historia”. Fala tamén da dificultade do xurado para escolle-las tres obras finalistas, debido ó alto nivel das que se presentaron, e da mellora na poesía dos últimos anos.



-F. R., “El Premio Martín Códax de Poesía será fallado esta tarde en el Pazo de Castrelos de Vigo”, *El Correo Gallego*, 27 xuño 1997, p. 14. Informa do fallo do Premio Martín Códax de Poesía convocado polas Bodegas Vilariño de Cambados co patrocinio da editorial Galaxia e do Concello de Vigo. Inclúense os lemas das obras finalistas e o número de orixinais presentados. Comenata que a entrega terá lugar no Pazo de Castrelos, en Vigo.

-C. P., “El premio Martín Códax de poesía fue entregado ayer en el Museo de Castrelos”, *La Voz de Galicia*, 28 xuño 1997, p. 80. Ofrece información acerca do acto de entrega do Premio de Poesía Martín Códax, que tivo lugar no Pazo-Museo Quiñones de León, en Vigo. Afirmar tamén que o autor, nas súas palabras de agradecemento, tivo un recordo para os poetas amigos que están enfermos, como Fiz Vergara ou Gonzalo Navaza. Inclúe información sobre o xurado e os títulos finalistas, así como do número de obras presentadas ó certame.

-AGN, “Román Graña Lama ganador del premio de poesía Martín Códax”, *Diario de Pontevedra*, 28 xuño 1997, p. 39. Achega información sobre o acto, celebrado no Pazo Museo Quiñones de León, en Vigo, durante o cal se deu a coñece-lo dictame do xurado. Recolle declaracións do presidente do consello de administración das adegas que convocan o premio, Ramón Barral, nas que comparou o proceso de elaboración do viño co da poesía, así como do alcalde de Vigo. Inclúe a formación do xurado.

-Fernando Ramos, “Román Raña gaña a sexta edición do Premio Martín Códax de poesía”, *El Correo Gallego*, 28 xuño 1997, p. 13. Infórmase da resolución do premio. Afírmase que “Raña ten unha longa traxectoria como gañador de premios literarios, e conta co Esquíu e mailo Blanco Amor”. Fálase da contribución da adega convocante



do premio á cultura galega e inclúese a nómina do xurado que decidiu o fallo, así como os nomes dalgúns gañadores en anteriores edicións. Finalmente, afírmase que “o autor premiado este ano ten unha apreciable obra como ensaísta” e destácase a importancia do premio, un dos máis desexados polos poetas polo seu “prestixio, tradición e dotación económica”.

-Francisco J. Gil, “El escritor vigués Román Raña, galardonado con el VI Premio Martín Códax de poesía”, *Faro de Vigo*, 28 xuño 1997, p. 42. Dá conta do acto de entrega do Premio de Poesía Martín Códax. Inclúe información sobre as persoas que participaron, dende políticos e representantes das tres universidades galegas ata escritores, pintores, poetas ou editores. Salienta que nos discursos se fixese mención ó poeta medieval que dá nome ó certame poético e a un viño. Finalmente, ofrécese un percorrido pola obra de Raña, que acadou múltiples premios en distintos xéneros.

-AGN, “Román Graña, ganador del premio de poesía Martín Códax”, *La Región*, 29 xuño 1997, p. 65. Informa sobre a resolución do Premio de Poesía Martín Códax. Comenta que a esta edición se presentaron 65 obras que foron lidas e seleccionadas polo xurado presidido por Francisco Fernández del Riego, e que a obra será publicada na colección “Dombate” da editorial Galaxia.



VIIº Premio de Poesía en lingua galega “Miguel González Garcés”

Convocado dende 1991 pola Deputación da Coruña. As súas bases salientan que os traballos orixinais e inéditos, deben ter unha extensión non inferior ós 300 versos e teñen que presentarse, por quintuplicado, mecanografados a dobre espacio e acompañados dun sobre pechado no que conste, por fóra, o título da obra e, no interior, o nome e dirección do seu autor. Envíanse á Deputación Provincial da Coruña (Alférez Provisional s/n), antes do 25 de abril, e o dictame emítese no primeiro semestre do ano. O xurado está presidido polo Presidente da Deputación, actúa como secretario o da corporación e os restantes membros son nomeados entre persoas de recoñecido prestixio, polo Presidente da Deputación, previo informe do xefe de servizo de Fomento. A Deputación pode publicar unha primeira edición da obra premiada sen dereitos para o autor, que recibe 30 exemplares. No 1997, cunha dotación de 1.000.000 pesetas e a publicación da obra gañadora, foi premiada a obra *Mínima Moralidade*, de Ramiro Fonte. O xurado, presidido por Augusto César Lendoiro (Presidente da Deputación), estivo composto por Roberto González Santos, Estevo Creus Andrade, Luz Pozo Garza, Xavier Rodríguez Baixeras, Xavier Rodríguez Barrio e Xohana Torres Fernández. Este xurado acordou recomendar a publicación da obra titulada *Só paxaros saíron desta boca*, de Eduardo Estévez.

Referencias varias:

-AGN, “VII Edición del Premio de Poesía ‘Miguel González Garcés’”, *Diario de Pontevedra*, 6 febreiro 1997, p. 23.



Recolle un breve extracto das bases do certame.

-Albino Mallo, “Recital poético de Ernesto Cardenal co gallo do premio ‘González Garcés’”, *El Correo Gallego*, 3 xuño 1997, p. 14. Achéganos algúns datos biobibliográficos do poeta nicaraguano e anuncia a presentación dos libros premiados na edición anterior.

-P. G., “A poesía vangardista acada o premio no certame Miguel González Garcés”, *La Voz de Galicia*, 4 xuño 1997, p. 81. Fai referencia á presentación das obras gañadoras da edición anterior do Premio Miguel González Garcés de Poesía na semana cultural do premio. Considera que *Areados*, de Estevo Creus é unha poesía de intensa forza expresiva, e *Carozo azul*, de Xosé Miranda, unha composición chea de lirismo enclavada en sonetos máis ou menos clásicos. Cita os nomes dos ilustradores dos libros, Manuel Facal e Jesús Otero Iglesias respectivamente. Menciona tamén a participación no acto de Augusto César Lendoiro, Roberto González Sánchez e Xavier Seoane.

-Eduardo Álvarez, “Ramiro Fonte fíxose co galardón de poesía ‘Miguel González Garcés’/“Ramiro Fonte gana el ‘González Garcés’ con su poemario ‘Mínima moralidade’”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 8 xuño 1997, p. 50/p. 15. Informa da concesión do premio a Ramiro Fonte e refírese ó recital que tivo lugar no acto de entrega no que participaron as poetas Pilar Pallarés, Chus Pato, Ana Romaní, Luz Pozo Garza, Pura Vázquez. Fai referencia, así mesmo, á semana cultural organizada en torno ó premio e que contou coa presenza do poeta nicaraguano Ernesto Cardenal.



-Darío Janeiro, "Agora mesmo prefiro os poemas con riscos, pero ben compostos"/"Confío máis nos poetas que nos novelistas porque son máis verdadeiros", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 15 xuño 1997, p. 53/p. 14. Entrevista co poeta Ramiro Fonte ó serlle concedido o Premio de Poesía Miguel González Garcés pola súa obra *Mínima moralidade*. Comeza describindo o poemario sobre o que Fonte manifesta que se trata dunha reflexión "dende o punto de vista filosófico respecto do destinatario, o lector, e sobre por qué se escribe poesía e cá é o seu lugar". Fala do estado da poesía hoxe en Galicia ("é un lugar plural"), dos premios literarios, que "son azares necesarios no camiño do poeta" mais non un fin en si mesmos, e do feito de que o consideren como un poeta dos oitenta, culturalista e neorromántico. Finalmente, opina sobre a relación entre palabras e ideas e di que considera "máis verdadeiros" os poetas cós novelistas. Remata por falar dos seus futuros proxectos literarios. Inclúense tamén uns breves datos biobibliográficos do poeta.

-Xabier Couselo, "Non creo na figura do poeta como bardo nin redentor do pobo", *El Ideal Gallego*, "Entrevista con", 29 xuño 1997, p. 79. Entrevista co poeta Ramiro Fonte na que fala dos seus comezos literarios, reflexiona sobre o poemario galardorado, concebíndoo como "un capítulo dentro doutro libro máis amplo". Comenata ademais da importancia da composición en poesía e sobre a chamada poesía social. Remata afirmando que "dende as súas orixes a poesía galega está no centro da modernidade".



VIIº Premio de Poesía “O Poeta azul”

Convocado, dende 1990, pola Sociedade Artística Ferrolana para homenaxear a figura do poeta ferrolán Xosé María Pérez Parallé, cualificado por Ramón Otero Pedrayo como "o poeta azul". Prémianse aqueles poemas (3 como máximo) escritos en galego, firmados con nome, apelidos, enderezo, teléfono e aqueles datos que o autor considere convenientes. Os orixinais teñen que enviarse á Sociedade Artística Ferrolana (Apdo. Correos 339. 15480 Ferrol) antes do 30 de xuño. O galardón consiste nunha placa, diploma e publicación na revista *Poesía Galicia*. O dictame do xurado dase a coñecer no transcurso dun recital poético. En 1997 o xurado decidiu declarar deserto o premio.



XIº Certame Nacional de Poesía en Lingua Galega “**Rosalía de Castro**”

Organizado, dende o 1987 pola Asociación Cultural Galega Rosalía de Castro da localidade catalana de Cornellá de Llobregat (Barcelona) coa colaboración da Xunta de Galicia, o concello de Cornellá, a Generalitat de Catalunya e Caixa Galicia para premiar un poema ou un poemario de temática común, cun máximo de cen versos e un mínimo de trinta. Son tres as categorías que se convocan, e están dotadas con 100.000, 50.000 e 35.000 pts. Os orixinais teñen que ser enviados, antes do 30 de setembro á Asociación, (rúa Federico Soler, 71). En 1997 resultou gañadora Isabel Fernández López polo poema “Bágoas baldeiras”. O segundo premio foi para Marcelino Sisto Deibe por “Zaloma do pescador” e o terceiro para Antón Riveiro Coello por “O mar das escamas” e para Baldo Ramos por “In memoriam”. Ademais recibiron mencións especiais “Días brancos”, de Rexina Rodríguez Vega, “Manías circulares”, de César Fernández Álvarez e “¿É o amor só unha verba?”, de Xosé C. Oframinor. O xurado estivo formado nesta ocasión por Dositeo Rodríguez (presidente), Vinyet Penelle (vicepresidenta), Xulio Simón Rúa, M^a Luz Vázquez, Pilar Castro e Pura Salceda.

Referencias varias:

-A. D. F., “Rosalía de Castro, de Cornellá, convoca el ‘XI Concurso de Poesía en Lengua Gallega”, *Galicia en el Mundo*, nº 216, 20-26 maio 1997, p. 10.



Sínálase o éxito alcanzado polo premio en edicións anteriores cuantitativa e cualitativamente. Logo de facer referencia ó propósito dos organizadores de lle dá-la máxima difusión posible o premio, recóllense as bases desta undécima edición.

-A. Díaz Fernández., “Isabel Fernández López, de Teo (A Coruña), gañou o Certame de Poesía Galega ‘Rosalía de Castro’”, *Galicia en el Mundo*, nº 246, 16-22 setembro 1997, p. 12 Informa do dictame do xurado, que tivo lugar no transcurso dun acto non que participou o Conselleiro da Presidencia así como representantes do concello de Cornellá e representantes da Generalitat de Catalunya. Explica, así mesmo, que os premios poñen fin a toda unha serie de actividades culturais no mes de decembro.

-G. M., “La Asociación Rosalía de Castro de Cornellá amplía el plazo para participar en su concurso de poesía”, *Galicia en el Mundo*, nº 236, 7-13 outubro 1997, p. 10. Recolle as bases da XI edición do premio.



XIIº Certame Poético “Xohán de Requeixo”. Chantada

Organizado polo Círculo Cultural Recreativo de Chantada, en homenaxe ó trobador lucense do século XIII. Nas súas bases advírtese que os orixinais non poden sobrepasa-los cen versos. O prazo de entrega remata o 10 de xaneiro. O primeiro premio está dotado con 25.000 pesetas e unha estatuíña, ademais da publicación da obra. A entrega de premios ten lugar no mes de maio, no transcurso da III festa da poesía que se celebra en Santiago. En 1997 resultou gañador Julio Eyré Lamas, “Xulio de Abral”. Conseguiu o segundo Premio: Eva Moreira Fontán e Modesto Fraga e a mención de honra: Xosé Luis Otero Cebal.





X.3. Teatro

X. Premios

X. 3. Teatro



Premios da ADE

A Asociación de Directores de escena (ADE), que agrupa a 280 profesionais de toda España, vén convocando anualmente unha serie de galardóns para recoñecer o traballo a un labor teatral: premio “José Luis Alonso” para novos directores, premio ADE de Dirección Coreográfica, premio “Joseph Caudí” de Escenografía, premio “Segismundo” a un labor teatral significativo e premio ADE de Dirección. Entre os gañadores do ano 1997 non se atopa ningún galego.



XXIIº Premio “**Born**”

Está promovido pola sociedade cultural Cercle Artistic de Menorca co obxectivo de fomentar e renova-la arte escénica catalana. Admítense obras escritas tanto en castelán coma en catalán. Na edición de 1997, cunha dotación económica de 2000000 de pesetas, resultou gañadora a traducción ó castelán da obra *Derrota* do coruñés Raúl Dans.



Iº Premio “Eixo Atlántico” de textos dramáticos

Convocado para completa-lo segundo Festival de Teatro do Eixo Atlántico que ten lugar en Viana do Castelo do 7 ó 29 de setembro. Os orixinais inéditos, en galego e portugués poden enviarse ata o 19 de setembro a FESTEIXO no Teatro Municipal de Sa Miranda. Rúa de Sá de Miranda. 4900 Viana do Castelo. O gañador desta primeira edición anúnciase o 29 de novembro na cerimonia de clausura do FESTEIXO. Ademais do premio en metálico que recibirá o seu autor (1.000.000. de escudos), a peza será editada na revista *Ensaio* e será estreada na vindeira edición de FESTEIXO. En 1997, cun xurado composto por: Carlos Paulo Martínez Pereiro, Dolores Vilavedra, José Martins, Manuel F. Vieites, José Viale Moutinho, Joaquim Santos Simões e Defensor Moura, resultou gañador o coruñés Joao Guisam Seixas pola obra *A Táboa ocre de Núbia*.

Referencias varias:

-B. P. L., “El coruñés Xoán Guisán ganó el Premio do Eixo Atlántico a la creación teatral”, *La Voz de Galicia*, 2 decembro 1997, p. 66. Infórmase da obra gañadora, texto que, segundo declara o seu autor, “máis que un texto proposto para representar é un espectáculo descrito” no que se pon de manifesto a importancia que o escenario ten na súa obra. Realízase tamén un percorrido pola vida e obra deste autor e menciónanse os diferentes premios que ten no seu poder: Pedrón de Ouro de narrativa (1977), Premios de Narración Infantil O Facho (1978 e 1979), Premio do Ateneo de Ferrol e bolsa de creación literaria do Ministerio de Cultura



(1981). Finalmente, Xoán Guisán critica a discriminación lingüística que sofren en Galicia os que coma el se decidiron pola ortografía lusista.



Iº Premio “María Casares”

Premio creado pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de escena de Galicia en colaboración co concello da Coruña. Os galardóns serán entregados o 30 de abril nunha gala que se celebra no teatro Rosalía de Castro. Selecciónanse tres finalistas para cada unha das doce modalidades: mellores actor e actriz protagonistas; mellores actor e actriz secundarios; mellor director; texto, adaptación e tradución; mellor espectáculo; música orixinal; escenografía; vestuario e maquillaxe. Hai tamén un premio especial que leva o nome da actriz Marisa Soto. Os socios da agrupación emiten o seu voto por correo e en segredo; contéplase tamén unha mención especial co nome da actriz coruñesa que elixe a xunta da asociación. En 1997 os galardoados foron:

Mellor montaxe: *A noite das trébades*, dirixida por Xulio Lago. Mellor director: Xulio Lago, por *A noite das trébades*. Mellor actor e actriz protagonista Gonzalo Uriarte e Casilda González de Teatro do Atlántico, por *A noite das trébades*; Mellor actor e actriz secundario: Sergio Pazos en *A Esmorga*, e Mónica García, de Espello Cóncavo, polo seu traballo en *Bailando en verán*. Mellor texto orixinal: *Ladraremos*, de Gustavo Pernas; Mellor música: Bernardo Martínez en *A voda dos moinantes*, Mellor escenografía: Baltasar Patiño e Paco Conesa en *Zeppelin N &* e *Noite de Reis* respectivamente.



Mellor maquillaxe: Carmela Montero por *Escola de Bufóns* Mellor vestiario Suso Montero, *Escola de Bufóns*. Mellor iluminación: Eduardo Alonso, *Noite de Reis*. Premio especial Marisa Soto: Agustín Magán, director da compañía Ditea, tras 70 anos de dedicación ó teatro.

Referencias varias:

-Lino Braxe e Manuel F. Vieites, "María Casares, unha vida de teatro. Entrega de premios na súa memoria", *Tempos Novos*, nº 0, "Cataventos. Avances", abril 1997, pp. 96-97. Con motivo da gala de entrega dos I Premios María Casares de Teatro, organizada pola Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena de Galicia que tivo lugar o trinta de abril no Teatro Rosalía de Castro da Coruña, faise unha semblanza da figura de María Casares, "un talento e unha gloria da que fomos privados ao estoupar a guerra civil española". A continuación céntrase na convocatoria do premio, na que participaron tódalas montaxes estreadas en Galicia durante o ano 1997. Seguidamente dá conta do xurado e por último engádese unha táboa cos nomes dos nominados ós premios.

-Rodri García, "A noite das tríbadés' ganadora de los Premios de Teatro María Casares", *La Voz de Galicia*, 1 maio 1997, p. 6. Descrición do acto de entrega destes premios, onde Suso de Toro deu lectura ó *Manifesto do Teatro Galego*, da súa propia autoría. Menciona as emocionadas palabras de Gonzalo M. Uriarte, mellor actor, respecto do seu pai; recolle a longa lista de galardoados e sinala a Xulio Lago como o grande triunfador.



-Xabier Couselo, "A xente prefere as pantallas, que permiten ver pero non tocar", *El Ideal Gallego*, 1 maio 1997, p. 63. A primeira edición dos Premios María Casares de Teatro é o motivo desta entrevista a Eduardo Alonso. O director do Teatro do Noroeste agradece a creación destes galardóns, aínda que non se amosa especialmente interesado por acadar algún premio. Reflexiona sobre a actual situación da arte dramática, sobre a dura competencia que recibe dos espectáculos audiovisuais, dos medios de comunicación de masas e, mais recentemente de Internet. Finalmente, afirma que o teatro debe ser "un espello onde se mira a sociedade", por iso ve o teatro crítico como algo necesario, pero non imprescindible.

-Luis Pousa, "E o gañador é...o teatro", *El Ideal Gallego*, 4 maio 1997, pp. 48-49. Informa da cerimonia de entrega dos galardóns da que salienta o éxito de Xulio Lago, pois a súa obra *A noite das trébedas* recibiu os catro premios de maior importancia. Recolle declaracións de José Luis Méndez Romeu (concelleiro de educación e cultura da Coruña) reivindicando a creación dunha Escola Superior de Arte Dramática na cidade herculina; de Xulio Lago salientando diversos aspectos da súa obra e criticando o humor superficial dos medios de masas actuais; e doutros premiados. Luis Pousa non esquece fornecernos da lista de gañadores.

-Ramón Penela, "Unha actriz que dá clases de teatro en Monterroso recibiu un 'María Casares'", *El Progreso*, 6 maio 1997, p. 24. Informa da concesión do galardón de mellor actriz secundaria a Mónica García do colectivo Falcatrueiros.

-Carme Vidal, "Os Premios Maria Casares reivindicán o teatro e o exilio que é necesario recuperar", *A Nosa Terra*, nº 777, "Guieiro Cultural", 8 maio 1997, p. 21. Entrevista con Lino Braxe na que sinala que estes galardóns pretenden reivindicar-lo teatro e homenaxear a figuras esquecidas que pasaron parte da súa vida no exilio. Reflexiona tamén sobre a situación do



teatro actual en Galicia, que se ve afectado pola insuficiencia das subvencións e pola necesidade de crear unha industria que dea emprego e saída económica ó enorme grupo de profesionais do teatro.

-Xavier Couselo, “Sen confrontación co público, o teatro pódese volver un absurdo”, *El Ideal Gallego*, “Entrevista con”, 11 maio 1997, p. 80. Entrevista con Gonzalo Uriarte, actor galardoado co Premio María Casares polo seu traballo de interpretación en *A noite das trébades*, de Xulio Lago. O actor opina sobre a situación do teatro galego na actualidade e sinala que lle parece bastante dramática pola escaseza de autores. Apunta tamén que cómpre adaptar ó galego pezas da literatura universal tal e como fixo Xulio Lago con *A noite das trébades*, escrita polo autor sueco Per Olov Enquist.



VIIº Premio “Rafael Dieste”

Convocado dende o ano 1991 pola Deputación da Coruña, en homenaxe a Rafael Dieste. Os orixinais, de temática e extensión libre, aínda que tendo en conta as posibilidades de representación, teñen que enviarse por triplicado, mecanografados a dobre espacio, grampados ou encadernados, antes do 25 de abril á Deputación da Coruña, rúa Alférez Provisional, sen número. A temática e a extensión son libres. Un dos obxectivos deste concurso é a posta en escena da obra premiada, polo que o xurado valora positivamente os factores que incidan na súa viabilidade escénica. O xurado, presidido polo titular da Deputación da Coruña, está constituído polo secretario da Institución convocante (con voz pero sen voto) e por varios membros nomeados polo presidente da Deputación, previo informe do xefe de Servicio de Fomento. No 1997, cunha dotación de 1.000.000 de pesetas, a publicación da obra na colección Teatro Rafael Dieste, que edita a Deputación, e mesmo a posibilidade de contratar unha Compañía para a súa representación, foi galardoado Roberto Vidal Bolaño, por *Doentes*, presentada baixo o lema “San Caralampio”. O xurado estivo formado por Augusto César Lendoiro, Roberto González Santos, José María Paz Gago, Ánxeles Cuña, Cándido Pazó e Camilo Franco.

Referencias varias:

-AGN, “El director teatral Roberto Vidal Bolaño, galardonado con el premio ‘Rafael Dieste’”, *Diario de Pontevedra*, 25 outubro 1997, p. 24.



Informa da concesión do Premio de Teatro Rafael Dieste a Roberto Vidal Bolaño, pola súa obra *Doentes*. Inclúe declaracións de Cándido Pazó, compoñente do xurado, sobre a dificultade de toma-la decisión, aínda que ó final o fallo foi unánime. Conta o argumento da obra e fai un percorrido pola traxectoria do autor, actor e director teatral premiado.

-AGN, “El Compostelano Roberto Vidal Bolaño, galardonado con el “Rafael Dieste”, *La Región*, 25 outubro 1997, p. 67. Informa do dictame do Premio de Teatro Rafael Dieste. Comenta que a obra foi seleccionada entre 18 textos nos que predominou a “temática histórica”. Recolle manifestacións de Cándido Pazó, integrante do xurado, que relaciona a obra galardoada con Valle-Inclán e, particularmente, con *Lucas de Bohemia*; tamén se inclúe un breve comentario sobre o argumento da obra.

-Isabel Fojo, “Vidal Bolaño gana su segundo premio Rafael Dieste de Teatro con “Doentes”, *El Mundo*, 25 outubro 1997, p. 7. Achega información sobre a concesión do Premio de Teatro Rafael Dieste. Refírese a que o autor xa recibira o premio cinco anos atrás, coa obra *Días sen gloria*. Recóllese o argumento da obra e diversas manifestacións do voceiro do xurado, Cándido Pazó, que sinalou paralelismos con Valle-Inclán e indicou o “ritmo cinematográfico” da obra, o cal supón que é “un espectáculo teatral de difícil montaje”. Finalmente, ofrece un perfil biográfico de Vidal Bolaño e os seus traballos máis destacados.

-Rodri García, “Vidal Bolaño acada por segunda vez o premio Rafael Dieste con “Doentes”, *La Voz de Galicia*, 25 outubro 1997, p. 73. Informa sobre a concesión do Premio de Teatro Rafael Dieste. Recolle as declaracións de Roberto Vidal Bolaño nas que afirma que se trata dunha “homenaxe a Valle Inclán e a Compostela”. Inclúe o argumento da obra, o xurado que decidiu o premio e o traballo que, ó longo de todo o ano, leva desenvolvido o grupo



Teatro do Aquí, que dirixe o autor galardoadado, quen está hai “casi trinta anos no mundo da farándula”. Con motivo da resolución do premio tivo lugar a presentación do libro *La teoría estética, teatral y literaria de Rafael Dieste*, de Arturo Casas e a mesa redonda titulada *Reflexións acerca do teatro de Rafael Dieste*, na que participaron Arturo Casas, Manuel Aznar Soler, Ricard Salvat e Euloxio Ruibal.



VIIIº Certame “Xuventude 97”

Convócao a Consellería de Familia, Muller e Xuventude e a Consellería de Cultura, coa colaboración do Concello de Lugo e o Círculo das Artes. Consta de tres categorías: A para grupos afeccionados, B para grupos escolares e C para grupos universitarios. En cada unha delas concédese un primeiro premio e varios accésits. O primeiro premio ten unha dotación económica que oscila entre as 200.000 e as 250.000 pesetas, segundo as categorías, e un premio especial para a mellor representación en galego, dotado con 125.000 pesetas. Os accésits teñen unha dotación entre 50.000 e 60.000 pesetas segundo as categorías. Entréganse, no transcurso dun acto académico, no Círculo das Artes de Lugo o día 30 de outubro. No 1997, o xurado estivo composto por Ana Chao Vázquez, Carlos López Rodríguez, M^a Luisa Rodríguez López, Mercedes Arias Álvarez e M^a Florinda Sánchez Fernández. Na categoría A foron premiados os seguintes grupos: primeiro premio o grupo Bacharel Teatro, de Pontevedra, pola representación de *Wonderball circus*, obra que ademais mereceu o galardón de mellor obra feita en galego e o premio especial con motivo do Ano Internacional contra o Racismo; segundo premio grupo da Asociación Cultural Enxebre, por *Canción de Nadal*; terceiro premio O que ti queiras, por *Maribel*, adaptación de Mihura; cuarto premio Ditirambo Teatro por *Epopéya de limbos alegóricos*; quinto premio Teatro Xenio por *Pares e nones*; e sexto premio Teatro Aurín por *Epifanías. Historias de incomunicación*. Nesta categoría mereceu unha mención especial a Asociación de Pais de Parálíticos Cerebrais Amencer polo seu traballo *Pista ou peste*. Na categoría B mereceron galardón os seguintes grupos: primeiro premio ó grupo Traghallada do I.

B. Val Miñor de Nigrán por *O principiño viaxa polo espacio*, que tamén resultou se-lo mellor



traballo en galego; segundo premio ó I. B. Valle Inclán Bacharel Teatro por *O porqué das cousas*; e terceiro premio grupo do I. B. Santo Tomé de Freixeiro por *Don Hamlet*. Na categoría C mereceu o primeiro premio a Aula de Teatro do Campus de Ourense, por *Hamlet*; o segundo foi para a Aula de Teatro do Campus de Lugo por *A nosa vila*, tamén premio especial á mellor obra feita en galego; o terceiro foi para a Aula de Teatro do Campus de Vigo por *Prohibido suicidarse en primavera*; o cuarto para a Aula de Teatro do Campus de Pontevedra por *Calvino ou si unha noite un viaxeiro*; o quinto para Captatio Benevolentiae por *Unha farsa anónima*; e o sexto para o grupo ¿Y los que faltan? por *Y la historia se repite*, tamén premio especial con motivo do ano internacional contra o racismo.

Referencias varias:

Miguel Olarte, “Wonderball circus’ y ‘Hamlet’ ganan el ‘Xuventude 97’”, *El Progreso*, 31 outubro 1997,

66. Fai referencia ó acto de entrega dos premios e dá os nomes dos gañadores en cada unha das categorías.

-D. P., “Bacharel Teatro acada o segundo premio no certame galego”, *Diario de Pontevedra*, 2 novembro 1997, p. 10. Infórmase de que a compañía pontevedresa Bacharel Teatro, en nome do Instituto de Bacharelato Valle-Inclán, recibiu o segundo premio na categoría de grupos de teatro que representan a centros de ensino pola peza *O porqué das cousas*, recibindo unha mención especial pola interpretación, dirección,



dramatúrxica e iluminación. O primeiro premio nesta categoría foi para o grupo Tranghallada do Instituto de Bacharelato Val Miñor pola obra *O principiño viaxa polo espacio*.

-I. V., “El grupo de teatro ‘Tranghallada de’ del Instituto Val Miñor, gana un certamen en Lugo”, *Faro de Vigo*, 5 novembro 1997, p. 16. Dá noticia da concesión do premio e cita algúns dos títulos que teñen posto en escena

-D. P., “Bacharel Teatro gana el VIII Certame Galego de Teatro”, *Diario de Pontevedra*, 6 novembro 1997, p. 10. Informa da consecución do premio pola compañía pontevedresa e resalta a valoración positiva que o xurado fixo da representación de *Wonderball Circus*.





X.4. Investigación

X. Premios

X. 4. Investigación



Iº Certame Galego de Ensaio “Ánxel Fole” 1997

Convocado pola Consellería da Familia, Muller e Xuventude. Prémianse traballos en galego sobre este autor. Poden participar mozos galegos ou residentes en Galicia con idades entre os 14 e os 30 anos. Divídese en dúas categorías: “A” (de 14 a 17 anos) e “B” (dos 18 ós 30 anos). Na categoría A o primeiro premio, dotado con 200.000 pesetas, recaeu nun grupo rapaces de 17 anos: Germán Labrador Méndez, Silvia Durán García, María del Carmen Rebolledo Olmedo, Jesús Manuel Díaz Cadenas e José Ramón Barreiro Tosar, todos eles alumnos de terceiro de B.U.P. do instituto Valle-Inclán de Pontevedra, co traballo “Galicia baixo o candil de Ánxel Fole”. Obtivo o segundo premio, dotado con 100.000 pesetas, Inés Guimeráns García por “Homo, Hominis, Lupus” e quedou terceiro, cunha dotación de 50.000, un equipo de 21 alumnos do Instituto de Bacharelato “Rosalía de Castro” de Santiago, coordinados polo profesor Xabier Mouriño Cagide, e autores do traballo “Ánxel Fole amante de Galicia”. Na categoría “B”, obtivo o primeiro premio, de 200.000, M^a Olga Novo Presa polo traballo “Entre a noite e a néboa: a escrita dos misterios de Ánxel Fole”. Mereceu o segundo premio, de 100.000 pesetas, Xosé Anxo García López por “Ánxel Fole en *El Progreso*: 1966. Noticia de dous relatos esquecidos”. Gañou o terceiro premio, dotado con 50.000 pesetas, Ana Rodríguez Barreiro, co traballo “Terra brava de lobos e águas (Achegamento á montaña en *Á lus do candil*)”. Ademais da contía económica, tódolos premios constaban con lotes de libros e figuras de Sargadelos. Formaron parte do xurado: Ana Chao Vázquez como Presidenta, Carlos Rodríguez López como secretario e Xosé de Cora Paradela, Francisco Martín Iglesias, Xavier Rodríguez Barrio, Xullo Giz Ramil e Teresa Campo Domínguez como vocais.



Referencias varias:

-D. P., “Premiados alumnos del “Valle Inclán en los Premios de Educación”, *Diario de Pontevedra*, 3 outubro 1997, p. 13. Infórmase dos alumnos premiados con este galardón.



XIº Premio Literario “Ánxel Fole”

Premio convocado pola Fundación Caixa Galicia-Claudio Sanmartín e o xornal *El Progreso* dende 1987 para premiar orixinais escritos en galego ou castelán sobre a vida e a obra dunha personalidade da cultura galega. Os orixinais deben ter unha extensión máxima de 100 folios, mecanografados a dobre espacio, e teñen que enviarse, por cuadruplicado e baixo plica, ó Departamento de Obras Sociais da Caixa Galicia (de calquera das súas delegacións) ou ó xornal *El Progreso*, antes do 31 de marzo. O fallo do xurado, constituído por personalidades designadas polas entidades convocantes, realízase na primeira quincena de maio coincidindo co aniversario do falecemento de Ánxel Fole. No ano 97 estivo dedicado a enxalza-la figura de José Crecente Vega. Dotado con 1.000.000 de pesetas e a publicación da obra, mereceron este galardón Ricardo Polín e Luz María Durán polo seu traballo *José Crecente Vega, a poesía de Codeseira. Edición crítica e estudio*. O xurado estivo formado por Xosé de Cora Paradela, Manuel María Fernández Teixeiro, Darío Villanueva e Ramón Soilán Penas.

Referencias varias:

-Pilar García Cheda, “Ricardo Polín y Luz María Durán galardonados con el ‘Ánxel Fole’”, *El Progreso*, 7 maio 1997, p. 63. Noticia da concesión do premio que comeza coas palabras de Darío Villanueva destacando a rigorosidade e a sensibilidade no traballo premiado. Ricardo Polín e Luz María Durán refírense ó obxectivo de recupera-la figura de X. Crecente Vega “como expresión máxima da poesía labrega galega”,



ó tempo que reflexionan sobre as causas que levaron ó esquecemento deste poeta “marxinado inxustamente” e comentan a intensidade do traballo realizado. Sinálase tamén que o xurado anuncia a dedicatoria da vindeira edición a Manuel Leiras Pulpeiro, destaca a importancia do premio. Conclúe cunhas palabras de Blanca García Montenegro en lembranza de Ánxel Fole.

-Sabela Corbelle, “La conselleira de Familia, entre las autoridades que acudieron al acto”, *El Progreso*, 14 xuño 1997, p. 62. Informa do acto de entrega do premio así como da presenza no mesmo de Manuela López Besteiro, conselleira de Familia e doutras autoridades.

-Pilar García Cheda, “Polín y Durán piden que el Día das Letras se dedique a Crecente Vega”, *El Progreso*, 14 xuño 1997, p. 60. Recolle as palabras dalgúñas das personalidades que interviñeron na entrega do premio: Luz Durán demandou unha lei de protección do patrimonio literario, Ricardo Polín falou do afecto que Ánxel Fole sentía por Crecente Vega, Luis Asorey sinalou a importancia do traballo premiado e definiu a Crecente Vega como “clave del humanismo rural y la poesía gallega contemporánea”.

-D. P., “Premio ‘Ánxel Fole’, en Lugo, y el ‘Modesto R. Figueiredo’ en Compostela”, *Diario de Pontevedra*, 15 setembro 1997, p. 8. Ver Premio Modesto R. Figueiredo, nas páxinas anteriores do apartado “Premios” deste *Informe*.



IXº Premio “Investigación Lingüística e Literaria 17 de Maio”

Convócao dende 1989 o Departamento de Filoloxía Galega e patrocinao o Vicerrectorado de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela e a Facultade de Filoloxía, para potencia-la investigación lingüística e literaria entre os universitarios. Céntrase cada ano na figura homenaxeada o Día das Letras Galegas ou da xeración, movemento artístico, etc. ó que pertence. No 1997 dedicouse a Ánxel Fole. A dotación económica é a seguinte: 125.000 pts para o primeiro premio, 75.000 para o segundo e 50.000 para o terceiro. O xurado estivo composto nesta ocasión, por Anxo Tarrío Varela, Xosé Luis Regueira Fernández, Claudio Rodríguez Fer e Xosé A. Palacio Sánchez. O primeiro premio recaeu en Olga Novo polo traballo *Universos paisaxísticos na obra de Ánxel Fole* presentado baixo o lema “Sacar da terra o nome das raíces”;

o segundo premio foi para Ángel García López por *O teatro de Ánxel Fole* presentado baixo o lema “Pedro Pablo de Vadalouro” e o terceiro concedéuselle a Milagres das Neves Romero Susavila e Carme María Vidal Reimúndez por *O clan dos Nerunderen*.

Referencias varias:

-C. d. U., “El Certamen Literario ‘17 de Maio’ de la USC se dedica este año a Ánxel Fole”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “El Correo de la Universidad”, 29 outubro 1997, p. 2/p. 9. Dá a coñece-la convocatoria da novena edición deste premio. Anuncia as bases polas que se rexerá o certame ademais dos nomes dos membros do tribunal.



-S. C., “Unha obra de Olga Novo sobre Ánxel Fole obtén o premio ‘17 de maio’”, *O Correo Galego*, 29 novembro 1997, p. 46. Infórmase dos traballos gañadores deste premio, das características do mesmo e dos nomes dos membros do xurado.



IIIº Premio “Vicente Risco de Antropoloxía e Ciencias Sociais”

Convocado dende 1994 polo Concello de Castro Caldelas e a Fundación Sotelo Blanco. Dotado con 1.000.000 de pts. e a publicación da obra pola Editorial Sotelo Blanco. Poden concorrer a el os que presenten obras sobre o ámbito rural galego dende o punto de vista antropolóxico ou das ciencias sociais (Historia, Economía, Socioloxía, Literatura, etc.). O dictame do xurado dáse a coñecer en outubro. No ano 1997 non foi convocado.

Referencias varias:

-AGN, “Antón Presedo ganador del premio ‘Vicente Risco de Antropología 1996’”, *Diario de Pontevedra*, 7 xuño 1997, p. 25. Entre outras informacións, dá conta da entrega deste premio na edición correspondente ó 1996. Ademais de nomea-las características do mesmo, sintetiza os méritos aducidos polo xurado para concederlle o galardón a Antonio Presedo.



Premio “Xunta de Galicia a unha Traxectoria Investigadora”

Convócao a Consellería de Educación da Xunta de Galicia e está dotado con 2.000.000 de pts. Este premio tamén se creou para premia-los mellores artigos de divulgación e desenvolvemento tecnolóxico publicados en diarios, semanarios e revistas de información xeral editados en Galicia, cunha dotación de 500.000 pts. Tamén se premian aqueles artigos publicados por galegos en revistas de fóra de Galicia. Na área de Humanidades, na terceira modalidade, o premio foi para Elvira Fidalgo Francisco por "Esquemas narrativos en las Cantigas de Santa María (I)" en *Studi Mediolatini e Volgari*, e Víctor Millet Schroder por "Tradición y epopeya. Ensayo metodológico sobre la poesía épica castellana", publicado en *Cultura Neolatina*. O xurado estivo presidido por Miguel Ríos Fernández, e actuaron como vocais José Sergio Casas Fernández, en representación da Universidade de Santiago de Compostela, Dolores Esther Fernández Fernández, en representación da Universidade da Coruña, José Tojo Suárez, da Universidade de Vigo, Manuel Pereiro Miguéns, galardoado co premio na edición anterior, Franco Fernández González, Enrique Moldes Teo, e Guillermo Rojo Sánchez. Actuou como secretario con voz e sen voto, Benito Fernández Rodríguez.





X.5. Mixtos

X. Premios

X. 5. Mixtos (Varias Modalidades)



Vº Certame de Poesía e Narrativa, do **Concello de Rianxo**

Pretende recolle-la tradición dos autores rianxeiros co fin de estimula-la creación literaria. Consta de varias categorías, todas elas dirixidas a nacidos ou residentes en Rianxo: categoría A, para alumnos de EXB e ESO cun premio de 10.000 pesetas e lote de libros en ámbalas dúas modalidades; B para alumnos de bacharelato, premios de 20.000 pesetas e lote de libros; e C para maiores de 18 anos e na que poden participar tódolos nacidos ou residentes na comarca do Barbanza, dotado con 100.000 pesetas en cada unha das modalidades. O tema dos traballos é libre e deberán estar escritos en lingua galega. A extensión máxima é de 50 versos para o de poesía e 7 folios para o de narrativa. O prazo de presentación remata o 23 de abril e os premios entréganse dentro do marco do programa “Maio Cultural: As nosas letras. 1997”. O xurado estivo presidido José V. Figueiro Carou, actuaron como vocais Xosé Ramón Brea Rey, Adelino Pose Reino e Ana Ramos Monteiro, o secretario foi Fernando R. Lavandeira Suárez. O premio de poesía na categoría C recaeu en Xurxo Montes Area por “Balada do mar en Rianxo”, na modalidade de narrativa nesta categoría resultou gañador Xosé Carou Rey por “O zume da ausencia”. O xurado acordou conceder un accésit especial a Silvia Ces Calvo por “No fin da ponte”. Resultou gañadora do premio de poesía na categoría A Rosa Carreira Rodríguez pola súa obra “O amor” quedando desertos ós premios correspondentes á modalidade de narrativa e de poesía da categoría B.



Referencias varias:

L. Dourado, “El Ayuntamiento de Rianxo convoca el ‘V Certamen de Poesía e Narrativa’”, *El Correo Gallego*, 2 abril 1997, p. 20. Dá a noticia da convocatoria do “V Certame de Poesía e Narrativa” ó mesmo tempo que informa das características técnicas do mesmo: categorías, prazo de presentación, dotación económica, extensión e lugar de entrega das obras participantes.

L. Dourado, “El filólogo Martín Veiga brindó ayer un recital poético a los amantes rianxeiros del género”, *El Correo Gallego*, 18 maio 1997, p. 19. Dáse noticia do recital poético a cargo do filólogo e poeta noiés Martín Veiga, que tivo lugar no salón de actos do Cuartel Vello de Rianxo. Coméntase brevemente as súas obras *Tempo van de porcelana* e *As últimas ruinas* e os premios conseguidos na súa traxectoria. Infórmase tamén da entrega dos premios do V Certame de Poesía e Narrativa do Concello de Rianxo, dando conta dos gañadores nas distintas modalidades.



XXIIIº Certame literario do Concello de Vilalba

Anualmente, o Concello de Vilalba convoca este Certame literario dende 1984 para premia-lo mellor traballo inédito de narrativa (novela, conto ou relatos) en lingua galega, dotado con 500.000 pts. e diploma, e o mellor poema inédito en lingua galega, dotado con 150.000 pts. diploma e flor natural. Os orixinais, mecanografados a dobre espacio, por quintuplicado, acompañados dun sobre pechado onde consten os datos persoais e dirección do autor e baixo plica, teñen que enviarse ó Concello de Vilalba, antes do 15 de xullo. A extensión e a forma dos traballos son libres. O xurado estará composto por persoas de recoñecida competencia nas materias dos premios. A súa composición non se coñecerá ata o momento do resultado. O dictame dáse a coñece-lo 24 de agosto e a entrega de premios o 30 do mesmo mes, coincidindo co comezo das Festas de San Ramón e Sta. María. No 1997 recaeu o premio de narrativa, na obra *O cuarto dos ausentes*, de Antonio Vidal Blanco. En poesía o xurado decidiu dividi-lo premio entre os escritores María do Pilar Campo Domínguez polo poema *Diante dunha foto na prensa dun mozo asasinado* (baixo o lema “Heraldo”) e Manuel Neira por *Carballeiras de ouro* (baixo o lema “Pastor de soledades”). Formaban o xurado Juan Manuel Teijeiro Fernández (representando ó Concello), Carmiña Cacharrón López (profesora de Lingua e Literatura españolas), Félix Villares Mouteira (rector do Seminario de Mondoñedo), o sociólogo Bernardo García Cendán e o xornalista Xulio Xiz Ramil.



Premios da “Crítica de Galicia”

Convocados polo Círculo Ourensán Vigués dende 1978 e polo Padroado da Fundación Premios da Crítica dende 1992. Presenta varias modalidades. O xurado constitúeno homes e mulleres da cultura e ciencia convocados pola Fundación, un membro dela actúa como secretario con voz e sen voto. Non teñen dotación económica. O premio consiste nunha estatuiña medieval en porcelana de Sargadelos. Outórganse ás mellores obras publicadas (de maio a maio). No 1997, os premiados nas distintas modalidades relacionadas coas letras foron os seguintes:

-“Ensaio e Pensamento”: Antón Figuerola Lorenzana por *Lecturas alleas*. O xurado desta modalidade estivo composto por Xosé Antón Castro, Ramón Villares, Xosé Fortes, Pablo Sande e Marcial Gondar.

-“Iniciativas Culturais”: *Vieiros*, a páxina galega en Internet. Formaron parte do xurado Victorino Pérez Prieto, Tucho Calvo, Anxo Manuel Quintana, Marta Vega Lorenzo e Antón Locha.

-“Creación Literaria”: Pilar Pallarés, *Livro das devocións*, elixida por un xurado composto por Xavier Rodríguez Baixeras, Pilar Vázquez Cuesta, Benito Varela, Xosé Vázquez Pintor e Xosé Luis Axeitos.

-“Galego egrexio”: Isaac Díaz Pardo, nomeado polo Padroado da Fundación Premios da Crítica.



Referencias varias:

-Carme Vidal, "A crítica está proibida, só se admite para dar imaxe de permisividade", *A Nosa Terra*, nº 774, "Guieiro Cultural", 17 abril 1997, p. 26. Entrevista a Pilar Pallarés ó recibilo Premio da Crítica polo *Livro das Devoracións* (1996). Está dividida en catro apartados: a obra, o compromiso, a consciencia de xénero e o papel da crítica. Canto á obra afirma que non ten consciencia de facer carreira literaria, non ve a obriga de producir libros. Por isto a súa obra é relativamente curta. Sobre o *Livro das Devoracións* sostén que é menos intimista que filosófico. Respecto ó compromiso di que só lle importa a literatura que ten detrás algún tipo de fantasma. Da literatura política di que "é indecente falar de patria e liberdade cando fóra do poema non se fai nada". Pensa que a moda de falar da mocidade literaria actual é consecuencia do mercado, da promoción. Canto á consciencia de xénero, afirma que lle preocupa ás veces unha linguaxe masculinizante, pero interésalle máis a reformulación da cuestión a nivel teórico, de simboloxías. Cuestiona a crítica literaria en Galicia e a súa relación co poder. Pensa que só se beneficia a aqueles que acatan o establecido e non molestan máis do permitido.

-M. G., "Isaac Díaz Pardo nombrado 'Galego Egrexio' por la Fundación Premios da Crítica", *El Correo Gallego*, 26 abril 1997, p. 14. Refírese á decisión da Fundación Premios da Crítica de nomear Galego Egrexio a Isaac Díaz Pardo polo seu compromiso con Galicia nas dimensións persoal, artística e empresarial.

-Albino Mallo, "O Egrexio Isaac", *O Correo Galego*, "Visións", 1 maio 1997, p. 3. O articulista "solidarízase" co nomeamento de Isaac Díaz Pardo como "Galego Egrexio" e considera que nel encaixan perfectamente as dúas acepcións que esta palabra ten no diccionario da Real Academia Española e no galego de Xerais, "insigne" e "ilustre". Albino Mallo describe a Díaz Pardo como un home



“que raramente está parado” e que gosta de cumprir cos seus compromisos e conclúe lembrando a súa pintura, que deixou xa hai anos pero que segue na súa mente cada vez que fai un cartel, un debuxo para un libro ou unha felicitación natalicia.

M. S. D., “Los Premios da Crítica llegan mañana a su vigésima edición”, *La Voz de Galicia*, 9 maio 1997, p. 70. Recóllense as opinións de Bieito Ledo, fundador destes premios, salientando o recoñecemento que conseguiron estes galardóns. Infórmase de que o veredicto do xurado faise público o 10 de maio e que os membros do xurado pertencen a ámbitos profesionais moi diferentes e que proceden de tódolos lugares de Galicia.

M. G., “O espírito galeguista brillará hoxe na entrega dos Premios da Crítica”/“Díaz Pardo recoge en Vigo el galardón de ‘Galego Egrexio’ de los Premios da Crítica”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 10 maio 1997 p. 35/p. 14. Céntrase na distinción de “Galego Egrexio” concedida a Isaac Díaz Pardo pola Fundación Premios da Crítica en recoñecemento ó seu labor e á súa traxectoria porque esta supón “un claro ejemplo para la sociedad gallega”. Menciónanse, así mesmo, os nomes dos xurados encargados de decidi-los premiados en tódalas súas modalidades.

F. R., “Isaac Díaz Pardo recibiu o galardón de ‘galego egrexio’/“Carlos Núñez e ‘Vieiros’, entre os distinguidos cos Premios da Crítica 1997”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 11 maio 1997,

52/p. 14. Dá os nomes dos galardoados en cada unha das modalidades dos Premios da Crítica. Destácase especialmente a distinción de “Galego Egrexio” concedida a Isaac Díaz Pardo en representación do que



foi “o galeguismo neste século, desde o desterro, o activismo cultural do exilio, mantendo o sentido socrático e ilusionante no período franquista para deseña-lo futuro”.

-J. D. C., “Los Premios da Crítica reconocen la labor de Carlos Núñez, Pilar Pallarés y Manuel Gallego”, *Atlántico Diario*, 11 maio 1997, p. 52. Menciónanse os nomes dos galardoados. Sinálase tamén que durante a cea de entrega destes galardóns Isaac Díaz Pardo recibiu a distinción de “Galego Egrexio”.

-M. S. D., “La Fundación Premios da Crítica falló los galardonados de su vigésima edición”, *La Voz de Galicia*, 11 maio 1997, p. 3. Crónica do acto de entrega destes premios celebrado no hotel Samil de Vigo, ó que asistiron unhas catrocentas persoas.



Xº Premio “Curuxa do Humor”

Organizado polo Museo do Humor de Fene dende 1987. Xira ó redor do humor nas súas vertentes gráfica, fotográfica e literaria cunha dotación de 100.000 pesetas en cada unha das modalidades, ademais da Curuxa do Humor, deseñada por Francisco Pérez Porto. Hai tamén un premio especial de 100.000 pesetas ó que poden optar “os medios, xornalistas ou escritores que se significaran polo seu labor a prol do humor ou pola presenza da compoñente humorística na súa obra” Poden participar tódolos interesados, independentemente do país de orixe, cun máximo de tres traballos e en lingua galega. No concurso literario pódese empregar tanto a prosa coma o verso, cunha extensión máxima de seis folios e mínima de dous, mecanografados a dobre espacio e por unha soa cara, que deben ser enviados ó Museo do Humor (Referencia “Premio Curuxa”), Fonte do Campo 20-22, 15500 Fene (A Coruña). Os traballos presentaranse baixo lema e poderán expoñerse no Museo do Humor. O xurado estivo formado por: Xaquín Marín como presidente; Xan López Domínguez, Ana María Santiago, Ramón Loureiro e Xosé Antón Ponte Far como vocais; actuou Xosé Roel Mosquera como secretario. O dictame deuse a coñece-lo 26 de abril de 1997 no marco das XII^{as} Xornadas do Humor, resultando gañador na vertente literaria Banxamín Rocha Coladas polo traballo *Kada ken na súa kasa e deus na de todos*, presentado baixo o pseudónimo de Kave Kanem.



Referencias varias:

-María Ares, "Curuxa do Humor" para Pablo Sanjosé y Benjamín Rocha", *La Voz de Galicia*, 29 abril 1997, p. 5. Noticia na que se dan os nomes dos gañadores e faise referencia ó acto de entrega dos premios.



IVº Certame de “Literatura e Ensaio”

Convócao a Facultade de Filoloxía da Universidade da Coruña dende 1994. Ten varias modalidades: poesía, narrativa e ensaio, en castelán e galego respectivamente. Nesta convocatoria do 1997 os galardoados en lingua galega foron: Emma Pedreira Lombardía co primeiro premio na modalidade de poesía por “Graves sons”, Yolanda Castaño cun accésit por “Dame as cámaras lendarias”, e Diego Palacios Ramallo cun accésit na modalidade de narrativa. O primeiro premio de narrativa foi declarado deserto.



XIIº Premio “Losada Diéguez”

Convocado dende 1985 polos Concellos de Boborás e O Carballiño e pola Deputación de Ourense, está dotado con 1.000.000 de pesetas e consta de dúas modalidades: creación literaria e investigación. Son merecentes do premio as obras publicadas o ano anterior e teñen que ser presentadas polas editoras. O fallo é o 22 de decembro, data do aniversario do nacemento de Antón Losada Diéguez. Nesta edición, sen embargo, a convocatoria retrasouse e o fallo tivo lugar o día 26 de abril. Compoñen o xurado un representante de cada entidade convocante, un membro da R.A.G., do Consello da Cultura, do Museo do Pobo Galego e da Cátedra de Lingua e Literatura Galega de Santiago. Presídeo o alcalde do concello de Boborás Manuel Vázquez Fernández. Entrégase o premio nun acto literario que se celebra no mes de xuño no pazo da familia Losada. No 1997 celebrouse a duodécima edición deste premio coa publicación dun libro no que se recollen colaboracións dos escritores premiados. Os galardoados foron: no apartado de creación literaria, Chus Pato por *Nínive*, e no apartado de investigación, Andrés Torres Queiruga polo traballo *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*.

Referencias varias:

-X. A. R., “Carballiño demora la convocatoria del premio literario Antón Losada Diéguez”, *Faro de Vigo*, 2 xaneiro 1997, p. 23. Sinálase o retraso do Concello do Carballiño en convoca-lo premio nesta edición.



-AGN, "O Carballiño y Boborás convocan la XII edición del Premio 'Losada Diéguez'", *Diario de Pontevedra*, 9 xaneiro 1997, p. 21. Noticia que recolle as bases da XII edición do Premio.

-S. C., "Convocado o premio 'Antón Losada Diéguez'"/"Literatura e investigación poderán optar ó 'Antón Losada Diéguez'", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 9 xaneiro 1997, p. 41/p. 11. Anuncia a convocatoria do premio.

E. F., "Chus Pato e Torres Queiruga, premios 'Losada Diéguez'", *O Correo Galego*, 27 abril 1997, p. 51. Dáse a coñece-la resolución do xurado deste premio que decidiu galardoar a Chus Pato polo poemario *Nínive* pola "densidade e a madurez da voz lírica" e polo seu "discurso concibido cunha linguaxe especificamente feminina" e a Andrés Torres Queiruga polo traballo *Recupera-la creación. Por unha relixión humanizadora*.

E. P., "Chus Pato e Andrés Torres Queiruga recibiron os 'Losada Diéguez' no Carballiño", *O Correo Galego*, 15 xuño 1997, p. 53. Informa do acto de entrega dos premios "Antón Losada Diéguez" a Chus Pato "no apartado de creación literaria pola súa obra *Nínive*", e a Andrés Torres Queiruga, na modalidade de investigación, recollendo parte das declaracións efectuadas polos galardoados.

-X. A. Reboiro, "Chus Pato y Torres Queiruga reciben los premios Antón Losada Diéguez", *Faro de Vigo*, 15 xuño 1997, p. 30. Fai referencia ó acto de entrega dos premios. Comenta que Chus Pato salientou na súa intervención o pensamento idealista e espiritual de Losada Diéguez mentres que Torres Queiruga se referiu á súa conexión persoal coa familia Losada.



-Xabier Couselo, "A miña cultura é unha mistura de Hegel e un día no Orzán", *El Ideal Gallego*, "Entrevista con", 20 xuño 1997, p. 64. Conversa coa poetisa Chus Pato ó serlle concedido o Premio Antón Losada Diéguez.. Ó longo da entrevista, que comeza cun breve perfil biográfico da autora ourensá, esta opina sobre a concesión do premio afirmando que "non o esperaba", fala do que entende por "horterada", relacionándoa coa cultura de masas, e declárase nacionalista, matizando que "o meu independentismo non me leva a rexeitar nada mentras ese 'nada' non me oprima". Remata cunha referencia ó sentido trágico dos poetas.

-D. P., "Convocado el Premio Antón losada Diéguez", *Diario de Pontevedra*, 30 decembro 1997, p. 12. Anuncia a convocatoria da XIIIª edición deste premio. Achéganos unha síntese das bases polas que se rexerá e anuncia a data límite par a presentación dos orixinais. Presenta este certame como unha homenaxe ó ilustre galeguista Losada Diéguez.



IIº Certame de Poesía e Narrativa “Manuel Orestes Rodríguez”

Convocado polo concello lucense de Paradela. Ten dúas modalidades, poesía e narrativa, dotada cada unha delas cun premio de 50.000 pesetas . Para os relatos a extensión máxima e de vinte folios mentres que para os as obras de poesías non poderán sobrepasa-los cen versos. Nesta edición no apartado de poesía o primeiro premio foille outorgado a Modesto Fraga Moure por “Poemas da lenta ausencia”, a Roberto Traba Velay concedéuselle un accésit por “Cinco poemas escritos fai xa tempo”. No tocante á narrativa o gañador foi Marco V. Lama del Corral por “A estación das néboas”, concedéndoselle un accésit a Sechu Sendé por “Asma”. O xurado deu a coñecer o dictame o día 28 de febreiro e estivo composto por Xosé Manuel Mato Díaz, Antonio Calvo Varela, Xesús Mato Mato, Xulio Xiz Ramil, Santiago Rodríguez López e María José

Referencias varias:

Jesús Trillo, “Sobre Mayán y Modesto Fraga”, *El Correo Gallego*, “Pedra de abalar”, 11 marzo 1997,

21. Anuncia que Modesto Fraga Moure remata de gaña-lo certame literario Manuel-Orestes Rodríguez Lopez na modalidade de poesía, organizado polo concello lugués.



XXVIº Certame Cultural de Literatura convocado polo Centro Cultural Sarriano

“Meigas e Trasgos”

Dende o inicio da súa convocatoria no 1971, son premiabiles dúas modalidades, prosa e verso. En 1997 concedéuselle o primeiro premio de prosa, dotado con 80.000 pesetas, a Antón Riveiro Coello por *Pirula*; o segundo, cunha dotación de 55.000 pesetas correspondeulle a Xesús Ferreiro Núñez por *Devezos e feitizos da Dorinda*, Luis Seijido Rodríguez obtivo a mención de honra en prata por *O pantano de Gundar*. En poesía o primeiro premio, de 75.000 pesetas, otorgóuselle a Xavier Vilareyo Villamil por *Os novos poemas*; o segundo, de 50.000 pesetas, foi para José Luis Álvarez Pérez por *Naufraxio craneoencefálico*; neste apartado quedou deserta a mención de honra.



IVº Certame Literario “**Monte da Condesa**”

Ten dúas modalidades, narrativa e poesía. En narrativa os traballos deberán ser narracións curtas cunha extensión máxima de 30 páxinas e en poesía deberán constar dun máximo de 100 versos. O xurado elixe os tres mellores premios de ámbalas dúas modalidades coa dotación de 40.000 pesetas para o primeiro premio, 20.000 para o segundo e 10.000 para o terceiro. O prazo para entrega-los traballos remata o 3 de xuño e o dictame do xurado faise público antes do 25 do mesmo mes. Os traballos entréganse en sobre pechado na recepción do Colexio Maior Monte da Condesa por cuatuplicado e baixo pseudónimo. O xurado desta edición estivo formado por Darío Villanueva Prieto, Carlos Casares Mouriño e Anxo Tarrío Varela, actuou como secretario José María Rivera Otero, Vicerrector de Extensión Cultural e Servicios á Comunidade Universitaria. Os traballos galardoados foron na modalidade de poesía os seguintes: “O dragón e os paxariños” co primeiro premio, “Cadelo doente” co segundo e “A inercia do exceso” co terceiro. Na modalidade de narrativa resultaron gañadores: “A chuvia en outono” co primeiro premio, “Os derradeiros druídas galegos” co segundo e “Primeiro de outubro” co terceiro



Premio “Nacional da Crítica”

A Asociación de críticos de España concede anualmente un galardón á mellor obra de narrativa ou poesía publicada no ano en tódalas comunidades autónomas. No 1997 mereceron este galardón: Carlos Casares, por *Deus sentado nun sillón azul*, e Pilar Pallarés, por *Livro das devocións*.

Referencias varias:

-A. N. E., “Pilar Pallarés e Carlos Casares, premios da Crítica en galego de poesía e narrativa”, *O Correo Galego*, 6 abril 1997, p. 53. Informa da concesión dos Premios Nacionais da Crítica en lingua galega a Pilar Pallarés polo poemario *Livro das devoracións* e a Carlos Casares pola novela *Deus sentado nun sillón azul*. Dá ademais a relación dos premiados nas distintas modalidades en tódalas linguas nacionais do Estado.



Premio “Nacional de Literatura”

Convocado polo Ministerio de Cultura para premia-las mellores obras publicadas, nos diferentes xéneros, no ano anterior en calquera das linguas do Estado. Está dotado con 2.500.000 pts. e o gañador dáse a coñecer no mes de novembro. O xurado convocado para este certame estivo presidido por Fernando Rodríguez de la Fuente, director xeral do Libro, e formárono doce membros, representantes das academias española, galega, vasca e catalana ademais de persoas relacionadas coa crítica literaria. O representante da academia galega foi Xulio Francisco Ogando Vázquez. No 1997, no apartado de literatura dramática, Manuel Lourenzo resultou gañador do Premio Nacional de literatura dramática pola obra *Veladas indecentes*. Outros autores galegos foron finalistas nos distintos apartados do premio: Daniel Cortezón en teatro por *Castelao ou a paixón de Galiza*; Luz Pozo Garza por *Vida secreta de Rosalía* e Miguel Anxo Fernán Vello por *As certezas do clima* en poesía; Carlos Casares por *Deus sentado nun sillón azul*, en narrativa; Xabier P. Docampo con *Adelaida, Henrique e demais familia*, Marilar Aleixandre con *O trasno de Alqueidón* e Antonio García Teixeiro con *Na Fogueira dos versos*, en literatura infantil e Xavier Rodríguez Baixeras e Basilio Losada en tradución. O xurado da modalidade de Literatura Infantil estivo presidido por Fernando Rodríguez Lafuente e integrado por María de la Vega, José Luis Sampedro, Manuel González, Arantxa Urretabizkaia, Josep M. Aloy Bosch, Teresa Mañá, Pep Durán, Ana María Matute, Ana Pelegrín, Blanca Berasategui e Fina Casalderrey.



Referencias varias:

A. E., “Tres galegos demostran a boa saúde das nosas letras”, *O Correo Galego*, 9 novembro 1997,

46. Refírese ó acto de entrega dos Premios Nacionais de Literatura correspondentes a 1996 no que estiveron presentes tres autores galegos: Manuel Rivas, Fina Casalderrey e Luís González Seara. Apúntase o bo momento creativo da nosa literatura.

-B. P. L., “Dos poetas gallegos, finalistas del Nacional de Literatura”, *La Voz de Galicia*, 18 outubro 1997, p. 89. Comeza este artigo cunha lembranza da edición anterior deste premio, na que Manuel Rivas foi o gañador. A seguir, comenta que as esperanzas de obte-lo trunfo para os nosos autores están depositadas en Luz Pozo Garza, pola obra *Vida secreta de Rosalía* e en Miguel Anxo Fernán-Vello, por *As certezas do clima*. Recóllense as declaracións dos poetas sobre as obras seleccionadas e faise un percorrido pola traxectoria de ámbolos dous literatos galegos.

-D. Janeiro, “Dous estados do espírito”/“Fernán-Vello e Luz Pozo, finalistas do Premio Nacional de Literatura en Poesía”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 18 outubro 1997, p. 35/p. 13. Anúnciase a presenza de dous galegos entre os finalistas do Premio Nacional no apartado de poesía: Miguel Anxo Fernán-Vello por *As certezas do clima* e Luz Pozo Garza por *Vida secreta de Rosalía*. Segundo Fernán-Vello esta obra, Premio Martín Códax 1996, supuxo un punto de inflexión e nela reflexiona sobre o drama do home contemporáneo. Menciónase tamén que este escritor xa fora finalista deste premio en 1985 por *Seivas de amor e tránsito*. Para Luz Pozo o seu libro é un diálogo con Rosalía que, na súa opinión, foi unha muller que estaba ó tanto da literatura do seu momento.



-Pepe Soto, "Manuel Lourenzo: premio nacional de literatura dramática", *Escaramuza*, nº 3, outubro-novembro-decembro 1997, pp. 5-10. Congratúlase da concesión do premio Nacional de Literatura Dramática a Manuel Lourenzo. Por este motivo ofrece datos do seu traballo profesional (de director, dramaturgo, actor, adaptador, etc.) dende os seus comezos polo que considera que falar de Manuel Lourenzo é falar da Historia do teatro galego contemporáneo. Asemade recolle palabras da profesora Laura Tato sacadas da introducción ó libro *Manuel Lourenzo. Vivir para o teatro* (1997), de Pablo Rodríguez.

-Miguel Olarte, "El lucense Manuel Lourenzo gana el Nacional de Literatura Dramática", *El Progreso*, 5 novembro 1997, p. 63. Reprodúcense as palabras de satisfacción de Manuel Lourenzo despois de coñecer que a súa obra fora premiada co Nacional de Literatura Dramática. Apúntase ademais a estrutura da obra, composta por tres pezas e ofrécense un apartado con datos sobre a vida e a obra do galardoado.

-Liz Perales, "Manuel Lourenzo se hace con el Nacional de Literatura Dramática", *El Mundo*, 5 novembro 1997, p. 62. Sinálase que o xurado valorou neste autor "el ser un hombre de teatro tanto en su vertiente de autor como director de escena". Ofrecense ademais algúns datos biográficos do premiado.

-M. L./R. G., "El gallego Manuel Lourenzo, Premio Nacional de Literatura Dramática", *La Voz de Galicia*, 5 novembro 1997, p. 79. Anúnciase a concesión deste premio a Manuel Lourenzo por *Veladas indecentes* así como as obras finalistas: *Sin maldita esperanza* e *La edad de oro de los perros*, de Alfonso Armada; *Castelao ou a paixón de Galicia: II Intermezzo bufo*, de Daniel Cortezón; *Centón de teatro*, de Francisco Nieva; *Hegazti errariak*, de Juanjo Olasagarre; *Marsal Marsal*, de José Sanchís Sierra e *Mujeres al espejo*, de Eduardo



Galán. Apúntanse algúns datos biográficos do premiado, salientando a súa dedicación ó teatro ó longo de toda a súa vida, e recóllese unha breve entrevista na que M. Lourenzo manifesta a súa sorpresa e defínese, sobre todo, como actor. Ademais anuncia como proxectos inmediatos a escrita dunha peza con Vicente Montoto para Uvegá Teatro e un curso de postgrao sobre interpretación na Universidade de Santiago.

-Camilo Franco, “Resistencia”, *La Voz de Galicia*, 5 novembro 1997, p. 79. Sinala o acerto na concesión deste premio a Manuel Lourenzo, no que se recoñece “a presenza da resistencia”. Destaca sobre todo a súa supervivencia no mundo do teatro ó longo dos anos e sobre a súa obra opina que “non goza da brillantez da retórica nin utiliza con xenerosidade os avances da pirotecnia. É unha obra máis próxima da viscera humana, das contradicións e dos consensos de ser e, como non, da forza e da debilidade de resistir”.

-J. B. Salgueiro, “Manuel Lourenzo gana el Premio Nacional de Literatura Dramática”, *Faro de Vigo*, 5 novembro 1997, p. 47. Infórmase das características do premio e menciónanse as obras e autores finalistas. Ademais ofrécese un percorrido pola vida e obra de Manuel Lourenzo, salientando algúns dos premios que xa posúe como o Cidade da Coruña de 1980, o Celso Emilio Ferreiro de 1982, o Arthur Carbonell do Festival Internacional de Sitges de 1983 e a mellor dirección do Festival de Teatro de Ribadavia.

-Susana Evangelista, “Manuel Lourenzo obtén o Premio Nacional de Literatura Dramática”, *El Ideal Gallego*, 5 novembro 1997, p. 27. Infórmase da concesión do Premio Nacional a Manuel Lourenzo por *Veladas indecentes* e salientase que o autor quixo estender este galardón a todo o teatro galego. Apúntase a súa traxectoria no mundo do teatro e indícase que na obra premiada inclúense tres pezas: *A velada de Londres*, *Cando chega*



decembro e *A velada espectral de mister Peabody*, as dúas últimas xa representadas pola Aula de Teatro da Universidade de Santiago baixo a dirección de Roberto Salgueiro. Nelas, segundo se menciona, M. Lourenzo quixo verter cunha linguaxe expresionista as súas críticas á sociedade actual.

-M. A. Fernán-Vello, "Manuel Lourenzo", *O Correo Galego*, "A Fenda", 6 novembro 1997, p. 3. Alude primeiramente á ledicia que supón para o conxunto da literatura galega a concesión a Manuel Lourenzo do Premio Nacional de Literatura Dramática. Considera que se a literatura galega gozase dun mínimo de proxección, Manuel Lourenzo sería recoñecido hoxe como un dos máis importantes autores dramáticos do espacio teatral europeo. A continuación refírese á obra de Manuel Lourenzo como teatro de "texto culto e intelixente tensión dramática, con vontade manifesta de estilo como se se tratase dun 'poema' vivo e actuante sobre nós (...)". Refírese así mesmo ó carácter poliédrico da obra e á capacidade de posuír e proxectar para facer un conxunto animado, pleno e coherente. Para Fernán-Vello coa concesión do premio a Manuel Lourenzo únese ó recoñecemento ó literato o triunfo da súa personalidade "enraizada na ética, na bondade e na xenerosidade (...)".

Miguel Olarte, "Lourenzo: 'Depende da xente que Lugo non adormeza", *El Progreso*, 6 novembro 1997,

67. Recóllense unhas declaracións de Manuel Lourenzo unha vez coñecida a súa designación como gañador do Premio Nacional de Literatura Dramática. Nelas sinala a importancia da súa terra natal, o Valadouro, e comenta que recentemente vén de remata-lo libro *Contos do Valdouro*, unha recolleita de contos populares realizada coa colaboración de Xesús Pisón e Isaac Ferreira. Refírese tamén á situación de apatía cultural que vive a cidade de Lugo e denuncia a desaparición do Gran Teatro. A propósito da situación do teatro galego comenta a excesiva dependencia das subvencións e sinala a necesidade de preparación técnica dos actores galegos.



-Luis Pousa, "O teatro galego saúda con entusiasmo o Premio Nacional de Manuel Lourenzo", *El Ideal Gallego*, 6 novembro 1997, p. 27. Saliéntase o gran entusiasmo que produciu no teatro galego o Premio Nacional de Manuel Lourenzo. Recóllense as declaracións de Xavier Estévez, secretario da Asociación de Actores, Directores e Técnicos de Escena, quen sinala que "Manuel Lourenzo é un traballador incansable da escrita teatral e un dos mellores actores que temos aquí". Apunta tamén que este premio é un síntoma de que a cultura galega empeza a ser coñecida e valorada fóra do país. Manuel Guede, director do Centro Dramático Galego, apunta que este galardón lexitima a escrita teatral galega e servirá para loitar pola profesionalización deste mundo e a creación dun proxecto globalizador como unha Escola Superior de Arte Dramática.

-G. Luca, "*Veladas Indecentes* de Manolo Lourenzo distinguido co prêmio de Literatura Dramática do ministério de Cultura", *A Nosa Terra*, "O Guieiro Cultural", nº 803, 6 novembro 1997, p. 24. Comeza sinalando que o mundo da dramática galega interpreta no galardón a Manuel Lourenzo "unha extensa e profunda experiencia en todos os rexistros do teatro, consumada con sacrificios materiais e renúncia persoal". Comenta que esta distinción é interpretada no medio teatral como premio global para "un home entregado plenamente ao xénero dramático como actor, escenador, mestre de teatro e formador de toda unha xeración de actores...". Dá conta, así mesmo, das palabras de Francisco Pillado Mayor, quen apunta que a súa condición de escritor non se limita só ó teatro "porque estamos ante un dos primeiros escritores vivos, dono dun estilo sinxelo e sobérbio". Refírese seguidamente á formación do premiado no teatro independente, ó cultivo da tradición teatral do Grupo Nós, e á procura de recuperalo legado das Irmandades da Fala así como a preocupación pola normalización da comunicación teatral en galego. Conclúe indicando que Lourenzo se sente seguidor da modernidade de Nós, de Cunqueiro, do vangardismo de Seoane e do teatro alemán contemporáneo, especialmente Heiner Muller.



-Antón Lopo, “Manuel Lourenzo: Non actúo para que coman e me tiren os ósos”/“Manuel Lourenzo: ‘Nunca actuaría para alguén que coma e me tire os ósos’”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 7 novembro 1997, p.49/p. 16. Recolle as palabras do autor premiado que reflexiona sobre o seu galardón e sinala que o que máis lle agrada é “que fose dar a unha parcela habitualmente esquecida” como é o teatro. Reflexiona sobre o seu labor escénico do que di que o despois de retórica e o “enfundou un traxe máis lixeiro” e declara ademais a súa aversión ó termo “Modernismo”. Finalmente, faise unha breve síntese do seu labor profesional e destácase, entre outras cousas, a creación da sala Luis Seoane, a dirección dos *Cadernos da Escola Dramática Galega*, o seu labor como actor, director e escenógrafo. Sinálase tamén que na actualidade mantén tres obras en cartel: *Magnetismo*, *O regreso* e *Unha noite en Elsinor*.



VIIº Certame literario-lingüístico “Ricardo Carvalho Calero”

Foi creado no ano 1991 polo Concello de Ferrol, con quen colabora a Sociedade Medulio. Son dúas as modalidades convocadas: “Premio de investigación literaria ou lingüística”, cunha extensión mínima de 50 folios e “Premio de Creación literaria” (narración curta), para premiar “unha narración ou un conxunto de contos” que non sobrepasen os 100 folios. Terán que enviarse, por quintuplicado, ó Excmo Concello de Ferrol antes do 15 de xaneiro, baixo lema. Nun sobre á parte figurarán o curriculum, enderezo e D.N.I. do autor. Os gañadores dunha convocatoria non poden concursar nos seguintes tres anos. A entidade convocante resérvase os dereitos de autor da primeira edición da obra gañadora. O xurado estará constituído por cinco membros propostos pola Comisión organizadora, entre os que figurarán o gañador ou gañadora da edición anterior e o alcalde, ou persoa en quen delegue, que presidirá. A entrega do premio faise coincidir coas datas nas que se conmemora o cabodano do pasamento do profesor Carvalho Calero. No 1997, na primeira modalidade, “Investigación lingüística-literaria”, foi declarado deserto. Na modalidade de “narración curta”, dotado con 500.000 pesetas resultou gañador o traballo *Coa lei de costas*, de Xoán Xosé Piñeiro Cochón. O xurado, presidido polo edil de cultura José Manuel Couce Fraguela, estivo constituído por Anxos González (Profesora de lingua e literatura galega), Teresa López (Profesora de Filoloxía da Universidade da Coruña); Manuel Riveiro (Escritor), Regina Rodríguez e Jesús Manuel Marcos (Gañadores da edición anterior), actuou como secretaria Elvira Roiz, de Medulio, entidade que colabora na organización do curso. O dictame coñeceuse o día 5 de abril.



Referencias varias:

-R. G., “Hai que reivindicar a parodia como subxénero dentro do humor”, *La Voz de Galicia*, 19 abril 1997, p. 7. Co gallo da concesión a Xoán Piñeiro do premio Carvalho Calero de narrativa correspondente a 1997 pola súa obra *Coa lei de costas*, nesta entrevista o autor fala do libro e da súa tendencia natural á parodia. Comenta que ten unha novela escrita sen publicar e outra media empezada e afirma que lle custa moito publicar.

-A. Estévez, “O humor é a billa do noxo”, *A Nosa Terra*, nº 776, “Guieiro Cultural”, 1 maio 1997, p. 27. Infórmase da obra gañadora neste certame, un conxunto de sete relatos agrupados co título *De costas á lei*, de Xan Xosé Piñeiro. Recóllense algunhas declaracións deste nas que sinala que a pesar de que comparte a mesma profesión que o seu personaxe, a avogacía, non hai nada de autobiográfico na súa obra. Salienta dos seus relatos o ton humorístico e sarcástico, froito fundamentalmente das influencias que recibe dos seus escritores favoritos, os británicos. Finalmente, sinala que este premio lle permitirá ver publicada a súa obra pois aínda que xa participou nalgún volume colectivo e mereceu o premio do Certame de Vilalba en 1994, moitos dos seus relatos permanecen inéditos.



V^{os} Premios Literarios “**San Xurxo**”

Dende 1993 o Centro Galego de Barcelona (Rambla de Capuchinos) convoca este premio literario (en catalán, galego e castelán), dirixido a nenos e adultos, para celebra-lo Día das Letras Galegas e para premia-lo mellor poema e relato en lingua galega. Son tres as categorías que se consideran: ata os 12 anos, de 13 a 16, e de 17 en diante. Poden outorgarse mencións especiais ós traballos de calidade que non fosen premiados. O xurado está formado por cinco personalidades do mundo cultural. O premio consiste nun diploma acreditativo, un libro e unha rosa. En 1997 conseguiron o premio Anselmo Pérez López na modalidade de prosa e Ramón Rodríguez Porto na de poesía.



Premio de Poesía e Relato Curto da “Universidade de Vigo”

Convocado pola Universidade de Vigo co patrocinio da Dirección Xeral de Política Lingüística para tódolos alumnos desta institución. O tema das composicións é libre e a extensión debe oscilar entre os cen versos (mínimo) e os cento cincuenta (máximo) para poesía e os oito folios (mínimo) e doce (máximo) para relatos. Os orixinais deben estar escritos en galego normativo e seren inéditos. Os traballos deben presentarse no rexistro da Universidade de Vigo, titulados, mecanografados e por cuadruplicado, xunto cun sobre pechado cos datos do autor, antes do vinte de abril. A contía dos premios ascende a 100.000 pesetas para o gañador e concédense dous accesits de 25.000 pesetas para cada unha das modalidades. Os traballos serán publicados pola Universidade de Vigo. A entrega dos premios realizarase o 17 de maio. Os gañadores nesta edición de 1997 foron: no apartado de poesía Ángela Isabel Rey González, por *Dez poemas de amor*, o primeiro accésit recaeu en *Arco da vella*, de Carlos Pérez Seara e o segundo en *Nadosemdulho*, de Paulo González Rodríguez. Na modalidade de relato o primeiro premio foi para Antonio López Cisneros, por *Tirant*; o primeiro accésit para Xosé María Mera Iglesias, por *Polígono*, e o segundo para *Os Encarapuchados* de Anxo Conde Lago. En base á súa calidade concedéuselles mención especial a “Os beizos de xudas”, de Mónica Paula Abad Pérez; “Falar, único fío”, de Virxilio Rodríguez Vázquez e “Nardo, de Bernardo Alonso Álvarez. O xurado estivo composto por Julio Pardellas, Maximino Terceiro, Enrique Costas, Manuel Bragado e José María Pin.



Referencias varias:

-D. P., “Más de un centenar de trabajos en la convocatoria de poesía y relato corto”, *Diario de Pontevedra*, 14 maio 1997, p. 6. Informa polo miúdo do dictame do xurado.



V Certame Galego de Poesía e Narración “**Xuventude 97**” e “**Francisco Fernández del Riego**”

Convocado pola Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude, poderán participa-los galegos dos 10 ós 30 anos, que non publicaran ningún libro. En 1997 en poesía, na categoría A (de 10 a 13 anos), dotada con 25.000 pesetas, lote de libros galegos, figura de Sargadelos e unha bolsa para asistencia gratuíta a un turno dos campamentos organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de familia resultou gañadoro traballo “O xinete e o seu cabalo”, de M^a Luz Airado Bello; o 2º premio, dotado con lote de libros galegos e figura de Sargadelos foi para “Terra de labregos ”, de Alberto Otero Da Costa, e o terceiro, coa mesma dotación, para “Quén quere científicos”, de Diego Corzón Pereira. Na categoría B (de 14 a 17 anos), o primeiro premio, dotado con 50.000 pesetas, lote de libro figura de Sargadelos e unha bolsa para asistencia gratuíta a un turno dos campamentos organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de familia, acadouno Germán Labrador Méndez por “Na noite transfigurada”; o segundo e terceiro premios, dotados con lote de libros e figura de Sargadelos, recaeron respectivamente na obra presentada baixo o lema “Fernando de Rojas”, de Mari Cruz Dafonte Raña e “Han rir”, de Gael Dos Santos Vaamonde. Na categoría C (de 18 a 30 anos), o primeiro premio, consistente en 70.000 pesetas, lote de libros, figura de Sargadelos e unha bolsa para asistencia gratuíta a un turno dos campamentos organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de familia, gañouno Xosé Alberte Alonso Carballeira por “Caderno de Bitácora”, o segundo, dotado con 50.000 pesetas, lote de libro se figura de Sargadelos, recaeu en



Carlos Manuel Callón Torres coa obra “Deses soños chamados areeiros” mentres que o terceiro, consistente en 25.000 pesetas, lote de libros e figura de Sargadelos, acadouno Verónica Martínez Delgado por “Había tantos homes lilas”. No tocante ós premios de narración na categoría A (de 10 a 13 anos), dotada con 25.000 pesetas, lote de libros galegos, figura de Sargadelos e unha bolsa para asistencia gratuíta a un turno dos campamentos organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de familia resultou gañador o traballo “Terremotos, trasnos e toupas”, de Ramón Alonso Otero; o 2º premio, dotado con lote de libros galegos e figura de Sargadelos foi para “... E o tesouro chegou da Baiona”, de Bernal Álvarez Mazaira, e o terceiro, coa mesma dotación, para “¿Acaso non vos pasou?”, de Eva González Álvarez. Na categoría B (de 14 a 17 anos), o primeiro premio, dotado con 50.000 pesetas, lote de libro figura de Sargadelos e unha bolsa para asistencia gratuíta a un turno dos campamentos organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de familia, correspondeulle a “Os berros das bolboretas”, de Beatriz Piñeiro Calvo; o segundo e terceiro premios, dotados con lote de libros e figura de Sargadelos, recaeron respectivamente na obra “A Manuel Quiroga”, de Laura Feire Domínguez e “Soños para soñar”, de Rocío Fariña Seoane. Na categoría C (de 18 a 30 anos), o primeiro premio, consistente en 70.000 pesetas, lote de libros, figura de Sargadelos e unha bolsa para asistencia gratuíta a un turno dos campamentos organizados pola Dirección Xeral de Xuventude da Consellería de familia, correspondeulle a Xosé Alberte Manuel Mera Iglesias con “Xergón”, o segundo, dotado con 50.000 pesetas, lote de libro se figura de Sargadelos, recaeu en Francisca Raquel Castro Martínez coa obra “Pensamentos” mentres que o terceiro, consistente en 25.000 pesetas, lote de libros e figura de Sargadelos, acadouno Ángel Lourido Loureiro por “Gula”.

Referencias varias:

-Pilar García Cheda, "López Besteiro defende a palabra galega fronte á cultura da imaxe", *El Progreso*, 1 outubro 1997, p. 57. Nomea os rapaces lugueses que se atopan entre os vinte e cinco premiados nos premios Ánxel Fole e Francisco Fernández del Riego. Tamén se reproducen as palabras da conselleira de Familia Manuela López Besteiro que se referiu á importancia de promociona-la palabra galega como instrumento de pensamento nun momento no que prima a imaxe. Falou tamén da consolidación dos premios e da necesidade de estímulos das actividades literarias. Pola súa parte a premiada no apartado de ensaio, María Olga Novo, valorou positivamente as convocatorias pero afirma que no caso da creación os premios non poden condicionar ó escritor. Finalmente sinálase a incidencia consistente en que Carlos Manuel Callón Torres, segundo premio de poesía na categoría de 18 a 30 anos, recriminoules ós responsables políticos por entregarlle como premio un lote de libros en castelán indicando que "esa non é a mellor maneira de promociona-la lingua galega".





X.6. Premios a unha vida

X. Premios

X. 6. Premios a unha vida



XIIIº Premio “Celanova. Casa dos Poetas”

Creouse no 1985 para galardoar a personalidades ou entidades que se distinguisen polo seu traballo en favor da cultura galega. Convócao o Padroado Curros Enríquez e patrocínalo o Concello de Celanova. Entrégase o 31 de agosto, coincidindo co aniversario da morte de Celso Emilio Ferreiro. O premio consiste nunha placa e unha cuncha de prata deseñada por Acisclo Manzano. En 1997 resultou galardoado Isaac Díaz Pardo. O xurado, integrado pola Xunta do Padroado, na que actúa como presidente o alcalde celanovés, como secretario X.M. del Caño e como vocais Xosé Luis Méndez Ferrín, Antonio Piñeiro, Xosé Benito Reza, Isabel Ingelmo e José M^a Rodríguez, tomou esta decisión “polas grandes aportacións que fixo nos eidos da pintura, da artesanía, da recuperación da memoria histórica de Galicia e da divulgación de materiais e textos de autores fundamentais”.

Referencias varias:

-Maite Rodríguez, “Isaac Díaz Pardo, premio ‘Celanova. Casa dos poetas’”, *La Voz de Galicia*, 28 maio 1997, p. 81. Faise pública a decisión do xurado de premiar a Isaac Díaz Pardo en recoñecemento ó seu labor pola arte en Galicia. Sínálase que o galardón entrégase o 31 de agosto coincidindo co aniversario do falecemento de Curros Enríquez.

-Antonio Piñeiro, “O ‘Casa dos Poetas’ chega á súa XIII edición”, *La Región*, 30 agosto 1997, p. 14.



Anúnciase a entrega do premio e a presenza de Xosé Neira Vilas para glosa-la figura do galardoado. Infórmase de que no transcurso do acto está prevista unha ofrenda floral a Celso Emilio Ferreiro.

Antonio Piñeiro, "Díaz Pardo recibiu" o "Casa dos poetas", *La Región*, 1 setembro 1997, p. 10. Informa da entrega do galardón. Coméntanse as intervencións das autoridades políticas e personalidades culturais presentes no acto. -M. R., "Díaz Pardo defende a recuperación da memoria histórica de Galicia", *La Voz de Galicia*, 1 setembro 1997, p. 68. Crónica da entrega do galardón "Celanova, Casa dos poetas" a Isaac Díaz Pardo pola súas achegas á arte. Informa de que Xosé Neira Vilas, membro do Padroado Curros Enríquez, resaltou a traxectoria polifacética do galardonado, quen pola súa parte ampliou o recoñecemento do premio a tódolos que traballaron pola cultura galega dende Buenos Aires. Sinálanse ademais os novos traballos do Padroado Curros Enríquez para restaura-la casa natal do poeta.

Antonio Piñeiro, "Colmeiro recibiu o premio 'Casa dos Poetas'", *La Región*, 19 febreiro 1997, p. 16. Infórmase do acto de entrega deste galardón, que lle foi concedido na edición de 1996, ó pintor Manuel Colmeiro. Explícase que por motivos de saúde non lle puido ser entregado ata agora. No acto estiveron presentes o alcalde de Celanova, Antonio Mouriño Villar en calidade de presidente do Patronato Curros Enríquez e Xosé Luís Méndez Ferrín como membro deste.

-A. E., "Isaac Díaz Pardo recibe o XIII Premio 'Celanova'", *O Correo Galego*, 1 setembro 1997, p. 35. Informa da concesión do premio a Isaac Díaz Pardo.



Premio “Cidade de Pontevedra”

Convocado polo Concello de Pontevedra, ten dúas modalidades: persoas físicas e persoas xurídicas. Foron propostos dez candidatos, dos que resultaron gañadores Fina Casalderrey (na primeira modalidade) e a Asociación para Discapacitados Píquicos “Juan XXIII” nas persoas xurídicas. O xurado estivo integrado por doce persoas: nove concelleiros en representacións dos partidos políticos presentes no consistorio da capital do Lérez, un representante das asociacións de veciños, outro dos medios de comunicación e un último do ámbito cultural.

Referencias varias:

-S. Regueira, “Fina Casalderrey y Jesús Odriozola, principales candidatos al premio ‘Ciudad de Pontevedra’”, *Faro de Vigo*, 8 xaneiro 1997, p. 22. Sinálanse os candidatos ó premio ‘Cidade de Pontevedra’ entre os que destaca a escritora Fina Casalderrey que é apoiada por varias asociacións e grupos da cidade. Segundo informa a noticia os que a propuxeron reclaman este premio para a escritora como unha homenaxe da cidade que a viu nacer logo de ter conseguido o premio Nacional de Literatura no pasado ano.

-D. P., “El BNG propone a Fina Casalderrey para el ‘Ciudad de Pontevedra’”, *Diario de Pontevedra*, 8 xaneiro 1997, p. 3. Dá conta da proposta deste grupo político para que lle sexa concedido o premio ‘Cidade de Pontevedra’ á escritora nacida nesa cidade Fina Casalderrey, en recoñecemento do seu traballo no ámbito da literatura.



Asemade informa da existencia doutros candidatos propostos. Conclúe cunhas notas biográficas da escritora.

-D. P., “Fina Casalderrey y la asociación ‘Juan XXIII’, premios Ciudad de Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 11 xaneiro 1997, p. 4. Refírese á xuntanza do xurado dos premios ‘Cidade de Pontevedra’, formado por doce persoas da política e cultura local, da que saíron elixidos de forma unánime a asociación ‘Juan XXIII’ e a escritora Fina Casalderrey, da que se tivo en conta a concesión do premio Nacional de Literatura Infantil no pasado ano.

-Juan Cienfuegos, “Concedido el premio ‘Ciudad de Pontevedra’ a la escritora Fina Casalderrey”, *La Voz de Galicia*, 11 xaneiro 1997, p. 30. Informa da concesión do premio á escritora Fina Casalderrey en recoñecemento do seu labor literario.

E. P., “Casalderrey recibe o premio ‘Cidade de Pontevedra 1996’”, *O Correo Galego*, 11 xaneiro 1997,

34. Dá conta da concesión do premio e recolle as impresións da concelleira de cultura de Pontevedra que como membro do xurado resaltou ter acadado a unanimidade á hora de homenaxear á escritora pontevedresa.

-D. P., “El Concello entrega hoy los premios ‘Ciudad de Pontevedra’”, *Diario de Pontevedra*, 20 xaneiro 1997, p. 3. Informa do acto de entrega do premio que se celebra no Teatro Principal de dita cidade.



Premios de El Correo Gallego/O Correo Galego: “**Galego do ano**”, “**Galegos do mes**”

Os premios “El Correo Gallego/O Correo Galego” foron creados no ano 1990 co fin de homenaxear a distintas institucións e personalidades destacadas do mundo da cultura, da política, da empresa, da banca e de diversos colectivos a nivel social. Os galardóns consisten nun millón de pesetas e unha placa de ouro, prata, acibech e marfil para o “Galego do Ano” e unha figura de Sargadelos para cada un dos premiados co “Galego do Mes”. Na edición de 1997 o xurado estivo formado por Feliciano Barrera (presidente), José Manuel Rey Nóvoa (secretario), e formaron parte del o Conselleiro de Cultura Jesús Pérez Varela, Darío Villanueva, Antón Fraguas e Agustín Sixto Seco. Entre os premiados co galardón “Galegos do Mes”, teñen relación coas nosas Letras: Francisco Rodríguez Iglesias (director de Hércules de Ediciones), o escritor Xosé Cermeño Baraja e o catedrático Guillermo Rojo Sánchez. Gonzalo Torrente Ballester foi galardoado coa distinción “Galego do Ano”.

Referencias varias:

-S. C., “Gonzalo Torrente Ballester, galardoado co ‘Gallego del Año 97’”, *O Correo Galego*, 1 agosto 1997, p. 52. Infórmase da decisión do xurado de galardoar a Gonzalo Torrente Ballester coa distinción de “Galego do Ano 1997”, recoñecéndoo como “figura sobranceira das nosas letras. Universal, de talento extraordinario,



brillante, xeneroso e admirado, e un galego de honra, símbolo e exemplo para as novas xeracións". Achega tamén unha síntese da súa obra literaria.



Premios Galicia da Fundación “O Grelo”

Con motivo do décimo aniversario da súa fundación, “O Grelo” decidiu conceder á parte dos seus tradicionais premios de poesía, relato curto e do Grelo de Ouro, unha serie de distincións “Galicia 97” consistentes nunha escultura de Xulio Argüelles e diploma acreditativo a persoas, organismos ou institucións que se caracterizasen ó longo da súa traxectoria por pola defensa do idioma galego e a promoción dos valores culturais e o compomiso ético con Galicia, o seu traballo en beneficio dos necesitados; o fomento do emprego a través da empresa; a súa dedicación á produción, transformación e calidade dos produtos da terra; a defensa da cociña galega a través da restauración e a profesionalidade gastronómica. Así, nun acto celebrado en Santiago o 27 de setembro de 1997, recibiron cadansúa distinción o Xornal *A Nosa Terra* (Distinción da Comunicación en galego), Antón Tovar Bobillo (Distinción das Letras), Benigno Moure Cortés (Distinción á solidariedade), Coren (Distinción á mellor empresa), José Limeses Rodríguez (Distinción de Gastronomía no exterior), e José Martínez (Mellor restaurante galego). O Grelo de Ouro foille concedido ó presidente da Deputación de Lugo, Francisco Cacharro Pardo.



VI^{os} Premios “Irmandade do Libro”

Creación en 1992 pola Federación de Libreiros de Galicia para recoñecer anualmente o labor en favor do mundo do libro galego realizado por medios de comunicación, editoriais, autores, institucións, libreiros e centros educativos. O galardón, para cada unha das seis modalidades, consiste nunha figura de bronce deseñada por Ismael López Fernández e unha dotación económica de 250.000 pts., en libros para a biblioteca, no apartado de centros educativos. Galaxia, Xerais e Sotelo Blanco, Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Bernardino Graña e Xesús Alonso Montero, obtiveron este galardón en edicións anteriores. Resultaron premiados no ano 1997 (da edición convocada no 1996), Edicións do Cumio, Manuel María, a Biblioteca do Museo Provincial de Pontevedra, a librería Cervantes (Vigo), *Diario de Pontevedra*, e o Instituto de Enseñanza Secundaria Antón Fraguas (Santiago). O xurado estivo composto por Xosé Manuel Alonso Martínez, María Vázquez Baamonde, José Carlos Valle Pérez, Ramiro Fonte Crespo, Carlos Blanco Sánchez, José Sánchez Puña, María del Carmen Vázquez Domínguez, Camino Noya Campos, Jesús Fernández López, Xosé Luis Adrio Poza e Xaime Corral Prieto, como secretario

Referencias varias:

-E. C., “Rivas, Casalderrey, Bodaño e Manuel María aspiran ó ‘Irmandade do Libro’”, *O Correo Galego*, 7 febreiro 1997, p. 53.



Dá o nome de tódolos aspirantes nas distintas modalidades: medios de comunicación, editoriais, institucións, libeiros, colexios e institutos. Achéganos ademais a composición do xurado e tamén a data do dictame.

-D. P., “Irmandade do libro’ entrega en la Gala de esta noche sus premios anuales”, *Diario de Pontevedra*, 22 febreiro 1997, p. 12. Anuncia a entrega dos premios “Irmandade do Libro” nunha gala que se celebra no Liceo Casino de Pontevedra. Informa das personalidades que teñen previsto asistir, as características destes premios así como a relación de finalistas. Salienta que na modalidade de “colexios” o premio económico vaia destinado á adquisición de libros.

-C. V., “Irmandade do Libro premia a Diario de Pontevedra por su labor cultural”, *Diario de Pontevedra*, 23 febreiro 1997, p. 10. Informa da gala de entrega de premios “Irmandade do Libro” celebrada no Liceo Casino de Pontevedra. Dá a relación dos premiados nas distintas modalidades, salientando o galardón recibido polo *Diario de Pontevedra* na sección “Medios Informativos de Galicia”. Baixo o titular “Fraga destacou el avance de la producción editorial gallega” recóllense as palabras do Presidente da Xunta de Galicia nas que valora positivamente o incremento do número de títulos publicados no noso país, así como a maior presenza de obras galegas no estranxeiro.

-S. R., “La biblioteca del Museo de Pontevedra y el poeta Manuel María, premios ‘Irmandade do Libro96’”, *Diario de Pontevedra*, 23 febreiro 1997, p. 27. Achéganos información sobre a decisión do xurado. Dá a relación dos premiados nas distintas modalidades e recolle os obxectivos destes premios así como as características máis salientables de cada un dos galardoados.



-José Manuel Gacía Iglesias, "A Federación de Libreiros de Galicia", *El Correo Gallego*, 26 febreiro 1997, p. 3. Con motivo da resolución dos Premios "Irmandade do libro", destácanse "a perfecta organización", "o exemplar sentido da fraternidade" e "a capacidade de convocatoria ó reunir a todos aqueles que dun xeito ou outro teñen que ver co mundo do libro". A continuación noméanse os galardoados e destácanse unhas palabras de Alonso Martínez, presidente da Federación de Libreiros, nas que valoraba o papel das librerías como "santuarios da liberdade de expresión" e "a necesidade do prezo fixo como unha das fórmulas para manter este tipo de actividade".

-S. C., "Os premios 'Irmandade' incentivan a presenza do libro nos colexios", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 30 decembro 1997, p. 35/p. 14. Anúnciase para o 21 de febreiro en Ferrol a entrega correspondente a 1998. Ademais de se sinalaren as características do premio recóllense as palabras de Xosé Manuel Alonso, presidente da Federación de Libreiros de Galicia, quen destaca o feito de que os Irmandade fan que os rapaces valoren máis a importancia dos libros.

AGN, "Ferrol acogerá la entrega de la VII edición de los "Premios Irmandade do Libro"/"Los premios 'Irmandade do libro' se fallarán en Ferrol", *Diario de Pontevedra/Atlántico Diario*, 30 decembro 1997,

27/p. 56. Anuncia a celebración o 21 de febreiro da VII edición dos premios. Destácanse as palabras de Xosé Manuel Alonso que salienta o aumento de participación rexistrado entre os libreiros galegos.



Premio Literario “Letra E”

Creado no 95 pola Asociación de Escritores en Lingua Galega. Pretende recoñecer a traxectoria dun escritor galego vivo na súa localidade de orixe baixo o lema “O escritor na súa terra”. Consiste na plantación dunha árbore en homenaxe, na inauguración dunha pedra cun texto gravado do autor e nun xantar de confraternidade. É o primeiro premio que os escritores galegos conceden a outro escritor. Entrégaselle ó homenaxeado unha escultura realizada en madeira por Manuel Coia coa letra “E” de escritor, e fanse dende a A.E.L.G. as xestións necesarias para que se lle dedique unha rúa ou unha praza coincidindo con este efeméride. No 1997 foi galardoado Manuel María.

Referencias varias:

Miguel Anxo Fernán-Vello, “Manuel María”, *A Nosa Terra*, nº 781, “Guieiro Cultural”, 5 xuño 1997, p. 21. Comenta os actos de homenaxe que a Asociación de Escritores en Lingua Galega lle rendiu a Manuel María en Outeiro de Rei. Cualifica ó autor da Terra Chá como “escritor na súa terra”, moi vencellado a ela e profundo coñecedor desta. Opina que Manuel María dotou a comarca chairega dunha “conciencia poética” cada vez máis arraigada entre nós.

Miguel Anxo Fernán-Vello, “A árbore e a pedra”, *O Correo Galego*, “A fenda”, 5 xuño 1997, p. 3. Céntrase no acto de homenaxe a Manuel María organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega en Outeiro de Rei. Sinálase que este acto, denominado “O escritor e a súa terra”, dedicouse en



anos anteriores a Avilés de Taramancos e Bernardino Graña. Para Fernán-Vello o significado dos símbolos elixidos, a árbore e a pedra, ten que ver co “enraizamento do escritor co país (...), coa expansión, a multiplicidade, o diálogo co universo” e coa resistencia con respecto ó idioma, respectivamente.



IIIº Premio das “Letras e das Artes de Galicia”

Convócao a Xunta de Galicia cunha dotación de 5.000.000 de pts. para o primeiro premio e de 1.000.000. para os dous accésit que se poden conceder. Pretende "recoñecer e recompensar o labor daquelas persoas que co seu traballo creador contribuíron á conservación, expansión e engrandecemento da cultura galega en calquera campo dela". Este galardón substitúe ós premios “Xunta de Galicia de Creación Cultural”, “Carlos Velo”, de guións de cine, “Ramón Cabanillas”, de tradución ó galego e “Álvaro Cunqueiro”, de Teatro. A presentación dos candidatos poderá ser realizada por calquera institución, fundación, academia, federación, asociación ou centro cultural ou de investigación, mediante escrito dirixido ó Conselleiro de Cultura, antes do 15 de marzo. A entrega terá lugar nun acto institucional o día 17 de maio. O xurado convocará ós cinco finalistas seleccionados. No 1997, nun acto celebrado no Pazo de Congressos e Exposicións de Galicia, en Santiago, concedéuselle este premio a Francisco Fernández del Riego. O xurado, presidido por Domingo García Sabell, estivo constituído por: José Antonio García Caridad, polo Consello da Cultura Galega; Marino Dónega, pola R. A. G.; Luis Iglesias, pola Universidade de Santiago; Eduardo López Pereira, pola Universidade da Coruña; Constantino García, Alfonso Zulueta de Haz, Julio Pardellas de Blas, e Xulio Fernández Argüelles (pola Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario, da Coruña). Actuou como secretario o Director Xeral de Cultura, Homero Pérez Quintana.



Referencias varias:

-AGN, "Convocada la III edición del Premio das Letras e das Artes de Galicia", *Diario de Pontevedra*, 25 xaneiro 1997, p. 21. Coméntase a publicación no D.O.G. do vintecatro de xaneiro da terceira edición do premio.

-Lois Fernández, "Se avecina el gran día", *La Voz de Galicia*, "El Espejo" 14 maio 1997, p. 56. Anúnciase a celebración da cea de entrega do Premio das Letras e das Artes de Galicia o 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas. Indícase que neste acto daranse cita escritores, políticos e representantes do mundo da cultura galega.

-S. C., "Fernández del Riego, Premio das Letras e das Artes"/"Fernández del Riego será galardoado o próximo sábado co Premio das Letras e das Artes de Galicia", *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 14 maio 1997, p. 41/p. 14. Anúnciase o nome do galardoado nesta edición dos Premios das Letras e das Artes, Francisco Fernández del Riego. Achéganse unhas notas biográficas do premiado nas que se salienta que se trata dun dos máis destacados membros da promoción de intelectuais que xurdiron ó abeiro do grupo Nós e que contribuíu coa súa obra á difusión da lingua e da cultura do país.

-Concha Pino, "Oito personalidades optan hoxe ó Premio das Letras e das Artes", *La Voz de Galicia*, 17 maio 1997, p. 80. Informa da lista de candidatos ó Premio das Artes e das Letras: Isaac Díaz Pardo, Francisco Fernández del Riego, Manuel María, Xosé Neira Vilas, María Victoria Fernández-España, Roxelio Groba, Ángel Rodríguez López "Gogue" e Cristina Amenedo. Anúncianse tamén os nomes dos integrantes do xurado.



-Francisco J. Gil, "Fraga entrega a Fernández del Riego o Premio das Artes e das Letras de Galicia", *Faro de Vigo*, 18 maio 1997, p. 55. Destácase a traxectoria vital e profesional do gañador desta edición do Premio das Artes e das Letras e recóllense as palabras pronunciadas polo Presidente da Xunta de Galicia no acto de entrega, quen salientou as súas valiosas achegas á cultura galega.

-Lois Blanco, "O Premio das Letras reconece a traxectoria de Fernández del Riego", *La Voz de Galicia*, 18 maio 1997, p. 90. Refírese á concesión do Premio das Artes e das Letras. Saliéntase que o galardoado asegurou ó recibilo premio que sempre intentou ser coherente coa súa ética e modo de pensar e que recordou a Antón Fraguas e Xosé Filgueira Valverde, os dous premiados en edicións anteriores.

-Anxo Tarrío Varela, "Paco", *El Correo Gallego*, 19 maio 1997, p. 3. Opina que o galardón recaeu nunha "persoa de mérito sobrado que leva dende a súa adolescencia ata os gloriosos oitenta e catro anos que amosa hoxe traballando ininterrompidamente a prol de Galicia". Destaca que, no seu discurso de agradecemento, Fernández del Riego referiuse á súa coherencia no servizo a Galicia e cita algúns artigos que así o demostran como os publicados nos anos trinta en *A nosa Terra*, *A Fouce*, *Alento* ou *Guieiro*. Ademais salienta a súa participación en diversos xornais e revistas nos que asinaba ben co seu nome ou ben con pseudónimos como Cosme Barreiro, Salvador Lorenzana e Lorenzo Salvador, entre outros.

-Natalia Vaquero, "Un premio para una generación", *Faro de Vigo*, 19 maio 1997, p. 48. Informa do acto de entrega do galardón a Francisco Fernández del Riego no transcurso dunha cea celebrada en Santiago de Compostela. Recóllense as palabras que o premiado dedicou ós seus



compañeiros de promoción e ós seus mestres, que levaron a cabo o proceso de “universalización” da cultura galega.

-Manuel Vidal Villaverde, “Don Paco”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 20 maio 1997, p. 22. O autor do artigo felicita a Francisco Fernández del Riego tras recibir-lo Premio das Artes e das Letras de Galicia porque considera que este galardón supón o “recoñecemento a unha vida dedicada á nación incesante, a cultivar a amizade, a xenerosidade, a erguer, cando foi mester, a memoria da historia, a fala dos sempre bos e xenerosos”. Inclúe ademais dúas breves citas da novela do premiado *O cego de Pumardeón*.



Medallas de Galicia e Castelao

Galardóns concedidos pola Xunta de Galicia dende o ano 1984 para homenaxear a personalidades e institucións que se distinguiron pola súa traxectoria vinculada coa identidade de Galicia. Concédense unha medalla de ouro, nove de prata, quince de bronce e doce Medallas Castelao. No 1997 non resultou galardoada ningunha persoa relacionada co mundo das letras.

Referencias varias:

-Albino Mallo, "Os 'Castelao", *O Correo Galego*, "Lecer", "Dende a miña fiestra", 13 xullo 1997, p. XIX. Primeiramente comenta que as Medallas Castelao foron creadas baixo a presidencia de Xerardo Fernández Albor na Xunta de Galicia "para que sirva de exemplo a obra de aqueles galegos que deben ser guía para futuras xeracións que queiran seguir engrandecendo a realidade de Galicia". A relación de gañadores dende 1984 a 1994 vén precedida polas palabras de Manuel Fraga Iribarne nas que sinala que con estas condecoracións quereselles render recoñecemento público de admiración e de gratitude ós galegos e galegas que desenvolvesen "unha obra beneficiosa ou productiva para o nos pobo" en calquera faceta da actividade humana. Considera tamén o presidente da Xunta de Galicia que "os premiados imitaron sobranceiramente a Castelao no que facer das súas actividades desenvolvidas con fe no ser de Galicia, con amor á nosa cultura e coa esperanza posta no advento dun gran porvir".



XIXº Premio Otero Pedrayo

Foi creado polas Deputacións galegas no 1976 para “perpetuar e honra-la memoria do egregio home de letras; premiar un labor que constituía unha aportación eminente á cultura galega; promociona-los valores propios de Galicia e as obras que leven ó esclarecemento e mellora dos seus homes e institucións”. Poden optar ó premio persoas, grupos, entidades ou institucións presentadas por elas mesmas, por entidades académicas ou culturais, por institucións, polos presidentes das Deputacións a proposta das respectivas comisións de cultura e polo propio xurado. A presentación do candidato ten que enviarse ó Presidente da Deputación convocante no prazo de tres meses a partir da convocatoria. O xurado estará presidido polo Presidente da Xunta, o vicepresidente será o da Deputación convocante e os vocais: os presidentes das tres Deputacións, o presidente da Comisión de Cultura da Deputación convocante, o Conselleiro de Cultura, un representante por cada unha das Universidades galegas, un membro da R.A.G., un do Instituto Padre Sarmiento, cinco persoas de recoñecida autoridade científica e literaria designadas pola Xunta de Galicia e cada unha das Deputacións. Este xurado emite o seu fallo un mes despois de finalizada a data de presentación de candidatos. A entrega dos premios realízase no lugar e data que determine a Deputación convocante. No 1997 foi a Deputación de Ourense a encargada desta edición. O premio está dotado con 2.000.000 de pesetas. Nesta edición, o xurado, presidido por Homero Pérez Quintana e composto por doce membros entre os que se atopaban: Francisco Cacharro, presidente da Deputación de Lugo; Felipe Senén, director do Museo Arqueolóxico da Coruña; Juan Soto, subdirector de *El Progreso*; o historiador Miguel Ángel González, e representantes das universidades de Santiago e A Coruña, outorgoulle o galardón ós



monxes do Mosteiro de Oseira polo seu labor de recuperación dese mosteiro e polas facilidades desta orde con tódolos investigadores que se achegan á súa biblioteca.

Referencias varias:

-O. G., "Otero gañoume para a causa do galeguismo", afirmou Ogando Vázquez", *La Voz de Galicia*, 5 marzo 1997, p. 6. Informa sobre a concesión do Premio Otero Pedrayo 1996 ó académico ourensán Julio Francisco Ogando, na que se indica a lembranza que o galardoado fixo do seu amigo Otero. A continuación comenta que no mesmo acto o ex-rector da Universidade, Ramón Villares, salientou a importante contribución á historia por parte de Otero Pedrayo, sobre todo no referente á metodoloxía. Finalmente resalta que a decisión do xurado, formado por representantes da Xunta de Galicia e das catro deputacións galegas, pola Real Academia Galega e polas universidades de Vigo, A Coruña e Santiago, foi unánime e que valorou o seu labor académico e intelectual e, especialmente, o seu "sentido do galeguismo".

-Raquel Feijoo, "Síntome asoballado por este premio", *La Región*, 5 marzo 1997, p. 18. Refírese á entrega do galardón Otero Pedrayo 1996 ó académico Xulio Francisco Ogando Vázquez. Dise que o premio, patrocinado polas catro deputacións galegas e a Xunta de Galicia, foille concedido por factores como "a súa traxectoria académica, cultural e de investigación, o seu profundo sentido do galeguismo e a súa vinculación persoal con Otero Pedrayo". Resúmense, a seguir, as intervencións do catedrático Ramón Villares e do propio galardoado, que loaron a figura de Otero.

-X. M. C., "Ogando recibe el 'Otero Pedrayo'", *Faro de Vigo*, 5 marzo 1997, p. 24.



Recolle información sobre o acto de entrega do premio Otero Pedrayo a Xulio Francisco Ogando Vázquez. A continuación fai un percorrido polo pasado do académico premiado no tocante ó galeguismo, e apunta que na súa intervención Ogando Vázquez lembrou os membros da Xeración Nós e a vinculación destes co instituto que actualmente leva o nome de Otero Pedrayo, ben como alumnos ben como profesores.

-D. P., “Convocado el premio Otero Pedrayo en Pontevedra”, *Diario de Pontevedra*, 8 maio 1997, p. 8. Anuncia a convocatoria do premio.

-C. V., “Manuel Fraga y el nobel Cela asistieron a la entrega del premio ‘Otero Pedrayo’”, *Diario de Pontevedra*, 16 decembro 1997, p. 12. Dá conta do acto de entrega do premio ‘Otero Pedrayo’ ós monxes cistercienses do mosteiro de Oseira. Fai tamén mención das personalidades da vida política e cultural presentes no acto, e un breve resumo da historia deste premio.

A. C., “Los monjes de Oseira reciben el Otero Pedrayo tras treinta años de trabajos”, *La Voz de Galicia*, 16 decembro 1997, p. 73. Informa do acto de entrega do premio Otero Pedrayo ós monxes cistercienses do mosteiro de Oseira. No mesmo, faise un breve resumo da historia desta orde en Galicia, que, segundo engade, tivo en Oseira o seu punto de saída para implantarse en todo o país.

A. T., “Fraga ve un nuevo resurgimiento cultural de Galicia en la entrega del Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, 16 decembro 1997, p. 20. Informa do acto de entrega do premio Otero Pedrayo ós monxes cistercienses de Oseira.



-Carlos G. Roy, “Los monjes del monasterio orensano de Oseira reciben el premio Otero Pedrayo”, *El Mundo*, “Galicia”, 16 decembro 1997, p. 5. Refírese ó acto de entrega do premio Otero Pedrayo ós monxes cistercienses de Oseira.



Pedrón de Ouro e Pedrón de Honra

Certame que convoca anualmente a Fundación do Padroado Pedrón de Ouro na Casa Museo de Rosalía Castro. Neste certame concédense dous premios: “O Pedrón de Ouro” a unha personalidade ou entidade galega que destaca en calquera dos aspectos culturais de Galicia e “O Pedrón de Honra” a aquelas persoas ou entidades, galegas ou non galegas, que dende fóra divulgan e defenden a cultura galega. O premio consiste nunha medalla e nun pergameo. No 1997 non resultou galardoada ningunha persoa relacionada co mundo das letras.



Premios San Martiño

Convócaos o Patronato da Fundación San Martiño de Normalización Lingüística da Estrada, formado por David Otero, Alfonso Vázquez Moares, José Vilariño, Alfonso Uzal, José Manuel Reboredo Baños, Valentín García, Manuel Sanmartín Obelleiro e Félix Rodríguez Regueiro, que ó mesmo tempo actúan de xurado. Ten tres modalidades: “normalización lingüística na comarca de Tabeirós-Terra de Montes”, “Galicia enteira” e “toda unha vida”. No 1997 resultaron premiados Avelino Pousa Antelo en recoñecemento ó labor de toda unha vida como mestre, escritor e membro de grupos de estudio de academias botánicas. Así mesmo, no apartado rexional entregouse unha distinción a Mini e Mero polo seu labor na recuperación e recreación de letras populares e a difusión do idioma en tódolos ámbitos da realidade artística. O premiado na comarca de Tabeirós-Terra de Montes foi Pepe Carballude. O acto de entrega de premios tivo lugar o 29 de novembro no Recreo Cultural da Estrada.

Referencias varias:

-Susó Souto, “Pousa Antelo, ‘A Quenlla’ y Pepe Carballude, premios San Martiño”, *El Correo Gallego*, 1 novembro 1997, p. 22. Infórmase dos nomes dos galardoados co Premio San Martiño. De Avelino Pousa Antelo destácase o seu carácter de discípulo de Antón Losada Diéguez e a súa participación como membro do Pedrón de Ouro e como presidente da Fundación Castelao; de Mini e Mero dise que foron os fundadores de Fuxan os





X.6. Premios a unha vida

ventos e actuais compoñentes do grupo A Quenlla e de Pepe Carballude salientase o seu traballo como creador de literatura infantil e xuvenil.



XVº Premio Trasalba

Creado no 1980 pola Fundación Otero Pedrayo que outórgase tódolos anos, segundo o criterio do seu Consello Rector, para conmemora-lo pasamento de Ramón Otero Pedrayo. O galardón consiste nun diploma, un agasallo (xeralmente un exemplar dunha obra de Otero Pedrayo) e unha xerra de Sargadelos que tódolos anos realiza Isaac Díaz Pardo para o premiado. O 10 de maio do 1997, reuniuse a xunta de goberno da Fundación para tomar postura sobre as persoas nominadas a este galardón e para decidi-lo programa e actos a celebrar na entrega do premio. Foi o gañador Raimundo García “Borobó”, polo seu labor cultural en xornais e revistas e polo seu vencello persoal con Otero Pedrayo. O acto de entrega celebrouse o día 23 de xuño.

Referencias varias:

R. Soto, “La Fundación Otero Pedrayo concede al periodista Borobó el Premio Trasalba”, *Faro de Vigo*, 11 maio 1997, p. 27. Infórmase de que a vinculación persoal con Otero Pedrayo e o labor a prol de Galicia son as dúas virtudes que o xurado do Premio Trasalba recoñeceu en Borobó á hora de galardoalo. Realízase así mesmo un breve percorrido pola biografía do escritor e xornalista salientando o seu labor no xornal compostelán *La Noche*.

R. F., “Borobó: ‘Estou contento de recibir o Trasalba’”, *La Región*, 11 maio 1997, p. 22.



Recóllense as palabras emocionadas de Borobó ó saberse gañador deste galardón. Sinálase que o xurado recoñeceu nel “as dúas condicións polas que cada ano a Fundación adxudica o premio (...) o labor cultural que Borobó ten realizado ó servizo de Galicia en xornais, revistas, como conferenciante e autor de libros ó longo de moitos anos, e polo seu vencello persoal con Otero Pedrayo, do que foi grande amigo e contertullo”. Infórmase tamén de que o galardón será entregado en xuño en Trasalba.

-R. G., “Me falta la habilidad mercantil”, *La Voz de Galicia*, 11 maio 1997, p. 4. Breve entrevista con Raimundo García Domínguez, “Borobó”, na que se define como xornalista máis que como escritor aínda que segundo sinala publicou algún traballo en Edicións do Castro. Declárase partidario do bolígrafo fronte ás máquinas que considera “demoníacas” e lembra a José Luis Alvite como “periodista de calle por excelencia”. Complétase a entrevista cuns apuntamentos biográficos de Borobó.

-S. C., “A Fundación Otero Pedrayo homenaxea a 'Borobó' co premio Trasalba”, *O Correo Galego*, 22 xuño 1997, p. 53. Anuncia os actos que se celebran na entrega do Premio Trasalba a Borobó entre os que se cita a presentación do *Libro dos Amigos* a cargo de Marcos Valcárcel.

-Lois Castro, “El periodista 'Borobó' recibe el XV Premio Trasalba, en el pazo de Otero Pedrayo”, *Faro de Vigo*, 23 xuño 1997, p. 42. Informa da concesión do XV Premio Trasalba, e dos actos de entrega do premio, entre os que sinala a presentación das obras *O libro dos amigos*, do propio Otero, e *O reiseñor de Trasalba*, da autoría de “Borobó”. Refírese ademais a asistencia ós actos de numerosas personalidades da cultura galega.



-L. R., “O xornalista 'Borobó' recibe o XV Premio Trasalba pola súa vinculación a Otero Pedrayo”, *La Región*, 23 xuño 1997, p. 3. Informa dos actos da entrega do XV Premio Trasalba. Recolle manifestacións do galardorado en torno á figura de Otero, así como comentarios de Marcos Valcárcel acerca da obra *O libro dos amigos*, reeditada pola Fundación Otero Pedrayo. Ademais, leva a cabo un breve perfil biográfico de “Borobó” para dar a coñece-la súa figura e traxectoria.

José Manuel García Iglesias, “Trasalba, Otero Pedrayo e Borobó”, *O Correo Galego*, 26 xuño 1997, 3. Dá conta da concesión do XV Premio Trasalba e ofrece información sobre os actos desenvolvidos no Pazo de Trasalba, dende a misa votiva a un acto literario no que se presentou a reedición da obra de Otero Pedrayo *O libro dos amigos*, e no que participaron Agustín Sixto Seco, Marcos Valcárcel, Francisco Fernández del Riego. Comenta que se presentou a obra *O reiseñor de Trasalba*, que recolle textos sobre Otero, e que se levou a cabo un xantar que “pechou, como sempre, esta xuntanza de amigos”.



Premio Vitalicio da Fundación Barrié de la Maza

Concedidos polo Patronato da Fundación Pedro Barrié de la Maza Premios e destinados a personalidades relevantes do mundo da cultura, a creación ou a investigación científica en Galicia, ó servizo da cal destacaran ó longo da súa vida. Creados en 1976, obtiveron ata hoxe o premio, entre outras personalidades, Ramón Otero Pedrayo, Eduardo Blanco Amor, Ánxel Fole, Filgueira Valverde, Álvaro Cunqueiro, Francisco Fernández del Riego, Gonzalo Torrente Ballester, Camilo José Cela, Ramón Piñeiro e Domingo García Sabell. Teñen unha dotación de 1.176.000 pesetas que o galardoado recibe ata o seu falecemento. En 1997 foille concedido ó escritor Xosé Neira Vilas “en recoñecemento ós seus méritos literarios, dos que é expoñente, entre outras obras *Memorias dun neno labrego*, e ós seus traballos de investigación sobre a aportación dos emigrados galegos á cultura de Galicia e á dos propios países que os recibiron”.

Referencias varias:

D. B., “Neira Vilas acada o Premio Vitalicio da Fundación Barrié”, *O Correo Galego*, 18 xaneiro 1997,

35. Dáse noticia da concesión do premio vitalicio da Fundación citada ó escritor Neira Vilas como recoñecemento á súa traxectoria de escritor e polo seus anos de dedicación en prol da cultura galega.





X.7. Literatura Infantil e Xuvenil

X. Premios

X. 7. Literatura Infantil e Xuvenil



XIº Concurso do libro infantil “O Barco de Vapor”

Convocado pola Fundación Santa María dende 1984 para “promove-la creación dunha literatura infantil para nenos que fomente o gusto pola lectura nesa idade e transmita, con calidade literaria auténtica, uns valores humanos, sociais, culturais ou relixiosos que axuden a construír un mundo digno”. As obras presentadas deben ter unha extensión mínima de 50 folios, mecanografados a dobre espacio, e envíanse, por triplicado, á Fundación Santa María, (Rúa da Paz 8, 36202 Vigo), acompañadas dun sobre pechado no que conste por fóra un pseudónimo e dentro o enderezo do autor. O prazo de admisión de orixinais remata o 15 de novembro. O xurado é nomeado pola Fundación Santa María e está constituído por especialistas en literatura, pedagogía e educación e un representante da entidade patrocinadora. A súa composición mantense en segredo ata a publicación do veredicto. No 1997, cunha dotación económica de 1.000.000 de pesetas. para o primeiro premio e con 200.000 pesetas. para o segundo ademais da publicación da obra, mereceu este galardón Daniel Buján por *A pirata penamoura*. O xurado estivo formado por María Victoria Moreno, Manuel Figueiras, Rafael Chacón, Darío Xohán Cabana e Xavier Senín.

Referencias varias:

-Lois Blanco, “Daniel Buján estréase na literatura co premio 'O Barco de Vapor’”, *La Voz de Galicia*, 12 febreiro 1997, p. 7. Infórmase da obra gañadora nesta edición do Premio Barco de Vapor. Destácase que o autor, que compaxina a escrita co seu traballo de funcionario na Xunta, pretendeu crear unha historia sobre “o tema



do retorno con humor e fantasía”. Inclúese tamén unha síntese argumental do relato premiado e dise que o galardón foi concedido por unanimidade polo xurado.

-E. N., “Daniel Buján gaña o ‘Barco de Vapor’ cunha novela de aventuras”, *El Correo Gallego*, 12 febreiro 1997, p. 16. Anúnciase o título da obra gañadora nesta edición do Premio e infórmase de que a categoría de finalista quedou deserta. Recóllense as declaracións do autor nas que sinala que decidiu presentarse a este premio para darse a coñecer, e defínese como un “lector de novelas”. Infórmase tamén de que ó certame se presentaron 36 obras.

AGN, “El coruñés Daniel Buján gana el premio de Literatura infantil 'O Barco de Vapor'”/“Daniel Buján gana la XIII edición del Premio 'O Barco de Vapor’”, *La Región/Diario de Pontevedra*, 12 febreiro 1997,

51/p. 21. Dáse conta do veredicto do Premio por unanimidade do xurado ó “considerar muy adecuado al texto el estilo cervantino de la narración”. Dise que se trata dun libro de aventuras cun narrador clásico e estruturado en capítulos titulados. A propósito do seu autor, infórmase de que traballa como funcionario e que recoñeceu o bo momento que está a vivi-la literatura galega en xeral e a infantil en particular.

-S. C., “Daniel Buján recibiu onte o Premio Barco de Vapor”/“Daniel Buján recibiu o premio de literatura infantil ‘Barco de Vapor’”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 21 maio 1997, p. 50/p. 13. Informa da entrega do premio no Hostal dos Reis Católicos. Recóllense as declaracións do premiado nas que se refire a que a obra é para nenos pero tamén para adultos e definiuse como unha persoa “que sobre todo le novelas”.



Vº Premio “EDEBÉ” de literatura infantil e xuvenil

Foi creado pola editorial Edebé no 1992 para premiar obras narrativas en castelán ou calquera das linguas do Estado. Son dúas as modalidades convocadas: a infantil, para obras narrativas dirixidas a lectores de entre 7 e 12 anos, dotada con 3.000.000 de pts., e a xuvenil, para obras dirixidas a lectores de máis de 12 anos, dotado o primeiro premio con 4.000.000 de pts. e o finalista con 1.000.000, incluídos en tódolos casos os dereitos de autor segundo contrato. Os orixinais teñen que ter unha extensión mínima de 15 páxinas e un máximo de 40 para a modalidade infantil, e de 80 a 120 para a xuvenil. Teñen que presentarse mecanografados a dobre espacio e enviarse por triplicado, baixo plica, na primeira quincena de setembro á Editorial EDEBÉ, Paseo San Juan Bosco, 62. 08017. Barcelona, con especificación clara da modalidade á que se opta. O xurado está formado por especialistas en literatura e educación e a súa composición dáse a coñecer no momento da realización do veredicto do premio (31 de xaneiro). No 1997 presentáronse un total de 245 obras, dez delas en galego, pero ningún dos nosos autores resultou galardoado.



Premio “Lazarillo”

Foi convocado por primeira vez no ano 1958, é, polo tanto, o máis antigo de España. Está outorgado anualmente a partir de 1986 pola Organización Española para el Libro Infantil y Juvenil (OEPLI) e que conta co patrocinio dos Ministerios de Cultura e de Educación y Ciencia. O primeiro premio está dotado con 1000000 de pesetas e recaeu en *El misterio de Velázquez* de Eliacer Cansino. Os accésits, de 250000 pesetas, correspondéronlles a Concha Blanco por *¿A min qué me importa?* e á catalana Empar de Lanuza por *Versos per a ossets*. Os galardóns entréganse durante a Semana do Libro Infantil de Madrid ou Barcelona, dependendo da cidade á que lle corresponda organizar nese ano a devandita Semana.

Referencias varias:

-S. C., “Accésit para Concha Blanco na premio ‘Lazarillo’ de literatura”, *O Correo Galego*, 22 novembro 1997, p. 35. Informa da concesión do accésit no Premio Lazarillo a Concha Blanco e cita a presenza no xurado de David Otero.



XIIº Premio “Merlín” de Literatura Infantil

Foi creado no ano 1986 por Edicións Xerais para premiar orixinais inéditos en lingua galega, que teñen que enviarse por sextuplicado, mecanografados a dobre espacio e baixo plica, antes do 1 de setembro, ós locais da editora (Dr. Marañón 12, 36211 Vigo). O anuncio da obra gañadora ten lugar no mes de San Martiño e cada ano nunha vila ou cidade galega diferente; este ano tivo lugar en Sada. O xurado estaba integrado nos primeiros anos por escritores e especialistas na materia. Dende 1988 está constituído por lectores, na súa maioría menores de dezaseis anos, e un secretario nomeado pola editorial. No ano 1997, cunha dotación de 1.000.000 de pesetas e a publicación da obra gañadora, o xurado formado por María Xesús Fernández, Agustín Fernández Paz, Helena Pérez Fernández (secretaria) e os estudantes Adrián Alonso García, Iria Veiga Ramos e Iris Cid García concedeulle o premio a An Alfaya pola *Sireno, sireno*. A continuación relaciónanse os aqueles artigos que se refiren ó Premio Merlín en particular. Os demais xa foron glosados ou relacionados ó falar, neste informe, do premio Xerais de novela.

Referencias varias:

-AGN, “Mi novela debe leerse con el corazón”, *Atlántico Diario*, 10 novembro 1997, p. 49. Entrevista que se introduce coa afirmación de An Alfaya de que a novela se inspirou na “controvertida figura” da Porta do Sol viguesa. A autora premiada recoñece a proxección que lle proporciona o premio, refírese ó argumento da obra e defínea como sensible e tenra dicindo finalmente que busca os



sentimentos. Finalmente anuncia o seu propósito de seguir traballando e explica que prepara unha novela a partir dun relato curto premiado pola Casa da Xuventude de Ourense.

-Iván Leis, “Espero abrir un camiño no libro infantil”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 32, 15 novembro 1997, p. 8. Entrevista coa gañadora do Premio Merlín do presente ano que non agocha a súa sorpresa polo galardón e di que valora dos premios fundamentalmente a proxección que dan. Refírese tamén á polémica escultura de Francisco Leiro que está na Porta do Sol de Vigo e que a inspirou para ilustra-la historia dun rapaz con problemas de identidade pola morte de seu pai. Confesa tamén que agarda abrir un camiño escribindo de forma “máis ben poética”, farta de que os libros infantís sexan como o neno quere. Lembra seguidamente cómo comezou na literatura, considera que hai facilidades para escribir e cre que o xeito para saír adiante e traballar arreo. Finalmente, sinala que o xénero no que se sente máis cómoda é o conto de desenvolvemento longo e anuncia que está a ampliar un conto con estilo novelesco e dirixido ó público adulto premiado no seu día pola Casa da Xuventude de Ourense.



XIVº Premio “Ourense de Contos para a Mocidade”

Convocado pola Casa da Xuventude e a Agrupación de Libreiros de Ourense co patrocinio da Concellería de Cultura e a Delegación Provincial de Familia, Muller e Xuventude. Poden participar tódolos mozos de 14 a 30 anos. Os traballos son de tema libre, orixinais, inéditos e en lingua galega. A extensión mínima é de seis folios e a máxima de 25. O prazo remata o 25 de abril e as obras preséntanse na secretaría da Casa da Xuventude de Ourense. Rúa Celso Emilio Ferreiro, 27, 32004. O primeiro premio é de 80.000 pesetas e hai catro accesits de 25.000 pesetas cada un. En 1997 o primeiro premio foi para a ourensá Marisé Suarez Leal pola obra *Sobre toupas, castañas e outras nimiedades*. Os catro accesits recaeron en Marco V. Lama del Corral, Javier Santana Panero, Jaime Santoro e Laura Camiño Pais. Os traballos premiados publícanse no ano seguinte á concesión do galardón.



XIVº Premio “Pier Paolo Vergiero”

Está organizado pola universidade italiana de Padua. Nesta edición o xurado estivo composto polos profesores Andreas Bode (Alemaña), Janine Despinette (Francia), Lena Fridell (Suecia), Ria Bauer van Wechem (Holanda), Gabriel Janer Manila (España) e Sofía Gabridis (Grecia). Nesta edición foi seleccionada como finalista a obra *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro.

Referencias varias:

E. C., “García Teijeiro finalista do premio ‘Pier Paolo Vergiero’”/“Antonio García Teijeiro finalista do premio de literatura infantil ‘Pier Paolo Vergiero’”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 23 xullo 1997,

33 Dá o nome do xurado e faise eco tamén da proposta do libro de García Teijeiro para a Lista de Honra do IBBY.

D. P., “Un libro en galego, finalista do premio ‘Pier Paolo Vergio’”, *Diario de Pontevedra*, 25 xullo 1997,

12. Informa de que o autor Antonio García Teijeiro resultou finalista do premio e ademais a Organización Española de Amigos do Libro (OEALI) propuxo *Na fogueira dos versos* para o libro de honra do IBBY, organización da que explica que ten como finalidade fomenta-la solidariedade e a cooperación internacional en torno á difusión dos “bos libros para nenos”.



IIIº Premio “**Rañolas**” de Literatura e Ilustración Infantil e Xuvenil.

Instituído no 1995 pola organización da Feira do Libro de Chantada, toma o seu nome dun personaxe de *Os dous de sempre*, de Castelao. Concédese a obras editadas en galego no ano anterior e non ten dotación económica. Pretende contribuír á difusión e tradución de obras infantís e xuvenís galegas. En 1997, o xurado, composto pola crítica literaria Blanca-Ana Roig, a libreira Concha Pájar, o ilustrador Pepe Carreiro, o escritor Xosé A. Neira Cruz e o traductor Bieito Iglesias, premiou a obra *O trasno do Alqueidón*, de Marilar Aleixandre. O premio de ilustración infantil foi para Manuel Uhía polo traballo realizado en *Lolo anda en bicicleta*, de Carlos Casares.





X.8. Escolares

X. Premios

X. 8. Escolares

Son moitos os premios convocados por Concellos, Asociacións Culturais e colexios para incentiva-los escolares á creación en lingua galega, só glosaremos neste apartado aqueles dos que temos noticias contrastadas.



XVIIº Concurso de Contos da Asociación Cultural “Afonso Eanes do Cotón”

Convocado con motivo do Días das Letras Galegas e dirixido ó alumnado que estudie primaria, EXB e ESO nos colexios de A Baña, Santa Comba, Brión, Viceso, Tapia, Bertamiráns, Portomouro, Bembibre, Urdilde, Mazaricos, Pino do Val, San Cosme e Negreira. Establécense tres categorías en función do nivel de ensino e os gañadores reciben lotes de regalos. O prazo remata o 19 de maio e o fallo ten lugar o 14 de xuño. Na categoría A (1º, 2º e 3º de Primaria) gañou Xián Liñares García con “Os zapatos do meu can”, segunda foi Isabel Noya López con “A gota viaxeira” e terceiro Brais González con “O gato rebelde”. Na categoría B (4º, 5º e 6º de Primaria) acadou o primerio premio Vanesa Forján Sanmartín por “As sombras”, o segundo premio recaeu en Mayte Pombo Suárez con “Amigos para sempre” e o terceiro en Natalia Abril Alonso por “O sombreiro máximo”. Na categoría C (ESO) gañou Gonzalo Silva Brenlla con “As aventuras de Adelaida e mailos lápices”, o segundo premio conseguíuno Isabel Durán Espasandín con “Máis alá do Nepal” e o terceiro Dávid López Cancela con “A débeda do demo”, concedéndoselle un accésit a Alicia López Gil por “A infancia do Xacobo”.

Referencias varias:

-C. B., “El colectivo Afonso Eanes convoca el XVII concurso de cuentos”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 9 maio 1997, p. 16. Anuncia a convocatoria deste premio e a do II Concurso de Narrativa Curta Xuvenil, tamén da Asociación Cultural Afonso Eanes do Cotón.



-C. B., “Fallados los premios del concurso de cuentos y narrativa Afonso Eanes ”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 15 xuño 1997, p. 14. Dá conta da resolución do xurado.



Premio “Amigos de Otero Pedrayo”

Convócao a “Asociación de Amigos de Otero Pedrayo” co obxectivo de contribuír ó mellor coñecemento da personalidade de Otero Pedrayo, para perpetua-la súa memoria e divulga-la súa obra entre a xuventude do ensino secundario. O tema dos traballos leva por título “A visión de Galicia en Otero Pedrayo”. Poden optar tódolos estudantes de B.U.P e C.O.U. que presenten os seus orixinais antes do 20 de maio. O premio está dotado con 100.000 pesetas para o autor do traballo premiado e unha viaxe ó Pazo Museo Otero Pedrayo para os compañeiros do premiado co obxecto de acompañalo á entrega do premio. Resultou gañadora a alumna ourensá de 3º de BUP Carmen Méndez Casado.



IIº Concurso Literario “Ánxel Casal”

Creado no ano 1996 polo Concello de Santiago a proposta do Instituto de Bacharelato “Arcebispo Xelmírez I” para conmemora-lo 50 cabodano de Ánxel Casal e promove-lo coñecemento deste galeguista entre a mocidade. O Concello de Santiago comparte a organización deste premio cada ano cun centro de ensino secundario da cidade. As obras en galego teñen que ser inéditas e de tema libre. Os orixinais deben remitirse ó Concello de Santiago (Departamento de Educación) entre o 20 de marzo e o 20 de abril. O certame está dotado dun primeiro premio de 125.000 pesetas e dun segundo de 75.000 para cada unha das modalidades (poesía e conto). A presidencia do xurado correspóndelle ó alcalde de Santiago e está composto por unha representación dos institutos, unha representación dos creadores de poesía e conto e outra do concello. No ano 1997 o concello compartiu a organización do premio co Instituto Antón Fraguas de Fontiñas. Participaron un total de 120 alumnos de cincuenta centros de Galicia. No apartado de contos o primeiro premio foi para Sandra Domínguez, con *Benito, filósofo cabaleiro*, e o segundo para Ramón Ramos Ríos, por *Quen quere vivir para sempre*. En poesía os gañadores foron Alfonso Rey Souto , con *O relator de contos* e Antonio Peña Gabieiro, con *Fai xa 50 anos*. O xurado estivo presidido por Isaac Díaz Pardo e composto por Miguel Seixas Seoane, Antón Rodríguez López, Xosé Rodríguez-Abella Gómez, Pilar Lorenzo Vázquez, Rubén López Díaz e Mar Bernal.



Referencias varias:

-C. V., “Raxoi convoca la segunda edición del concurso literario Ánxel Casal”, *El Correo Gallego*, 6 marzo 1997, p. 11. Informa sobre a presentación a cargo da concelleira de Educación, Mar Bernal, e do escritor Suso de Toro, da segunda edición do concurso literario Ánxel Casal, dirixido ós estudantes de secundaria de toda Galicia, convocado polo Concello de Santiago e organizado por este e polo Instituto Antonio Fraguas de Fontiñas. A seguir, recolle as declaracións dos presentadores do premio, nas que destacan a importancia da motivación dos estudantes cara á literatura e á lingua galega. Finalmente, indica as bases do concurso.

-A. I., “Escolares de Santiago, Sada y Ames recogieron el premio Ánxel Casal”, *El Correo Gallego*, 31 maio 1997, p. 12. Refírese ó acto de entrega do premio, dá o nome dos premiados e sinala que o xurado destacou a madurez no manexo das técnicas e oficio de escribir entre os participantes.

-F. D., “Entregados en Santiago os premios do II certame escolar ‘Ánxel Casal’”, *O Correo Galego*, 31 maio 1997, p. 35. Dá conta do acto de entrega dos premios.



Iº Certame Literario “**Benxamín Paz**” de Vilalba.

Convocado pola asociación de minusválidos Terra Cha e o Colexio Insua Bermúdez. Ten as modalidades de poesía e narrativa e as categorías de ensino primario e ensino secundario. Nesta primeira edición en ensino primario Daniel Ares Lafuente gañou o premio de poesía con *Elexía a Benxamín*, outorgándose-lles senllos accésits a Lucía Guntín e García Ferreiro. En narrativa tamén en ensino primario gañou Marta Riguera Fraga por *O home da bágoa de Ouro* e os accésits foron para Daniel Rivas López e a aula do primeiro nivel do primeiro ciclo do colexio Monseivane de Lanzós. Polo que respecta ós concursantes de secundaria o gañador da modalidade de narrativa foi Antonio Corral López por *A casa Bouldón* e os accésits concedéronse-lle a Ariana Coyota Díaz e María del Carmen Verdes López. En poesía gañou Almudena Falcón Folgueira mentres que os accésits correspondéronlles a Maite Montes Folgueira e Casiñeira Currás.



Concurso de Narración, Poesía e Teatro breve do “**Concello de Monforte de Lemos**”

Dirixido a alumnos de ensino medio. No apartado de narración foron galardoados Adrián Otero con “O mundo dunha araña”, Miguel Ángel Armesto con “Cuestión de tamaños”, e Antón Álvarez con “O nacemento do Gersoix”. En poesía foron premiados Rocío Núñez por “Estás soa”, Antón Álvarez con “Paisaxe” e Patricia Rodríguez con “A morte da lúa”. En teatro curto recibiu un accésit un grupo de A Pinguela con *Historias dun convento moderno*.



Iº Concurso de Contos do “Concello de A Pobra do Caramiñal”

Poden participa-los alumnos desta localidade que presenten os seus traballos en prosa e en galego. Ten tres modalidades: alumnos de entre 8 e 10 anos, entre 11 e 14 e de 14 a 18. A extensión mínima é de dous folios e a máxima de sete, mecanografados por unha cara e a dobre espacio. Os participantes deben entrega-los traballos nos seus respectivos colexios, identificados cun lema ou cun pseudónimo, acompañados dun sobre pechado co nome do autor. O prazo remata o 30 de novembro e a contía ascende a 25.000 pesetas para cada modalidade e un lote de libros para os colexios participantes.

Referencias varias:

G. B., “El Ayuntamiento de A Pobra crea un concurso de cuentos”, *El Correo Gallego*, 22 outubro 1997,

19. Anúncianse as bases da convocatoria deste premio.



Iº Certame “Francisco Añón” de Poesía

Convocado polo Concello de Outes e organizado pola oficina de información xuvenil deste concello coa intención de fomenta-los valores da creación literaria da xente nova e promover aspectos vinculados coa pensamento do ilustre escritor . O premio está dirixido a tódolos rapaces menores de 18 anos. O prazo de presentación remata o 11 de xuño e os traballos, en lingua galega, deben ter unha extensión máxima de 50 versos. Hai tres categorías: de 6 a 10 anos (A), de 11 a 14 (B) e de 15 a 18 (C). Os primeiros premios consisten en vales de 10.000, 15.000 e 20.000 pesetas, respectivamente, que se trocan por libros. O xurado integrárono Xosé Agrelo Hermo, Esther Outón Rodríguez, Xan García Suárez, Valentina Formoso Gosende e Manuel García Fiuza. Nun acto celebrado o día 3 de agosto na Praza da Cruz foron entregados os seguintes premios: na categoría C o primeiro premio foi para Ramón Blanco Fernández, polo poema *Un metal ó que chaman soidade* e o accésit a Daniel García Dosil por *Respiros*; na categoría B concedéuselle un accésit a Rita Calo Outón por *Morriña*; o primeiro premio da categoría B e os dous premios da categoría A quedaron desertos.



IVº Premio Literario “O Grelo-Amigos de Galicia”

Convocado pola Fundación O Grelo-Amigos de Galicia coa colaboración do Concello de Soutomaior e dedicado á memoria da mestra María Rexina Míguez Noval. Dáse a coñecer na Casa da Cultura de Soutomaior na véspera do Día das Letras Galegas. Nesta ocasión o xurado estivo integrado por Agustín Reguera, Xosé Alonso, Jesús Busto, Luis Rial, Diego Bernal, Antón Grande, Luis González Tosar, Anxo Angueira, Xabier Rodríguez Barrio e Adelardo Curros. Na modalidade de poesía, cunha dotación de 300.000 pesetas o galardón recaeu en Modesto Fraga Moure, pola obra *Do amor salgado*. Na modalidade de contos e relatos curtos para nenos e mozos o primeiro premio, dotado con 40.000 pesetas recaeu no relato “Demo”, de Paulo Martínez Lema; o segundo, con 20.000 correspondeulle a “Lembranzas”, de Susana Villaverde Otero e o terceiro, con 15.000 pesetas foi para “O pozo do tempo”, de Aida Noceda Abeijón e “Bambú”, de Bibiana Amoedo.

Referencias varias:

AGN, “La fundación ‘O Grelo’ premió un cuento del lucense Paulo Martínez”, *El Progreso*, 18 maio 1997,

73. Infórmase do distame do Certame Literario organizado pola Fundación O Grelo-Amigos de Galicia. Sinálanse así mesmo os nomes dos integrantes do xurado e a contía do premio. Indícase que as obras serán premiadas pola entidade convocante.



-F. J. G., “Do amor salgado’, de Modesto Fraga Moure, gañador do premio da Fundación O Grelo”, *Faro de Vigo*, 18 maio 1997, p. 55. Dáse noticia da obra e do autor gañadores nesta edición. Achéganse ademais outros datos como contía económica e a composición do xurado.



Xº Concurso “O humor na escola”

Celébrase conxuntamente co “Curuxa do humor”, ámbolos dous na Semana do Humor de Fene. Ten dúas modalidades: a gráfica e a literaria. O xurado, composto por Xaquín Marín como presidente, María Jesús Felpeto Rey, Leandro Lamas, María Dolores Fernández González e Ana Santiago como vocais, ademais de Xosé Roel como secretario, acordou outorgar os seguintes premios: o primeiro, dotado con 20000 pesetas, a Macarena Carballeira Cabana por “¿Que lle pasa á S.A.C.H.N.?”; o segundo, dotado con 15000 pesetas, a Silvia Rodríguez López por “Os profesores teñen sarampelo”; e o terceiro, dotado con 10000 pesetas, a Francisco J. Cacho Cano por “Efecto Bolboreta. Absurdividade (Xitanxáfora)”



Certame de Narración Infantil e Debuxo. “**Letras Galegas 97**”

Organizado pola Biblioteca Provincial de Lugo co patrocinio da Consellería de Cultura e a Deputación de Lugo e dirixido a rapaces de ata 16 anos distribuídos en tres categorías: A (ata 8 anos), B (de 9 a 11 anos) e C (de 12 a 16 anos). Os traballos de narración deben estar escritos en galego e ter como tema “A miña biblioteca”, cunha extensión máxima de un folio. Ten unha fase local, que na que participan 27 bibliotecas dos concellos da provincia de Lugo, e unha fase provincial á que acceden os gañadores da fase local. A entrega de premios tivo lugar o día 18 de xuño e no tocante ó apartado de narración resultaron premiados na categoría A: Sara Comba, Eva Vilar, Sergio Carrera e Noemi García. Na categoría B foron galardoados: Diego García, Patricia Díaz e Jacobo López e na C premiáronse os traballos de: Rocío Otero, Arturo Roca, Bibiana Cabo, Sabela Ínsua, Juan Andrés Somoza e María Antonia Arango.

Referencias varias:

AGN, “La Biblioteca de Lugo convoca un certamen de narración y dibujo”, *El Progreso*, 3 abril 1997, 69. Anuncia a convocatoria do premio nas súas fases local e provincial.

-Pilar García Cheda, “O futuro da arte e as letras lucenses”, *El Progreso*, 19 xuño 1997, p. 66. Recolle os nomes dos premiados e detense nas reaccións dos máis cativos ó recollen por primeira vez un premio.



VIº Premio de Poesía e Narrativa “Manuel Lado”

Convocado polo I. B. “Alfredo Brañas” de Carballo, vai destinado a estudantes galegos de secundaria, nas súas modalidades de narrativa e poesía. En 1997 gañou tanto no apartado de narrativa como no de poesía María Lado. En narrativa gañou con *Café e cigarros* e en poesía coa *Primeira visión*. O segundo premio de narrativa foi para Pablo Lavandeira Suárez co traballo *Tres mulleres* e o terceiro para Merche Paz Viña con *O monte do meigallo*. En poesía o segundo premio foi para M. Cristina Couto Aldao con *Elexía ó mellor amigo-o meu can* e o terceiro par María Vidal Fidalgo e Xosé L. Estévez pola obra conxunta *O seu sorriso endemoniado*. O único accésit foi para Sheila Muiño Mato por *Améndoas*. Os gañadores recibirán 25.000, 15.000 e 10.000 pesetas respectivamente. O acto de entrega tivo lugar no mes de maio e formaban o xurado Xabier Charlín Pérez, Anxo Díaz Guerrero, Xulia Gallego Sánchez, Susana Lema Álvarez e Basilia Paconet Balsa.



Iº Premio de Poesía “Manuel María”

Convocado pola Librería Casalderrey de Marín coa intención de fomenta-la creación e difusión poética. A contía do 1º premio é de 50.000 pesetas e unha escultura conmemorativa. Concederanse tamén dúas mencións especiais ós poemas escritos por alumnos matriculados nos colexios de Marín, comarca do Morrazo e Pontevedra, dende a E.X.B. ata C.O.U. consistente nunha escultura conmemorativa e un lote de dicionarios, atlas e libros de lectura. Os poemas deberán ser dunha extensión de 6 a 70 versos de temática e composición libres. Os traballos, deben ser enviados por triplicado e baixo plica á Librería Casalderrey: Jaime Janer, 7. 36900 Marín, o prazo de admisión remata o 13 de setembro. O xurado estivo presidido por Christina Lilliestierna e formado por Enriqueta Otero, Víctor Castro, Clara Isabel Iglesias e José Ruiz Guriado (en representación da Librería Casalderrey, con voz e sen voto). A gañadora foi Reyes Forte Alfonso, do Grove, polo traballo “Septimia”; recibiron senllas mencións especiais Alicia Naveira Couso, por “As estreliñas do ceo” e Alba Rodríguez Santos por “Homes de Marín”.

Referencias varias:

D. P., “Casalderrey convoca o ‘I Premio de Poesía Manuel María’”, *Diario de Pontevedra*, 25 abril 1997,

20. Recóllense as bases deste premio, convocado pola Librería Casalderrey de Marín coa intención de fomenta-la creación poética. Sínálase que o dictame do xurado ten lugar en outubro.



D. P., "Convocado el primer 'Premio de poesía Manuel María' de Marín", *Diario de Pontevedra*, 21 agosto 1997, p. 14. Dá conta das bases do premio, data límite e lugar de envío dos traballos, ademais da contía do premio e obsequios que reciben os galardoados.

D. P., "Premio Manuel María' de poesías para obras en gallego", *Diario de Pontevedra*, 24 agosto 1997,

12. Anuncia a convocatoria do premio e achéganos unha síntese das bases polas que se rexerá. Facilita ademais a dirección á que hai que envía-los orixinais e o prazo que hai que cumprir.

D. P., "Se han presentado 54 trabajos al Premio de Poesía "Manuel María", *Diario de Pontevedra*, 18 setembro 1997, p. 17. Infórmase do número de traballos presentados a este premio, dos nomes dos integrantes do xurado e da data de entrega de premios, que tivo lugar o 18 de outubro.

D. P., "Esta tarde se falla el 'I premio de Poesía Manuel María", *Diario de Pontevedra*, 10 outubro 1997,

16. Infórmase do inminente veredicto do premio Manuel María, dificultado pola calidade xeral dos textos presentados. Tamén se comenta que haberá premios especiais para poemas presentados por escolares. Finalmente faise saber que se agarda a presenza de Manuel María no acto de entrega.

D. P., "Reyes Forte, de O Grove, ganadora del 'I Premio de Poesía Manuel María", *Diario de Pontevedra*, 11 outubro 1997, p. 16. Comunícase o nome da gañadora do certame: Reyes Forte, estudante grovense de filoloxía galega. Menciónanse as razóns polas que o xurado, do que se recolle a composición, outorgou o galardón ó



poema "Septimia". Tamén se informa que Alicia Naveira Couso, do colexio "A Laxe" (Marín), e Alba Rodríguez Santos, do colexio "Barcelos" (Pontevedra), foron galardoados coas mencións especiais previstas para escolares. Finalmente, anúnciase a presenza no acto de entrega de premios de Manuel María, do alcalde de Marín, Augusto Casal, e do presidente da Mancomunidade do Morrazo, Xosé Novas Piñeiro.

-D. P., "Hoy se entregan los premios del concurso de poesía "Manuel María", *Diario de Pontevedra*, 18 outubro 1997, p. 15. Anúnciase a entrega deste premio, que tivo lugar no salón de actos do Instituto de Ensino Secundario de Chan do Monte.

-Álvaro Agulla, "Manuel María entregó los premios del certamen que lleva su nombre", *Diario de Pontevedra*, 19 outubro, p. 15. Informa do acto de entrega deste premio, no que estivo presente o poeta Manuel María quen salientou a importancia deste certame. Comunica tamén os nomes dos premiados.

-A. G. C., "Alba Rodríguez", *Diario de Pontevedra*, "Diario del Domingo", 9 novembro 1997, p. 3. Semblanza de Alba Rodríguez Santos, mención especial do Premio de Poesía Manuel María co poema "Home de Marín". Informa de que naceu en Vilagarcía en 1984, que vive dende nena en Pontevedra e de que escribiu o seu primeiro poema cando estaba en quinto curso.



XXVº Certame Literario “Minerva”

Certame convocado polo Colexio Peleteiro de Santiago dende o ano 1972 para escritores noveis pertencentes ó ensino medio. Consta de dúas modalidades, narrativa e poesía, nas que se conceden tres premios, dotados con 100.000, 50.000 e 25.000 pesetas, respectivamente, e tódolos accésit que o xurado considere oportunos. A data de presentación finaliza o 18 de marzo e o fallo tivo lugar o 9 de maio. Nesta edición presentáronse 220 orixinais. Os premiados do 1997 no apartado de poesía foron Lucía Novás Garrido, con *Paseniñamente espallouse no ar...*, Sergio Domínguez Represas, por *Solitude Longa, amor brevis* e Oliver Escobar Domínguez con *Sonetos da vellez*. Concedéronse ademais tres accésit: Iria Belenguer Castromán, por, *O eterno retorno en tres actos*; José Roberto Castro Arias , por *O meu mundo*; e Carme González Rebollido, por *Aos ollos da noite*. O xurado formárono Luis Alonso Girgado como presidente e Avelino Abuín de Tembra, Pilar Pallarés, Manuel Fonte e Xosé Manuel Sanabria. No apartado de narración os premios foron para Esperanza Rodríguez García Gómez, por *Periplo ós coarenta*, Xabier López Quintáns, por *Azul*, e Pablo González Novo, con *Terra de Ninguén*. Concedéronse neste apartado cinco accésit (Manoel Pazos Sánchez, por *Coma sempre e máis decote* , Raquel Gómez Otero, por *El e máis eu*; Adelina Basteiro González, por *Perdidos na serra*; e Germán Labrador Méndez, por *Nos lindes do real*). O xurado estivo composto por Suso de Toro, Xavier Queipo, Manuel Domínguez, Manuel Quintáns, Teresa da Silva e Xavier Ferreiro.



Referencias varias:

-Avelino Abuín de Tembra, "As novas promesas dos 'Minerva'", *O Correo Galego*, "A lúa nos beizos", 18 maio 1997, p. 2. Comeza remontándose ó ano 1963 cando se instituíu por primeira vez o Día das Letras Galegas e xurdiron diversas iniciativas culturais. Salienta que unha delas foron os Xogos Florais Minervais para Alumnos de Ensinanza Media de Galicia que substituíron ás Festas Minervais da Universidade de Santiago e se desenvolveron durante máis dunha década con mantedores e premiados de prestixio. A continuación nomea os premiados no XXV Certame Literario Minerva sinalando que son poetas e narradores para o futuro e que constitúen as "novas promesas dos Minerva".

-Ana Iglesias, "Dos estudantes de COU ganan el XXV certamen literario Minerva", *El Correo Gallego*, 10 maio 1997, p. 10. Informa, brevemente, dos galardoados na XXV edición do Certame Literario Minerva, organizado polo colexio Manuel Peleteiro de Santiago.

-A. I., "Los premios 'Minerva' homenajean al escritor Abuín de Tembra", *El Correo Gallego*, 22 maio 1997, p. 11. Informa brevemente da entrega dos premios. Refírese a que no mesmo acto se fará entrega da medalla de ouro do certame ó escritor Avelino Abuín de Tembra, "impulsor dos Xogos Florais Minerva".

-Ana Iglesias, "Peleteiro entregou os premios Minerva", *O Correo Galego*, 23 maio 1997, p. 35. Achega información sobre a entrega dos premios. Fai saber que ó acto asistiu o recentemente galardoado coa medalla de ouro, Avelino Abuín de Tembra. Cita, finalmente, os premiados nas diferentes modalidades.



Ana Iglesias, “Los escritores del futuro”, *El Correo Gallego*, 23 maio 1997, p. 12. Coméntase a entrega dos premios da XXV edición do Certame Literario Minerva. Infórmase, así mesmo, da concesión da medalla de ouro ó profesor e poeta Avelino Abuín de Tembra e alúdese, brevemente, á orixe do citado certame.

Ana Iglesias, “Veinticinco años de literatura juvenil”, *El Correo Gallego*, 1 xullo 1997, p. 9. Dá conta da celebración do 25 aniversario do Certame Literario Minerva no colexio Manuel Peleteiro. Realiza unha historia do premio dende a súa creación , destacando que algúns dos que o recibiron chegarían logo a ser escritores destacados. Afirmar tamén que a revista escolar *Vamos*, do centro citado, está dedicada a esta efeméride.



Xº Concurso de Contos “Repsol”

Convocado pola compañía Repsol e dirixido a estudantes de ensino secundario. A extensión dos relatos non pode sobrepasa-los seis folios mecanografados a dobre espacio. Ten dúas modalidades, unha para textos escritos en galego e outra para escritos en castelán premiándose o primeiro premio de cada unha das modalidades con 100.000 pesetas e o segundo con 50. 000. Así mesmo, os centros ós que pertencen os gañadores reciben 70.000 ou 40.000 pesetas segundo os alumnos conseguisen o primeiro ou o segundo premio. En 1997 na modalidade de lingua galega gañou Martina Fernández, do Instituto Canido de Ferrol, polo relato “Manantio”. O segundo premio recaeu en Xermán Darriba, do Instituto Mendiño de Redondela, por “Don Ramón”.

Referencias varias:

-AGN, “Celso Currás entregó los premios de la X edición de ‘Cuentos Repsol”, *Diario de Pontevedra*, 6 novembro 1997, p. 25. Dá os nomes dos gañadores deste premio.

-S. C., “A compañía Repsol convoca un certame de contos en galego para estudantes”, *O Correo Galego*, 27 novembro 1997, p. 45. Recolle as bases do premio de cara á edición correspondente ó ano 1998.



Iº Certame Literario “**Roberto Blanco Torres**” de relato curto

Convocado pola asociación Cultural “O Meigallo”, de Cuntis. Nesta primeira edición o primeiro premio, dotado con 40.000 pesetas foi para Silvia Penas Estévez e o segundo, de 20.000 pesetas para María do Rocío Rodríguez García. O xurado estivo composto por Olimpio Arca Caldas, Marcos Seixo Pastor, Xabier Barreiro Carracedo e Xavier Míguez.

Referencias varias:

-José Romero, “Fallo do I Certame Blanco Torres’, de relato curto”, *Diario de Pontevedra*, 22 novembro 1997, p. 22. Faise eco do dictame do xurado ó tempo que informa da posta en marcha dun curso de iniciación ó teatro en Cuntis.



Xº Premio de Narracións Xuvenís “Rúa Nova”

Está convocado pola Biblioteca Nova 33 e a Fundación Caixa Galicia. Establece un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua castelá e un primeiro premio e accésit para traballos presentados en lingua galega por autores que non cumprisen 18 anos. Estes traballos poden ter unha extensión de 25 a 125 folios, e deben presentarse baixo plica, por quintuplicado, antes do 1 de marzo, na Biblioteca Nova 33 (Rúa Nova 33-2º 15.705 Santiago, Apartado de Correos 637, 15780 Santiago) ou en calquera das oficinas de Obras Sociais de Caixa Galicia. O dictame do xurado deuse a coñece-lo día 1 de abril, en conmemoración do Día Internacional do Libro Infantil e Xuvenil. O primeiro premio, dotado con 250.000 pesetas e a publicación do libro na colección Nova 33, recaeu na xove de 15 anos Eva Moreda Rodríguez, de Ribadeo, coa obra *Breogán de Guisamonde o cabaleiro da gaivota*. Decidiu tamén facer dúas mencións de honra: a primeira para a obra *Alaranxado ou vermello*, de Marta Portelo; a segunda para Gonzalo Vázquez coa obra *Ti*. O xurado decidiu declarar deserto o premio na modalidade de lingua castelá. Este xurado estivo composto por Xabier P. Docampo, Ana Romaní, Paulino Novo, Xavier Crespán e Xosé Victorio Nogueira. Ó certame presentáronse 55 orixinais inéditos de menores de 18 anos, 20 en lingua galega e 35 en castelán. Os premios foron entregados o día 6 de decembro no Hotel Araguaney.



IIº Premio de Relato Curto “Varela Buxán”

Convocado polo Concello de Lalín. Poderán optar a el alumnos dende sexto de primaria a primeiro de ESO, de ensino medio, COU e FP. Para ámbalas categorías establecéronse tres premios de 20.000, 10.000 e 5.000 pesetas. Os traballos deben estar escritos en galego, o tema é libre e a extensión máxima é de 10 folios. O prazo para a presentación dos relatos remata o 16 de maio.



Concurso literario “Xaime Isla Couto”

Coorganizado polo Concello de Poio e a S.C.D. “Raxó”. Os gañadores na edición deste ano foron no Grupo A (de 6 a 8 anos) en narrativa Santiago Gómez e en poesía Javier Moldes. No Grupo B (de 9 a 11 anos) o premio de narrativa foi para Pablo Argibay e en poesía para Margarita Novo. No grupo C (de 12 a 13 anos) Andrés Dacosta e Margarita Novo foron os gañadores en narrativa e poesía respectivamente. No grupo D (de 14 a 15 anos) en narrativa gañou Ana María Outón e en poesía Sheila Corbacho. Por último no grupo E (de 16 a 18 anos) quedou deserto o premio de poesía mentres que o de narrativa recaeu en Ruth Vallejo.

Referencias varias:

Verísimo, “O Concurso literario ‘Xaime Isla Couto’ pasa a ser municipal”, *Diario de Pontevedra*, 1 marzo 1997, p. 17. Sinálase que o Concello de Poio pasa a facerse cargo da organización deste premio que nacera baixo a iniciativa das S.C.D. “Raxó”.

Verísimo, “Presentouse no Concello o concurso literario ‘Xaime Isla Couto’”, *Diario de Pontevedra*, 14 abril 1997, p. 11. Informa da presentación do premio, acto que contou coa presenza do alcalde de Poio, do Concelleiro de Cultura, de Xaime Isla Couto e do presidente da S.C.D. “Raxó”, Marcelino Agís Villaverde, quen se referiu



ós méritos do home que lle dá nome ó premio. Recolle os aspectos biográficos de Xaime Isla e conclúe coa intervención do profesor, que rematou coa frase “Hai que pensar no Global e actuar no Local”.

Ramón Rivas, “El Consejo de Cultura se reunió para valorar los trabajos del “Jaime Isla”, *Diario de Pontevedra*, 4 maio 1997, p. 22. Informa do comezo do proceso de valoración dos sesenta traballos presentados ó concurso.

Ramón Rivas, “Fallado o concurso literario Xaime Isla”, *Diario de Pontevedra*, 16 maio 1997, p. 21. Salaria a participación de 64 escolares, dá os nomes dos gañadores e anuncia o acto de entrega que se celebrará na Casa do mar de Raxó.





X.9. Relación doutros premios

X. Premios

X. 9. Relación doutros premios

Á parte dos xa citados, sabemos da existencia dos que a continuación relacionamos, ordenados ben polo nome do concurso, se existe, ben pola poboación onde se convocan:



-IIº Concurso de narrativa curta xuvenil da Asociación Cultural **Afonso Eanes do Cotón**

Dirixido a alumnos dos Institutos de Negreira, Santa Comba, Santiago, Ames, Padrón, Noia, Ordes, Carballo, Muros, Baio e Vimianzo. Establécense tres premios de: 15.000, 10. 000 e 5.000 pesetas, respectivamente, ademais de lotes de libros para as tres mellores narrativas. Nesta edición os premios quedaron desertos.



-Certame Letras Galegas 97, da Biblioteca Municipal de **Antas de Ulla**

Fase local do premio que leva por tema “A miña biblioteca”, en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha cara ou con debuxos sobre “O libro” ou “A biblioteca”, feitos en tamaño folio. Hai tres categorías de participantes, A, ata oito anos, B, de nove a once, C, de doce a dezaseis. O prazo de presentación dos traballos remata o vindeiro 6 de maio. O dictame coñécese o día 16 de maio.



-Certame de Prosa e Verso convocado polo **Arcebisado de Santiago**

Convocado con motivo do Congreso Eucarístico Diocesano. O tema xirará arredor da figura de Xesús. Na modalidade de poesía en lingua galega resultou gañador Paulino Vázquez.





X.9. Relación doutros premios

-Premios de “Poesía na Escola” da Asociación Amigos da Poesía do **Baixo Miño**



Relación doutros premios



-Certame literario de poesía e narrativa da Asociación de Veciños-Centro Social de **Beade**

Celébrase con motivo da Festa da Cereixa.



-Certame de narracións breves do Concello de **Boiro**

Resultou gañador na categoría “A” Rubén González Fernández por “O trasno” e na “B” José Manuel Lorenzo Vázquez por “Historias de calquera sitio”. Seguindo a estes dous gañadores foron tamén premiados na categoría “A” Milagros Torrado Crespón, Marcos Vázquez García, Pablo Vázquez Varela, Mónica Calo López, Tasmara María Piñeiro Tubío, Romina Vázquez Triñanes, Elena Pérez Hermo e Olaia Figueira Castaño, mentres que na categoría “B” recibiron premio Ignacio Blanco Blanco, Xabier Castro García, Anxo Maior e Federico L. Santalha. O xurado estivo composto por Ramón Rodríguez, María Rosa Tubío Fajardo, Helena Dosil Redondo e Paula Carballeira Cabana.

Referencias varias:

-Alejandro González, “Narraciones breves en Boiro”, *El Correo Gallego*, “Área de Compostela”, 14 xuño 1997, p. 19. Informa, no medio de outras noticias relativas ó Barbanza, do dictame do xurado.



-Certame de Poesía e Debuxo da Asociación “Amigos de Johan Carballeira” para alumnos dos centros de ensino do Concello de **Bueu**

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “Entrega de premios de la Asociación “Amigos de Carballeira”, *Diario de Pontevedra*, 27 decembro 1997, p. 16. Nota de prensa que anuncia o acto de entrega de premios deste certame que se celebrou entre os alumnos dos centros do concello de Bueu. A asociación convocante agradece a axuda prestada á Editorial Xerais e a Edicións do Castro por facilita-los premios para o concurso.



-IIIº Concurso de contos do Colexio Público “A Pedra” de **Bueu**

Organizado a nivel comarcal co gallo do Día das Letras Galegas. Na categoría “A”, os gañadores foron por esta orde Alejandro Pastoriza Fontán, Víctor Durán Cabanelas e Mónica Sobral Sampedro. Na Categoría “B” primeira foi María Paz, segunda Aida Fernández Lebrero e terceira Cristina García Insua. Na categoría “C” os gañadores foron Noemí Costa, José Manuel Fernández Sanjorge e María de los Ángeles Epifanio Carballo. Na categoría “D” gañou Agueda Riobó Campos, segunda foi Amaranta García Ruibal e terceira Nerea Betancor González. Ademais concedéronse accésits a Katia Riobó Freire, Andrea Lemos Díaz, Cecilio Novas Garrido, Lidia Crujeiras, Xosé Ramón Losada Parra e Rosa Castro Acuña.

Referencias varias:

-Álvaro Agulla, “El C.P. “A Pedra” entregó los premios del “Concurso de Contos”, *Diario de Pontevedra*, 3 xuño 1997, p. 18. Publícanse os nomes dos rapaces premiados e sinálase a satisfacción do Colexio “A Pedra” pola gran participación así como pola importante calidade dos traballos.





X.9. Relación doutros premios

-Iª Premio “Narracións Curtas” do Pub Canis Lupus, de **Cangas**



X.9. Relación doutros premios

-Concurso de poesía e narración curta convocado pola AA. VV. de Nós, San Pedro Cimadevila, **Cangas** para veciños da vila



Relación doutros premios





-XVIº Concurso literario infantil e xuvenil organizado pola Asociación Cultural Lumieira de **Carballo**.



-Concurso de “**Cartas de amor**”

Convocado pola Concellería de Cultura de Marín. Na modalidade para menores de 16 anos a gañadora foi Iria Santaclara Ferradás con *Querido Amor*; na modalidade de maiores de 16 anos resultaron premiados Sonia Vidal Pérez (20.000 pesetas.), José Luis Hervés (10.000 pesetas.) e Mónica García Moreira (5.000 pesetas.).

Referencias varias:

-D. P., “Hoy se entregan los premios del concurso de ‘Cartas de amor’”, *Diario de Pontevedra*, 14 febreiro 1997, p. 16. Infórmase do nome dos premiados e indícase que se presentaron un total de 29 traballos.



-Concurso de **Declaracións de Amor** en galego

Convocado por Radio Fene. O xurado estivo composto por Xosé Miranda, Alexandra Ripoll, Paula Carballeira, Jose Manuel Sarille, José María Riveira e M^a Jesús Arias.



-Premio de Narrativa 10 de marzo

Convócao a Fundación 10 de marzo en colaboración coa Federación de Ensino do sindicato Comisións Obreiras. Poden participar alumnos de EXB, BUP, ESO, COU e FP de centros galegos en equipo ou de forma individual. A finalidade do premio é promover o coñecemento da historia do movemento obreiro. Os traballos deberán redactarse preferentemente en galego e terán unha extensión entre 20 e 30 folios. O prazo de presentación remata o 7 de marzo. O primeiro premio ascende a 50.000 pts. e o segundo a 25.000 pts. Para máis información hai que dirixirse á Fundación 10 de marzo. República do Salvador, 15, 5º. Santiago de Compostela.



-IIIº Concurso Literario **Don Bosco**

Para nenos de Foz, organizado pola revista *Vieiro* e patrocinado pola asociación do mesmo nome e o colexio Martínez Otero.



-Certame Terra Cha de literatura e debuxo infantil convocado pola Asociación Xermolos de **Guitiriz**



-VIº Certame de Poesía “**López Abente**”

Convocado pola Asociación Cultural Punta da Buitra, está inserido na semana cultural que organiza a Asociación Cultural Punta da Buitra entre o 5 e o 16 de maio, na sexta edición deste certame poden participar poesías en galego que se entreguen antes do 14 dese mes.



-Certame de narración e debuxo infantil Letras Galegas 97 da Biblioteca
Provincial de **Lugo** (Fase local)

Na fase local deste premiáronse na categoría A os traballos de Eva Vila Coira, Beatriz Fernández Polín e Sergio Carrera Fernández. Na categoría B os premios foron para Alba Mesa Vilanova, Jacobo López Pedrouzo e Jessica Mato Vázquez. Na categoría C os galardoados foron Bibiana Cabo Rodríguez, Rocío Otero López e Carla María Campo Dacal. O xurado estivo composto por Antonio Calvo, Xavier Rodríguez Barrio, Lucila Yáñez, Teresa Teijeiro e Carlota Dans.



-Premios de poesía “Nadal 97” da Biblioteca Municipal de **Lugo**



-Certame de Poesía **María Soliña**

Convocado polo instituto de bacharelato do mesmo nome. En 1997 resultou gañadora na primeira categoría María Xosé Piñeiro, segunda Andrea Sotelo e terceiro Jordi Outeiral. Na segunda categoría o primeiro premio foi para Francisco Paredes, o segundo para Olalla Cociña e o terceiro para Oliver Escobar. O xurado estivo composto por Helena de Carlos, Antón Fortes Torres e Xosé Manuel Millán.



-Concurso de Contos do Ateneo Santa Cecilia de **Marín**

Para rapaces dende 1º de Primaria ata BUP ou FP. O prazo de presentación comeza o 1 de febreiro e remata o 23 de marzo.



-Premio “**Marqués de Bradomín**” para autores mozos

Convócao o Instituto da Xuventude, dependente do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais co obxectivo de promocionar textos teatrais de autores novos. Poden participar mozos de nacionalidade española e do resto da Unión Europea e de Iberoamérica establecidos en España, que non superen os 30 anos de idade en decembro do 97. Cada autor pode presentar un máximo de tres textos escritos en calquera das linguas oficiais do Estado Español, que deben ser orixinais, inéditos, non estreados e non premiados noutros concursos. Está dotado cun primeiro premio de un millón de pesetas. O prazo de presentación dos textos finaliza o 31 de outubro e deben ser enviados ó Instituto da Xuventude. Concurso de Textos Teatrais “Marqués de Bradomín”, rúa José Ortega y Gasset, 71. 28006 Madrid.



-IVº Certame de Poesía de “O Mirador”

Organizado pola Asociación de Veciños “O Mirador” de Monteporreiro (Pontevedra) para composicións en verso que traten sobre o porco. Os traballos deben enviarse antes do 12 de febreiro á Asociación de Veciños O Mirador. Apartado de Correos 162. 38080 Pontevedra. A entrega do premio, que consiste nun lote de produtos porcinos, realízase o 16 de febreiro, antes da popular “Matanza do porco”, momento no que o autor debe recita-la súa obra. A composición gañadora publícase no folleto do entroido do ano seguinte.

Referencias varias:

-D. P., “El ganador del VI Certamen de Poesía de ‘O Mirador’ obtendrá productos porcinos”, *Diario de Pontevedra*, 25 xaneiro 1997, p. 13. Infórmase das bases deste premio.



-Certame Letras Galegas 97, do Concello de **Monforte de Lemos**

Resultaron gañadores nesta fase local do premio os traballos de de Moisés Blanco Aragón, Tania López Rodríguez e paula María Castro Vidal.



-Concurso de poesía e narración breve do Concello de **Monforte de Lemos**

Dirixido a alumnos de EXB dos centros mofortinos. Resultaron premiados, en narración breve, Raquel López por “A volvoreta e o león”, Adrián Pérez por “O vran”, Carlos Guerrero por “Buenín o esmoleiro”, Alejandro Vázquez por “A gran aventura azteca”, Marta Gallo por “Día das Letras Galegas dedicado a Ánxel Fole” e Fátima Rey por “Día das Letras Galegas cos pes descalzos”. En poesía os galardoados foron Brais Arias por “A primavera”, Jara García por “As cores”, Eva Rodríguez por “Vai por vostedes”, Víctor Estrada por “Lembrando a Galicia”, Nuria Álvarez por “As letras galegas” e Iván Pérez por “Na beira da morte”.



-Concurso literario convocado polo Colexio de **Montefurado**



-Certame de narración e debuxo infantil Letras Galegas 97 da Biblioteca
Municipal de **Monterroso**

Poden participar debuxos ou narracións baixo o tema “A miña biblioteca”. A extensión máxima ten que ser dun folio. Establécense tres categorías: a A ata oito anos, a B, dos nove ós once e a C, dos doce ós dezaseis. Os gañadores pasan á fase provincial, convocada pola biblioteca provincial da capital luguesa.



-Certame literario dos institutos IESP e Virxe do Mar de **Noia**

Concorreron 23 traballos resultando gañadora Sandra García Lestayoy na modalidade de narrativa, o segundo premio foi para Isabel Tuñas Armán e o terceiro para Ana I. Espiño Feáns. En poesía o primeiro premio foi para Manuel López Rodríguez, o segundo para Manuel Blanco Fernández e o terceiro para Daniel García Dosil.



-VIº Concurso de Narracións infantís e Xuvenís do Concello de **Oleiros**

Convocado por este concello coruñés, poden participar nel tódolos escolares de Oleiros.

Referencias varias:

-E. C., “O Concello de Oleiros entrega hoxe os premios do seu certame de contos”, *O Correo Galego*, 24 maio 1997, p. 32. Informa dos actos previstos para a entrega de premios do VI Concurso de Contos e Narracións Curtas Infantís e Xuvenís, entre os que salienta a representación da obra *Aventuras de Perello que chora quelogo-bebes*.



-Concurso de Redacción 1997 do Ateneo de **Ourense**

Certame que estivo subvencionado pola Consellería de Familia, Muller, e Xuventude e no que se premiaron traballos de redacción sobre a vida e obra de Ánxel Fole, consistindo o premio nun lote de libros. Resultaron gañadores: Noelia Sotelo Álvarez. Cristian Blanco Graña e Nuria Gómez Rodicio. Concedéronselles accésits a Natividad Vila, Juan Iglesias e Diana Fernández ademais dun grupo do Colexio Luis Vives integrado por seis membros.



X.9. Relación doutros premios

-Premio de narración curta da Área de Educación, Universidade e Xuventude do Concello de **Ourense**

-Concurso literario convocado polo colexio “Santiago Apóstol” de **Pontevedra**



- IIIº Certame de Poesía Xuvenil
Agrupación Cultural Auriense

“Ramón Cabanillas” organiza



-Vº Concurso Literario do Concello de **Ribeira**

Consta das modalidades de poesía e prosa. En poesía as obras gañadoras foron *O sentimento dunha nena*, de Sara Pérez e *Os sons da noite*, de Ana González Sampedro. En prosa os premios foron para Ana Martínez Cadaval por *O feitizo da noite* e Vanesa Vázquez Fernández por *Tobi e outras ánimas*. O xurado estivo composto por Luciano Fernández, Manuel Mariño, Marián Sánchez, e Juan Luis Ponte Paz, actuando como secretario Mario Vidal.



-XIXº Certame Literario da Compañía de María (**Santiago**)

Organizado nesta ocasión baixo o lema “Unha viaxe fantástica”. No nivel A (ata 5º de primaria) e inclúe as modalidades de prosa e debuxo. En prosa gañaron na categoría B (alumnos de 6º de primaria, E.S.O e 8º de E.X.B.) Cristina Gil López por “O tren dos sonhos” seguida de María Veiga López con “Unha viaxe ó pasado” e Adrián Vázquez Castro con “O estandarte de pedra”. No nivel C (para alumnos de B.U.P e C.O.U) os galardoados foron Manoel D. Cheda con “Unha viaxe fantástica, abofé que si” seguido por Olaya E. López con “Unha canción triste” e María Rodríguez Blanco con “Ó mencer nada será igual”.



-Certame de narración e debuxo infantil Letras Galegas 1997 da Biblioteca de Sarria

Convocado pola Biblioteca Pública de Sarria e patrocinado pola Consellería de Cultura e Comunicación Social. No apartado de narración, deberán presentarse textos co tema “A miña biblioteca”, en galego, cunha extensión máxima dun folio por unha cara. No apartado de narración foron galardoados na categoría A, José Quinte Rodríguez e Antía Pérez Franco, na categoría B resultaron galardoados premiados os traballos de María López López, Noemí Reija Otero, Carmen López García. Na categoría C premiouse a Jesús Arenas Arias, Juan Andrés Somoza de la Iglesia e Manuel Rocha Quiñoá.



-Certame de narración e debuxo infantil Letras Galegas 97 da Biblioteca
Municipal de **Taboada**

Poden participar debuxos ou narracións baixo o tema “A miña biblioteca”. A extensión máxima ten que ser dun folio. Establécense tres categorías: A ata oito anos, B, dos nove ós once e a C, dos doce ós dezaseis. Os gañadores pasan á fase provincial, convocada pola biblioteca provincial da capital luguesa.

Referencias varias:

-R. Penela, “Nenos de Taboada e Monterroso, convocados ó premio das 'letras'”, *El Progreso*, 16 abril 1997, p. 16. Anuncia a convocatoria do premio Letras Galegas 1997 na súa fase local por parte das bibliotecas municipais de Taboada e Monterroso.





X.9. Relación doutros premios

-Concurso de Contos “**Terra de Melide**”



Relación doutros premios



-Concurso de Redacción, contos, poesía, debuxo da Biblioteca Pública de **Vila de Cruces**





XI.1. Monografías e libros colectivos

XI. Literatura medieval

XI. 1. Monografías e libros colectivos



Alén, María Pilar, *Historia da música galega: Cantos, cantigas e cánticos*, Vigo:

A Nosa Terra, 1997, 157 pp. (ISBN: 84-89976-04-X). Ž

Libro monográfico sobre a música galega que a autora divide en tres partes ou fases: da Antigüidade ata a Alta Idade Media (do Paleolítico ata metade do séc. XII), da Baixa Idade Media (XII-XIV) e da Idade Moderna (XV-XVIII). O estudio péchase cun Epílogo, onde nos explica o que a levou a non incluír no seu estudio os séculos XIX e XX, pois considera que se caracterizan por ter “unhas perspectivas que moi pouco teñen que ver coas contempladas para o estudio de séculos pasados”, cunhas Notas, cunha Cronoloxía, cun Glosario, cun Índice Onomástico e cunha Bibliografía. Cómpre salienta-la segunda parte do estudio por se-lo período que atinxe ó florecemento trobadoresco galego-portugués, onde aparecen composicións de carácter sacro (o *Codex Calixtinus* de metade do séc. XII e as *Cantigas de Santa María* de Alfonso X, datadas entre 1252 e 1282) ou profanas (as *Cantigas*).

Recensións:

-Manuel Blanco Rivas, “Cantos, cantigas e cánticos”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 38, 27 decembro 1997, p. 5. Saúda a publicación deste libro e fai un breve resumo do labor investigador da autora no ámbito da música galega. Afirmo que a obra se divide en tres partes que reflicten o desenvolvemento da música en Galicia, o traballo de importantes creadores musicais galegos e o cultivo dos vilancicos en lingua galega. Sinala a importancia deste traballo por ser un dos primeiros realizados en Galicia sobre esta materia.



Almeida Ribeiro, Cristina e Margarida Madureira (coord.), *O Género do texto medieval*, Lisboa: Edições Cosmos, 1997, 281 pp. (ISBN: 972-762-054-X). Ž

Libro monográfico que recolle unha serie de artigos sobre o xénero do texto medieval. Colaboran nel amais das dúas coordinadoras dezanove profesores de universidades lusas: Teresa Amado, Américo António Lindeza Diogo, Maria do Rosário Ferreira, Ângela Correia, Júlia Dias Ferreira, Ana Sofia Laranjinha, Fernando Figueiredo, Isabel Barros Dias, Aires A. Nascimento, Isabel Dias, Arnaldo Espírito Santo, Manuel Francisco Ramos, António Fournier, Maria Manuela Ribeiro de Almeida Gomes, Maria João Almeida, Albano Figueiredo, Ana Paiva Morais, Paulo Alexandre Cardoso Pereira, Ana Maria Machado e Cristina Sobral. Detallamos de seguido aqueles traballos que atinxen directamente á nosa literatura medieval.

-Américo António Lindeza Diogo, "Lírica galego-portuguesa. Genologia e generalização", pp. 29-42. Centra a súa análise no papel da muller na lírica trobadoresca galego-portuguesa e polo tanto da muller na literatura. Comeza cunha disertación sobre a concepción teórica do xénero literario na época medieval, fundamentando as súas consideracións no estudio pormenorizado de dúas cantigas de Gil Pérez Conde (*B* 1527; *V* 400 e *B* 1528; *V* 401), onde se nos narra o ingreso dunha doncela nun convento, e, dunha cantiga de amigo (*B* 689; *V* 291) de Johan Soares Coelho. Conclúe que convén ve-la cantiga de amigo "en termos de apropiación", mais "uma apropriação



“de clase” de significados poéticos e de significados antropológicos (...) De facto, cantigas de amor e de amigo están sistematicamente integradas” porque, para Lindeza Diogo, “os trobadores (i) reciben a imaxe tranquilizadora de que a muller se enamora (por eles) e (ii) dotam as súas representacións de una representatividade antropológica”.

-Maria do Rosário Ferreira, “*Nomina sunt res?* Do poder reificador das designacións genéricas no *corpus* da lírica galego-portuguesa”, pp. 43-54. Pretende “colegir algúns exemplos flagrantes dos problemas asociados á utilización das designacións en causa, no sentido de chamar a atención para o facto de a súa adopción pola crítica en xeral”. Ancora a súa análise da cantiga de amigo e, dentro desta, na controversia existente nas denominacións da *cantiga de romaria* e da *alba*. Nas primeiras, segundo que trobadores, podería existir unha dispersión conceptual oscilando entre as *cantigas de romaria*, as *marinhas* e as que a autora chama “un hipotético para-género *fontana*”. Realiza unha crítica das teorías interpretativas da cantiga de amigo (B 641; V 242) de Nuno Fernandes Torneol, considerada *alba* polos críticos, e da de D. Denis (B 570; V 173). A pesar das súas reflexións, a autora non nos di cómo hai que interpreta-la cantiga e onde habería que ubicala, se cadra, por non ser ese o seu propósito, senón só “pôr en destaque estas situacións de confusión interpretativa”.

-Ângela Correia, “A jura como prova na cantiga de amor galego-portuguesa”, pp. 55-70. A autora propónse analizar o conxunto poético da *cantiga de amor* coa finalidade de estudar os textos que recorren á xura para reforzar a súa declaración de amor feita diante da dama polo namorado. De case 700 cantigas de amor que conteñen os nosos cancioneiros, chega á conclusión que só unhas escasas 31 cantigas desenvolven este motivo poético. Ângela Correia



mergúllase no tema abrangendo cuestións como o castigo pedido na xura, a causa que motiva a aparición da xura, as expresións empregadas polos trovadores para invoca-lo castigo, o papel estruturador que a xura pode asumir na cantiga, sobre todo nas que teñen que liga-lo corpo da estrofa co refrán. O apéndice do artigo insire, por orde alfabética, os nomes dos trovadores que empregan nas súas composicións o procedemento da xura.

-Ana Sofia Laranjinha, “Un microcosmos textual? O episódio do Pentecostes do Graal na *Demanda* portuguesa”, pp. 85-96. Comenta que existen “nos e entre os episódios ou motivos que estruturan a *Demanda do Santo Graal*, complexas redes de analogías e correspondências, em subtil e ordenada *conjointure*”, deténdose, sobre todo, no episodio da Pentecostes. Destaca unha serie de paralelismos entre os distintos episodios (por exemplo a aparición de Galaaz e a do Graal, co suicidio do cabaleiro irlandés). A autora sobrancea que “o Pentecostes do Graal não deixe de ter un papel central e anunciador, devem juntar-se a este episódio, em simétrica relação, o episódio que o antecede e o que lhe sucede”. Remata coa esperanza que unha análise pormenorizada e exhaustiva permita “tirar conclusões sobre a obra como um todo” porque ese desexo totalizador, segundo ela, “se encontra emblematizado no microcosmos textual que os episódios introdutórios da *Demanda* constituem”.



Flores, Camilo, *Martín Codax*, Vigo: Galaxia, 1997, 117 pp. (VG-933.1997).

Recolle este volume a entrada desta voz que foi publicada no tomo XX da *Gran Enciclopedia Gallega* no 1974. O estudo divídese en sete puntos onde se presentan as distintas suposicións dos investigadores sobre o seu apelido, ou alcume para algúns; os distintos manuscritos que conservan os seus textos (*B*, *V* e *Vindel*); a ansiedade dos estudiosos por “ordenar as súas sete cantigas de forma acorde cunha *constructio* lóxica”; a estrutura das cantigas codacianas pola perspectiva da acción suxerida ou descrita, polos personaxes participantes nelas, polas forzas temáticas, polo tempo, polo lugar e polos motivos que se plasman no noso xogar e tamén no xénero da cantiga de amigo; o recurso estilístico do paralelismo e os efectos que causa no lector-ouvinte; os motivos que se plasman nas súas cantigas que coinciden tamén na súa meirande parte coas do xénero; a versificación que é fundamentalmente de carácter oral en canto á súa métrica e polo tanto resulta ser un cancionero eminentemente acentual. Todo este conxunto péchase cunha breve bibliografía.



Francia, María de e Mabinogion, *Contos do Rei Artur*, selección de Emilio R. Coira, limiar Carlos G. Reigosa, trad. Equipo TrisTram e Emilio R. Coira, Lugo: Editorial TrisTram, col. Relatos, nº 6, 1997, 180 pp. (ISBN: 84-89377-11-1). Ž

Volume que recolle sete contos da materia de Bretaña, precedidos por un limiar de Carlos G. Reigosa e dunha nota á presente edición, na que se reflexiona sobre a existencia do rei Artur e a súa influencia na literatura. Os tres primeiros relatos: “Yonec”, “Lanval” e “A madresilva” foron escritos pola autora normanda María de Francia e narran o nacemento de Yonec, fillo dunha fermosa dama que permaneceu encerrada nunha torre durante moitos anos debido ós celos do seu home; a historia de Lanval, nobre da corte do rei Artur e centro das envexas dos seus conveciños pola súa xenerosidade, beleza e valor; e as aventuras de Tristán que, despois de ser expulsado do seu país, loita polo amor da raíña Iseo. Os outros catro relatos pertencen á literatura medieval galega e foron recolleitos na colección de contos denominada Mabinogion. Titúlanse “Gereint, fillo de Erbín”, “A dama da fonte”, “Culhwch e Olwen” e “O soño de Rhonabwy” e narran o enfrontamento de Gereint cun cabaleiro misterioso ó que derrota para conseguilo amor dunha doncela chamada Enid; as aventuras de Owein, cabaleiro do rei Artur, e o seu encontro coa dama da fonte; a historia de Culhwch e a súa loita para conseguir a Olwen, filla do Xefe dos Xigantes, como esposa e, por último, a descrición do soño doutro dos cabaleiros do rei Artur, Rhonabwy, que durmiu durante tres días e tres noites.



González Pérez, Clodio, *Mendiño, Martín Codax, Xoán de Cangas*, Noia:

Editorial Toxosoutos, 1997, 100 pp. (ISBN: 84-89129-42-8).

Obra que recolle tódolos coñecementos existentes sobre os tres trobadores elixidos pola Real Academia Galega para o 'Día das Letras Galegas' do ano 1998. O autor divide o volume en dous apartados: no primeiro fai unha descrición da lírica galego-portuguesa e fala dos tipos de cantigas, dos autores, dos tipos de compositores existentes daquela (*trobador, segrel, xograr*), dos cancioneros e da música; o segundo, céntrase na vida e obra deses tres trobadores. Remata o libro cunha ampla bibliografía.



Gutiérrez, Santiago, *Merlín e a súa historia*, prólogo de Xohana Torres, Vigo: Xerais, col. Universitaria, 1997, 324 pp. (ISBN: 84-8302-144-7).

Ensaio ofrecido por Santiago Gutiérrez (Cádiz, 1967) que foi na súa xénese unha Tese de Licenciatura titulada *Merlín: formación e evolución dunha lenda*. Este traballo sobre a materia de Bretaña presenta as orixes da figura literaria de Merlín, o seu nacemento e a posterior evolución nos textos medievais (entre os séculos XII-XIII e a súa transmisión ós textos galego-portugueses e casteláns dos séculos XIV-XVI). Deste xeito revisa dende a que se pode considerar a primeira “aparición pública” do personaxe na *Historia Regum Britanniae*, de Geoffrey de Monmouth ata o fragmento conservado da *Suite du Merlín* galego-portuguesa.

Recensións:

M. Blanco Rivas, “Un mago na corte do Rei Arturo”, *Faro de Vigo*, “El Sábado”, nº 28, 18 outubro 1997,

5. Refírese á “pormenorizada análise” que o autor fai do personaxe de Merlín e das funcións que este desempeña no ciclo artúrico. Sinala que a obra é unha “certeira guía” para nos adentrar na vida literaria de Merlín pero tamén achega unha reconstrución “brillante” da materia de Bretaña.

-Xavier Castro R., “O mago Merlín e a materia de Bretaña”, *El Correo Gallego*, “Edición 7”, 21 decembro 1997, p. VII.



Logo de comenta-la grande rendabilidade literaria da materia artúrica ou de Bretaña, alude á publicación do libro de Santiago Gutiérrez García, Indica que o autor realiza nel un percorrido que se inicia nas primeiras manifestacións escritas ata os relatos peninsulares do século XV, pasando polas fontes celtas, Monmouth ou o roman de Brut, aproximando ós lectores importantes datos deste fenómeno cultural universalizado.

-X. M. del Caño, “O mito do rei Artur en Galicia”, *Faro de Vigo*, “*El Sábado*”, nº 38, 27 decembro 1997, pp. 2-3. Céntrase no tratamento do mito do rei Artur en Galicia. O autor do artigo considera que é parte dunha realidade histórica e dos anxeios de liberación dun pobo oprimido que a tradición e a literatura foron magnificando co paso do tempo. Entre os documentos precursores nos que se atopa este mito cita na Idade Media os ‘lais’, a *Materia de Bretaña*, *Historia dos Cabaleiros da Mesa Redonda e da Demanda do Santo Graal* e as numerosas referencias de Alfonso X O Sabio e Alude tamén á consagración do mito con Ramón Cabanillas, Ricardo Carballo Calero, Cunqueiro, Xosé Luís Méndez Ferrín, Darío Xohán Cabana Xoán Bernárdez Vilar, Carlos G. e Claudio Rodríguez Fer. Expóñense, ademais, certos comentarios sobre todas estas obras.

Referencias varias:

-Miguel Anxo Seixas, “O brado de Merlín”, *O Correo Galego*, “A maltrana”, 10 novembro 1997, p. 3. Co gallo da publicación de *Merlín, a súa historia*, Seixas elabora unha introducción á materia de Bretaña e segue a súa evolución a través das obras do galés Galfridus Monemutensis, o normando Wace e os franceses Robert Boron e Chrétien de Troyes. Non esquince sinala-la presenza de ecos artúricos na obra de Cabanillas, Risco, Ferrín, Cunqueiro, Cabana e Xosé Ballesteros.



-Marcos Valcárcel, “As orixes de Merlín”, *O Correo Galego*, “Pé das Burgas”, 14 novembro 1997, p. 3. Comentario que aparece precedido de citas de *Na noite estrelecida*, de Ramón Cabanillas, *Merlín e Familia*, de Álvaro Cunqueiro; *Irmán Rei Artur*, de Carlos Reigosa, e *Con pólvora e magnolias*, de Xosé Luís Méndez Ferrín. Do “magnífico” estudio de Santiago Gutiérrez describe o contido e destaca o rigor e documentación agardando que o autor “siga a traballar nestes eidos coa mesma fortuna”.

Rodri García, “A ‘Biografía’ de Merlín”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 139, 28 outubro 1997,

6. Informa que Santiago Gutiérrez García na súa obra *Merlín e a súa historia*, “recolle unha morea de referencias históricas de autores que falan de Merlín e Artur” e de que nela aborda a figura de Merlín pola seducción que nela fala da figura de Merlín pola súa seducción que suscitou en lectores e autores. .



Neira Cruz, Xosé A., *Paio G. Chariño*, ilustr. Francisco Bueno, Edicións Xerais de Galicia, col. Así Vivíu, nº 3, 1997, 93 pp. (ISBN: 84-8302-122-6).

Ver apartado VII. 4. 1. deste *Informe*.



Polín, Ricardo, *Cancioneiro galego-castelán (1350-1450): Corpus lírico da decadencia*, prólogo de Xesús Alonso Montero, A Coruña: Ediciós do Castro: Publicacións do Seminario de Estudos Galegos, 1997, 544 pp. (ISBN: 84-7492 856-7).

Esta publicación recolle o esencial dos cinco tomos da súa tese de doutoramento sobre a lírica galego-castelá dos anos 1350-1450. Dúas partes ben diferenciadas artellan a obra: un extenso estudio, onde se ofrecen as pautas precisas para comprende-lo corpus poético e unha edición dos 63 textos que considera afíns á estética do trobadorismo galego-portugués. Completan o libro unha serie de apéndices onde edita outros 22 textos, máis dubidosos en tanto que debedores da estética galego-portuguesa, unhas variantes gráficas e outras anotacións, un conxunto de índices de primeiros versos, de autores, de voces, e unha bibliografía. Ricardo Polín afirma, a respecto do *Cancioneiro galego-castelán*, que “aínda considerando a existencia dun tipo de sincronía característica da lingua literaria que dá nome a esta escola poética, só un contraste minucioso das fontes, nos pode ofrecer unha idea aproximada de cales son as regras que rixen o proceso de transformación lingüística experimentado pola poesía lírica baixo o mecedánego dos reis casteláns”. No prólogo, Xesús Alonso Montero afirma que o presente libro será no futuro “referencia obrigada para os estudiosos e os curiosos do tema”.



Queixas Zas, Mercedes, *Os trobadores do reino de Galicia: Martín Codax, Mendiño, Xoán de Cangas*, Vigo: A Nosa Terra, 1997, 61 pp. (ISBN: 84-89976 08-2).

A obra divídese en seis grandes apartados: unha introducción histórica que vai dende a cultura castrexa ata a época trobadoresca; unha descrición das características do período trobadoresco; unha análise dos xéneros que empregan os trobadores para poderen expresa-los seus sentimentos ou pensamentos; unha descrición dos distintos cancioneros conservados; as vidas e as obras dos tres trobadores da '*Ría de Vigo*' (*Martín Codax*, *Mendiño* e *Xoán de Cangas*); e a transcripción dos seus textos.





XI. Literatura medieval

XI. 2. Actas



Beltrán, Vicenç, “Pero Goterres y la retórica de la impiedad: Alfonso X, Pero García Burgales, Gil Pérez Conde y Vasco Gil”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. I, pp. 279-295. (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; I. 84-8138-208-6).

O traballo comeza coa transcripción das dúas cantigas de Pero Goterres e prosegue coa súa presentación (condición social, identificación, época, orixe), para logo adentrarse na análise da estrutura dos dous textos da que salienta o tema do segundo “por su bizarría, pero no único”, pois aparece con formulacións semellantes “en la obra de otros tres trovadores” (Pero García Burgales, Gil Pérez Conde e Vasco Gil). A outra parte do estudio abarca a pesquisa feita ó longo dos escritos e documentos do século XIII do nome Pero Goterres. Remata afirmando que as cantigas onde o xograr-trobador se encara a Deus posúen dúas cousas en común como a elaboración formal e a súa irrespetuosidade cara a Deus que é “tornado responsábel, num tom que se aproxima muitas vezes da heresía”.



Brea, Mercedes, “Assi com dis us castellans: ¿en qué lengua?”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. I, pp. 365-379. (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; I. 84-8138-208-6).

Analiza os oito versos que en boca de “us castellans” apareceu a modo de cita no *Judici d'Amor*, que abrangue tratando problemáticas como o autor e a obra, segundo sexa o autor do *Judici d'Amor* Raimon Vidal de Besalú ou Raimon de Miraval; o *Judici d'Amor*; os versos de “us castellans”, punto que ten á súa vez catro apartados nos que se estudian os oito versos do *Judici*; unha recapitulación onde constata que “la diferencia fundamental entre los dos textos es que el reproducido en el *Judici* parece ser realmente (...) una cita más o menos literal de algún texto producido por un trovador gallego-portugués de origen castellano”, namentres que Raimbaut de Vaqueiras crea el mesmo os seus versos en galego-portugués.



Corral Díaz, Esther, “O vocabulario bélico na cantiga de amor”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. I, pp. 533-542 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; I. 84-8138-208-6).

Mergúllase no léxico bélico da cantiga de amor, malia poder ser considerado como un campo pouco axeitado para desenvolvelo, sobre todo, e tal como ela mesma di, se o comparamos con outros xéneros ou con outras literaturas do medievo. Os vocabulos que atopa son fundamentalmente “prender, prison, matar, ferir, guerrear, amparar, defender, vingar, fogir, guerra, estamentos como *cabaleiro*, partes de construcións como *amena*, armas como *espada*”. Pecha o seu estudio concluíndo que os termos bélicos “non adoitan aparecer ailladamente, senón máis ben son varios os que se entremezclan no mesmo marco”, amais de apareceren moitas veces nun reducido número de autores galego-portugueses.



Fidalgo, Elvira, “En torno al *mot-equivoc* en la cantiga de amor gallego portuguesa”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. I, pp. 611-616 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; I. 84-8138-208-6).

Pretende facer unha laboura semellante á que fixo Roberto Antonelli a respecto de Bernart de Ventadorn, mais centrándose na cantiga de amor para intentar “mitigar el vacío existente en el estudio de las repeticiones no sistemáticas”, ademais de previ-lo posible lector de que non atenderá a tódalas *rime identiche*, senón que máis ben só pretende facer “una panorámica de la utilización y rentabilidad de la *equivocatio* en rima”. Comeza dando unha definición de *mot-equivoc* e fai un repaso de tódalas que deron os teóricos medievais. Prosegue coa análise dunha serie de parellas léxicas (*senhor* / *Senhor*; *amor* / *Amor*; *guardar* (‘vixiar’) / *guardar* (‘mirar’). Chega á constatación final de que a lírica galego-portuguesa “ha transportado, (...), el recurso del *mot-equivoc en rim*, provocando una aparente repetición de rimantes que esconden diferencias en la significación”.



Fortuño Llorens, Santiago, “La modernidad literaria de la lírica galaico-portuguesa”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. I, pp. 617-627 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; I. 84-8138-208-6).

Comeza repasando as pautas esenciais do *neotrobadorismo* e de cáles foron os escritores que o levaron a cabo. Sinala a clara diverxencia que se dá entre a literatura trobadoresca e a contemporánea, pois mentres que na primeira se pasa “del tema a la emoción, la contemporánea es la emoción la que busca un tema para manifestarse”. A seguir revista este tema nos seguintes autores: Federico García Lorca, Carles Riba, Fermín Bouza-Rey e Álvaro Cunqueiro.



Frateschi Vieira, Yara, "Joam Soares Coelho e a moda popularizante nas cantigas de amigo", *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. I, pp. 629-638 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; I. 84-8138-208-6).

Transcribe cinco cantigas de amigo de Johan Soares Coelho, que son as que reflicten máis elementos popularizantes (refrán, dísticos con refrán monóstico, con ou sen paralelismo, formas arcaicas, proverbios, tema da auga). A continuación detense no estado actual da cuestión, onde expón que o seu verdadeiro propósito é "detectar uma crescente voga do tipo "popularizante" de cantiga de amigo entre os membros da nobreza, ou se estamos diante de uma preferência estilística individual do trovador que nos ocupa". A análise dos cinco elementos que se consideran popularizantes, lévana á conclusión de que existe unha evolución do xénero da cantiga de amigo nas cortes de Fernando III, Alfonso X e Afonso III cara a unha meirande preferencia e avoga polo ton popularizante.



Gaspar, Silvia, “La pastorela gallego-portuguesa. Apuntes para el estudio de una estética propia”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. I, pp. 691-700 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; I. 84-8138-208-6).

Pretende “contemplan a sistematización de rasgos que eventualmente eximan a este género (...) de ser asimilado a la totalidad de las pastorelas provenzales y francesas y, en concreto, apuntar la posibilidad de que la pastorela gallego-portuguesa constituya una tipificación dentro de un sistema autónomo”. Para levar a bo porto este propósito, Silvia Gaspar trata cuestións como o xénero; a creación do mundo nas coordenadas da realidade; a creación dun universo simbólico; o tempo, o espacio e os movementos direccionais; as actitudes persoais e as actitudes temporais. Todo isto fai que considere a pastorela galego-portuguesa como “un intento consciente de vuelta atrás o, en todo caso, de anulación del presente”, que permite facer unha triple distinción do xénero en *Pastorela sobre o canon literario*, *Pastorela “de implicación”* e *Pastorela “de resposta”* e diferencia-los seus representantes, pois cada xograr-trobador tería elixido un deles para desenvolver todo o talento do que era capaz.



Magán Abelleira, Fernando, “Sobre algunos rasgos epigramáticos en textos monoestróficos gallego-portugueses”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 957-965 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84 8138-209-4).

Inicia o artigo amosando o estado da cuestión e especificando que o seu propósito é o de “estudiar éstos (refírese os epigramas) y otros textos a la luz de la teoría del epigrama”. Na súa análise contempla cuestións como o concepto manexado de epigrama; a aplicación ó *corpus* lírico galego-portugués; o problema da posible fragmentariedade dalgúns textos monoestróficos; os trazos epigramáticos e os modos de acada-la “punta” e outros trazos epigramáticos. Remata o traballo coa transcripción dos nove textos do *corpus* que empregou.



Nodar Manso, Francisco, "Cantigas de Santa María y sistema musical grecolatino", *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1105-1112 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

Pretende aplica-lo sistema musical grecolatino ó corpus das cantigas marianas galego-portuguesas, pois, segundo el, "proporciona una serie de principios métricos y musicales idóneos" para afronta-la súa análise. Sobre todo logo de advertir que o estudio da música e da métrica medieval se atopan nun estado de estancamento causado principalmente por ter empregado preceptos métricos erróneos e por te-los traballos musicolóxicos desenvolvidos empregado teorías musicais medievais e arábegas mais non galego-portuguesas. Ó longo do seu artigo e antes de aplica-lo sistema musical grecolatino, trata uns puntos básicos (a métrica musical, o pé métrico e o compás musical; o ritmo e o metro). Pecha o artigo pondo énfase no feito de que se non existe unha meirande progresión do coñecemento da musicoloxía trobadoresca é porque "no existe una metodología que permita la lectura paleográfica de la música de las cantigas tal vez se deba a que ésta se ha sometido sistemáticamente a la faja del compás musical, a la confrontación entre la métrica acentual y a la métrica cuantitativa y al olvido del pie, del metro y del colon".



Parkinson, Stephen “Editions for consumers: five versions of a *Cantiga de Santa María*”, *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos, University of Oxford do 26-28 setembro do 1994*, Oxford: Centre for Galician Studies: Benigno Fernández Salgado (ed.), 1997, vol. II, pp. 57-75 (ISBN: O.C. 1 90-1393-01-1; II. 1 90-1393-03-8).

Analízanse os cambios textuais das edicións das *Cantigas de Santa María*, de Alfonso X o Sabio. Céntrase nunha serie de puntos como os compoñentes estruturais das cantigas e as variacións gráficas e textuais entre cada unha das versións chegadas ata hoxe. Para exemplifica-lo contido teórico, ilústrase o artigo coas distintas lecturas que se teñen dado da cantiga número 23 (“Esta é como Santa María acrecentou o vyo no tonel...”).



Pérez Barcala, Gerardo, “La poesía trovadoresca y las manifestaciones del amor en Duarte de Brito”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1159-1168 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

Comeza cun percorrido a través das transformacións ocorridas ó longo dos reinados de João II (1481-1495) e Manuel I (1495-1521) en Portugal e sen esquece-la produción literaria do momento. Salia que sen dúbida, a “obra cumbre” é o *Cancioneiro Geral* de Garcia de Resende (1516) onde se atopa o poeta cortesán Duarte de Brito que se caracteriza pola “simbiosis de elementos medievales y humanistas”. Seguindo os catro campos sémicos da *cantiga de amor* que sinalara xa G. Tavani, analiza a obra de Duarte de Brito asemade que fai de cando en vez algunha referencia á antiga lírica trovadoresca que lle precedeu. O estudo do servizo amoroso, da louvanza da dama, da actitude da dama e da dor do poeta, e da coita e morte de amor do namorado, levan ó autor á conclusión de que a obra de Duarte de Brito “es una poesía llena de estereotipos y fórmulas que remiten a nuestra más antigua tradición lírica”.



Reckert, Stephen, “Espacio, tiempo y memoria en la lírica galaico-portuguesa”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. I, pp. 57-70 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

Cunha introducción sucinta principia comentando tres fenómenos máis “misteriosos en el mundo: los árboles, el mar y la mujer” e tamén da outra tríade formada polos elementos espacio, tempo e memoria. Para podermos apreciar estes tres procesos, S. Reckert céntrase nas *cantigas de amor* que non se axustan ós moldes habituais do xénero para resultaren así máis interesantes, pero tamén se refire de cando en vez a outros xéneros da lírica galego-portuguesa medieval. Logo de ter analizado o seu elenco de textos, nas derradeiras páxinas do estudio alude á ampliación de horizonte do *locus amoenus* polos trovadores, motivado sen dúbida polos “viajes marítimos y conquistas en el ultramar, además de la posibilidad cada vez mayor de los viajes en general, proporciona nuevas justificaciones para la *saudade*”. Pasa despois revista ós poetas cortesáns do *Cancioneiro Geral* de García de Resende (1516) que recolle a produción poética, segundo el, “de las últimas siete décadas del XV”.



Rey Somoza, Antonio, “Estamentos no cristianos en las cantigas satíricas gallego-portuguesas”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1249-1259 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

Comeza cunha digresión sobre a retórica para logo ir pouco a pouco adentrándose no estudio propiamente dito. As dúas partes nas que se divide o seu traballo están dedicadas ós xudeos e ós musulmáns, respectivamente. Cada parte principia cunha sucinta referencia histórica da situación social para logo estudia-los textos que aluden a eles. Pecha o conxunto do traballo cunhas observacións, aínda que o que abraia é o escasísimo protagonismo dos xudeos nas cantigas satíricas. En canto ós musulmáns só se salienta deles, nesas cantigas, as súas prácticas homosexuais e o feito de que se convertan á relixión cristiá.



Ripoll Anta, Alexandre, “As cantigas de Estevam Coelho. Dúas composicións de ritmo periódico”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1269-1281 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

Con este traballo pretende analiza-las dúas cantigas de Estevam Coelho (B 720-721 e V 321322). Comeza explicando cáles foron as razóns seguidas para a selección do *corpus* e que o método seguido foi o da aplicación da gramática xenerativa. Para desenvolve-los seus propósitos aborda uns apartados para ubica-lo lector e contextualiza-lo seu estudio: noticia do autor e das cantigas. Estudos sobre o tema; Método, teoría métrica e nomenclatura; Textos, edicións e análises do ritmo. Pecha o estudio cunha extensa bibliografía que divide en catro partes.



Rodiño Caramés, Ignacio, “Diogo Gonçalves de Montenor-o-novo: un exemplo de acrecentamento postrobadores nos cancioneros galego-portugueses”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1297-1314 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

Alude na introducción a que os seus propósitos son os de “aportar unha lectura fiable e minimamente comprensible do texto, sabendo que pode ser revisable e mellorable nalgún dos seus aspectos”. Os puntos tratados na súa análise son os testemuños, o texto: edición e estudos, e o(s) autor(es). Todos eles levan o autor a determinar que “non se pode rexeita-la hipótese de que se traten dos mesmos, pois estes autores estaban activos durante o século XV no momento en que se produciron as incorporacións tardías no cancionero antecedente de *B / V*, e que sería logo trasladado a Italia”. Conclúe a edición cun apéndice dos textos do *corpus* empregados para desenvolver-lo seu estudio.



Rodríguez Castaño, María del Carmen, “Una cantiga de amor de Johan Fernandez d’Ardeleyro”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1315-1334 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

O traballo comeza coa análise dos problemas biográficos, os da transmisión, os da atribución e os da colocación nos cancioneros para logo adentrarse no estudio da cantiga de amor de Johan Fernandez d’Ardeleyro. Logo expón os elementos de partida para poder “establecer y justificar nuestros criterios de edición”. As cuestións tratadas no seu artigo son os elementos de partida do estudio, os criterios de edición e os da configuración do texto a través da *dispositio textus* e o *apparatus criticus*, pechando o mesmo cun apéndice onde transcribe cada unha das versións da cantiga de amor nos distintos cancioneros que a conservan (*B*, *V* e *Berkeley*).



Ron Fernández, Xosé Xabier, “*Porque no mundo menguou a verdade: As cantigas morais na lírica galego-portuguesa*”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1347-1366 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

O autor pretende estudar unha serie de textos dos cancioneiros galego-portugueses, coincidentes nas súas pautas tipolóxicas, que cualifica de *Cantigas Morais* rompendo coa etiqueta occitana de sirventés. Abrangue cuestións referidas á métrica, á organización discursiva, ós temas, ós topos tales como o *Triunfo dos falsos e dos traidores*, o *Desprezo do mundo presente*, o *Triunfo do Anticristo*, o *Mundo ás avesas*, e a *Procura do Amor e da Verdade*, etc. Por medio destes grandes puntos trata unha serie de cuestións que o levan a sinalar que “as cantigas morais compuxéronse, por riba de todo, durante o reinado de Alfonso X” e que “moitas delas viven no alento do contexto socio-histórico do seu tempo”. O estudo inclúe en apéndice, unha lista dos trovadores autores de *Cantigas Morais*.



Soto Arias, M^a Rosario, “Unha nova lectura da cantiga da ‘garvaia’”, *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos, University of Oxford do 26-28 setembro do 1994*, Oxford, Centre for Galician Studies: Benigno Fernández Salgado (ed.), 1997, vol. II, pp. 71-80 (ISBN: O.C. 1 90-1393-01-1; II. 1 90-1393 03-8).

Intenta dar “unha nova lectura que, prescindindo de cuestións métricas, de autoría ou datación, ten en conta basicamente aspectos de interpretación semántico-ideolóxica”. Inicia o estudo repasando as interpretacións dos eruditos C. Michaëlis, Rodrigues Lapa, Bertolucci, Rico, Pires de Lima, Piel e J. Horrent feitos ata o de agora. Logo segue coa transcripción da cantiga e cunha serie de comentarios verso a verso, que suscitan a conclusión de que “leva razón a crítica que ve despeito nestes versos”, ademais de “certo ton altivo, clamor irado de home que padece inxustiza”, pois, “á fin e ao cabo é a eterna conditio sine qua non do código cortés: necesítase medida, equilibrio, xustiza”, que pide o poeta á dama con mestría.



Vaquero, Mercedes, “E dest'un mui gran miragre vos contarei que oï”: oralidad y textualidad en las *Cantigas de Santa María*, *Actas do IV Congreso Internacional de Estudos Galegos, University of Oxford do 26-28 setembro do 1994*, Oxford, Centre for Galician Studies: Benigno Fernández Salgado (ed.), 1997, vol. II, pp. 55-69 (ISBN: O.C. 1 90-1393-01-1; II. 1 90-1393-03-8).

Comeza cun repaso sobre a elaboración das *Cantigas de Santa María* no *scriptorium* de Alfonso X e sobre as marcas referentes á oralidade ou á textualidade das fontes das cantigas marianas. Por outra banda, Mercedes Vaquero nota, ó analiza-la bibliografía existente, que sorprende comprobar o resultado “tan poco satisfactorio de los estudios comparados de las cantigas con sus posibles fuentes, o de los estudios comparados de las cantigas con otras narraciones medievales que supuestamente utilizaron las mismas fuentes”. O propósito da autora é ver “cómo se elaboran los dos primeros pasos de la composición en la mente del autor, pues es en este proceso donde creo que se puede hallar la respuesta a algunas de las marcadas variantes de las distintas versiones de una misma historia”. Exemplifica a súa tese co estudio das cantigas marianas 136 e 294 para chegar á conclusión de que non hai que esquecer que “es en este mundo literario medieval situado entre la oralidad y la “textualidad”, y siempre mediatizado en gran medida por la retórica, al que nos llevan las CSM”.



Ventura, Joaquim, “Tradición satánica e pacto co demo: o miragre de Teófilo nas *Cantigas de Santa María* de Afonso o Sabio e nos *Milagros de Nuestra Señora* de Gonzalo de Berceo”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1573-1580 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

Pretende estudar a tradición satánica e o pacto co demo a través da análise dunhas cuestións concretas e específicas: “As coleccións de miragres”; “O demo no primeiro milenio do cristianismo”; “Dos terrores do ano 1000 ó destemor cara ó demo”; “Realidade e tradición dos pactos diabólicos”. O estudo céntrase sobre todo nunha rememoración histórica do suxeito que abrangue dende o Edicto de Milán (313) ata a “loita contra o satanismo coa bula *Vox in Roma* do papa Gregorio IX, datada o 13 de xuño de 1233”. O derradeiro punto do que fala alude á *Miragre de Teófilo* que é o centro temático en dúas coleccións marianas medievais peninsulares, unha está escrita en galego-portugués (a de Alfonso X) e a outra en castelán (a de Gonzalo de Berceo).



Viñez, Antonia e Juan **Sáez**, “Un rimario de las cantigas de amigo”, *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1589-1598 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

As causas deste artigo foron a existencia dun rimario do *Cancioneiro da Ajuda* que atinxe a *Cantiga de amor*, e sobre todo, a lagoa da inexistencia dun para a *Cantiga de amigo*. O estudio repasa o estado da cuestión, a elección do *corpus*, os problemas atopados e as notas que aparecen na versión informatizada. Salienta que esa base de datos ha de permitir que poidamos facer consultas máis ou menos pormenorizadas, pois “nos ofrece la posibilidad de construir filtros más potentes, ya que podemos añadir más criterios para restringir la búsqueda de datos”.



Zwartjes, Otto, "Algunas observaciones sobre elementos extraandalusíes en las jar^ya-s romances y bilingües: la cuestión de la rima", *Actas do VI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Alcalá de Henares del 12-16 de septiembre de 1995)*, Alcalá de Henares: Universidad de Alcalá: José Manuel Lucía Megías (ed.), 1997, vol. II, pp. 1599-1611 (ISBN: O.C. 84-8138-207-8; II. 84-8138-209-4).

Intenta sitúa-las "jar^ya-s andalusíes y romances en el contexto literario árabe y con esto queremos demostrar que los poetas de poesía estrófica no se desviaron de los cánones que les eran familiares y que de ninguna manera han sido influidos o inspirados por la poesía peninsular pretrovadoresca". O traballo detense nuns cantos temas que abranguen o estado da cuestión: a diferencia entre *rimas árabes*, *rimas hispanohebreas* e *rimas na poesía latina clásica e postclásica*, e as rimas nas jar^ya-s romances.





XI. Literatura medieval

XI. 3. Publicacións en revistas



Arias Freixedo, Xosé Bieito, “Publicacións sobre literatura medieval galega”,
Anuario de Estudios Literarios Galegos 1996, “Panorámicas”, Vigo: Galaxia, maio
 1997, pp. 179-186.

Preséntanos nesta nota informativa bibliográfica as publicacións máis salientables relacionadas coa literatura galego-portuguesa do ano 1995. Comenta que o conxunto vai dende “unha edición crítica individual a unha edición do conxunto da nosa lírica profana, así como varias antoloxías cun evidente carácter divulgativo”. Pola contra, refírese a que os traballos de investigación varían na extensión e na temática. En total aparecen comentadas e mencionadas dezasete publicacións que vai repasando unha a unha.



_____, “*Eu atend’end’o meu amigo’, e un á* ¿É posible unha nova lectura da cantiga de Meendinho?”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 13, 2º semestre 1997, pp. 119-123.

Céntrase nas lecturas diverxentes de Nunes e de Tavani sobre a interpretación da cantiga (B 852; V 438) de Meendinho. Logo de nos presenta-las dúas lecturas diverxentes, propón unha terceira lectura, que repousa nunha interpretación diferente da antiga significación simbólicopositiva que se lle daba a esa cantiga, pois, para el, a moza xa “non é de angustia e desesperación” que morre, como se cría antes, senón que ela “morrerá” no ‘mar maior’ da paixón amorosa que desencadeará toda a súa forza erótica cando o amigo (...) chegue á illa. Daquela atoparanse os dous sós, no *locus amoenus* e ela, que non pode fuxir sen barqueiro, é consciente de que ‘morrerá’ de amor nos brazos do amigo”. Pecha a súa análise deténdose na rareza da expresión e *un á*, pois “non ten correspondencia noutros textos”.



Ashurst, David, “Masculine Postures and Poetic Gambits: the Treatment of the *Soldadeira* in the *Cantigas d'escarnho e de mal dizer*”, *Bulletin of Hispanic Studies*, nº 74 (1), 1997, pp. 1-6.

Pretende avalia-la función do personaxe da Soldadeira nas cantigas de escarnio. Para levar a bo porto o seu propósito vai analizando cuestións como a dobre moral e a vaidade masculina, a preocupación paternal e o desatino ou a superficialidade do ataque cara ás mulleres. Todo isto encamiñase pouco a pouco cara a unhas observacións finais das que cómpre salientar que D. Ashurst coida que a imaxe da *soldadeira* nas *Cantigas d'escarnho e de mal dizer* “está condicionada polo feito de que a obriga dos poetas era producir cancións ofensivas independentemente de que o abuso fose aplicable a un caso particular, non plausible, non realista socialmente, absurdo, trivial ou mesmo inmoral e polas posturas especificamente masculinas adoptadas polos poetas que se conceden a si mesmos unha situación de vantaxe dende a que poden vilipendiar eses obxectivos”.



Askins, Arthur L.-F., Gemma **Avenzoza**, Aida Fernanda **Dias**, José Ignacio **Pérez Pascual**, e Harvey L. **Sharrer**, “Novos fragmentos de textos xurídicos galegos (s.XIV)”, *Revista de Literatura Medieval*, IX, 1997, pp. 9-43.

Na introducción describe o proceso seguido para atopar uns fragmentos de textos xurídicos (o *Flos Sanctorum* publicado por Atanasio López Fernández no ano 1916 e as *Partidas* editadas por Eladio Oviedo y Arce no ano 1915) coa finalidade de recuperalos e dálos a coñecer á comunidade científica. Comenta que na Real Academia Galega atoparon nunha mañá catro textos fragmentarios: *Ordenamiento de Alcalá*, o testemuño que buscaban das *Partidas*, restos dun bifolio moi deteriorado cuns textos xurídicos eclesiásticos, e, un descoñecido anaco das *Partidas* de Alfonso X. No resto do artigo presentan unha descrición dos catro fragmentos atopados, os problemas de identificación do cuarto fragmento, a análise das características lingüísticas dos textos e pecha o estudo coa transcripción dos catro fragmentos atopados.



Beltrán Pepiό, Vicenç, “A alba de Nuno Fernandez Torneol”, *Revista Galega do Ensino*, nº17, novembro 1997, pp. 89-109.

O autor pretende estudar a *alba* analizando o seu “sistema simbólico propio da poesía tradicional do medievo tal como se manifesta nesta cantiga” de Nuno Fernandez Torneol. Logo de salientar a grandeza desta *alba* por ter aparecido a miúdo na meirande parte das antoloxías e edicións que se fixeron e se fan da lírica trobadoresca medieval galego-portuguesa, critica os erros interpretativos que se cometeron ata hoxe sobre ela, aínda que coincide “con gran parte das propostas interpretativas dos nosos predecesores; cremos, emporiso, que unha comprensión cabal do contido deste poema só se pode alcanzar sobre o fondo simbólico propio da canción tradicional medieval”. Continúa cunha comparación das distintas partes coas outras literaturas da época ou mesmo posteriores, que o levan a concluír que nos atopamos “diante do lamento da protagonista por un amor roto e, probablemente, diante do desexo —quizais máis poético ca verosímil— de reuni-los lazos que o amigo rompeu. E todo isto desenvolvido segundo un conxunto de técnicas frecuentes no contexto da canción románica de muller, pero allea á tradición trobadoresca”.



Billy, Dominique, “Paolo Canettieri, *Descortz es dictatz mot divers: Ricerche su un genere lirico romanzo del XIII secolo*”, *Revue des Langues Romanes*, nº 101 (2), 1997, pp. 264-274.

Comentario da obra de Paolo Canettieri onde amosa á comunidade científica os resultados ós que chega tralas súas pesquisas no que atinxe ás influencias do *descort* provenzal, tanto nos trobeiros e poetas italianos coma nos trobadores da escola galego-portuguesa. A obra divídese en dúas partes ben diferenciadas nunha amosa a análise do xénero propiamente dito e na outra o repertorio métrico dos textos. Fai tres observacións a respecto da estrutura subxacente nos esquemas métricos, da “notion de compensation interstichique” que consiste en recuperar a nivel da súa conxunción a isometría perdida a nivel de dous versos contiguos, e, das recorrencias dos timbres. Pecha a recensión sobranceando que “l’ouvrage constitue ainsi une somme incontournable de réflexions et de données sur le genre du descort, aptes à nourrir longtemps le débat” e que agarda con certo degoiro a edición que se espera deses textos.



Brea, Mercedes, “Érase unha vez... hai oitocentos anos. As orixes da literatura galega”, *Revista Galega do Ensino*, nº 16, maio 1997, pp. 79-89.

Partindo da tendencia ó retraso na datación da cantiga *Ora faz est' o senhor de Navarra* de Johan Soarez de Pávia, de 1196 ata setembro do 1200 a febreiro do 1201 e das premisas de ser esta unha cantiga de escarnio político que segue a liña dos sirventeses de Bertran de Born, e reproducir un esquema métrico semellante a unha canción de cruzada de Conon de Béthune (*Ahi! Amors com dure departie*), composta antes do ano 1191, Mercedes Brea profundiza no período literario dos últimos anos do século XII, ó que pertencía Johan Soarez de Pávia, na propiciación da lírica nas cortes peninsulares, poetas e textos ós que se poderían remonta-las orixes da nosa literatura. Remata concluíndo que a corrente culta da lírica occitana viría a introducirse nunha modalidade de canción tradicional da canción de muller, o que causou que nos derradeiros anos do século XII xurdise unha rica poesía.



Cossío Vélez, Rolando, “Un cancionero selecto”, *Qué leer*, nº 11, “Biblioteca das letras”, maio 1997, p. 89.

Recensión da obra *Las Cantigas de Pay Soarez de Taveirós* (1996), preparada por Gema Vallín e publicada na Universidade de Alcalá de Henares. Afirmo estar gratamente sorprendido por esta edición que vén paliar, en certa medida, unha eiva existente nos estudos medievais feitos na península ibérica. Describe detalladamente este traballo, salientando a exhaustividade, a orde e a claridade na exposición dos datos.



Cuesta Torre, M^a Luzdivina, “Tristán en la poesía medieval peninsular”, *Revista de Literatura Medieval*, IX, 1997, pp. 121-143.

A través das alusións textuais preténdese saber en qué grao era coñecida a lenda de Tristán, que xa fora recollida na obra gala *Tristan et Iseut* no século XII, e no *Tristan en prose* no XIII. Sobrancea a situación privilexiada do suxeito, gracias ás numerosas testemuñas manuscritas conservadas tanto na prosa coma na lírica, e, sobre todo, por ser un feito pouco frecuente en tres linguas peninsulares. Prosegue o seu estudio cunha análise de todos eses vestixios provenzais, cataláns, casteláns e galego-portugueses. Todo isto, leva a Cuesta Torre a subliñar que as alusións peninsulares, demostran “claramente la popularidad temprana de las figuras de Tristán e Iseo en zona catalano-provenzal, de donde pudo extenderse al resto de la península, facilitando así la posterior traducción del *Roman* en prosa”, o que podería levar a pensar que a versión galego-portuguesa é froito das traducións cataláns e casteláns do *Tristan en prose*, mais “los textos demuestran que las traducciones catalanas y castellanas están relacionadas y son independientes de la gallega”.



Da Costa Fontes, Manuel, “On Alfonso X’s “interrupted” Encounter with a *soldadeira*”, *Revista de Estudios Hispánicos*, nº 31 (1), 1997, pp. 93-101.

Pretende estudar nas *cantigas de escarnho* de Alfonso X, os encontros seus coa(s) *soldadeira(s)*. Comeza coa descrición narrativa da cantiga (18, 20) e dos comentarios que fixeron Rodrigues Lapa, PinheiroTorres, J. T. Snow para os que a acción da cantiga se desenvolve durante o Venres Santo, mais coida que debe ser reixetada tal hipótese e indica tamén os motivos. Transcribe a continuación o texto de Alfonso X que acaba de comentar, para adentrarse nun pormenorizado percorrido a través de varios textos tirados da obra dos autores Pierre Alzieu, Robert Jammes e Yvan Lissorgues e do *Cancionero de Estúñiga*, nos que fai acto de presenza a nosa personaxe feminina e de cando en vez alude tamén á obra de Fernando de Rojas (*La Celestina*), e á de Juan del Encina. O que Manuel Da Costa sobrancea da obra de Alfonso X é a diferenza existente entre o Alfonso das *Cantigas de escarnho e de mal dizer* e o Alfonso das *Cantigas de Santa María*.



Fernández Guiadanes, Antonio, “Esther Corral Díaz, *As mulleres nas cantigas medievais*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 16 (maio 1997), pp. 309-312.

Comentario de *As mulleres nas cantigas medievais*, de Esther Corral Díaz, presentada como froito dunha tese de doutoramento onde a autora fai o estudio filolóxico das denominacións da muller que aparecen na poesía trobadoresca galego-portuguesa. Prosegue coa descrición minuciosa da obra e dos seus nove capítulos ó longo dos cales nos presenta toda a terminoloxía que designa á muller na literatura medieval. Salienta os puntos que lle parecen importantes como: que tanto ó inicio coma ó final de cada capítulo haxa unha breve “introducción e conclusión que fan que todo quede máis claro” e, sobre todo, que é unha obra que vén dar “un pouco máis de luz a ese mundo considerado por moitos escuro e bárbaro”.



Fidalgo, Elvira, “Acerca del *mot-equivoc* y del *mot-tornat* en la cantiga de amor”, *Cultura Neolatina*, nº 72 (3 e 4), 1997, pp. 253-276.

Comeza co repaso do estado da cuestión dende as súas orixes sobre o *dobre* e o *mozdobre*. Refírese a estudiosos como Celso Cunha, Giuseppe Tavani, Anna Ferrari, Vicenç Beltrán entre outros falaron destes recursos estilísticos. O seu propósito é “rescatar de ese cajón algunos de los *rimanti* repetidos de manera esporádica para proponer una etiqueta que pueda individualizarlos o, al menos, aproximarlos al punto de referencia occitano”. A súa travesía pola cantiga de amor galego-portuguesa, lévana a distinguir varios grupos dentro do emprego deste recurso da *repetitio*: un rimante que aparece repetido só unha vez ó longo da composición, casos de aparente *mot-tornat* “podrían no ser más que “defectos” en la composición de cantigas artificiosas”, e cantigas que presentan algún dos seus rimantes repetidos a moita distancia pero que fan lembrar moito ó *mot-tornat* con tódalas súas implicacións. Termina coa conclusión de que no *corpus* da cantiga de amor, “la repetición de algún elemento inserto en estructuras paralelísticas —verbales o semánticas—, no coincidiría con el concepto —y, por consiguiente, con su negativa connotación— que *mot-tornat* tenía para los provenzales, ya que la iteración sería un eco del propio proceso de construcción de la cantiga”.



_____, “Cantigas de desamor”, *Qué leer*, nº 10, “Biblioteca das letras”, abril 1997, p. 78.

Recensión descriptiva da obra *Lírica profana galego-portuguesa*, publicada polo Centro “Ramón Piñeiro” en 1996. Comenta brevemente as diferencias xenéricas existentes nos nosos cancioneros medievais. Salienta a dobre utilidade destes dous volumes: para os estudiosos da materia e para os curiosos que se achegan por primeira vez á nosa lírica medieval.



Gómez Redondo, Fernando, “Juan Paredes, *Las narraciones de los “Livros de Linhagens”*”, *Revista de Filología Española*, nº 77 (1 e 2), 1997, pp. 161-163.

Comenta a transformación producida na historiografía medieval ó longo dos derradeiros quince anos, nos que “la investigación filológica ha asumido el papel determinante que jugaron los géneros historiográficos en la construcción del discurso literario medieval”, e para quen o traballo de Juan Paredes sobre as narracións dos *Livros de Linhagens* vén, en certo modo, a encher algo esa enorme lagoa que existe. Sinala que esta obra se divide en dúas partes, unha onde se fai un estudio do xénero, e a outra, onde se amosa unha selección dos textos máis interesantes. Salienta que todo ese conxunto de textos foron estruturados en sete grupos polo autor na que se poden albiscar “un mosaico de personajes y de situaciones (...) que conectan plenamente con los propósitos que animan, en esta centuria, a romances históricos y épicos”. Fernando Gómez sobrancea que o meirande logro de Juan Paredes foi o de ter dado “sentido a una tradición literaria, que recoge buena parte de las técnicas ensayadas en la historiografía”, ademais de servir para analiza-lo entramado dun bo número de romances.



Gracia, Paloma, “*Revista de Literatura Medieval VIII (1996)*”, *Revista de Filología Española*, nº 77 (1e 2), 1997, pp. 210-213.

Comentario informativo da publicación da *Revista de Literatura Medieval* do ano 1996 no que se describen as distintas seccións da mesma. Comeza falando do contido da edición de Marta Haro Cortés sobre a testemuña fragmentaria dos *Bocados de Oro*. Describe a seguir os artigos dos seguintes estudiosos: Marcelino V. Amasuno, Andrew M. Beresford, Elvira Fidalgo, Mariana Masera, Margherita Morreale, José Luís Rodríguez, Bary Taylor, José A. Valverde, dos que só E. Fidalgo e J. L. Rodríguez tratan cuestións relacionadas coa literatura galego-portuguesa medieval. A derradeira sección é a dedicada ás recensións de Fernando Gómez Redondo, de José Manuel Lucía Megías e de Juan C. López Nieto.



Kennedy, Kirstin, "In sickness and in health: Alfonso X of Castile and the Virgin Mary in *Cantiga* 235", *Galician Review*, nº1, 1997, pp. 27-42.

Comeza falando dos conflitos familiares existentes entre Alfonso X e o seu fillo Sancho nos últimos anos de reinado do primeiro, afirmando Sancho que o rei "está demente y leproso". Refírese a que como rexeitamento a estes ataques, hai tentativas de Alfonso X presentes nas Cantigas de Santa María, que, ademais de recoller historias tradicionais de milagres, incluían tamén contextos históricos identificables, o que proba o feito de que as Cantigas sexan usadas como fonte de información para historiadores da España de finais do século XIII. Pretendía non só cantar á Virxe senón tamén obte-la glorificación do seu propio reinado. Afirma que isto acontece na cantiga 235, que ofrece información histórica do período comprendido entre 1269 e 1278, así como da enfermidade sufrida polo rei durante eses anos. Reúne opinións de críticos sobre a intencionalidade do autor ó escribi-la cantiga e fai unha análise detallada dela facendo fincapé nas cuestións anteriormente sinaladas, polo que desenvolve unha lectura en clave político-relixiosa na que Alfonso X consegue unha relación moi próxima a Deus, para verificar finalmente que só Deus é un rei superior. Remata manifestando que a mensaxe da cantiga é que o rei lexítimo é o único gobernante temporal posible, e goberna porque o seu poder deriva de Deus, o que demostra que o autor era quen de emprega-la literatura para fins políticos.



Lorenzo Gradín, Pilar, “El dobre gallego-portugués o la estética de la simetría”,
Vox Romanica, nº 56, 1997, pp. 212-241.

Pódense distinguir neste artigo os seguintes cinco puntos: un repaso dos estudos realizados sobre o *dobre*; un descarte dunha serie de cantigas que aparentemente recorren ó *dobre*, mais que non empregan este recurso se atendemos ó dito polo *clérigo* nas *Artes de trovar* de B; unha panorámica do recurso nas cantigas nas que aparecen varios modelos de *dobres*; unha pretensión de determinar cá foi a razón que explica a esixencia do *clérigo* de B sobre o emprego do *dobre* na *fiinda*, por só existir dous casos en Pero Garcia Buralés, o que a leva a pensar a Pilar Lorenzo que “la introducción del artificio en los versos de remate era tan solo una alternativa estilística que daba cuenta del talento poético del trovador y de sus habilidades métrico-rítmicas”; unha serie de observacións finais referíndose á cantidade de xograres-trobadores que cultivan o *dobre*, á clase social a que pertencían e á época na que máis se empregou este recurso estilístico.



Monteagudo, Henrique, “Lírica profana galego-portuguesa”, *Grial*, nº 134, Tomo XXXV, abril-maio-xuño, 1997, pp. 278-280.

Recensión da obra *Lírica profana galego-portuguesa* (1996) publicada polo Centro Ramón Piñeiro, traballo que forma parte do proxecto de investigación denominado “Arquivo de Galicia Medieval”. Comeza expoñendo os “méritos do labor”: “unha edición manexable e completa da nosa tradición lírica trobadoresca” cunha “disposición e feitura material (...) excelente”. A continuación sinala o que considera “aspectos máis discutibles do produto”: a edición dos textos antes de remata-lo traballo coas fontes manuscritas, a presentación “como un grande avance científico” do que el recoñece como unha “edición divulgativa”, a perda dunha oportunidade para ofrecer unha lectura dos textos poéticos trobadorescos concibidos dende o galego e para os galegos e unha ampla bibliografía “pouco meditada”. Finaliza preguntándose sobre a necesidade de proporse “obxectivos máis ambiciosos”.



Montero Curiel, Pilar, “*La literatura en la época de Sancho IV. (Actas del Congreso Internacional “La literatura en la época de Sancho IV”, Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994)*”, *Revista de Literatura*, nº 118, 1997, pp. 627-631.

Refírese ás *Actas do Congreso Internacional de La literatura en la época de Sancho IV*, divididas en tres bloques. Comenta que no primeiro (a *Introducción*) se ofrecen “datos de carácter general para entender la literatura española en la época”; no segundo aparecen catorce *Ponencias* e dezaioito *Comunicacións*, que abranguen cuestións e obras literarias compostas nesa Corte do rei de Castela, a cabalo entre séculos. Finalmente, sinala que as *Actas* se pechan cun apéndice bibliográfico coordinado por José Manuel Lucía Megías. Para Pilar Montero, estas *Actas* han ser “un punto de referencia insoslayable, una óptica para mirar con nuevos ojos hacia el desierto cultural de la transición del siglo XIII al XIV”, tal e como xa se tivera lamentado nos anos oitenta Alan Deyermond.



Montero Santalha, José-Martinho, “As sete cantigas de amor de Dom Dinis do fragmento Sharrer”, *Agália*, nº 50, verã 1997, pp. 229-237.

Principia coa noticia da descuberta no ano 1990 polo estudioso norteamericano H. L. Sharrer dun pergamiño que contén sete cantigas de amor de Don Denis coa súa notación musical. Comenta que o estado destas é fragmentario, debido a unha mala conservación por ter servido de capa dun libro notarial do século XVI. Refírese a que esas sete cantigas xa eran coñecidas polos códices *B* e *V*, onde aparecen na mesma orde (*B* 522-528 e *V* 107-113). Pese a que o manuscrito descuberto “nom fornece grandes novidades textuais, nom por isso deixa de ter importãncia, mesmo desde o punto de vista textual (aínda sem contarmos o aspecto musical, no qual tudo o que *S* aduz é completamente novo)”. Intenta ofrece-la lectura crítica das sete cantigas, dando un aparato de variantes, senón só dar uns comentarios para que se poidan situar “dentro do conxunto de cada poema o texto agora transmitido fragmentariamente”. Presenta a lectura das sete cantigas na orde xa coñecida e logo de as transcribir, conclúe cuns comentarios codicolóxicos, cunhas hipotéticas actitudes dos escribas dos códices *B* e *V*, e engade as relacións existentes entre os diversos manuscritos trobadorescos conservados na actualidade.



Pérez Barcala, Gerardo, “Mercedes Brea (coord.), *Lírica profana galego portuguesa*”, *Revista Galega do Ensino*, nº 16, maio 1997, pp. 289-291.

Comenta o resultado acadado polo grupo de investigadores composto por F. Magán Abelleira, I. Rodiño Caramés, M^a C. Rodríguez Castaño e X. X. Ron Fernández, A. Fernández Guiadanes e M^a C. Vázquez Pacho, coordinados por Mercedes Brea, na publicación *Lírica profana galego-portuguesa* (1996). Describe a obra de xeito minucioso dende a introducción, o método de traballo, os xéneros e a orde alfabética que segue o *Repertorio metrico della lírica galego-portoghese* de Giuseppe Tavani, etc. Considera que a meirande achega deste libro está “na recompilación da totalidade da produción trobadoresca galego-portuguesa”. Sinala tamén que a obra enche unha lagoa existente no eido da lírica medieval galego-portuguesa e destaca o seu carácter de obra aberta a calquera nova suxestión que a poida ir mellorando.



Polín, Ricardo, “O Arcediago de Toro: señas galegas e trobas pioneiras”,
A Trabe de Ouro, “Acoutacións”, nº 30, Tomo II, Ano VIII, abril-maio-xuño, 1997,
pp. 63-70.

Céntrase na figura do Arcediago de Toro sinalando que “este lexendario trobador ténsenos furtado reiteradamente ós galegos da historia da nosa literatura”. Respecto á súa biografía e ás hipóteses que sobre ela se poden dar, pensa que tanto biolóxica coma lingüística e literariamente hai datos que avalan a súa galeguidade. Salienta, á marxe da súa habilidade versificadora, o emprego da arte maior e considera que son de especial importancia as composicións “A Deus, Amor, A Deus, El Rei”, a máis antiga na lírica peninsular, e o orixinal testamento burlesco “Pois que me vejo á morte chegado”.



Rodiño Caramés, Ignacio, “Carlos Paulo Martínez Pereiro, *Natura das animalhas. Bestiario medieval da lírica profana galego-portuguesa*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 17, 1º semestre 1997, pp. 182-185.

Salienta do libro de Carlos P. Martínez, *Natura das animalhas* (1996) a súa atractiva presentación que o aproxima a un bestiario tanto polo contido coma pola forma. Sinala que a obra se divide en dúas partes, onde o autor expón cales son os seus obxectivos e o seu *modus operandi*. Considera que a análise se achega “máis a un autoproclamado “caderno de campo dun naturalista literario ca a un tratado científico”. A seguir indica a falta dunha explicación de cal “vai a ser a clasificación seguida e os motivos nos que se asenta” e dunhas conclusións as que podería ter chegado logo de ter realizado a análise dos animais que aparecen nas distintas cantigas da lírica galego-portuguesa. Ignacio Rodiño expón catro puntos que el coida que se poden desprender a través do estudio de Carlos P. Martínez: as alusións ós animais aparecen ó longo de todo o conxunto das cantigas para a miúdo a aclimata-lo encontro amoroso ou para degrada-la persoas ou grupos sociais; a súa funcionalidade nos textos; o aproveitamento das diferentes especies empregando a súas características naturais e simbólicas; e a “case total ausencia de animais de procedencia e significación exótica e/ou mítico-literario”.



Rodríguez Sánchez, Santiago, "De antiqua ars litterae", *Agália*, "Recensons", nº 47, outono 1996, pp. 395-396.

Logo de se referir ó conxunto dos títulos publicados por Promocións Culturais Galegas S.A. de temática medieval, centra o comentario en *Natura das animalhas* (1996), de Carlos Paulo Martínez Pereiro e nos cinco volumes da historia da Literatura Galega da AS-PG que teñen como contido a produción literaria do medievo. Fai un percorrido descritivo por *Natura das animalhas* e loa este traballo por conseguir que o lector actual descubra a calidade e orixinalidade da nosa lírica medieval. Con respecto á colección que asina a AS-PG, cualifica de "obra mui novidosa e mui interesante e necesaria para o país". Comenta que os detalles ausentes son: a síntese de datos en gráficos e esquemas, unha contextualización lingüística das obras parella á histórica e unhas notas biográficas acerca dos autores.



Ron Fernández, Xosé Xabier, “Paolo Canettieri, *Descortz es dictatz mot divers*. *Ricerche su un genere lirico romanzo del XIII secolo*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 17, 1º semestre 1997, pp. 167-171.

Recensión sobre o libro de Paolo Canettieri no que analiza o universo poético do *descort* dende tódalas súas perspectivas e en tódalas linguas romances. Comenta que o libro se divide en dúas partes ben definidas: a primeira céntrase só en estudos relacionados coa lírica medieval. A seguir vai presentando os puntos que trata o autor dos que sobrancea o dedicado á intertextualidade, pois, para el, é unha das partes “máis interesantes e máis doadas de ler”, ademais de que “o deseño trazado polo autor é intelixente: analizar os mecanismos das relacións externas ó xénero”. Da segunda parte indica que presenta un repertorio métrico e rítmico que se pode dividir en varios puntos: “esquemas métricos e melódicos; períodos métricos-melódicos; módulos rímico-silábico; rimario; rimas técnicas; índice de rimas técnicas e notas explicativas ó repertorio”. Afirmar que estamos diante dunha obra necesaria pois “permite delimitar con claridade que é o *descort* románico, necesaria por expoñer as súas características estruturais sen desatender ós factores de contextualización (...), erro presente en non poucos estudos dedicados á lírica trobadoresca”.



Rossell, Antoni, “A música da lírica galego-portuguesa medieval: un labor de reconstrucción arqueolóxica e intertextual a partir das relacións entre o texto e a música”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos* 1996, “Estudios”, Vigo: Galaxia, maio 1997, pp. 41-76.

Mergúllase nunha serie de cuestións como a documentación e os estudos musicolóxicos, a paleografía e a súa transcripción, a melodía e a súa análise, a forma musical e a estrutura melódica, os instrumentos, as relacións texto-música e os *contrafacta* das cantigas para se poder achegar á música da lírica galego-portuguesa e isto lévao a presentación da reconstrucción dos *contrafacta* das cantigas galego-portuguesas (nº 18, 42, 80,1, 87,2, 94,8, 125,19, 157,34 bis). Ó longo do estudio fai algunha advertencia e observación ós eruditos á hora de se enfrentaren a temas relacionados coa musicalidade dos textos medievais, pois moitas veces os erros que cometen veñen causados pola súa actitude de non intentar seren obxectivos e así deveceren que “toda interpretación debe transmitir texto e música en igualdade de condicións”, xa que logo “a transcripción musical debe respectar a prosodia do texto e, daquela, toda a periodización rítmica regular é invariable”, e “desde unha perspectiva estritamente musicolóxica hai que deixar de tratar en exclusiva a cuestión rítmica para abordar estudos como o melódico, as relacións texto-música e a súa transcendencia intertextual e intermelódica”.



Vallín, Gema, “Escarnho d’amor”, *Medioevo Romanzo*, XXI (1), 1997, pp. 132-146.

Analiza os textos que M. Rodrigues Lapa denominaba *escarnho d’amor*. Comeza o seu estudio referíndose as características da *cansó* cara ó século XIII e como as cantigas galegoportuguesas teñen máis en común con estas, que coa temática que posuían as *cansós* precedentes. Adentrándose no seu propósito de “subrayar la originalidad de algunas de estas cantigas, contrastándolas con los modelos temáticos y expresivos que alteran deliberadamente” e logo de ter feito un pormenorizado estudio dos textos, chega á conclusión de que tódolos textos analizados xorden como consecuencia dunha concepción do amor cortés como fonte creadora dun sentimento estéril por non te-lo namorado ningunha posibilidade, ou moi escasa, de acada-lo ben, que tanto lle pide e lle roga, pero que a súa dama lle podería outorgar se ela quixese e, sobre todo, se ela non se amosase perante el tan distante.



_____, “Juan Paredes, *Las narraciones de los “Livros de Linhagens”*”, *Romance Philology*, nº 51 (1), 1997, pp. 126-128.

Comentario do libro *Las narraciones de los Livros de Linhagens*, de Juan Paredes no que se sinala que se trata dunha materia pouco investigada que o estudioso abrangue atendendo máis no seu atractivo literario máis ca no histórico. Afirmo que o traballo ten dúas partes ben diferenciadas nas que se inclúe unha extensa introducción sobre as diferentes fontes das que se alimentan as narracións dos libros de linaxes e unha sección antolóxica dividida en “Materia Antiga” e “Materia de Bretaña” na que aparecen textos sobre o primeiro rei de Troia, de Eneas, e así prosegue a súa análise ata chegar a contemporaneidade trobadoresca. Sobrancea “la introducción detallada e imprescindible sobre la tradición historiográfica y literaria de los textos”.



_____, “Stephen Reckert, *A realidade poética das Cantigas de amigo*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº 18, 2º semestre 1997, pp. 171-174.

Anuncia a terceira edición da obra do anglo-norteamericano S. Reckert e de H. Macedo, onde analiza unha selección de cincuenta cantigas, que resulta ser unha “significativa representación do corpus total do xénero e, en tal sentido, constitúen seguramente a mellor introducción ó seu coñecemento” e sen esquecer tampouco que é “unha renovadora aportación á historia da literatura galego-portuguesa”. Considera que este traballo do autor serve para “explicar cómo e por qué eses delicados poemas dos séculos XIII e XIV actúan sobre nós coa eficacia e a rotundidade coa que de feito o fan, é cál é a mensaxe máis fonda que levan consigo”. Salienta que Reckert dá dúas respostas fundamentais, unha formal e outra semiótica, para explicar esa atracción por eses textos tan lonxe de nós. Opina que o *Cancioneiro* galego-portugués é o primeiro caso na literatura medieval occidental do seu xénero, e que as súas interpretacións desas cantigas resultan ser todas singulares. Esas interpretacións non son só froito do gusto e da intuición, senón tamén que se basean “nunha vasta perspectiva histórica e literaria”.



Vázquez Pacho, María del Carmen, “Esher Corral Díaz, *As mulleres nas cantigas medievals*”, *Boletín Galego de Literatura*, nº17, 1º semestre 1997, pp. 171-173.

Recensión da obra *As mulleres nas cantigas medievals* (1996), froito dunha tese de doutoramento defendida en decembro do 1993, onde a autora pretendía “estudiar as distintas denominacións de muller” tanto nas cantigas profanas coma nas de Santa María. Sinala que nela podemos atopar nove partes que axudan a analizar mellor a variada e ampla serie de denominacións referidas á feminidade. M^a del Carmen Vázquez enumera os nove puntos especificando o contido de cada un. Salienta da obra, sobre todo, “a distribución que se fixo de cada capítulo” para facilita-la consulta do libro. Remata facendo unha observación sobre a distinción *don*a e *donzela* que Esther Corral só a inclúe no punto no que ámbolos dous termos se diferencian polo estado civil, mais cómpre salientar, segundo ela, que tamén se pode pensar na posibilidade de que este binomio podería servir para diferencialas atendendo a idade de cada unha delas. Destaca do traballo da autora que é “a primeira vez que se presenta un estudio de conxunto de tódalas denominacións de muller na lírica galego-portuguesa”, pois só se tiñan ata este intre libros ou estudos que aludían ó tema da muller no medievo de xeito xeral ou parcial, mais nunca tan completo como neste estudio.



Wittlin, C., “Juan Paredes (ed.), *Medioevo y Literatura. Actas del V Congreso de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval*”, *Vox Romanica*, nº 56, 1997, pp. 388-391.

Dá a coñecer-la publicación das *Actas do V Congreso da Asociación Hispánica de Literatura Medieval* celebrado na universidade de Granada e que se compón de catro volumes nos que se inclúen cento corenta e catro traballos. Segundo C. Wittlin, non se poden sobrancear ningunha das comunicacións nin das ponencias presentadas, pois tanto unhas coma as outras caracterízanse polo súa mediocridade. Outro dos puntos, é a proposta de que os congresos deberían publicar, en soporte electrónico, uns resumos do que ocorre neles para que se poidese ter acceso de contado a esa información e non ter que agardar nalgún caso varios anos a que se editen as súas actas. O resto da recensión é unha descrición dos catro volumes e do seu contido respectivo.





XI.4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas

XI. Literatura medieval

XI. 4. Publicacións en xornais: artigos de opinión e colaboracións fixas



Abuín de Tembra, Avelino, “As glosas da lingua”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 20 abril 1997, p. 2.

Comeza lembrando o descubrimento do novo glosario de voces castelás en San Millán de la Cogolla, incluídas no Códice Emilianense 46, revelado no IV Congreso Internacional da Lingua Española celebrado na Rioxa. Continúa citando ós investigadores deste glosario, e fai un breve repaso do contido das glosas emilianenses e silenses, “testemuños de utilización consciente nun dialecto do latín na Península Ibérica”. A seguir, lembra as datas das primeiras glosas doutras linguas romances como o francés, o italiano ou o catalán e pregúntase ónde se sitúan as primeiras glosas en lingua galega. Destaca as palabras do investigador Joaquín Ferreira quen confesa que as primeiras mostras do galego-portugués literario son do século XII. Comenta ademais que despois da tese de Carolina Michaëlis, quen considera a primeira poesía galego-portuguesa a cantiga de amor “Ribeiriña”, de Paio Soares de Tabeirós, do ano 1189, non houbo ninguén capaz de atopar novos documentos que, segundo o autor, deben existir. Remata lamentando a falta de subvencións para a investigación das orixes da lingua galega que el considera, agora máis ca nunca, imprescindibles.



_____, “Madrugada de San Xoán”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
23 xuño 1997, p. 2.

A hipótese de que existise o xénero épico na literatura galega da Idade Media leva ó autor do artigo a afirmar que a primeira manifestación deste xénero na nosa literatura é o “Poema de Alfonso Onceno”, de mediados do século XIV, e polo tanto serodio. Manifesta, xa que logo, que “Galicia penetra na literatura a través da lírica”, coa importante influencia do Camiño de Santiago, que serviría como vehículo de comunicación con outros focos culturais como a Provenza. Destaca a importancia que a poesía popular, en paralelo á culta, tivo en Galicia, citando dous exemplos: o “Romance de don Gaiferos de Mormaltán”, máis coñecido có “Romance da Princesa Adina”. Deste último conta o argumento, que transcorre na madrugada de San Xoán, “data trascendente do acervo comunitario de Galicia”.



_____, “Ondas do Mar de Vigo(I)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”, 27 xullo 1997, p. 2.

Inicia o seu comentario lembrando tódolos tipos de cantigas, os cancioneros e as edicións existentes deles e a grandeza acadada por esa lírica medieval duns trobadores e xograres que se sitúan na súa meirande parte nos reinados de Alfonso IX de León, Fernando III, Alfonso X de Castela e Don Denís de Portugal. Tamén salienta a cantidade de poetas pertencentes ó reino de Galicia (Bernal de Bonaval, Alfonso Eans, Airas Nunes, Lourenzo,...). Critica o descoñecemento que teñen os galegos con respecto á grandeza desta época. Sinala que esta ignorancia se percibiu cando se coñeceu que o Día das Letras Galegas de 1998 fora dedicado a Martin Codax, Meendinho e Johan de Cangas, pois “non sentiron absolutamente nada”. Remata ironizando as verbas de Antón Fraguas (“decisión tomada por unanimidade”), ó suxerir que “segundo se sabe por entre bastidores, máis que ‘unanimidade’ houbo unha pactada concordia”.



_____, “Ondas do Mar de Vigo (e II)”, *O Correo Galego*, “A lúa nos beizos”,
28 xullo 1997, p. 2.

Segunda parte do artigo sobre a decisión tomada pola RAG de dedica-lo Día das Letras Galegas de 1998 a tres trobadores galegos (Martin Codax, Meendinho e Johan de Cangas). Isto sérvelle para darnos unha serie de datos dos tres trobadores e achegar así estes ós lectores e cidadáns. Salienta que a meirande característica que une os tres é a pouca información que chegou ata nós das súas vidas, de xeito que todo o que se sabe deles non son máis que conxecturas e hipóteses tanto do lugar de nacemento, datos biográficos e lugar de falecemento, coma da datación da súa obra. Indica que deles só sabemos que compuxeron sete, unha e tres cantigas de amigo, respectivamente situándose nos arredores do mar de Vigo. Remata decindo que tódalas opinións e teorías existentes ata hoxe en día, na súa meirande parte non deixan de seren meras conxecturas que nos poden servir mentres non atopemos máis datos deles.



Agís, Marcelino, “A filosofía dos trovadores (I)”, *O Correo Galego*, “Pensamento galego”, 28 maio 1997, p. 3.

Define a relación entre filosofía e literatura ó longo do tempo como “a historia dun desencontro” e refírese a que aqueles filósofos que escribiron filosofía literaria foron considerados como menores e o mesmo ocorreu cos literatos que presentaron reflexións e problemas filosóficos na súa obra. Sinala que o desencontro afecta especialmente ó caso español e galego a pesar de que a filosofía se percibe en moitas obras destas dúas literaturas. De seguido, conta cómo, preocupado por este tema, acudiu a Mercedes Brea para propoñerlle unha serie de reflexións tales como se existe unha filosofía popular na poesía lírica galego-portuguesa, se se agocha algunha moral nas cantigas ou se ten algo que ve-la filosofía coa poesía medieval galega.



_____, “A filosofía dos trobadores (e II)”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 4 xuño 1997, p. 3.

Comenta que cantigas populares existiron “dende sempre” e no tocante á literatura escrita sitúa o asentamento dunha tradición nos últimos anos do século XII e refírese ós contactos entre Diego Xelmírez e Guilhem de Pieteü. Sinala tamén a diferenza entre trobador e xograr e di que para empezar a perfila-los trazos do pensamento medieval galego asociado ás cantigas hai que ter en conta o xénero, a importancia do amor, a toma da palabra por parte da muller e o carácter satírico de moitas composicións.



_____, “A filosofía e o amor”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 11 xuño 1997, p. 3.

Resalta a importancia do tema do amor para os filósofos e subliña neste sentido a Platón contraponendo o amor efémero e carnal ó duradeiro da beleza. Explica cómo nas cantigas de amor galego-portuguesas o amor vén marcado polo patrón platónico en referencia á realización do ser amado e á escaseza de descrições do corpo fronte ás expresións abstractas. Considera que as cantigas de amor souberon “axeitar un vello patrón filosófico que viña de lonxe, rescatando un fenómeno físico, que nace da forza do instinto, ó refinamento dun sentimento delicado e tenro”.



_____, “O disfrace do poeta”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 18 xuño 1997, p. 3.

Comeza sinalando que malia a presenza na alma humana de poesía e filosofía, ámbalas dúas correron por camiños distintos. Sitúa esta diferenciación na Grecia Clásica a pesar de que Aristóteles na *Metafísica* lle atribuíse á poesía unha natureza máis filosófica cá da historia, porque os poetas falan de mundos posibles que eles soñan e que son unha invitación a reflexionar sobre eles. Sobre esta idea, refírese ó dobre xogo dos trovadores na cantiga de amigo, xa que nela se combina a sensibilidade poética coa aspiración de construí-lo mundo interior dunha muller namorada.



_____, “¡Que escarnio!”, *O Correo Galego*, “Pensamento Galego”, 25 xuño 1997, p. 3.

Logo de se referir á necesidade dos homes de poñerlles nome ás cousas, comenta a variedade de temas que se engloban baixo a etiqueta de cantigas de escarnio e maldizer. Apunta a baixada do mundo ideal platónico nestas cantigas e destaca a presenza do corpo que, segundo el, permite albisca-la reivindicación do home, propia do autor renacentista.



Alonso Montero, Xesús, “*¡Hoye non mi mençades, amigo!*”, *La Voz de Galicia*, “Beatus qui legit”, 12 decembro 1997, p. 15.

Reflexiona sobre o refrán dunha cantiga de amigo de Johan de Cangas que, segundo o autor, semella “unha pequena noveliña de amor que finaliza con esta esixencia posta en boca dunha rapaza namorada farta das estrataxemas do amado”, suplicándolle que non lle minta. Por outra banda, critica a pouca atención que lle dedicaron os estudiosos a Johan de Cangas, pese a que “as súas tres cantigas, son merecentes de máis e mellores recoñecementos”. Remata cun ton de humor o seu artigo, lembrando que un poeta de Cangas acaba de compoñer un *rifacimento* dunha cantiga con este retrouso: “*Hoxe non me mintas, político*”, politizando deste xeito a antiga cantiga de Johan de Cangas.



Blanco, Carmen, “Voces do mar de Vigo”, *La Voz de Galicia*, 23 xullo 1997, p. 67.

Comentario sobre os poetas medievais galego-portugueses Martin Codax, Mendiño e Johan de Cangas onde afirma que están unidos polo seu canto ó mar de Vigo. Sinala que os tres compuxeron *cantigas de amigo* que poderíamos encadrar nos grupos das *marinhas*, evocando as ondas do mar de Vigo, e das *cantigas de santuario*, “dedicadas ao lugar sagrado da cita de amor e fe. Estes tres son a Igrexa de Vigo, o santuario da illa de San Simón e o de San Mamede de Mar en Beluso, Bueu, respectivamente. Coinciden asimesmo no amor cantado protagonizado polo marcado simbolismo erótico da natureza e pola presenza, as palabras e os feitos das mulleres”. Carmen Blanco coida ademais que gracias ós tres “o mar de Vigo levará sempre para nós e para o mundo, o son harmónico das sete ondas cantoras de Codax e o estrondo angustioso da cantiga da illa de San Simón, a da absolutamente soidade”.



_____, “O mar de amor”, *La Voz de Galicia*, nº 126, 29 xullo 1997, pp. 1-2.

Analiza a obra dos tres trobadores da Ría de Vigo escollidos para celebra-lo Día das Letras Galegas do ano 1998, Martín Codax, Mendiño e Johan de Cangas. A través das súas cantigas, dinos a autora, podemos albisca-la “gama de sentimentos e pensamentos da *amiga* namorada, nos usos amorosos que nos narran e nos ditos e feitos da nai e as *amigas* ou *irmanas* que en calidade de confidentes, conselleiras e acompañantes, axudan ao amor da rapaza”. Sinala tamén que aparece a relixiosidade ancestral cristiá que causaban os numerosos novos santuarios que se ían erixindo en tódolos lugares para celebraren romarías ou como centros para as citas amorosas, e todo iso, envolto pola forza do amor e do mar. O amor e o mar son dúas forzas que van a miúdo xuntas porque, segundo Carmen Blanco, “é o mesmo que recrearse no pracer da amiga co amigo”, ou o que dixo outro poeta “amar na mar das catedrais, para saber, amar, saber a mar, saber amar”.



Conde, Alfredo, “A perfección está sempre no pequeno”, *O Correo Galego*/*El Correo Gallego*, “Os outros días”, 17 xaneiro 1997, p. 48/p. 4.

Refírese á publicación por parte do Centro Ramón Piñeiro da *Lírica profana galego-portuguesa* (1996) e céntrase no acto de presentación e na participación nel de Giuseppe Tavani. Valora positivamente a intervención do filólogo italiano na que compaxinou o eloxio “contundente” coa crítica constructiva. Loas finalmente o labor do Centro Ramón Piñeiro e do I.L.G.



_____, “Unha aclaración que coido necesaria”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, “Os outros días”, 26 xaneiro 1997, p. 64/p. 4.

Considera que foi inxusto ó se referir no seu artigo do día 17 de xaneiro unicamente a Giuseppe Tavani. Nomea por iso a cada un dos investigadores que participaron na publicación da *Lírica profana galego-portuguesa* (1996) baixo a coordinación de Mercedes Brea e explica que a obra se inscribe noutro proxecto dirixido por Vicente Beltrán. Cita, así mesmo, a Constantino García, Anxo Tarrío, Guillermo Rojo, Begoña Leal, Hortensia Román, así como ó Conselleiro de Educación e ó Director Xeral de Política Lingüística.



Fernández del Riego, Francisco, “Centenario dun medievalista”, *La Voz de Galicia*, 28 marzo 1997, p. 8.

O presidente da RAG fai unha lembranza de Manuel Rodrigues Lapa no centenario do seu nacemento. Cualifica a obra *Das origens da poesia lírica em Portugal na Idade Média* como un “exemplo modélico de investigación e rigor”, destacando a súa utilidade para o coñecemento da nosa lírica medieval. Enumera as obras do filólogo de Anadia salientando a súa tarefa como medievalista. Finalmente, analiza a relación co noso país, que se viu reflectida en numerosos traballos: edición dos vilancicos galegos dos séculos XVII e XVIII e das *Cantigas d'escarnho e maldizer*.



_____, “A nosa fala na Idade Media”, *La Voz de Galicia*, “*Cultura*”, ano II,
nº 124, 15 xullo 1997, p.2.

Traza un percorrido polo desenvolvemento da lingua galega entre os séculos XI, coas súas primeiras manifestacións escritas, ata o século XIV, co seu ocaso como ferramenta da escritura. Para iso apóiase en estudos de Carlos Peregrín, Otero Pedrayo, sobre todo, e esporadicamente en Menéndez Pidal. Mostra tamén as diferentes actitudes dos reis de Galicia, e logo de Castela, con respecto á lingua galega, ó seu maior ou menor cultivo literario ou utilización dende a corte. Referido a isto sinala del Riego a afección dos galegos medievais pola lírica e a cultura, fronte á preferencia dos casteláns pola épica e a guerra.



_____, “O Martín Codax de Celso Cunha”, *La Voz de Galicia*, “Cultura”, ano II, nº 133, 16 setembro 1997, p. 5.

Analiza o estudio publicado no ano 1956 por Celso Ferreira da Cunha sobre o cancionero de Martín Codax. Salienta que a súa obra se caracteriza e se diferencia das dos outros dous porque el tivo a sorte de que perdurasen non só a letra dos seus textos senón tamén a anotación musical. Logo loa a edición feita polo profesor, da que salienta, sobre todo, a puntuación realizada do texto, por non aparecer esta no pergamiño conservado. Lembra ademais da edición de Martín Codax, outras obras del como *A margem da poética trovadoresca* e *O Cancioneiro Joan Zorro* onde acreditou a súa meirande característica: “a dun verdadeiro home de estudio, de ciencia, atento aos valores e manifestacións da cultura galego-portuguesa”.



García, Xosé Lois, “O Cancioneiro galego nas terras de Salamanca”, *O Correo Galego*, “Ecos da Berenguela”, 16 decembro 1997, p. 3.

Arranca coas verbas do Marqués de Santillana que decía que “o idioma galego falábase ‘allende de las Extremaduras’”. Detalla algúns casos da influencia galega no territorio estatal próximo a Galicia: topónimos galegos en Salamanca, a presenza de trovadores galegos na Corte de Fernando III e na de Alfonso X ou nas vilas salmantinas, a presenza de segadores galegos por Castela ó longo dos séculos XIX e XX que recollen algunha “canción cuadrillera”, etc. Remata coa afirmación de que todos eles no seu “transido ir e vir que os antropólogos, como Ratzel, definirían como cultura difusionista”.



Manuel María, “Un maldicente do século XIII”, *El Correo Gallego*, 16 decembro 1997, p. 3.

Comenta os cancioneros galego-portugueses, salientando a súa riqueza temática, pois neles “quedou apreixado todo o tremor emocionado que un ser humano pode sentir e expresar”. Para o autor un deses poetas que destaca pola súa riqueza é Afonso Eanes do Coton. Sinala que a súa meirande obra é satírica e de maldecir, e está caracterizada por ser unha sátira persoal e social aínda que “o seu humorismo virouno contra a súa propia persoa, en ocasións”. Salienta del a súa liberdade temática e expresiva e afirma que “as palabras fixéronse para usalas e non hai razón para que, no nome dunha moral estreita e hipócrita, se marxine o uso de moitas expresións. O xeito de empregar esas palabras ou termos xa é outra cousa”.



Méndez Ferrín, Xosé Luís, “Sanfins de Pero Meogo”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 31 xaneiro 1997, p. 2.

Narra unha visita do cronista a Sanfins, á beira do Minho portugués, na que contempla o seu mosteiro en ruínas e a fonte, que identifica coa fonte aludida por Pero Meogo nas súas cantigas. Describe pormenorizadamente o lugar e as suxestións que este lle provoca, nun ton lírico no que están presentes múltiples referencias literarias.



_____, “Máis sobre Mendinho”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”, 7 novembro 1997, p. 2.

Detense no seu comentario na análise do nome de Mendiño atendendo ás súas distintas grafías, para logo trata-la cuestión das súas orixes. Dá unha serie de datos tomados dos distintos estudos que se fixeron sobre o xogar e remata decindo que “podemos aventurar (por tódolos datos dados previamente) que o teatro onde ten lugar o soliloquio lírico sería a nosa Illa de San Simón”, polo que ten que ter vivido nas proximidades da Illa “a non ser que previa á composición da súa cantiga de amigo non circulase outra de carácter popular sobre a cal el basease a súa composición”, o que provocaría que Meendinho fose unha persoa allea á ría de Vigo.



_____, “O Vigo de Martín Codax”, *Faro de Vigo*, “Segunda Feria”, 10 novembro 1997, p. 2.

Breve repaso á obra de Martin Codax, aproveitando a decisión da Real Academia Galega de dedica-lo Día das Letras Galegas do ano 1998 a tres xograres da ría de Vigo. Pese a non ter case noticias con respecto á súa vida, agás as sete cantigas de amigo que del posuímos, cre que se pode afirmar, con toda certeza, que o Vigo e o mar que aparecen nelas aluden á cidade pontevedresa, pois, inda que haxa máis localidades con ese mesmo nome en Galicia, ningunha delas, agás a devandita, está preto do mar. Logo fala da existencia de dúas poboacións na Idade Media en Vigo: Santiago de Vigo e Santa María de Vigo, esta era máis ben mariñeira. Advirte ademais ó lector de que se fixe na musicalidade das cantigas.



_____, “Agora Johán de Cangas”, *Faro de Vigo*, “Os camiños da vida”,
14 novembro 1997, p. 2.

Comentario dedicado a Johan de Cangas, trovador da península do Morrazo. Méndez Ferrín alude ó que escribira no ano 1952, X. M. Álvarez Blázquez, que pronunciou “máis de dez veces unha conferencia titulada ‘Os poetas medievais da ría de Vigo’”. Remata referíndose á celebración da romaría de Santo Amedio ou de San Mamede do Mar preto de Bueu.



Núñez Sobrino, Angel, “Pay Soares de Taveirós: la intimidad escrita”, *Diario de Pontevedra*, “Diario del domingo”, 9 novembro 1997, p. 6.

Fala do trovador Pay Soares de Taveirós e como nas súas cantigas, “atisbamos un mundo de atrevimiento y de insolencias, de confidencias y de confianza, de audacias y de complicidades que se expresan en ocultamientos, como también de frustraciones y de desquites con verbosidad agresiva, de fascinaciones y de anhelos, de estados de “magia” amorosa, de tensiones amorosas y de envíos desesperados, de dolores de ausencia, y de amarguras y de refinamientos... que nos dejan asombrados y adictos a este tipo de poesía”. Cre que existe unha relación íntima entre a arte románica e a poesía dos cancioneros, sobre todo, pola súa audacia temática. Apunta que a lírica trobadoresca se caracteriza pola gran participación nela da natureza e da paisaxe e que isto non aparece en Pay Soares de Taveirós onde atopamos máis ben sucesos interiores donde “el anhelo y el deseo, así como la esperanza y la desesperación gobiernan y nutren” a súa lírica. Logo comenta algunhas cantigas do trovador seguindo as explicacións que aparecen na súa meirande parte no estudio realizado por Gemma Vallín, publicado no ano 1996.



Pardo, Jesús, “A lírica galaico-portuguesa”/“A Xunta y el ‘Ramón Piñeiro’ editan una recopilación completa con la mejor lírica profana Galaico portuguesa”,
O Correo Galego/El Correo Gallego, 27 decembro 1997, p. 35/p. 14.

Comenta a presentación da publicación dun libro en dous volumes editado conxuntamente pola Xunta e polo Centro Ramón Piñeiro co título *Lírica profana galego-portuguesa* (1996). Subliña da recompilación a súa calidade editorial e literaria e o seu prezo que permite que sexa un libro ó alcance de todos. Deténse tamén no papel realizado pola poesía trobadoresca a través do Camiño de Santiago e, sobre todo, lembra a importancia que tiña o galego durante toda a Idade Media na Corte de Castela ata os albores do Renacemento. Remata eloxiando a todo o equipo investigador (Fernando Magán, Ignacio Rodiño, M^a del Carmen Rodríguez, Xavier X. Ron e o equipo de apoio composto por Antonio Fernández e M^a del Carmen Vázquez) na realización desta “magnum opus” baixo a coordinación de Mercedes Brea.



Ramírez, C., “El trovador gallego máis prolífico”, *La Voz de Galicia*, 2 marzo 1997, p. 38.

Céntrase no trovador compostelán Johan Airas que é o poeta galego máis prolífico con oitenta e unha cantigas. Apunta que a súa arte tivo que se desenvolver entre os anos 1230 e 1265 baixo os reinados de Fernando II e Alfonso X. Subliña que a través das súas vinte e unha cantigas de amor, das corenta e cinco de amigo, as dez de escarnio e de maldecir, os dous sirventés, a súa única pastorela e as dúas tenzós, podemos percatarnos de que se trata dun home hábil no manexo das artes trobadorescas.



_____, “Compositores, juglares y “despreciados” segreles”, *La Voz de Galicia*,
2 marzo 1997, p. 38.

Comentario sobre as diferencias entre trovadores, xograres e segreis. Considera que a característica fundamental é que os primeiros non adoitan percibir “ni una sola moneda”, pois pertencen polo xeral á nobreza e “podían permitirse el lujo de dedicarse a actividades creativas y no buscarse el pan todos los días”. En canto ós xograres di que se dedicaban a cantar e non a compoñer, aínda que algún nos deixou algunha obra do seu inxenio. Os segreis eran uns trovadores, pero cobraban pola súa labor, o que fixo que se gañasen “el desprecio de muchos de sus colegas que escribían por amor al arte”. Sinala que cómpre non esquecer que moitos deles eran de condición humilde.



_____, “Autor de una única y cortés pastorela”, *La Voz de Galicia*, 2 marzo 1997, p. 38.

Análise da pastorela de Johan Airas, onde se narra como unha muller lle pide a un cabaleiro que a pretende seducir que se afaste dela para que as malas linguas non vexan o que non hai e non ser así fonte das súas lérias. Logo de transcribi-la pastorela, o autor dá o significado dalgunhas verbas para facilita-la comprensión do texto.



Seixas, Miguel Anxo, “Música para María”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”,
4 agosto 1997, p. 3.

Refírese ás cantigas que compuxo Alfonso X que compuxo para loa-la Virxe María. Comenta que non todas foron compostas por el, senón que algunhas foron escritas polos trobadores da súa confianza. Segundo o autor, pese a que a meirande parte teñan a forma da cantiga de refrán que se repite, se cadra, porque “hai que loar a María”, podemos atopar “melodías sinxelas e complicadas, pero en todas hai orixinalidade e perfección”. Sinala a continuación a calidade dos códigos, e, sobre todo, a anotación musical que precisa ben o ritmo. Isto facilita a tódolos “grupos de música antiga de Galicia e doutros países as súas actuacións e discos” que van aparecendo nos derradeiros anos.



_____, “Son do mar”, *O Correo Galego*, “A Maltrana”, 1 setembro 1997, p. 3.

Informa das cantigas medievais que conservan notación musical así como do seu proceso de descubrimento e publicación. De seguido, analiza a relación que vencella a Mendiño, Martín Codax e Johan de Cangas, os tres autores ós que se lles dedica o Día das Letras Galegas no 1998. Finalmente, dá conta das gravacións musicais das composicións dos anteditos autores e solicita que se lle preste máis atención á música en tódalas actividades que se celebran co gallo das Letras Galegas.



Valcárcel, Marcos, “O amor e o mar nos poetas medievais”, *O Correo Galego*,
“Pé das Burgas”, 1 xullo 1997, p. 3.

Refírese á decisión da RAG de dedica-lo Día das Letras Galegas do ano 1998, ós tres poetas medievais da ría de Vigo: Martín Códax, Mendinho e Xoán de Cangas. Comenta os argumentos da institución para xustifica-la mencionada iniciativa, aínda que el considera que a súa parte máis positiva está en que o conxunto da poboación descubra que a nosa é unha cultura milenaria. Dá conta ademais dunha das mostras de “Galicia, terra única” e alude á poesía trobadoresca que no noso caso contou cun grupo poético vigués, integrado polos trobadores mencionados e algún máis, como Nuno Pérez, do Morrazo.



Vázquez, Pura, “Unha lingua para a lírica”, *O Correo Galego*, “Verbas na hedra do vento”, 23 abril 1997, p. 3.

Salienta o feito de que foron Galicia e Portugal as que escribiron antes a lírica primitiva e non Castela nin Cataluña, ó tempo que comenta cómo era esa lírica e esa lingua que propiciaron o rexurdimento cultural dos séculos XII-XIII.



Vidal Villaverde, Manuel, “No gume do tempo”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 24 xullo 1997, p. 32.

Informa da decisión da RAG de dedica-lo Día das Letras Galegas do ano 1998 a tres trobadores da Ría de Vigo. Logo, lembra algún estudio que fixeron sobre eles. Así, a respecto de Martin Codax recorda o ensaio de Luz Pozo Garza *Ondas do mar de Vigo* (1996); de Johan de Cangas critica que non fose incorporado na antoloxía feita por Carmen Martín Gaité e Andrés Ruíz Tarazona (Madrid, 1972); e, de Mendiño transcribe a súa única cantiga de amigo. Remata mencionando que Álvaro Cunqueiro nomea a Mendiño “na súa viaxe poética” e que Alfonso Calvo cre que “este Meendinho sexa Mendo, un lugar na parroquia de Cedeira”.



_____, “Johan de Cangas”, *Atlántico Diario*, “De catro a catro”, 9 decembro 1997, p. 16.

Descrición da paisaxe onde Johan de Cangas puido inspirarse para escribi-las súas tres cantigas de amigo nas beiras do mar e da igrexa de San Mamede de Mar preto de Bueu. Segundo Vidal Villaverde probablemente sexa este o lugar no que se citaba o xogar da península do Morrazo coa súa amada, pola que sen dúbida algunha, perdeu máis dun soño e dun folgo contemplando as ondas do mar agardando a súa chegada.



_____, “Martín Codax”, *Atlántico Diario*, “Mar de fóra”, 11 decembro 1997, p. 26.

Repaso dunha serie de datos coñecidos pola meirande parte das persoas cunha certa cultura académica ou dalgún afeccionado na materia sobre Martin Codax. Intúe que “Martin Codax, igual que Meendinho, e mesmo Johan de Cangas foron autores de moitos máis poemas”.



_____, “Mendinho”, *Atlántico Diario*, “De catro en catro”, 16 decembro 1997,
p. 26.

O autor reflexiona sobre a cantiga de Mendiño e tamén sobre a súa figura. Logo de transcribi-la súa cantiga, preséntanos ó xogar. Fálanos do lugar onde debía inspirarse e escribir, e tamén da súa época (finais do século XII ou comezos do XIII). Conclúe cunha descrición paisaxística de Rande, Redondela e da Illa de San Simón.





XI.5. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios

XI. Literatura medieval

XI. 5. Publicacións en xornais: notas, presentacións e escritos varios



A. C., “Traspaso a la Xunta de la Isla de San Simón y el dedicar el ‘Día das Letras Galegas’ al poeta Mendiño”, *Atlántico Diario*, 30 decembro 1997, p. 16.

Informa sobre a acollida que tivo por parte dos cidadáns de Redondela, patria de Mendinho, a decisión da RAG de dedicarlle á vila unha parte do protagonismo durante o Día das Letras Galegas do ano 1998. Comenta que outra das noticias que seguiron con certa atención os cidadáns da cidade pontevedresa durante o ano 1997 foi “el traspaso a la Xunta de Galicia de la Isla de San Simón”, pois esta decisión vai permitir “la recuperación de esta isla que a lo largo de muchos años ha vivido diversas vicisitudes sirviendo de hospital, lazareto o cárcel”, sendo na actualidade o seu estado lamentable, debido ó seu abandono provocado sen dúbida pola espera “de la decisión de la Xunta de Galicia sobre la utilidad que se le va a dar en un futuro a este pequeño islote”. Fai logo unha descrición da Illa e da súa historia.



AGN, “Unha antoloxía recolle en dous volumes a totalidade das cantigas galego portuguesas”, *La Región*, 9 xaneiro 1997, p.51.

Dá conta da publicación da antoloxía *Lírica profana galego-portuguesa* (1996), que recolle en dous volumes a totalidade das cantigas galego-portuguesas do período comprendido entre o século XII e a metade do XIV. Informa que a obra, editada polo Centro Ramón Piñeiro, é froito da investigación realizada por un equipo de estudantes bolseiros coordinados pola profesora Mercedes Brea da Universidade de Santiago e asesorados polos profesores Carlos Alvar e Giuseppe Tavani.



_____, “Presentado el libro que recoge 1700 cantigas galaico-portuguesas”,
Diario de Pontevedra, 9 xaneiro 1997, p. 21.

Informa da presentación da antoloxía *Lírica profana galego-portuguesa* (1996) editada polo Centro Ramón Piñeiro que recolle a case totalidade da poesía profana galego-portuguesa. Comenta o formato e a estrutura da obra que forma parte do proxecto “Lírica Galaico-Portuguesa” codirixido por Vicente Beltrán e Mercedes Brea, e integrado á súa vez no proxecto de investigación “Arquivo de Galicia Medieval” do Centro Ramón Piñeiro.



_____, “O Día das Letras do 98 estará adicado a Códax, Mendinho e Xohán de Cangas”, *El Progreso*, 23 xullo 1997, p. 59.

Anuncia a decisión da Real Academia Galega de dedica-lo Día das Letras Galegas de 1998 ós poetas da Ría de Vigo: Martin Codax, Meendinho e Johan de Cangas. Tamén sinala o recordo que se tivo polo falecido Carlos Barbeito e a dimisión do anterior presidente da entidade Domingo García-Sabell durante a reunión.



E. C., “O Centro Ramón Piñeiro edita a “Lírica profana galego-portuguesa”/“O Centro Ramón Piñeiro publica a “Lírica profana galego-portuguesa”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 9 xaneiro 1997, p. 41/p. 11.

Infórmase da presentación da antoloxía en dous volumes *Lírica profano galego-portuguesa* (1996) editada polo centro Ramón Piñeiro. Coméntase que a obra sairá tamén por partidas en edición electrónica e que inclúe ademais dos textos poéticos, notas bibliográficas dos autores das cantigas e información sobre a métrica e as estrofas. Remata referíndose ó equipo de bolseiros que participan no proxecto.



Gómez, Joel, “Compostela dinamizou as Letras Galego-Portuguesas”, *La Voz de Galicia*, 3 xullo 1997, p. 32.

Comentario sobre os trobadores da zona de Santiago: un xograr de nome Palla, documentado na Corte de Afonso VII e na primeira metade do século XII do que non se conserva nada, Johan Airas de Santiago, Roi Fernandiz de Santiago, Airas Nunez, Bernal de Bonaval e Pae da Cana, ós que segundo outros investigadores habería que engadi-los nomes de Pero de Berdia, Abril Peres e Pero Meogo. Repasa algúns datos de todos eles, deténdose máis tempo en Johan Airas, autor de oitenta e nove composicións, en Airas Nunes por ser autor de quince textos profanos, ademais de aparece-lo seu nome nas *Cantigas de Santa María* de Alfonso X, como autor dalgunha delas, e en Bernal de Bonaval do que se conservan vinte e tres textos. Dos restantes só dá algúns datos, como os seus nomes e o número de cantigas que teñen.



_____, “Compostela podría acoger una Ruta de los Trovadores, propuesta por Filgueira”, *La Voz de Galicia*, 23 xullo 1997, p. 33.

Anuncia a posibilidade de facer de Santiago un punto dunha futura ruta dos trovadores, proposta recentemente en Portugal. Lembra que existen trovadores relacionados directamente con Santiago e a súa comarca. Afirmo que de catro deles xa se teñen estudos específicos (*Johan Airas de Santiago* feito por José Luís Rodríguez; *Bernal de Bonaval*, por Maria Luisa Indini; *Airas Nunes*, por Giuseppe Tavani; e, *Pero Meogo*, por Xosé Luís Méndez Ferrín e máis recentemente por Leodegário A. de Azevedo). Malia á cantidade de traballos feitos por especialistas nos derradeiros anos “la lírica Gallego-portuguesa es un campo en el que queda mucho por trabajar”, sobre todo no aspecto de “desentrañar como funcionaba el sistema literario en la Edad Media”. Advirte que cómpre agardar que ese patrimonio cultural mereza “un mayor conocimiento y difusión y que no quede sólo para especialistas”.



Pousa, Luís, “O Día das Letras Galegas lembrará ós poetas medievais da Ría de Vigo”, *El Ideal Gallego*, 23 xullo 1997, p. 34.

Salienta a decisión da Real Academia Galega de dedica-lo Día das Letras Galegas por primeira vez a un grupo de escritores composto por tres xogares da ría de Vigo: Martin Codax, Meendinho e Johan de Cangas. Recolle as palabras de Carlos Casares para quen “é unha boa ocasión para que os rapaces estudien nas escolas os cancioneros”.



Pousa, Luís, “Cantigas ás ondas do mar de Vigo”, *El Ideal Gallego*, 23 xullo 1997, p. 34.

Refírese ós tres trobadores do vindeiro Día das Letras Galegas. Considera que o máis importante é Martin Codax, que compuxo sete cantigas de amigo de temática profana, nas que aparecen sempre reflectidos o mar, os encontros amorosos e as coitas da amiga e o amor que sempre trae consigo “pequenas traxedias diarias: as coitas”. Remata sinalando as coincidencias entre os tres trobadores.



S. C., “A Real Academia nomea os homenaxeados do ano 98: O mar de Vigo, no Día das Letras”/“As Letras Galegas de 1998 adicaranse ós poetas medievais da ría de Vigo”, *O Correo Galego/El Correo Gallego*, 23 xullo 1997, p. 32/p. 16.

Dá conta da decisión da RAG que, segundo Antón Fraguas, foi “tomada por unanimidade e despois dunha conversa informal na que saíron a relucir outros nomes da literatura galega, especialmente dos séculos XIX e XX” de dedica-lo Día das Letras Galegas do ano 1998 a tres trobadores da ría de Vigo. Comenta que os outros nomes barallados foron Federico García Lorca por se-lo centenario do seu nacemento o vindeiro ano, Roberto Blanco Torres e Florencio Vaamonde Lores. Informa de que os responsables desta elección foron A. Fraguas, O. Gallego, L. Pozo, A. Mejide, C. García, X. Ferro Ruibal, M. González, A. Gil Merino, X. Ogando, X. R. Barreiro Fernández, X. Alonso Montero, S. García-Bodaño, F. Fernández del Riego, X. Río Barxa, A. Torres Queiruga e D. García-Sabell. O artigo remata cunha serie de datos que nos presentan os tres trobadores escollidos.



Vázquez Gil, Lalo, *“E irei, madre, a Vigo”*, *Atlántico Diario*, 30 setembro 1997, p. 30.

Lembrándose do seu amigo Xosé María Álvarez Blázquez e do premio que lle deran no ano 1958 por un estudio sobre Martin Codax e que foi publicado no 1962 pola Asociación de la Prensa Viguesa, recorda un concerto con obras do trobador, do Códice Calixtino e de Alfonso X que tivo lugar no Templo Votivo do Mar de Paixón. Felicita tamén a Fernando Olbés, Isidoro Taboada Tabanera e a Polifónica pontevedresa, ademais doutros amigos seus, polo evento. Fai unha crítica sobre o feito de que non sempre se lles dá ós poetas, como Martin Codax, a importancia que merecen, xa que neste caso se o noso xograr desenvolveu a súa actividade poética en Vigo, por aquel entón unha pequena vila, non foi só porque nacera preto ou nela, senón porque debía haber alí un “caldo de cultivo”, pois lembra que “los poetas nacen, claro, pero necesitan, alrededor, un ambiente adecuado”.





XII. Folletos de novidades editoriais

Non tódalas editoriais publican boletíns informativos da súa produción anual. Algunhas encargan a estudiosos pequenas recensións e entrevistas para publicita-las obras editadas no ano por esa editora. Outras, simplemente informan da produción anual por medio de catálogos dos seus fondos editoriais; xeralmente son listados coa ficha catalográfica ou co engadido dun mínimo resumo do contido. Tamén hai librerías que informan dos volumes publicados no ano, ben a través de catálogos do recibido, ben resumindo brevemente o contido das obras chegadas ás mesmas. Un bo exemplo é o *Bendado*, da librería Couceiro, que xa leva moitos anos saíndo á luz, xeralmente tódolos meses, aínda que ás veces contén información de dous ou tres meses nun mesmo exemplar. Non sempre dá noticia do contido da obra. Describiremos a continuación cada un dos boletíns dos que tivemos noticia e desglosaremos aquelas recensións que aparezan asinadas.





Editorial Galaxia

(D. L: V.G-262-1987)

Publicou en 1997 o “boletín” número 28, correspondente a outubro que inclúe o habitual listado onde se recollen os últimos títulos publicados e as próximas novidades. Ábrese cunha entrevista ós coordinadores do *Diccionario de sinónimos da lingua galega*. Inclúe un “Noticieiro” coas novas máis importantes relacionadas coa nosa literatura e especialmente aquelas que teñen que ver coa editorial Galaxia. A seguir describímo-las colaboracións asinadas neste boletín no referente á literatura galega.

-Cidrás, L., “*Anagnórise*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 3. Subliña de *Anagnórise*, de María Victoria Moreno, a boa recepción entre os estudantes non só en Galicia senón tamén en Valencia, País Basco e Cataluña. Isto leva a L.Cidrás a consideralo un “clásico da literatura xuvenil galega” e a Galaxia a publicalo como primeiro volume da colección “Costa Oeste”. Apúntase que o libro aborda a crise de identidade dun rapaz ó longo dunha viaxe en autostop que vai cambia-la súa vida.

-Cidrás, Lois, “*Ánxel Fole. Obra completa*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 4. Propón a *Obra Completa* de Fole a cargo de Claudio Rodríguez Fer como “colofón” de toda a actividade editorial desenvolta ó redor do Día das Letras Galegas. Lois Cidrás comenta que son

dous volumes “dignos” e “austeros”.con novidades e que se manterán como “referencia imprescindible” así que pasen os “fastos celebrativos”.

-Cidrás, Lois, “*O paxaro que canta un nome*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 7. Comenta que *O paxaro que canta un nome* (1996), de Xavier Lorenzo Tomé é unha das primeiras novelas galegas que reconstrúen unha infancia transcorrida durante os anos sesenta e destaca o seu estilo coidado e denso. Do autor sublíñase o coñecemento da lingua e a esperanza dunha fructífera andaina literaria.

2010

2010



-L. C., "*Horario de Clase*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 3. Comeza referíndose a Christine Nöstlinger como unha das escritoras europeas máis coñecidas, premiadas e avaladas polo éxito con premios como o Andersen. Sinálanse á parte da adolescencia outras cuestións como a reflexión sobre a solidariedade, a xustiza, a convivencia e a interacción entre individuo e grupo. No tocante ó estilo salientase a sobriedade, a rapidez e o interese para a reflexión sobre problemas que nos afectan a todos.

Quiñoy, X., "*Gárgola*", *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 3. Explica inicialmente que *Gárgola* é "unha novela de terror na que o sobrenatural, o inexplicable, xorde no medio da rutineira e aparentemente calma vida cotiá dunha pequena vila". Logo de referirse ó argumento sublíñase que Carlos Vila Sexto gañou con dezaseis anos o Premio Rúa Nova. Destaca as dotes do narrador e a habilidade para estruturar unha historia fantástica e facer verosímil dentro das convencións do xénero. Conclúe dicindo que o escritor non nega os influxos do cine de Spielberg e a narrativa de Stephen King.

Quiñoy, Xosé, “*A guía fantástica*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 6. Di de Joles Senell, pseudónimo de Josep Albanell, que fundou xunto a outros a finais dos 70 o grupo Ofelia Dracs integrado por autores que buscaban unha literatura capaz de ter calidade e ser popular ó mesmo tempo. De *A guía fantástica* comenta que está considerada unha obra mestra do xénero fantástico e subliña a súa orixinalidade e emoción.





-Souto, Alberte, “A rosa sen porqué”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 4. Destaca a volta de Antón Baamonde unha e outra vez sobre os temas do primeiro ensaio, *En favor da esperanza*. De *A rosa sen porqué*, refírese á proximidade e ó refugamento da énfase e da sistematización para nos achegar á literatura, ó amor e á vivencia do tempo. Alberte Souto considera recomendable o libro para lectores interesados nos terreos comúns da literatura e o pensamento.

Viqueira, M., “Negras Sombras”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 7. Comenta que no xénero negro convive unha clara vocación popular cunha capacidade recoñecida para dar conta do mundo moderno dende puntos de vista pouco convincentes. Da antoloxía *Negras Sombras* di que están representadas as escolas máis sobresaíntes do xénero.

Viqueira, M., “Bastián e mailos trasnos”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 6. Refírese a *Bastián e mailos trasnos*, de Juan Farias como un relato de arte fantástica e lírica e ó seu autor como un dos máis prolíficos, veteranos e premiados da literatura infantil e xuvenil en España. Destácase o abrazo do cotián co marabilloso e a entrañabilidade dos personaxes.

Viqueira, Manolo “*Os ollos da sentinela*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p. 7. Comeza comentando que *Os ollos da sentinela* (1997), de Xesús Manuel Valcárcel garda moita semellanza cos relatos de *O capitán lobo* (1996). Manolo Viqueira sinala a presenza de escenarios rurais e urbanos que tinguidos por estrañas atmosferas psicolóxicas que se apoderan do libro. Fai referencia, así mesmo, á presenza do resentimento, a envexa, a violencia, o humor e a parodia. Finalmente, destácanse as calidades lingüística e expresiva coas que se moldean os relatos e que contribúen non tanto a embelecer como a realza-lo impacto sobre o lector.



-X. Q., “*Emboscadas no Gran Norte*”, *Boletín Editorial Galaxia*, nº 28, outubro 1997, p.6. Sinala que *Emboscadas no Gran Norte*, de Margarita Aritzeta, ten tódolos ingredientes necesarios para se converter nun dos “Libros sorpresa” da tempada e apúntase como clave argumental a loita pola dignidade dos pobos indíxenas do Canadá.



Laiovento

Edicións Laiovento publicou en 1997 o número 7 correspondente a primavera de 1997. Ademais dunha entrevista a Lois Tobío na que fala sobre a súa tradución do Fausto. un comentario de Crónica de Fonseca a cargo de Xusto G. Beremendi e do habitual listado de últimos libros publicados e libros de próxima publicación, recóllese, no eido da literatura, as recensións que a continuación describimos:

-Pedreira Dans, F. Uxío, "Antón Capelán ou a recuperación da memoria", *Laiovento*, nº 7, primavera 1997, p. 2. Comeza esta recensión de *Contra a Casa da Troia (e II)* relacionando esta obra co primeiro volume, aparecido no 1994. Resume os acontecementos máis importantes dos narrados no libro de Antón Capelán: o labor de Álvaro de las Casas, a transcendencia da FUE, a Universidade na posguerra, etc. Para rematar, salienta a rigurosidade deste traballo así como a súa amenidade estilística, que contribúen "ao coñecemento da historia do principal centro de saber galego".

-Pereiro Martínez, Carlos Paulo, "Dos manifestos vangardistas e do seu entorno", *Laiovento*, nº 7, primavera 1997, p. 3. Comentario de *Manifestos das vangardas europeas* (1996), de Xesús González Gómez, do que se afirma que, en contra do que é habitual, promete menos do que logo realmente dá. Sublíñanse así as breves e precisas introduccións que acompañan ós apartados do futurismo, dadaísmo, poetismo e surrealismo. No tocante ó "Limiar" apunta as "afortunadas e polémicas solucións





complexas” que se propoñen para a comprensión do fenómeno das vangardas e para recolocar a relación entre manifestos e vangardas. Segundo Carlos Paulo Martínez Pereiro, o autor ataca con precisión a falta de sentido histórico da simplificadora dialéctica entre tradición e ruptura, realiza unha distinción conceitual “imprescindíbel” e axuda a “dinamitar” ideas preconcebidas e moi difundidas sobre as correntes vangardistas dos manifestos e movementos seleccionados. O recensionista considera que en futuras edicións sería enriquecedor ampliala presenza e a consideración das artes non literarias no discurso crítico e nos manifestos representados e, no apartado do surrealismo, acrecenta-las referencias e os xuízos ó surrealismo portugués. Conclúe indicando o carácter excelente da obra “conforma unha auténtica e sólida introducción crítica tanto aos textos máis ou menos programáticos e voluntaristas que presenta como ás míticas correntes vangardistas que os produciron entre os anos transcorridos de 1909 a 1945”.



Sotelo Blanco

(D. L: C-1943-1995)

Neste ano publicou tres números do seu “Boletín de Información editorial. Novidades”. Os número 5 e 7 correspóndenlle ó Inverno de 1997 e o 6 á Primavera de 1997. No número 5 recóllense comentarios sen asinar sobre *O paso do noroeste* (1996), de Xavier Queipo; *Eu é* (1996), de Xurxo Borrazás; *A narrativa de Castelao* (1997), de Manuel Rosales; *Vida Brava* (1996), de Richard Ford; *Mr. Vértigo* (1996), de Paul Auster e *Unha odisea nórdica*, de Jack London; *Paf Xarope* (1997), de Manuel Darriba; *Chatarra*, (1997), de Roland Limacher e o número 28 da revista *A Trabe de Ouro*. No número 6 os comentarios, tamén sen asinar, fan referencia a *As horas que nos quedan* (1997), de Xerardo Méndez; *A narrativa de Castelao* (1997), de Manuel Rosales; *Escuma dos dentros* (1997), de Alfonso Armada; *Beira norte* (1997), de Xavier Rodríguez Baixeras; *A Pedra de seixo* (1997), de María Canosa Blanco e o número 29 da revista *A Trabe de Ouro*. No número 7 as obras comentadas son *Ehregard* (1997), de Karen Blixen; *Sombras no labirinto*, de Francisco X. Fernández Naval; *Eventuais* (1997), de Xavier Franco; *Biff, Bang, Pow* (1997), de Xabier López López; *Podesvir* (1997), de Fina Casalderrey; *Paco Peco Pequeneiro e o lagarteiro miope* (1997), de Xelís de Toro; *Ladrándolle á lúa* (1997), de Antonio García Teijeiro; *O cazador de libros* (1997), de Ramiro Fonte e *Momentum* (1996), de Arturo Casas. Publicou tamén esta editorial no 1997 un dobre *Catálogo razoado 1997*, (D.L. C-8421997) referido á Literatura infantil e xuvenil e didáctica. Precedidos de cadanseu “Limiar” nos que





se presentan as coleccións destinadas a un público infantil e as de contido didáctico, inclúen recensións sen asinar das obras, agrupadas por idades, que tiraron do prelo nos últimos anos. Ademais da ficha catalográfica, dun fragmento da obra e dun resumo do contido da mesma, en cada título infórmase dos temas, xénero, breve biobibliografía do autor e faise unha recomendación da idade máis aconsellable para le-la devandita obra. O único comentario asinado é o que a continuación se describe:

Jaureguizar, “Paf Xarope”, *Boletín de información editorial Sotelo Blanco*, nº 5, inverno 1997,

3. Logo de se referir polo miúdo ó argumento e ó comportamento dos personaxe de *Paf Xarope* (1997), de Manuel Darriba, destaca a concisión e efectividade da narración coa ausencia “de artificios que poidan facer bocexar a un lector novo”. Comenta así mesmo que o autor marca algúns trazos deixando que os caracteres se adiviñen.



Xerais

(D. L: VG-494-93)

Catro foron os números publicados por Edicións Xerais de Galicia en 1997, o número 28 centrado no Día das Letras Galegas de 1997, o 29 (verán), e os números 30 (Outono 1997) e 31 (Nadal 1997) nos que teñen especial protagonismo os premios Xerais e Merlín. De tódolos artigos, comentarios e entrevistas que aparecen, están asinados os seguintes:

-Aleixandre, Marilar, “Un libro de poemas sobre as cidades do corazón”, *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 8. Comentario de *Cidades* (1997), de Fran Alonso no que a autora confesa a emoción que lle suscitou a lectura do poemario ó tempo que destaca o feito de que os poemas do libro son diferentes a tódolos poemas infantís por estaren construídos en verso libre, por seren de temática urbana e por estaren pensados para adolescentes.

-Alonso, Fran, “Ablativo Absoluto”, *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 6. Logo de lembra-la vocación da colección Ablativo Absoluto de achegar novas voces ó panorama poético galego, subliña a calidade de *Muller Ceiba* e *Nós Nus*, refírese á semellanza de espírito dos dous libros e sinala que son “dos libros para o debate”. Da voz de *Muller Ceiba* di que é “explosiva, polémica, provocadora” e provocadoramente feminina, irónica, humorística e mestiza. Louva tamén a tradución de Marilar Aleixandre. Polo que respecta a *Nós Nus* comenta que os





deste libro “son versos que tiran do corpo, do sacho e do alpendre no seu útero de poeta bruxa”. Conclúe aventurando que este poema consolidará a Olga Novo como unha das voces máis representativas da nova xeración de poetas.

Baixeras, Xavier R., “*Bágoas de facer illas*”, *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997,

2. Comeza relatando o argumento de *Bágoas de facer illas* de Anxo Angueira, e a continuación refírese ó “desarraigo” e á “realidade frustrante dos personaxes”. Xavier R. Baixeras subliña a limpeza do estilo e cualifícao como “sinxelo, pero efectivo” e considera a lectura do libro como “fluída, mesmo arrebatada, ata o final”.

Baixeras, Xavier R., “*Camiño de sirga*”, *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 2. Xavier R. Baixeras relata o argumento de *Camiño de sirga*, de Jesús Moncada e traducida ó galego polo autor deste artigo. Destácase o entrecruzamento de estampas, o conflito de clases sociais, así como as lembranzas. Conclúe referíndose á riqueza da linguaxe e ó éxito que a obra tivo en Cataluña e agora fóra dalí.

-Bernárdez, Carlos L., “*Sarou*”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 2. Explica que Ramón Caride constrúe un relato negro partindo da paisaxe do noso tempo e refírese á contraposición nos personaxes dos mundos masculino e feminino. Carlos L. Bernárdez refírese a un esquema “moi cinematográfico” do que parte o ambiente da delincuencia que, aínda así, non ocupa o centro do interese que se translada ós personaxes. Sinala tamén na novela a estrutura e técnica de relato e cita a presenza dunha rede de azares fatídicos que se vai perfilando ó longo

da novela. Conclúe mencionando o Premio Café Dublín, co cal se premiou *Sarou*, e que está a propicia-la aparición de interesantes propostas narrativas no relato e na novela breve.





-Boel, Carlos, "*Merlín e a súa historia*", *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 11. Logo de dicir que se trata dunha investigación primeiriza e ben lograda, describe a estrutura de *Merlín e a súa historia*, de Santiago Gutiérrez, e apunta como clave na obra a análise de reelaboración de Merlín, das súas características e do seu papel nas diferentes obras.

-Bragado, Manuel, "Estamos a preparar", *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 3. O director de Edicións Xerais de Galicia anuncia os títulos en preparación para publicar nas diversas coleccións.

-Bragado, Manuel, "O inicio da era dixital", *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 7. Logo de se referir á cifra dos mil libros publicados e da aposta polos diversos soportes, Manuel Bragado, director de Xerais, fai un percorrido polo ano 1997 destacando a próxima tradución ó castelán de *A velocidade do frío*, a presenza de *Na fogueira dos versos* como finalista do premio Paulo Vergerio ou na Lista de Honra do IBBY, o premio do Ministerio de Cultura ó mellor libro editado para *A muller tradicional* de Ricardo Polín. O repaso continúa coa mención dos libros de texto ou das novas coleccións Ablativo Absoluto e Así viviu. Destaca tamén a edición a finais de 1996 do primeiro libro acompañado de CD *O pobo da noite*, de Manuel Rivas, ou a edición do CD-ROM *E falando de Fole* comercializada coa *Fotobiografía*. Conclúe engadíndolle a este repaso a edición de dous CD-Audio: *Selección xa!*, que acompañou á revista *Bravú*, e *Polo*

correo do vento do grupo Leducia. Finalmente Manuel Bragado anuncia a continuidade do labor modernizador dos soportes culturais en lingua galega.

-Bragado, Manuel, "Portugal descoñece a existencia dunha cultura galega", *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 11. Entrevista con Nelson Matos, responsable da editorial portuguesa Publicações Dom Quixote á que Edicións Xerais lle distribúe os libros en Galicia. O editor portugués di que o interese pola literatura portuguesa en Galicia non se dá a inversa en Portugal polo descoñecemento da literatura galega. Ademais de se referir á editora portuguesa anuncia a traducción de *Amor de Artur* (1982), de Méndez Ferrín; *A cidade dos cézares* (1993), de Víctor Freixanes, *¿Que me queres amor?* (1995), de Manuel Rivas; *Rapazas* (1993), de Agustín Fernández Paz e *A sombra cazadora* (1994), de Suso de Toro.



-Cabana, Darío Xohán “*O tempo entre murallas*”, *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 8. O autor cualifica de “novidade” o libro de X. Antón L. Dobao *O tempo entre murallas* posto que recupera a “tradición revolucionaria” da poesía de Curros, Manuel Antonio, Celso Emilio Ferreiro, e Xosé Luís Méndez Ferrín. A continuación e tomando como punto de partida a idea de que “a poesía é verdade” e de que “o Fingidor recúa”, D. X. Cabana louva en clave poética o labor de Dobao sinalando que “un vento novo corre agora pola poesía que se fai neste mundo, nesta nación”.



-Caride Ogando, Ramón, “*Noites de papel*”, *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 2. A reprodución dun fragmento do relato “Illas” sèrvelle a Caride Ogando para se referir ós “soños” da obra de Manuel Lourenzo, *Noites de papel*; destaca, así mesmo, a variedade argumental.

-Cid Cabido, “Xavier Manteiga: “A miña intención é afondar nuns espíritos primarios”, *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 7. O gañador do Premio Xerais, Xavier Manteiga, comeza esta entrevista reflexionando sobre o reducido número de lectores en galego e xustifica a ambientación de *Manancial* (1997) nun país imaxinario porque considera que sería pouco crible nos tempos actuais e nun país concreto. Logo de falar da estupidez do ser humano explica a presenza de tarados sociais na obra e di que o triunfo da “xustiza” dos poderosos sobre os humildes responde á pretensión de facer unha literatura universal e realista.

-Cordal, Xavier, “O almorzo do pintor”, *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 2. Comenta que os poemas de *O almorzo do pintor de iconos Andrei Rublev* (1997), de Claudio Pato, responden a tres formacións vitais: a palabra e a nenez, a plástica e o cinema e as mans. Para Xavier Cordal “o seu verso está, obviamente roto, porque parte da civilización; da pregunta que nos conduce ao estupor e non á crónica, adobiada con lándano e sacarina do acontecer diario”. Conclúe celebrando a publicación do libro “deste poeta do mundo” que “tardounos tanto en falar que nos fala de novo”.

-Costas, Concha, “A memoria que nos perpetúa”, *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 5.





Comeza referíndose a *O centro do labirinto*, de Agustín Fernández Paz como unha novela intensa e con mensaxe que nos sitúa nun futuro no que se reflexiona e se fala moito dun pasado que para nós é presente. Concha Costas céntrase no didactismo e na presenza de temas que provocan “unha seria reflexión” como a uniformización cultural. Sinala, así mesmo, que como lectora a obra remitiulle a lecturas e a feitos vividos e pon como exemplos *O principión*, Otero Pedrayo e unha experiencia nin museo de Gales.

Chao, Nacho, “*Un xogo de apócrifos*”, *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 2. Primeiramente apunta que nas citas coas que o autor remata cada capítulo enténdense as pretensións de Caneiro: defensa da mentira e do disfraz como cerne do soño, e aposta pola ficción, o engano e a representación. Nacho Chao explica a presenza de dous planos de narración e cómo o autor fai metaliteratura como xogo de espellos. Conclúe destacando o carácter de novela contemporánea pola utilización de varios rexistros.

Chao, Nacho, “Xosé Carlos Caneiro: ‘busco un lector capaz de construírse unha boa novela’, Ablativo Absoluto”, *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 3. Entrevista con Xosé Carlos Caneiro na que o autor de *Un Xogo de Apócrifos* (1997) responde nun ton ameno e por veces irónico ás preguntas de Nacho Chao. Recoñece o papel do escritor como finxidor, fala da ingratidade do oficio de escribir e recoñece a idoneidade dun lector creador. Sinala ademais o parentesco entre *Un xogo de apócrifos*, *O infortunio da soidade* (1992) e a próxima novela. e no tocante á literatura galega subliña a súa valía malia a falta de ambición afirmando que a boa literatura precisa tempo e constancia, entusiasmo e paixón.





-Fernández Paz, A., “Premios Merlín: unha referencia imprescindible da nosa literatura infantil”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 8. Comeza lembrando a decisión “arriscada” do xurado na pasada edición do Premio Merlín ó premia-la obra de poesía *Na fogueira dos versos*, de Antonio García Teijeiro, decisión que logo resultou ser, segundo Agustín Fernández Paz, un acerto magnífico. Refírese tamén á colección Merlín, que se nutre fundamentalmente de gañadores e finalistas do premio, e explica o seu nacemento como canle para unha literatura infantil galega que comezaba a agromar a mediados dos 80 e que nun principio se satisfacía a base de traducións. Conclúe apuntando un dobre atranco que superar, un xénero minorizado nunha lingua tamén minorizada; o autor considera máis fácil solventa-lo primeiro.

-Fernández Paz, Agustín, “¡Enrólate con Merlín! Agora a toda cor”, *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 4. Explícase cómo a colección Merlín de literatura infantil naceu a mediados dos anos 80 e cómo veu encher un oco ante a gran demanda de literatura infantil que nun primeiro momento se surtiu de traducións. Agustín Fernández Paz subliña o prestixio do Premio Merlín. Anuncia, así, que cadrando coa barreira dos 75 títulos apostarán pola edición dos libros a toda cor para os máis novos e afondarán na selección rigorosa de orixinais e no fortalecemento dos libros de poesía.

-Fernández Paz, Agustín, “Entrevista exclusiva con Merlín”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 4. Agustín Fernández Paz réalízalle unha entrevista a Merlín, quen explica cómo naceu a colección que leva o seu nome, cómo quere que a súa sexa unha colección plural e que non só sexa lida

polos rapaces. Explica tamén os tramos de idade que hai na colección e resalta o papel do premio Merlín, sentíndose orgulloso de que moitos autores de sona publicasen por primeira vez na colección Merlín. Ademais di que aposta pola xente nova, que non renuncia ás traducións e que seguirá potenciando a poesía. Anuncia finalmente que coa celebración dos 75 títulos pensa editar en cor para os máis novos.

-Fernández Paz, “*¡Sireno, Sireno!*: escrito co corazón”, *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 6. Comeza aludindo á emoción e o sentimento en *¡Sireno, Sireno!* (1997), de An Alfaya, e explica que nos atopamos cunha invitación a ollar a realidade a través dun personaxe ante o que é difícil sentir indiferencia. Comenta ademais que o feito de non coñecérmo-lo nome do neno protagonista reforza a sensación de que se nos está a falar de tódolos nenos. Logo de comentalo argumento do libro destaca como acerto os personaxes e o mundo que a autora conseguiu crear.

-Fernández Ferreiro, Xosé, “Os premios literarios”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 6. O autor, que fora Premio Xerais en 1991 con *Agosto do 36*, explica que para el a concesión do premio fora como unha palmetada nas costas mentres alguén lle di: “Moi ben. Sigue”. Relativiza, así, a importancia dos premios non sendo a do Nobel, pero recoñece a satisfacción que supón ser premiado. Remata, tamén, felicitando por anticipado ó gañador do Premio Xerais.

2010

2010



-Freire, Xosé Manuel, “*A era de acuario*”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 2. Destaca que nesta novela de Xosé Ramón Pena todo está meditado e nada queda para a improvisación. Refírese á linealidade da narración e á sobriedade do estilo. Fala tamén da

consecución dun retrato de costumes que nos trasladan ó pasado onde a música é un elemento omnipresente, e dunha análise sociolóxica sobre os tres anos (1968-1971) nos que transcorre.





-Freixanes, Víctor F., "Isaac Díaz Pardo: o corazón da memoria", *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 5. Víctor F. Freixanes fala da proceso que se inicia coa volta de Isaac Díaz Pardo e de Luís Seoane dende o exilio de Bos Aires en 1963. Refírese así ó Laboratorio de Formas, ó nacemento de edicións do Castro e á recuperación das grandes voces do exilio. Sinala tamén a reconstrucción do Seminario de Estudos Galegos e a constitución do Instituto Galego de Información. Destaca, a seguir, a celebración do primeiro "Seminario en col do Libro Galego" en 1972, cunha serie de debates e preguntas que se fixeron daquela e algunhas das cales seguen sen estar respondidas. O Conselleiro Delegado de Edicións Xerais reivindica o espírito de Ánxel Casal e destaca o agarimo de amigos moi queridos; lembra a Antonio Raimundo Ibáñez, Luís Seoane, Rafael Dieste, Quintanilla, Eduardo Blanco Amor, Camilo Díaz, Huici, Víctor Casas ou Alexandre Bóveda.

García Calderón, Jesús M., "*O lume de Santo Antón*: excelente novela", *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 8 Recolle un extracto do texto lido no acto de presentación de *O lume de Santo Antón* (1997), de Luís García Mañá en Lugo. O autor refírese á intencionalidade da ambientación no mes de agosto e valora positivamente non só a creación do protagonista Nivardo Castro senón tamén a dos personaxes secundarios. Destaca ademais que esta novela permítelle ó lector a dosificación da amenidade subliñando a presenza de varias historias.

García Crego, X.M., “Luis Noia, Gráficas Numen, colaborador exemplar”, *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 8. Informa da novidade dos Premios Xerais deste ano consistente na creación do galardón “Premio Xerais á Cooperación no labor Editorial” que lle foi concedido a Luis Noia Domínguez, director de Gráficas Numen. Reprodúcese, así, a acta que foi lida no fallo dos premios. Neste texto faise referencia ó abano de profesións que reúne ó seu redor o mundo do libro. Destácase despois o papel de Gráficas Numen como elemento necesario para a publicación de libros tan importantes como *Bocarribeira*, de Otero Pedrayo; *Voce na néboa*, de Méndez Ferrín ou *Da agra aberta*, de Victoriano Taibo. Cítanse do mesmo xeito a revista *Alba* ou a impresión clandestina de *Voz y Voto* de Celso Emilio Ferreiro. Prosegue a acta coa referencia á contribución de Gráficas Numen á causa da normalización cívica e democrática dende a súa fundación en 1946 por Juan Noya.

García Teijeiro, A., “Na fogueira do Premio Merlín”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 6. O gañador do Premio Merlín en 1996 con *Na fogueira dos versos* explica cómo logra-lo premio cun libro de poemas lle supón unha satisfacción engadida. A. García Teijeiro fala da necesidade que as persoas senten da poesía e especialmente os nenos, por iso “o feito de percibi-la sensación de que estaba a manter vivos estes lumes novos” foi un dos praceres que sentiu coa consecución do premio.





-Iglesias, Mateo, “O enxeñeiro Amaro Mendiño na procura de Ánxel Fole ”, *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 7.

Coméntase a idoneidade de incluír a Fole na colección “Así viviu” sen que iso signifique que a partir de agora o homenaxeado no Días das Letras Galegas teña que estar presente na colección cada ano. Ademais Mateo Iglesias explica cómo Neira Cruz tece a historia no libro *Ánxel Fole*.

-Iglesias, Mateo, “An Alfaya, Xavier Manteiga e Luis Noia gañadores dos Premios Xerais”, *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 5. Repásanse os actos que tiveron lugar do 4 ó 8 de novembro ó redor dos Premios Xerais e Merlín e que tiveron o seu colofón na entrega de premios o día 8 de novembro. Así, cítase a exposición “200 anos do libro escolar en Galicia”, un debate sobre o canon na literatura infantil, o encontro sobre literaturas peninsulares e xa na noite do fallo, a intervención de Víctor Fernández Freixanes,

2019

2019

o concerto de Amancio Prada, as palabras de Manuel Bragado e Miguelanxo Prado, para rematar coa entrega do Premio Xerais a Xavier Manteiga, o Merlín a An Alfaya e o "Premio Xerais ná Cooperación no labor Editorial" a Luis Noia Domínguez.

-Martínez Oca, Xosé, "*Co medo nas mans*", *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 2. Neste comentario de *Co medo nas mans*, de Xosé Fernández Ferreiro, sinálase a presenza na obra de todo o noso acervo narrativo tradicional, feito que non impide que as historias contadas esperten o noso interese. Martínez Oca refírese á cualidade cinematográfica de Fernández Ferreiro presente nalgúns relatos e considera que a obra trae a nós "un mundo que xa morreu".

-Nicolás, Ramón, "*Oralmente pola boca*", *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 2.



Coméntanse algúns trazos semellantes en *Oralmente pola boca* con obras anteriores de Xosé Cid Cabido como *Días contados* (1991), *Copenhague* ou *Panificadora*. Así, apúntanse a imaxinación e a ironía, a comunicación directa e espontánea, etc. Segundo Ramón Nicolás insístease na obra no afondamento dos lugares comúns do autor pero detéctase maior dureza, máis reflexividade, máis autocrítica e vagar constructivo. Logo de se referir á esixencia de que participe o lector, descríbese a estrutura, destácase o “singular exercicio de imaxinación paratextual” e coméntase a presenza de personaxes dominados polas dúbidas e polo azar. Finalmente, sinala que a obra confirma a liña progresiva e de autoesixencia do autor.

-Nicolás Rodríguez, Ramón, “Poña un Xerais na súa vida. Crónica dos galardoados”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 8. Ramón Nicolás recolle a opinión dalgúns dos galardoados con este premio en anos anteriores sinalando que todos recoñecen a emoción e a ledicia pero cada un engade reflexións particulares. Así Xosé Fernández Ferreiro (gañador en 1991 con *Agosto do 36*) di que lle chegou tarde pero que supuxo un “empurronciño”. Xoán Bernárdez Vilar (*O ano do cometa*, 1986) láíase de que o seu libro tardou en saír malia que foi reeditado e agora a xente sempre se lembra del. Xosé Ramón Pena (*Para despois do adeus*, 1987) afirma que lle veu ben polo que supuxo de “consagración” e pola tradución e repercusión que tivo. Francisco X. Naval (*O bosque das antas*, 1988) contrapón a posibles “circunstancias escuras nos premios” que el era un descoñecido cando gañou. Lois X. Pereira (*As horas de cartón*, 1985) considera que o premio lle achanzou o camiño. Xosé Carlos Caneiro malia a satisfacción lamenta que confundiran o escritor





co autor da novela. Por último, Darío Xohán Cabana di que o galardón lle permitiu entrar na narrativa “pola porta grande”. Conclúe coa listaxe de gañadores dende 1984 ata 1996.

-Nogueira, Xosé Victorio, “Así viviu: a outra maneira de contar biografías”, *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 7. A propósito das biografías *Rosalía*, *Castelao* e *Paio Gómez Chariño*, de Xosé Antón Neira Cruz, sublíñase a responsabilidade ineludible de darlles a coñecer ós máis novos a vida e a obra dos nosos devanceiros. Neste sentido, Xosé Victorio Nogueira considera especialmente importante a maneira de contar e sitúa a orixe da colección “Así viviu” ó abeiro dos libros de Xosé A. Neira Cruz *Contos da ruta* e *Contos da travesía* publicados pola Biblioteca Nova 33. A continuación refírese á combinación da “carga evocadora das viaxes” e a ciencia-ficción á hora de biografar a Rosalía de Castro así como ó aporte documental e ó feito de que apareza Rosalía de Castro “desprovista de calquera mitificación enmascaradora”. Considera, logo, un acerto que *Rosalía* e *Castelao* sexan as biografías inauguradoras da colección e presenta a terceira (*Paio Gómez Chariño*). Conclúe indicando o propósito da colección de presentar en toda a súa amplitude o contexto social e sociolóxico e de non se cingir só á semblanza de literatos.

-Pereiro, Xosé Manuel, “Unha patada na boca”, *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 7. Considera acertada a expresión “como unha patada na boca” para definir *Manancial* (1997), de Xavier Manteiga e refírese á presenza de escenarios con xentes marcadas pola ignorancia e a consanguinidade e que lembran o condado de Yoknapatawpa argallado por Faulkner. Refírese tamén Xosé Manuel Pereiro ó estilo áxil e descarnado “entre Norman Mailer e Marcial Lafuente

Estefanía, (e perdoen), que nos mete a mesma prisa por rematar a viaxe da lectura que ós protagonistas por fuxir”. Para o recensionista *Manancial* contribúe a abrir máis camiños na narrativa galega.

2019

2019



-Pérez, Helena, "An Alfaya: "Gustaríame que a literatura infantil e xuvenil respondese á denominación de literatura para tódolos públicos", *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 6. Entrevista con An Alfaya na que amosa a súa satisfacción pola consecución do Premio Merlín e di que o feito de que un libro escrito en clave poética espertase o interese dun xurado formado por rapaces faina reflexionar sobre os "intereses" dos futuros lectores. Explica ademais o papel da estatua de Leiro na obra e a presenza do sentimento. Sobre a sintonía dos rapaces coa poesía pensa que cómpre animar á lectura sinalando que o problema non está nos xéneros senón na oferta dinámica e atractiva. A gañadora do Premio Merlín considera que a escritura debe estar sometida unicamente ás imposicións do escritor, refírese á marxinalidade á que se somete o teatro e fala do texto no que está a traballar. Finalmente, refírese á poesía entendida como algo lúdico.

-Regueiro, Carina, "*As armas delicadas*", *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 2. Comeza dicindo que *As armas delicadas* (1997), de Estro Montaña acolle dez relatos "sorprendentes, cheos de acción e invadidos por unha forte tensión emotiva" que compoñen a obra de madurez do autor betanceiro. Fala da presenza do heroísmo, da tenrura e da brutalidade. Ademais do amor como único remanso de paz. No tocante ó estilo subliña a axilidade do mesmo e a ironía do ton. Así mesmo destaca a presenza de traxedias como a do bou Eva no porto de Vigo en 1937, a referencia a Foucellas, ou ó aviador de Ourense que loitou no bando aliado

contra Hitler, etc. Conclúe dicindo que se trata dunha “homenaxe ó ser humano que eleva á categoría universal e atemporal vellas historias da Galicia profunda a piques de perderse coa desaparición dos que as viviron”.

2019

2019

-Sánchez Rúperez, Germán, "Na casa dos irmáns", *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 5. O Presidente-Fundador de Edicións Xerais de Galicia, Germán Sánchez Rúperez, cre que a entrega dos Premios Xerais e Merlín na sede de Edicións do Castro supón unha aperta de mans non só entre dúas empresas comprometidas coa modernidade do libro galego senón o mundo todo da edición en Galicia. Considera, así, que editar en Galicia é contribuír solidariamente á construción do país fortalecendo os seus sinais de identidade e animando ós seus procesos de modernización e nesa idea inscribe o labor de Edicións Xerais de Galicia. Finalmente, agradece dende a admiración e a solidariedade a acollida de Edicións do Castro.

-Seixas, Manuel, "¡Meu Deus, viva o Xerais!", *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 6. Manuel Seixas, autor de *A velocidade do frío*, obra gañadora do Premio Xerais en 1996, refírese ó que para el supuxo a consecución do premio. Resume o seu sentimento coa ledicia que significou para el o galardón, o recoñecemento de que non tódolos premios están amañados e a ilusión de ver publicada a súa obra. Mostra, así mesmo, o agradecemento ó xurado que o elixiu, a felicitación anticipada para o gañador desta edición e a reflexión de que un premio é "un premio, é dicir, unha inxustiza comparativa, unha elección inmisericorde, só un premio".

-Souto, Francisco, "Casa ou sombra", *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997, p. 2.





En ton lírico o autor refírese á temática da casa para concluír reproducindo uns versos de Rafa Villar, autor de *Casa ou sombra* (1997).

-Toro, Suso de, “*Polaroid*”, *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 2. Suso de Toro comeza recoñecendo a dificultade que supón explicar *Polaroid* (1984) e manifestando que cando o escribiu pretendeu modifica-lo discorrer da nosa literatura e considera que “é un libro aberto e cheo de intencións”. Sinala que cando saíu foi visto como un “libro do seu tempo” e cre que a xente nova viu nel unha referencia xeracional; mesmo recoñece algo de “carraxe nihilista do punk”. Malia isto, o autor relaciona máis a súa novela cos tempos da cultura *underground* de principios dos 70 e pensa que “é un libro pop en moitos sentidos”. Conclúe explicando cómo *Polaroid* trata de Galicia e sinalando que pola presenza da “ferida e do seu país” hai xente que preferiría que tratase o tema “con boas maneiras”.

Torres, Celia, “Hai que escribir coa ambición de tentar facer un cume literario, aínda que logo se fracase no intento”, *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997, p. 5. Entrevista con Agustín Fernández Paz na que comenta cómo *O centro do labirinto* naceu a partir de certas obsesións como a uniformización lingüística e cultural, o futuro da lingua galega ou a louvanza da diversidade. Recoñece que é a obra na que puxo máis vontade para escribir un libro que apaixone e sinala que a novela ten como principal interlocutor un público xuvenil pero busca tamén interesarlle a un público adulto. Finalmente declara a súa esperanza no futuro e comenta a utilidade do enfoque da anticipación.

Torres, Celia, 'Susos de Toro: "Quero vivir o meu soño adolescente, a vida de escritor, dedicar toda a miña enerxía a iso", *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 3. Conversa con Susos de Toro na que o autor se refire á escaseza de premios que leva recibidos, tendencia que se rompe agora con *Calzados Lola*. Fai, así mesmo, un repaso temático da súa traxectoria literaria e fala da súa dedicación exclusiva á profesión de escritor.

Torres, Celia, "Unha aproximación integral á biografía e á produción literaria foleanas", *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 5. Nesta entrevista Claudio Rodríguez Fer na comenta o revelador e importante que foi para el coñecer a Fole. O entrevistado fala da transcendencia de Fole na narrativa galega contemporánea, da súa conexión cun público amplo e sitúa as fontes da obra do lugués en Poe, Conan Doyle, Chejov, Gorki, Andreiev, etc. Refírese tamén ós criterios seguidos na elaboración do traballo *Ánxel Fole. Unha Fotobiografía* (1997) e á presenza de datos ata agora descoñecidos neste traballo e en *Ánxel Fole. Vida e obra* (1997).

Torres, Celia, "Unha aposta pola promoción do libro galego no entorno dixital", *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997, p. 4. Describe a estruturación da páxina web de Edicións Xerais de Galicia, a primeira dunha editorial galega, que permite recibir información sobre as distintas coleccións ou acceder á edición electrónica de *Retorno a Tago* (1971), de Xosé Luís Méndez Ferrín co gallo do vintecinco aniversario da súa publicación na editorial Castrelos. Sinálase tamén a posibilidade de ver unha antoloxía de postais sobre a cidade da Coruña ou a axenda de actos da editorial. Anúnciase,



2 it 10

⏮ ⏪ ⏩ ⏭

finalmente, que estas cincocentas pantallas de información útil veranse enriquecidas proximamente.

Torres París, María Dolores, "*O lume de Santo Antón*", *Novidades Xerais*, nº 29, verán 1997,

2. Logo de lembrar que o autor xa "velara armas" na prosa xornalística e de investigación recoñece que Luís García Mañá está dotado da cualidade de saber narrar. Explica, así mesmo, que *O lume de Santo Antón* parte do feito real dos envelenamentos e intoxicacións producidos en Galicia en 1856. A recensionista menciona a linealidade do tempo, o esquema clásico da trama e os coñecementos do autor sobre a época na que ambienta a obra. Considera, ademais, que o libro ten elementos tanto de novela histórica como de novela policial e refírese á fusión de dous modelos narrativos complementarios, un expansivo e outro introspectivo. Conclúe sinalando que é esta "unha novela de intriga policial e de investigador" e que o título encerra a clave propia da novela.

Valcárcel, Marcos, "*Magog: viaxe ó mundo medieval*", *Novidades Xerais*, nº 31, Nadal 1997,

3. Refírese primeiramente ós antecedentes de novela histórica de ambiente medieval na literatura galega. Así, cita a López Ferreiro, Otero Pedrayo, Xoán Bernárdez Vilar, Carlos G. Reigosa, Xosé

Méndez Ferrín ou Darío Xoán Cabana e destaca o acerto na creación do personaxe Xofre de Salvamont. Logo de comentar someramente o argumento alude ó áxil percorrido narrativo que "é camiño de iniciación e busca da identidade deste personaxe e, ó mesmo tempo a forma de desvelar un mundo medieval que se conforma nun auténtico cachón de personaxes históricos".



Marcos Valcárcel considera, ademais, que María Gándara soubo supera-los perigos clásicos do xénero ó dispor dunha rica documentación e lograr unha linguaxe e un ritmo narrativo para introducirmos un mundo diferente ó noso. Conclúe engadindo outras virtudes como a fluidez dos diálogos, o dominio do celme da lingua ou o atinado xogo cos diversos espazos.

-Valo, Manuel, “Unha lectura de...”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 11. Refírese ó nacemento da colección “Unha lectura de...”, que segue a nómina de títulos vixentes para o programa de literatura galega de COU Segundo Manuel Valo o que distingue os títulos desta colección doutras guías de lectura é o enriquecemento da calidade crítica e dos puntos de vista pedagóxicos. Refírese tamén a que na autoría dos títulos de “Unha lectura de...” está xente de idades distintas, facendo gala ó título que escolleu a directora da colección Dolores Vilavedra. Explícase que, aínda así, a estrutura e o deseño editorial garanten certa coherencia e homoxeneidade, e a nómina de críticos garante un elevado nivel de competencia. Conclúe desexando que a colección se abra a outras obras e ás demandas da L.O.X.S.E., ou mesmo a obras do ámbito universitario.

Vieites, Manuel F., “Tres novos libros do CDG”, *Novidades Xerais*, nº 28, Letras Galegas 1997,

3. Comenta a aparición de tres novos títulos na colección de Xerais “Os libros do Centro Dramático Galego”. A propósito de *As alegres casadas*, de Shakespeare, pregúntase ata que punto é oportuna a publicación de versións libres de textos clásicos cando queda tanto por editar. No tocante a *A festa da malla*, de A. Vilar Ponte salientase o rigor e a profesionalidade das editoras Noemí Pazó e Dolores Vilavedra, ó tempo que se refire á pegada de Valle, Sygne ou Yeats no seu





autor. O recensionista considera que a colección precisa establecer con claridade a liña editorial, aumenta-la súa oferta e contar cunha dirección que saiba dinamizala e desenvólvela plenamente. Conclúe destacando o feito de que Suso de Toro se decidise a escribir *Unha rosa é unha rosa*, conta o argumento e cre que confirma as posibilidades sempre recoñecidas na obra do autor compostelán.

-Vilavedra, Dolores, “*Calzados Lola*”, *Novidades Xerais*, nº 30, outono 1997, p. 2. Sinala primeiramente que nesta novela Suso de Toro convídanos a renegar do nihilismo anterior. Segundo a recensionista pasamos do antiheroe de *Tic-tac* (1993) a un heroe próximo ó das traxedias gregas. Dolores Vilavedra fala tamén da defensa implícita dunha forma de coñecemento que necesariamente pasa pola experiencia e considera que o poliédrico das relacións sentimentais e a trama de aventuras contribúen a dispersar e a socializar un conflito que podería resultar excesivamente individual. Conclúe dicindo que é de notar que *Calzados Lola* fose concibido como un guión de cine pola dosificación da intriga e, sobre todo, pola ensamblaxe das secuencias.





Xerais. Fóra de Xogo. Catálogo 1997 Ž

(D. L: VG-618-1997)

Este catálogo vai precedido dun prólogo a cargo de Manuel Bragado. O director de Edicións Xerais de Galicia reflexiona sobre as causas do desinterese xuvenil polo pracer da lectura e explicita os obxectivos da colección “Fóra de xogo”. A seguir descríbense os vinte títulos que leva publicados esta colección, de cada obra faise un resumo argumental, unha síntese biobibliográfica do autor e recóllense aquelas afirmacións máis salientables que fixo a crítica con respecto á novela que se está a tratar.





Xerais. Catálogo da colección Merlín 1988-1997 Ž

(ISBN: 84-8302-160-9 / D. L: VG-682-1997)

A Editorial Xerais publicou tamén no ano 1997 un catálogo informativo dos títulos e autores que compoñen a colección infantil “Merlín” ata o ano 1997, co mesmo formato e deseño cós libros desta serie. Preséntase dividido en tres apartados: “Obras”, “Autores/as” e “Ilustradores/as”. No primeiro deles ofrécese, ademais dos nomes do autor/a e do ilustrador/a, número de páxinas, data da primeira edición e sucesivas e idade recomendada, un breve resumo argumental da obra. No apartado de “Autores/as” e “Ilustradores/as” ofrécense unhas notas biográficas destes creadores e unha bibliografía na que se recollen os seus traballos no eido da literatura infantil. Complétase catálogo cun apartado similar ó que levan habitualmente os libros da colección titulado “Cando Merlín fala de si”, no que se recolle unha conversa na que Merlín conta entre outras cousas cómo apareceu a colección no outono de 1988 e a súa intención de ser un proxecto plural no queoubesen tódolos xéneros e temas, aberta a autores recoñecidos e novos e “canle que faga posible a existencia en Galicia dunha literatura infantil plural, popular, de calidade, en diálogo coa doutras culturas: unha literatura normalizada”.

